I. Narrativa

I. 1. Narradores galegos

Alcalá, Xavier, *Hotel Damasco*, 1º Premio Certame Literario do Excmo. Concello de Vilalba, Vigo: Nigra, col. TusiTala, 1995, 82 pp. (ISBN: 84-87709-41-9).

Relato de emigración a América. Consta de dúas partes. Na primeira, Xavier Alcalá (Miguelturra-Ciudad Real, 1947) narra a historia de Manuel Varela, aldeán galego que, por diversas circunstancias, ten que emigrar. No seu primeiro traballo, vive na pousada -Hotel Damasco- dun turco, onde coñece a unha muller galega que ocupará un espacio, cando menos, no seu recordo. Posteriormente, establécese en terras preandinas, onde abre un *boliche* que lle proporciona riquezas e casa coa filla dun socio. Na segunda parte, Moncho Suárez, profesor dun cursiño de galego, coñece a un xa vello D. Manuel Varela, que resulta ser seu tío e que quere saber da muller que coñecera no Hotel Damasco. Facendo as pesquisas oportunas, descóbreno-la familia desa muller nunha aldea da Coruña.

Alonso, Francisco, *Silencio*, Vigo: Nigra, col. TusiTala, 1995, 80 pp. (ISBN: 84-87709-40-0).

Relato de Francisco Alonso (Vigo, 1963) protagonizado por un xornalista que, trasladado a Madrid, ve como ó discorrer da súa situación profesional se engade a historia anormal duns veciños do apartamento contiguo. A pescuda do protagonista por botar luz a este estraño caso conclúe coa súa recuperación para a vida cotiá e coa iluminación final dun conflicto que conclúe cun sorprendente desenlace. ¿Paranoia da sociedade civilizada? ¿Desvarío, loucura, dun ser ó bordo da esquizofrenia?, interrogantes posibles que fican deste relato con fasquía do fantástico.

Recensións:

-Ignacio Chao, “As metamorfoses do xornalista”, *El Mundo,* “Biblioteca”, 10 decembro 1995, p. 5. Resalta I. Chao o carácter de “relato sicolóxico do XIX”, aínda que algo kafkiano. Critica o feito de que o oficio de xornalista do autor convirta a primeira parte da mesma en “crónica novelada”, aparecendo o escritor só na segunda parte.

Álvarez Cáccamo, Alfonso, *Catapulta*, Vigo: Xerais: col. Narrativa, 1995, 103 pp. (ISBN: 84-7507-928-8).

Volume que contén dez relatos escritos en clave de humor: “Catapulta”, “Asesoría Literaria”, “Astulfo”, “Priscilo sen medo”, “O inmenso sacerdote”, “Hai que salvar a Toñito”, “O anel de mel”, “Viaxar á velocidade da luz”, “O derradeiro grolo” e “Receita da casa”. Neles Alfonso Álvarez Cáccamo (Vigo, 1952) destaca a particular visión do autor, que dende a ironía, a burla e a sorpresa, se achega a diversas situacións cun toque crítico non exento de humanidade e tenrura.

Recensións:

-M. Rodríguez, “Dez relatos que catapultan ó lector cara ó sorriso”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, ano I, nº 40, 30 novembro 1995, p. 6. Salienta os personaxes dos relatos, xente da rúa e do común, así como o humor e o desenvolvemento sorprendente que os caracteriza.

Xavier Castro R., “O sutil humorismo de Cáccamo”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 17 decembro 1995,
7. Comenta a ironía, o humor, a crítica e a complicidade que require do lector que subxace nestes relatos. Sinala ademais o bo quefacer literario de Álvarez Cáccamo en anteriores entregas.

Blanco, Concha, *Berta non sabe voar*, Santiago: Pentalfa, col. Narrativa, 1995, 188 pp. (ISBN: 84-88628-50-1).

Nesta novela de Concha Blanco (Lires-Cee, 1950), nárrase, en trinta pequenos capítulos e un pílogo, a historia de Berta, unha muller de corenta anos, casada e con dous fillos, que non é feliz no matrimonio e quere conseguir liberdade. Por medio de analepses conta a súa xuventude, o seu noivado e matrimonio, o nacemento e desenvolvemento dos seus fillos, a soidade unha vez que estes comezan a voar (mesmo compárase coa súa filla agora casada), a distancia e incomunicación entre ela e o seu home. Finalmente, cando decide traballar e recuperar unha dose de liberdade, morre. Publicouse e distribuíuse no ano 1997 aínda que o Depósito legal e ISBN corresponden a 1995.

Caride Ogando, Ramón, *Fendas no tempo*, A Coruña: Espiral Maior, col. Narrativa, nº 3, agosto 1995, 83 pp. (ISBN: 84-88137-64-8).

Ramón Caride (Cea-Ourense, 1957) retoma o relato curto en *Fendas do tempo* cos recursos específicos da narración breve, fundamentalmente a condensación temporal e os finais sorprendentes. Xa dende o título revélase a importancia do tempo, que se nos mostra en forma de pequenas historias retomadas dende a distancia evocadora ou a nostalxia polo pasado. Os sete relatos preséntanse estructurados en dúas partes, ámbalas dúas encabezadas por citas significativas para o contido: Borges e a vinculación co tempo, e Stanislaw Lem e o pensamento sobre a existencia. Sobre estes dous temas xiran os relatos: “Tempo fuxido”, e as obsesións sobre a adolescencia; “Louzós/Seattle blues”, coa presencia dos universos paralelos na distancia da man de dous personaxes: Kurt Cobain e Modesto Figueiredo, que deciden interrompe-lo destino; “Estación do norte”, sobre a evocación do amor do pasado e a ironía do destino. No segundo bloque os mesmos temas ilústranse en “Cadeas” -a vida como xogo estúpido e fatal-, “Discontinuidade” -a sorpresa de non estar certo da propia existencia- e “O Camiño” -sobre a busca da identidade. Os dous bloques de relatos van precedidos de dous textos: “Sangue e area”, de Camilo Franco e “Pretérito Futuro”, de Caride Ogando.

Recensións:

-F. Martínez Bouzas, “Micro historias”, *O Correo Galego,* “*Revista das Letras*”, nº 76, 5 outubro 1995, p. 6. Sinala a calidade da producción do relato curto en galego e destaca a súa orixinalidade. Salienta de *Fendas no tempo* a humanidade como risco básico, mesturado con certa nostalxia e fatalismo, á vez que comenta a capacidade narrativa de Caride Ogando no que se refire ós recursos técnicos do conto.

-M. R., “Caride Ogando abre as fendas do tempo”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, ano I, nº 34, 19 outubro 1995, p. 6. Apunta que o tempo é o principal protagonista dos sete relatos do volume, que manteñen unha comunicación directa co lector a través da evocación, do recordo e da nostalxia.

Referencias varias:

-A. D., “Presentadas en Vilagarcía las nuevas obras de los escritores Mella y Caride”, *Atlántico Diario*, 28 outubro 1995, p. 16. Nota de prensa sobre a presentación en Vilagarcía deste volume. Benito Leiro foi o encargado de introduci-la obra no conxunto da producción de Caride Ogando.

-M. V. V., “*Fendas no tempo*”, *Atlántico Diario*, 24 novembro 1995, p. 58. Pequeno comentario sobre o libro, no que se destaca a capacidade do autor para o relato curto e a construcción sobre a nostalxia.

Caveiro, Laura, *Polas inmensas e alleas fortunas*, Vigo: Xerais, col. Negra, nº 10, 1995, 94 pp. (ISBN: 84-7507-905-9).

Novela de intriga de Laura Caveiro (Vigo, 1967), ambientada en Vigo, que se axusta ás regras clásicas do xénero negro. Tom Vas, un detective machista e sen escrúpulos, investiga o asasinato do fillo dunha millonaria. A historia, contada cunha ironía ás veces próxima ó sarcasmo, desenvólvese entre ambientes de luxo e corrupción. *Polas inmensas e alleas fortunas* constitúe a *opera prima* de Laura Caveiro.

Recensións:

-X. G. G, "Intento meritorio", *A Nosa Terra*, nº 685, "Guieiro Cultural", 3 agosto 1995, p. 25. Recensión na que se dá conta do argumento da obra, facendo especial fincapé no dominio das técnicas narrativas da autora. O crítico lamenta que esta non profundase máis nos elementos irónicos e artellase unha especie de parodia do xénero.

-Xavier Castro R., "Laura Caveiro: Unha xove promesa literaria", *El Correo Gallego*, "*Edición 7*", 10 setembro 1995, p. 7. Breve recensión na que se augura un bo éxito para a novela de Caveiro, ó mesmo tempo que comenta a crítica que se fai nela de certos estamentos e condicionantes sociais.

-F. Martínez Bouzas, “Borboriños policiais”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 74, 24 setembro 1995, p. 6. O articulista felicita a Edicións Xerais pola audacia con que publica obras de autores noveis. En canto a *Polas inmensas e alleas fortunas*, destaca a sinxeleza con que está escrita a novela, así como a corrección con que se insire na novela policial máis clásica e tradicional.

Xurxo Sierra Veloso, “Laura Caveiro proba fortuna”, *El Correo Gallego,* “*Edición 7*”, 8 outubro 1995,

6. Nesta recensión, apúntanse de xeito esquemático os temas que desenvolve a novela, propios do xénero negro, e destácase a perfección da súa estructura narrativa. Critícase tamén, aínda que de xeito mínimo, a excesiva precipitación que o recensionista advirte no desenlace da historia.

-Xosé Manuel Enríquez, “*Polas inmensas e alleas fortunas*”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº CIV, 18 novembro 1995, p. 3. Dura crítica na que se cualifica a novela de Laura Caveiro de típica e tópica. O articulista quéixase do nulo misterio que caracteriza á trama, así como das innecesarias digresións que aparecen no texto. Para rematar, reprocha a Edicións Xerais a inclusión deste libro nunha colección de narrativa.

Conde Cid, Alfredo, *Sempre me matan*, Vigo: Ir Indo, col. Narrativa, nº 17, 1995, 486 pp. (ISBN: 84-7680-210-2).

Novela na que se narran as peripecias de Blas Carou, un ourensán que, despois de pasa-la súa infancia e primeira xuventude no seu Ourense natal, decide emigrar a Venezuela na busca de fortuna. Crea alí varios negocios, funda unha familia, faise rico e, ó cabo dalgúns anos, regresa a Galicia coa esperanza de investir na terra á que se sente vencellado. Infelizmente para el, as envexas e incomprensións que atopa frustarán os seus proxectos. A novela de Conde (Allariz, 1945) é unha continua reflexión centrada na vida do prototipo de emigrante, con frecuentes monólogos nos que Blas Carou medita sobre as circunstancias da existencia.

Recensións:

-X. G. G., “Apresurado final”, *A Nosa Terra*, nº 674, “Guieiro Cultural”, 18 maio 1995, p. 25. Despois de resumi-lo contido argumental de *Sempre me matan*, o crítico clasifícaa no xénero denominado “novela burguesa”, caracterizada por posuír un personaxe central ó que rodea unha ampla serie de personaxes secundarios. Rexéitase o cualificativo de “novela da emigración” para este libro e critícanse certos defectos que, a pesar de todo, non lle restan amenidade.

-Vicente Araguas, “La irresistible ascensión de B. C.”, *Diario 16 de Galicia*, 2 xullo 1995, p. 14.

Recensión na que se resume o argumento da obra, relacionándoo coas circunstancias biográficas do seu autor. Destácase a facilidade do alaricano para a narración realista, así como a súa inserción no humorismo, feito moi frecuente na literatura producida en Galicia.

-Ricardo Senabre, “Siempre me matan”, *ABC*, “ABC Literario”, 7 xullo 1995, p. 9. Recensión na que, tras facer un percorrido pola traxectoria de Alfredo Conde, faise un resumo do argumento da edición castelá de *Siempre me matan*. Critícase a excesiva presencia da voz do narrador, así como o feito de que a sintaxe empregada por Conde sexa moi complicada, o que se pon de manifesto con varios exemplos seleccionados polo crítico.

-Xosé Manuel Trigo, “Blas Carou e Laxe”, *Faro de Vigo,* “*Faro das Letras*”, nº CI, 21 outubro 1995, p. 3. Recensión centrada na equiparación que o articulista pretende ver entre o presidente de *Sempre me matan* e o ex-presidente González Laxe. Móstranse varios exemplos nos que se demostra tal equiparación e conclúese que a novela gaña así en historicidade.

-Xurxo Sierra Veloso, “Alfredo Conde e Blas Carou, unha parella de moda”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 12 novembro 1995, p. 6. Longo comentario no que se destaca a amenidade e corrección estructural de *Sempre me matan*. Así mesmo, saliéntase o tratamento do tema da emigración e aventúrase a posibilidade de que Alfredo Conde escriba unha segunda parte.

-Xosé Manuel Enríquez, “*Sempre me matan*”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº CVIII, 16 decembro 1995, p. 3.

O crítico considera que se trata dun fallido intento de elaborar unha novela de tese, con abundantes reflexións que non sempre se adaptan ben á historia do protagonista.

Referencias varias:

-María Soliña, “Alfredo Conde cabalga de novo”, *O Correo Galego*, 29 abril 1995, contraportada. Pequena nota informativa da publicación da novela, que aparece ó mesmo tempo en galego (Ed. Ir Indo), e en castelán, (Ed. Mondadori).

-Albino Mallo, “O novo vo novelístico de Alfredo Conde ‘aterrou’ onte en Lavacolla”, *El Correo Gallego*/*O Correo Galego*, 16 maio 1995, p. 10/p. 37. A nova resume o argumento do libro, e comenta o simbolismo existente no feito de que a presentación ó público do mesmo tivese lugar nun avión, é dicir, nun ambiente tan familiar a miles de galegos que se viron obrigados a emigrar, igual có personaxe protagonista.

-A. G. N., “Alfredo Conde pensa que a normalización lingüística é un problema colectivo e non dos escritores”, *Diario de Pontevedra*, 17 maio 1995, p. 26. Con motivo da presentación de *Sempre me matan*, recórdase a exitosa traxectoria de Alfredo Conde no ámbito dos premios literarios galegos. Faise despois un breve resumo do argumento da novela. Destácase a condición de escritor e cidadán bilingüe de Conde e recóllense unhas declaracións súas nas que se congratula do grande número de autores novos que están a aparecer nos últimos tempos.

-Xavier López Rodríguez, “Hai que volver ó realismo”, *El Mundo*, 18 maio 1995, p. 7.

Ampla entrevista co escritor Alfredo Conde con motivo da saída do seu libro *Sempre me matan*. O autor refírese á situación da narrativa galega actual, ás novelas máis importantes dos últimos anos e céntrase nunha análise e comentario da súa última obra.

-Lois Celeiro, “De Mar a Mar”, *O Correo Galego*, “A balsa”, 19 maio 1995, p. 3. Despois dun breve repaso pola traxectoria literaria de Alfredo Conde, recóllese a nova da aparición desta novela, da que se destaca como tema principal o da emigración. Coméntase tamén a presentación do libro, celebrada no interior dun avión.

-M. Otero, “A experiencia aparece en cada novela”, *La Voz de Galicia*, 21 maio 1995, p. 47. Entrevista na que Alfredo Conde fala da súa última novela, *Sempre me matan*, comentando a significación que ten no conxunto da súa obra literaria. Dá despois a súa opinión sobre os críticos, ós que outorga diferentes valoracións, e aclara algúns aspectos relativos ó seu ideario político.

-António Mascato, “Alfredo Conde, ‘Non vou eu ao PP, é este o que se move cara ás miñas ideas”, *A Nosa Terra*, nº 675, “Guieiro Cultural”, 25 maio 1995, pp. 28-29. Longa entrevista na que se repasan algunhas das polémicas que rodearon a Conde nos últimos anos (a publicación dunha novela en castelán, a súa etapa como conselleiro de Cultura...), ante as que o alaricano defende as súas ideas e critica a algúns dos seus detractores. A continuación, manifesta a súa coincidencia ideolóxica cos sectores máis galeguistas do P.P., dos que afirma sentirse próximo. Para rematar, fala da súa novela *Sempre me matan*, á que cualifica como “novela da emigración”, negando que se reflictan nela posibles xenreiras persoais.

-A. C., “Alfredo Conde presentó su novela ‘Sempre me matan’ en el centro social O Portelo”, *La Región*, 4 xuño 1995, p. 16. Noticia da presentación en Allariz de *Sempre me matan*. Coméntase a satisfacción do alcalde polo alaricanismo de Conde e recóllese unha reflexión de Bieito Ledo, o editor, sobre a actitude de moitos emigrantes que pretenden oculta-las súas orixes.

-Miguel Lorenci, “Presentan en Madrid la edición en castellano de la última novela de Alfredo Conde”, *La Voz de Galicia*, 9 xuño 1995, p. 5. Comentario sobre a presentación da novela, da que se resume o argumento, na Casa de Galicia de Madrid. Na breve entrevista que lle fan, Conde manifesta o seu enfado ante as reiteradas preguntas sobre a súa condición de escritor bilingüe.

-Luís Blanco Vila, “Nova singradura de Alfredo Conde”, *O Correo Galego*, “Diario da corte”, 10 xuño 1995, p. 2. O xornalista faise eco da presentación en Madrid do último libro de Alfredo Conde, *Sempre me matan*, ó que desexa un grande éxito. Cítase a moitos dos asistentes á presentación.

-C. Abizanda, “Memoria y recuerdo de un emigrante gallego”, *Diario 16 de Galicia*, 12 xuño 1995, p. 59. Recóllese a nova da presentación de *Siempre me matan* na Casa de Galicia de Madrid. Faise a continuación un breve resumo do contido da novela, centrada no tema da emigración.

-Juan M. González, “Alfredo Conde constrúe a nova saga da emigración”, *O Correo Galego/El Progreso*, 13 xuño 1995/27 xuño 1995, p. 37/p. 26.

Entrevista con Conde con motivo da saída ó mercado de *Siempre me matan*. O escritor reflexiona sobre a viaxe cara a si mesmo que fai todo emigrante que regresa á súa terra. Reafirma tamén o alaricano o seu propósito de non renunciar nunca ó castelán nin ó galego.

-Lalo Pavón, “Non escribo en galego para salvar a patria”, *La Región*, 18 xuño 1995, p. 22. Entrevista con Alfredo Conde, motivada pola publicación de *Sempre me matan*, na que o novelista fala da importancia que tivo o fenómeno da emigración na historia de Galicia. Reflexiona, a continuación, sobre as dificultades do proceso de creación literaria, maiores conforme vai aumentando a obra dun escritor. Evoca despois a transcendencia de Ourense na historia da literatura galega e enumera, por último, os seus proxectos de futuro.

-Alfredo Conde, “Blas Carou”, *La Voz de Galicia*, “Dietario”, 28 xuño 1995, p. 4. O autor de *Sempre me matan*, como resposta a determinados comentarios xurdidos sobre a súa novela, fala sobre algúns personaxes que aparecen na mesma e nega que sexan trasuntos literarios de persoas reais.

-Horacio Carballal, “Alfredo Conde asegura que si pensase en el lector no escribiría”, *El Ideal Gallego*, 28 xullo 1995, p. 42. Entrevista a Alfredo Conde, na que este comenta a súa producción literaria dos últimos anos, facendo especial referencia a *Sempre me matan*. Fala tamén da súa condición de novelista que reflexiona sobre a vida a través dos seus textos.

-Manuel Mandianes, “Alfredo Conde y la Galicia de los 90”, *El Correo Gallego*, 13 outubro 1995, p. 12.

Comentario no que se destaca a perspicacia e rigorosidade con que *Sempre me matan* reflicte o fenómeno da emigración galega. Simultaneamente, ponse de manifesto o feito de que moitos personaxes da novela corresponden, na opinión do articulista, a persoas da Galicia de hoxe en día.

Costa, Henrique da, *Sobre comboios, janelas e outras pequenas histórias*, Santiago de Compostela: Laiovento, col. Narrativa, nº 5, 1995, 213 pp. (ISBN: 84-87847-52-8).

Esta obra de Henrique da Costa (Ferrol, 1964) obtivo un premio na IVª convocatoria do Concurso "Carvalho Calero", na modalidade de Narrativa Curta, correspondente a 1993, que convoca o Concello de Ferrol. O libro componse de oito relatos de distinta extensión que des-integran diversos planos da realidade para tratalos máis polo miúdo e, á súa vez, incorporalos nunha difusa materia unitaria na que se evidencian uns universais que transcenden a mera aparencia. Nun cambiante paso da primeira persoa vivencial á terceira narrativa, os motivos máis recorrentes son, a falta de liberdade, a incomunicación, o silencio e a soidade á que está sometido o home, manifesta con evidencia na vellez. Ei-lo abeiramento a situacións terminais como a morte ou o asasinato, que, lonxe de significar unha fuxida, semellan a madureza mesma do inevitable e a fin da viaxe tan metamorfoseada.

Recensións:
-X. G. G., "Outro grao de area", *A Nosa Terra,* nº 670, "Guieiro Cultural", 20 abril 1995, p. 21. Indica a falta de concentración nos relatos, o alongamento das frases, a mestura de fíos argumentais e a carencia de ironía, todo o cal produce a pasividade por parte do lector.

Ramón Nicolás, “Premios Carvalho Calero”, *Faro de Vigo,* “*Faro das Letras*”, nº XCVII, 22 xullo 1995,

3. Ademais de riscos característicos da prosa de Henrique da Costa, sublíñanse a melancolía e desesperanza que agroma nestes relatos, inscritos na liña de anovación da nosa tradición prosística.

-Eduardo Estévez, “Un autor que transmite”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 72, 7 setembro 1995, p. 6. Unha recensión que afirma a intensidade dunha prosa que transmite e que plasma con eficacia a reflexión da conciencia, mediante o monólogo interior.

Diéguez, Lois, *Tres sombras góticas e unha rosa*, A Coruña: Espiral Maior, col. Narrativa, nº 1, maio 1995, 135 pp. (ISBN: 84-88137-59-1).

Libro de Lois Diéguez (Monforte de Lemos, 1944) integrado por catro relatos -"Abragán", "Ximbro", "Racamonde", "Erin e Lua"- unidos por un difuso fío argumental ou pola concorrencia dalgún personaxe presente xa noutro dos relatos e que pon en conexión o conxunto dos textos. Polo que se refire ás historias narradas, apréciase en todas unha escritura simbólica que remite a motivos próximos á conciencia do lector. Corrupción, conquista do poder, submisión, medo, rebeldía contra dun mundo desnaturalizado, traizón, renuncia, son algúns dos recantos dun mundo opresivo e escuro. Só no relato final, a través da viaxe de descoberta de Erin e Lúa, se redime a situación de sometemento para dar lugar a unha nova orde de cousas.

Referencias varias:

-Sabela Corbelle, "Recordo a fame que cheguei a pasar na miña infancia", *El Progreso*, "Gente", 23 xullo 1995, p. 5. Entrevístase ó escritor lucense sobre diversos aspectos do seu quefacer vital e outras cuestións.

Fernández Marcos, Lois, *Galaxia lonxana*, Vigo: Xerais, col. Narrativa, 1995, 115 pp. (ISBN: 84-7507-959-8).

Este libro componse de quince relatos curtos, todos eles inseridos dentro do xénero da ciencia ficción e algúns bordeando o máis puro relato marabilloso de autor. Fernández Marcos (Vigo, 1949) -o primeiro en cultiva-lo xénero en Galicia, segundo os seus editores-, a través das páxinas deste libro, achéganos a novos universos e intrigas siderais nas que alenta, no fondo, un ton melancólico e de certa derrota existencial que se mestura con logrados capítulos de celme paixonal-erótico, rituais e exóticos.

Franco, Camilo, *En malos pasos*, Vigo: Xerais, col. Ferros, nº 6, 1995, 102 pp. (ISBN: 84-7507-930-X).

Neste caso a colección Ferros ofrécenos un volume formado por nove breves relatos de diferente extensión e fasquía da autoría de Camilo Franco (Ourense, 1963). Un partido de fútbol, un asasinato, as vísceras dun corpo feminino, a fin dun amor, e outros acontecementos da vida cotiá son atendidos dende perspectivas tan orixinais coma variadas, aínda que presididas por un prisma profundamente pesimista.

Recensións:

-Aníbal C. Malvar, “Un xornalista tras o rastro lírico”, *El Mundo*, 29 outubro 1995. Crítica do libro *En malos pasos*, de Camilo Franco, sobre o que Malvar afirma que resulta convincente na súa pretensión de reivindica-lo conto. Salienta que se trata de “literatura en pequenas doses” ou dun “goteo lírico en prosa”.

-R. García, “Camilo Franco pon unha carga negativa ós malos pasos”, *La Voz de Galicia,* “*Revista de Cultura*”, ano I, nº 38, 16 novembro 1995, p. 6. Nesta ocasión, recóllense diversos testemuños de Camilo Franco sobre o seu propio quefacer literario. Anótase a carga de maldade e violencia que posúen tódolos relatos deste seu terceiro libro; deféndese o relato curto sobre a novela, na que non reside, nas súas propias palabras, a esencia dunha literatura,

senón todo o contrario, e, por último, deféndese a busca “do significado da palabra literaria” e a fuxida do barroquismo.

Ramón Caride Ogando, “O retorno de Franco”, *A Nosa Terra*, nº 700, “Guieiro Cultural”, 16 novembro 1995, p. 22. Considérase, en primeiro lugar, o estilo do autor: “minucioso, seco, exacto, insólito como a vida mesma”. A continuación, aprovéitanse os temas tratados neste libro para facer unha reflexión metaliteraria sobre os modelos de C. Franco e os diferentes xeitos de facer narración. Para o autor da recensión, C. Franco toma os temas máis vulgares -cousa infrecuente na nosa literatura- e dálles un tratamento literario especial, agudo e incisivo.

Ramón Caride Ogando, “Escrito na escuridade”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº CVI, 2 decembro 1995, p. 3. Considérase este como un libro heteroxéneo, posuidor dun discurso narrativo tan variado coma rico: ironía, simbolismo, xogos verbais e metáforas combínanse para producir uns relatos cos que o seu autor pretende levantar acta “sobre a metade escura da nosa propia identidade”. A reflexión sobre os actos, ó tempo cotiáns e insólitos, que nos rodean vén dada polos propios relatos.

Referencias varias:

-Luís Álvarez Pousa, “Para o desasosego”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, nº 41, 7 decembro 1995, p. 6.

O autor da nota cualifica o estilo do autor de “desasosegante”, pois os seus personaxes transmiten a ansia pola liberdade e os seus límites, dende o momento en que. todos eles se moven derrotados antes de tempo, “víctimas da súa propia impotencia”, en historias contadas sen concesións ás modas. Con este peculiar estilo narrativo, Camilo Franco consegue transmitir dende o relato curto as mesmas sensacións cá novela.

Garat, Joaquin, *Contos de Domirón*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, col. Narrativa, 1995, 74 pp. (ISBN: 84-7492-738-2).

Obra disposta en sete apartados. O primeiro deles describe o marco no que terán lugar as distintas historias que se nos narran. Este marco é Domirón, unha parroquia inventada da provincia da Coruña, un lugar onde nunca pasa nada. A continuación, aparecen unha serie de relatos que recrean feitos de tipos populares (un carpinteiro, un ferreiro, un retirado...) que saen durante un instante da normalidade sen seren protagonistas de ningún acontecemento espectacular, aínda que nalgunha ocasión irrumpe o fantástico dentro do cotián (a aparición dunha ánima en pena, unha casa que levanta o voo nun momento dado, etc.).

García, Xosé Lois, *Xente de inverno*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1995, 106 pp. (ISBN: 84-7492-752-8).

Xente de inverno supón a integración de Xosé Lois García (Lugo, 1945) na longa tradición contística galega. Integrado por quince historias como “Nkemba e o funcionario colonial”, onde denuncia o colonialismo depredador dun funcionario portugués e “O motín”, testemuño da explotación nunha canteira do interior de Galicia. Aberta crítica ó clero figura en “A metáfora de don Camilo”. Outros relatos, como “Ama de cría” e “Quincalla”, son crónicas das dramáticas resolucións que sofren os desfavorecidos do campo galego. “Perna branca” e “Eros e Thanatos” reflicten aspectos distintos dos casamentos de conveniencia. O tema da emigración é tratado en “A frustración de Xoán Moreno” e en “O retornado”. O transfondo político aparece en “A Señora da Brancura e o Maioral” e en “A queimada”. A violencia está presente en “O Licor café de Almanzor”. Contra o final, figuran “O lobo que puido ser santo”, ó redor do asunto do lobishome, “Na feira do cinco”, reflexión sobre o mundo dos tratantes e a corrupción da xustiza, e un relato de morte, “Non son brinquedos, son pesadelos”, onde a defunción do Castellano pon fin ós pesadelos da guerra.

Gonsar, Camilo, *Arredor do Non*, Vigo: Edicións do Cumio, col. Narrativa, nº 13, 1995, 150 pp. (ISBN: 84-8289-016-6).

Conxunto de relatos de Camilo Gonsar (Sarria, 1931), con prólogo de Xosé Luís Méndez Ferrín, nos que non é tan importante o desenvolvemento dunha historia coma o reflexo das opinións do autor sobre diferentes temas de actualidade. A perda de valores propios da cultura galega, a deshumanización da sociedade contemporánea ou a problemática da lingua son algunhas das cuestións que se tratan nun libro onde ecoan certos argumentos e xeitos de narrar de Ramón Otero Pedrayo.

Iglesias Araúxo, Bieito, *Conta os latidos*, Vigo: Nigra, col. Relatos dunha hora, nº 10, 1995, 66 pp. (ISBN: 84-87709-33-8).

Carlos Manuel é o protagonista deste relato de Iglesias Araúxo (Quintián, 1957) do que só coñecemos tres datos: o telenovelesco nome, a profesión de fontaneiro e a procedencia galega. Mais só o último é real, xa que o resto son invencións axeitadas á circunstancia que el mesmo elixiu vivir: unha viaxe ¿de pracer? a Cuba. Ó longo da narración os acontecementos van relatando o que lle acaece dende a irrupción do maño Secundino, amigo totalmente accidental, ata o "¡Ola, amigo!" das supostas irmás Marilys e Kenia, dúas cubanas que o transportarán por ambientes saturados de ritmos trepidantes. Da man de Kenia a retina de Carlos Manuel vaise impregnando do ambiente tropical e do colorido dos vestiarios flamexantes. Paralelamente, o oído afínase, tanto con popurrís de Carlos Puebla coma co ruído dos motores desaxustados de Cadillacs rectificados.

Recensións:

-Rubén Quinte, "Descripción dun soño de canela e raxeira", *Faro de Vigo*, "*Faro das Letras*", nº CV, 25 novembro 1995, p. 4. Destaca o carácter onírico dunha obra que relata, ó ritmo dos latidos do corazón, unha historia acontecida na Habana dos sentidos, que, malia estar inmersa nun escenario de marxes incertas e

desdebuxadas, acada un resultado nidio e rebordante de luz e colorido, gracias, en grande parte, á narración directa e fluída de Bieito Iglesias Araúxo.

Jaureguizar, Santiago, *Fridom Spik*, Vigo: Xerais, col. Ferros, nº 7, 1995, 80 pp.

(ISBN: 84-7507-931-8).

Ó longo dunha serie de relatos moi breves Santiago Jaureguizar (Bilbao, 1965), novel nas nosas letras, ofrécenos a súa visión da sociedade rural galega enfrontada ós rápidos avances da vida moderna. Como resultado deste proceso, aparecen vacas que ven a televisión, rapaces con walkman axudando a súa nai cos animais da casa, parabólicas no teito das casas rurais, etc. Ilustrando o libro inclúense diferentes esbozos das partes dun tractor, que é tamén o protagonista dunha das primeiras historias, como asasino dun mozo que pretendía fuxir del.

Lama, Xavier, *Os moradores da nada*, Premio Álvaro Cunqueiro de Narrativa, Vigo: Galaxia, col. Literaria, nº 136, decembro 1995, 186 pp. (ISBN: 84-8288 030-6).

Conxunto de vinteoito relatos breves, cun limiar rubricado polo pseudómino de Pier Giovanni Malerba, onde se fai referencia ó encontro entre autor e prologuista na cidade de Firenze en 1993 e ás impresións que o secreto presentador tivo dos gustos e preferencias de Xavier Lama (Santa Euxea-Lugo, 1962), factor que pon en comunicación coa natureza destas historias de xuventude, amor, beleza, morte, enfermidade e tolemia. Relatos protagonizados por tres infelices heroínas, como a pianista Louise Brincourt, que se suicida deixando como único testamento un verso de Rilke "¡Asolágame, oh música, con irados ritmos!", e outros non menos desgraciados personaxes masculinos, protagonistas de incríbles sucesos, como Iegor Skókov, que pasou cento dez anos pensando que burlaba ó destino e en realidade era el o burlado; o verdugo Saeed Al Zaydum, que preferiu morrer a corta-la man apestada de gangrena; ou o actor John Welty, que en extensión da súa profesión chegou a soterrar no seu xardín 32 corpos de persoas asasinadas por el.

Referencias varias:

-L. V., “Xabier Lama, ganador del premio Cunqueiro: En Galicia los concursos literarios continúan sendo limpios”, *La Voz de Galicia,* 5 decembro 1995, p. 7. Xabier Lama, xornalista e gañador do Premio Cunqueiro co seu libro *Os moradores da nada*, fala aquí da relación entre xornalismo e literatura, da limpeza dos concursos literarios que se celebran en Galicia e desta obra, que, nas súas palabras, ofrece ó lector “un mundo de fantasía y humor, una perspectiva mágica de la vida”.

Ignacio Chao, “Os escritores galegos fan unha literatura exportable”, *El Mundo*, 10 decembro 1995, 5. Entrevista con Xavier Lama trala concesión do Premio Álvaro Cunqueiro por *Os moradores da nada*. A obra está composta por 28 biografías situadas no exterior de Galicia, cun nexo común: “a vida como trampa do destino, como espellismo”. Un libro de “perfís grises”, pasado polo tamiz do humor. A historia contou nun primeiro momento cunha redacción máis ampla, cun xogo de testemuños, textos apócrifos e notas xornalísticas dos que o autor prescindiu. Os relatos están conectados coa literatura fantástica campo do que se afastará a medio prazo-, con precedentes librescos, entre os que se atopan obras de autores como Marcel Schowb, Borges e Monterroso, entre outros. O autor persegue nesta obra a universalidade. Finalmente, afirma que a literatura é para el un “respiradoiro”, “escenario de imaxinación” onde afastarse do seu oficio de xornalista.

Lourenzo González, Manuel, *Arqueofaxia*, Premio García Barros 1995, Vigo: Xerais, col. Narrativa, 1995, 279 pp. (ISBN: 84-7507-958-X).

Novela de M. Lourenzo González (Vilaboa, 1953) ambientada, de xeito deliberadamente impreciso, nun futuro decadente e desesperanzador. O mundo sofre as consecuencias dunha terrible epidemia de “lisemia”, unha nova enfermidade contra a que non se atopan posibles remedios. A F.A.D.A., grupo de ideoloxía anarco-eco-nacionalista, que se caracteriza polo seu afán de xustiza e os seus métodos violentos, emprende unha loita particular contra os responsables da epidemia. A historia constitúe unha desilusionada reflexión sobre a degradación moral do ser humano.

Referencias varias:

-S. Regueira, “No me considero un novelista, sólo escribo porque me gusta”, *Faro de Vigo*, 26 xuño 1995, contraportada. Entrevista con motivo do fallo do premio “Manuel García Barros”, do que resultou gañadora a súa obra *Arqueofaxia.* Lourenzo afirma que a súa novela ofrece unha visión pesimista da sociedade.

Malvar, Aníbal C., *Unha noite con Carla*, Premio Xerais de Novela 1995, Vigo: Xerais, col. Narrativa, 1995, 223 pp. (ISBN: 84-7507-960-1).

Un xornalista tenta esclarece-las circunstancias da morte de varias persoas, entre as que salienta un conselleiro presuntamente corrupto e a súa dona, unha muller de engaiolante atractivo. A novela de Aníbal Malvar (A Coruña, 1964) ambiéntase na Galicia actual, con grande profusión de personaxes e lugares inspirados na vida real. *Unha noite con Carla* caracterízase pola rapidez e viveza dos diálogos, así como polo ritmo narrativo, case cinematográfico, que revelan as súas páxinas.

Recensións:

-Nacho Chao, “Epifanía da novela negra”, *El Mundo*, “Biblioteca”, 31 decembro 1995, p. 5. Para o recensionista a obra trata a historia dun xornalista ó que se lle encarga un libro sobre un caso de corrupción política. Cun xogo de narradores, a verdade espállase e foxe do lector e do propio xornalista. Ignacio Chao destaca o tratamento dos personaxes, o estilo -moi xornalístico- e a profundización na forma.

Referencias varias:

-Carlos G. Roy, “Aníbal Malvar y Ramón Caride Ogando presentan los premios Xerais y Merlín”, *El Mundo*, 30 decembro 1995, p. 5. Aníbal Malvar e Ramón Ogando presentaron as primeiras edicións das súas obras, gañadoras dos premios Xerais e Merlín 1995, respectivamente. En *Unha noite con Carla*, A.C. Malvar trata un caso de corrupción política, reflectindo a “realidade abstracta que se esconde detrás dos titulares de prensa”.

-D. P., “Xerais presentó en Vilagarcía las novelas de Moncho Caride y Aníbal C. Malvar”, *Diario de Pontevedra*, 30 decembro 1995, p. 18. Presentación en Vilagarcía das obras gañadoras dos Premios Xerais -*Unha noite con Carla*, de Aníbal C. Malvar-, e Merlín -*Perigo vexetal*, de Ramón Caride Ogando. Manuel Bragado, director de Edicións Xerais presentou ós autores, que revelaron algunhas das claves das súas respectivas obras. Aníbal Malvar falou da súa obra como un “axuste de contas entre o xornalista e o escritor” e destacou o tema da política actual tratado en clave de humor. Pechou o acto Víctor Freixanes, que agradeceu a Vilagarcía a acollida destes premios.

-A. D., “Los ganadores de los premios Xerais y Merlín se presentaron en Vilagarcía”, *Atlántico Diario*, 30 decembro 1995, p. 50. Presentación no Balneario de Paco Feixó, en Vilagarcía, das obras gañadoras dos Premios Xerais e Merlín, *Unha noite con Carla*, de Aníbal C. Malvar e *Perigo vexetal*, de Ramón Caride Ogando. Manuel Bragado abriu a presentación e definiu as obras sinalando a riqueza no estilo da obra de Malvar. Referiuse tamén á obra de Caride que se comentará no apartado correspondente deste *Informe*. Malvar destacou os toques periodísticos da súa narración e o humor como risco fundamental. Pechou o acto Víctor Freixanes.

-B. Leiro, “Caride e Malvar presentan as novelas ganadoras dos premios Merlín e Xerais”, *Faro de Vigo*, 30 decembro 1995, p. 16. Presentación en Vilagarcía das obras gañadoras dos premios Merlín e Xerais, *Perigo vexetal*, de Ramón Caride Ogando, e *Unha noite con Carla*, de Aníbal C. Malvar, respectivamente. Manuel Bragado, director de Edicións Xerais e Víctor Freixanes, estiveron tamén presentes no acto. Aníbal Malvar dedicou a súa novela ós compañeiros xornalistas, porque, segundo dixo, verqueu na novela asuntos actuais e o seu protagonista está de cheo no mundo da política actual. Salientou ademais o humor como risco presente no relato e a busca da complicidade co lector.

Manteiga, Xavier, *Morrer na herba*, Santiago de Compostela: Edicións Positivas, 1995, 246 pp. (ISBN: 84-87783-29-5).

Trátase da primeira obra narrativa de Xavier Manteiga (Santiago de Compostela, 1968), que abre unha nova vía no panorama literario actual. Está construída a partir de elementos cotiáns, nun contexto rural e con tres personaxes un pouco misteriosos e estrafalarios, pero cheos de ironía e unha boa dose de humor. O ambiente que se crea fai aumenta-lo suspense ata que chega a traxedia final, a morte. Destacan, sobre todo, a ausencia de descricións e os diálogos, que, por outra parte, constitúen a base do relato, con influencia do estilo cinematográfico.

Recensións:

- M. Quintáns S., "A revelación dun novo valor da narrativa galega", *El Correo Gallego*, "*Edición 7*", 2 abril 1995, p. 6. Destaca a aparición dun novo creador para a literatura galega actual, ademais do labor editorial de Edicións Positivas, interesada polos creadores que comezan a súa traxectoria. *Morrer na herba* é unha primeira obra orixinal baseada no acontecer cotián e no "contraste entre a aparente vulgaridade da existencia humana e o dramático significado do seu senso último".

-R. G., "Manteiga entra na novela morrendo na herba", *La Voz de Galicia*, "*Revista de Cultura*", ano I, nº 13, 25 maio 1995, p. 6.

Sinala as múltiples actividades do escritor compostelán antes de se achegar á novela -pintor, músico, poeta-, ademais de destaca-los trazos máis característicos do relato, como o humor e a presencia da traxedia final.

-X. G. G., “Narrador de raza”, *A Nosa Terra,* nº 681, “Guieiro Cultural”, 6 xullo 1995, p. 25. Crítica favorable desta primeira novela de Xavier Manteiga, na que cómpre destaca-lo dominio das técnicas narrativas do autor e a visión persoal do mundo cotián, que remata en traxedia. Algúns dos elementos fundamentais do relato son as doses de humor e a reunión de tres curiosos personaxes.

-Eduardo Estévez, “Funcións conscientes”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 71, 31 agosto 1995, p. 7. Sucinto comentario no que se destaca a presentación dun novo narrador cheo de recursos, con esta historia tan ben contada, “aire fresco” para a narrativa galega actual.

Referencias varias:

-M. Luísa Castro, “Cada día se lé máis o galego”, *La Voz de Galicia*, “Xente de Santiago”, 22 marzo 1995, p. 38. Entrevista con Xavier Manteiga con motivo da aparición nas librerías da súa primeira novela, *Morrer na herba*, escrita hai xa oito anos. Pensa que é un libro moi entretido e actual, que utiliza o humor e a intriga, e confesa a influencia de Faulkner e a base real das situacións que conta, aínda que a trama é inventada. Fala tamén dos seus gustos persoais e o desexo de seguir publicando. Mesmo pensa nunha traducción desta novela ó castelán.

-E. C, “Preséntase *Morrer na herba*, de Xabier Manteiga”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 28 xuño 1995, p. 35/p. 12. Pequena nota da presentación da novela na Galería Sargadelos, na que Rábade Paredes salientou a “posesión e dominio da palabra” do narrador.

-A. Iglesias, “Xavier Manteiga llega al mercado literario con un divertido relato”, *El Correo Gallego,* 12 xullo 1995, p. 36. Xavier Manteiga fala da súa primeira novela, que está a ter un grande éxito, tanto editorial coma de crítica. Confesa que empezou a escribir cando era neno e recoñece a influencia de estilo cinematográfico e do modelo de Faulkner, de aí a utilización dos estereotipos do galego rural. Sobre os seus proxectos inmediatos di que está preparando un guión cinematográfico e que axiña aparecerán dúas novelas (*Sinfonía inacabada* e *Ira*) e un libro de poesía (*As portas do inferno*).

-Ignacio Chao, “A novela non ten que ser discursiva nin argumentativa”, *El Mundo*, 10 agosto 1995, p. 7. Entrevista ó poeta Xavier Manteiga, quen escribiu *Morrer na herba* ós vinte anos, influenciado pola lectura de *Santuario* de Faulkner. O autor insiste no carácter realista da obra. A acción desenvólvese linealmente, seguindo unha estructura cinematográfica. O narrador é imparcial, de forma que os personaxes son presentados directamente nos diálogos: “dúas sicoloxías opostas”, “o home que ve a terra como medio e a do que a ve como evasión” -cunha clara decantación cara ó primeiro. A morte, como momento inevitable na vida, xoga na obra un papel significativo. Na novela a penas hai reflexión. O autor rexeita a creación literaria como pretexto para a difusión da ideoloxía do escritor.

-Xesús Rábade Paredes, “Morrer na herba”, *El Correo Gallego*, 2 novembro 1995, p. 3. Artigo eloxioso sobre *Morrer na herba*, na que destaca a súa boa construcción narrativa, a concepción dos personaxes e o bo uso dos procedementos cinematográficos nos diálogos e na creación dunha tensión narrativa que produce suspense. Pero sobre todo, salienta a utilización da lingua, o “dominio da palabra”, que fai deste novo escritor “un creador ortófono”.

-Ignacio Chao, “Hai que recuperar o atractivo das historias de viaxe”, *El Mundo*, “Cine/entrevista”, 19 novembro 1995, p. 4. Entrevista a Xavier Manteiga, escritor e guionista. X. Manteiga foi premiado polo Ministerio de Cultura como guionista novel, pola obra *Ma clon*. Este guión trata a historia dunha familia composta por unha nai dominadora e catro fillos que viven illados no monte. Cunha viaxe inesperada, comeza o descubrimento do mundo e a liberación do poder materno. A obra ten influencia das “road movies” norteamericanas: espacios abertos, amplos e áridos que reflicten a soidade do home. A historia xurdiu a raíz dun curso de escritura cinematográfica. Manteiga está a traballar para pasar a guión cinematográfico a súa obra *Morrer na herba*, trala súa experiencia anterior no cine, un documental sobre o xeógrafo Domingo Fontán. De feito, non descarta dedicarse a esta faceta da escritura, na que podería atopar expansión a nivel nacional.

Martínez Oca, Xosé Manuel, *Náufragos en terra (Os amores imposibles)*, Vigo: Xerais, col. Narrativa, 1995, 150 pp. (ISBN: 84-7507-906-7).

O veterano escritor Martínez Oca (A Estrada, 1942) reúne neste libro seis relatos cunha temática común: o amor imposible -de aí o subtítulo. Tódolos protagonistas son homes de mediana idade que, tanto en primeira coma en terceira persoa, presentan historias, na súa maioría xa pasadas, dos seus amores, sempre frustrantes, breves ou non consentidos, encarnados en mulleres que representan soños idealizados e inconquistables. Destaca en todos eles a mestría narradora do seu autor á hora de crea-los ambientes e os personaxes e o seu dominio dos distintos rexistros e recursos expresivos.

Recensións:

-F. Martínez Bouzas, “O meu deus é cari”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 71, 31 agosto 1995, p. 6. Alábase o bo quefacer narrativo do autor destes relatos na creación de ambientes e personaxes e no dominio da lingua, pero critícase o feito de que a temática do libro sexa a mesma dos seus primeiros relatos. Reclámaselle que busque temas que non sexan a procura de amores imposibles e a análise da psicoloxía de personaxes afectados por estas teimas.

-M. Rodríguez, “Os amores imposibles de Oca naufragan en terra”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, ano I, nº 27, 31 agosto 1995, p. 6. Dáse noticia deste libro de relatos incidindo no que de común teñen na súa temática e destacando o relato “Antes do naufraxio”, baseado na novela de X. Fernández Ferreiro *A cidade das chuvias*. Neste relato retómase ó pai do protagonista de *A cidade*... ofrecendo del unha nova imaxe que o rescata da ofrecida na novela.

-X. G. G., “A viraxe de Martínez Oca”, *A Nosa Terra*, nº 690, “Guieiro Cultural”, 7 setembro 1995, p. 23. A análise de cada un dos relatos en particular sérvelle ó recensionista para confirmar un cambio na liña narrativa deste autor: “Unha viraxe na que o elemento fantástico desaparece e penetra a oralidade, a malignidade e outros elementos [que] até o de agora só tenuemente aparecían na súa narrativa”.

-Ignacio Chao, “A aritmética do relato”, *El Mundo*, “Biblioteca”, 15 outubro 1995, p. 5. Para o recensionista as seis historias están “fiadas polo desamor”. A galería de personaxes destes relatos ofrece unha variedade que permite o emprego de rexistros narrativos moi variados e a profundización en distintas psicoloxías. Ignacio Chao critica a inadecuada ambientación no relato “Os cumios da serra” e a perda da historia en “Fin de semana”. A louvanza vai para os relatos onde se “xuntan as augas do relato e a novela curta”, asomándose á novela costumista, cun profundo dominio da estructura.

-Xavier Castro R., “Encontros no amor e na morte”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 22 outubro 1995, p. 7. Destácase a atmosfera creada polo autor en cada un dos relatos, e sublíñase o interiorismo con que actúan os personaxes e os diferentes procesos individuais que sofren. Ó mesmo tempo, ponse de manifesto a estructuración dos relatos “nun sistema de parellas, paradigma de situacións complementarias”, que fai explícita a debilidade das relacións humanas.

Mayoral, Marina, *Querida amiga*, Vigo: Galaxia, col. Literaria, nº 125, 1995, 105 pp. (ISBN: 84-7154-940-9).

Obra de técnica epistolar, composta por seis relatos que expoñen cinco historias, xa que o primeiro -"Querida amiga"- e mailo último -"Estimada señora"- son a mesma historia contada dende a óptica dos dous membros dun casal. Nesta historia de Marina Mayoral (Mondoñedo-Lugo, 1942), unha muller vella lembra o verdadeiro amor da súa vida, feito este que provoca a reacción inmediata do seu compañeiro actual. "A través do tempo" é unha viaxe de dúas mulleres científicas á época de Lope de Vega. A confesión do amor prohibido que de nena lle profesara a un cura é o tema de "Adeus Antinea". En "A man de neve" cóntasenos como un feito banal pode cambia-la vida dunha persoa, e en "Exconxuro" preséntaseno-la incapacidade do escritor de apreixa-los personaxes para creárlle-la súa historia.

Recensións:

-Xavier Castro, "Unha colección renovada", *El Correo Gallego*, "*Edición 7*", 14 maio 1995, p. 7. Dá conta da aparición da nova colección Literaria da Editorial Galaxia, que comeza nesta etapa con tres títulos, *O porco de pé*, de Vicente Risco, *O barco*, de Alfredo Conde e *Querida amiga*, de Marina Mayoral. Desta última salienta a calidade da prosa e o carácter íntimo destes pequenos relatos epistolares.

-X. G. G., "Paso adiante", *A Nosa Terra*, nº 675, "Guieiro Cultural", 25 maio 1995, p. 25.

Esta recensión iníciase cun breve percorrido pola obra en galego da autora. A continuación faise un breve resumo de cada unha das cinco historias que compoñen o libro, achegando certas doses de crítica. Incídese sobre a perfecta complementación entre o primeiro e o último relato que os libera da consideración de literatura folletinesca. O segundo relato é froito da busca narrativa e o terceiro e o cuarto -que lembra a Poe- teñen a Brétema, nome tras do que se esconde Mondoñedo, como espacio común. O quinto é, para o autor desta recensión, o mellor. Trátase dun relato paródico sobre o traballo narrativo. Conclúe coa afirmación de que é a mellor obra en galego da autora, mais coa pega de que aínda non se liberou de certa sobrecarga de sensiblería e emotividade.

-Jaime Varela Sieiro, “Amores escondidos”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 57, 25 maio 1995, p. 5. O núcleo desta recensión xornalística está constituído por un sucinto resumo do contido de cada relato. Sublíñase a presencia dunha constante temática ó longo de todos eles: o amor nalgunhas das súas diferentes vertentes. Ademais incídese na importancia da presencia feminina nesta novela, das referencias literarias que aparecen ó longo do texto ou no tema da incomunicación. Menciónase o feito de que o deseño editorial estea en consonancia co xénero epistolar no que se encadra esta obra.

-R. G., “Historias da vida nas cartas de Marina Mayoral”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, ano I, nº 20, 13 xullo 1995, p. 6. Breve informe dos contidos temáticos existentes nesta novela. Prosa de sentimentos, baseada sobre todo en experiencias da infancia, que son contadas con melancolía e matizadas polo humor.

Xosé Manuel Enríquez, “Querida amiga”, *Faro de Vigo,* “*Faro das Letras*”, nº XCVIII, 22 setembro 1995,
3.

Crítica eloxiosa de *Querida amiga*. Os relatos, basicamente de estructura epistolar, están a medio camiño entre a confesión persoal e a construcción de historias veraces sobre o mundo dos sentimentos. A súa sinxeleza e proximidade radica no atinado emprego da linguaxe cotiá, da adecuada translación da oralidade á escrita. Mais o relevante desta obra é a importancia que nela adquire o lector.

Referencias varias:

-Xavier Costa Clavell, “Marina Mayoral”, *O Correo Galego*, “No Faiado”, 4 xuño 1995, p. 4. Sucinto comentario no que se louva a M. Mayoral pola súa prosa sinxela, polo seu poder creativo e, tocante a *Querida amiga,* pola capacidade de observación do interior dos personaxes. Achéganse breves resumos do segundo relato e da primeira historia, unha especie de Madame Bovary aldeá.

Miguel Suárez Abel, “Querida amiga”, *La Voz de Galicia*, “Hábitos do corazón”, 9 agosto 1995, p. 9. Suárez Abel escríbelle unha carta a Marina Mayoral na que lle comunica que lle gustou o libro e, ademais, propónlle un final pouco convincente para o relato “Exconxuro”.

Mella, Carlos, *Luces de Fisterra. Esperpento xacobeo*, A Coruña: Espiral Maior, col. Narrativa, nº 2, 1995, 110 pp. (ISBN: 84-88137-63-X).

Novela curta ambientada nun futuro afastado -verán do ano 2075- dende o que se narran en *flash back* os sucesos acaecidos en Galicia a finais do século XX. Este recurso de pseudodistanciamento temporal sérvelle a Carlos Mella (O Foxo-A Estrada, 1930) para recrear, nun discurso corrosivo e sarcástico, os acontecementos políticos que se están a vivir nestes últimos anos en Galicia. A medio camiño entre a novela picaresca e o esperpento valleinclanesco, esta novela de Mella consegue implicar ó lector nesa necesaria tarefa de reflexión sobre os vieiros políticos e sociais entre os que vivimos.

Recensións:

-Carina Regueiro, “O esperpento futurista de Carlos Mella”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 70, 24 agosto 1995, p. 6. Recensión-entrevista na que, a través das declaracións do propio Mella sobre a súa obra e as opinións de Carina Regueiro, se nos achega ó “esperpento futurista” que constitúe para a recensionista *Luces de Fisterra*.

-Froilán Varela, “Carlos Mella satiriza a política”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, ano I, nº 31, 28 setembro 1995, p. 6. Breve recensión onde se describe argumentalmente a novela de Carlos Mella.

Referencias varias:

-E. C., “Mella presentou onte en Santiago *Luces de Fisterra*”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 20 outubro 1995, p. 34/p. 11. Noticia sobre a presentación en Santiago de Compostela do libro e reproducción dalgún dos comentarios sobre a obra realizados durante o acto polo seu editor, Miguel Anxo Fernán-Vello, o profesor Xosé Luís Barreiro e o propio autor.

-A. D., “Presentadas en Vilagarcía las nuevas obras de los escritores Mella y Caride”, *Atlántico Diario*, 28 outubro 1995, p. 16. Información sobre a presentación no Balneario de Paco Feixó, na Praia Compostela de Vilagarcía, dos libros *Luces de Fisterra,* de Carlos Mella, e *Fendas no tempo,* de Ramón Caride Ogando. Miguel Anxo Fernán-Vello foi o encargado de presenta-la obra de Carlos Mella.

-Luís Álvarez Pousa, “Carlos Mella”, *La Voz de Galicia,* “*Revista de Cultura*”, ano I, nº 37, 9 novembro 1995, p. 6. Breve artigo panorámico sobre a última producción de Carlos Mella no que Álvarez Pousa pasa revista moi brevemente a *Non somos inocentes* (1990), *A Galicia posible* (1992), *Bieito, Bieito* (1993) e,

finalmente, *Luces de Fisterra* (1995), á que cualifica de “divertido relato de ciencia-ficción con protagonistas da política actual”.

-Ramiro S. G., “Mella presentou o seu último libro na Estrada”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 19 novembro 1995, p. 53/p. 12. Noticia sobre a presentación do libro polo mesmo autor no seu concello natal.

-M. V. V., “*Luces de Fisterra*”, *Atlántico Diario*, 24 novembro 1995, p. 58.
Breve comentario da trama do libro.

Miranda Ruiz, Xosé, *A tres bandas*, Vigo: Xerais, col. Negra, nº 8, 1995, 135 pp. (ISBN: 84-7507-837-0).

Novela policíaco-detectivesca de Xosé Miranda Ruiz (Lugo, 1955). Dividida en 31 capítulos breves, enmárcase en dous espacios: o primeiro e fundamental sitúase no ambiente rural da cidade de Lugo e das súas parroquias do contorno. O segundo corresponde á zona urbana da cidade de Compostela. A trama, protagonizada por Resucitado Magdalena (personaxe eixo da historia), Mauro Teodosio e Lourenzo, xira ó redor do descubrimento do culpable dun triple asasinato acontecido en condicións moi estrañas.

Recensións:

-X. G. G., “Un paso atrás”, *A Nosa Terra*, nº 664, “Guieiro Cultural”, 9 marzo 1995, p. 25. Con motivo da publicación de *A tres bandas*, Xesús González Gómez fai un percorrido pola traxectoria novelística do profesor lugués, no que apunta como o mellor da súa producción a súa primeira novela *Historia dun paraguas azul* e destaca os defectos constructivos do resto da súa obra.

-Fe González Fernández, “Unha intriga policial nun ambiente galego”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 2 abril 1995, p. 6.

Breve comentario onde se dan novas sobre as últimas publicacións de Xosé Miranda e se apuntan algunhas notas sobre os motivos, temas e argumento da súa novela *A tres bandas*.

Referencias varias:

-Ignacio Chao, “Xosé Miranda: Quixen que o detective Magdalena simbolizara a Galicia”, *El Mundo*, 7 maio 1995, p. 8. Entrevista con Xosé Miranda sobre *A tres bandas*, na que se comentan diferentes aspectos da novela como os personaxes, o simbolismo, as técnicas estructurais empregadas, etc.

Miranda Ruiz, Xosé, *Vestio*, Vigo: Nigra, col TusiTala, 1995, 106 pp. (ISBN: 84-87709-39-7).

Novela curta de intriga na que, acudindo ó vello recurso do manuscrito atopado, se nos narran as andanzas do antropólogo inglés Douglas Campbell por terras galegas. Eva García, doutora da localidade na que se sitúa a acción -Viana das Veigas- ó ir realiza-la autopsia do cadáver de Campbell, atopa un caderno escrito polo antropólogo no que este narra os estraños sucesos que acontecen na vila e relata, pormenorizadamente, as averiguacións por el efectuadas na procura e descubrimento de antiquísimos ritos precristiáns practicados polos habitantes do lugar.

Recensións:

Xosé M. Eyré, “Mellor o tema que a forma”, *A Nosa Terra*, nº 704, “Guieiro Cultural”, 14 decembro 1995,
23. Achéganse diversas informacións sobre da forma e o contido de *Vestio,* de Xosé Miranda. Da forma, critícase a inverosimilitude narrativa creada pola multiplicidade (innecesaria) de narradores. Do contido, saliéntase o poder cativante da trama misteriosa que sabe tecer neste libro o seu autor.

-Ignacio Chao, “Os labirintos da fantasía”, *El Mundo*, “Biblioteca”, 24 decembro 1995, p. 4.

Con *Vestio* o autor refrenda o seu movemento entre a realidade e a fantasía e a súa sona de escritor críptico e culto. Sen embargo, segundo Ignacio Chao, a súa trama peca de “afogar no fantástico”, facéndose insuficientes os elementos realistas dos que o autor bota man.

Moreno, Xosé Antonio, *O cable inglés*, Premio Café Dublín de Narrativa, Vigo: Galaxia, col. Literaria, nº 128, marzo 1995, 114 pp. (ISBN: 84-7154-944-1).

Conxunto de oito relatos cos que Xosé A. Moreno (Vigo, 1952) conseguiu o 1º Premio Café Dublín de Narrativa. Os personaxes destes contos, nos que non hai en apariencia un fío temático común, sofren algún tipo de experiencia que tronza o sentido das súas vidas e que os conduce a afronta-la existencia cunha óptica diferente. X.A. Moreno constrúe os seus relatos con grande sinxeleza estructural e formal, de xeito que o interese dos mesmos radica sempre no desenvolvemento da historia, a cal conclúe, na maioría dos casos, nun final sorpresivo, co que o relato acaba por adquirir un sentido novo.

Recensións:

-X. G. G., "Un libro primeirizo", *A Nosa Terra*, nº 673, "Guieiro cultural", 11 maio 1995, p. 25. O articulista opina que *O Cable Inglés* é un libro desequilibrado e irregular, con relatos de factura menos conseguida, pero tamén con contos nos que se consegue un interesante efecto irónico. González Gómez conclúe, como remate, que se trata do libro dun "principiante".

-Xosé Manuel Enríquez, "*O cable inglés*", *Faro de Vigo*, "*Faro das Letras*", nº XCIII, 17 xuño 1995, p. 3.

Salienta este comentario a diversidade temática de *O cable inglés*, prometedor conxunto de relatos nos que o articulista advirte certos desequilibrios e imperfeccións, non tantos como para facer que o libro perda a súa intensidade e o seu interese.

-Teresa Monteagudo, “O premio Café Dublín”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 18 xuño 1995, p. 7. Recensión na que se destaca a temática variada e actual como unha das características máis relevantes deste libro. Así mesmo, valórase como aspecto positivo a pluralidade de técnicas narrativas empregadas, ó igual có compoñente irónico que amosan algúns dos relatos.

-Dolores Vilavedra, “*O Cable Inglés*”, *Grial*, nº126, Tomo XXXIII, abril-maio-xuño 1995, pp. 288-289. Neste comentario resáltase a facilidade con que *O cable inglés* consegue atrae-la atención dos lectores, sen necesidade de grandes novidades argumentais nin estilísticas. Destácase tamén a axeitada combinación que fai Moreno de puntos de vista e voces narrativas.

Referencias varias:

-Luís Álvarez Pousa, “A sorpresa do *Dublín*”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, ano I, nº 27, 24 agosto 1995, p. 6. Destácase a capacidade que ten *O cable inglés* de facer evidente a fascinación que se esconde tralos acontecementos máis rutinarios da vida cotiá. A linguaxe sobria e precisa que caracteriza a este libro merece tamén os eloxios do articulista.

Murado, Miguel Anxo, *Ruído. Relatos de guerra*, Vigo: Galaxia, col. Literaria, nº 131, xuño 1995, 130 pp. (ISBN: 84-8288-003-9).

Libro de relatos no que M.A. Murado (Lugo, 1965) verte a súa experiencia bélica como correspondente da T.V.G. na ex-Iugoeslavia. Estructurados todos de xeito similar -a partir dunha anécdota real mínima discorre o relato suxerido, máis ou menos directamente, por aquela-, describen, a través dunha prosa sinxela e áxil, os horrores e absurdos da guerra balcánica, que son, á fin, os sensentidos de tódalas guerras.

Recensións:

-F. D. V., "Contos para por fin á guerra en Iugoslavia", *La Voz de Galicia*, "*Revista de Cultura*", ano I, nº 23, 3 agosto 1995, p. 6. Apuntamento informativo sobre a aparición do libro, no que, nunhas poucas pinceladas, se debuxan algunhas das características básicas definitorias dos relatos de Murado.

-X. G. G., "O absurdo da guerra", *Galicia Internacional*, nº 5, setembro 1995, p. 76. Breve comentario da obra de Murado no que se repasan algunhas das características principais da obra e se salientan algúns dos seus relatos como logradas pezas narrativas, a medio camiño -segundo X.G.G.- entre o testemuño do vivido e a imaxinación de ficción.

-Eduardo Estévez, “De guerras e de Historia”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 74, 24 setembro 1995, p. 7. Sinóptica recensión na que, en poucas pinceladas, o seu autor tracexa as liñas de forza básicas nas que asentan as narracións de Miguel Anxo Murado.

-Xavier Castro R., “A traxedia e o execrable”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 1 outubro 1995, p. 7. Nota informativa sobre a aparición do último libro de relatos de Murado que resume, en poucas palabras, o argumento e actualidade das prosas do lugués.

-Ignacio Chao, “Invitación ao silencio”, *El Mundo*, “Biblioteca”, 8 outubro 1995, p. 5. A obra está formada por trece relatos que teñen como nexo o conflicto da ex-Iugoslavia e o “ruído” como presencia continua. En palabras de I. Chao, “é un libro testemuñal, pero perde (...) na recreación”. En todo caso, consegue introduci-lo lector en situación e provoca-lo silencio da reflexión.

-Gonzalo Navaza, “*Ruído, relatos de guerra*”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº CIII, 4 novembro 1995, p. 1. Recensión crítica longa na que se fai unha detallada descrición da vivencia, técnicas, simboloxía e mensaxe agochadas tras das páxinas de *Ruído*. Navaza presenta aquí a obra de Murado como unha continuación da traxectoria literaria, en xeral, e narrativa, en particular, do lugués, precisando con rotundidade que o último libro de Murado é unha das mellores prosas destes últimos anos en Galicia.

-Armando Requeixo, “O *Ruido* con furia de Miguel A. Murado”, *A Nosa Terra*, nº 699, “Guieiro Cultural”, 9 novembro 1995, p. 24.

Breve recensión na que se debuxan panoramicamente algunhas das claves argumentais nas que se basean as historias de Murado.

Referencias varias:

-A. C. Malvar, “Cuatreiros na fronteira”, *El Mundo,* “Galicia Aberta”, 15 setembro de 1995, p. 7. *Ruido* é un libro de relatos de Miguel Anxo Murado. Escritor profesional, a carón do seu labor, A. Malvar subliña o feito de que “el escolleu explicitamente escribir en galego”, renunciando a un público máis amplo e a unha crítica da que xa tiña recoñecemento.

-Xavier Carro, “Os Balcáns na literatura”, *La Voz de Galicia*, 3 outubro 1995, p. 8. Apuntamento breve no que Xavier Carro pon en relación a obra de Murado, na que destaca a “súa forza (...) e economía narrativa”, con outras cercanas á do lugués, en canto á temática, como algunhas das de Iro Andric, Milovan Djilas, Joroslav Hasec ou Arturo Pérez Reverte.

-Xesús Rábade Paredes, “Partida de caza”, *El Correo Gallego*, 20 outubro 1995, p. 3. Gabanciosa recensión na que se pon en relación o libro de relatos de Murado cos seus outros labores artísticos, tanto no eido da dramaturxia e o cinema, coma no da poesía, explicando como estoutras artes cultivadas por Murado influíron decisivamente na concepción e elaboración de *Ruído*.

-Luís Álvarez Pousa, “Ruídos e rutinas”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, ano I, nº 38, 16 novembro 1995, p. 6.

Breve comentario sobre o espírito común de denuncia silenciosa e subliminal que anima os trece relatos de *Ruído*, facéndonos sentir cómplices da masacre da ex-Iugoslavia e, por extensión, de tódalas masacres bélicas existentes.

Olavide Verdia, Maruxa, "*Os contos de Xoaquín*", Sada: Ediciós do Castro, col. Narrativa, xaneiro 1995, 152 pp. (ISBN: 84-7492-734-X).

Enfiados pola voz do seu narrador, o perspicaz labrego Xoaquín, aparecen neste libro de Maruxa Olavide (A Coruña) vinteún contos breves, vinteúnha pezas humorísticas ofrecidas ó auditorio que forma a aburrida familia da súa veciña Dona Soidade. Xunto ó ingrediente básico do humor, combínanse outros como a superstición, a ignorancia ou a envexa ata formar un preciso retrato costumista da sociedade na que se move o enxeñoso campesiño.

Otero, Álvaro, *Waelrad*, Vigo: Nigra, col. Relatos dunha hora, 1995, 60 pp.

(ISBN: 84-87709-34-6).

Publicouse este ano o primeiro libro en galego do xornalista Álvaro Otero. Trátase dun relato que nos achega unha historia que o narrador coñece a través dunha testemuña dos feitos. É a situación de crise que vive un pobo no que aparece unha balea morta, foco de contaminación do que as autoridades demostran non ser quen de se desfacer. Nun contexto mariñeiro, asistimos coa descomposición do corpo do animal, a un progresivo caos entre os habitantes, que ven perturbada a súa vida cotiá pola nova situación e non volven á normalidade ata que desaparece a prea.

Recensións:

-X. G. G., "Duas boas noveletas"*, A Nosa Terra*, nº 672, "Guieiro Cultural", 4 maio 1995, p. 25. Crítica na que se salientan tanto virtudes coma defectos do libro, cunha análise do argumento na que se destaca o papel que ten o pobo, como protagonista ausente, nesta obra ambientada nos anos da posguerra. González Gómez dá un voto de confianza ó autor para as futuras entregas narrativas.

-R. G., "Relatos dunha hora para levar no bolsillo", *La Voz de Galicia,* "*Revista de Cultura*", ano I, nº 12, 18 maio 1995, p. 6.

Atopamos aquí unha breve referencia á metáfora que dá lugar ó título do libro: “O camiño das baleas”.

-Pilar Vázquez Grandas, “Unha breve historia de intriga”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 4 xuño 1995, p. 7. Trátase dunha descrición do fío argumental do relato, na que se fai referencia ó punto de partida do título e ó argumento da obra, ofrecendo unha sucinta alusión ó estilo da narración.

-Roberto Ledo, “Hijo del Mar. Álvaro Otero desembarca en el mundo de la literatura con *Waelrad*”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 25 xuño 1995, p. 8. Con palabras do propio autor, que nos fala do que supón para el escribir, temos, ademais dun resumo do argumento do relato, o anuncio de que *Waelrad* formará parte dunha pentaloxía. Saliéntase sobre todo o papel que o mar e as viaxes cumpren no libro.

Referencias varias:

-Punzón, “*Waelrad*, el absurdo de la razón”, *Diario 16 de Galicia*, 8 febreiro 1995, p. 9. Ademais de lembra-los éxitos literarios acadados anteriormente polo autor na literatura española e de cita-lo proxecto pentalóxico do que *Waelrad* forma parte, indícase o valor simbólico dos principais elementos da obra.

-X. A., “Novos Relatos dunha hora”, *Atlántico Diario*, 21 abril 1995, p. 58. Noticia da presentación dos novos títulos da colección “Relatos dunha hora”: *Conta os latidos,* de Bieito Iglesias, *Waelrad,* de Álvaro Otero, *O solpor da cupletista,* de Mª Xosé Queizán e *Dous fados,* de Antonio Rodríguez Baixeras.

-Xosé Bangueses, “O libro de Álvaro Otero”, *Diario de Pontevedra*, 25 novembro 1995, p. 16. Unha serie de referencias da literatura universal coas baleas como protagonistas, datos históricos que fan referencia á presencia destes mamíferos nas nosas costas e unha mestura do real e o ficticio que nos transportan ó Bueu da posguerra son, segundo se destaca, aspectos a ter en conta cando nos enfrontamos a *Waelrad*.

Pérez, Nacho, *Xente de fusil*. *Xente de libros (Ahel Ktub-Ahel Mdaf'a)*, Vigo: Aba Edicións, 1995, 311 pp. (ISBN: 84-89422-20-6).

Mestura de novela histórica, relato de viaxes e retrato costumista. Nacho Pérez (Vigo, 1957) percorreu o deserto visitando o Campamento de Refuxiados Saharahuís de Tinduf (Alxeria) e foi testemuña dos conflictos integristas en xullo de 1994, da man de Brahim, un representante da Fronte Polisaria en Orán que o axuda a comprende-la realidade do ambiente. A historia de Brahim convértese no trasunto da historia de todo un pobo. O volume estructúrase en dez partes -que barallan a descrición novelada e documental da historia do Sahara español e o exilio que vive o seu pobo-, e un epílogo en cinco capítulos, que inclúe un glosario de palabras árabes e personaxes.

Pérez Mahía, Manuel e Xaquín **Valle-Inclán**, *A praia de Lastros*, Santiago de Compostela: Edicións Positivas, 1995, 93 pp. (ISBN: 84-87783-30-9).

Manuel Pérez Mahía (A Coruña) e Xaquín del Valle-Inclán (Santiago de Compostela, 1951) realizan este traballo conxunto presentado cunha estructura de relato policial no que se suceden conversacións, declaracións e narración envoltas nunha trama que nos achega a unha época de loita política. O argumento desenvolve as pescudas realizadas por un investigador por conta allea que tenta averigua-las causas da desaparición de Tractor, militante dun partido de esquerdas que estivera na cadea e posteriormente abandonara a militancia. A teoría policial do suicidio parece a máis lóxica, pero o investigador e narrador mergúllase no pasado de Tractor, reconstruíndo a actividade política da que el mesmo formou parte e presentando un mundo de clandestinidade e compromiso que fracasa, como lle ocorre a el mesmo na súa investigación.

Recensións:

-R. G. “Un vello militante da esquerda perdido na Praia de Lastros”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, ano I, nº 19, 6 xullo 1995, p. 6. Ademais de ofrecer unha sucinta referencia ó argumento do libro, temos a interpretación do mesmo coas palabras dos propios autores. Afírmase que se trata dunha mestura de literatura e utopía na que o lector se enfrontará a unha multiplicidade de realidades non sempre observables a primeira vista.

-Eduardo Estévez, “Tramas ideolóxicas”, *O Correo Galego,* “*Revista das Letras*”, nº 70, 24 agosto 1995, p. 6. Subliña Eduardo Estévez a importancia que a obra terá no desenvolvemento dun xénero literario considerado, ó seu parecer, como menor na historia da literatura do noso país. Destaca sobre todo a variedade de recursos narrativos empregados e a sinxeleza de elementos utilizados como punto de partida.

-Xavier Castro R., “De memoria e coñecemento”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 10 setembro 1995, p. 7. Achéganos Xavier Castro á obra en prosa anterior dun dos autores, Xaquín del Valle-Inclán, e céntrase seguidamente na aparición deste libro feito en colaboración. Interésase principalmente pola trama argumental, polo ambiente e a época reproducidos. Moitos lectores, segundo el, pódense ver reflectidos nese mundo da clandestinidade á que se nos traslada. Apúntanos tamén a posibilidade de perspectivas autobiográficas dos propios autores.

-X. G. G., “Un relato policial cargado en sentimentalismo”, *Galicia Internacional*, nº 4, agosto 1995, p. 72. O autor da recensión fai unha valoración da obra tendo en conta a trama argumental e a escrita. Considera que a novela falla en varios aspectos, como a falta de profundidade dos ideais, o final do que botan man os autores ou a viraxe do protagonista que se dá ó longo da obra.

-M. Quintáns Suárez, “*A praia de lastros’*, unha obra con dous autores”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 19 novembro 1995, p. 6.

Comenta o carácter novidoso das publicacións de Edicións Positivas, unha empresa editorial que aposta pola vangarda e os autores novos. Con respecto a *A praia de Lastros*, sinala, ademais do feito da

coautoría, o tema do desencanto do protagonista, que artella en conxunto “unha afortunada experiencia literaria”.

-F. Martínez Bouzas, “Ser alguén na noite”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 83, 23 novembro 1995, p. 6. Nunha condensada crítica, sublíñase o posible papel da dobre autoría, que fai difícil saber qué parte corresponde a cada autor. Téntase demostrar que o proxecto parece ser máis ambicioso do que correspondería ó formato do libro e que nos atopamos cunha narrativa chea de intelectualismo na que non faltan elementos de vangardismo narrativo.

Pino, Daniel, *Vixía os sables ao chegar febreiro*, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, col. Narrativa, nº 52, 1995, 254 pp. (ISBN: 84-87847-53-6).

O relato que nos ofrece este escritor novel Daniel Pino (Forcadela-Tomiño-Pontevedra, 1943) organízase mediante unha estructura narrativa múltiple na que son diversas as voces e os puntos de vista que recrean a vida e obra de Carlos Costa. Esta recreación, a través da cal temos noticia do noso pasado, presente e posible futuro (a acción sitúase no ano 2008), sustenta unha mensaxe reinvindicativa de Galicia como nación en vías de desaparición. As causas disto estarían no esquecemento das maneiras tradicionais de relacionarse cos demais individuos, en xeral, e coa natureza, en particular (representada polo sable, peixe en trance de extinción e que o protagonista intenta salvar).

Recensións:

-X. G. G., "Esquema previo", *A Nosa Terra,* nº 671, "Guieiro Cultural", 27 abril 1995, p. 25. Critícase aquí o sometemento de toda a estructura narrativa a un esquema simbólico-alegórico. Segundo o recensionista, o autor sacrificou o relato na defensa dunhas "ideas e actitudes morais" -dun esquema apriorístico-, coutando deste xeito as súas posibilidades literarias como novela.

-F. Martínez Bouzas, "Novelas da nación", *O Correo Galego*,"*Revista das Letras*", nº 65, 20 xullo 1995, p. 6.

Concordando con X.G.G. en considera-lo relato inzado de símbolos e alegorías, cualifícao como “relato de nación” fallido polo peso da carga ideolóxica.

Referencias varias:

-D. P., “Daniel Pino, presenta en el Balneario su libro “Vixía os sables ao chegar febreiro”, *Diario de Pontevedra,* 23 xuño 1995, p. 20. Dáse noticia da presentación do libro nun coñecido restaurante de Vilagarcía de Arousa, cidade na que reside o autor, e glósase a súa traxectoria profesional.

Poncelas Abella, Aquilino, *O mestro púxose louco,* Ponferrada (León): edic. do autor, 1995, 115 pp. (ISBN: 84-605-2513-9).

Escrito en galego berciano, este relato está posto en boca de Tiso, que narra as experiencias e lembranzas de cando era un rapaz. Organízanse estas en catro apartados do libro que se corresponden con outras tantas épocas do ano: “a outonada”, “o inverno”, “a primavera” e “o vrao”. Raúl lembra o transcorrer das estacións na súa aldea do Bierzo, Cardadelos, os costumes dos seus habitantes, as aventuras cos seus amigos, Armosinda, Neceto, Néleda ou Longines; un capítulo importante ocúpano a escola e o seu mestre don Ánxele, tamén coñecido como don Regla. O tratamento de todas estas lembranzas revela unha forte saudade dos tempos idos.

Referencias varias:

F. T., “Primera novela escrita en el dialecto berciano del gallego”, *La Voz de Galicia*, 5 agosto 1995, 5. Nota sobre a presentación en Ponferrada desta novela, a primeira escrita na forma dialectal berciana da lingua galega. Tan só se coñecen dúas obras escritas neste dialecto, uns ensaios poéticos de Fernández y Morales e pequenas obras de teatro de Ramón González Alegre.

Queipo, Xavier, *Contornos. Apuntes de filosofía natural*, Vigo: Xerais, col. Ferros, 1995, 96 pp. (ISBN: 84-7507-893-1).

Obra composta por vintesete microfichas precedidas de “Unha xustificación necesaria”, e cun “Epílogo presumiblemente innecesario”. Algúns destes textos xa foran publicados previamente en revistas galegas e agora son rescatados polo autor e publicados con algunhas modificacións. A ordenación que presentan é cronolóxica e así pódese constata-la evolución da escrita do autor, pasando do sarcasmo á ironía. Nestes textos mestúrase a literatura coa bioloxía en buscada simbiose. Xavier Queipo (Santiago de Compostela, 1957) xoga co lector ofrecendo relatos “biolóxicos” conformados por datos reais acompañados por outros que son pura invención. Para dar maior veracidade á obra acompáñaa dunha serie de notas ó final da mesma.

Recensións:

-F. Martínez Bouzas, “Celebrando a heterodoxia”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 62, 29 xuño 1995, p. 2. Comenta nun primeiro momento a aparición da colección “Ferros” (dálle a benvida e explica o por qué do seu nome) para, posteriormente, analiza-la obra de Queipo, da que fai un breve repaso (os temas, a finalidade do autor, etc.).

-X. G. G., “Nas beiras dos xéneros”, *A Nosa Terra*, nº 679, “Guieiro Cultural”, 22 xuño 1995, p. 24.

Recensión cunha crítica pormenorizada da obra, centrándose sobre todo no que supón este tipo de composición a medio camiño entre o ensaio e o relato e a evolución que o autor mostra ó longo das súas páxinas.

-Ignacio Chao, “Pregúntome se estiven nos lugares”, *El Mundo*, “Biblioteca”, 22 outubro 1995, p. 8. Sublíñase o “travestismo continuo entre ciencia e literatura”, presente na obra deste biólogo, de xeito que cabería preguntarse se estamos ante unha “rareza literaria” ou un “cartafol de subxectivos apuntes biolóxicos”.

Queizán, María Xosé, *O solpor da cupletista*, Vigo: Nigra, col. Relatos dunha hora, nº 12, 1995, 60 pp. (ISBN: 84-87709-32-X).

Pequeno relato de evocación do pasado, cheo de recordos e impresións: desencanto e pobreza da infancia, esplendor da xuventude, éxito, elegancia trasnoitada, ocaso. Mª Xosé Queizán (Vigo, 1939) aproveita esta pequena biografía da "Bella Otero" para incluír nas súas liñas unha alegación contra a violación, provocadora, neste caso, dunha falta de memoria paterna e dun sentimento de odio á sexualidade masculina.

Recensións:

-X. G. G., "Duas boas noveletas", *A Nosa Terra*, nº 672, "Guieiro Cultural", 4 maio 1995, p. 25. Fai referencia a *Waelrad* de Álvaro Otero e a *O solpor da cupletista*, de Mª Xosé Queizán. Desta última gaba a dignidade do relato, ben construído e baseado nunha personaxe real que, coa proximidade da morte, evoca o seu pasado.

-Rubén Quinte, "O apresurado retrato de Agustina Otero", *Faro de Vigo*, "*Faro das Letras*", nº XC, 20 maio 1995, p. 3. Nota crítica que constata o dominio das técnicas narrativas e a creación de ambientes da autora, aínda que critica a aparición de abundantes datos identificativos da protagonista, que perxudican o labor de identificación por parte do lector.

X. C. Domínguez Alberte, “O recurso á rememoración”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 25 xuño 1995,

6. Presentación de *Dous fados,* de Antonio Rodríguez Baixeras, e *O solpor da cupletista,* de Mª Xosé Queizán, ámbalas dúas da colección “Relatos dunha hora”. *O solpor* recupera a figura mítica de Agustina Otero, de procedencia galega, xa no ocaso da vida. Sinálase a boa articulación do relato sobre o recurso do recordo do pasado, insertando este no presente.

-Froilán Varela, “María Xosé Queizán conta unha mortalla de rimel e recordos” *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, ano I, nº 31, 21 setembro 1995, p. 6. Resumo do argumento deste relato, cualificado de “noveliña exemplar”.

-Manuela Pena Santiago, “O solpor da cupletista”, *Festa da Palabra Silenciada*, nº 11, 1995, pp. 92-93. Comentario sobre o relato *O solpor da cupletista*, de María Xosé Queizán. A articulista aprecia neste libro unha posible intención de elaborar unha biografía novelada de Carolina Otero, a “Bella Otero”.

Referencias varias:

-X. A., “Novos Relatos dunha hora”, *Atlántico Diario*, 21 abril 1995, p. 58. Información da presentación dos novos títulos da colección Relatos dunha hora: *Conta os latidos,* de Bieito Iglesias, *Waelrad,* de Álvaro Otero, *O solpor da cupletista,* de Mª Xosé Queizán e *Dous fados,* de Antonio Rodríguez Baixeras.

-R. G., “Relatos dunha hora para levar no bolsillo”, *La Voz de Galicia,* “*Revista de Cultura*”*,* ano I, nº 12, 18 maio 1995, p. 6. Refírese esquematicamente e en conxunto ás últimas entregas da colección “Relatos dunha hora”: *Conta os latidos*, *O solpor da cupletista*, *Waelrad* e *Dous fados*.

Ripalda, Xosé Lois, *Contos da Baiuca*, Vigo: Ediciones Cardeñoso, abril 1995, 100 pp. (ISBN: 84-605-2571-6).

Trinta son as historias que este libro recolle. Todas elas están vencelladas por un espacio común: a Baiuca. X.L. Ripalda (Herbedeiro-Lugo, 1940) sitúaa en diferentes lugares da xeografía galega, aínda que en tódalas ocasións o ambiente sexa o mesmo: o enxebrismo, as tradicións populares, os mitos, o humorismo, que dominan un mundo común a todas elas. A Baiuca é o lugar onde se relatan as historias e o lugar onde transcorren moitas delas. Personaxes como o taberneiro, o tío Ramón, o Canfornias, Xián ou o Xanvirás son os seus protagonistas. Segundo o seu autor, este libro conclúe unha triloxía de libros de historias que empezara con *Un fachico de contos* e *Contos para engaiolar.*

Referencias varias:

-Marga Gómez, “A vida vista dende unha baiuca”, *El Progreso*, 1 setembro 1995, p. 61. Aclárasenos aquí que este é o quinto título publicado por este mestre de Chantada, despois de *Un fachico de contos* e *Contos para engaiolar*, e de dous libros de contos para nenos, un deles *-As bolboretas brancas-* gañador do Premio Barco de Vapor do ano 1984. Faise un percorrido pola temática da obra destacando a súa defensa do mundo rural galego, segundo el frecuentemente ridiculizado, e da lingua galega. Inclúense tamén as súas opinións sobre o estado da narrativa galega.

Risco, Antón, *Mascarada*, Vigo: Galaxia, col. Literaria, nº 133, 1995, 151 pp.

(ISBN: 84-8288-013-6).

Unha muller e a súa filla -Amalia e Teresa- fan unha viaxe de vacacións a un país tropical coas súas respectivas parellas, Ramón e Pedro. Unha das razóns desta viaxe é a de arranxa-las deterioradas relacións existentes entre a nai e a filla. Para isto, Ramón propón un xogo de roles, unha especie de psicodrama no que cada un destes catro personaxes creados por Antón Risco (Allariz, 1926-Vigo, 1998) terá a oportunidade de adopta-la personalidade doutro. A pretensión deste xogo é a de chegar a un maior grao de coñecemento persoal e tamén das relacións que unen a estas parellas. Tal xogo deriva na creación dunha atmosfera atafegante ó saír á luz a personalidade de cadaquén. A falta de solución ó conflicto obrígaos a buscar unha víctima propiciatoria na que descarga-las presións. É só unha solución momentánea. O xogo do rol volve comezar.

Recensións:

-A. L., “Unha desacougante *Mascarada* de Antón Risco”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, ano I, nº 37, 9 novembro 1995, p. 6.

Breve comentario sobre o autor, a xénese e o contido da novela. O espacio no que transcorre a acción un país tropical- é abafante, consonte o espacio interior de cada personaxe. Na obra poderíase enxergar unha óptica pirandelliana.

Antón Reixa, “Mascarada”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, ano I, nº 37, 9 novembro 1995, 16. Nota miscelánea na que mestura certos acontecementos da realidade actual e cotiá co comentario literario. Neste caso, céntrase nas consecuencias do xogo de roles para os personaxes de *Mascarada*. Tras dunha aparente desinhibición, non conseguen supera-los tabús e os seus problemas porque non saben cómo.

-Xosé Mª de Castro Erroteta, “Entre o streap-tease e o entroido”, *A Nosa Terra*, nº 699, “Guieiro Cultural”, 9 novembro 1995, p. 24. Iníciase cunha réplica a un dos presentadores da novela, que a cualificou dentro da corrente neobarroca. Sen embargo, o autor desta recensión cre que está máis perta do estilo existencial dun Arthur Miller, malia ter dous capítulos que define como realistas e próximos ó surrealismo. Incide tamén na estructura dramática da novela e nas lembranzas con *Agardando por Godot* que lle suxire o final. Destácanse como achegas desta novela á narrativa galega, a orixinalidade do estilo narrativo e da temática. A propósito disto último, esbózanse as liñas argumentais da novela e todos aqueles temas cos que o lector se pode encontrar, desenvolvidos cunha linguaxe sinxela e irónica.

-Xavier Castro R., “O rol das dobres verdades”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 3 decembro 1995, p. 7.

Breve comentario no que se subliña o carácter de obra de reflexión e a importancia dos límites espacio-temporais como condicionantes das relacións humanas. No nivel técnico, insístese na importancia que adquire na obra o diálogo.

Referencias varias:

-Raquel Feijoo, “A mascarada”, *La Región*, 20 outubro 1995, p. 13. Noticia xornalística sobre a presentación desta novela. Resúmese o seu contido e insírense ademais comentarios de A. Risco sobre a súa propia novela. Tamén se indica que a obra comezou a ser escrita en francés en 1992.

Rivas, Manuel, *¿Que me queres, amor?*, Premio Torrente Ballester de Narrativa, Vigo: Galaxia, col. Literaria, nº 135, decembro 1995, 179 pp. (ISBN: 84-8288 027-6).

Última entrega narrativa de Manuel Rivas (A Coruña, 1957). *¿Que me queres, amor?,* composta inicialmente por dez narracións, que foi merecedora do Premio Torrente Ballester na súa sétima edición (A Coruña, 24 de novembro de 1995). No momento da súa publicación, o autor quixo engadir seis novos relatos (“A lingua das bolboretas”, “O míster & Iron Maiden”, “O inmenso camposanto da Habana”, “Debuxos animados”, “Unha flor branca para os morcegos” e “A luz de Yoko”), que seguen na liña do volume premiado. Como ironía editorial, este libro rematouse de imprimi-lo 28 de decembro de 1995, día dos Santos Inocentes, e inocentes, ós que a vida gasta bromas pouco divertidas, son os protagonistas das distintas historias. Aspectos de actualidade (un atraco, un atentado, o narcotráfico, a competencia no mercado, o enfrontamento entre pais e fillos, os rapaces “enganchados” á T.V., etc.) ligados á violencia, á incomprensión, á soidade, etc., son tratados polo autor, que recupera algúns dos motivos da súa anterior obra *Costa da morte blues* (“A lingua das bolboretas” recorda ó poema “Fonema”, “A leiteira de Vermeer” reproduce o poema “A leiteira”, etc.).

Referencias varias:

-Arantxa Estévez, “Manuel Rivas, Premio Torrente Ballester. A literatura serve máis para explicar o mundo que para intervir nel”, *A Nosa Terra*, nº 702, “Guieiro Cultural”, 30 novembro 1995, p. 19. Entrevista con Manuel Rivas na que fala do seu libro recentemente galardoado, do que di que segue nun fío coa súa obra anterior e que son historias contemporáneas e duras pero que permiten albisca-la tenrura. Confesa sentirse satisfeito cando escribe pero tamén cómplice de embelece-lo mundo. A continuación explica a evolución da súa narrativa que pasa de querer interferir no mundo a explicalo. Finaliza a entrevista analizando a visión da cultura que existe nos medios de comunicación.

-C. R., “Rivas: A comunicación xorde nos atallos”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 7 decembro 1995, p. 61/p. 12. Artigo que inclúe unha serie de comentarios de Manuel Rivas sobre o seu último libro *¿Que me queres, amor?,* gañador do Premio Torrente Ballester. En primeiro lugar explica a procedencia do título (un verso do trobador Fernán Esquío) e continúa sinalando que estes dez relatos ambientados na época actual teñen como nexo de unión o tema da incomunicación entre os individuos. Finalmente afirma que é un libro duro dende onde agroma a tenrura.

Manuel Rivas, “¿Que me queres, amor?”, *A Nosa Terra*, nº 706, “Guieiro Cultural”, 28 decembro 1995,

28. Con motivo da concesión do Premio de Narrativa Gonzalo Torrente Ballester ó escritor coruñés Manuel Rivas, *A Nosa Terra* publica, a modo de adianto para os seus lectores, un fragmento da obra *¿Que me queres, amor?.*

Riveiro Loureiro, Manoel, *A volta de Castelao*, A Coruña: Espiral Maior, col. Narrativa, nº 4, novembro 1995, 72 pp. (ISBN: 84-88137-72-9).

Novela curta na que M. Riveiro Loureiro (A Coruña, 1933) recrea o momento en que a Xunta de Galicia trouxo os restos de Castelao dende Arxentina ó Panteón de Galegos Ilustres. Caricaturízase ata o ridículo a diversos persoeiros sobradamente coñecidos (Fernández Albor, Fraga Iribarne, Barreiro Rivas), ós que se alude polos seus verdadeiros nomes. A narración avanza a medio camiño entre a parodia humorística e a crítica política.

Rodríguez Baixeras, Antonio, *Dous fados*, Vigo: Nigra, col. Relatos dunha hora, nº 9, 1995, 63 pp. (ISBN: 84-87709-31-1).

Antonio Rodríguez Baixeras (Ribadeo-Lugo, 1950) ofrécenos dúas breves narracións que toman o seu título de dous dos máis famosos fados portugueses: “Estranha forma de vida” e “Duas lágrimas de orvalho”. Como nos fados, estes relatos fálannos de amores malogrados, da anguria de amar sen esperanza, dos sentimentos contradictorios, do amor, en definitiva, como un sentimento que rompe co establecido e coa rutina dos que se cren libres dese tormento.

Recensións:

-R. G., “Relatos dunha hora para levar no bolsillo”, *La Voz de Galicia,* “*Revista de Cultura*”, ano I, nº 12, 18 maio 1995, p. 6. Trátase dun breve comentario do argumento dos dous relatos que compoñen o libro.

-Darío Xohán Cabana, “Antonio Rodríquez Baixeras: *Dous fados*”, *A Trabe de Ouro*, nº 22, Tomo II, ano VI, abril-maio-xuño 1995, pp. 129-130. Para o recensionista trátase de contos que comparten tema pero difiren no tratamento (un en primeira persoa, outro en terceira; un desenvólvese sen sorpresas, suavemente, e o outro ten un desenlace truculento). Esta breve noticia sérvelle a Darío Xohán Cabana para reivindica-lo anterior traballo do autor, inxustamente ignorado, *O rei dos ameneiros*.

Referencias varias:

-X. A., “Novos Relatos dunha hora”, *Atlántico Diario*, 21 abril 1995, p. 58. Noticia da presentación dos novos títulos da colección “Relatos dunha hora”: *Conta os latidos,* de Bieito Iglesias, *Waelrad,* de Álvaro Otero, *O solpor da cupletista,* de Mª Xosé Queizán e *Dous fados,* de Antonio Rodríguez Baixeras.

Rodríguez Salgueiro, Marcelino, *O escrutador*, Finalista do Premio Xerais de Novela, Vigo: Xerais, col. Negra, nº 9, 1995, 240 pp. (ISBN: 84-7507-885-0).

Trátase da primeira novela do médico santiagués Marcelino Salgueiro. A obra, que consta de 21 capítulos, pódese adscribir ó xénero negro. Está protagonizada por don Xabier, médico forense en Vila Baixo Xurisdicción e grande afeccionado á astronomía, que é o encargado de soluciona-lo misterio xurdido ó redor das mortes de Dositeo e o seu fillo Mino.

Recensións:

X. G. G., "Sucesión de anécdotas. *O escrutador*", *A Nosa Terra*, nº 677, "Guieiro Cultural", 8 xuño 1995, 25. Crítica onde se poñen de manifesto as insuficiencias da obra: a desorde na presentación dos feitos, a sucesión de anécdotas sen ligazón, a falta de estructura e técnica narrativas e a pouca delineación dos personaxes.

-R. G., "O forense Salgueiro vólvese escrutador", *La Voz de Galicia*, "*Revista de Cultura*", ano I, nº 16, 15 xuño 1995, p. 8. Nova sobre a aparición da novela na que se comentan os inicios literarios do autor, así como o argumento.

-Fe González Fernández, “*O escrutador*: a historia de dúas mortes”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 3 setembro 1995, p. 6. Coméntase o argumento e sinálanse algunhas das características da obra.

-F. Martínez Bouzas, “Arremedos voluntariosos”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 72, 7 setembro 1995, p. 6. A partir dunha reflexión sobre o acto de escribir, critícanse os puntos frouxos da novela, que é definida como “arremedo cheo de voluntarismo”.

Referencias varias:

E. C., “Salgueiro arriba ás letras galegas coa novela *O escrutador*”, *O Correo Galego*, 24 maio 1995,

53. Marcelino Salgueiro presentou na Galería Sargadelos o seu primeiro libro *O escrutador*. A novela, finalista da última edición dos premios Xerais, trata dun forense con afección á astronomía que vai desvelando uns crimes. Neira Vilas e Manuel Bragado salientaron a calidade desta obra, “comparándoa coa mellor producción de suspense do belga Simenon”.

Souto, Xurxo, *A tralla e a arroutada*, Vigo: Xerais, col. Ferros, nº 5, 1995, 131 pp. (ISBN: 84-7507-929-6).

Conxunto de textos escritos por Xurxo Souto (A Coruña, 1966), líder do grupo musical "Os Diplomáticos". Recóllense neles algúns dos temas esgrimidos nas cancións do grupo coruñés: a bravura, a rebeldía contra o mundo, a autenticidade, etc., representados por diversos mitos modernos da cultura galega, como poden se-lo futbolín, Pucho Boedo, Arsenio Iglesias, etc.

Recensións:

-F. Martínez Bouzas, "(Feble) filosofía bravú", *O Correo Galego*, "*Revista das Letras*", nº 84, 30 novembro 1995, p. 6. Explícanse as particulares características desta obra, á que se critica polo feito de defender uns postulados trasnoitados. O articulista remata propoñendo outros posibles modelos de literatura arroutada, máis axeitados, na súa opinión, có libro de Souto.

-Teresa Monteagudo, "*Tokes* de Xurxo Souto", *El Correo Gallego*, "*Edición 7*", 17 decembro 1995, p. 7. Despois dunha breve descrición da estructura da obra, a articulista salienta o feito de que en tódolos "tokes" en que está dividido o texto se propugna unha autoafirmación da identidade, sempre nun contexto de viveza e bo humor.

Valcárcel, Xesús Manuel, *Matar o tempo*, Vigo: Xerais, col. Narrativa, 1995, 157 pp. (ISBN: 84-7507-874-5).

Novela na que X.M. Valcárcel (Lugo, 1955) narra, en primeira persoa, a vida de Adela, unha muller de orixes humildes e infancia azarosa á que a vida leva a casar cun home moito maior ca ela. A familia do seu marido obrígaa a padecer situacións de espectacular e, ás veces, disparatado tremendismo. A crueldade, a deshumanización e o odio, protagonizan unha historia na que nin sequera os nenos conservan a inocencia.

Recensións:

-M. R., "Valcárcel mata o tempo parodiando a sociedade actual", *La Voz de Galicia*, "*Revista de Cultura*", ano I, nº 11, 11 maio 1995, p. 6. Breve comentario no que se salienta a súa condición de parodia da sociedade actual en clave de novela picaresca. Sublíñase, así mesmo, que a novela deixa aberta a porta á esperanza dun mundo mellor.

-X. G. G., "A meio camiño", *A Nosa Terra*, nº 668, "Guieiro Cultural", 6 abril 1995, p. 25. Recensión na que se distingue entre unha primeira parte da novela, irónica e lúcida, e unha segunda, máis decepcionante, na opinión do articulista, onde falta un clímax de loucura que facilite o acceso do lector ó ambiente da historia. Destácanse, finalmente, as boas dotes narrativas de Valcárcel.
-Xosé Manuel Enríquez, "Matar o tempo", *Faro de Vigo*, "*Faro das Letras*", nº XCV, 1 xullo de 1995, p. 3.

Comentario no que se define o ambiente reflectido na novela como “mundo desaxustado e abxecto”. O articulista considera que o autor fracasa nas súas intencións pola condición de obra desestructurada e inconexa.

X. X. Ron, “*Matar o tempo*: unha novela de aprendizaxe”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 2 xullo 1995,

6. Longa recensión na que o articulista ve todo un símbolo alegórico da imposibilidade da convivencia humana. Saliéntase a correcta construcción da linguaxe da obra, á que se considera “novela de aprendizaxe”.

-F. Martínez Bouzas, “Maldades hiperbólicas”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 66, 27 xullo 1995, p. 6. Recensión na que se destaca o brío fabulario da novela. A obra é vista polo articulista como un “relato esperpéntico e grotesco dunha amoralidade informe”. Así, o aspecto que máis chama a atención é a profusión de elementos hiperbólicos, tanto no desenvolvemento da historia coma no emprego da lingua.

-Ana Belén Fortes, “No límite”, *Grial*, nº126, Tomo XXXIII, abril-maio-xuño 1995, pp. 286-288. Recensión na que se destaca a particular percepción da realidade que contén a narración, a súa condición de desconcertante e maldita, o acertado trazado do punto de vista feminino, así como a íntima relación que ten a obra con algunha das publicacións en verso do mesmo autor.

Valcárcel, Xesús Manuel, *O capitán Lobo Negro*, Vigo: Galaxia, col. Literaria, nº 132, setembro 1995, 201 pp. (ISBN: 84-8288-009-8).

Conxunto de catorce relatos breves nos que se mesturan rexistros e temáticas ben diferentes: imaxes dunha infancia desgraciada, historias de personaxes misteriosos e ás veces terroríficos, sucesos nos que a espectacularidade chega ós límites da inverosimilitude. Os contos de *O capitán Lobo Negro* desenvólvense a medio camiño entre o relato de terror e o disparate humorístico. As imprecisións espacio-temporais contribúen a que todo o conxunto se impregne dunha atmosfera de misterio e inquedanza, ó estilo de certos relatos de Fole ou de Dieste.

Recensións:

-A. M., "Valcárcel xoga coa maldade, a tenrura e a ironía do capitán Lobo Negro", *La Voz de Galicia*, "*Revista de Cultura*", ano I, nº35, 26 outubro 1995, p. 6. Destácase a influencia cinematográfica existente en *O capitán Lobo Negro*. Recóllense tamén unhas manifestacións do propio Valcárcel nas que se alude á maldade como un dos elementos protagonistas do libro.

-X. G. G., "Dominio contido", *A Nosa Terra*, nº 697, "Guieiro Cultural", 26 outubro 1995, p. 23.

Fálase do carácter que ten o libro de temática múltiple, rico en rexistros lingüísticos e lúcido na súa prosa. Valora, sobre todo, o aspecto paródico que conteñen algúns dos relatos, que glosan satiricamente algúns dos temas máis habituais na narrativa galega.

-F. Martínez Bouzas, “Festa da imaxinación”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 81, 9 novembro 1995, p. 6. Coméntanse algúns dos trazos polos que se distingue *O capitán Lobo Negro*, obra da que se destaca a súa condición de libro pleno de imaxinación e creatividade, pero tamén sinxelo na súa construcción lingüística.

Xavier Castro R., “A narrativa de Xesús Valcárcel”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 17 decembro 1995,
7. Recensión na que se destaca a similitude de feitura e composición que garda esta obra coa novela *Matar o tempo*, do mesmo autor. Saliéntase tamén a mestura que fai Valcárcel de humor, tenrura, paixón e traxedia.

Referencias varias:

-Lois Celeiro, “Sete contos e outros tantos”, *O Correo Galego*, 27 outubro 1995, p. 3. Fai un percorrido pola traxectoria literaria de Xesús Manuel Valcárcel, semblanza que conclúe coa presentación de *O capitán Lobo Negro*, ó que o articulista cualifica de “extraordinario”.
Anxo Tarrío Varela, “Xesús Manuel Valcárcel, unha alfaia literaria”, *O Correo Galego*, 29 outubro 1995,
3.

Artigo no que se percorre toda a traxectoria literaria de Valcárcel, do que se destaca, en primeiro lugar, a súa persoalísima concepción lírica. O articulista eloxia tamén a súa producción narrativa e acaba por recomendar ós lectores o libro *O capitán Lobo Negro*, ó que considera merecente de ocupar “un lugar de honra no ámbito da literatura galega”.

Vila, Andrés A., *Os nerviosos elegantes de Raoul Dufy*, prólogo Xosé Cid Cabido, Vigo: Xerais. col. Ferros, nº 1, 1995, 101 pp. (ISBN: 84-7507-892-3).

No prólogo, Xosé Cid Cabido ofrece algúns datos biográficos de Andrés A. Vila (Zamáns-Vigo, 1958), e refírese ás súas facetas artísticas de pintor e actor de teatro. Comenta ademais como naceu o "evidencialismo", nas reunións que Alfonso Cáccamo, Carlos Barros, Andrés A. Vila e o prologuista mantiñan no Café Ardora de Vigo, lugar onde naceu a primeira obra evidencialista en coautoría, *Copenhague*. Con respecto a *Os nerviosos elegantes de Raoul Dufy,* cuestiona a presencia de elementos autobiográficos do autor, mesturados coa ficción, nestes cadros literarios, que expoñen a visión evidencialista do autor. A obra consta de cinco cadros cos títulos doutras tantas cidades ou vilas -Madrid, A Toxa, Rennes, Olinda e París- polas que Xoán, pintor e actor que desexaba ser espía, pasea os seus fracasos e frustracións. En cada sitio vive experiencias distintas, relacionadas coas súas profesións ou ben de tipo sexual. O seu periplo remata en París, nunha estación de metro, deitado á beira dun morto.

Recensións:

-X. G. G., "Indecisións narrativas", *A Nosa Terra*, nº 678, "Guieiro Cultural", 15 xuño 1995, p. 23. Segundo X.G.G. non é unha novela. Son secuencias narrativas nas que o autor transmite diversas anécdotas biográficas e imaxinarias que teñen como elo o protagonista. A pesar de utiliza-la terceira

persoa, o autor non consegue mante-lo debido distanciamento. Falta unha clara estructura novelesca e utílizase abusivamente o diálogo, parateatral, moitas veces. Tamén as descricións semellan acoutacións. No contido, obsérvanse concomitancias coa obra de Leo Perutz, *Mentres dan as nove*.

-F. Martínez Bouzas, “Cadros evidencialistas”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 64, 13 xullo 1995, p. 6. Inicialmente, fanse unha serie de apreciacións sobre o senso do evidencialismo, novo termo estético ó que pertencería esta novela, a cal é considerada como un experimento narrativo, sen grandes pretensións, sobre a figura e os sentimentos dun pintor-actor en cinco marcos espaciais diferentes. Da novela, salva só os dous últimos cadros.

-Anxo Angueira, “Nerviosos elegantes”, *Faro de Vigo,* “*Faro das Letras*”, nº CIII, 4 novembro 1995, p. 4. Conxunto de cinco relatos nos que se conta a viaxe vital dun personaxe que foxe constantemente de si mesmo e que só atopa a felicidade nos soños. A clave para entende-la mensaxe da obra está na ironía.

VV. AA., *Relatos*, limiar Henrique Rabunhal, A Coruña: Laiovento, col. Narrativa, nº 56, 1995, 150 pp. Narracións premiadas no Certame Manuel Murguía de Arteixo entre 1992 e 1994. (ISBN: 84-87847-58-7).

Contén, por orde de aparición no texto, os relatos de:

-X. M. Marcos, “Fuxidos”, pp. 15-27. Presenta a historia dun home oculto por mor dos axustizamentos posteriores á Guerra Civil.

-Joel R. Gómez, “Para um clima supremo”, pp. 76. Historia dunha drogadicta que intenta autoxustificarse perante súa nai.

-Xavier Alcalá, “Relación de feitos de sangue”, pp. 83-101. Relato xa publicado en 1994 por Pentalfa Narrativa, que reproduce un feito supostamente histórico relacionado coas navegacións ó redor do mundo.

-José Antonio Lozano García, “Retrato antigo: pinturas e superficies”/Xesús Manuel Marcos, “A cela de arame”, pp. 105-119 e pp. 125-146, respectivamente. Este dous últimos ofrecen, en oposición ós outros relatos, unha visión máis poética ca realista da narración.

Recensións:

-Eduardo Estévez, “Destreza e diversidade”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 73, 14 setembro 1995, p. 7. Como característica principal deste libro de relatos destácase a diversidade. Diversidade ortográfica e diversidade xeracional, posto que a nómina de autores inclúe nomes xa asentados, como o de Xavier Alcalá, xunto a outros case descoñecidos nas nosas letras, como o de Joel Gómez. Son, ademais, os relatos destes dous autores os que o recensionista destaca sobre os outros.

-X. G. G., “Catro levas de escritores”, *A Nosa Terra*, nº 692, “Guieiro Cultural”, 21 setembro 1995, p. 23. Como no caso anterior, destácase a variedade ortográfica e a variedade xeracional presente neste libro. Despois de facer unha análise de cada un dos relatos, saliéntase a madurez narrativa de X. Alcalá no seu tratamento do realismo literario, o incerto camiño narrativo de Joel Gómez e a liña narrativa presente nos outros dous escritores, onde semella desaparece-la memoria e domina-la poesía.

VV. AA., *A Recortada e catro contos máis*, Premio Ourense de Contos para a Mocidade 1994, Ourense: Agrupación Libreiros de Ourense e Casa da Xuventude de Ourense, 1995, 80 pp. (ISBN: 84-605-2089-7).

-An Alfaya, “A recortada”, primeiro premio deste certame, relata as vicisitudes que converteron a un home en prófugo da xustiza.

Os accésit foron para os relatos seguintes:

-A. Rivero Coello, “A ninfómana de Meaus”, no que se narran as consecuencias dun amor fracasado.
-V. Rodríguez, “Competitividade inútil dos noventa”, constrúe un relato sobre a velocidade de vertixe coa que se vive hoxe en día.
-P. Vázquez, “Estampa mecanoscrita dun can de palleiro”, relato sobre a defensa dos animais.
-Rafa Villar, “Noite e paraxe en Sara”, historia de amor entre o protagonista e a integrante dun grupo sindical clandestino.

Recensións:

-Jaime Varela Sieiro, “Cinco novos creadores”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 15 outubro 1995, p. 7. Breve recensión na que simplemente se informa de qué é resultado este libro de relatos, do título e autor de cada un deles e, ó mesmo tempo, ofrécese un sinxelo resumo de cada conto. O autor da recensión salienta o feito de que son novas formas de narrar pertencentes á que vai se-la xeración futura das nosas letras.

VV. AA., *II Certame de Narrativa Erótica Máquina de Vapor*, convocado pola Asociación Eis de Santiago, prólogo Concha Blanco Montecelos, Santiago de Compostela: Eis, 1995, 84 pp.

Selecta dos contos presentados ó Certame, que presentan como temática común o erotismo. O volume contén:

-“Katy, a portuguesa”, de Francisco López-Barxas (a quen lle foi concedido o primeiro premio).
-“Gabriel”, de Marcos Taracido Trunk.
-“O furciómetro sinala 28”, de Celsa Rodríguez.
-“Os perigos da amizade” (sen sinatura).
-“Coitus interruptos”, de Eva Moreira Fontán.
-“Unha imitadora desaloxa-se do corpo mentres... en fin”, firmado coas iniciais M. R. V.
-“Fotocópiame”, de Armando Requeixo.

I. Narrativa

I. 2. Reedicións comentadas e facsímiles

Caneiro, Xosé Carlos, *Loias, lucérnulas, e outras historias no fío de Monterrei*, Xinzo: Mancomunidade de Verín, 1995, 132 pp. (ISBN: 84-920287-0-X).

É unha recompilación de dezaseis relatos de Xosé Carlos Caneiro (Verín-Ourense, 1963) que aparece estructurada en dúas partes tituladas “Entre morte e memoria” e “A decadencia do tempo”. Son relatos nos que se percibe sobre todo a preocupación por temas como a soidade, o paso do tempo ou o fracaso do amor. En xeral, deixan unha sensación de desencanto, de fracaso, que dan unidade ó conxunto. Trátase dunha segunda edición modificada e que incorpora tres historias novas. Na selección recóllense dous relatos que foran premiados anteriormente: “Bette Davis, por favor”, que obtivo o primeiro posto na XXVIIª edición do concurso “Breogán de Contos”, do Centro galego de Bizcaia, en 1994, e “O caso de Horacio Solveira”, que quería ser neno e non o deixaron, que gañou o certame “Ourense de Contos”, do ano 1984.

Conde Cid, Alfredo, *O barco*, Vigo: Galaxia, col. Literaria, 1ª ed. 1977, 2ª ed. revisada 1995, 162 pp. (ISBN: 84-7154-942-5).

Alfredo Conde (Allariz, 1945) dá a coñecer unha nova versión de *Come e bebe, que o barco é do amo*, titulada agora, simplemente *O barco*, na que se poden observar algúns pequenos cambios con respecto á primeira, sobre todo lingüísticos. Cóntase neste libro a historia duns mozos universitarios ós que abafa o ambiente sórdido e reaccionario da pequena vila en que viven. Son abundantes as alusións a cuestións políticas e tampouco escasean os trazos de índole humorística.

Recensións:

-Xurxo Sierra Veloso, “A nova versión dunha obra de Alfredo Conde”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 14 maio 1995, p. 6. Dáse a benvida á colección Literaria da Editorial Galaxia e á obra *O barco*, de Alfredo Conde, unha edición corrixida da publicada por Akal no 1978. Despois de se referir ós poucos cambios dunha obra a outra, destácase neste comentario a pertenza de *O barco* a unha época da literatura galega na que as consideracións políticas ou ideolóxicas tiñan maior importancia cás puramente literarias. Valórase tamén
o sentido humorístico que caracteriza a boa parte da novela.

-R. G., “O barco de Alfredo Conde volve navegar”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, ano I, nº 22, 27 de xullo 1995, p. 6. Con motivo da publicación de *O barco*, o articulista recolle algúns comentarios feitos dende a propia editorial Galaxia, nos que se cualifica a novela como “de ensaio e experimentación, ó tempo que de denuncia social”. R.G. entra tamén na polémica creada a partir das revisións de que son obxecto algunhas novelas que xa foran publicadas con anterioridade.

Fernández Ferreiro, Xosé, *Morrer en Castrelo do Miño*, Vigo: Xerais, col. Narrativa, 3ª ed. 1995, 112 pp. (ISBN: 84-7507-927-X).

Nesta edición X. Fernández Ferreiro (Nogueira de Ramuín, 1931) mantén o texto orixinal aínda que se poden apreciar certos retoques na lingua e pequenos cambios no texto que non afectan ó contido. Inclúe un "Limiar" de Arturo Lezcano, no que se comenta a importancia desta novela na literatura galega da segunda metade do XX e a presencia do espírito de Hemingway e de John Ford nas súas páxinas. Engádense, ó final, unha "Nota do autor" na que recupera a recepción crítica da novela en 1978, e dous textos baixo o epígrafe de Apéndices: "Inquedanza en Galiza" -reproducción dunha carta enviada ó goberno español, en maio de 1966, protestando pola construcción do salto de Castrelo do Miño e asinada por un grande número de intelectuais galegos-, e "O feudalismo de Fenosa", texto extraído de *Castelao, a UPG e outras memorias* (1983), de Luís Soto -que contextualizan a novela.

Recensións:

-Xavier Castro R., "Memoria colectiva", *El Correo Gallego*, "*Edición 7*", 10 decembro 1995, p. 7. Sinala a segunda oportunidade que ten este relato nunha segunda edición, testemuña duns feitos que significaron a resistencia, a tensión e o fracaso da loita. Comenta tamén as pequenas variacións que inclúe.

Neira Vilas, Xosé, *Contos de tres mundos*, ed. anotada Xosé Manuel Enríquez, Vigo: Xerais, col. Biblioteca das Letras Galegas, nº 39, 1995, 231 pp. (ISBN: 84 7507-912-1).

Divídese en tres partes: a primeira e terceira constitúen o estudio propiamente dito e a segunda o conxunto de relatos estudiados. Na parte dedicada ó estudio, realízase un perfil bio-bibliográfico de Neira Vilas (Gres-Vila de Cruces-Pontevedra, 1928), analízase o seu papel no conxunto da literatura galega, a súa poética do conto e o conxunto de relatos aquí recollidos. Complétase cunha análise da lingua do autor e un glosario dos termos empregados. Na parte xa propiamente literaria, inclúense relatos tomados dos libros *Xente no rodicio* (1965), *A muller de ferro* (1969), *Historias de emigrantes* (1968), *Tempo novo* (1987) e *Pan* (1986). Neles, dánse cabida a relatos centrados en Galicia e mais na emigración, fundamentalmente Arxentina e Cuba, os tres mundos que dan título ó libro.

Recensións:

-Xavier Castro R., “A obra literaria de Neira Vilas”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 8 outubro 1995, p. 7. Facendo un breve resumo dos textos dos que se escolmou esta antoloxía, destácase dos mesmos o seu autobiografismo, o reflexo do mundo rural e dos seus protagonistas, a cerna literaria do seu autor

enraizada nos tres mundos -Galicia, Arxentina e Cuba- que dan título ó libro, e o uso “fabulador e lírico” que se fai da palabra escrita en galego.

-F. V., “Galicia non é calidade nos contos de Neira Vilas”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, ano I, nº 33, 12 outubro 1995, p. 6. Nesta ocasión aclárase na recensión cáles son eses tres mundos que dan título ó libro, os textos dos que se escolma a antoloxía e quén é o responsable da mesma. Xa en segundo lugar, destácanse os relatos “O muiñeiro”, “María” e “A serra” (extraídos de *Xente no rodicio*), como mostra do tratamento do mundo rural, que non cae no folclorismo, no costumismo ou na morriña.

-Xurxo Sierra Veloso, “Nova edición para un gran clásico”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 17 decembro 1995, p. 6. Despois de salienta-la experiencia investigadora do autor da edición, Xosé Manuel Enríquez, destácanse os tres temas fundamentais da obra de Neira Vilas, postos de manifesto nos relatos incluídos nesta selección: a Galicia rural -que aparecería nos relatos tomados de *Xente no rodicio*-, o mundo da emigración -tomados dos relatos de *Historias de emigrantes*- e os primeiros anos da revolución cubana -presentes en *Tempo novo*. Estes tres temas conforman, ademais, o percorrido vital do seu autor.

Otero Pedrayo, Ramón, *Contos do camiño e da rúa*, ed. e estudio literario Xosé Manuel Salgado, estudio lingüístico Xulio Sousa Fernández, Vigo: Galaxia, col. Literaria, nº 130, xuño 1995, 247 pp. (ISBN: 84-8288-005-5).

Recupérase nesta edición a obra de Ramón Otero Pedrayo (Ourense, 1988- Trasalba-Amoeiro-Ourense, 1976), *Contos do camiño e da rúa*, publicada por primeira vez en 1932 na editorial Nós. Está composta por sete contos (“A serea”, “A criada”, “O fidalgo”, “O Pecado”, “O pazo das cinco chagas”, “Medicina legal” e “Dona Xohana e don Guindo”), de temática diversa. Son composicións nas que se contrapón a vida nas aldeas fronte á vida nas vilas e cidades; a figura do fidalgo en decadencia fronte ó burgués en alza. Reflíctese, así, a sociedade do século XIX que vai dando paso ó século XX. Algúns destes relatos xa foran incluídos en anteriores recompilacións. Así, por exemplo, *O fidalgo e outras narracións* (1982) e *O fidalgo e outros relatos* (1994), en edición, esta última, de Antón Palacio Sánchez. A edición de X.M. Salgado ofrece interesantes novidades. Nun completo estudio introductorio, faise mención dos distintos aspectos da obra, tales como a temática, os espacios narrativos, os personaxes e as técnicas narrativas, ademais dun pormenorizado comentario de cada conto. Acompañan ó texto unha serie de notas aclaratorias. Pecha a obra un amplo glosario de voces que, ou ben foron substituídas por non coincidir coa normativa actual, ou ben se conservaron (a pesar de non ser normativas) por ser características do autor.

Recensións:

Xavier Castro R., “Recuperación de Otero Pedrayo”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 24 setembro 1995,

7. Mínima referencia á edición de X.M. Salgado de *Contos do camiño e da rúa* na que se salienta o tipo de conto, moi diferente do que se facía naquela época, que Ramón Otero Pedrayo constrúe nestas páxinas.

-Amelia Rodrigues Esteves, “*O fidalgo e outros relatos*. Edición de Antón Palacio. *Contos do camiño e da rúa*. Edición de Xosé Manuel Salgado”, *Boletín Galego de Literatura*, “Libros”, nº 14, Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago, 2º semestre 1995, pp. 186-189. Recensión que trata as dúas últimas edicións da narrativa breve de Ramón Otero Pedrayo. Iníciase o artigo cunha panorámica das obras deste autor publicadas dende 1989 na colección Literaria da Editorial Galaxia. A continuación analízanse diversos aspectos das dúas obras comentadas (os contos que aparecen en cada unha delas e cándo foron publicados con anterioridade, características temáticas ou estructurais dos relatos, etc.). Destaca finalmente o traballo de recuperación dos clásicos que Galaxia vén realizando.

Risco, Vicente, *Obras completas*, vol. I, II, III, IV, VI, VII, Vigo: Galaxia, 1995, 584, 836, 752, 492, 600, 664 pp., respectivamente. (ISBN da obra completa: 84 7154-932-8; ISBN dos volumes 84-7154-926-3, 84-7154-927-1, 84-7154-928-X, 84-7154-929-8, 84-7154-931-X, 84-8288-031-4).

Por iniciativa de Carlos Casares, baixo a responsabilidade de Xosé Manuel Soutullo e con intención de recompila-los textos máis representativos de Vicente Risco (Ourense, 1884-1963), a Editorial Galaxia editou, ó longo de 1995, seis dos sete tomos do plan de publicación de *Obra galega completa*, de Vicente Risco. Producción dispersa en publicacións de acceso difícil ou en libros e folletos hoxe desaparecidos do mercado. O primeiro volume recolle a obra literaria en galego: a novela *O porco de pé*, os contos -"Do caso que lle aconteceu ó doutor Alveiros, "A velliña vella", "O lobo da xente", "A trabe de ouro e a trabe de alquitrán", "Os europeos en Abrantes" e "Meixelas de Rosa"-, a peza teatral *O bufón de El Rei*, o libro de viaxes *Mitteleuropa*, e a súa escasa producción lírica espallada en xornais e revistas. O segundo recolle a obra literaria en castelán, entre a que cómpre salienta-las novelas *La tiara de Saitaphernes* e *Doce años después,* que, gracias a Antón Risco, aparecen publicadas por vez primeira. No terceiro figuran traballos de etnografía galega, moitos deles incluídos orixinariamente na *Historia de Galicia* (1962), de Otero Pedrayo. O cuarto reúne textos de doutrina nacionalista e un ensaio

sobre a figura de Manuel Murguía. O quinto, de próxima aparición, recompilará moitos dos seus artigos, mentres que o sexto inclúe unha miscelánea de títulos en castelán -*Las tinieblas de occidente*, *La historia de oriente contada con sencillez*, *Mitología cristiana* e *Orden y caos*. Por último, o sétimo recolle dous títulos máis -*Elementos de metodología de la Historia* e *Satanás. Historia del Diablo*- máis un apéndice bibliográfico.

Recensións:

-Ramón Nicolás, "Cara ás obras completas de Risco", *Faro de Vigo*, "*Faro das Letras*", nº LXXXII, 18 marzo 1995, p. 1. Recensión na que Ramón Nicolás se pregunta polas escondidas motivacións que puidesen ter en común a aparición simultánea de distintos traballos sobre a figura de V. Risco. Ademais, desaproba o criterio normalizador que impera sobre os textos, sobre todo tendo en conta que non se xustifican os cambios operados. Con todo, resalta o feito de que esta empresa servirá para poder coñecer por completo as dimensións dos seus traballos cara á obtención dunha idea máis real da súa obra nos eidos da creación literaria, interpretación crítica, etnografía, pensamento político ou xornalismo, pasaxes todos estes percorridos por Risco.

-Xavier Castro R., "Vicente Risco: obra intensa", *El Correo Gallego*, "*Edición 7*", 16 abril 1995, p. 7. Comentario do primeiro volume, dos seis inicialmente proxectados, das *Obras completas* de Vicente Risco. Xavier Castro, amais de dar conta do contido desta primeira entrega, resalta o valor de iniciativas

como esta, que posiblilitan o coñecemento directo da obra dispersa de moitos autores, neste caso dun grande polígrafo das nosas letras.

-Joaquim Ventura, “Obras completas e refritidos”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, 20 maio 1995, p. 3. Despois dunha breve alusión ó artigo que, no mesmo medio, Ramón Nicolás realizara sobre as *Obras completas* de Vicente Risco e no que se cuestionaba o sospeitoso interese actual pola obra risquiana, pasa exame ó erróneo método seguido polas editoriais galegas para acomete-la recompilación da totalidade da obra de determinado autor, con resultados como os de Galaxia con Á. Cunqueiro, “verdadeiro despropósito”, ou no presente con Vicente Risco, empresa acometida coa mesma falta de rigor.

-M. Rodríguez, “Un percorrido polo vasto mundo literario de Vicente Risco”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, ano I, nº 43, 21 decembro 1995, p. 6. Pequeno comentario onde se dá conta do proxecto de publicación das *Obras completas* de Vicente Risco, cun contido deseñado por Carlos Casares e no que se incluirá unha ampla selección da producción en galego e en castelán do autor ourensán. M. Rodríguez fala dun único volume, cando en realidade son sete os que conformarán a totalidade da obra.

Referencias varias:

-Antón Fraguas Fraguas “Escritos de don Vicente Risco”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 16 abril 1995, contracapa.

Con motivo da publicación das *Obras Completas* de Vicente Risco na Editorial Galaxia, Antón Fraguas lembra a súa amizade e o seu coñecemento persoal do escritor. Refírese logo a *O porco de pé* e ós seus personaxes, salientando os trazos humorísticos da prosa de Vicente Risco.

_____, “O traballo de don Vicente Risco y Agüero”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 17 decembro 1995, contracapa. Con motivo da publicación das *Obras Completas* de Vicente Risco en Galaxia, Fraguas lembra algúns dos postulados políticos defendidos polo escritor ourensán, con especial incidencia naqueles referidos á teoría do nacionalismo galego e á importancia que tiveron para a historia de Galicia figuras como a do arcebispo Xelmírez.

I. Narrativa

I. 3. Narradores traducidos ou versionados

Álvarez Blázquez, Xosé María, *Enchen as augas*, trad. Alfonso Álvarez Cáccamo, Vigo: Ir Indo, col. Narrativa, nº 19, 1995, 112 pp. (ISBN: 84 7680-213-7).

Esta noveliña de X. Mª Álvarez Blázquez (Tui 1915-Vigo, 1985) con nove capítulos e un epílogo sen titular cóntanos a historia de “O Tolleito”, rapaz eivado das pernas a partir dun accidente tralo cal fica prostrado nun caixón de rodas. Como consecuencia deste seu novo estado desenvolve unha especial sensibilidade para comunicarse cos animais. A vida do Tolleito vai pasando arredado dos pasatempos comúns dos rapaces da súa idade, asulagado nun universo particular de seu. Un día, un amigo, Anaquiño, proponlle ir pescar ó río. Os dous amigos conseguen realizar esta pequena fazaña e repetila día tras día. Pero unha tarde o Anaquiño ten que abandonar ó seu amigo por ir apañar herba para as vacas e, cobrando sentido ó título do libro, sube o curso do Miño polo desxeo das altas montañas ourensás e “crecen as augas” e o Tolleito marcha con elas.

Ford, Richard, *Vida brava* (*Wildlife*, 1990), trad. Xosé Mª Gómez Clemente, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, col. Medusa, 1995, 188 pp. (ISBN: 84 7824-246-5).

A novela de R. Ford (Jackson-Mississippi, 1944) sitúanos na cidade de Great Falls, en Montana, no outono de 1960. O narrador protagonista, un rapaz de dezaseis anos, vive con confusión a marcha do pai ás montañas para sufoca-los incendios que ameazan con estenderse ata a cidade e os desexos de independencia e de fuxida da rutina da nai, que dun día para outro se converte na amante dun home rico, Warren Miller. A confusión que conleva a inocencia rota leva a Joe á madurez, á comprensión da vida dende unha nova perspectiva, como unha sucesión de feitos ocasionais e repentinos que pasan deixando consecuencias que cómpre asumir.

James, Henry, *Os papeis de Aspern* (*The Aspern Papers*, 1888), trad., limiar e notas Manuel Outeiriño, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Biblioteca de Traduccións, nº 4, 1995, 128 pp. (ISBN: 84-7824-247-3).

A persecución das cartas de amor do poeta Jeffrey Aspern artella este relato de H. James (Nova York, 1843-Londres, 1916), inspirado nun episodio da vida de Shelley. No espacio escollido para os feitos, Venecia, no que se respira certo romanticismo, o narrador e protagonista leva o desexo de consegui-los documentos ata os límites da obsesión e o ideal da súa ambición, por mor da paixón que sente pola vida de Aspern. Miss Bordereau, a amante noutrora, oculta as confesións amorosas do poeta, mesmo no momento da súa morte, e impón na súa sobriña Miss Tina, o peso terrible de ter que decidir se as revela ou non. Os papeis convértense deste xeito en protagonistas principais e no motivo fundamental da trama.

Mann, Thomas, *A morte en Venecia*, (*Der Tod in Venedig*, 1912), trad. e presentación Laureano Xoaquín Araúxo Cardalda, Oleiros-A Coruña: Editorial Tambre, col. Narrativa, 1995, 112 pp. (ISBN: 84-88681-18-6).

O libro ábrese cunha presentación, a cargo do traductor, na que se dá conta da traxectoria bio-bibliográfica de Thomas Mann (Lübeck, 1875-Zurich, 1955), para logo se centrar na análise dalgúns aspectos da obra, como a inspiración na figura de Goethe e de Mahler para a creación do protagonista, o conflicto xurdido da dialéctica de ser burgués e artista, a serie de símbolos premonitorios que conclúen coa morte do personaxe ou a interpretación da obra. *A morte en Venecia* narra a caída de Gustav von Aschenbach, que toda a vida se entregara ó cultivo do espírito e se esforzara por consegui-la dignidade, nos terreos da paixón polo sentimento de desexo que nel produce a contemplación do adolescente Tadsio. A novela remata coa morte do artista a causa dun andacio de cólera na equilibrada e caótica Venecia, contradicción que tamén define ó protagonista.

Recensións:

-Xoán Carlos Domínguez, “Thomas Mann en galego”, *Faro de Vigo,* “*Faro das Letras*”, nº XCIX, 29 setembro 1995, p. 3.

Obra alegórica que pon de manifesto a relación entre a arte, a vida e a dignidade do artista. Plasmación dun estado de tensión emocional nacido das ansias de novidade e desexo de liberación da obra, que se confirma ó pasar a te-la forma un papel fundamental por mor da contemplación da beleza que o adolescente Tadsio simboliza.

Palau i Camp, José Mª, *Un cadáver desconcertante* (*Un cadàver desconcertant*), trad. Dolores Miloro, Vigo: Edicións do Cumio, col. Cómplices, nº 13, 1995, 130 pp. (ISBN: 84-8289-020-4).

Traducción ó galego dunha das aventuras protagonizadas polo detective Jaume Arbós que forma parte dunha serie creada por Josep María Palau i Camp (Barcelona, 1914-1996). A novela vai precedida dun prólogo de Mª Xosé Queizán no que conta que a novela xurdiu a partir da amizade entre ela e o autor e sinala a relación coa súa obra *A semellanza,* coa que comparte algúns personaxes. A historia céntrase na resolución do asasinato dun homosexual que ten lugar en Lugo. Jaume Arbós, que se atopa de visita na cidade, vai axudar á policía de Lugo a resolve-lo misterio e a atopar ó verdadeiro culpable.

Queneau, Raymond, *Exercicios de estilo*, (*Exercices de style*, 1947), trad. Henrique Harguindey Banet e Xosé Manuel Pazos Varela, Vigo: Xerais, col. Narrativa, 1995, 167 pp. (ISBN: 84-7507-914-8).

Libro no que se conta a mesma historia -unha anécdota trivial- de noventa e nove maneiras diferentes. Queneau (Le Havre, 1903-París, 1976), un dos principais representantes do Obradoiro de Literatura Potencial, realiza un xogo literario no que se combinan distintos xéneros, puntos de vista, artificios narrativos, figuras de expresión, etc.

Recensións:

-Gonzalo Navaza, “Queneau e a arte da fuga”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº CIV, 18 novembro 1995, p. 1. Longa recensión sobre a traducción ó galego de *Exercices de Style*, de Raymond Queneau. O articulista fai un breve percorrido pola traxectoria literaria do escritor francés, do que destaca a súa orixinalidade e
o seu permanente compromiso coa novidade artística. Sinálanse tamén as notorias dificultades que presentaba a traducción e elóxianse os acertos acadados na mesma.

-Xavier Castro R., “O relato como xogo infinito”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 3 decembro 1995, p. 7.

Neste breve comentario, Xavier Castro destaca o carácter experimental de *Exercicios de estilo*, a súa proximidade a diferentes xéneros dos que participa -a prosa e a poesía, o erudito e o popular-, así como a importancia que ten o humor no conxunto da obra.

-Rodri García, “Unha trasnada de Queneau chamada exercicios de estilo”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, ano I, nº 41, 7 decembro 1995, p. 6. Recóllese a noticia da publicación da traducción ó galego de *Exercicios de estilo*, de Raymond Queneau. O articulista comenta brevemente o contido da obra, da que di, facéndose eco dunhas palabras dos traductores, que é un exercicio para escapar da monotonía e do aburrimento.

-F. Martínez Bouzas, “A conto dun botón”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 87, 21 decembro 1995, p. 4. Comentario no que se recolle a nova da publicación de *Exercicios de estilo.* O articulista destaca a intención didáctica do libro, así como a súa condición de xogo lingüístico no que se constrúen diferentes variacións sobre un mesmo tema.

Referencias varias:

-Miguel Anxo Fernán-Vello, “Exercícios de estilo”, *O Correo Galego*, “A Fenda”, 30 novembro 1995, p. 3. Comentario no que o articulista destaca o carácter estilístico, literario e pedagóxico do libro. Apréciase o xogo de riqueza e liberdade que supón; coméntase, así mesmo, o interese da unidade didáctica que os traductores acaban de publicar en Xerais e que se basea nalgúns dos recursos empregados polo propio Queneau na súa obra.

Rodoreda, Mercé, *A praza do diamante*, (*La plaça del diamant*, 1962), trad. Pilar Vilaboi, Santiago de Compostela: Edicións Positivas, col. Narrativa, nº 12, 1995, 221 pp. (ISBN: 84-87783-31-7).

Novela de M. Rodoreda (Barcelona, 1909-Romanyá de la Selva, 1983) narrada en forma de monólogo moi fluído e natural dende o punto de vista dunha menestrala do paseo de Gracia barcelonés chamada Colometa, que vai contándonos a súa vida e o peso da traxedia que devasta Catalunya durante a guerra civil, tanto máis angustiosa canto que nos é contada por unha humilde obreira que, pouco e pouco, se revela como encarnación de toda a humanidade anónima, débil e martirizada, pero tamén como a voz da esperanza, da liberdade e da coraxe fronte a vida.

Roth, Joseph, *A lenda do santo bebedor*, (*Die Legende vom heiligen Trinker*, 1973) trad. Laureano Araújo Cardalda, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, col. Medusa, 1995, 82 pp. (ISBN: 84-7824-245-7).

Narración que ten como base argumental a serie de acontecementos prodixiosos que lle suceden a Andreas, personaxe marxinal da vida bohemia parisina. Esta novela, na que J. Roth (Galitzia, 1894-París, 1939) mestura distintos rexistros literarios, construída con moita ironía e cunha importante economía de medios narrativos, converte ó diñeiro no medio polo cal o protagonista se redime do fracaso ó que as circunstancias o abocaran e recupera a pretendida normalidade que culmina, como o espertar dun soño, coa súa morte.

Recensións:

-X. G. G., “A escrita dun anti-nazi”, *A Nosa Terra*, nº 698, “Guieiro Cultural”, 2 novembro 1995, p. 23. Obra dun escritor, de quen se fai un extenso percorrido pola súa vida e producción, comprometido coa causa antinazi. Pequena novela na que o escritor, á vez xeneroso e irónico, se introduce como protagonista e demostra a súa capacidade lingüística e o coñecemento dos materiais que se poden introducir nunha novela.

-Xavier Castro R., “Breve historia dun bebedor”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 19 novembro 1995, p. 7.

Mural no que se combinan con grande acerto humor e traxedia, paixón con ternura. Relato dunha sinxeleza aparente que agacha a complexidade dunha existencia cotiá nada milagrenta.

Referencias varias:

-Xavier Carro, “Roth, un novelista crepuscular”, *La Voz de Galicia*, 11 decembro 1995, p. 6. Indica a capacidade narrativa dun autor, nacido nun cruce de camiños étnico e lingüístico, que asistiu como testemuña a importantes cambios históricos, como a revolución bolchevique ou o ascenso do nazismo.

Stendhal, *A Cartuxa de Parma*, (*La chartreuse de Parme*, 1839), trad. Germán Palacios Rico, Vigo: Galaxia, col. Literaria. Obras Universais, nº 134, novembro 1995, 580 pp. (ISBN: 84-8288-020-9).

Novela que transita entre a crónica social e a novela histórica, vencellando dun xeito perfecto ámbolos dous aspectos. A crónica social mostra unha rede de intrigas na pequena corte de Parma rexida por un soberano despótico no imperio da vaidade e da vida social. A historia recupera a Napoleón como figura mítica e política idealizada por Fabricio del Dongo, o protagonista central do relato. Stendhal (Grenoble, 1783-París, 1842) presenta a loita do individuo contra a sociedade para conseguir unha identidade de seu, a liberdade de actuación para cumprilos seus desexos. Esta individualidade afírmase pola enerxía, virtude constante dos heroes sthendalianos, manifesta nesta ocasión na Duquesa Sanseverina, a personaxe mellor trazada e de máis peso en todo o relato, dominadora das situacións a través do poder da palabra e do control dos mecanismos que rexen a sociedade. A traducción ó galego permite gozar dunha obra clásica da literatura universal.

Referencias varias:

Anxo Tarrío Varela, “O noso Stendhal”, *O Correo Galego*, “Recanto do Cataventos”, 10 decembro 1995,

3. Celebra o acerto que supón a traducción desta novela universal ó galego, da man da Editorial Galaxia, que no ano 94 ofreceu tamén a traducción de *Madame Bovary.* Felicita ó traductor pola súa paciencia neste enorme labor e pola calidade da traducción, unha tarefa coa que cómpre ser coidadosos ó máximo para respecta-la calidade literaria da obra orixinal.

-Francisco J. Gil**,** “Stendhal fue uno de los escritores que más influyó en Cunqueiro”, *Faro de Vigo,* 27 decembro 1995, p. 37. Entrevista con Germán Palacios, traductor da novela *A cartuxa de Parma*, de Stendhal ó galego. Destácase a importancia da traducción ó galego dunha das obras máis importantes da literatura francesa e da literatura universal. Germán Palacios xa realizara anteriormente a traducción de *Madame Bovary* e *La educación sentimental*, de Flaubert, ó español, para a editorial Cátedra. Confesa que empregou máis de dous anos en traducir esta extensa novela, de cincocentas oitenta páxinas. Sobre os problemas de adaptación das linguas, comenta que a traducción supón unha translación do espírito da obra que obriga ás veces a un cambio da textualidade, é imposible unha lectura textual da obra, unha traducción literal e automática, porque en ocasións se perdería a expresividade do autor. Comenta ademais que Stendhal é un dos autores que máis influíu en Álvaro Cunqueiro, xa que o leu dende neno e dende o orixinal francés. Cre que o personaxe de Fanto Fantini, ten algo de Fabrizio del Dongo.

Zaniewski, Andrzej, *A rata*, trad. Concepción Costas Fernández, Vigo: Xerais, col. Narrativa, 1995, 165 pp. (ISBN: 84-7507-887-7).

Autobiografía dunha rata na que se exploran o complexo mundo das relacións entre os múridos e os humanos e, por extensión, entre os homes mesmos. Ambientada nunha atmosfera pútrida chea de sumidoiros e cascallo, posúe descricións cruentas e desacougantes que nos recordan decote a miseria entre a que vivimos rodeados.

Recensións:

-Pilar Castro, "*La rata*", *ABC*, "ABC Literario", 24 febreiro 1995, p. 12. Logo dun inicial encadramento nas coordenadas espaciais e temporais de Andrzj Zaniewski, Pilar Castro fai un comentario temático-argumental da versión española da novela *La rata,* deste autor polaco. Ó mesmo tempo destaca os puntos en común con Joyce e Kafka.

-X. G. G., "Unha alegoria do tempo presente", *A Nosa Terra*, nº 676, "Guieiro Cultural", 1 xuño 1995, p. 25. Recensión crítica na que, ademais de darse noticia da aparición da novela, se fai un percorrido analítico pola mesma. Neste percorrido filiase á *A rata* no conxunto de novelas europeas de asunto etiolóxico poñéndose de relevo o seu forte contido simbólico e épico na mellor tradición kafkiana.

-M. R., “Pornografía gris de Andrzej Zaniewski”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, ano I, nº 16, 15 xuño 1995, p. 6. Recensión informativa sobre a aparición do libro e o seu contido argumental e extensión.

-F. Martínez Bouzas, “¿Parábola de nós?”, *O Correo Galego,* “*Revista das Letras*”, nº 61, 22 xuño 1995, p. 6. Texto breve no que se analiza e pon en dúbida a suposta analoxía vida da rata protagonista/vida dos homes, que parece establecerse na novela. Saliéntase, ademais, o carácter odiseico e de viaxe simbólica do seu argumento.

-Armando Requeixo, “O universo alegórico de Andrzej Zaniewski”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 9 xullo 1995, p. 6. Recensión informativa da publicación e traducción galega do libro na que se fai fincapé na súa conexión coa mellor novelística europea. Sinálase tamén o fondo simbolismo existencial de procura da propia identidade.
-Xosé Manuel Enríquez, “*A Rata*”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº XCVII, 22 xullo 1995, p. 3. Sinóptica nota crítica na que se delinean os trazos argumentais básicos da novela e o seu carácter alegórico e didáctico.

Referencias varias:

-M. A. Fernán-Vello, “Sobre as ratas”, *O Correo Galego*, “A Fenda”, 8 xuño 1995, p. 3. Recensión na que se pon en relación a novela de Zaniewski con outros textos galegos (Luís Seoane) e europeos (Ibsen, Poe, Kafka, Eliot, Joyce, Tournier, Camus, Donsel) que teñen tamén como epicentro narrativo o universo dos roedores.

I. Narrativa

I. 4. Antoloxías

Navaza, Gonzalo, *O relato fantástico. De Poe a Lovecraft*, introd. e escolma Gonzalo Navaza, Vigo: Ir Indo Edicións, col. Narrativa, 1995, 216 pp. (ISBN: 84 7680-222-6).

Selección de textos de autores estranxeiros traducidos ó galego por Ricardo Terco. Ábrese a presente compilación de relatos cunha introducción de Gonzalo Navaza (Lalín-Pontevedra, 1957) na que, ademais de establecer unha primeira división entre as nocións de fantástico e marabilloso, fai un percorrido pola historia do xénero fantástico, analizando os temas e motivos máis recorrentes. A continuación, inclúe un itinerario pola xénese e desenvolvemento desta corrente, dende o mestre alemán Hoffman (1776-1822) ata o tratamento do mesmo na literatura galega, tradición iniciada por *Contos, lendas e tradicións* (1891), de Heraclio Pérez Placer, e ata as últimas entregas de Darío Xohán Cabana, Paco Martín, García Bodaño ou Camilo Gonsar, entre outros. Tamén fai unha pequena selección entre a nómina de autores que, alén das nosas fronteiras, traballaron o xénero. “A caída da casa de Usher”, de E.A. Poe é o relato encargado de abri-la selección, seguido por P. Mérimee, S. le Fanu, A.B. Edwards, G. de Maupassant, F. M. Crawford, W.W. Jacobs, H.P. Lovecraft, que con “O estraño”, é o autor que pecha o libro.

Nogareda, Ilda (ed.), *Relato contemporáneo I*, Vigo: Xerais, 1995, 147 pp.

(ISBN: 84-7507-856-7).

Antoloxía de relatos da literatura galega contemporánea con finalidade didáctica. Os autores escolmados son: X.L. Méndez Ferrín, Xosé Cid Cabido, Darío Xohán Cabana, Suso de Toro, Bernardino Graña, Manuel Rivas, Francisco Alonso e Xosé Miranda. Cada un dos relatos vai precedido dunha pequena biobibliografía do autor e ó final aparecen unhas propostas didácticas que poden servir para dirixi-la análise do relato dende diferentes puntos de vista, lingua, estructura da narración, recursos de estilo, etc.

Recensións:

-M. R., “Antoloxía de relatos para divulgar a narrativa”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, ano I, nº 10, 4 maio 1995, p. 6. Sinálase neste artigo a finalidade didáctica desta escolma da profesora Ilda Nogareda, caracterizada tamén pola diversidade das narracións escollidas, que van dende o relato de acción ou de intriga ata os de máis evidente transmisión oral. “A selección está caracterizada porque en todos eles se emprega unha língua moderna e dinámica e polas técnicas de narración que empregan”.

-Carmen Rodríguez C., “O relato contemporáneo”, *El Correo Gallego,* “*Edición 7*”, 11 xuño 1995, p. 6.

Esta recensión céntrase na análise do contido dos oito relatos da antoloxía e os seus personaxes e temáticas. Sinala tamén o didactismo como propósito do volume coa proposta ó final dos relatos de preguntas sobre os mesmos.

Referencias varias:

-Luís Álvarez Pousa, “O poder do relato”, *La Voz de Galicia*. “*Revista de Cultura*”, ano I, nº 10, 4 maio 1995, p. 6. Este brevísimo comentario presenta as dúas antoloxías de recente aparición, a de Dolores Vilavedra e a de Ilda Nogareda. Pon de manifesto a contemporaneidade do relato pola brevidade e porque é o máis axeitado para expresa-la vida do home de hoxe. Sinala tamén “a madurez e desinhibición” dos escritores galegos recollidos en ámbalas dúas escolmas.

Raña, Román, *Manual e escolma do Rexurdimento*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, col. Literatura e Crítica, nº 10, 1995, 148 pp. (ISBN: 84-7824 244-9).

Antoloxía da literatura galega do Rexurdimento precedida dun amplo estudio introductorio no que se fai especial fincapé nas tres grandes figuras líricas do noso século XIX -Rosalía, Pondal e Curros- sen por iso deixar fóra a aproximación á prosa e ó teatro da época. Concibido como un manual de consulta para un lector non necesariamente especializado, satisfai tódalas necesidades de coñecemento básicas sobre do tema e, sen perder en rigor e precisión investigadora, Román Raña (Vigo, 1960) achega ó público en xeral -e en particular ó alumnado de ensino medio- unha útil escolma con anotacións e explicacións introductorias moi útiles como ferramenta de acercamento ó XIX literario galego.

Recensións:

-Xavier Castro R., “O Rexurdimento en textos”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 12 novembro 1995, p. 7. Breve recensión na que se salienta a pertinencia da publicación polo seu afán didáctico, que a achega a tódolos públicos, alumnado non especializado e estudiosos especialistas.

-Xosé Ramón Pena, “O rexurdimento entre nós”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº CIV, 18 novembro 1995, p. 3. Recensión descritiva na que se insire este manual dentro do conxunto total da obra crítica e creativa de Román Raña. Cualifícase ó mesmo de manual-escolma “escolar” e sinálase a proveitosa lectura do mesmo para “o conxunto do público que se inicia na historia das nosas letras”.

-M. Rodríguez, “Manual de Román Raña para espallar O Rexurdimento”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, ano I, nº 42, 14 decembro 1995, p. 6. Recensión sinóptica e descritiva do contido do libro.

VV. AA., *Contos de fantasmas*, ilust. Eulogio Rego Ferreiro, selección, trad. e prólogo do Equipo Tris-Tram, A Coruña: Tris-Tram, 1995, 243 pp. (ISBN: 84 89377-02-2).

Doce son os contos antologados, pertencentes todos eles ó século XIX (período no que aparecen este tipo de contos en Inglaterra, Escocia e Irlanda). Todos eles, agás o titulado “Demo de xinete”, de John Millington Synge, encádranse dentro do chamado xénero de fantasmas. Personaxes que se resisten a morrer por completo e que poboan o mundo, aparentemente normal e tranquilo, dos protagonistas desta ducia de relatos que teñen en común o factor de poder ser cualificados como clásicos do relato breve de fantasmas, literatura encadrada dentro do xénero de terror. Moitos foron os cultivadores deste tipo de literatura, uns dedicáronse a ela en exclusiva, así Le Fanu, Ch. Riddel ou Bran Stoker. Outros, W. Scott, C. Dickens, E. Poe, E. Nesbit, Millington Synge ou H. Hames. Todos eles, xunto con P. Kennedy, A. Edwards e R. Middleton, son os poboadores destas máis de duascentas páxinas.

VV. AA., “Antídotos contra a suor”, Santiago de Compostela: Ed. Compostela, *O Correo Galego*, 3 agosto 1995.

Especial de *O Correo Galego* no que se recollen relatos ambientados cos debuxos de Manuel Olveira e as fotografías de Manolo Blanco e A.R. López, dos autores que a seguir se relacionan:

-Marilar Aleixandre, “Feudenfer”, pp. 3- 4. A narradora lembra os veráns da súa infancia, nos que toda a familia se trasladaba a unha casa de San Sebastián chamada Delta. Eran anos de soños, de descubrimentos e de misterios que pouco a pouco se ían desvelando.

-Xaquín del Valle-Inclán, “A fin das viaxes”, pp. 5-7. Cóntase neste relato a historia de Mingos, un mozo que, cando está a piques de se embarcar cara a América, decide cambiar de opinión e entra a traballar como criado duns señores de Vilagarcía.

-María García Yáñez, “¿Que vou facer?”, p. 8. Un home de mediana idade laméntase da rutina e a falta de esperanzas en que caeu a súa vida.

-Xurxo Borrazás, “Os gardacostas”, pp. 9-10.

Un gardacostas profesional vai no coche oficial, desempeñando a súa misión de protexer ó presidente, que vai no asento de atrás. Polo seu maxín roldan as imaxes dun atentado hipotético que pode chegar en calquera momento.

-Carlos Quiroga, “Mamba”, pp. 11-12. Neste relato cóntase a aventura dun turista que viaxa a China, onde coñece a unha muller de deslumbrante beleza. A situación complícase cun crime que embarca ó protagonista nunha historia de consecuencias imprevisibles.

-Xulio Valcárcel, “Koctail Kleenex”, pp. 13-14. Relato no que se mesturan diferentes historias, case unha ducia, entre as que non hai aparente unión.

-Margarita Ledo Andión, “Carta Postale”, p. 15. Narración na que se conta o suceso ocorrido na Ferradura compostelana entre un fotógrafo “espontáneo” e unhas persoas que pasean polo lugar.

-Miguel Anxo Murado, “Jan Van Riis, xoieiro”, pp. 16-17. O xoieiro holandés Van Riis chega, na compañía da súa filla, a unha vila galega, na que causa unha grande expectación, tanto polo misterio que o rodea coma polo encanto das alfaias que trae.

-Cándido Pazó, “Longa noite de pedra”, pp. 19-20.

Un narrador conta, en primeira persoa, o estado de abandono en que se atopa a súa casa. Este narrador ten unha particular percepción da realidade, o que o leva a deixar de lado as pequenas cousas da vida cotiá.

-Alfonso Álvarez Cáccamo, “Tres andares”, pp. 21-22. Historia de tres veciños, un frustrado aspirante a poeta, un poeta de éxito e unha vendedora ambulante que decora caixiñas, cada un deles preocupado polo exercicio do seu labor respectivo.

-Helena Villar, “Só de apariencias”, p. 23. Historia de Marcelina, unha muller que pasou a súa vida ó lado dun home, o seu marido, que viviu sempre entre a infidelidade, primeiro, e a hipocondría, despois.

Vilavedra, Dolores (comp.), *Manual escolma do relato galego. Unha ollada desde os nosos días*, Santiago de Compostela: Edicións Sotelo Blanco, col. Literatura e Crítica, nº 9, 1995, 156 pp. (ISBN: 84-7824-235-X).

Esta antoloxía pretende dar conta do "estado de madurez" no que se atopa o relato contemporáneo. Dez son os autores escollidos: Xavier Alcalá, Manuel Rivas, Marilar Aleixandre, Francisco Alonso, Xosé Neira Vilas, Xavier Carro, Xosé Manuel Martínez Oca, Úrsula Heinze, Suso de Toro e Xavier Queipo. Cómpre sinalar que catro dos relatos antologados son inéditos; o resto, seguindo os criterios da compiladora, posúen un valor literario representativo ou pertencen a obras marxinadas pola crítica. O volume inclúe un estudio introductorio no que Dolores Vilavedra (Vigo, 1963) se achega brevemente á delimitación entre os termos conto, relato e novela. Fai tamén un repaso histórico do relato na literatura galega dende os comezos do xénero ata o seu rexurdimento trala guerra civil española, para concluír na saúde actual do xénero, aberto ás novidades da narrativa contemporánea.

Recensións:

-M. R., "O longo camiño do relato galego ata a súa madurez", *La Voz de Galicia*, "*Revista de Cultura*", ano I, nº 18, 29 xuño 1995, p. 6.

Pequeno comentario que sinala os principais contidos do libro, as cuestións terminolóxicas, os autores escolmados, a calidade dos relatos que camiñan pola recente actualidade. Recóllense ademais as palabras da autora sobre os problemas dos dereitos editoriais que impediron reproducir algúns textos importantes.

-X. G. G., “Un relato policial asolagado en sentimentalismo”, *Galicia Internacional*, nº 4, agosto 1995, p. 72. Sinala a importancia do estudio introductorio da obra, malia a súa brevidade. Valora a recuperación de Xavier Carro como narrador.

Referencias varias:

-Luís Álvarez Pousa, “O poder do relato”, *La Voz de Galicia*. “*Revista de Cultura*”, ano I, nº 10, 4 maio 1995, p. 6. Esta breve nota dá conta das dúas antoloxías de relato aparecidas no 95, a de Dolores Vilavedra e a de Ilda Nogareda. O poder do relato está en se-lo xénero axeitado da sociedade actual pola brevidade e as rupturas que consegue. Os novos narradores viven inmersos nunha “realidade conflictiva” e chegan así a unha escrita madura e desinhibida.

-M. Otero, “Non hai que ser lectores militantes”, *La Voz de Galicia*, 13 xuño 1995, p. 42. Entrevista na que Dolores Vilavedra fala da súa última publicación *Manual e escolma do relato galego*. No estudio teórico inicial recolle as aportacións da teoría literaria. Con respecto á situación da narrativa galega actual Vilavedra sinala que “agora perfílanse cinco ou seis figuras consolidadas, un grupo de autores máis novos con propostas interesantes e máis atrás un grupo de segunda fila”. No seu labor como crítica pensa que contribúe á creación dun canon fixándose sempre na calidade das obras que recensiona. Pensa que “Ás veces o silencio é unha crítica literaria”.

II. Poesía

II. 1. Poetas galegos

Álvarez Cáccamo, Celso, *Os distantes*, A Coruña: Espiral Maior, col. A Illa Verde, nº 18, setembro 1995, 52 pp. (ISBN: 84-88137-67-2).

Poemario de Celso Álvarez Cáccamo (Vigo, 1958) escrito en ortografía portuguesa que aparece distribuído en tres partes. A primeira, de ton elexíaco, rememora a morte de seu pai e evoca a lembranza dunha irmá perdida hai moito tempo. A segunda encabézase co título “Fora das Horas. Texto anónimo para uma colecção de objectos sem motivos” e nela sinálase a posición que ocupa o eu con relación ó mundo dos obxectos: enxérgase unha distancia infranqueable. A última parte presenta unha poesía máis íntima, de reflexión e autocoñecemento do eu lírico.

Recensións:

-Xavier R. Baixeras, “Unha primeira obra turbadora”, *Faro de Vigo*,“*Faro das letras*”, nº CIV, 18 novembro 1995, p. 4. Poemario distribuído en tres partes que teñen como elo de unión a súa simboloxía. Presenta a distancia como cualidade esencial da existencia humana; a tensión que se produce cando xa non quedan palabras con que falar. Saliéntanse como cualidades deste poemario a fondura do seu pensamento e o ton lírico.

Álvarez Torneiro, Manuel, *Rigorosamente humano*, Premio Esquío de Poesía 1994, Ferrol: Sociedade de Cultura Valle-Inclán, col. Esquío de Poesía, 1995, 104 pp. (ISBN: 84-8606-69-6).

Ábrese o poemario de Álvarez Torneiro (A Coruña, 1932) cunha dedicatoria *A Carmen*, que atravesa todo o conxunto e que se materializa no "retrato de Carmen", composición de marcado carácter telúrico-panteísta, "Ese interior de auga que se pensa na sede". Mención especial merece a presencia e significación das citas que inician cada un dos tres apartados e o libro en si. No umbral figuran senllas referencias a Arthur Rimbaud e César Vallejo, con palabras que revelan o inaprensible do acto da creación e da vida mesma. A segunda parte, "Memoria de luz", vén introducida polas palabras de Juan del Encina "Ven y cumple mi esperanza". Por último, o apartado terceiro, "Figuras do desterro", ábrese con "Seipan que eu tiña horror do tránsito do tempo", evocando a X. L. Méndez Ferrín. Atopamos concentrados en 39 poemas algúns dos paradigmas da condición existencial do poeta en canto esculcador das esferas recónditas e ocultas da vida, agora dende unha interiorización moi persoal. O poeta, traspasado por un estado de desamparo, precipítase na realidade e aspectos como a fugacidade das cousas e de nós mesmos, a comparecencia túzara da morte, a perduración do recordo e a memoria da infancia ou os distintos estadios do amor desesperado, glorioso ou consumido percorren a totalidade do poemario.

Recensións:

-Manuel Rodríguez, “Torneiro buscou o feitizo da palabra”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, ano I, nº 10, 4 maio 1995, p. 6. Ponse de relevo a preocupación do autor pola palabra en si, nun libro onde a memoria e os recordos da infancia o impregnan todo.

Vicente Araguas, “A ética e a estética”, *O Correo Galego*,“*Revista das Letras*”, nº 60, 15 xuño 1995,

4. Dá conta da concesión do Premio Esquío a *Rigorosamente humano*, ó tempo que caracteriza esta poesía como “Humana, pura e dura, (...) sen apenas concesións a modas e manerias”, en definitiva, de acordo co título do traballo, expresión do binomio inseparable ética-estética.

Araguas, Vicente, *O gato branco*, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, nº 40, outubro 1995, 73 pp. (ISBN: 84-88137-70-2).

Poemario de Vicente Araguas (Santiago de Compostela, 1950) que nace do sentimento e da memoria onde o autor volve sobre o tema universal do amor. Son corenta e cinco poemas desigualmente repartidos en sete apartados (“Para que nunca marche”, “Estratexias”, “Oficio de ollar”, “Flash-Back”, “A plenitude”, “O gato branco” e “Final de palabra). O primeiro deles funciona como preludio para a historia de amor que se desenvolve ó longo do libro e que chega ó seu momento culminante en “A plenitude” (tal como indica o título), que é o momento da unión carnal dos dous corpos e que dá paso á ruptura (“O gato branco”, figura que se identifica coa amada) e á despedida (“Final de palabra”), se ben a historia queda aberta pois dá pé á esperanza: “aínda é cedo se eles pronuncian a palabra (Ai, amor, no faiado hai unha chea de verbas máxicas)”.

Referencias varias:

Anxo Tarrío Varela, “Vicente Araguas: as balizas da memoria”, *El Correo Gallego*, 27 novembro 1995,

3. Cun poético ton de emoción, Anxo Tarrío descobre o novo poemario de Vicente Araguas, un libro bañado en sentimento e memoria onde o amor é máis ca unha palabra. O cromatismo, a musicalidade e o verso curto dan forma a unhas lembranzas comúns a toda unha xeración.

Baliñas, Ana, *Varias*, accésit do Premio Esquío de Poesía 1994, Ferrol: Sociedade de Cultura Valle-Inclán, col. Esquío, 1995, 93 pp. (ISBN: 84-86046-71-8).

Poemario de Ana Baliñas (Santiago de Compostela, 1969) que acadou un *accésit* do XIV Premio Esquío de Poesía en Lingua Galega. Está dividido en seis partes: “Cotiás e bocetos”, “Manual de Tolos”, “Varias Poéticas”, “Varias Paisaxes”, “Algunhas cancións de amigo” e “Temporais”. Tal como se deduce do título, presenta unha grande variedade temática, aínda que quizais haxa que resaltar, como temas de maior desenvolvemento, a soidade, a relación coa terra, as teimas particulares de distintos personaxes, o amor, o paso do tempo, etc. Tamén se aprecian, dende o punto de vista do estilo e da forma, notables diferencias entre unhas composicións e outras. Así, hai poemas de grande solemnidade, outros nos que impera un ton marcadamente reflexivo, e mesmo se atopan algúns nos que parece agromar un certo humorismo.

Recensións:

Vicente Araguas, “Don da coralidade”, *O Correo Galego*,“*Revista das Letras*”, nº 79, 26 outubro 1995,

6. Recensión na que, despois de salienta-la importancia que teñen xa un bo número de mulleres para a poesía galega, se destaca a mestura de rexistros que se aprecia en *Varias*. O articulista afirma que o resultado de tal combinación dá lugar a unha “esplendida melodía coral”.

Caride Ogando, Ramón, *Flor no deserto*, XV Premio de Poesía “Cidade de Ourense” 1994, Ourense: Concello de Ourense/Concellería de Cultura, 1995, 77 pp. (ISBN: 84-87709-37-0).

Poemario que presenta o camiñar do eu poético por catro circuítos vitais representados en catro elementos da natureza que estructuran o volume: O circuíto fogo -o lume de agosto, a calor do verán asociada a un estado de amor incombustible, ó goce e ó delirio, onde o amor e a morte son doadas e lonxanas-, o circuíto néboa -a tristura e melancolía, reflectidas con certa compracencia na música que evoca o desexo anterior, a ausencia total, a presencia do outono-, o circuíto cinza -o frío, o inhóspito da noite e do espacio urbán, a distancia, o silencio-, e por fin o circuíto terra -a permanencia da vida que renace do afundimento e continúa en ciclos eternos que comezan sempre coa ilusión da primavera e coa forza da terra. Péchase o libro de Ramón Caride (Cea-Ourense, 1957) cun pequeno apartado de agradecementos que sinalan as influencias máis salientables do poeta e que teñen que ver, como el mesmo sinala, coa música, a palabra, a imaxe, a memoria e os soños.

Recensións:

-Teresa Seara, “Catro circuitos e unha flor”, *A Nosa Terra*, nº 695, “Guieiro Cultural”, 12 outubro 1995, p. 24. Recensión que desvela as claves de interpretación dos circuítos que artellan o poemario e que mostran “o efecto das estacións anuais sobre o ámbito urbano e o ser-eu poético que o habita”. Sinala que a

viaxe iniciática que comeza no deserto, remata co rexurdimento da esperanza, simbolizada na flor do deserto que ergue o eu poético, “como un facho que o guiará polo camiño da esperanza, polas desérticas areas cara o descoñecido”.

-Vicente Araguas, “A épica”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 80, 2 novembro 1995, p. 6. Destaca a presencia en *Flor no deserto* dun ton épico que lembra a Vítor Vaqueiro, unha épica que remata na esperanza do amor, no optimismo. Comenta tamén a dobre cita do comezo do poemario, que se abre con Lois Pereiro -pouco citado na poesía galega moderna, segundo o recensionista, polo seu antiacademicismo- e Jim Morrison, o poeta da música. Comenta tamén a continuidade do Premio Cidade de Ourense, un dos máis antigos de Galicia, a pesar dos altibaixos, en canto á calidade das obras premiadas e os atrancos na edición, que neste caso se superaron con acerto.

Referencias varias:

-Ana María Fernández, “*Flor no deserto*, un poema *aberto*”, *La Región*, 14 marzo 1995, p. 13. Artigo que inclúe as palabras de Ramón Caride Ogando a propósito deste poemario. Constata que tras sete anos de ausencia da poesía, proxectou esta obra como un poema unitario que recollese o ciclo anual da vida, que, como o poemario, é aberto, no final e na carencia de rima e puntuación. Así mesmo salienta a forte presencia do erotismo, da violencia, e da paisaxe.

-Xavier San Martín, “A poesía de hoxe”, *O Correo Galego*, “Paraisos terreais”, 19 marzo 1995, p. XV.

Entrevista con Ramón Caride Ogando. Declara que se sente feliz porque se trata dunha obra pouco habitual, verso libre, ausencia de puntuación, importancia do visual, influencias do cine, da ciencia ficción

e da publicidade. Cre que a base da poesía é a emoción, a esencia das imaxes, a metáfora, e pensa que se lle pode sacar partido á poesía galega actual se se aposta pola renovación da linguaxe poética, que debe ser máis próxima ó lector de hoxe. *Flor no deserto* combina, segundo di, unha lectura intimista cunha social, o fracaso do amor é tamén o fracaso da utopía social.

-Francisco Martínez Bouzas, “Caride Ogando, premio *Cidade de Ourense*”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº LXXXVII, 29 abril 1995, p. 2. Entrevista con Ramón Caride Ogando tras acada-lo Premio Cidade de Ourense con *Flor no deserto*. A propósito da calidade da literatura galega actual, comenta que está nun bo momento, tanto editorial coma creativamente, pois hai moitos autores novos e espacios para publicar, feito que considera positivo a tódolos niveis. Pensa que nunca haberá escritores abondo e coida que cantos máis mellor. Considera prioritario renova-la linguaxe poética para lograr unha achega ó lector actual, “recuperar a emoción, o xogo, o gozo do lector de sentirse identificado no texto”. Con respecto á súa obra, manifesta que desenvolve varios temas: o amor, o desamor, o paso do tempo, o desconcerto social, e que inclúe novidades na forma, como a ausencia de puntuación e a referencia á chamada “literatura invisible”, o rock, a publicidade e a ciencia-ficción. Emprega a forma “nós” para facer máis partícipe ó lector, porque cre na literatura interactiva, inacabada, e porque o “nós” é unha forma narrativa que pon de manifesto o producto híbrido, poético-narrativo que constitúe *Flor no deserto*.

-A. M. F., “Un reencontro venturoso ca poesía de Caride Ogando”, *La Región*, 18 maio 1995, p. 11. Pequeno comentario que recolle as palabras de Ramón Caride Ogando no momento de recibi-lo premio Cidade de Ourense. Manifestou a súa satisfacción polo seu retorno á lírica, xénero no que se iniciou como escritor. Agradeceu o galardón a Víctor Campio, membro do xurado, e a Ánxel Crespo, autor das fotografías que acompañan o texto. Resúmense tamén algúns dos contidos do libro: a tensión entre a derrota e a ilusión e o final esperanzador da viaxe iniciática que emprende o poeta.

Casas, Arturo, *Pedra de Nadir*, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, nº 38, 1995, 82 pp. (ISBN: 84-88137-61-3).

Poemario esencialista no que Arturo Casas (A Coruña, 1958) pasa revista ós temas eternos da poesía: o amor, o tempo, a memoria, etc. Fondamente simbólico, reúne un feixe de poemas, labrados ata o mínimo detalle no nivel semántico, que transmiten ó lector un complexo mundo de referencias artellado no seu orgánico aparato alegórico.

Recensións:

-Armando Requeixo, "*Pedra de Nadir*. Memoria do límite", *Faro de Vigo*, "*Faro das Letras*", nº CVI, 2 decembro 1995, p. 4. Recensión crítica na que se fai un repaso panorámico á temática do poemario póndoa en relación coa das anteriores entregas poéticas do autor.

-Helena González, "Nadir: a danza do tempo no límite", *Grial*, nº 128, Tomo XXXIII, outubro-novembro-decembro 1995, pp. 589-591. Poemario inspirado nos motivos cósmicos, no que o poeta acerta ó se abeirar ás medidas astronómicas para expresa-lo universo intuído na reflexión íntima. O título críptico do libro resume a vontade de resistencia fronte ó paso do tempo na escuridade do nadir. Dividido en varias partes, cada unha é unha órbita de espiral arredor da reflexión íntima, que desenvolven e completan o significado das claves simbólicas presentadas nos "Sete preludios".

Referencias varias:

-M. R., “Os poemas en prosa de Arturo Casas pasan pola pedra de Nadir”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, ano I, nº 35, 26 outubro 1995, p. 6. Nota informativa sobre a publicación do poemario na que se dan datos bio-bibliográficos básicos do autor e se reproducen algúns comentarios deste sobre a propia obra. Anúnciase tamén a próxima aparición dun novo libro seu de poemas titulado “Momentum”.

Castaño, Yolanda, *Elevar as pálpebras*, IIIº Premio de Poesía Fermín Bouza Brey, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, nº 33, 1995, 50 pp. (ISBN: 84-88137-47-8).

Primeiro poemario da santiaguesa de dezaoito anos radicada na Coruña, Yolanda Castaño (Santiago de Compostela, 1977). Con esta obra achéganos a autora ó seu particular universo lírico de vívida adolescencia, no que pula, por riba de todo, o seu particular dominio das imaxes e o seu preciosismo verbal. Dividido en tres bloques ("I", "II", "Poética"), está prologado por Miguel Anxo Fernán-Vello, quen cualifica á poeta de "autora feliz dunha poética que ilumina, dende a súa sensibilidade textual, o espazo humano da experiencia".

Recensións:

-Teresa Seara, "A experiencia do abismo. *Elevar as pálpebras* de Iolanda Castaño", *A Nosa Terra*, nº 667, "Guieiro Cultural", 30 marzo 1995, p. 25. Longa recensión na que, a través dun percorrido polos vinteún poemas incluídos en *Elevar as pálpebras*, se fai unha reflexión simbólico-temática da obra de Yolanda Castaño.

-Vicente Araguas, "Coma un lóstrego", *O Correo Galego*,"*Revista das Letras*", nº 81, 9 novembro 1995, p. 6. Recensión gabanciosa na que se dá conta do "fulgurante debut poético" da autora, que, a pesar de non ter construído un "libro óptimo ou redondo", si deu a coñecer un mangado de bos poemas que fan esperar, segundo Araguas, unha feliz continuación futura da obra de Yolanda Castaño.

-Marga Romero, “*Elevar as pálpebras* de Yolanda Castaño... unha lectura de contrabando”, *Festa da palabra silenciada*, nº 11, 1995, pp. 83-84. A articulista comenta os diversos apartados de que se compón o libro, destaca as influencias literarias que aprecia nel e remata expresando a súa esperanza no futuro poético de Yolanda Castaño.

Referencias varias:

-M. R., “Unha nova e orixinal poetisa”, *La Voz de Galicia*,“*Revista de Cultura*”, ano I, nº 4, 23 marzo 1995, p. 6. Comentario informativo sobre a chegada ó mercado editorial do poemario de Yolanda Castaño, no que, ademais, se reproducen algunhas opinións da autora sobre a obra, a poesía ou a literatura galega de última hora.

-Salvador García Bodaño, “Yolanda Castaño na tradición máxica”, *El Correo Gallego*, 7 maio 1995, p. 3. De “surrealista” e “intimista” cualifica a poesía desta autora García Bodaño, quen, a pesar de recoñecelo estilo cambiante e exento “dunha rotunda unidade temática”, non dubida en valorar positivamente o poemario.

-M. V. V., “Yolanda Castaño, Fonte e Baixeras, en Espiral Maior”, *Atlántico Diario*, 24 marzo 1995, p. 58. Nova sobre a publicación como novidade dentro da colección de poesía da Editorial Espiral Maior do libro de Yolanda Castaño, entre outros de Ramiro Fonte e Rodríguez Baixeras.

Cortiñas Bóveda, Rosa, *O ceo é unha beleza*, Santiago: ed. da autora, 1995, 94 pp.

Poemario de inspiración relixiosa e nostálxica que quere imitar a Rosalía, quen, xunto con Camilo José Cela, é constantemente aludida.

Fariña, Herminia, *Herminia Fariña*. *Vida e obra dunha poetisa de Meaño*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Concello de Meaño, 1995, 218 pp. (ISBN: 84-453-1591-9).

Neste volume, e tras un limiar do profesor Xosé Filgueira Valverde, faise unha aproximación biográfica á poetisa Herminia Fariña (Santiago de Compostela, 1904-1966). Inclúense, a continuación, os seus poemarios *Cadencias*, *Seara*, *Pétalos líricos*, *Hosanna*, *Por España y para España*, e *Cántiga Seara*, ademais de diversos poemas que a autora publicou en revistas e xornais. Por último o libro recolle o traballo vencedor no IVº Concurso Literario Concello de Meaño.

Fernández Sanmartín, Celso, *Somente soño*, Edición de autor, 1995, 48 pp.

Breve poemario dun novo creador galego, Celso Fernández Sanmartín (Lalín-Pontevedra, 1969). Nel son fundamentais os recordos e a recuperación da infancia, da nenez, en tanto que época de inocencia e inxenuidade. Dáselle preponderancia á natureza e a todo o que pertence a ela, por insignificante que sexa, chegando a establecer unha relación harmónica entre a natureza e a infancia aínda que non exenta de matices violentos. Pódese observa-la presencia de certas palabras-símbolo ó longo do poema: globo, améndoa, claudia, flores ou nube.

Recensións:

-Teresa Seara, “Versos como flores”, *A Nosa Terra*, nº 698, “Guieiro Cultural”, 2 novembro 1995, p. 24. O poemario supón unha volta á infancia como lugar de harmonía entre a natureza e os seres que a habitan. A natureza, no seu conxunto, revélase como o eixe central do poemario. Adquiren relevancia tódalas profesións que están en contacto máis estreito co ámbito rural.

Fonte, Ramiro, *Luz do mediodía*, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, nº 32, 1995, 124 pp. (ISBN: 84-88137-46-X).

Poemario de Ramiro Fonte (Pontedeume. 1957) dividido en catro apartados, “A Historia fala de ti”, “Luz do mediodía”, “A derradeira rosa” e “A dama do viaxeiro”. As paisaxes da infancia, a arela polo descoñecido, as cidades percorridas polo poeta e os seus misterios son algunhas das claves temáticas deste libro, no que tamén salienta un poema-homenaxe a Rosalía Castro.

Recensións:

X. G. G., “A poesia como fin”, *A Nosa Terra*, nº 663, “Guieiro Cultural”, 2 marzo 1995, p. 25. A obra é considerada polo crítico como unha superación de Ramiro Fonte, que consegue aquí un poemario homoxéneo, de acertada execución formal e perfecta coherencia temática. A experiencia da memoria, a busca de novos medios de expresión, os ecos rosalianos e as aprendizaxes que a vida ofrece ó viaxeiro son os aspectos argumentais que se destacan como máis sobranceiros.

X. L. Franco Grande, “Un novo libro de Ramiro Fonte”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº LXXXIV, 1 abril 1995, p. 2. Crítica que celebra a claridade e o poder comunicativo que emanan os versos de *Luz do mediodía*, obra que escapa ós escuros e indescifrables códigos que caracterizan a moitos dos poetas galegos de hoxe en día. Os temas tratados son os habituais na obra de Fonte (unha mestura de melancolía e rebeldía), aínda que o xeito de enfocalos manifesta a madureza do autor.

-Teresa Seara, “A desvariada rosa dos ventos...”, *A Nosa Terra*, nº 670, “Guieiro Cultural”, 20 abril 1995, p. 22. Destácase como argumento fundamental do poemario a constante busca que fai o poeta das súas orixes. O presente é vivido por el como un continuo regreso a unha infancia que xa só habita nos territorios da memoria.

-Vicente Araguas, “Descubrindo a luz”, *O Correo Galego*,“*Revista das Letras*”, nº 59, 8 xuño 1995, p. 6. O libro supón, na opinión do crítico, unha certa ruptura cos anteriores poemarios de Ramiro Fonte, malia permanezan aínda nos seus versos algúns dos motivos habituais na obra de Fonte, que confirma aquí a súa habilidade para a construcción de determinadas estructuras poéticas.

-María Xesús Nogueira, “Luz do mediodía”, *Grial*, Tomo XXIII, nº126, abril-maio-xuño 1995, pp. 294-295. Recensión na que se destaca o feito de que este sexa, en grande medida, un libro no que Ramiro Fonte retoma, unha vez máis, algúns dos temas habitualmente presentes na súa poesía, como é, por exemplo, o seu constante retorno ós lugares da xuventude.

Referencias varias:

-Manuel Veiga, “Entre os intelectuais galegos hai un entreguismo xeralizado”, *A Nosa Terra*, nº 665, “Guieiro Cultural”, 16 marzo 1995, p. 28. Longa entrevista a Ramiro Fonte, con motivo da publicación deste poemario. O escritor de Pontedeume expresa o seu pesimismo polo carácter acomodaticio e carente de compromiso intelectual que define á maioría dos autores actuais, máis preocupados pola venda dos seus productos que pola busca dunha literatura de calidade.

-M. V. V., “Yolanda Castaño, Fonte e Baixeras, en Espiral Maior”, *Atlántico Diario*, 24 marzo 1995, p. 58. Nova sobre a publicación como novidades dentro da colección de poesía da Editorial Espiral Maior dos libros de Yolanda Castaño, Ramiro Fonte e Rodríguez Baixeras.

Fonte, Ramiro, *Litoral Urbano*, edición numerada, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1995, 14 pp. (D. L.: C-1702-1994).

Recóllense neste libro catro poemas, o primeiro deles publicado tamén en *Luz do mediodía*. O fío temático que caracteriza a estas composicións é a melancolía e a tenrura que esperta a visión da cidade no espírito do poeta.

Fonte, Ramiro, *Persoas de amor*, Palma de Mallorca: Monograma ediciones, col. El Cantor, abril 1995, 25 pp. (ISBN: 84-88777-19-1).

Neste brevísimo poemario, publicado nunha colección mallorquina, recóllense composicións xa aparecidas no libro *Luz do mediodía*. Como novidade, inclúese un único poema inédito, tematicamente clasificable como moi propio de Ramiro Fonte, coa habitual mestura de degaro e lembranza.

Franco, Xesús, *Contra Mar*, Premio de Poesía Martín Codax 1995, Vigo: Galaxia, col. Dombate Poesía, nº 27, xuño 1995, 99 pp. (ISBN: 84-8288-006-3).

Contra Mar recibiu o Premio Martín Códax na súa IVª edición. A obra xira na súa totalidade ó redor da realidade do mar, que no transcorrer dos poemas vai adquirindo unha imaxe poderosa e mítica. O mar de Xesús Franco (Vigo, 1943) é un mar de mariñeiros, de barcos, de traballo e de mortes. O natural e o humano únense nunha inseparable relación amor-odio, fascinación-necesidade.

Recensións:

-Ignacio Chao,"Reivindicación seudopoética", *El Mundo*, "Biblioteca", 5 novembro 1995, p. 4. Recensión de *Contramar*, de Xesús Franco. Segundo Ignacio Chao, a obra ten "moito de reivindicación pero pouco de creación e estilo". O crítico dubida mesmo da "liña de modernidade e vangarda" que Ferrín lle atribúe.

-Xavier Castro R., "Os mares da poesía", *El Correo Gallego*, "*Edición 7*", 12 novembro 1995, p. 7. Recensión positiva para a obra de Xesús Franco, *Contra Mar*. O recensionista fai un rápido achegamento ó tema do mar ó longo da historia da nosa literatura para despois centrarse na obra en relación con esa tradición marítima, as súas coincidencias e a súa ruptura.

-Vicente Araguas, “Sorpresas dáche a vida”, *O Correo Galego*,“*Revista das Letras*”, nº 82, 16 novembro 1995, p. 6. Vicente Araguas celebra os ventos novos que alentan na poesía galega antes de facer unha valoración positiva da obra de Xesús Franco, á que loa por forte, poderosa e, sobre todo, por auténtica. Entre loanza e loanza, inclúe comentarios sobre a temática e o seu tratamento.

Teresa Seara, “Desmitificar un asasino”, *A Nosa Terra*, nº 702, ”Guieiro Cultural”, 30 novembro 1995,

21. Recensión da obra de Xesús Franco, na que Teresa Seara desfía os temas tratados na obra partindo da base da desmitificante orixinalidade con que se abordan.

-M. Rodríguez, “Xesús Franco da vida ós afogados con poemas Contra Mar”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, ano I, nº 41, 7 decembro 1995, p. 6. Pequeno apunte biográfico sobre o autor e comentario dos temas do seu poemario, centrándose especialmente no intento de recupera-los náufragos perdidos do esquecemento.

Referencias varias:

-Xosé Ramón Pena, “Xesús Franco, premio Martín Codax”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº XCVI, 15 xullo 1995, p. 2. Entrevista a Xesús Franco na que este responde a preguntas relacionadas coa visión que dá do mar en *Contra Mar*. Tamén comenta a relación desta obra coa súa outra entrega, unha novela negra. Ademais anuncia a próxima saída dunha colección de poesía na editorial Xerais, da que é xerente.

-Víctor F. Freixanes, “Suso Franco”, *A Nosa Terra*, nº 692, “Tres en raia”, 21 setembro 1995, contraportada. Breve comentario sobre a condición de carácter navegante de Xesús Franco, tanto na vida coma na literatura.

-José Teo Andrés, “Ferrín descubre en *Contra Mar* unha excepción nas letras galegas”, *Atlántico Diario*, 27 setembro 1995, p. 51. A propósito da presentación da obra de Xesús Franco, saliéntanse as palabras que Ferrín pronunciou na cerimonia, e que describían *Contra Mar* como un libro sobre o mar e escrito dende o mar, algo excepcional na literatura galega. Tamén fai referencia ás palabras de gabanza de Víctor Freixanes, e por último menciónanse brevemente as actividades de Xesús Franco.

-Francisco J. Gil, “Presentación en Vigo de *Contra mar*, el libro que ganó el IV Premio Martín Códax”, *Faro de Vigo*, 27 setembro 1995, p. 38. Nota sobre a presentación da obra de Xesús Franco. O artigo contén un pequeno resumo das palabras de loanza de cada un dos personaxes que interviron no acto de presentación: Méndez Ferrín, Víctor Freixanes, Carlos Casares e Ramón Barral, presidente de Bodegas Vilariño, promotoras do Premio Martín Codax.

García Lapido, Xosé, *Aromas de lúa*, ilustr. Serxio Suárez Bandín, Iria Flavia-Padrón: Editorial Novo Século, 1995, 55 pp. (ISBN: 84-87777-35-X).

Poemario no que X. García Lapido (Iria-Flavia, 1947) conta e canta ós máis preciados e máis íntimos da miña vida". Trátase de dúas dúcias de composicións breves nas que se glosan os sentimentos de homes e mulleres comprometidos e empeñados na construcción dun mundo máis xusto. A temática é predominantemente amorosa, con matices de actualidade e irrigada con tons nostálxicos.

Referencias varias:

-Q. A., "A xente cría que eu era un fusil cargado de balas", *La Voz de Galicia*, 6 xuño 1995, p. 45. Mención deste segundo libro de poemas de Xosé García Lapido e breves referencias á súa vida cotiá, tomadas dunha conversa co autor.

D. Janeiro, "Xosé Lapido, un poeta intimista na inspiración nocturna", *O Correo Galego*, 18 setembro 1995, p. 30.
Janeiro reconstrúe unha entrevista na que Xosé Lapido fala sobre os raios da lúa na soidade da noite, soidade que o inspirou nos versos que compoñen este poemario.

Gómez, Lupe, *Pornografía*, s. l. de edición: Edición da autora, decembro 1995, 105 pp. (ISBN: 84-605-4439-7).

Primeiro poemario de Lupe Gómez (Fisteus-A Coruña, 1972) se achegan ó público lector un feixe de textos curtos que na súa maioría non supera os tres ou catro versos. O cento de composicións que conforman o libro aparecen introducidas por unha pequena nota limiar, trala que se dispoñen o total dos poemas de temática moi variada.

Recensións:

-C. Vidal, “A autoedición é o recurso que queda a moitos novos poetas”, *A Nosa Terra*, nº 705, “Guieiro Cultural”, 21 decembro 1995, p. 26. Recensión na que, tras expoñe-los atrancos que o poemario tivo que sufrir para a súa aparición, se comenta a boa acollida desta primeira obra da autora e as opinións sobre a súa poesía. C. Vidal salienta no poemario a “transgresión (que) percorre todo o libro”, os referentes á infancia na aldea natal da escritora que explican moitas das súas características.

Referencias varias:

-Francisco P. Lorenzo, “Lupe Gómez, unha nova amante da linguaxe”/”Lupe Gómez: o berro da amante arrebatada pola linguaxe”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 15 decembro 1995, p. 12/p. 34.

Artigo informativo sobre a presentación en Compostela do poemario. Dáse nel breve noticia da traxectoria da autora, escólmanse algunhas palabras das pronunciadas durante a presentación, e coméntanse sucintamente algunhas das notas definitorias da poesía de Lupe Gómez.

Ínsua, Emilio Xosé, *Devalar das esperas*, A Coruña: Espiral Maior, col. A Illa Verde, nº 17, 1995, 54 pp. (ISBN: 84-88137-66-4).

Trátase do primeiro libro de Emilio Xosé Ínsua (Viveiro, 1967), autor que xa dera a coñecer diversos poemas na prensa local e participara en varias obras colectivas (*Ao mar de adentro* e *Cartafol das fontes*). Este poemario estructúrase en catro partes, tres das cales xiran arredor do amor e o inevitable desamor ("Coa luz que dá a ferida", "Co sabor da cinza en min" e "Co incendio do amor no corazón") e un final ("Coa calor do amor no canto") sobre a reivindicación da patria. Sen rima nin estrofa predeterminadas, un primeiro grupo de 25 poemas de versos maioritariamente longos, case prosa poética, mostran un espírito desacougado e un eu poético obsesionado pola figura da amada. Destaca dentro deste conxunto o longo poema titulado "Con Tíbulo canto, dende a miña ferida". A continuación aparecen oito composicións de carácter completamente distinto ós anteriores. Son poemas nos que Galicia é a protagonista, onde se reivindica a historia do pobo galego e se pide a liberdade para o futuro. Pecha a obra un poema titulado "Coda", no que o autor declara que o verdadeiro poema é o silencio.

Referencias varias:

-E. C., "Villar e Ínsua presentan os seus novos poemarios", *O Correo Galego*, 22 novembro 1995, p. 45. Nova sobre a presentación das obras.

López Foxo, Manuel, *Cómaros de mel e rosas*, Ortigueira: Edicións O Paporroibo, outubro 1995, 107 pp. (ISBN: 84-88850-52-2).

O poemario ábrese cunha “Solaina” da autoría de José Luís Sampedro, quen recorda o seu paso por Ortigueira e a relación de amizade que naceu desa viaxe entre el, Manuel López Foxo (San Claudio, Ortigueira, 1960) e outras persoas da vila. Seguidamente atópase un “Prólogo” de Manuel María, no que fai unha análise do libro establecendo os tres aspectos fundamentais do mesmo: o tema amoroso, o erótico e o paisaxístico. Ademais, destaca estas tres dimensións como fundamentais na poesía de tódolos tempos. O libro divídese en dúas grandes partes, tituladas “A Sortella dos Palmários” e “Luz de Auga”, subdividida á súa vez noutras dúas seccións, “Rosas para Iria” e “Os poemas do regreso”. Se ben os tres elementos aludidos no prólogo están presentes ó longo de todo o libro, a presencia do amor e o erotismo é predominante na primeira parte; a natureza e a paisaxe configuran a sección titulada “Rosas para Iria”, mentres que na derradeira sección se retoma o espírito amoroso mesturado con reflexións, en ton lírico, sobre lugares apreciados polo autor (Ortigueira, Compostela).

Martínez-Conde, Ricardo, *O silencio das árbores*, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, nº 39, 1995, 54 pp. (ISBN: 84-88137-62-1).

Motivos poéticos eternos, como a soidade, o desacougo, o amor ou as interrogacións do eu lírico á natureza circundante, inzan este poemario. A poesía de Martínez-Conde (Aldariz-Sanxenxo, 1951), baixo un revestimento de sobriedade estilística, revélase fondamente reflexiva, substancial na liña xa iniciada polo autor en libros anteriores.

Recensións:

-F. V., "A metafísica cotiá de Ricardo Martínez Conde", *La Voz de Galicia*, "*Revista de Cultura*", ano I, nº 36, 5 outubro 1995, p. 6. Breve pero densa recensión na que se fai referencia ós baseamentos líricos nos que asenta a "poesía sinxela" de Martínez-Conde, debedora do profundo coñecemento que o autor ten do *haiku* xaponés.

-Teresa Seara, "Tempo de dúbidas", *A Nosa Terra*, nº 696, "Guieiro Cultural", 19 outubro 1995, p. 24. Nun estilo complexo e reconcentrado, a recensionista pasa revista ós achados catárquicos do libro de Martínez-Conde: a natureza e a súa vivencia en soidade é salientado por Teresa Seara como a necesaria purga espiritual á que a voz lírica se somete para acha-lo seu verdadeiro eu.

Armando Requeixo, "As árbores silandeiras de Martínez-Conde", *El Correo Gallego*, "*Edición 7*", 12 novembro 1995,
6.

Recensión breve na que se tracexan algunhas das liñas poéticas básicas que articulan o poemario de Martínez-Conde.

Referencias varias:

-Luís Álvarez Pousa, “Ruídos e silencios”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, ano I, nº 36, 2 novembro 1995, p. 6. Comentario sinóptico no que Álvarez Pousa pon de relevo a singularidade poética de Martínez-Conde no panorama lírico galego.

Millán Otero, Xosé M., *As palabras no espello*, VIIº Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, col. de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón, 1995, 81 pp. (ISBN: 84-7492-765-X).

Este segundo poemario de Millán Otero (Bueu, 1964), galardoado co premio que convoca o Concello de Dodro, segundo Bernardino Graña, autor do “Prólogo”, sitúanos diante dunha poesía complexa, que intenta amosa-lo que se oculta detrás da realidade aparente. Son uns versos comprometidos, de marcado ton social, de denuncia e de espello da realidade actual, escura, confusa e contradictoria. Trátase, en fin, da expresión da fe do poeta na palabra, como instrumento para busca-la verdade.

Novoneyra, Uxío e Ayako **Sugitani**, *Camelio Xaponés*, Santiago de Compostela: Consorcio de Santiago, 1995, 31 pp. (D. L.: VG-224-1995).

Camelio xaponés é un canto á cidade de Santiago de Compostela por medio de imaxes e palabras. No libro poden diferenciarse tres partes intimamente relacionadas. Na primeira, atopamos sete xiicas ou versos xaponeses de Ayako Sugitani; Uxío Novoneyra (Parada de Moreda-O Caurel, 1930) ofrécenos a versión galega dos mesmos. Nunha segunda parte, é o poeta lucense quen se dirixe a Compostela nos seus versos, que contan coa correspondente traducción ó xaponés de Ayako Sugitani. Por último, únense as voces dos dous poetas nunha versión galego-castelá.

O'Framinor, Xosé Carlos, *Alma de aprendiz*. *Poemas en galego e castelán*, Vigo: edición de autor, novembro 1995, 117 pp. (ISBN: 84-605-4219-X).

Este volume ábrese cun Limiar de Xesús Alonso Montero, que salienta a condición de poeta bilingüe de Xosé Carlos González Rodríguez, o home que se oculta tralo pseudónimo de O´Framinor, palabra formada dende as latinas *frater* e *minor*. Sinala tamén o vencellamento espiritual que se percibe nos poemas con San Francisco de Asís, convertido para o poeta en "musa moral". O poemario intégrano un conxunto de 80 poemas divididos en dúas partes: "Poemas Galegos" e "Poemas Castellanos". Neles agroman, dende a ausencia de retórica, a observación da vida a través dos pequenos feitos, o amor, a lembranza da nenez, a tenrura polo que sofre indefenso, a sensualidade, certos elementos costumistas e outras claves poéticas abordadas dende a sinxeleza da expresión.

Pato, Chus, *Fascinio*. *Ourense 1989-A Rocha 1994*, Muros: Ed. Toxosoutos, novembro 1995, 99 pp. (ISBN: 84-89129-15-0).

Colectánea de poemas de Chus Pato (Ourense, 1955), de carácter heteroxéneo, coa presencia constante dun eu lírico marcadamente feminino. Un dos trazos máis relevantes é a riqueza temática. A ecoloxía, os problemas sociais, a historia de Galicia ou a propia literatura, serven de materia poética. Tampouco está ausente a poesía intimista, que reflicte o desexo de recuperación da infancia perdida e da volta a un estado natural das cousas; por isto, só aparecen no poemario o ambiente rural e o mariñeiro.

Pereiro, Lois, *Poesía última de amor e enfermidade 1992-1995*, Santiago de Compostela: Edicións Positivas, decembro 1995, 106 pp. (ISBN: 84-87783-34-1).

Poemario de Lois Pereiro (Monforte de Lemos, 1958-A Coruña, 1996) que se divide en tres partes, ordenadas cronoloxicamente e que se corresponden cos títulos “Poemas póstumos (1992-94)”, “Luz e sombras de amor resucitado (1995)” e “Poemas da morte sobrevivida a forza de paixón e sabotaxes (1995)”. A primeira parte reflicte o fracaso dun intento de autodestrucción; as dúas últimas o rexurdir, asíndose ó amor. É un libro profundamente emocional, con dúas liñas temáticas en loita continua: o amor fronte á enfermidade e a morte. Deste combate permanente nace unha luz de optimismo.

Pexegueiro, Alfonso, *¿Serán os cisnes que volven? e De Seraogna a Desatinos*..., Vigo: Xerais, col. Ferros, nº 3, 1995, 109 pp. (ISBN: 84-7507 894-X).

Este libro de A. Pexegueiro (Angoares-Ponteareas, 1948) componse basicamente dunha selección de textos poéticos que abranguen o conxunto da producción do autor e culmina o ciclo iniciado con *Seraogna*, que se estende ata *Desatinos dun maldito* (1991). Nun texto que vai ó final da propia edición, saliéntase a nova dimensión espacio-temporal creada polo autor, mediante unha linguaxe contemporánea. Poemario dedicado ás persoas que sofren a violencia, o desarraigo e o fanatismo, emprega con predominio unha disposición textual fragmentaria feita a base de retallos de imaxes libres coas que o autor vai construíndo unha poética que se constitúe nunha cosmovisión totalizante da condición humana. Os temas predominantes posúen unha evidente connotación negativa, pois medo, tristura, soidade, dor, ausencia, constitúen distintas facianas dunha figura poliédrica nas que o autor verque tamén as súas propias dúbidas e interrogantes.

Recensións:

-Xavier Castro R., “As voces de Alfonso Pexegueiro”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 16 xullo 1995, p. 7.

Lírica dunha densidade e profundidade que funde voces, diferentes tempos e que se caracteriza pola reflexividade e o compromiso coas cuestións tratadas na súa poesía.

Vicente Araguas, “Escolma boomerang”, *O Correo Galego*,“*Revista das Letras*”, nº 69, 24 agosto 1995,

4. Visión global dunha das poéticas máis persoais, que crea un microcosmos da obra dun autor incómodo e díficil de clasificar, xa situada nun contexto político galego revolucionario ou nunha posición radicalmente universalista.

-Anxo Angueira, “¿Volve Pexegueiro?”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, Extra número 100, 14 outubro 1995, p. 5. Visión escéptica e, en moitos casos, triste e desolada do mundo, baseada na dislocación espacio-temporal.

Rivas, Manuel, *Costa da morte blues*, Vigo: Xerais, col. Ferros, nº 4, 1995, 96 pp. (ISBN: 84-7507-895-8).

Obra composta por máis de sesenta composicións acompañadas de gravados da autoría de Antón Mouzo. Son unha serie de poemas (e prosas poéticas) nos que se mestura a modernidade con breves referencias clásicas, coa pintura e o cine, co estraño e o cotián, pero sobre todo coa forma de vida galega, as súas historias e os seus costumes, representados na obra por esta Costa da Morte, salvaxe e natural, aínda non contaminada pola civilización. Pecha o libro de Manuel Rivas (A Coruña, 1957) o "Novo romance de Fin Negan", composto en cinco partes, no que se fai unha especie de epopea deste heroe mítico irlandés, personaxe do último libro de James Joyce, *Finnegan's Wake*. *Costa da morte blues* é unha visión con tintes nostálxicos, á vez que pesimistas, da Galicia sen artificio, máis auténtica, onde perviven as raíces que se deben conservar, todo isto baixo unha perspectiva actual.

Recensións:

-Xosé Mª de Castro Erroteta, "Vimianzo versus Dublín", *A Nosa Terra*, nº 687, "Guieiro Cultural", 17 agosto 1995, p. 20. Breve nota sobre diversos aspectos da obra (o tema, o estilo, etc.), acompañada dunha positiva valoración do autor e da súa obra, a modo de reivindicación.

Manuel Xosé Neira, “O ritmo da vida”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº XCVIII, 22 setembro 1995,

3. Comentario sobre a obra de Manuel Rivas (di que se trata dun “libro equivocado”) leva a M. X. Neira a facer unha crítica persoal, recriminándolle as súas ideas e mesmo os seus versos, iso si, non sen antes advertirnos que “hai algo en Manolo Rivas que non me gusta”.

Teresa Seara, “De Anxos e Derrotas”, *A Nosa Terra*, nº 693, “Guieiro Cultural”, 28 setembro 1995, 24. A presencia dun sentimento relixioso primario e a vivencia do outono son os dous trazos que Teresa Seara salienta nesta recensión da nova entrega poética de Manuel Rivas. Tamén cita como motivos a arte, a natureza, a familia e a vida en xeral.

Xosé María Costa, “*Costa da Morte Blues*”, *Faro de Vigo*,“*Faro das Letras*”, nº CIII, 4 novembro 1995,

3. Artigo breve no que Xosé María Costa salienta a figura de Manuel Rivas no panorama poético galego e cita unha serie de puntos de referencia da súa última obra, *Costa da morte blues*: tradición e modernidade, presente, pasado e futuro, a paisaxe, etc.

-X. G. G., “Un relato policial cargado de sentimentalismo”, *Galicia Internacional*, nº 4, agosto 1995, p. 72. Artigo de información e crítica no que se tratan varias obras entre elas *Costa da morte blues* de Manuel Rivas, do que se fai un breve pero eloxioso comentario (“setenta e tres poemas que mostran ao poeta Manuel Rivas na mellor forma posible”), ó tempo que se sinala o duro traballo agachado tras estes versos que tratan da vida -que non da sociedade.

Referencias varias:

-Carina Regueiro, “O blues de Manuel Rivas resucita a paisaxe da Costa da Morte”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 61, 22 xuño 1995, p. 6. Comentario da obra acompañado dunha breve entrevista do autor na que dá a súa opinión sobre esta obra e a concepción da poesía. Tamén explica a aparición de Fin Negan como peche do libro e comenta a semellanza entre xornalismo e poesía. Como remate, anuncia unha nova obra narrativa, un libro de relatos que posiblemente se titule *Contos algo tristes*.

-José Ángel González, “O mapa é o poema”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 6 agosto 1995, p. XV. Entrevista con Manuel Rivas centrada na súa última obra. Trátase dun poético recordo da obra, acompañada das palabras do autor.

Vicente Araguas, “A ollada parabólica”, *O Correo Galego*,“*Revista das Letras*”, nº 68, 10 agosto 1995,

4. Queixa pola pouca poesía que se publica, motivo que leva ó autor a sauda-la aparición da colección Ferros e, dentro desta, dá noticia da publicación de *Costa da morte blues*.

Rodríguez Baixeras, Xavier, *Nadador*, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, nº 31, 1995, 78 pp. (ISBN: 84-88137-45-1).

Poemario de X. Rodríguez Baixeras (Tarragona, 1945) dividido en tres partes -Avance, Demora, Doenza- que se corresponden con tres momentos do desenvolvemento da traxectoria simbólica do eu lírico. O primeiro centrado na actividade de quen nada a contracorrente dun tempo pasado, xa sen posibilidade de retorno. O segundo supón o aboiar dun corpo ancorado na desolación do recordo. O terceiro o abandono e a partida dun mar solidario na soidade e na desesperanza. Libro escrito con grande riqueza léxica e abundancia de imaxes provenientes do mundo mariño que constitúe unha poética do eu na que o escritor parece reflecti-las súas máis fondas teimas e desacougos persoais, consonte os devalares do océano.

Recensións:

-Xosé María Álvarez Cáccamo, "*Nadador* e outros mergullos máis leves", *Faro de Vigo*, "*Faro das Letras*", nº LXXXVII, 29 abril 1995, p. 1. Segundo o recensionista, trátase da entrega máis fonda e reflexiva, dramática e serena, de cantas leva ofrecido o autor. Inusual dominio dos recursos léxicos, imaxinativos e musicais. Na difícil singradura que
o libro constitúe, o poeta intérnase nunha complexa alegoría da fugacidade e do asombro co mar como vehículo desta viaxe simbólica.

-Vicente Araguas, “Un manual de escumas”, *O Correo Galego*,“*Revista das Letras*”, nº 57, 25 maio 1995, p. 4. Proposta hermética, tal vez claustrofóbica, solucionada con orixinalidade. Poema do mar como metáfora, de carácter épico-lírico, no que se explotan tódalas posibilidades do drama que ten diante súa o bañista. Libro continuador de *A gándara da noite*, no que o poeta se descobre na maior das soidades.

-Anxo Angueira, “Xavier R. Baixeras: *Nadador*”, *A Trabe de Ouro*, nº 22, Tomo II, ano VI, abril-maio-xuño 1995, pp. 127-128. Breve recensión, con certos tintes líricos, da última obra de Xavier R. Baixeras, *Nadador*, na que se plasma a impresión da obra no lector. Sinala Anxo Angueira que en toda a poesía de Baixeras está presente a idea da viaxe e do tránsito. Nesta ocasión, a viaxe é distinta: non hai referencia xeográfica de partida, nin percorrido, nin camiño, nin tan sequera destino. O poeta narrador mergúllase e bracea, avanza, demórase e nada. Primeiro está a despedida e logo, xa na inmensidade do mar, o poeta presenta a súa xeografía. Nun momento dado o poeta deixa de bracear e fai o “morto”: o regreso é xa imposible. Pero aquí, paradoxalmente, está presente o amor fronte a dúbida, o desexo antes que os soños destruídos. O poeta busca a fusión total, unitiva.

Referencias varias:

-M. V. V., “Yolanda Castaño, Fonte e Baixeras, en Espiral Maior”, *Atlántico Diario*, 24 marzo 1995, p. 58. Nova sobre a publicación como novidade dentro da colección de poesía da Editorial Espiral Maior do libro de Rodríguez Baixeras, xunto ós de Yolanda Castaño e Ramiro Fonte.

Rodríguez López, Manuel, *Onte e hoxe vivencial*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, col. Poesía, outubro 1995, 51 pp. (ISBN: 84-7492-772-2).

Rodríguez López (Sarria, 1934) divide en tres apartados o seu repaso en verso pola historia da cidade de Lugo: “Xustificación”, “No sustrato dos tempos”, “Vivencias luguesas”. O primeiro deles inclúe un limiar, a cargo de Darío Xohán Cabana, e contén dous poemas que funcionan a xeito de declaración de intencións do poeta. En “Quero ser ceibe” e “Lucus Augusti”, o autor expresa o seu desexo de cantar á cidade, fóra de movementos poéticos e cunha linguaxe sinxela que chegue a tódolos públicos.

Referencias varias:

-Salvador Mariño, “Publicado un libro póstumo de Manuel Rodríguez López”, *El Progreso*, 6 decembro 1995, p. 49. Nota da aparición deste segundo libro póstumo, despois da traducción ó galego de Jacinto Verdaguer, *A Atlántida*. Apunta a vinculación do poemario coa cidade de Lugo.

Soto Bello, Víctor, *Camiños e soños*, Pontevedra: Deputación de Pontevedra, febreiro 1995, 122 pp. (ISBN: 84-88363-29-X).

Poemario bilingüe estructurado en dúas partes: “Camiñando”, con vintedous poemas en galego, e “Soñando”, escrito en castelán. Prologado por Manuel Domínguez, neste libro de poemas predomina a variedade métrica e estrófica, sendo a rima asonante entre os pares a máis empregada. O tema central é a problemática da existencia humana, na que a vida terreal é vista como o camiño ou tránsito entre a nostálxica infancia e a vida eterna. En “Sobre la obra poética de Víctor Soto”, María del Carmen García Castaño fai unha análise estilística, temática e lingüística desta obra.

Souto, Francisco, *As árvores do incesto*, IIIº Premio de Poesía Espiral Maior 1994, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, nº 36, abril 1995, 50 pp. (ISBN: 84 88137-58-3).

Consta de 22 poemas, dos que só cinco están titulados, ademais do “Prólogo” e “Epílogo”, tamén en verso e separados do resto do poemario polos debuxos de Alejandro Senande. Dous destes poemas son unha homenaxe ó escritor noiés Antón Avilés de Taramancos. A variedade métrica e estructural, apoiada nunha rede de repeticións, é unha nota característica deste poemario de F. Souto (A Coruña, 1962), o mesmo cá morte, que é o tema central, arredor do cal se organiza un mundo simbólico que ten nos elementos da natureza hostil a súa andamiaxe.

Recensións:

Teresa Seara, “Noé non virá esta tarde...”, *A Nosa Terra*, nº 680, “Guieiro Cultural”, 29 xuño 1995, 25. Análise temática da obra, na que a recensionista se centra nos elementos da natureza presentes no mundo simbólico que deseña o autor, e tamén nas consecuencias da transgresión das leis naturais.

-R. G., “A incestuosa relación entre Eros e Thanatos”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, ano I, nº 18, 29 xuño 1995, p. 6.

Comentario dos temas centrais da obra e dos elementos simbólicos presentes na mesma. Tamén se informa do proceso de xestación deste poemario, así como dos proxectos futuros do seu autor, baseándose sempre en declaracións do propio Francisco Souto.

Referencias varias:

-M. V. V., “Gonzalo López Abente, Francisco Souto e Manuel Facal outras novidades en Espiral Maior”, *Atlántico Diario*, 21 xullo 1995, p. 58. Preséntanse dous novos títulos da colección de poesía de Espiral maior, *Antoloxía poética*, de López Abente, e *As árvores do incesto*, de Francisco Souto. Tamén se refire brevemente á aparición do ensaio *Notas sobre estética e arte popular*, de Manuel Facal. O articulista ofrece uns breves datos sobre estes autores.

Valente, José Ángel, *Catro poemas inéditos*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1995, 12 pp. (ISBN: 84-435-1359-2).

Poemario bilingüe galego-castelán que reúne catro poemas inéditos do poeta ourensán José Ángel Valente (Ourense, 1929). Os títulos das composicións son: “Romaxe” e “Quero ficar asín, soio ó lonxe...” -para os poemas en galego-, e “San Jorge es apenas un niño...” e “Hay una leve luz caída...” -para os poemas en castelán. O libro contén, ademais, ilustracións do propio Valente, de Flavia Álvarez e Manolo Prego.

Referencias varias:

E. C., “Valente: Veño de fóra pero son de dentro”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 27 abril 1995, p. 45/p. 12. Recóllense as palabras de Valente con motivo dunha charla que pronunciou no CGAC sobre as relacións da pintura e da poesía. O poeta foi presentado por Xesús Alonso Montero e Antón Pulido. Valente leu algúns poemas de *Cantigas de alén*, a súa única obra en galego, libro aberto e de expresión galega, porque segundo manifestou “hai poemas que veñen de repente e só os podo escribir en galego”.

Vázquez, Pura, *Poesía de Pura Vázquez*, Ourense: Caixa Ourense, 1995, 170 pp. (ISBN: 84-606-2385-8).

Libro luxosamente editado por Caixa Ourense, no que se recollen dous poemarios da escritora Pura Vázquez (Ourense, 1918). O primeiro deles está escrito en lingua galega, baixo o título *A idade dos mansíos me dobrega*, mentres que o segundo, en castelán, recibe o nome *Río de la memoria*. Precede a ambos un prólogo do intelectual ourensán Xulio Francisco Ogando Vázquez, que realiza unha sentida evocación da figura, poética e humana, de Pura Vázquez. As claves poéticas polas que se caracteriza o poemario radican na vivencia íntima da dor e da soidade, interpretadas por un lirismo no que ten grande importancia a recreación do léxico ourensán da autora. Como remate, o libro inclúe tamén unha bibliografía da autora homenaxeada.

Recensións:

-Olga Novo, “Pura Vázquez, mineira de si mesma”, *A Nosa Terra*, nº 689, “Guieiro Cultural”, 31 agosto 1995, p. 21. As claves desta nova xeira lírica de Pura Vázquez son, na opinión de Olga Novo, a vivencia íntima da dor, da soidade e do tempo como derrube definitivo.

Isidoro Guede, “*Poesía de Pura Vázquez*”, nueva obra de la artista”, *La Región*, 24 setembro 1995, 13.

Recensión na que se destaca o prólogo que fai o académico Ogando Vázquez, polo moito que facilita a comprensión da obra da poetisa. Saliéntase desta a súa variedade temática, formal e rítmica, así como a súa condición de “exultante de vida”.

Vicente Araguas, “O don da vitalidade”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 78, 19 outubro 1995,

4. O articulista atopa que os versos galegos da autora ourensá son máis fluídos e musicais cós casteláns. Caracteriza o conxunto desta obra como “telúrica, paisaxística, namorada”, e móstrase esperanzado ante unha hipotética publicación das memorias de Pura Vázquez.

Referencias varias:

-Alvarado, “Versos viejos y nuevos”, *La Región*, 9 xullo 1995, p. 13. Comentario no que o articulista saúda a aparición do libro. Para Segundo Alvarado, Pura Vázquez é unha das voces máis significativas da cultura ourensá das últimas décadas.

-Antón Fraguas Fraguas, “O libro de poesía de Pura Vázquez”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 15 outubro 1995, contracapa. Comentario no que se expresa a opinión do seu autor sobre o libro. Fraguas lembra algunhas experiencias vividas ó lado da escritora ourensá, a quen coñecera por medio de Otero Pedrayo. Na segunda parte do artigo, reprodúcense algúns versos da obra homenaxeada. Fraguas mostra a súa adhesión á homenaxe que se lle tributa con esta publicación a Pura Vázquez.

Vázquez, Pura, *Orballa en tempo lento*, A Coruña: Espiral Maior, col. A Illa Verde, nº 16, setembro 1995, 54 pp. (ISBN: 84-88137-65-6).

Poemario dividido en seis apartados, no que teñen grande protagonismo, entre outros, dous dos temas máis clásicos da poesía: a lembranza dos tempos idos, co seu caudal de experiencias e recordos, e a creación poética, concibida aquí como fonte de vida e esperanza. Todo isto atopa o seu medio de expresión axeitado nunha sucesión de imaxes relativas á Natureza.

Recensións:

-Alvarado, “Una bocanoite con Pura Vázquez”, *La Región*, 1 novembro 1995, p. 15. Comentario sobre o libro de poesías *Orballa en tempo lento*, da escritora ourensá Pura Vázquez. O articulista destaca o feito de que a poetisa recorra á realidade paisaxística de Galicia para falar da súa intimidade, dos seus desexos, arelas e lembranzas. Destaca igualmente a riqueza do léxico empregado por Pura Vázquez.

-Isidoro Guede, “Orballo poético”, *La Región*, 19 de novembro de 1995, p. 18. O autor da recensión considera que este poemario supón a madureza total da súa autora, que logrou que os seus versos flúan con grande harmonía ata conformar unha especie de autobiografía poética.

-Carlos L. Bernárdez, “O recendo da natureza”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº CV, 25 novembro 1995, p. 2.

Recensión na que o articulista advirte no libro unha mestura na que se enfrontan o pasado, coa súa plenitude vital, e o presente, cheo de dor e soidade, e no que a poetisa procura o seu vitalismo vencellamento que establece coa natureza.

Referencias varias:

-M. R., “Os poemas en tempo lento de Pura Vázquez”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, ano I, nº 43, 21 decembro 1995, p. 6. Comentario no que se recollen algunhas manifestacións ó respecto da escritora ourensá, quen afirma a importancia que tivo para a súa producción lírica a dureza da súa vida.

Vázquez Fernández, Lois, “Romeiro da saudade”, *Lucensia*. *Miscelánea de cultura e investigación*, Lugo: Biblioteca Seminario Diocesano, nº 10, 1995, pp. 143-148. (ISSN: 1130-6831).

Canto relixioso á arte de vivir felices, a pesar dos sufrimentos. Un canto de Lois Vázquez (Monforte de Lemos-Lugo, 1938) á dor, ás despedidas, á morte, á esperanza situada en Deus e na pregaria e, tamén, un canto á terra.

Vázquez Fernández, Lois, *Ninguén de ningures*, Poio-Pontevedra: Fundación Cultural Rutas del Románico, xuño 1995, 58 pp. (ISBN: 84-920484-2-5).

O libro ábrese cun prólogo de José Antonio Rodríguez Mouriño (Presidente da Fundación Cultural Rutas del Románico), no que presenta o poemario e agradece ó poeta “estas vivencias levadas á poesía”. A continuación, segue un limiar asinado por Breogán do Castro, que analiza o contido da obra e menciona outras obras do autor, salientando *Ninguén de ningures* pola súa unidade temática. Ó longo das vintesete composicións que conforman o volume, o poeta reflexiona, ás veces dende a denuncia, sobre sentimentos como a saudade, a nostalxia e as consecuencias emocionais que produce no individuo a experiencia da emigración, que converte ás persoas, como adianta o título, en *ninguén de ningures*.

Vázquez Tierra, Antonio, *O fume das cinsas*, prólogo Manuel María, Barakaldo: Asociación Cultural Rosalía Castro, col. Nimbos de poesía, nº 3, 1995, 163 pp. (D. L.: BI-290-1995).

Primeiro poemario de Antonio Vázquez Tierra (Monforte, 1960). Leva un prólogo de Manuel María, quen salienta a autenticidade e a claridade do autor e o fondo panteísta do libro, que pecha todo o sentir humano e no que se atopa o amor por dúas patrias: a galega e a vasca. Raúl Río Díaz fai unha presentación do libro, na que sinala que se trata dun canto ó amor e á intimidade. O poemario constitúe unha conversa profunda do autor consigo mesmo na que non se esquecen as paisaxes harmoniosas, escrito nuns versos sinxelos, sen ornamentos supérfluos; mesmo hai poemas que quedan reducidos a un único verso.

Villalta, Luísa, *Ruído*, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, nº 37, xuño 1995, 93 pp. (ISBN: 84-88137-60-5).

Libro de poemas de Luisa Villalta (A Coruña, 1957) introducido por un prólogo no que se dá conta da intencionalidade do propio poemario e a xustificación do título. Dividido en tres grandes apartados -“Roturas”, “Ritos de resisténcia” e “O terceiro sonido”-, nunha escrita propia construída en versos libres, manifesta o tratamento duns temas, como a condición da muller, a dimensión da conciencia, o poder da palabra, a lonxitude do destino, a relación humana, que se converten en formulacións dun xeito de concibi-lo acto creador, de maneira que se procura prescindir daquilo que resulte transparente.

Recensións:

-Teresa Seara, “Palabras como armas”, *A Nosa Terra*, nº 688, “Guieiro Cultural”, 24 agosto 1995, p. 26. Interpretación da fonda pegada musical dun poemario onde se dá o contraste de sonoridades entre o pasado e un presente apocalíptico. Para a viaxe ó xerme do ruído cómpre romper co presente e chegar ás orixes, indagar na realidade individual, que leva ó afianzamento na vida e na palabra, que á fin, permite a comunicación con outros seres.

-Vicente Araguas, “Ruído, non estrondo”, *O Correo Galego*,“*Revista das Letras*”, nº 73, 14 setembro 1995, p. 4.

Afán de caligrafía propia que procura a emancipación da escritora, como muller, como creadora e como compromiso nacional. Libro hermético e poderoso, escrito por medio de variados procedementos que a levan a encontrar solucións moi persoais para os diversos motivos tratados.

-Manuel Rodríguez, “Luisa Villalta, do ruido a unha harmonía sonora”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, ano I, nº 37, 9 novembro 1995, p. 6. Comentario a respecto do prólogo, para indicar de seguido a concepción global dun libro dividido en tres sons, dos que o terceiro supón a busca da harmonía.

Villalta, Luísa, *Rota ao interior do ollo*, Lisboa: Ed. Tema, 1995, 12 pp.

Poemario composto de cinco textos que van encabezados por cada unha das palabras dun acróstico pompeiano situado ó comezo do libro. Os poemas, que van ensarillados uns nos outros, constitúen un inquirir transcendental da autora, na penumbra, a respecto dunha existencia que se recoñece entre os obxectos e se apropia da ausencia, que certifica a soidade.

Villar, Rafa, *A sotavento dunha singradura*, A Coruña: Espiral Maior, col. A Illa Verde, nº 15, 1995, 54 pp. (ISBN: 84-88137-53-2).

Poemario breve de Rafa Villar (Cee, 1968) dividido en catro seccións onde o seu autor dá renda solta ás súas particulares obsesións líricas. Procura en clave simbólica os sinais de identidade da terra. Está dedicado ós independentistas galegos presos.

Recensións:

-Teresa Seara, “A espiral do retorno”, *A Nosa Terra*, nº 675, “Guieiro Cultural”, 25 maio 1995, pp. 25-26. Detallado comentario do libro de Villar no que se salienta, especialmente, a viaxe mariña na que nos embarca no seu poemario o autor, reflexiónase sobre a simboloxía do elemento líquido e a incesante singradura do velame humano.
-Vicente Araguas, “Falta algo”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 84, 30 novembro 1995, p. 6. Longa recensión na que se saúda a aparición do libro e, tras situa-la obra no conxunto da producción do autor, sinálanse algúns dos seus acertos, no sentir do recensionista.

Referencias varias:

-E. C., “Villar e Ínsua presentan os seus novos poemarios”, *O Correo Galego*, 22 novembro 1995, p. 45. Nova sobre a presentación das obras.

Villar, Rafa, *No mesmo espacio*, Muros: Ed. do Dragón, 1995, sen pp.

Publicación alternativa en formato atípico: papel estraza reciclado como continente e folio reciclado con textos manuscritos no interior. En conxunto, 32 poemas, un sucinto prólogo de Francisco Alonso e unha carta-poema epilogal do propio Villar, na que se explicita o impulso orixinal que alumou a concepción do poemario.

Recensións:

-Mª Xesús Nogueira, "Rafa Villar *No mesmo espacio*", *Faro de Vigo*, "*Faro das Letras*", nº XCII, 10 de xuño 1995, p. 3. Comentario crítico da publicación de Villar na que, tras facer unha esquemática historia da singradura de Edicións do Dragón, a súa autora refírese ó libro de Rafa Villar en termos moi eloxiosos.

-Teresa Seara, "Elevacións", *A Nosa Terra*, nº 685, "Guieiro Cultural", 3 agosto 1995, p 26. Recensión analítica na que se dá noticia das principais temáticas que encerra o libro de Rafa Villar: a loita polo amor e a procura da amada, a viaxe e o retorno, etc.

Referencias varias:

-E. C., "Un Rafa Villar nostálxico de Cee abriu o ciclo poético do Tarasca", *O Correo Galego*, 9 marzo 1995, p. 37. Nova sobre a presentación do libro de Villar no pub Tarasca de Santiago de Compostela realizada polo propio autor, que deu lectura a algunhas das súas poesías, e o seu editor, Francisco Souto.

VV. **AA**., *XV Festival da Poesía no Condado*, Salvaterra de Minho-Pontevedra: Sociedade Cultural e Deportiva Condado, 1995, 131 pp.

Libro colectivo, introducido por un limiar de Mª Xosé Queizán, que conta coa participación de poetas galegos, portugueses, cataláns e vascos. O número de poetas galegos ascende a 14, a saber: Marta Dacosta, Francisco Souto, Isolda Santiago, Rafa Villar, Mª Xesús Pato, Xosé Vázquez Pintor, Mª Xesús Nogueira, Francisco Alonso, Carmen Lobón, Martín Veiga, Margarita Ledo, Xavier Santiago, Mª Xosé Queizán e Xaquín Agulla Pizcueta. A colaboración portuguesa vén de parte de Vergílio Alberto Vieira, Amadeo Baptista, Inês Lourenço e José-Emílio Nelson. A presencia catalana redúcese a un só poeta -Sebastiá Azamora- e a vasca a dous, Andolin Eguzkitza e Itxaro Borda.

VV. **AA**., *Dous anos*, *catro meses e un día*, sen lugar de edición: Grupo de apoio ao antimilitarista Carlos Morais e á insubmisión, 1995, 23 pp. (sen ISBN).

O epígrafe, “17 poemas en prol da insubmisión”, define perfectamente o contido deste breve traballo: un conxunto de versos cos que os autores pretenden facer unha apoloxía da insubmisión e converte-la poesía na única arma da que dispoñen para loitar contra o militarismo. Inclúe composicións de Carlos Penelas, Roberto Díaz, Lucas Moreno, Antonio J. González.

Recensións:

Vicente Araguas, “Caravel e espada”, *O Correo Galego*,“*Revista das Letras*”, nº 61, 22 xuño 1995, 4. Vicente Araguas verque neste breve artigo a súa opinión persoal sobre o presente caderno de poemas. Salienta o carácter pacifista e o ton agresivo do poemario e fai referencia ás diferentes xeracións dos poetas que colaboraron no mesmo.

-M. Rodríguez, “Poemas para acadar novos tempos de paz”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, ano I, nº 28, 7 setembro 1995, p. 6. O articulista explica as motivacións que levaron a un grupo de poetas a colaborar cos seus versos na elaboración da obra *Dous anos*, *catro meses e un día*, título que fai referencia á condena que teñen que cumpri-los insubmisos.

VV. **AA**., *Voces do alén-mar*, debuxo da capa por Laxeiro, ilustracións por Barqueiro, Vigo: Xerais, Grupo Dolmen, outubro 1995, 182 pp. (ISBN: 84-7507 933-4).

As *Voces do alén-mar* responden a un intento de achegarnos á obra de catro poetas arxentinos de orixe galega: Carlos Penelas, Roberto Díaz, Lucas Moreno e Antonio J. González. É unha homenaxe que se estende a quen, dende terras hispanoamericanas, vencellan o seu traballo á terra que viu nacer ós seus antepasados; unha homenaxe, en fin, que consiste nun breve perfil biográfico de cada autor e na reproducción dalgúns dos seus poemas en versión galega e castelá.

Referencias varias:

-F. C., “Ourense rinde homenaxe á palabra”, *La Región*, 25 novembro 1995, p. 6. Co gallo da celebración do II Encontro de Escritores Ourensáns, organizado polo Clube Cultural Alexandre Bóveda, presentouse, na primeira sesión, o libro *Voces do Alén-mar*, publicado polo Grupo Dolmen. A segunda intervención do día correu a cargo do profesor Xesús Alonso Montero, que disertou sobre a figura do poeta Manuel Gómez del Valle, morto no ano 1936.

VV. **AA**., *Dende mil novecentos trinta e seis*. *Homenaxe da poesía e da plástica galega aos que loitaron pola liberdade*, edición Miguel Ríos Torre, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, col. Poesía, 1995, 211 pp.

Esta edición, a cargo de Miguel Ríos Torre, é unha homenaxe da poesía e da plástica galega ós que loitaron pola liberdade. A obra comeza cunha “Consideración Inicial” na que Miguel Ríos Torre expresa a necesidade desta homenaxe para “manifestar o noso non á infamia do esquecemento porque os mananciais da lembramza aínda non secaron e as augas que seguen deitando poden contribuir ao nacemento dunha outra realidade”. Tras unha serie de poemas que afondan na temática da obra, Isaac Díaz Pardo asina o “Proemio”. Lembra os exiliados, mortos e todos aqueles que loitaron por Galicia e celebra o alento e a esperanza que supón esta homenaxe. Na obra -na que a cada poema corresponde a súa parella pictórica- colaboran Antón Tovar, Neira Vilas, Novoneyra, Avilés de Taramancos, López Varcárcel, Luís Borrajo, Laxeiro, Antón Patiño, Siro, Ignacio Hortas entre outros moitos.

II. Poesía

II. 2. Reedicións comentadas e facsímiles

Cabanillas, Ramón, *Vento mareiro*, ed. de Ramiro Fonte, Vigo: Xerais, col. Biblioteca das Letras Galegas, nº 38, 1995, 230 pp. (ISBN: 84-7507-872-9).

Na introducción a esta obra, Ramiro Fonte fai un percorrido por aqueles aspectos que, directa ou indirectamente, inflúen na obra do autor cambadés. Logo dun completo perfil biográfico, o editor achéganos ós principais acontecementos históricos do primeiro tercio do século XX, ademais fai un repaso exhaustivo polas liñas poéticas daquel tempo. De seguido, céntrase na análise da poesía de Cabanillas (Fefiñáns-Cambados, 1876-Cambados, 1959) e as influencias que recibe: o modernismo, o saudosismo, o agrarismo, o costumismo e a poesía do Rexurdimento. Para rematar, Fonte estudia a temática, a métrica e a lingua de *Vento mareiro*. Esta nova edición ten como modelo a feita en Madrid no 1921. Con respecto a esta hai que salienta-lo engadido dun poema na sección "Pombas feridas", que xa tiña aparecido nas *Obras completas* de 1959 e 1979. Tamén se inclúen tres poemas: "A un cacique", "A Basilio Álvarez" e "Allea", que non estaban presentes na edición da Habana de 1915. Co propósito de achega-la obra ó público lector actual, fanse cambios ortográficos elementais, respectando sempre o léxico, a expresión e a métrica do poeta cambadés.

Recensións:

-Inés Diz, "O libro encrucillada de Ramón Cabanillas", *El Correo Gallego*, "*Edición 7*", 18 xuño 1995, p. 7.

Presentación do libro e comentario da introducción e edición que fai Ramiro Fonte, cualificada por Inés Diz como “aportación moi interesante para achegarse á poesía do cambadés”.

-Vicente Araguas, “Cabanillas que non cesa”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 83, 23 novembro 1995, p. 6. Logo dun inicial percorrido polos poemarios de Cabanillas presentes na Biblioteca das Letras Galegas, Vicente Araguas fai unha análise temática deste que nos ocupa. Valora positivamente a edición de Ramiro Fonte e comenta algunhas das innovacións.

Cabanillas, Ramón, *Samos*, ilust. Agustín Portela, Vigo: Xunta de Galicia/Galaxia, decembro 1995, 109 pp.

Luxosa edición do poemario *Samos*, de Ramón Cabanillas, que reproduce a de 1958 da Editorial Galaxia. Ten unha presentación a cargo do Presidente da Xunta de Galicia onde se fala da influencia que a espiritualidade do mosteiro de Samos exerceu en Ramón Cabanillas. Manuel Fraga cualifica a obra como “unha xoia literaria da nosa lingua e oración sincera do último dos nosos grandes poetas históricos”, e salienta a súa calidade como poemario descritivo. Por último, o Presidente comenta que esta reedición pretende ser unha dobre homenaxe: ó mosteiro e ó poeta. a nova edición presenta a mesma distribución espacial e as mesmas ilustracións que a príncipe e non se somete a mingunha actualización lingüística. As miniaturas coas que se inicia e pecha cada poema, en tinta negra na entrega de 1958, son agora prateadas.

Castro, Rosalía, *Cantares gallegos*, ed. Mª Xesús Lama López, Vigo: Galaxia, col. Dombate Poesía, nº 26, marzo 1995, 348 pp. (ISBN: 84-7154-938-7).

Esta nova edición de *Cantares Gallegos* de Rosalía de Castro (Santiago de Compostela, 1837-Padrón, 1885), vén sumarse ás xa innumerables edicións da lírica rosaliana. Nesta ocasión, o texto, conformado por trinta e cinco poemas estructurados a partir dun inicial e doutro final que conteñen a invitación ó canto que se lle fai a unha moza e a declaración desta de ter cumprido a demanda, vai acompañado dun extenso prólogo, no que Mª Xesús Lama analiza os distintos factores que rodearon á xénese da obra (contexto sociopolítico, cultural e literario), ó tempo que fai un interesante estudio do poemario en si (estructura, contido, trazos de estilo) e examina polo miúdo diferentes cuestións lingüísticas (fonética, morfosintaxe ou cuestións léxicas). Para a fixación do texto seguíronse, fundamentalmente, as edicións de 1863 e 1872 e para cuestións puntuais as de Fermín Bouza Brey (1977), Ricardo Carballo Calero (1989) ou Andrés Pociña e Aurora López (1992).

Recensións:

-Begoña Eguizábal, “Unha nova edición da obra de Rosalía, *Cantares Gallegos*”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 30 xullo 1995, p. 6. Comentario que destaca a calidade do estudio introductorio que Mª Xesús Lama López realizou para esta nova edición de *Cantares Gallegos*. Ó tempo critica os criterios lingüísticos tidos en conta para a

reproducción dos textos indicando, que, despois das innumerables edicións adaptadas que posuímos, máis interesante sería que as editoriais galegas acometesen a empresa de edita-lo texto tal e como o escribiu a autora e desta maneira sería moito máis útil o interesante estudio lingüístico que acompaña ó conxunto dos cantares.

-Carlos L. Bernárdez, "*Cantares*, sempre", *Faro de Vigo*, "*Faro das Letras*", nº XCVIII, 22 setembro 1995, p. 2. Recensión que pon de relevo a calidade e permanente actualidade da obra de Rosalía de Castro, ó tempo que destaca a coidada edición e introducción de Mª Xesús Lama López, que fai un pormenorizado estudio dos *Cantares* apoiado, en grande medida, no mellor da bibliografía rosaliana.

García Acuña, Fernando, *Orballeiras*, Betanzos: Asociación Cultural Eira Vella, 1995, 96 pp. (ISBN: 84-605-4185-1).

Terceira reedición desta obra de 1887 a cargo da Asociación Cultural Eira Vella con motivo do centenario da morte do autor (Macuriges, Cuba, 1861-Betanzos, 1895). Esta nova edición presenta unha nota preliminar da autoría de Xosé Antón Míguez na que se explican os seus motivos. A obra en si, única contribución do autor ó mundo das letras, comprende un prólogo en castelán de Victoriano Novo García e corenta composicións (21 delas en galego e 19 en castelán, que se alternan sen ningún tipo de orde) de tendencia romántica na maior parte dos casos (de feito, ten varios poemas adicados a Rosalía de Castro e Bécquer, e cita nalgún outro a Campoamor). Tanto a temática como a linguaxe empregada é moi variada, se ben destacan as composicións de tipo humorístico de claro ataque ós estamentos relixiosos, así como algún poema de carácter reivindicativo ("Sempre, por sempre, locirá a candea/Dío libre pensamento", p. 30).

Recensións:

Xesús Torres, "Poesia do XIX rescatada", *A Nosa Terra*, nº 702, "Guieiro Cultural", 30 novembro 1995, 22.

Recensión de carácter informativo na que se achegan novos datos sobre a vida e obra do autor. Así, a biografía de F. García Acuña, a presente edición, a obra en si (composición, lingua, estilo, etc.) e outros textos publicados polo autor na prensa da época son tratados brevemente polo crítico.

Referencias varias:

-María Soliña, “Xornadas de lingua”, *O Correo Galego*, 24 outubro 1995, contracapa. Artigo no que se dá noticia da celebración das III[as] Xornadas da Lingua organizadas pola Asociación Cultural Eira Vella. A autora fai un breve repaso do programa das mesmas onde destaca a conferencia de Xesús Alonso Montero e a presentación da edición facsimilar da obra de F. García Acuña, *Orballeiras*.

García Lorca, Federico, *Seis poemas galegos*, (edición facsimilar) Santiago de Compostela: Consorcio de Santiago e Ara Solis, col. Biblioteca Facsímilar Compostelana, decembro 1995, s. p. (ISBN: 84-921059-0-9).

Edición facsímile de 1935, que conmemora o LX aniversario da edición príncipe e o Centenario do nacemento de Ánxel Casal, fundador da Editorial Nós. Reproduce o prólogo en castelán de Eduardo Blanco Amor, onde relata a anécdota da que xurdiron estes poemas, froito da inspiración de Lorca (Fuente Vaqueros-Granada, 1898-Víznar-Granada, 1936). Conta o prologuista como foi invitado, como amigo seu, a corrixilos minimamente. Sinala que naceron da naturalidade, sen erudición. Atribúe esta creación noutra lingua ó milagre da poesía e recorda a importancia do galego como lingua lírica por excelencia dende a Idade Media. Os poemas recollidos conteñen a clara presencia de Santiago ("Madrigal â cibdá de Santiago", "Danza da lúa en Santiago"), das tradicións populares galegas ("Romaxe da Nosa Señora da Barca"), a emigración ("Cántiga do neno da tenda"), a paisaxe ("Noiturnio do adoescente morto") e a evocación da figura mítica de Rosalía ("Canzón de cuna pra Rosalía Castro, morta").

Referencias varias:

-Anxo Tarrío Varela, "Casal e Lorca: macabra coincidencia", *El Correo Gallego*, 18 novembro 1995, p. 3.

Co gallo da homenaxe realizada na Galería Sargadelos de Santiago de Compostela, o 16 de decembro do ano 1995 (ó cumprirse o centenario do seu nacemento) ó editor Ánxel Casal, o autor do artigo reflexiona sobre esta importante figura do galeguismo na preguerra. Lembra o seu importante papel na Editorial Nós, na que saíron publicados os *Seis poemas galegos* de Federico García Lorca con prólogo de Eduardo Blanco Amor. Por unha tráxica coincidencia, Ánxel Casal e Federico García Lorca foron asasinados o mesmo día: o 19 de agosto de 1936.

González-Alegre, Ramón, *Poemas*, ed. de Francisco Bargiela Fernández, Ponferrada: Instituto de Estudios Bercianos, xaneiro 1995, 208 pp. (ISBN: 84 88635-04-4).

Francisco Bargiela preséntanos unha antoloxía da producción poética de González-Alegre, na que se recollen as obras *Clamor de Tierra*, *Raíz de las Horas*, *Romería*, *Los Manantiales*, *Os Namoros*, *Los Poemas del Pavor y la Piedad* e *El ágape de Dios*. Tras un pequeno prólogo de Alberto González-Alegre (Vilafranca, 1929-Vigo, 1968), Bargiela introduce ó lector na vida e obra do escritor berciano. Este destaca a relación da producción de Ramón González-Alegre (principalmente no ámbito da poesía, pero tamén da narrativa e do teatro) coa dos escritores das xeracións castelás do noventa e oito e do vintesete: busca de calidade formal, expresión do humano, revalorización do sentimento, redescubrimento do relixioso (Unamuno), vitalismo, intimidade e actitude existencialista ("poesía desarraigada"). González-Alegre é o "poeta do interno, que emprega o mundo exterior como apoio para a súa obra". A Natureza penetra no poeta. Esta é a razón pola que, segundo Bargiela, estamos ante un dos poetas galaico-bercianos "máis universais", pois tomou "a esencia do galaico (lirismo, nostalxia, tenrura, saudade) para explica-lo seu Eu".

Graña, Bernardino, *Ardentía*. *Obra Poética Completa*, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, abril 1995, 211 pp. (ISBN: 84-88137-56-7).

É este o título nunha edición da obra completa, ata hoxe, de Bernardino Graña (Cangas, 1932), editada coincidindo coa homenaxe que recibiu o 21 de maio de 1995 da Asociación Cultural Monte-Branco do Couto, en Ponteceso. O volume leva un prólogo de Xosé María Álvarez Cáccamo, que salienta o labor poético continuado do autor, en quen predomina o apaixonamento e a inocencia do seu carácter, o seu vencello forte coa natureza, que identifica coa pureza á que debe volve-lo home. A continuación, recóllese unha selección de poemas de toda a producción do poeta de Cangas: *Poema do home que quixo vivir* (1958), prologado por Méndez Ferrín, *Profecía do mar* (1966), *Non vexo Vigo nin Cangas* (1975), *Se o noso mar e os peixes* (1980), con limiar de Xabier Carro, *Sima-Cima do voar do tolo* (1984), con prólogo de Méndez Ferrín e *Himno verde* (1992).

Recensións:

-Manuel Rodríguez, “Bernardino Graña non ve Vigo nin Cangas”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, ano I, nº 15, 8 xuño 1995, p. 6. Anuncia a aparición de *Ardentía*, recoñecemento ó labor poético de Bernardino Graña, ó recolle-la súa obra completa en poesía. Recolle as palabras de Xosé María Álvarez Cáccamo, do limiar do volume, nas

que dun xeito emotivo percorre as etapas da súa vida e obra, dende os seus comezos en 1958, en Brais Pinto, ata a actualidade, referíndose a cada unha das súas obras.

Vicente Araguas, “Bernardino Graña”, *O Correo Galego*,“*Revista das Letras*”, nº 69, 17 agosto 1995,

6. Sinala o crítico o pracer de percorre-la obra poética completa. Distingue na súa producción tres etapas: “a da angustia existencial, *Poema do home que quixo vivir*, a do compromiso socio-político, *Profecía do mar*, e *Non vexo Vigo nin Cangas*, a do radicalismo erótico-ecoloxista (é dicir, vivencial), que abrangue *Se o noso amor e os peixes*, *Sima-cima do voar do tolo* e *Himno verde*”. Como libro menor do autor, nomea *Non vexo Vigo nin Cangas*, onde, na súa opinión, a influencia de Celso Emilio e a caducidade da poesía belixerante “pesan negativamente”. Pensa que o poeta evolucionou coa democracia e retomou a loita con temas que concernen á sociedade actual: a ecoloxía, o consumismo, etc., e así resulta ser “un dos nosos poetas máis evolucionados (e intelixentes)”.

Referencias varias:

-Xosé Lois García, “Bernardísimo Graña”, *O Correo Galego*, “Lecer”, “Poetas da nosa terra”, 4 xuño 1995, p. XXII. Pequeno artigo no que se saúda a publicación de *Profecía do Mar*, na colección Biblioteca das Letras Galegas, da editorial Xerais, e a edición da Obra Completa. Destaca do conxunto da súa poética “o equilibrio das cousas”, no que se mantén e que transmite ó lector dende palabras sinxelas e precisas que “inspiran sosego e relaxación”.

-Xan Carballa, “Bernardino Graña: O escritor máis que compromiso debe ter sensibilidade e educación cívica”, *A Nosa Terra*, nº 678, “Guieiro Cultural”, 15 xuño 1995, pp. 26-27. Entrevista con Bernardino Graña. Comenta os seus comezos poéticos, vencellado ó grupo Brais Pinto, xunto a Méndez Ferrín, Ramón Lorenzo, Reimundo Patiño, Alexandre Cribeiro e outros, unidos polo amor a Galicia e o afecto entre eles. Tras dunha pequena etapa de versos en castelán, entrégase ó galego pola súa educación na aldea, perto do mar e da xente galega, á que lle debe o sentimento telúrico. Manifesta a súa preocupación polo ritmo, que considera fundamental na poesía, pola elaboración constante do poema, ó que decote cómpre volver, e pola necesidade de transmiti-los poemas por medio da recitación. Destaca a influencia de Pablo Neruda e da realidade, que está aí para recollela. Reprodúcese o poema “¿Como hei vivir mañán sen a luz túa?”, de *Se o noso amor e os peixes Sar arriba andasen*, musicado por Suso Vaamonde.

-M. V. V., “*Ardentía*, obra completa en galego”, *Atlántico Diario*, 21 xullo 1995, p. 58. Pequena referencia ó libro que nos ocupa, no conxunto dun artigo no que tamén se fala da aparición doutros. Cítanse as obras que recolle, o limiar de Xosé María Álvarez Cáccamo, e as palabras de Xosé Luís Méndez Ferrín e Xavier Carro. Sinala como motivos clave da poesía de Graña “o expresionismo vital, esa moción (sic) habitada de palabras coas que o poeta evoca as paisaxes máis interiores, o mar e as verdes fragas da memoria”.

Graña, Bernardino, *Profecía do mar*, ed. Xosé M. Millán Otero, Vigo: Xerais, col. Biblioteca das Letras Galegas, nº 37, 1995, 138 pp. (ISBN: 84-7507-871-0).

Nova reedición deste poemario de Bernardino Graña, que saíu á luz por vez primeira en 1966 e foi logo novamente publicado en 1984. Nesta ocasión, inclúense os dous prólogos, da man do poeta, das edicións anteriores, un comentario, tamén do autor, do poema "Febre no mar", publicado en *El Correo Gallego* en maio de 1993, e un novo glosario de termos ó final do volume. Xosé M. Millán Otero analiza no estudio introductorio o contexto literario no que se desenvolveu a obra de Bernardino Graña e achega unhas notas bio-bibliográficas do autor. Ademais estudia a obra poética do autor, ofrecendo unhas notas xerais de cada un dos títulos, e detense na análise de *Profecía do mar*, sobre todo nos aspectos estilístico-formais. Propón unha nova denominación da xeración de Bernardino Graña, á que chama "Xeración de 1957", para os poetas nacidos entre 1930 e 1940, por ser esta a data máis significativa para a consolidación do grupo, xa que marca unha serie de fitos importantes: creación da colección Illa Nova, ruptura entre o galeguismo exterior e interior e formación do grupo Brais Pinto. O responsable da edición sinala ademais as comúns orientacións poéticas destes homes e as fases creativas polas que foron pasando ó longo da súa actividade creadora.

Recensións:

-Román Raña, “Unha edición de *Profecía do mar*”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº XCV, 1 xullo 1995, p. 1. Sinala a calidade do estudio introductorio, completo, malia o desacordo de criterios do recensionista na denominación “Xeración do 57” ou “Xeración das Festas Minervais”. Comenta tamén o acerto na reedición deste poemario, saído por vez primeira en 1966 e que conserva a súa beleza e intemporalidade primitivas. Lembra o contexto poético no que xurdiu a obra. Fronte á poesía social-realista, Bernardino Graña falou “do mar, da luz quebrándose nas ondas, da emotiva cotidianeidade dos mariñeiros, dos pés sepultándose nas augas movedizas do areal, en fin, dunha dimensión solar, pletórica, inédita até entón nas nosas letras”.

-Xavier Castro R., “Mar onde o mar se atopa”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 2 xullo 1995, p. 7. Breve recensión que fai referencia ás anteriores edicións de *Profecía do mar*: a primeira de 1966, na colección de poesía “Salnés”, a segunda na colección “Ardentía” da editorial Algalia, en 1984, e por último a que comentamos. Sinala o cambio que produciu este poemario, onde o mar é a esencia poética, na traxectoria poética do autor, que deixou o “tenebrismo”, para achegarse a unha escrita de máis recursos expresivos e temáticos.

-Vicente Araguas, “Colleita do 66”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 71, 31 agosto 1995, p. 6. Recensión que saúda a aparición do título que comentamos e cualifica de “rigoroso” e “intelixente” o estudio introductorio, a pesar de propoñe-lo seu propio criterio cronolóxico para a xeración do poeta cangués. Salienta a importancia do mar como elemento unificador do poemario, “forza cósmica e atlantista”, totalidade da forza expresiva do poeta, “o mar visto dende a beira”. Sinala tamén a presencia dos poemas “pictóricos”, nos que pode observarse quizais o trasvase artístico de Patiño a Graña, polas canles da amizade, e a calidade de poemas como “Para a morte de Mark Tobey namentres baño os pés no mar” e “O gato da tasca mariñeira”.

Labarta Pose, Henrique, *Obra completa*, 3 vols., ed. Xosé Manuel Varela Varela, A Coruña: Edinosa, Biblioteca de Autores Gallegos, 1995, t. I: 582 pp., t. II: 500 pp., t. III: 468 pp. (ISBN da obra completa: 84-88082-30-4; ISBN dos volumes: 84-88082-31-2, 84-88082-32-0, 84-88082-33-9).

Edición e recompilación en tres volumes da obra poética completa de Enrique Labarta Pose, que supón a publicación da tese de licenciatura de Xosé Manuel Varela Varela, lida o 31 de xaneiro de 1994 na Universidade da Coruña. O primeiro volume, *A poesía galega completa (Estudio*, *cronoloxía e bibliografía)*, preséntase dividido en tres bloques: unha introducción na que se resumen os acontecementos bio-bibliográficos máis relevantes de Labarta Pose, e a análise lingüística da súa producción poética. Trala exposición das edicións anteriores desta producción e dos criterios de edición, dáse paso ó segundo bloque, que comprende a edición dos poemas: en primeiro lugar, os publicados en libro en vida do autor extraídos dos poemarios bilingües -*Bálsamo de* Fierabrás (1889) e *Millo miúdo* (1896)- e despois, todos aqueles que estaban espallados por revistas e xornais -*Galicia Humorística*, *la Pequeña Patria*, *Extracto de Literatura*, *Galicia Moderna*, *Pasatiempos*, *Vida gallega*, *El Eco de Galicia*, etc. O terceiro bloque, "Apéndices", recolle as reproduccións dos documentos empregados na elaboración do relato biográfico. Os tomos segundo e terceiro inclúen a *Poesía castelá completa*. No segundo edítanse os poemas en castelán recollidos en libro, pertencentes a *Última novedad* (1884), *Bálsamo de Fierabrás* (1889)

e *Adormideras* (1902), mentres que no terceiro volume inclúense poemas soltos atopados en publicacións periódicas. En ambos casos o criterio escollido, á hora de ordena-lo material, foi a data de publicación dos libros e poemas.

Méndez Ferrín, X. L., *O fin dun canto*, ed. de Vicente Araguas, Vigo: Xerais, col. Biblioteca das Letras Galegas, nº 40, 1995, 104 pp. (ISBN: 84-7507-913-X).

É a segunda edición deste libro publicado en 1982 en Ediciones Nós da Coruña. No que respecta ós textos, con excepción dunhas poucas modificacións gráficas, non supón ningunha novidade con respecto á primeira, si en cambio, a introducción feita polo responsable da edición, o poeta e crítico Vicente Araguas. Este realiza nela unha bio-bibliografía do autor, un repaso pola súa obra e constantes poéticas, para, por último, se centrar na análise do libro. Segundo os diversos apartados do mesmo -"Salutación ás Aigues", "Sombra de marbre e viño" e "As escuras estancias"- os poemas analízanse un a un e dentro do conxunto, definido xa no inicio polos versos de David Mourâo-Ferreira, que engloban o todo na expresión do canto. E da totalidade xorde o artefacto que supón a obra de Ferrín (Ourense, 1938), máis aló das distintas partes e xéneros que a configuran. Poesía chea de invocacións, citas, alusións e referencias, mestura de tons e motivos, dunha escrita que funde tempos históricos e literarios e ten a espiral como un dos seus símbolos básicos.

Recensións:

-Xavier Castro R., "As voces de Ferrín", *El Correo Gallego*,"*Edición 7*", 1 outubro 1995, p. 7.

Combinación e mestura de intimismo, homenaxe, fondura existencial e procura de si mesmo, nun dos textos máis significativos da traxectoria lírica do autor, que contén a auto-revisión do poeta e do poema e unha evolución do mundo poético dende puntos de arrinque sempre novidosos.

-F. Martínez Bouzas, “De mel e ferro ruibo”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 85, 1995, p. 6. Indícase que este poemario pasou case desapercibido no 1982 e o silenciamento á que se somete ó autor, que contrasta co seu alto nivel, que non desbota o ecoar socio-político e revolucionario. O pensamento e a vida metaforizados dialecticamente na espiral que une nun todo principio e fin, cun estilo excepcional e vigoroso, constitúen as claves de interpretación de *O fin dun canto*.

Pondal, Eduardo, *Poesía Galega Completa I*. *Queixumes dos pinos*, ed. Manuel Ferreiro, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Clásicos Galegos, 1995, 326 pp. (ISBN: 84-7824-144-2).

Edición crítica do poemario *Queixumes dos pinos*, de Eduardo Pondal (Ponteceso, 1835-A Coruña, 1917), na que o filólogo Manuel Ferreiro reconstrúe o texto completo escrito por Pondal, incluíndo, ademais, un elevado número de comentarios e anotacións nos que se fai referencia ás diversas edicións que tivo o libro ó longo da historia. Acompáñase tamén unha extensa bibliografía, tanto activa coma pasiva, sobre a obra do poeta de Ponteceso.

Prado "**Lameiro**", Xabier, *A carón do lume*, *Cóxegas e moxetes*, *Monifates e Farsadas*, *(Obra Completa)*, ed. Marcos Valcárcel, 4 vols., Concello de Ourense, 1995, 192 pp., 172 pp., 214 pp. e 181 pp. respectivamente. (ISBN dos volumes: 84-87623-25-5, 84-87623-26-3, 84-87623-27-1, 84-87623-28-X).

En catro volumes, Marcos Varcárcel edita a obra completa de Xabier Prado "Lameiro" (Ourense, 1874-Santiago de Compostela, 1942). Nos dous primeiros, *A carón do lume* e *Cóxegas e moxetes*, Varcárcel dedica o estudio introductorio á localización do autor ourensán no seu tempo e á análise da súa poesía, respectivamente. O derradeiro estudio introductorio sobre o teatro de "Lameiro" aparece no terceiro volume, a cargo de Begoña Muñoz Saa. En *A carón do lume* (Tomo I) inclúese unha selección de "versos gallegos" e reprodúcense algúns textos xornalísticos publicados en *O Tío Marcos da Portela*; en *Cóxegas e moxetes* (Tomo II) atopamos outro conxunto de versos; *Monifates* (Tomo III) dedica as súas páxinas á reproducción de tres sainetes, un monólogo e tres pezas de carácter cómico; por último, *Farsadas* (Tomo IV) recolle sainetes, un diálogo e unha zarzuela galega. A nivel lingüístico, o editor optou por realizar correccións ortográficas mínimas para facilitar así a lectura do texto na actualidade. Tamén conserva as formas dialectais, os vulgarismos e os castelanismos.

Referencias varias:

-Ana María Fernández, “Recuperar a memoria esgotada no tempo”, *La Región*, 18 maio 1995, p. 11. Con breves pinceladas de carácter biográfico, Ana Mª Fernández salienta a importancia da recente publicación da *Obra completa* do autor. Ofrécenos tamén unhas notas que reflicten o contido dos catro volumes que compoñen dita obra.

-E. C., “A Deputación de Ourense recupera a obra de Xavier Prado “Lameiro”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 28 agosto 1995, p. 53/p. 12. Comentario sobre a aparición do libro. No artigo ofrécese tamén un perfil biográfico do autor ourensán, con ocasionais referencias á súa obra.

Pérez Parallé, Xosemaría, *Poemas*. *Cantigas*, prólogo Xosé Luís Méndez Ferrín, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, col. Poesía, 1995, 140 pp. (ISBN: 84-7492 724-2).

Este cancioneiro, como o denomina Xosé Luís Méndez Ferrín no prólogo, é unha refundición de varias obras do segrel ferrolán Xosemaría Pérez Parallé, entre elas: *Mariñanas*, *Non falarei*, *non*, *Cartafol de saudade* e *Dorna Romeira*, escritas todas entre 1960 e 1975. Nalgúns casos, reprodúcense con caracteres tipográficos iguais ós orixinais. Ademais dunha breve biografía inicial, na que se destaca o seu carácter emprendedor en defensa do galego, esta obra inclúe unha serie de lembranzas coas que amigos e coñecidos homenaxean a Pérez Parallé no seu pasamento. Avelino Abuín de Tembra, Siro e Xaquín Marín, entre outros, gaban a figura do segrel polas súas cualidades artísticas e humanas.

Sarmiento, Fr. Martín, *Coloquio de vintecatro rústicos*, ed. crítica e estudio introductorio Ramón Mariño Paz, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 1995, 354 pp. (ISBN: 84-87172-95-4).

Preséntase a edición desta obra cun estudio introductorio no que se contemplan os seguintes aspectos: a situación do *Coloquio* no conxunto da obra do P. Sarmiento (Vilafranca do Bierzo, 1695-Madrid, 1772), as características codicolóxicas desta edición -baseada no manuscrito 20378 da Biblioteca Nacional e ó que se engaden 107 coplas máis de autoría dubidosa testemuñadas nun manuscrito do Museo de Pontevedra- fronte a outras así como un amplo estudio lingüístico. En tanto que edición crítica, ofrece un aparato crítico que manifesta as diferencias de lectura entre os diferentes manuscritos. Conta ademais cun elevadísimo número de notas a pé de páxina de carácter explicativo, xa sobre o léxico empregado xa sobre referencias históricas ou sociocultarais que reflicte a obra. O léxico que se explica nas notas aparece recollido nun índice final. O argumento da obra aséntase sobre as conversas que no Chan de Parafita mantiveron uns galegos e galegas -algúns recén chegados de traballar en Castela e outros do mercado de Pontevedra- sobre a morte e funerais de Felipe V e a posterior entronización de Fernando VI. Marcos da Portela sería o encargado de poñe-lo que alí se dixo en coplas. A obra, no seu conxunto, supón a plasmación dun grande traballo de campo na lingua galega e, en concreto, no terreo do léxico.

II. Poesía

II. 3. Poetas traducidos ou versionados

Dachs, Ramón, *Cima branca*, A Coruña: Espiral Maior, col. A Illa Verde, nº 13, 1995, 53 pp. (ISBN: 84-88137-51-6).

Brevísimo poemario de R. Dachs (Barcelona, 1959) de achegamento á beleza natural. Entre tres e seis versos son agrupados en cada páxina e a obra confórmase de tal xeito que tanto podería ser unha colección de poemas coma un só poema distribuído de xeito un tanto irregular.

Rilke, Rainer María, *Elexías de Duino*, (*Duineser Elegien*, 1922), ed. bilingüe, trad. Jaime Santoro, A Coruña: Espiral Maior, col. A Illa Verde, nº 14, 1995, 53 pp. (ISBN: 84-88137-52-4).

Ábrese o libro cunha “Nota do traductor” na que se dá conta do significado da obra de Rilke (Praga, 1875-Zurich, 1926), da que este libro supón a súa culminación, contemporánea doutros textos fundamentais na historia literaria do século XX. Tamén se comenta a sorte que acadou a recepción da obra poética de Rilke na literatura galega. Cada unha das dez elexías que o libro supoñen un se adentrar no sentido da existencia pola vía da introspección poética e unha confrontación permanente entre experiencia e reflexión, o terreo e o sobrenatural, como eixe da figuración poética.

Recensións:

-X. G. G., “O absurdo da guerra”, *Galicia Internacional*, nº 5, agosto 1995, p. 76. Traducción das dez elexías, de difícil elaboración, escritas entre 1912 e 1922. O autor nunca se sentiu dono delas, tal vez porque aí se escoita a voz da morte, o desexo de contactar coa orixe; ó tempo son un enfrontamento coa vida a través da morte.

Referencias varias:

M. V. V., “Espiral Maior: Rilke en galego”, *Atlántico Diario*, 12 maio 1995, p. 58. Dáse conta de tres novos volumes da colección A Illa Verde, de Espiral Maior, entre eles *As elexías de Duino*, traducidas por primeira vez ó galego.

M. R., “Saldada unha vella débeda con Rilke”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, ano I, nº 12, 18 maio 1995, p. 6. Primeira traducción ó galego da obra lírica que tal vez teña xerado no século XX máis literatura secundaria en Alemaña. Con esta traducción ó galego sáldase unha vella débeda cun dos cualificados como poetas puros por excelencia.

VV. **AA**., *Sandor Petöfi*. *Homenaxe dende Galicia (España)*, s. l. de edición: ed. Luciano Rodríguez, 1995, sen pp. (ISBN: 84-88301-05-7).

Como homenaxe ó poeta húngaro Petöfi Sándor, saía á luz neste ano 1995 unha versión plurilingüe do poema que Aquilino Iglesia Alvariño lle dedicou en 1940. Trátase dunha edición do profesor Luciano Rodríguez. Ademais de incluír unha pequena biografía do homenaxeado, o editor fai unha introducción na que lembra a data de composición deste poema do escritor lugués, así como a súa aparición primeiro en revistas e máis tarde nos seus libros *Cómaros verdes* e *Nenias*. Despois recolle o poema en galego e as oito versións a outras tantas linguas (húngaro, castelán, catalán, francés, italiano, alemán, checo e inglés), dando os nomes dos responsables de cada unha das traduccións.

Recensións:

Xavier Castro R., “Petöfi de Aquilino I. Alvariño”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 19 novembro 1995, 7. Precedida dunha breve biografía de Iglesia Alvariño, o articulista dá conta da aparición do libro.

II. Poesía

II. 4. Antoloxías

Álvarez Martínez, Laureano, Fernando Alberto **Díez Martín**, Obdulia **Dopico Cachán**, Charo **Suárez Díaz**, Lois D. **Xeada**, *Poemas do Arco da Vella*, prólogo Manuel López Foxo, Lugo: Edicións O Paporroibo/Deputación da Coruña, nº 6, nadal 1995, 103 pp. (ISBN: 84-88850-53-0).

Volume poético con composicións en galego e castelán que contén a terceira das entregas da serie *Arco da Vella* -as dúas anteriores publicáronse en 1990 e 1991. Compila as creacións de nove poetas pertencentes ó colectivo "Arco da Vella", radicado en Ortigueira. Os poemas van precedidos dun prólogo de Manuel López Foxo, no que se fai un pequeno comentario sobre as claves temáticas dos autores antologados, e acompañados das fotografías de Álvaro F. Polo. Os autores con composicións en galego nesta antoloxía son:

-Laureano Álvarez Martínez, pp. 17-26. Inclúense sete poemas do autor, deles tres en galego, os titulados "As mans", "Pomba" e "Noiva".

-Fernando Alberto Díez Martín, pp. 31-34. O poeta inclúe unha única composición longa en galego baixo o título de "Tempos".

-Obdulia Dopico Cachán, pp. 39-46.

A autora da ó prelo catro poemas, tres deles en galego: “Cabalos en Nova York”, “Declaración de río” e “Oleoducto”.

-Charo Suárez Díaz, pp. 85-91. Aparecen catro poemas da autora. Os galegos titúlanse “Fuxindo”, “Demasiada soidá” e “Máis aló do solpor”.

-Lois D. Xeada, pp. 95-103. Recolle os poemas “Cae a noite cortina negra” , “O mar”, “A Txetxu”, “O vento” e “O outono ten os astros do seu lado”.

Llagostera Cuenca, Esteban, *La poesía erótico-amorosa en el Egipto faraónico*, ed., selección, introd., trad. e notas ____, versión ó galego e nota introductoria Xesús Rábade Paredes, Ferrol: Sociedad de Cultura Valle-Inclán/Dirección Xeral de Política Lingüística, col. Esquío, nº 60, abril 1995, 151 pp. (ISBN: 84-86046 72-6).

O exiptólogo Esteban Llagostera Cuenca recupera, para a presente edición, a maioría dos poemas de amor escritos hai máis de tres mil anos no antigo Exipto. Como indica o título do volume, os poemas son de carácter erótico e romántico, características ás que podemos engadila sátira e a ironía que se adiviña nos versos. Cómpre salienta-la riqueza e a variedade da linguaxe exipcia, que se combinan, case sempre, coa elegancia no estilo. Na mesma edición, contamos tamén coa versión galega dos trinta e nove poemas escolmados e cunha introducción, de carácter descritivo de Xesús Rábade Paredes.

Referencias varias:

-F. V., “Cantigas do amor no Exipto dos faraóns”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, ano I, nº 29, 14 setembro 1995, p. 6.

Breve artigo no que se aborda a cuestión do contido desta obra de Esteban Llagostera Cuenca, un conxunto de versos que forman “(...) unha poesía erótica, idílica, satírica e, case sempre, graciosa e elegante”.

Xavier Costa Clavell, “O amor na poesía faraónica”, *O Correo Galego*, “No Faiado”, 26 setembro 1995,

4. Breve resumo do contido, centrándose na versión galega das composicións levada a cabo polo profesor Xesús Rábade Paredes, a partir da traducción do xaponés realizada por Esteban Llagostera Cuenca, editor da obra.

López Abente, Gonzalo, *Antoloxía poética*, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, nº 35, 1995, 148 pp. (ISBN: 84-88137-57-5).

Escolma da obra poética do escritor de Muxía, con limiar a cargo de Miro Villar no que se fai un repaso pola vida e obra de López Abente (Muxía, 1878-1963). Inclúe unha pequena análise de cada unha das obras recollidas na antoloxía e comenta a recepción de que foron obxecto no tempo da súa primeira publicación, así como os criterios de edición. Reúnense poemas de: *Escumas da Ribeira*, *Alento da raza*, *Do outono*, *Nemancos*, *Centileos nas ondas*, *Decrúa*, *Monza de frores bravas para nosa Señora da Barca* e poemas dispersos e inéditos.

Recensións:

X. C., "Recuperan a poesía de López Abente", *A Nosa Terra*, nº 675, "Guieiro Cultural", 25 maio 1995,

23. Comenta amplamente a biografía do autor, citando as obras publicadas. Dedícalle ademais un pequeno espacio ó labor do prologuista e compilador do volume, Miro Villar.

-Teresa Seara, "Palabras contra o tempo", *A Nosa Terra*, nº 682, "Guieiro Cultural", 13 xullo 1995, p. 25. Breves recensións sobre tres antoloxías de recente publicación, con pequenos comentarios sobre os escolmados: Xulio Valcárcel, *En voz baixa*, Gonzalo López Abente, *Antoloxía poética* e Asunción Antelo

Suárez, *Paxinas da rexubeira do Bergantiños*. En relación coa antoloxía poética, tras un breve achegamento biográfico, salienta a boa edición de Miro Villar e fai unha breve descrición da mesma.

-Vicente Araguas, “Volve un poeta de entreguerras”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 77, 12 outubro 1995, p. 6. Contén un comentario positivo que comeza centrándose no labor de Miro Villar como prologuista, seleccionador e anotador dos poemas, para dar, de seguido, unha breve visión da obra de López Abente e das razóns do seu esquecemento. Remata agradecendo o relanzamento que a publicación desta escolma supón para a obra poética de Abente.

Referencias varias:

-Xosé Mª Lema Suárez, “A *Antoloxía poética* de López Abente, de Miro Villar”, *O Correo Galego*, “No Faiado”, 16 xuño 1995, p. 4. Contén unha nota sobre a publicación da antoloxía, seguida dun amplo resumo da vida de López Abente.

-M. V. V., “Gonzalo López Abente, Francisco Souto e Manuel Facal, outras novidades en Espiral Maior”, *Atlántico Diario*, 21 xullo 1995, p. 58. Preséntanse dous novos títulos da colección de poesía de Espiral Maior, *Antoloxía poética*, de López Abente, e *As árvores do incesto*, de Francisco Souto. O articulista ofrece uns breves datos biográficos de López Abente.

López Valcárcel, Xulio L., *En voz baixa*. *Quince anos de poesía (1979-1994)*, ed., selección e introd. Luciano Rodríguez, Ferrol: Sociedade de Cultura Valle-Inclán, col. Esquío de poesía, nº LVII, xaneiro 1995, 143 pp. (ISBN: 84-86046-67-X).

Luciano Rodríguez selecciona nesta antoloxía corenta e dous poemas pertencentes a cinco obras de Xulio L. Valcárcel (Lugo, 1953): *Véspera do día* (1979), *Alba de Auga Sonámbula* (1983), *Solaina da ausencia* (1987), *O sol entre os dedos* (1993), *Memoria de agosto* (1993). Na introducción, feita tamén polo editor, saliéntase a influencia do grupo poético "Cravo fondo" na obra inicial do autor lugués. Ó mesmo tempo, analízanse, en rigorosa orde cronolóxica, as liñas temáticas dos poemarios antes mencionados e apórtase un bo número de citas de estudiosos, prologuistas e do propio Varcárcel.

Recensións:

-Vicente Araguas, "A peneira dos anos", *O Correo Galego*,"*Revista das Letras*", nº 64, 13 xullo 1995, p. 4. Á presentación de *En voz baixa* como a escolma do mellor da poesía de Xulio L. Valcárcel séguelle un comentario do proceso de maduración deste autor, tanto na súa faceta poética coma na narrativa, que o converte, segundo Vicente Araguas, nun dos mellores literatos do noso país.

-Teresa Seara, “Palabras contra o tempo”, *A Nosa Terra*, nº 682, “Guieiro Cultural”, 13 xullo 1995, p. 25. Breves recensións sobre tres antoloxías de recente publicación, con pequenos comentarios sobre os escolmados: Xulio Valcárcel, *En voz baixa*, Gonzalo López Abente, *Antoloxía poética* e Asunción Antelo Suárez, *Paxinas da rexubeira do Bergantiños*. En relación a *En voz baixa*, di que contén poemas de libros de díficil acceso e outros moi coñecidos dos que se destaca a recreación de vivencias humanas.

-Helena González Fernández, “Xulio Valcárcel: quince anos de oficio poético”, *Grial*, nº 126, Tomo XXXIII, abril-maio-xuño 1995, pp. 292-294. A autora do comentario indica que Xulio L. Valcárcel lle devolve á poesía, ademais da capacidade de emocionar inherente ó xénero, a funcionalidade comunicativa e o transcendentalismo, nunha aposta polo reencontro coa linguaxe e o esteticismo. Poeta pertencente ó colectivo Cravo Fondo, un dos grupos poéticos que protagonizaron a renovación poética alá pola metade da década dos setenta, na súa antoloxía *En voz baixa* resúmese unha traxectoria poética que comeza en 1979 con *Víspera do día* e chega a *Memoria de agosto* en 1993. Trátase da poesía dun nadador a contracorrente, nunha aposta pola introspección e o intimismo.

-Carlos L. Bernárdez, “En voz baixa”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº CIX, 23 decembro 1995, p. 3. A presentación da obra sérvelle ó autor do artigo para facer un percorrido polos poemarios incluídos na mesma. Comenta o proceso de evolución e maduración poética do autor lugués, ó mesmo tempo que valora positivamente o estudio introductorio de Luciano Rodríguez.

-Isolino Nieto Caamaño, “Julio L. Valcárcel no Parnaso”, *Lúa Nova* (Revista da A. C. G. Rosalía de Castro de Cornellá), 1º trimestre 1995, p. 22. Comentario temático que xira ó redor do significado que teñen as expresións: “voz baixa” e “mundo de sombras” para Xulio L. Valcárcel.

Rodríguez, Luciano, *Los caminos de la voz*. *Seis poetas gallegos de hoy*, Granada: Diputación Provincial de Granada, col. Maillot Amarillo, nº 23, 1995, 189 pp. (ISBN: 84-7807-141-5).

Esta antoloxía publicada pola Deputación Provincial de Granada, recolle unha selección de poemas de Xavier Rodríguez Baixeras, Xosé María Álvarez Cáccamo, Xulio L. Valcárcel, Pilar Pallarés, Ramiro Fonte e Miguel Anxo Fernán-Vello. Trátase dun libro dirixido principalmente ós lectores casteláns e inclúe seis nomes que o editor considera representativos da poesía galega actual, seleccionando unha serie de poemas de cada un e presentándoos en edición bilingüe (galego e castelán). Na introducción, Luciano Rodríguez (Viana do Bolo, 1951) fai unha análise da poética galega dos oitenta. Comeza ofrecendo unha panorámica da poesía anterior que influíu nestes poetas e contextualiza a atmosfera poética a partir de finais dos setenta, coa aparición de grupos como *Rompente* ou *Cravo Fondo*. Fai unha valoración da importancia que tivo a creación dun ambiente de publicacións en revistas e de participación en certames literarios. Ofrece finalmente un estudio dos trazos comúns ós poetas galegos novos e dos elementos temáticos e de estilo que se poden atopar na súa poesía.

Recensións:

Teresa Seara, “Retorno ás rutas do verso”, *A Nosa Terra*, nº 690, “Guieiro Cultural”, 7 setembro 1995,

24. Saliéntase a influencia que tivo a obra de Méndez Ferrín sobre os seus continuadores, propóñense varias claves temáticas -culturalismo, intertextualidade- e acométese unha antoloxía de poemas, entre os que mesmo se poden atopar algúns inéditos.

-X. G. G., “O absurdo da guerra”, *Galicia Internacional*, nº 5, agosto 1995, p. 76. Trátase dunha crítica na que se fai unha descrición do libro, cualificándoo de útil e didáctico, facendo referencia principalmente á introducción do mesmo, na que Luciano Rodríguez reivindica a figura de Aquilino Iglesia Alvariño.

-Miro Villar, “A última antoloxía da poesía galega dos oitenta”, *Grial*, nº 127, Tomo XXXIII, xullo-agosto-setembro 1995, pp. 454-458. Indícanse as escasas diferencias entre este estudio introductorio e o feito polo mesmo crítico noutra antoloxía, en 1986. Critica a continuidade con tópicos como o da influencia de Ferrín e López Casanova nos poetas novos a partir de 1976 ou ó manifesto protagonismo de grupos como Rompente, Cravo Fondo e Alén na poesía nova. Acerto, en cambio, na indicación dalgúns trazos característicos do grupo antologado. Os poetas que se seleccionan son tan só seis e aínda que polo xeral os atrancos de traducción quedan salvados, hai versos con claras deficiencias. O resultado global resulta positivo e contribuirá a un mellor coñecemento e clarificación da poesía que se fai en Galicia, axudado polo aparello crítico que se emprega.

Referencias varias:

-M. R., “As voces bilingües dos poetas”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, ano I, nº 39, 23 novembro 1995, p. 6. Recolle unha cita de Octavio Paz, aparecida no libro comentado, na que se fai referencia á importancia da poesía na sociedade. Dá os nomes dos poetas que teñen representación nesta antoloxía, indicando a qué público está dirixida a selección.

Rodríguez Baixeras, Xavier, (edición bilingüe), *Trece poetas cataláns*, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, nº 41, novembro 1995, 255 pp. (ISBN: 84-88137-71-0).

Escolma bilingüe da poesía catalana dos anos 70 e tamén dunha parte dos 80. No limiar introductorio X. Rodríguez Baixeras (Tarragona, 1945) indícanse, a teor dos estudios sobre esa que foi chamada "nova poesía", as motivacións de tal mostra antolóxica, conectada parcialmente coa que se chamou "poesía da experiencia", e as claves poéticas xerais, nunha época de grande presencia da vangarda -en especial o surrealismo, a poesía obxectualista e a poesía visual- e doutros tipos de poesía. Os autores antologados son: Joan Margarit, Marta Pessarrodona, Narcís Comadira, Francesc Parcerisas, Antoni Marí, Pere Gimferrer, Josep Piera, Jaume Pont, Pere Rovira, Maria-Mercè Marçal, Miquel de Palol, Marc Granell e Alex Susanna.

Rodríguez Barrio, Xabier e Darío Xohán **Cabana**, (eds.), *O mundo de Fiz*. *Escolma da poesía de Fiz Vergara Vilariño*, Lugo: Citania de Publicacións, 1995, 118 pp. (ISBN: 84-8231-009-7).

Volume acompañado dun vídeo no que participan Xesús Alonso Montero, Darío Xohán Cabana (Roás-Casteiro-Terra Cha, 1952), Eloi Caldeiro, Lois Diéguez, Manuel María, Paco Martín e Xavier Rodríguez Barrio (Lugo, 1854) en homenaxe á producción poética de Fiz Vergara Vilariño. O volume leva un limiar no que os antólogos sinalan a calidade e a grandeza do mundo poético do escritor. Recóllense composicións de *Encontro cos tiburóns* (1973), *Orfo de ti en terra adentro* (1976), *Poeta muiñeiro á deriva* (1982), *Nos eidos da bremanza* (1990) e de *Pastora de sorrisos* (1993).

Varela Varela, Xosé Manuel (comp.), *Páxinas da rexubeira de Bergantiños*, O Couto-Ponteceso: ed. da Asociación Cultural Monte Branco, 1995, 92 pp. (ISBN: 84-920533-1-3).

Escolma realizada por Xosé Manuel Varela entre o corpus manuscrito da poetisa popular de Bergantiños, Asunción Antelo Suárez.

Recensións:

-Teresa Seara, “Palabras contra o tempo”, *A Nosa Terra*, nº 682, “Guieiro Cultural”, 13 xullo 1995, p. 25. Recensión conxunta de tres escolmas poéticas publicadas este ano. *En voz baixa*, de Xulio Valcárcel; *Antoloxía poética*, de Gonzalo López Abente, e *Páxinas da rexubeira de Bergantiños*, de Asunción Antelo. A propósito desta última obra comenta que se trata dunha antoloxía organizada tematicamente que conxuga o desgarro do emigrante que canta, o ton festeiro, e a perda dos ideais nacionalistas.

VV. **AA**., *Versos de terras distantes*, ed., selección e introd. Úrsula Heinze de Lorenzo, Santiago: Ed. Compostela/*O Correo Galego*, col. AFA, nº 1, 1995, 145 pp. (ISBN: 84-8064-047-2).

Esta obra recolle máis de cento vinte poemas de noventa escritores europeos, asiáticos, africanos e americanos. Todos eles seleccionados e traducidos á lingua galega por Úrsula Heinze e publicados dende o outono de 1994 na sección "Poetas", de *O Correo Galego*. O nome de cada autor está acompañado dunha mínima nota biográfica que nos permite observa-la coincidente orixe da maioría dos poetas en zonas marxinais e pouco desenvolvidas. Úrsula Heinze quere aproveita-la voz universal representada na poesía para favorece-la creación de mentes abertas e o fomento da cultura propia enriquecéndoa. *Versos de terras distantes* inicia a colección AFA coa que a Editorial Compostela pretende rompe-las barreiras xenéricas, temporais e espaciais, nun claro afán de interdisciplinariedade.

Referencias varias:

-Miguel Anxo Seixas Seoane, "Versos de terras distantes", *O Correo Galego*, "Casa de citas", 5 xuño 1995, p. 3. Informa da publicación e repasa ademais outras publicacións anteriores do mesmo estilo.

VV. **AA**., *Derradeiras verbas*, *Os vértices do silencio*, *Poemario dun soño aberto*, *Códigos de la autocensura*. *A mis mayores*, Pontevedra: Manuel Lage Touriño (editor), 1995, 61 pp.

É un libro de dúas caras: unha recolle os traballos en galego e a outra os que están en castelán. Son textos escolmados por Manuel Lage Touriño entre os orixinais que lle foron chegando ás mans para editar *A Revista*. Contén os seguintes textos: *Os vértices do silencio*, de Manolo Chazo; *Poemario dun soño aberto*, de Xaquín Chaves; *Códigos de la autocensura*, de Gabriela Raceda; *A mis mayores*, de Victorio Veronese. *Derradeiras verbas* é o texto co que Manuel Lage Touriño abre a publicación.

III. Teatro

III. 1. Dramaturgos galegos

Cadaval, Quico e Cándido **Pazó**, *O rei nu*, A Coruña: Talía Teatro, col. Talía. Textos Teatrais, nº 1, decembro 1995, 71 pp. (ISBN: 95-7368-118-5).

Recreación do conto de Hans Christian Andersen. O espectáculo foi estreado por Ollomoltranvía o 29 de xullo de 1995 en Redondela, baixo a dirección de Cándido Pazó (Vigo, 1960). A peza recrea un país de conto gobernado por un rei, que verá castigada a súa vaidade no vestir, pola burla de dous enxeñosos xastres que confeccionan un traxe que só os intelixentes poden ver.

-V. apartado III. 4. Postas en escena neste *Informe*.

Conde, Alfredo, *A gaiola*, Santiago de Compostela: Ed. Compostela, *O Correo Galego*, 17 decembro 1995, 5 pp.

Peza dramática composta por Alfredo Conde (Allariz, 1945) en cinco páxinas, dun só acto e unha soa escena. As ilustracións son de Xurxo Fernández. Os personaxes que aparecen nela baséanse en intelectuais galegos reais. A acción acontece no taller de Ánxel Casal, editor e alcalde de Santiago, nun tempo indefinido que vai, aproximadamente, de 1934 a 1936. Nun principio están presentes Ramón Otero Pedrayo, Camilo Díaz Baliño e o propio Casal. Asiste á escena María Miramontes, esposa do alcalde e costureira que axudara moito co seu traballo a Ánxel Casal nas súas ruinosas empresas editoras a prol do libro galego. Aparecen máis tarde Alfonso R. Castelao e Isaac Díaz Pardo. A conversa que ten lugar entre todos eles fai referencia ós acontecementos políticos e culturais da época. Ó remate, Camilo Díaz e Ánxel Casal son conducidos fóra por uns encapuchados. Un instante máis tarde, óense disparos.

Dans, Raúl, *Lugar*, Premio Álvaro Cunqueiro de Teatro 1994, Vigo/Santiago de Compostela: Xerais/Xunta de Galicia, col. Os libros do Centro Dramático Galego, nº 20, 1995, 70 pp. (ISBN de Edicións Xerais: 84-7507-956-3; ISBN da Xunta de Galicia: 84-453-1416-3).

Raúl Dans (A Coruña, 1964) presenta dous amigos que se volven reunir tras moitos anos sen se ver. Un deles, David, chega a este encontro coñecendo de antemán o que vai ocorrer no futuro dos dous. Na conversa entre eles xurdirán os sentimentos gardados dende a infancia, os amores e as amarguras do pasado, que inciden no seu presente e no futuro que os espera. Trátase nesta obra, como anota Xosé Fernández Castro (Pepes) no prólogo que precede ó texto, o tema da memoria, do poder das nosas lembranzas para influír en calquera momento das nosas vidas.

Lourenzo, Manuel, *O perfil do crepúsculo*, *Cadernos de teatro*, nº 1, Oleiros: Elsinor Teatro, 1995, 16 pp. (D. L.: C-558-1995).

Baixo este título M. Lourenzo (Ferreira de Valadoiro, 1943) ofrece unha colección de tres monólogos, tres temas metateatrais sobre heroes clásicos: “Liturxia de Tebas”, “Agamenón en Áulide” e “Os persas”. No primeiro, Edipo celebra o seu último banquete para autoinculparse ante Creonte e os convidados do asasinato de seu pai, Laio e así liberar Tebas da peste. En “Agamenón en Áulide” o heroe lamenta ante unha escrava as perdas persoais na guerra de Troia, é dicir, a súa xuventude e Ifixenia, a súa filla. O último texto supón unha revisión das consecuencias das conquistas de Darío e Xerxes.

Murado, Miguel Anxo, *Historias peregrinas*, Lugo: Ed Tris-Tram, nº 1, 1995, 101 pp. (ISBN: 84-89377-00-6).

Comedia galega de M. A. Murado (Lugo, 1965) que escenifica a historia duns actores que van de representación á cidade do Apóstolo. Polo camiño, detéñense coa súa carrilana ás aforas dun Santiago medieval. Ó seu xeito, é unha historia de pícaros en clave galega, fortemente alegórica, enraizada nos tipos do país e chea de intertextualidades.

Recensións:

-L. Yusty, "*Historias peregrinas*: Varias historias", *El Correo Gallego*, 1 marzo 1995, p. 38. Dura crítica que acusa a Murado de plaxia-la obra de J. L. Alonso de Santos, *Viva el duque nuestro dueño* e, na mesma liña crítica, comenta a posta en escena, as solucións dramáticas, os efectos especiais e a interpretación do reparto.

-Manuel F. Vieites, "Tralas pegadas do teatro perdido", *Faro de Vigo*, "*Faro das Letras*", nº XCVIII, 22 setembro 1995, p. 4. Recensión panorámica que, ó fío da publicación da obra, fai un breve percorrido polas pezas dramáticas do xénero (obras sobre o Camiño de Santiago ou que teñen a este como pano de fondo) e inscribe o labor teatral de Miguel Anxo Murado dentro da "xeración dos sesenta" ou "xeración do C. D. G.".

-V. apartado III. 4. Teatro do Noroeste neste *Informe*.

Picouto, Millán, *Prisciliano en Tréveris*. *Dramática-Libro IX*, Ópera Omnia, nº 3, León: Edición de autor, 1995, 147 pp. (ISBN: 84-605-4051-0).

Peza teatral en verso de Millán Picouto (Ourense, 1949), de tema histórico, inspirada no proceso e morte de Prisciliano na cidade de Tréveris, no ano 383. Prisciliano, bispo de Ávila, logo de ser excomungado por predicar certas doutrinas consideradas heréticas, chega a Tréveris acompañado dos seus seguidores, á procura dun xuízo xusto. A acción discorre ó longo de cinco episodios divididos en diferentes escenas, nas que os personaxes falan sempre en hendecasílabos, mentres que o coro (ó final de cada episodio) faino en metros máis breves. Este coro evoca á traxedia grecolatina, aínda que moito máis sofisticado na súa orquestración, formada por instrumentos tradicionais galegos (pandeiros, pandeireta e caixa), xunto con violíns, oboes ou frautas. A inxenuidade de Prisciliano e os seus discípulos, seguros da súa inocencia e firmes no seu credo, enfróntase coas sutís e perversas maquinacións dos bispos rivais, liderados por Itacio de Osonoba, ademais de coa debilidade do emperador Magno Máximo, apremiado por mostrar ó Papa a súa submisión e firme ortodoxia. Deste xeito, tras duros tormentos, Prisciliano recoñece a súa herexía e resulta condenado a morte xunto ós seus seguidores máis cercanos. A acción remata no momento en que é conducido ó patíbulo xunto a Eucrocia, a súa máis leal protectora.

VV. **AA**., *Primeiro concurso de obras teatrais inéditas Camiño de Santiago*. *Obra de Teatro Profesional*: *Finalistas*, Santiago de Compostela: Hércules de Ediciones/Consellería de Cultura, col. Sempre no Camiño, nº 8, 1995, 181 pp. (ISBN: 84-453-1313-4).

O volume recolle as tres obras finalistas de 1993: *A lexión sonámbula*, de Manuel Lourenzo; *La ira de Alá*, de Xino Lloréns Baena, e *Doña Isabel*, de María Castro, estas últimas en castelán. *A lexión sonámbula* remóntase, aproximadamente, ó ano da peste de 1348 e sitúase nos arredores do Monte do Gozo, onde Monseñor, un descendente dos Trastámara, desenvolve as súas intrigas coa axuda do seu criado Mendiño, para conseguir establece-lo papado en Compostela e oporse así á autoridade do Papa de Avignon. *La ira de Alá*, obra en tres actos, recrea a historia da victoria dos composteláns sobre o mouro Almanzor. A peza que pecha o volume, *Doña Isabel*, situada nun tempo moito máis cercano, conta a experiencia dunha familia que decide vir a Compostela no ano santo, e descobre en Galicia a paz espiritual que dende hai tempo buscaba.

Recensións:

-M. Quintáns S., "Teatro profesional: obras do concurso *Camiño de Santiago*", *El Correo Gallego*, "*Edición 7*", 31 decembro 1995, p. 6. Saliéntase a calidade dos textos, o que supón un dato importante para cualifica-lo alto nivel dos participantes. Sobre a obra de Manuel Lourenzo, *A lexión sonámbula*, destaca o dominio do medio teatral do

autor e a construcción dos diálogos. Das outras dúas sinala a ausencia de atrancos do xurado para premiar estas obras en castelán. Sobre *Dona Isabel*, de María Castro, comenta que se trata dunha peza "máis inxenua, forzando, se cadra en exceso, o recurso da peregrinación a Compostela para recrear unha situación humana". Pensa tamén que a publicación das obras finalistas dun certame merece un recoñecemento especial ós autores, por dar a coñecer estas obras, e ó xurado, por asumi-la súa decisión no fallo.

III. Teatro

III. 2. Reedicións comentadas e facsímiles

Cova Gómez, Xan da, *La Galiciana (Zarzuela en gallego y en un acto)*, Cadernos de Teatro, nº 4, 1995, Oleiros: Elsinor Teatro, 24 pp. (D. L.: C-558-1995).

Edición de Anxo Gómez Sánchez e Mercedes Queixas Zas desta peza dramática, escrita por Xan da Cova Gómez (Ourense, 1819-1899) en 1861, na que optan por manter (cunhas mínimas modificacións) a versión paleográfica do manuscrito 14236/13 da B. N. de Madrid. Contén ademais un sucinto estudio sobre a obra en cuestión e sobre o autor. A peza, de escaso valor literario, ten como argumento os requerimentos amorosos e matrimoniais de Xan Velarde e Pepe Mauro a Marica Pacheto e Julita Buli, respectivamente.

Cunqueiro, Álvaro, *Rúa 26*. *Diálogo limiar*, (ed. Teresa López), Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, edición non venal, 1995, 29 pp. (D. L.: C-1995-1995).

Recóllese un brevísimo texto teatral de Álvaro Cunqueiro (Mondoñedo, 1911-Vigo, 1981), publicado por vez primeira no número 6 (1932) da revista lucense *Yunque*. O texto vai precedido dun estudio de Teresa López, que o analiza en relación co resto da obra teatral do seu autor e co mundo literario do momento no que foi escrita. Preténdese, con esta publicación, completa-lo índice de obras teatrais do escritor mindoniense.

Lama, Xavier, *O peregrino errante que cansou o demo*, Primeiro Premio do Primeiro Concurso de Obras Teatrais Inéditas “Camiño de Santiago”, no apartado de Teatro Profesional, Santiago de Compostela: Consellería de Cultura da Xunta de Galicia/Dirección Xeral de Promoción do Camiño de Santiago, col. Lecturas no Camiño, novembro 1995, 80 pp. (ISBN: 84-453-1495-5).

Esta obra de Xavier Lama (Santa Euxea-Lugo, 1962) xa fora publicada no ano 1994 no volume *Primeiro Concurso de Obras teatrais inéditas Camiño de Santiago*. *Apartado A*: *Obra de Teatro Profesional*. A edición que comentamos vai precedida dun estudio crítico a cargo de Manuel Quintáns. Nun espacio indefinido, un home, louco de celos, mata ó propio irmán por cobiza-la que, xa preñada, había de se-la súa muller. O sobriño nace, pero a muller morre de parto e, como consecuencia, o home arrepíntese do seu crime. Despois de repartir entre os pobres toda a súa facenda, decide face-lo Camiño coa esperanza de que o Apóstolo Santiago lle conceda o perdón. Así, a súa existencia convértese nunha continua expiación sen fin, condenado a vagar eternamente por un camiño eterno de ida e de retorno que é sempre igual e distinto. Un día, despois de máis de corenta anos de vagar, atopa nun convento un frade que resulta se-lo sobriño, que o perdoa, apagando así as sombras e anunciando un desenlace feliz.

III. Teatro

III. 3. Traduccións ou versións

Beaumarchais, Caron de, *As vodas de Fígaro*, trad. Eduardo Alonso e Cándido Pazó, Vigo/Santiago de Compostela: Xerais/Xunta de Galicia, col. Os libros do Centro Dramático Galego, nº 18, 1995, 109 pp. (ISBN de Edicións Xerais: 84-7507-957-1; (ISBN da Xunta de Galicia: 84-453-1417-3).

Fígaro, axuda de cámara do Conde Almaviva, vai casar con Susana, a primeira doncela da Condesa. O Conde, mullereiro, pretende exerce-lo dereito de pernada sobre a moza, faltando así á condesa e anoxando ó futuro matrimonio. Unha ama de chaves casadeira, un paxe namoradizo, un doutor, un xuíz e poucos máis, completan esta comedia de enredo composta por Caron de Beaumarchais (París, 1732-1799) desenvolvida en catro actos, que ten o engano, os celos, e finalmente, o amor como eixe.

Cavallé, Joan, *O teléfono*. *Monólogo en doce instancias*, trad. Antonio Molexón, Cadernos de teatro, nº 3, Oleiros: Elsinor Teatro, 1995, 12 pp. (D. L.: C-558-1995).

Trátase dun monólogo, subdividido en doce pequenas secuencias dramáticas, para unha protagonista feminina denominada ELA, a cal ten como compaña un teléfono e unha carta dun home chamado Frank. Con estes elementos, ela vaise autodescubrindo e descubríndono-los seus soños, os seus odios, en fin, o seu carácter.

Goldoni, Carlo, e **Ollomoltranvía**, *Commedia*. *Un xoguete para Goldoni*, arranxo textual Cándido Pazó, Vigo/Santiago de Compostela: Xerais/Xunta de Galicia, col. Os libros do Centro Dramático Galego, nº 19, 1995, 107 pp. (ISBN de Edicións Xerais: 84-7507-955-5; ISBN da Xunta de Galicia: 84-453-1415-7).

Trátase dunha peza teatral creada pola compañía Ollomoltranvía a partir dun “canovacci” ou guión do dramaturgo veneciano Goldoni (Venecia, 1707-1793), “un dos autores máis sobranceiros da *commedia dell’arte*”, segundo os responsables da obra. No libro recóllese, non só a peza “recreada” pola compañía teatral, senón tamén unha traducción de Cándido Pazó do “canovacci” orixinal. O argumento da *commedia* céntrase na historia de Arlecchino, quen, créndose erroneamente enganado pola súa muller, tenta suicidarse, pero detido pola voz do Altísimo, que lle regala un anel máxico e fai que esqueza o seu pasado e con isto a idea da morte. Tras dunha serie de enredos, remata casando de novo coa súa muller. Con respecto ó guión de Goldoni, mantense basicamente o argumento e simplifícanse a estructura e os personaxes. Na nova peza dáse un esforzo de achegamento ó público e á realidade actual.

Halle, Adán de la, *A peza enramada*. *A peza de Berto e María*, trad. Agustín Vilariño García, Santiago de Compostela/Vigo: Xunta de Galicia/Galaxia, Clásicos en Galego, nº 13, febreiro 1995, 213 pp. (ISBN de Galaxia: 84-7154-934-4; (ISBN da Xunta de Galicia: 84-543-1227-8).

Este volume contén dúas pezas teatrais breves do autor medieval francés Adán de la Halle, precedidas dunha ampla introducción. Nela, ofrécese unha panorámica do teatro medieval francés, dende os seus comezos ata finais do século XIII; apórtase tamén unha biografía do autor e un achegamento detallado ás dúas pezas que se reproducen a continuación. Na primeira, *A peza enramada*, Adán, un trobador e autor dramático, debátese entre os amores dunha muller e o seu desexo de se trasladar a París para estudiar e converterse en clérigo. A segunda, que leva por título *A peza de Berto e María*, narra as aventuras de dous pastores namorados que vén ameazado o seu amor pola chegada dun cabaleiro que rapta a María. A historia remata felizmente coa celebración dunha festa entre os amigos da parella. Cómpre engadir que na presente edición se compaxinan as dúas versións, a francesa e a galega, dispostas en páxinas alternativas ó longo de todo o volume.

Recensións:

-Xavier Castro, “Teatro medieval francés”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 23 abril 1995, p. 7. Xavier Castro fai unha descrición do volume e lembra a importancia do labor cultural desta colección de clásicos universais.

Referencias varias:

-Luís Álvarez Pousa, “Clásicos en galego”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, ano I, nº 16, 15 xuño 1995, p. 6. Reflexión sobre a necesidade de facer estas versións ó galego, cun agradecemento a Galaxia pola sensibilidade que amosa actualmente cara á cultura clásica. Celebra que xurdan estas pezas nun momento en que o grego e o latín “sofren un ignominioso exclaustramento”.

Posada Curros, José G. e Luis de **Gálvez**, *Nin me abandonarás nunca*, versión galega de X. L. Méndez Ferrín, Santiago de Compostela: IGAEM, col. Publicacións do IGAEM, nº 8, 1995, 220 pp. (ISBN: 84-453-1283-9).

Nin me abandonarás nunca é a versión galega, levada a cabo por Xosé Luís Méndez Ferrín, da obra *Canción Gallega*, de José G. Posada, que o Centro Dramático Galego presenta como *Nin me abandonarás nunca*, en homenaxe ó poema de Rosalía de Castro "Negra Sombra". Nesta edición, pertencente á colección do IGAEM, que foi quen o representou, o texto vai precedido de varios estudios. Despois das presentacións e de recolle-lo reparto, hai un primeiro estudio sobre a montaxe da obra, a cargo de varios autores, no que se comenta a escenografía e a posta en escena da mesma. Complétase o libro cun segundo traballo a cargo de Manuel Forcadela no que se analiza o texto teatral en si mesmo, atendendo á estructura, ós personaxes e ó significado da obra.

Recensións:

-Manuel F. Vieites, "Much ado about nothing, outra volta", *Faro de Vigo*, "*Faro das Letras*", nº XCIV, 24 de xuño 1995, p. 3.

Comenta a edición da peza *Canción Gallega*, de Posada Curros e Luís Gálvez, como parte integrante dunha colección que pretende presentar tódolos textos que serven de base para representacións do CDG. Cualifícaa de proxecto interesante pero reclama unha maior atención á dramaturxia galega do exilio e á anterior ó 1936.

-V. apartado III. 4. Centro Dramático Galego neste *Informe*.

Shepard, Sam, *Tolos de amor*, trad. Cándido Pazó e Mabel Ribera, Santiago de Compostela: Teatro do Atlántico/IGAEM, 1995, s. pp. (D. L.: C-482-1995).

Obra de Sam Shepard (Fort Sheridan-Illinois, 1943) estreada no Auditorio Gustavo Freire de Lugo o 2 de maio de 1995, baixo a dirección de Xulio Lago. Precede ó texto teatral un estudio de Juan Hernández Les sobre “Sam Shepard e a súa obra”, onde se reflexiona sobre a obra do autor no seu conxunto, as relacións entre teatro e literatura e analízanse as claves do texto, que, en si mesmo, é a traxedia dun home e dunha muller unidos por unha paixón amorosa tan forte coma autodestructiva, por seren medio irmáns, fillos do mesmo pai, que é o terceiro personaxe e serve para facilita-las claves da historia da parella, función que tamén desempeña un cuarto personaxe, Martin, rapaz que se atopa no medio do drama case por casualidade. A adaptación ó galego foi levada á escena pola compañía teatral Teatro do Atlántico.

Terencio, *A sogra*. *Os irmáns*, trad. F. José Ledo Lemos, Vigo: Galaxia, col. Clásicos en Galego, nº 12, 1995, 291 pp. (ISBN de Galaxia: 84-7154-935-2; (ISBN da Xunta de Galicia: 84-453-1226-X).

Edición bilingüe destas dúas obras do comediógrafo latino Terencio (Cartago, 185-Arcadia, 159). *A sogra* trata dos amores entre Pánfilo e Filomena a quen deshonrara antes de casar sen coñecela. Un anel convértese na seña que provoca a anagnórise final e a resolución feliz do conflicto. En *Os irmáns*, Terencio narra a historia de dous irmáns, Esquino e Ctesifón, que educados de dúas formas diferentes, namóranse de dúas mulleres que non cumpren os desexos do pai, Demea, mais ó final este cambia de actitude, descóbrese a verdade, todo remata felizmente e cada un casa coa súa amada.

Recensións:

-M. R., "*A sogra* e *Os irmáns* de Publio Terencio Africano", *La Voz de Galicia*, "*Revista de Cultura*", ano I, nº 13, 25 maio 1995, p. 6. Breve informe descritivo do contido deste volume. Da introducción destaca a análise que o traductor fai da biografía de Terencio, así como o problema da datación das obras e as disputas literarias da época.

-Jaime Varela Sieiro, “Comedia latina en galego”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 9 xullo 1995, p. 7. Recensión de carácter informativo que inclúe unha enumeración dos temas que se abordan na introducción, un breve comentario sobre as anotacións a pé de páxina e un escueto resumo das dúas comedias.

Referencias varias:

-Luís Álvarez Pousa, “Clásicos en galego”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, ano I, nº 16, 15 xuño 1995, p. 6. Felicita a iniciativa de Galaxia de recupera-los textos clásicos nestes tempos delicados para o latín e o grego e anima tamén á súa representación.

Vicente, Gil, *Nau de amores*, dir. e adapt. Cándido Pazó, Santiago de Compostela: IGAEM, col. Centro Dramático Galego, nº 10, 1995, 205 pp. (ISBN: 84-453-1483-1).

Nau de amores é un "mosaico" no que un conxunto de breves farsas, un auto litúrxico e varias cancións líricas do escritor tardomedieval Gil Vicente (Guimarães, 1465-1537), pasan a formar un todo unitario gracias ó traballo de adaptación do dramaturgo Cándido Pazó. Tras dunha aproximación ó texto e dunha sección adicada á escenografía e ós signos icónicos empregados na representación da obra, o volume recolle , como homenaxe a Luís Seoane, unha serie de debuxos do pintor inspirados en diferentes "Autos" do autor portugués. A obra constitúe unha viaxe simbólica que parte do "mundo tardo medieval dos autos litúrxicos cara á expresión humanística das farsas". A peza iníciase cun pequeno prólogo no que "o Ben e o Mal, o Anxo e o Demo, agardan coas súas respectivas barcas ós que han ir ó mundo dos mortos. Estes personaxes abandonan as tebras para se achegar ó mundo vitalista da farsa de Gil Vicente". A súa continua presencia en escena servirá para empatar "argumental e ritmicamente" as diversas historias da obra. *Nau de amores* convértese nunha galería de personaxes-tipo que reflicten o espírito carnavalesco - denuncia das "formas do poder" e dos costumes- propio do teatro bizantino: a inmoral e espelida alcaiota, o vello namorado, o clérigo namoradeiro, a pegureira, o fidalgo esfameado, a moza, a nai, os criados e o pastor inxenuo. O volume complétase cun achegamento, por parte de Rexina Vega, á obra do autor portugués e á peza que nos ocupa.

V. apartado III. 4. Centro Dramático Galego neste *Informe*.

III. Teatro

III. 4. Postas en escena

Abrente

-A. D., “El grupo de teatro Abrente actúa hoy en Beade”, *Atlántico Diario*, 18 novembro 1995, p. 58. Nota que anuncia a actuación deste grupo de teatro no Centro Cultural de Beade, dentro das actividades da parroquia.

Achádego: *Dos arquivos do trasno*, de Rafael Dieste.

-Sen sinatura, “Otilia Seijas firmou exemplares onte na feira do Libro de Lugo”, *El Progreso*, 1 xuño 1995. Relato das actividades realizadas na Feira do Libro de Lugo entre as que figura a lectura de contos do libro de Rafael Dieste por membros do grupo Achádego.

Ágora Teatro: *Un mundo ao revés*.

-Sen sinatura, “Agora Teatro improvisa con *Un mundo ao revés*”, *La Voz de Galicia*, 26 abril 1995, p. 37. Nota de redacción que anuncia as representacións do espectáculo do grupo Ágora Teatro, *Un mundo ao revés*, na Residencia Universitaria Monte da Condesa, en Santiago. Sinálase que se trata dunha montaxe baseada en improvisacións de actores, sen fío argumental, pero cunha mesma idea que lle dá certa unidade. O grupo pretende evita-la distancia co espectador e propón que estea sentado arredor dos actores.

Airiños: *A farsa do avogado*, anónimo francés.

I. G., “La compañía de teatro “Airiños” homenajea con su obra a Dieste”/“La compañía “Airiños” en Rianxo escenificará obras de Rafael Dieste”, *El Ideal Gallego*, 21 xullo 1995/26 xullo 1995, p. 20/p. 20. Anuncio da representación de *A farsa do avogado*, peza clásica francesa do s. XV, precedida de tres contos do libro de Dieste *Os arquivos do trasno*, dentro do marco das actividades de “Rianxo, capital cultural de Galicia”. Aparece, así mesmo, un mínimo currículum do grupo teatral.

I. G., “Airiños actuará esta noche en la parroquia de Araño, en Rianxo”, *El Ideal Gallego*, 29 xullo 1995,

20. A Compañía Airiños escenifica o 29 e 30 de xullo de 1995 en Rianxo *A farsa do avogado*, unha peza picaresca da dramaturxia clásica francesa -traducida ó galego por Henrique Harguindey. A representación estará introducida por un conxunto escénico sobre tres contos de Rafael Dieste, extraídos da obra *Os Arquivos do Trasno*. Estes contos son *O caso dos tres fornos* representada por Xesús Santos e Segismundo Zúñiga, *Na morte de Estreliña* e *O vello que quería ve-lo tren* a cargo de Adelina Ces, Víctor Campaña e Suso Raño. Os actos enmárcanse nos actos de homenaxe a Rafael Dieste. Esta mesma información publícase neste xornal, *El Ideal Gallego*, os días 21 e 26 de xullo de 1995, p. 20 en ambos casos.

-V. tamén XIVª Semana de Teatro de Rianxo.

Ancoradouro: *No cuarto consentido*, de Xosé Vázquez Pintor.

Sen sinatura, “Ancoradouro representará hoy en Trabada una obra de teatro”, *El Progreso*, 6 outubro 1995,

58. Apunte que anuncia a representación de *No cuarto consentido* polo grupo Ancoradouro de Cangas do Morrazo, na Casa da Cultura de Trabada (Lugo).

Aquí, **Teatro do** (1): *A ópera do patacón*, de John Gay e Bertolt Brecht.

I. G., “Teatro do Aquí presenta hoy en Boiro *A Ópera do patacón*”, *El Ideal Gallego*, 10 setembro 1995,

24. Informa da presentación de *A Ópera do patacón* pola compañía “Teatro do Aquí” na Casa da Cultura “Ramón Martínez López” de Boiro. A obra está baseada en textos de John Gay e Bertolt Bretch, baixo a dirección de Roberto Vidal Bolaño.

I. Barral, “Teatro do Aquí realiza las últimas tres funciones de *A Ópera de A Patacón*”, *El Ideal Gallego*, 9 novembro 1995, p. 10. A compañía Teatro do Aquí pon en escena *A Ópera do patacón*, obra baseada en textos de John Gay e Bertolt Brecht adaptados por Roberto Vidal Bolaño. Terá lugar na Sala Nasa o 9 de novembro de 1995.

E. C., “Teatro do Aquí escenifica na Nasa *Ópera de a patacón*”, *O Correo Galego*, 10 novembro 1995,

34. Informa sobre as tres últimas representacións de *A Ópera do patacón*, da compañía Teatro do Aquí na Sala Nasa de Santiago, sobre textos de Bertolt Brecht e John Gay.

V. tamén Mostra de Teatro. Cee.

V. tamén Festival de Teatro. O Carballiño.

Aquí, **Teatro do** (2): *O desengano do prioiro*, de Ramón Otero Pedrayo.

-Sen sinatura, “Teatro do “Aquí” escenificará una obra de Otero Pedrayo en Ribadavia”, *La Región*, 20 novembro 1995, p. 12. Anuncia a posta en escena desta obra orixinal de Ramón Otero Pedrayo, dirixida por Roberto Vidal Bolaño. A obra será representada en Ribadavia porque parte de situacións, temática e personaxes moi vencellados con esta vila, dedicada á fabricación de ataúdes.

-Manuel María, “*O desengano do Prioiro* en Ribadavia”, *O Correo Galego*, 30 novembro 1995, p. 3. Dá conta da representación o 23 de novembro de 1995 da obra de Otero Pedrayo, *O desengano do Prioiro*, en Ribadavia, impresa no ano 1962 en Edicións Monterrey e que permaneceu durante moitos anos sen se representar. Opina que a posta en escena, responsabilidade de Roberto Vidal Bolaño, foi perfecta.

Arre Produccións: *A histeria de Lili Brown*.

-F. P. Lorenzo, “Transgresión na escena galega. A historia de Lili Brown”, *O Correo Galego*, “O Correo da Universidade”, 9 setembro 1995, p. 7. Artigo que xira arredor da figura de Lili Brown e Lili Moreno, protagonistas da obra que Arre Produccións pon en escena cunha montaxe na que se mestura o glamour co kitsch.

-Carme Vidal, “O primeiro espectáculo galego de transformismo”, *A Nosa Terra*, nº 703, “Guieiro Cultural”, 7 decembro 1995, p. 23. Carlos Blanco e Alfredo Conde -nada que ver co escritor- estrearon o 6 de decembro de 1995 na Sala Nasa de Santiago o seu espectáculo *A historia/histeria de Líli Moreno*. A obra dá conta da axetreada vida dunha vedette que dende o seu Briallos natal chegará a acada-lo éxito. Poderá verse por toda Galicia.

Artello Teatro: *A do libro*. *Aventuras de Perello de Chora-que-logo-bebes*, sobre textos de José Ferreira.

-A. D., “Artello estrena este mes *A do libro*”, *Atlántico Diario*, 22 outubro 1995, p. 59. Anúnciase a estrea da nova obra do grupo vigués Artello Teatro, titulado *A do libro*, sobre textos do escritor portugués José Ferreira.

-Sen sinatura, “Artello Teatro: las aventuras de un personaje de cuento llamado Perello”, *Faro de Vigo*, 23 outubro 1995, p. 6. Nota que anuncia a montaxe de *A do libro*. *Aventuras de Perello de Chora-que-logo-bebes*, polo grupo Artello, que será estreada en Vigo o 1 de novembro. Fai un resumo do argumento, que xira ó redor do mozo Perello, un personaxe de conto, e sinálase a coidada posta en escena a partir do texto *Aventuras de João Sem Medo* (1933) do portugués José Ferreira Gomes.

-A. D, “Artello estrena *A do libro*, una historia de tres ladrones atrapados por un texto”, *Atlántico Diario*, 1 novembro 1995, p. 57. Noticia da próxima estrea da obra *A do libro*, do grupo Artello, e resumo do argumento.

-Fernando Franco, “Y Artello hizo de un libro un arsenal mágico de cuentos que cobran vida”, *Faro de Vigo*, 1 novembro 1995, p. 8. Destácase a imaxinación da posta en escena do texto do portugués Ferreira Gomes, a importancia da banda sonora e o coidado traballo na dobraxe, feito por profesionais deste campo. Tamén salienta o traballo dos

dous únicos actores (Rosa Hurtado e Santiago Montenegro), que dan vida a 16 personaxes diferentes, dirixidos por Manuel Pombal.

-Sen sinatura, “Artello vuelve a la escena”, *Diario 16 de Galicia*, 2 novembro 1995, p. 14. Brevemente anuncia a estrea en Vigo e relata o argumento da peza de Artello, *A do libro*, elaborada a partir dun texto de José Ferreira Gomes. Sinálase a presencia de aventuras que vive o personaxe en espacios variados e fantásticos.

-A. D., “*A do libro*, maxia e fantasía de Artello”, *Atlántico Diario*, 3 novembro 1995, p. 56. Presentación da obra *A do libro*, no Centro Caixa Vigo, representada polo grupo “Artello”. Obra estructurada segundo o método clásico, son narracións en círculos concéntricos, unha historia dentro doutra historia, é dicir, con estructura de mise en abîme. Fai tamén un resumo das obras levadas a escena dende os seus comezos.

-Sen sinatura, “*A do libro*”, *La Región*, 18 novembro 1995, p. 13. Pequena nota que resume brevemente o fío argumental da peza e anuncia a derradeira representación no Teatro Principal de Ourense.

Atide, **Grupo de Teatro**: *Antígona*, de Jean Anouilh.

-A. I., “La *Antígona* gallega”, *El Correo Gallego*, 13 xuño 1995, p. 34. Anuncia a estrea no Teatro Principal de Santiago da obra *Antígona* de Jean Anouilh, en versión dirixida por Rodolfo López-Veiga, traducida por Xosé Manuel Beiras e Xosé Luís Franco, e interpretada polo Grupo Atide, que xa fora representada nos anos 60 polo Grupo de Teatro Universitario coa mesma dirección. Xosé Luís Franco recordou que se trata dunha obra clásica e culta pero accesible para o público e que a adaptación respecta os recursos expresivos do orixinal. Informa ademais da representación de *Tic-Tac* de Suso de Toro a cargo de Teatro de Ningures nos días 16 e 17 de xuño.

-I. G., “El grupo de teatro “Atide” presenta hoy la obra *Antígona*”, *El Ideal Gallego*, 13 xuño 1995, p. 18. Anuncio da estrea no Teatro Principal de Santiago de *Antígona*, de Jean Anouilh polo Grupo de Teatro Atide que conta con membros das aulas de teatro da Terceira Idade de Compostela e da Asociación Internacional de Universidades da Terceira Idade. A posta en escena, dirixida por Rodolfo López-Veiga, está baseada na traducción ó galego de Xosé Manuel Beiras e Xosé Luís Franco. Sinálase que é unha obra accesible para o público a pesar do seu carácter culto e que está chea de recursos expresivos. A peza xa fora representada hai dez anos en Santiago.

Atlántico, **Teatro do** (1): *Tolos de amor*, de Sam Shepard.

V. Shepard, Sam, *Tolos de amor*. Apartado III. 3 deste informe.

-Isabel Barral, “La obra *Tolos de amor* se estrenará mañana en el Principal”, *El Ideal Gallego*, 28 maio 1995, p.22. Anuncia a estrea en Compostela desta peza, dirixida por Xulio Lago. Resúmese o argumento, que desenvolve unha historia dun amor condenado á infelicidade.

-Víctor Corral, “*Tolos de amor* deixa aberto o final”, *La Región*, 18 xullo 1995, p. 16. Crónica da posta en escena desta peza, dirixida por Xulio Lago, dentro da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia. Sinala o articulista o argumento da obra, baseada nunha historia de amor entre unha parella e a súa difícil relación. Cualifica a obra de “magnífica montaxe”.

-Camilo Franco, “O padecer das portas”, *Revista Galega de Teatro*. *Información Teatral*, nº 12, “Opinións desde a butaca”, decembro 1995, pp. 99-100. Recensión sobre o espectáculo *Tolos de amor* do Teatro do Atlántico -baixo a dirección de Xulio Lagobaseado na obra de Sam Shepard. Critícase a interpretación europea da cultura americana no feito de confundir nesta proposta escénica a desesperación das persoas e a violencia física ou esta coas súas manifestacións das que se abusa nesta versión. Tampouco se reflicte a crueldade que ten o autor cos seus personaxes, a paixón ou a fatalidade que predice a obra e téndese á monotonía da man dun traballo moi desigual dos actores.

-V. IVª Mostra de Teatro Armando Cotarelo Valledor.

Atlántico, **Teatro do** (2): *Casa de bonecas*, de Henrik Ibsen.

-Damián Villalaín, “*Casa de bonecas*: as moitas caras de Ibsen”, *Grial*, nº 127, Tomo XXXIII, xullo-agosto-setembro 1995, pp. 463-464. Falta deste título de Henrik Ibsen entre a extensa nómina de obras súas feita por Harold Bloom no seu libro,

o que tal vez revele unha mudanza na estimación crítica deste dramaturgo, misterioso e visionario, segundo

o profesor americano. Este cambio tal vez teña na orixe o desfase ou o entrar no dominio común dalgunhas das concepcións máis realistas de Ibsen. A través da representación de *Casa de bonecas* pola compañía Teatro do Atlántico, baixo dirección de Xulio Lago, obra que contén vivas as claves feministas do texto orixinal, conséguense como méritos principais da versión os de trasluci-lo Ibsen reformador social e moralista.

-Santiago Fernández, “Teatro do Atlántico estrea *Casa de Bonecas* de Ibsen”, *La Voz de Galicia*,“*La Voz de la Escuela*”, 22 novembro 1995, p. 3. Anuncia a representación da peza de Ibsen, *Casa de bonecas*, o próximo 28 de novembro na Coruña, pola Compañía Teatro do Atlántico que dirixe Xulio Lago. Sinala o carácter clásico desta obra, que, ademais de abordar consideracións feministas, trata a liberdade persoal.

-V. Xornadas de Teatro de Burela.

Atlántida, **Grupo de Teatro**: *Bourbon e aspirinas*, adaptación de Woody Allen.

-Ana e Eva R., “Atlántida adapta a Woody Allen al estilo del teatro”, *Faro de Vigo*, 31 outubro 1995, p. 4. Estrea no Centro Cultural de Matamá o 30 de setembro, da obra *Bourbon e aspirinas*, polo Grupo de Teatro Atlántida de Matamá dirixido por Xan Costas Vila, que comenta as pretensións da peza: “queremos sentirnos más como actores realizando trabajos que nos permitan lucir las técnicas que hemos aprendido y que no se queden en la comedia de risa fácil sin más...”. Trátase dunha adaptación dunha obra de Woody Allen, *Tócaa outra vez Sam*, estreada en España como *Sueños de un seductor* coa que este grupo tenta afrontar obras cómicas. Resúmese o argumento da peza, que alterna as escenas en tempo real coas que son froito da imaxinación do protagonista. Atlántida levará este espectáculo por tódolos centros culturais de Galicia, ó mesmo tempo que representa a zarzuela *La Gran Vía* xunto á banda de música da Sociedade Cultural Atlántida. Coméntanse tamén as orixes deste grupo, concibido como escola teatral no ano 1982, que conta con dez actores, dous técnicos e un director, case todos de Matamá e arredores. Conseguiron un premio ó mellor actor na III Mostra de Teatro Galego da Xunta, celebrada en Lugo, e foron finalistas na categoría de grupos profesionais.

Aula de Formación de Actores de Pontevedra: *Parella aberta*, de Franca Rame e Dario Fo.

-Curro Volta, “El Aula de Formación de Actores de Pontevedra, pondrá en escena “Parella aberta”, *Diario de Pontevedra*, 19 xuño 1995, p. 8. Con motivo da representación de *Parella aberta* pola AFAP publícase unha entrevista co director, Celso Bugallo e dous actores (Pilar Campos e Sátur Segade), na que falan do funcionamento da Aula, do teatro e da formación de actores.

-V. tamén Xornadas de Teatro Afeccionado do Concello de Pontevedra.

Aula de Teatro da Universidade de Pontevedra

D. P., “El Aula de Teatro del Campus de Pontevedra, inicia sus actividades”, *Diario de Pontevedra*, 25 outubro 1995, p. 10. Breve comentario sobre a creación e as características da Aula de Teatro de Pontevedra, a máis antiga da Universidade galega. Entre as actividades previstas para este ano, destacan a montaxe dun espectáculo teatral, un taller de iniciación á expresión dramática e dous ou tres seminarios monográficos sobre diferentes temas relacionados co labor teatral.

D. P., “Martín Nebras imparte el seminario sobre Hans Christian Andersen”, *Diario de Pontevedra*, 3 decembro 1995, p. 6. Sucinto informe da celebración dun seminario sobre Hans Christian Andersen, impartido polo profesor Federico Martín Nebras, os días 4, 5 e 6 de decembro no transcurso do curso promovido pola Aula de Teatro da Escola de Maxisterio de Pontevedra. O seminario forma parte dun proxecto de estudio e investigación da vida e da obra dos grandes autores da literatura infantil.

V. tamén Aula de Teatro da Universidade de Santiago.

V. tamén Festival de Teatro Universitario.

Aula de Teatro da Universidade de Santiago: *King Kong Palace*, de Marco Antonio de la Parra.

-I. Barral, “El Aula de Teatro de la Universidad estrena el lunes su primera tragedia”, *El Ideal Gallego*, 4 febreiro 1995, p. 20. Presentación en Santiago por José Manuel Rivera Otero, Vicerrector da Extensión Cultural da Universidade, e polos membros do grupo, da obra *King Kong Palace*, adaptación do autor chileno Marco Antonio de la Parra, que colaborou co grupo no texto (producción da Aula de Teatro da Universidade). A obra será estreada o 6 de febreiro no Teatro Principal de Santiago. A mestura de elementos da traxicomedia e do cómic e a referencia a Shakespeare foron os trazos salientados polo director do grupo, Roberto Salgueiro.

A. I., “El Aula de Teatro abordará un drama de corte shakesperiano”, *El Correo Gallego*, 4 febreiro 1995,

30. Presentación en Santiago da obra *King Kong Palace* (producción da Aula de Teatro da Universidade) por José Manuel Rivera Otero, Vicerrector da Extensión Cultural da Universidade e Roberto Salgueiro, director do grupo. Recóllense as palabras de Roberto Salgueiro, “se trata de un texto de corte shakesperiano e isabelino, una mezcla entre *Macbeth*, *Hamlet* e *O rei Lear*”. Participan na representación Pacu Granja, Luís Pablo Román, Begoña Chouciño, María Rivas, Xoán Carlos Mejuto, Mónica Caamaño, Artur Trillo y Anxo Lourido.

-D. P., “Actuación del Aula de Teatro de Santiago que representará *King Kong Palace*”, *Diario de Pontevedra*, 31 maio 1995, p. 12.

Posta en escena no Teatro Principal de Santiago da obra *King Kong Palace*, de Marco Antonio de la Parra, (estreada en febreiro), pola Aula de Teatro da Universidade, dentro da IIª Mostra de Teatro na Universidade, organizada pola Aula de Teatro de Pontevedra. As múltiples referencias da obra, o humor barroco, o expresionismo de Caligari, o kitsch, a ópera, Shakespeare, os irmáns Marx, Tarzán, etc., son os fíos conductores desta "tragedia isabelina con personajes de historieta". Inclúese no artigo o reparto da obra e un breve historial de actividades da Aula de Teatro de Santiago, que xurdiu en 1990 e leva a cabo cursos de arte dramática, reunións con outras agrupacións universitarias para a organización de Ciclos en salas alternativas, etc.

-V. tamén Festival de Teatro Universitario.

Aula de Teatro de Ourense

V. Maricastaña, Teatro.
V. tamén VIº Certame Galego de Teatro Xuventude. Lugo.

Bacharel, **Asociación** (1): *Xoguemos*, *bobos*, *xoguemos*.

-V. VIº Certame Teatro Xuventude. Lugo.

Bacharel, **Asociación Teatro** (2): *Doce sen piedade*.

-V. VIº Certame Teatro Xuventude. Lugo.

Bacharel, **Asociación Xuvenil de Teatro** (3): *Cemiterio de automóbiles*, de Fernando Arrabal.

V. Mostra de Teatro de Cee.
V. tamén Xornadas de Teatro Afeccionado do Concello de Pontevedra.

A Balteira

-V. Festival de Teatro Universitario.

Captatio benevolentiae: *Así que pasen cinco anos*, de Federico García Lorca.

-A. Iglesias, “Captatio presenta na Sala Galán *Así que pasen cinco anos*”/”Captatio Benevolentiae abre el Ciclo de Teatro Universitario”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 6 maio 1995, p. 34/p. 29. Captatio Benevolentiae porá en escena a obra surrealista *Así que pasen cinco anos*, estreada en novembro de 1994 e baseada nun texto de García Lorca. A representación enmárcase no Ciclo de Teatro Universitario organizado pola Universidade de Santiago. Dous dos membros do grupo, Alfredo Conde e Gloria Rico, sinalan que o teatro universitario non está no mellor momento por falta de apoios do Vicerrectorado.

-V. tamén Festival de Teatro Universitario.

Caroza Teatro: *Sursum corda*.

-V. VIº Certame Teatro Xuventude. Lugo.

Catrabucha: *Game over*.

-V. VIº Certame Teatro Xuventude. Lugo.

Centro Dramático Galego (1): *O Mariscal*, de Ramón Cabanillas.

-Anciñas Ripoll, “Monicreques para adultos”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 22 xaneiro 1995, pp. VI-VII. Entrevista con Marcelino de Santiago, Kukas, tralas representacións da obra *O Mariscal*, producida polo Centro Dramático Galego, unha adaptación teatral da obra de Cabanillas e Villar Ponte. A súa biografía inclúe diversos traballos artísticos, pintura, fotografía e teatro, coa súa compañía Kukas Producciónss Artísticas S. L. Pronúnciase sobre a polémica creada ó redor da peza polo colectivo Galiza Nova, que protestou pola falta de contido nacionalista da obra. Afirma que o teatro en monicreques é tan digno coma calquera outro e hai que lle recoñece-la valía cultural que ten na nosa tradición, chea de grupos tan importantes como *Barriga verde* ou os *Cristovos*. Ademais cre que o teatro para monicreques é para tódolos públicos, non exclusivamente para nenos e ten unha historia que se remonta a Grecia e Exipto. Os textos para este tipo de espéctaculo poden adaptarse dos pensados para teatro de actor a pesar da complicación que implican estas pezas. Entre os seus proxectos futuros está a montaxe dunha ópera con marionetas, para a que espera consegui-la axuda oficial que considera necesaria e positiva para a creación, e que xa obtivo para *O Mariscal*.

-Francisco Souto, “As marionetas serven”, *A Nosa Terra*, nº 658, “Guieiro Cultural”, 26 xaneiro 1995, p. 27. Francisco Souto recolle a polémica desatada pola posta en escena da obra do Centro Dramático Galego *O Mariscal* -adaptada para ser interpretada con marionetas. Ténselle criticado a esta nova producción o inadaptado das marionetas para escenificar esta peza dramática, así como a censura sobre o texto orixinal. Souto reivindica neste artigo o feito de que calquera texto pode ser actualizado na escena “en calquera estética e calquera método” e a “libre acción do director” con respecto ó texto. Finalmente o autor afirma que este “non é das mellores cousas que lle vimos ó Kukas” e cualifica de “loucura” a política teatral deste país.

Centro Dramático Galego (2): *Nin me abandonarás nunca*, de José G. Posada Curros.

-V. Posada Curros, José G. e Luís Gálvez, *Nin me abandonarás nunca*. Apartado III. 3. deste *Informe*.

-R. Soto, “El Centro Dramático Galego inicia nueva andadura como compañía de repertorio”, *Faro de Vigo*, 12 febreiro 1995, p. 23. Informe sobre a nova etapa do Centro Dramático Galego como compañía de repertorio, etapa que se inicia coa posta en escena desta obra.

- Albino Mallo, “José Posada Curros, hombre ilustrado y testigo del siglo”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 5 marzo 1995, p. 4. O autor de *Canción gallega*, a obra teatral representada polo Centro Dramático Galego co título de *Nin me abandonarás nunca* (a versión galega traducida por Xosé Luís Méndez Ferrín), é o avogado e profesor José Posada-Curros. Faise un percorrido pola súa traxectoria vital (naceu co século), destacando os seus anos universitarios en Santiago onde escribiu varias obras teatrais, o seu traballo no xornal *El Pueblo Gallego* ou os anos de docencia en Vigo e en Lugo.

-Fernando Franco, “*Nin me abandonarás nunca*: 50 años después, renace un drama universal”, *Faro de Vigo*, 12 marzo 1995, p. 10. Comentario sobre a representación no Centro Cultural Caixavigo e referencia á intervención do autor, X. G. Posada Curros, o día da estrea.

-I. G., “El Centro Dramático Galego estrenará la obra *Nin me abandonarás nunca* el día 17 en Vigo”, *El Ideal Gallego*, 12 marzo 1995, p. 43. Referencia á representación en Vigo deste “drama universal aunque la ubicación y los referentes culturales pertenezcan a la cultura gallega”. No mesmo artigo menciónanse os proxectos inmediatos do Centro Dramático Galego, entre os que se atopa unha homenaxe a Rafael Dieste.

A. D., “*Nin me abandonarás nunca*, un drama sobre la historia de Galicia”, *Atlántico Diario*, 15 marzo 1995,

59. Noticia sobre a presentación da obra. Trátase da primeira que o Centro Dramático Galego pon en escena con formato de compañía estable e que conta, a través dunha serie de personaxes, a historia de Galicia, unha terra e unha época na que eran frecuentes notas definitorias como “la cobardía, la melancolía, la renuncia, el miedo a afrontar la propia historia y la emigración”.

-Lois M. Blanco, “El Centro Dramático cambia de rumbo”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, 16 marzo 1995, p. 13. Nota informativa sobre a representación en Vigo. Nela, fálase do drama íntimo dun mestre de escola que vive en Lourido e que pretende ser un símbolo da Galicia da época de posguerra.

-E. N., “*Nin me abandonarás nunca* estréase tras cincuenta anos”, *O Correo Galego*, 16 marzo 1995, p. 35. Referencia moi breve á posta en escena.

-Fernando Franco, “El Centro Dramático Gallego estrena hoy la obra *Nin me abandonarás nunca*, en Vigo”, *Faro de Vigo*, 17 marzo 1995, p. 51.

Comentario sobre a representación da obra no Centro Cultural Caixavigo e referencia á intervención do autor da mesma, X. G. Posada Curros, o día da estrea.

-X. L. Méndez Ferrín, “Posada & Gálvez”, *Faro de Vigo*, “Os camiños da vida”, 17 marzo 1995, p. 2. Refírese á estrea en Vigo do drama *Nin me abandonarás nunca* e dános noticias do encontro e posterior colaboración entre José Posada-Curros e Luís de Gálvez.

J. C. B., “El Centro Dramático estrena en Vigo una obra del escritor Posada Curros”, *El Correo Gallego*, 17 marzo 1995, p. 58. Referencia ós actos que tiveron lugar en Vigo co gallo da apertura dunha nova etapa para o Centro Dramático Galego como compañía estable. A súa andaina iníciase coa posta en escena da obra de Posada Curros.

J. C. B., “Posada Curros: Vivimos nunha época sen substancia vital”, *O Correo Galego*, 17 marzo 1995,

36. Anuncio da estrea, a cargo do Centro Dramático Galego (CDG), da obra de Xosé Posada Curros *Nin me abandonarás nunca*, dirixida por Manuel Guede e traducida por Xosé Luís Méndez Ferrín. Inclúe palabras do autor, que comenta o argumento e louva a traducción e a adaptación que dela se fixo. Tamén o conselleiro de Cultura, Víctor Manuel Vázquez Portomeñe, comentou o sentido da peza e reiterou o necesario apoio ó teatro galego. Comunícanse tamén as próximas estreas do CDG, con obras de Dieste e Gil Vicente.

J. D. C., “El Centro Dramático Gallego estrena hoy en Vigo *Nin me abandonarás nunca*”, *Atlántico Diario*, 17 marzo 1995, p. 55.

Artigo no que se anuncia a posta en escena da obra. Así mesmo, apórtase un breve comentario sobre a mesma.

Sen sinatura, “El CDG estrena hoy en Vigo *Nin me abandonarás nunca*”, *El Ideal Gallego*, 17 marzo 1995,

36. Breve informe sobre a representación en Vigo desta peza, escrita en Lugo nos anos posteriores á Guerra Civil, traducida ó galego por Xosé Luís Méndez Ferrín, e adaptada ó teatro por Manuel Guede. Ofrécese tamén un comentario sobre a linguaxe do texto, o argumento e o seu formato.

Sen sinatura, “*Nin me abandonarás nunca*”, *La Región*, “Guía de fin de semana”, 18 marzo 1995. Informe sobre a representación da obra *Nin me abandonarás nunca*, baseada no texto de José Posada Curros *Canción Gallega*. A representación foi dirixida por Manuel Guede e tivo lugar en Vigo, no Centro Cultural Caixavigo. O artigo ofrece tamén un breve comentario de carácter argumental e recolle as opinións de Manuel Guede Oliva, director do Centro Dramático Galego.

-Román Séneca, “Exito en el estreno de la última obra del Centro dramático”, *El Correo Gallego*, 19 marzo 1995, p. 90. Nota informativa sobre a representación da obra.

-A. R. L., “Nin me abandonarás nunca”, *O Correo Galego*, “Teatro”, 19 marzo 1995, p. 56. Crítica da montaxe do Centro Dramático Galego, á que se cualifica de “fría” e “acartonada”. Sobre a posta en escena de Manuel Guede opina que “todo se volve ornamento, enrevesamento decorativo, superfluos movementos, ilustración. Ás veces é naturalista, outras expresionista. Case sempre se move na indecisión”.

Tampouco salva o traballo dos actores que “en ningún momento resultan cribles ou, alomenos, transmiten ó público esa sensación de encarnamento que precisa o teatro para ser tal”.

-G. Luca de Tena, “A vontade no xelmo valeiro. *Nin me abandonarás nunca* polo CDG”, *A Nosa Terra*, nº 666, “Guieiro Cultural”, 23 marzo 1995, p. 25. Á cualificación da obra como realista e costumista, séguelle un resumo argumental da mesma e saliéntanse as incongruencias que pode percibi-lo espectador que asiste á representación. Menciona o abandono das influencias ibsenianas, previstas inicialmente, en favor das teses realistas de Echegaray ou Benavente. Para finalizar, critica fortemente a Manuel Guede, ó CDG-IGAEM e, en xeral, á política cultural seguida pola Xunta por quedarse só en vontades.

-Sen sinatura, “El CDG estrena en Santiago *Nin me abandonarás nunca*”, *La Voz de Galicia*, 29 marzo 1995, p. 41. Dá conta da estrea da peza no Teatro Principal de Santiago de Compostela, unha obra que transmite, a través do drama íntimo dun profesor de escola, a sensación de desacougo que se vivía na Galicia da época.

-Luís Álvarez Pousa, “Pretextos Teatrais”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, ano I, nº 5, 30 marzo 1995, p. 6. Critica ó IGAEM por converter *Nin me abandonarás nunca* de “ritual custumista” en “espectáculo institucional”, salvando tan só a capacidade e a habelencia dos creadores teatrais para chegar a unha dramaturxia realista. Valora positivamente *Historias peregrinas* de Miguel-Anxo Murado, salientando a estructura e o diálogo. Louva tamén a aparición da nova editorial Tris Tram.

-Manuel F. Vieites, “Much ado about nothing”, *Faro de Vigo*,“*Faro das Letras*”, nº LXXXV, 8 abril 1995, p. 1. Parte dunha crítica a Manuel Guede Oliva, director do CDG., e logo esténdea ó conxunto dos membros do Centro. Culpa a todos do silenciamento doutros autores. Desacredita e desvaloriza a obra *Nin me abandonarás nunca*.

-Damián Villalaín, “*Nin me abandonarás nunca*. Enxebrismo conservador”, *Grial*, nº 125, Tomo XXXIII, xaneiro-febreiro-marzo 1995, pp. 161-163. Comenta o desacertado da escolla desta obra para a representación, o que denota un compromiso pouco intelixible por parte do Centro Dramático Galego. Debido á inconsistencia da intriga da peza dramática, abundan os chamados “golpes de escena”, mentres que a trama non vai máis aló da reivindicación dunha visión nostálxica do país, consonte con postulados rexionalistas conservadores, ó tempo que se trata de ofrecer unha visión da imaxe tópica dunha Galicia rural nun retrato lírico costumista.

Chema Paz Gago, “Nin me abandonarás nunca”, *Primer acto*, nº 258, II, 1995, pp. 112-113. Artigo no que se conxugan uns breves comentarios sobre o texto e sobre a propia posta en escena. A obra, escrita orixinariamente en castelán e co título de *Canción Gallega*, foi adaptada e versionada ó galego por L. Méndez Ferrín. Trátase dun melodrama cheo dos tópicos da galeguidade, debido a que o autor se formara baixo a influencia de Armando Cotarelo Valledor. Sen embargo, presenta un conflicto sentimental e existencial con carácter de universalidade que podería lembrar a Ibsen ou Chéjov. A montaxe do CDG., baixo a dirección de M. Guede, pretende supera-lo realismo enxebrista do texto, ó propor unha presentación simbolista ou, en casos, hiperrealista. Da posta en escena, sublíñase a excelente iluminación. En cambio, critícanse aspectos moi concretos da escenografía, así como do traballo dos actores.

Sen sinatura, “O CDG estrena en hoxe en Lugo unha obra de Posada Curros”, *El Progreso*, 25 abril 1995,

53. Breve comentario sobre a representación en Lugo da obra do escritor vigués José G. Posada Curros, peza teatral ambientada na Mariña luguesa e traducida ó galego no ano 1991 por Méndez Ferrín. No artigo inclúense tamén un breve perfil biográfico do autor da obra.

Sen sinatura, “O CDG repite hoxe representación en Lugo”, *El Progreso*, 27 abril 1995, p. 53. Dá conta da representación da obra no auditorio municipal Gustavo Freire de Lugo, un proxecto que está inscrito nos Circuítos Culturais da Consellería de Cultura.

Centro Dramático Galego (3): *A fiestra valdeira*, de Rafael Dieste.

-V. Dieste, Rafael, *A fiestra valdeira*. Apartado IV. deste *Informe*.

-I. G., “O Centro Dramático Galego representa *A Fiestra Valdeira*, en homenaxe a Rafael Dieste”, *El Ideal Gallego*, 17 maio 1995, p. 39. Comentario sobre a representación da obra *A Fiestra Valdeira*, unha montaxe do Centro Dramático Galego dirixida por Xulio Lago sobre o texto orixinal de Rafael Dieste.

-Manuel Guede, “A fiestra Valdeira”, *El Mundo*, “Caderno especial. Rafael Dieste. Día das Letras Galegas”, 17 maio 1995, p. II. Síntese das impresións que o articulista tivo ante a estrea en abril de 1994 da peza, cando foi representada polo Centro Dramático Galego.

-Verísimo, “O grupo de teatro do “Isidora Riestra” puxo en escena *A Fiestra Valdeira*”, *Diario de Pontevedra*, 1 xuño 1995, p. 18. Informa da representación desta obra de Dieste e ademais de *O gato con botas* e *As catro estacións* polos alumnos do grupo de teatro do Colexio Público Isidora Riestra, con grande éxito de público.

Centro Dramático Galego (4): *Viaxe e fin de Don Frontán*, de Rafael Dieste.

Sen sinatura, “Don Frontán en Bonaval. Entrevista con Antonio F. Simón”, *Revista Galega de Teatro*. *Información Teatral*, nº 11, xuño 1995, pp. 61-69. Entrevista co director do espectáculo que sobre a peza *Viaxe e fin de Don Frontán*, presentou o CDG. Comézase cun percorrido pola súa traxectoria teatral - Teatro Circo, Troula, Compañía do Atlántico -ata centrarse na análise e o proceso de adaptación e dramaturxia da peza de R. Dieste. No tocante ó texto -manexou a versión de 1930-, comenta que se trata dunha obra moi complexa, dunha viaxe tinguida de covardía, mais na procura da liberdade, feitos que resumen a vida de R. Dieste. Explica as razóns que o levaron a presenta-lo espectáculo como un *via crucis*, os problemas de representación nun espacio aberto e tamén por qué decidiu ambienta-la acción en 1899.

Sen sinatura, “CDG: Unha nova singradura”, *Revista Galega de Teatro*. *Información Teatral*, nº 11, xuño 1995, pp. 79-81. Noticia sobre os espectáculos ou proxectos programados polo CDG para a temporada: *Nin me abandonarás nunca*, de José G. Posada Curros e Luís de Gálvez, dirixida por M. Guede Oliva, da que se ofrecen algúns datos sobre o contido e situación na literatura galega. *Viaxe e fin de Don Frontán*, de R. Dieste, con dirección de Antonio F. Simón, e un *collage* teatral sobre textos de Gil Vicente, baixo a dirección de C. Pazó. Infórmase ademais dun convenio firmado coa CRTVG para a emisión de oito obras de teatro, das que se ofrece a súa relación e que han de constituí-la futura Fonoteca do Teatro Galego.

Sen sinatura, “El CDG representará su última obra durante el verano en San Domingos”, *La Voz de Galicia*, 20 xuño 1995, p. 43.

Informa da representación desta obra de Rafael Dieste, que terá lugar en Santiago durante o centenario de San Domingos de Bonaval, e en virtude do convenio subscrito entre o Consorcio de Santiago e o Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais. Esta representación recorda, salvando as distancias, a que tivo lugar no pazo ourensán de Trasalba sobre a obra de Otero Pedrayo, *A lagarada*.

-Sen sinatura, “El Centro Dramático Galego prepara en Bonaval su más ambicioso montaje”, *Faro de Vigo*, 3 xullo 1995, p. 17. Breve informe sobre a representación da obra no parque de Bonaval en Santiago.

-S. Reverter, “Homenaje estival a Dieste en Santiago”, *Diario 16 de Galicia*, xullo 1995, contracuberta. Entrevista con Antonio Simón, que dirixiu as 42 representacións en San Domingos de Bonaval da obra que o CDG puxo en escena no verán do 1995: *Viaxe e fin de Don Frontán*.

-Sen sinatura, “Teatro de Dieste no cemiterio de Bonaval”, *A Nosa Terra*, nº 681, “Guieiro Cultural”, 6 xullo 1995, p. 24. Nova sobre a representación de *Viaxe e fin de Don Frontán* durante o verán do 1995, no cemiterio de San Domingos de Bonaval.

-M. B., “El Centro Dramático Galego pondrá en escena durante dos meses *Viaxe e fin de don Frontán*”, *La Voz de Galicia*, 7 xullo 1995, p. 41. Breve comentario sobre a representación da obra de Rafael Dieste *Viaxe e fin de don Frontán*, comentario centrado nos problemas derivados da posta en escena da obra.

-E. C., “O Centro Dramático Galego estreou en Santiago *Viaxe e fin de don Frontán*, *El Correo Gallego*, 9 xullo 1995, p. 16. Nota informativa sobre a posta en escena da obra *Viaxe e Fin de Don Frontán*, que tivo lugar en Santiago de Compostela a cargo do Centro Dramático Galego.

-Sen sinatura, “La obra *Viaxe e fin de Don Frontán* se mantiene en Santiago hasta septiembre”, *Faro de Vigo*, 16 xullo 1995, p. 8. Breve nota informativa sobre a posta en escena da obra en Santiago, que mantivo as representacións ata o mes de setembro.

-Luís Álvarez Pousa, “A ‘viaxe’ de Don Frontán”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, ano I, nº 21, 20 xullo 1995, p. 6. Dáse conta da aparición da versión galega de R. Dieste, *Viaxe e fin de don Frontán* representada polo Centro Dramático Galego no vello cemiterio de infantes de Bonaval.

Sen sinatura, “La génesis de un secreto”, *La Voz de Galicia*, 26 xullo 1995. Recolle as declaracións do director do CDG, Manuel Guede, sobre a orixe da idea de representa-la obra en Bonaval. Tamén inclúe as declaracións de Antonio Simón, director da montaxe, sobre a dificultade do texto escollido.

Sen sinatura, “Teatro de Dieste”, *A Nosa Terra*, nº 685, “Guieiro Cultural”, 3 agosto 1995, p. 25. Noticia sobre a publicación e representación de *Viaxe e fin de Don Frontán*, de R. Dieste.

-M. Quintáns S., “Viaxe e fin de Don Frontán: un impresionante espectáculo”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 13 agosto 1995, p. 6. A escenificación da viaxe tormentosa de Don Frontán para descubri-lo seu camiño levada a cabo polo Centro Dramático Galego resultou, para o autor deste comentario, un grande espectáculo onde os elementos cinematográficos xogan un papel moi importante. Os pequenos problemas no son da montaxe no día da estrea non desluciron para nada a representación. Celébrase, ademais, a aparición da nova edición da obra a cargo do IGAEM.

-Sen sinatura, “*Viaxe e fin de don Frontán* mejoró asistencia en agosto”, *La Voz de Galicia*, 5 setembro 1995, p. 37. Comentario sobre a representación, centrándose na asistencia do público e nos problemas técnicos da representación.

Manuel F. Vieites, “*Viaxe e fin de Don Frontán* polo CDG”, *Revista Galega de Teatro*. *Información Teatral*, nº 12, “Opinións dende a butaca”, decembro, 1995, pp. 95-98. Recensión que se inicia coa exposición das ideas teatrais do seu autor. Avoga pola recuperación do actor e espectador como protagonistas da comunicación teatral e aproxímase ó concepto de “teatro pobre” de Grotowsky. Baixo estes preceptos, xúlgase este espectáculo. Considera que a peza baséase nunha concepción dinámica dos espacios dramático, escénico e teatral mal explorados. Isto conleva a que constitúa só un exercicio retórico de tecnoloxía escenográfica baixo o cal o actor e o seu traballo se ve apreixado. Ademais, a escenografía proposta, así como o vestiario, fan que desapareza a dimensión simbólica da obra. Produciuse unha disociación entre os diversos códigos e linguaxes que posibilitan a coherencia interna, feito que supón unha traizón á concepción do teatro de R. Dieste.

Centro Dramático Galego (5): *Nau de amores*, de Gil Vicente.

-V. Vicente, Gil, *Nau de amores*. Apartado III. 3 deste *Informe*.

-Chema Paz Gago, "*Nau de amores*. Gil Vicente-Cándido Pazó en el CDG", *Primer Acto*, nº 261, V, 1995, pp. 115-116. Artigo no que se dá conta do escenificado polo Centro Dramático Galego en 1995. A comezos de ano, *Nin me abandonarás nunca*, que é cualificada como "texto melodramático poco adecuado". Continuaron con *Viaxe e fin de don Frontán*, que segundo Paz Gago, "supuso un fracaso de planteamiento escénico y dramatúrgico", e finalizan o ano con *Nau de amores*, de Gil Vicente, un espectáculo "fluido, ameno y con gancho". O artigo céntrase finalmente en *Nau de amores*, no seu contido, montaxe e dirección a cargo de Cándido Pazó, do que se fai unha breve semblanza profesional.

Sen sinatura, "Los actores del CDG se adiestran para teatro en verso", *La Voz de Galicia*, 22 xullo 1995,

36. Sucinto comentario sobre o próximo curso de teatro en verso ó que asistirán os membros do Centro Dramático Galego. O curso, que terá como fin a comprensión da musicalidade das obras dramáticas escritas en verso, vén determinado pola próxima estrea dunha montaxe sobre textos de Gil Vicente.

Sen sinatura, "El CDG ultima el ensayo de su primer espectáculo en verso", *La Voz de Galicia*, 16 setembro 1995, p. 43.

Informa da representación, na Aula de Cultura de Santiago, desta peza. O director da montaxe, Cándido Pazó, seleccionou unha serie de textos curtos para a posta en escena da que será a "primera pieza totalmente en verso que acometerá el teatro gallego".

-A. G. N., "El CDG ultima un montaje sobre textos del luso Gil Vicente", *El Progreso*, 11 outubro 1995, p. 56. Noticia sobre a representación da obra na Aula de Cultura de Caixa Galicia de Santiago de Compostela, dentro dos actos de conmemoración do V Centenario da Universidade.

Sen sinatura, "Un verso para la Universidad", *La Voz de Galicia*, 11 outubro 1995. Dá conta da posta en escena da obra, da que sinala que se trata dunha reconstrucción teatral realizada a partir de doce pezas orixinais de Gil Vicente.

Sen sinatura, "O CDG estrea a súa farsa lírica *Nau de amores* do poeta portugués Gil Vicente", *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 15 outubro 1995, p. 51/p. 12. Breve referencia á posta en escena da obra na Aula de Cultura de Caixa Galicia de Santiago de Compostela, baixo a dirección de Cándido Pazó.

Sen sinatura, "El Centro Dramático presenta su primera pieza en verso", *La Voz de Galicia*, 15 outubro 1995, p. 42. Informa da representación da obra que será a última producción do Centro neste ano.

-I. G., "El Centro Dramático estrenará mañana en Santiago su última obra", *El Ideal Gallego*, 15 outubro 1995, p. 23.

Noticia da presentación na Aula de Cultura de Caixa Galicia en Santiago. A montaxe realízase en colaboración co Vº Centenario da Universidade de Santiago e percorrerá varias cidades galegas.

-Aníbal C. Malvar, “Darlle ao público un mal espectáculo é unha traición”, *El Mundo*, 15 outubro 1995, p. 5. Entrevista a Cándido Pazó, director teatral. O Centro Dramático Galego escenifica *Nau de Amores*, texto elaborado sobre creacións do escritor tardomedieval luso Gil Vicente. O seu director, Cándido Pazó, expón o labor de manipulación de textos que tivo que facer para adapta-las 43 pezas dispersas e “mesmo teatralmente inmaduras”, deste autor do século XVI. Todo isto leva detrás un intenso traballo de documentación sobre a cultura e mentalidade da época. O verso é o vehículo de expresión da obra. Luis Tosar e Santi Pintos interpretan o Anxo e o Demo, que, con presencia case continua na obra, contrapuntean os outros personaxes. Como director, Cándido Pazó tentou crear “un ambiente integrador, de compañía”, fuxindo do funcionariado e deixando paso á creación.

-E. C., “O CDG enfróntase ó reto do verso con *Nau de amores*”, *O Correo Galego*, 17 outubro 1995, p. 35. Informa da posta en escena desta obra, a primeira en verso do Centro Dramático Galego.

Sen sinatura, “El Centro Dramático Galego estrena *Nau de amores*, de Gil Vicente”, *Faro de Vigo*, 17 outubro 1995, p. 40. Informa sobre a representación na Aula de Cultura de Santiago.

Sen sinatura, “Lleno absoluto en el estreno del primer montaje con formato en verso del CDG”, *La Voz de Galicia*, 17 outubro 1995, p. 41. Breve referencia á representación da obra na Aula de Cultura de Caixa Galicia en Santiago, coproducida polo IGAEM e o Vº Centenario da Universidade.

-A. G. N., “El CDG estrenó en Santiago su primer montaje en verso”, *El Progreso*, 17 outubro 1995, p. 43. Noticia da estrea.

_____, “El CDG estrenó en Santiago la obra *Nau de amores*, de Gil Vicente”, *Diario de Pontevedra*, 17 outubro 1995, p. 19. Estrea de *Nau de amores* polo CDG. Esta obra cambia a orientación nas montaxes do CDG, xa que se trata dunha farsa lírica que trata de enredos amorosos.

-E. C., “O Centro Dramático Galego enfróntase ó reto do verso con *Nau de amores*”, *El Correo Gallego*/*O Correo Galego*, 17 outubro 1995, p. 12/p. 35. Noticia sobre a nova estrea en Santiago do CDG. Manuel Guede salientou durante a presentación da obra en rolda de prensa o reto que supón para o CDG, a primeira representación feita en verso na súa historia.

I. Barral, “El Centro Dramático Galego sorprendió ayer con su último montaje”, *El Ideal Gallego*, “Noticias de Compostela”, 17 outubro 1995, p. 11. Noticia da estrea. Sinálase o grande prestixio do director, Candido Pazó, recentemente galardoado pola crítica en Valencia e a conexión do texto de Gil Vicente, que centrou a súa producción literaria entre o XV e o XVI, no mesmo momento en que nacía a Universidade de Santiago. Por iso pode servir de homenaxe á conmemoración do seu V Centenario.

I. G., “El Centro Dramático Galego cierra hoy sus actuaciones en Santiago”, *El Ideal Gallego*, “Noticias de Compostela”, 25 outubro 1995. Dá conta da posta en escena da obra, un mosaico de textos seleccionados por Cándido Pazó.

-José Teo Andrés, “El Centro Dramático Galego trae a Vigo *Nau de amores*, su primera producción en verso”, *Atlántico Diario*, 17 novembro 1995, p. 47. Dá conta da posta en escena de *Nau de amores*. No artigo engádense tamén referencias ocasionais sobre o argumento da obra.

-Sen sinatura, “*Nau de amores*: 15 actores y un mosaico de textos para farsa lírica”, *Faro de Vigo*, 17 novembro 1995, p. 8. Artigo que informa da representación no Centro Cultural Caixavigo da obra *Nau de amores*, de Gil Vicente, unha comedia en verso na que están presentes os personaxes-tipo máis xenuínos das farsas medievais.

-Alvarado, “Las farsas medievales”, *La Región*, 19 novembro 1995, p. 18. Artigo no que se comentan brevemente varios aspectos da obra de Gil Vicente representada en Compostela polo Centro Dramático Galego. Así, fanse referencias puntuais ás farsas ou “cuadros de costumbres dialogados” do autor, ós textos que compoñen a presente obra, ós coetáneos de Gil Vicente e ó tratamento especial que sufriu o texto para garanti-la súa inmediata comprensión.

-Sen sinatura, “Farsa lírica de enredos amorosos”, *La Región*, 22 novembro 1995, p. 13. Artigo que recolle parte das declaracións do delegado provincial de Cultura, Felipe Ferreiro e do director do CDG, Manuel Guede, sobre a posta en escena de *Nau de amores*, que tivo lugar no Teatro Principal de Ourense.

-Gustavo Luca de Tena, “Gil Vicente, mentres merenda o Conselleiro”, *A Nosa Terra*, nº 701, “Guieiro Cultural”, 29 novembro 1995, p. 25.

Crítica da obra. Quince actores interveñen e enriquecen a obra malia a pobreza dos decorados. Vinculada á *Commedia dell'Arte* e ó teatro popular. Sinala a importancia dos recursos da *Commedia* e o traballo de dirección.

-Salvador Mariño, "El Centro Dramático Galego pone hoy en escena *Nau de amores*", *El Progreso*, 29 novembro 1995, p. 53. Noticia da presentación da obra no auditorio Gustavo Freire de Lugo.

Manuel F. Vieites, "A *Nau de Amores* do CDG", *Faro de Vigo*, "*Faro das Letras*", nº CVI, 2 decembro 1995,

1. Crítica da montaxe do CDG. Salienta a fidelidade á estética de Gil Vicente, o acerto na escenografía, no vestiario (de Carlos Alonso), na iluminación, na selección musical, no arranxo textual, así como da interpretación dos actores. Lembra tamén a importancia deste autor no teatro portugués e mesmo para o teatro en lingua castelá, no que, xunto a Lope de Rueda, pode considerarse un renovador da escena. A partir de elementos do teatro popular, Gil Vicente constrúe farsas cunha galería de tipos que lembran á *Commedia dell' Arte*.

-Sen sinatura, "Chegada a porto con *Nau de amores*", *Revista Galega de Teatro*. *Información teatral*, nº12, decembro 1995, pp. 82-84. Nota informativa sobre os últimos traballos realizados polo CDG en 1995. O groso da información refírese ó espectáculo *Nau de amores*. Ofrécense abundantes datos sobre a dramaturxia do autor e sobre os personaxes. Tamén se informa da última lectura dramatizada do CDG: *O peregrino errante que cansou ó demo*, de Xabier Lama, así como a colaboración do IGAEM na edición da *Guía das Artes Escénicas de España 1995*.

- Manuel F. Vieites, “Gil Vicente e o teatro popular”, *Revista Galega de Teatro*. *Información Teatral*, nº12, “Opinións dende a butaca”, decembro, 1995, pp. 101-103. Revisión teórica da xénese do teatro e da súa situación na Idade Media para centra-la figura de Gil Vicente, aproveitando o último espectáculo do CDG, *Nau de amores*. Elóxiase a representación, da que se destaca a fidelidade á tradición popular e á estética vicentina, así como a falta de pretensiosidade.

D. P., “O Centro Dramático Galego presenta *Nau de amores*”, *Diario de Pontevedra*, 6 decembro 1995,

10. Noticia que anuncia a presentación da obra no Teatro Principal de Pontevedra. Sinálanse os contidos desta comedia en verso, na liña das farsas medievais. Coméntase tamén que a montaxe realízase en colaboración co Vº Centenario da Universidade de Santiago, xa que a obra literaria de Gil Vicente (S. XV e principios do XVI) é contemporánea da creación da Universidade.

-Rodri García, “Era un reto hacer la primera pieza teatral larga en verso”, *La Voz de Galicia*, 14 decembro 1995, p. 8. Na entrevista, Cándido Pazó, adaptador e director da obra teatral *Nau de amores* (escrita sobre textos teatrais de Gil Vicente), comenta o proceso de elaboración deste texto teatral e a súa posta en escena. Ó tempo, fala dos desequilibrios culturais entre A Coruña, Vigo e Santiago de Compostela.

Centro Dramático Galego (6): *Ciclo Lecturas no Camiño*. *O peregrino errante que cansou ó demo*, de Xavier Lama.

Sen sinatura, “Os actores do CDG dramatizan *O peregrino errante que cansou ó demo*”, *La Voz de Galicia*, 12 maio 1995, p. 45. Nota informativa sobre a lectura dramatizada no Centro Galego de Arte Contemporánea desta obra de Xavier Lama.

Sen sinatura, “O teatro lido chegará a doce vilas galegas”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 15 novembro 1995, p. 44/p. 12. Nova sobre a presentación do programa teatral “Lecturas no Camiño”, iniciativa didáctica para levar a doce vilas galegas a lectura dramatizada de *O peregrino errante que cansou ó demo*, de Xavier Lama, gañadora da primeira edición do Premio de Teatro Camiño de Santiago.

Sen sinatura, “El Centro Dramático Galego inicia en A Estrada una gira de lecturas dramatizadas”, *La Voz de Galicia*, 15 novembro 1995, p. 6. Nova sobre a xira que o CDG iniciou na Estrada coa lectura dramatizada da obra de Xavier Lama.

Sen sinatura, “Fin das lecturas dramáticas do peregrino errante”, *O Correo Galego*, 12 decembro 1995,

34. Comentario sobre a finalización das lecturas dramatizadas de *O peregrino errante que cansou ó demo* polos actores do CDG en Noia, Boiro e o Val de Dubra.

-Sen sinatura, “O programa “Lecturas no Camiño” tivo boa aceptación do público, segundo Cultura”, *La Voz de Galicia*, 12 decembro 1995, p. 5. Nota informativa da lectura da obra, no marco do programa “Lecturas no Camiño”, a cargo dos actores do CDG, baixo a dirección de Andrés Pazos.

-I. G., “El Centro Dramático cierra el ciclo Lecturas no Camiño”, *El Ideal Gallego*, 12 decembro 1995, p. 10. Anuncia a saída da obra *O peregrino errante que cansou ó demo* a distintas localidades galegas, e dá un breve apuntamento sobre o autor da peza, Xavier Lama. Subliña tamén que o obxectivo de leva-lo teatro lido por toda Galicia é fundamentalmente didáctico e que as lecturas pretenden recobra-lo valor da palabra e dos textos teatrais sen ornamentación escénica.

Centro Dramático de Viana/Teatro do Noroeste/Teatro de Ningures: *Terra de lobos*, de Antonio Torrado.

-A. D., “Presentada en Cangas la primera coproducción teatral galego-portuguesa”, *Atlántico Diario*, 21 outubro 1995, p. 14. Presentación da coproducción de *Terra de lobos*, a cargo de Teatro do Noroeste, o Centro Dramático de Viana e Teatro de Ningures. A obra do autor portugués Antonio Torrado, está baseada nun conto de Xosé Luís Méndez Ferrín e estrearase o 27 de marzo de 1996 para celebra-lo Día Mundial do Teatro.

VIº Certame Galego de Teatro Xuventude. Lugo

-Miguel Olarte, “Una lanza por el teatro”, *El Progreso*, 27 outubro 1995, p. 57. Noticia das representacións celebradas no auditorio Gustavo Freire de Lugo, con motivo do VIº Certame Galego de Teatro Xuventude 95, no que se seleccionaron as obras seguintes: *Sursum Corda* (Caroza Teatro, de Narón), *Game over* (Catrabucha, de A Coruña), *Xoguemos*, *bobos*, *xoguemos* (Asociación Bacharel, de Pontevedra), *Doce sen piedade* (Asociación Teatral Bacharel), *Fando e Lis* (Talía Teatro, de Cee), e *Ubú Rei* (Aula Universitaria, de Ourense).

-Sen sinatura, “Lugo será escenario en noviembre de una muestra de teatro infantil”, *El Progreso*, 28 outubro 1995, p. 61. Anuncia os participantes da Mostra de Teatro Infantil, que se celebrará en Lugo no mes de novembro, e na que participan compañías estranxeiras e do resto do territorio español. Así mesmo anúnciase que a obra *Fando e Lis*, representada polo grupo Talía Teatro, puxo fin ó Certame Galego de Teatro Xuventude 95, celebrado no Auditorio Gustavo Freire de Lugo.

IVº Certame Outono de Carballo

-Sen sinatura, “O ‘Outono de Teatro’ de Carballo cobra carácter internacional”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 20 outubro 1995, p. 36/p. 25. Presentación do programa deste Certame que se celebrou na Sala Rega de Carballo do 30 de outubro ó 3 de novembro. No acto de presentación estiveron presentes o alcalde do Concello, Manuel Varela Rey, o concelleiro de Cultura, Marcelino Collazo Pardo, o animador socio-cultural, José Manuel Eirís, e Alberte Sueiro, membro do grupo de teatro de Carballo Ártabro. Leváronse a cabo once representacións, entre as que destacan *Os patios da memoria* (Teatro do Morcego), *Annus horribilis* (Chévere), *Cama dous por dous para dous* (Sarabela), ademais da participación dunha compañía chilena -La Tropa-, e unha cubana Galiana-108. A presente edición incluíu tamén o teatro dirixido ós estudiantes de ensinanzas medias que se representou no salón de actos do Instituto de Bacharelato de Carballo.

Chévere (1): *Annus horribilis*, de Pepe Sendón.

-Sen sinatura, “Chévere declina la invitación a participar en el intercambio entre comunidades autónomas”, *La Voz de Galicia*, 14 febreiro 1995, p. 37. Nota informativa na que se dá conta da decisión da compañía Chévere de non acepta-la oferta do IGAEM de participar no intercambio teatral entre as comunidades de Galicia, Aragón e Madrid.

-Manuel F. Vieites, “*Annus Horribilis*, polos vieiros do musical”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº LXXVIII, 18 febreiro 1995, p. 3. Comentario do espectáculo *Annus Horribilis*, da compañía teatral Chévere. Explora o acontecido na escena, resume a trama e fai un positivo comentario final.

Fernando Franco, “Tres años después, vuelve el Teatro Chévere con tres espectáculos, tres”, *Faro de Vigo*, 28 marzo 1995, p. 8. Neste artigo coméntase a triple presentación de Chévere en Vigo, as obras *Máquina Total*, *Annus Horribilis*, e *Cabaret Tan Tan*. Faise tamén un repaso pola historia de Chévere, do que se salienta o seu peculiar sentido do humor.

Fernando Franco, “Chévere: libro de supervivencia para naufragios en el mar bravo del teatro”, *Faro de Vigo*, 30 marzo 1995, p. 10. Neste artigo coméntase a posta en escena de *Máquina Total*, *Annus Horribilis*,e *Cabaret Tan Tan*, tres montaxes de Chévere. Franco define o traballo do grupo con palabras como impudor, comicidade, ironía, dinamismo, heterodoxia, irreverencia, etc.

D. P., “Chévere, es el colectivo artístico más emprendedor de Galicia de la post-guerra”, *Diario de Pontevedra*, 5 abril 1995, p. 13. Con motivo da presentación en Pontevedra das montaxes teatrais *Máquina Total II* e *Annus Horribilis*, faise un percorrido pola historia do grupo, dende 1988, ano en que foi fundado, ata a actualidade. A continuación, resúmese o argumento de *Máquina Total II*, da que se di que é unha “farsa simbolista sobre a estupidez desa raza de individuos que cortan o bacalao en todas partes”.

D. P., “Estreno en Pontevedra de la -Pícola opera portábile-*Annus Horribilis*”, *Diario de Pontevedra*, 6 abril 1995, p. 12. Ante a presentación en Pontevedra da obra *Annus Horribilis*, faise un resumo dos contidos da devandita obra, da que se salienta a súa condición de primeira “opera bufa” escrita en galego.

-I. G., “Chévere repone en abril dos de sus espectáculos en la NASA”, *El Ideal Gallego*, 13 abril 1995, p. 19. Infórmase da representación na Sala Nasa de Santiago de Compostela de *Máquina Total II* e *Annus Horribilis* e ofrece unha síntese do contido das obras.

Sen sinatura, “Chévere finaliza na Nasa a súa xira con *Annus Horribilis*”, *La Voz de Galicia*, 27 abril 1995,

41. Recóllese a nova da representación na Sala Nasa de Santiago desta obra, coa que Chévere conclúe unha xira que os membros do grupo cualifican de “un gran éxito para o grupo”.

Sen sinatura, “La Compañía compostelana Chévere presenta en Oporto su ópera *Annus Horribilis*”, *La Voz de Galicia*, 7 xuño 1995, p. 41.

Infórmase neste artigo sobre o Festival Internacional de Teatro de Expresión Ibérica, celebrado no Porto. Cítase a algúns dos grupos participantes, provenientes de diferentes países, e faise especial fincapé na presentación do grupo Chévere.

Sen sinatura, “Chévere e Teatro do Morcego, no FITEI”, *O Correo Galego*, 7 xuño 1995, p. 45. Recóllese a nova da participación de dous grupos galegos, Chévere e Teatro do Morcego, no Festival Internacional de Expresión Ibérica do Porto, no que se represenatrán as obras *Annus Horribilis* e *Doberman*, respectivamente.

Sen sinatura, “*Annus Horribilis* se convierte en el espectáculo de mayor éxito de Chévere”, *La Voz de Galicia*, 17 setembro 1995, p. 43. Neste artigo coméntase o grande éxito que tivo a montaxe *Annus Horribilis*, de Chévere, na xira que este grupo levou a cabo por diversas localidades de Galicia e Portugal.

-I. G., “Chévere inicia una gira que le llevará por 14 ciudades españolas”, *El Ideal Gallego*, 2 novembro 1995, p. 27. Informa de que o grupo galego Chévere levará a obra musical *Annus Horribilis* polas vilas de Monforte, Culleredo, Mugardos, Porriño, As Pontes, Lalín, Xove, Foz e Moaña, ademais de Sevilla, Palma de Mallorca, Barcelona e Madrid.

V. Mostra de Teatro Cómico. Barco de Valdeorras.

V. tamén Festival de Teatro. O Carballiño.

V. tamén XIIª Mostra de Teatro Cómico. Cangas.
V. tamén IVº Certame Outono de Teatro de Carballo.
V. tamén Mostra de Teatro. Cee.

Chévere (2): *Máquina Total II*.

-V. Chévere (1).

Chévere (3): *Cabaret Tan Tan*.

-V. Chévere (1).

Ciclo Cultural Teatro na Pedreira

V. Mofa e Befa.

V. Tanxarina.

Compañía Marías (1): *Squash*.

A. D., “La Compañía Marías estrena en Vigo su primera producción teatral”, *Atlántico Diario*, 17 maio 1995,

56. Tralos espectáculos *Fisterra-Broadway* e *Àmén*, a Compañía Marías porá en escena no Centro Cultural Caixavigo a obra *Squash*, de Ernesto Caballero que obtivo diversos premios como o Premio Nacional de Teatro 1988 e o Premio da Crítica 1994.

-Sen sinatura, “La ‘Compañía Marías’ pone en escena *Squash* en el Auditorio”, *El Progreso*, 23 novembro 1995, p. 57. Nova sobre a representación no Auditorio Gustavo Freire de Lugo de *Squash*.

-Fernando Franco, “*Squash*: una crónica sarcástica y comitrágica de la supervivencia”, *Faro de Vigo*, 1 decembro 1995, p. 8. Noticia sobre a posta en escena en Vigo de *Squash*, protagonizada por María Bouzas e María Pujalte e da autoría de Ernesto Caballero.

-A. D. “El Concello centra su programa cultural en el teatro”, *Atlántico Diario*, 1 decembro 1995, p. 18. Informa sobre a representación da obra *Squash* pola Compañía Marías, con María Pujalte, María Bouzas e Manuel Millán, o venres 1 de decembro 1995, na Casa de Cultura do Concello de Vilagarcía de Arousa; da representación da obra *O cantante e as Mulleres* do grupo Migallas Teatro, baixo a dirección de María Campos, o 2 de decembro de 1995; e da posta en escena da obra *Beiramar*, de Armando Cotarelo Valledor, polo Teatro de Cámara Ditea o 2 de decembro de 1995 no salón parroquial de Vilaxoán.

Compañía Marías (2): *Àmén*.

-Mar Guerra, “Dúas son Compañía”, *O Correo Galego*, “A través da xanela”, 21 xaneiro 1995, p. 16. Artigo sobre a Compañía Marías, da que forman parte dúas únicas actrices, María Bouzas e María Pujalte, a piques de estrea-la súa terceira producción, *Àmén*. María Pujalte comenta a sensación que lle produce estar diante do público, a importancia das súas reaccións diante do espectáculo e a percepción inmediata das mesmas. Confesa que é un traballo constante e duro, de formación continuada, un oficio que se fai ó día, e mais para sacar adiante unha compañía. A súa concepción do teatro ten moito que ver coa “materia”: “O teatro para min é a madeira onde crava-las escenografías, son as cordas que soben e baixan, é o pó, a ferrachada toda, é o frío que adoita ir detrás do escenario...”

I. G., “Compañía Marías estrena hoy su peculiar obra benéfica *àmén*”, *El Ideal Gallego*, 7 marzo 1995,

24. Presentación do espectáculo *Àmén* na Sala Nasa polas dúas actrices que forman a Compañía -María Bouzas e María Pujalte- e o director, Xavier Picallo.

-A. I., “Dos ‘monjas’ con marcha”, *El Correo Gallego*, 9 marzo 1995, p. 31. Nova sobre a representación do cabaret *Àmén*, escrito por Xavier Picallo, con música do grupo Nicho Varullo, e interpretado por María Bouzas e María Pujalte. O espectáculo foi estreado o 7 de marzo na Sala Nasa.

-Amanda Álvarez, “*Àmén*. Nova proposta teatral da *Compañia de Maria*”, *A Nosa Terra*, nº 665, ”Guieiro Cultural”, 16 marzo 1995, p. 27.

Artigo centrado no novo espéctaculo teatral da Compañía Marías, *Àmén*, con música de Nicho Varullo e guión e dirección de Xavier Picallo. Destácanse o emprego da ironía, a crítica e a provocación desta posta en escena, centrada na relixión -os personaxes son dúas monxas-, e o amor nas súas múltiples formas. María Pujalte e María Bouzas son as únicas actrices desta montaxe, sen subvencións de ningún tipo, como ocorrera xa con *Fisterra-Broadway* e *Squash*, as súas anteriores funcións.

-Fernando Franco, "*Àmén*: la compañía Marías se pone en elevado trance para un cabaret benéfico", *Faro de Vigo*, 6 abril 1995, p. 8. Comentario da represenatción da obra na Sala El Malecón, de Vigo. O espectáculo, que ten unha dobre lectura -amatoria e eclesiástica-, está cargado de forte contido crítico.

-Sen sinatura, "*Àmén* de Marías, cabaret con mensaxe", *La Región*, 27 abril 1995, p. 13. Nova sobre a representación da obra na Sala Caritel, en Ourense.

Compañía dos Irmáns Forman: *Ópera Barroca*.

-Francisco, J. Gil, “*Ópera Barroca* de los Hermanos Forman, títeres al son de la música”, *Faro de Vigo*, 16 decembro 1995, p. 8. Breve referencia á representación de “Opera Barroca”, unha obra inspirada nunha ópera popular checa de finais do século XVIII, titulada *Dunha cheminea que foi construída con moita facilidade por albaneles*. O espectáculo correrá a cargo da compañía dos irmáns Forman.

Ditea, **Teatro de Cámara**, *Beiramar*, de Armando Cotarelo Valledor.

-V. Compañía Marías (1)

Eis: *A cociña*, de Arnold Wester.

Sen sinatura, “*A cociña*, a escena en el Principal”, *O Correo Galego*, 14 xuño 1995. Nota informativa da representación desta peza de Arnold Wesker no Teatro Principal de Ourense, no marco da IIª Mostra de Teatro Universitario unha obra considerada como “teatro social”.

tamén Festival de Teatro Universitario.

Emeigual: *Lux perpetua*, adaptación de *O Pauto*, de Xesús Pisón.

-Sen sinatura, “Ai Carmela e Moaña”, *A Nosa Terra*, nº 701, “Axenda”, 23 novembro 1995, p. 30. Anuncia a representación desta peza e de *Ai Carmela* de Talía Teatro.

Escola de Maxisterio de Santiago, **Grupo de Teatro da**: *Deus*.

-V. Festival de Teatro Universitario.

Espello Cóncavo: *Un día calquera*.

-I. G., “La compañía teatral ‘Espello Cóncavo’ representa hoy en el Rosalía *Un día calquera*”, *El Ideal Gallego*, 12 xuño 1995, p. 15. Nota sobre a representación no Teatro Rosalía de Castro da obra *Un día calquera*, baseada en *Before Breakfast*, de Eugene O’ Neill e adaptada por Agustín Vega. A obra ofrece a crónica dunha mañá na vida dunha muller que ve como cambia o seu destino por acontecementos incontrolados.

-V. tamén Mostra de Teatro de Cee.

A Factoría Teatro: *Na soedade dos campos de algodón*, de Bernard-Marie Koltés.

-X. A., “Factoría Teatro presenta en Vigo *Na soedade dos campos de algodón*”, *Diario de Pontevedra*, 25 maio 1995. Nova sobre a representación da obra de Bernard-Marie Koltés no auditorio do Centro Cultural Caixavigo. A peza, dirixida por Cristina Domínguez Dapena, escenifica a historia dun enfrontamento entre un personaxe que realiza transaccións fóra da lei e un cliente que se atopa na cidade pero fóra da convención urbana.

-Fernando Franco, “Factoría Teatro: una apuesta por un teatro de la palabra”, *Faro de Vigo*, 27 maio 1995, p. 10. Anuncia a estrea da obra *Na soedade dos campos de algodón*, no Centro Cultural Caixavigo, que considera “una obra de carácter netamente urbano, realista” e da que recoñece que se trata dun “teatro denso, cerebral y al tiempo instintivo, que se nutre de la palabra y de la interpretación actoral como elementos claves”.
-Ana Iglesias, “Koltés e Factoría Teatro, hoxe en Compostela”, *O Correo Galego*, 9 xuño 1995, p. 34. Nota sobre a posta en escena desta obra no Teatro Principal de Santiago. Segundo a comentarista trátase dunha metáfora das relacións humanas no mundo industrializado.

-I. G., “Factoria Teatro presenta *Na soedade nos campos de algodón*”, *El Ideal Gallego*, 9 xuño, p. 19. Informa da representación desta obra no Teatro Principal de Santiago e comenta que está baseada na obra do dramaturgo francés Bernard-Marie Koltés.

-V. tamén VIIIª Mostra de Teatro. Cee.

Farruco: *Sete por un*.

V. Mostra de Teatro Cómico. Barco de Valdeorras.
V. XIVª Semana de Teatro de Rianxo.

Festival de Teatro. O Carballiño

-Sen sinatura, “Noches de gala en Carballiño”, *La Región*, 5 setembro 1995, p. 9. Anuncia os grupos e obras que se representarán no Festival do Teatro Galego a partir do 10 de setembro. A sesión inaugural contará coa presencia de Els Comediants, coa obra *Libro de las Bestias*; na primeira xornada “Teatro do Aquí” representará, baixo a dirección de Roberto Vidal Bolaño, *O touporroutou da lúa e do sol*, unha obra para nenos, e *A ópera de a patacón*. Este mesmo día, Chévere porá en escena *Annus Horribilis*. Para o resto dos días espérase a confirmación dos grupos asistentes.

-M. F. A., “Comediants: un peso forte en Carballiño”, *La Región*, 7 de setembro 1995, p. 9. Informa do festival do Teatro Galego do Carballiño: do 10 ó 14 de setembro de 1995. A obra *Libro de las bestias* de “Els Comediants” inaugura o festival o día 10. Esta está inspirada no libro de Ramón Llull, *Libre de les mervelles*, que segue a tradición dos bestiarios medievais. O día 11 actúan “Chévere”, coa ópera *Annus Horribilis*, e “Teatro do Aquí”, con *Ópera do Patacón*. Este mesmo día no Cine Alameda, “Teatro do Aquí” presenta unha sesión de teatro infantil, *O touporroutou da lúa e o sol*. “Teatro do Morcego” interpreta o día 12 *Os patios da memoria*. “Sarabela” presentará *Cama dous por dous para dous* o mércores 13. O día 14, como clausura, “Ollomoltranvía” estreará a súa nova montaxe.

-Sabela Pinar, “Un festival a tener muy en cuenta”, *La Región*, 15 setembro 1995, p. 13. O artigo destaca o éxito do Festival de Teatro Galego do Carballiño, no que participaron compañías galegas e non galegas. O grupo Sarabela presentou a obra *Cama dous por dous para dous*. O grupo catalán Els Comediants acadou a maior asistencia de público con *El libro de las bestias*. Chévere interpretou *Annus Horribilis* e Teatro do Morcego *Patios da memoria*.

-Sen sinatura, “Dina Martínez: el festival de teatro ha ofrecido calidad”, *La Región*, 17 setembro 1995, p. 28. Entrevista con Dina Martínez, coordinadora do Festival do Teatro Galego, celebrado no Carballiño. Salienta a importancia do evento e a masiva asistencia de público, debido á calidade crecente do teatro galego. Comenta tamén a dificultade desta empresa, pola falta de apoio institucional.

Festival de Teatro Universitario

Sen sinatura, “Tres formaciones universitarias se incorporan al ciclo de teatro que empieza el día 6”, *La Voz de Galicia*, 27 abril 1995. Nota que informa da invitación a participar neste festival á Aula de Teatro de Pontevedra, ó grupo A Balteira da Universidade da Coruña, e á Aula de Teatro do Campus de Lugo.

Sen sinatura, “Diez grupos participarán en el Festival de Teatro Universitario”, *La Voz de Galicia*, 4 maio 1995, p. 43. Anuncia o comezo deste Festival, que tivo lugar do 6 ó 15 de maio en Santiago de Compostela, nas Salas Galán e Nasa, organizado pola Aula de Teatro de Santiago. Contou coa presencia de grupos maioritariamente de Compostela, que puxeron en escena obras en galego, castelán, inglés, francés e alemán.

Sen sinatura, “Teatro gratis a las diez”, *La Voz de Galicia*, 5 maio 1995, p. 40. Noticia sobre as postas en escena dos grupos de teatro, Comité pro Autores Perseguidos, Grupo de Teatro da Escola de Maxisterio, Teatro Alemán, Captatio Benevolentiae, Eis, Aula de Teatro de Pontevedra, e Grupo A Balteira, con motivo deste festival.

Iº Festival Galego de Títeres de Redondela

A. D., “El Festival Gallego de Títeres inicia este año una tradición”, *Atlántico Diario*, 18 decembro 1995,

13. Noticia sobre a celebración do I Festival Gallego de Títeres de Redondela durante os días 22 e 24 de decembro no Auditorio José Figueroa e o Centro Recreativo Cultural. O programa de actos inclúe a representación de obras polos grupos Tanxarina, Cachirulo, Viravolta e Falcatrúa.

-Jaime Conde, “Redondela acoge durante tres días el primer festival gallego de títeres”, *Faro de Vigo*, 22 decembro 1995, p. 9. Nota sobre a celebración en Redondela da primeira edición do Festival Galego de Títeres, que acolleu as representacións dos grupos Tanxarina, Falcatrúa, Cachirulo e Viravolta, que representaron respectivamente *Ah*, *ah*, *ah*, *estamos* “*monstros*” *de risa*, *O espírito do bosque*, *Xan sen medo contra os chupa-contos*, *O candil marabilloso*.

Festival Internacional de Títeres de Vigo

-D. P., “Quinto festival Internacional de Títeres en Vigo”, *Diario de Pontevedra*, 4 novembro 1995, p. 19. Nota de prensa que recolle a convocatoria de UNIMA-Galicia, organizadores deste V Festival, que animan ós centros educativos a participar e informan dos prezos e as horas das funcións que terán lugar no Auditorio Cidade de Vigo. Teñen prevista a participación de compañías de Portugal, Checoslovaquia, Cataluña, Castela-León, etc. Ademais contarán con pezas para adultos.

-A. D.,”Ocho compañías participan en el quinto Festival Internacional de Títeres de Vigo”, *Atlántico Diario*, 13 decembro 1995, p. 50. Referencia ó Vº Festival Internacional de Títeres celebrado en Vigo, no que participarán oito compañías. Gran Bretaña, Portugal, a República Checa, Galicia, Cataluña, o País Vasco, Madrid e Castela-León estarán representados nesta quinta edición do certame.

-Fernando Franco, “Festival Internacional de Títeres: 8 grupos para todo un mundo mágico”, *Faro de Vigo*, 13 decembro 1995, p. 10. Noticia sobre o Festival Internacional de Títeres de Vigo, no que participan este ano oito grupos, cinco españois e tres estranxeiros.

-H. V., “Compañias peninsulares e europeas no Festival de Títeres de Vigo”, *A Nosa Terra*, nº 704, “Guieiro Cultural”, 14 decembro 1995, p. 26. Informe sobre as distintas obras que se representarán na quinta edición do Festival de Títeres de Vigo, o único de carácter internacional que existe, polo momento, en Galicia.

A. D., “El Festival de Títeres ofrece sus cinco últimas representaciones”, *Atlántico Diario*, 15 decembro 1995, p. 58. Breve informe sobre as cinco últimas representacións do Festival de Títeres de Vigo: “La maleta”, da compañía catalana Els Rocamora; “Makinatu”, do grupo vasco Taun Taun; “Opera barroca”, da compañía Hermanos Forman; o espectáculo infantil “Elmer el elefante”, do Teatro de la Luna de Madrid e “La maldición de Poe”, do Teatro Corsario de Castela-León.

A. D., “El Festival Gallego de Títeres inicia este año una tradición”, *Atlántico Diario*, 18 decembro 1995,

13. Informe sobre o Festival Galego de Títeres que se celebrou no Auditorio José Figueroa e no Centro Recreativo Cultural de Redondela, un festival que pretende converterse na cita anual co chamado “marionetismo gallego”.

Grupo de Expresión: *Un conto para todos*.

-V. Xornadas de Teatro Afeccionado do Concello de Pontevedra.

Maricastaña, **Teatro**: *Ubú rei*, de Alfred Jarry.

-D. P., “El Aula de Teatro de Orense pondrá en escena esta tarde *Ubú rei*”, *Diario de Pontevedra*, 1 xuño 1995, p. 6. Posta en escena de *Ubú rei* de Alfred Jarry polo Grupo de Teatro Maricastaña da Aula de Teatro de Ourense, dentro da IIª Mostra de Teatro na Universidade. Resúmese o fío argumental da obra e danse algúns datos sobre o autor e as primeiras adaptacións da obra. O artigo sinala que a montaxe ten elementos de comedia grotesca e satírica, cunha estética chamativa en canto a vestiario e unha escenificación que conta con 13 actores. Inclúese un breve historial do grupo, creado en 1991 baixo a dirección de Sarabela Teatro, que imparte cursiños de formación sobre diversos aspectos da representación.

-Ver tamén VIº Certame Galego de Teatro Xuventude. Lugo.

Matarile Teatro (1): *31*, de Ana Vallés.

- A. I., “O Principal de Compostela inicia a tempada cunha comedia de Anouilh”, *O Correo Galego*, 9 xaneiro 1995, p. 37. Entre outras noticias teatrais informa da representación da montaxe *31*, na Sala Nasa, o 14 de xaneiro de 1995, por Matarile Teatro.

-X. S. M., “Matarile achega a Boston o seu espectáculo *31*”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 21 setembro 1995, p. 69/p. 67. Nota sobre a representación de *31* -peza de Ana Vallés-, no Keiter Center de Boston. A obra xira, segundo a autora, sobre a situación de guerra nas cidades e o problema da incomunicación/comunicación nese contexto.

-Sen sinatura, “Matarile comienza una gira con *Museo* e *31* y prepara su nuevo espectáculo”, *La Voz de Galicia*, 5 decembro 1995, p. 41. Nova sobre a xira que comezou a compañía no mes de decembro, en Xixón -durante os Encuentros en Asturias Teatro-, coa representación de *Museo*, e logo en Madrid, no Teatro Padrillo, co espectáculo *31*. Dáse, tamén, noticia da preparación da súa nova producción *Zeppelin número 7*.

-I. G., “El grupo teatral Matarile actuó en Gijón y prepara su próxima obra”, *El Ideal Gallego*, 10 decembro 1995.

Nota da xira que comezou Matarile en Xixón, no Palacio de Revillagigedo, coa obra *Museo*, escenificada anteriormente o 21 e 22 de decembro na Sala Galán de Santiago. En xaneiro, a compañía trasladouse a Madrid para poñer en escena *31*. Coméntase ademais, a preparación do seu novo espectáculo *Zeppelin 7*.

V. Chévere.

Matarile Teatro (2): *Museo*, de Antonin Artaud.

-Sen sinatura, “Matarile hace una propuesta onírica en su nuevo espectáculo”, *La Voz de Galicia*, 26 abril 1995, p. 37. Estrea de *Museo* polo grupo Matarile, “proposta onírica”, sobre uns textos de Artaud, os *Cadernos de Rodez*, con dirección e adaptación de Ana Vallés, música orixinal de Baltasar Patiño, director da compañía, e tres actrices (Eugenia Iglesias, Gloria Rico e a mesma Ana Vallés). Na mesma liña de espectáculos anteriores, Matarile traballa coas luces, os sons e os movementos para dar importancia ó espacio escénico e ó ambiente.

-Isabel Barral, “Matarile estrena esta noche su nuevo espectáculo”, *El Ideal Gallego*, 26 abril 1995, p. 18. Nova sobre a estrea na Sala Galán de Santiago da obra *Museo*, representada polas actrices Ana Vallés -autora do guión-, Gloria Rico e Eugenia Iglesias, con música de Baltasar Patiño.

-I. G., “Matarile Teatro realizará una gira por EE. UU. la próxima semana”, *El Ideal Gallego*, 17 setembro 1995, p. 22. Nota sobre o comezo da xira da compañía polos EE. UU. coa obra *31*. A peza representarase en diversas cidades españolas e en Dublín. De forma parella, o grupo continúa co seu espectáculo *Museo*, co que estará no mes de outubro en Xixón e no mes de decembro na Sala Galán de Santiago.

-Sen sinatura, “Matarile Teatro estrenará en febrero su espectáculo *Zeppelin número 7*”, *El Correo Gallego*, 5 decembro 1995, p. 30.

Noticia sobre a representación de *Museo* e *31*, nunha paréntese de Matarile na preparación da súa nova producción, *Zeppelin número 7*, que estreará en febreiro, na Sala Galán.

I. G , “Matarile Teatro representará esta semana su obra *Museo*”, *El Ideal Gallego*, 18 decembro 1995,

18. Os días 21 e 22 de decembro de 1995, a compañía de teatro “Matarile” presentará na Sala Galán o seu espectáculo *Museo*. A obra está baseada en fragmentos de *Cadernos de Rodez*, de Antonin Artaud.

- Quique Chuvieco, “Matarile desvela la hipocresía en su obra”, *El Ideal Gallego*, 21 decembro 1995, p. 11.

O grupo teatral “Matarile” representa o 21 e 22 de decembro de 1995, na sala Galán de Santiago, a obra *Museo*, que toma como base uns cadernos de Antonin Artaud.

-E. C., “Matarile Teatro aplaude a nova política do IGAEM”, *O Correo Galego*, 21 decembro 1995, p. 44.

Noticia sobre os problemas financieiros da compañía e sobre as súas últimas montaxes, *Museo*, *31*, e a que teñen en preparación, *Zeppelin número 7*.

Migallas Teatro: *O cantante e as mulleres*, de Carlos Yus.

-V. Compañía Marías (1).

Mofa e Befa: *Para ser exactos*.

-D. P., “El público refrendó con con su presencia el éxito del ciclo cultural ‘Teatro na Pedreira’”, *Diario de Pontevedra*, 1 agosto 1995, p. 11. Noticia sobre a representación desta obra dentro do Ciclo Teatral “Teatro na Pedreira” organizado en Pontevedra pola Área Comercial da zona Monumental en colaboración co Concello de Pontevedra. Tamén participou o Grupo Tanxarina con *Ja*, *ja*, *ja*... *estamos monstros de risa*.

Os Monicreques de Kukas: *A culpa foi de Mozart*.

-Sen sinatura, “Monicreques de Kukas rinde homenaxe a Mozart con un divertimento musical”, *La Voz de Galicia*, 14 outubro 1995, p. 40. Anuncia a estrea na Casa da Cultura de Boiro deste novo espectáculo do grupo, dirixido por Isabel Rey e construído por Marcelino de Santiago, Kukas. Recóllense as declaracións de Isabel Rey, que afirma que se trata dunha obra divertida e musical para achega-la música de Mozart ó público.

-V. Xornadas de Teatro de Burela.

Morcego, **Teatro do**: *Os patios da memoria*, de Ever Martín Blanchet.

-Victor Corral, “Aprobado raspado pola calidade media”, *La Región*, 26 xullo 1995, p. 16. Refírese á interpretación de Celso Parada desta obra, á que cualifica de “magnífica”, nunha liña que mestura a diversión coa expresión dos sentimentos. Ademais fai un balance xeral da Mostra de Teatro Internacional de Ribadavia, onde se estreou esta peza, e afirma que é necesario coida-la calidade, programar actividades parellas relacionadas co teatro, habilita-lo recinto das representacións para maior comodidade do público, e máis control sobre as invitacións.

Curro Volta, “Es un espectáculo muy equilibrado, en el que se combina el humor y el lirismo”, *Diario de Pontevedra*, 20 outubro 1995, p. 10. Entrevista ó actor Celso Parada, da compañía Teatro do Morcego, que anda representando a obra *Os patios da memoria* do autor uruguaio Ever Martín Blanchet. É unha obra dun só personaxe dirixida polo tamén uruguaio Bernardo Gali.

Curro Volta, “Extraordinaria actuación del actor de Cangas Celso Parada”, *Diario de Pontevedra*, 24 outubro 1995, p. 8. Crónica da representación da obra *Os patios da memoria* en Pontevedra, da que se destaca a calidade da trama e a interpretación do actor.

-Fernando Franco, “*Os patios da memoria*, un viaje por el recuerdo al territorio de la infancia”, *Faro de Vigo*, 22 novembro 1995, p. 8.

Noticia da estrea en Vigo de *Os patios da memoria*, texto de Ever Martín Blanchet, interpretado polo actor Celso Parada, que aborda un monólogo sobre a infancia e a memoria do tempo perdido. Para esta empresa escolleu como director ó psicoanalista uruguaio, Bernardo Galli.

-Manuel F. Vieites, “Teatro do Morcego: *Os patios da memoria*”, *Faro de Vigo*, “Faro das Letras”, nº CVIII, 16 decembro 1995, p. 3. Parte da descrición de Celso Parada como actor moi apaixonado, que por veces chega á sobreactuación. Logo de dá-los datos básicos da obra, autor do texto, adaptador, director escénico e temática, aborda a posta en escena, da que salienta a habelencia de Parada para expresar e comunicar. Gaba ó “Teatro do Morcego” por adaptarse perfectamente a calquera sala galega de reducidas dimensións e solicita a intervención da iniciativa privada para construír unha importante rede comercial e de distribución para o teatro galego.

V. VIIIª Mostra de Teatro. Cee.
V. tamén Festival de Teatro. O Carballiño.
V. tamén Mostra de Teatro Cómico. Cangas.
V. tamén IVº Certame Outono de Teatro de Carballo.
V. Xornadas de Teatro de Burela.

IVª Mostra de Teatro Armando Cotarelo Valledor. Vilagarcía

-A.D., “Una historia de amor inaugura la “IV Mostra de Teatro”, *Atlántico Diario*, 27 outubro 1995, p. 18.

Inauguración da IVª Mostra de Teatro Armando Cotarelo Valledor, en Vilagarcía, coa representación da obra *Tolos de amor*, polo Teatro do Atlántico. Esta historia, adaptación de Sam Sephard, está dirixida por Xulio Lago e interpretada por catro actores.

Mostra de Teatro Cómico. Barco de Valdeorras

-Lupe Gómez, “Do 8 ao 13 celébrase a Mostra de Teatro Cómico no Barco de Valdeorras”, *A Nosa Terra*, nº 690, “Guieiro Cultural”, 7 setembro 1995, p. 29. Mostra de Teatro Cómico no Barco de Valdeorras do 8 ó 13 de setembro de 1995. O día 8 a compañía Chévere interpreta *Annus Horribilis*, show musical en clave cómica. A compañía Sarabela interpreta *Cama dous por dous para dous* de Sergi Belbel, o 9 de setembro. O cómico Farruco protagonizará o espectáculo *Sete por un*, obra na que o actor interpreta en clave irónica sete personaxes. A compañía Cachirulo Teatro desenvolverá actividades de teatro na rúa que rematará coa obra de marionetas *A illa do tesouro* de R. L. Stevenson. Da man de Creacións do Noroeste chega a obra *Historias peregrinas*, da que é autor Miguel Anxo Murado. O último día, o mércores 13, a compañía Os Quinquilláns interpreta *As viaxes fantásticas*.

XIIª Mostra de Teatro Cómico. Cangas

-Manuel F. Vieites, "*S.O.S*. polo teatro en Cangas", *Faro de Vigo*, "Faro das Letras", nº LXXXVII, 29 abril 1995, p. 4. Comentario que eloxia a permanencia da Mostra de Teatro de Cangas, impulsada pola Asociación Cultural Xiria, que amosa preocupación pola súa probable desaparición a causa da falta de apoio oficial.

-Xerardo das Arias, "Do riso. Sobre as axudas ao Festival de Teatro Cómico de Cangas", *A Nosa Terra*, nº 682, "Guieiro Cultural", 13 xullo 1995, p. 27. Co gallo da polémica xurdida polas subvencións municipais ó Festival de Teatro Cómico de Cangas, o articulista fai un breve repaso á historia do teatro cómico, partindo da Grecia clásica, pasando por autores como Shakespeare ou Gil Vicente, ata chegar ó momento actual. O humor foi sempre, sostén Airas, arma letal contra os poderosos e os totalitarismos.

-A. D., "Once compañías participarán en la Mostra de Teatro Cómico de Cangas", *Atlántico Diario*, 29 agosto 1995, p. 43. Noticia sobre a duodécima Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas, a celebrar entre o 2 e o 10 de setembro de 1995. O Grupo Sarabela porá en escena, o día 4, a obra de Sergi Beldel *Cama dous por dous para dous*; o día 5, o Grupo La Quimera de Plástico con *Los cuernos de don Friolera;* o 6, o grupo Chévere. Pola súa parte, os británicos Rhythm Doctors presentarán o día 7 o seu espectáculo de música e humor *Crazy Happening scenes by appoitment*; o día 8 poderán verse tres representacións diferentes: o grupo Migallas, que presenta *Canta connosco*; a Compañía arxentina Ana Acosta representará *Cómo se rellena un bikini salvaje*, de Miguel Falabella; os portugueses Art' Imagem rematarán a noite con *O canario*

morreu. O sábado, día 9, o grupo andaluz “Arena” presentará a obra de Máxi Rodríguez *El color del agua*, e o Teatro do Noroeste xunto co Centro Dramático de Viana representarán o *Auto das cortes da morte representado pola Compañía de Angulo o mao*. Ó día seguinte, estas dúas compañías citadas en último lugar actuarán xuntas de novo coa obra de García Lorca *Amor de don Perlimplín com Belisa em seu jardim*.
-Lupe Gómez, “A Mostra de Teatro Cómico e Festivo de Cangas, oito días de diversión”, *A Nosa Terra*, nº 689, “Lecer”, 31 agosto 1995, p. 25. Co gallo da inminente celebración da Mostra de Teatro Cómico e Festivo de Cangas, ofrécense algúns datos sobre a historia do mesmo, saliéntase o seu carácter internacional e o labor que desenvolven na súa organización os membros da Asociación Cultural Xiria. Infórmase a continuación sobre as actividades previstas para a presente edición, na que se agarda a presencia de grupos casteláns, ingleses, portugueses, etc.

- A. D., “Cangas inicia hoy una nueva edición de la Mostra de Teatro Cómico e Festivo”, *Atlántico Diario*, 2 setembro 1995, p. 51. Noticia sobre a XIIª Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas. Ademais da información que rexistramos na referencia anterior, dáse o título de Chévere: *Annus Horribilis (Picola Opera Portatile*), e infórmase de que o 4, 5 e 6 de setembro, como programa en “off”, o Teatro do Morcego escenificará a obra *Os patios da memoria*, na Casa de Cultura.

-S. R., “La Mostra de Teatro de Cangas busca sala para que le quepa el público”, *Faro de Vigo*, 6 setembro 1995, p. 41. Noticia sobre os problemas que atopan os organizadores da Mostra para conseguir unha sala que acolla á grande cantidade de público interesada nas representacións.

-Cristina González, “Veinte años de escena en Cangas”, *Faro de Vigo*, 10 setembro 1995, p. 16. Cristina González afonda na tradición teatral da vila de Cangas debida, segundo Manuel Pazos, un dos fundadores, ó carácter “extrovertido”, “participativo” e “crítico” das súas xentes. Este ano, 1995, cúmprense vinte de teatro estable neste municipio. A súa orixe céntrase na parroquia de Coiro, onde naceu o grupo Matamoura. No ano 81 créase o Colectivo de Teatro Mua, que entra en 1985 a formar parte da Escola Dramática Galega. Era a semente do que sería Teatro de Ningures. Hoxe o teatro de Cangas atópase “na vargarda galega”, do que dá proba a súa Mostra Internacional de Teatro.

-Javier D. Campa, “Teatro de Ningures, premio a la labor teatral en Cangas”, *Atlántico Diario*, 11 setembro 1995, p. 6. Noticia sobre os premios ó labor e ó deslabor teatral que recaeron en Teatro de Ningures e o Concello de Tui respectivamente por non recupera-lo Teatro Principal. Dáse conta da clausura desta Mostra a cargo dos grupos Teatro do Noroeste e do Centro Dramático de Viana coa obra de Lorca *Amor de don Perlimplin com Belisa em seu jardin*, e da presentación do número 11 da *Revista Galega de Teatro*.

- J. Pérez, “Diez compañías en la Mostra de Teatro de Cangas”, *Atlántico Diario*, “Press Club”, 22 setembro 1995, p. 2. A segunda quincena de setembro de 1995 comezará en Cangas o XIIº Festival de Teatro Cómico e Festivo. Tres grupos estiveron xa en anteriores edicións: as compañías galegas Chévere e Sarabela e os portugueses de Art’ Imagem. A compañía arxentina Ana Acosta preséntanos a obra *Cómo se rellena un bikini salvaje*. O Centro Dramático de Viana estará presente coa obra de García Lorca *Historia de Don Perlimplín con belisa en su jardín*. La Quimera de Plástico representará a obra de Valle-Inclán *Los cuernos de Don Friolera*. A compañía inglesa Rythm Doctors achégase a esta mostra cun espectáculo musical de café teatro, ó que poderemos asistir no pub Komplot.

-Francisco Alonso, “Pregón á XII Mostra de Cangas 1995” *Revista Galega de Teatro*. *Información teatral*, nº 12 decembro 1995, pp. 92-94. Presentación en clave de humor da Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas, pronunciada o catro de setembro de 1995. Advírtese á vila pontevedresa da “perigosa invasión” dos teatreiros e de tódolos “males” que se poden derivar do teatro.

VIIIª Mostra de Teatro. Cee

E. C., “Ningures leva á Mostra de Cee a versión teatral de *Tic-Tac*”, *O Correo Galego*, 18 agosto 1995,

37. VIIIª Mostra de Teatro de Cee. Presentación da obra *Tic-Tac* de Suso de Toro, na versión dramática realizada por Etelvino Vázquez e Xosé Manuel Pazos para o grupo Teatro de Ningures. Terá lugar no Salón de actos Fernando Blanco o 19 de agosto de 1995. Entre as montaxes desta Mostra figuran tamén *O rei nu* versión dun conto de Andersen realizada por Quico Cadaval e Cándido Pazó-, *Os patios da memoria* -por Teatro do Morcego-, *Na soidade dos campos de algodón* -da compañía A Factoría- e *Rezagados* -de Ernesto Caballero en montaxe de Talía Teatro.

-J. T., “A Mostra de Teatro de Cee podería desaparecer”, *El Correo Gallego*/*O Correo Galego*, 31 agosto 1995, p. 14/p. 45. Trala recente Mostra de Teatro de Cee, o responsable da organización do encontro, Artur Trillo, afirma que a Mostra “podería desaparecer”, se “a Consellería de Cultura non ten vontade de subvencionala”.

IIª Mostra de Teatro na Universidade

-V. Aula de Teatro da Universidade de Santiago.

XIª Mostra Internacional de Teatro. Ribadavia

-Pilar V. Novoa, “Preséntase a onceava edición da Mostra de Teatro de Ribadavia”, *O Correo Galego*, 4 xullo 1995, p. 36. Presentación desta edición da Mostra, que tivo lugar entre o 15 e o 24 de xullo, por Rubén García, director da nova Comisión Internacional de Teatro, que destacou a presencia nesta Mostra de Adolfo Marsillach como pregoneiro, o grupo Zarabanda (Premio Nacional de Teatro), a compañía catalana L’ Idiota, e a compañía iugoslava Teatro da Resistencia.

-M. Martínez, “Cultura fomenta a farándula e a ‘Festa da Istoria’ de Ribadavia”, *O Correo Galego*, 13 xullo 1995, p. 45. Anuncia a colaboración da Consellería de Cultura na Mostra de Teatro de Ribadavia, coa contribución de
5.700.000 pesetas. Refírese tamén á lectura do pregón, do que se encargará Adolfo Marsillach.

-L. R., “Se pelean por actuar en Ribadavia”, *La Región*, 22 xullo 1995, p. 14. Informa de que o grupo vasco “Tanttaka Teatroa” presentou o 21 de xullo en Ribadavia, dentro dos actos da XIª Mostra de Teatro, unha obra de humor e reflexión sobre a maternidade: *Todas culpables*. Les Hommes en Noir, Teatro Cachirulo e Cachivache protagonizaron o teatro da rúa.

-Manuela Pérez, “La XI Mostra Internacional de Teatro baja hoy el telón con un éxito absoluto”, *Faro de Vigo*, 24 xullo 1995, p. 12.

Manuela Pérez faise eco do éxito “rotundo” da undécima edición da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, na que se superaron as previsións de público. O director da Mostra, Rubén García, pretende celebra-lo próximo ano un congreso de teatro galego coincidindo coa mesma.

-V. Morcego, Teatro do.

Ningures, **Teatro de** (1): *Terra de Lobos*, de Antonio Torrado.

-V. Teatro do Noroeste/Centro Dramático Galego/ Teatro de Ningures.

Ningures, **Teatro de** (2): *Tic Tac*, de Suso de Toro.

A. D., “Teatro de Ningures pone en escena la obra de Suso de Toro *Tic-Tac*”, *Atlántico Diario*, 3 maio 1995,

59. Noticia da estrea desta obra no cine Galaxias de Cangas, prevista para o 5 de maio. Saliéntase a traxectoria profesional do autor do texto orixinal, Suso de Toro.

A. D., “El *Tic-Tac* de Suso de Toro, a escena con Teatro de Ningures”, *Atlántico Diario*, 31 maio 1995, p. 59. Anuncia a representación desta obra en Vigo, dirixida por Etelvino Vázquez, que xunto a Xosé Manuel Pazos, é tamén o adaptador do texto orixinal e a escenografía. Ademais dánse algúns datos biográficos de Suso de Toro e de Etelvino Vázquez.

A. I., “Una mirada poética”, *El Correo Gallego/O Correo Galego*, 16 xuño 1995, p. 31/p. 34. Presentación desta montaxe teatral dirixida por Etelvino Vázquez, a partir da novela do mesmo título de Suso de Toro. No acto estiveron presentes ademais de Suso de Toro, dous dos actores da compañía Teatro de Ningures -Salvador del Río e Xosefa Barreiro. A montaxe destaca os aspectos oníricos e poéticos da novela.

-Isabel Barral, “El Principal estrena esta noche la obra *Tic Tac*, de Suso de Toro”, *El Ideal Gallego*, 16 xuño 1995, p. 19. Presentación desta montaxe, estreada este mesmo día no Teatro Principal de Santiago.

-Manuel F. Vieites, “Etelvino Vázquez: o teatro sen edulcorantes”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº XCII, 10 xuño 1995, p. 2. Entrevista con Etelvino Vázquez, director escénico do grupo Teatro de Ningures, co gallo da estrea da obra *Tic Tac*, baseada na novela de Suso de Toro. Nela resume a súa traxectoria no teatro e a súa profesión actual, profesor de Interpretación no Instituto do Teatro de Asturias. *Tic Tac* pareceulle unha obra interesante para a adaptación tanto dende o punto de vista teatral coma temático.

-E. C., “Teatro de Ningures trae a Santiago *Tic-Tac*”, *O Correo Galego*, 17 novembro 1995, p. 37. Noticia sobre a compañía Teatro de Ningures Producciónss Teatrais do Sur, que vai presenta-los días 21, 22 e 23 de novembro de 1995, no Auditorio de Caixagalicia de Santiago o seu espectáculo *Tic-Tac*, sobre a novela de Suso de Toro e con dirección de Etelvino Vázquez.

-V. taménVIIIª Mostra de Teatro. Cee.

Noroeste, **Teatro do**: *Historias peregrinas*, de M. A. Murado.

-A. Iglesias, “Teatro do Noroeste estrea as *Historias peregrinas*”, *O Correo Galego*, 14 febreiro 1995, p. 34. Noticia da estrea polo Teatro do Noroeste de *Historias peregrinas*, un texto orixinal de Miguel Anxo Murado que inclúe uns personaxes cómicos que falan do sentido da vida. Enuméranse tamén os actores que interviron nesta producción: Belén Constenla, Ernesto Chao, Luma Gómez, Imma António, Diego Varela, Xavier Estévez, Raúl Varo e Xosé Vilarelle.

-I. G., “‘Teatro do Noroeste’ estrena su última obra esta noche en el Principal”, *El Ideal Gallego*, 14 febreiro 1995, p. 18. Anuncio da representación no Tetaro Principal de Santiago. Resúmese o argumento e os temas principais:
o humor e as falsas apariencias.

-A. R. L., “*Historias peregrinas*”, *O Correo Galego*, 18 febreiro, 1995, p.
38. Recensión crítica sobre a posta en escena da obra.

-M. Otero, “O teatro é un producto caro”, *La Voz de Galicia*, “Xente de Santiago”, 21 febreiro 1995, p. 38. Entrevista a Eduardo Alonso, home de teatro e director de Teatro do Noroeste, trala estrea de *Historias peregrinas* de Miguel Anxo Murado. Destaca da obra a fácil relación co público, que incide de xeito importante no espectáculo e se converte na verdadeira crítica, xa que non existe, segundo di, no panorama teatral galego unha crítica profesional constructiva senón só a opinión persoal de descoñecedores deste mundo. Considera o teatro como a súa canle de comunicación a pesar de ser unha arte efémera, xa que “se non calla no momento da representación, rematouse”. Sinala dous cambios fundamentais no panorama

galego dende 1978: a profesionalización das compañías e o lento apoio institucional que posibilita un teatro "con independencia de modas e gustos comerciais".

E. C., "*Historias peregrinas* ou as aventuras no Camiño", *O Correo Galego*, 22 marzo, p. 44. Comentario sobre a exitosa estrea da obra con puntuais referencias a outras incursións dramáticas do autor.

E. C., "*Historias peregrinas* ou as mil aventuras no Camiño de Santiago", *El Correo Gallego*, 23 marzo 1995, p. 58. Nova sobre o ciclo de representacións da obra e a boa acollida desta entre o público.

-I. G., "*Historias peregrinas* se presentará en el próximo festival escénico de Huesca", *El Ideal Gallego*, 30 abril 1995, p. 23. Nota sobre a próxima participación, o 2 de maio, do grupo Teatro do Noroeste na Feira de Teatro de Huesca.

-A. D., "*Historias peregrinas*, camiñando por Vigo", *Atlántico Diario*, 10 novembro 1995, p. 56. Nota sobre a estrea no Centro Cultural Caixavigo desta peza, dirixida por Eduardo Alonso. Ofrece uns apuntamentos sobre a trama da obra.

V. L. Yusty, "*Historias peregrinas*: varias historias", *El Correo Gallego*, 1 marzo 1995.

apartado III. Teatro deste *Informe*.

-A. D., "Música y Teatro oferta cultural de fin de semana para Vilagarcía", *Atlántico Diario*, 15 decembro 1995, p. 19.

Breve referencia á posta en escena da obra de Miguel Angel Murado, *Historias peregrinas*. A representación terá lugar en Vilagarcía no seo da IVª Mostra de Teatro Armando Cotarelo Valledor. O resto do artigo dedícase a informar sobre outras actividades da oferta cultural e musical para a fin de semana na vila de Arousa.

V. tamén Mostra de Teatro Cómico. Barco de Valdeorras.

V. tamén XIVª Semana de Teatro de Rianxo.

Obradoiro de Teatro "**Luces de Bohemia**": *Catuxa a de Breogán*, de W. B. Yeats.

-Verísimo, "Estreno da obra *Catuxa*, *á de*..., na Casa do Mar de Raxó", *Diario de Pontevedra*, 29 decembro 1995, p. 18. O 29 de decembro de 1995 , nos locais da Casa do Mar de Raxó, o Obradoiro de Teatro "Luces de Bohemia" pertencente á Sociedade Cultural Deportiva de Raxó, porá en escena *Catuxa*, *a de*... do autor irlandés W. B. Yeats. Esta peza foi adaptada ós costumes galegos polo mesmo grupo. O día 30 de decembro o Obradoiro "Luces de Bohemia" representará de novo a obra en Samieira, nos locais da Casa da Cultura de Río de Bois.

P. García , "Éxito do Obradoiro de teatro Luces de Bohemia", *Diario de Pontevedra*, 31 decembro 1995,

15. O 29 de decembro de 1995 estreouse en Raxó a obra de W. B. Yeats *Catuxa a de Breogán*, adaptada ós costumes galegos polos responsables do Obradoiro de Teatro "Luces de bohemia" da S. C. Deportiva de Raxó. A obra presentouse na Casa do Pescador de Raxó e ó día seguinte na Casa da Cultura en Río de Bois en Samieira.

Ollomoltranvía (1): *O Rei nu*, de Ch. Andersen.

-Sen sinatura, “Ollomoltranvía inicia su tercera obra concertada con el IGAEM”, *La Voz de Galicia*, 26 abril 1995, p. 37. Nota de redacción que dá conta do inicio da montaxe do terceiro espectáculo de Ollomoltranvía, *O Rei Nu*, baseado nun conto de Christian Andersen, *O traxe novo do emperador*, dirixida a tódolos públicos e que se espera para dentro de tres meses. Informa tamén do cambio de proxectos deste grupo, que pensaba adaptar para nenos un conto de Óscar Wilde, pero tralo acordo co IGAEM, “Ollomoltranvía” decidiu afianza-lo seu circuíto e amplia-las perspectivas a tódolos públicos. *O Rei Nu* contará cos actores habituais do grupo, dirixidos por Cándido Pazó.

I. G., “La compañía ‘Ollomoltranvía’ prepara su nuevo espectáculo para el mes de julio”, *El Ideal Gallego*, 30 abril 1995, p. 23. Anuncio da próxima montaxe desta compañía, *O rei nu*, baseada no conto infantil de Andersen, *O traxe novo do emperador*. A peza está dirixida a tódolos públicos, e nela intervirán os actores Marcos Orsi, Nuria Sanz, Avelino González, Santi Prego, Víctor Mosqueira e Evaristo Calvo, baixo a dirección de Cándido Pazó, con música de Fernando Reyes, iluminación de Alfredo Laforet, e escenografía de Suso Montero.

tamén VIIIª Mostra de Teatro. Cee.

Ollomoltranvía (2): *Commedia*. *Un xoguete para Goldoni*.

-Isabel Barral, “Ollomoltranvía’ trae de nuevo el teatro popular a Compostela”, *El Ideal Gallego*, 11 marzo 1995, p. 19. Posta en escena en Santiago desta obra, unha das máis recoñecidas e premiadas dentro do teatro galego, xa que conseguiu o Premio Compostela ó mellor espectáculo, director e actor na edición de 1994. Anúnciase tamén a próxima publicación do texto.

-Xose M. Domínguez Prieto, “Ollomoltranvía: Que ninguén se crea culto por ir ó teatro”, *O Correo Galego*, 13 marzo 1995, p. 37. Nota sobre a nova representación en Santiago de *Commedia*. *Un xoguete para Goldoni*, baixo a dirección de Cándido Pazó, peza que recibiu nos Premios Compostela de Teatro os galardóns á mellor montaxe, mellor actor e mellor director. Os membros da compañía pensan que o teatro é unha forma de diversión transmitida ó público por parte dos actores, e que é un espectáculo moi diferente dos demais polo contacto co público. A compañía Ollomoltranvía é unha das máis importantes no panorama teatral galego e naceu da fusión entre Ollomol e Tranvía Teatro.

-I. Barral, “‘Ollomoltranvía’ participa en el Festival Don Quijote de teatro de París”, *El Ideal Gallego*, “Noticias de Compostela”, 25 novembro 1995, p. 11. Anuncia a participación de Ollomoltranvía con esta peza no Festival anual de Teatro Don Quijote de París, que reúne ós espectáculos máis significativos do momento entre as obras iberoamericanas. Destácase o feito de que é a primeira compañía galega seleccionada para participar neste Festival. Coméntase tamén a recreación desta peza, que naceu a partir dun dos “canovacci”, ou pezas curtas de Goldoni, *O anel máxico*.

-Manuel Marlasca, “Éxito en París del grupo teatral gallego Ollomoltranvía con *Un juguete para Goldoni*”, *La Voz de Galicia*, 26 novembro 1995, p. 4. Crónica do éxito entre o público en París desta peza, representada en castelán, dirixida por Cándido Pazó. A peza recolle moitas das características da tradicional *commedia dell’ arte*, e nela sobresaen a dicción, o mimo, as máscaras, a maxia, a música e o humor.

Pereira, Pilar: *Ofelia sen a* "*virtuddd*" *do pudor*.

-Carme Carballo, "Algo de Ofelia dentro", *La Región*, 29 outubro 1995, p. 15. Noticia da representación en Ourense, de *Ofelia*, *sen a* "*virtuddd*" *do pudor* pola actriz Pilar Pereira, autora do monólogo e responsable, en solitario, da parte económica.

Reviravolta: *Berenguela-Aventuras e desventuras dunha espiña de toxo*, de Manuel María.

-Celso R. Fariñas, “O Grupo de Teatro *Reviravolta* preséntase coa obra de Manoel María *Berenguela*”, *A Peneira*, 1ª quincena outubro 1995, p. 13. Presentación desta montaxe a partir dunha obra orixinal de Manuel María, que será interpretada por nenos na súa maioría e que pretende lanzar unha mensaxe ecolóxica e divertida.

Rúa viva: *Teatro para a krise*, de Kart Valentín.

-Sen sinatura, “El humor de Rúa Viva”, *La Región*, 18 xuño 1995, p. 21. Estrea de *Teatro para a krise* polo grupo independente “Rúa Viva” no Teatro Principal de Ourense, peza de Kart Valentín coa dirección de Manuel Vidal, na que participan tres actores (Manuel Vidal, Margarita Varela e Manuel Anxo Varela). Trátase dunha obra de *squechs*, na liña do cabaret, con música en vivo e na que cun ton irónico se fala “de la vida en la oficina, en la guerra; del teatro, del amor y el desengaño”. A nota de prensa ofrece ademais un percorrido pola historia deste grupo teatral, unha das compañías máis antigas en Galicia, fundado e dirixido por un home entregado ó teatro e cunha longa experiencia como actor, escritor e director, como é Manuel Vidal.

Sarabela Teatro: *Cama 2 por 2 para 2*, de Sergi Belbel.

I. G., "'Sarabela' estrena en Compostela *cama dos por dos para dos*", *El Ideal Gallego*, 9 febreiro 1995,

20. Presentación desta montaxe, da que os catro actores salientaron os trazos cómicos, o protagonismo da cama e a discontinuidade temporal das escenas. A dirección da obra correu a cargo de Ángeles Cuña e a escenografía é de Jesús Costa.

-Manuel F. Vieites, "*Cama de 2 por 2 para 2*, novo espectáculo de Sarabela", *Faro de Vigo*,"*Faro das Letras*", nº LXXX, 4 marzo 1995, p. 3. Considera que a fragmentación narrativa é a principal innovación deste texto de Sergi Belbel. Sitúa os valores dramáticos da obra moi por riba dos literarios e reflexiona sobre o que isto supón de esixencia para os actores e a parte técnica. Eloxia o funcionamento, organización e a continua autoesixencia do grupo Sarabela. Os problemas da posta en escena son atribuídos á imposibilidade material para transitar axeitadamente entre a grande cantidade de escenas e imaxes que constitúen a obra.

-Alvarado, "Premios Compostela a 'Sarabela", *La Región*, 31 marzo 1995, p. 13. Refírese ós premios e mencións que recibiu este grupo na edición dos Premios Compostela con esta montaxe, á composición do xurado, e ó repertorio do grupo.

-Damián Villalaín,, "Cama (2 por 2 para 2): o dolor do desexo", *Revista Galega de Teatro*. *Información Teatral*, nº 11, "Opinións desde a butaca", xuño 1995, pp. 75-76.

Recensión sobre a posta en escena de *Cama 2 por 2 para 2*, de Sergi Belbel realizada polo grupo ourensán Sarabela, do que destaca a súa liña de traballo baseada na procura da renovación perceptiva e interpretativa. Consonte isto, considera que o exercicio interpretativo dos actores é a clave do excelente resultado deste traballo. Trátase dunha comedia urbana sobre a comunicación e a frustración na que dúas parellas falan de contino ó redor dunha cama -símbolo do desexo- que nunca chegan a utilizar. Peza de estructura circular e dislocada; a lóxica das aparencias e o absurdo están presentes nesta obra de S. Belbel.
-Sabela Pinar, “Un Festival a tener muy en cuenta”, *La Región*, 15 setembro 1995, p. 13. Crónica da última xornada do Festival de Teatro do Carballiño. Sinálase o éxito de público da mostra e faise un balance xeral das obras representadas. O grupo Sarabela tivo desigual fortuna entre o público con *Cama de dous por dous para dous*. O maior éxito foi para o grupo catalán Els Comediants. Segundo a organizadora, Diana Martínez, a asistencia de público avala a continuidade da Mostra.

-M. Martínez, “Éxito de público na mostra de Ribadavia”, *O Correo Galego*, 20 xullo 1995, p. 44. O grupo ourensán “Sarabela Teatro”, con *Cama dous por dous para dous*, comezou a Mostra de Teatro de Ribadavia o 17 de xullo de 1995, no Auditorio do Castelo desta vila. O 20 de xullo, a compañía de teatro L’ Idiota presentará en Ribadavia *Krampack*, dirixida por Josep María Mestres.

-Salvador Rodríguez, “Sarabela: enredados en su enredo”, *Faro de Vigo*, 6 setembro 1995, p. 41. Salvador Rodríguez cualifica de “resultado máis ben pobre” e “pouco digno” a posta en escena da obra *Cama dous por dous para dous* do grupo Sarabela. Entre os factores que provocan esta situación o autor menciona a escolla dun texto con ruptura da narración lineal e os “reiterados oscuros, os mini gags e os flashes (...) empregados torpemente, que acaban por sumir ó espectador nun caos absoluto”. No que respecta ó labor actoral dos membros da compañía destaca unicamente o papel de Helena Seijo.

V. IV Certame de Teatro de Carballo.
V. tamén Mostra de Teatro Cómico. Cee.
V. tamén Mostra de Teatro Cómico. Barco de Valdeorras.
V. tamén Festival de Teatro. O Carballiño.
V. Xornadas de Teatro de Burela.

XIVª Semana de Teatro de Rianxo

-Sen sinatura, “Teatro galego nas festas de Rainxo e na Mostra de Cee”, *A Nosa Terra*, nº 687, “Guieiro Cultural”, 17 agosto 1995, p. 21. Nota sobre os grupos que participarán na Mostra de Teatro de Cee e na XIVª Semana de Teatro de Rainxo. En Rianxo actuarán o cómico Farruco, coa obra *Sete por un*, na que dá vida a sete personaxes en situacións cómicas, o grupo de teatro Airiños con *A farsa do avogado*, Teatro do Noroeste con *Historias peregrinas*, e Talía Teatro con *TWC*, obra coa que acadaron o primeiro Premio do Certame Xuventude 94.

Talía Teatro (1): *Rezagados*, de Ernesto Caballero.

-I. Barral, "'Talía Teatro' retrata el duro mundo del ciclismo en su última obra *Rezagados*", *El Ideal Gallego*, "Noticias de Compostela", 16 novembro 1995, p. 11. Informa da representación na Sala Nasa de Santiago, desta obra, estreada na Mostra de Teatro de Cee. O director da montaxe é Artur Trillo, e conta con tres actores: David Creus, Toño Casais e Roberto Blanco. Destácase a sinxela posta en escena, tres bicicletas, e a trama argumental, unha carreira na que os tres personaxes quedan "rezagados" do pelotón, e na que o cansancio produce a confusión entre a realidade e a ficción.

-V. VIIIª Mostra de Teatro. Cee.

Talía Teatro (2): *Fando e Lis*, de Fernando Arrabal.

-V. Certame de Teatro Xuventude. Lugo.

Talía Teatro (3): *TWC*.

-V. XIVª Semana de Teatro de Rianxo.

Talía Teatro (4): *Ai Carmela*, de Francisco Sanchis Sinisterra.

V. Emeigual.

TBO Teatro: *É un mundo maravilloso*.

-A. D., "*É un mundo maravilloso*, afirma en Vigo o grupo TBO", *Atlántico Diario*, 24 marzo 1995, p. 57. Nota informativa da posta en escena, na que se dan unhas notas sobre o contido da representación.
-J. C. B., "TBO Teatro dálle cor ó branco e negro", *O Correo Galego*, 23 marzo 1995, p. 37. Informa da representación no Centro Cultural Caixavigo desta última creación do grupo. Segundo os integrantes de TBO Teatro é "unha historia romántica, gótica e expresionista, á vez que cómica e terrorífica". Reflexiona sobre as influencias máis salientables desta obra.

Uvegá-Teatro (1): *Copenhague*, de Xosé Cid Cabido e Andrés A. Vila.

-E. C., “Estrea da primeira obra evidencialista”, *O Correo Galego*, 21 febreiro 1995, p. 35. Anuncio da próxima estrea en Vigo desta obra, á que se considera “a primeira obra evidencialista”. O texto de Xosé Cid Cabido e Andrés A. Vila, mereceu o Premio Álvaro Cunqueiro 1992. A montaxe é froito da colaboración de Uvegá-Teatro coa Escola Dramática Galega, e está dirixida por Manuel Lourenzo.

-J. D. C., “Cid Cabido y Andrés A. Vila inventan el ‘evidencialismo’ en *Copenhague*”, *Atlántico Diario*, 4 marzo 1995, p. 58. Breve resumo da historia que se representa e reflexións sobre o “evidencialismo”.

-B. R. S., “El ‘evidencialismo’ teatral amenaza con conquistar Vigo”, *La Voz de Galicia*, 4 marzo 1995. Reflexión sobre o que chaman “evidencialismo”.

-X. A., “*Copenhague*, evidencialista”, *Atlántico Diario*, 10 marzo 1995, p. 56.
Anuncia as representacións desta peza en Vigo e resume brevemente o argumento.
-Fernando Franco, “*Copenhague*: vengan señores al teatro, entren y degusten la teoría evidencial”, *Faro de Vigo*, 10 marzo 1995. Explicación da xénese da obra.

-J. D. C., “El Centro Dramático Gallego estrena hoy en Vigo *Nin me abandonarás nunca*”, *Atlántico Diario*, 17 marzo 1995, p. 55.

Artigo no que se fai unha referencia puntual á representación da obra de Xosé Cid Cabido e Andrés A. Vila, *Copenhague*.

-A. Iglesias, “Uvegá Teatro entra con bo pé en Compostela”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 4 abril 1995, p. 34/p.34. Anuncia as representacións da obra en Compostela. Saliéntanse ademais os trazos de humor, as características cómicas e a interpretación dos actores, Xesús Balboa e Ibán Toxeiro.

-Sen sinatura, “*Copenhague* o la empresa de escribir teatro en la Galán”, *La Voz de Galicia*, 4 abril 1995. Noticia na que se informa sobre a xénese desta obra e a posta en escena.

-Carlos Amado, “Uve-gá Teatro”, *O Correo Galego*, 8 abril 1995, p. 38. Crítica da representación na que o articulista gaba a interpretación dos actores, a linguaxe directa e coloquial, e a imaxinación do grupo na posta en escena, que contrasta coa falta de ideas do teatro galego en xeral.

-Manuel F. Vieites, “*Copenhague*, o teatro independente”, *Faro de Vigo*,“*Faro das Letras*”, nº LXXXVIII, 6 maio 1995, p. 4. Despois dunha sucinta alusión a outro artigo no que alababa as excelencias do texto desta peza teatral da autoría de Andrés Vila e Xosé Cid Cabido, destaca Vieites agora a mestría con que Manuel Lourenzo levou a mesma a escena e o impecable labor realizado polos dous actores noveis Ibán Toxeiro e Xesús Balboa. Así, vén a demostrar esta escenificación a importancia da formación permanente dos profesionais da escena e a necesidade de rompe-las ligaduras institucionais alentadoras de superproduccións insubstanciais.

Uvegá-Teatro (2): *Venenos*, de Xesús Pisón.

-Isabel Barral, “Uvegá Teatro presentará hoy la obra *Venenos*, de Xesús Pisón”, *El Ideal Gallego*, 1 xuño 1995, p. 19. Presentación en Compostela de *Venenos*, de Xesús Pisón, dirixida por Manuel Lourenzo. A montaxe recibiu
o Premio Rafael Dieste en 1994, e céntrase en dúas historias que comparten o tema do desamor.

Vilar, **Teatro do** (1): *Azos de esguello*, de Euloxio Ruibal.

-C. Paradela, "'Teatro do Vilar' estrena en Ribadavia", *La Región*, 10 febreiro 1995. Ademais de anuncia-la posta en escena desta obra de Euloxio Ruibal, entrevístase a Rubén García, director da montaxe, sobre cuestións relacionadas coa peza, cos actores, e o grupo Teatro do Vilar, grupo de afeccionados que asumiu os riscos da representación por vez primeira desta obra.

Vilar, **Teatro do** (2): *Os cravos de plata*.

-Sen sinatura, “Teatro do Vilar ensaya una obra de Manuel Sierra”, *La Región*, 26 novembro 1995, p. 17. Anuncia a participación do grupo nas Xornadas de Teatro de Burela, ademais da seguinte montaxe do grupo *María a Mosaca*, de Miguel Sierra.

Xalgarete, **Teatro**: *Fálame de ti*, de Dario Fo e Franca Rame.

- I. Barral, “Teatro Xalgarate presentará su última obra en la Sala Galán”, *El Ideal Gallego*, 10 decembro 1995, p. 9. A compañía Teatro Xalgarete presentará na Sala Galán a súa última producción *Fálame de ti*, os días 13, 14 e 15 de decembro de 1995. A obra está composta por tres monólogos que forman parte dunha obra titulada *Oito monólogos*, dos autores Dario Fo e Franca Rame. Está dirixida por Cristina Domínguez, e baséase nunha versión traducida ó galego por Cándido Pazó.

-I. G, “La pieza teatral *Fálame de ti* en la Galán”, *El Ideal Gallego*, 13 decembro 1995, p. 11. A obra *Fálame de ti*, baixo a dirección de Cristina Domínguez e coa interpretación de Mercedes Castro, preséntase os días 12, 14 e 15 de decembro de 1995 na Sala Galán, de Santiago. O espectáculo está composto por tres monólogos titulados *A puta no manicomio*, *A violación* e *A nai hippy*. Estes forman parte da obra titulada *Oito Monólogos* de Dario Fo e Franca Rame.

-V. tamén Mostra de Teatro. Cee.

Xenio, **Teatro**: *Xogos de inverno*, de Jaime Salom.

-V. Xornadas de Teatro Afeccionado do Concello de Pontevedra.

Xornadas de Teatro Afeccionado do Concello de Pontevedra

D. P., “El Aula de Formación de Actores abre las “IV Xornadas de Teatro Afeccionado do Concello”, *Diario de Pontevedra*, 1 agosto 1995, p. 11. Comentario das reprentacións que terán lugar no marco das IV^as^ Xornadas de Teatro Afeccionado do Concello. A apertura corre a cargo da AFAP que porá en escena *Parella aberta*, de Franca Rame e Dario Fo. En días sucesivos serán Grupo de Expresión, con *Un conto para todos*, AXT Bacharel, coa obra de Fernando Arrabal *Cemiterio de automóbiles*, Teatro Xenio, con *Xogos de inverno* de Jaime Salom, e Teatro Madrigal, con *Como está el servicio*, os encargados das representacións. O grupo Arume, coa obra de Alfonso Sastre, *El Cuervo*, clausurará as xornadas. Aparece tamén unha breve nota informativa de cada unha destas compañías e as súas montaxes.

D. P., “El Aula de Formación de Actores inauguró las “IV Jornadas de Teatro Aficionado”, *Diario de Pontevedra*, 2 agosto 1995, p. 11. Artigo no que se dá noticia da posta en escena por parte da AFAP de *Parella aberta* e da seguinte representación de *Un conto para todos* polo Grupo de Expresión, dentro das IV^as^ Xornadas de Teatro Afeccionado.

V. Aula de Formación de Actores de Pontevedra.

V. Bacharel, Asociación Xuvenil de Teatro.

Xornadas de Teatro de Burela

-Sen Sinatura, “Xornadas de Teatro en Burela”, *A Nosa Terra*, nº 700, “Axenda”, 16 novembro 1995, p. 26. O colectivo cultural Buril organizou as IX^{as} Xornadas de Teatro de Burela, nas que participaron Srabela Teatro, Teatro Atlántico, Teatro do Morcego e Os Monicreques de Kukas, presentando respectivamente *Cama 2 por 2 para 2*, *Casa de bonecas*, *Os patios da memoria* e *A culpa foi de Mozart*.

-V. Teatro do Vilar.

IV. Día das Letras Galegas

IV.1. Creación

Dieste, Rafael, *Obras completas I*, ed. Arturo Casas e Darío Villanueva, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, vol. I, 1995, 583 pp. (ISBN da obra completa: 84 7492-744-7; ISBN do vol I: 84-7492-745-5).

Reúnese neste volume a obra narrativa e poética en castelán e galego de Rafael Dieste (Rianxo, 1899-A Coruña, 1981): *Dos arquivos do trasno*, *Historias e invenciones de Félix Muriel*, *La Isla*, *Rojo farol amante* e outros contos e poemas en castelán e galego non recompilados. Trátase dunha edición anotada onde, no caso das obras xa publicadas, se segue a última edición aprobada polo autor, respectando sempre a ortografía do mesmo. Veñen acompañados os textos dos seguintes estudios:

-Arturo Casas e Darío Villanueva, “Introducción”, pp. 11-34. Dende a posición de que a traxectoria vital diesteana é un todo sen contradiccións e tratando de ubica-la figura de R. Dieste baixo unha perspectiva sociocultural e historiográfica, faise un percorrido pola actividade intelectual do rianxeiro comentando a cada paso a súa producción literaria. A poesía diesteana nace da súa particular fenomenoloxía do coñecemento exposta en *Sobre la libertad contemplativa* (1948) e *La Paloma Equis* (1960), onde a razón e o compromiso son os dous elementos claves. Destácase tamén *Historias e invenciones de Félix Muriel*, libro decisivo no quefacer literario de Dieste e onde se agochan grande parte das súas formulacións filosóficas. Finalmente, coméntase polo

miúdo a organización desta nova edición da obra diesteana, na que cada sección estivo a cargo dun editor que se encargou do correspondente estudio introductorio.

_____, “Marcos cronolóxicos”, pp. 37-51. Cronoloxía que abarca toda a vida de Dieste e ofrece información sobre as viaxes, traballos, publicacións, empresas e proxectos que levou a cabo, etc.
_____, “Bibliografía de e sobre Rafael Dieste”, pp. 55-95. Bibliografía activa e pasiva sobre o rianxeiro.

-Darío Villanueva, “A narrativa de Rafael Dieste”, pp. 99-117. Este traballo céntrase na descrición e comentario da producción narrativa do escritor coruñés. Así, explícase a xénese e sucesivas edicións de *Dos arquivos do trasno* (1926), primeira incursión en forma de volume no eido da narrativa do rianxeiro. Nun principio integrado por un “Limiar” e oito relatos, o texto foi sufrindo variacións ata os vinte relatos que conforman a súa edición definitiva. Interesa tamén o “Limiar”, verdadeira poética da ficción na que a noción de “unidade emotiva” como obxectivo que acadar ó final do relato é fundamental. Trátanse tamén os diferentes contos que conforman o volume, dando unhas pequenas notas temático-estructurais dos mesmos. A continuación, coméntase *Historias e invenciones de Félix Muriel*, peza na que os elementos marabilloso e realista conviven en perfecto equilibrio, podéndose así encardinar no “realismo marabilloso”. O elemento autobiográfico e a experiencia de autoformación do protagonista, *alter ego* do autor, fan da obra unha manifestación do *Bildungsroman*, tan cultivado neses momentos na narrativa europea. Así, o conxunto de relatos que conforman a obra adquire unha unidade trabada. Finalmente, aparecen comentados os diferentes contos que R. Dieste deixou espallados en diversas publicacións e que agora se presentan agrupados nesta edición da súa obra completa. Dende as primeiras manifestacións narrativas na efémera revista *Charamuscas*,

elaborada a man durante a estancia de Dieste na guerra de Marrocos, xunto con outros amigos, ata os relatos na revista *Nova Galiza*. Tamén hai unha mención á última obra de carácter filosófico que o rianxeiro deixou inconclusa: *La Isla*.

-Arturo Casas, “A poesía de Rafael Dieste”, pp. 461-471. Aínda que R. Dieste só escribiu un libro de poesía en castelán, durante toda a súa vida, *Rojo farol amante* (1933), e uns poucos poemas en galego e en castelán dispersos en diferentes publicacións ou inéditos, parece que esta foi a súa primeira dedicación literaria, xa que antes de 1917 tivo en proxecto a publicación dalgún poema en revistas xuvenís de Compostela. Na poesía de Dieste hai unha chamada á contención da palabra literaria. A palabra poética ten como cometido a contemplación do mundo e do eu. Arturo Casas fai unha análise das correntes poéticas dos anos 30 tanto na poesía en lingua galega coma na poesía en castelán para así enmarca-lo quefacer poético do rianxeiro e ofrece unha aproximación formal á súa poesía.

Dieste, Rafael, *Obras completas V*, ed. Xosé Luís Axeitos, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, vol. V, 1995, 859 pp. (ISBN da obra completa: 84-7492-744-7; ISBN do vol. V: 84-7492-749-8).

Recolle este epistolario 576 cartas, as máis delas inéditas, que Rafael Dieste enviou durante a súa vida a boa parte da intelectualidade galega, española e hispanoamericana. Nestas cartas, Dieste trataba os máis variados temas, que ían dende o terreo persoal ata a súa faceta intelectual. O conxunto do epistolario vai acompañado de 422 notas, que axudan á mellor comprensión dos asuntos que alí se refiren, e remata cunha serie de índices de destinatarios, cronolóxicos e temáticos. Preceden ó volume os seguintes estudios:

-Xosé Luís Axeitos, “Limiar. Rafael Dieste entre dous mares...”, pp. 10-21 e “Cronoloxía de Rafael Dieste”, pp. 24-35. O estudio introductorio trata o tema do epistolario como xénero narrativo, no que, ademais de darse conta da vida dunha persoa, se exercitan as dotes de escritor no seu sentido máis amplo. Menciona o editor os destinatarios das cartas, facendo unha análise das principais liñas comunicativas. A máis importante constituiríaa a que pon en relación a R. Dieste coa súa dona, Carmen Muñoz. A segunda comunica o rianxeiro coa súa familia. Hai un terceiro grupo de cartas dirixidas a profesores e críticos que lle piden información sobre as súas obras. Outro no que destaca pola súa camaradería e que o pon en relación co grupo bonaerense: Luís e Maruxa Seoane, Antonio Baltar e Mireya Dieste, Lorenzo Varela e Marika, etc. Despois hai pontes comunicativas moi especiais nas que se poden tracexar importantes

aspectos da idiosincrasia e personalidade dos interlocutores; véxase o carteo con Manuel Antonio, Manuel Aznar Soler ou María Zambrano. Na cronoloxía percórrense dende 1899 ata 1981 os datos históricos e bio-bibliográficos máis salientables da vida do rianxeiro.

Referencias varias:

Xesús Alonso Montero, “Cartas de Rafael Dieste”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 18 maio 1995,

9. Breve artigo onde se dá a benvida ó epistolario que publicou Ediciós do Castro. Gábase a pulcritude de estilo de Dieste ó escribir estas cartas e menciónanse os seus destinatarios. Entre estes, nótase en falta a correspondencia con Castelao e destácanse, entre todas, as que escribiu á súa dona Carmen Muñoz.

-_____, “A carta 110”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 25 maio 1995, p. 11. Comentario que ten como centro a carta que fai o número 110 das publicadas na *Obra completa* V de Ediciós do Castro. Para o autor, a parte final da carta, onde Dieste fala da figura de Marx, ten un especial interese para coñecermos mellor a ideoloxía do rianxeiro.

Dieste, Rafael, *Obra galega completa*, 2 vols., ed. X. Luís Axeitos, Vigo: Galaxia, 20 abril 1995, T. 1, 361 pp; T. 2, 363 pp. (ISBN da obra completa: 84-7154 945-X; ISBN do volume I: 84-7154-946-8; ISBN do volume II: 84-7154-947-6).

Axeitos recompila as obras clásicas de Rafael Dieste, ademais doutros textos inéditos ou rescatados do esquecemento. Ábrese o primeiro tomo cunha breve introducción -38 páxinasonde, ademais dun percorrido bio-bibliográfico sobre o escritor rianxeiro, se ofrece unha bibliografía sobre a obra activa galega de Rafael Dieste. A continuación figuran a obra narrativa *Dos arquivos do trasno* e outros contos en galego non recompilados-, o teatro -*A fiestra valdeira*-, a poesía, o ensaio -sobre temas lingüísticos- e as charlas e conferencias galegas do rianxeiro. O segundo volume inclúe os ensaios -esta vez sobre arte-, os prólogos que R. Dieste fixo ás obras de Xosé Neira Vilas, Valentín Paz Andrade, Lorenzo Varela, Fermín Fernández Armesto e os artigos xornalísticos en galego do escritor.

Recensións:

-Carlos L. Bernárdez, “Dieste completo en galego”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº XCIII, 17 de xuño 1995, p. 1. Comentario pormenorizado das novas contribucións deste volume de Rafael Dieste onde se salienta o traballo do editor e a calidade da edición.

Xavier Castro R., “A creación galega de Rafael Dieste”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 23 xullo 1995,

7. Achega sobre o contido deste volume.

-X. G. G., “Libros sobre Dieste”, *Galicia Internacional*, nº 3, xullo 1995, p. 71. Dentro do marco xeral do artigo, dá noticia da publicación da *Obra Galega Completa*, e salienta a coidada edición de X.L. Axeitos.

Referencias varias:

-E. C., “Axeitos considera que Dieste lle deu a Galicia altura dialéctica”, *O Correo Galego*, 14 maio 1995, p. 54. Comentario da *Obra galega completa* realizada por Xosé Luís Axeitos. Considérase esta recompilación dun grande valor cultural para Galicia, ó recolle-las obras menos coñecidas de Dieste, unhas oitocentas páxinas escritas polo escritor de Rianxo.

-Luís Álvarez Pousa, “A memoria de Dieste”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, ano I, nº 12, 18 maio 1995, p. 6. Trátase dunha pequena nota onde se dá a nova da aparición da *Obra galega completa*.

-Xavier Carro, “Dieste completo”, *La Voz de Galicia*, 25 xuño 1995, p. 8. Nota da aparición de *Obra galega completa* e valoración sobre o espírito creador polifacético do rianxeiro.

Dieste, Rafael e Carmen **Muñoz**, *Epistolario amoroso*, ed. Xosé Luís Axeitos, A Coruña: Biblioteca Gallega, 1995, 222 pp. (ISBN: 84-88254-41-5).

Neste volume pódense atopa-las cartas inéditas cruzadas entre Rafael Dieste (que estaba refuxiado en Saint-Cyprien) e Carmen Muñoz (que se encontraba en París), escritas dende o 9 de febreiro ata o 12 de abril de 1939. Acompañan a estas cartas unha introducción e cronoloxía matrimonial realizadas por Xosé Luís Axeitos, quen tamén anotou o epistolario.

Recensións:

-X. G. G., “Libros sobre Dieste”, *Galicia Internacional*, nº 3, xullo 1995, p. 71. Refírese brevemente á publicación do *Epistolario amoroso*, que xunto á edición da *Obra Galega Completa*, “mostran tanto ao escritor como ao home tal cal”.

Referencias varias:

-Xesús Alonso Montero, “Cartas de Amor” en *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 8 xuño 1995, p. 9. Dáse noticia da aparición do volume e coméntanse as circunstancias nas que foron escritas as cartas, á fin da Guerra Civil. Para Xesús Alonso Montero son máis ben cartas de negocios urxentes, onde “abrollan, non poucas veces, pronunciamentos amorosos”.

Dieste, Rafael, *Textos e Crítica de Arte*, ed. e prólogo Mª Antonia Pérez, Vigo: A Nosa Terra, abril 1995, 199 pp. (ISBN: 84-89138-07-9).

Ofrécense neste libro 35 textos sobre arte que Rafael Dieste publicou en libros, catálogos, revistas e xornais durante a súa vida. A edición correu ó cargo de Mª Antonia Pérez quen realizou a escolla dos artigos que, nalgún caso foron traducidos ó galego por Anxos G. Sumai, quen ademais revisou lingüisticamente todo o conxunto. Precede ós textos un prólogo da editora titulado “Rafael Dieste: A Arte como verdade e comunicación”. Os artigos van acompañados de ilustracións de Arturo Souto, Colmeiro, Maside, Fernández Mazas, Maruja Mallo, Alberto e Luís Seoane.

Recensións:

-Luís Fernández Pérez, “Dieste e a arte galega”, *Grial*, nº 127, 3º trimestre 1995, Tomo XXXIII, pp. 447-449. Edición, preparada por María Antonia Pérez, a respecto da estética de Rafael Dieste, que, a pesar de evidentes eivas, leva ó encontro dunha pintura contextualizada na realidade galega baixo a visión dun home atento que era o rianxeiro. Conxunto de textos que evidencian as principais preocupacións, valoracións e apreciacións de Dieste sobre a estética galega do seu tempo. A pesar da escaseza de textos galegos, neles condénsanse algunhas das súas consideracións estéticas que deberían servir de reflexión para analiza-lo contexto social que envolve a obra e o creador e para non esquecer a todo un grupo de pintores menores dignos de ter en conta.

Referencias varias:

-Xosé Luís Fernández Pérez, , “*Textos e crítica de arte*”, *Revista Galega do Ensino*, nº 9, novembro 1995, pp. 199-200. Apuntamento breve sobre a publicación, editada por Edicións A Nosa Terra, que recolle diversos traballos sobre arte publicados por Rafael Dieste ó longo dos seus 82 anos de vida.

Dieste, Rafael, *A fiestra valdeira*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Dramático Galego, 1995, 212 pp. (ISBN: 84-453-1045-3).

Reproducción facsímilar da primeira edición de *A fiestra valdeira* (1927). Acompáñana os seguintes textos:

-Manuel Guede Oliva, “Carta para unha estrea”, p. 9. Carta na que se felicita a representación polo Centro Dramático Galego de *A fiestra valdeira* o 20 de abril de 1994 no Teatro Colón da Coruña.

-Xosé Filgueira Valverde, “Na representación de *A fiestra valdeira* polo CDG”, p. 11. Saúdo á representación de *A fiestra valdeira*, “fito sobranceiro”, segundo o articulista, da escena galega.

- Xulio Lago, “Notas do caderno de dirección”, pp. 51-61. Análise daqueles elementos e temas da obra, cualificada como realista-poética, que son fundamentais para a súa posta en escena. Coméntanse, ademais, as técnicas que se empregaron para tal obxectivo. Entre os motivos fundamentais a ter en conta atópanse o mar, as relacións entre as diferentes clases sociais, a música, etc. Aparecen tamén unhas notas sobre os diferentes personaxes.

-X. L. Axeitos, “As fiestras de Rafael Dieste”, pp. 65-93. Estudio onde se analiza o contexto socio-cultural no que se xerou a obra, os temas fundamentais, a súa recepción crítica, as primeiras representacións e as diferentes edicións e reedicións que tivo. Tras

destes puntos, engádese unha proposta didáctica onde se tratan aspectos concretos, como a presencia do mar na obra ou a función dos signos acústicos e se analizan os aspectos sociolóxicos.

_____, “Fragmentos epistolares para unha biografía”, pp. 96-111. A través dunha serie de cartas do propio Rafael Dieste, refaise a súa traxectoria vital, dende a evocación da infancia rianxeira ata o exilio, pasando pola guerra civil. Tamén se ofrecen uns textos onde se amosan diversas opinións crítico-literarias.

-V. apartado III. 4. Centro dramático Galego neste *Informe*.

Dieste, Rafael, *Viaxe e fin de don Frontán*¸ versión galega Manuel Guede Oliva, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/IGAEM, 1995, 210 pp. (ISBN: 84-453-1423-8).

Ábrese esta nova edición de *Viaxe e fin de Don Frontán*, esta vez traducida do castelán por Manuel Guede Oliva, con dúas presentacións, unha de Manuel Fraga Iribarne e a outra de Víctor Manuel Vázquez Portomeñe. Segue cunha introducción de Manuel Guede Oliva, "Viaxe e fin de Don Frontán. Unha travesía inaugural", na que se dá conta da posta en escena da obra teatral que empregará como texto a edición que aquí se comenta e reproduce. A mentada posta en escena tivo lugar no cemiterio de San Domingos de Bonaval e foi dirixida por Antonio Simón. Ofrece tamén un breve comentario sobre a obra e a traducción. A continuación, aparece o reparto e un apuntamento de Antonio Simón sobre os problemas da montaxe e da escenografía. O seguinte apartado "Signos icónicos", de Ana Costas Frade, reproduce o vestiario dos protagonistas. O estudio literario corre a cargo de Xosé Luís Axeitos. Trata do aspecto biográfico, a prehistoria da obra, a temática, o espacio, o tempo, a lingua, as edicións da obra e a súa recepción crítica. Tamén se reproducen os testemuños epistolares que teñen a *Viaxe e fin de Don Frontán* como tema central e os artigos onde se amosa a concepción teatral do rianxeiro. Finalmente aparece a versión da obra.

-V. apartado III. 4. Centro Dramático Galego neste *Informe*.

IV. Día das Letras Galegas

IV. 2. Monografías e libros colectivos

Axeitos, **X**. **L**., *Rafael Dieste*: *ollar o mundo con sede adiviñadora*, A Coruña: Espiral Maior, col. Didáctica, abril 1995, 78 pp. (ISBN: 84-88137-54-0).

Xosé Luís Axeitos (Asados-Rianxo, 1945) fai un detallado percorrido polos aspectos máis salientables da vida e obra de Dieste: a infancia en Rianxo, a viaxe xuvenil a México, a guerra de África, as Misións Pedagóxicas, o exilio, etc. Os once capítulos que constitúen a obra presentan a mesma estructura; unha síntese cronolóxica dos feitos máis importantes desa etapa á que segue un desenvolvemento analítico dos mesmos. Cada capítulo está acompañado dunha antoloxía literaria, enriquecida con textos do autor que permaneceran inéditos ata o momento. Péchase o libro cunha proposta didáctica e unha completa e organizada bibliografía.

Recensións:

-M. R., “Un xeito de ollar o mundo de Rafael Dieste”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, ano I, nº 26, 24 agosto 1995, p. 6. Descríbese o contido do volume, dividido en dúas partes: unha que recolle as etapas da vida do rianxeiro e outra que presenta diferentes actividades didácticas.

Referencias varias:

-M. V. V., “Rafael Dieste. Ollar o mundo con sede adiviñadora”, *Atlántico Diario*, 16 xuño 1995, p. 58. Destácase do libro a presentación de textos, ata ese momento inéditos, enriquecida con ilustracións e fotografías.

Axeitos, Xosé Luís, (coord.), *Rafael Dieste*. *Bibliografía e Cronoloxía*, Santiago: Universidade de Santiago de Compostela/Biblioteca Universitaria, 1995, 91 pp. (ISBN: 84-8121-276-8).

Volume dividido en dous bloques -"Rafael Dieste: Bibliografía" e "Cronoloxía de Rafael Dieste"- precedidos dunha pequena análise introductoria onde se precisa o termo "bibliografía" e se comentan os problemas ecdótico-bibliográficos que sufriu a obra de Rafael Dieste (primeiras edicións que non foron suficientemente distribuídas e, polo tanto, case descoñecidas; multitude de reproduccións dos contos, que provoca maior caos á hora da organización da obra creadora, etc.). O primeiro dos bloques consiste nun compendio bibliográfico organizado por xéneros literarios, ata un total de catro apartados. Dentro de cada xénero, primeiro distribúense libros e logo artigos, folletos e opúsculos, por orde cronolóxica. No resto dos apartados, ata un total de nove, aparecen outros libros; edicións, traduccións e adaptacións; publicacións en prensa e revistas; entrevistas e traduccións a outros idiomas. Trala bibliografía, ofrécese un percorrido biográfico seguindo as diferentes etapas da vida do rianxeiro: infancia, xuventude e Misións Pedagóxicas, Guerra Civil, a primeira etapa do exilio en Buenos Aires, lectorado en Cambridge, estancia en México, segunda etapa bonaerense e regreso a Galicia.

Axeitos, Xosé Luís (coord.), *Rafael Dieste 1899-1981*. *Unha fotobiografía*, Vigo: Xerais, 1995, 186 pp. (ISBN: 84-7507-880-X).

Volume que ten como obxectivo primordial o relato da vida de Rafael Dieste ilustrado con fotografías. Acompañan ás fotos distinto material -anacos dos seus libros, de conferencias, de artigos e entrevistas- que, organizado polo editor cronoloxicamente, serve de fío conductor. A fotobiografía divídise en “1899-1935. En viaxe polos azares de España”, “1936-1939: A Guerra Civil: unha encrucillada tráxica”, “1939-1961. O exilio” e “1961-1981. O Regreso”. Ademais desta biografía atopamos no libro as seguintes colaboracións:

-Carlos Gurméndez, “Lembrando a Dieste”, pp. 9-14. Repaso polos acontecementos máis importantes da vida de Rafael Dieste. Da personalidade diesteana destaca o autor a perpetua fidelidade ós seus ideais.

-Xosé Luís Axeitos, “Cronoloxía”, pp. 15-26. De modo sinóptico faise un percorrido pola vida do rianxeiro.

-Darío Villanueva, e Arturo Casas, “A obra literaria de Rafael Dieste”, pp. 164-175. Panorámica sobre o conxunto da producción de Rafael Dieste. Caracterízase esta pola súa variedade e cantidade. O escritor publicou un total de 25 libros, varios centos de artigos e ensaios, pronunciou grande número de charlas e cultivou moitos xéneros literarios, dende a poesía ata o ensaio matemático. A súa obra destaca pola cohesión estética que presenta e ten como obxectivo último a representación da

comunicación total. Nace a súa fenomenoloxía do coñecemento da evidencia de que nada é, senón que se manifesta como inconcluso e transitorio. Coméntase a súa producción, discútese sobre o problema xeracional (adscrito na literatura española á Xeración do 27, e na galega á chamada Xeración do 25) e analízanse as diferentes etapas da súa evolución, dende a súa formación inicial ó redor dos xornais *Galicia* e *El Pueblo Gallego*, de Vigo.

-Domingo García-Sabell, “O eido filosófico de Rafael Dieste”, pp. 178-186. Trala diversidade e cantidade de obra que nos deixou, a figura de Rafael Dieste oculta unha forte unidade. O primeiro contacto do rapaz Dieste co mundo exterior foi o asombro polas pequenas cousas do seu contorno familiar, a partir do que arrinca a súa capacidade analítica. Continúa con fondas lecturas e meditacións sobre a filosofía clásica e os grandes pensadores como Santo Agostiño e Kant, ocos teóricos a partir dos que constrúe o seu edificio conceptual. O método de Rafael Dieste asenta en deixarse levar pola intuición directa. Dende a idea da existencia do Mundo emprega a imaxinación como ferramenta discursiva para tentar amplia-lo horizonte de obxectividade. Expoñentes fundamentais da súa visión filosófica son *Luchas con el desconfiado*, *¿Qué es un axioma?*, *Nuevo tratado del paralelismo*, *Testamento geométrico*, *Diálogo de Manuel y David* e *El alma y el espejo*.

Referencias varias:

-Albino Mallo, “Fotobiografía de Dieste”, *O Correo Galego*, “Visións”, 15 xuño 1995, p. 4. As fotobiografías de Edicións Xerais de Galicia que comezaron con Celso Emilio Ferreiro son, para Albino Mallo, unha iniciativa orixinal que non ten precedentes. Coméntase, ademais, o contido da última, dedicada á figura de Rafael Dieste.

Axeitos, Xosé Luís (coord.), *Rafael Dieste*. *Día das letras galegas 1995*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 3 maio 1995, 167 pp. (ISBN: 84-453 1355-X).

Volume que contén diferentes colaboracións agrupadas en tres bloques. No primeiro deles, trátanse cuestións biográficas e bibliográficas, a cargo de Xosé Luís Axeitos. No segundo, pódense atopar traballos específicos sobre a figura do rianxeiro, mentres que no terceiro reprodúcese unha conferencia pronunciada polo propio Rafael Dieste. Detalladamente:

-X. L. Axeitos, “Rafael Dieste: Bibliografía básica”, pp. 13-23. Bibliografía activa de Rafael Dieste organizada por xéneros literarios. Dentro de cada xénero, cítanse primeiro os libros e despois artigos, conferencias e charlas.

_____, “Bibliografía básica sobre Rafael Dieste”, pp. 25-31. Bibliografía selecta na que aparecen os libros, números monográficos dedicados ó autor e artigos en revistas e diarios.

_____, “Cronoloxía de Rafael Dieste”, pp. 33-49. Repaso dos anos fundamentais para o coñecemento da vida do Rianxeiro: nenez e xuventude, etapa das Misións Pedagóxicas, estourido da Guerra Civil, primeira estancia en Buenos Aires, lectorado en Cambridge, época como profesor en México, segunda estancia en Buenos Aires e volta a Galicia.

-Luís Rei Nuñez, “Século Dieste”, pp. 53-69. Repaso evocador da vida diesteana no que se ten en conta, sobre todo, o contexto histórico onde se insire.

-Carlos Gurméndez, “Ensaios e aforismos de Rafael Dieste”, pp. 71-79. Compárase a circunstancia vital de R. Dieste coa do seu amigo Johan Brouwer, que se opuxo ó réxime hitleriano. Coméntanse, tamén, os seus libros de ensaio, nos que se recolle parte do seu pensamento, e os aforismos de *Fragua íntima*.

-Anxo Tarrío Varela, “Rafael Dieste na prensa da Epoca Nós”, pp. 81-108. Análise da colaboración diesteana na prensa entre os anos 1924 e 1927. Coméntase a súa concepción do labor xornalístico e as temáticas presentes nos seus artigos.

-Claudio Rodríguez Fer, “As revistas de Rafael Dieste”, pp. 109-125. Artigo sobre as diferentes revistas que o escritor rianxeiro fundou, dirixiu e promoveu ó longo da súa vida. Entre elas, *Charamuscas*, *El Mono Azul*, *El buque rojo*, *Hora de España*, *Nova Galiza*, *El Combatiente del Este*, etc.

-X. L. Axeitos, “Rafael Dieste e as Misións Pedagóxicas”, pp. 127-135. Artigo no que se comenta a participación de R. Dieste nas Misións Pedagóxicas da 2ª República e se expoñen as ideas que sobre este movemento e a súa filosofía tiña o rianxeiro.

- Manuel Aznar Soler, “Rafael Dieste e o exilio literario español do 1939”, pp. 137-146. Artigo sobre o exilio de Rafael Dieste. Primeiro a Francia, dende o 9 de febreiro de 1939. O 11 de xullo de 1939, xa fóra dos campos de concentración franceses, os Dieste iniciaron a viaxe cara á súa etapa

arxentina en Buenos Aires. Anos despois, o 29 de decembro de 1948, Rafael e Carmen embarcaron cara a Montevideo.

- Rafael Dieste, “Experiencias dentro do aprendizaxe”, pp. 149-166. Conferencia inédita pronunciada no Instituto Valle-Inclán de Pontevedra, en 1979, por Rafael Dieste. O tema central da mesma, dirixida a un grupo de xoves, trataba sobre as primeiras formas de coñecemento e as primeiras aprendizaxes do autor de Rianxo.

Recensións:

-Xavier Castro R., “Traballos sobre Dieste e unha conferencia”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 25 xuño 1995, p. 7. Descrición do contido do libro publicado pola Xunta de Galicia, que pretende recolle-los aspectos máis significativos da historia do autor de Rianxo.

Casas, Arturo, (coord.), *Tentativas sobre Dieste*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, col. Estudios e investigación, 1995, 218 pp. (ISBN: 84-7824-236-8).

Volume que recolle 19 traballos de diferentes especialistas sobre a obra de Rafael Dieste. O libro pretende ser un debate plural dende diferentes perspectivas que teña por obxectivo ofrece-las diversas caras do traballo desenvolvido polo rianxeiro:

- Arturo Casas, “Introducción”, pp. 7-11. Introducción ó volume na que o seu coordinador, Arturo Casas, presenta os traballos do libro e xustifica a súa aparición. Sitúa, ademais, a obra de Dieste no terreo da heterodoxia e orixinalidade, nadador contracorrente que non só cultivou tódolos xéneros da creación, senón que tamén tivo tempo -e non como algo tanxencial- para ocuparse das máis rigorosas e intelixentes investigacións sobre xeometría.

-Xoán González-Millán, “O discurso literario galego e a configuración dun espacio público nacional no primeiro tercio do século XX: Un marco de reflexión”, pp. 13-29. Traballo onde se analizan as pautas de comportamento da literatura galega no primeiro tercio do séc. XX, a partir dos conceptos de “espacio público” -fundamentalmente tal e como o concibía Jünger Habermas- e de “discurso literario”. Neste comezo de século, pártese da consideración do discurso literario como un conxunto de institucións que pretenden artellar unha experiencia nacional, para gradualmente ir configurando un sistema literario galego propio.

-Anxo Tarrío Varela, “Rafael Dieste na *Época Nos*: Contra as esencias”, pp. 33-47.

Artigo onde se desenvolve e analiza o labor que Dieste levou a cabo entre 1916 e 1936, período para o que o propio Anxo Tarrío acuñara o termo “Época Nós”, que neste ensaio defende e explica. A través dos artigos que o de Rianxo publicou nesta época nas máis diversas revistas, percíbense as súas preocupacións, centradas na rexeneración de Galicia e na proxección internacional de España, e a súa ideoloxía dun galeguismo, máis que nacionalismo, afastado de todo fascismo. Discútese tamén sobre o tema da súa adscrición xeracional, onde se conclúe que para a Literatura Galega pertence ó que Xosé Luís Méndez Ferrín chamou “Xeración de 1925” e dende a perspectiva da Literatura Española á Xeración do 27.

-Arturo Casas, “Elementos para unha teoría da literatura”, pp. 49-65. Dende o comezo da súa producción literaria, Rafael Dieste amosou inquedanzas por unha serie de problemas do ámbito da teoría da literatura, como a discusión sobre o método xeracional, a interpretación dos xéneros literarios, o concepto de estilo, a formulación de poéticas propias e alleas, etc. Trala análise do pensamento estético-literario diesteano, dedúcense, segundo o profesor Casas, os seus tres problemas teóricos fundamentais: o da creación e o estatuto autorial, o da formulación do discurso e a súa enunciación e o da recepción fenoménica do texto a través do proceso de lectura.

-Xoán Luís Marín Escudero, “As bases dialóxicas do pensamento de Rafael Dieste”, pp. 67-77. Ensaio onde se perfila, dende unha perspectiva analítica netamente filosófica, algún dos puntos e discusións claves da filosofía diesteana, formulada sempre á marxe de calquera escola de pensamento.

-Isaac Díaz Pardo, “Rafael Dieste e a arte galega”, pp. 79-82. Rafael Dieste pensaba que o movemento renovador da arte galega tivera o seu momento de arranque co *Album Nós*, con artistas como Castelao, capaces de representa-la verdadeira realidade e problemas de Galicia. Autores como Maside, Souto, Colmeiro e Eiroa iniciaran tamén a renovación plástica de Galicia

que tería continuidade con Laxeiro e Seoane. Grande parte da súa vida estivo relacionada co mundo da arte. Dous exemplos: *A fiestra valdeira* foi dedicada en tódalas súas edicións ó arquitecto guardés Constantino Candeira, polo que o rianxeiro tivo grande admiración. No ano 1970, foi Rafael Dieste quen abriu a porta do Museo Carlos Maside.

-Estelle Irizarry, "A xeografía nas obras de Rafael Dieste", pp. 83-93. Análise da obra de Rafael Dieste á luz dos conceptos analíticos do xeógrafo norteamericano John Kirtland Wright, quen, dende a súa concepción da "xeopiedade" como o estudio das relacións entre o home e os lugares que o circundan, contribúe a esclarece-los procesos creativos do rianxeiro, asentados na herdade ou lugar de orixe, nos espacios percorridos, nos espacios sociais ou de convivencia e ata nos espacios metafísicos.

-Ramón Nicolás Rodríguez, "Achegamento a Rafael Dieste no xornalismo galego dos anos vinte", pp. 95-108. Estudio do importante labor xornalístico que Dieste desenvolveu nos anos 20 en *Galicia* e, sobre todo, *El Pueblo Gallego*, de Vigo. Destacan como temas fundamentais naquela producción do rianxeiro os da lingua, o tema do popular, o da praxe narrativa e o tema da historia, entre outros.

-Ricardo Palmás, "Rafael Dieste e as súas clases na AGUEA", pp. 109-116. Artigo no que se dá conta do labor desenvolvido na Asociación Galega de Universitarios por Rafael Dieste a partir da súa fundación -da que el fora partícipe- en 1956. Repásanse neste artigo os distintos actos e iniciativas levados a cabo por esta institución e sublíñase a participación decisiva que tivo o rianxeiro en moitos deles.

-Francisco Sampedro, "Sobre *A vella pel do mundo*", pp. 117-123.

Breve estudio no que se fai fincapé no desexo de indagación filosófica que percorre a obra de Rafael Dieste e que, a dicir do articulista, é especialmente observable en *La vieja piel del mundo*, onde se tratan as pegadas dos grandes nomes da filosofía occidental como Nietzsche, Schopenhauer, etc.

-Dolores Vilavedra, "*El alma y el espejo* ou como inventar a propia transcendencia", pp. 125-132. Longa análise do ensaio "El alma y el espejo" -inserido no libro *Luchas con el desconfiado*- que fora publicado en Buenos Aires en 1948. No artigo, Dolores Vilavedra pon de relevo a importancia deste ensaio, onde se intenta defini-la literatura e a literariedade, como vías para autodescubrirse e entenderse.

-Carlos Gurméndez, "A creación narrativa e dramática de Rafael Dieste", pp. 133-141. Artigo panorámico no que, tras unha sucinta contextualización da situación histórica na que se formou Rafael Dieste, se pasa revista ás súas obras principais.

-Anxo Abuín González, "*A fiestra valdeira*: Unha lectura desde Bergson", pp. 143-147. Breve artigo no que, dende a filosofía bergsoniana, se bota luz sobre *A fiestra valdeira*, da que se salientan os elementos epifánicos e de xogo da memoria-lembranza, tamén se trata o problema do recoñecemento tan importante na filosofía do francés.

-Euloxio R. Ruibal, "Ecos valleinclanianos en *Don Frontán*", pp. 149-158. Minuciosa análise na que se salientan as distintas relacións que é posible establecer entre a poética e a praxe valleinclanescas e a obra de R. Dieste, *Viaje y fin de Don Frontán*, tanto a nivel temático, coma lingüístico e estructural.

-María López Sandez, "*Dos arquivos do trasno*: Unha poética aplicada", pp. 159-162.

Como bo teórico, ademais de contista, Rafael Dieste legou á Literatura Galega un decálogo da teoría do conto. Neste artigo, analízase como se aplicaron estes puntos á súa praxe literaria en *Dos arquivos do trasno*, fundamentalmente ós tres primeiros contos do libro, onde o rianxeiro é máis fiel coa súa poética. No primeiro dos relatos, "Encol da morte de Bieito", será onde se exploten os diferentes axiomas con maior funcionalidade.

-Darío Villanueva, "A narrativa de Rafael Dieste: de *Dos arquivos do trasno* a *Félix Muriel*", pp. 163-179. Tras unha breve panorámica dos sucesos máis importantes da vida de R. Dieste, faise unha análise dos dous libros de narracións do rianxeiro, dos que se repasa a súa historia ecdótica, se comenta a estructura, temática, distintos aspectos narratolóxicos, fontes, etc.

-Donatella Fornari, "... como un pequeño mar en que estuviera meciéndose el crepúsculo'. A figura do narrador en *Félix Muriel*", pp. 181-192. Análise narratolóxica na que se aborda o problema da focalización narrativa en *Historias e invenciones de Félix Muriel*, onde se vai estudiando o particular comportamento de cada un dos narradores dos diferentes relatos do volume.

-Julia Uceda, "Para viajar y conocerse, el aire..." (Anotacións para unha poética de Rafael Dieste), pp. 193-199. Breve apuntamento sobre o labor lírico e a poética íntima na que asenta toda a poesía do rianxeiro, que no artigo é explicado a través da obra *Rojo farol amante*.

-Gabriel Zaid, "Os aforismo de *Fragua íntima*", pp. 201-204. Traducción do artigo publicado na revista mexicana *Vuelta* no ano 1992. No traballo explícanse e filíanse moitos dos aforismos que foran recollidos por Arturo Casas no volume *Fragua íntima*.

-Luís Miguel Fernández, “Dieste guionista. A *Promesa del viejo y de la doncella* e as súas ideas cinematográficas”, pp. 205-218. Análise das ideas cinematográficas de Rafael Dieste e da confección e contido do seu guión *Promesa del viejo y la doncella*. Inicialmente, este fora un conto de seu irmán Eduardo Dieste que Rafael convertería en guión cinematográfico a principios de 1935. O guión, de grande teatralidade, non chegaría nunca ás pantallas, a pesar, segundo Luís Miguel Fernández, da súa digna altura creativa, que en ocasións alcanza “a beleza e a emoción propias dos millores momentos da escritura cinematográfica”.

Fernández Costas, X. M. e H. **Rabunhal**, *Rafael Dieste*. *A franqueza e o misterio*, A Coruña: Bahía, col. Ensaio, abril 1995, 195 pp. (ISBN: 84-87674-59-3).

Obra estructurada en sete capítulos, todos por rigorosa orde cronolóxica, os períodos nos que se divide teñen unha certa coherencia interna, vida de Dieste, e tamén externa, en canto que reflicten acontecementos históricos moi sinalados. Logo do perfil biográfico inicial, no que se sitúa ó autor rianxeiro nas coordenadas espacio-temporais, virán as primeiras actividades literarias ata a Guerra Civil. En capítulos posteriores son obxecto de estudio a vida do exilio e a volta á patria. Esta perspectiva cronolóxica é contada no capítulo terceiro, situado antes do exilio, e que se adica monograficamente ó teatro.

Recensións:

-F. Martínez Bouzas, “Dieste ambulante”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 58, 1 maio 1995, p. 4. Recensión na que se salienta a visión global e integradora que se amosa da vida e obra do escritor rianxeiro e se critica que se centre o estudio máis na súa obra literaria que na filosófica e xeométrica.

-M. R., “Rafael Dieste, entre a franqueza e o misterio”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, ano I, nº 20, 13 xullo 1995, p. 6. Recensión conxunta do libro de Henrique Rabunhal e Xosé Manuel Fernández Costas e mailo de David Otero sobre a biografía do rianxeiro. No primeiro, repásase a vida e obra en galego de R. Dieste.

Freixeiro Mato, Xosé Ramón, *Rafael Dieste*. *Vida personalidade e obra*, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, col. Ensaio, nº 49, 1995, 357 pp. (ISBN: 84-87847-50-1).

Cun fragmento da obra *Dos arquivos do trasno* e un breve limiar que sitúa ó escritor da vila mariñeira de Rianxo na historia da literatura galega, ábrese este volume de X.R. Freixeiro Mato (Cances-Carballo, 1951) que supón un achegamento á personalidade humana e literaria do autor. Esta aproximación á súa persoa conséguese a través dunha bio-bibliografía, con referencias constantes á súa terra natal, e unha caracterización ideolóxica. A continuación, atopamos un exhaustivo estudio da súa obra en galego con especial atención *a Dos arquivos do trasno* e *A fiestra valdeira*. Ofrécenos, así mesmo, un amplo panorama sobre o estilo de Dieste, o bilingüismo que o define e a caracterización do galego que emprega nos seus escritos.

Recensións:

-Francisco Martínez Bouzas, “Dieste desde Galicia”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº XCI, 3 xuño 1995, p. 3. Comentario que lle serve ó recensionista para reflexionar sobre o por qué do abandono da lingua galega en favor do castelán, por parte do escritor.

-M. Quintáns S., “Vida, personalidade e obra de Rafael Dieste”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 18 xuño 1995, p. 6. Eloxioso comentario do volume. Considerado polo recensionador como un dos máis completos, profundos, obxectivos e didácticos dos realizados ata ese momento.

García-Bodaño, Salvador, *Rafael Dieste*. *Vida e obra en lingua galega*, A Coruña: Publicacións da Real Academia Galega, maio 1995, 164 pp. (ISBN: 84-87987-09-5).

Escolma da producción galega de Rafael Dieste na que aparece unha selecta dos contos de *Dos arquivos do trasno*: “Limiar”, “Sobre a morte de Bieito”, “O Regreso”, “O vello que quería vé-lo tren” e “De cómo veu a Rianxo unha balea”. Reprodúcese *A fiestra valdeira* e *A vontade de estilo na fala popular*, e extráctanse algúns dos ensaios de mocidade recollidos en *Antre a terra e o ceo*. O conxunto vai acompañado dun estudio introductorio no que se fai un amplo achegamento á vida do rianxeiro repasando as seguintes etapas: nenez e xuventude, primeira viaxe (a México), inicios no galeguismo crítico, comezo da creación literaria, traballo nas Misións Pedagóxicas, estourido da Guerra Civil, exilio, volta á creación literaria animado por Luís Seoane, paso por Cambridge, última estancia en Arxentina e volta a Galicia. A continuación, estudia a obra en galego de Rafael Dieste comezando polo ensaio, xénero no que se salienta a linguaxe empregada, o estilo dialogado e sinxelo co que defende un novo xeito de facer xornalismo fronte ó “xornalismo vellouqueiro”. Na narrativa, destaca García-Bodaño (Vigo, 1935) o limiar teórico de *Dos arquivos do trasno*. Salienta as notas fundamentais que caracterizan os contos deste libro, atópanse os motivos da morte e a vida do outro mundo, o mundo das aparicións e as crenzas máis enraizadas da cultura popular. Finalmente, dedícase un apartado ó teatro, no que o rianxeiro comezou de neno coa creación do Grupo de Teatro Xuvenil “Os Trece”. Co seu teatro, Dieste pretende romper co “pintoresquismo chabacano” de certo teatro do momento.

Gay Parga, Tonina, *Rafael Dieste do Arquivo á Fiestra*, Lugo: Citania Publicacións, 1995, 94 pp.

Estoxo que contén dúas cintas magnetofónicas e un libro. Nas cintas recóllense as gravacións das entrevistas realizadas a diferentes intelectuais galegos sobre a faceta humana e creativa de Rafael Dieste. Estas charlas foron emitidas pola Cadena Ser de Galicia nunha serie de programas chamada “Do arquivo á fiestra”, que dirixiu Tonina Gay Parga. No libriño atopamos unha ficha bio-bibliográfica dos mesmos estudiosos acompañada das seguintes manifestacións:

-Xesús Alonso Montero, “Da miña relación con Rafael Dieste”, pp. 15-17. Reprodúcese unha das páxinas do discurso de ingreso de X. Alonso Montero na R.A.G., na que ocupou a cadeira do rianxeiro.

-Luís Rei Núñez, “Relación”, p. 20. Luís Rei Núñez coñeceu a Rafael Dieste nunha mesa redonda onde se falou, fundamentalmente, sobre teatro galego. Despois disto, foron moitas as horas que charlou con R. Dieste na casa do rianxeiro.

-Anxo Tarrío Varela, “O meu achegamento a Rafael Dieste”, pp. 25-26. Aínda que non o tratou en persoa, o profesor A. Tarrío achegouse á personalidade diesteana a través da súa obra, e, sobre todo, gracias ó labor xornalístico que o rianxeiro desenvolveu nos anos 20.

-Xesús Rábade Paredes, “Relación”, p. 31.

Coñeceu o lucense ó escritor coruñés uns meses antes da súa morte. Pouco despois da mesma, Carmen Muñoz propúxolles a X. Rábade Paredes e a Helena Villar Janeiro a realización da versión galega de *Viaje y fin de Don Frontán*.

- Xosé Luís Axeitos, “Axeitos e Dieste”, pp. 35-36.
X.L. Axeitos coñeceu a R. Dieste no ano 1964. Posteriormente, asistiu a algunhas conferencias e tivo encontros ocasionais co escritor. No último deles, R. Dieste regaloulle a primeira monografía sobre a súa obra, da autoría de Estele Irizarry.

-Eugenio Otero Urtaza, “Relación”, pp. 41-42. O profesor Otero coñeceu a R. Dieste a través dos seus estudios sobre as Misións Pedagóxicas e mantivo conversas sobre este tema con el entre 1977 e 1981. Como resultado desta investigación, publicou *Las Misiones Pedagógicas*: *una experiencia de educación personal* (1982).

-Claudio Rodríguez Fer, “Integridade e integralidade”, p. 47. O profesor lucense coñeceu ó rianxeiro en 1975 cando era estudiante, a través da comunicación epistolar. Valora na súa obra a integración de vida e pensamento sen ningún tipo de escisións.

-Manuel María, “Relación”, p. 56. Sinálanse como características da personalidade diesteana a súa gracia, finura, intelixencia e agudeza.

-Euloxio R. Ruibal, “Relación”, p. 56. Saliéntase do rianxeiro a súa palabra precisa, a súa formidable cultura e grande sensibilidade.

-Ricardo Palmás, “Relación”, p. 60.

R. Palmás coñeceu a Dieste na AGUEA e volveuno a ver en 1971 no Castro.

-Xosé Neira Vilas, “Relación”, pp. 65-66. Coñeceu o escritor pontevedrés a R. Dieste en 1954 e, dende entón, mantiveron unha relación constante e entrañable: o rianxeiro fixo un prólogo de *Dende lonxe*, foi o primeiro lector de *Memorias dun neno labrego* e a el e a Carmen Muñoz lles dedicou Neira Vilas *Xente no rodicio*.

Isaac Díaz Pardo, “O meu coñecemento de Rafael Dieste”, pp. 72-73.
Díaz Pardo comenta que Rafael Dieste -a quen coñeceu en 1927- xunto con L. Seoane e Lorenzo Varela son os intelectuais que axudaron a perfila-las ideas do Laboratorio de Formas.

-Arturo Casas Vales, “Relación”, p. 76. O primeiro artigo que o profesor Arturo Casas escribiu sobre Rafael Dieste versaba sobre os seus tratados xeométricos.

-Xosé Ramón Freixeiro Mato, “Relación”, p. 81. *Dos arquivos do trasno* foi a obra a través da cal Xosé Ramón Freixeiro Mato se achegou á personalidade humana e literaria do rianxeiro.

-Lino Braxe, “Vello, ¿por que te quero tanto”, pp. 85-86. O entrevistado coñeceu a R. Dieste a través da evocación de Carmen Muñoz.

Gil Nieto, Marisa e outros, *O vello que quería ve-lo tren*, Santiago: Xunta de Galicia/Centro de Recursos da Provincia de Ourense, 1995, 115 pp. (ISBN: 84 453-1345-2).

Tríptico que consiste nunha unidade didáctica que ten como motivo o conto de Rafael Dieste “O vello que quería ve-lo tren”. Reprodúcese no folleto o conto, adaptándoo á normativa oficial, e acompáñase dun conxunto de obxectivos e suxerencias didácticas. O tríptico aparece cun vídeo no que se recrea en imaxes, con voz en *off*, o relato.

González Rajo, Javier (coord.), *Rafael Dieste*. *Letras Galegas 1995*, A Coruña: Xunta de Galicia, 1995, 121 pp. (ISBN: 84-453-1354-1).

Díptico didáctico que consta dunha serie de láminas recortables e dun libro. As láminas aparecen distribuídas en tres bloques: o primeiro contén un anfiteatro grego e máscaras do mesmo; o segundo un “corral” do Barroco e diferentes personaxes da época; na última aparece o Teatro Principal de Santiago de Compostela e diversos personaxes da “Commedia dell’ arte”. O libro, elaborado polo Centro de Recursos de Pontevedra, recolle -a través de pequenas introduccións explicatorias e de escolmas de autores clásicos- toda a historia do teatro. Dende a Grecia Clásica, percórrese o Renacemento, Barroco, Romanticismo, Realismo e éntrase no Século XX. Desta perspectiva xeral, pásase a unha máis particular, a do teatro galego. Saliéntanse os fitos fundamentais do mesmo para, finalmente, centrarse na época actual e na representación de “O drama do cabalo de axedrez”, de Rafael Dieste.

Otero, David, *A vida de Rafael Dieste*, Vigo: Galaxia, col. Árbore, 1995, 92 pp. (ISBN: 84-7154-948-4).

A vida do escritor coruñés contada, esta vez, ós máis novos é o motivo deste libro escrito polo autor de literatura infantil David Otero (Santiago de Compostela, 1946). Composto de 16 apartados, ábrese cunha sección dedicada á vila natal de Rafael Dieste e a partir desta irán aparecendo os diferentes datos da vida e obra do autor dunha maneira asequible e moi atraínte para o público ó que está dirixida a obra.

Pallarés, Pilar e Laura **Tato**, *Rafael Dieste*, A Coruña: AS-PG, 1995, 66 pp.

(ISBN: 84-920453-0-2).

Caderno de traballo para as aulas. Consta dos seguintes apartados: “Vida e obra”, “Visión da Galiza”, “Mistério e conflito do ser humano”, “Mistério e poder da arte” e “A arte do conto”. Salvo o primeiro dos capítulos, no que se expón didacticamente a vida do rianxeiro, o resto deixa á parte a exposición teórica e confecciónase cunha serie de textos (ben do autor -anacos da súa obra, epistolario), ben relacionados co autor, ós que seguen diversas cuestións que teñen como motivo central os textos. Remata o caderno cunha bibliografía básica.

Rei Núñez, Luís, *Rafael Dieste*: *narrador*, *poeta*, *dramaturgo*, *pensador*, *sabio*, *home libre e comprometido coa verdade*, Vigo: Ir Indo, col. Galegos na Historia, nº 2, 1995, 64 pp. (ISBN: 84-7680-169-6).

Luís Rei Núñez (Muros, 1958), autor da biografía máis completa de Dieste, *A travesía dun século*, que fora publicada no ano 1987 por Ediciós do Castro, deu ó prelo en 1995 outro volume biográfico sobre o autor de Rianxo. Desta volta, trátase dunha panorámica vital máis sintética e breve, adecuada para tódolos públicos, pero que non deixa sen revisar ningunha etapa do percorrido vital do autor coruñés. O libro aparece dividido en cinco bloques: “A patria dun home”, no que se presenta a infancia de Rafael Dieste no seu contorno vivencial: Galicia; “A estrea dunha voz propia”, onde se dá conta das primeiras publicacións diesteanas e se tracexan as súas actividades ata o estourido da Guerra Civil; “En loita polas ideas”, supón unha análise do seu labor durante o conflicto bélico, sempre en contra do fascismo, a través da súa faceta intelectual; “Longos anos de exilio”, afronta a etapa en Buenos Aires e Gran Bretaña e, finalmente, “De volta á casa” presenta a un Dieste que regresa a Galicia a pasa-los seus últimos anos. O volume, con grande número de ilustracións, remata cunha cronoloxía sumaria da vida diesteana.

Recensións:

M. R., “Dieste, un sabio ilustrado para tódolos públicos”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, ano I, nº 9, 27 abril 1995, p. 6. Referencia conxunta á reedición de *A travesía dun século* e *Rafael Dieste*, ámbolos dous de Luís Rei Núñez. Destácase do segundo as ilustracións e o feito de ser unha obra para tódolos públicos.

M. Q. S., “Galegos na Historia”, *El Correo Gallego*,“*Edición 7*”, 20 agosto 1995, p. 7. Pequena recensión moi laudatoria na que se desglosa o contido da obra e se salienta o mérito do traballo “capaz de sintetizar con rigor, brillantez e unha enorme sinxeleza expositiva o contido e significado deste personaxe”, é dicir, de Rafael Dieste.

Romero, Marga, *Dieste na aula*, Nigra: Vigo, 1995, 96 pp. (ISBN: 84-87709 34-4).

Unidade orientada por Marga Romero (Vigo, 1964), fundamentalmente, cara ó alumnado do ensino primario. Contén os seguintes apartados: “Rafael Dieste: apuntamentos biográficos”; “O escritor” -que se subdivide en “O narrador”, “O autor teatral”, “O creador de guiñol” e “O poeta” un terceiro titulado “O xornalista”; “O home preocupado pola lingua” e “O escritor en español”, son os dous últimos. Acompañan a cada apartado unha serie de textos da producción diesteana -que exemplifican o exposto en cada un deles -, pasaxes críticas sobre a obra do rianxeiro e diversas actividades didácticas. Figuran tamén na parte final do libro unhas actividades globais e unha pequena bibliografía.

VV. **AA**., *Acto Literario en Homenaxe a Rafael Dieste*, Santiago de Compostela: Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, 1995, 46 pp. (ISBN: 84-8121-310-1).

Libriño onde se recollen os tres discursos pronunciados o 16 de maio de 1995 no Paraninfo da Universidade de Santiago de Compostela con motivo da Homenaxe que dito organismo brindou ó protagonista do Día das Letras Galegas 1995: Rafael Dieste. A seguir detállanse os textos:

-Anxo Tarrío Varela, “Presentación das publicacións da Universidade con motivo do Día das Letras Galegas”, pp. 11-16. Breve historia das publicacións que dende 1975 vén tirando do prelo a Universidade de Santiago de Compostela. Comezouse no ano de Marcial Valladares a proposta de Ricardo Carballo Calero cun folletiño de 10 páxinas encadernadas en cartolina azul clara e pouco a pouco foi aumentando e mellorando o número de páxinas e os materiais empregados para a confección do volume. No 1995, a homenaxe que a Universidade e o Departamento de Filoloxía Galega lle rende a Rafael Dieste toma corpo a través da edición facsimilar do borrador de *Historias e invenciones de Félix Muriel*. Explica o profesor A. Tarrío as características e circunstancias nas que se atopaba o borrador. Este texto de Anxo Tarrío, con diversas variacións, serve tamén de introducción á edición facsímilar do borrador de *Historias e invenciones de Félix Muriel*.

-Xesús Alonso Montero, “Rafael Dieste, intelectual á intemperie”, pp. 19-36.

Se a actitude de Rafael Dieste foi exemplar durante toda a súa vida, máis o foi nos tres anos que durou a Guerra Civil. Os seus xestos críticos máis notables nestes anos foron a oposición a que André Gide fose expulsado da Alianza de Intelectuais Antifascistas e o acollemento na súa casa dun destacado militante do POUM, Eugenio Granell. Durante a Guerra non abandonou os pronunciamentos que atentaban contra a súa concepción da dignidade, di o profesor Alonso Montero: “como os mellores comunistas”, e mesmo seguiu coa publicación de *Hora de España* e *Nova Galiza*.

-Darío Villanueva, “Intervención do Sr. Rector”, pp. 39-46. Intervención onde se fala da relación que R. Dieste mantivo coa Universidade e se fai un percorrido pola súa actividade, dende que comezou a colaborar en *El Pueblo Gallego* ata os seus derradeiros anos. Salienta o Sr. Rector a súa polivalencia intelectual, que o converteu nun “verdadeiro home renancentista”: poeta, dramaturgo, narrador, ensaísta, crítico, filósofo, músico, matemático, debuxante e editor.

VV. **AA**., *Rafael Dieste*. *Heterodoxia e paixón creadora*, Vigo: Xerais, col. Letras galegas, 1995, 117 pp. (ISBN: 84-7507-879-6).

Volume que supón un achegamento á vida e obra de Rafael Dieste. Os primeiros traballos tratan aspectos xerais da súa figura e personalidade, ademais de ofrecer unha cronoloxía vital do rianxeiro. Séguese, despois, con traballos específicos sobre o seu labor creativo, analizando o teatro, a narrativa e o ensaio. As colaboracións deste manual correron a cargo de:

-Víctor F. Freixanes, “A lanterna máxica”, pp. 7-10. Percorrido polas diferentes etapas da vida de Rafael Dieste. Déstacase, entre todas elas, o momento en que coñeceu a súa futura dona, Carmen Muñoz.

-Xosé Luís Axeitos, “Rafael Dieste. Cronoloxía”, pp. 13-24. Repaso cronolóxico das datas fundamentais na vida do rianxeiro: primeiros anos, Guerra Civil, o exilio; primeira etapa en Buenos Aires, estancia en Europa e lectorado en Cambridge, segunda etapa bonaerense e regreso.

-Manuel F. Vieites, “Rafael Dieste e o teatro: semblanza dun heterodoxo”, pp. 27-58. Neste traballo estúdianse as actividades drámatico-teatrais que Dieste desenvolveu en Galicia e en galego. Comézase por establece-la relación que o rianxeiro tivo co teatro: na súa infancia fundou o grupo “Os trece”; na etapa das Misións Pedagóxicas iniciouse no coñecemento máis profundo do feito teatral; posteriormente, obtivo unha bolsa para realizar estudios teatrais en Europa e, no 1936, foi nomeado director do Teatro Español. Tamén se comenta a súa teoría teatral espallada por artigos, e libros como:

“En col do noso teatro I, II, III” (1925), “Revelación y rebelión del teatro” (1935), *La vieja piel del mundo*, etc. Finalmente, analízase a estructura (tempo e espacio), temática, personaxes, significación, trama e contexto da súa obra dramática galega: *A fiestra valdeira* e “O drama do cabalo de axedrez”.

-Estro Montaña, “A exploración do mar e da memoria”, pp. 61-84. Estudio sobre a obra narrativa en galego de Rafael Dieste, que nos é presentada como unha historia dentro doutra. Trátanse aspectos como os motivos que o induciron cara á creación literaria e as linguas que empregou, para despois pasar a unha análise detallada de *Dos arquivos do trasno*. Coméntase deste libro as diferentes edicións e os cambios que comportaron cada unha delas; a súa poética contida no “Limiar”, moi na liña dos principais teóricos do conto; a temática, estructura, motivos, linguaxe e estilo dos diferentes contos.

-Carlos L. Bernárdez, “Os outros Dieste. Pensamento e palabra en liberdade”, pp. 87-104. Artigo sobre a producción ensaística e poética en galego do homenaxeado polo Día das Letras Galegas. Dieste empregou para o seu ensaio tanto o galego coma o castelán. No primeiro escribiu as prosas de mocidade, recollidas en *Antre a terra e o ceo*, e o discurso de ingreso na Real Academia Galega. No segundo, os tratados literario-filosóficos e os xeométricos. Faise un estudio neste texto dos seus primeiros traballos xornalísticos en *El Pueblo Gallego* e das súas colaboracións en *Nova Galiza*, e coméntase *A vontade de estilo na fala popular*. Finalmente, trátase a súa obra poética en galego, reducida a tres composicións.

-Manuel F. Vieites, “Bibliografía básica de e sobre Rafael Dieste”, pp. 107-117. Bibliografía activa e pasiva. O criterio de agrupación da primeira é o xenérico-cronolóxico. Na segunda, recóllense os traballos máis significativos sobre o rianxeiro.

Recensións:

-Manuel Rodríguez, “Unha viaxe polas letras galegas. Desde Rosalía a Dieste”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, ano I, nº 14, 1 xuño 1995, p. 6. Nota conxunta sobre os libros de Edicións Xerais de Galicia, *De Rosalía a Dieste*. *33 anos de letras* e *Rafael Dieste*. *Heterodoxia e paixón creadora*. Do segundo, descríbense os seus traballos e menciónanse os seus colaboradores.

VV. **AA**., *Rafael Dieste*. *Un creador total*, Vigo: Galaxia, col. Agra Aberta, nº 19, 30 xaneiro 1995, 184 pp. (ISBN: 84-7154-920-4).

Volume no que se escolman unha serie de traballos sobre Rafael Dieste, que foran publicados no número 78 de *Grial*, no ano 1982. A estes traballos, que pasamos a detallar, súmase unha cronoloxía e bibliografía diesteana, posta ó día por X. L. Axeitos.

-Domingo García-Sabell, “Rafael Dieste e o drama da continuidade”, pp. 7-14. Artigo que ten como obxecto de análise a traxedia *Viaje y fin de Don Frontán*: estúdiase o argumento, os distintos personaxes e as temáticas fundamentais da peza, que está na liña do ensaio conceptual *Diálogo de Manuel y David*.

-Carlos Gurméndez, “Un creador total”, pp. 15-25. Analízase neste traballo a forma narrativa do seu primeiro libro de relatos, *Dos arquivos do trasno*, e o contido de *Historias e invenciones de Félix Muriel*. Coméntase tamén o seu ensaio e teatro, para ofrecer, así, unha panorámica do conxunto da súa obra.

-Ricardo Carballo Calero, “Rafael Dieste no novecentismo”, pp. 27-40. Precísase e delimítase o concepto “novecentismo” na literatura catalana e galega e apúntanse os diferentes autores que o conformarían nesta última. Entre eles, Rafael Dieste, que, aínda que viviu ata 1981, rematou o groso da súa obra literaria en galego a finais dos anos 20.

-Andrés Torres Queiruga, “O tema da saudade en Rafael Dieste”, pp. 41-55. Dieste publicou dous artigos sobre a saudade recollidos no volume *Antre a terra e o ceo*. A saudade, tal e como a pensa o rianxeiro, é menos radical e metafísica que a que posteriormente concibe Ramón Piñeiro. O coruñés avoga por un rescate deste sentimento, que está ligado ó da inquedanza e a tristura galegas, pero que non está vencellado ó da morte, tal e como cría Roberto Novoa Santos e que o rianxeiro lle debate dialecticamente.

-Basilio Losada, “O popular e o culto en *Dos arquivos do trasno*”, pp. 57-64. Coméntanse os diferentes puntos do decálogo contístico diesteano e discútese algún deles como a “obsesión do que ten que sobrevir” que non é, para Basilio Losada, tan aplicable á narrativa curta coma á longa.

-Manuel Rodríguez Álvarez, “O misterio de coñecer”, pp. 65-69. Entre as reflexións de Rafael Dieste na súa obra, atópanse as relacións entre pensamento e ser, as antinomias da liberdade e a necesidade. Tódolos elementos que nos poden proporcionar un achegamento ó coñecemento, proporcionan, ás veces, máis enigmas que explicacións.

-Marino Dónega, “Rafael Dieste ou a loita polo mínimo expresivo”, pp. 71-74. Análise do estilo en *Dos arquivos do trasno*, o estilo diesteano caracterízase pola súa exactitude e precisión e a reducción da verbosidade ó mínimo.

-Gabriel Zaid, “A integridade creadora”, pp. 75-78. Aproximación á obra de Rafael Dieste que se centra no seu pensamento matemático. Dieste demostrou a hipótese lobacheskiana de que, un par de paralelas é superpoñible sempre a outro par de paralelas, o que foi demostrado, por un procedemento diferente, cinco anos máis tarde, por Luís Santaló e despois por outros tres matemáticos.

-Salvador Lorenzana, “Creación e pensamento en Rafael Dieste”, pp. 79-84. Reflexión xeral sobre a obra creativa e filosófica de R. Dieste, que ten como elementos raíces a súa educación literaria e a capacidade de raciocinio.

-Ramón Piñeiro, “Parolar con Rafael Dieste” pp. 85-88. Semblanza da personalidade diesteana, da que se destaca a cultura, amplitude de perspectivas e o diálogo constante co mundo.

-Xosé Otero Espasandín, “Apoloxía de Rafael Dieste”, pp. 89-96. Comentario dalgúns aspectos biográficos e bibliográficos sobre Rafael Dieste, sempre dende o terreo da evocación.

-E. F. Granell, “Rafael Dieste: espello transparente”, pp. 97-101. Breve artigo no que se relatan diversas peripecias vitais que o uniron á persoa de R. Dieste, a quen tratou como amigo. Saliéntase, ademais, a importancia literaria de *Historias e invenciones de Félix Muriel*.

-Natalia Lamas, “Dieste músico”, pp. 103-105. Artigo no que se dá conta da afección pola música do rianxeiro quen, ademais de melómano, foi un pianista notable que tamén compuña.

-Francisco Pillado, “O xornalista”, pp. 107-111. Análise panorámica do labor levado a cabo por R. Dieste como xornalista. Saliéntase a súa participación en *El Pueblo Gallego* nos anos 20 e, na guerra, en publicacións como *Nova Galiza* e *El combatiente del Este*, Órgano del Comisariado del Ejército del Este.

-Isaac Díaz Pardo, “Lembranzas de Rafael Dieste”, pp. 113-117.

Evocación dos momentos compartidos por Isaac Díaz Pardo co seu amigo Rafael Dieste. Relátase, entre outros, o seu primeiro contacto.

Recensións:

-Engracia Vidal, "VV. AA., *Rafael Dieste*. *Un creador total*...", *Encrucillada*, nº 92, marzo-abril 1995, pp. 104-105. Recensión descritiva do contido do libro. Os artigos que compoñen o volume abranguen a biografía, o teatro, a narración, a filosofía, a saudade, a música, o xornalismo e o conversador. Salienta o feito de que tres dos traballos leven no título a palabra *creación*, de aí o acerto do título do volume.

-Xavier Castro R., "Voces sobre Dieste", *El Correo Gallego*, "*Edición 7*", 28 maio 1995, p. 7. Comentario sobre o libro que supón un rescate de artigos, xa clásicos, sobre o rianxeiro.

- Mª Xesús Martínez Fustes, "*Rafael Dieste*, *un creador total*", *Revista Galega do Ensino*, nº 9, novembro 1995, pp. 195-198. Longa recensión na que se van describindo, un a un e con detalle, os distintos traballos, xa clásicos, recollidos neste volume colectivo sobre a vida e a obra de Rafael Dieste.

Referencias varias:

-(Sen sinatura), "Poliédrico Dieste", *La Voz de Galicia*, "*Revista de Cultura*", ano I, nº 6, 6 abril 1995, p. 6. Pequena nova sobre o contido do libro *Rafael Dieste*. *Un creador total*.

Día das Letras Galegas
3. Publicacións en revistas

Axeitos, X. L., “A aventura epistolar en Rafael Dieste. Datos para unha poética da carta”, *Grial*, nº 125, xaneiro-febreiro-marzo 1995, Tomo XXXIII, pp. 25-26.

Importante manifestación do xénero epistolar na obra do escritor rianxeiro. A carta constitúe unha canle comunicativa e dialóxica, sempre rodeada da aureola poética, para un autor cunha producción literaria na que hai unha clara relación dialéctica entre vida e literatura. O seu epistolario convértese nun moi importante documento humano que deita luz sobre as distintas etapas da vida do autor e en síntese superadora que xustifica a poética tanto vital coma literaria de Rafael Dieste.

_____, “As Misións Pedagóxicas en Galicia. Rafael Dieste entrevistado por Gómez del Valle e J. Carballeria”, *Grial*, nº 125, xaneiro-febreiro-marzo 1995, Tomo XXXIII, pp. 49-59.

Dieste ideólogo do Patronato de Misións Pedagóxicas, constituído en 1931, nos artigos en defensa da cultura popular como coñecemento alternativo e complementario ó científico e académico. A solidariedade constitúese no valor ético que está na raíz do programa das Misións. Descrición do percorrido da Misión galega, da que Dieste formaba parte.

_____, “Vida e literatura no epistolario de Rafael Dieste. Datos para unha poética do escritor rianxeiro”, *Encrucillada*, nº 92, marzo-abril 1995, pp. 120-127.

No que lembra unha das ideas centrais da obra de Dieste sinalada pola crítica: concepción ética da súa estética. Idea que Xosé Luís Axeitos apoia con parte do epistolario de Rafael Dieste e da súa familia.

_____, “As ideas sociais e educativas de Rafael Dieste. Do mesianismo á fraternidade”, *Revista Galega do Ensino*, nº 8, maio 1995, pp. 17-28.

Artigo deste especialista na obra do rianxeiro Rafael Dieste que, de xeito sistemático, pasa revista ás ideas pedagóxico-educativas e social-instructivas que o autor de *Dos arquivos do trasno* desenvolveu durante a súa época de incorporación ás Misións Pedagóxicas e nas ducias de artigos que nos anos 20 publicara nos diarios vigueses *Galicia* e *El Pueblo Gallego*.

_____, “Dos arquivos de Rafael Dieste: Cartas dos Otero Espasandín ós Dieste”, *Boletín Galego de Literatura*, “Documentos”, nº 13, Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, maio 1995, pp. 127-133.

Saen á luz sete cartas que a familia Otero Espasandín enviou a Rafael Dieste e Carmen Muñoz no ano 1939. Delas pódese deducir unha difícil situación para o matrimonio formado por Alicia e José Otero Espasandín e para a súa filla.

_____, “Dos arquivos de Dieste: cartas de Antonio Sánchez Barbudo ós Dieste”, *Boletín Galego de Literatura*, “Documentos”, nº 14, Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, 2º semestre 1995, pp. 143-148.

Exhumación do epistolario entre Antonio Sánchez Barbudo e os Dieste, cunha pequena introducción contextualizadora e a reproducción de dúas cartas.

Aznar Soler, Manuel, “As farsas para guiñol de Rafael Dieste”, *Revista Galega de Teatro*. *Información Teatral*, nº 12, decembro 1995, pp. 71-77.

O artigo comeza cun estudio introductorio ó concepto de farsa e a súa importancia na literatura española do século XX, sobre todo mercede á pluma de autores como Valle Inclán, Max Aub ou Lorca. Saliéntase o seu relevo durante os anos 30 na política cultural do réxime republicano. Posteriormente, analízase a experiencia das Misións Pedagóxicas -como promoción da política cultural republicana do Ministerio de Instrucción Pública- e a figura de Rafael Dieste en tanto que creador, director e dramaturgo do seu Teatro Guiñol.

Beiró, Masito, “Con Neira Vilas arredor de Rafael Dieste”, *Lúa Nova* (Revista da A.C.G. Rosalía de Castro), 1º trimestre 1995, pp. 5-6.

Con motivo da celebración do día das Letras Galegas en homenaxe a Rafael Dieste, Masito Beiró comenta algúns aspectos da vida do escritor rianxeiro que o relacionan con Padrón. Salienta a paixón do homenaxeado polo xornalismo, ofrecendo declaracións de dona Carme Muñoz e de Xosé Neira Vilas.

_____, “Rianxo escenario dos actos centrais das Letras Galegas”, *Lúa Nova* (Revista da A.C.G. Rosalía de Castro), 2º trimestre 1995, p. 9.

Breve informe que recolle declaracións de Alonso Montero e do alcalde de Rianxo con respecto á figura de Dieste. Tamén dá noticia do congreso celebrado na Coruña en homenaxe ó escritor rianxeiro.

Bilbatúa, Miguel, “Rafael Dieste e o teatro de axitación e propaganda (1936-39)”, *Revista Galega de Teatro*. *Información Teatral*, nº 11, xuño 1995, pp. 19-26.

Sucinto estudio que se achega á figura de R. Dieste durante a Guerra Civil como home de teatro entregado á loita contra o fascismo e á defensa da República. Distínguense dúas concepcións do teatro, entre as cales non existe continuidade senón ruptura. Por unha banda, o teatro das Misións Pedagóxicas, no que predominaba unha consideración idealista da cultura do pobo e no que colabora R. Dieste (1933-1936); por outra, o teatro de axitación política, realizado por grupos teatrais pertencentes a organizacións obreiras, no que se potenciaba a intervención cultural e ideolóxica. A este tipo pertencerían *Al amanecer*, *Nuevo retablo de las maravillas* e *El moro leal*. A contribución fundamental de R. Dieste consistiría en que, a partir das fontes populares do teatro clásico español, incorpora elementos da vangarda teatral europea, o que lle confire a estas obras unha complexidade inhabitual nun teatro “de urxencia”. O vangardismo estaría reflectido na influencia de Meyerhold ou Gordon Craig, como demostra M. Bilbatúa nunha breve análise destas obras “de axitación”.

Brea Rey, Xosé Ramón, "*Charamuscas*, a revista de Rafael Dieste na guerra de Africa", *Boletín Galego de Literatura*, "Estudios", nº 13, Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, maio 1995, pp. 39-50.

Análise da historia vital de Dieste no comezo dos anos vinte, entre 1920 e 1923. Nesta época, o rianxeiro vai á guerra de África, ó campamento de Dar-Drius. Alí, en precariedade de condicións e en colaboración con José María Segade e Jesús Romero, publicouse a revista *Charamuscas*. No artigo faise unha pormenorizada descrición do único número que se conserva, de sumo interese, xa que nel aparece unha das primeiras versións de "O vello que quería ve-lo tren", incluído posteriormente en *Dos arquivos do trasno*. Reprodúcense, ademais, outras pequenas composicións de Dieste.

Casas, Arturo, “Autoelexía do ser. Sobre a función lírica en Dieste”, *Grial*, nº 125, xaneiro-febreiro-marzo 1995, Tomo XXXIII, pp. 5-24.

Consideración global da poesía diesteana, con preeminencia para o libro *Rojo farol amante*, publicado por primeira vez en 1933 e ampliado en 1940. Achegamento ás claves esenciais da poética do autor, da que serían algúns trazos a busca de precisión poética, a contemplación metafísica da cousa, que resulta transcendida e convertida en símbolo, a modulación lírica da meditación, na que converxen a mirada exterior e interior, unidas pola experiencia e a conciencia da perduración do ser no seu devir, como motivo central do poemario.

_____, “Traxedia e farsa en *Don Frontán*”, *Revista Galega de Teatro*. *Información Teatral*, nº 11, xuño 1995, pp. 27-40.

Estudio que trata de explica-la condición tráxica (tendo en conta as propias teorizacións de Dieste) e o contrapunto farsesco de *Viaje y fin de don Frontán*, partindo da existencia dunha primeira edición (1930), que levaba asociado ó título o epígrafe de Farsa trágica, e unha segunda de 1945 que se presentou como Tragedia. O núcleo destas diferencias residiría no tránsito xenérico. Por isto, comézase cunhas nocións teóricas sobre o concepto de traxedia e continúase con cuestións relacionadas coa xénese da obra e a situación da obra diesteana dentro da dramaturxia española, en canto reacción contra o teatro comercial de consumo burgués. Asemade, proponse unha desvinculación co teatro de Valle e unha relación co teatro de Unamuno, Pirandello, Meyerhold, Craig e toda a vangarda europea. Sitúase como precedente desta obra unhas pezas breves publicadas na revista compostelá *Cuentos Nuevos* coas que compartiría a pegada de Strindberg, Banville ou Maeterlinck. A análise dos compoñentes tráxicos e o que de farsa incorpora a obra constitúe o eixe central deste traballo.

Couxil, Xulio, “Apuntamentos. Rafael Dieste”, *Lúa Nova* (Revista da A.C.G. Rosalía de Castro), 1º trimestre, 1995, pp 11-13.

Introducción biográfica, centrada no exilio, á que segue unha enumeración cronolóxica das obras e das múltiples facetas ás que dedicou a súa vida o escritor rianxeiro, tamén son citados os máis importantes estudiosos diesteanos. A parte central do artigo contén unha comparación de *Dos arquivos do trasno* coa obra de Castelao, á que segue un resumo argumental de *A fiestra valdeira*. Para rematar, recibe unha importante louvanza a revista *Nova Galiza* polo seu valor artístico e histórico dentro do xornalismo galego.

Díaz Fernández, Antonio, “Letras Galegas”, *Lúa Nova* (Revista da A.C.G. Rosalía de Castro), 2º trimestre 1995, p. 24.

Breve informe da conferencia sobre a vida e a obra de Dieste, celebrada o 27 de maio, e pronunciada polo profesor e presidente de Promocións Culturais Galegas, Francisco Carballo.

Diz, Inés, “Un ano de estudios sobre Dieste”, *Revista Galega de Teatro*. *Información teatral*, nº 9, novembro 1995, pp. 191-193.

Recensión descritiva breve na que se dá conta dalgunhas das publicacións que a declaración de “ano oficial Dieste” suscitou sobre a figura e a obra do escritor de Rianxo.

Dourado Deira, M., “O máis humano e menos coñecido de Rafael Dieste. Anotacións para unha intrabiografía”, *Encrucillada*, nº 92, marzo-abril 1995, pp. 105-119.

Entra neste traballo no que chama “intrabiografía” ou “interioridades que discorren anonimamente soterradas, como escondidas polos estratos populares máis profundos”, en frente da biografía, algo máis elaborado, que dá unha visión máis aséptica do biografado. A seguir, o comentarista refírese ás primeiras noticias que el ten, da man de Roxelio Pérez González, do exiliado Rafael Dieste; a súa entrada na casa dos Dieste, onde “escoitar e dialogar con Dieste e a súa dona era sempre asistir a un festín de ideas que reconfortaban o espírito”. Entre as conversas sostidas, salienta a resposta de Dieste a unha súa pregunta “a aprendizaxe do escritor”; a resposta de Dieste ás diferentes formas de voltar dos emigrados; o diálogo entre o matrimonio sobre os límites da liberdade e a congruencia persoais; as opinións de Dieste sobre a igrexa; a fundación de *Hora de España*; os problemas na alianza de intelectuais e as observacións de Doña Carmen Muñoz sobre a complexidade da obra diesteana e o silencio que a rodeaba.

_____, “Romero Lorenzo, Marga, *Entrevistas con Rafael Dieste*...”, *Encrucillada*, nº 92, marzo-abril 1995, pp. 97-99.

Recensión laudatoria deste libro de entrevistas, considerado como “un libro de maior transcendencia do que a primeira vista podería parecer”. Considera o recensionista que proporciona claves do perfil autobiográfico que esclarecen a obra de calquera autor, e máis de autores como Dieste, que tiveron que exiliarse e, ó volver, os que o fixeron, tiveron que dar a coñece-la súa obra e pensamento. Salienta a estructuración do libro (tempos e temas dende os anos trinta ós oitenta) e a intercalación das anotacións crítico-bibliográficas que orientan ó lector.

Gurméndez, Carlos, “Breve semblanza de Rafael Dieste”, *Boletín Galego de Literatura*, “Notas”, nº 14, Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, 2º Semestre, novembro 1995, pp. 85-87.

Nota na que Carlos Gurméndez lembra como coñeceu a Rafael Dieste e algunhas das máis significativas experiencias vividas en común por ambos.

Haro Tecglen, Eduardo, “Unha Misión para Dieste”, *Revista Galega de Teatro*. *Información Teatral*, nº 11, xuño 1995, pp. 58-60.

Análise de certas dualidades que se enxergan a partir da obra literaria de R. Dieste. Por un lado, o Dieste intelectual, culto, estudioso do teatro e centrado na República, e por outro, o Dieste do achegamento ó pobo a través das Misións, que algúns malinterpretarían como caridade cultural. A outra ambivalencia supón o encontro entre o galeguismo e o cosmopolitismo. Buscaba unha forma de mestura na que procuraba ir do galego ó universal e viceversa, loitando contra o casticismo como forma de illamento pero valorando, ó mesmo tempo, os seus elementos orixinais.

Lama, Mª Xesús, “Rafael Dieste e a súa obra literaria”, *Grial*, nº 125, xaneiro febreiro-marzo 1995, Tomo XXXIII, pp. 148-150.

Recensión descritiva do libro de Arturo Casas, *Rafael Dieste e a súa obra literaria en galego*, do que Mª Xesús Lama sinala a brillantez da análise da obra literaria en galego de Dieste na década dos anos vinte. Examina cada unha das partes do libro, informando do seu contido e sinalando o rigoroso estudio da obra narrativa e dramática realizado polo profesor Casas, centrado fundamentalmente nas obras máis representativas do autor, *Dos arquivos do trasno* e *A fiestra valdeira*, e prestando especial atención ó estilo.

Maceira Fernández, Xosé Manuel, “Rafael Dieste na literatura galega do exilio”, *Lúa Nova* (Revista da A.C.G. Rosalía de Castro), 1º trimestre 1995, pp. 14-15.

Baseándose no feito de que os tres últimos escritores homenaxeados no día das Letras Galegas mantiveron unha fonda relación co mundo do exilio, Maceira Fernández fai unha análise do vivido por Dieste entre o 1939 e o 1961. Tamén comenta as causas que provocan o seu regreso á terra. Reciben un tratamento máis detallado tres relatos escritos nesta época: “Un conto de Reis”, “De como veu a Rianxo unha balea” e “Espanto de nenos”, incluídos posteriormente en *Dos arquivos do trasno*.

Monleón, José, "*Hora de España*: Rafael Dieste, dramaturgo antifascista",

Revista Galega de Teatro. *Información Teatral*, nº 11, xuño 1995, pp. 6-18.

Artigo que consta de dúas partes ben diferenciadas. Na primeira, ofrécese unha ampla panorámica da situación político-cultural de España no 36. Neste senso, o autor destaca o feito de que no bando republicano se agrupaban a maior parte dos autores que representaban a vontade de vangarda e ruptura -entre eles, R. Dieste- así como a idea de transforma-lo pobo nun ente pensante para quen o teatro sería algo distinto. A segunda parte céntrase no papel de R. Dieste na revista *Hora de España*. Faise unha breve análise dos ensaios e dramas que alí publicou, teatro de circunstancias, no que se conxugaban a función propagandística -utilizando sabiamente a ironía- coa reflexión teatral. Tamén considera parte da obra allea a esta revista como a que aparece en *Nova Galiza*, en *El mono azul* ou as farsas, inseridas na tradición literaria española, para o Teatro de Guiñol das Misións Pedagóxicas e remata resaltando a relevancia de
R. Dieste nas actividades teatrais de Madrid, tralo inicio da guerra. Conclúe que Dieste foi borrado da historia de España polo franquismo.

Nicolás, Ramón, “A obra en galego de Rafael Dieste: un asedio modélico”,

A Trabe de Ouro, nº 22, Tomo II, ano VI, abril-maio-xuño 1995, pp. 139-141.

Artigo que recensiona a entrega de Arturo Casas sobre a figura de Rafael Dieste e a súa obra. Trátase de *Rafael Dieste e a súa obra literaria en galego* (1994). A partir de aquí, fai unha breve análise sobre a vitalidade da actividade ensaística galega, que se reduce a dúas datas claves (17 de maio e setembro) e ás escasas revistas especializadas. Parte Arturo Casas de tres propostas para o estudio da figura de Rafael Dieste: o valor fundacional da súa contribución, a identidade como loita e vontade de ser e o exilio, que marca o abandono da creación literaria en galego. Ramón Nicolás fai un percorrido pola obra: a biografía, a cuestión xeracional (apartado no que se traza a historia das distintas teorías xeracionais) e a análise da obra diesteana, atendendo ós distintos xéneros (ensaio, narración e drama). Pechan a obra un achegamento ó dialoxismo e a razón poética en Dieste e un capítulo adicado á oratoria.

_____, “Rafael Dieste: Bibliografía en 1995”, *Boletín Galego de Literatura*, “Bibliografías”, nº 14, Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, 2º semestre 1995, pp. 149-171.

Ampla bibliografía de todo o publicado sobre Rafael Dieste no ano en que se lle dedicou o Día das Letras Galegas. Recóllense aquí tanto items de bibliografía primaria coma secundaria.

Otero Urtaza, E, “Rafael Dieste e o *Retablo de fantoches* das Misións Pedagóxicas”, *Revista Galega de Teatro*. *Información Teatral*, nº 11, xuño 1995, pp. 41-49.

Comeza este artigo recordando a xénese do Patronato das Misións Pedagóxicas e os seus obxectivos, ata centrarse na figura de Rafael Dieste como membro destacado. A partir de aquí, convértese practicamente nun anecdotario no que se expoñen datos que van dende a representación do primeiro guiñol (Malpica, 1933) e o proceso de elaboración da primeira obra para o guiñol de R. Dieste ata as experiencias que colleitou ó longo da xeografía peninsular, entre as que se destaca o coñecemento de Carme Muñoz.

_____, “O labor educativo de Rafael Dieste nas Misións Pedagóxicas”, *Revista Galega de Educación*, nº 23, abril-maio-xuño 1995, pp. 90-92.

Artigo no que se informa do que foron as Misións Pedagóxicas e do labor desenvolvido por Rafael Dieste nelas.

Queizán, Mª Xosé, “Descubrir a Rafael Dieste da man de Marga Romero”, *Festa da palabra silenciada*, nº 11, 1995, pp. 94-95.

Recensión na que se comenta o libro *Entrevistas con Rafael Dieste*, de Marga Romero. Saliéntase o rigor do traballo realizado por Romero, gracias ó cal resulta posible coñecer un pouco mellor a figura humana e intelectual de Rafael Dieste.

Rabunhal, Henrique “A propósito de Rafael Dieste, franco e misteiroso”, *Agália*, nº 41, primavera 1995, pp.79-83.

Recolle as palabras que Henrique Rabunhal pronunciou na presentación do seu libro *Rafael Dieste*. *A franqueza e o misterio* (1995), título que recolle tódolos textos do autor de Rianxo. Escritos sobre filosofía, matemáticas, xeometría, ou teatro, aforismos, relatos e conferencias. Rabunhal denuncia a falta de interese que a obra de Dieste suscitou durante moitos anos, ata que, por fin, en 1995 se lle dedica o Día das Letras Galegas. Nembargantes, non deixa de destaca-lo feito de que xa anteriormente amigos e críticos tamén destinaran parte do seu esforzo ó estudio da figura de Dieste.

Ramos Requejo, Moncho, “Rafael Dieste e o compromiso coa cultura”, *Lúa Nova* (Revista da A.C.G. Rosalía de Castro), 1º trimestre 1995, pp. 16-17.

Comentario do significado que teñen para Dieste as palabras “cultura” e “popular”, complementado cunha análise do labor de expansión cultural a través da educación, levado a cabo nas Misións Pedagóxicas.

Rodríguez, Xoán G., (coord.), “Rafael Dieste” (varios artigos), *A Peneira*, “Letras galegas 1995”, nº 68, (pp. 15-16); nº 69, (pp. 15-16); nº 70, (pp. 13-15); nº 71, (pp. 15-17); nº 72, (pp. 6-17); nº 73, (pp. 9-16); nº 74, (pp. 11-12).

Trátase dunha serie de suplementos que, como se indica no primeiro deles, consisten no seguimento dos capítulos do libro *Rafael Dieste*, de Xosé Ramón Freixeiro Mato xa comentado neste informe no apartado IV.1.1. Reprodúcense concretamente os catro primeiros capítulos da sección inicial titulada “Unha aproximación bio-bibliográfica”. Acompañan ós textos contos de Dieste tomados de *Dos arquivos do trasno*.

Rodríguez Ruibal, Euloxio, “Humorismo e identidade en *A fiestra valdeira*”,

Revista Galega de Teatro. *Información Teatral*, nº 11, xuño 1995, pp. 50-57.

O lirismo, o sentimento da paisaxe e o humorismo preséntanse como factores que se dan conxuntamente nesta peza diesteana. Sen embargo, este artigo céntrase sobre todo no humorismo á luz de diferentes teorías sobre o humor (C. Fernández de la Vega, Bergson, etc.) e relacionado directamente coa identidade e as formas de reflectila, tema central da obra. Analízanse brevemente os recursos que o autor utiliza para o cómico: a hipérbole, a ironía, a caracterización dos personaxes, a linguaxe, etc., e destácase a case ausencia do humor retranqueiro, quizais porque o asociaba con connotacións de incultura. Conclúese que se trata dunha peza caracterizada pola elegancia do seu humor, que, ademais, se utiliza sempre con algunha función.

Rosales, M., “Literatura sintética’ ou a cara máxica do realismo. Unha aproximación a *Dos arquivos do trasno*”, *Grial*, nº 125, xaneiro-febreiro-marzo 1995, Tomo XXXIII, pp. 37-38.

Nova dimensión do realismo en *Dos arquivos do trasno*, con paralelismo na obra de Castelao. Relatos que reaccionan contra o realismo positivista, dentro dunha poética común incluída no que Risco denominou literatura sintética. Dieste parte da realidade inmediata, vencellada á tradición, para a través da súa elaboración estética adentrarse na imaxinación e no misterio. Contos vistos como marco de conversación, nos que se busca a intensidade do efecto final, que permite unha dobre lectura, racional e máxica, e nos que se lle outorga ó lector o papel de interpretador do sentido do texto.

Salvat i Ferré, Ricard, “Os escritos teóricos sobre teatro de Rafael Dieste”, *Revista Galega de Teatro*. *Información Teatral*, nº 12, decembro 1995, pp. 65-70.

Artigo que serve de crítica ó esquecemento a que foi sometido o traballo ensaístico de R. Dieste e dos seus compañeiros de xeración, por parte das autoridades culturais. A coherencia estética -de talante simbolista- de Dieste é absoluta e reflíctese en diversos traballos, de entre os que destaca “Revelación e rebelión del teatro”, ata se converter nun dos grandes teóricos da Arte Dramática. Apúntase que, se o teatro español e, en concreto, a xeración realista do 51, se dese como modelo a Valle, Espriu ou Dieste e non se detivese tanto en Arniches, a súa traxectoria sería outra.

Sánchez Barbudo, Antonio, “Algunhas lembranzas e reflexións”, *Boletín Galego de Literatura*, “Notas”, nº 14, Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, 2º semestre 1995, pp. 97-106.

Colaboración na que o recentemente falecido Antonio Sánchez Barbudo recorda as súas vivencias da Guerra Civil ó redor do grupo de *Hora de España* con Rafael Dieste, con quen compartiu singulares episodios naquela época.

Santos Suárez, Xesús, “Rafael Dieste ou o teatro de cada día”, *Lúa Nova* (Revista da A.C.G. Rosalía de Castro), 1º trimestre, 1995, pp. 7-9.

Logo dun breve comentario biográfico no que se engaden certos datos curiosos e coincidentes entre Dieste, Castelao e Manuel Antonio, Xesús Santos Suárez fai unha detallada análise da dramaturxia diesteana, centrándose en *A fiestra valdeira*. O autor do artigo comenta a súa experiencia persoal ó se encontrar co literato rianxeiro con motivo da representación de *A fiestra valdeira*, no 1960.

Vidal Vidal, Anxo, “Rafael Dieste e *Dos arquivos do trasno*”, *Lúa Nova* (Revista da A.C.G. Rosalía de Castro), 1º trimestre, 1995, pp. 9-11.

Vidal Vidal menciona e compara as cualidades que converten a Dieste nun profundo representante do perfil galego; as súas orixes e a relación coa emigración, con aquelas que o destacan como un dos galegos máis ilustres e universais; o labor nas Misións Pedagóxicas, a lealdade á República e o exilio. Tamén fai unha análise profunda de *Dos arquivos do trasno* centrándose nas coincidencias estructurais entre os relatos, nos personaxes e na súa relación co mundo galego e co propio autor rianxeiro.

X. **G**. **G**., “Libros sobre Dieste”, *Galicia Internacional*, nº 3, xullo 1995, p. 71.

Repaso da producción bibliográfica sobre Dieste, dende o ano 1987, no que apareceu a biografía de Luís Rei Nuñez, *A travesía dun século*, do que sinala “certas lágoas interpretativas”. Refírese tamén ó traballo de 1994 de Arturo Casas, *Rafael Dieste e a súa obra literaria en galego*, do que salienta o acerto málias a comparación de Dieste con membros da escola de Frankfurt, o mesmo que sucede con *Escritos de Arte*, de Mª Antonia Pérez. Comenta ademais brevemente outros libros aparecidos no ano 95.

estudios e recensións

IV. Día das Letras Galegas

IV. 4. Publicacións en xornais: estudios e recensións

Alfaya, Javier, “O extemporáneo”, *A Nosa Terra*, “Rafael Dieste. Era un tempo de entusiasmo...”, marzo 1995, pp. 88-89.

Alfaya afirma que Dieste non atopou o recoñecemento que merecía polo seu labor, tanto en galego coma en castelán. Coa súa volta a Galicia converteuse nun extemporáneo, nun “home imprópio do tempo en que vivía”, debido, non á propia vontade, senón ás transformacións ocorridas no país durante os seus longos anos de exilio na Arxentina, Gran Bretaña e México. Logo dunha sucinta referencia ó labor do autor rianxeiro, antes e despois do exilio, dálle unha nova dimensión ó termo “extemporáneo”, co que agora identifica os grandes creadores: os que deixan pegada, os que non pertencen ó seu tempo porque pertencen a todos, e entre os que se pode atopar Rafael Dieste.

Alonso Girgado, Luís, "Ollando nos 'arquivos' de Rafael Dieste", *A Nosa Terra*, "Rafael Dieste. Era un tempo de entusiasmo...", marzo 1995, pp. 26-30.

Despois dun breve percorrido polas circunstancias persoais do autor que influíron na redacción definitiva de *Dos arquivos do trasno*, Alonso Girgado mergúllase nun detallado estudio da obra. Dedica, así, a maior parte do artigo a analiza-lo proceso de creación da mesma, o título, os personaxes, as fontes, a técnica narrativa e os encadramentos espacio-temporais.

Axeitos, Xosé Luís, “Cronoloxía”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, “O amo das xeometrías”, 2 febreiro 1995, pp. 19-20.

Biografía onde se recollen sinopticamente as datas esenciais da vida do rianxeiro: primeiros anos, xuventude, etapa nas Misións Pedagóxicas, a Guerra Civil, o exilio: primeira etapa en Buenos Aires, etapa en Europa como lector en Cambridge, viaxe a México, segunda etapa bonaerense e o regreso e últimos anos.

_____, “O labirinto bibliográfico”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, “O amo das xeometrías”, 2 febreiro 1995, pp. 22-23.

O articulista denuncia o abandono bibliográfico que sofre a literatura galega. Deste mal non se librou a obra de Rafael Dieste. Moita da súa obra atópase espallada en diversos xornais e publicacións, grande parte dos seus artigos apareceron reproducidos sen indica-la procedencia, sumándose así ó caos bibliográfico. *La vieja piel del mundo*, non se coñeceu en España ata oito anos despois do seu regreso do exilio, xa que a guerra impediu a súa distribución.

_____, “A poética específica de Félix Muriel”, *A Nosa Terra*, “Rafael Dieste. Era un tempo de entusiasmo...”, marzo 1995, pp. 32-36.

Xosé Luís Axeitos intenta achegarse neste artigo á poética de *Historias e invenciones de Félix Muriel*. Salienta, sobre todo, o problema da relación autor-personaxe, do que xa falara Unamuno, e preséntao como unha das grandes preocupacións de Dieste á que hai que engadir, sen dúbida, a cuestión da identidade. Por último, fai unha breve referencia á memoria como elemento fundamental na poética da obra diesteana.

_____, “Biografía”, *A Nosa Terra*, “Rafael Dieste. Era un tempo de entusiasmo...”, marzo 1995, pp. 97-105.

Extensa e detallada bibliografía que inclúe toda a producción de Rafael Dieste, dividida en varios apartados: narrativa, teatro, poesía, ensaios e tratados (matemáticos, lingüísticos, filosóficos, de literatura e cine, sobre arte, charlas, discursos e conferencias, prólogos e cartas), outros libros, edicións, traduccións e adaptacións, publicacións en xornais e revistas, entrevistas e, por último, as traduccións das súas obras a outros idiomas.

_____, “Cronoloxía”, *A Nosa Terra*, “Rafael Dieste. Era un tempo de entusiasmo...”, marzo 1995, pp. 106-11.

Ofrécense aquí unha detallada cronoloxía de Rafael Dieste, dende o seu nacemento no ano 1899 ata a súa morte, 82 anos despois. Nela presenta, inseparables como a vida mesma, o perfil biográfico e a obra do autor da vila de Rianxo.

_____, “A xeración dos novos”, *La Voz de Galicia*, “Rafael Dieste”, 17 maio 1995, p. 3.

Ó redor de *Galicia* e *El Pueblo Gallego*, reuníronse unha serie de intelectuais -á parte de R. Dieste, Amado Villar, Blanco Torres, Lustres Rivas, Bal y Gay, Otero Espasandín, etc.- que teñen unha nova forma de ve-lo xornalismo. O espírito que anima ós novos é o liberal con ideas anticaciquís e progresistas.

_____, “Fotobiografía”, *El Mundo*, “Caderno especial. Rafael Dieste. Día das Letras Galegas”, 17 maio 1995, p. IV.

Escolma das fotografías publicadas na *Fotobiografía*, de Edicións Xerais de Galicia. Recolle o Dieste neno en familia, o Dieste mozo cos seus amigos, o Dieste do exilio, etc.

Aznar Soler, Manuel, “Rafael Dieste e as revistas literárias”, *A Nosa Terra*, “Rafael Dieste. Era un tempo de entusiasmo...”, marzo 1995, pp. 38-42.

Para Aznar Soler, a historia persoal de Rafael Dieste está estreitamente vinculada ás súas colaboracións nas distintas revistas literarias. A natureza e as características propias destas colaboracións revelan a un Dieste galeguista, oposto política e intelectualmente á dictadura de Primo de Rivera e, polo tanto, fiel ós valores da cultura republicana e antifascista española. Remata o artigo cunha análise detallada do labor de Dieste nas distintas revistas literarias durante a II República, durante a Guerra Civil e no exilio.

Bernárdez, Carlos L., “Rafael Dieste na historia da literatura galega”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, “Especial Dieste. Letras 95”, nº LXXXIX, 13 maio 1995, p. 1.

A grande maioría da obra galega de Rafael Dieste foi escrita antes de 1927 e é nesta literatura onde foi xustamente considerado o seu labor. Pola contra, a súa obra en castelán non foi atendida como merece, e adúcese como causa fundamental deste esquecemento o exilio vivido polo autor.

_____, “Dieste e Manuel Antonio con Rianxo de fondo”, *Diario 16 de Galicia*, “Misioneiro alxebráico”, 17 maio 1995, p. VII.

A partir da correspondencia entre Rafael Dieste e Manuel Antonio chégase á análise da relación entre os dous rianxeiros. As súas personalidades eran moi diverxentes, Manuel Antonio caracterizábase polo seu impetuoso alento xuvenil mentres Dieste mantiña unha postura máis sosegada. Isto levounos tamén a manter unha diferente concepción da lingua, mentres o primeiro defendía o monoligüismo en galego, Dieste defendía o bilingüismo galego-castelán.

Blanco, Carmen, “Carmen Muñoz Manzano: a vida e a memoria de Rafael Dieste”, *El Progreso*, “Día das Letras Galegas”, 17 maio 1995, p. 37.

O cerne deste artigo é a figura de Carmen Muñoz Manzano. Nel tracéxase a vida desta muller nacida en Cáceres que serviu de apoio continuo ó seu home, Rafael Dieste, durante os 47 anos da súa vida en común. Trátase tamén da súa capacidade creadora, que se plasma nos diversos artigos e publicacións que escribiu. Na revista *PAN* participou con dúas colaboracións (“Diario de sueños” e “Como parece que son las mujeres”). Incluso chegou a escribir, co pseudónimo de Beatriz Galindo, un bo número de artigos para diferentes revistas do corazón bonaerenses. Publicou, ademais, o libro *La Edad Media* (1954) e redactou a conferencia “Los trabajos y fiestas de un pueblo español”.

Blanco, Manuel, “Xornalista en Vigo”, *Faro de Vigo*, “A curiosidade universal”, 17 maio 1995, p. 3.

Faise un percorrido a través da faceta xornalística de Rafael Dieste, dende as súas primeiras colaboracións en prensa, do ano 1923 -na “Pagina Literaria” que dirixiu Amado Villar en *Faro de Vigo*-, pasando polo seu traballo en *Galicia* durante catro meses do ano 1924 e en *El Pueblo Gallego*, en 1925. Saliéntase do seu xornalismo o carácter de compromiso coa época. Finalmente, reprodúcese o conto “La manzana”, publicado en *Faro de Vigo* o 24 de febreiro de 1924.

Bobillo, Uxío e X. L. **Axeitos**, “Cronoloxía histórica”, *La Voz de Galicia*, “Rafael Dieste”, 17 maio 1995, p. 2.

Cronoloxía onde se recollen por unha banda os datos fundamentais da vida do rianxeiro e por outra os sucesos histórico-literarios coétaneos á vida de Rafael Dieste.

Bobillo Díaz, Uxío, “Dieste, comentarista político”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, “O amo das xeometrías”, nº 48, 2 febreiro 1995, pp. 26-27.

En *El Pueblo Gallego*, durante a Dictadura de Primo de Rivera, nas seccións “Reflejos”, “Política” e “Tipos cotidianos”, entre os diversos temas que R. Dieste tratou, atópanse artigos de corte político. A postura que mantén o coruñés é a dunha posición liberal de total oposición ó réxime militar e critica posturas favorables ó dictador como a de Azorín, Ramón y Cajal ou a de estamentos como o político conservador e o clero. O escritor volverá a facer comentarios políticos posteriormente, xa na Guerra Civil, en revistas como *Nova Galiza* e *El Combatiente del Este*.

Brea Rey, X. R., “Dieste na guerra de Africa”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, “O amo das xeometrías”, nº 48, 2 febreiro 1995, pp. 24-25.

Síntese do estudio que se pode atopar no número 13 da revista *Boletín Galego de Literatura*, desglosado no apartado IV. 1. 2 Publicacións en revistas deste informe.

Cacheiro, Maximino, “Rafael Dieste: un galego pensante”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº LXXXV, 8 abril 1995, p. 3.

Céntrase o artigo na faceta filosófica do rianxeiro. Coméntanse as súas lecturas: Kant, Nietzsche, Heidegger, etc., e tamén aquelas obras nas que plasmou os seus pensamentos filosóficos (*Tablas de un naufragio* e *La isla)*. En *La isla*, trata temas de diversa índole dende a parábola, mentres que en *Tablas de un naufragio* pérdese a capacidade metafórica e gáñase en rigor filosófico.

Calviño, Xaime, “Carme Muñoz. Este homenaxe salda a nosa débeda con Dieste”, *Faro de Vigo*, “A curiosidade universal”, 17 maio 1995, p. 8.

Carmen Muñoz achégase a diferentes etapas da vida de Rafael Dieste e comenta algunhas anécdotas e sucesos: participación na Guerra de Marrocos, na Guerra Civil, de como se coñeceron (Misións Pedagóxicas) e dos últimos anos da súa vida.

Caño, X. M. del, “Un home do Renacemento”, *Faro de Vigo*, “A curiosidade universal”, 17 maio 1995, pp. 4-5.

Colaboración onde se amosan as opinións de diversos intelectuais galegos, entre eles Luís Rei Núñez, Claudio Rodríguez Fer, Isaac Díaz Pardo, Darío Villanueva, Domingo García Sabell e Alonso Montero, sobre a vida e a obra diesteanas.

Capelán, Antón, “Presencia de Rafael Dieste no periodismo vigués (1924-1927)”, *A Nosa Terra*, “Rafael Dieste. Era un tempo de entusiasmo...”, marzo 1995, pp. 19-25.

Extenso artigo que comenta o labor de Dieste en Vigo, logo de facer unha ampla referencia ó contexto histórico que rodeou o traballo xornalístico deste escritor rianxeiro e que inicia á súa volta da guerra de Marrocos. Céntrase, sobre todo, nas súas colaboracións en *El Pueblo Gallego* e *Galicia*, xornais nos que publicou poesías, prosas poéticas, textos teatrais, aforismos, manifestos, contos e ensaios. Non cultivou xéneros informativos como a crónica, a entrevista ou a reportaxe; nembargantes, cómpre salienta-los seus artigos de opinión, caracterizados pola variedade e por unha “forte vontade pedagóxica e actitude razoadora”.

Carballa, Xan, “Rafael Dieste, o novo regreso do exílio galego”, *A Nosa Terra*, nº 656, “Guieiro Cultural”, 12 xaneiro 1995, p. 19.

Repásanse sumariamente as etapas fundamentais da vida de Dieste e sinálanse algúns traballos críticos e biográficos sobre o autor.

_____, “Marga Romero ‘Dieste tentou superar o exílio a través da escrita”, *A Nosa Terra*, nº 659, “Guieiro Cultural”, 2 febreiro, 1995, p. 29.

A editora do libro *Entrevistas con R. Dieste* comenta o proceso de realización do mesmo. A través das diferentes conversas que o rianxeiro mantivo con xornalistas na súa vida, tracéxase o seu percorrido intelectual e humano. Conclúe a autora que “Rafael Dieste era un home dialogante, culto, comprometido coa sua causa”. Reprodúcese na mesma páxina unha das respostas das declaracións de R. Dieste a Alfonso Eiré para *A Nosa Terra*, no ano 1980.

_____, “Rafael Dieste, a memória galega da República”, *A Nosa Terra*, nº 672, “Guieiro Cultural”, 4 maio 1995, p. 23.

Recensión sobre dúas publicacións de A Nosa Terra: o especial sobre Rafael Dieste “*Era un tempo de entusiasmo*...” e o libro de Mª Antonia Pérez, *Crítica de arte*. O especial de A Nosa Terra fai o número 15 dos publicados dende 1983 e ten como finalidade captar tódolos aspectos da capacidade creadora do rianxeiro. *Crítica de arte*, recolle os ensaios fundamentais de Rafael Dieste sobre arte. Ambas publicacións presentáronse os días 6 de maio en Rianxo, 16 de maio na Coruña e 18 de maio en Santiago.

Castro, Xavier, “A universalidade da literatura”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 29 xaneiro 1995, p. 10.

Recensión do libro *Rafael Dieste e a súa obra literaria en galego*, de Arturo Casas. Descríbese o libro como un estudio fundamental que formará parte dos traballos canónicos sobre a obra do rianxeiro.

C. **E**. **P**., “A aventura pedagóxica”, *El Progreso*, “Día das Letras Galegas”, 17 maio 1995, p. 25.

O artigo céntrase en comenta-lo labor de compromiso cultural e político de Rafael Dieste ó integrarse nas Misións Pedagóxicas da IIª República. O primeiro destino levaría a Dieste ó País Vasco. O seu traballo agradou a Santullano -responsable do Patronato que xestionaba as Misións- polo que se lle encargou a realización do traballo das misións en Galicia, primeiro lugar onde se ensaiou o teatro de guiñol como experimento das Misións Pedagóxicas. Foi na Fonsagrada onde se elaboraron os monicreques definitivos que se empregarían para as postas en escena do guiñol. No artigo fálase de como se confeccionaron os bonecos e do éxito que supuxo a experiencia, que se estendería ó resto do Estado español.

Díaz Pardo, Isaac, “Unha teoría dos valores universais”, *La Voz de Galicia*, “Rafael Dieste”, 17 maio 1995, p. 15.

Artigo que se centra nos problemas que xurdiron ante unha exposición da obra de Arturo Souto que se levou a cabo no ano 1969. A inauguración do acto iría acompañada dunha conferencia de Rafael Dieste, pero no último momento foi suspendida polo Goberno Civil e a Delegación de Cultura. Finalmente, a charla tivo lugar de tódolos xeitos, xa que Isaac Díaz Pardo decidiu non dar a coñece-la suspensión. Na charla, R. Dieste teorizou sobre o feito de que os valores universais na arte teñen que asentarse na tradición.

Domínguez, X. M., “Dieste: pensador personalista (I)”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 28 maio 1995, p. IV.

Na liña de pensamento dos seus contemporáneos Emmanuel Mounier, Simons Wail e Martin Buber, Dieste sitúa no máis alto das súas reflexións á persoa, fuxindo tanto do individualismo acañante coma do colectivismo masificante. Dieste define a persoa como un ser chamado a dar de si na creatividade.

_____, “Dieste: pensador personalista (II)”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 4 xuño 1995, p. IV.

Colaboración que se centra na concepción filosófica de Rafael Dieste do concepto “persoa” en íntima relación coa capacidade de comunicación e a vida en comunidade.

Durán, José Antonio, “El atlantismo de los Dieste”, *La Voz de Galicia*, “Rafael Dieste”, 17 maio 1995, p. 10.

Artigo que trata a dedicación ó mundo literario e cultural da familia Dieste. Eduardo Dieste foi director literario do grupo é redor de *El Barbero Municipal* e publicou *Leyendas de la música* e *Demostraciones del poder de la gracia*. Igualmente, Enrique Dieste, irmán maior de Rafael, e Eladio Dieste, pai do rianxeiro, movéronse dentro do mundo intelectual.

Eiré, Xosé M., “Rafael Dieste, ‘o direito dos povos a gobernarse é de sentido común”, *A Nosa Terra*, nº 659, “Guieiro Cultural”, 2 febreiro 1995, p. 29.

Extracto da conferencia que R. Dieste lle concedeu no ano 1980 a Alfonso Eiré, na que se manifestaba a favor de que os pobos se autogobernasen, sen que isto fose en contra do principio de universalidade.

Fernández, C., “Bibliografía básica”, *La Voz de Galicia*, “Rafael Dieste”, 17 maio 1995, p. 14.

Consiste nunha pequena bibliografía dividida en dous apartados: “Obra propia” e “Obra sobre Dieste”.

Fernández, Xosé, “Sinto un patriotismo galego”, *La Región*, “17 de Maio Día das Letras Galegas”, 17 maio 1995, p. 63.

Neste artigo coméntanse diferentes aspectos da vida e a obra de Rafael Dieste: a influencia da súa nai, muller e irmán Eduardo, a xeración literaria a que pertence, o seu labor publicista e editorial, o exilio e volta a Galicia.

Fraguas Fraguas, Antón, “Lembraza de fai tempo”, *El Progreso*, “Día das Letras Galegas”, 17 maio 1995, p. 38.

Comenta algunhas das experiencias que o autor compartiu co rianxeiro: unha conferencia que Dieste impartiu no ano 1928, na Sociedade “Amigos del Arte”, sobre a creación artística; de como Antón Fraguas lle contou a Dieste a anécdota que considera base de *Dos arquivos do trasno* e de como moitos dos contos teñen o seu xermolo en noticias publicadas en *El Barbero Municipal*, *El Censor*, *Buenas Noches* e outros. O artigo remata cun pequeno comentario sobre as Misións Pedagóxicas e a actividade de Dieste ó comezo da Guerra Civil como director do Teatro Español.

García Suárez, Xenaro, “Máis Dieste”, *Faro de Vigo*, 24 maio 1995, p. 29.

Interésanlle ó articulista os escritos xeométricos do rianxeiro, que o sitúan na órbita de estudiosos como Umberto Eco, Italo Calvino, Borges ou Queneau.

García, Xosé Lois, “Rianxo na literatura de Rafael Dieste”, *El Progreso*, “Día das Letras Galegas”, 17 maio 1995, p. 26.

Xosé Lois García trata aquí o tema da presencia de Rianxo na obra diesteana. Asegura que factores como a lingua que escoitaba na nenez, as peripecias e sucesos infantís (como no caso da chegada a Rianxo dunha balea) ou a cor da luz e do mar rianxeiros impregnan a obra de Dieste. En *A fiestra valdeira* vénse epitomizados todos eses compoñentes.

Garrido, Gustavo Adolfo, “Teas de araña do recinto”, *Diario 16 de Galicia*, “Misioneiro alxebráico”, 17 maio 1995, p. IV.

Achegamento ó pensamento matemático ó que R. Dieste dedicou tantas horas da súa vida e que se concretizou nos volumes sobre xeometría *Nuevo tratado del paralelismo*, *¿Qué es un axioma?* e *Testamento geométrico*, ademais do volume onde se trata o tema do espacio, *Diálogo de Manuel y David y otros ensayos*. O grande problema que fascinou a R D., foi o Vº Postulado de Euclides e a súa grande contribución matemática foi a demostración de que na xeometría de Lobachevski un par de paralelas é sempre superpoñible a outro par de paralelas.

Gaspar, Silvia, “Un escritor con moito conto”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de la Escuela”, 17 maio 1995, p. 3.

Artigo no que se salienta a importancia de Rafael Dieste nas Letras Galegas e se sinalan as características fundamentais de *Dos arquivos do trasno*, que se exemplifican co conto “A luz en silencio”.

Gil, Francisco J, “As letras sobre Rafael Dieste”, *Faro de Vigo*, “A curiosidade universal”, 17 maio 1995, p. 2.

Coméntanse as publicacións saídas sobre Rafael Dieste co gallo da celebración do Día das Letras Galegas. Predomina a variedade e diversidade; dende o estudio crítico ata o achegamento escolar. Menciónanse as novidades de Galaxia, Ediciós do Castro, Edicións Xerais de Galicia, Ir Indo, Laiovento, Nigra e A Nosa Terra.

Giráldez, José M., “Varios camiños cara a Félix Muriel, neste preciso día”, *El Correo Gallego/O Correo Galego*, Suplemento especial “As últimas literaturas”, 17 maio 1995, p. 8.

Pequena análise da novela de Rafael Dieste, *Historias e invenciones de Félix Muriel*, da que se destaca o feito de ser anticipadora do realismo máxico.

_____, “O bosque prenatal”, *El Mundo*, “Rafael Dieste. Día das Letras Galegas”, 17 maio 1995, p. II.

Comentario que xira ó redor de *Historias e invenciones de Félix Muriel*, libro dunha lucidez filosófica asombrosa, no que se intúe a un futuro Borges e Alejo Carpentier.

Gurméndez, Carlos, “Notas a unha biografía”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 48, “O amo das xeometrías", 2 febreiro 1995, pp. 21-22.

Texto que Carlos Gurméndez leu o día da presentación da biografía de R. Dieste realizada por Luís Rei Nuñez no ano 1987. Faise un percorrido polas diferentes etapas da vida do escritor, das que se fala amplamente na biografía de Rei Nuñez. Céntrase Gurméndez nos momentos que compartiu co rianxeiro, como as reunións da Granja del Henar, onde se creou a revista P.A.N., e nos apaixonados diálogos filosófico-literarios que Rafael mantiña co seu irmán Eduardo Dieste.

_____, “A obra de Rafael Dieste”, *A Nosa Terra*, “Rafael Dieste. Era un tempo de entusiasmo...”, marzo 1995, pp. 76-78.

Neste breve artigo, Carlos Gurméndez achégase á obra do autor rianxeiro que, segundo o articulista, se mantivo sempre fiel á raíz popular. Para Carlos Gurméndez, Rafael Dieste continúa coa liña de Valle-Inclán, que fundiu nos seus escritos a realidade galega inmediata e a súa fantasía. Analiza despois o “contido íntimo” dos contos de Dieste, nos que “a memoria ten unha función criadora”; a súa obra dramática, que se apoia “na riqueza do conto popular”; o poemario *Rojo farol amante*, “poesía conceitual de lirismo sintético tenso”, e os seus libros de ensaio.

_____, “Una pasión creadora: Rafael Dieste”, *El País*, 27 maio 1995, p. 14.

Semblanza vital e bibliográfica de Rafael Dieste, na que se dan algunhas notas sobre as súas obras en galego e castelán.

Laxeiro, “Compartimos morriñas en Buenos Aires”, *La Voz de Galicia*, “Rafael Dieste”, 17 maio 1995, p. 16.

Laxeiro lembra a Rafael Dieste, ó que coñeceu cando o pintor era estudiante na Escola de Belas Artes de San Fernando, no ano 1931. Celebraban un faladoiro na Granxa do Henar, á que asistían, entre outros, Eduardo Dieste, Suárez Picallo, Camín e García Lorca. Dieste distinguíase pola facilidade de palabra e intelixencia.

Ledo, Margarita, “O home das interrogantes”, *El Mundo*, “Rafael Dieste. Día das Letras Galegas”, 17 maio 1995, p. II.

Reflexión sobre Dieste xornalista, home a problematizar co real e a contribuír á creación das condicións para a formación da prensa galega de masas.

Lizancos, Plácido (coord.), “O ano das Letras Galegas, de Rosalía a Dieste”, *El Progreso*, “Suplemento Escola”, 1 xuño 1995, pp. 29-32.

Suplemento especial, dedicado ós estudiantes galegos de ensino básico e secundario, que trata sobre Rafael Dieste e a celebración do Día das Letras Galegas. Está dividido nos seguintes artigos.

-“Un creador total: Dieste dende os seus”, p. 29. Sinálanse as opinións de dous intelectuais galegos da altura de Domingo García Sabell e Ramón Piñeiro sobre o escritor coruñés, para facer ver ós estudiantes o prestixio con que contaba R. Dieste entre os seus contemporáneos. D. García Sabell destaca do rianxeiro a súa capacidade de comprensión e Ramón Piñeiro a súa cultura.

-“O ano das Letras Galegas: de Rosalía a Rafael Dieste”, p. 29. Listaxe de tódolos intelectuais ós que se lles dedicou o Día das Letras Galegas, dende 1963 ata 1995.

-“Rafael Dieste”, p. 30. Resumo biográfico e reproducción de “O drama do cabalo de xadrez”, que van acompañados dunha serie de preguntas e actividades didácticas.

-“A obra de Rafael Dieste”, p. 31. Reproducción de “Encol da morte de Bieito” e formulación de preguntas sobre o texto.

-“A orixe da obra”, pp. 32. Comentario que ten por obxecto *A fiestra valdeira* e sinala a súa temática fundamental: o problema da identidade.

-“Os actores e os contos *Dos arquivos do trasno*”, p. 32. Séguese co comentario sobre *A fiestra valdeira* e introdúcense os diferentes temas de *Dos arquivos do trasno*: o medo, o terror, a morte, o elemento fantástico e humorístico, o misterio, etc.

López, Alfredo, “Dieste e a crueldade cos animais mariños”, *El Correo Gallego/O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, “Rafael Dieste. As baleas”, 17 maio 1995, pp. 2-3.

A partir dunha reflexión da relación home/animal, fálase de como Dieste soubo captar perfectamente no seu conto “De como veu a Rianxo unha balea” -baseado nun feito real- a reacción do home ante un animal de tales características.

M. **V**. **V**., “Entrevistas con R. Dieste”, *Atlántico Diario*, 29 abril 1995, p. 59.

Recensión do libro de Marga Romero, que é cualificado como “fundamental” para chegar a coñece-la vida do escritor rianxeiro.

Maira, Angeles F., “A terra inspirou constantemente a obra de Dieste”, *El Progreso*, “Día das Letras Galegas”, 17 maio 1995, p. 27.

Neste artigo, no que se comeza apuntando a decisiva influencia da Galicia poética na obra de Rafael Dieste, destácase o feito de que o rianxeiro beba das fontes do conto popular ó xeito de Valle-Inclán. Sen embargo, matízase a diferencia entre ámbolos dous que se aprecia xa en *Dos arquivos do trasno*, onde o popular e o fantástico de Valle se transforma en imaxinativo e real. A capacidade soñadora diesteana maniféstase nas súas obras *Historias e invenciones de Félix Muriel*, *Rojo farol amante* e *Viaje y fin de Don Frontán*. Tamén se comentan as obras *La vieja piel del mundo*, *Luchas con el desconfiado* e *El alma y el espejo*.

Mallo, Albino, “Dieste escritor”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 14 maio 1995, p. XVII.

Breve semblanza da vida e obra diesteana e recordatorio dos homenaxeados no Día das Letras Galegas.

Manuel María, “O meu Rafael Dieste”, *El Progreso*, “Día das Letras Galegas”, 17 maio 1995, p. 42.

Comeza este artigo cunha crítica ó fenómeno cultural e editorial que se produce no Día das Letras Galega ó redor da figura do homenaxeado para despois centrarse no coñecemento que tivo de Rafael Dieste, co que se puxo en contacto por vez primeira a través da súa curmá Carmen Martínez Mato.

Montaña, Estro, “Entrevistas con Rafael Dieste”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº LXXX, 4 marzo 1995, p. 3.

Noticia sobre o libro de Marga Romero, *Entrevistas con Rafael Dieste* (1994), onde a autora realiza un completo autorretrato do escritor de Rianxo con entrevistas, lembranzas de persoas que o coñeceron, conversas con amigos, etc. O libro complétase cunha bibliografía e un índice onomástico, converténdose así nun libro útil como material de traballo e de lectura obrigada para os estudiosos da obra de Dieste.

_____, “Arquitecto de soños mariñeiros”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, “Especial Dieste. Letras 95”, nº LXXXIX, 13 maio 1995, p. 2.

Artigo que se centra na producción narrativa de R. Dieste. Coméntanse *Historias e invenciones de Félix Muriel* e *Dos arquivos do trasno*. Saliéntase desta última o seu “Limiar”, que contén toda unha teoría do conto, nunca antes formulada tan intelixentemente na literatura galega e comparable á do bostoniano Edgar Allan Poe.

_____, “Rianxeiro universal”, *Diario 16 de Galicia*, “Misioneiro alxebráico”, 17 maio 1995, p. III.

Fálase da colaboración de Rafael Dieste nos xornais, tanto antes coma despois do exilio, e dos seus libros *Dos arquivos do trasno* e *Historias e invenciones de Félix Muriel*. Para Montaña a teorización de Dieste no seu limiar a *Dos arquivos do trasno* é moi próxima á que o bostoniano Edgar Allan Poe concibe para as súas *short stories*. Ademais, as narracións do rianxeiro amosan unha visión idílica de Galicia, onde a realidade lóxica e o misterio se imbrican de forma perfecta. Destaca de *Historias e invenciones de Félix Muriel* a integración do extraordinario no cotián.

Neira Vilas, Xosé, “Rafael Dieste na lembranza”, *Faro de Vigo*, “Memoria da emigración”, 13 marzo 1995, p. 12.

No ano en que o Día das Letras Galegas estivo dedicado a Rafael Dieste, Neira Vilas réndelle a súa homenaxe, achegándonos entrañables momentos compartidos polos dous en Buenos Aires, antes de que Dieste desandase o camiño da emigración para voltar á súa terra natal, Rianxo, onde morreu en 1981. Preséntanolo o autor do artigo como o seu profesor e amigo, e non esquece a importancia que tivo na súa vocación literaria, alentándoo e mesmo prologando o seu primeiro libro. A viúva, Carmen, segue agora revivindo e evocando ó escritor e facéndollelo lembrar ós seus amigos.

_____, “Rafael Dieste e Cuba”, *Faro de Vigo*, “Memoria da emigración”, 16 abril 1995, p. 32.

Neira Vilas céntrase de novo no homenaxeado no Día das Letras Galegas, esta vez para salienta-la súa faceta solidaria, que el coñeceu ben pola preocupación que dende Buenos Aires e posteriormente dende Galicia mostrou Dieste polo pobo cubano nos anos da revolución. O rianxeiro estivera en Cuba cando tiña dezaoito anos e paseara pola Habana nunha viaxe de regreso a Galicia dende México, pero sempre se interesou pola situación de Cuba e non perdeu o contacto cos galegos que alí vivían solicitándolles información e enviándolle-las súas obras.

_____, “Lembranza de Dieste”, *El Progreso*, “Día das Letras Galegas”, 17 maio 1995, p. 39.

Explicita aquí o autor as diferentes vivencias que o uniron ó rianxeiro dende que o coñeceu na biblioteca do Centro Galego de Buenos Aires, en 1955.

Nicolás, Ramón, “Dieste no horizonte”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº LXXVI, 4 febreiro, 1995, p. 1.

Recensión onde se comentan as catro entregas sobre R. Dieste que viron á luz en 1994: a edición do IGAEM de *A fiestra valdeira*, a quinta reedición da mesma obra, realizada por Ediciós do Castro, a terceira edición de *Dos arquivos do trasno*, da editorial Galaxia, e *Rafael Dieste e a súa obra literaria en Galego*, de Arturo Casas, que se define como “manual indispensable” para coñece-la obra diesteana.

Otero Urtaza, Eugenio, “Nas Misións Pedagóxicas da II República”, *A Nosa Terra*, “Rafael Dieste. Era un tempo de entusiasmo...”, marzo 1995, pp. 44-47.

Analiza con detalle o labor de Rafael Dieste nas Misións Pedagóxicas, que pretendían leva-la cultura das cidades ás aldeas máis incomunicadas, mediante tres tipos de actividades: o fomento da cultura xeral, a orientación pedagóxica das escolas e a educación cidadá. A primeira Misión do escritor rianxeiro levouno ó País Vasco, do 26 de xaneiro ó 3 de febreiro do ano 1933. A partir desta data, o labor de Dieste neste terreo acadou unha grande importancia.

_____, “As Misións Pedagóxicas da II República”, *La Voz de Galicia*, “Rafael Dieste”, 17 maio 1995, p. 7.

Artigo sobre as Misións Pedagóxicas que, ideadas por Manuel B. Cossío, foron unha iniciativa que pretendía leva-la cultura desenvolvida nas cidades ás vilas máis pequenas. Con esta idea, moitos mozos foron espallados por España enteira. Entre eles, Rafael Dieste, que se enrolou no movemento polo interese que tiña cara ás tradicións vivas e populares. No grupo de intelectuais ó redor das Misións estaba o xermolo do grupo de *Hora de España*.

Pallarés, Pilar, “Galiza é o mundo. Notas sobre a visión de Galiza en Dieste”, *A Nosa Terra*, “Rafael Dieste. Era un tempo de entusiasmo...”, marzo 1995, pp. 11-16.

Pilar Pallarés, no seu intento de clarifica-la idea que Rafael Dieste tiña de Galicia, fai un percorrido pola vida e a obra do autor, obra na que diferencia varias etapas, marcadas, sobre todo, pola lingua utilizada e pola súa dialéctica. Salienta a conciencia galeguizadora de Dieste, que levou a reflexionar sobre a realidade colectiva, a intentar defini-la nacionalidade, a contempla-las clases populares como portadoras da identidade galega ou á teima por construír unha Galicia ideal, atendendo, sobre todo, ós niveis lingüístico e cultural.

Palmás, Ricardo, “Exilio na maior cidade galega do mundo”, *La Voz de Galicia*, “Rafael Dieste”, 17 maio 1995, p. 5.

Artigo no que se comenta a actividade intelectual de R. Dieste nas dúas etapas de exilio en Buenos Aires (1939-1948 e 1954-1961): traballou na Editorial Atlántida, colaborou en revistas como *Sur*, deu clases na AGUEA, fixo traduccións. Explícase, tamén, o emprego que fixo do castelán en detrimento do galego, no que unicamente publicou o poema “Muiñeira”, o discurso “Galicia na lembranza”, a crónica “As coleutividades galegas en Bos Aires” e o limiar de *Dende lonxe*, de Xosé Neira Vilas.

Panero, Carmen, “Paxaros e baleas no ano de Dieste”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº LXXXIII, 25 marzo 1995, p. 3.

Artigo no que se tracexa unha aproximación ó discurso narrativo de Dieste e se lembran dous textos sobre a obra deste: o artigo “O teatro galego de Rafael Dieste”, que publicara Mª Xosé Lema no nº 49 de *Grial* e a edición, non venal, dos *Contos* de Rafael Dieste, publicada en 1994.

Paz Rodríguez, José, “Reintegracionista e modelo de tolerancia”, *La Región*, “17 de Maio Día das Letras Galegas”, 17 maio 1995, p. 65.

Destácanse algúns feitos da vida de R. Dieste e céntrase o artigo no seu posicionamento lingüístico no caso do galego. Segundo o articulista, a través dos seus artigos dos anos 25 a 27, deféndese a aproximación entre o galego e o portugués.

Pérez López, Ángel, “Rafael Dieste, espello da Galicia de sempre”, *La Región*, “17 Maio Día das Letras Galegas”, 17 maio 1995, p. 64.

Semblanza bio-bibliográfica de R. Dieste onde se tracexa a súa evolución ideolóxica.

Pérez, María Antonia, “O primeiro teórico galego que veu a arte como diálogo”, *La Voz de Galicia*, “Rafael Dieste”, 17 maio 1995, p. 11.

R. Dieste, como crítico de arte, orientou os pasos de pintores como Maside, Colmeiro, Fernández Mazas, Laxeiro ou Seoane e escribiu os que se poden considerar manifestos estéticos -que sintonizan coa *Einfühlung* alemana- da vangarda histórica galega.

_____, “Dieste e a arte galega”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 48, “O amo das xeometrías”, 2 febreiro 1995, p. 32.

R. Dieste estivo comprometido co mundo da arte plástica proporcionándolle unha apoiatura teórica. No ano 1924 comeza os seus artigos sobre a pintura de creadores como Seijo Rubio, Manuel Abelenda, Sotomayor, Nespereira, etc. Publica un ensaio no 1927 de grande transcedencia, “A un joven pintor y a todos los aprendices del mirar”, no que formula postulados semellantes ós de Bergson, Croce ou Kandinsky. Mantén conversas moi fructíferas con creadores galegos como Colmeiro, Maside, Laxeiro, Fernández Mazas e Arturo Souto, nas que se propón unha renovación da arte galega.

Pillado Mayor, Francisco, "*A Fiestra Valdeira* no teatro galego", *A Nosa Terra*, "Rafael Dieste. Era un tempo de entusiasmo...", marzo 1995, pp. 79-81.

Francisco Pillado Mayor analiza neste breve artigo as características da única obra teatral en galego de Dieste, publicada no ano 1927, e que tivo unha acollida boa no seu tempo, xa que se considerou un texto "en certos aspectos novidoso, rico en matices, ben construído, pero, sobretodo, esperanzador". Achégase tamén á orixe e ás motivacións da obra coa obrigada referencia ós paralelismos e semellanzas entre Rafael Dieste e o autor dos esperpentos, ó que Dieste admiraba profundamente.

Ponte Far, Xosé A., “A sombra de Edgar Allan Poe”, *El Mundo*, “Rafael Dieste. Día das Letras Galegas”, 17 maio 1995, p. II.

Pese á brevidade da obra narrativa de Rafael Dieste, a súa calidade literaria agroma por tódolos recantos da súa narrativa. Con *Dos arquivos do trasno*, R. Dieste deu á literatura galega o xermolo do relato moderno. Como os pais do relato occidental, Poe ou Cortázar, o rianxeiro puxo os fundamentos da narrativa breve, unindo ó autóctono galego as estratexias técnicas máis avanzadas.

_____, “Memoria de inverno”, *El Mundo*, “Rafael Dieste. Día das Letras Galegas”, 17 maio 1995, p. III.

Lembranza que o articulista fai da personalidade do rianxeiro, ó que coñeceu no inverno de 1980, en Ferrol, con motivo dunha homenaxe que lle rendeu o Ateneo Ferrolán. Sinala como características máis destacadas do escritor o seu gusto polo diálogo e pola expresión exacta.

Rábade Paredes, Xesús, “Dúas xoias de Rafael Dieste”, *El Progreso*, 17 maio 1995, p. 28.

Xesús Rábade Paredes fai obxecto do seu comentario as dúas obras en galego de Rafael Dieste: *Dos arquivos do trasno* e *A fiestra valdeira*. Fálase, sen afán de exhaustividade, das súas temáticas, argumentos, técnicas e outros aspectos.

Rei Nuñez, Luís, “Rúa de dirección única”, *A Nosa Terra*, “Rafael Dieste. Era un tempo de entusiasmo...”, marzo 1995, pp. 5-9.

Despois dunha breve referencia á vila de Rianxo, que viu nacer e medrar a Rafael Dieste, céntrase na biografía do autor e ofrécenos pinceladas dunha axitada vida que influíu enormemente na súa obra posterior e que fixo de Rafael Dieste un artista “poliédrico”: narrador, poeta, pensador, dramaturgo, xeómetra, e gramático.

_____, “O nacionalismo cúrase viaxando”, *La Voz de Galicia*, “Rafael Dieste”, 17 maio 1995, p. 4.

Artigo sobre a evolución ideolóxica de Rafael Dieste. Aínda que, cunha mirada superficial, pareza que entre a súa época de xuventude -que se podería ver como galeguista- e a de madurez -na que abandona a creación en galego-, hai unha grande diferencia, en realidade, a traxectoria intelectual e ideolóxica de R. Dieste non pode etiquetarse con tanta facilidade.

Rodríguez Fer, Claudio, “Loitador antifascista”, *A Nosa Terra*, “Rafael Dieste. Era un tempo de entusiasmo...”, marzo 1995, pp. 48-54.

Análise exhaustiva do carácter antifascista de Rafael Dieste e do seu labor político e cultural durante a Guerra Civil española. Rodríguez Fer recorda e comenta o traballo de Dieste como director do Teatro Español, a colaboración en *El Mono Azul*..., a fundación e dirección da revista *El Buque Rojo*, en Valencia, a súa participación na revista *Hora de España*, as publicacións en *Nova Galiza* ou a elaboración dunha folla para soldados, *El Combatiente del Este*.

_____, “Rafael Dieste ante André Gide: independencia e lealdade”, *El Progreso*, “Día das Letras Galegas”, 17 maio 1995, p. 37.

O profesor lucense fala da postura que Rafael Dieste mantivo ante o “caso Gide”. O intelectual francés foi obxecto de polémica no ano 1936 e 1937 como consecuencia da publicación de “Retour de l’U.R.S.S.” e de “Retouches à mon “Retour de l’U.R.S.S” -críticas ó bolchevismo. Este feito levouno a ser ignominiado e vituperado, debido á presión stalinista no IIº Congreso Internacional de Escritores Antifascistas, celebrado en España en 1937. Mantendo unha postura independente e leal, calificativos do profesor Fer, Dieste apoiou a Gide, férreo censor das liberdades individuais e condenador da opresión colonial europea en África.

_____, “Antifascismo e guerra limpa”, *La Voz de Galicia*, “Rafael Dieste”, 17 maio 1995, p. 6.

A loita de R. Dieste durante a Guerra Civil tivo lugar dende o mundo intelectual, tratouse, pois, dunha guerra literaria contra o fascismo. Participou durante o periodo bélico en grande número de revistas: *El Mono Azul*, *El Buque Rojo* ou *Hora de España*. Foi, ademais, membro da Asociación de Escritores Antifascistas, e no seu IIº Congreso, defendeu a A. Gide dos ataques comunistas.

Rodríguez, Salvador, “Galeguista crítico, republicano de seu”, *Faro de Vigo*, “A curiosidade universal”, 17 maio 1995, p. 2.

Faise fincapé no talante nacionalista e galeguista do rianxeiro, ó que chegou a través do tamén rianxeiro Manuel Antonio e de Vicente Risco. Sinálase a dificultade de perfila-la súa ideoloxía política, se ben foi un profundo republicano.

Rodríguez Ruibal, Euloxio, “Teatro de identidade”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 48, “O amo das xeometrías”, 2 febreiro 1995, pp. 30-31.

Analízase o problema da identidade a través das obras *A fiestra valdeira*, *O drama do cabalo de axedrez*, *Duelo de Máscaras* e *La perdición de Doña Lupanaria*.

_____, “A ‘estética do granito’ do seu teatro”, *La Voz de Galicia*, “Rafael Dieste”, 17 maio 1995, p. 13.

Artigo sobre a producción teatral en galego de Rafael Dieste. Fálase do argumento, personaxes, postas en escena e significación de *A fiestra valdeira* e coméntase, ademais, a peciña “O drama do cabalo de axedrez”.

Romero, Marga, “A poesía concialiadora. Unha lectura de Rojo farol amante”, *A Nosa Terra*, “Rafael Dieste. Era un tempo de entusiasmo...”, marzo 1995, pp. 60-62.

A articulista relata e analiza a historia do poemario *Rojo farol amante*, reeditado no ano 1983, “cun fermoso prólogo de Javier Alfaya”. A traxectoria particular deste libro de poemas está directamente vinculada á do propio autor, cando se traslada a Madrid, alá polo ano 1931. Segundo Marga Romero, atopamos nesta obra unha concepción do mundo como teatro e unha cultura entendida como “constante creación e recreación do propio integrado no cosmo coas demais culturas”.

_____, “As mulleres na obra de Dieste”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, “Especial Dieste. Letras 95”, nº LXXXIX, 13 maio 1995, p. 3.

Comentario sobre o papel da muller en *Dos arquivos do trasno*, *A fiestra valdeira*, *Historias e invenciones de Félix Muriel* e *Rojo farol amante*. Na primeira delas, aparecen dúas mulleres protagonistas de contos: a vella Resenda e Estreliña. Na segunda, tamén dúas mulleres teñen un papel clave no desenvolvemento da trama. En *Historias e invenciones de Félix Muriel*, xorden na lembranza “Juana Rial, limonero florido” e “La asegurada”, e tamén na súa poesía atopamos un poema de visión feminina, o titulado “Amiga”.

_____, “Actualidade de Rafael Dieste”, *Atlántico Diario*, “Homenaxe a Rafael Dieste”, 17 maio 1995, p. 60.

O coñecemento da traxectoria e obra de Dieste, segundo esta autora, pode contribuír con eficacia á normalización da cultura galega folclorizada “en gaitas ou queimadas”.

_____, “Comunicación, memoria e cultura”, *Diario 16 de Galicia*, “Misioneiro alxebráico”, 17 maio 1995, p. V.

A autora deste artigo entende a vida e obra de Dieste como continuo diálogo e comunicación. Dende as súas primeiras colaboracións de prensa, os seus primeiros libros, a súa participación nas Misións Pedagóxicas, o escritor coruñés estableceu unha forte relación co público. As súas leccións como profesor de español, as conferencias que impartiu, mesmo a música, da que tanto gustaba, foron continuas canles no proceso de comunicación creador/receptor.

Sánchez Barbudo, Antonio, “Rafael Dieste y la revista Hora de España”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 48, “O amo das xeometrías”, 2 febreiro 1995, pp. 27-29.

Parte do relatorio presentado ó congreso de Valencia, “Cincuenta anos despois”. Explícase o nacemento e vida da máis importante revista literaria durante a Guerra Civil, *Hora de España*, que pretendía agrupar ós mellores escritores non fascistas para conseguir unha revista de bo nivel literario. Desta publicación foi Dieste redactor e colaborador. Os intentos de controla-la revista viñeron por parte de Wenceslao Roas, subsecretario do Ministerio de Instrucción Pública, pero non logrou facer máis ca nimios cambios.

Sen sinatura, “Biografía-Bibliografía”, *Diario 16 de Galicia*, “Rafael Dieste. Día das Letras Galegas”, 17 maio 1995, p. II..

Cadro sinóptico coas datas fundamentais da vida de R. Dieste e relación de obras escritas polo autor.

_____, “Biografía (I). Biografía (II)”, *Atlántico Diario*, “Día das Letras Galegas”, 17 maio 1995, p. 57.

Percorrido bio-bibliográfico en dúas partes pola traxectoria vital do rianxeiro. Na primeira das seccións trátase a vida de Dieste, dende o seu nacemento ata o ano 1934, no que casa con Carmen Muñoz Manzano. Na segunda, abránguese dende o 1934 ata a súa morte, o 15 de outubro de 1981.

_____, “Mirando para Dieste”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, ano I, nº 12, 18 maio 1995, p. 6.

Comentario sobre o contido de *Tentativas sobre Dieste*, coordinado por Arturo Casas.

_____, “17 de maio: De Rosalía a... Rafael Dieste”, *Diario de Pontevedra*, 17 maio 1995, pp. 24-25.

Pequena semblanza biográfica dos personaxes ós que se lles dedicou o Día das Letras Galegas dende 1963 ata 1994.

Sueiras Romero, Carme, María **Díaz Marzoa** e María **Buceta Fernández**, “Espazo, movimento e xeometria”, *A Nosa Terra*, “Rafael Dieste. Era un tempo de entusiasmo...”, marzo 1995, pp. 69-74.

As autoras do artigo presentan unha análise detallada das teorías coas que Rafael Dieste pretendía demostrar que non existe o movemento. Inclúen as gráficas e os correspondentes postulados do matemático italiano Saccheri que Rafael Dieste utilizou como punto de partida para as súas investigacións. Reproducen, ademais, unhas declaracións do propio Rafael Dieste nunha carta dirixida ó profesor húngaro Szabó, na que xustifica o seu interese pola Xeometría: “non me interesa o problema como xeómetra, senón como escritor, como pensador, os meus estudos de xeometria están orientados pola Teoría do Coñecimento e os problemas de Identidade”.

Suñén, Luís e César A. **Molina**, “La realidad real del autor de Félix Muriel”, *La Voz de Galicia*, “Rafael Dieste”, 17 maio 1995, p. 13.

Comentario sobre *Historias e invenciones de Félix Muriel*, *Dos arquivos do trasno* e *La paloma equis*.

Vidal Villaverde, M., “Sobre espida sombra morrerei nacendo”, *Atlántico Diario*, “Homenaxe a Rafael Dieste”, 17 maio 1995, p. 12.

Pequena cala na poesía de *Rojo farol amante*. A partir da análise do poema 18 da obra, despéxanse certas incógnitas que sobre a ubicación do home no mundo que o rodea poden observarse na obra do rianxeiro.

Vieites, Manuel F., “Rafael Dieste e a teoría teatral”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, “Especial Dieste. Letras 95”, nº LXXXIX, 13 maio 1995, p. 4.

Ademais de dramaturgo, Dieste realizou traballos de teoría e realización teatral que non foron dabondo recoñecidos. En diversos traballos sobre a realidade escénica galega, denuncia as eivas da producción teatral do país, ancorada no pintoresquismo e no costumismo e sen unha estructura profesional axeitada.

Vilanova, Fernando M., “A crítica artística e o ollar escollido”, *A Nosa Terra*, “Rafael Dieste. Era un tempo de entusiasmo...”, marzo 1995, pp. 82-86.

Fai unha análise das características propias que definían a crítica da arte en Galicia e céntrase no labor de Rafael Dieste nesta faceta da súa personalidade. Distingue nel dúas etapas separadas pola guerra civil. Antes da contenda preocupábase, como tantos outros, polo distanciamento que presentaba Galicia en materia artística. Máis tarde, nunha segunda etapa, decántase pola obxectividade e pola consideración das obras de arte como confirmación dos propósitos do artista.

Vilavedra, Dolores, “Prosista emblemático e fundacional”, *La Voz de Galicia*, “Rafael Dieste”, 17 maio 1995, p. 12.

Análise de *Dos arquivos do trasno*, no que, despois dun repaso polas diferentes edicións do libro, se fai un comentario das influencias e características esenciais dos contos.

Zaid, Gabriel, “Do ensaio á Xeometría”, *A Nosa Terra*, “Rafael Dieste. Era un tempo de entusiasmo...”, marzo 1995, pp. 63-66.

O autor do artigo afirma que Dieste pertencía a unha xeración que “quería reconstruír o mundo e a cultura, cando todo parecía fundirse, despois da primeira Guerra Mundial”. Salienta, así mesmo, a súa intelixencia espacial e matemática, a mente clara da que era dono e a mestura de imaxinación e rigor que se daba na súa persoa. Sen embargo, non fixo carreira científica porque a súa vocación era outra. De tódolos xeitos, si se conta entre as súas obras, como sinala o articulista, o *Testamento geométrico*, publicado no ano 1975, como culminación ós seus traballos e investigacións sobre algunhas nocións e teorías xeométricas que consideraba erróneas.

artigos de opinión

IV. Día das Letras Galegas

IV. 5. Publicacións en xornais: artigos de opinión

Alonso Montero, Xesús, “Carmen Muñoz e Dieste”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 27 abril 1995, p. 11.

Colaboración que salienta a figura de Carmen Muñoz, á vez que admiradora, crítica da producción literaria do rianxeiro. Carmen Muñoz foi a perfecta albacea do testamento intelectual do rianxeiro.

_____, “Da dignidade de Dieste”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 1 xuño 1995, p. 11.

Nota na que se lembra un feito que impresionou a Dieste e ó que dedicou un artigo no número cinco de *Nova Galiza*. Trátase do suicidio de dez persoas que non quixeron entregarse ás autoridades “fascistas” españolas. Dous deles, Manuel Rodríguez Castelao e Xosé Losada Castelao, foran amigos do mesmo Dieste.

Costa Clavell, Xavier, “A obra en galego de Dieste”, *O Correo Galego*, “No faiado”, 17 maio 1995, p. 3.

A partir da reflexión de que na vida de Rafael Dieste se poden atopar tódalas pegadas da historia do século XX español e galego, faise un percorrido pola súa producción en galego.

Domínguez Prieto, Xosé M., “Rafael Dieste: un clásico (I)”, *La Región*, “Badaladas”, 16 marzo 1995, p. 23.

Reflexión sobre *Dos arquivos do trasno* e, en concreto, sobre os contos “A luz en silencio”, conto de ambiente kafkiano onde unha presencia no límite do real circunda ó protagonista, e “O vello que quería ve-lo tren”, no que a realidade se dilata alén do inmediato.

_____, “Rafael Dieste: un clásico (II)”, *La Región*, “Badaladas”, 23 marzo 1995, p. 25.

Continúa a reflexión -iniciada na primeira parte deste artigo no mesmo xornal o 16 de marzo de 1995 sobre a calidade das intuicións filosóficas de R. Dieste. No conto “Historia dun xoguete”, o límite maniféstase na súa forma externa, a morte; “A morte de Estreliña”, “A volta” ou “Espanto de nenos” serán tamén comentados polo articulista.

Dourado Deira, Manuel, “Dieste fai de Rianxo a rival de Atenas”, *O Correo Galego*, “Ardentía”, 11 marzo 1995, p. 2.

Boa parte dos actos ó redor de R. Dieste no 1995 celebráronse en Rianxo, vila da que o propio escritor chegou a dicir que “competía con Atenas”. Así, o 3 de marzo de 1995, presentouse en Rianxo, *Entrevistas con R*. *Dieste*, de Marga Romero, a gravación en vídeo de *A fiestra valdeira* e os carteis de Siro para o Día das Letras Galegas.

_____, “Dieste: un saber teolóxico sorprendente”, *O Correo Galego*, “Ardentía”, 6 maio 1995, p. 2.

Dieste, que non era un home de Igrexa no sentido de asistencia ritual, si era un home de Deus moi ben encardinado no Pobo de Deus. O rianxeiro era crítico non só coa Igrexa Católica senón con tódalas relixións obsesionadas por aprisona-la Fe.

_____, “Dieste: bilingüismo xuvenil e equilibrado” *O Correo Galego*, “Ardentía”, 16 maio 1995, p. 4.

O bilingüísmo diesteano maniféstase perfectamente na súa época de xornalista en Vigo, na que mantiña dúas seccións parellas, unha en galego e outra en castelán.

_____, “Dieste pendurado da eternidade”, *O Correo Galego*, “Ardentía”, 17 maio 1995, p. 2.

Nun día como o das Letras Galegas, a vila natal do homenaxeado convértese no lugar centro de Galicia. Actos como o oficial da Real Academia Galega e a inauguración do monumento en honor de R. Dieste -baseado no seu volume de contos en galego- foron celebrados en Rianxo.

_____, “Unha moi ilustre filla de Rianxo”, *O Correo Galego*, “Ardentía”, 20 maio 1995, p. 2.

O día 14 de maio de 1995, fíxose Filla Adoptiva de Rianxo a Carmen Muñoz, pola súa colaboración material e espiritual con Rafael Dieste.

Fernández Pazos, Xosé María, “A semana das letras na Galicia exterior”, *O Correo Galego*, “A Quinta provincia”, 14 maio 1995, p. 10.

Información sobre os actos que se celebraron durante o mes de maio sobre Rafael Dieste pola colectividade galega do exterior.

Méndez Ferrín, X. L., “Dieste ambute”, *Faro de Vigo*, 15 maio 1995, p. 2.

X.L. Méndez Ferrín comenta as obras *Dos arquivos do trasno* e *Historias e invenciones de Félix Muriel*. Mentres que a primeira lle parece un modelo para a narrativa curta galega, a segunda é cualificada como “libro atildado e insustancial”. Para o ourensán, foi un erro o feito de que R. Dieste abandonara o uso do galego na creación, ó igual que abandonara o galeguismo polo republicanismo.

Otero, David, “Na memoria e honra de Rafael Dieste”, *O Correo Galego*, 19 maio 1995, p. 2.

Artigo en lembranza de R. Dieste no que se recorda o seu grande humanismo e xenerosidade, e o seu tino e prudencia á hora de tratar sobre os temas máis diversos.

Rábade Paredes, Xesús, “De Castelao a Dieste”, *O Correo Galego*, “Ó Fío”, 15 marzo 1995, p. 3.

Artigo comparativo da opinión que a través das súas obras de creación deixaron os rianxeiros Castelao e Dieste sobre o problema fundamental da identidade individual e colectiva e, por extensión, a súa visión do ser de Galicia.

_____, “Don Frontán en galego”, *O Correo Galego*, “Ó Fío”, 1 abril 1995, p. 3.

Comentario sobre a traducción ó galego de *Viaxe e fin de Don Frontán*, realizada por Xesús Rábade Paredes e Helena Villar Janeiro, a petición de Dona Carmen Muñoz. A traducción realizouse a partir da edición bonaerense de 1945 e ía acompañada de debuxos de Colmeiro.

_____, “Dieste e a múltiple representación”, *O Correo Galego*, “Ó Fío”, 29 abril 1995, p. 3.

Análise da obra *Viaje y fin de Don Frontán*. Rábade Paredes pasa revista neste artigo ó problema de identidade individual e colectiva que alenta na obra de Dieste.

_____, “O arquetípico en Dieste”, *O Correo Galego*, 6 maio 1995, p. 3.

Achegamento á figura de o “Vello Siro”, de *Viaje y fin de Don Frontán*, como personaxe que responde ás características que Jung definiu para o arquetipo como carácter.

Tarrío, Anxo, “Rafael Dieste ou a tolerancia”, *El Correo Gallego*, 8 xaneiro 1995, p. 3.

Artigo no que, a raíz da proclamación do ano 1995 como Ano da Tolerancia e preservación da Natureza e, asemade, Ano de Rafael Dieste pola R.A.G., Anxo Tarrío salienta o carácter optimista, plural, aberto e tolerante de R. Dieste.

Valiña, Xosé, “A soidade de Dieste”, *La Voz de Galicia*, “De sol a sol”, 4 maio 1995, p. 46.

Evocación do día da morte de R. Dieste en Santiago. Valiña ironiza sobre o feito de non poñérense os estudiosos da obra de Dieste de acordo sobre onde morreu, e declara que o fixo na soidade dun día gris e chuviñento, no que sacaron o seu corpo, xa morto, do Policlínico da Rosaleda, en Santiago, ante a súa ollada e a do fotógrafo Víctor Castrillón.

Villar Janeiro, Helena, “A vida de Rafael Dieste”, *El Correo Gallego*, 17 maio 1995, p. 4.

Colaboración que fai referencia á presentación na Estrada do libro de David Otero, *A vida de Rafael Dieste*.

entrevistas

IV. Día das Letras Galegas

IV. 6. Publicacións en xornais: entrevistas

A. **G**. **N**., “Dieste sentiríase abraiado ó ver que o Día das Letras Galegas está adicado a el, afirma Xosé Luís Axeitos”, *Diario de Pontevedra*, 7 maio 1995, p. 21.

Entrevista con Xosé Luís Axeitos, que fala de Rafael Dieste como un escritor que soubo conecta-lo popular da tradición folklórica galega co culto. Fala ademais do Congreso que se celebrou sobre Dieste no ano 1995 e dos seus participantes. Para Dieste tódolos actos en homenaxe que se lle dedicaron no 95 proporcionaríanlle un profundo asombro. Esta mesma entrevista é reproducida, con mínimos cambios, o mesmo día no xornal *La Región*.

_____, “Dieste sentiríase abraiado polos actos afirmou Axeitos”, *La Región*, 7 maio 1995, p. 67.

Trátase da mesma entrevista a Xosé Luís Axeitos, aínda que con distinta distribución das preguntas, que se publicou ese mesmo día no *Diario de Pontevedra*.

Acuña, Xoán “Dieste sentíase dunha nación chamada Galicia pero non excluía outras realidades”, *Atlántico Diario*, “Homenaxe a Rafael Dieste”, 17 maio 1995, p. 59.

Entrevista co escritor e xornalista Luís Rei Núñez, quen fala da súa amizade con Dieste, ademais de proporcionar algúns datos sobre a personalidade do rianxeiro, un home de esquerdas comprometido coa súa terra e o seu tempo. Pregúntaselle tamén pola significación do Día das Letras Galegas, que Rei Núñez define como “celebración litúrxica”.

Caño, Xosé Manuel del, “Catro horas con Dieste valían coma un curso na Facultade”, *Faro de Vigo*, 14 abril 1995, p. 17.

Con motivo da aparición da biografía de Rafael Dieste que publicou no ano 1995 a editorial Ir Indo, realízase unha entrevista ó seu autor Luís Rei Núñez, na que fala sobre o escritor. Comenta aspectos sobre a persoa do autor (a súa elegancia natural, os amplos coñecementos que posuía), sobre a relación que o atou ó seu biógrafo e sobre a súa vida intelectual (lazos que o uniron a Castelao e Manuel Antonio). No final da entrevista, Rei Núñez escolle, ó seu xuízo, os datos esenciais da vida do rianxeiro: 1899 (data do seu nacemento), 1917 (viaxe a México), 1934 (momento no que coñece a súa muller), 1943 (publicación de *Historias e invenciones de Félix Muriel*), os anos sesenta cando volven os libros de Dieste ás librerias e 1981 (ano da súa morte).

_____, “Manuel Guede: ‘Dieste non toca o teatro de orella”, *Faro de Vigo*, “A curiosidade universal”, 17 maio 1995, p. 6.

Entrevista co director do Centro Dramático Galego na que se lle pregunta sobre o teatro do de Rianxo. Afirma Manuel Guede que, a medida que se consolida o teatro galego, tamén se afianza o teatro de Dieste, atípico e moi anovador, con respecto ó da súa época.

Carballa, Xan, “Conchiña Nogueira. Papá e mamá sementaron en min a eséncia do socialismo”, *A Nosa Terra*, nº 674, “Rafael Dieste. Xornalismo antifascista”, 18 maio 1995, p. 8.

Rafael Dieste, nun dos seus artigos en *A Nosa Terra*, narra un feito que o impactou. A morte de oito homes e unha muller para non caer en mans falanxistas. Aquí entrevístase a Conchiña Nogueira, filla de dous dos mortos -Ánxel Nogueira e Carme Miguel- quen recorda aqueles días da traxedia e considera cabal o relato de R. Dieste sobre o tema. Reprodúcese ademais o artigo de Dieste “Unha morte lanzal”.

Dourado Deira, M., “A palabra viva de Rafael Dieste”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 48, “O amo das xeometrías”, 2 febreiro 1995, pp. 29-30.

Reproducción da entrevista que M. Dourado Deira fixera en 1971 para *La Voz de Galicia* a R. Dieste, onde o rianxeiro fai unha síntese panorámica da súa obra e das influencias que a conformaron.

Eiré, Xosé M., “Entrevista a Rafael Dieste. Galeguismo universalista”, *A Nosa Terra*, “Rafael Dieste. Era un tempo de entusiasmo...”, marzo 1995, pp. 92-94.

Reproducción dunha entrevista realizada por Alfonso Eiré a Rafael Dieste e publicada no número 101 de *A Nosa Terra*, en abril do 1980. Nela, o autor rianxeiro fala sobre a súa vocación de escritor, os motivos que o levaron a escribir tamén en castelán, a súa opinión sobre as obras de carácter político e cuestións relacionadas coa situación actual e co futuro inmediato de Galicia.

Gil, Francisco J., “Dieste amaba a Galicia incluso cando escribía en español”, *Faro de Vigo*, 13 maio 1995, p. 40.

Conversa con Marga Romero na que se comentan as diferentes entrevistas (un total de 20) que lle fixeron a Rafael Dieste durante a súa vida. Este material serviulle a M. Romero para realiza-lo seu libro, *Entrevistas con R. Dieste*.

Longueira, Silvia, “Llevo muchos años pensando en Rafael Dieste”, *La Voz de Galicia*, “Aula Magna”, 17 xaneiro 1995, p. 12.

Entrevista con Arturo Casas onde se fala de *Rafael Dieste e a súa obra literaria en galego*, e se comentan diferentes aspectos do de Rianxo e do Día das Letras Galegas.

Suñén, Luís e César A. **Molina**, “Dieste misioneiro”, *Diario 16 de Galicia*, “Misioneiro alxebráico”, 17 maio 1995, p. VIII.

Entrevista de César Antonio Molina e Luís Suñen con Rafael Dieste, extractada no libro *Entrevistas con Rafael Dieste*. Pregúntanlle ó rianxeiro sobre a súa unión ó proxecto das Misións Pedagóxicas e Dieste fala do seu interese por obter unha pensión para estudia-los costumes, tradicións e lingua dos diferentes pobos de España e como finalmente chegou ás Misións Pedagóxicas.

Varela, Froilán, “¡Rafael Dieste fue un milagro!”, *La Voz de Galicia*, “Rafael Dieste”, 17 maio 1995, p. 9.

Entrevista con Carmen Muñoz Manzano na que se fala sobre a vida en común co autor de Rianxo e se repasan etapas como a das Misións Pedagóxicas e a da Guerra Civil.

presentacións

IV. Día das Letras Galegas

IV. 7. Publicacións en xornais: presentacións

A. **D**., “Presentación de tres libros sobre Dieste”, *Atlántico Diario*, 13 maio 1995, p. 59.

O xoves 11 de maio de 1995 foron presentados nun acto conxunto, en Vigo, os libros *Entrevistas con R*. *Dieste* e *Dieste na aula*, de Marga Romero e *Rafael Dieste*, de X.R. Freixeiro Mato.

A. **G**. **N**., “A Universidade de Santiago rendiu homenaxe a Rafael Dieste polo seu carácter de *auténtico home renacentista*”, *Diario de Pontevedra*, 17 maio 1995, p. 26.

O día 16 de maio de 1995 a Universidade de Santiago celebrou un acto de homenaxe á memoria de Rafael Dieste. No acto participaron Xesús Alonso Montero -que impartiu unha conferencia-, Anxo Tarrío Varela, que presentou o volume que recolle a edición facsimilar da obra *Historias e invenciones de Félix Muriel*, e o rector da universidade santiaguesa, Darío Villanueva, que destacou o labor polifacético do escritor rianxeiro.

Sen sinatura, “Anacos de Rafael Dieste”, *Diario 16 de Galicia*, 11 maio 1995.

Nota informativa sobre a presentación no Pub Ardora, de Vigo, das obras de Marga Romero sobre Rafael Dieste, *Entrevistas con R. Dieste* e *Dieste na aula*. Na nota, ademais, descríbense sumariamente as dúas obras.

notas e escritos varios

IV. Día das Letras Galegas

IV. 8. Publicacións en xornais: notas e escritos varios

Acuña, Xoán, “Vigo ‘estrea’ mañá a campaña cultural ‘Rafael Dieste, da Literatura ao Cinema”, *Atlántico Diario*, 23 abril 1995, p. 57.

Coméntase o comezo da campaña cultural, “Rafael Dieste, da Literatura ao cinema”, dirixida ós estudiantes galegos de Ensino Medio. Preténdese coa mesma que os rapaces establezan comparacións entre a curtametraxe *O desexo* e o conto na que está baseada, “O vello que quería ve-lo tren”, nun momento en que se estaba a celebra-lo centenario do nacemento do cinema.

_____, “O desexo’: o vello que quería ve-lo tren”, *Atlántico Diario*, 23 abril 1995, p. 57.

Miguel Castelo realizou a versión cinematográfica de “O vello que quería ve-lo tren”. Nesta nota saliéntanse os méritos da curtametraxe e os premios que conseguiu.

A. **G**. **N**., “Campaña sobre Dieste e o cine para centros de ensino galegos”,

El Progreso, 7 abril 1995, p. 61.

Dáse a nova sobre o comezo dunha campana cultural, “Rafael Dieste: da literatura ao cine”, dirixida ós alumnos do Ensino Primario e Medio. Nela porase en relación o conto “O vello que quería ve-lo tren” co filme de Miguel Castelo, *O desexo*, baseado no conto.

_____, “Apuntes da biografía de Rafael Dieste, nado en Rianxo en 1899”, *Diario de Pontevedra*, 17 maio 1995, p. 24.

O artigo que responde perfectamente ó seu título, é unha síntese da biografía do rianxeiro.

_____, “A Real Academia Galega invita a tódolos galegos a se sumar *con ánimo decidido* á conmemoración do Día das Letras Galegas”, *Diario de Pontevedra*, 17 maio 1995, p. 25.

Nota de prensa na que se redunda no indicado no titular.

_____, “Una escultura en Rianxo perpetuará el recuerdo a Dieste”, *La Región*, 18 maio 1995, p. 23.

Relación dos diferentes actos conmemorativos en honor de R. Dieste que se celebraron en Rianxo no Día das Letras Galegas.

_____, “Galicia celebró la fiesta máxima de sus Letras”, *Diario de Pontevedra*, 18 maio 1995.

Diferentes intelectuais galegos, entre eles Xesús Alonso Montero, Francisco Fernández del Riego, Xosé Filgueira Valverde e Domingo García Sabell, participaron na homenaxe que a Rafael Dieste se lle dedicou no seu pobo natal o día 17 de maio.

_____, “La cultura gallega rindió homenaje a la figura de Rafael Dieste en Rianxo”, *La Región*, 18 maio 1995.

Noticia sobre os actos de homenaxe a Rafael Dieste en Rianxo.

Alonso de la Torre, J. R., “Cuando Rianxo competía con Atenas”, *La Voz de Galicia*, “Especial Día das Letras Galegas”, 17 maio 1995, p. 8.

Coméntanse no artigo as lembranzas que o profesor Xesús Santos Suárez, nado en Asados, ten do seu amigo, o rianxeiro Rafael Dieste, que deixou pendentes a confección dun vocabulario das palabras mariñeiras e campesiñas de Rianxo, a averiguación dos nomes de tódalas herbas silvestres da zona e da orixe certa dos Dieste.

Álvarez, Juan Carlos, “Aquel martilleo nocturno”, *Faro de Vigo*, 30 abril 1995, pp. 4-5.

Artigo de prensa no que diferentes veciños da vila mariñeira de Rianxo ofrecen as súas impresións sobre Rafael Dieste, home que, para eles, destacaba pola súa educación e seriedade.

_____, “Un orgullo para Rianxo”, *Faro de Vigo*, 30 abril 1995, p. 5.

O protagonista no ano 1995 dos actos que se celebraron en Rianxo foi Rafael Dieste pero na vila lémbrase con orgullo tanto a Dieste coma a Manuel Antonio e Castelao.

Álvarez Pousa, Luís, “Fragmentos periodísticos”, *La Voz de Galicia*,“*Revista de Cultura*”, ano I, nº 2, 9 marzo 1995, p. 6.

Notas sobre o libro de Marga Romero *Entrevistas con R*. *Dieste* do que se salienta o seu poder iluminador das “zonas de sombra diesteanas”, e se lamenta a destrucción da “obra completa que hai en toda entrevista de creación”, pois Marga Romero dispón da vintena de entrevistas que no libro manexa a xeito de *puzzle* do que extraer datos biográficos do autor no canto de reproducilas integramente.

Barral, Isabel, “El rector presidirá hoy un acto de homenaje a Dieste”, *El Ideal Gallego*, 16 maio 1995, p. 18.

Nota de prensa onde se anuncia unha homenaxe sobre Dieste no Paraninfo da Universidade presidido por Darío Villanueva. Anúnciase tamén unha conferencia de Manuel Quintáns sobre a figura do de Rianxo organizada pola Asociación de amas de casa “Virxe de Bonaval” de Santiago.

Bernal, Diego, “Rafael Dieste, aristócrata do popular”, *Diario de Pontevedra*, 17 maio 1995, p. 24.

O carácter máis natural do pobo era para R. Dieste un valor fundamental, fronte á afectación burguesa. O rianxeiro comprometeuse, a través do seu traballo, co enriquecemento da cultura galega. De tódalas súas contribucións literarias é *A fiestra valdeira* a que se achega máis de preto ó sentimento doloroso do mariñeiro.

Blanco Vila, Luís, “O ano de Rafael Dieste”, *O Correo Galego*, “Diario da Corte”, 23 xaneiro 1995, p. 2.

Comentario onde se fala da posibilidade de escenificación do conto, de grande plasticidade escénica, “Encol da morte de Bieito”.

Caño, X. M. del, “Un monumento para Dieste no Día das Letras Galegas”

Faro de Vigo, 27 abril 1995.

O monumento oficial que se inaugurou en Rianxo no Día das Letras Galegas -baseado en catro dos contos de *Dos arquivos do trasno*- foi obra de Francisco Xosé Pérez Porto.

Carballa, Xan, “Palabras proibidas”, *A Nosa Terra*, “Guieiro Cultural”, nº 656, 12 xaneiro 1995, p. 19.

Comenta o feito de que por terceiro ano consecutivo se dedicase o Día das Letras Galegas a un intelectual marcado polo exilio e, a consecuencia do cal, a súa obra foi pouco coñecida.

Caride Docampo, Carlos, “Día das Letras Galegas”, *Diario de Pontevedra*, 17 maio 1995, p. 3.

Breve panorámica das Letras Galegas que se centra finalmente en Rafael Dieste.

Castro Cajaraville, “Dieste, homenajeado en la villa de Sar”, *El Ideal Gallego*, 21 maio 1995, p. 23.

Comentario dos actos que se celebraron en Padrón sobre Dieste. Entre eles, sobresae a conferencia titulada “A paixón creadora de Dieste”, de Xesús Santos Suárez, amigo do rianxeiro.

Diz, Inés, “Un ano de publicacións sobre a figura de Rafael Dieste”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 27 agosto 1995, p. 7.

Nota informativa das publicacións que sobre este escritor se fixeron nos últimos meses.

E. **C**., “Os centros docentes conmemorarán en maio o Día das Letras Galegas”, *O Correo Galego*, 5 abril 1995, p. 43.

A Consellería de Educación enviou unha disposición a tódolos centros docentes galegos para que dedicasen polo menos unha charla, acompañada de actividades escolares, sobre a figura de R. Dieste no ano 1995.

_____, “O desexo achega a Dieste cinematográfico á escola”, *O Correo Galego*, 9 abril 1995, p. 53.

Nota na que se dá conta do inicio dunha campaña cultural escolar titulada “Rafael Dieste: da literatura ao cine” dirixida ós estudiantes. A campaña durou dende o 24 de abril ata o 19 de maio de 1995 e tivo como obxecto a comparación da curtametraxe *O desexo* co conto na que está baseada: “O vello que quería ve-lo tren”.

_____,”Rafael Dieste, cando a universalidade non é contraria á diferencia”, *El Correo Gallego*, 5 maio 1995, p. 10.

Nota sobre o especial que Edicións A Nosa Terra dedicou a Rafael Dieste. Destácase entre os seus contidos a reproducción da entrevista que o rianxeiro concedera a Alfonso Eiré, xornalista do semanario.

_____, “A vixencia de Dieste segue viva”, *O Correo Galego*, 6 maio 1995, p. 34.

O día 5 de maio de 1995 celebrouse na Galería Sargadelos unha mesa redonda sobre o escritor coruñés, “A vixencia de Rafael Dieste”, na que participaron Xosé Neira Vilas, Isaac Díaz Pardo, Marga Romero e Luís Rei Núñez.

_____, “O Día das Letras Galegas: a gran festa das palabras”, *El Correo Gallego*, 17 maio 1995, p. 11.

Reflexión sobre a significación do Día das Letras Galegas e repaso dos escritores ós que se lles dedicou o 17 de maio.

_____, “A gran festa das palabras”, *O Correo Galego*, 17 maio 1995, p. 63.

Reescrita do artigo “O Día das Letras Galegas: a gran festa das palabras”, publicado ese mesmo día no homónimo castelán. A colaboración neste caso aparecía ampliada coa relación de actos que se levaron a cabo no 17 de maio.

_____, “A vertixinosa aventura das editoriais no Día das Letras Galegas”, *El Correo Gallego/O Correo Galego*, 17 maio 1995, p. 12.

Relación das principais publicacións que saíron ó redor do 17 de maio e pequeno comentario sobre as mesmas. Este artigo foi publicado o mesmo día en *El Correo Gallego* e *O Correo Galego*, sen embargo no primeiro dos xornais era máis extenso e recollía maior número de publicacións.

_____, “Dieste, cando unha obra e unha vida se funden”, *O Correo Galego*, 17 maio 1995.

Repaso da actividade cultural de Dieste dende a súa viaxe na adolescencia a México ata a súa volta definitiva a Galicia. Noméanse as súas obras en galego e castelán.

_____, “A Real Academia fixo de Rianxo *a cifra de todo* Dieste”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 18 maio 1995, p. 33/p. 11.

Os actos de homenaxe ó redor de R. Dieste celebráronse en Rianxo, baixo o lema “Rianxo hai que entendelo como cifra de todo”. Ós mesmos asistiron numerosos personaxes da vida social e intelectual galega.

_____, “Dieste deu coa soedade á volta do exilio, segundo Axeitos”, *O Correo Galego*, 29 maio 1995, p. 33.

O profesor Xosé Luís Axeitos abriu as V Xornadas de Lingua e Literatura da AS-PG cunha conferencia sobre a vida e a obra de Rafael Dieste. Trala conferencia, houbo cinco seminarios. Un deles, “Da construcción do mito: os personaxes femininos na obra de Dieste”, tamén sobre o rianxeiro.

Espiñeira, Francisco, “Galicia homenajea a Rafael Dieste”, *Diario 16 de Galicia*, 3 maio 1995, p. 20.

Noticia sobre os actos que, dende a Xunta de Galicia, se promoveron no 1995 arredor da figura de R. Dieste.

Fernández Granell, Eugenio, “Dieste salvoume a vida”, *A Nosa Terra*, “Rafael Dieste. Era un tempo de entusiasmo...”, marzo 1995, pp. 55-59.

Artigo no que se comentan diferentes experiencias compartidas por Eugenio Fernández Granell e Rafael Dieste, ó que coñeceu na Rúa do Vilar en Santiago de Compostela. Entre elas, destácase a potenciación que fixeron, colaborando con outros poetas e artistas, do POUM (Partido Obrero Unificación Marxista) e os faladoiros que mantiñan no Café La Granja “El Henar”.

Filgueira Valverde, Xosé, “De Rafael Dieste e da súa *fiestra*”, *Diario de Pontevedra*, 19 maio 1995, p. 3.

Comentario sobre a obra diesteana que se centra en *A fiestra valdeira*, da que se desmiuza o seu argumento. Lémbrase, de entre os contos que acompañaron á peza na primeira edición, o de “Na morte de Estreliña”.

García, Xosé Lois, “Rafael e *Nova Galiza*”, *O Correo Galego*, 17 maio 1995, p. 66. Rafael Dieste foi o motor de *Nova Galiza*, durante o período bélico en Barcelona. Esta revista foi o símbolo do seu combate e unha das mostras da súa paixón galeguista e patriótica.

I. **G**., “Cultura organiza un congreso sobre Rafael Dieste, que se inaugurará mañá en A Coruña”, *El Ideal Gallego*, 24 maio 1995, p. 36.

Nova sobre o comezo do Congreso Rafael Dieste o día 25 de maio de 1995 e relación de conferenciantes.

_____, “Trescientos expertos participan en el Congreso sobre Dieste en La Coruña”, *El Ideal Gallego*, 25 maio 1995, p. 36.

Nova sobre a inauguración do Congreso de Dieste e relación dos actos do día.

_____, “Un compromiso político e ético sen consignas sectarias”, *El Ideal Gallego*, 26 maio 1995, p. 36.

Resumo das conferencias da primeira xornada (25 maio) do Congreso Dieste. Estas trataron aspectos da vida e obra diesteana, como o seu pensamento filosófico, a súa etapa xornalística en Vigo, a súa posición durante a Guerra Civil ou a súa faceta como crítico de arte.

_____, “O literato Rafael Dieste achegouse ás nocións matemáticas”, *El Ideal Gallego*, 27 maio 1995, p. 36.

Síntese das conferencias que se pronunciaron na segunda xornada (26 de maio) do Congreso Dieste e que versaron sobre aspectos da súa vida (compromiso político) e obra (análise do teatro, a poesía, a narrativa de *Historias e invenciones de Félix Muriel* e o ensaio matemático).

_____, “O Congreso de Dieste rematou coa presentación da súa obra completa”, *El Ideal Gallego*, 28 maio 1995, p. 43.

Noticia sobre a clausura (o día 27) do Congreso Dieste cun recital poético. O mesmo día, presentáronse os dous primeiros volumes da obra completa do rianxeiro, publicada por Edicións do Castro.

M. **P**., “Rianxo, capital cultural do 95 en homenaxe a Rafael Dieste”, *O Correo Galego*, 6 maio 1995, p. 36.

Nova sobre os actos que levou a cabo o Concello de Rianxo en colaboración coa Deputación da Coruña, en 1995, para dar a coñecer a Rafael Dieste. O día 4 do mesmo mes, celebrouse na Casa de Cultura de Rianxo unha conferencia sobre o escritor, a cargo de X.L. Axeitos.

M. **S**., “Díaz Pardo resalta o compromiso de Rafael Dieste co seu país”/“Trescientos especialistas analizan en A Coruña la obra del autor rianxeiro”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 26 maio 1995, p. 33/p. 10.

Noticia sobre a inauguración do Congreso Dieste o día 25 de maio e relación dos participantes para os días 26 e 27.

Menéndez, S., “El matemático Gabriel Zaid reivindica al Dieste geómetra”,

La Voz de Galicia, 27 maio 1995, p. 7.

Gabriel Zaid, discípulo e amigo do rianxeiro, deu unha conferencia na segunda xornada do Congreso Dieste sobre os postulados matemáticos e xeométricos do intelectual coruñés. Faise tamén un repaso do resto de participantes do día 26 de maio.

Pardo de Neyra, Julio, “O ano de Dieste”, *El Progreso*, 25 decembro 1995, p. 47.

Colaboración que pretende facer un repaso da traxectoria vital e cultural de Rafael Dieste, nestas datas nas que remata o ano dedicado a este intelectual galego, un dos máis importantes autores da literatura galega.

Reixa, Antón, “Cultura da efeméride”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, ano I, nº 12, 18 maio 1995, p. 16.

Reflexión sobre as datas simbólicas do calendario, e por ende, da do Día das Letras Galegas.

S. **M**., “Dieste tenía *unha inmensa primavera no corazón*”, *La Voz de Galicia*, 28 maio 1995, p. 4.

Noticia resumo dos actos e conferencias do último día do Congreso Rafael Dieste, entre os que destaca o recital de clausura que ofreceron diversos poetas galegos á figura de R. Dieste.

Sánchez Montero, Suri, “O cabaliño do demo: unha fantasía corporal”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 60, 15 xuño 1995, p. 6.

Artigo que fala das posturas que poden mante-los personaxes de “O drama do cabalo de axedrez”, durante a súa posible posta en escena.

Sande, Miguel, “Na compaña de Dieste”, *La Voz de Galicia*, 26 maio 1995, p. 10.

Evocación lírica da figura de Dieste a través da experiencia persoal do propio Sande.

Sen sinatura, “Entrevistas con Dieste”, *A Nosa Terra*, nº 658, “Guieiro Cultural”, 26 xaneiro 1995, p. 25.

Breve nota sobre o contido do libro de Marga Romero, *Entrevistas con R. Dieste*.

_____, “Rafael Dieste, toda unha obra”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, ano I, nº 1, 2 marzo 1995, p. 6.

Nota sobre o número 12 da revista de crítica literaria *Boletín Galego de Literatura*. Destácase deste número a bibliografía de e sobre Rafael Dieste, preparada por Arturo Casas.

_____, “Dieste na Academia”, *A Nosa Terra*, nº 664, “Guieiro Cultural”, 9 marzo 1995, p. 25.

Nota sobre a reedición de *A vontade de estilo na fala popular*, de Rafael Dieste por Ediciós do Castro.

_____, “Biografía de Dieste”, *A Nosa Terra*, nº 670, “Guieiro Cultural”, 20 abril 1995, p. 21.

Nova da aparición da biografía de Luís Rei Núñez, *Rafael Dieste*, da editorial Ir Indo.

_____, “Presenza de Dieste”, *A Nosa Terra*, nº 673, “Guieiro Cultural”, 11 maio 1995, p. 25.

Nova sobre a aparición de diferentes volumes sobre o homenaxeado polo Día das Letras Galegas.

_____, “Betanzos, Dieste e o exilio”, *A Nosa Terra*, nº 678, “Guieiro Cultural”, 15 maio 1995, p. 22.

Crítica a un folleto editado co gallo do Día das Letras Galegas sobre R. Dieste polo Concello de Betanzos, no que se dá a impresión de que o rianxeiro foi ó exilio por pracer.

_____, “La manzana”, *Faro de Vigo*, “Rafael Dieste. Día das Letras Galegas”, 17 maio 1995, p. 3.

Reproducción do conto “La Manzana” de Rafael Dieste, publicado por vez primeira en *Faro de Vigo*, con data de 24 de febreiro de 1924.

_____, “Congreso sobre Dieste”, *A Nosa Terra*, nº 674, “Guieiro Cultural”, 18 maio 1995, p. 24.

Nova sobre a celebración dun congreso sobre Dieste os días 25, 26 e 27 de maio de 1995, na Coruña.

_____, “A fractura esquencida”, *A Nosa Terra*, nº 674, “Guieiro Cultural”, “Rafael Dieste. Xornalismo antifascista”, 18 maio 1995, p. 1.

Presentación onde se comenta que nas subseguintes páxinas se recollerán textos que R. Dieste publicara en *Nova Galiza* durante a Guerra Civil.

_____, “Congreso sobre Dieste na Coruña”, *A Nosa Terra*, nº 675, “Guieiro Cultural”, 25 maio 1995, p. 24.

Nova que ofrece a información da celebración do congreso oficial sobre Dieste na Coruña o 25, 26, e 27 de maio de 1995.

Soliña, María, “Aqueles tempos de entusiasmo do escritor galego Rafael Dieste”, *O Correo Galego*, “Galicia, terra nosa”, 5 maio 1995, contracapa.

Destácase o valor de recuperación da intelectualidade galega que supón o Día das Letras Galega e coméntase o contido do especial de *A Nosa Terra* sobre o rianxeiro Rafael Dieste.

VV. **AA**., (Antón R. López, Marilar Aleixandre, Suso de Toro, Lupe Gómez Horta, Paula Carballeira, Lois Diéguez, Rafa Villar), “Cartas a Dieste”, *O Correo Galego*, “O Correo da Universidade”, nº 10, 17 maio 1995, p. 4.

Cartas-homenaxe que os creadores galegos citados remiten a un Rafael Dieste ausente fisicamente pero presente animicamente.

Vaquero, Natalia, “El escritor Rafael Dieste protagoniza esta semana la programación de la TVG”, *Faro de Vigo*, 15 maio 1995, p. 63.

Nota informativa na que se dá conta dos distintos espacios televisivos que na semana do Día das Letras Galegas se ocuparon da figura de R. Dieste.

_____, “A cultura galega honra en Rianxo á figura do escritor Rafael Dieste”, *Faro de Vigo*, 18 maio 1995, p. 41.

Nota informativa sobre os actos de homenaxe celebrados en Rianxo o 17 de maio. Entre eles, destacan a ofrenda floral e descubrimento dun conxunto escultórico en honra de Rafael Dieste.

Verísimo, “Celebración del *Día das Letras Galegas* en el Municipio, dedicado a Rafael Dieste”, *Diario de Pontevedra*, 16 maio 1995, p. 17.

Relación dos actos que se celebraron ó redor da figura de R. Dieste no Concello de Poio.

X. **A**., “Miguel Castelo, un pioneiro do cinema galego”, *Atlántico Diario*, 23 abril 1995, p. 57.

Breve semblanza de Miguel Castelo e comentario sobre a curtametraxe *O desexo*.

IV. Día das Letras Galegas

IV. 9. Folletos de novidades editoriais

Iglesias, Mateo, “O ano de Dieste”, *Novidades Xerais*, nº 22, Letras Galegas 95, p. 1.

Dáse noticia das novidades editoriais que Xerais editou no 1995 sobre o homenaxeado polo Día das Letras Galegas: *Rafael Dieste*. *Unha fotobiografía*, *Rafael Dieste*. *Heterodoxia e paixón creadora*, *De Rosalía a Dieste*. *33 anos de Letras* e unha libreta de notas, con capa que reproduce un retrato orixinal do rianxeiro.

M. **V**., “A vida de Rafael Dieste”, *Boletín Editorial Galaxia*, nº 24, abril 1995, p. 2.

Pequeno comentario desta biografía de Rafael Dieste, na que salienta o seu didactismo a través dun texto “ameno e conciso”.

Souto, A., “Rafael Dieste, un creador total”, *Boletín Editorial Galaxia*, nº 24, abril 1995, p. 2.

Nova da editorial sobre a aparición do volume que recompila os artigos que a revista *Grial* publicara nun monográfico a Dieste no ano 1982.

V. Ensaio. Teoría Xeral. Crítica

V. 1. Monografías e libros colectivos

Alonso Montero, Xesús, *Lingua e literatura galegas na Galicia emigrante*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, col. A Nosa Diáspora. Da emigración á galeguidade, 1995, 258 pp. (ISBN: 84-453-1302-9).

Estudio no que se fai un percorrido pola historia externa da lingua e literatura galegas. O traballo abarca o período comprendido dende a Idade Media ata a actualidade. Alonso Montero (Vigo, 1928) dá noticia de escritores e editores de España, Europa e América. Ofrece tamén, como remate da obra, unha serie de táboas bibliográficas, ademais dun apéndice de textos no que se recollen algúns inéditos.

Amigo García, Álvaro, *Para todos*. *Republicanos-mecos-rosas-República Colexiada*, Santiago: Graficolor Minerva, 1995, 194 pp. (ISBN: 84-605-2348-9).

Miscelánea de textos, escritos tanto en galego coma en castelán, nos que se mesturan comentarios médicos, opinións sobre temas de actualidade, reflexións de índole política, poemas, fotografías comentadas, etc. O fío conductor do volume é a ideoloxía marcadamente republicana de Álvaro Amigo (Chancela-Negreira, 1922-Santiago de Compostela, 1955), quen xa fora autor de dous libros de similares características, ós que completa este *Para todos*.

Referencias varias:

-E. C., "*Para todos*, novo libro de Álvaro Amigo García" , *O Correo Galego*, 18 abril 1995, p. 33. Recóllese aquí a noticia da aparición do libro, do que se fai unha descrición temática e formal. Saliéntase a condición de republicano confeso do autor.

Angueira Viturro, Anxo, *De Rosalía a Dieste*. *33 anos das letras*, prólogo Francisco Fernández del Riego, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 10 marzo 1995, 193 pp. (ISBN: 84-7507-878-8).

Prologada por Francisco Fernández del Riego, trátase dunha obra divulgativa na que se fai un percorrido, moi breve, pola biobibliografía de cada un dos autores ós que se lles dedicou o Día das Letras Galegas, ata 1995 inclusive. O esquema seguido por Anxo Angueira (Manselle-San Xulián de Laíño, 1961) para cada autor é o seguinte: estudio biográfico, panorámica bibliográfico-xeracional e antoloxía de textos. O libro complétase, ademais, cuns apéndices cronolóxicos que axudan a situar epocalmente ós autores estudiados, e unha bibliografía básica de cada autor.

Recensións:

Manuel Xosé Neira, “Letras Galegas”, *Faro de Vigo*,“*Faro das Letras*”, nº XCVI, 15 de xullo 1995, p. 3. Recensión crítica na que se poñen de manifesto algunhas das -a xuízo do recensionista- imprecisións do libro, se ben o conxunto é valorado positivamente.

Manuel Rodríguez, “Unha viaxe polas letras galegas desde Rosalía a Dieste”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, ano I, nº 14, 2 xuño 1995, p. 6. Breve recensión descritiva do contido do libro no que se dan algunhas notas mínimas sobre outra bibliografía do autor.

Araújo García, Mª Teresa, *Eduardo Blanco-Amor e Santiago de Compostela*. *O tema compostelano no labor xornalístico dun emigrante*, Santiago de Compostela: Consorcio de Santiago, 1995, 229 pp. (ISBN: 84-605-3291-7).

Temos aquí o traballo dunha investigadora nova, Mª Teresa Araújo (Vilagarcía de Arousa, 1970), que nos ofrece unha recompilación de artigos de Blanco Amor escritos, agás unha excepción, en castelán, pero con Compostela e a tradición xacobea como fío conductor. A compilación vai precedida dunha presentación de Anxo Tarrío e dunha introducción da autora na que fai un estudio das etapas que podemos atopar no labor xornalístico do autor e as publicacións coas que estivo relacionado, ben como director, como fundador ou como colaborador. Os artigos van acompañados polos datos completos do lugar e a fonte na que foron consultados. Ó final da obra, inclúese un estudio pormenorizado de cada un deles, con información sobre o xornal no que apareceron e a vinculación do autor ó mesmo.

Blanco Campaña, Xosé Luís, *Radio e prensa na Galicia Exterior*, Santiago: Xunta de Galicia, col. A Nosa Diáspora. Da emigración á galeguidade, 1995, 240 pp. (ISBN: 84-453-1304-5).

Estudio monográfico de Blanco Campaña (Camariñas-A Coruña, 1948) no que, tras un prólogo de Manuel Fraga Iribarne, se fai un percorrido por todos aqueles programas de radio e publicacións periódicas dos que foron responsables emigrantes galegos nos máis diversos países do mundo. Trátase, por tanto, dun estudio no que se achega información sobre lugar de emisión ou publicación, características da empresa, promotores da mesma, etc.

Blanco, Carmen, *O contradiscurso das mulleres (Historia do feminismo)*, Vigo: Nigra, col. Ensaio, nº 1, 1995, 287 pp. (ISBN: 84-87709-36-2).

Carmen Blanco (Lugo, 1954), especialista en temas que relacionan muller e literatura, é a autora da primeira historia do feminismo feita en Galicia. Este estudio fai unha análise do concepto *feminismo*, glosa as etapas de desenvolvemento -o feminismo orixinario, o feminismo sufraxista e o feminismo da liberación da muller-, e analiza os avances do movemento en varios países, con especial atención a Galicia. Hai tamén un amplo capítulo dedicado á crítica literaria feminista desvelando as súas características principais e as liñas de investigación que segue esta crítica alternativa. Completa o volume unha bibliografía.

Recensións:

-M. R., "O feminismo galego xa ten o seu discurso", *La Voz de Galicia*,"*Revista de Cultura*", ano I, nº 14, 2 xuño 1995, p. 6. Esta crítica sitúa a Carmen Blanco como especialista "no estudio da literatura das mulleres e das mulleres na literatura", mérito acreditado polos seus estudios sobre o tema. Recolle as palabras da autora, que di no limiar do volume que esta historia debe entenderse "non só como a historia política do movemento de mulleres, senón tamén como o do cambio producido nas mentalidades e na vida privada e

pública do sexo feminino, así como os avances nas liberdades individuais e sociais coartadas polos patróns dos xéneros sexuais".

-F. Martínez Bouzas, "Ciencia do feminismo", *O Correo Galego*,"*Revista das Letras*", nº 68, 10 agosto 1995, p. 4. Destaca o rigor da publicación e a información abondosa que inclúe conclusións, métodos, criterios, problemáticas terminolóxicas e o percorrido pola historia do feminismo neste "tratado galego e en galego". Só lamenta cunha referencia persoal, "que as arelas han deixar de selo, ben que algúns nos sintamos nostálxicos e desacougados ó vernos as loitas trocadas en disciplinas escolares".

-Mª Isabel Soto López, "Unha historia silenciada, a evolución do feminismo", *El Correo Gallego*, "*Edición 7*", 3 setembro 1995, p. 6. Recensión centrada nos contidos do libro e na estructuración dos mesmos. Sinálanse as interesantes contribucións e etapas que inclúe o ensaio sobre a crítica literaria feminista.

-X. G. G., "Un relato policial cargado en sentimentalismo", *Galicia Internacional*, nº 4, agosto 1995, p. 72. Salienta a rigorosidade deste traballo e a pluralidade do discurso feminista, aínda sen unhas bases definitivamente formadas que permitan a súa caracterización exhaustiva.

-Manuel Forcadela, "Dous libros de Carmen Blanco", *A Trabe de ouro*, nº 24, Tomo IV, ano VI, outubro-novembro-decembro 1995, pp. 103-106. Recensión de dúas obras de Carmen Blanco publicadas ó longo do ano 1995, *O contradiscurso das mulleres*. *Historia do feminismo* e *Nais*, *damas*, *prostitutas e feirantas*. O primeiro deles é unha historia

do feminismo que parte do século XVIII e chega ata os nosos días. Nunha visión totalizadora do movemento, Carmen Blanco estructura o traballo en catro apartados. Aparece tamén un apéndice no que se define a problemática terminoloxía do proceso feminista. En canto ó segundo volume comentado, é un estudio da presencia da muller na literatura galega. O título resume os prototipos encontrados. Segundo Manuel Forcadela, algúns autores son máis permeables á análise que outros, e destaca neste sentido a visión de *A Esmorga* de Blanco Amor.

-Olga Novo, "Unha historia do feminismo", *Grial*, nº 127, xullo-agosto-setembro 1995, Tomo XXXIII, pp. 445-447. Recensión de *O contradiscurso das mulleres*. *Historia do feminismo*, de Carmen Blanco. Importante avance con este libro no camiño que sostén a liberación da muller cara á independencia e que engade un novo título á producción dunha autora que estreou en Galicia a crítica literaria feminista. Libro no que se analiza por miúdo a historia política do proceso feminista, a revisión dalgunhas perspectivas androcéntricas e o avance das liberdades persoais. Dáse conta do xurdir de innumerables asociacións, publicacións e demais formas de divulgación do pensamento e ideoloxía de vindicación feminista, ademais dunha extensa bibliografía final que percorre o camiño liberador da muller ó longo da historia.

Referencias varias:

-Luís Álvarez Pousa, "Mulleres", *La Voz de Galicia*,"*Revista de Cultura*", "Ó Trasluz", ano I, nº 17, 22 xuño 1995, p. 6.

Este pequeno comentario sinala o interese deste estudio nun momento no que se fala dun “pensamento posfeminista”, trala crise das ideas divulgadas nos anos 80. A argumentación histórica do estudio e a profundización no caso galego son as vías utilizadas por Carmen Blanco para desvela-lo contradiscurso das mulleres.

-Víctor Campio, “O contradiscurso das mulleres”, *La Región*, “Relato Infrecuente”, 3 agosto 1995, contracapa. Victor Campio recorda neste pequeno comentario a presentación doutro libro feminista no ano 74, *El varón domado*, de Esther Vilar, que causou unha grande polémica. Contrasta deste xeito o espírito conciliador da obra de Carmen Blanco, xa que a presenta “non como oposición frontal e bélica á ideoloxía do discurso androcéntrico, senón como contrapeso dialéctico para que a balanza dos sexos se manteña no fiel da súa igualdade”.

X. Costa Clavell, “Contradiscurso das mulleres”, *O Correo Galego*, “No Faiado”, 17 decembro 1995, 4. Repasa o contido de *O contradiscurso das mulleres*, de Carmen Blanco, e comenta que se trata dunha obra “ben concibida, artellada e escrita”. Subliña os nomes que anota a autora no seu percorrido polo feminismo dende o XVIII ata o presente: Olympe des Gouges, M. Wollstonecreaft, Madame Gacon-Dufour, Madame Clément-Hémery, Virginia Woolf, Simone de Beauvoir -nota o comentarista a ausencia de Flora Tristan-, e entre as galegas, Emilia Pardo Bazán, Concepción Arenal, Filomena Dato Muruais, e

o significativo texto do P. Feijoo de 1726, “Defensa de las mugeres”.

Blanco, Carmen, *Mulleres e independencia*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, col. Docexvintedous, nº 118, xuño 1995, 310 pp. (ISBN: 84-7492-754-4).

Colección de artigos xa publicados en revistas e xornais e intervencións inéditas en actos públicos, co denominador común do tema da independencia e as mulleres nas súas diversas facetas públicas e privadas. O volume preséntase dividido en tres partes: “O mundo que queremos”, “A memoria que perdimos” e “As cousas que nos quedan”, onde é visible a óptica feminista.

Recensións:

-Mª Isabel Soto López, “Un traballo continuado sobre a muller”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 29 outubro 1995, p.6. Refírese a estructura da obra, dividida en tres partes, co tema de fondo da muller e salientando a independencia, como motivo central.

Referencias varias:

-Marina Mayoral, “Unha muller independente”, *La Voz de Galicia*, 9 novembro 1995, p. 8.

Pequena carta dirixida a Carmen Blanco diante dos sus traballos *Mulleres e independencia* e *Nais*, *damas*, *prostitutas e feirantas*, que toma como pretexto para destaca-lo traballo e o esforzo continuado de Carmen Blanco sobre o feminismo, como tantas outras que deben loitar por ser elas mesmas e demostrar que non son só "a muller de ou a filla de", conscientes das envexas daqueles que pensan que son "as beneficiarias involuntarias do poder, da fama ou dos méritos dous deudos masculinos máis próximos". Remata cunha felicitación moi persoal polo seu traballo, bo, serio e interesante e a súa vida privada.

-Luís Álvarez Pousa, "A muller, sen ataduras", *La Voz de Galicia*, "*Revista de Cultura*", ano I, nº 42, 14 decembro 1995, p. 6. Sinala que dende "a coherencia ética e intelectual da súa autora", *Mulleres e independencia*, artella e transmite un discurso transgresor e comprometido, dende a recuperación da memoria doutras mulleres, dende a perspectiva do feminismo como movemento cívico e corrente de pensamento universal e, destaca que "como Virginia Woolf, tamén ela parece buscar como saída a linguaxe andróxina, superadora do sexo, coa que comunicarse sen ataduras".

Blanco, Carmen, *Nais*, *damas*, *prostitutas e feirantas*, Vigo, Xerais, col. Universitaria, 1995, 294 pp. (ISBN: 84-7507-910-5).

Continuando a liña de traballos anteriores, Carmen Blanco presenta este estudio sobre a imaxe de prototipos femininos nun *corpus* artístico concreto, as obras dos grandes patriarcas da literatura galega contemporánea: Otero Pedrayo, Blanco-Amor, Díaz Castro, Carballo Calero, Álvaro Cunqueiro e Celso Emilio Ferreiro. Á luz dos discursos feministas, os textos escollidos descobren novas perspectivas de análise crítico que poden servir para o mellor coñecemento da cultura galega e da vida das mulleres en Galicia. Os seis capítulos ábrense cunhas citas moi significativas para o conxunto do estudio e dan paso á análise das aparicións máis relevantes das mulleres nas obras. A figura da nai como muller ideal, figura positiva, envolvente e agarimosa preséntase sempre ou case sempre nos autores galegos como modelo de muller e encobre a Galicia como terra nai. Noutro nivel as damas, que poden toma-la forma de mozas ou nenas, virxes, amantes ou namoradas. E xa nos límites da ambigüidade, do prohibido e da transgresión as prostitutas de Blanco-Amor e as feirantas -bruxas e menciñeiras, sabias, mulleres independentes-, tan ben retratadas por Álvaro Cunqueiro.

Recensións:

Manuel Forcadela, “Dous libros de Carmen Blanco”, *A Trabe de ouro*, nº 24, Tomo IV, ano VI, outubronovembro-decembro 1995, pp. 103-106.
O contradiscurso das mulleres. *(Historia do feminismo)*.

-Olga Novo, “Nais, damas, prostitutas e feirantas”, *A Nosa Terra*, nº 704, “Guieiro Cultural”, 14 decembro 1995, p. 24. Comenta os catro prototipos de feminidade analizados en *Nais*, *damas*, *prostitutas e feirantas*, traballo que forma parte da tese de doutoramento de Carmen Blanco, *Imaxes das mulleres na literatura galega contemporánea á luz dos discursos feministas*. Dende a lectura feminista, o traballo desvela o androcentrismo na construcción da muller en seis figuras da literatura galega: Otero Pedrayo, Blanco Amor, Carballo Calero, Cunqueiro, Díaz Castro e Celso Emilio Ferreiro, poñendo de manifesto “a ríxida construcción xenérica por medio dos roles sociais e familiares, nos que o home e a muller ocupan ámbitos diferentes: o público e privado, respectivamente”. Fronte á nai e á dama, polos positivos dos modelos, as prostitutas e as feirantas constitúen os negativos, nun caso pola marxinalidade e noutro pola “independencia económica e vital, por seren elas mesmas nun mundo de homes”.

-Mª Xesús Nogueira, “Nais, damas, prostitutas e feirantas”, *Boletín Galego de Literatura*, “Libros”, nº 14, Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, 2º semestre 1995, pp. 173-175. Recensión gabanciosa do estudio crítico de Carmen Blanco, *Nais*, *damas*, *prostitutas e feirantas*, do que se salienta o feito de ter logrado “iluminar determinados aspectos da literatura galega desde unha óptica diferente”, sen por iso caer “no discurso excesivamente doutrinario” doutros enfoques literarios.

Referencias varias:

X. M. del Caño, “La mujer como objeto literario”, *Faro de Vigo*, “Fin de Semana”, 17 novembro 1995,

8. Entrevista con Carmen Blanco, trala publicación de *Nais*, *damas*, *prostitutas e feirantas*, volume que analiza a imaxe da muller en Otero Pedrayo, Blanco Amor, Cunqueiro, Carballo Calero, Celso Emilio Ferreiro, e Xosé María Díaz Castro. Carmen Blanco sinala os prototipos básicos: a nai e a dama como polos positivos e as prostitutas e feirantas como negativos ou ambiguos. A nai preséntase como “paraíso perdido, es la propia Galicia, la tierra, la armonía máxima y el centro positivo que todos anhelan y que todos desean”. Comenta tamén a forte carga erótica que se percibe na muller representada por Otero Pedrayo e por Carballo Calero, e a presencia e realismo das prostitutas en *A Esmorga*, de Blanco Amor.

Blanco Torrado, Alfonso, *A ascensión dun poeta*. *Xosé María Díaz Castro*, IXº Premio Literario Ánxel Fole, Lugo: *El Progreso* Artes Gráficas/Fundación Caixa Galicia, 1995, 140 pp. (ISBN: 84-89231-17-6).

No libro Alfonso Blanco Torrado (Montevideo, 1950) aborda, en cinco capítulos, a vida e obra do poeta guitiricense Xosé María Díaz Castro. O primeiro dos capítulos -"Apunte bibliográfico"- é un repaso á biobibliografía do poeta. O segundo -"Palabra e pensamento"-, ofrece unha longa análise biografista do seu poemario *Nimbos*. Os capítulos terceiro e cuarto -titulados "A lingua de Díaz Castro" e "Epílogo: un clásico moderno"-, son moito máis curtos cós dous primeiros, e neles abórdase o posicionamento particular de Díaz Castro ante o problema da lingua de creación e a consideración deste autor como un dos fitos líricos da nosa posguerra. O quinto e derradeiro capítulo -"Selección de bibliografía"- ofrece unha bibliografía pasiva sobre Díaz Castro, na que se atopan dende a máis breve nota de prensa ata longos artigos.

Referencias varias:

-Salvador Mariño, "La obra ganadora del 'Ánxel Fole'será presentada hoy", *El Progreso*, 13 decembro 1995, p. 57.

Nova sobre a presentación do libro en Lugo.

_____, “Presentada ayer la obra de Blanco Torrado ganadora del ‘Ánxel Fole”, *El Progreso*, 14 decembro 1995, p. 53. Noticia resumo do acontecido durante a presentación en Lugo do libro.

Díaz Núñez, Celia, *Voces da Terra*. *Quiroga e os seus escritores*, Quiroga: Concello de Quiroga, 1995, 166 pp. (ISBN: 84-606-2297-5).

Estudio monográfico de Celia Díaz (O Paramo, 1961) sobre a relación que coa paisaxe e a paisanaxe quiroguesas teñen as vidas e obras de escritores galegos como Ánxel Fole, Ernesto Guerra da Cal, Manuel María, etc. Posúe, ademais, índices de lugares e nomes citados e un apéndice bibliográfico sobre a obra de autores menores relacionados con Quiroga.

Recensións:

-Armando Requeixo, “Voces por Quiroga ou a paixón pola terra”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 10 setembro 1995, p. 6. Sucinta recensión na que se informa da aparición do libro e se comentan sinopticamente os principais acertos do mesmo.

Fernández, Camilo, *Eduardo Blanco Amor e o teatro Teatros libres de preguerra*. *Procés a Jacobusland*. *Conmemoració Lletres Gallegues*, Barcelona: Universitat de Barcelona, col. Actes Universitaris, maio 1995, 193 pp. (ISBN: 84-475 1060-3).

Como explica o profesor Basilio Losada na introducción, este libro é un monográfico coordinado polo profesor Camilo Fernández (O Barco de Valdeorras, 1959), da Universitat de Barcelona, sobre a dimensión teatral da obra de Eduardo Blanco Amor. O monografico está dividido en catro partes. A primeira está constituída por catro estudios cronolóxicos: da obra teatral de Blanco Amor, da crítica que suscitou, da recepción que tivo e a cronoloxía do teatro galego na Arxentina. Na segunda parte estúdiase a influencia de Valle-Inclán e Castelao na obra de Blanco Amor. A terceira é unha conferencia do escritor ourensán pronunciada no ano 1874 sobre o teatro español antes e durante a Guerra Civil española. A última parte está constituída pola traducción ó catalán da obra *Proceso en Jacobusland*.

Ferro Ruibal, Xesús e Xosé Fernando **Filgueira Valverde**, *En louva dos galegos egrexios*. *1995*, Vigo: Fundación Premios da Crítica Galicia, 1995, 18 pp. (D.L.: VG-318-96).

Recolle un discurso pronunciado na cea dos Premios da Crítica de Galicia o día 13 de xaneiro de 1995 por Xesús Ferro Ruibal, que leva o título de “En louva de Filgueira Valverde”, e a correspondente resposta agradecida do Presidente do Consello da Cultura Galega. Ferro Ruibal estructura o seu parlamento en tres partes. Na primeira, titulada “Xosé” lembra os anos mozos do polígrafo pontevedrés. En “Filgueira” fai un percorrido pola súa actividade cultural, comentando as principais contribucións do ilustre profesor, e salientando especialmente o amplo abano de temas sobre os que ten traballado. Pon como exemplo desta “prodixiosa actividade” as máis de 1600 conferencias pronuncidas e os máis de mil artigos publicados. Na última parte da intervención, titulada “Valverde”, fala Ferro do pensamento político do homenaxeado. Na resposta, Xosé Filgueira Valverde agradece a concesión do premio e ten unhas palabras de lembranza para as mulleres dos nosos “grandes mestres”.

Filgueira Valverde, Xosé, *Sarmiento*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, col. Exposicións didácticas, 1995, 125 pp. (ISBN: 84-87172 96-2).

Contén dúas exposicións fotográficas realizadas por Xurxo Lobato, acompañadas de texto explicativo á marxe de cada imaxe. A primeira titulada “Sarmiento”, inclúe corenta fotografías de monumentos a obxectos artísticos, documentos e retratos de personaxes intimamente relacionadas con Frei Martiño Sarmiento. A segunda leva o título “Galicia no século de Sarmiento” e presenta setenta e cinco fotografías de obras de arte, mapas e retratos de personaxes de relevancia na Galicia do século XVIII. Os textos son todos de X.F. Filgueira Valverde (Pontevedra, 1906-1996).

Fole, Ánxel, *Parlamento de las letras gallegas 1961*, ed. Mª Xesús Amado Silvar, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, col. Documentos, nº 112, febreiro 1995, 203 pp. (ISBN: 84-7492-739-0).

Reproducción do “Parlamento de las letras gallegas” convocado por Ánxel Fole (Lugo, 19031986) no xornal lucense *El Progreso* ó longo do ano 1961 e no que colaboraron a práctica totalidade dos escritores galegos máis importantes do momento. A edición posúe un estudio introductorio da estudiosa Mª Xesús Amado Silvar e un microprólogo do profesor Xesús Alonso Montero.

Recensións:

-Armando Requeixo, “O *Parlamento* literario convocado por Ánxel Fole”, *El Correo Gallego*,“*Edición 7*”, 6 agosto 1995, p. 6. Recensión fortemente crítica que, tras loa-la iniciativa que supón a exhumación e reproducción en volume do interesante “Parlamento” convocado por Ánxel Fole en *El Progreso* a inicios dos 60, xulga duramente
o “defectuoso” estudio introductorio de Amado Silvar.

X. G. G., “O momento literário nos 60”, *A Nosa Terra*, nº 691, “Guieiro Cultural”, 14 setembro 1994,

25. Comentario da obra editada por Mª Xesús Amado Silvar, a introducción da cal cualifica González Gómez de “pobre e pequena”. Proporciona, ademais, novos datos que completan o coñecemento desta iniciativa foleana e critica o pouco rigor e exhaustividade da editora.

-Ramón Nicolás, “Fole e un parlamento literario”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº CV, 25 novembro 1995, p. 1. Recensión descritiva na que, logo de constata-la importancia histórico-literaria que supón este *Parlamento de las Letras Gallegas*, destácase a estructuración do libro e do contido dos seus diversos aspectos.

Fonte, Ramiro, *As bandeiras do corsario*. *Sobre poesía e poetas*, Vigo: Nigra, col. Ensaio, nº 3, 1995, 173 pp. (ISBN: 84-87709-44-3).

Neste libro, o poeta Ramiro Fonte (Pontedeume, 1957) pretende fuxir, segundo el mesmo afirma, da crítica de tipo academicista e achegarse ó fenómeno poético cunha perspectiva diferente, máis ensaística e, ó mesmo tempo, divulgativa. Nos trece capítulos da obra, Fonte reflexiona sobre a personalidade doutros tantos poetas (en realidade, catorce, xa que o capítulo décimo está dedicado a dous poetas de Praga), todos eles fundamentais para a comprensión do século XX. As claves literarias de autores como Vallejo, Pessoa, Cernuda, Pasolini ou Walcott son analizadas neste libro, no que se mestura o ton culturalista coa sinxeleza expositiva.

Recensións:

-Vicente Araguas, “Lectores, críticos, poetas”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 88, 28 decembro 1995, p. 6. Recensión na que se salienta e eloxia o carácter non académico do libro de Fonte, así como a capacidade que ten o mesmo para invitar a un proceso reflexivo a aqueles que pensen que “a poesía é máis verídica que a historia”.

Forcadela, Manuel, *A poesía de Eduardo Pondal*, Vigo: Edicións do Cumio, col. Ensaio, nº 4, 1995, 421 pp. (ISBN: 84-87126-93-6).

Análise que Manuel Forcadela (Forcadela-Tomiño, 1958) fai da obra de Pondal na que se desvelan segredos da súa poesía e personalidade que ata agora permanecían ocultos ó lector. O influxo do romanticismo europeo, a procura dun novo ideal estético na liña do simbolismo finisecular, o problema nacional da península ibérica e a identidade de Galicia.

Recensións:

-Carlos L. Bernárdez, "Eduardo Pondal, escuro enigma desvelado", *Faro de Vigo*,"*Faro das Letras*", nº LXXXIII, 25 marzo 1995, p. 3. Recensión que salienta o estilo ensaístico e rigor académico polos que se caracteriza esta obra e afirma que a mesma axuda a situar a Pondal no marco histórico-literario que lle corresponde, así como a resolve-los enigmas que presentan as súas claves poéticas.

-Xurxo Sierra Veloso, "A poesía de Eduardo Pondal", *Boletín Galego de Literatura*, "Libros", nº 14, Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago, 2º Semestre 1995, pp. 179-180.

Recensión na que se comentan as claves temáticas máis relevantes de *A poesía de Eduardo Pondal*, de Manuel Forcadela. Saliéntase a claridade expositiva da obra e valórase o feito de que se ofrezan interpretacións razoadas para cada un dos símbolos habitualmente presentes na obra de Pondal.

Referencias varias:

-M. V. V., “A poesía de Eduardo Pondal”, *Atlántico Diario*, 1 abril 1995, p. 59. O articulista afirma que se trata dunha obra imprescindible para quen se queira achegar á obra de Pondal, escritor ó que Forcadela analiza ó longo de 423 páxinas caracterizadas por un grande rigor científico.

García Presa, Vicente, (ed.), *Antón Presa*. *Terra Adourada*. *(Obra rescatada)*, Pontevedra: Deputación de Pontevedra, 1995, 94 pp. (ISBN: 84-88636-54-0).

O volume pretende recompila-lo labor literario de Antón Presa Viso (Ribadetea, 1895-1925), da man do seu neto Vicente García Presa, que é o autor da introducción, o traballo de recollida e recuperación do material, e dos comentarios que acompañan ós textos reproducidos. Na introducción coméntase o propósito de recupera-la palabra inédita deste escritor de curta vida, que mantivo durante sempre unha postura de amor e defensa de Galicia. Sinálase tamén a súa amizade con intelectuais como Castelao, Cabanillas ou Xulio Camba entre outros, e as súas colaboracións con poemas soltos en *Vida Gallega*, *Diario de León*, *Blanco y Negro*, e *El Tea*. Confírmase a estrea de tres obras de teatro *A dona do agrario*, *A morriña*,e *Cornetada*, e a escrita de outras dúas que só se coñecen por referencias: *O amor d' aldeana* e *Madre querida*. Ademais fálase da existencia de sete poemarios, cinco en galego e dous en castelán. O volume reproduce a peza teatral *A morriña*, comedia en dous actos, publicada en 1926 e representada en varios lugares de Galicia en 1923. Recolle tamén outra versión da obra publicada no xornal pontareán *El Tea*, e que supón o editor que foi a versión representada. Inclúese tamén o único texto parcial que se conserva da peza *A Dona do Agrario*. *Xogete cómico*. *Nun auto y-en prosa*, e que corresponde á escena sexta desta obra, publicada en *El Tea* en xullo de 1923, e estreada en Marín o 6 de maio de 1923 pola Compañía Foliadas e Cantigas, de Pontevedra. No apartado

destinado á poesía recóllense poemas en galego e en castelán, ademais dun conxunto de colaboracións que Antón Presa realizara para o xornal *El Tea*, e que levaban por título *Enxebradas*. *Lira Celta*. No apartado “En prosa” aparecen varios textos do autor: o relato “Noso siñor Sant-Yago”, o artigo “Réplica a un *ignorante*”, e unha carta ó director de *El Tea*.

Garrido Couceiro, Xoán Carlos, *Manuel García Barros*. *Loitando sempre*, Lugo: Edicións Fouce: col. Didáctica da Vida, novembro 1995, 190 pp. (ISBN: 84-605 4289-0).

Obra que toma como punto de referencia a figura de Manuel García Barros para facer un percorrido pola historia do agrarismo galego. Así, a biografía deste autor (biografía que atende ó seu papel como loitador político, de reivindicador constante da autodeterminación para Galicia, deixando practicamente de lado a súa contribución á literatura galega) entrecrúzase coa historia de Galicia dende finais do século XIX ata o ano 1972, data do falecemento de García Barros. O libro estructúrase en nove apartados ("Contexto", "A mocidade dun poeta", "Escoller bando", "Emancipación labrega", "Nacionalismo: Conciencia da identidade colectiva", "A obriga de ser libre en calquera circunstancia", "Emigración e Instrucción", "Razón e Relixión", "Termar da patria nos días mouros") nos que se inclúen un importante número de nomes e datas. Cada un destes apartados está acompañado por un anexo denominado "Documentos", no que o autor ofrece unha serie de información complementaria (artigos, poemas, documentos, etc.). En definitiva, os movementos agrarios e o nacionalismo centrados na comarca da Estrada son os verdadeiros protagonistas do libro.

González Fernández, Anxo, *Hamlet e a Realidade Cunqueirana*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, 1995, 321 pp. (ISBN: 84-453-1467-X).

Estudio e indagación sobre o tema de Hamlet, que Álvaro Cunqueiro asume dende o tratamento shakespeariano. O escritor galego desenvolve, dentro desta motivación, elementos que o dramaturgo inglés non abordara explicitamente, organizados arredor do problema edípico, aínda que xa estaban actuantes e presentes nos personaxes da obra de Shakespeare. Os maiores anovamentos que Cunqueiro introduce e que supoñen unha modificación con respecto a anteriores análises son as derivadas da inclusión deste tema na realidade das coordenadas ónticas e axiolóxicas da obra do escritor mindoniense.

González Gómez, Xesús, *Manifestos das vangardas europeas*, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, col. Ensaio, nº 62, 1995, 219 pp. (ISBN: 84 87847-64-1).

Xesús González Gómez (A rúa de Petín, 1950) fai unha selección dos manifestos que el considera máis representativos do futurismo, o dadaísmo, o poetismo e o surrealismo, así como daqueles que saíron en Galicia e que están emparentados cun ou outro movemento. Todo está precedido dunha introducción xeral na que formula o seu achegamento ós diferentes movementos e, ademais, cada un destes é introducido por un breve e persoal estudio previo.

Hermida, Modesto, *Narrativa galega*: *Tempo do rexurdimento*, Vigo: Xerais, col. Universitaria, 1995, 232 pp. (ISBN: 84-7507-886-9).

É este un traballo de Modesto Hermida (Vales-Cea, 1946) eminentemente bibliográfico e que podemos dividir en tres grandes núcleos: unha parte introductoria, que atende á contextualización histórica e literaria e ás consideracións metodolóxicas, unha parte final composta polos índices de revistas ou de narradores citados, e unha parte central, o tema propiamente dito deste ensaio, que dá conta dos diferentes autores que cultivaron o relato en lingua galega no período 18801916 e dos lugares -preferentemente publicacións periódicas- nos que estes se atopan. Os tres obxectivos fundamentais deste ensaio son: demostrar que a producción narrativa en galego desta época é moito máis ampla do que se supoñía, de que se atopa fundamentalmente en publicacións periódicas e que gozou dunha considerable pluralidade temática.

Recensións:

X G. G., "Miraxe na prosa do Rexurdimento", *A Nosa Terra*, nº 687, "Guieiro Cultural", 17 agosto 1995,

19. Recoñecendo o inmenso traballo de documentación que hai tras este ensaio, o recensionista non obvia o feito de que aquel non vai acompañado dunha análise literaria dos textos igualmente exhaustiva. Ó tempo

elabórase unha concisa explicación de por qué estes textos narrativos da época do Rexurdimento non tiveron unha continuidade: a súa pobreza creativa fronte á grande calidade da poesía.

-Xavier Castro R., "Narrativa galega: 1880-1916", *El Correo Gallego*, "*Edición 7*", 20 agosto 1995, p. 7. Despois de se referir ó labor docente e investigador do profesor Modesto Hermida, analiza o recensionista *Narrativa galega*: *tempo do rexurdimento* e afirma que se trata dun estudio "pormenorizado, serio e documentado" co que se dan a coñecer unha boa cantidade de textos en prosa producidos e publicados na época do Rexurdimento. Salienta tamén a aproximación do crítico ó contexto da narrativa en España no tempo da Restauración.

-F. Martínez Bouzas, "¿Interesantes novelas?", *O Correo Galego*,"*Revista das Letras*", nº 82, 16 novembro 1995, p. 6. Recoñéceselle ó libro o valor fundamental de perfilar un panorama da narrativa do tempo do Rexurdimento moi diferente ó tradicionalmente admitido, que destacaba a primacía da poesía sobre os outros xéneros. Agora ben, considérase que a importancia que o autor do libro lle atribúe despois na análise dos distintos textos é excesiva, e non xustifica a súa equiparación coa poesía.

Referencias varias:

-Luís Álvarez Pousa, "Sobre o Rexurdimento", *La Voz de Galicia*,"*Revista de Cultura*", "Ó trasluz", ano I, nº 34, 19 outubro 1995, p. 6.

Como nas anteriores, destácase o esforzo cuantitativo pero bótase en falta o cualitativo, isto é, o autor da recensión aprecia o grande labor compilador do autor do libro, pero tamén considera que descoidou a valoración literaria dos textos que recolle.

Liñares Giraut, X. Amancio (ed.), *Arredor do Centenario de Rosalía*, *1895*, Santiago de Compostela: Padroado Rosalía de Castro, xullo 1995, 185 pp. (D. L.: LU-353-1995).

Co gallo da celebración, no ano 1985, do primeiro centenario do pasamento de Rosalía de Castro, X. Amancio Liñares Giraut (Negreira, 1961) recolle, dez anos despois, parte do material ó que tivemos acceso a partir daquela data. Nos sete apartados nos que se divide o traballo recompílanse testemuñas, declaracións, fotografías, documentos, referencias á Casa-Museo de Padrón e ó Congreso rosaliano, celebrado do 15 ó 25 de xullo do citado 1985. Inclúe tamén poemas da autora, versos dedicados a ela, algunhas publicacións do centenario e o perfil de Rosalía ás portas do ano 2000.

Lobato, Xurxo (coord. e fotos), *Galegos na escaleira*, A Coruña: Fundación Caixa Galicia-Claudio San Martín, 1995, 150 pp. (ISBN: 84-89231-09-5).

Inclúense neste libro unha serie de fotografías de relevantes personaxes da vida cultural galega dos últimos anos, realizadas polo fotógrafo Xurxo S. Lobato, acompañadas cada unha delas por un texto escrito, na maioría dos casos por algún xornalista, intelectual ou político, no que se fai un breve retrato biográfico-literario da persoa fotografada. Estas instantáneas foron publicadas polo xornal *La Voz de Galicia* entre os anos 1992 e 1995, nunha sección que levaba tamén o nome "Galegos na escaleira". O libro conta cun prólogo de Manuel Rivas e un epílogo de Federico Cocho, ademais de incluír colaboracións artísticas dos pintores Xaime Quessada e Laxeiro.

Maceira Fernández, Xosé Manuel, *A literatura galega no exilio*, *consciencia e continuidade cultural*, Vigo: Edicións do Cumio, col. Critério. Estudios de literatura, nº 10, 1995, 295 pp. (ISBN: 84-87126-23-5).

Neste seu primeiro libro o profesor Maceira preséntanos unha versión ampliada da súa tesiña de licenciatura. Despois dunha acertada delimitación do *corpus*, isto é, aqueles libros escritos por escritores galegos exilados, en lingua galega, e atendendo ó tema común do exilio, e dun encadramento histórico-político e cultural dos anos que se analizan, o autor fai un percorrido polos núcleos de exiliados de Buenos Aires, Montevideo, o Caribe, México e Estados Unidos. Cada grupo é analizado por separado no que respecta ás súas características internas e ás manifestación literarias cultivadas. A conclusión extraíble desta concienzuda análise é o impagable labor que realizaron estes exilados como continuadores da nosa tradición literaria.

Recensións:

-F. Martínez Bouzas, “Colleitas de alén mar”, *O Correo Galego*.“*Revista das Letras*”, nº 59, 8 xuño 1995, p. 6. Nesta recensión destácanse dúas cuestións fundamentais do libro: a laboura de recuperación que supón e a vontade reinvindicativa dunha obra destas características.

-M. R., “Moito máis que unhas aventuriñas de guerra”, *La Voz de Galicia*,“*Revista de Cultura*”, ano I, nº 7, 13 abril 1995, p. 6. Dáse aquí noticia do libro por medio das propias palabras do seu autor, destacando cuestións como a importancia do labor dos colectivos de emigrados a prol da sobrevivencia da nosa cultura e a boa contextualización do mesmo, que debe servir como tema de reflexión nun tempo como o presente.

-María Xesús Lama, “¿Que é a literatura do exilio?”, *Grial*, nº 128, outubro-novembro-decembro 1995, Tomo XXXIII, pp. 600-603. Estudio que analiza a crise de sobrevivencia que afectou á cultura galega trala guerra civil e que supuxo
o traslado do seu escenario ás capitais da diáspora. A literatura do exilio vén definida pola vivencia do desterro e polo posicionamento ideolóxico unitario antifranquista. Dadas as características do estudio trátase dun grupo literario definido por unha experiencia biográfica común, que leva á consideración conxunta de obras de diversos estilos e temáticas. Cuestiónanse a delimitación do obxecto de estudio e, en especial, o contraste dos conceptos de exilio e literatura de exilio.

Referencias varias:

-E. C., “Presentado en Compostela o ensaio *A literatura galega do exilio*”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 15 xuño 1995, p. 45/p. 11. Recóllese aquí a presentación do libro na Galería Sargadelos de Santiago de Compostela, na que o seu autor reclamaba unha maior atención ó traballo dos nosos exiliados a prol da continuidade da nosa cultura. Faise eco tamén das palabras do crítico Francisco Rodríguez alabando a calidade da obra.

Neira Vilas, Xosé, *Eduardo Blanco-Amor*, *dende Buenos Aires*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, col. Documentos, nº 116, marzo 1995, 275 pp. (ISBN: 84 7492-723-4).

O prolífico escritor X. Neira Vilas (Gres-Vila de Cruces-Pontevedra, 1928) contribúe con este libro ó mellor coñecemento da obra e da personalidade do tamén escritor Eduardo Blanco Amor. É esta unha tarefa que tamén encetou recentemente Victoria A. Ruíz de Ojeda no seu libro *Conversas con*...(1994). O libro está composto por diversos elementos: un conxunto de testemuños textuais, plásticos e musicais sobre a figura do escritor ourensán, tres mostras dos seus artigos xornalísticos e trece cartas da súa correspondencia persoal ou sobre a súa figura. Péchase o libro cunha "Coda" na que o autor do mesmo explica como se centrou sobre todo na etapa bonaerense do autor de *A Esmorga*.

Recensións:

-M. R. "A pegada de Buenos Aires na vida de Eduardo Blanco-Amor", *La Voz de Galicia*, "*Revista de Cultura*", ano I, nº 22, 27 xullo 1995, p. 6.

Faise un breve percorrido polas diferentes partes do libro destacando as testemuñas que contribúen nel. Ó tempo, destaca a importancia da cidade de Buenos Aires como foco receptor de emigrantes galegos.

Referencias varias:

-Luís Álvarez Pousa, “Posdata para Blanco-Amor”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, “Ó Trasluz”, ano I, nº 14, 2 xuño 1995, p. 6. O autor da recensión opina que esta obra vén dar “un contrapunto humano a todo o publicado” ata o momento sobre o autor ourensán. Considera que este percorrido sobre os seus anos en Buenos Aires que se realiza ó longo do libro servirá para perfilar mellor unha personalidade tan heteroxénea como a súa.

-Marcos Valcárcel, “Eduardo, que é Blanco de Amor”, *O Correo Galego*, 9 xuño 1995, p. 3. Faise un percorrido polos diferentes testemuños que compoñen o libro, destacando, sobre os demais, o epistolario, tanto o do escritor ourensán coma aquel sobre a súa persoa. É aquí onde o autor da recensión considera que está o Blanco-Amor “na súa perspectiva máis auténtica”, persoal, literaria ou crítica.

Neira Vilas, Xosé, *A lingua galega en Cuba*, A Coruña: Consello da Cultura Galega, col. Lingüística, 1995, 198 pp. (ISBN: 84-87172-94-6).

Este ensaio supón unha nova contribución do narrador galego X. Neira Vilas na súa traxectoria como difundidor do labor realizado polos nosos compatriotas na emigración. Aténdese nesta ocasión á situación da nosa lingua na illa de Cuba: o galego como lingua de amplos colectivos da illa, as publicacións que recollían colaboracións no noso idioma, os poetas e narradores que tiveron relación coa illa, os libros e editoriais que xurdiron nela, as diversas actividades -teatro, música- que se realizaban tamén no noso idioma, etc. Complétase o traballo con tres apéndices: un sobre a influencia da fala galega na cubana, outro sobre os traballos sobre lingua galega aparecidos nos xornais da illa e un terceiro sobre os artigos que, tamén na nosa lingua, apareceron na prensa do século XIX.

Neira Vilas, Xosé, *Memoria da emigración II*, Sada: Ed. do Castro, col. Documentos 119, setembro 1995, 314 pp. (ISBN: 84-7492-762-5).

Neste libro o escritor Neira Vilas continúa un labor xa encetado con *Memorias da emigración I*, publicado o ano anterior. Como naquel, trátase da compilación de artigos xornalísticos sobre temas relacionados coa emigración. Neste caso son corenta, publicados en *Faro de Vigo*, entre 1993 e 1995. O tema común da emigración e/ou do exilio une as historias dunha grande variedade de personaxes, anónimos ou non, da nosa historia contemporánea. Destaca ó longo de todo o libro a presencia neste mundo de Luís Seoane -que ocupa grande número de artigos-, ou a de Ramón Suárez Picallo, aínda que tamén aparecen os nomes de Castelao, Blanco-Amor, V.L. Molinari ou Ramón Otero Pedrayo.

Ocampo Vigo, Eva e Esperanza **Piñeiro de San Miguel**, *Xosé Rubia Barcia*, *un intelectual ferrolán no exilio*, Ferrol: Liceo Rubia Barcia/Concello de Ferrol, 1995, 197 pp. (ISBN: 84-920242-0-8).

A pesar de que as autoras na "Introducción" a este traballo din que se trata "dunha aproximación á figura do intelectual ferrolán Xosé Rubia Barcia", atopámonos cunha ampla e documentada obra composta por varios apartados: unha "Bibliografía" sobre a súa obra, unha "Escolma" dos seus textos, con recensións das obras máis salientables ó criterio das investigadoras, uns apartados denominados "Curiosidades" e "Cadros Complementarios" nos que se ofrecen datos sobre acontecementos que protagonizou ou nos que participou o exiliado Rubia Barcia, "Pensamentos e inquedanzas" onde se fai un percorrido pola ideoloxía política e ética do escritor. En "Opinións dos seus contemporáneos" dánse distintas visións da personalidade de Rubia Barcia. Remata o libro cunha "biografía" do Liceo Rubia Barcia de Caranza (Ferrol), cunha "Cronoloxía" do mundo, de España e de Galicia na época na que viviu Rubia Barcia e cun apartado sobre as "Fontes documentais e bibliografía consultada" das que beberon as autoras para a realización deste amplo e documentado traballo.

Oreiro, Xesús, *Celso Emilio Ferreiro (O home e a obra)*, Vigo: Edicións do Cumio, col. Critério, nº 9, 1995, 126 pp. (ISBN: 84-87126-96-0).

Estudio no que se analiza polo miúdo unha figura das nosas letras que segue a ser, tal como se afirma no propio libro, "contestada e controvertida, problemática e desconcertante": Celso Emilio Ferreiro. En primeiro lugar, Oreiro dedica algúns capítulos á biografía vital e literaria do autor celanovés. A continuación, céntrase na análise individualizada de cada unha das obras. Ofrécense nestes apartados datos sobre algúns aspectos relevantes -a difusión dos libros, o tempo da emigración, etc.-, ademais de incluírse unha aproximación esquemática ás claves estructurais e temáticas de Ferreiro.

Recensións:

-Manuel Rodríguez, "Celso Emilio ou o compromiso dun escritor", *La Voz de Galicia*,"*Revista de Cultura*", ano I, nº 24, 10 agosto 1995, p. 6. Recensión na se salientan unhas palabras do propio Oreiro sobre o seu propósito de analizar "o devir e as respostas dun autor especialmente conflictivo na nosa historia".

-F. Martínez Bouzas, "CEF: ¿Agonía de escritor?", *O Correo Galego*,"*Revista das Letras*", nº 78, 19 outubro 1995, p. 4.

Destácase a corrección da aproximación conceptual que se fai á obra de Ferreiro, aínda que ó articulista lle parece que o libro de Oreiro é demasiado aséptico, feito con “máis cabeza que paixón”.

Referencias varias:

-Marcial Cantero, “Ferreiro era un crente agónico, pero non marxista”, *El Ideal Gallego*, 2 novembro 1995, p. 28. Crónica na que se recolle a nova da presentación en Ferrol do libro. Saliéntanse unhas manifestacións do propio Oreiro, nas que afirma que non se pode explica-la obra de Ferreiro partindo do marxismo.

Outeiriño, Maribel, *Lauro Olmo*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, col. A Nosa Memoria, nº 1, xaneiro 1995, 61 pp. (ISBN: 84-453-1268-5).

Esta biografía de Lauro Olmo está estructurada en seis capítulos de extensión variable. Inclúe sete fotografías de reducido tamaño, da autoría de Bernardo Rodríguez. Cómpre salienta-las amplas marxes que permiten a colocación nas mesmas de frases que sintetizan o contido de cada parágrafo. En “Datas dunha vida” concéntranse e ordénanse cronoloxicamente os feitos máis destacables da vida de Olmo. O libro de Maribel Outeiriño (Ourense, 1962) contén tamén unha antoloxía con tres poemas e cunha bibliografía de Lauro Olmo dividida en: premios, narrativa, ensaio, teatro, e obras inéditas. Na presentación, a cargo de Víctor M. Vázquez Portomeñe, gaba a figura de Olmo polo seu amor e compromiso coa nosa terra dende a emigración e pola universalidade da súa obra. Indica que con “A Nosa Memoria”, inténtanse facer presentes distintas personalidades da cultura galega que non están entre nós”.

Pérez Rodríguez, Luís, *O pórtico poético dos seis poemas galegos*. *García Lorca e Blanco-Amor*, Lugo: Consello da Cultura Galega, decembro 1995, 363 pp. (D. L.: LU-737-1995).

Co gallo do sesenta aniversario da publicación de *Seis poemas galegos* sae este libro da man dun estudioso da obra de Eduardo Blanco Amor. Nel inténtase profundar nas claves da escrita deste texto e no papel de Eduardo Blanco Amor e de Ernesto Guerra da Cal na elaboración do mesmo, aceptando como verdadeira a versión de Blanco Amor sobre estes feitos, é dicir, aquela que considera a García Lorca autor material dos poemas. Para isto acompaña ó estudio a edición do texto, a análise das variantes coñecidas, diferentes traballos de Blanco Amor sobre a figura de García Lorca e unha cinta magnetofónica que inclúe unha conferencia do ourensán sobre o autor granadino. Trátase dun estudio rigoroso e profundo que quere devolver a Blanco Amor o verdadeiro papel que desempeñara na aparición destes poemas.

Pociña, Andrés e Aurora **López**, *Conversas con Maruxa Villanueva na Casa de Rosalía*, A Coruña: Hércules de Ediciones, 1995, 198 pp. (ISBN: 84-87244-54-8).

Obra na que Andrés Pociña (Lugo, 1947) e Aurora López (Sarria-Lugo, 1948) recollen unha serie de conversas dos autores con Maruxa Villanueva, a través das que nos dan a coñece-la vida e as actividades desta figura clave no desenvolvemento da cultura galega na emigración. A maior parte do libro está dedicado ós anos que a actual coidadora da casa de Rosalía pasou en Buenos Aires, ó seu traballo como cantante e actriz de teatro, á súa amizade cos personaxes claves como Otero Pedrayo, Blanco Amor ou Castelao. Reprodúcense tamén coplas populares e poemas ós que Maruxa Villanueva lles puxo voz, e fotografías que escollen retazos da súa vida.

Puy Muñoz, Francisco (ed.), *Escritos de 1885. Inéditos de la época del doctorado*, transcrip., introd. e notas Salvador Rus Rufino, Santiago de Compostela: Fundación A. Brañas, col. Obras Completas de A. Brañas, nº 1/1995, 1995, 147 pp. (ISBN da obra completa: 84-88051-41-7; (ISBN do vol. I: 84-88051-53-0).

Tras unha pequena aproximación biográfica, Puy Muñoz (Cambil-Andalucía, 1936) introduce o que será o primeiro volume das *Obras Completas* de Alfredo Brañas. A obra recolle unha serie de textos inéditos do ilustre carballés: o seu discurso para a obtención do doctorado-*Reglas equitativas para trazar la línea divisoria entre ambas potestades o sea*, *entre los derechos e intereses de la Iglesia y del Estado*, e unha serie de manuscritos que conteñen a resposta ós exames das asignaturas de doutorado -Filosofía do Dereito, Literatura Xurídica, Estudios Superiores de Dereito Romano e Dereito Público Eclesiástico-. No discurso doutoral A. Brañas, adscrito á corrente aristotélico-tomista, recoñece á Igrexa e ó Estado como dúas sociedades perfectas e independentes. Esta independencia significa autonomía nos seus respectivos ámbitos de actuación, relixioso e civil, pero en caso de “conflicto ou colisión de dereitos (...) a Igrexa ten a supremacía”. Brañas defende que a Igrexa é unha sociedade superior ó Estado, en tanto que

tamén o é o seu fin: “a santificación das almas”. En canto ós textos das avaliacións do doutorado, “son exercicios dun alumno realizados en tempo limitado”, e polo tanto o seu “aporte persoal é escaso”.

Queizán, Mª Xosé, *Escrita da certeza*, A Coruña: Espiral Maior, col. Ensaio, 1995, 94 pp. (ISBN: 84-88137-49-4).

Ensaio dividido en dous bloques temáticos: “Escrita da certeza” e “Parir o pensamento”. O primeiro deles xira ó redor do problema da escrita feminista, considerada subversiva e aberta a pesar de traballar cunha lingua patriarcal. Este razoamento sérvelle de base para incluír consideracións xerais sobre a historia das mulleres e o pensamento desenvolvido sobre elas. O segundo bloque, máis breve, céntrase fundamentalmente na maternidade, tanto social coma biolóxica, e trata problemas de moita actualidade: o cuestionamento do instinto maternal inherente ás mulleres, o aborto, a xenofobia, a necesidade de te-lo espírito e a mente abertos, as novas técnicas de reproducción, etc., sempre dende a óptica do feminismo. Elaborado cunha linguaxe directa, aposta polos pensamentos optimistas e a confianza nun futuro mellor para as mulleres, sen deixar de loitar e denuncia-las inxustizas sociais, históricas e políticas.

Recensións:

M. Veiga, “Feminismo para todos os públicos”, *A Nosa Terra*, nº 675, “Guieiro Cultural”, 25 maio 1995, 26.

Fálase da madurez do ensaio, quizais porque “Queizán coñece mellor ao inimigo”. Transmite unha crítica ó “esencialismo”, así como a descualificación da revancha e o tratamento da maternidade. Sinala a crítica que se trata dun texto “contundente e diáfano”.

F. Martínez Bouzas, “Cólera das oprimidas”, *O Correo Galego*,“*Revista das Letras*”, nº 63, 6 xullo 1995,

6. Sinala o recensionista, traendo a conta unha cita do ensaio, que a autora procura trata-los “efectos teóricos da cólera das oprimidas”. Dentro do pensamento feminista, aínda sen tradición consolidada en galego, aposta pola escrita da certeza, “da confianza e do cambio”, dende un modelo aberto e cun estilo sen erudición innecesaria.

-R. G., “As pontes literarias de María Xosé Queizán”, *La Voz de Galicia*,“*Revista de Cultura*”, ano I, nº 21, 20 xullo 1995, p. 6. Coméntanse *Fóra de min* (1994), última entrega poética de Mª Xosé Queizán (Vigo, 1939), e o ensaio *Escrita da certeza*, que, na liña do feminismo, consegue unha mensaxe optimista que non estaba nun primeiro momento na intención da autora.

-Francisco Sampedro, “O ar fresco do materialismo”, *Faro de Vigo*,“*Faro das Letras*”, nº CIII, 4 novembro 1995, p. 3. Crítica eloxiosa sobre os contidos do libro, que chama o pensamento para pasar do eterno círculo repetitivo á espiral do pensamento e amosando ideas dun materialismo lúcido, valente e de esperanza.

Referencias varias:

-M. V. V., “Escrita da certeza”, *Atlántico Diario*, 9 xuño 1995, p. 50. Sucinto comentario do ensaio do que se destaca o deseño externo do libro e os temas fundamentais, dentro dun feminismo aberto e “alegre”.

-X. M. Domínguez, “O feminismo é un personalismo”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 27 agosto 1995, p. IV. Afírmase a característica esencial do feminismo, a liberación da persoa como tal, un evidente personalismo que tenta facer reivindicacións válidas para combate-la postración cultural e recupera-la dignidade das mulleres como persoas. Cualifica o ensaio de excelente e equilibrado.

-E. C., “María Xosé Queizán: Os homes confundiron as mulleres coa natureza”, *El Correo Gallego*, 20 decembro 1995, p. 12. Presentación do libro no Café Rúa Nova de Santiago, acto no que estiveron presentes a propia escritora, Miguel Anxo Fernán Vello e o filósofo Francisco Sampedro. Mª Xosé Queizán desvelou os contidos do ensaio, no que aposta por unha visión feminista positiva, e Francisco Sampedro salientou a aplicación da análise materialista a este tipo de traballos.

Regnault, François, *Espectador e actor*, trad. Emilio Araúxo e Luís Martul, Santiago de Compostela: Tórculo Artes Gráficas, 1995, 79 pp. (D. L.: C-496 1995).

Traducción de dúas conferencias que teñen por título orixinal *Le visiteur du soir*. *Comment peuton parler d'un spectacle?* (1985) e *Petite éthique pour le comédien* (1992) e que foron pronunciadas no marco das "Conférences du Perroquet". Na primeira delas -despois de repasar algunhas teorías de Stanislavsky e Meyerhold- céntrase sobre todo na escenificación, o tema da cal lle corresponde facer aparecer ó espectador. A segunda son consideracións teóricas sobre a figura do actor. O libro contén ademais un apéndice titulado "Nota galega verbo do onnagata".

Rei Nuñez, Luís, *Poetas andantes navegantes*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, col. Ensaio, 1995, 267 pp. (ISBN: 84-7492-766-8).

Collendo o significado das siglas (P.A.N.) que daban título a unha revista dirixida por Otero Espasandín durante a República, esta obra inclúe ensaios e artigos publicados por Luís Rei Núñez (Muros, 1958) en diversos xornais, revistas e antoloxías (*El Urogallo*, *A Nosa Terra*, *El Europeo*) entre os anos 1982 e 1995. Iníciase e péchase este percorrido con dous artigos sobre a obra de Dieste, ós que hai que engadir traballos sobre os máis importantes escritores galegos (Rosalía, Castelao, Risco e Cunqueiro, entre outros), e portugueses (Eugénio de Andrade, Miguel Torga e José Saramago). Tamén son obxecto de estudio pintores (Arturo Souto e Xoaquín Pintos), e mesmo arquitectos como César Portela.

Referencias varias:

-Luís Álvarez Pousa, “Retratos agradecidos”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de cultura*”, “Ó trasluz”, ano I, nº 39, 23 novembro 1995, p. 6. Comentario no que se gaba a honestidade intelectual de Luís Rei Núñez na elaboración do ensaio, ó mesmo tempo que se informa do contido do mesmo.

Rei Nuñez, Luís, *Irmán Fisterra*. *(Cadernos da Costa da Morte)*, Vigo: Ir Indo, col. Narrativa nº 18, 1995, 157 pp. (ISBN: 84-7680-211-0).

Libro de viaxes, estructurado en doce capítulos titulados e de extensión variable, no que, empregando a primeira persoa narrativa, Rei Núñez fai un percorrido por toda a Costa da Morte, dende a Ría do Muros natal do autor, ata Malpica. As anécdotas recollidas nun tempo presente mestúranse con frecuentes evocacións e lembranzas do pasado. Outra faceta destacable desta obra é a detallada descrición paisaxística e monumental, complementada coas impresións do autor, case sempre críticas co mundo actual. En definitiva, trátase dunha invitación ó lector para que faga a mesma viaxe que o autor fixo entre xuño de 1992 e xuño de 1993.

Recensións:

-X. G. G., "Invitación á viaxe", *A Nosa Terra*, nº 694, "Guieiro Cultural", 5 outubro 1995, p. 25. Fai unha reflexión inicial sobre as diferencias existentes entre viaxe física e viaxe moral, incluíndo a obra *Irmán Fisterra* entre as primeiras, xa que "convida a unha viaxe que se pode facer doadamente, só fai falta percorrer os lugares cos ollos abertos". Analiza o argumento da obra, centrándose no significado que ten para o autor a memoria da súa terra, o achegamento a pequenos detalles que só cobran importancia ó situarse na perspectiva autorial. Comenta o feito de que o obxectivo inicial de Rei Núñez -"facer unha literatura de cada día"-, vese desprazado polas lecturas e influencias do propio autor. Finalmente o

recensionista cualifica o volume como “o libro máis conseguido” do autor, aínda que lle falte “certa mestría no relato e unha profundización na ironía”.

Rodríguez, Xosé Manuel (coord.), *Antón Losada Diéguez*. *10 anos dun premio*, Pontevedra: Concello do Carballiño/Caixa Ourense, maio 1995, 130 pp. (D. L.: PO-158-1995).

Co gallo da celebración do décimo aniversario do Premio Antón Losada Diéguez, a institución municipal do Concello de Carballiño decidiu promove-la edición dunha publicación para conmemora-la historia do premio e pediu unha colaboración a cada un dos premiados deixando ó seu criterio os contidos da mesma. Ó mesmo tempo, o volume serviu de fotobiografía do autor realizada con imaxes do arquivo familiar existentes no pazo de Moldes. Remata o volume cunha relación dos premiados dende 1986. Entre as colaboracións literarias hai poemas e prosas de Mercedes Losada Espinosa, Ramiro Fonte, Paco Martín, Luís Tosar, Xosé Ramón Pena, Claudio Rodríguez Fer, Marina Mayoral, Antón Tovar e Úrsula Heinze. Pero tamén se atopan no volume artigos críticos de:

-José Antonio Durán, “Historia, acción e paixón dos Losada”, pp. 11-24. Artigo no que se insire a traxectoria ideolóxica de Antón Losada Diéguez dentro do contexto da súa familia. A historia dos Losada comeza co frade franciscano Frei Veremundo, na corte do cal houbo sempre moitos devanceiros da familia. Reprodúcese tamén unha carta que Manuel Diéguez Arias,

padriño-tío de Antón Losada, envía á súa irmá Filomena onde se amosan as relacións familiares dos antepasados.

-Felipe Senén, “Moldes, escenario de amor a Galiza”, pp. 25-28. Descrición da vila de Moldes, que é definida como “catón elemental” na formación de Antón Losada Diéguez e Manuel Chamoso Lamas.

-Xaquín Losada Espinosa, “‘Un de nós’, Antón Losada Diéguez”, pp. 29-32. “Un de nós” é o lema que se atopa ó pé do monumento granítico de Antón Losada no Carballiño. A partir deste lema, faise unha aproximación da súa personalidade ideolóxica e espiritual.

-Xosé Manuel Rodríguez, “O ano do 75 aniversario da Revista *Nós*”, pp. 35-38. Artigo no que se comenta o labor xogado por A. Losada Diéguez como promotor da *Nós*, que chegou ata o número 144 e do que se cumpriu no ano 1995 o seu 75 aniversario.

-Henrique Monteagudo, “Ideas sobre a lingua de Antón Losada Diéguez”, pp. 67- 75. Artigo no que se comentan as linguas que empregou Losada Diéguez para a creación e ensaio e se fai unha nómina dos temas e asuntos que tratou en galego. Nos seus artigos sobre a lingua, amósase unha visión clara dos problemas lingüísticos que ó redor do galego había na súa época. No artigo, pásase revista a algúns deles.
-Carlos Barros, “Ascenso e caída do mariscal Pardo de Cela”, pp. 85-89. Artigos sobre o proceso de mitificación do Mariscal Pedro Pardo de Cela, a través da tradición popular tardomedieval.

Salgado, Fernando, *Lorenzo Valera*: *Crónica dunha vida atormentada*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, col. Ensaio, 1995, 362 pp. (ISBN: 84-7492-977-6).

En palabras de Xesús Alonso Montero, é unha “fermosa e documentada Crónica”, un “fito na historia dos estudios sobre Lorenzo Varela”. En efecto, Fernando Salgado recolle en *Lorenzo Varela*: *crónica dunha vida atormentada* o vivir deste galego nacido na Habana. En Cuba pasará os primeiros anos, ata que regresa a Galicia coa súa nai. Lugo, cidade que naquel entón estaba a se espreguizar cultural e politicamente, convértese no berce da súa formación: lecturas, conversas nas tertulias, amizades como as de Ramón Piñeiro ou Ánxel Fole, o Partido Galeguista, o comunismo e o Ateneo. Pouco despois ábrese unha convulsa paréntese: o mozo Varela pasa a vivi-la fervenza cultural e a crispación política do Madrid republicano, a guerra civil e o exilio mexicano. Para entón tiña xa acadado un lugar destacado na intelectualidade española (faladoiros, publicacións en revistas como *Octubre*, *P.A.N.*, *El Sol*, etc.). Tras dunha breve etapa en México, instálase en Buenos Aires. Nos primeiros tempos, desenvolve unha grande actividade. Na Arxentina colabora na fundación de revistas (*De Mar a Mar*, *Correo Literario)*, escribe artigos e poemarios (*Torres de Amor*, *Catro poemas para catro grabados* -con Luís Seoane-), traballa para editoriais e participa no Partido Comunista de España na Arxentina. Pero pouco a pouco, e sobre todo a partir da Segunda Guerra Mundial, as “muxicas de esperanza” apáganselle e o

desencanto, o escepticismo e a frustración vanse apoderando del. Fernando Salgado pon remate á crónica cun amplo Apéndice Gráfico.

Salinas Rodríguez, Galo, *Memória acerca da dramática galega*, trad. Laura Tato Fontaíña, Cadernos de teatro, nº 2, Oleiros: Elsinor Teatro, 1995, 15 pp. (D. L.: C-558-1995).

Ensaio sobre a nosa dramática, escrito en 1896, no que Galo Salinas (A Coruña, 1852-1926) trata de analiza-las causas do pouco desenvolvemento da literatura dramática. Ademais, contén unhas breves notas sobre a historia da lingua e da literatura galegas ata o momento en que escribe. A este respecto, fai un acopio de toda a literatura dramática en galego que puido consultar. Tras deixar constancia da intensa actividade teatral en Cataluña e Valencia, considera que a falta de actores e os prexuízos idiomáticos son claves no arraigamento da literatura dramática en galego. Para el, a solución está na creación de institucións, na unión e , sobre todo, na aceptación das ideas do Rexionalismo.

Seixas Seoane, Miguel Anxo, *Ánxel Casal*, Santiago de Compostela: Departamento de educación do Concello de Santiago, col. Papeis de Educación, nº 16, decembro 1995, 35 pp. (ISBN: 84-89597-00-6).

Homenaxe a Ánxel Casal. Trátase dunha bio-bibliografía básica onde M. A. Seixas (Arzúa, 1960) mestura os datos persoais co labor do autor coruñés nas escolas irmandiñas, na traxectoria da revista *Nós*, nos faladoiros celebrados no obradoiro da revista ou a súa participación, a nivel político, en distintos movementos de marcado ton nacionalista.

Referencias varias:

-Barral, I., "Los grupos municipales presentaron la unidad didáctica sobre Anxel Casal", *El Ideal Gallego*, 21 decembro 1995, p. 5. Noticia da presentación dunha unidade didáctica sobre Ánxel Casal editada polo Departamento de Educación do Concello de Santiago de Compostela. Esta unidade que inclúe unha ampla bibliografía sobre A. Casal e o seu labor no desenvolvemento de Galicia ten como obxectivo achegar ós máis novos a figura do que fora alcalde da cidade e fundador da Editorial Nós.

Sixirei Paredes, Carlos, *Galeguidade e cultura no exterior*, Santiago: Xunta de Galicia, col. A Nosa Diáspora. Da emigración á galeguidade, 1995, 274 pp. (ISBN: 84-453-1302-9).

Análise de C. Sixirei (Santiago de Compostela, 1950) a través de seis capítulos sobre a impronta que deixou a emigración sobre Galicia e a cultura e literatura galegas durante o Antigo Réxime, primeira metade do século XIX, na súa etapa cumio entre 1850 e 1930, nos anos 30, na segunda idade de ouro entre 1940 e 1960, e, finalmente, entre 1960 e 1990. Remata o libro cun balance sobre a figura do emigrante e o proceso migratorio, e cunha bibliografía selecta sobre o tema.

Tato Fontaíña, Laura, *Teatro e nacionalismo (Ferrol 1915-1936)*, Primeiro Premio de Investigación Lingüística Literaria no IVº Concurso Ricardo Carvalho Calero do Concello de Ferrol 1993, Santiago: Laiovento, col. Ensaio, nº 50, 1995, 139 pp. (ISBN: 84-87847-51-X).

Ensaio sobre o teatro galego no período que vai dende principios de século ata o comezo da Guerra Civil. Pola súa significación no panorama galego, céntrase principalmente no que acontecía en Ferrol, sobre todo, ó redor do Coro Toxos e Froles (1914) como abandeirado da causa das Irmandades. Subliña a importancia dos coros populares en xeral, en tanto que instrumentos político-culturais a prol da regaleguización de Galicia, así como o teatro culto, dirixido á clase media, do Conservatorio Nacional de Arte Galega. Tamén ofrece datos sobre a perda de obras ou sobre como a censura actuou nalgúns textos. Na parte final desta obra, inclúese unha detallada relación das obras representadas por grupos de Ferrol entre 1915 e 1936. Así mesmo, achega as biografías dos dramaturgos máis importantes de Ferrol (L. Amor Soto, Charlón e Hermida e X. Quintanilla), con retallos das súas obras máis coñecidas. Constata toda a información teatral a través da prensa da época, da que ofrece unha mostra nun anexo co que remata este traballo.

Recensións:

-Manuel F. Vieites, "*Teatro e nacionalismo*, primeira aproximación", *Faro de Vigo*,"*Faro das Letras*", nº XC, 20 maio 1995, p. 1. Ofrécese unha síntese do contido deste ensaio -ó que se cualifica de útil e ben documentado- e saliéntanse como carencias unha análise pormenorizada da relación entre o teatro e a política e o estudio comparado coa dramaturxia catalana e irlandesa, da que xa falaran Galo Salinas e A. Villar Ponte.

F. Martínez Bouzas, "Teatro e ideoloxía", *O Correo Galego*,"*Revista das Letras*", nº 57, 25 maio 1995,

4. Insístese na importancia da publicación deste ensaio como unha achega máis para a normalización cultural de Galicia. Considérase o eixo central do libro os vencellamentos entre o teatro e as posicións ideolóxicas nunha cidade tan especial como Ferrol. Tamén se subliña o carácter de reivindicación do galego que tiñan estas obras, sen descuida-la concepción da vida que os autores transmitían.

Ramón Nicolás, "Premios Carvalho Calero", *Faro de Vigo*,"*Faro das Letras*", nº XCVII, 22 xullo 1995,

3. Recensión na que se comentan os premios Carvalho Calero. Sobre o ensaio de L. Tato Fontaíña faise unha exposición detallada dos puntos fundamentais que trata.

-M. Quintáns S., "A influencia que tivo o nacionalismo no teatro", *El Correo Gallego*,"*Edición 7*", 27 agosto 1995, p. 6.

Nesta recensión xornalística destácase a relevancia de traballos como este para a recuperación do quefacer cultural galego e, neste caso, do teatro, nun contexto socio-cultural especial como foi o de Ferrol de comezos de século. Cualifícase como traballo de investigación, descritivo, aínda que se foxe de sacar conclusións. Non se considera negativo o feito de centrarse case exclusivamente na historia do Coro Toxos e Froles. En cambio, bótase de menos un tratamento máis profundo do problema da lingua.

VV. **AA**., *A cultura e a creatividade galega cara o ano 2000*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, Asociación Cultural Escola e Sociedade do I. B. Monelos (A Coruña), 1995, 150 pp. (ISBN: 84-7492-036-1).

Volume no que se recollen as conferencias desenvolvidas baixo tal título no Instituto de Bacharelato Monelos da Coruña. Os diferentes aspectos que se tratan están relacionados con distintos aspectos referidos á realidade cultural galega que, no seu momento, foron obxecto de exposición, durante o curso 1993-1994, por parte de estudiosos de variadas ramas: Xosé Luís Axeitos, Pepe Barro, Lino Braxe, Xosé Antón Castro, Miguel Anxo Fernández, Margarita Ledo, Pedro de Llano, Carlos Paulo Martínez, Miguelanxo Prado e Carlos Vales. A última poesía galega, narrativa e teatro actuais, o deseño en Galicia, a arte galega na fin do segundo milenio, cuestións audiovisuais, de fotografía, arquitectura, banda deseñada, identidade e territorio son, en concreto, os aspectos que se analizan.

Recensións:

-Manuel Rodríguez, “Creadores da cultura galega do vindero século”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, ano I, nº 11, 11 maio 1995, p. 6.

Volume que, baixo a coordinación de Xavier Seoane, dá acollida ás conferencias pronunciadas ó longo do curso 1993-1994 no centro de ensino editor por parte dunha serie de estudiosos sobre aspectos da nova realidade galega.

Valcárcel, Marcos, *A cidade da xeración Nós*, Ourense: Caixa Galicia, 1995, 192 pp. (ISBN: 84-605-3085-X).

A Aula de Cultura de Caixa Galicia publicou esta obra do historiador e profesor de lingüística e literatura galega, Marcos Valcárcel López (Ourense, 1958). Trátase dunha selección de artigos que apareceran anteriormente en xornais e teñen en común achegarse a distintos aspectos da historia e cultura de Ourense. O libro está estructurado en tres apartados: o primeiro céntrase na historia de Ourense entre os anos 1900 e 1936; o segundo recolle vintesete artigos sobre a cidade publicados antes en *La Voz de Galicia* e na última parte interésase pola época comprendida entre 1850 e 1991 dende o punto de vista literario e cultural.

Recensións:

-Luís Álvarez Pousa, “A cidade itineraria”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, “Ó trasluz”, ano I, nº 29, 14 setembro 1995, p. 6. Destaca o papel que esta obra ten no recoñecemento do pasado próximo de Ourense e do seu inmenso patrimonio, e aposta pola prosa e a intención comunicativa do *corpus*.

Referencias varias:

-E. C., “Recunchos da historia de Ourense na ollada do escritor Marcos Valcárcel”/”Ourense na ollada de Marcos Valcárcel”, *El Correo Gallego/O Correo Galego*, 12 xuño 1995, p. 12 /p. 36. O artigo preséntanos a obra de Valcárcel, colaborador habitual de *O Correo Galego*, facendo un percorrido temático polas tres partes do libro e sinalando os artigos máis salientables de cada unha delas, segundo o propio Valcárcel. É interesante a información de que a maioría dos artigos teñen como base documental a tese do autor.

Varela Iglesias, José L., (ed.), *A literatura do exilio en América*, Santiago de Compostela: Fundación Alfredo Brañas, col. Letras, nº 4, 1995, 127 pp. (ISBN: 84-88051-54-9).

Trátase dun traballo de recompilación no que José L. Varela Iglesias (Ourense, 1924) recolle as ponencias presentadas no seminario "A literatura do exilio galego en América", celebrado en Poio en 1992. As colaboracións teñen en común a análise de diversos aspectos da literatura feita na rexión do Prata por escritores que tiveron que marchar da Península nos anos da Guerra Civil.

-Dinko Cvitanovic, "A obra arxentina dos exiliados galegos", pp. 11-28. Fálanos do papel que tiñan na Arxentina dos anos 30, os españois e céntrase na penetración galega das últimas décadas do século XIX, e no labor que os galegos desenvolveron coa creación de asociacións culturais de distinto tipo, revistas, etc.

-José Manuel García de la Torre, "Sempre en Galicia: a creación artístico-literaria de Castelao", pp. 29-46. Fai unha análise de varias obras de Castelao e interésase pola situación que atopou o noso autor cando se estableceu na Arxentina.

-Anxo Tarrío Varela, “As primeiras experiencias narrativas de Eduardo Blanco Amor”, pp. 47-68. Fai un percorrido biográfico e un achegamento ó labor literario deste escritor, analizando diversos aspectos.

-Dinko Cvitanovic, “A obra literaria de Xosé Blanco Amor”, pp. 69-88. Traballo, no que ofrece unha aproximación biobibliográfica ó autor e analiza o papel que ten a preocupación polo tempo e pola conexión entre o mundo do exilio e da terra natal na súa obra.

-Darío Villanueva, “A narrativa de Rafael Dieste”, pp. 89-108. Comeza cunha referencia biográfica para aproximarse despois á narrativa do escritor.

-José Luís Varela Iglesias, “Literatura e emigración galega: Xavier Bóveda e Álvaro de las Casas”, pp. 109-127. Trátase dunha análise do que supuxo a emigración para América e ofrece unha bibliografía para aqueles que estean interesados no exilio español e a súa contribución. Por último, achéganos aspectos da obra e do papel na emigración de Xavier Bóveda e Álvaro de las Casas.

Vázquez, Dora, *Soñando con Ourense*, Ourense: Concello de Ourense (Concellería de Cultura), 1995, 71 pp. (D. L.: VG-313-1995).

Neste libro, editado polo Concello de Ourense, recóllense máis de vinte artigos publicados por Dora Vázquez (Ourense, 1913) en diversos xornais galegos -*El Ideal Gallego*, *La Noche*, *La Voz de Galicia* e *La Región*-entre 1957 e 1980, ademais dun poema, co que a autora obtivo o 2º accésit nos Xogos Florais de Ourense de 1963. O tema sobre o que xiran a totalidade dos artigos recollidos é a cidade de Ourense, as súas festas, tradicións, os seus lugares e personaxes, evocados por Dora Vázquez nunha prosa próxima ó lirismo. Preceden ó libro unhas palabras do alcalde de Ourense, así como un breve prólogo da autora, que asina tamén un epílogo no que agradece a publicación do libro.

Referencias varias:

-Isidoro Guede, "*Soñando con Ourense*", *La Región*, 1 outubro 1995, p. 20. Comentario no que se afirma o carácter poético que posúe a prosa en que está escrito o libro, e se evoca a figura da autora como ourensá que soubo recrear, dende a distancia, os momentos e os lugares vividos na súa cidade natal.

Vázquez Rey, Antonio, *Esbozo para unha Biografía de Rosalía*, versión galega Anxos García Sumai, ed., introd. e notas Manuel Pérez Grueiro, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1995, 223 pp. (ISBN: 84-7492-770-6).

Na “Introducción” explica como elaborou este libro a partir do conxunto de notas manuscritas sobre a figura de Rosalía, feitas ó redor de 1942 por Antonio Vázquez Rey. Elixiu como criterio de organización do material, o cronolóxico, e así dividiu a obra en catro partes e catorce capítulos, nos que segue ano a ano a vida e obra de Rosalía. Incorpora dous artigos en castelán, titulados “Antonio Vázquez Rey”, de Álvaro Cunqueiro e “Las Moradas de Rosalía”, do propio Vázquez Rey, e unha biografía e bibliografía do Cronista de Neda. A continuación glósanse os apartados citados e péchase a obra cun Apéndice Gráfico.

Vilavedra, Dolores, (coord.), *Diccionario da Literatura Galega*, vol. I Autores, Vigo: Galaxia, novembro 1995, 625 pp. (ISBN: 84-8288-019-5).

Neste diccionario, primeiro volume dun proxecto no que se pretende abarcar tódolos campos do fenómeno literario, universal e galego, recóllense aqueles autores que publicaron libros de creación en galego ó longo da historia, con decembro de 1994 como data límite para algunhas das entradas. O diccionario foi elaborado por un amplo equipo de investigadores, coordinado por Dolores Vilavedra (Vigo, 1963). As voces, que non seguen na súa redacción unha estructura e uns criterios fixos, ofrecen información sobre a biografía e a obra dos autores tratados, así como algunhas referencias bibliográficas nas que se especifican as fontes consultadas.

Recensións:

-L. V. C., "Galaxia xunta tódolos literatos galegos", *La Voz de Galicia*, "*Revista de Cultura*", ano I, nº 87, 21 decembro 1995, p. 7. O articulista fai un repaso a outras publicacións semellantes e recolle algunhas das características da obra que se comenta, á que se cualifica de "un deses libros que fan país".

F. Martínez Bouzas, "Todos e todas", *O Correo Galego*, "*Revista das Letras*", nº 88, 28 decembro 1995, 6.

Destácase o feito de que se recolla unha grande cantidade de autores. Discútense algúns dos criterios empregados, aínda que se acaba por concluír que se trata dunha obra imprescindible para a cultura galega actual.

Referencias varias:

-F. J. Gil, “Galaxia y Xerais lanzan dos diccionarios en gallego, de literatura y sinónimos”, *Faro de Vigo*, 2 decembro 1995, p. 42. Noticia na que se dá conta da aparición deste *Diccionario*, e do *Diccionario Xerais de sinónimos*. Sobre
o primeiro deles, destácase a intención dos autores de publicar un novo tomo co compendio crítico e informativo das obras máis importantes escritas en galego.

-Pablos, “Desde Vigo, para el mundo cultural”, *Faro de Vigo*, “Contrastes”, 6 decembro 1995, p. 7. Comentario no que se saúda a aparición deste diccionario. Pablos destaca a condición de vigueses dos autores desta obra, á que cualifica de “imprescindible”. Salienta tamén o importante número de títulos que se editan ó ano na cidade olívica.

-Francisco P. Lorenzo, “Unha ollada ós autores galegos desde a análise e a crítica”, *O Correo Galego*, 21 decembro 1995, p. 45. Noticia na que se comenta a presentación do *Diccionario*. Recóllense unhas manifestacións da coordinadora do proxecto, a profesora Dolores Vilavedra, quen afirma que o diccionario foi “resultado dun consenso entre unha suma de opinións complementarias”.

Xiz, Xulio (coord.), *Manuel María da Terra Chá*, Lugo: Citania de Publicacións, 1995, 166 pp. (ISBN: 84-8231-008-9).

Este volume, que vai acompañado dun vídeo co mesmo título, responde ó desexo de homenaxear a Manuel María co gallo dos seus 65 anos e do 40 aniversario da publicación do seu poemario *Terra Chá*. Reprodúcese o prólogo escrito por Ánxel Fole para a súa primeira edición, que leva como título "De par dun poeta", onde lembra as paisaxes que rodean á Terra Chá e louva a Manuel María, poeta de versos "sinxelos e fondos: poéticos". A continuación inclúese unha selección de poemas de *Terra Chá* e unha serie de colaboracións centradas na figura do poeta e no significado da súa obra:

-Manuel María, "Como naceu o *Terra Chá*", pp. 33-38. Lembra o poeta a xénese deste poemario dende a súa primeira versión manuscrita rematada en agosto de 1953 e elaborada en Outeiro de Rei, ata as sucesivas edicións e reelaboracións. A primeira versión viu a luz na editorial Celta, en 1954, con 55 poemas, que logo pasaron a ser 92 na segunda e 110 na terceira. O labor de corrección constante e o aumento do número de poemas son as características desta publicación, na que o chamado dende aquela "Poeta da Terra Chá" identifícase plenamente cun contorno familiar dende a súa paisaxe.

-Camilo Gómez Torres, “Manuel María e a poesía galega. *Terra Chá* na poesía de Manuel María”, pp. 39-55. Resumo da traxectoria vital e literaria de Manuel María dende *Miuñeiro de brétemas* (1950), o primeiro poemario dun autor novo trala guerra civil, un momento difícil para a publicación en lingua galega. Para o autor desta colaboración Manuel María é o símbolo do home galego fiel á súa lingua e á súa terra, o que converte a súa experiencia vital en “inmensurable”. Analiza tamén o significado e as orixes de *Terra Chá*, no que predomina a identificación plena do poeta co seu mundo da infancia, compoñente básico da súa personalidade.

-Paco Martín, “*Terra Chá*: Un Libro para un pobo”, pp. 57-60. Salienta o carácter de “libro adulto” de *Terra Chá* dende a súa primeira publicación e a particular concepción e simboloxía da paisaxe, expresada con seguridade e certeza a través da palabra poética de Manuel María.

-Xosé Estévez, “O concepto de Terra no *Terra Chá*”, pp. 61-69. Sinala Xosé Estévez a conexión de Manuel María no que se refire á humanización da paisaxe, con Noriega Varela, Crecente Vega, Iglesia Alvariño e Díaz Castro, aínda que a presencia do home e o percorrido xeográfico caracterizan de xeito particular a Manuel María. Considera o articulista que cómpre falar de “humanismo paisaxístico” ou da “corporación” da paisaxe. Así mesmo identifica un “franciscanismo topográfico” que segue os modelos de Francis James e Francisco de Asís.

-Alfonso Blanco Torrado, “Manuel María: Fondeando no silencio da Terra Chá”, pp. 71-93. Analiza as bases sobre as que se asenta todo o universo simbólico de Manuel María e que aparecen en Terra Chá, “unha Biblia que dendes a Chaira envolve a tódolos galegos”. Manuel María une o

nacionalismo a través da fidelidade á terra, á fe, e ás tradicións populares co sentimento dunha paisaxe silenciosa na que o poeta retoma os seus recordos da infancia.

-Xosé Lois García, “Aportacións para un vocabulario da flora e da fauna no *Terra Chá*, de Manuel María”, pp. 95-140. Interpreta o vocabulario sobre a flora e a fauna (aves, mamíferos, insectos) que aparece en *Terra Chá* e presenta exemplos da súa presencia nos poemas.

-Darío Xohán Cabana, “A Escola Poética da Terra Chá”, pp. 141-147. Salienta o poético e xeográfico dos poetas pertencentes á denominada Escola Poética da Terra Chá, iniciada con Manuel María, e lembra tamén a poetas como Xosé Crecente Vega e Aquilino Iglesia Alvariño, da mesma zona, dos que comenta a súa formación clásica e a expresión de xeito ben diferente á de Manuel María, do seu vencellamento coa Terra.

-Lois Diéguez, “Desde Lemos, a Chá”, pp. 149-156. Lembranza persoal de Lois Diéguez na que recrea unha anécdota que reflicte as orixes do libro *Terra Chá* e o vencellamento ineludible de Manuel María coas xentes e co espacio físico que recrea poeticamente no libro.

-Sabela Corbelle, “Saleta Goy García, dona do poeta Manuel María”, pp. 157-163. Reproducción dunha entrevista á muller de Manuel María, publicada en *El Progreso* o 31 de maio de 1993. Nela confesa Saleta Goy algúns costumes familiares e persoais do poeta. A súa vida transcorre entre a lectura, a escritura, os paseos, as viaxes, e seu traballo como procurador e a rexencia dunha librería que ambos posúen en Monforte.

V. Ensaio. Teoría Xeral. Crítica

V. 2. Monografías, reedicións e libros colectivos traducidos ou noutras linguas

Albert Robatto, Matilde, *Rosalía de Castro y Emilia Pardo Bazán*: *afinidades y contrastes*, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, col. Ensaio/filosofía, 1995, 226 pp. (ISBN: 84-7492-743-9).

Estudio sobre Rosalía de Castro e Emilia Pardo Bazán, ás que presenta como adelantadas do feminismo peninsular. O libro ábrese cun prólogo da autora na que afirma que reuniu nun mesmo volume ás dúas escritoras porque cada unha denunciou dun modo peculiar a precaria situación social feminina .Consta de sete artigos: en "*Negra sombra*: forma cerrada y forma abierta" (pp. 11-22), a autora realiza un achegamento ó poema de Rosalía e sinala o que nel é esencialmente poético. Expón diferentes opinións que mostran a diversidade interpretativa do poema. En "Contrastes en la escritura de Rosalía de Castro" (pp. 23-39) comenta a dicotomía presente na obra de Rosalía entre o existencial e o social, e sinala a raíz social do feminismo rosaliano. En "Reflexiones en torno a *Significado metafísico de la saudade*, de Ramón Piñeiro en la poética rosaliana" (pp. 41-60) aproxímase ó concepto da saudade segundo Ramón Piñeiro, exemplificado coa análise dalgúns poemas de Rosalía. En "Rosalía de Castro: entre la duda y la fe", (pp. 61124) realiza un intento de hermenéutica ó redor da poesía relixiosa de Rosalía de Castro. Sinala á conflictividade relixiosa da autora na que son determinantes a dor existencial e a preocupación social. Complétase coa análise de poemas e apreciacións críticas. No capítulo "Rosalía de Castro y Emilia Pardo Bazán: afinidades y contrastes" (pp. 125-157) fai un achegamento á

Monografías, reed. e libros colectivos traducidos ou noutras nguas

Monografías, reed. e libros colectivos traducidos ou noutras nguas

biografía de ámbalas dúas escritoras, quen a pesar das distintas circunstancias persoais e sociais, coinciden no desexo de superación persoal e na vocación literaria.

Santiago Bolaños, Mª Fernanda, *La Mirada Atlántica (Literatura gallega y peregrinación interior)*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, col. Ensaio, 1995, 171 pp. (ISBN: 84-7492-760-9).

O libro vai precedido dun prólogo de Xesús Alonso Montero titulado “Carta a Isaac Díaz Pardo sobre María Fernanda Santiago Bolaños”, datada o 20 de maio de 1995, no que o prologuista gaba o labor da autora nos cinco anos que pasou como profesora no Instituto de Ourense e sinala tamén o seu achegamento á nosa lingua como poeta alófona. Salienta ademais a contribución que supón este libro á literatura galega. A continuación, segue unha “Introducción” de Fernanda Santiago Bolaños (Madrid, 1962), que corresponde á súa intervención no Iº Congreso de Poetas Alófonos da Lingua Galega celebrado en Santiago en abril de 1993. Nela reflexiona sobre a particular concepción do tempo e do espacio ante a ollada do poeta e sobre a procura da palabra que se fixa na escrita. De seguido, inclúense cinco ensaios que xiran ó redor da obra de autores galegos dende unha lectura filosófica: “Cunqueiro y el viejo marinero enamorado”, “*A Esmorga*: peregrino del Hades”, “Rafael Dieste: peregrino del sueño”, “Luis Pimentel: un ángel muerto sobre la hierba” e “Laus lucis: de Valle-Inclán. Pecha o libro un epílogo titulado “Rosalía de Castro” no que reflexiona sobre o concepto da saudade.

Spitzmesser, Ana María, *Álvaro Cunqueiro*: *la fabulación del franquismo*, Sada: Ediciós do Castro, col. Ensaio, 1995, 164 pp. (ISBN: 84-7492-771-4).

Neste estudio, que supuxo a tese de doutoramento da autora, analízase o corpus da narrativa longa de Álvaro Cunqueiro, *Merlín y familia*, *Las crónicas del sochantre*, *Un hombre que se parecía a Orestes* e *El año del cometa*, partindo, en tódolos casos, das versións castelás. A súa intención é contradici-la opinión xeralizada de considerar a A. Cunqueiro como un escritor apolítico e evasivo e demostrar que as súas novelas "solamente tienen sentido pleno consideradas en su relación con el período en el cual emergen" e que nelas agacha un "inconsciente político". A autora descobre unha serie de metáforas políticas, parodias e paralelismos que a levan a facer unha lectura do corpus estudiado como resposta (matizada, co paso dos anos) ó rexime franquista. Considera que "la narrativa de Cunqueiro realiza una trayectoria literaria e ideológica paralela a la evolución del franquismo". Para chegar a estas conclusións, Ana María Spitzmesser toma como base teórica os estudios sobre a ideoloxía de Althusser, o estructuralismo xenético de Goldman, a teoría dos ideoloxemas de Jameson e a psicanálase, entre outros, dividindo o seu ensaio en tres niveis de análise: o histórico, o social e o formal.

V. Ensaio. Teoría Xeral. Crítica

V. 3. Publicacións en revistas

Aleixandre, María Pilar J., “Tecendo auga”, *Festa da Palabra Silenciada*, nº 11, 1995, p. 78.

Coméntase aquí o poemario *Das últimas mareas* (1994), de Ana Romaní, no que Aleixandre aprecia unha grande unidade temática, así como unha multitude de suxestións que se manifestan ó longo do texto.

Alonso Montero, Xesús, “A musa francófoba de Ramón Rey Baltar (1882-1969) e outras musas súas”, *A Trabe de ouro*, nº 24, Tomo IV, ano VI, outubro novembro-decembro 1995, pp. 55-67.

Neste artigo Alonso Montero fai unha presentación do poeta Ramón Rey Baltar. Así, tras unha breve referencia biográfica (data de nacemento, estudios, cargos desempeñados, etc.) o crítico pasa a analiza-lo seu libro *A gaita a falare*, publicado en Buenos Aires no ano 1939. Esta obra, prologada polo Dr. Sintax (Eduardo Dieste), está dividida en dous apartados que xa se sinalan no subtítulo, “Lembranzas e maldicións”. No primeiro grupo de poemas (pp. 11-104), ilustrados por Colmeiro, o autor evoca a súa infancia e a súa terra natal, Galicia, mentres que no seguinte (pp. 105-190), con ilustracións de Seoane e reproduccións de gravados de Castelao, a poesía social é o motivo. Foi a Guerra Civil a que deu azos a Rey Baltar para escribir este libro (“ya que otra cosa no podía hacer en favor de mis hermanos de patria...”). Con anterioridade publicara algúns poemas nas revistas *Galicia* de Buenos Aires e *Nova Galicia* de Barcelona. Algúns destes poemas foron recollidos en *A gaita a falare*. Posteriormente, once das “maldicións” son reproducidas no volume *Cancioneiro da loita galega*, publicado en México en 1943. A continuación, o crítico fai un percorrido pola súa producción última, 39 sátiras publicadas en *A Nosa Terra* (xornal do que Rey Baltar foi director durante unha época) contra Franco, onde o

“xeneralísimo” aparece encarnado nun porco. Esta “porcocomedia” dura dende xullo de 1944 a xaneiro de 1955. Finaliza o artigo cunha mínima antoloxía de textos (“A oración do porco”, “Disputas caseiras”, “¡Probes paxariños!” e “A Castelao”).

Anca Casal, Mª Xosé, “Unha incursión na narrativa: *Anel de mel*, de Xulio Valcárcel”, *Gume*, Asociación Cultural Monte Branco, 1995, pp. 70-71.

Recensión crítica de *Anel de mel* (1991), de Xulio Valcárcel, onde se comenta a estructura dos nove relatos que conforman o libro. O elemento erótico, presente en todos eles, é o que permite fuxir da realidade monótona que impregna ós seus protagonistas. Para a autora deste comentario os catro primeiros relatos do libro presentan un enfoque feminino, o titulado como o libro representa a unión equilibrada de home-muller e os catro últimos manifestan un enfoque masculino. A pluralidade de enfoques e perspectivas narrativas é un dos elementos máis atraíntes da obra de Valcárcel.

Angueira, Anxo, “Xosé Cid Cabido: *Panificadora*”, *A Trabe de Ouro*, nº 21, Tomo I, ano VI, xaneiro-febreiro-marzo 1995, pp. 151-152.

Recensión que se converte nunha auténtica gabanza do autor Xosé Cid Cabido e sobre todo da obra, *Panificadora* (1994), que nada máis comeza-lo artigo é cualificada de xenial. Partindo da humildade da obra, Anxo Angueira destaca esta novela que, segundo el, “encarna un dos proxectos narrativos máis orixinais, máis convincentes, e máis ricos de todos os que contemporaneamente queren protagonizar o escaparate da nosa narrativa”. Salienta o compromiso do autor, lonxe de ser panfletario, a voz da cidade (Vigo) que se converte na súa propia voz, a oralidade da súa prosa (esquemática, concreta, precisa e contundente), o narrador patoloxicamente misóxino, o humor e o erotismo.

_____, “Carlos L. Bernárdez: A emoción da terra. Poesía de Vicente Risco”, *A Trabe de Ouro*, nº 23, Tomo III, ano VI, xullo-agosto-setembro 1995, pp. 113-114.

Comentario sobre a publicación de dez poemas de Vicente Risco (oito en galego e dous en castelán) todos eles publicados entre 1918 e 1923 en *A Nosa Terra* e *Grecia*. A edición corre a cargo de Carlos L. Bernárdez, que fai unha brillante introducción na que se estudia a figura de Risco dende dúas perspectivas: como divulgador e como creador. Anxo Angueira afirma que a poesía de Vicente Risco segue a mesma liña dos seus ensaios, definidora e divulgadora dun novo galeguismo: terra, raza e nación.

_____, “III Congreso da Asociación de Escritores”, *A Trabe de ouro*, nº 24, Tomo IV, ano VI, outubro-novembro-decembro 1995, pp. 143-146.

Comentario das actividades desenvolvidas ó longo do IIIº Congreso da AELG celebrado no pasado mes de setembro. O autor analiza o contido de cada unha das mesas redondas. Na primeira, sobre a narrativa, criticouse a política editorial centrada nos premios e no mundo do ensino; na seguinte, do teatro, púxose de manifesto a escasa incidencia da literatura dramática no ámbito editorial e educativo, reclamándose a creación dun teatro nacional; e, na última, que resultou se-la máis dinámica e concorrida, reivindicouse a poesía das novas xeracións fronte ó protagonismo dos poetas dos 80, o cal deu pé a un amplo debate. Cita numerosas comunicacións de contido diverso. Finalmente, sinala que a liña do congreso foi contestada por Suso de Toro nas páxinas de *A Nosa Terra*, que o tacha de derrotista.

Araguas, Vicente, “Galicia”, *Leer. Magazine literario*, nº 76, primavera 1995, pp. 67-70.

Con motivo do décimo aniversario da revista *Leer*, Vicente Araguas fai un repaso á literatura galega neses anos. Comeza referíndose ós problemas que, segundo el, obstaculizan o progreso literario en Galicia. Entre eles cita a pouca concienciación da xuventude ante o uso do galego e o aparente anquilosamento que afecta á literatura galega por falta dun relevo xeracional. Analiza dous xéneros concretos: narrativa e poesía. En canto á primeira refírese ó perigo que conleva o feito de que os libros máis vendidos sexan lectura obrigada nos centros de ensino, o que trae consigo que os que quedan fóra desta categoría teñan o fracaso comercial practicamente asegurado. Critica a uniformidade temática e o medo á introducción de elementos novidosos, como a carga erótica, ou de novos xéneros, como o de aventuras, non suficientemente explotado, agás no que respecta á “aventura” da Guerra Civil. Tamén se refire ós premios literarios como alicientes para a creación e ó gusto que pola narrativa breve se ten no país, salientando neste apartado a autores como Cid Cabido. Neste autor e noutros como Darío Xohán Cabana, Ramiro Fonte, Manuel Rivas, Suso de Toro ou Fermín Bouza, pon a súa esperanza para a chegada dese necesario relevo. Fai referencia a escritores anteriores (Alfredo Conde, Carlos Casares, Víctor Freixanes) dos que espera máis. Finalmente achégase, máis brevemente, á poesía, na que observa o relevo xeracional. Analiza os dez anos dende a publicación da *Escolma de poesía galega 1976-1984*, de Xosé Lois García. Fala de vitalidade poética, mestura dun aluvión de tendencias que dan paso a unha recapitulación na que se observa o necesario cambio. Menciona especialmente a X. L. Méndez Ferrín e a Arcadio López Casanova, que se situarían na cúspide da hipotética pirámide de poesía en galego actual.

_____, “Las distancias cortas”, *Leer*. *Magazine literario*, “Galicia”, nº 77, verán 1995, pp. 84-85.

Resumo de novidades editoriais. Salienta a aparición da Ed. Pentalfa e a súa relación coa novela breve; fai un achegamento laudatorio a *O cervo na torre* (1994), de Darío Xohán Cabana, inclúe un rápido debuxo do seu argumento e cualifícaa de idealista e didáctica. Comenta tamén *De corpo enteiro*, de Euloxio R. Ruibal, libro que recolle historias “pintorescas” con personaxes sempre presentes en Santiago de Compostela. Detense no resumo do argumento dun deses relatos “Conxo mon amour”. Finaliza salientando a volta á narrativa histórica en obras como *As sombras do barroco* (1994), de Xesús Rábade Paredes, *Contra a casa da Troia* (1994), de Antón Capelán Rey e *Literatura galega durante a guerra civil* (1994), de Claudio Rodríguez Fer.

_____, “Siempre Alfredo Conde”, *Leer. Magazine literario*, nº 79, outono 1995, pp. 81-82.

Comentarios sobre algúns dos libros publicados no 1995. Achégase primeiro á obra de Alfredo Conde *Sempre me matan*, logo detense no polémico, por crítico, ensaio de Xoán González-Millán, *Literatura e sociedade en Galicia (1975-1990*), ó que cualifica de “manual muy útil”. No apartado “condición feminina” achégase á obra de Carmen Blanco, *O contradiscurso das mulleres*, da que di que cumpre co seu obxectivo de informar ó lector da evolución dos movementos feministas no que ós seus fundamentos ideolóxicos se refire. De seguido “Bernardino Graña al completo”, onde louva a independencia do escritor no que a modas, correntes e persoas se refire e comenta a reedición de *Profecía do mar* e a publicación de *Ardentía*, prologada por Álvarez Cáccamo e que recolle a *Obra completa* de Bernardino Graña. Por último no “Ano de Dieste” refírese a dúas das publicacións deste ano: *Obra galega completa* e *Fotobiografía*.

_____, “Un revulsivo”, *El Urogallo*, “Literatura en gallego”, nº 112-113, setembro-outubro 1995, pp. 90-92.

Contén un rápido repaso á literatura galega publicada no 1995. No primeiro de cinco apartados comenta a novela de Alfredo Conde, *Sempre me matan*. Resume o argumento e cualifícaa como unha boa novela que funcionou como revulsivo da literatura galega. O seguinte apartado titúlao “El año de Dieste”, refírese deste xeito ó autor homenaxeado no “Día das Letras Galegas” e a continuación menciona e comenta de xeito brevísimo algunha das obras que se deron ó prelo con motivo desta homenaxe. A continuación, e baixo o epígrafe “Fragmentos”, fai un breve e pouco entusiasta comentario da obra *Terminal*, de Xelís de Toro. De seguido, e co título “Nuevas colecciones”, refírese ás últimas coleccións de narrativa que deron a coñece-las editoras galegas (Pentalfa, Nigra, Xerais), detense un pouco máis na colección “Fóra de xogo” (Xerais) para facer unha breve alusión ós libros *A sombra cazadora*, de Suso de Toro e *Tristes armas*, de Marina Mayoral, reservando para esta última a súa valoración positiva. Finalmente, no apartado “La poesía”, enumera os títulos saídos no 1995, salientando os publicados pola Ed. Espiral Maior, á que cualifica como unha das mellores do país. Dá unhas breves notas dalgúns deles.

Araújo García, Mª Teresa, "*Entrevistas con A. Cunqueiro*", *Revista Galega do Ensino*, nº 8, maio 1995, pp. 207-209.

Comentario breve e laudatorio sobre o libro de Ramón Nicolás *Entrevistas con A. Cunqueiro*, que se valora aquí como "unha nova contribución na investigación da figura e obra de Álvaro Cunqueiro" que hai que "saudar".

_____, “Victoria A. Ruíz de Ojeda (ed.), *Entrevistas con E. Blanco-Amor*”, *Boletín Galego de Literatura*, nº 13, Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, maio 1995, pp. 171-173.

Recensión onde se enmarca o libro dentro da pequena tradición galega de volumes de entrevistas con autores galegos. Valórase desta nova colección “Conversas” -dirixida por Ramón Nicolás- e particularmente deste volume o feito de que o material sexa ordenado e seleccionado por un editor. Destácase da edición de Ruíz de Ojeda a coidada estructura que presenta, ademais das glosas que serven de guía ó lector.

_____, “Primeiros intentos narrativos de Darío Xohán Cabana”, *Boletín Galego de Literatura*, “Notas”, nº 14, Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, 2º semestre, novembro 1995, pp. 107-112.

Artigo no que se dá conta dos dous primeiros relatos publicados polo lucense Darío Xohán Cabana “A invasión” e “Como Lugrís aprende a pintar sereas” e se tracexan as súas claras influencias ferrinianas e cunqueirianas, respectivamente.

_____, “Literatura e sociedade en Galicia”, *Boletín Galego de Literatura*, “Libros”, nº 14, Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, 2º semestre 1995, pp. 180-182.

Recensión pormenorizada do estudio de Xoán González Millán *Literatura e sociedade en Galicia*, que se pon na liña de análise de *Silencio*, *parodia e subversión*. *Cinco ensaios sobre narrativa galega contemporánea*, publicado polo autor en 1991.

Arroyo Amaraz, Antonio, “Discurso de ingreso en la casa de don Xesús Alonso Montero”, *Revista de filología románica*, nº 11-12, 1994-1995, Servicio de Publicaciones Universidad Complutense, pp. 531-534.

Nesta recensión resúmese o discurso de ingreso na Academia do profesor Alonso Montero titulado: “Manifestos en verso en favor da poesía civil nos primeiros tempos da posguerra na Galicia da terra e na Galicia emigrante (1939-1962)”. Temos un comentario de cada unha das tres partes en que está estructurado. Na primeira, dedicada á Real Academia, Alonso Montero comenta o lema da academia e refírese á prehistoria e inicios da R.A.G. Na segunda parte céntrase na figura de Rafael Dieste, o seu antecesor no sillón que el ocupa, e salienta o comentario do percorrido cronolóxico e as contribucións do escritor á literatura galega. E, por último, na terceira parte, centrada na poesía civil galega, con Celso Emilio Ferreiro como eixe, cítanse a cronoloxía e obras da poesía civil destacadas por Alonso Montero. A recensión alude tamén á resposta de Filgueira Valverde, que comenta a obra, a traxectoria e a implicación social e política de Alonso Montero.

Axeitos, X. L., “A poesía galega nos últimos trinta anos”, *Colóquio/Letras*, “Artigos”, julho-dezembro 1995, pp.164-176.

Xosé Luís Axeitos estructura o seu estudio dos últimos trinta anos da poesía galega en sete apartados. As reflexións iniciais dedícaas a sinala-lo abandono da tendencia anterior de considerar-lo labor poético como unha responsabilidade política, “misión órfica e redentora da poesía”. De seguido, fai un rápido percorrido pola presencia e a importancia da poesía na recuperación do mundo editorial galego nos anos cincuenta. Describe as revistas que na actualidade se dedican en Galicia ó mundo poético, e atribúelle unha relativa importancia ós premios. Logo de comenta-la transcendencia da poesía civil e socialrealista nos anos da dictadura, sitúa o remate desta tendencia no ano de publicación de *Con pólvora e magnolias*, e xustifícao polo cambio político. Ó falar da transición cara a modernidade, ve unha clara influencia de Manuel Antonio nos manifestos de finais dos setenta. Na parte final do artigo, o profesor Axeitos apunta como características xenéricas da poesía galega actual as seguintes: o intimismo e individualismo, o abandono das ideoloxías e dos lugares comúns considerados clásicos, a ausencia de grupos poéticos establecidos e o “culturalismo” debido á formación académica de boa parte dos nosos autores.

Baltrusch, Burghard, “Estéticas en combate. Apuntamentos acerca dun cambio cultural e búsquedas de identidade na literatura galega contemporánea”, *Anuario de estudios literarios galegos 1994*, “Comunicacións”, Vigo: Galaxia, xuño 1995, pp. 85-96.

Reproducción dun artigo presentado no IV Congreso da Asociación Internacional de Estudios Galegos en The Queen’s College, Oxford, en decembro de 1994. Comeza analizando a estética e a literatura na actualidade galega, diferenciando dúas estéticas opostas: a galeguista, sen medios de expresión de grande alcance e sen recoñecemento, e a estatal, que se serve dos medios de comunicación e da educación institucionais. Refírese á postura dalgúns filósofos, como François Lyotard, que evita falar de *literatura* ou *literaturas*, en favor do concepto de *histoires*, “fíos que guían a producción creativa”. Este pensador considera metanarracións o cine e a televisión, ampliando o concepto de literatura cara a outras producción. Baltrusch ofrece exemplos de estéticas literarias diferentes na actualidade galega, escollendo tres autores que lle parecen relevantes: Darío Xohán Cabana -situado conscientemente na da corrente tradicional da literatura galega, como mostra en *Galván en Saor* (1989), ou en *Fortunato de Trasmundi* (1990)-, Suso de Toro -que recorre a procedementos experimentais, como sucede en *Tic Tac* (1992)-, e Antón Reixa -partidario da deconstrucción proposicional de valores simbólicos, sobre todo en *Ringo Rango* (1992), concibida como “obra de arte total”.

Bar Cendón, Mónica, "*Heloísa* de Chus Pato", *Festa da Palabra Silenciada*, nº 11, 1995, pp. 75-77.

Comentario sobre o poemario *Heloísa*, de Chus Pato, do que destaca a súa capacidade para acometer unha reconversión xenérica, debuxando un entramado secuencial de poema en poema.

_____, “No solo hilaron lana. Escritoras romanas en prosa y verso de Aurora López”, *Festa da Palabra Silenciada*, nº 11, 1995, pp. 89-91.

Recensión na que se comenta o libro *No sólo hilaron lana*. *Escritoras romanas en prosa y en verso*, de Aurora López. Despois de lembra-la bibliografía anterior da autora, resume o contido desta obra, na que se comentan as circunstancias dunhas mulleres que se atreveron a deixa-los seus pensamentos por escrito, nunha época onde era moi inusual tal feito.

Barreiro, Suso F. , “Martelos e puntas”, *Revista Galega de Teatro*. *Información Teatral*, nº 12, decembro 1995, p. 78.

Breve nota sobre a definición de tramoia no ámbito das compañías privadas de teatro galegas. Engloba varias disciplinas técnicas dentro do teatro (tramoísta, técnico de luces, de son, ...) e isto sería debido á precariedade de medios do teatro galego, con respecto ó cal expón asemade a súa opinión.

Barreiro Barreiro, Xosé Luís, “O ensaio filosófico en Galicia”, *Colóquio/Letras*, “Notas e comentários”, julho-dezembro 1995, pp. 205-209.

Logo dunha introducción na que apunta o carácter filosófico do “ser galego”, comenta as condicións nas que xurdiu o pensamento filosófico en Galicia. Achéganos unha ampla nómina de persoas que el considera que fixeron achegas neste eido e tamén os temas tratados. Describe a situación actual dos estudios filosóficos e afíns no noso país, as liñas de investigación seguidas nos mesmos e os medios de comunicación gráficos cos que contan. Detense en comenta-las ideas do ilustrados, así como o xurdimento e evolución do galeguismo e o nacionalismo. Para rematar, salienta as actividades que desenvolve a Aula Castelao de Filosofía de Pontevedra.

Beiró, Masito, “De escritores e poetas”, *Lúa Nova* (Revista da A.C.G. Rosalía de Castro de Cornellá), 4º trimestre 1995, p. 6.

Dentro da sección “Xanela Cultural” recóllense as novas da publicación da obra *A sotavento dunha singradura*, de Rafa Villar, a entrega dos premios Camilo José Cela de narrativa e Eusebio Lorenzo Baleirón de poesía. Tamén se informa do falecemento do escritor portugués Francisco Assís Pacheco.

Beramendi, Justo G., “A visión de Galicia na historiografía galeguista”, *Colóquio/Letras*, “Notas e comentários”, julho-dezembro 1995, pp. 201-204.

Análise do papel xogado polos estudios históricos no desenvolvemento das ideas nacionalistas en Galicia. Justo G. Beramendi comenta o fenómeno do “celtismo” dende as súas orixes no primeiro tercio do século XIX. Detense en estudia-la evolución ideolóxica e as principais achegas de Manuel Murguía ás teorías que lle atribúen unha orixe celta ó noso país. Dos contemporáneos e das xeracións posteriores a Murguía só salienta as achegas de López Ferreiro, Vicente Risco, Castelao e Villar Ponte.

Bermúdez, Teresa, “Mourullo: Historia do esquecemento”, *Gume*, nº 1, Asociación Cultural Monte Branco, 1995, pp. 20-29.

Artigo sobre Gonzalo R. Mourullo onde se tracexa a súa biografía, fundamentalmente na etapa de galeguista activo pero tamén despois dela, a partir dos anos 60, cando se centra na súa actividade vital: o dereito penal. Faise un interesante comentario das súas dúas obras *Nasce un árbore* (1954) e *Memoria de Tains* (1956), das que se analiza a estructura, temática e recepción crítica. Explícanse tamén os motivos que levaron a Mourullo a abandona-la creación literaria en galego.

Bernárdez, Carlos L., “Poema pra queimar na festa’, de Luís Amado Carballo”, *Boletín Galego de Literatura*, Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, nº 13, maio 1995, pp. 77-82.

O cerne desta nota ten como obxecto o comentario do último poema publicado en vida por Luís Amado Carballo: “Poema pra queimar na festa”. Faise unha análise dos diferentes aspectos do poema para concluír que con el Amado Carballo abre unha vía de aproximación cara á poesía vangardista (fundamentalmente cara ó ultraísmo e ó creacionismo).

_____, “A colección Escena do Teatro Keyzán”, *Revista Galega de Teatro*. *Información teatral*, nº 12, decembro 1995, pp. 104-105.

Infórmase dos tres títulos que puxo en circulación o Teatro Keyzán de Vigo e que se corresponden con diferentes montaxes do grupo, a saber, *Despois de Magritte*, de Ton Stoppard, *La puerta del Paraíso*, de Miguel Cobaleda e *A raposa e as uvas*, de Guilherme Figueiredo. Inclúese un breve resumo de cada unha delas, así como a súa posición e importancia dentro do universo literario. Sobre a colección, saliéntase o seu deseño, o formato, o material gráfico e a multiplicidade de colaboracións que fai que se aproxime ó que debería ser un libro de espectáculo dentro dunha montaxe teatral.

Blanco, Carmen, “Ana Romaní. *Das últimas mareas*”, *Anuario de estudios literarios galegos 1994*, “Libros”, Vigo: Galaxia, xuño 1995, pp. 230-235.

Recensión de *Das últimas mareas* (1994), de Ana Romaní, poemario que rompe un silencio de sete anos, dende a súa última entrega individual, *Palabra de mar* (1987). Afirma a recensionista que o poemario continúa a poética amorosa, existencial e solidaria de Ana Romaní, pero dende unha maior contención das palabras, que consegue un poema breve e contundente, cargado de expresión persoal. A simboloxía mariña, as mulleres de sal, a paisaxe íntima, o abismo da paixón e o labirinto, son os motivos máis recorrentes do volume. Carmen Blanco sinala tamén os riscos comúns con Xohana Torres, e as presencias de Edith Södergran, Emily Dickinson, e Rosalía de Castro.

_____, “Só sei poñer paixón en todo o que fago”, *Galicia Internacional*, nº 5, agosto 1995, p. 82.

Carmen Blanco confesa poeticamente os trazos básicos da súa personalidade e as etapas polas que tivo que pasar na procura dunha identidade. O amor, a música, a arte, a beleza, a palabra, son entre outras moitas as inquedanzas que leva no seu interior.

_____, “De mulleres e de crítica”, *Clave Orión*, nº 1, 1995, pp. 17-21.

Percorrido polas tres máis importantes correntes de crítica literaria feminista -a americana, a francesa e a inglesa-, que no presente século experimentou un avance sen precedentes, xa esbozado en figuras ou colectivos anteriores. Nesta prehistoria foi, sen dúbida, Virginia Woolf, co seu profundo feminismo integrador e rompedor de moldes xenéricos, a principal iniciadora e incitadora. Mais, di Carmen Blanco, na actualidade os escritores seguen no centro dos poderes culturais, mentres que as escritoras seguen á marxe, non suscitando unha atención equiparable por parte da crítica e dos medios de comunicación en xeral.

_____, “De musa a literata: Kathleen N. March le desde Maine a Rosalía”, *Festa da Palabra Silenciada*, nº 11, 1995, pp. 72-74.

Recensión na que se comenta o libro *De musa a literata*: *el feminismo en la narrativa de Rosalía de Castro*, do que é autora Kathleen N. March. Carmen Blanco lembra a condición de March de persoa dedicada á crítica feminista e considera que o seu estudio axuda a reinterpretar algunha das obras de Rosalía.

_____, “Rosalía de Castro: a estranxeira na súa patria”, *Colóquio/Letras*, “Artigos”, julho-dezembro 1995, pp. 81-92.

Insire a Rosalía de Castro dentro do contexto xeral do século XIX, que posibilitou a chegada da muller ó mundo da literatura. Fai un percorrido pola biografía da poeta padronesa, salientando a incidencia que exerceu na súa obra o feito de ser filla de solteira e o vivi-la infancia no medio rural. Valora positivamente o carácter autodidacta da súa formación. Segue unha rigorosa orde cronolóxica para falar de cada unha das obras escritas por Rosalía, estudia detalladamente *Follas Novas* e *Cantares Gallegos* dende un punto de vista temático. Para rematar, inclúe o poema “Estranxeira na súa patria” e coméntao, relacionándoo con outros da autora.

Blanco Rodríguez, Luísa, "*Beatum corpus*", *Revista Galega do Ensino*, nº 6, febreiro 1995, pp. 203-205.

Reflexiva e crítica recensión na que se comentan pormenorizadamente os procesos constructivos, o narrador, os xogos climáticos/anticlimáticos, o tempo, etc., na novela *Beatum corpus*, de César Cunqueiro.

Bokos Zarraga, Alberto, “A dirección escénica: do director omnipotente á figura elitida”, *Revista Galega de Teatro*. *Información Teatral*, nº 12, decembro, 1995, pp. 60-64.

Traballo teórico sobre a dirección de escena. Consta de dúas partes. Na primeira, proponse como método de análise historiográfico da posta en escena unha análise contextualizada e crítica na que se esqueza a simple perspectiva cronoloxista ou internalista. Contémplase a necesidade de abranguer un tronco común de reflexión sobre a arte dramática para tratar da dirección de escena: o texto, o espacio, a función do actor e o espectador. A segunda parte, menos teórica, céntrase na aparición do director de escena e como se foi reconsiderando esta figura ó longo do tempo, chegando incluso a acadar máis sona cós propios autores.

Boubeta, Xosé, “As salas alternativas en Galicia”, *Revista Galega de Teatro*. *Información Teatral*, nº 12, decembro 1995, pp. 13-16.

Revisión da validez do concepto de Sala Alternativa en Galicia e breve percorrido histórico polas tentativas que houbo deste tipo (Sala Luís Seoane, Grupo Caritel, e a Escola Dramática Galega) ata aborda-la situación actual: Sala Galán (Santiago, xestionada por Teatro Matarile, e que tenta programa-las últimas tendencias), a Sala Chévere (Santiago, da man da Compañía Chévere, que ofrece o último do que se está a facer en Galicia), Café do Real (Moaña, levado polo Teatro do Morcego) e, en Porriño, o Café Liceum, que ofrece sobre todo espectáculos teatrais.

Cacheiro Varela, Maximino, “Gerardo Diego e Otero Pedrayo”, *Nordés*, nº 21-22, nadal 1994-outono 1995, pp. 41-48.

Artigo exhumatorio onde se reproduce un poema en castelán que Gerardo Diego dedicara a Otero Pedrayo e o prólogo, en galego, que este último lle fixera ó primeiro para o seu libro *Ángeles de Compostela*.

Campos, Xavier, "*Con pólvora e magnolias*. X. L. Méndez Ferrín. *Ilustrísima*. Carlos Casares", *Boletín Galego de Literatura*, "Libros", nº 14, 2º semestre 1995, pp. 177-179.

Recensión conxunta de dúas guías de lectura publicadas pola editorial Sotelo Blanco: *Con pólvora e magnolias*. *X. L. Ferrín*, de Marta Dacosta, e *Ilustrísima*. *Carlos Casares*, de Xosé María Moreno. Ambos textos son criticados constructivamente e destácase neles o seu didactismo e, en xeral, a claridade expositiva.

Casas, Arturo, “Perante o tempo escrito. A indagación poética de Álvarez Cáccamo”, *A Trabe de Ouro*, nº 22, Tomo II, ano VI, abril-maio-xuño 1995, pp. 35-42.

Artigo que parte da concepción da linguaxe como elemento indispensable para certas artes, entre elas a poesía, para tratar a continuación un dos momentos inflexivos desta: a xeración dos 80. Tras repasa-la noción de xeración e rexeitar este termo dende unha orientación biolóxico-positivista (datas de nacemento, asistencia a tertulias ou localización xeográfica) para defendelo dende un punto de vista sociolóxico-cultural (a misión colectiva, afinidades, etc.), cita unha serie de características comúns ós poetas da xeración dos 80: ensanchamento da temática, autonomía da palabra poética, aparente perda de inmediatez socialhistórica do discurso lírico, incorporación do erotismo, etc. A continuación, céntrase na figura de Xosé María Álvarez Cáccamo e na súa obra poética, da que dá unha serie de características (esmero no tratamento da lingua, renuncia á linguaxe coloquial e ó prosaísmo, rexeitamento da estrofa, notable acoutamento temático, etc.). Cita despois algúns dos poetas galegos cos que coincide na súa aspiración de consubstanciar pensamento e poesía (Rosalía de Castro, Iglesia Alvariño, Eduardo Moreiras, Antón Tovar, Xohana Torres, Cuña Novás ou Méndez Ferrín) así como coa producción da xeración española dos 50. Resalta, así mesmo, dúas peculiaridades da obra de X. M. Álvarez Cáccamo: en primeiro lugar, a súa grande tensión intertextual e, en segundo lugar, a opción por unha poesía de raíz

dramática na que se favorece unha ilusión de acción (o conflicto representado é puramente interior) que é, en realidade, unha reconsideración da vida propia ou unha confesión onde ocupan un lugar destacado os mortos cos que busca unha fusión, unha reunión do que foi separado. Tamén deste segundo aspecto fai o crítico un estudio da temporalización do espacio así como da espacialización do tempo (unha nova fusión das coordenadas cronotópicas do texto).

_____, “*A torre da derrotA*”, *Colóquio/Letras*, “Recensões críticas”, julho dezembro 1995, pp. 247-249.

Arturo Casas atribúelle á poesía galega dos últimos quince anos dúas características: a procura dunha linguaxe poética nova e a ausencia de escolas ou tendencias poéticas que facilitan a discusión literaria. Esta última característica é valorada negativamente por provoca-la ausencia dunha “crítica eficaz e independente”. Sitúa a Gonzalo Navaza nesta etapa da nosa poesía, e comenta *Fábrica íntima* (1991) e *A torre da derrotA* (1992). No primeiro detecta “un diálogo coa concepción medieval do quefacer poético”, que se mantén en *A torre da derrotA* e que está acrecentada pola concepción desta obra a base de palíndromos. Finalmente, analiza as influencias que recibiu o escritor de Lalín para escribir este poemario.

Carro, Xavier, “Galicia desde Londres, unha recuperación imprescindible”, *Grial*, nº 125, Tomo XXXIII, xaneiro-febreiro-marzo 1995, pp. 151-154.

Recensión de *Galicia desde Londres*, de Antonio Raúl de Toro Santos (1994). Recuperación imprescindible para a historia do galeguismo de posguerra das emisións que, entre 1947 e 1956, se facían na BBC, baixo a coordinación de Alejandro Raimúndez e Francisco Fernández del Riego. Trátase de programas de carácter cultural de extrema importancia polo que supoñen de recuperación e coñecemento da identidade propia de Galicia na posguerra.

Castro, Francisco, “O escritor na televisión”, *Luzes de Galiza*, nº 26, ano 1995, pp. 34-35.

Artigo desenfadado sobre o poder da imaxe na sociedade actual mesmo para os escritores. Analiza as relacións entre literatura e televisión e afirma a modo de consello “o único xeito de triunfar na vida, e na Literatura, é conseguindo unha imaxe seductora capaz de entrar (dun xeito rendable) no espectáculo televisivo”.

Castro, Luisa, “Afeccións”, *Galicia Internacional*, “Posdata”, nº 3, xullo 1995, p. 82.

A escritora reflexiona sobre as afeccións dos escritores en xeral e das súas en particular, indicando que non considera que posúa ningunha en concreto. Destaca o seu amor polas cousas vellas e inútiles, e a súa paixón infantil por ser como Nadia Comanecci.

Castro, Pilar, “Perfil esbozado da nova cantiga”, *Grial*, nº 125, Tomo XXXIII, xaneiro-febreiro-marzo 1995, pp. 127-131.

Os comezos de século XX supoñen a toma de contacto coa tradición dos cancioneiros medievais, fundamentalmente a partir da edición das cantigas de amigo en 1928, a cargo de J. J. Nunes, e da creación do Seminario de Estudos Galegos en 1923. Dentro dunha ampla nómina de cultivadores da poesía ó xeito dos vellos cancioneiros, cómpre salienta-lo labor de Fermín Bouza-Brey, Xosé Filgueira Valverde e Álvaro Cunqueiro.

_____, “*Última fuxida a Harar*”, *Colóquio/Letras*, “Recensões críticas”, julho dezembro 1995, pp. 245-246.

Ó achegamento inicial á figura de Antón Avilés de Taramancos, séguelle unha recensión crítica da súa derradeira obra, *Última fuxida a Harar*, publicada por Espiral Maior no 1992, ano da morte do poeta de Noia. Despois de xustifica-lo afastamento con respecto ós compañeiros de xeración, Pilar Castro céntrase en comenta-las representacións que o motivo da fuxida adopta en cada parte do poemario, atribuíndolle influencias de Manrique.

Castro Beizona, Francisco Xavier, “Monte Branco: A herdanza do bardo”,

Gume, nº 1, Asociación Cultural Monte Branco, 1995, pp. 4-7.

Percorrido pola historia e actividades da bergantiñá Asociación Cultural Monte Branco do Couto-Ponteceso. Dende que naceu no 1984 vén desenvolvendo numerosas actividades tanto no ámbito cultural, en xeral (celebración de xornadas agrarias, cursiños de marquetería, modelado de barro), coma no literario (actos arredor do Día das Letras Galegas, faladoiros, publicación de libros, celebración de congresos).

Castro Erroteta, Xosé Mª de, “Oxford, a cultura galega e o mundo enteiro”, *Luzes de Galiza*, nº 26, 1995, p. 5.

Crónica do IVº Congreso da Asociación Internacional de Estudios Galegos celebrado en Oxford entre os días 26 e 28 de setembro do 1994. Esta Asociación, fundada hai doce anos, é a única dedicada ós estudios galegos que ten carácter internacional. O Congreso, que tivo lugar na Aula Magna da Taylor Institution, foi aberto por John Rutherford, e a catedrática de Filoloxía Hispánica de Oxford, Rebecca Posner, foi a encargada da primeira conferencia, que tivo por título “Importance of Galician for Romance Studies and for Europe”. Contou este congreso con catorce seminarios, onde se presentaron case cen ponencias que trataron os máis diversos aspectos (gramática, traducción, literatura, música, arte, sociolingüística e historia). Entre os profesores asistentes destacan o xa citado John Rutherford, Collin Smith, David Mackenzie, Stephen Parkinson, Antón Risco, Rosario Álvarez, Xusto Beramendi, Camino Noia, Lourenzo Prieto, etc. Neste artigo faise tamén o anuncio do Vº Congreso que terá lugar na cidade alemana de Trier.

Conchado, Diana, “Darío Xohán Cabana. *Canta de cerca a morte*”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1994*, “Libros”, Vigo: Galaxia, xuño 1995, pp. 211-214.

Recensión de *Canta de cerca a morte* (1994), de Darío Xohán Cabana, poemario elexíaco, que lembra a figura do pai morto, Ricardo Cabana Ben, a quen vai dedicado o volume. A recencionista analiza a estructura do libro, dividido en tres partes. A primeira rescata a personalidade e as lembranzas do pai morto, a segunda centrada na morte dunha rapaza nova, Nahír, e a terceira, de ton máis vitalista, que xira arredor da forza do amor que sobrepasa mesmo a morte. Así mesmo, sinala as recorrencias formais -repeticións, interrogacións retóricas, etc.-, o acertado da elección do soneto como canle expresiva da tensión vida/morte, o paso do tempo, a impotencia, e a simboloxía presente nos poemas -a casa familiar e o tópico do *ubi sunt*.

Costa Clavell, Xavier, “El hórreo literario. Méndez Ferrín: el mejor escritor gallego vivo”, *Galicia Internacional*, nº 2, marzo 1995, pp. 64-66.

Co gallo da aparición das traduccións ó castelán de *Con pólvora e magnolias* e de *Arraianos*, faise un repaso pola obra e pola vida do escritor, resaltando o seu papel fundamental na nosa literatura contemporánea e o seu compromiso ético e estético. Finalmente, reclámase a traducción ó castelán do resto da súa obra poética e narrativa.

_____, "*Agosto do 36*: os 'paseos' en Galicia", *Lúa Nova* (Revista da A.C.G. Rosalía de Castro), 1º trimestre 1995, p. 20.

Logo dunha descrición da vida real e da grande diferencia que esta presenta con respecto á vida oficial na Galicia da Guerra Civil, o autor do artigo presenta a obra de Xosé Fernández Ferreiro, *Agosto do 36*, da que gaba o realismo das descricións así como a boa selección dos elementos narrativos. Estes elementos convértena, a xuízo de Costa Clavell, nunha das obras máis interesantes sobre a represión franquista.

Dacosta, Marta, "*O devalo do mar*, de Rafa Villar", *Festa da Palabra Silenciada*, nº 11, 1995, pp. 81-82.

Comentario sobre o poemario *O devalo do mar*, de Rafa Villar, do que se destacan, como claves esenciais, a interpretación da vivencia do mar e a identificación que existe da muller amada con ese mesmo mar.

Díaz Fernández, Antonio, “Homenaxe a Luís Seoane”, *Lúa Nova* (Revista da A.C.G. Rosalía de Castro), 2º trimestre 1995, p. 23.

Breve nota informativa da presentación do libro *Homenaxe a Luís Seoane* publicado pola Asociación Rosalía de Castro en colaboración coa Deputación de Barcelona e coordinado por Moncho Ramos.

_____, “Concurso nacional de poesía en lingua galega”, *Lúa Nova* (Revista da A.C.G. Rosalía de Castro de Cornellá), 4º trimestre 1995, pp. 26-29.

Nota informativa sobre o fallo do xurado do premio de poesía que convoca a Asociación Rosalía de Castro, inclúe unha antoloxía con parte dos poemas premiados.

Díaz Fernández, José María, "El sacerdote D. Manuel Rico Prieto, en mi recuerdo", *Mondoñedo*, nº 40, marzo 1995, p. 4.

Longo comentario no que, en clave autobiográfica, o seu autor rememora a figura do escritor e presbítero mindoniense Manuel Rico Prieto e dá noticia dalgunhas das súas obras.

Dobarro Paz, Xosé Mª, “Libro de poemas para un prólogo que ninguén escribiu”, *Gume*, nº 1, Asociación Cultural Monte Branco, 1995, pp. 68-69.

Texto que tería que ter aparecido como prólogo de *Unicornio de cenorias que cabalgas os sábados* (1994). Fai unha breve semblanza do grupo Ronseltz dende a súa aparición no ano 1985, comenta a andaina dos seus compoñentes e resume a súa concepción poética.

_____, “Inventario da producción lírica do primeiro rexurdimento (1840-1863), *Anuario de estudios literarios galegos 1994*, “Estudios”, Vigo: Galaxia, xuño 1995, pp. 51-65.

Artigo que anuncia o propósito de facer inventario de tódalas obras galegas en verso, escritas con anterioridade a 1863, data da publicación de *Cantares Gallegos*, de Rosalía de Castro, período que Carballo Calero denomina “dos precursores”. Pretende tamén propoñer unha data para algunhas composicións. O traballo enmárcase dentro do proxecto “Inventario da producción literaria galega do século XIX”, que subvencionan as Universidades da Coruña e de Santiago de Compostela.

Dourado Deira, M., “As sombras do barroco”, *Grial*, “Libros”, nº 126, Tomo XXXIII, abril-maio-xuño 1995, pp. 283-286.

Recensión de *As sombras do barroco*, de Xesús Rábade Paredes. Segunda e terceira parte desta triloxía novelesca iniciada con *Branca de Loboso* e agora continuada con *Memorias dun expósito* e *Aldo Polo en Santiago*. Trátase dunha obra que aproxima feitos e personaxes da época do Barroco, na cal se xeraron os fortes complexos históricos de inferioridade que afectan a Galicia, e tenta fomenta-la memoria crítica, indispensable para unha sociedade. Expósito Maseda, Recesvinto de Cuenca, Branca de Loboso, tres protagonistas dunha orde social de forte dominio eclesiástico, con moita explotación, inxustiza e perversidade, e na que o tribunal acusador do Santo Oficio opera amparado nunha suposta revelación verticalista.

Durão, Carlos, “Impressoes de Guerra da Cal em Londres”, *Agália*, nº 41, primavera 1995, pp. 61-66.

Denuncia a permanente falta de interese das institucións galegas pola personalidade de Guerra da Cal ó tempo que pasa revista ás conversas que ambos mantiveron en Londres, parladoiros que se estenderon dende finais da década dos oitenta ata principios da dos noventa. Moitos foron os temas por eles tratados e neste artigo reflectidos como a súa estadía nos EE. UU. despois da Guerra Civil, as amizades de Américo Castro, Navarro Tomás e sobre todo F. García Lorca, os seus heterónimos, a súa poesía ou a realidade galega que lle tocou vivir.

Espiña, Manuel, “M. A. Laxe Freire: Semente de onte...”, *Encrucillada*, nº 95, novembro-decembro 1995, pp. 538/96-539/97.

Parte do cualificativo de “novela de corte clásico” para ir facendo un percorrido polo argumento de *Semente de onte* (1994), de M. A. Laxe Freire. Sitúa os recursos narrativos, singularmente a multifocalidade da información que chega ó lector, como a faceta máis innovadora desta obra. Boa parte da análise efectuada por Manuel Espiña céntrase no papel da Igrexa e na visión do clero que se presenta na novela, salientando sobre todo a simpatía de Laxe Freire por aqueles clérigos comprometidos cos problemas da sociedade na que están inmersos. Para rematar, lembra que o achegamento a un interesante pasado, cada vez máis afastado do presente, é a intención do autor de *Semente de onte*.

Even-Zohar, Itamar, “Planificación da cultura e mercado”, *Grial*, nº 126, Tomo XXXIII, abril-maio-xuño 1995, pp. 181-200.

Unha vez que se perfila o concepto de cultura, realízase unha proposta de variadas posibilidades a respecto das relacións existentes entre a planificación cultural e as forzas de mercado, en tanto que factores determinantes na organización da vida social e individual. Referencia á situación galega, onde se ten producido un fracaso na recuperación do galego, namentres que, pola contra, se teñen acadado os obxectivos fundamentais da entidade galega.

Fernández, Carlos, “A visión da historia de Vicente Risco”, *Grial*, nº 128, Tomo XXXIII, outubro-novembro-decembro 1995, pp. 477-493.

Influencia decisiva dos representantes fundacionais do irracionalismo moderno, Nietzsche e Spengler, na interpretación do pensamento de Vicente Risco. A insistencia na súa obra en se referir a factores alleos ó que polo xeral se entende por razón para explica-los feitos dos homes e a evolución das culturas permiten falar de irracionalismo en Risco. O espiritualismo de Risco, cerna do pensamento e constante na súa obra, ten un carácter pasatista e antiprogresista. En *Las tinieblas de Occidente* obsérvanse moitos dos trazos salientables do seu pensamento. Pero será no artigo “Política do noso tempo”, publicado en *A Nosa Terra* en 1928, onde se advirta un cambio conceptual, na incorporación do concepto de *Volksgeist* no seu pensamento, ó se falar agora, no canto do espírito singular e transcendente, de espíritos en plural, incardinados en pobos e civilizacións e actuantes na mentalidade e nas súas concepcións do mundo.

Fernández del Riego, Francisco, “O pasado e a novedade no noso país”, *Raigame*, nº 1, Ourense: Deputación de Ourense, decembro 1995, pp. 31-35.

Reflexión sobre a escrita e os escritores galegos dende o século XIX ata a actualidade. Sinala o articulista dous compoñentes esenciais na literatura galega: a fidelidade á tradición e a vocación universalista. Considera que a mestura de ambos aspectos producirá a “regaleguización de Galicia”. Detense especialmente na Xeración Nós para salienta-lo carácter de mestres destes homes que introduciron as influencias europeas na literatura, e impulsaron o ensaio nas nosas letras como forma vixente e moderna de pensamento.

_____, “Renacencia, no exilio e no interior, da cultura galega mutilada pola guerra civil”, *Colóquio/Letras*, “Artigos”, julho-dezembro 1995, pp. 134-147.

Francisco Fernández del Riego inicia este artigo cunha relación das consecuencias que tivo a Guerra Civil para a nosa cultura. De seguido, describe as actividades desenvolvidas polos exiliados galegos de América: creación de editoriais e coleccións literarias, mostras artísticas, programas de radio, etc. De entre os expatriados, salienta o traballo político de Castelao e as contribucións de Luís Seoane para “xuntar ós elementos escamallados para afrontar unha obra común”. Comenta a situación da intelectualidade galega que se mantivo no país, e dá conta do tímido reinicio das actividades culturais nos anos anteriores a 1950 da man de *La Noche* e da editorial Galaxia. Salienta a apertura desta editorial ós autores máis novos, a multiplicidade de campos nos que traballou, ademais de apoia-la aparición de novas publicacións periódicas como *Grial*. A última parte do artigo está dedicada á Biblioteca “Penzol”, e a comenta-la progresiva importancia dos grupos poéticos e das Agrupacións culturais durante o franquismo.

_____, “Guerra da Cal. Poeta e filólogo galego-português”, *Colóquio/Letras*, “Notas e comentários”, julho-dezembro 1995, pp. 223-225.

Percorrido pola vida e obra de Ernesto Guerra da Cal, meses despois do seu pasamento. Francisco Fernández del Riego lembra o seu primeiro encontro e a posterior relación persoal co filólogo galego. Salienta o feito de ter sido un dos introductores dos estudios de portugués nos Estados Unidos, e tamén a súa contribución á creación do Instituto Luso-Brasileiro. Detense en comenta-lo pormenorizado estudio que fixo da obra de Eça de Queiroz. Non esquece tampouco a faceta poética do autor ferrolán, e as críticas positivas que recibiu pola mesma.

Fernández Freixanes, Víctor, “A narrativa galega dos últimos anos: A Nova Fronteira”, *Colóquio/Letras*, “Artigos”, julho-dezembro 1995, pp. 177-190.

Iniciase o artigo cunha descrición da situación socio-política galega nos anos previos á morte do xeneral Franco. Sitúa a obra *Dos anxos e dos mortos* (1977) de Ánxel Rei Ballesteros como a fronteira entre a narrativa galega anterior e a máis recente. Atribúelle grande importancia á Nova Narrativa Galega e ás publicacións dos escritores clásicos como precedente das tendencias actuais. Tenta agrupa-los autores pola data de publicación das súas obras. Caracteriza a época recente da nosa narrativa pola variedade temática e a “pluralidade de rexistros”. Por veces, o achegamento de Freixanes redúcese a unha enumeración de tendencias temáticas e a unha agrupación de obras baixo eses temas. Remata o artigo salientando o pulo da literatura infantil e xuvenil nos últimos anos debido á presencia da lingua no ensino.

Fernández Martínez, Luciano, “A edición facsímile de *Aturuxo*”, *Grial*, nº 125, Tomo XXXIII, xaneiro-febreiro-marzo 1995, pp. 145-147.

Crítica da edición facsímilar de *Aturuxo* (1994), realizada polo Centro Ramón Piñeiro. Sinala numerosas deficiencias no estudio que acompaña á revista, falta de criterio nalgunhas ocasións e mesmo descompensacións no repertorio biobibliográfico que inclúe a revista.

Fernández Rodríguez, Áurea, “O papel da traducción no sistema lingüístico e literario nacional: o ámbito galego”, *Grial*, nº 128, Tomo XXXIII, outubro novembro-decembro 1995, pp. 541-554.

Artigo que remarca o importante desenvolvemento da traducción dende os anos 60, que pasa a ser un campo de investigación privilexiado. A autora toma como modelo de primeiras traduccións as efectuadas no Renacemento, aínda que no caso do galego hai que esperar ás revistas *Nós* e *Grial* para ve-las primeiras traduccións de fragmentos de obras de interese, de xeito consciente e deliberado. Logo abórdanse algunhas versións, á parte de textos filosóficos, da mellor literatura que apareceron en galego. Así, son de cita-la *Escolma de poesía céltica*, de Julius Pokorny, versionada do alemán ó galego antes ca ó castelán, a primeira traducción feita na península do *Ulises*, de Joyce, feita por Otero Pedrayo ou, *Flor de diversos*, *escolma de poetas traducidos*, a cargo de Álvaro Cunqueiro.

Ferreiro Fente, Xosé Gregorio, “Castelao: un poema inédito de Lorenzo Varela”, *Boletín Galego de Literatura*, nº 13, Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, maio 1995, pp. 83-86.

Dáse á luz o poema inédito “Castelao”, de Lorenzo Varela, que foi atopado no arquivo de Maruxa Seoane.

Figueroa, Antón, "Xoán González-Millán: *Literatura e sociedade en Galicia (1975-1990)*", *A Trabe de Ouro*, nº 23, Tomo III, ano VI, xullo-agosto-setembro 1995, pp. 115-118.

Recensión da obra de Xoán González-Millán, *Literatura e sociedade en Galicia (1975-1990)*, na que se fai un percorrido polos distintos títulos que o autor determina, agrupados en dúas perspectivas diferentes da literatura. En primeiro lugar aparecen os feitos externos á obra literaria (os procesos institucionais, o mundo editorial e os premios literarios) e, a continuación, trátanse os feitos relacionados coa propia producción textual ("Unha nova literatura" e "A narrativa, un xénero privilexiado"). O crítico considera útil este traballo pois racha coa concepción das historias da literatura nas que os autores e as obras aparecen perfectamente ordenados a xeito de cromos nun álbum. Antón Figueroa comenta, finalmente, o aparente descontrol da obra pero isto é froito da realidade que non admite etiquetas nin clasificacións.

_____, “Literatura, sistema e lectura”, *Anuario de estudios literarios galegos 1994*, “Comunicacións”, Vigo: Galaxia, xuño 1995, pp. 97-107.

Reproducción dun artigo presentado no encontro *Literatura galega*: *¿Literatura nacional ou subalterna?*, celebrado en Mondoñedo en setembro de 1994. Antón Figueroa comeza facendo a distinción entre *literatura como acto* -cando o autor constrúe un texto que o lector debe encher na lectura-, e *literatura como feito* -nun tempo e nun espacio social concreto. Aplica esta distinción para dilucidar se a literatura galega é ou non é *subalterna*. Analiza ademais a perspectiva do lector cando se enfronta a un texto, xa que as diferentes referencias que ten na súa mente e os seus coñecementos persoais inflúen de xeito decisivo na comprensión e interpretación do texto, a relación do sistema literario galego con outros sistemas, en especial co sistema español e portugués, e apunta unha serie de conclusións ó respecto.

Filgueira Valverde, Xosé Fernando, “O esplendor medieval”, *Colóquio/Letras*, “Artigos”, julho-dezembro 1995, pp. 31-39.

O extinto polígrafo Filgueira Valverde achéganos unha panorámica xeral da literatura galego-portuguesa na Idade Media. Comeza analizando a importancia que nesta etapa xogou o cristianismo e o Camiño de Santiago como vía de entrada da influencia provenzal. Logo de dar unha notas sobre o teatro e a prosa medieval, céntrase na lírica. Nomea os principais trobadores agrupándoos segundo as sús tendencias poéticas e segundo a temática das súas composicións. Refírese con máis detemento ós autores nados en Compostela e que teñen a capital galega como punto de referencia. Dedícalle un apartado especial, “Catro poetas maiores” a Pero da Ponte, Airas Nunes, Joam Airas e Pai Gómez Chariño. Describe o traballo cultural desenvolvido na corte de Afonso X, tratando especialmente “as cantigas de Santa María”. Para rematar, apunta as causas do decaemento desta situación que orixinará os Séculos Escuros.

Flitter, Derek, “Natureza simbólica e exilio interior na poesía galega de Rosalía de Castro”, *Anuario de estudios literarios galegos 1994*, “Comunicacións”, Vigo: Galaxia, xuño 1995, pp. 109-121.

Análise da natureza nos poemarios fundamentais de Rosalía, *Cantares Gallegos* e *Follas novas*. O autor percibe o vencello entre a poesía e o mundo natural na poética de Rosalía, así como a presencia da paisaxe orgánica, expresada por medio de símbolos e metáforas naturais, que levan a considerar *Cantares Gallegos* lonxe da súa clasificación de poesía costumista romántica. As múltiples imaxes que emprega Rosalía da súa concepción da paisaxe, a contraposición clara Castela/Galicia e a influencia que pode observarse nalgúns poemas da tradición pastoril ou da pastorela provenzal son os argumentos máis destacados deste estudio.

Fonte, Ramiro, “O ensaio”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1994*, “Panorámicas”, Vigo: Galaxia, xuño 1995, pp. 151-155.

Análise da presencia do ensaio no espacio literario galego, no que se nota, segundo o articulista, o dominio dos xéneros de ficción e a carencia da crítica como xénero aberto ó pensamento. Sinala tres liñas diferentes de ensaio galego, tomando como exemplos tres obras publicadas ó longo do ano 1994, *Literatura e sociedade en Galicia (1975-1990)*, de X. González-Millán, traballo que tenta amosa-la “anormal normalidade” da literatura galega nunha primeira toma de contacto cunha sociedade literaria complexa, *Rafael Dieste e a súa obra literaria en galego*, de Arturo Casas, da que salienta o diálogo que o autor mantén coa obra de Dieste dende unha perspectiva comparatista, e *A poesía de Aquilino Iglesia Alvariño*, de Luciano Rodríguez. Estas tres obras significan os intentos de asomo do ensaio na literatura galega.

_____, “*Prometo a flor de loto*”, *Colóquio/Letras*, “Recensões críticas”, julho dezembro 1995, pp. 241-242.

Percorrido pola traxectoria poética de Luz Pozo Garza dende os inicios, nos anos cincuenta, ata a obra *Prometo a flor de loto*, publicada en 1992 pola Deputación Provincial da Coruña. Analiza máis detidamente as características temáticas e estilísticas deste último poemario, cualificado de “poesía de madurez”, salientando o intimismo, as referencias cultas e a elegancia no léxico. Comenta a grande influencia exercida pola morte de Eduardo Moreiras, poeta e esposo da autora, ratificada no ton elexíaco dalgunhas composicións, e na conxunción de “amor vivido e morte” ó longo da obra.

Fortes, Ana Belén, "*Miss Ourense*", *Colóquio/Letras*, "Recensões críticas", julho dezembro 1995, pp. 254-255.

Despois de facer unha síntese temática das anteriores obras de Bieito Iglesias, Ana Belén Fortes céntrase en *Miss Ourense*, publicada por Galaxia no 1994. Desta obra, salienta o equilibrio constructivo, a imaxinación e a riqueza expresiva por mesturar distintos rexistros lingüísticos. Fai un breve resumo do argumento e compara *Miss Ourense* con outras obras do xénero negro. Atopa moitas semellanzas de estilo entre Bieito Iglesias, Vázquez Montalbán e Eduardo Mendoza, especialmente no tratamento do humanismo.

Franco, Camilo, “Teatro en Galicia, o debate perdido”, *Galicia Internacional*, nº 5, agosto 1995, p. 67-72.

Realízase un percorrido polo panorama teatral galego actual, recollendo as opinións de diversos personaxes vencellados e este mundo, como os directores de teatro Cándido Pazó, Xulio Lago e Ánxeles Cuña. A reportaxe complétase cun artigo do tamén director teatral Eduardo Alonso e outro sobre a última montaxe do Centro Dramático Galego firmado por C. F.

Fuentes, Moncha, “Darío Xohán Cabana: *O cervo na torre*”, *A Trabe de Ouro*, nº 22, Tomo II, ano VI, abril-maio-xuño 1995, pp. 123-125.

Recensión laudatoria do libro de Darío Xohán Cabana, *O cervo na torre*, que foi merecedor do Premio Xerais de novela. Para Moncha Fuentes esta obra non só se constrúe para o lecer senón tamén para a reflexión. Comenta que está estructurada en cinco partes e narrada en terceira persoa e que sitúa a acción nun ambiente vagamente medieval pero con detalles puntuais pertencentes ó século XX. Ó longo do artigo vaise contando o argumento a grandes trazos sen omiti-lo desenlace. A única tacha que presenta a obra en opinión de M. Fuentes é que no apartado “Camiño de Casteldouro” a acción ralentízase en exceso sen ningún motivo aparente, é dicir, carece de funcionalidade narrativa e faise reiterativa.

Gallego Gallego, Isabel, “Ramón López Vázquez.. *Celestino Fernández de la Vega*: *Pensamento universal desde a provincia*”, *Revista de filología románica*, nº 11-12, 1994-1995, Servicio de Publicaciones Universidad Complutense, pp. 512-518.

Recensión na que se analiza a publicación de López Vázquez sobre Celestino Fernández de la Vega publicada no ano 1993. Faise referencia á estructura do libro, que consta dun preludio, prólogo e sete capítulos, e achéganseno-las ideas do filósofo salientadas polo seu estudioso. Apúntanse aspectos do pensamento filosófico do pensador lucense e sobre todo saliéntase a importancia que este lle deu a Galicia ó longo da súa vida, centrándose especialmente no papel de Rosalía como descubridora do ser dos galegos. Coméntase tamén o papel do humor como actitude ante a vida e a consideración do galego como pobo especialmente sensibillizado ante o problema do humor. Nesta liña cítanse nomes como Valle Inclán, Xulio Camba, Castelao, etc.

García, Xosé L., “Galicia supera os cen lectores por cada mil habitantes”, *Grial*, nº 128, Tomo XXXIII, outubro-novembro-decembro 1995, pp. 603-604.

Recensión do libro de Bernardo Díaz Nosty, *Comunicación social 1995/Tendencias*. Indícase que Galicia é a undécima comunidade que supera o índice de cen exemplares por cada mil habitantes, no que ó consumo de prensa se refire. No informe constátase que segue a haber un desequilibrio entre as provincias galegas, a tendencia á integración de varias cabeceiras rexionais en grupos empresariais, a descentralización cada vez maior da prensa de Madrid, a reactivación da radio ou a cada vez maior suxeición nos contidos dos medios de comunicación a criterios mercantís.

García, Mario, "*Cartas de Pascoaes e Cebreiro*. *Epistolário galaico-português*", *Colóquio/Letras*, "Recensões críticas", julho-dezembro 1995, pp. 236-237.

Comenta o contido da correspondencia existente entre o escritor portugués Teixeira de Pascoães e o pintor galego Álvaro Cebreiro acudindo a citas da obra *Cartas de Pascoães a Cebreiro*. *Epistolário galaico-português*. Analiza a relación entre os escritores galegos do segundo Rexurdimento e o poeta portugués.

García Arranz, Carlos, "X. R. Freixeiro Mato. *Da montaña ó corazón (producción literaria en Noriega Varela)*", *Revista de filología románica*, nº 11-12, 1994-1995, Servicio de Publicaciones Universidad Complutense, p. 509.

Recensión da obra *Da montaña ó corazón (producción literaria en Noriega Varela)* (1993), de X. R. Freixeiro Mato. Tras unha pequena referencia ó papel desta obra como gañadora do VIIº Premio Ánxel Fole, Carlos García Arranz fai unha recensión sobre a mesma. O estudio comeza cunha breve introducción na que o autor fai un percorrido pola vida de Noriega Varela. A continuación o libro estructúrase en dous bloques temáticos: a obra do escritor e a lingua empregada por el. Dentro do primeiro bloque atopámonos, á súa vez, cunha triple división: obra poética de creación, obra recolectora e obra en prosa. Trala análise destes apartados, Freixeiro Mato inicia o estudio da lingua do autor - segundo bloque temático. Este destaca dúas etapas claramente diferenciadas: a primeira, representada por *Montañesas*, situada na poesía realista do XIX, e a segunda, por *Do ermo*, que contén unha maior depuración lingüística. Carlos García destaca o valor "innovador" do estudio lingüístico mencionado.

García-Bodaño, Salvador, “Autopoética/Pegadas no alcatrán”, *Boletín Galego de Literatura*, “Creación”, nº 14, Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, 2º semestre 1995, pp. 191-198.

Pegadas no alcatrán, de Salvador García-Bodaño vira a luz por vez primeira en forma de opúsculo literario nunha pequena tirada de 99 exemplares en Barcelona. Aparece, agora, no *Boletín Galego de Literatura* acompañado dunha autopoética onde se nos resume o “camiñar” lírico do poeta e dunha pequena nota biobibliográfica sobre o autor.

García Piqueras, Isabel, “Carme Hermida Gulías. *Rosalía de Castro na prensa barcelonesa*”, *Revista de filología románica*, nº 11-12, 1994-1995, Servicio de Publicaciones Universidad Complutense, pp. 516-518.

Recensión na que se nos achega esta obra dedicada a Rosalía e centrada na importancia que esta tivo nas publicacións barcelonesas editadas entre os anos 1842 e 1899 e noutras publicacións do ámbito catalán. Inclúe un comentario da estructura do estudio e unha referencia ó contido de cada unha das cinco partes do mesmo. Sinálase o escaso coñecemento que os cataláns tiñan da terra galega e o carácter negativo das noticias que aparecían na prensa. Isto cambiará co Rexurdimento e neste sentido destaca a importancia da obra de Rosalía. Carme Hermida divide en catro tipos as alusións que tiñan relación coa nosa escritora e que van dende referencias de distinto tipo ata a publicación e traducción das súas obras. Finalmente, faise referencia ó apéndice, no que se recollen poemas traducidos e publicacións en lingua galega, e ó capítulo de bibliografía que pecha o estudio.

_____, “Xesús Caramés Martínez. “A imaxe de Galicia e os galegos na literatura castelá”, *Revista de Filología Románica*, nº 11-12, 1994-1995, Servicio de Publicaciones Universidad Complutense, p. 518.

Recensión da obra *A imaxe de Galicia e os galegos na literatura castelá*. A obra é un estudio dun fenómeno socioliterario como é a imaxe que a literatura castelá deu do home galego, en particular, e de Galicia, en xeral. O traballo divídese en tres partes, que obedecen ó criterio metodolóxico seguido por Quintiliano nas *Institutiones Oratoriae*, segundo o cal toda exposición debe contestar a tres interrogantes: “¿existe a cousa?”, “¿que é esa cousa?” e “¿como é a cousa?”. Na primeira parte o autor enfróntase co problema de se a imaxe que trata de estudiar existía ou non. Caramés dá conta da existencia do tópico antigalego, principalmente nos autores dos séculos XVI e XVII. A segunda parte deste libro profunda nese tópico, partindo do contexto en que xurdiu e do estudio das súas fontes. Os aspectos literarios constitúen o entramado da terceira parte. Caramés confronta diferentes pasaxes da literatura. A obra péchase cun apéndice, no que o autor inclúe fragmentos significativos onde se reflicte o tópico antigalego, e cunha ampla bibliografía. Isabel García salienta a obxectividade con que o autor “soubo transmitirno-la evolución que sufriu a imaxe estereotipada do galego a través dos séculos, e que foi plasmada na literatura castelá”.

García Romero, Roxelio e Pilar **Ponte Patiño**, “A dobre máscara do teatro galego. (Conversa con Francisco Pillado Mayor)”, *Gume*, nº 1, Asociación Cultural Monte Branco, 1995, pp. 44-45.

Entrevista con Francisco Pillado Mayor onde se comentan as eivas e deficiencias que presenta o teatro galego. Entre elas, a falta de infraestructuras que se manifesta na escaseza de centros de investigación, salas estables, escolas de teatro, etc. Fala tamén o entrevistado da súa vida dedicada por enteiro ó mundo da escena (como director, ensaísta, editor) e dos proxectos que ten levado a cabo (a fundación da Sala Luís Seoane, da Escola Dramática Galega, etc.).

Gaspar, Silvia, “Perversa evidencia”, *Grial*, nº 125, Tomo XXXIII, xaneiro-febreiro marzo 1995, pp. 141-142.

Recensión de *Panificadora* (1994), de Xosé Cid Cabido. Narración que abala entre dous polos, con cadanseu modelo de comportamento social, que obriga ó autor a desenvolver dúas estéticas paralelas pero independentes. Con esta novela, definida como “evidencialista e de clase”, o autor confírmase nese proceso de depuración e traballo técnico de autocontención que está a desenvolver dende os últimos anos.

_____, “A narrativa excéntrica (1985-1995)”, *Grial*, nº 127, Tomo XXXIII, xullo agosto-setembro 1995, pp. 317-332.

Caracterización da producción narrativa da última década. Á nómina de autores xa coñecidos de épocas anteriores hai que engadir outros que do espacio lírico se transvasan á novela, caso de Manuel Rivas, Ramiro Fonte, Manuel Forcadela, Darío Xohán Cabana, Román Raña, Fernández Naval ou Salvador García Bodaño. Prolifera a literatura de xénero, que se reflicte tamén na aparición de premios, coleccións ou publicacións específicas. Xorden novas editoriais con vocación rupturista. A partir de mediados da década evidéncianse dúas alternativas, unha a da narrativa longa e outra de carácter rupturista, dada ó minimalismo e á fragmentación secuencial e perspectivística.

_____, “Narrativa: o caos que precede á orde”, *Anuario de estudios literarios galegos 1994*, “Panorámicas”, Vigo: Galaxia, xuño 1995, pp. 163-166.

Análise das diferentes orientacións que está a sufri-la narrativa galega. A grande cantidade de producción fai necesarios uns criterios de selección rigorosos, ante a diversidade da oferta, a oscilación no que se refire á calidade dos autores, os premios literarios e outros moitos factores que inciden na consolidación do xénero. A articulista menciona tamén a presencia no mercado dunha “literatura funcional” que conta con moi boa acollida entre o público. Xorden novas coleccións de narrativa, como sucedeu no 94 con “Relatos dunha hora” e “Fóra de xogo”. Nomea a continuación os títulos que lle parecen máis significativos do ano.

_____, "*Viaxe ao país de Elal*", *Colóquio/Letras*, "Recensões críticas", julho dezembro 1995, pp. 256-257.

A autora do artigo sitúa *Viaxe ao país de Elal* no contexto das diversas obras literarias galegas que no 1992 tiveron como marco espacial o continente sudamericano. Silvia Gaspar insire esta crónica dentro do conxunto da obra de Xavier Alcalá, e tenta demostrar que esta forma un "continuum". Finalmente, fala de *Viaxe ao país de Elal* como obra nostálxica e con conciencia "neorromántica".

Gómez Clemente, Xosé María, “Panorama da traducción literaria en Galicia durante os anos 1993-1994”, *Anuario de estudios literarios galegos 1994*, “Panorámicas”, Vigo: Galaxia, xuño 1995, pp. 177-182.

Inclúese no *Anuario de 1994* unha panorámica sobre a traducción, por considerala interesante debido á súa crecente importancia. O artigo abarca dende 1993 e está dividido en dous grandes apartados: o primeiro analiza a traducción da narrativa para adultos, a narrativa infantil e xuvenil e a poesía, e o segundo tenta achegar unha valoración de conxunto. Cita os títulos máis significativos nestes campos e salienta o traballo das editoriais galegas por ofrecer obras interesantes. En resumo, considera que a traducción en Galicia pasa por un bo momento aínda que sinala algunhas dificultades que cómpre superar como as poucas obras traducidas do portugués, a falta de traduccións de linguas minorizadas, a falta de traducción de poesía, o dominio da traducción infantil por causa do mercado escolar, etc. Considera necesario apostar pola traducción a pesar dos riscos que supón para as editoriais.

Gómez Sánchez, Anxo, “A lingua galega como símbolo de identidade nacional na *Revista Gallega* (1895-1907)”, *Gume*, nº 1, Asociación Cultural Monte Branco, pp. 30-43.

A finalidade primordial deste artigo é a de analiza-la importancia que tivo a lingua galega como constructora de identidade a través da observacións daqueles artigos nos que hai unha referencia explícita á mesma presentes na *Revista Gallega* (finais do século XIX e comezo do XX). O traballo divídese en catro partes: unha introducción onde se formulan obxectivos, a caracterización da publicación sobre a que se traballou, o estudio concreto do funcionamento da lingua a través dos seus artigos e un apartado de conclusións onde se afirma que a lingua foi, para o ideario rexionalista e a través do seu órgano *Revista Gallega*, un dos sinais que marcaba a identidade do pobo galego.

González, Alfonso, “A fiestra do libro, *Monterrei*, *cinco séculos de cultura*”, *Lúa Nova* (Revista da A.C.G. Rosalía de Castro de Cornellá), 2º trimestre 1995, pp. 5-7.

Presentación da obra *Monterrei*, *1494-1994*, *cinco séculos de cultura*, de Xerardo Dasairas Valsa, acompañada dun resumo argumental no que se salienta a relación deste val coas distintas ordes relixiosas. Esta información está complementada cunha entrevista ó autor da obra e cunhas notas biográficas do mesmo.

_____, “Alfonso Fernández Pérez, escritor e poeta da tolerancia”, *Lúa Nova* (Revista da A.C.G. Rosalía de Castro), 3º trimestre 1995, pp. 6-8.

Comeza o artigo cunha breve biografía de Fernández Pérez na que se salienta a influencia recibida de Otero Pedrayo, ademais da constante preocupación polo ensino. A seguir, unha enumeración das obras e os premios recibidos, para rematar con dous poemas, como mostra da dor sentida por este escritor no exilio.

González, Anxo, “Unha suxestiva amplitude de rexistros”, *Boletín Galego de Literatura*, nº 13, “Notas”, Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, maio 1995, pp. 87-89.

Análise do libro de Xesús Rábade Paredes, *As sombras do Barroco* (1994), que dende unha perspectiva filosófica salienta os conceptos de luz/sombra na obra.

González, Helena e Dolores **Vilavedra**, “Contra vento e marea: a recuperación do discurso literario na posguerra”, *Colóquio/Letras*, “Artigos”, julho-dezembro 1995, pp. 149-161.

Este achegamento á actividade literaria galega durante os anos posteriores á Guerra Civil Española está estructurado en tres partes, que se corresponden cos tres xéneros considerados clásicos: o poético, o narrativo e o teatral. No primeiro, as autoras do artigo baséanse na convivencia da tres xeracións poéticas no 1936 para, a partir de aí, explica-las condicións nas que se empeza a recupera-la poesía arredor de 1950. Dán conta da temática, máis conservadora pola presión do réxime, nomean os autores de cada xeración e fan referencia ás coleccións de poesía, revistas, xornais e editoriais nos que vai renacendo a nosa literatura. No eido da narrativa, salientan a presencia de “grandes individualidades” que xa iniciaran a súa andaina antes do golpe militar: Álvaro Cunqueiro, Eduardo Blanco-Amor, Ricardo Carballo Calero e Ramón Otero Pedrayo. Analizan as fontes da “Nova Narrativa Galega”, as súas características, obras e autores máis representativos ademais das repercusións posteriores. En cada un dos apartados anteriores hai constantes referencias á importancia do traballo levado a termo dende o exilio americano, sendo no dedicado ó teatro onde se cualifica de “insólita actividade” na capital da Arxentina. Segundo Helena González e Dolores Vilavedra, na Galicia da época, o teatro reduciuse “ó labor esporádico e voluntarista de autores que adoitaban cultivar outros xéneros”.

_____, “*A Primavera de Venus*”, *Colóquio/Letras*, “Recensões críticas”, julho dezembro 1995, pp. 242-243.

Comentario de *A Primavera de Venus*, poemario de Manuel María publicado en 1993 por Espiral Maior, centrado en destaca-la relación que existe na obra entre a poesía e a pintura. Esta recensión está precedida dun estudio da importancia do poeta da Terra Chá dentro da nosa literatura. Manuel María é valorado por tres aspectos: ter sido o escritor máis prolífico dende a Guerra Civil, actuar como mediador entre as dúas xeracións fendidas polos acontecementos do 36, e finalmente, por dinamiza-lo mundo editorial galego nos anos finais do franquismo coa creación da “Colección Val de Lemos” de Ediciós Xistral.

González Fernández, Anxo, “Álvaro Cunqueiro e a filosofía da literatura”, *Revista Galega do Ensino*, nº 6, febreiro 1995, pp. 37-55.

Artigo panorámico sobre a “filosofía” práctica vertida na obra creativa de Álvaro Cunqueiro. Coméntase aquí a especial cosmovisión cunqueiriana que se descobre trala súa literatura.

González Fernández, Helena, “Contra a poesía convencional”, *Grial*, nº 125, Tomo XXXIII, xaneiro-febreiro-marzo 1995, pp. 143-145.

Análise de dúas publicacións de 1994, *Derrapa e cai*, de Xavier Santiago e *Unicornio de cenorias que cabalgas ós sábados*, do Colectivo Ronseltz. Helena González sinala o principio común que ámbalas dúas comparten, novos aires para a poesía, destrucción da vella aura de elitismo, xogo cos tópicos, en definitiva unha visión irónica e chea de humor da poesía máis tradicional que propón novas vías para a poesía da modernidade.

_____, “1994, tempos de medrío e boa saúde na poesía”, *Anuario de estudios literarios galegos 1994*, “Panorámicas”, Vigo: Galaxia, xuño 1995, pp. 167-172.

Panorámica que destaca o aumento da publicación de libros de poesía durante o ano 1994, e aplaude a aposta por este xénero de Espiral Maior. Repasa os títulos que acadaron algún premio literario e comenta que, en xeral, son obras que non ofrecen grandes novidades, pero de calidade. Analiza despois as liñas máis salientables na producción galega, marcada pola heteroxeneidade. Salienta *Estirpe*, de Xosé Luís Méndez Ferrín, a producción de mulleres comprometidas co feminismo -Chus Pato, Isolda Santiago, Ana Romaní-, as voces xa coñecidas e que reaparecen -Novoneyra, Manuel María, Pura Vázquez-, as propostas renovadoras do Colectivo Ronseltz e os novos autores, como Arturo L. Regueiro e Xosé Pablo Bayo. Cualifica o panorama de “esperanzador, ricaz e dinámico”.

_____, “Compendio bibliográfico anual”, *Anuario de estudios literarios galegos 1994*, Vigo: Galaxia, xuño 1995, pp. 245-284.

Compendio das publicacións do ano 1994, dividido en nove apartados, que dan cabida ás bibliografías, antoloxías, obras de creación, historia e crítica, reedicións, traduccións, literatura infantil e xuvenil, teses e tesiñas, e publicacións periódicas. O apartado de literatura infantil e xuvenil aparece neste *Anuario* como novidade, xa que en anteriores entregas non se incluía.

_____, “Pola renovación crítica”, *Grial*, nº 127, Tomo XXXIII, xullo-agosto setembro 1995, pp. 438-440.

Recensión sobre os dous volumes da antoloxía *50 anos de poesía galega*. Considera a articulista que o volume ofrece unha necesaria revisión da obra poética de moitos autores dos que a penas foran estudiados, agás o que fixera no seu momento Méndez Ferrín. Nova proposta de periodización que completa e simplifica a este, e ten como consecuencia máis evidente a desaparición da Promoción de Enlace. Engádese como novidade a inclusión da Xeración dos 80, á par de se insistir na compatibilidade da tendencia socialrealista con outras, nun mesmo autor. A xeito de crítica, apúntase a falta dun apartado para a poesía de posguerra do exilio. Por outra banda, sublíñase, malia as distintas actitudes éticas e estéticas, a capacidade de diálogo interxeracional.

González Gómez, Xesús, “Un apólogo en proxección”, *Grial*, nº 126, Tomo XXXIII, abril-maio-xuño 1995, pp. 289-291.

Recensión de *O cervo na torre*, de Darío Xohán Cabana. A novela é un apólogo en proxección, polo que se transmite a un momento histórico determinado ideas, costumes ou psicoloxías correspondentes á actualidade. Neste libro, situado nas antípodas da modernidade política pola negación que supón da liberdade e aposta do miserabilismo, advírtese a falsidade do pastiche.

_____, “Rafael Dieste. Un creador total”, *Lateral*, “Estantería”, nº 7, maio 1995, p. 11.

O autor do artigo inclúe a publicación de *Rafael Dieste. Un creador total* dentro das celebracións do Día das Letras Galegas, que en 1995 homenaxean ó escritor rianxeiro. Comenta as modificiacións que presenta o traballo con respecto á primeira versión, aparecida en *Grial* no ano 1982. Salienta os artigos de Carlos Gurméndez, Gabriel Zaide, García-Sabell e Manuel Rodríguez. Finalmente, apunta os trazos caracterizadores da obra diesteana.

_____, “A última narrativa de X. L. Méndez Ferrín: da utopía á historia”, *Grial*, nº 127, Tomo XXXIII, xullo-agosto-setembro 1995, pp. 407-426.

Retorno a Tagen Ata é a obra que funda a narrativa que dende os sesenta camiñaba cara á creación dun novo mito mobilizador e que ten o seu punto final en *Bretaña*, *Esmeraldina*. Trátase dunha das pólas da narrativa de Méndez Ferrín, esta a de “realidade imaxinaria” e a outra de ollar realista, de “imaxinación comprensiva”. A maioría destes relatos coa cidade como protagonista dunha realidade que é a nosa historia e o destino. *Bretaña*, *Esmeraldina* supón a culminación do primeiro tipo de literatura e, construída cunha fonda exploración lingüística, constitúe unha busca da identidade por parte do narrador. *Arraianos*, integrado por contos de dimensión épica, constitúe a volta á literatura de “imaxinación comprensiva”, ó tempo que supón unha esculca técnica de consideración.

_____, “*Eduardo Blanco-Amor (biografía)*, *diante dun xuíz ausente*”, *Colóquio/Letras*, “Recensões críticas”, julho-dezembro 1995, pp. 257-259.

Xesús González Gómez reflexiona no inicio deste artigo acerca da consideración da biografía como xénero literario. Describe o proceso de creación de *Eduardo Blanco-Amor (biografía)*, *diante dun xuíz aisente*, da autoría de Gonzalo Allegue e publicado por Nigra no 1993. Comenta a estructura da obra e apunta que as características máis salientables son: o afán desmitificador, a “restitución da verdade” do personaxe biografiado, o importante papel do autor en canto á creación ó lado da información rigorosa que achega. Finalmente, xustifica a tendencia de que a biografía lle gañe terreo á novela baseándose no estilo empregado por Gonzalo Allegue ó falr de Blanco-Amor nesta obra.

González-Millán, Xoán, “David Lloyd: Anomalous States. Irish Writing and the post-colonial moment”, *A Trabe de Ouro*, nº 21, Tomo I, ano VI, xaneiro-febreiro marzo 1995, pp. 125-128.

Recensión crítica da obra do profesor da Universidade de Berkeley, David Lloyd, titulada *Anomalous States*. *Irish writing and the post-colonial moment*, segunda entrega deste autor sobre o nacionalismo literario irlandés. O crítico fai un percorrido polos contidos da obra e os obxectivos que busca o autor. Trátase de cinco traballos, algúns deles xa publicados con anterioridade en revistas especializadas, que xiran arredor de tres ámbitos de reflexión: a literatura, o nacionalismo e o hibridismo cultural. O principio que os relaciona é o da crítica ós presupostos estéticos da identidade nacional. ó lado de lecturas orixinais, afirma Xoán González-Millán, atópanse fórmulas paradigmáticas (conceptuais e operativas) excesivamente estereotipadas que lle restan forza demostrativa ós distintos traballos.

_____, “A cuestión dos xéneros na periferia literaria. ámbitos de investigación”, *A Trabe de Ouro*, nº 24, Tomo IV, ano VI, outubro-novembro-decembro 1995, pp. 19-28.

Artigo no que se trata da necesaria revisión da teoría dos xéneros literarios propuganda por estudiosos tales como M. L. Ryan, Terry Threadgold ou Ralph Cohen. É necesario facer un inventario das formas literarias empregadas por un mesmo autor, relaciona-los cambios na dinámica destas formas, analiza-las transformacións xenéricas e estudia-las circunstancias que poidan explica-la omisión de determinados xéneros en sistemas literarios concretos, por exemplo nos sistemas literarios periféricos. A raíz de todo isto está, segundo o autor, en que as transformacións na percepción social dun xénero están directamente relacionadas, sobre todo no caso das culturas periféricas, cos cambios na definición mesma do discurso literario, cos receptores do mesmo e cos obxectivos da codificación xenérica. Xoán González-Millán, partindo desta necesidade de revisión, propón unha serie de áreas de estudio (relacións dos xéneros cos axentes que participan na institucionalización do discurso, os procesos de canonización, a intervención de formas discursivas nos procesos de configuración da realidade, etc.) para as que cómpre identifica-los axentes que interveñen na configuración dos xéneros e determina-los requisitos para que a sœa intervención sexa efectiva ó mesmo tempo fai un percorrido polas distintos modos de clasificación xenérica ó longo da historia (os arquetipos enunciativos, os

xéneros históricos, as clasificacións propostas por Bob Hodge, Jürgen Fohrmann, Maria Corti, etc.). Conclúe o autor con diversas preguntas e reflexións sobre os temas que deixa no aire, que mostran o camiño que aínda est‡ por facer na procura dun “paradigma mellor equipado, conceptual e operativamente, para identifica-los axentes de desintegración e inestabilidade da dinámica xenérica”.

_____, “*Loaira*: a cartografía dun texto labiríntico”, *Grial*, nº 127, Tomo XXXIII, xullo-agosto-setembro 1995, pp. 346-369.

Identifícanse e reconstrúense os principios estructuradores do complexo experimento narrativo en que se constitúe a novela de Rei Ballesteros, toda ela unha subversión metafórica amparada nunha gramática interrogativa e inestable na que dialogan as instancias discursivas e se multiplican de xeito constante as combinacións e articulacións de elementos.

_____, “Do nacionalismo literario a unha literatura nacional. Hipóteses de traballo para un estudio institucional da literatura galega”, *Anuario de estudios literarios galegos 1994*, “Estudios”, Vigo: Galaxia, xuño 1995, pp. 67-81.

Versión dun relatorio lido no curso sobre a condición nacional e/ou subalterna da literatura galega, celebrado en Mondoñedo en setembro de 1994. Pretende unha revisión do concepto literatura nacional, ofrecendo novas hipóteses para reformula-la cuestión, recollendo os parámetros tradicionais dende os que foi abordado este tema. Analiza pormenorizadamente o paso do nacionalismo literario á literatura nacional, a canonización de textos no sistema literario galego, as correspondencias entre literatura nacional e a configuración dun imaxinario colectivo, e establece a súa concepción do termo literatura nacional, co fin de abrir vías de discusión e novas perspectivas de investigación. Sitúa o sistema literario galego no marco do que denomina a “subalternidade” ou a “macrometáfora”, que mostran as deficiencias no discurso literario galego, carente dunha necesaria institucionalización social, baixo a falacia da aparente normalidade

_____, “Cara a unha teoría da traducción para sistemas literarios ‘marxinais’. A situación galega”, *Viceversa (Revista Galega de Traducción)*, nº 1, 1995, pp. 63-72.

Coa definición do acto de traducción como un “diálogo cultural desigual entre sistemas lingüísticos diferentes”, ábrese este artigo, que pretende estudia-lo sistema de traducción naqueles países onde conviven dúas ou máis culturas en desigual situación de poder. Intenta, polo tanto, analiza-los conflictos interculturais e as leis de diferenciación literaria neses países, análise que se pode aplicar perfectamente ó caso galego. Comeza polo estado das traduccións no século XIX en Galicia e cita como primeira traducción integramente ó galego as *Églogas*, de Virxilio, no ano 1930. Faise eco do labor dalgunhas publicacións galegas como *A Nosa Terra* e *Nós*, na década anterior á Guerra Civil, ou máis tarde a revista *Grial*. Chega así á etapa posterior á dictadura na que as institucións oficiais comezaron a presta-lo seu apoio ás iniciativas privadas, mesmo coa aparición dalgunhas grandes coleccións, como é o caso de “Clásicos en galego”. Unha vez que se percibe o acto de traducción como unha interpretación e unha lectura dun texto pertencente a un espacio cultural diferente, empezan a aparecer, segundo González-Millán, numerosas teorías que pretenden estudia-las traduccións baseándose na experiencia social de desigualdade. Nestes casos de culturas marxinais, o articulista distingue entre o traductor fiel, cunha “actitude conservadora cara ós procesos ideolóxicos e poéticos da traducción”, e aquel traductor

destemido, que desobedece a autoridade do texto “orixinal” e “arriscado, trastoca os seus rexistros por medio da parodia, a ironía e outras técnicas de transgresión textual”. Remata así este artigo que presta atención tanto ás circunstancias sociais e institucionais coma ás estratexias discursivas empregadas nun labor de traducción, centrándose sempre no caso galego.

_____, “*Loaira*”, *Colóquio/Letras*, “Recensões críticas”, julho-dezembro 1995, pp. 250-251.

A reflexión inicial acerca da introducción e ubicación dun novo autor nun sistema literario, está seguida dun comentario sobre a orixinalidade da novela *Loaira*, escrita por Anxo Rei Ballesteros e publicada no 1992 pola editorial Galaxia. González-Millán fala da temática, compara a obra con outras anteriores deste autor e de Víctor F. Freixanes, e finalmente apunta as dificultades que presenta para a crítica.

Guasco di Celle, Giuseppe, “In memoriam Guerra da Cal. Quatro nomes italianos nas letras da Galiza”, *Agália*, nº 41, primavera 1995, pp. 67-70.

Destaca que, nun período de noventa anos, houbo catro nomes das letras galegas relacionados con Italia: Benito *Vicetto* (1824-1878); Martelo Paumán *del Nero* (1853-1928); Castelao (1886-1950), fillo de Joaquina Castelao *Gemmne*, e *Guerra* da Cal (1911-1994), neto do veronés Carlos Guerra.

Guede Oliva, Manuel, “Fragmentario hetedoxo sobre o teatro galego”, *Colóquio/Letras*, “Artigos”, julho-dezembro 1995, pp. 191-197.

Logo das reflexións iniciais acerca da importancia do teatro para a creación dunha conciencia nacional, Manuel Guede Oliva fai un percorrido pola historia do teatro galego deténdose nos fitos que considera máis importantes. Con respecto ás orixes, afirma que, malia non haber textos consevados anteriores a *A Casamenteira*, deberon existir manifestacións teatrais que contribuíron a conserva-la lingua e a cultura do país. Salienta o período de “As Irmandades da Fala” como “o momento de maior interese do feito teatral galego”. Nas individualidades do noso teatro, destaca a Eduardo Blanco-Amor coa creación da Compañía “Teatro Popular Galego” na capital arxentina, e a Álvaro Cunqueiro e a Rafael Dieste. Fai referencia á influencia que Irlanda tivo dende sempre para os nosos autores. Sitúa o nacemento do Teatro Galego Contemporáneo no 1973 en Ribadavia. Pecha o artigo cunha descrición sintética do teatro galego actual.

Guisán Seixas, J. “Ricardo Coraçom de Carvalho”, *Agália*, nº 41, primavera 1995, pp. 19-31.

Reproducción dunha conferencia pronunciada por J. Guisán Seixas no mes de marzo de 1995 en Madrid ó redor da vida e obra de R. Carballo Calero, a súa toma de contacto co galeguismo, e o seu paso por Madrid. O artigo e conferencia son, en definitiva, unha homenaxe a don Ricardo Carvalho Calero, e neles, xogando cos apelidos, faise mención a un corazón forte de vontade inquebrantable pero bondadoso á vez, que sufriu o esquecemento oficial, o silencio e sentencias condenatorias.

Guixeras, David, “Siempre me matan”, *Lateral*, nº 10, outubro 1995, p. 20.

Comentario de *Siempre me matan* (1995), de Alfredo Conde no que se traza un perfi do personaxe Blas Carou. Así, unha vez sinalado o carácter “utilista de pie firme” na volta á terra, David Guixeras propón ó lector unha lectura aberta para esta novela de “interrumpido aliento poético”. Saliéntase ademais o humor e a ironía nesta “historia nada paradójica sobre la infelicidad del privilegio y la dicha del desarraigo”.

Hermida Pico, Mª Mar, “Teses e tesiñas”, *Gume*, nº 1, Asociación Cultural Monte Branco, 1995, pp. 76-77.

Sección onde se fai un breve comentario das teses e tesiñas presentadas e defendidas na Universidade da Coruña. Neste primeiro número coméntanse as tituladas *Miguel Anxo Fernán-Vello na poesía galega actual*, de Mª Teresa Seara Domínguez; *A poesía galega de Henrique Labarta Pose*, de Xosé Manuel Varela e *As cantigas de Martín Padrozelos*, de Dulce Mª Fernández Graña.

Hernández, Pedro, "*Os mortos daquel verán* na traxectoria narrativa de Carlos Casares", *Grial*, nº 127, Tomo XXXIII, xullo-agosto-setembro 1995, pp. 383-393.

Rexistro innovador, de linguaxe procesal de funcionario e cunha estructura orixinal, nesta obra de Carlos Casares publicada en 1987. *Os mortos daquel verán* supón un paso máis no proceso de anovamento da narrativa galega, logo do antecedente de *A esmorga*, da que supón unha certa evolución. Esta novela confirma o proceso de depuración autobiográfica e o cambio narrativo emprendido con *Os escuros soños de Clío*. O humor e a ironía proxéctanse nesta novela, ademais da realidade, sobre o texto literario. Hai, por outra parte, unha perfecta adecuación da linguaxe e o estilo do discurso á voz narrativa. Este libro convértese nun singular caso de realismo na tradición literaria galega contemporánea, polo trazo pragmático da implicación do lector na novela, a inclusión de elementos fantásticos e o tratamento irónico e paródico da realidade e do propio discurso literario.

Herrero Figueroa, Araceli, “Carballo Calero, poeta hispánico”, *A Trabe de Ouro*, nº 23, Tomo III, ano VI, xullo-agosto-setembro 1995, pp. 107-111.

Artigo que trata a publicación de *Poesía perdida*, edición de Claudio Rodríguez Fer. Neste volume inclúense cinco poemarios en castelán de Ricardo Carballo Calero. Tras dubidar sobre o acerto no título, Araceli Herrero Figueroa comenta o estudio introductorio, que trata predominantemente aspectos de tematoloxía, e laméntase de que non sexa máis amplo. A continuación, comenta diversas cuestións que suscita a lectura da obra, onde destaca o problema do bilingüismo creativo (¿trátase de heteronimia? ¿de multilingüismo? ¿ou é Carballo Calero un poeta equilingüe?). A raíz de aquí a autora fala da falta na literatura galega dun estudio sobre o bilingüismo dos seus escritores.

Horrillo Muñoz, Lucía, “Antonia López García. Os camiños do soño (a poesía de Uxío Novoneyra)”, *Revista de filología románica*, nº 11-12, 1994-1995, Servicio de Publicaciones Universidad Complutense, p. 507.

Recensión da obra *Os camiños do soño (a poesía de Uxío Novoneyra)*. A obra supón, segundo Lucía Horrillo, unha “interesante aportación para o estudio da obra de Novoneyra”. A estructura do estudio está formada por tres bloques. No primeiro, “Ser poeta na Galiza do século XX”, A. López comenta as características do marco estético e cultural no que se vai desenvolve-lo labor do escritor do século XX -renovación, individualismo e compromiso. O segundo bloque, “Isto que vexo e que me ve”, profunda na obra do poeta, analizando os procedementos formais, lingüísticos e semánticos nos que se apoian os contidos da súa poesía. No último bloque, “Palabras para unha patria”, a autora fálanos dalgúns dos recursos gráficos presentes no poema “Vietnam Canto”, da visión da muller na poesía do poeta lugués e do compromiso do mesmo coas situacións de opresión. Lucía Horrillo salienta nesta obra a visión presentada da poesía de Novoneyra “que axuda ó lector a adentrarse con curiosidade no panorama poético galego”.

Lamapereira López, Antón, “Nacemento, vida, paixón e morte do Teatro Luis Seoane (1981-1991)”, *Revista Galega de Teatro*. *Información Teatral*, nº 12, 1995, pp. 17- 25.

Historia do Teatro Luís Seoane, propiedade da Compañía do mesmo nome. A súa primeira grande misión foi abri-la Sala Luís Seoane, pola que pasaron os principais grupos galegos e moitos de fóra. A edición de cinco Cadernos do Espectáculo, dirixidos por F. Pillado, forman parte tamén das súas actividades. Neste artigo, ofrécese un dossier documental no que figuran a programación da Compañía, os espectáculos presentados e algunhas críticas e noticias de prensa.

Ledo Andión, Margarita, “Do xornalismo en Lingua Galega”, *Colóquio/Letras*, “Notas e comentários”, julho-dezembro 1995, pp. 220-222.

Percorrido pola evolución do xornalismo en lingua galega dende os anos setenta ata a época actual. Comenta a temática e as seccións nas que está presente a nosa lingua, e compara esta situación con Cataluña. Tamén fai unha comparación entre os distintos xornais en canto ó uso do idioma. Fala da situación da lingua na radio e na televisión autonómica, e denuncia a baixa calidade da mesma. Finalmente, sinala que os fitos máis importantes dos últimos anos foron: a aparición dende 1995 do primeiro xornal en lingua galega e a creación da Facultade de Ciencias da Información en Compostela.

Lema, Teresa, “Blas Espín: Os románticos de Fisterra”, *Gume*, nº 1, Asociación Cultural Monte Branco, 1995, pp. 62-63.

Manifesto onde se dá conta das características fundamentais e as fontes de onde beben os membros de “Blas Espín”.

López, Teresa, "*Algún día*..., poema de Álvaro Cunqueiro", *Boletín Galego de Literatura*, nº 14, "Notas", Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, 2º semestre 1995, pp. 113-117.

Exhumación do poema "Algún día...", publicado por Álvaro Cunqueiro na revista bonaerense *Céltiga*, o 25 agosto de 1930. A profesora Teresa López facilita ademais os datos biobibliográficos que axudan a interpretar adecuadamente este poema na traxectoria lírica do mindoniense.

Lorenzo Tomé, Xavier, "*Códice Calixtino* de Luz Pozo: construcción e transubstanciación da 'Cidade Escura'", *Boletín Galego de Literatura*, nº 13, "Notas", Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, maio 1995, pp. 91-96.

Artigo no que se abordan as diversas temáticas do poemario (a morte, o amor, etc.) para facer especial fincapé na simbólica dicotomía luz/escuridade que, axudada polo xogo intertextual, constrúe o orgánico edificio poético de *Códice Calixtino*.

Luaces, Xan, “O espacio alternativo en Europa”, *Revista Galega de Teatro*.

Información Teatral, nº 12, decembro 1995, pp. 52-59.

Análise do concepto de teatro alternativo e repaso histórico polos seus precedentes. Neste punto, márcase como liña de separación a IIª Guerra Mundial, xa que a partir dela o concepto de vangarda é desprazado polo de experimental. A continuación, faise un percorrido pola situación do teatro e das salas alternativas de Londres, Alemaña, Italia, Portugal, Holanda e finalmente España.

Manuel María, "*Trabalhos e paixões de Benito Prada*", *Colóquio/ Letras*, "Recenções críticas", julho-dezembro 1995, pp. 234-236.

Recensión de *trabalhos e paixões de Benito Prada* (1994), do escritor portugués Fernando Assis Pacheco. Manuel María fai un percorrido polos datos biográficos máis importantes do autor, salientando a súa relación con Galicia. Resume o argumento da novela e analiza as influencias exercidas por Miguel Torga e Camuli José Cela. No referente ós personaxes, céntrase no párroco de Casdemundo e en Benito Prada. Sintetiza a temática na emigración, e comenta as diversas etapas polas que pasou o intercambio de traballadores entre Galicia e Portugal.

March, Kathleen, “Compromiso e ética da traducción”, *Boletín Galego de Literatura*, “Estudios”, nº 14, Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, 2º semestre, novembro 1995, pp. 7-46.

Artigo no que K. March analiza criticamente os problemas de traducción da versión galega de *Their Eyes Watching God*, que Elvira Souto traduciu co título de *O seu olhar posto en Deus*. No artigo a profesora norteamericana proporciona, ademais, unha ampla bibliografía sobre teoría da traducción seleccionada para o caso.

_____, “*Poesía galega completa*”, *Colóquio/Letras*, “Recensões críticas”, julho dezembro 1995, pp. 239-240.

Á localización de Manuel Antonio dentro da Literatura Galega, e dentro do momento histórico que viviu, séguelle un comentario acerca da edición que da poesía do vangardista rianxeiro fixo Xosé Luís Axeitos baixo o título *Poesía Galega Completa*, publicado por Sotelo Blanco no 1992. Salienta a importancia deste estudio por enche-lo oco que había no aprello crítico das vangardas e, especialmente, de Manuel Antonio. Valora positivamente as reflexións de Axeitos sobre a textualidade manuelantoniana, a ordenación organizativa e a presentación dos textos, ademais do rigor do profesor de Asados como investigador. Finalmente, tamén encontra merecedores de lovanza: a fidelidade co texto orixinal, por ser útil para investigacións posteriores, e o engadido de “textos para unha poética”.

Marinhas del Valhe, Jenaro, "*A gaiola*. Entremés dividido em cinco quadros" *Revista Galega de Teatro*. *Información Teatral*, "Textos/VI", nº 12, decembro 1995, s.p.

Peza que se acompaña cunha sucinta información sobre este autor e cunha carta dirixida a Francisco Pillado na que expón algunhas ideas sobre a súa concepción do teatro e sobre esta obra en concreto. O argumento da obra xira arredor do desexo que Adam ten de abandona-lo Edén. Para o transporte ofrécese Satam, representante da Agencia de Viagens Luzbel. Para lograr iso, ten que consegui-lo pasaporte do Arcanjo Miguel, quen, a pesar de intentar disuadilo, concédello. Na alfándega, Adam, morriñento e animado por Eva, decide segui-la empresa e esquece-la comodidade dunha vida que o fastiaba.

Martínez Bouzas, Francisco, “A violencia, ¿engranaxe ou obriga ética?”,

A Trabe de Ouro, nº 22, Tomo II, ano VI, abril-maio-xu-o 1995, pp. 131-134.

Artigo que se inicia cunha defensa da figura de Jean-Paul Sartre fronte á tendencia dos neoconversos liberais de renegar del. Mostra Francisco Martínez Bouzas as dúas caras da moeda: paixón e gloria, fronte a noxo e desprecio. A continuación, coméntase a traducción ó galego dunha obra menor deste autor, *A engranaxe*, que coincide coa fase puramente existencial de Sartre. Despois de explica-la concepción da literatura para este autor e filósofo e de relata-las peripecias da obra anteriores á súa publicación, F. Martínez Bouzas fai unha análise do argumento no que destacan, por unha banda, o confrontamento entre posicións idealistas e realistas e, pola outra, o debate da xustificación dos medios para alcanzar unha meta determinada. Paralelamente, preséntase a teima da violencia.

Martínez Torrón, Diego, “O outro rostro de Álvaro Cunqueiro”, *Boletín Galego de Literatura*, nº 13, “Estudios”, Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, maio 1995, pp. 15-30.

Estudio onde se analiza a temática dos artigos que conformaban a sección “Los otros rostros”, que Álvaro Cunqueiro publicaba na revista *Sábado Gráfico*. O estudio dos temas presentes nestes artigos (Galicia, a historia, a política, a crítica da civilización, etc.) permiten coñecer máis en profundidade o decurso da obra cunqueirana e, en especial, a súa narrativa. Remata o artigo cunha relación de tódolos artigos de “Los otros rostros”, incluídos en *Sábado Gráfico*.

Mejía Ruiz, Carmen e Isabel **García Piqueras**, “Aproximación á obra narrativa de Darío Xohán Cabana, *Grial*, nº 127, Tomo XXXIII, xullo-agosto-setembro 1995, pp. 371-382.

Análise da narrativa deste autor, que resulta unificada por unha serie de aspectos que funcionan como fío conductor da obra tales como o tratamento do tema medieval dende distintas perspectivas, o uso do elemento fantástico e marabilloso e a ideoloxía política subxacente, de compromiso coa realidade.

Méndez Ferrín, X. L., “Alain Badiou: dun desastre escuro”, *A Trabe de Ouro*, nº 24, Tomo IV, ano VI, outubro-novembro-decembro 1995, pp. 115-117.

Este artigo reproduce a presentación que fixo X. L. Méndez Ferrín o pasado mes de xaneiro do libro de Alain Badiou, *Dun desastre escuro*, traducido ó galego por Francisco Sampedro. ó longo do texto analízase brevemente a traxectoria do pensamento deste filósofo a medio camiño entre Sartre e Althusser. Así mesmo, o autor fai un percorrido polas distintas achegas á figura de Badiou no ámbito do galego (publicación de textos en *Espiral*, en *A Trabe de Ouro*, etc.).

Montaña, Estro, “Cunqueiro e Blanco Amor, de feliz actualidade”, *A Trabe de Ouro*, nº 21, Tomo I, ano VI, xaneiro-febreiro-marzo 1995, pp. 129-131.

Artigo no que se fai a recensión de tres obras de recente publicación. Trátase de *Papeles que fueron vidas*, edición de Xesús González Gómez, *Entrevistas con Álvaro Cunqueiro*, edición de Ramón Nicolás e prólogo de Armesto Faginas, e *Entrevistas con Eduardo Blanco Amor*, edición de Victoria Álvarez Ruíz de Ojeda e prólogo de Xesús Alonso Montero. Estro Montaña céntrase no contido das tres obras (no primeiro caso, artigos que Cunqueiro publicara en *El Noticiero Universal* entre 1973 e 1975 e entrevistas de temática diversa con Cunqueiro e Blanco Amor, nos outros dous casos) e fai unha valoración positiva delas pola visión anovadora que mostran de dous autores de tal importancia nas letras galegas.

Monteagudo, Henrique, “Na procura da ‘recendente pantera’: os escritores galegos e a construcción da lingua literaria”, *Colóquio/Letras*, “Artigos”, julho dezembro 1995, pp. 51-64.

O autor do artigo fai unha análise sociolingüística da Literatura Galega dende o Rexurdimento ata a actualidade. Estructura o estudio en catro partes, ademais dun “Limiar” no que comenta os problemas xerais polos que pasou a construcción do “galego literario”, situando no cumio dos mesmos a presión do castelán. En “Visita ás fontes: a lingua poética do ‘Rexurdimento” achéganos as características de cada un dos tres poetas considerados clásicos no renacer das nosas Letras: Rosalía, Curros e Pondal. Na segunda parte sitúa a Ramón Cabanillas como o verdadeiro iniciador da poesía moderna en Galicia. Cualifica a lingua empregada polo poeta cambadés como “nobre e fidalga, serena e limpa”. En “O fluír frondoso da prosa da xeración ‘Nós’. Otero, Castelao” valora moi positivamente as actividades culturais desenvolvidas polos homes da xeración “Nós” por contribuír a normaliza-lo uso da lingua galega, estendéndoo xenérica e tematicamente. Desta época, céntrase en analiza-lo aspecto lingüístico das obras de Castelao e Otero Pedrayo. Na parte final do artigo ocúpase da situación vivida pola nosa lingua despois da Guerra Civil, no eido da literatura salienta o traballo de Blanco-Amor.

Monteagudo, Teresa, "*Aturuxo*", *Revista Galega do Ensino*, nº 6, febreiro 1995, pp. 209-210.

Recensión descritiva do facsímil da revista ferrolá *Aturuxo* (1952-1960) realizada polo Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias "Ramón Piñeiro", onde se salienta, ademais da pulcritude na reproducción facsimilar, "o esmerado estudio introductorio e a coidada encadernación".

Neira, Hernán, “Bricolaxe literaria en filosofía e ciencias sociais”, *Grial*, nº 126, Tomo XXXIII, abril-maio-xuño 1995, pp. 217-223.

A literatura presta recursos lingüísticos ás ciencias sociais e á filosofía. Isto prodúcese baixo a forma de “bricolaxe”, adaptación de técnicas para un propósito distinto do que foron concibidas. Este é o caso dos abundantes recursos literarios que, por exemplo, Descartes emprega nas súas *Meditacións metafísicas* ou da etnografía, que se vale con frecuencia da bricolaxe e do empréstimo literario.

Nicolás Rodríguez, Ramón, “Alonso Montero, Xesús e Salgado, Xosé M. (ed.). *Poetas alófonos en lingua galega*. *Actas do I Congreso*”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1994*, “Libros”, Vigo: Galaxia, xuño 1995, pp. 204-207.

Recensión sobre o volume das *Actas do I Congreso de Poetas Alófonos en Lingua Galega* (1994), coordinado por Xesús Alonso Montero e Xosé Manuel Salgado. Saúda tamén a aparición doutro volume sobre a alofonía, *Oito poemas en lingua galega* (1994), do poeta arxentino Eduardo Jorge Bosco, responsabilidade de Alonso Montero, que, ademais dos oito poemas, inclúe unha biografía do poeta e unha interpretación da súa poesía en galego. Con respecto ó volume de *Actas*, sinala o recensionista o formato novidoso para un volume de tales características, e a súa temperá aparición. Non só se inclúen as diferentes intervencións dos participantes no congreso, estructuradas en seis bloques, senón que aparecen tres apéndices: o discurso de Anxo Tarrío pronunciado na Casa Museo de Rosalía en Padrón, as referencias na prensa sobre o congreso e artigos de Alonso Montero, Díaz Pardo, Filgueira Valverde e Gregorio San Juan, sobre os temas desenvolvidos no congreso.

_____, “Poesía e política no primeiro Celso Emilio Ferreiro (1933-1935)”, *Boletín Galego de Literatura*, nº 13, “Notas”, Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, maio 1995, pp. 97-104.

Artigo no que se recuperan algunhas das primeiras composicións de Celso Emilio Ferreiro. Isto é, dous poemas (“Malas lingoas” e “Arenga”) que apareceron en *El Heraldo Gallego* e catro ensaios políticos, dous deles (“Idiotas e vividores” e “Verbas da mocidade”) que viron a luz neste xornal e o resto (“Porque non berramos ¡Viva Hespaña!” e “Motes: Anti-Hespaña”) na revista *Guieiro*. Ningún destes textos aparece compilado nas diferentes edicións do escritor e, para Ramón Nicolás, permiten formular “algunhas consideracións acerca da pre-historia do Celso Emilio político e poeta”.

_____, "*Cantares gallegos* e *Profecía do mar*: dúas actualizacións", *Nordés*, nº 21-22, nadal 1994-outono 1995, pp. 37-40.

Longa recensión na que se describen estas reedicións das que se salienta a súa pertinencia crítica e divulgativa e o bo quefacer dos editores.

_____, “*Contemporánea*, unha revista para o novo século”, *Colóquio/Letras*, “Letras en Trânsito”, julho-decembro 1995, p. 260.

Informa da aparición da revista literaria *Contemporánea*, un proxecto da Asociación de Escritores en Lingua Galega. Lembra os antecedentes da mesma, *Escrita* e *Nó*, tamén promovidas pola antedita asociación. Cita os obxectivos que pretende acadar esta publicación e nomea os membros do Consello de Redacción. De seguido, comenta a primeira entrega de *Contemporánea*, resume a introducción de Miguel Mato Fondo, e valora positivamente a escolma poética que se presenta neste número inicial baixo o título de “Dúas xeracións do século”, dá o nome dos poetas incluídos e cualifica o traballo como “inmellorable tarxeta de presentación para que os interesados na nosa poesía {...} poidan xa coñecer, disfrutar e gozar”.

_____, “*Vidas senlleiras*”, *Colóquio/Letras*, “Recensões críticas”, julho-dezembro 1995, pp. 249-250.

Ramón Nicolás parte do artigo “Atracción e detracción de Cunqueiro”, publicado en *Grial* no ano 1991 por Silvia Gaspar, para situar a Darío Xohán Cabana entre os máis fieis continuadores do escritor mindoniense. Repasa a traxectoria do autor da Terra Chá dentro da narrativa galega, detense en *Vidas senlleiras*(1992). Da obra galardoada co Premio Cidade de Lugo, na súa terceira edición, salienta a cohesión interna dos cinco relatos que a integran, a presencia do mundo simbólico e fantástico xa introducido noutras obras da súa autoría, ademais do bo trazado no deseño dos personaxes. Finalmente, o autor do artigo comenta algúns aspectos lingüísticos de *Vidas senlleiras*.

Nieto Caamaño, Isolino, “Un chisco de esperanza”, *Lúa Nova* (Revista da A.C.G. Rosalía de Castro de Cornellá), 3º trimestre 1995, p. 32.

Isolino Nieto Caamaño fai un comentario temático, nun ton crítico, do poemario *Elevar as pálpebras*. Aproveita tamén para dar unha serie de consellos ós autores máis novos.

Nogueira, María Xesús, “As miradas infindas do fabulador”, *Revista Galega do Ensino*, nº 6, febreiro 1995, pp. 153-160.

Artigo no que se estudian de modo conxunto a triloxía de libros de relatos breves de Álvaro Cunqueiro *Escola de menciñeiros*, *Xente de aquí e de acolá* e *Os outros feirantes*. Búscase o paralelismo estructural e constructivo que caracteriza ós relatos dos tres libros e aqueles elementos que funcionan como base compositiva de todo este paratexto cunqueirano.

_____, “A humanización de animais na narrativa de Cunqueiro”, *Revista Galega do Ensino*, nº 8, maio 1995, pp. 115-121.

Breve estudio no que se aborda a caracterización da narrativa cunqueirana a través do recurso estilístico da personificación de animais que se produce nunha grande parte dos seus relatos curtos concretizada, esta volta, na atribución de cualidades humanas ó corvo, protagonista central de “O corvo branco” (*Escola de menciñeiros*), “Soleiro en figura de corvo” (*Xente de aquí e de acolá*) e “O corvo Estanislao” (*Os outros feirantes*).

_____, "*A literatura galega durante a Guerra Civil (1936-1939)*", *Revista Galega do Ensino*, nº 8, maio 1995, pp. 211-212.

Breve comentario ó último libro do profesor lugués Claudio Rodríguez Fer no que, tras un breve repaso panorámico ó contido dos distintos capítulos, se pondera a importancia historiográfica desta obra, que contribuíu a botar luz sobre un período ben escuro da nosa literatura.

_____, “Ramón Nicolás (ed.), *Entrevistas con Álvaro Cunqueiro*”, *Boletín Galego de Literatura*, nº 13, “Libros”, Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, maio 1995, pp. 166-168.

Comentario pormenorizado das diferentes seccións e capítulos que conforman o volume. Evidénciase o labor de selección e compilación de Ramón Nicolás.

_____, “Os operadores realistas na narrativa de Cunqueiro”, *Boletín Galego de Literatura*, nº 13, “Estudios”, Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, maio 1995, pp. 51-66.

Longo estudio narratolóxico no que se revisan criticamente o *status* do narrador e o realismo da narrativa cunqueirana asentado nos diferentes mecanismos que nos textos do de Mondoñedo configuran toda unha ampla tipoloxía de operadores realistas.

_____, “Congreso Álvaro Cunqueiro”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1994*, “Libros”, Vigo : Galaxia, xuño 1995, pp. 200-203.

Analiza os diferentes contidos da *Actas do Congreso de Álvaro Cunqueiro*, que ofrecen unha visión de conxunto, un variado material actualizado, dentro das súas catro facetas fundamentais: lingua, literatura, teatro e xornalismo. Con respecto á lingua sinala a calidade da conferencia pronunciada por Alonso Montero no congreso, da que só aparece un esquema. Nomea tamén os traballos de Christian Ionescu, Carme Silva, Pazos Balado, e a mesa redonda sobre o tema que contou coa participación de Emilio Montero Cartelle, Fernández del Riego, Ramón Lorenzo, Antón Santamarina e Darío Xohán Cabana. No apartado dedicado á literatura recóllense os traballos centrados na poesía (Claudio Rodríguez Fer, Basilio Losada e Filgueira Valverde, así como a mesa redonda na que interviñeron Méndez Ferrín, Luz Pozo e Henrique Costas), na narrativa (Anxo Tarrío, Darío Villanueva, A. Van Bommel, X. González-Millán, Rexina Vega, Carmen Blanco, etc.). O tratamento do teatro tivo un enfoque aberto coa participación de Manuel Lourenzo, Cándido Pazó, Xosé Cermeño e Euloxio Ruibal, entre outros. A análise da obra xornalística foi abordada por Luís Álvarez Pousa, Mercedes Brea e Armesto Faginas. A recensionista bota en falla un tratamento específico sobre a obra ensaística e a actividade na radio de Álvaro Cunqueiro.

_____, “*En salvaxe compaña*”, *Colóquio/Letras*, “Recensões críticas”, julho dezembro 1995, p. 253.

Logo dunha reflexión inicial acerca da presencia do feito diferencial galego na nosa literatura, e máis en concreto na de Manuel Rivas, céntrase en comenta-la novela *En salvaxe compaña*. Desta obra resume o argumento, e trata aspectos do espacio e tempo narrativos, ademais da caracterización dos personaxes. Ve unha clara influencia de Pondal, sobre todo na “creación dun espacio rural mítico” e na nostalxia do pasado. Finalmente, considera que a obra de Rivas é “unha ponte entre a tradición e a modernidade”.

Noia Campos, Mª Camino, “Anxo Tarrío. *Literatura galega*. *Aportacións a unha historia crítica*”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1994*, “Libros”, Vigo: Galaxia, xuño 1995, pp. 196-199.

Recensión do volume *Literatura galega*. *Aportacións a unha historia crítica* (1994), de Anxo Tarrío, do que a autora destaca a necesidade deste estudio actualizado, no panorama galego, falto dende hai anos dunha análise de metodoloxía moderna, e o seu enfoque dende unha rigorosidade no tratamento. De seguido ofrece datos que mostran o reiterado interese do profesor Tarrío por renova-la crítica da literatura galega, xa dende comentarios e achegas en suplementos literarios. Analiza despois os catro apartados nos que se estructura o estudio: Época Medieval, Séculos Escuros, Século XIX e Século XX, e comenta os principais méritos do volume, as introduccións socioculturais que marcan as coordenadas de cada período, a análise das obras e autores e a selección bibliográfica de cada etapa. Sinala tamén o especial interese de Anxo Tarrío na narrativa, apartado amplamente tratado neste manual, e remata dicindo que se trata dun “libro de obrigada consulta para todos, alumnos e profesores”.

Novo, Olga, “Carmen Blanco. *Libros de mulleres (Para unha bibliografía de escritoras en lingua* galega: *1863-1992)*”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1994*, “Libros”, Vigo: Galaxia, xuño 1995. p. 188-191.

Recensión de *Libros de mulleres (Para unha bibliografía de escritoras en lingua galega*: *1863-1992)* (1994), de Carmen Blanco. A recensionista desvela a estructura do volume, dividido en dúas partes: “Mulleres e libros”, e “Catálogo bibliográfico de escritoras”, enfocadas dende criterios feministas e galeguistas. Na primeira parte analiza a escrita feminina dende a Idade Media ata o século XIX, onde se detén en dúas figuras principais: Filomena Dato Muruais e Rosalía de Castro. Hai tamén unha análise por xéneros que percorre a producción feminina nos eidos da poesía, narrativa, teatro, xénero infantil e xuvenil, e xéneros didácticos e xornalísticos. O xénero máis cultivado é a poesía, fronte á situación máis minoritaria da narrativa e do teatro. Na segunda parte, Carmen Blanco, seguindo un criterio cronolóxico, fai unha aproximación ás mulleres escritoras, chegando ata o ano 1992.

_____, "*Aturuxo*. *Revista de Poesía e Crítica (Ferrol*, *1952-1960)*, Santiago de Compostela: Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro", *Boletín Galego de Literatura*, nº 13, "Libros", Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, pp. 155-157.

Dáse conta da recuperación polo C.I.L.L. "Ramón Piñeiro" dunha das revistas galegas máis importantes da posguerra, *Aturuxo*. Saliéntase o traballo dos estudios preliminares, introduccións e índices da edición, dos que se fai unha síntese e se comenta o papel que xogou a revista no contexto histórico-literario dos anos 50.

_____, “A propósito dun mar íntimo. *Man que escribiu no mar*”, *Ólisbos*, nº 17, maio 1995, pp. 73-74.

Recensión crítica na que se salienta a importancia do elemento marítimo (e as súas isotopías) no poemario de Pura Vázquez *Man que escribiu no mar*. Outras temáticas, como a melancolía, a anguria, o desacougo, etc., son tamén postas de relevo por Olga Novo, quen radiografía co seu comentario a particular cosmovisión lírica que anima a obra de Pura Vázquez.

Núñez Seixas, Xosé M., "*Sempre en Galiza*", *Colóquio/Letras*, *Colóquio/Letras*, "Recensões críticas", julho-dezembro 1995, pp. 237-239.

Ó comentario inicial acerca da importancia da figura de Castelao, séguelle unha recensión á edición crítica de *Sempre en Galiza*, coordinada por Ramón Máiz e publicada pola Universidade de Santiago no 1992. Valora positivamente a obra polo "evidente anceio desmitificador e á súa vez verificador", salientando as contribucións que achega para unha hipotética e futura biografía sobre o autor rianxeiro. Dá conta de cada unha das catro partes en que se estructura a obra, centrándose especialmente na primeira, por se-la máis extensa e recoller varios artigos que estudian as orixes de *Sempre en Galiza*, o pensamento político de Castelao, as súas ideas lingüísticas e sociolingüísticas, ademais dunha biografía do pai do galeguismo.

Otero, Isaac, “Alfonsina y Rosalía, dos alondras del Mar”, *Pontenova*. *Revista de Investigación Xove*, nº 1, Vigo: Deputación Provincial de Pontevedra, 1995, pp. 133-138.

O articulista analiza os paralelismos entre Alfonsina Storni e Rosalía de Castro, dúas mulleres poetas que “sentían la vida como algo doloroso y la muerte como salvación del sufrimiento: no ser, no sentir, no sufrir, morir para descansar”. Percorre as obsesións de ámbalas dúas autoras, sinalando como trazos comúns a presencia do tema do suicidio, o sentimento de muller perseguida, o sufrimento pola nai física ou a simbólica -a Terra-, a presencia de sombras, a soidade, e o complexo de Polícrates, do que sufriron tanto Alfonsina coma Rosalía.

Outeiriño, Manuel, “Traxedia e pastoral en Blanco Amor”, *A Trabe de Ouro*, nº 21, Tomo I, ano VI, xaneiro-febreiro-marzo 1995, pp. 37-52.

Neste artigo abórdanse as dúas novelas en galego de Eduardo Blanco Amor (*A Esmorga* e *Xente ao lonxe*), tradicionalmente consideradas dende presupostos estéticos do realismo, como exemplos de xéneros tales como a traxedia ou a pastoral. Nun primeiro momento e centrándose principalmente en *A Esmorga*, Manuel Outeiriño destaca os aspectos da traxedia presentes nesta obra: o enfrontamento entre dúas leis ou normas (a lei consuetudinaria e a lei xudicial), a presencia do mal fado ou o destino fatal (o heroe da traxedia non comete falta por maldade senón por erro), así como a necesidade e a distribución nos clásicos cinco actos (os cinco capítulos que conteñen as declaracións de Cibrán): prótase, epítase, epítase dinámica, catástase e catástrofe. A continuación, analiza as características do subxénero da pastoral que aparecen reflectidas nas dúas novelas: os personaxes son proletarios, marxinais, xente humilde, pero nos seus relatos aparecen digresións nas que se expresan conceptos de grande complexidade, isto pon en relación á obra de Blanco Amor coa literatura proletaria. Trátase, fronte á “pastoral vella”, na que o esencial é a implicación dunha relación harmoniosa entre ricos e pobres e na que a xente simple expresa sentimentos fortes en linguaxe instruída e de bo ton, da “pastoral realista”, da que falaba Empson, que presenta certos toques burlescos ó tempo que é a expresión natural para o sentido da inxustiza social. Finalmente, este crítico arrisca unha lectura distinta da que tradicionalmente se veu dando do “pensamento” de Cibrán: en lugar de tratarse dun trastorno psíquico (epilepsia,

concretamente) este pensamento podería relacionarse co que Jacques Derrida chamou sistema de “s’entendre parler”, é dicir, o protagonista aprecia que mediante a fala ten acceso ós seus propios pensamentos.

Paz Gago, Chema, “Salas alternativas en Santiago de Compostela”, *Primer acto*, nº 259, III (mayo-julio), 1995, pp. 106-107.

Informe sobre os dous espacios alternativos que hai en Santiago de Compostela: a NASA e a Sala Galán, xestionadas respectivamente polo colectivo Chévere e Matarile Teatro. Expóñense as características de ámbolos dous espacios escénicos, os obxectivos que perseguen, así como os diferentes espéctaculos ou actividades culturais que ofreceron. Ofrécese ademais unha breve síntese do labor de cada un destes dous grupos de teatro, poñendo de relevo as liñas que os definen.

Pena, Xosé Ramón, “Sigue la tertulia en la Quintana, ó segundo diálogo entre los consabidos Andrúco, Xácobe é Alberte” (Texto esquecido de 1820), *A Trabe de Ouro*, nº 21, Tomo I, ano VI, xaneiro-febreiro-marzo 1995, pp. 117-123.

Artigo no que se dá a coñece-lo segundo diálogo de “La tertulia en la Quintana” do que xa falaran Ricardo Carballo Calero na súa *Historia da literatura contemporánea* e Rafael Chacón nun artigo publicado na revista *Grial*. Aparece publicado agora, procedente do legado de Xosé María Álvarez Blázquez. Este texto pertenceu a D. Andrés Martínez Salazar que tiña intención de editalo pero que, finalmente, por motivos descoñecidos, non o fixo aínda que si apareceron as probas da imprenta. Xosé Ramón Pena fai unha breve presentación do texto na que trata aspectos tales como o argumento, a datación e o seu posible autor. Remata cun estudio mínimo da lingua presente na tertulia. A continuación reprodúcese o texto sen ningún tipo de corrección.

Pena Santiago, Manuela, "*Fóra de min*, de María Xosé Queizán", *Festa da Palabra Silenciada*, nº 11, 1995, pp. 79-80.

Recensión na que se comenta o libro-casete de poemas *Fóra de min*, de María Xosé Queizán. A articulista opina que a palabra que mellor define esta obra é "solidariedade", manifestada pola dor ante a inxustiza e a rebeldía con que se afronta a mesma.

Penabade Rei, Bernardo, “Outra voz na procura da emancipaçom nacional”: Ricardo Flores”, *Agália*, nº 41, primavera 1995, pp. 41-55.

Rende homenaxe á figura de Ricardo Flores (Sada, 1903), reintegracionista galego adiantado que, dende moi novo, viviu emigrado en Buenos Aires onde desenvolveu un imporante labor cultural con cargos na Sociedade Nacionalista Pondal, no Consello de Galiza ou no grupo teatral Lugrís Freire. Dedicouse ademais, á creación con obras como *Un ovo de dúas xemas* (1956), *Enguedello* (1959) e *Catro estampas de beiramar* (1961), neste último aspecto reclama a necesidade de compila-lo conxunto dunha obra dispersa en edicións minoritarias, xornais ou incluso algunhas inéditas.

Pérez Varela, Carlos “Sobre un poema inédito de Xavier Prado Lameiro”,

A Trabe de Ouro, nº 21, Tomo I, ano VI, xaneiro-febreiro-marzo 1995,

pp. 113-116.

Artigo no que se dá a coñecer un poema inédito de X. Prado Rodríguez “Lameiro” titulado “Caste milagreira”. O autor fai inicialmente unha lembranza de Lameiro e laméntase de que hoxe este poeta e dramaturgo estea tan esquecido. A continuación fai un percorrido pola súa obra e matiza as valoracións que ata o momento se veñen aplicando á súa poesía (non se trata dun ruralismo de tipos senón de personaxes individualizados e auténticos, con desenlace case sempre humorístico no que quere facer patente o enxeño do protagonista e, en definitiva, é unha poesía rural, non romántica, enxebrista e de orientación conservadora). Centrándose xa no texto presentado, dá as súas claves (motivo da composición, data aproximada, causas da súa non inclusión nos libros que conteñen toda a súa producción lírica, etc.) e reproduce o poema. Finalmente, examínao (o sistema gráfico, as solucións métricas, as variantes lóxicas, etc.) para confirma-la veracidade e fiabilidade da asignación do texto a Xavier Prado “Lameiro”.

Platas Tasende, Ana María, “Alfredo Conde entre o *recordo* e a *memoria*”, *Revista Galega do Ensino*, nº 9, novembro 1995, pp. 93-104.

Tras se referir á aparición case simultánea da versión en galego e en castelán da novela de Alfredo Conde *Sempre me matan* (Ir Indo, maio 1995 / *Siempre me matan*, Mondadori, xuño 1995), a articulista resume a trama argumental da novela e comenta que a primeira parte constitúe un exemplo de *Bildungsroman* ou novela de aprendizaxe. Céntrase de seguido na análise do tempo narrativo e nas distintas focalizacións do narrador; no apartado dedicado a “Outros aspectos” menciona a presencia das digresións, das descricións e a escasa presencia do diálogo. Considera que *Sempre me matan* non é unha novela estática, a pesar de que se desenvolve “no pensamento dun home sentado varias horas”, senón unha novela de acción, debido á selección dos recordos do pasado. Salienta como parte importante do atractivo da novela, o tratatamento de temas que teñen que ver coa emigración ou cos casos de contrabando e conclúe afirmando que na novela domina un ton de crítica a unha Galicia na que aínda non é posible realiza-las ilusións á volta da emigración porque “non hai lugar aquí para recuperar tempos fuxidos”. Ó final destaca a súa “atinada construcción e unha coidada linguaxe, recreándose, en especial, nos contrastes de ritmo entre as frases longas e as brevísimas, a versatilidade do vocabulario, os xogos de adxectivación e as recorrencias”.

Polo, Milagros, “Eros sen Tánatos. Sobre algúns textos de Claudio R. Fer”, *Boletín Galego de Literatura*, nº 13, “Notas”, Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, maio 1995, pp. 71-76.

Análise da poesía do escritor lugués Claudio Rodríguez Fer. Dende unha perspectiva filosófica, fundamentalmente hermenéutica, establécese o profundamente unitario e harmónico da súa creación, na que a palabra recobra todo o seu significado e se confunde co poeta e o universo.

Pozo Garza, Luz, “Confieso que he vivido. Homenaxe a Pablo Neruda”, *Encrucillada*, nº 95, novembro-decembro 1995, pp. 38-39.

Poema homenaxe a Pablo Neruda. Tristeza, desolación da terra que o veu nacer.

Queizán, Mª Xosé, "A auténtica Rosalía (Unha lectura de *De musa a literata*: *El feminismo en la narrativa de Rosalía de Castro*)", *A Trabe de Ouro*, nº 24, Tomo IV, ano VI, outubro-novembro-decembro 1995, pp. 69-79.

Análise da obra de Kathleen March, *De musa a literata*: *El feminismo en la narrativa de Rosalía de Castro*. Mª Xosé Queizán inicia este artigo lembrando que diversas personalidades da literatura non foron comprendidas nin valoradas na súa época e máis se estas figuras foron ideoloxicamente avanzadas. No caso de Rosalía, a isto súmase o feito de ser muller. Ata hai pouco (1985, data do Congreso de Rosalía celebrado en Santiago e da publicación do nº 2 de *Festa da Palabra Silenciada* dedicada a Rosalía), sinala a estudiosa, tódalas interpretacións da obra de Rosalía eran falsas e trataban de manipula-la súa figura (a nai abnegada, a santiña, a víctima). K. March fai, á luz da crítica feminista contemporánea, unha nova lectura que revela a trascendencia da súa obra e trata de lexitimala. Así, destaca o compromiso de Rosalía coa sociedade e coas mulleres, e a través das súas obras en prosa (*La hija del mar*, *Flavio*, *Ruinas* e *Caballero de las botas azules*) a denuncia da opresión das mulleres convértese nun tema clave e recorrente. Paralelamente, na obra rosaliana encóntrase a crítica ó matrimonio como institución que anula e escraviza á muller. Ligado a isto está tamén a ausencia de amor na obra poética de Rosalía (o único amor que defende é entre nai e fillos). Pero a autora tivo que camuflar estas ideas e Rosalía, fronte á censura da época, vese obrigada a renegar do seu feminismo (sirva

como exemplo o prólogo a *Follas novas*). Outro dos tópicos estendidos e que K. March trata de desmentir é o da escasa formación cultural de Rosalía. Por último, afirma a autora que cualificar de románticas as obras de Rosalía “representa a esperanza de manter vixentes os valores que ela mesma denuncia”.

_____, “De Manuel Antonio a Chus Pato”, *Grial*, nº 127, Tomo XXXIII, xullo agosto-setembro 1995, pp.435-438.

Recensión de *Heloísa* (1994), de Chus Pato. Liña de ruptura coa poesía tradicional que vai dende o novidoso de Manuel Antonio ata a producción de Chus Pato. *Heloísa*, libro suxestivo e aberto de interpretacións que permite conformar un mundo rico de historia e mitos coa imaxinación. Múltiples alusións, resonancias e referencias culturais nunha poesía que é un proceso de deconstrucción. Ritmo forte nunha obra que sintetiza tódolos elementos variados que a integran na conciencia.

Quintáns Suárez, Manuel, “I Concurso de Obras Teatrais Inéditas “Camino de Santiago”. Apartado A: Obra de Teatro Profesional”, *Revista Galega do Ensino*, nº 8, maio 1995, pp. 203-206.

Recensión valorativo-descritiva da publicación na que se recollen os textos teatrais gañadores do concurso “Camiño de Santiago”, a saber: *O peregrino errante que cansou ó demo*, de Xavier Lama (1º premio), *O ceo de pedra* (1º accésit), de Xoán Cejudo Álvaro e Camilo Pardo López e *Romance de Bernal o Francés*, de Antón Cortizas (2º accésit).

Rábade Paredes, Xesús, “Autopoética/Nai”, *Boletín Galego de Literatura*, nº 14, “Creación”, Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, 2º semestre 1995, pp. 199-201.

Presentación do poema en catro tempos “Nai”, de Xesús Rábade Paredes, acompañado da súa poética e dunha sinopse sobre o labor profesional do poeta e crítico lugués.

_____, “A lingua na conformación da Cultura Galega”, *Lúa Nova* (Revista da A.C.G. Rosalía de Castro de Cornellá), 4º trimestre 1995, pp. 16-18.

Conferencia pronunciada por Xesús Rábade Paredes o 25 de novembro na Agrupación “Rosalía de Castro”. Nela analiza inicialmente as diversas situacións polas que atravesa a Lingua Galega ó longo da súa historia, salientando a faceta cívica de poetas como Cabanillas, Rosalía ou Celso Emilio Ferreiro. Posteriormente trata o proceso de normalización lingüística e as súas dificultades, que o levan a concluír que estamos diante dunha situación de castelanización irrevocable, co consentimento das institucións políticas que terían poder para evitalo.

_____, “O escritor e a lingua”, *II Congreso Galego de Expresión e Arte*”, Lugo, Deputación de Lugo, 1995.

Comézase reclamando o dereito do escritor á palabra e presentando á producción artística como “elemento nuclear na configuración do proceso cultural dunha comunidade”. Sinálase que en situacións diglósicas como a galega isto non funciona adecuadamente. Segue o autor facendo un percorrido pola fragmentada historia literaria de Galicia para observa-lo papel dos escritores na configuración do que hoxe entendemos por cultura galega. Afirma que as etapas de florecemento literario en Galicia caracterízanse por deixar ouvir con nitidez a voz dos creadores “que se alzan contra a opresión dos usurpadores da palabra”. En canto á situación actual, Rábade Paredes considera que o escritor debe buscar un equilibrio “entre os sinais da identidade colectiva, o patrimonio cultural antergo, e a necesaria renovación e superación do mesmo”.

Ramos Requejo, Ramón, “Para unha teoría da interpretación textual. De Gadamer a Habermas”, *Grial*, nº 125, Tomo XXXIII, xaneiro-febreiro-marzo 1995, pp. 61-93.

A hermenéutica nos últimos tempos ten experimentado importantes avances debido a achegas como as de Heidegger, Gadamer ou Habermas. Estes dous últimos teñen mantido unha polémica a raíz da validación da reflexión hermenéutica como reflexión lingüística, en último termo, para o primeiro, namentres que aquela, para o segundo, ten que se desenvolver dentro dun concepto de reflexión crítica máis amplo.

Regal Ledo, Manuel, “¡Que viva a festa!”, *Encrucillada*, nº 93, maio-xuño 1995, pp. 67-74.

Reproduce unha peza de teatro posta en escena o 13 de maio baixo o auspicio do Movemento Rural Cristián Galego da parroquia de Rodeiro, Pontevedra, para celebra-lo San Cidre.

Renales, Juan, “A narrativa de Víctor F. Freixanes (1988-1993): a meditación sobre o tempo”, *Grial*, nº 127, Tomo XXXIII, xullo-agosto-setembro 1995, pp. 396-406.

Profunda unidade das tres obras narrativas de Freixanes publicadas ó longo destes cinco anos, comunicadas por unha rede de referencias intertextuais. Visión dualista do mundo que encarnan protagonistas antagónicos, con personaxes mesiánicos á carón doutros diabólicos e cun personaxe feminino que resulta determinante, á vez que contempla con impotencia a pugna de ambas forzas. Hai tamén unha fuxida da circularidade do tempo real, que ás veces se marca co recurso de accións paralelas.

Requeixo, Armando, "*Cinepoemas* de Claudio Rodríguez Fer: notas para unha análise fílmico textual", *De Dalí a Hitchcock*. *Los caminos en el cine*. *Actas del V Congreso de la* AEHC, A Coruña: Centro Galego de Artes da Imaxe, Dirección Xeral de Cultura, Consellería de Cultura, Xunta de Galicia, 1995, pp. 397-404.

Estudio onde se procede á exposición da temática cinematográfica na obra ensaística e de creación do poeta Claudio Rodríguez Fer. Comézase por facer un percorrido bio-bibliográfico amosando a relación do poeta dende a súa nenez co cine para despois, aborda-la presencia do cine na obra do lucense centrándose, fundamentalmente, no seu libro *Cinepoemas*, no que se procederá a unha análise fílmico textual.

_____, “Xosé Ramón Freixeiro Mato, *Antonio Noriega Varela*. *Estudio e edición da obra completa*”, *Boletín Galego de Literatura*, nº 13, “Libros”, Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, maio 1995, pp. 162-163.

Sinálase o valor e rigor na confección da edición crítica da obra do lugués Antonio Noriega Varela, publicada en 1994. Coméntanse os diferentes bloques nos que aparece estructurada a edición, en dous volumes, e finalmente apúntanse algúns detalles que contribuirían á mellora da mesma.

Ribera Llopis, Juan M., "Xosé Luis García. *Castelao dende Catalunya*", *Revista de filología románica*, nº 11-12, 1994-1995, Servicio de Publicaciones Universidad Complutense, pp. 534-537.

Juan M. Ribera destaca a importancia destes tres volumes como conexión entre a literatura galega e a catalana. Dous deles atenden á proxección catalana de dous clásicos galegos e o terceiro á recuperación cara ó galego dun catalán. Trátase respectivamente de Castelao, Rosalía e Carles Riba. Á parte de aproximarse á estructura e contido dos tres volumes, subliña a necesidade dunha lectura horizontal da historia literaria peninsular e indica en qué sentido estes libros contribúen a esa interpretación. Alonso Montero ten como eixe o corpus de *Poemas en lingua galega de Carles Riba*. No volume de X. L. García ordénanse unha serie de traballos do autor de entre os anos 1937 e 1938, nos que aparecen conectados Castelao e Cataluña. E no volume de C. Hermida Guliás saliéntase a importancia de ofrecérno-la imaxe de Galicia en Barcelona e o papel de Rosalía á hora de modifica-la imaxe de Galicia no exterior.

Ríos Panisse, Mª Carmen, "*Contos da miña terra* (1864), primeira edición do libro *Conto gallego* atribuído a Rosalía de Castro", *Grial*, nº 126, Tomo XXXIII, abril-maio-xuño 1995, pp. 257-280.

Análise das posibilidades de atribución da autoría da obra titulada *Contos da miña terra*, achada na biblioteca da R.A.G. e incluída en dous folletíns publicados polo diario *El Avisador* no ano 1864. Asinada coas iniciais R. C. varios factores apuntan a que Rosalía de Castro sexa a autora, pero outros, en cambio, fan desbotar tal idea, polo que queda sen atribución este primeiro relato galego en prosa dotado de valor artístico.

_____, “Dos escritores do Rexurdimento ás Irmandades da Fala”, *Colóquio/Letras*, “Artigos”, julho-dezembro 1995, pp. 65-80.

Unha vez situado o Rexurdimento galego no marco ideolóxico xeral do Romantismo, M. C. Ríos Panisse estructura o seu estudio do rexurdir literario galego en catro períodos cronolóxicos sucesivos. No primeiro deles, 1840-1846, analiza as ideas do movemento provincialista, comenta os primeiros achegamentos ó celtismo para construír unha “historia específica” do noso país, e describe *A gaita gallega* de X. M. Pintos baixo a idea de “ensinar deleitando”, así como a obra doutros autores considerados de menor importancia. No segundo período provincialista, 1854-1868, fala da influencia exercida polos historiadores: Murguía e Vicetto, no eido da literatura subliña o quefacer de Pondal, en especial pola súa temática. O período que vai de 1875 a 1906 é cualificado pola autora do artigo como de “intensa actividade política pero cativa producción cultural”. Fai un comentario da temática e das características da obra dos principais autores da época. O último período, titulado “Solidariedade galega e as Irmandades da Fala (1907-1921)” caracterízao polo “desexo de renovación estética” e a ausencia dun colectivo que agrupe ós distintos autores. Individualmente comenta as obras e describe as etapas polas que pasa a poesía de Noriega Varela e de Ramón Cabanillas.

Rodrigues Esteves, Amelia, "*Galicia desde Londres*", *Revista Galega do Ensino*, nº 6, febreiro 1995, pp. 211-213.

Comentario sumariamente descritivo desta publicación, na que se recollían os programas emitidos en galego pola B.B.C. de Londres entre o 14 de abril de 1947 e o 23 de xaneiro de 1956.

Rodríguez Fer, Claudio, “Castelao, artista e político que fixo literatura”, *Colóquio/Letras*, “Artigos”, julho-dezembro 1995, pp. 115-132.

Este estudio céntrase en amosa-la variedade artística e creativa do rianxeiro, a súa interdisciplinariedade e o permanente amor polo país. Claudio Rodríguez Fer estructúrao en dez partes, oito delas dedicadas a analizar cada un dos xéneros nos que traballou o autor de *Sempre en Galiza*: narrativa breve, “cousas”, o conto, a novela, o teatro, o ensaio, a oratoria e a arte. Logo de dar conta de toda a súa producción artística no primeiro apartado, fai unha sinopse argumental, temática e crítica de cada obra. Salienta a creación do xénero “cousas”, o afán didáctico do rianxeiro e a combinación da literatura co debuxo en moitas das obras. No apartado final, “por unha caracterización literaria xeral”, o autor do artigo atribúelle á obra de Castelao os seguintes trazos xenéricos: “intención moralizadora, dimensión humorística, propensión á lírica, temática galega, técnicas sintéticas, harmonía estilística, claridade expresiva e selección lingüística”. Este artigo está ilustrado con algunhas escenas de *Cousas da vida* e con varias páxinas de *Diário 1921*.

Rodríguez González, Olivia, “Ramón Otero Pedrayo en la revista *Misión*, de Orense, durante los años de la guerra civil”, *Revista de Filología Románica*, nº 11-12, 1994-1995, Servicio de Publicaciones Universidad Complutense, pp. 403-432.

Neste artigo, faise un percorrido pola historia da revista *Misión*, que se publicou en Ourense, en tres épocas diferentes, entre 1937 e 1947. A continuación realízase un estudio sobre a importancia que tivo Ramón Otero Pedrayo na devandita revista. Despois de dar noticia dos pseudónimos empregados por Otero en *Misión*, Olivia Rodríguez clasifica tematicamente os seus artigos e comenta as colaboracións que levou a cabo con Vicente Risco. Como remate, ofrécese un catálogo no que se inclúen, clasificados por pseudónimos, tódolos artigos de Otero Pedrayo na revista.

_____, “Anxo Tarrío Varela. *Primeiras experiencias narrativas de Eduardo Blanco Amor*”, *Revista de Filología Románica*, nº 11-12, 1994-1995, Servicio de Publicaciones Universidad Complutense, pp. 528-531.

Esta recensión destaca, entre as numerosas publicacións dedicadas a Blanco Amor, este estudio que analiza os primeiros relatos do autor servíndose como eixe de *A escadeira de Jacob*, que comezou a se publicar na revista *Nós* pero que non rematou. O libro reproduce tamén o conto *Nonnatos* e uns poemas en prosa: *Canzós*. Saliéntase o labor de Anxo Tarrío, que vai máis alá da simple recuperación do texto, facendo un estudio intertextual e situando o relato no contexto literario, tanto na Arxentina coma en España e Galicia, e achegándonos ó ambiente dominado polas vangardas en que se move Blanco Amor. Faise referencia tamén á importancia da análise dos textos feita dende o punto de vista da recepción literaria. A edición do relato *A escadeira de Jacob* publicada á parte pola Editorial Galaxia e adaptada ó galego normativo por Blanca-Ana Roig Rechou, e que recolle a análise de Anxo Tarrío, é tamén mencionada neste comentario.

Rodríguez Sánchez, Santiago, “Os tempos som chegados”, *Agália*, nº 41, primavera 1995, pp. 124-125.

Centra o seu traballo en *O Cervo na torre* (1994), de Darío Xohán Cabana. Nel, ademais de establece-las cinco partes do texto, fala do contexto da novela constituído por un desastre nuclear e a posterior Longa Noite, que quere representa-lo presente real de Galicia e da nosa lingua. Ó tempo, destaca o final da novela, que simboliza un canto de esperanza de liberdade no futuro da nosa comunidade.

Roig Rechou, Blanca-Ana, (coord.), “Bibliografía comentada sobre a vida e a obra de Luís Seoane”, *Boletín Galego de Literatura*, nº 13, “Bibliografías”, Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, maio 1995, pp. 179-229.

Trátase dunha bibliografía sobre Luís Seoane na que aparece un pequeno comentario de cada entrada.

Rosales, Manuel, “Os relatos de Castelao e as anteriores elaboracións. Para unha fixación do seu *corpus* narrativo”, *Anuario de estudios literarios galegos 1994*, “Comunicacións”, Vigo: Galaxia, xuño 1995, pp. 123-132.

Analiza o labor corrector de Castelao ó longo da súa obra narrativa e reafirma a opinión, precisamente por este traballo de revisión constante, dun escritor sempre preoupado pola súa obra e sempre comprometido co seu país e a súa historia. O articulista separa aqueles relatos publicados en xornais e revistas, integrados logo en libro, daqueles que nunca foran recollidos, e analiza as variantes que sufriron, fundamentalmente lingüísticas. Así mesmo reflexiona sobre a importancia das *cousas*, como fórmula literaria, xa que nelas se sente a esencia da concepción literaria de Castelao.

Salceda, Pura, “A poesía en Catalunya e Galicia no 150 aniversario de Jacint Verdaguer”, *Lúa Nova* (Revista da A.C.G Rosalía de Castro de Cornelllá), 2º trimestre 1995, p. 10.

Con motivo do aniversario do nacemento de Jacint Verdaguer, Pura Salceda fai un repaso ó acontecido na metade do século pasado a través da comparación entre o Rexurdimento galego e a Renaixença en Cataluña. Salienta a importancia dos Xogos Florais e da poesía, en xeral, en ámbolos dous renacementos literarios.

_____, “A Xeración Nós, un compromiso con Galicia”, *Lúa Nova* (Revista da A.C.G. Rosalía de Castro de Cornellá), 3º trimestre 1995, p. 31.

De xeito semellante a como fixera no anterior artigo, Pura Salceda establece unha comparación entre Galicia e Cataluña no tocante ó nacemento do nacionalismo moderno. No referente a Galicia, céntrase no importante labor de tres institucións: o S.E.G. en Santiago, as Irmandades da Fala na Coruña e a revista *Nós* en Ourense.

_____, “Manuel-Antonio, un poeta vangardista”, *Lúa Nova* (Revista da A.C.G. Rosalía de Castro de Cornellá), 4º trimestre 1995, p. 13.

Comeza o artigo cunha análise das ideas máis importantes do manifesto “Máis alá” e da súa importancia para o nacemento das vangardas en Galicia. De seguido, Pura Salceda ofrece unhas breves notas da biografía e da obra do poeta rianxeiro, complementadas cunha escolma de catro poemas de *Con anacos do meu interior*.

Salgado, X. M., “Xesús Alonso Montero. *As palabras no exilio*. *Biografía intelectual de Luís Seoane*”, *Anuario de estudios literarios galegos 1994*, “Libros”, Vigo: Galaxia, xuño 1995, pp. 185-187.

Recensión de *As palabras no exilio*. *Biografía intelectual de Luís Seoane* (1994), do profesor Xesús Alonso Montero, volume que se sumou á homenaxe realizada a Luís Seoane co gallo do Día das Letras Galegas en 1994. O estudio ofrece unha completa análise dos múltiples labores deste intelectual no exilio, a faceta de home público e as relacións que mantivo con intelectuais galegos no exilio, achegando unha información rigorosa e en moitos casos de primeira man. Coméntanse as 4 partes do volume, precedidas dunha “Cronoloxía” e dunha “Introducción”, que vai deseñando as etapas vitais e ideolóxicas de Luís Seoane, a “Bibliografía” final e os “Apéndices”, que ofrecen datos sobre outros aspectos da vida de Seoane, como a polémica que se desprende da correspondencia que mantivo con Ramón Piñeiro ou a recepción crítica do poemario, *Fardel de eisilado*. Tan só sinala unha obxección para este volume, que se refire á figura de Díaz Pardo, perfilada no derradeiro capítulo. O profesor Salgado pensa que hai unha visión supravalorada.

_____, “Perfecto Conde: *Memoria Infinda*”, *A Trabe de Ouro*, nº 21, Tomo I, ano VI, xaneiro-febreiro-marzo 1995, pp. 147-149.

Recensión da primeira novela do xornalista Perfecto Conde, *Memoria infinda*. Xosé Manuel Salgado comeza comentando os frecuentes exemplos de xornalistas que simultanean os seus labores nun medio de comunicación coa creación. A continuación, fai un percorrido por anteriores achegas deste autor ó mundo literario (o conto titulado “As dúas caras do billete”, gañador do 1º Premio do certame de relatos Breogán instituído polo Centro Galego de Baracaldo e o anticipo da súa novela inédita *Secuestro en Priscilonia*, publicado en *Dorna*). Tras narrar brevemente o argumento, o crítico destaca a construcción do relato pola economía de medios coa que se desenvolve e pola súa progresión. Bota de menos, en cambio, un maior voo da imaxinación tanto na construcción coma no argumento da novela. Comenta Salgado ademais o marcado matiz culturalista da obra e destaca o ben conseguido que está o personaxe de Pamela Lombana, a protagonista. Finalmente trata da linguaxe que considera precisa e eficaz, sobre todo na reconstrucción dos diálogos.

_____, “O grupo ‘Nós’. O Seminario de Estudos Galegos”, *Colóquio/Letras*, “Artigos”, julho-dezembro 1995, pp. 93-114.

O profesor Xosé Manuel Salgado describe neste artigo a situación cultural en Galicia nos anos vinte, centrando o seu estudio na Xeración Nós. Comeza o seu estudio cunhas referencias á época anterior; a creación das Irmandades da Fala, a resurrección de publicacións en galego como *A Nosa Terra*, a aparición dos primeiros ensaios acerca do nacionalismo galego, etc. Comenta o proceso de xestación do grupo “Nós” e caracterízao de polifacético, afirmando que “a curiosidade destes homes foi ilimitada”. Salienta o papel adoutrinador de Antón Losada Diéguez. No eido da literatura propiamente dito, analiza en detalle as obras de Florentino López Cuevillas, Vicente Risco, Alfonso Daniel Rodríguez Castelao e Ramón Otero Pedrayo. Ós datos biográficos básicos de cada un, séguelle un comentario temático das obras, das influencias que recibiron e da valoración que mereceron para a crítica posterior. Para rematar, fai referencia á creación do S.E.G. e ás actividades que desenvolveu.

_____, “*Estirpe*”, *Colóquio/Letras*, “Recensões críticas”, julho-dezembro 1995, pp. 246-247.

Comentario temático da obra *Estirpe* de Xosé Luís Méndez Ferrín, publicada por Edicións Xerais de Galicia no 1994, precedido dunha reflexión acerca do silencio poético do autor ourensán dende o 1982, data de publicación do anterior poemario, *O fin dun canto*. Atribúelle unha fonda influencia de Pondal, que se ve reflectida no achegamento á nosa cultura e á nosa historia dende posicionamentos míticos que tenden a recha-las fronteiras xeográficas do noso país. Segundo X. M. Salgado, a “continuada reflexión sobre a existencia”, característica do autor de Vilanova dos Infantes, tamén está presente en *Estirpe*, sendo temas deste poemario: a morte, a dor, o desexo e, especialmente o pasado e a “cultura da nostalxia” que o envolve.

Sánchez, Jesús Ángel, “Espacios escénicos en Galicia: teatros á italiana”,

Revista Galega de Teatro. *Información Teatral*, nº 12, decembro 1995, pp. 26-30.

Dende o punto de vista arquitectónico, o século XIX supón a consolidación do teatro como edificio cultural, respondendo ó modelo denominado “á italiana” que xurdira en Italia no século XVII. As circunstancias político-económicas influíron decisivamente no seu desenvolvemento -de feito, nun primeiro momento só son provisionais e precarios como o Teatro Provisional da Coruña (1804). En cambio, a instauración do Réxime Liberal e a puxanza da burguesía propiciará a construcción deste tipo de teatros. Faise unha síntese histórica dos máis importantes: o Teatro Principal de Ourense, o Teatro Rosalía de Castro da Coruña, o Teatro Principal de Santiago e o Teatro Principal de Tui.

Scipio, Giuseppe C. Di, “Dante Alighieri. *Vida nova*”, *Anuario de estudios literarios galegos 1994*, “Libros”, Vigo: Galaxia, xuño 1995, pp. 239-241.

Comentario sobre a traducción ó galego de *Vita nuova*, de Dante, realizada por Darío Xohán Cabana. O articulista cualifica este traballo de “verdadeira obra mestra e filolóxica”. A versión ó galego reproduce con acerto a musicalidade, a harmonía e a forza poética que Dante intentou transmitir. Cabana logrou mante-las rimas en moitas das composicións, gracias ó seu coñecemento de Dante, e ó seu dominio das posibilidades da lingua galega no eido da lírica, conxugando “maxistralmente a literalidade coa literariedade”.

Seara, Teresa, “Blas Espín: Colectivo poético”, *Gume*, nº 1, Asociación Cultural Monte Branco, pp. 60-61.

Breve apuntamento sobre a formación e andaina do grupo de xoves que conforman o Grupo “Blas Espín”.

_____, “A queimadura branca: aproximación á obra poética de Miguel Anxo Fernán-Vello”, *Anuario de estudios literarios galegos 1994*, “Comunicacións”, Vigo: Galaxia, xuño 1995, pp. 133-148.

Analiza algúns dos trazos temáticos máis característicos da obra poética de Miguel Anxo Fernán-Vello, recollida nos seguintes volumes: *Do desexo en corpo e sombra*, *Seivas de amor e tránsito*, *Memorial de brancura*, *Livro das paisaxes vivas*, *Entre áuga e fogo*, *La raíz poseída*, *Trópico de lúas* e *Poemas da lenta mudez*. O tema central e recorrente da súa poesía é o erotismo, que se expresa, xa nalgúns dos seus títulos, a través dos conceptos de desexo, brancura, camiñotránsito e sombra, coa presencia de fondo “da queimadura nas brasas do desexo”. Sinala tamén a importancia do mundo sensorial, a concepción da terra, sempre cambiante e portadora de sensacións.

_____, “Pel de ameixa”, *Grial*, nº 128, Tomo XXXIII, outubro-novembro decembro 1995, pp. 591-596.

Recensión de *Pel de ameixa* (1996), de Marta Dacosta. Invitación neste libro de asistir á singradura vital dunha voz poética feminina que inicia o seu camiño. A voz poética procede do sur, territorio do paraíso da infancia, e inicia un avance cara ó norte, que vai aumentando a frialdade, no camiño á glacialidade mortal. Aquel, indefenso perante un tempo efémero, séntese como loita, que pasa do individual ó colectivo. Á fin, o resultado vai ser positivo e a meta da viaxe vaise cumprir, podendo atinxi-lo paraíso do retorno.

Sen sinatura, “Libros: *Tristes armas*”, *Mondoñedo*, nº 40, marzo 1995, p. 4.

Breve recensión na que se dá noticia da aparición de *Tristes armas* (1994), de Marina Mayoral e se resume o argumento.

_____, “Libros: *Actas do Congreso Álvaro Cunqueiro*”, *Mondoñedo*, nº 41, maio 1995, p. 4.

Nota informativa sobre a publicación do volume na que se salienta a súa importancia para o coñecemento da obra de Álvaro Cunqueiro e o pulo cultural que aquel congreso do ano 1991 imprimira na cidade mindoniense.

_____, “Entrevista a Agustín Fernández Paz”, *Boletín de Normalización Lingüística do Concello de Vigo*, novembro/decembro 1995.

Na entrevista, este coordinador docente de galego pasa revista ás cuestións máis salientables verbo da normalización lingüística na cidade de Vigo e en Galicia en xeral, como son a existencia de prexuízos, a vitalidade e uso da lingua, propostas de revitalización, o papel da muller e a escolarización e estratexias a empregar.

Senín, Xabier, “Editar en Galicia, editar en galego”, *Colóquio/Letras*, “Notas e comentários”, julho-dezembro 1995, pp. 210-212.

Logo de lembrar que a lingua galega permaneceu afastada da imprenta durante os Séculos Escuros, fai un percorrido pola historia do libro impreso en Galicia, deténdose en describi-la situación actual. Baséase en *Panorama de la Edición Española 1992* e en *Libros en Gallego 1992* para compara-la porcentaxe de volumes publicados por cada empresa editorial, e tamén a distribución temática dos mesmos. Contrasta os datos de libros publicados nas catro linguas do Estado, e xustifica que o galego sexa a de menor número debido ó baixo índice de lectores no noso país.

Seoane, Isabel, “Bieito Iglesias Araúxo. *Miss Ourense*”, *Anuario de estudios literarios galegos 1994*, “Libros”, Vigo: Galaxia, xuño 1995, pp. 208-210.

Recensión de *Miss Ourense* (1994), de Bieito Iglesias. Catro relatos policiais que xiran sobre o tema da corrupción, dende a perspectiva do personaxe que relata e conduce os feitos, o policía Gumersindo Nespereira. A recensionista sitúa esta obra no conxunto da producción do autor que, desta vez, elixiu o xénero policial tralos intentos eróticos de anteriores entregas -*Aventura en Nassau* (1991) e *Vento de seda* (1992)-, quizais, apunta, para enche-los ocos da literatura galega con respecto a estes subxéneros. Analiza de seguido os contidos, a estructura e o léxico dos relatos, e sinala as diferencias que se poden observar en “Luanda”, o relato que abre o volume, premiado na XIVª edición do Premio Modesto R. Figueiredo en 1988 e que, segundo manifesta, “perde forza expresiva, espontaneidade e viveza na linguaxe”.

Simón Rúa, Xulio, “Sarmiento: o galego do exilio e do desterro”, *Lúa Nova* (Revista da A.C.G. Rosalía de Castro de Cornellá), 1º trimestre 1995, p. 19.

Xulio Simón Rúa fai un comentario biográfico de Frei Martiño Sarmiento con motivo do tricentenario do nacemento deste ilustre pontevedrés. Reciben especial atención as tres viaxes que fixo pola nosa terra e as súas ideas sobre a lingua, que o converterán nun incomprendido no seu tempo.

Sotelo Blanco, Olegario, “A aposta seria dunha casa galega”, *Lúa Nova* (Revista da A.C.G. Rosalía de Castro de Cornellá), 2º trimestre 1995, p. 19.

O editor, responsable de *A Trabe de Ouro*, recoñece as dificultades para soster unha publicación trimestral como *Lúa Nova*, da Asociación Rosalía de Castro de Cornellá. Fai unha louvanza da mesma por “Falar do noso país co rigor e co respecto que o tema merece”.

Souto, Francisco, “Insubmissom, unha atitude ante a vida”, *Ar!*, nº 2, inverno 1995, p. 39.

Artigo informativo sobre o XIVº Festival da Poesía no Condado (1994). Dá conta dos actos que tiveron lugar e dos obxectivos que se perseguían, a saber, facer un acto cultural de orixe e tendencia popular, reivindica-la insubmisión e establecer relacións con elementos activos doutras culturas e doutras artes. Critícase a organización e a hora en que tivo lugar o recital poético.

Stegagno Picchio, Luciana, "*A filosofía da saudade*: saudades de Ramón Piñeiro", *Grial*, nº 126, Tomo XXXIII, abril-maio-xuño 1995, pp. 173-180.

Os traballos de Ramón Piñeiro converteron a saudade, á marxe doutras expresións semellantes de linguas próximas, nun sentimento de singularidade ontolóxica do home, vivencia orixinal característica da filosofía galego-portuguesa. O seu libro *Filosofía da saudade* dátase nos anos oitenta pero os artigos recollidos nel, en especial o "Significado metafísico da saudade", remóntanse xa ós anos cincuenta.

Suárez Abel, Miguel, “Autopoética. “¿Quen vai polo neno á escola?”, *Boletín Galego de Literatura*, nº 13, “Creación”, Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, maio 1995, pp. 235-240.

Baixo o título de “Escribo para non ter frío”, Miguel Suárez Abel -repasando o que significa “escribir” para María Zambrano, M. Vázquez Montalbán, Severo Sarduy, Roa Bastos, etc- expón a súa concepción da creación. Reprodúcese o conto “¿Quen vai polo neno á escola?”.

Suárez Suárez, Manuel, “De xentes das Américas”, *Encrucillada*, nº 92, marzo-abril 1995, pp. 161-165.

Reflexiona o articulista sobre a grande cantidade de descendentes de galegos que viven en América e teñen o sentimento da terra moi interiorizado, mesmo sen ter estado nunca en Galicia. Menciona a Carlos Tomás Penas Abada, un home que aínda que naceu en Buenos Aires en 1946, expresa como poeta os seus sentimentos pola terra de Coirós, onde naceron os seus pais. Lembra tamén a grande colonia de galegos que existe en Bahía, e os traballos que saen dende alí sobre a emigración. Cita a este respecto *Galegos no paraíso racial*, do profesor Jeferson Bacelar. Refírese ademais a Carlos Gardel e sinala a súa orixe de fillo de emigrantes, e que o nacemento da súa fama tivo lugar entre galegos e italianos.

_____, “No Río de la Plata (1870-1914)”, *Encrucillada*, nº 93, maio-xuño 1995, pp. 82-84.

Reflexións sobre a chegada da emigración a Buenos Aires e Montevideo. Comentario da creación e evolución do Centro Galego de Buenos Aires.

_____, “Lembranzas do Uruguai”, *Encrucillada*, nº 95, novembro-decembro 1995, pp. 57-60.

Semblanza de Manuel Meilán Martínez, con motivo do seu primeiro cabodano. O articulista lembra a grande actividade deste galeguista en Montevideo, onde ocupou diferentes cargos na Casa de Galicia, e foi responsable ata a súa morte dun dos programas de radio máis importantes para os galegos, *Sempre en Galicia*.

Tarrío, Anxo, “A literatura como investimento”, *Eco*, decembro 1995, p. 98.

Neste artigo, e despois de facer un percorrido pola opinión que as distintas sociedades tiveron, ó longo do tempo, da literatura, Anxo Tarrío propón que se fagan campañas de animación á lectura dirixidas ós máis vellos. Esta medida conseguiría, segundo Tarrío, que se cambiase a moda das viaxes do INSERSO pola afección á literatura, máis enriquecedora dende diversos puntos de vista.

_____, “A crítica literaria”, *Colóquio/Letras*, “Notas e comentários”, julho dezembro 1995, pp. 212-215.

Ás consideracións iniciais acerca das condicións especiais nas que se desenvolve, e desenvolveu, a Literatura Galega e a recepción da mesma, séguelle unha periodización da historiografía e da crítica literaria galega en tres etapas: “A Época Nós (1916-36)”, “Dictadura de Franco (1939-75)” e “Democracia (1975 a hoxe)”. Do primeiro periodo salienta “a ausencia de monografías dedicadas á reflexión, á teoría ou á crítica literaria”, e tamén a inexistencia dun tratamento dos textos dende un punto de vista filolóxico e sistemático. Nomea como publicacións máis importantes o *Boletín de la Real Academia Gallega*, *O Tío Marcos da Portela*, *A Nosa Terra*, *Nós* e *A fouce*. Na etapa franquista, comenta como feitos máis destacables o inicio das actividades da Editorial Galaxia no 1950 e a consolidación da mesma coa revista *Grial* (1963). Non esquece as achegas do vespertino *La Noche* (1946-1967) e da revista *Cuadernos de Estudios Gallegos*. No eido individual, valora moi positivamente o traballo desenvolvido por Francisco Fernández del Riego e Ricardo Carballo Calero, autores de cadansúa historia da nosa literatura. O autor do artigo considera que a escolarización en galego en tódolos niveis de ensino é un dos factores desencadeantes do aumento da actividade crítica e teórica no eido da literatura. Outro factor que o profesor Tarrío considera importante é o aumento da actividade literaria xerada arredor do Día da Letras Galegas, e tamén o apoio institucional. Ofrece unha nómina de

publicacións, algunhas recentes e outras xa consolidadas, que inclúen traballos literarios ou que se dedican exclusivamente á literatura. Para rematar, lamenta a cada vez menor atención que os xornais dedican á literatura na actualidade. Conclúe salientando a “gran madurez” acadada pola crítica en Galicia e reclamando unha maior atención e presencia nos medios de comunicación de masas.

Toro, Suso de, *Lateral*, nº 11, novembro 1995, p. 7.

O autor compostelán reflexiona en primeira persoa sobre os motivos que o levaran a escribir en galego. Alude á situación diglósica do país, á recuperación da normalidade para a nosa lingua e á forte presión que se realiza dende as institucións castelanófilas. Insiste en dotar ó galego da universalidade necesaria para que se converta nun idioma en pé de igualdade cos demais da península. Remata esta exposición das súas ideas sociolingüísticas achegando a súa opinión sobre as traduccións ó castelán.

VV. **AA**., “Creación”, *Gume*, 1, Asociación Cultural Monte Branco, 1995, pp. 56-59 e 65-67.

O apartado de creación da revista *Gume* recolle os poemas: “Poemas da alva mariña”, de María Lema Muíño; “Seis partes de silencio e a metáfora”, de Francisco Souto; “Na obsesión de balbucir palabras...”, de María Xesús Pato; “Cantiga do corpo que vén escrito na estrela diurna do desexo”, de Miguel Anxo Fernán-Vello. Tamén aparece unha serie de poemas de membros do grupo “Blas Espín”: “¿E se o mar non fora auga senón luz?”, de Rafael Lema; “Novembro” e “No medio dese mar”, de Xosé Manuel Lema Mouzo e “En voando aires mornos gaivotas ácratas”, de Abel Méndes.

Valcárcel, Marcos, “Cumpreanos dun milagre: a revista Nós”, *Raigame*, nº 1, Ourense: Deputación de Ourense, decembro 1995, pp. 36-39.

Lembra a importancia que a revista *Nós* tivo no contexto cultural ourensán, ó dar cabida ós intelectuais máis importantes de Galicia. Tradición e modernidade conxugada, dimensión intelectual e pensadora, trazos que segundo o articulista, deben ser conmemorados cunha grande e merecida homenaxe, con motivo dos 75 anos do nacemento desta publicación.

Varela Sieiro, Jaime, “Henrique Rabunhal, *Textos e contextos do teatro galego 1671-1936*”, *Boletín Galego de Literatura*, nº 13, “Libros”, Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, maio 1995, pp. 168-170.

Comentario crítico da obra na que se analiza o seu contido e se apuntan unhas notas sobre a problemática teatro galego/teatro escrito en galego. Valóranse, ademais, positivamente, os primeiros capítulos do libro mentres que se denuncia a rixidez esquemática dos últimos.

Varela Varela, Xosé Manuel, “Enrique Labarta Pose: apuntamentos para unha biografía”, *Boletín Galego de Literatura*, nº 13, “Notas”, Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, maio 1995, pp. 105-115.

Notas biográfico-literarias sobre o poeta e dramaturgo coruñés do século XIX, Enrique Labarta Pose. X. M. Varela Varela encadra ó autor no contexto histórico-literario que lle corresponde para ofrecer despois un percorrido bio-bibliográfico do escritor. Destaca a figura de E. Labarta Pose na literatura galega pola composición de versos humorísticos e pola promoción da literatura en diferentes revistas literarias que el mesmo fundou e dirixiu.

Vázquez Cuesta, Pilar, “Portugal-Galicia, Galicia-Portugal un diálogo asimétrico”, *Colóquio/Letras*, “Artigos”, julho-dezembro 1995, pp. 5-22.

A profesora Pilar Vázquez Cuesta ofrécenos neste artigo unha revisión das relacións existentes entre a literatura portuguesa e a literatura galega. Salienta o desequilibrio desta relación, sendo considerablemente maior a atención que os nosos autores demostran polo país veciño, que a consideración que os escritores lusos teñen por Galicia. Atribúelle parte de culpa deste “diálogo asimétrico” e deste esquecemento de todo o galego en Portugal ó feito de que o noso país estea integrado do Estado español. Repasa as obras portuguesas nas que está presente o elemento galego, e analiza o tratamento do mesmo.

Vázquez Souza, Ernesto, “Uxío Novoneyra. *Poemas da doada certeza i este brillo premido entre as pálpebras*”, *Anuario de estudios literarios galegos 1994*, “Libros”, Vigo: Galaxia, 1995, pp. 224-229.

Recensión sobre a obra de Uxío Novoneyra indicada no título, publicada en 1994. O recensionista saúda a aparición dun novo poemario do escritor do Courel, trala renovación poética que supuxo *Os eidos* no seu momento. Analiza as claves temáticas fundamentais que aparecen no volume, artelladas ó redor de dúas liñas: “home-existencia ou memoria individual” -identificada co Courel-, e “home-sociedade ou memoria colectiva” -identificada con Compostela. Os conceptos de patria e esforzo, o pasado mítico, a indeterminación do futuro, a temática amorosa, o paso do tempo, son outros aspectos que destaca no poemario. Sinala, ademais, o coidado posto na edición, que inclúe as composicións grafolóxicas de Novoneyra, e as fotografías de García Cabezón ilustrando “Elexía por un souto”.

Vega Alonso, Lourdes, “Monográfico de A. Reixa na sala Pradillo”, *Revista Galega de Teatro*. *Información Teatral*, nº 11, “Opinións desde a butaca”, xuño 1995, pp. 70-74.

Noticia sobre un monográfico que a sala Pradillo de Madrid lle dedicou a A. Reixa en febreiro de 1991, no que se incluíron dous recitais poéticos englobados baixo o nome de “Reixa recita Reixa” e dúas obras de teatro: *El silencio de las Xigulas*, por Lagaleón Teatro de Irún e *Doberman*, polo Teatro do Morcego. Engádense ademais comentarios críticos sobre os textos e a súa posta en escena. Con respecto á primeira obra, sinálase o traballo dos actores, a boa acollida así como o feito de que o texto -tirado do libro *Ringo Rango*- non conta unha historia, senón que é un pretexto para o divertimento. Pola contra, *Doberman*, (representada en galego) conta unha historia na que a ironía goza de moita relevancia. Faise, ademais, un breve resumo da xénese desta obra, do seu contido e do traballo dos actores. No final, inclúense os resultados económicos deste monográfico así como a ficha técnica de cada espectáculo.

Vega, Rexina R., “Cándido Pazó. *Raíñas de pedra*”, *Anuario de estudios literarios galegos 1994*, “Libros”, Vigo: Galaxia, xuño 1995, pp. 236-238.

Recensión de *Raíñas de pedra* (1994), de Cándido Pazó. A recensionista sitúa esta obra na tradición do drama histórico, significativo na dramaturxia galega, con textos como *O Mariscal* (1926) ou a obra de Daniel Cortezón. Comenta pormenorizadamente o modelo de drama que presenta Cándido Pazó, problematizando o discurso histórico dende a escrita dramática. Emprega da polifonía, alternando a visión directa dos protagonistas e os comentarios das xentes do pobo sobre os feitos. Outras características da obra, como o emprego de recursos cómicos, os xogos de palabras, as repeticións e ambigüidades, a intervención do coro, etc., fan de *Raíñas de pedra* unha obra histórica “actualizada e valiosa”.

Vélez, Xosé Manuel, “Arcadio López Casanova. *Noite do degaro*”, *Anuario de estudios literarios galegos 1994*, “Libros”, Vigo: Galaxia, xuño 1995, pp. 215-218.

Comeza saudando a publicación de *Estirpe*, de Xosé Luís Méndez Ferrín, e *Noite do degaro*, de Arcadio López Casanova, dúas entregas poéticas que supoñen a reaparición de dous “clásicos en vida”, que comparten a intertextualidade e a modernidade. *Estirpe* presenta a influencia de poetas como Seamus Heaney, Derek Walcott ou Antonio Gamoneda e a concepción da poética como comunicación, reiterando un mundo persoal, cheo de “esplendor lingüístico e estilístico”. Céntrase despois en *Noite do degaro*, de Arcadio López Casanova, “unha das figuras situadas a maior altura ética e estética”. Analiza o proceso de “imitación creativa”, de “recolocación” de procedementos poéticos doutra figura clave na nosa lírica, Aquilino Iglesia Alvariño, influencia mediada polo ton existencialista de Blas de Otero. López Casanova retoma e supera a lingua poética, os termos-clave, e o “rimario” de Iglesia Alvariño, recoñecendo no poemario e en toda a obra poética do poeta unha complexa rede intertextual. Desvela tamén a estructura do poemario, trinta e dous poemas precedidos de dúas composicións, un “Limiar” e un “Cabo”, e artellados en tres fases: o enfrontamento coa *Noite*, a vivencia da *Noite* coa presencia da *Sombra* e a chegada da *Alba*. Salienta ademais o desenvolvemento do artificio retórico nos sonetos mitolóxicos.

Ventura, Joaquim, “Xosé Luís Méndez Ferrín. *Estirpe*”, *Anuario de estudios literarios galegos 1994*, “Libros”, Vigo: Galaxia, xuño 1995, pp. 219-223.

Comeza sinalando o valor obxectual de *Estirpe* (1994), dende a súa feitura formal, no tamaño, formato e deseño gráfico. A presencia de Méndez Ferrín móstrase xa nas primeiras páxinas, nas que se fai presente cunha dedicatoria plurilingüe, na que nomea a Seamus Heaney, Derek Walcott e Antonio Gamoneda. No que concerne ó texto, Ferrín recupera o seu mundo poético habitual, mostrando a evolución dos anos e da ideoloxía da súa concepción do mundo, pero mantendo algunhas constantes, como a referencia ó mundo céltico-artúrico. Comenta tamén o recensionista a subversión da lingua e das regras de puntuación, que reforzan a estética propia do autor.

Vidal, Engracia, “Libros chegados á redacción”, *Encrucillada*, nº 91 (xaneiro febreiro), 92 (marzo-abril), 93 (maio-xuño), 94 (setembro-outubro), 95 (novembro decembro), 1995, pp. 96-97, pp. 106-108, 114-116, 115-116, respectivamente.

Comentarios dos contidos das obras que se reciben na redacción de *Encrucillada*. No número 91 coméntanse *Dafnis e Cloe* (Galaxia), de Longo; *As sombras do barroco* (Galaxia), de Xesús Rábade Paredes; *Panificadora* (Xerais), de Xesús Cid Cabido; *¡Asústate Merche!* (Xerais), de Fina Casalderrey; *A sombra cazadora* (Xerais), de Suso de Toro; *Flanagan de luxe* (Xerais), de Andreu Martín e Jaume Ribera.

No número 92, *Literatura e sociedade en Galicia* (Xerais), de Xoán González Millán; *A literatura galega durante a guerra civil* (Xerais), de Claudio Rodríguez Fer; *Romeiro da saudade* (Pombal), de Lois Vázquez Fernández; *Anélidos* (Xerais), de Bruno Bernardo; *Lucía* (Xerais), de Frías Conde; *A expedición do Pacífico* (Xerais), de Marilar Aleixandre; *Obras Completas* (Galaxia), de Vicente Risco; *A peza enramada* e *A peza de Berto e María* (Galaxia), de Adan de la Halle.

No número 93, *Cantares Gallegos* (Galaxia), de Rosalía de Castro; *Obra galega completa* (Galaxia), de Rafael Dieste; *O porco de pé* (Galaxia), de Vicente Risco; *A sogra*.*Os irmáns* (Galaxia), de Terencio;

Lendas galegas de tradición oral (Galaxia), de X. M. González Reboredo; *O cable inglés* (Galaxia), de Xosé Antonio Moreno; *A citación* (Galaxia), de Xavier López Rodríguez; *O barco* (Galaxia), de Alfredo Conde; *Querida amiga* (Galaxia), de Marina Mayoral; *A vida de Rafael Dieste* (Galaxia), de David Otero; *O perfil do crepúsculo* (Elsinor Teatro), de Manuel Lourenzo; *O escrutador* (Xerais), de Marcelino Salgueiro; *A rata* (Xerais), de Andrzej Zaniewski; *O fillo de don Tomás* (Ediciós do Castro), de Rosendo Díaz-Peterson; *Coloquio de vintecatro galegos rústicos* (Consello da Cultura), de Frei Martín Sarmiento.

No número 94, *Ruído*, *relatos de guerra*, de Miguel Anxo Murado; *Contos populares galegos*, de Maruxa Barrio e Henrique Harguindey; *Contos do camiño e da rúa*, de Ramón Otero Pedrayo; *Anuario de estudios literarios galegos*, de VV. AA.

No número 95, *O derradeiro bandido* (Galaxia), de Josep Franco; *O capitán lobo negro* (Galaxia), de X. M. Valcárcel; *Contra mar* (Galaxia), de Antón Risco; *Estilo de exercicios para exercicios de estilo* (Xerais), de Henrique Harguindey e Xosé M. Pazos; *A aventura de Xanzolo*, de Ánxeles Ferrer; *Estas rapazas chegarán moi alto*, de Xosé Cermeño; *Lueiro de papel*, de Antonio García Teijeiro; *A lenda da cidade asolagada* (Xerais), de Antón Castro; *Obras Completas* (Galaxia), Volume IV, de V. Risco; *A cartuxa de Parma* (Galaxia), de Stendhal; *O signo dos catro*, *Un estudio en escarlata*, *As aventuras de Sherlock Holmes*, *As memorias de Sherlock Holmes (*Galaxia), de Arthur Conan Doyle; *Espinacas sobre rodas* (Galaxia), de Renate Welsh; *Isilda*, *a portuguesa* (Galaxia), de Cristina Frasie; *A brava Sofía* (Galaxia), de Lucas Hartmann; *Mini e Mero* de X. L. Rivas e Baldomero Iglesias; *Contos de vellos para nenos* (Citania); *Diccionario de Literatura Galega* (Galaxia) de VV. AA.; *Dende San Pedro de Moreiras* (Deputación de Ourense), de Amelio Casal Nieto.

Vidal, Manuel, “El canto del cisne: Poema inédito de E. Pondal”, *Gume*, nº 1, Asociación Cultural Monte Branco, 1995, pp. 20-29.

Neste artigo dáse a coñecer un poema inédito, en castelán, de Eduardo Pondal, “El canto del cisne”. Explícase cómo foi atopado entre o entullo da casa de Manuel Lastres, parente de Gonzalo López Abente, quen, á súa vez, tiña lazos familiares co de Ponteceso. Ofrécese no artigo a reproducción facsímilar do poema así como unha transcrición do mesmo realizada por Manuel Vidal.

Vidal Villaverde, Manuel, “Arredor de *Cemento e outras escenas*”, *A Trabe de Ouro*, nº 22, Tomo II, ano VI, abril-maio-xulñ 1995, pp. 135-137.

Máis ca unha crítica, Manuel Vidal Villaverde pretende neste artigo facer unha recreación do texto de *Cemento e outras escenas*, de Camilo Gonsar. Esta obra está composta por relatos/retratos, vivos e certeiros, entre os que destaca o terceiro, “A desmitificación de Antero Corga”, peza de contida emoción que linda, segundo o crítico, co maxistral. Aproveita tamén estas liñas Manuel Vidal Villaverde para facer unha dura crítica ós “ilustres críticos”, polo inxusto silencio que envolve a determinadas obras, entre elas este *Cemento e outras escenas*.

Vieites, Manuel F., “Introducción ó estudio do espacio no teatro”, *Revista Galega de Teatro*. *Información Teatral*, nº 12, decembro 1995, pp. 6-12.

Artigo que ten como ámbito de estudio o espacio teatral. Distínguense os conceptos de literatura dramática (para se referir ós textos dramáticos) fronte a teatro (para aludir ás representacións teatrais que constitúen o referente para o estudio do espacio que se aborda neste artigo). Seguindo outras teorías, diferénciase un espacio do actor e un espacio do espectador ou un espacio escénico e un espacio comunitario. O primeiro deles ten unha dobre dimensión: o espacio escénico primario (onde se vai construí-lo espacio dramático) e o espacio escénico secundario (o que constitúe unha especie de “área de servizo”). O primario pode subdividirse á vez nunha área de actuación e noutra de repouso. Expóñense, ademais, os distintos tipos de relación espacial que se poden presentar entre o espectador e o actor, moitas delas con claras connotacións ideolóxicas e estéticas que permiten identificar diferentes épocas da historia do teatro. O espacio teatral tamén pode ser estudiado como institución social. Outro aspecto relevante é a relación existente entre o espacio dramático figurado na escena e a realidade física que con el se pretende mostrar e que persegue sempre uns obxectivos moi claros.

Vilar Pereira, Rosa, “As letras galegas na Casa de Galicia”, *A Peneira*, 1ª quincena, xuño 1995, p. 24.

Breve informe dos actos de celebración do Día das Letras Galegas na Casa de Galicia das Palmas de Gran Canaria, salientando unha disertación de Carlos Platero Fernández sobre a importancia da figura de Dieste no seu tempo. Tamén se mencionan as homenaxes recibidas no 44º aniversario da fundación da citada casa.

Vilavedra, Dolores, “Un paso adiante na consolidación dun xénero”, *A Trabe de Ouro*, nº 21, Tomo I, ano VI, xaneiro-febreiro-marzo 1995, pp. 143-145.

Crítica da obra de Aníbal C. Malvar, *A man dereita*, novela negra gañadora da VIª edición do Premio García Barros. Dolores Vilavedra vai destacando unha serie de aspectos da obra que a fan insólita no panorama literario actual. Son aspectos tales como a desusada extensión, a estratexia dos flash-backs (pezas imprescindibles para o funcionamento da engranaxe do relato), o control dos diálogos, o coidado da frase e a despreocupación que o autor implícito amosa pola verosemellanza. Chama a atención, así mesmo, o tratamento literario do terrorismo nunha sociedade que o padeceu como de esguello. Sinala tamén Dolores Vilavedra que o exceso de malditismo da súa obra anterior, *Un home que xaceu aquí*, dá paso a unha lene simpatía polo protagonista. O único aspecto criticado é a excesiva lonxitude do epílogo que frustra as expectativas do lector, ansioso de resolve-la intriga e decepcionado polo desenlace.

_____, “Entrevista con Bernardo Atxaga”, *Grial*, nº 127, Tomo XXXIII, xullo agosto-setembro 1995, pp. 427-434.

Diálogo coa entrevistadora no que contesta ás súas preguntas, respecto de problemas referidos á literatura vasca, como cuestións de definición, o papel do escritor no seu contexto cultural, a tradición e o momento presente. Tamén se tratan aspectos relacionados coa súa obra literaria, en concreto os libros *Obabakoak* e *Gizona bere bakardadean* ou a súa relación e grao de coñecemento dos autores galegos.

_____, “De *Polaroid* a *Tic-tac* ou como ser posmoderno pasando por Otero Pedrayo”, *Grial*, nº 127, Tomo XXXIII, xullo-agosto-setembro 1995, pp. 333-343.

Aproximación á última producción narrativa de Suso de Toro por darse Galicia un exemplo paradigmático de posmodernidade e el crear un proxecto de desintegración textual. Agora o texto novelesco configúrase nun obxecto autosuficiente e caracterizado pola fragmentación. A fragmentación narrativa que se opera en *Tic-tac* produce unha multiplicidade de posicións interpretativas do texto. No que respecta ós contidos, trátase dun mosaico de episodios, en grande medida autorreferenciais. Todo isto forma parte da dialéctica entre tradición e modernidade que obras como esta representan.

_____, “*A cidade dos Césares*”, *Colóquio/Letras*, “Recensões críticas”, julho dezembro 1995, pp. 251-252.

Dolores Vilavedra propón *A Cidade dos Césares* como proba do “desenvolvemento e madurez” ó que chegou a narrativa galega actual. Comenta as dificultades que presenta a obra de Víctor F. Freixanes á hora de encadrala xenericamente, e analiza as dous niveis de lectura que se poden facer da mesma. Logo de resumi-lo argumento, describe o estilo e a lingua empregada por Freixanes.

Villalaín, Damián, "*Venenos*: a soidade das parellas", *Grial*, nº 126, Tomo XXXIII, abril-maio-xuño 1995, pp. 305-307.

Recensión conxunta do texto dramático e da representación proposta por Uvegá Teatro. Dende o punto de vista literario, en *Venenos* (1994) apréciase un cambio de orientación con respecto a *Ei*, *Feldmühle* (1991), xa que se eliminan alusións a espacios referenciais para centrarse no ámbito das relacións humanas. Asemade, prodúcese unha forte depuración expresiva posta ó servizo do desenvolmento argumental. En "A vía Láctea", primeira peza da obra, un diálogo convertido en monólogos, evidénciase a presencia de Chéjov, algo que queda diluído na representación a prol de formas que recordan o teatro realista norteamericano. O conflicto interno dunha parella de homosexuais abórdase por primeira vez no teatro galego na segunda peza, "Como Jekyll e Hyde". Esta caracterízase polo desenvolvemento clásico dos seus contidos argumentais.

_____, “O teatro, un xénero abandonado”, *Anuario de estudios literarios galegos 1994*, “Panorámicas”, Vigo: Galaxia, xuño 1995, pp. 173-175.

Lamenta a progresiva desaparición do teatro do panorama editorial e as dificultades dos autores non vencellados ó teatro institucional para publicar. Tan só nos *Cadernos da Escola Dramática Galega* se abren as portas a outras perspectivas teatrais. Saúda a publicación durante o 94 de *A soldadeira*, de Luís Seoane no *Boletín Galego de Literatura*, *Raíñas de pedra*, de Cándido Pazó, *A grande noite de Fiz*, de Miguel Anxo Murado e a obra *Venenos*, de Xesús Pisón, que mereceu o único premio de teatro que persiste, o Rafael Dieste.

_____, “*Días sen gloria*”, *Colóquio/Letras*, “Recensões críticas”, julho-dezembro 1995, pp. 255-256.

Damián Villalaín fai un comentario de *Días sen gloria*, peza teatral de Vidal Bolaño, no que tenta demostrar que esta obra é unha “matáfora da vida”. Resume o argumento e sintetiza a temática, dicindo desta última que ten unha “aspiración totalizante”. Salienta a facilidade que o público lector ten para identificarse cos personaxes e o ambiente marxinal no que se ubican. Finalmente, trata a importancia do Camiño de Santiago como marco espacial unificador da obra.

Villar, Miro “Indo pra máis perto da poesía Cribeiro”, *Dorna*, “Caderno da Crítica”, nº 21, 1995, pp. 125-131.

Percorrido pola producción poética de Xosé Alexandre Cribeiro (1936-1995) a través dos seus algo menos de setenta textos. Poemas publicados durante dezanove anos en tres únicos libros *Acoitelado na espera* (1960), *Doente na espranza* (1962) e *Indo pra máis perto* (1979) e incluídos en libros colectivos, como a homenaxe a Celso Emilio Ferreiro, *Voz e vento*, ou espallados por diversas publicacións periódicas -as revistas *Aturuxo*, *Alba*, *Eufonía* ou a propia *Dorna* entre outras. Miro Villar, despois de establece-la relación entre Cribeiro e a Xeración das Festas Minervais ou Grupo Brais Pinto, reclama a necesidade dunha nova edición que recompile o conxunto do seu corpus poético para poder reconstruír, así, unha visión máis completa da lírica da posguerra.

Villar, Rafael X., "*Tempo de ría*", *Colóquio/Letras*, "Recensões críticas", julho dezembro 1995, pp. 243-245.

Percorrido pola traxectoria de Xohana Torres dentro da Literatura Galega, atendendo especialmente á poesía e comentando a temática e o estilo de cada un dos poemarios que leva publicados. De seguido, céntrase en *Tempo de Ría*, publicado por Espiral Maior no 1993. Desta obra describe a estructura, a métrica, a localización xeográfica dalgúns poemas e os temas: soedade polo paso do tempo, o amor e a morte.

Villar Janeiro, Helena, “Autopoética’ e ‘Tras da dorna de Ulises”, *Boletín Galego de Literatura*, nº 13, “Creación”, Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, maio 1995, pp. 231-234.

Ademais dunha pequena reflexión autopoética sobre o que a poesía e o feito de ser poeta significan para a creadora luguesa, atópase nesta sección o poema en cinco tempos “Tras da dorna de Ulises”. Acompaña o conxunto unha pequena biografía de Helena Villar Janeiro.

X. **G**. **G**., “Cara o ano 2000. Por un novo discurso”, *Galicia Internacional*, nº 2, marzo 1995, pp. 52-54.

Trátase dunha reflexión sobre a literatura galega ante a fin do século. Cuestións como a institucionalización do papel do escritor, a relación autor/lector, a situación periférica da nosa literatura ou o concepto de modernidade son abordadas neste breve estudio.

V. Ensaio. Teoría Xeral. Crítica

V. 4. Publicacións en xornais: estudios e recensións

V.4. Publicacións en xornais: estudios e recensións

Acuña, Xosé Enrique, "Artistas para nós", *A Nosa Terra*, nº 700, "Ánxel Casal. Centenario do editor e galeguista", 16 novembro 1995, p. 19.

Artigo que recolle os nomes de todos aqueles que participaron na ilustración e deseño dos volumes na imprenta *Nós* de Ánxel Casal. Na etapa coruñesa destaca a obra artística de Camilo Díaz Baliño, que deseñou a capa de tódolos números da colección *Lar,* e Alfonso Castelao, que "cumpriría un fundamental papel tanto na preparación dos seus próprios libros como os de feitura allea", dos que destaca *Cousas* (1929), *Cincoenta homes por dez reás* (1930) e *Os dous de sempre* (1934). Da etapa de *Nós* en Compostela salienta os nomes de Carlos Maside, Fernández Mazas, Colmeiro, Xurxo Lourenzo, Manuel Méndez, Manuel Prego, Castro Arines e Xosé Sesto, pero sobre todo a obra de Luís Seoane, que conecta coa arte máis actual, asimilando as vangardas na ilustración.

_____, "Rafael Alonso e Benito Soto", *A Nosa Terra*, nº 705, "Guieiro Cultural", 21 decembro 1995, p. 29.

Extenso repaso pola traxectoria profesional de Rafael Alonso con motivo da súa morte. Faise un percorrido que se detén especialmente nas incursións no vangardismo do pintor, que quedou reflectido, por exemplo, na colección "Benito Soto", a primeira que usou o galego na postguerra, e da que se dan os títulos pertinentes, ou nos *Cuadernos de Arte Gallego*. Finalmente, o articulista lamenta o inexplicable esquecemento ó que a crítica actual o está sometendo.

Amaro, Carlos, "Unha viaxe nocturna aos infernos", *Faro de Vigo,* "*Faro das Letras*", nº LXXXI, 10 marzo 1995, p. 4.

Recensión de *A equipaxe do azar* (1994), de Manuel Forcadela. Unha novela situada nas rúas viguesas, que concilia o tema clásico da viaxe de iniciación cun final tráxico e aberto a posibilidades de redención. Pode entrar, segundo o comentarista, na clasificación de "negra" con marcadas referencias ó mundo do cine e un aberto tratamento da sexualidade. Carlos Amaro sinala o acerto de "conciliar claves alleas a unha realidade galega co noso devir cotián: o destino dos deuses gregos transformado na vaidade dos capos enxebres".

_____, "Amor de cinema", *Faro de Vigo,* "*Faro das Letras*", nº LXXXVI, 23 abril 1995, p. 3.

Recensión que pon de manifesto a inspiración cinematográfica de *Amor de cinema* (1994), de Francisco Castro, novela inzada con continuas referencias a Bette Davis, Rita Hayworth ou Ava Gardner, nun intento de facer unha novela sobre o cinema cunha ordenación narrativa máis cinematográfica que literaria, compensando, isto último co emprego dunha linguaxe claramente poética.

Araguas, Vicente, "A forza da independencia", *O Correo Galego,* "*Revista das Letras*", nº 47, 5 xaneiro 1995, p. 24.

Vicente Araguas dá conta de tres libros publicados no 94, *Viva Galicia Beibe*, de Antón Reixa, *Das últimas mareas*, de Ana Romaní e *A emoción da terra,* en edición de Carlos L. Bernárdez. Tres poéticas completamente diferentes que marcan as tendencias polas que camiña a poesía galega: a espontaneidade, a independencia de Reixa, a poesía ben traballada, chea do simbolismo do mar a través da voz poética feminina e a recuperación da poesía de Vicente Risco.

_____, "María a dinamiteira", *O Correo Galego*, "*Revista das Letras*", nº 49, 2 marzo 1995, p. 23.

Xustifica o título do artigo polo comentario sobre a publicación da *Obra Completa* de María Mariño a quen Uxío Novoneyra cualificou de "dinamiteira da fala" pola súa espontaneidade creadora. Vicente Araguas comenta tamén outras obras poéticas do 94: *Manual de urxencias e retornos*, de Domingo M. Tabuyo Romero (Accésit do IIIº Premio de Poesía Miguel González Garcés), *O devalo do mar*, de Rafa Villar, *Tempo de chover*, de Xosé Pablo Bayo, *Poesía Galega Completa,* de Luís Amado Carballo, *Heloísa* de Mª Xesús Pato e *Se digo Ourense*, de Pura Vázquez.

_____, "A razón do poema", *O Correo Galego*, "*Revista das Letras*", nº 50, 6 abril 1995, p. 4.

Fálase do volume *Poemas da doada certeza* (1994), de Uxío Novoneyra e da súa traxectoria na poesía dende *Os Eidos* (1956). Mantén dende aquela a esencialidade e a inmediatez, a verdadeira "razón do poema", breve, intenso, seguindo o principio da economía expresiva e producindo versos dende a "levidade".

_____, "Cibreiro, a sinxeleza", *O Correo Galego,* "*Revista das Letras*", nº 51, 13 abril 1995, p. 4.

Comentario do libro de Pilar Cibreiro, *Feitura do lume* (1994). Deste segundo libro de poesía en galego da autora destácase, en primeiro lugar, a sinxeleza estructural dos seus poemas. En segundo lugar, coméntase a intemporalidade e a sensorialidade das composicións e o profundo sentimento da paisaxe que hai en todas elas.

_____, "Poesía confortable", *O Correo Galego,* "*Revista das Letras*", nº 52, 20 abril 1995, p. 4.

Estudio das liñas poéticas seguidas por Luís Rei Núñez en *A casa na brétema* (1994), ó que acompaña unha enumeración dos temas centrais: o amor, a vida e a familia, entre outros.

_____, "Décimas tamén de febre", *O Correo Galego*, "*Revista das Letras*", nº 53, 27 abril 1995, p. 6.

Comentario do libro *42 décimas tamén de febre* (1994), de Miro Villar, no que nunha liña erótica dáse espacio a outras artes: a pintura, o cine e a literatura, que organizan un *collage* de grande calidade. Saliéntanse as seccións "imaxes" -que ten como antecedente *Cinepoemas,* de Claudio Rodríguez Fer- e "Litografías". Araguas considera a Miro Villar "o poeta galego actual que máis e mellor 'controla' as estrofas clásicas".

_____ "A poesía para os poetas", *O Correo Galego,* "*Revista das Letras*", nº 54, 4 maio 1995, p. 4.

Crítica á falta de risco na edición de poesía no panorama galego, sobre todo na que presenta certa modernidade. Por este motivo felicita a Edicións do Dragón por asumi-la publicación de *Dous bocetos* (1994), de Adriana Castro e Paco Souto, autores tan novos -pensa o recensionista-, como a "lixeireza" que semella nos seus poemas.

_____, "Recuperando o pasado", *O Correo Galego,* "*Revista das Letras*", nº 55, 11 maio 1995, p. 4.

Recensión da edición facsímilar da revista *Aturuxo* (1994), realizada polo Centro de Investigacións Ramón Piñeiro baixo a dirección de Luís Alonso Girgado, que inclúe as colaboracións de presentación e contextualización do traballo de Luz Pozo Garza, Isaac Díaz Pardo e Mario Couceiro. Anota Araguas a importancia desta revista no Ferrol dos anos 50, vehículo de expresión de poetas galegos de transcendencia e labor continuado ata hoxe e, de poetas casteláns da valía de Vicente Aleixandre, Luís Felipe Vivanco ou Goytisolo entre outros.

_____, "O auxe da noveliña. (Unhas anotacións críticas)", *El Correo Gallego*, Suplemento especial "As últimas literaturas", 17 maio 1995, p. 5.

Vicente Araguas fai un repaso da producción máis recente na novela e na poesía en galego. Comenta a aparición dos pequenos relatos de Nigra (Relatos dunha hora) e Pentalfa, con autores ben representativos e de calidade como Mª Xosé Queizán, Paco Martín, Xavier Alcalá, etc. Sobre o conto vén de aparecer un *Manual e escolma do relato galego*, de Dolores Vilavedra. Ademais refírese a outras novelas aparecidas no 94 ou nos primeiros meses do 95: Darío Xohán Cabana, con *O cervo na torre* (1994), na que salienta unha vez máis o mundo propio deste autor, mesmo fala do estilo "cabaniano"; Marina Mayoral, con *Querida amiga* (1995) e *Tristes armas* (1994), esta última encetou a colección "Fóra de Xogo". Cita tamén *Criminal* (1994), de Xurxo Borrazás, *Panificadora* (1994), de Cid Cabido e *Terminal* (1994), de Xelís de Toro, obras que confirman a "variedade, cando menos, nun proceso (ou progreso) continuo", e *Os nervios da cabeza* (1994), de Xosé Cermeño, unha das mellores do 94 para o autor do artigo. Con respecto á poesía, felicita á editorial Espiral Maior pola súa oferta poética na que apareceron *Nadador* (1995), de Xavier Baixeras e *A luz do mediodía* (1995), de Ramiro Fonte. Pouco a pouco van xurdindo novas poéticas da man de Miro Villar, Ana Romaní, Iolanda Castaño, Isolda Santiago e outros.

_____, "Un pouquiño tarde", *O Correo Galego,* "*Revista das Letras*", nº 58, 1 xuño 1995, p. 6.

Comentario crítico de *Derrapa e cai* (1994), do poeta Xavier Santiago, editado por Sotelo Blanco na colección Leliadoura e prologado por Basilio Losada. Destaca a parodia do mundo da publicidade, realizada con humor e ironía na primeira parte e os divertidos poemas da segunda, que leva o título de "A agulla no palleiro", de menor calidade con respecto ó resto. Sinala tamén a brillantez, intelixencia e frescura desta obra que "sin estar mal xa tivo máis sentido (...) do que ten hoxe".

_____, "Voces da alofonía", *O Correo Galego,* "*Revista das Letras*", nº 62, 29 xuño 1995, p. 2.

Oito poemas en lingua galega (1994), da autoría de Eduardo Jorge Bosco, foron recuperados por Xesús Alonso Montero, que continúa co seu labor de recupera-los poetas alófonos. Eduardo Jorge Alonso foi un escritor arxentino, de vida efémera (1913-1943) que escribiu en galego coa axuda da súa amiga Pepita Sabor, colaboradora tamén desta recuperación. O prólogo de Alonso Montero desvela as claves da vida e a obra deste poeta.

_____, "Work in Progres", *O Correo Galego,* "*Revista das Letras*", nº 63, 6 xullo 1995, p. 6.

Percorrido pola producción de Xela Arias, dende *Denuncia do equilibrio* (1986) e *Tigres coma cabalos* (1990) ata a súa aparición no nº 11 (maio, 1994) do *Boletín Galego de Literatura,* cunha separata. Estes novos poemas evolucionan cara ó tema da solidariedade con motivos tan actuais como a sida, ou a independencia, xunto ós habituais, como o amor. Nembargantes, o estilo segue a identificar a esta poetisa.

_____, "Descanse en paz", *Diario 16 de Galicia*, 16 xullo 1995, p. 16.

Recensión da traducción ó castelán da novela de Aníbal C. Malvar, *Un home que xaceu aquí,* traducida por Rober G. Méndez co título *Aquí yace un hombre* (Rosel Editorial, 1994). O recensionista resume brevemente a trama argumental da novela e salienta a boa construcción deste thriller e a resolución dunha intriga ben levada e salpicada por trazos de sutileza e vis cómica que domina o autor.

_____, "Para quen a traballe", *O Correo Galego,* "*Revista das Letras*", nº 66, 27 xullo 1995, p. 4.

Vicente Araguas comenta *Cadernos dos dereitos e das horas* (1994), accésit do IVº Premio de Poesía Miguel González Garcés, e sinala a reflexión e humildade da que nace a súa poesía, aínda que o volume contén composicións de calidade variable.

_____, "Nin pudor nin melindres", *O Correo Galego,* "*Revista das Letras*", nº 74, 21 setembro 1995, p. 6.

Recensión de *Festa do corpo* (1994), de Helena Villar Janeiro, accésit do IVº Premio de Poesía Miguel González Garcés, que sitúa o poemario na liña da poesía erótica. Un producto "brillante", cheo de referencias sensuais pola musicalidade dos versos e polos autores e obras que lle serven de referencia nos tres apartados nos que se divide a obra: "Procura", "Plenitude" e "Ausencia".

_____, "Bandexa de ruínas", *O Correo Galego,* "*Revista das Letras*", nº 75, 28 setembro 1995, p. 6.

Comentario de *Un áspero tempo de caliza* (1994), de Paulino Vázquez, IVº Premio de Poesía Miguel González Garcés, poemario emparentado coa poesía modernista británica e irlandesa (Eliot, Joyce, Yeats), de lectura pouco accesible para o grande público. Paulino Vázquez xa anunciara a súa poética en obras anteriores como *Aquí podían ser os pés de arxila*, *Seixo de desfacer entre os dedos* ou *Perdendo o tempo que foxe como J. S. Bach*, premio Celso Emilio Ferreiro en 1982.

_____, "Precisa e polémica", *O Correo Galego*, "*Revista das Letras*", nº 85, 7 decembro 1995, p. 6.

Recensión da antoloxía *50 anos de poesía galega* (1994), publicada en dous volumes, que o crítico considera irregulares e con contidos dignos de discusión. Fala tamén da meticulosidade do autor do prólogo do primeiro volume, quen tivo que facer equilibrios para introducir con igualdade a autores de diversa calidade. Discútese a gradación cronolóxica e a inclusión dalgún nome, pero saúdase, finalmente esta iniciativa.

_____, "Precisa e polémica (II)", *O Correo Galego*, "*Revista das Letras*", nº 86, 14 decembro 1995, p. 6.

Céntrase no segundo volume da antoloxía *50 anos de poesía galega.* Aceda queixa, na que non se omiten descualificacións persoais ó autor, por ficaren excluídos da antoloxía, neste segundo volume, unha serie de poetas pertencentes á "Xeración dos 80" e un nome da dos "50". Tamén son merecentes de censura os criterios de clasificación colectiva dos poetas e os argumentos empregados para a súa caracterización.

Ballesteros, Xosé, "Non me toquen o subxénero", *A Nosa Terra*, nº 665, "Guieiro Cultural", "A Literatura Galega a Debate", 16 marzo 1995, p. 29.

Reflexión de Xosé Ballesteros sobre a calidade das obras que se distribúen no ensino e o chamado "boom" editorial en galego, o que para algúns é unha "obsesión comercial". Defende a literatura para a escola, porque é fácil, amena e cercana á realidade e tamén á imaxinación propia dos escritores, que fan o esforzo de crear. Considera que "o día en que o galego chegue a tódolos xéneros e subxéneros, mesmo ós menos considerados, chegaremos a unha normalización total da lingua".

Bernárdez, Carlos L., "María Mariño, palabra renacida", *Faro de Vigo,* "*Faro das Letras*", nº LXVIII, 14 xaneiro 1995, p. 3.

Versa sobre a edición da *Obra Completa* de María Mariño (Xerais, 1994), realizada por Victoria Sanjurjo Fernández. O volume recolle a obra poética desta poetisa, que escribiu dous únicos libros, *Palabra no tempo* (1963) e *Verba que comenza* (1990). Fai un percorrido pola súa traxectoria poética, sinalando a súa pertenza por idade á Xeración do 36, o escaso contacto co mundo cultural galego, a amizade con Uxío Novoneyra, a súa modesta orixe, o acceso tardío á cultura escrita, a evolución formal -do estilo tradicional ó versolibrismo-, o intimismo como risco principal, e os elementos recorrentes na súa obra -a relación *eu e natureza*, a palabra, o tempo- e a peculiar utilización da lingua, que mesmo a levou a crear novas palabras.

_____, "Dafnis e Cloe", *Faro de Vigo,* "*Faro das Letras*", nº LXXXVII, 29 abril 1995, p. 3.

Comentario sobre a traducción ó galego do clásico de Longo de Lesbos, *Dafnis e Cloe*, que apareceu no ano 94 na colección "Clásicos en galego" da editorial Galaxia, cunha introducción de Mª Teresa Amado Rodríguez. O recensionista fala a este respecto dos trazos fundamentais da novela grega, concibida como pasatempo e xogo para goce dun público que busca certa evasión, cunha trama trivial de amores contrariados, aventuras e con final feliz.

_____, "*Fóra de min,* a policromía da diferencia", *Faro de Vigo,* "*Faro das Letras*", nº LXXXVIII, 6 maio 1995, p. 3.

Carlos L. Bernárdez fai un percorrido pola obra poética de Mª Xosé Queizán, que comprende, ata o de agora, *Metáfora da metáfora* (1991), *Despertar das amantes* (1993) e *Fóra de min* (1994). A manifesta evolución parte da busca dunha nova palabra á marxe do discurso androcentrista, pasa pola conquista da liberdade dende o corpo, expresada por un erotismo radical, e conclúe en *Fóra de min* co dobre matiz de apertura ó mundo e de enfado cara á inxustiza, o racismo e outros fanatismos, "en defensa dunha actitude ética e estética libre e solidaria".

_____, "A raposa e as uvas do teatro Keyzán", *Faro de Vigo*, "*Faro das Letras*", nº XCVI, 15 xullo 1995, p. 3.

Comenta as orixes da obra *A raposa e as uvas*, do autor brasileiro Guilherme Figueiredo. Gaba a calidade e o contido da mesma, especialmente pola "rica documentación gráfica" que ofrece. Lembra a versión galega feita por Méndez Ferrín e fai un comentario do argumento e da temática desta "traxicomedia en tres actos".

Cacheiro, Maximino**,** "Benavides: unha visión de Bóveda", *Faro de Vigo*, "*Faro das Letras*", nº XCI, 3 xuño 1995, p. 1.

Artigo que conmemora o centenario do nacemento de Manuel D. Benavides centrándose na súa obra escrita no exilio mexicano, *La escuadra la mandan cabos* (1944), na que aparece a figura de Alexandre Bóveda como un heroe, como un dos homes "máis puros e intelixentes de Galicia".

_____, "Informática e Literatura", *Faro de Vigo,* "*Faro das Letras*", nº XCVII, 22 xullo 1995, p. 4.

Faise eco da publicación na revista francesa *Littérature*, nº 96, dun estudio sobre as relacións entre informática e literatura, e comenta brevemente algúns dos contidos dos artigos, salientando a importancia da informática nos novos sistemas de creación e nos novos xéneros. Así sinala que "o hipertexto da ficción naceu das posibilidades ofrecidas polas novas ferramentas informáticas", e que a informática é un medio que axuda á creatividade humana, e que facilita a tarefa.

_____, "Arte e paisaxe", *Faro de Vigo*, "*Faro das Letras*", nº CVI, 2 decembro 1995, p. 3.

Fai un pequeno estudio sobre a relación entre arte e paisaxe. Destaca a relevancia que a noción de paisaxe tivo sempre en China. Afirma que en Europa, sen embargo, non foi ata o Romanticismo que se lle deu unha relevancia que culmina co impresionismo, de onde emerxe o noso enfoque contemporáneo de natureza, no que o sentir e o saber se mesturan. Termina pedindo un novo paso na arte do século XX e na galega en particular, co que se salven os obstáculos restantes e a arte e a vida se fundan.

Cánovas del Castillo, J. A., "Aparecen dúas cartas inéditas da escritora Sofía Casanova", *O Correo Galego*, 11 setembro de 1995, p. 31.

Publicación de dúas cartas inéditas desta escritora. Na primeira delas, datada en 1926, faise unha apreciación da situación de Polonia, na que non se deixa de aprecia-lo seu antisovietismo. A segunda, de 1931, está dirixida á casa-pazo que a condesa de Medina y Torres tiña na Granxa de San Ildefonso e nela inquire sobre a situación da familia real, uns meses despois da proclamación da IIª República.

Capelán, Antón, "A mostra que non chegou a ver Ánxel Casal", *A Nosa Terra*, nº 700, "Ánxel Casal. Centenario do editor e galeguista", 16 novembro 1995, pp. 5-8.

Artigo que pretende valora-lo esforzo de Ánxel Casal no eido editorial, nun momento de enormes dificultades materiais. Analiza os factores básicos do período 1916-1936, entre os que sinala a enorme taxa de analfabetismo en Galicia, a carencia dunha política de creación de bibliotecas públicas para favorece-la lectura, o baixo índice de lectores en galego, a ausencia de iniciativas de carácter nacionalista por parte da burguesía, os problemas de falta de apoio económico por parte desa mesma burguesía a proxectos editoriais como a editorial *Nós,* problemas que denunciaban Rafael Dieste, dende a súa columna en *El Pueblo Gallego,* ou Felipe Fernández Armesto. Todos estes factores impediron a normalización da cultura galega e a comunicación literaria. O articulista constata tamén o feito de que, dende mediados dos anos 20, "hai un despegue da edición en galego", e salienta que a figura clave deste período é Ánxel Casal. Contrasta o panorama galego co catalán, que no 1927, a iniciativa da revista *La Gaceta Literaria,* celebrou unha Exposición do Libro Catalán en Madrid, onde se daba conta de 6.000 libros editados dende 1900, e lamenta a inexistencia dun acto similar para o libro galego, proxecto que, a pesar de suxerirse en varias ocasións nos medios intelectuais, non chegou a realizarse polo levantamento militar de 1936. O proxecto cumpriuse en Buenos Aires en 1948, a iniciativa do Centro Galego de Buenos Aires e de homes como Eduardo Blanco Amor, Luís Seoane e outros, pero lamentablemente Ánxel Casal xa non estaba con vida para gozar dela.

Carballo, Francisco, "Tímidas voces", *A Nosa Terra*, nº 669, "Guieiro Cultural", 12 abril 1995, p. 26.

Recensión sobre o libro de Claudio Rodríguez Fer, *A literatura galega durante a guerra civil* (1994). Analiza o contido da publicación, salientando o estudio sobre o uso do galego na zona sublevada e durante a República, e sinala os efectos devastadores para a nosa lingua neste contexto social adverso. Rodríguez Fer analiza ademais as publicacións, xornais, revistas e libros, nestes anos, e destaca a obra de Aníbal Otero.

Caride Ogando, Ramón, "Os irmáns de Toro cabalgan de novo", *Faro de Vigo,* "*Faro das Letras*", nº LXXVI, 4 febreiro 1995, p. 4.

Comentario de dúas obras publicadas no 94, *A sombra cazadora,* de Suso de Toro e *Terminal,* do seu irmán Xelís. Caride Ogando sinala como coincidencia temática entre ámbolos dous textos o tratamento do problema da identidade persoal nun mundo que produce desacougo e onde predomina a manipulación social dos medios de comunicación. Analiza despois as diferencias na técnica narrativa e de orientación cara ó publico ó que se destinan. *A sombra cazadora* inicia a colección xuvenil "Fóra de xogo" e traballa cos recursos do relato fantástico, mentres que *Terminal* se define como libro-obxecto pola utilización da mestura de imaxes e relatos paralelos e variados.

_____, "Da arte conceptual como xénero literario", *Faro de Vigo,* "*Faro das Letras*", nº LXXXVI, 22 abril 1995, p. 2.

Comentario dunha conferencia pronunciada por Lino Braxe sobre os novos soportes tecnolóxicos de comunicación, reivindicando o papel do creador literario neles, ó tempo que se afirma que a literatura, como arte que é, non foi allea ós cambios das artes contemporáneas en xeral.

_____, "Réplica a X. M. Vélez", *Faro de Vigo,* "*Faro das Letras*", nº XCIII, 17 xuño 1995, p. 4.

Ramón Caride Ogando aproveita as páxinas de *Faro de Vigo* para defenderse das acusacións de que foi obxecto por parte de X.M. Vélez con motivo da crítica do 1 de abril do seu último libro *Cerne das labaredas* (1994). O plaxio, o desacougo polas subvencións e mesmo a concepción da poesía son algúns dos temas que se abren á discusión.

Casas, Álvaro das, "Ánxel Casal: *Nós, Lar, A Nosa Terra*, era unha epopeia que merecía máis apoio dos galegos", *A Nosa Terra*, nº 700, "Ánxel Casal. Centenario do autor e galeguista", 16 novembro 1995, pp. 2-3.

Reproduce a entrevista realizada por Álvaro das Casas a Ánxel Casal, publicada en *El Pueblo Gallego* o 21 de setembro de 1934, e recollida tamén no libro *Contra a Casa da Troia* (1994), de Antón Capelán. Álvaro das Casas define a Ánxel Casal como "galeguista por natureza, impresor por vocación e libreiro por necesidade", e salienta as súas facetas de editor, político, xornalista, nacionalista e galeguista. Ánxel Casal comenta os seus inicios como editor, xunto a Leandro Carré, e a creación da colección *Lar,* que chegou a alcanza-los 35 números, con títulos de destacado éxito como *O lobo da xente*, de Vicente Risco, *Os probes de Deus*, de Luís Amado Carballo, *No desterro* e *Da terra asoballada*, de Ramón Cabanillas, *Cousas,* de Castelao, etc., títulos que constituían un risco de edición pero que producían unha grande emoción polo significado para a cultura galega. Tras esta etapa comeza en 1927 a súa andaina en solitario, coa editorial *Nós,* da que tamén saíron títulos moi significativos. A súa idea de publica-lo xornal *El Momento,* en 1930, fracasou por falta de axudas, e mesmo ocasionou o traslado de Ánxel Casal a Santiago. Non deixa de lamenta-lo pouco eco que tiñan daquela as publicacións en galego na prensa e ó final da entrevista móstrase desanimado e canso, mesmo di que suspenderá a

Publicacións en xornais: estudios e recensións

Publicacións en xornais: estudios e recensións

editorial, “non podo máis”. Álvaro das Casas remata o artigo lamentando esta situación e fai un chamamento ós autores galegos para que recoñezan o labor de Ánxel Casal.

Castro, Xavier, "Tempo e espacio lonxanos", *El Correo Gallego*, "*Edición 7*", 8 xaneiro 1995, p. 11.

Subliña Xavier Castro o interese da reedición de *No ano do cometa*, de Xoán Bernárdez Vilar, libro que acadara o Premio Xerais en 1986. Despois de centrarse no proceso narrativo, fai unha breve referencia ás características máis salientables desta obra, que achegará ós lectores unha historia lonxana no espacio e no tempo.

_____, "Erotismo dos lirios morenos", *El Correo Gallego*, "*Edición 7*", 5 marzo 1995, p. 7.

Presentación e breve recensión do libro de Xosé Antonio Perozo, *Coral de lirios morenos*, unha das catro obras coas que se iniciou a colección de narrativa "Pentalfa".

_____, "Bucolismo e amor", *El Correo Gallego*, "*Edición 7*", 5 marzo 1995, p. 11.

Nota de carácter informativo sobre a traducción de *Dafnis e Cloe,* de Longo, a cargo de Mª Teresa Amado e publicada na colección de Clásicos da editorial Galaxia. Destácanse como piares desta primeira "novela" da cultura europea o bucolismo, o amor e a atemporalidade.

_____, "O límite das persoas", *El Correo Gallego*, "*Edición 7*", 2 abril 1995, p. 7.

Obsérvase no libro *Lumefrío*, de Ramón Caride Ogando, a distribución en tres seccións dos catorce relatos que o compoñen. Estas seccións, "Nostalxia do futuro", "Imaxinario" e "A fronteira interna", estarían, para o autor desta crítica, determinadas polas diferentes concepcións temporais das mesmas. Ó tempo, destácase a combinación de verosemellanza e punto de vista poético.

_____, "Festa do corpo e do espírito", *El Correo Gallego*, "*Edición 7*", 21 maio 1995, p. 7.

Helena Villar Janeiro, unha autora cunha producción que ten sido recompensada con múltiples premios publica *Festa do corpo,* que nos presenta Xavier Castro destacando entre as súas características a mestura do sensual e o erótico e a forza na lingua e na mensaxe.

Chirbes, Rafael, "Á novela pásalle o mesmo que ao demais", *A Nosa Terra*, nº 703, "Guieiro Cultural", "A Literatura Galega a Debate", 7 decembro 1995, p. 27.

Traducción dun artigo publicado no número de novembro da revista *Página abierta*, polo escritor Rafael Chirbes, no que reflexiona sobre a traxectoria da literatura española dende o fin do réxime franquista ata a actualidade. Pensa que a democracia introduciu os conceptos de competitividade nas editoriais, cobizosas da conquista do lector, e a equiparación de éxito e calidade. Ó redor dos anos 90 hai unha incursión dos novos narradores, fillos da transición, que rompen sen complexos a dinámica establecida e aparecen vencellados á sociedade que lles tocou vivir, individualista e rebelde, como aquela do 68 aínda que con outros mitos e problemas: Kurt Kobain, o paro, o consumismo, etc.

Cruces, Susana, "*A man dereita*", *Faro de Vigo,* "*Faro das Letras*", nº LXX, 28 xaneiro 1995, p. 2.

Novela herdeira da construcción dos esquemas novelísticos de Dashiell Hammett, da novela negra. O espacio físico da novela reinvéntase e transmútase moi a miúdo, a partir doutro referente real. Intelixente trama novelesca na que os personaxes principais deixan transluci-los aspectos que lle conveñen, sen se amosar en realidade, segundo os seus intereses. Os escenarios polos que circulan funcionan como un teatro de títeres co que se retrata a sociedade presente.

_____, "Unicornio de cenorias o derradeiro Ronseltz", *Faro de Vigo,* "*Faro das Letras*", nº LXXXI, 10 marzo 1995, p. 3.

Comentario sobre o poemario *Unicornio de cenorias que cabalgas os sábados* (1994), do que se di non ser un libro canónico por estar cargado de humor e no que se fai un *pastiche* da poesía galega, principalmente das vangardas dos anos vinte, que xa case teñen un século. Representa, pois, unha especie de manifesto poético do colectivo Ronseltz contra os clásicos da nosa literatura.

Cuba, Xulio, "Cronoloxía de Ánxel Casal", *A Nosa Terra*, nº 700, "Ánxel Casal. Centenario do editor e galeguista", 16 novembro 1995, p. 3.

Cronoloxía do escritor e galeguista Ánxel Casal, onde se comentan brevemente os feitos máis significativos da súa vida dende o seu nacemento na Coruña, en 1895, ata o 19 de agosto de 1936, data na que foi asasinado.

D. D., "Lumefrío", *Diario de Pontevedra*, "Diario del Domingo", 29 xaneiro 1995, p. IX.

Despois de dar uns datos biográficos de Ramón Caride Ogando e dos seus traballos anteriores, coméntase o libro de relatos *Lumefrío* (1994), do que sinala como características principais "la agilidad en su lectura, la actualidad de los temas y los relatos muy elaborados aunque aparentemente sencillos". Recoñécense as pegadas de Cortázar e Quiroga na construcción dos relatos, na intensidade e na eliminación do superfluo. Hai tamén un decisivo papel do lector, ó que se invita á reflexión. O recensionista agrupa os relatos en tres tipos que presentan os mesmos riscos: os que mostran "nostalgia de futuro" -na liña da ciencia-ficción-, os do "imaginario" -relatos de situación, flashes con ironía-, e aqueles que enlazan con outras obras do autor, *Os ollos da noite* (1990) e *Crónica de sucesos* (1991) -reais e concretos, con desenlaces fatais. Pecha o artigo cunha consideración sobre a narrativa galega actual na que segundo pensa, "predomina el ansia de hacer grandes obras, históricas obras. Pesadas obras llenas de cultísimas citas y tremendamente aburridas", en vez de obras destinadas ó lector.

Díaz Pardo, Isaac, "O exemplo que nos deixou", *A Nosa Terra*, nº 700, "Ánxel Casal. Centenario do editor e galeguista", 16 novembro 1995, p. 20.

Lembra de xeito emotivo a amizade de Ánxel Casal co seu pai e o momento en que el mesmo coñeceu ó editor. Sinala o valor destes homes e das súas ideas naquel momento díficil na política, sempre co obxectivo de serviren a Galicia.

Diéguez, Lois, "Novoneira, neve", *A Nosa Terra*, nº 705, "Guieiro Cultural", 21 decembro 1995, p. 22.

Artigo no que se defende ó poeta Uxío Novoneyra de certas acusacións que en ningún momento se chegan a precisar. Diéguez eloxia a valentía do poeta do Courel, do que destaca algunhas intervencións nas que defendeu a lingua galega en épocas en que tal actitude podía ocasionar problemas. Destaca tamén o carácter desprendido e xeneroso de Novoneyra, a quen denomina "bardo nacional".

Dobarro Paz X. Mª e E. **Vázquez Souza**, "Manuel Casal. Na imprenta Nós meu irmán traballaba noite e día", *A Nosa Terra*, nº 700, "Ánxel Casal. Centenario do editor e galeguista", 16 novembro 1995, p. 9.

Recolle as palabras sentidas de Manuel Casal Agra, irmán por parte de pai de Ánxel Casal, quen recorda os tempos da imprenta *Nós*, local onde tamén se xuntaban as Irmandades e se daban as clases impartidas por Casal e Xoán Acuña, a idea frustrada do xornal *El Momento,* e o traballo incesante do seu irmán na imprenta, día e noite. Lembra ademais os feitos do día en que Ánxel Casal foi asasinado, as circunstancias que o levaron a Arzúa e a súa detención ata que foi morto o 19 de agosto de 1936.

_____, "O labor institucional dun alcalde e deputado republicano", *A Nosa Terra*, nº 700, "Ánxel Casal. Centenario do editor e galeguista", 16 novembro 1995, p. 16.

Crónica dos feitos, dende as eleccións do 16 de febreiro de 1936 ata a resolución do 23 do mesmo mes, na que se nomeou a Ánxel Casal alcalde de Santiago. Destácanse as súas preocupacións fundamentais, extractadas das actas da época, a preocupación social e cultural, a mellora das institucións benéficas, os hospitais e edificios públicos, a preocupación pola lingua e o estatuto, a conservación de edificios e a proposta de facer monumentos dedicados ás figuras do galeguismo.

Domínguez Alberte, X. C., "A producción literaria galega durante a guerra civil", *El Correo Gallego*, "*Edición 7*", 28 maio 1995, p. 6.

Comentario de *A Literatura Galega durante a Guerra Civil,* de Claudio Rodríguez Fer. Sinálase a recuperación de textos escritos en galego durante estes anos, como o xornal *El Compostelano*, onde destaca a pluma de Couceiro Freijomil. Refírese tamén o recensionista ás testemuñas deixadas por fusilados como Alexandre Bóveda ou Díaz Baliño e ós escritos do apéndice do volume, que mostran as ideas e posturas adoptadas por Risco, Otero Pedrayo, Cunqueiro, etc., durante os anos da guerra.

Eguizábal, Begoña, "Antoloxía das antoloxías: a poesía dun universo parcial", *Faro de Vigo*, "*Faro das Letras*", nº CVIII, 16 decembro 1995, p. 2.

Ó tempo que se fai un extenso percorrido polas diversas antoloxías que se teñen dado na literatura galega, indícase, a respecto da última, *50 anos de poesía galega* (1994), que os seus autores, X. Mª Álvarez Cáccamo e Carlos L. Bernárdez, se atopan cos problemas de sempre á hora da súa elaboración. Así, o criterio de preferencia persoal do antólogo é un dos problemas referidos.

Enríquez, Xosé Manuel, "A neve e a cadeira", *Faro de Vigo,* "*Faro das Letras*", nº LXXVIII, 18 febreiro 1995, p. 3.

Recensión sobre a obra de Xosé Miranda, *A neve e a cadeira* (1994). X.M. Enríquez cualifica este relato como literatura fácil, presentado en forma de libro de curta extensión, dixestivo e descontraído para "matar o tempo". Chegamos, así, a un final inestable e confuso, truculento e fantasioso, con doses de misterio e néboa, pero máis nada.

_____, "Autovía, de Paco Martín", *Faro de Vigo,* "*Faro das Letras*", nº LXXXI, 10 marzo 1995, p. 3.

Comentario eloxioso do relato de Paco Martín *Autovía* (1994), composto á vez de realidade e fantasía, de intriga e humor, onde todo -os diálogos, a caracterización dos personaxes, a historia e ata a anécdota do libro- conduce cara a un resultado brillante, polo ambiente que é capaz de recrear e fabricar e por conseguir que a súa lectura se realice con interese e feitizo.

_____, "Violante, a aldea morta", *Faro de Vigo, "Faro das Letras"*, nº LXXXII, 18 marzo 1995, p. 3.

Comentario no que se destaca a amenidade e corrección estructural destes dous relatos -"Violante" e "A aldea morta"-, que constitúen un xogo literario reconstructor do proceso creativo. Mais o autor, X.M. Martínez Oca, a pesar de posuír unha grande mestría narrativa, non consegue uns relatos artellados e definitivos, quedando, desta maneira, só nun esbozo inicial.

Eyré, Xosé Manuel, "Dous pasos atrás", *A Nosa Terra*, nº 661, "Guieiro Cultural", 16 febreiro 1995, p. 25.

Crítica de *O cervo na torre* (1994) de Darío Xohán Cabana. Coméntanse os aspectos peor tratados da narración, a ausencia de evolución psicolóxica dos personaxes, os diálogos innecesarios ou longos e a precipitación do desenlace. Emparenta a temática do relato, máis que coa ciencia-ficción, coa narrativa fantástica ou extraordinaria de tradición galega, na liña de Cunqueiro ou Risco.

_____, "Cara a unha literatura domada?", *A Nosa Terra,* nº 668, "Guieiro Cultural", "A Literatura Galega a Debate", 6 abril 1995, p. 27.

Reflexión na que se procuran establece-las características polas que se define a literatura galega. Alude o articulista a estudios anteriores, en especial ó de Francisco Rodríguez, e mostra o seu acordo co feito de que a lingua e os referentes histórico-culturais son aspectos fundamentais á hora de chegar a algunha conclusión. Por último, exprésase certa preocupación pola perda de valores que, segundo Eyré, está a sufri-la literatura galega actual.

_____, "Andando co Manuel", *A Nosa Terra*, nº 692, "Guieiro Cultural", 21 setembro 1995, p. 27.

Co gallo da homenaxe que se lle fixo a Manuel María, Alfonso Eiré comenta algúns aspectos sobre a vocación xornalística do poeta chairego. Lembra o momento da fundación da moderna etapa de *A Nosa Terra*, no que Manuel María participou como un dos once accionistas fundadores, e no que colaborou cunha sección "Andando A Terra", que Eiré cualifica de "crónica do país".

_____, "Para quen escreben os autores galegos?", *A Nosa Terra*, nº 698, "Guieiro Cultural", "A Literatura Galega a Debate", 2 novembro 1995, p. 25.

Este artigo continúa a polémica suscitada a raíz da diferencia de opinións de Suso de Toro e Manuel Veiga en artigos publicados neste mesmo xornal. Reflexiona sobre a definición de literatura en xeral e a galega en particular, abrindo o debate sobre a necesidade ou non da súa universalidade e o problema dun receptor galego ou non galego.

_____, "História e intención dos escritores galegos", *A Nosa Terra*, nº 699, "Guieiro Cultural", "A Literatura Galega a Debate", 9 novembro 1995, p. 25.

Repasa as múltiples intencións da escrita dos escritores galegos e as influencias que teñen no feito literario. A decisión de escribir nunha lingua condicionada de entrada pola importancia do código, así como a intención da historia, a maneira de contala e o formato editorial.

_____, "Contido e intención", *A Nosa Terra*, nº 703, "Guieiro Cultural", 7 decembro 1995, p. 28.

Nova reflexión sobre a intención na literatura, na que se parte da idea de que "desde o momento en que se escrebe algo, non se pode ficar á marxe desa intencionalidade que toda arte presenta en canto constitúe unha mensaxe". A escrita como acto de comunicación presenta ó lector un emisor que coñece polo que escribe e por cómo o escribe. Cre que poñerse de parte da "língua agresora", representa unha traición e unha intencionalidade manifesta. A literatura galega necesita ser unha literatura nacional, lonxe dos falsos clásicos, que poden ser aqueles que acumulan premios, e que valore os autores que mesmo "outras literaturas envexan": Rosalía, Cunqueiro, a literatura trobadoresca, etc. Afirma que "a literatura galega ten que ser galega. Non esquezamos que facer literatura é contar unha historia, e no que se di e como se di vai implícita a intención. (...) Somos responsables de que exista unha literatura galega e tamén de cómo esta sexa. O que está moi feo é usala para a consecución de intereses particulares".

Fernández del Riego, "Os mestres de comezos de século", *Faro de Vigo,* "*Faro das Letras*", Extra número 100, 14 outubro 1995, p. 2.

Fai un repaso da experiencia vital dos homes da xeración Nós, cos que, lembra o articulista, o galego se transformou en lingua apta para todo tipo de expresión, incluíndo a científica. Analiza o seu gusto primeirizo polas posicións románticas, polo gusto ó exótico, que máis tarde pasou a un interese polo propio, a un reencontro co natal pero sen esquece-lo valor do universal.

Fraguas Fraguas, Antón, "As décadas da historia de Lois Tobío", *O Correo Galego,* "Lecer", 27 agosto 1995, contracapa.

Refírese Antón Fraguas ó libro de memorias de Lois Tobío, *As décadas de T.L.* (1994), onde se fai un percorrido pola súa vida e as persoas relacionadas con el ó longo dos anos. Recupera Fraguas algúns datos de interese sobre a biografía e a obra deste intelectual, responsable xunto a outros da fundación do Seminario de Estudos Galegos, e acaba dicindo da publicación que é un "libro escrito con un coidado galego, historia verdadeira de homes e frutos do noso tempo".

_____, “O grupo *Nós*: a ilusión polo galeguismo”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 29 outubro 1995, contracapa.

Recupera os nomes dos integrantes do chamado grupo Nós e as orixes da formación, ofrecendo datos biográficos dos que “Encenden o facho”, como Antón Losada Diéguez, Lois Porteiro Garea, Rodrigo Sanz López e Luís Peña Novo.

_____, "A viaxe por Galicia de Annette Meakin", *O Correo Galego*, "Lecer", 22 decembro de 1995, contracapa.

Recensión da obra de Annette Meakin *Galicia inédita. Diario de viaxe,* traducida por Rebeca Quintáns para a editorial Tambre.Ó longo do artigo Antón Fraguas vai comentando os distintos episodios da viaxe que realizara esta escritora inglesa polas terras galegas: comeza cun achegamento á historia antiga de Galicia para pasar, a continuación, revista a diversos lugares e personalidades (Santiago de Compostela, Noia, Padrón, Rosalía, Macías o Namorado, Alfonso X o Sabio, etc.).

Freire, X. Vicenzo, "A cultura galega na República. *Contra a casa da Troia* de Antón Capelán", *A Nosa Terra*, nº 655, "Guieiro Cultural", 5 xaneiro 1995, p. 26.

Preséntanse os temas dos tres ensaios que compoñen este libro, o cal permite descubrir unha cultura galega rica e dinámica nos anos anteriores á Guerra Civil, con figuras de relevo como Luís Seoane ou Ánxel Casal. Destácase a abundancia de información que ofrece o autor así como o seu coñecemento de bibliografía portuguesa e o labor de hemeroteca. Felicítase polo modelo adoptado, consistente en interrelacionar historia con literatura.

G. L. T., "Álvarez Blázquez, galeguista de aceiro e pedra fina", *A Nosa Terra*, nº 656, "Guieiro Cultural", 12 xaneiro 1995, p. 21.

Recensión na que se comenta a biografía de Xosé María Álvarez Blázquez publicada na serie "Galegos na Historia", de Ir Indo Edicións. O autor do libro, Alfonso Álvarez Cáccamo, fillo do biografado, aborda tódolos aspectos polos que se distinguiu o intelectual tudense -escritor, conferenciante, editor, arqueólogo e investigador- e destaca a dignidade con que se opuxo ó totalitarismo fascista.

Garazo, Antón, "O esforzo de Casal por uns medios de comunicación propios", *A Nosa Terra*, nº 700, "Ánxel Casal. Centenario do editor e galeguista", 16 novembro 1995, pp. 12-15.

Destaca o labor como editor, nacionalista e defensor da lingua galega de Ánxel Casal, entre outros moitos méritos políticos. Sinala que "lle podemos agradecer, practicamente a existencia do libro galego, xa que as obras que saíron da súa imprenta conforman a etapa máis destacada da nosa literatura". Estructura o artigo separando a etapa coruñesa (1916-1930), da etapa santiaguesa (1931-1936) de Ánxel Casal. Da primeira destaca dúas publicacións, *A Nosa Terra* e o xornal *El Momento,* e analiza o papel de Ánxel Casal e a súa traxectoria: *A Nosa Terra,* como órgano das Irmandades da Fala, que supoñen o nacemento do galeguismo, e o xornal *El Momento,* proxecto frustrado do editor, fundamentalmente por falta de apoio económico. Da etapa santiaguesa destaca o punto de reunión da Editorial *Nós* para a intelectualidade daqueles tempos, a preocupación de Casal polos problemas da Universidade, que se manifesta na impresión da revista *Universitarios,* e noutras publicacións de signo revolucionario como *Galicia Federal, Máis, Amañecer, Claridad* e *Ser*, das que analiza a súa vida, contido e colaboradores. Destaca cun epígrafe á parte o semanario *Ser*¸ "a derradeira publicación da imprenta *Nós*", unha magnífica fonte de información e de calidade, que apareceu no 1935 baixo a dirección de Suárez Picallo e

que trataba temas republicanos e prestaba especial atención ó incremento do fascismo en Santiago, o papel do clero, que apoiaba ós sectores reaccionarios, e mostraba claramente a admiración por Azaña. En resumo, constata que en todas estas publicacións “había un sentimento de entrega a Galicia e á súa cultura”, dende a penuria económica, e que Casal aproveitounas para “facer patria”.

González Gómez, Xesús, "Xosé María Castroviejo en *La Vanguardia* (I)", *Faro de Vigo,* "*Faro das Letras*", nº LXXXIII, 25 marzo 1995, p. 2.

Relación detallada das colaboracións do autor de Tirán en *La Vanguardia* dende 1948 ata 1958. Foron un total de 75. Os artigos ofrecían variedade temática: políticos -nos que expuña os seus ideais-, sobre libros, cidades, paisaxes, escritores.... Nunca faltou á cita con algún artigo político en tres días sinalados: o 18 de xullo, o 1 de outubro e o 20 de novembro. Remata salientando o esquecemento no eido da narrativa en lingua castelá.

_____, "A democrácia perfeita. Sobre *Literatura e sociedade en Galicia (1975 1990)*", *A Nosa Terra*, nº 667, "Guieiro Cultural", "A Literatura Galega a Debate", 30 marzo 1994, p. 28.

Recensión de *Literatura e sociedade en Galicia (1975-1990)* publicado en 1994, que pretende ser un achegamento crítico ó libro de González-Millán, pero se ocupa máis de destaca-lo que lle falta ó libro que de comenta-lo existente nel. X. González Gómez fai un percorrido por aqueles aspectos tratados no libro e, acusando o seu autor dun exceso de teoría e dunha carencia de datos prácticos ("empirismo", nas súas palabras), realiza a súa análise paralela. Xa como final, recoñécelle o valor intrínseco que supón enfrontarse a un proceso como o que se desenvolve a partir de 1975 na nosa literatura tan próximo a nós e, polo tanto, tan difícil de cuantificar en toda a súa medida.

_____, "Xosé María Castroviejo en *La Vanguardia* (II)", *Faro de Vigo,* "*Faro das Letras*", nº LXXXV, 8 abril 1995, p. 2.

Percorrido polo labor xornalístico desenvolvido por X. Mª Castroviejo en *La Vanguardia*, de Barcelona, actividade desenvolvida ininterrumpidamente dende 1939 cun único descanso de seis anos. En 1964 principia a segunda xeira de colaboracións neste xornal onde chegou a publicar un total de 204 artigos. Son estes traballos que se len hoxe con agrado pero coas dificultades propias da ausencia dunha compilación ou, polo menos, unha selección dos máis interesantes publicados por el neste xornal catalán e noutros medios.

Gómez, Lupe, "*Ronseltz* pergúntase que é poesia", *A Nosa Terra,* nº 656, "Guieiro Cultural", 12 xaneiro 1995, p. 23.

Coméntase nesta recensión o poemario *Unicornio de cenorias que cabalgas os sábados*, libro escrito polo colectivo poético Ronseltz. A articulista opina que se trata dun libro que escapa dos esquemas habituais da poesía galega. Trátase dunha obra contestataria, irónica e desmitificadora, na que se destrúen estereotipos e se formula un debate sobre a validez das concepcións máis establecidas de poesía.

Grande, Antón, "O cosmós lugués no corpus narrativo de Xosé Miranda",

El Progreso, "Táboa redonda", 25 abril 1995.

Artigo onde se comenta a presencia en *A tres bandas* de grande cantidade de microtopónimos lugueses, ás veces, disfrazados. Os nomes como Ponte Romai, Gándaras de Piñeiro, O Corgo, Laxosa, están sempre presentes na obra do profesor lugués.

Graña, Bernardino, "Torga e o corvo Vicente", *A Nosa Terra*, nº 657, "Guieiro Cultural", "Na morte de Miguel Torga", 19 xaneiro 1995, p. 23.

Pequeno extracto do artigo "Personalidá e obra de Miguel Torga", publicado en *Grial*, nº 3, 1964. Nel refírese a un personaxe do seu libro *Bichos*, o corvo Vicente, un corvo apegado á terra, símbolo do autor portugués do que di: "Torga é un acordao amador das duras e irtas serras de Tras-os-Montes, un místico de amor á terra". Aí radica a súa orixinalidade, autenticidade e pureza, no vencello á terra.

Heinze, Úrsula, "A nova poesía alemana", *O Correo Galego*, "*Revista das Letras*", nº 48, 2 febreiro 1995, pp. 3-13.

Antoloxía de poetas alemáns, seleccionados, traducidos, e introducidos por Úrsula Heinze, que realizou a súa escolla entre os poetas da segunda metade do século XX. Contén composicións de Katjia Winkier, Thomas Kling, Lioba Happel, Lutz Rathenov, Ursula Krechel, Ulla Hahn, Hannelies Taschau, Joochem Laabs, Wolf Biermann, Reiner Kunze, Jürgen Becker, Christa Wolf, Sara Kirsch, Christian Saalberg, Günter Grass, e Margarete Hannsmann.

Leiro, B., "Ramón Caride Ogando. El escritor desea combinar narrativa, poesía e imagen", *Faro de Vigo*, 8 febreiro 1995, contracapa.

Breve comentario de *Lumefrío* (1994), de Ramón Caride, libro de relatos de temática e técnicas narrativas variadas, na liña iniciada con *Os ollos da Noite* (1990). Confesa escribir como unha necesidade interior que complementa a súa actividade como profesor de Instituto.

M. V., "Centenário do nacimento de Luis Pimentel", *A Nosa Terra*, nº 705, "Guieiro Cultural", 21 decembro 1995, p. 27.

Con motivo do centenario do nacemento do poeta lucense Luís Pimentel, o articulista fai un breve percorrido pola súa biografía. Comeza por lembra-los ambientes e personaxes que frecuentaba o poeta, para facer despois un repaso por algunha das súas claves poéticas, entre as que destaca a sinxeleza e a intensidade dos seus versos. Entra tamén na polémica, moi habitual nos últimos anos, da lingua empregada por Pimentel nos seus poemas, así como das traduccións de que foi obxecto en diversas ocasións.

Maceira Fernández, Xosé Manuel, "Reivindicar a Literatura galega do exilio", *O Correo Galego*, "*Revista das Letras*", nº 47, 5 xaneiro 1995, p. 9.

A partir do comentario da representación da obra do exilio, *As bágoas do demo*, de Ramón Valenzuela o día 3 de decembro de 1994 no Teatro Principal de Santiago, destácase o necesario da recuperación da cultura que se xerou na diáspora. Este labor foi analizado de vagar polo escritor deste artigo na súa obra *A literatura galega no exilio*, publicada por Edicións do Cumio.

Marinhas del Valle, Jenaro, "Casal pedagogo", *A Nosa Terra,* nº 700, "Ánxel Casal. Centenario do editor e galeguista", 16 novembro 1995, p. 4.

Céntrase na figura de Ánxel Casal na súa faceta menos coñecida, a de pedagogo. Comenta como a partir das ideas de Johan Vicente Viqueira, naceu en Casal a idea de crea-las Escolas de Ensino Galego e a publicación dunhas bases que establecían o ensino e o material gratuíto e a preparación dun local para as clases. Recolle unhas verbas significativas de Ánxel Casal naqueles anos: "Istes tempos non son tempos de trunfo, son tempos de loita; de loita individual e en todol-los terreos: no traballo, no café, na rúa...contra un e contra todos (...) E como a nosa xeración non será a que vexa brillar con todo o esplendore a estrela que nos guía, é indispensabre, para que o noso traballo non sexa interrompido, cuidal-a educación dos que veñan". O articulista celebra que o estímulo de Casal permaneza aínda nalgúns dos seus discípulos.

Martínez Bouzas F., "*Lumefrío*: ética e literatura", *Faro de Vigo*, "*Faro das Letras*", nº LXXV, 28 xaneiro 1995, p. 3.

Título que revela uns termos contradictorios e formado por relatos curtos marcados polos antagonismos complementarios da realidade social e humana. Libro que deixa prendida a verosemellanza e o interese, outorgados polo final insospeitado e paradoxal amais da variedade de temas que se acollen neste volume de relatos, con algúns dos que amosa o autor unha mestría que fai prevalece-la historia como elemento fundamental.

_____, "Eros, materiais para pensar o amor", *O Correo Galego*, "*Revista das Letras*", nº 69, 17 agosto 1995, p. 4. Tamén en *O Correo Galego*, 10 febreiro 1995.

Comentario sobre o libro *Eros: materiais para pensar o amor* (1994), de Mercedes Oliveira Malvar, no que a autora reflexiona sobre diferentes aspectos do erotismo, afrontados dende a perspectiva da didáctica da ética e da filosofía.

_____, "Aprende-lo erotismo", *Faro de Vigo*, "*Faro das Letras*", nº LXXVIII, 18 febreiro 1995, p. 1.

Recensión sobre a obra de Mercedes Oliveira Malvar, *Eros:* m*ateriais para pensar o amor* (1994). Martínez Bouzas celebra a saída deste libro que pretende achega-la sexualidade e o sexo como algo natural. Salienta o feito de que a sociedade se está abrindo cada vez máis a un tratamento normal destes temas, do que é boa mostra esta obra.

_____, "Rememorar sen acrimonia", *O Correo Galego*, "*Revista das Letras*", nº 52, 20 abril 1995, p. 4.

Artigo centrado nalgúns escritos aparecidos en xornais para esculpar a Risco, Cunqueiro ou Noriega Varela das ideas tradicionalistas e mesmo fascistas verquidas noutros escritos recuperados por Rodríguez Fer no seu libro *A literatura galega durante a guerra civil.* Sinala o recensionista que Rodríguez Fer conta os feitos sen omitir nada deles, "limítase a dar fe do que hai", "rememórao sen acrimonia, sen despeito e sen caer na tentación de equiparar ideoloxía con calidade literaria".

_____, "A ¿modernidade? de *O cervo na torre*", *Faro de Vigo*, "*Faro das Letras*", nº LXXXVI, 22 abril 1995, p. 1.

Longo comentario da obra de Darío Xohán Cabana *O cervo na torre* (1994), novela de "política-ficción", soño dunha Galicia independente e socialista onde viven heroes definidores dunha nova sociedade xurdida dun grande holocausto e onde vida e convivencia se organizan de novo con liberdade e fraternidade. Resalta o feito de defende-lo autor os ideais ilustrados da virtude e da razón. Finalmente, mostra o seu desacordo coa violencia porque "calquera idea deixa de ser noble cando se tinxe de sangue", converténdose este factor en único motivo de crítica.

_____, "Empirismo e sociedade", *O Correo Galego*, "*Revista das Letras*", nº 53, 27 abril 1995, p. 6.

Nesta recensión resáltase como principal virtude do ensaio *Literatura e sociedade en Galicia (1975-1990)*, de X. González-Millán, o feito de que se destaque a interconexión entre os procesos sociais e literarios, isto é, poñer de manifesto que a nosa literatura, como todas, vese afectada por toda unha serie de procesos que se desenvolven na sociedade que a produce. Cualifícase este ensaio como "unha ollada sociolóxica á literatura escrita en Galicia nas décadas dos setenta e oitenta".

_____, "O lugar do pensamento", *Faro de Vigo*, "*Faro das Letras*", nº CI, 21 outubro 1995, p. 1.

Reflexión sobre a ausencia de pensadores na cultura galega e a carencia do xénero ensaístico, que se confunde moitas veces cos estudios específicos. Sinala tamén a pouca presencia de temas de carácter universal no eido do pensamento en galego, que chegan a través das boas traduccións ofrecidas por Laiovento e pola revista *A Trabe de Ouro.* Hai unha louvanza para o poemario *Estirpe* (1994), de Méndez Ferrín, do que sinala as interferencias do seu pensamento e a súa valía, "tan preñada de rebeldías e iluminacións".

_____, "Literatura materialista", *O Correo Galego*, "*Revista das Letras*", nº 79, 26 outubro 1995, p. 6.

Con motivo da aparición en 1995, dunha nova edición en Xerais de *Elipsis e outras sombras,* de Xosé Luís Méndez Ferrín, o recensionista chama a atención sobre as dúas anteriores edicións aparecidas no seo da editorial Galaxia -1974 e 1983- e céntrase no feito da supresión, a causa da censura, do conto central do conxunto "Elipsis", relato que xa daquela aparecera publicado na revista do Centro Galego de Baracaldo, conseguindo, desta enxeñosa maneira, completa-la obra mentres duren "as pantasmas: as sombras". Remata o traballo cunha apreciación sobre a obra ferriniana ó retoma-lo título e afirmar que "a súa é unha literatura materialista e en espiral, quérese dicir, dialéctica".

Millán Otero, Xosé M., "A literatura débil", *A Nosa Terra*, nº 701, "Guieiro Cultural", "A Literatura Galega a Debate", 23 novembro 1995, p. 28.

Reflexión irónica sobre a literatura en Galicia que, segundo a súa opinión, "entrou en dique seco". O importante na actualidade é a literatura como mercado, os premios, as subvencións e os consumidores. A literatura xoga cunha normalidade que non existe e o escritor non profunda na esencia da cultura. Sobre a lingua rexeita a pobreza da normativa e a falta de posición dos que escriben en galego. En definitiva, pensa que a nosa é unha literatura débil, que "non sabe reflexionar sobre si mesma, nun país sempre escaso de reflexión metaliteraria".

Montaña, Estro, "Matádeo Mañá", *Faro de Vigo,* "*Faro das Letras*", nº LXXIII, 14 xaneiro 1995, p. 1.

Recensión sobre o libro de Elixio Rodríguez *Matádeo mañá* (1994), narración autobiográfica con moitas concomitancias cos relatos de aventuras e que nos permite reconstruír unha parte da memoria histórica da emigración e da guerra civil que contrasta profundamente coa visión triunfalista e pintoresca que nos transmitiron no franquismo.

_____, "O bandolerismo galego na primeira metade do século XIX", *Faro de Vigo,* "*Faro das Letras*", Extra Número 100, 14 outubro 1995, p. 6.

Comentario do estudio de Beatriz López Morán, *El bandolerismo gallego en la primera mitad del siglo XIX* (1995), publicado en castelán por Ediciós do Castro. Nel estúdiase o fenómeno dos bandoleiros, importante en Galicia e singular polas súas características con respecto ó do resto da Península.

Monxardín, Afonso V. (coord.), "75 anos de Nós", *O Correo Galego,*

17 decembro 1995, sen pp.

Suplemento especial de *O Correo Galego*, para conmemora-los 75 anos da revista *Nós*. Afonso V. Monxardín, coordinador do proxecto Arquivo Sonoro de Galicia, abre o suplemento presentando a transcrición dunha conferencia sobre a revista *Nós,* pronunciada por D. Ramón Otero Pedrayo na Agrupación Local Auriense, o 12 de novembro de 1970, e que foi recollida por Carlos Guitián. A transcrición foi realizada polos bolseiros do Arquivo, Miruca Parga e Afonso X. Canosa, coa colaboración do Instituto da Lingua Galega. O xornal distribuíu este documento cunha casete.

Navaza, Gonzalo, "*O fidalgo* e outros relatos de Otero Pedrayo", *Faro de Vigo,* "*Faro das Letras*", nº LXVII, 7 xaneiro 1995, p. 3.

Fai unha aproximación á reedición de *O fidalgo e outros contos,* de Otero Pedrayo, realizada por Antón Palacio Sánchez na editorial Galaxia (1994). O recensionista compara esta edición con *O fidalgo e outras narracións* (Biblioteca Básica da Cultura, 1982) e *Narrativa breve* (Galaxia, 1993) e valora a significación destes contos dentro da obra narrativa de Otero. Ademais resume o fío argumental e as claves de interpretación dalgún deles.

_____, "Achegamento á poesía de Aquilino", *Faro de Vigo,* "*Faro das Letras*", nº LXXVI, 4 febreiro 1995, p. 3.

Recensión de *A poesia de Aquilino Iglesia Alvariño*, de Luciano Rodríguez. Informa sobre o contido deste estudio, que se cualifica de rigoroso e académico, no que se ofrece unha visión cabal e unitaria da obra deste autor lugués. Subliña o feito de demostra-lo coñecemento da actualidade literaria da época así como a coherencia e evolución dos contidos poéticos ó longo da súa obra.

Neira, E., "A lenda do Grial, fonte perenne de inspiración para a literatura",

O Correo Galego, 7 xaneiro 1995, p. 33.

Faise un percorrido polo tema do Grial, dende o relato de Chrétien de Troyes, en 1182, *Os contos do Graal*, no que narra a historia de Perceval, moitas versións e traduccións a tódalas linguas, deron forma a esta lenda, que tamén chega á literatura galega. O ciclo galego, derivado dos textos franceses, centra a atención en Xosé de Arimatea, As lendas de Merlín e a Demanda do Santo Graal. As versións dátanse a finais do XIII ou a comezos do XIV e constitúen un ciclo que chega ós nosos días con Ramón Cabanillas, Álvaro Cunqueiro, Xosé Luís Méndez Ferrín ou Darío Xohán Cabana.

Neira Cruz, Xosé A., "Ánxel Casal, 59 anos despois", *La Voz de Galicia*, 20 agosto 1995, p. 32.

Recorda a traxectoria persoal e política de Ánxel Casal que "no murió: lo mataron". Na súa responsabilidade fronte o Concello de Santiago, inspirou un grande respecto e admiración, pola súa integridade. O labor editorial foi tamén recoñecido polos seus contemporáneos. Recóllese a proposta do BNG compostelano para a celebración dunha merecida homenaxe pública, xa que este ano se conmemora o centenario do nacemento de Ánxel Casal, que permita a difusión da súa obra e da súa persoa. Hai tamén unha lembranza para a súa esposa, María Miramontes Mato, quen mantivo co seu traballo de costureira os déficits da editorial, e que morreu no exilio, en Buenos Aires, en 1965.

Nicolás, Ramón, "Sebastián Martínez-Risco", *Faro de Vigo*, "*Faro das Letras*", nº LXXIII, 14 xaneiro 1995, p. 2.

Recensión sobre o libro de X.R. Freixeiro Mato *Sebastián Martínez Risco na cultura galega* (1994), onde queda reflectido o importante papel que desenvolveu Martínez-Risco como estudioso e divulgador da lingua galega que, a través do material histórico manexado polo editor, se desvela como un dos artífices do proceso de restauración da cultura na Galicia de posguerra.

_____, "O cervo na torre", *Faro de Vigo,* "*Faro das Letras*", nº LXXVII, 11 febreiro 1995, p. 3.

Estimación positiva da novela de Darío Xohán Cabana *O cervo na torre* (1994). Obra cualificada como o traballo de creación máis intenso e esforzado dos publicados ata o momento polo autor e que non defrauda as espectativas dos lectores, como "proposta metanarrativa que artella unha epopea ficcional nunha narración arelada tralo advento dun holocausto de dimensións catastróficas". En definitiva, é esta unha novela recuperadora da memoria de identidade dos pobos e dos valores solidarios e comunais de fraternidade galego portuguesa, moi na liña de *Retorno a Tagen Ata,* de X.L. Méndez Ferrín.

_____, "Arredor de *Contra a casa da Troia*", *Faro de Vigo,* "*Faro das Letras*", nº LXXIX, 25 febreiro 1995, p. 1.

Triloxía de ensaios ou crónicas históricas que están ordenados baixo a invocación negativa do símbolo popularizado por Pérez Lugín. Por medio deles, fundamentándose en testemuños xornalísticos, complétanse coñecementos a respecto das institucións e actividades do Santiago dos anos 30. Trátase dunha tradición de xorne progresista que dá a coñecer, por exemplo, a importancia da función ideolóxica de Portugal na descoberta da identidade nacional.

_____, "Iglesia Alvariño e "Lanza de Soledá", *Faro de Vigo,* "*Faro das Letras*", nº XCII, 10 xuño 1995, p. 3.

Informa da recente aparición do volume *A vixilia no Gólgota infinito,* do profesor Román Raña, primeiro dunha serie sobre a obra de Aquilino Iglesia Alvariño a partir da súa tese de doutoramento. En concreto, o estudio desvela as claves temáticas do poemario *Lanza de soledá*, -a morte, o medo, a desesperanza, a soidade, o amor, o ser-, e axuda a entende-las imaxes simbólicas das composicións.

_____, "Dous ensaios de Rodríguez Fer", *Faro de Vigo,* "*Faro das Letras*", nº XCIV, 24 xuño 1995, p. 3.

Recensión que dá conta de dous volumes da mesma autoría, *Material Valente* e *A literatura galega durante a guerra civil (1936-39)*, ámbolos dous de Claudio Rodríguez Fer. *Material Valente* recolle as conferencias do "Encontro Internacional sobre Valente" celebrado en xullo do 93, sobre textos poéticos, narrativos, ensaios, traduccións e mesmo cinco novas composicións en galego non incluídas en *Cantigas de alén. A literatura galega durante a guerra civil* recupera un valioso material case descoñecido sobre as publicacións en galego existentes no período estudiado e tamén a presencia da nosa lingua no mundo da emigración. Ademais contén textos de Otero Pedrayo, Cunqueiro ou Castelao sobre a guerra. Sinala Ramón Nicolás a importancia deste traballo "nun período no que se detivo un proceso recuperador da nosa cultura".

Novo, Olga, "Balance global", *A Nosa Terra*, nº 657, "Guieiro Cultural", 19 xaneiro 1995, p. 26.

Comentario sobre o libro de Carmen Blanco, *Libros de mulleres* (1994), no que ofrece un amplo repertorio de obras escritas por mulleres, dende unha perspectiva xenérica e cronolóxica. Destaca a claridade, didactismo e rigorosidade do traballo, así como a conxunción de galeguismo e feminismo e o tema da marxinalidade, típica de todo o periférico.

_____, "Calar en galego", *A Nosa Terra*, nº 677, "Guieiro Cultural", 8 xuño 1995, p. 25.

Longo comentario sobre *A literatura galega durante a guerra civil (1936-1939)* de Claudio Rodríguez Fer, publicado en 1994. Faise unha pormenorizada análise dos contidos do libro seguindo a súa estructura. O estudio do galego na zona republicana, a persecución da lingua, a sobrevivencia do galego na prensa, a cultura galega no exilio e a postura dos intelectuais galegos, son as liñas temáticas analizadas neste artigo.

Orsini, Humberto, "Mensaxe do Día Internacional do Teatro", *Faro de Vigo,* "*Faro das Letras*", nº LXXXIII, 25 marzo 1995, p. 1.

Reflexión sobre as orixes do teatro e o sentido universal das obras clásicas, "que superaron as barreiras do tempo, das ideoloxías e dos pensamentos".

Otero, Encarna, "Un alcalde comprometido", *A Nosa Terra,* nº 700, "Ánxel Casal. Editor e galeguista", 16 novembro 1995, p. 20.

Analiza o traballo municipal de Ánxel Casal e da corporación dende o 23 de febreiro de 1936, data na que foi elixido alcalde por unanimidade. Sinala que o traballo desta corporación é un exemplo de democracia e vinculación cos problemas da xente. Os puntos prioritarios foron o paro, a instrucción pública e a defensa do Estatuto e dos dereitos nacionais de Galicia, ademais de dous feitos moi importantes, a constitución da primeira asociación de escritores en lingua galega e a declaración de Hóspedes de Honor á Mesa da Asamblea pro-Estatuto o 17 de maio de 1936. Todas estas iniciativas dán conta da capacidade política de Ánxel Casal. Hai tamén un recordo para a súa muller, María Miramontes, quen mantivo en moitas ocasións, co seu traballo de costureira , as ambicións do seu home.

Otero Pedrayo, Ramón, "A primaveira do Fausto", *O Correo Galego*, "Lecer", "Regreso ó pasado", 1 xaneiro 1995, p. II.

Reproducción dun artigo de Otero publicado en *El Correo Gallego* o 8 de abril de 1970, no que lembra o *Doutor Faustus* de Goethe, que inicia un tempo moderno na literatura. Hai tamén unha referencia ós "xóvenes poetas galegos" e á necesidade de que Compostela constrúa a súa propia filosofía para ser un lugar de pensamento.

_____, "O misterio dos pretos de Castelao", *O Correo Galego*, "Lecer", "Regreso ó pasado", 15 xaneiro 1995, p. II.

Lémbrase a Castelao neste artigo, reedición dun publicado en *El Correo Gallego* o 11 de abril de 1970. Os debuxos de negros, e máis os de negros danzando, realizados polo artista rianxeiro merecen, nesta ocasión, os comentarios e interpretación de Otero. Castelao, preocupado por tódolos seres pobres e desdeñados, nestes debuxos manifestaría o apoio á procura da liberdade para esta etnia.

_____, "Os xigantes están cansos", *O Correo Galego*, "Lecer", "Regreso ó pasado", 22 xaneiro 1995, p. II.

Reedición dun artigo que se publicara en *El Correo Gallego* do día 8 de maio de 1970. A fermosura xeolóxica da costa atlántica dende a península do Barbanza ata o Cantábrico motiva este artigo. A fascinación que lle produce a andaina por esta zona suscita constantes referencias á mitoloxía , e sobre todo á clásica.

_____, "Un dandy do derradeiro dazanove", *O Correo Galego*, "Lecer", "Regreso ó pasado", 5 febreiro 1995, p. II.

Detallada descrición, en clave de humor e con doses de aceda ironía, dun dandi de finais do XIX. Os seus costumes, o xeito de vestirse, a forma de vida chea de aparencias e, en xeral, o seu comportamento social aparecen retratados neste artigo, reedición do que se publicara en *El Correo Gallego*, o 21 de xuño de 1970.

_____, “Debruzado na ponte”, *O Correo Galego*, “Lecer”, “Regreso ó pasado”, 12 febreiro 1995, p. II.

Reedición dun artigo publicado en *El Correo Gallego* o 5 de xullo de 1970. É unha evocación poética da vila de Pontecesures feita a partir dalgunhas referencias bibliográficas, entre elas, o P. Fita, Rosalía Castro ou A. Neira de Mosquera.

Pablos, Fernando G., "Pepe de Xan Baña, vida e obra", *El Correo Gallego*, "*Edición 7*", 19 febreiro 1995, p. 5.

Comentario da aparición da obra *A vida e a obra de Pepe de Xan Baña*, elaborada por Ramón Ferreiro e Manolo Froxán. Ademais das notas biográficas fundamentais de José Baña Pose e dos datos editoriais deste libro, salienta o grao de descoñecemento deste autor para os estudiosos e críticos da nosa literatura.

Pena, Xosé Ramón, "¡Gerónimo!: Unha autobiografía", *Faro de Vigo,* "*Faro das Letras*", nº LXXIV, 21 xaneiro 1995, p. 3.

Comentario sobre *Gerónimo/Goylelyé, Unha autobiografía/Go Khaka yej* (1994), nova versión da autobiografía de Gerónimo de Goylelyé, encarnación da traxedia apache simbolizada na civilización e no progreso que invita á reflexión sobre a dignidade humana baixo un posicionamento imbuído de paixón e tenrura.

_____, "Viaxe ao país das torgas", *A Nosa Terra*, nº 658, 26 xaneiro 1995, contracapa.

Con motivo do pasamento do escritor portugués Miguel Torga, Xosé Ramón Pena reflexiona sobre determinadas concepcións da literatura vixentes hoxe en día, para as que a modernidade pasa por ambientes urbanos, mentres que o ruralismo é sinónimo de costumismo, folclore reseso e reiteración.

_____, "X. Mª Álvarez Blázquez entre nós", *Faro de Vigo,* "*Faro das Letras*", nº LXXIX, 25 febreiro 1995, p. 3.

Importancia do labor intelectual de Xosé María Álvarez Blázquez dentro do contorno cultural galego, que o fan merecente da celebración do "Día das Letras Galegas" na súa honra. O seu perfil, tanto intelectual coma humano, queda ben debuxado, a carón dos acontecementos que lle tocou vivir, polo seu fillo Alfonso na fotobiografía que realizou sobre a figura de seu pai.

_____, "Literatura e sociedade en Galicia", *Faro de Vigo,* "*Faro das Letras*", nº XCII, 10 xuño 1995, p. 4.

Nesta ocasión o autor da recensión destaca o feito de que sexan os datos manexados no libro a fonte da que o autor extrae as súas conclusións, e non pola "pura percepción, e/ou a reflexión persoal". Isto, para el, garante a validez do mesmo. Por outra banda, como escritor implicado no fenómeno, indica as súas dúbidas ó respecto de que o proceso de consolidación da nosa literatura desenvolvido nos anos oitenta estea xa rematado (como o autor do libro, Xoán González Millán, intenta demostrar). Para Pena aínda estamos neste proceso.

_____, "50 anos de poesía galega", *Faro de Vigo,* "*Faro das Letras*", nº XCIV, 24 xuño 1995, p. 4.

Caracterización descritiva da antoloxía *50 anos de poesía galega* (1994), ó tempo que se subliña como instrumento de traballo que contribúe ó achegamento do público á poesía galega e de punto de partida e análise de traxectorias, grupos e direccións da lírica galega contemporánea.

Quintáns, M., "Galicia nos programas da BBC en Londres", *El Correo Gallego*, "*Edición 7*", 1 xaneiro, 1995, p. 10.

Recensión xornalística de carácter eminentemente informativo sobre o contido do libro *Galicia desde Londres*, baixo a edición de Antonio Raúl de Toro Santos. Destácase a presencia da intelectualidade galega máis sobranceira nas emisións, aquí recollidas, da B.B.C. londinense durante o período que vai dende 1947 a 1956 e que permitían a utilización do galego alén das nosas fronteiras. Asemade, evócase o labor escuro a prol da cultura galega de F. Fernández del Riego, gracias a quen tamén esta edición puido ser levada a cabo.

_____, "Opinións dun pallaso", *El Correo Gallego*, "*Edición 7*", 8 xaneiro 1995, p. 11.

Con motivo da traducción de *Opinións dun pallaso*, realizada por Laureano Araújo Cardalda, o autor desta recensión achéganos aspectos biográficos de Henrich Böel, premio Nobel alemán que aínda sen ter grande éxito entre o público, ten recibido sempre as mellores críticas. Esta obra é unha mostra da súa literatura.

_____, "*Sempre no camiño*, unha colección de obras teatrais (I)", *El Correo Gallego*, "*Edición 7*", 22 xaneiro 1995, p. 10.

Recensión que saúda a aparición do volume *Primeiro Concurso de Obras Teatrais inéditas Camiño de Santiago. Obras de Teatro Profesional finalistas,* que recolle os textos premiados no Primeiro Concurso de Obras Teatrais Inéditas, no apartado de teatro profesional, fallado en 1993. Sinala a grande cantidade de obras presentadas, vinteseis, doce delas en castelán, e o triunfo das obras galegas, motivo de orgullo para o noso teatro. Salienta a beleza das acoutacións, a creación de personaxes e a estructura da obra de Xavier Lama, *O peregrino errante que cansou ó Demo*, e comenta que lembra a Valle-Inclán. De *O ceo de pedra*, de Xoán Cejudo e Álvaro Pardo, comenta que pode inscribirse "no contexto do teatro épico de Beltrot Brecht", e por último sinala a calidade da obra de Antón Cortizas, *Romance de Bernal o francés.*

_____, "*Sempre no camiño*, unha colección de obras teatrais (II)", *El Correo Gallego*, "*Edición 7*", 29 xaneiro 1995, p. 10.

Continúa o comentario anterior. Céntrase agora na necesidade de representación dos textos premiados e resúltalle sorprendente a falta de selección dalgún deles, como se indica nas bases do concurso. Pensa ademais que a posta en escena pode contribuír á difusión dos textos galegos por todo o Estado.

_____, "Autorretrato de James Joyce", *El Correo Gallego*, "*Edición 7*", 5 febreiro 1995, p. 10.

Recensión de *Retrato do artista cando novo*, de James Joyce. Edicións Laiovento publica a traducción desta obra, feita por Vicente Araguas. O libro tivo unha primeira redacción entre 1901 e 1906, titulada *Estephen Hero,* que sería rescrita polo autor. A versión que hoxe coñecemos publicouse por primeira vez en 1916, baixo o título *A Portrait of the Artist as a Young Man*. Joyce, con actitude crítica, crea unha novela de corte autobiográfico na que se reflicte, non só o que o rodeaba, senón tamén a realidade irlandesa marcada por un contexto cultural marcadamente católico. O público lector, e en concreto os seus compatriotas, non puideron "entende-la liberdade e sinceridade" con que o autor reflectía a realidade da súa terra.

_____, "O outro Oscar Wilde en galego", *El Correo Gallego*, "*Edición 7*", 5 marzo 1995, p. 10

Destácase como un dos méritos principais do libro *De Profundis e outros escritos*, traducción ó galego de distintos textos do escritor Oscar Wilde, o feito de que varios destes escritos sexan pouco coñecidos. Deste xeito, as traductoras, Fidelina Seco e Luz Cao, contribúen ó mellor coñecemento dun autor maldito para os seus contemporáneos, debido á súa homosexualidade.

_____, "Álvarez Blázquez", *El Correo Gallego,* "*Edición 7*", 2 abril 1995, p. 7.

A Editorial Ir Indo iniciou unha nova colección -Galegos na Historia- dedicada ás biografías, coa de Xosé Mª Álvarez Blázquez. Da figura deste galeguista histórico ocúpase o seu fillo, tamén escritor, Alfonso Álvarez Cáccamo. Para o autor desta crítica, a colección supón "unha iniciativa para poñer ó servicio das novas xeracións a vida e a obra dos nosos máis ilustres devanceiros".

_____, "*As sombras do Barroco* de Xesús Rábade Paredes", *El Correo Gallego,* "*Edición 7*", 7 maio 1995, p. 6.

Temos no comentario de M. Quintáns un percorrido pola producción narrativa de Xesús Rábade (que, como sabemos, ten tamén abundante producción poética) e unha aproximación ó argumento das dúas novelas que compoñen *As sombras do Barroco,* correspondentes á segunda e terceira parte da novela *Branca de Loboso*. Incídese tamén na recreación que fai do Barroco.

_____, "Unha longa novela de cobizosas pretensións", *El Correo Gallego,* "*Edición 7*", 9 xullo 1995, p. 6.

Preséntasenos *O cervo na torre* como unha continuación de Darío Xoán Cabana na liña narrativa de autor comprometido coa realidade que tenta harmoniza-la creación artística coa denuncia social. Destácase o valor simbólico dos distintos compoñentes da novela e a mestría no plano da expresión e da técnica narrativa.

Quinte, Rubén, "Queremos tanto a Xulia", *Faro de Vigo,* "*Faro das Letras*", nº LXVII, 7 xaneiro 1995, p. 3.

Recensión na que se comenta o relato, *Pancarta para Xulia,* publicado por Estro Montaña en 1994. Libro que amosa a un narrador consumado e consumido polo amor non correspondido de Xulia, que, en silencio, deixa a Valerio perdido no asfalto do distanciamento.

_____, "Entre os lirios e a recuperación da memoria", *Faro de Vigo,* "*Faro das Letras*", nº LXVIII, 14 xaneiro 1995, p. 3.

Comentario sobre *Heloísa,* poemario publicado, en 1994, por María Xesús Pato na editorial Espiral Marior. A súa poesía cualifícase como posuidora dunha extraordinaria lucidez, ateigada de escintilantes metáforas que recuperan os recordos, e que choca co mundo presente materializado en pequenos universos na procura do retorno dos significantes.

_____, "Os papeis de Andrés Goián", *Faro de Vigo,* "*Faro das Letras*", nº LXXIII, 25 febreiro 1995, p. 3.

Recensión de *Cemento e outras escenas* (1994), de Camilo Gonsar, da que o recensionista comenta a prosa viva e sobria na que o trasunto do autor, un tal Andrés Goián, recorda o que foi e xa non é, nun "rebumbio entre a causa e o efecto".

_____, "Un poeta do rexurdimento", *Faro de Vigo,* "*Faro das Letras*", nº LXXXIV, 1 abril 1995, p. 4.

Breve comentario da compilación poética de Francisco Mª de la Iglesia, *Do mar e da terra*, (1994), libro do que se afirma que probablemente careza de valor poético pero que posúe o interese de devolvernos un anaco da historia do noso Rexurdimento literario.

_____, "Sinxelos argazos beira do Eume", *Faro de Vigo,* "*Faro das Letras*", nº XCV, 1 xullo 1995, p. 3.

Recensión da reedición de *Algas* (1994), poemario de Gumersindo Placer. O autor recupera algúns datos da biografía deste frade que publica as súas composicións por vez primeira en 1959, ofrecendo uns poemas sinxelos, íntimos e populares. Sinala tamén o profundo coñecemento do Padre Placer da literatura galega medieval. Chegou a publicar artigos de trobadores como Pero D`Armea e Pero Da Ponte no *Boletín da Real Academia Galega,* en 1946.

R. G., "As pontes literarias de Mª Xosé Queizán", *La Voz de Galicia*, "*Revista de Cultura*", ano I, nº 21, 20 xullo 1995, p. 6.

Breve recensión descritiva dos libros de María Xosé Queizán *Fóra de min* e *Escrita da certeza*. Destes volumes destácase o seu contido, a súa presentación e os seus obxectivos.

Raña, Román, "Paulino Vázquez: as arquitecturas do inerte", *Faro de Vigo,* "*Faro das Letras*", nº LXXXVII, 29 abril 1995, p. 3.

Despois dun brevísimo percorrido pola obra de Paulino Vázquez, e enlazando co feito que supuxo obte-lo premio Miguel González Garcés en 1994, Raña analiza cuestións poéticas (enumeracións sintácticas, sonoridade), referencias á mitoloxía, temas ou influencias -Virginia Woolf, Eliot ou Ferrín. Valoración positiva desta nova incursión no mundo da lírica, cualificada de culturalista, de prolongación da poesía dos oitenta cun dominio da palabra ancorada no pasado e por iso chea de referencias.

_____, "Unha nova edición de *O porco de pé*", *Faro de Vigo*, "*Faro das Letras*", nº XCIV, 24 xuño 1995, p. 2.

Comeza este artigo comentando a problemática figura de Vicente Risco, que nos últimos tempos se vén tratando máis detidamente. Un claro exemplo disto é a reedición da súa obra culminante *O porco de pé* (1928). A continuación, o crítico fai unha interpretación, a grandes trazos, desta obra, na que se critica a exaltación dos bens materiais. Remata Román Raña preguntándose se non será o momento actual o do verdadeiro triunfo de don Celidonio.

_____, "Literatura e cinema: un diálogo de cen anos", *Faro de Vigo,* "*Faro das Letras*", Extra número 100, 14 outubro 1995, p. 7.

Artigo que analiza a influencia do cinema na literatura e viceversa (o cinema emprega a literatura como materia e a literatura copia deste unha serie de artificios). O autor sinala que, se ben na actualidade o cinema parece estar triunfando sobre a literatura, este nunca a poderá igualar pola súa incapacidade para mergullarse no interior do home.

Regueiro, Carina, "Pazos de inverno. Guía de lecturas para o transcorrer gris", *O Correo Galego,* "*Revista das Letras*", nº 80, 2 novembro 1995, p. 4.

Guía de novidades editoriais para o outono e o inverno de 1995. Este suplemento recomenda: no xénero narrativo, *Elipsis e outras sombras,* de X.L. Méndez Ferrín, *Fendas do tempo,* de R. Caride Ogando, *A citación,* de X. López Rodríguez, e as crónicas de Diego Bernal en *Compostela sentimental*. De poesía: *Ruído,* de Luísa Villalta, de Xesús Franco *Contra o mar*, *O fin dun canto,* poemario de Méndez Ferrín, *Varias,* de Ana Baliñas, *Poesía,* de Pura Vázquez, *Devalar das esperas,* obra de Emilio Xosé Ínsua e *Pedra de Nadir,* de Arturo Casas. Ademais, inclúense unha serie de estudios e ensaios que saíron á luz nesa época. De tódalas obras que se indican, faise un breve comentario sobre o seu contido.

Requeixo, Armando, "Os ollos do rei de copas ou como nace un novelista", *O Correo Galego*, "*Revista das Letras*", nº 47, 5 xaneiro 1995, p. 10.

Recensión da novela *Os ollos do Rei de Copas* (1994), de Xurxo Sierra Veloso. O autor "irrompe co seu narrar poderoso na novelística galega". A obra céntrase en dúas historias paralelas: a historia dun roubo do Santo Cristo da Victoria e a dun namorado platónico, case patolóxico, Eliseo Pelán. Requeixo salienta a súa "prosa lírica, áxil" e o "poder evocador e suxeridor das descricións que convirten esta obra nun logro por parte do autor", que só desloce cando se "mastiga excesivamente a solución", impedindo a complicidade lector-autor.

_____, "A producción literaria galega durante a guerra civil", *El Correo Gallego,* "*Edición 7*", 6 agosto 1995, p. 7.

Comentario do contido de *A literatura galega durante a Guerra Civil* (1994), de Claudio Rodríguez Fer, que se considera o cume do proceso investigador que sobre o tema desenvolveu o crítico lucense.

Rey Otero, Antonio, "Non poñas as túas torpes mans sobre Cortázar", *Faro de Vigo,* "*Faro das Letras*", nº LXVII, 7 xaneiro 1995, p. 2.

Comentario da obra *Os dados de Deus* (1994), de Arturo Lezcano. Analiza con detalle os 16 relatos do volume e critica a calidade literaria, a temporalidade, as tramas..., con expresións como "páxinas mal castigadas e peor dixeridas". Acusa ó autor de facer unha nefasta adaptación de Roald Dahl no relato "A cachucha", no que "a enxeñosa trama de Dahl queda aquí reducida a chiste de seminarista, dunha zafiedade consonte coa última moda televisiva, adobiado con guiños ó lector, non por gastados menos bastos e estúpidos..."

_____, "Dade palabra á dor", *Faro de Vigo,* "*Faro das Letras*", nº LXXIV, 21 xaneiro 1995, p. 2.

Comentario sobre *Panificadora* (1994), de Xosé Cid Cabido, novela gañadora do Premio Blanco Amor de Novela na edición de 1994. O recensionista móstrase crítico cos premios literarios, xa que considera que a maior parte deles non responden a razóns estrictamente literarias, senón doutra índole, considerando obras premiadas como "a aliteraria" *Soños eléctricos* (Premio Xerais), "a burda" *Culpable de asasinato* (Premio Blanco Amor), "a pedante" *O infortunio da soidade* (Premio Xerais), e "a lacrimóxena" *O gaiteiro e o rato Pérez* (Premio Merlín). Confesa que a novela de Cid Cabido, pese a ser unha obra premiada, presenta "o abigarrado, suxestivo, polisémico, complexo e divertido mundo da novela", e pasa a analizar e resumi-lo argumento. Salienta a construcción dos personaxes, as intertextualidades -Ferrín, Cunqueiro- e o coidado posto na lingua.

Rivas, Manuel, "Unha pinga de caña", *A Nosa Terra*, nº 705, "Guieiro Cultural", "A Literatura Galega a Debate", 21 decembro 1995, p. 25.

Artigo no que o escritor coruñés Manuel Rivas responde a outro da autoría de Manuel Veiga. Rivas pretende deslindar coa maior claridade a súa condición de escritor de obras de ficción da súa faceta de persoa que expresa as súas opinións literarias. Ó mesmo tempo, reivindica a importancia que ten a literatura para a humanidade e manifesta a súa discrepancia ante a afirmación de Veiga segundo a cal o éxito da narrativa galega depende case exclusivamente das vendas promovidas polo ensino.

Rodríguez, Francisco, "Un novo esforzo revelador sobre o sentido da prosa rosaliana", *A Nosa Terra*, nº 693, "Guieiro Cultural", 28 setembro 1995, p. 23.

Recensión sobre o ensaio de Kathleen March, *De musa a literata: el feminismo en la narrativa de Rosalía de Castro*, publicado en castelán por Ediciós do Castro en 1994. Sinala algúns dos aspectos clave desta lectura feminista de Rosalía que é aplaudida polo recensionista pola valentía e por poñe-las cousas nunha dimensión diferente e xusta. Faise consta-la ausencia de comentarios críticos nos círculos oficiais polo carácter radical e subversivo do tema que contrasta co silencio e mesmo co ocultamento de aspectos cruciais da vida e obra de Rosalía.

Rodríguez, Manuel, "A primavera fai rexurdir a lírica galega", *La Voz de Galicia*, "*Revista de Cultura*", ano I, nº 4, 23 marzo 1995, p. 6.

Dedícanselle ó libro de Pilar Cibreiro, *Feitura do lume* (1994), unhas breves liñas de presentación, xunto ó de Antón L. Dobao, Paulino Vázquez e Helena Villar.

_____, "Os venenos de Xesús Pisón triunfan no teatro", *La Voz de Galicia,* "*Revista de Cultura*", ano I, nº 7, 13 abril 1995, p. 6.

Recensión do libro de Xesús Pisón *Venenos*, gañador do Premio Rafael Dieste de Teatro da Coruña. Descríbese argumentalmente a peza e dáse noticia da anterior producción dramática do autor.

_____, "Neira Vilas pasea a Santa Compaña da emigración", *La Voz de Galicia.* "*Revista de Cultura*", ano I, nº 8, 20 abril 1995, p. 6.

Nesta recensión de *Memoria da emigración I* (1994), explícase que o libro supón unha recolleita de artigos do seu autor publicados en Vigo entre setembro de 1992 e xuño de 1993 nos que glosa historias de emigrantes que el coñeceu ó longo da súa vida.

Romero, Marga, "Continuidade poética", *A Nosa Terra*, nº 671, "Guieiro Cultural", 27 abril 1995, p. 26.

Recensión na que se comenta o poemario *Fóra de min*, do que é autora María Xosé Queizán. A articulista atopa que este libro continúa a mesma liña tracexada nas anteriores publicacións da escritora viguesa, *Despertar das amantes* e *Metáfora da metáfora*. Os seres máis marxinais da sociedade e a denuncia dos fanatismos e prexuízos son algunhas das claves predominantes nesta obra, na que se reivindica a importancia da diferencia, da marxinalidade, do oculto.

_____, "Memoria e antoloxía", *A Nosa Terra*, nº 689, "Guieiro Cultural", 31 agosto 1995, p. 22.

Recensión da antoloxía poética *50 anos de poesía galega* (1994), memoria do panorama poético galego dende a Xeración do 36 ata a dos 80. Ó tempo que se fai un percorrido pola poesía antologada indícanse algúns nomes ausentes e sublíñanse outros incluídos, ademais de incidir na dificultade do labor e na utilidade e conveniencia da presente escolma.

Ron, X. X., “Na estrada das vangardas”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 30 abril 1995, p. 6.

Comentario de carácter argumental e estructural do primeiro poemario do ourensán Xavier Santiago, *Derrapa e cai* (1994), que se presenta como herdeiro da tradición literaria das vangardas en xeral e do futurismo en particular. É unha “historia narrada, vertixinosamente, con humor e ironía, dotada dun prólogo e dun epílogo que abren e pechan simbolicamente a vida do home contemporáneo...”.

Sánchez Iglesias, Cesáreo, "O home que marcou o noso Norte", *A Nosa Terra*, nº 705, 21 decembro 1995, contracapa.

Crónica do acto que se celebrou na Coruña en homenaxe ó galeguista Ánxel Casal, co gallo do centenario do seu nacemento. O articulista repasa a lista de asistentes ó acto, entre os que destacan o irmán, os compañeiros e os amigos do homenaxeado, e recolle as emocionadas palabras dalgúns dos que falaron no cemiterio de San Amaro.

Sandoval, Lois, "Narrador contumaz", *O Correo Galego*, "*Revista das Letras*", nº 54, 4 maio 1995, p. 4.

Breve recensión da novela de Xosé Cid Cabido, *Panificadora,* onde se destacan as boas dotes de narrador deste autor, -pai tamén do chamado "evidencialismo" no texto teatral *Copenhague*. A omnipresencia narrativa domina o relato ata chegar a ser unha pesada carga para o lector ó que non se lle deixa máis alternativa cá de oí-la voz do narrador, restando dinamismo á acción.

_____, "Doses de poder", *O Correo Galego*, "*Revista das Letras*", nº 55, 11 maio 1995, p. 4.

Sucinta referencia ó éxito acadado polas novelas de xénero en Galicia, cunha especial mención da novela negra. Asemade, cita e comenta con brevidade a obra de Aníbal Malvar, *A man dereita*, unha novela que se axusta ás normas impostas polo devandito xénero.

Seara, Teresa, "Penélope rompeu o tear", *A Nosa Terra,* nº 655, "Guieiro Cultural", 5 xaneiro 1995, p. 26.

Nesta recensión, fálase do poemario *Das últimas mareas*, de Ana Romaní. As vivencias da singradura e da viaxe serven de fío conductor neste libro, no que a autora reinterpreta, na opinión da articulista, o significado das figuras míticas de Ulises e Penélope, ós que ve como dous estraños derrotados. Tan só Penélope conserva a posibilidade de reorganiza-la súa vida, pero para iso terá que rompe-lo seu tear.

_____, "Artesanía poética. Edicións do Dragón", *A Nosa Terra*, nº 662, "Guieiro Cultural", 23 febreiro 1995, p. 26.

Artigo no que se fai un demorado percorrido pola historia de Edicións do Dragón, selo editorial creado en Muros no ano 1989. Os criterios polos que se guía o colectivo que coordina as publicacións conceden preferencia á difusión dos novos poetas, así como á orixinalidade no formato e na presentación dos productos. Faise a continuación unha brevísima caracterización de *Ao mar de adentro*, *A rota dos baleeiros*, *Oito e médio* e *Dous bocetos*, é dicir, a totalidade de títulos publicados por Edicións do Dragón, así como un pequeno adianto sobre as próximas publicacións.

_____, "Retorno ás rutas do verso", *A Nosa Terra,* nº 690, "Guieiro Cultural", 7 setembro 1995, p. 24.

Recensión na que se comenta o libro *Los caminos de la voz*, publicación da Deputación Provincial de Granada da que é autor o profesor Luciano Rodríguez. Trátase dunha antoloxía poética na que se recollen composicións de seis autores galegos sobradamente coñecidos: Xavier Rodríguez Baixeras, Xosé María Álvarez Cáccamo, Xulio L. Valcárcel, Pilar Pallarés, Ramiro Fonte e Miguel Anxo Fernán-Vello. A antoloxía aparece precedida dun prólogo no que Luciano Rodríguez teoriza sobre as influencias que máis pesaron sobre a obra destes poetas, os cales conforman, na súa opinión, un momento poético de grande brillantez para Galicia.

Seixas Seoane, Miguel Anxo, "Por Galicia: unha vida", *O Correo Galego*, "*Revista das Letras*", nº 86, 14 decembro 1995, pp. 2-5.

O Correo Galego publica esta biografía como homenaxe a Ánxel Casal, detalla especialmente o período que transcorre entre a creación da Irmandade dos Amigos da Fala no 1916 e o fusilamento deste ilustre galeguista no 1936. Fai un percorrido pola súa participación en actividades culturais; *A Nosa Terra*, *Nós*, Lar, o Seminario de Estudos Galegos, e pola militancia política; a ORGA, a Federación Republicana Gallega, o Pacto de Lestrove e tantos outros acontecementos que conducirán á consecución dun Estatuto de Autonomía para Galicia. As citas e testemuños de estudiosos e compañeiros de Ánxel Casal dan fe das dificultades polas que atravesou, sempre en loita pola defensa dos intereses galegos.

Sío Dopeso, M., "Libros de diseño", *La Voz de Galicia,* "*Revista de Cultura*", ano I, nº 29, 14 setembro 1995, pp. 2-4.

Longo artigo no que se comenta a importancia dada nas editoriais galegas ó proceso de maquetación e impresión. Saliéntase, así mesmo, a grande importancia do deseño gráfico que se considera un factor decisivo á hora do éxito de vendas.

Toro, Suso de, "En confianza, disparamos contra nós mesmos", *A Nosa Terra*, nº 694, "Guieiro Cultural", "A Literatura Galega a Debate", 5 outubro 1995, p. 27.

Longa reflexión sobre a literatura galega e a súa consideración pola crítica "derrotista". Opina que a idea dominante é considerala como voz colectiva e signo de identidade cando en realidade sae do autor e das súas propias inquedanzas. Non cre nunha literatura protexida pola Administración nin na idea dos escritores cun lugar institucional. Pensa que hai bos escritores, novos valores, bo público, unha literatura diversa en estilo e intencións e que cómpre non dramatizar. Manifesta unha opinión optimista, mesmo os problemas da lingua poden non facer desaparece-la literatura.

_____, "En confianza, tendes razón", *A Nosa Terra*, nº 702, "Guieiro Cultural", "A Literatura Galega a Debate", 30 novembro 1995, p. 24.

Artigo do escritor Suso de Toro co que pon fin á polémica literaria na que se vira envolto as semanas anteriores. De Toro laméntase das xenreiras que sempre tiveron que soporta-los escritores galegos con máis éxito e acaba recoñecendo, ironicamente, que tódalas súas obras son plaxios, polo que se considera xa desenmascarado.

Toro, Xelís de, "*A Esmorga* e a posibilidade de facer xustiza", *A Nosa Terra*, nº 658, "Guieiro Cultural", 26 xaneiro 1995, p. 29.

Neste artigo, o escritor Xelís de Toro reflexiona sobre as interpretacións dos críticos Xosé M. Millán e David Mackenzie sobre a novela *A esmorga* de Eduardo Blanco Amor. A versión segundo a cal Cibrán é un mentireiro cambia, na opinión de Xelís de Toro, a percepción da obra por parte dos lectores, ós que se concede, deste xeito, unha expectativa de participación máis ampla na interpretación do texto.

Torres Regueiro, Xesús, "Unha lembranza da revista *Nós* no seu 75 aniversário", *A Nosa Terra*, nº 695, "Guieiro Cultural", 12 outubro 1995, p. 29.

Ó cumprírense setenta e cinco anos da revista *Nós*, publicación emblemática na cultura galega do século XX, o autor do artigo repasa a historia da revista, facendo especial fincapé nalgúns acontecementos especialmente significativos, como foron o número monográfico dedicado á poesía galega ou as homenaxes rendidas a diferentes personaxes.

Trigo, Xosé Manuel, "Unha tumba para un poeta", *Faro de Vigo,* "*Faro das Letras*", nº LXXIV, 21 xaneiro 1995, p. 3.

Reflexión sobre a falta de descanso definitivo para os restos de Aurelio Aguirre, poeta romántico que morreu de amor na praia de San Amaro na Coruña e que "maldito" segue esperando que as autoridades lle asignen un lugar de perpetuo aposento, aínda que seguro que el, dada a súa condición de romántico, preferiría que esparexesen as súas cinzas pola praia coruñesa, en vez de verse encaixado nun mausoleo de deseño.

_____, “Libros de memorias”, *Faro de Vigo,* “*Faro das Letras*”, nº LXXXVI, 22 abril 1995, p. 3.

Comentario que expresa o desexo de que os “nosos vellos” máis senlleiros escriban as súas memorias para non ter que acudir a literaturas alleas en busca dos amores e dolores de persoeiros.

Varela, Froilán, "O Méndez Ferrín prohibido sae a flote", *La Voz de Galicia*, "*Revista de Cultura*", ano I, nº 32, 5 outubro 1995, p. 6.

Con motivo da aparición en 1995 dunha reedición de *Elipsis e outras sombras* de Xosé Luís Méndez Ferrín na editorial Xerais, o recensionista constata a censura que sufriron as narracións "Prologo. Impunidade" e "Elipsis", que na primeira edición de 1974 se viron excluídas do conxunto. Nembargantes, esta ausencia xa fora subsanada na edición de 1983, dato que non é precisado polo autor desta recensión.

Varela, Xosé Manuel, "Poeta na emigración. Recopilación de Pepe Xan Baña", *A Nosa Terra*, nº 658, "Guieiro Cultural", 26 xaneiro 1995, p. 26.

Coméntase, nesta recensión, a publicación, por parte do Concello de Cabana e da Deputación da Coruña, do libro *A vida e a obra de Pepe de Xan Baña* (1994), do que son autores Manuel Froxán Rial e Ramón Ferreiro García. Faise despois un breve resumo da estructura do libro, no que o lector pode atopar un apartado biográfico, un estudio literario, a escolma de textos e, por último, un anexo no que se inclúe unha reivindicación da valía poética de Baña. O articulista remata felicitando ás institucións públicas que non dubidan á hora de traballar pola divulgación de autores esquecidos.

_____, "Atopan un texto inédito de Eduardo Pondal", *A Nosa Terra*, nº 661, "Guieiro Cultural", 16 febreiro 1995, p. 23.

Coméntase a noticia da aparición dun texto inédito en castelán de Eduardo Pondal. O articulista lamenta o desinterese institucional e a falta de apoios cos que teñen que loita-los investigadores para levar a cabo o seu labor filolóxico. Celébrase o feito de que, a pesar das dificultades, vaian aparecendo novos e importantes achados, como estas vinteunha oitavas reais tituladas "El canto del cisne", escritas, segundo apuntan tódolos indicios, polo poeta de Ponteceso.

_____, "Ánxel Casal e Labarta Pose", *O Correo Galego*, "Centenario do Nacemento do editor do galeguismo", 19 decembro 1995, p. 4.

Co gallo do centenario do nacemento do editor galego Ánxel Casal, o articulista achéganos a unha parcela da vida de Casal a través da súa relación co escritor da bisbarra da Costa da Morte, Enrique Labarta Pose, relación que se iniciou cunha proposta epistolar de Labarta Pose dirixida a Ánxel Casal, na que o invitaba a fundar unha editorial.

Veiga, Manuel,"Alfonso Sastre en galego", *A Nosa Terra*, nº 678, "Guieiro Cultural", 15 xuño 1995, p. 24.

Recensión na que se comenta a publicación de *Histórias de Califórnia* (1994), traducción ó galego dunha obra do dramaturgo madrileño Alfonso Sastre. Despois de facer unha breve aproximación ás circunstancias biográficas do autor, o articulista comenta o contido dos textos recollidos neste volume, nos que destaca a súa riqueza, corrección formal e simpatía.

_____, "Librar de tópicos a Manuel María", *A Nosa Terra,* nº 691, "Guieiro Cultural", 14 setembro 1995, p. 27.

Reflexión na que se poñen en cuestión algúns dos adxectivos con que a crítica cualificou habitualmente a obra do escritor Manuel María: simple, ruralista e prolífico. O articulista defende a nitidez, a galeguidade e o compromiso político que caracterizan ó poeta de Outeiro de Rei, e afirma que xa vai habendo quen o lea sen prexuízos, a pesar dos "atrancos e das mordazas insistentes".

_____, "Suso de Toro e o escárnio dunha literatura en muletas", *A Nosa Terra*, nº 695, "Guieiro Cultural", "A Literatura Galega a Debate", 12 outubro 1995, p. 25.

Contrasta as opinións verquidas por Suso de Toro sobre a literatura galega (*A Nosa Terra*, nº 694). Manuel Veiga considera asombroso que Suso de Toro non conciba como importante o vínculo entre a lingua e a súa conflictiva situación, e a literatura. Tampouco está de acordo na parodia daqueles que tentan salva-la memoria colectiva e na interpretación optimista da nosa literatura.

_____, "Nada personal", *A Nosa Terra*, nº 704, "Guieiro Cultural", "A Literatura Galega a Debate", 14 decembro 1995, p. 26.

O autor recolle opinións de Manuel Rivas, Suso de Toro e Alonso Montero e fai a continuación unha breve crítica. Trata temas como o compromiso na literatura, o mercado literario, a literatura como profesión, etc.

Vélez, Xosé Manuel, "Unha terra demasiado baldía", *Faro de Vigo*, "*Faro das Letras*", nº LXXVIII, 18 febreiro 1995, p. 4.

Pequeno comentario crítico sobre a obra *Fruto do Teixo,* de Xabier Cordal, premio Lorenzo Baleirón. Xosé Manuel Vélez percibe claramente as fontes da obra, Elliot, Pound e P. Celan, sobre todo o primeiro. Cordal non consegue achegarse ó modelo, quedándose en "sombra dunha sombra". Este poema-visión está construído con imaxes surrealistas, citas e referencias míticas e históricas. O autor pretende recrear unha historia para o seu país baseada tanto na paisaxe coma nos mitos da literatura galega. Xustificando o seu título conclúe Vélez sinalando un "exceso de baleiro" no poemario.

_____, "O desacougo subvencionado", *Faro de Vigo*, "*Faro das Letras*", nº LXXXIV, 1 abril 1995, p. 3.

Aceda crítica ó poemario *Cerne das labaredas* (1994), de Ramón Caride Ogando quen é acusado, amais de "falta de habilidade no uso da ironía", de plaxiar a Díaz Castro, ou de non ter máis que influencias de Celso Emilio Ferreiro ou de Harold Bloom, quen dicía "o bo poeta rouba sen pedir perdón". Arremete, logo, contra a ausencia dunha crítica severa en Galicia, contra a política de subvencións e contra a seguida polas editoriais galegas que publican libros de dubidosa calidade acompañados dunha pésima e descoidada impresión, exemplo do cal sería a colección "A Illa Verde", de Espiral Maior, dirixida polo tamén desacreditado Miguel Anxo Fernán-Vello.

_____, "Discutamos, discutamos", *Faro de Vigo*, "*Faro das Letras*", nº XCV, 1 xullo 1995, p. 3.

Trátase da contrarréplica de Vélez a Ramón Caride Ogando no seu artigo do 17 de xuño. Partindo da crítica dun libro chega este autor á crítica da situación que vive a literatura galega actual, inmersa nun silencio sepulcral que nin as vangardas son quen de rachar.

_____, "Heaney: Poeta contra Patria", *Faro de Vigo,* "*Faro das Letras*", nº CVII, 8 decembro 1995, p. 1.

Artigo que analiza a figura do nobel Seamus Heaney a través dos distintos achegamentos á súa figura (as traduccións dos seus poemas por V. Araguas e M. Outeiriño e a entrevista publicada en *Calle Mayor*, revista rioxana dirixida por José Ramos). A súa posición política, os mitos, a lingua e o culturalismo son algúns dos aspectos tratados. Finalmente o crítico sinala como figuras galegas paralelas a Heaney a X.L. Méndez Ferrín (na primeira etapa do poeta irlandés) e a José Ángel Valente.

Ventura, Joaquim, "A BBC en galego", *Faro de Vigo,* "*Faro das Letras*", nº LXXII, 7 xaneiro 1995, p. 1.

Comentario sobre a edición en casetes editados polo Arquivo Sonoro de Galicia, na serie As Nosas Voces. Sinala que os discursos de Ramón Piñeiro na Real Academia Galega en 1967 e o de Ramón Suárez Picallo e Otero Pedrayo de 1959, resultan ser documentos emocionantes porque son "historia viva de Galicia". Refírese tamén ó volume *Galicia desde Londres* (1994), edición realizada por Antonio Raúl de Toro Santos dos guións dos programas en galego que a B.B.C. emitía en Londres entre 1947 e 1956, nos que colaboraron figuras importantes da cultura galega como Otero Pedrayo, Ben-Cho-Shey, López Cuevillas, C.E. Ferreiro, Dieste, etc. Apunta que "a edición é magnífica".

_____, "Poetas alófonos", *Faro de Vigo,* "*Faro das Letras*", nº LXXXI, 10 marzo 1995, p. 1.

Comentario sobre a edición de Xesús Alonso Montero e Xosé M. Salgado de *Poetas alófonos en Lingua Galega (Actas do I Congreso)*, 1994. J. Ventura pon de manifesto a relación entre código e idea, cuestión esta fundamental para establece-los límites da alofonía. O autor das liñas, catalán de orixe, que ademais de en galego escribe tamén en castelán e catalán, pon en dúbida que o seu sexa un caso de alofonía, xa que non constrúe poesía con artificiosidade, factor este supostamente definitorio deste tipo de composicións.

_____, "Memorias de Galicia", *Faro de Vigo*, "*Faro das Letras*", nº CVII, 8 decembro 1995, p. 4.

Recensión do libro de memorias de Lois Tobío, presidente do Seminario de Estudios Galegos, *As décadas de T.L.* (1994). Comenta Joaquim Ventura o interese desta obra para o coñecemento de parte da historia de Galicia e destaca dous episodios desta biografía: a estancia de Tobío en Sofía como oficial da embaixada española e as dúas viaxes que realizou a Alemaña, onde coincidiu con Risco, F. Fernández Armesto e Ayala, entre outros. Remata o crítico desexando que outras personalidades de Galicia (por exemplo Filgueira Valverde, Fernández del Riego ou García Sabell) sigan o exemplo de Tobío.

Vieites Manuel F., "*Venenos*: unha teoría da esquizofrenia", *Faro de Vigo*, "*Faro das Letras*", nº XCI, 3 xuño 1995, p. 3.

Recensión sobre a última entrega dramática do membro da xeración dos cincuenta, Xesús Pisón, titulada *Venenos*. Esta obra está composta por dúas pezas: *A vía láctea*, gañadora do premio de Teatro Rafael Dieste, e *Como Jeckyll e Hyde*. Ambas historias, sinala Manuel F. Vieites, teñen en común o feito de recrear situacións diádicas.

Vilavedra, Dolores, "Palabras, palabras, palabras, *Criminal*, nada máis e nada menos", *Faro de Vigo,* "*Faro das Letras*", nº LXVII, 7 xaneiro 1995, p. 2.

Recensión na que se resume o contido da novela, á que se considera allea ó xénero negro. Dolores Vilavedra destaca a pluralidade e a orixinalidade das voces narrativas, así como o respecto e o distanciamento que Borrazás mantén cos seus personaxes.

X. C., "A recuperación de Concepción Arenal", *A Nosa Terra*, nº 661, "Guieiro Cultural", 16 febreiro 1995, p. 28.

Breve comentario no que se dá noticia da publicación, promovida polo Consello da Cultura Galega, dunha serie de textos de Concepción Arenal, seleccionados por María Xosé Lacalzada e traducidos ó galego por Anxos Sumai. A escolma centrouse naqueles escritos en que Concepción Arenal opinaba sobre cuestións sociais de diferente índole. A continuación, recóllese unha breve mostra dos devanditos textos, en concreto algúns que fan referencia á discriminación da muller e outras inxustizas sociais.

X. G. G., "Revisar as subvencións", *A Nosa Terra*, nº 655, "Guieiro Cultural", 5 xaneiro 1995, p. 25.

Recensión de *Amor de cinema* (1994), de Francisco Castro, na que se critica que obras como esta reciban subvención da Dirección Xeral de Cultura e cuestiona esta política visto o texto da presente obra da que di "o problema é que se subvencionou unha obra que está mal feita". Considera o recensionista que está "mal construída no seu armazón", pouco coidada no léxico, con expresións casteláns. Tamén pon de manifesto os problemas temporais da novela, ilustrando este aspecto con anacos de texto, e conclúe que "nen o autor releu a novela, nen o fixeron os responsabéis de lle conceder a bolsa".

_____, "O lado escuro do mundo", *A Nosa Terra*, nº 656, "Guieiro Cultural", 12 xaneiro 1995, p. 21.

Coméntase nesta crítica a novela que gañou o Premio Blanco Amor de 1994, *Panificadora*, da que é autor Xosé Cid Cabido. Despois dun amplo resumo do contido, o articulista sitúa a obra de Cabido nun lugar intermedio entre a banda deseñada e a novela paródica, e destaca a precisión e claridade da linguaxe empregada.

_____, "A voz apache en galego. Gerónimo", *A Nosa Terra*, nº 657, "Guieiro Cultural", 19 xaneiro 1995, p. 25.

Recensión na que se comenta a traducción ó galego da autobiografía do xefe apache Gerónimo, publicada por Edicións Positivas. O articulista destaca o importante valor antropolóxico do libro e nega que o mesmo teña nada de pintoresco. Ó mesmo tempo, X.G.G. felicita a Edicións Positivas polo seu empeño en publicar textos marxinais, estraños no mercado editorial galego.

_____, "Submundo kafkiano", A *Nosa Terra*, nº 659, "Guieiro Cultural", 2 febreiro 1995, p. 27.

Recensión na que se comenta a novela *Terminal*, da que é autor Xelís de Toro. Despois de facer un breve resumo do seu argumento, saliéntase a súa filiación kafkiana. De Toro procurou, na opinión do articulista, fuxir do estilo que caracterizara ás súas anteriores obras e construíu, con notable eficacia, unha metáfora do mundo moderno en clave de alegoría kafkiana.

_____, "Heinrich Böll dez anos despois", *A Nosa Terra*, nº 660, "Guieiro Cultural", 9 febreiro 1995, p. 25.

Coméntase a publicación de *Opinións dun pallaso*, primeira traducción que se fai ó galego dunha obra do escritor alemán Heinrich Böll. O articulista expón a súa opinión, segundo a cal é moi superior a dimensión humana de Böll, coa súa loita política, có seu labor como escritor. Aínda así, valora algúns dos logros conseguidos en novelas como a presente, a máis coñecida deste autor.

_____, "O descobrimento da mágoa", *A Nosa Terra*, nº 662, "Guieiro Cultural", 23 febreiro 1995, p. 25.

Recensión na que se comenta a publicación de *De Profundis e outros escritos*, traducción ó galego dunha serie de textos de Oscar Wilde. X.G.G. evoca as circunstancias biográficas polas que Wilde foi condenado ó cárcere, as frustracións que isto lle produciu e, por último, as consecuencias literarias que tivo esta experiencia nas súas obras. *De Profundis* é, precisamente, un dos libros que escribiu na cadea, e trátase dunha obra presidida pola dor e a mágoa.

_____, "Da imposibilidade de narrar a emigración", *A Nosa Terra,* nº 669, "Guieiro Cultural", 12 abril 1995, p. 25.

Comentario de *Traballos e paixóns de Benito Prada* (1994), de Assis Pacheco. O autor parte da premisa de que esta "non é unha novela sobre a emigración galega a Portugal". Para el, estamos fronte a un relato picaresco que nos presenta as diversas peripecias dun heroe ó longo da súa vida e que, debido á proximidade do narrador co narrado, está tinxido dunha forte melancolía.

_____, "Estragar a colección", *A Nosa Terra*, nº 686, "Guieiro Cultural", 10 agosto 1995, p. 26.

Comentario sobre o libro *Vixiando,* de Xesús Manuel Coruxo, publicado na colección Illa Nova da Editorial Galaxia. Componse este volume, editado xa en 1970, de tres breves pezas teatrais e seis relatos. O articulista supón que o feito de estar en galego foi decisivo á hora de publicar este libro, que non ofrece, polo demais, unha grande calidade literaria.

_____, "Unha crítica dos 70", *A Nosa Terra*, nº 688, "Guieiro Cultural", 24 agosto 1995, p. 25.

O articulista fala do libro *La literatura gallega*, publicado en 1974 pola Dirección General de Cultura Popular, e do que é autor Mario Hernández. Resúmense a continuación os contidos de dito libro, con especial referencia ó capítulo que dedica a Rosalía, que lle parece a Hernández moi superior a Curros e Pondal. X.G.G. expón a súa esperanza de que se faga unha reedición da obra de Mario Hernández.

_____, "Que foi de Gregório Fernández", *A Nosa Terra*, nº 689, "Guieiro Cultural", 31 agosto 1995, p. 22.

Dentro das lembranzas que X.G.G dedica á serie Illa Nova, da Editorial Galaxia, analiza neste artigo *Historias do 30 de febreiro*, publicado en 1969 por Gregorio Fernández. X.G.G opina que o libro non posuía grandes valores literarios, pero si servía de punto de arranque a un momento de desconcerto na narrativa galega.

_____, "1975, un ano movido", *El Progreso,* "Táboa redonda", "Vinte anos de vida literaria na Galiza (I)", 8 febreiro 1995, p. 25.

Este artigo dá comezo a unha serie que trata da vida literaria en Galicia dende o ano 1975. Sinálanse os feitos máis relevantes deste ano: o 25 aniversario da fundación da Editorial Galaxia (commemorado coa edición do *Almanaque Galaxia* e a convocatoria de catro premios: novela, teatro e dous de ensaio nos que unicamente foi premiada a novela de Carlos Casares, *Xoguetes para un tempo prohibido* que ó ano seguinte conseguiu o premio da Crítica Española na súa recén creada variante "en línguas vernáculas"), o ano Castelao, que comemora o 25 aniversario da súa morte. Aparece ademais *Onde o mundo chámase Celanova,* de Celso Emilio Ferreiro e a reimpresión de *Los Precursores,* de Murguía. A morte de Franco supón un debilitamento da censura e o nacemento de editoriais efémeras como Xistral ou Edicións do Rueiro.

_____, "Unha morea de premios", *El Progreso,* "Táboa redonda", "Vinte anos de vida literaria na Galiza" (II), 15 febreiro 1995, p. 25.

Como o título indica recupéranse neste artigo os premios existentes en Galicia dende 1975 cando se convoca por vez primeira o premio Modesto R. Figueiredo de narración curta, que deu a coñecer a moitos dos novos narradores. Na década dos 80 prodúcese un verdadeiro "boom" na creación de premios, tanto os promovidos por organismos públicos coma por privados: o Blanco Amor, o Xerais, o Esquío, o González Garcés, o Rafael Dieste, o Arlequín, o Leliadoura, onde son premiados case a totalidade de autores galegos. O artigo pon de manifesto algunhas cuestións espiñentas: a contía económica, a calidade das obras, a abundancia de premios, a escolleita de membros para o xurado, etc.

_____, "Un novo rexurdimento", *El Progreso,* "Táboa redonda", "Vinte anos de vida literaria na Galiza (III)", 1 marzo 1995, p. 27.

X. G. G. discrepa das opinións tradicionais dos historiadores da literatura galega que consideran o ano 1976 como "a eclosión da poesía galega". De *Con pólvora e magnolias*, de Xosé Luís Méndez Ferrín, afirma que acaba co "terrorismo do compromiso"e que "contén tres bos poemas e máis nada", aínda que considera que foi ben premiado pola crítica española ó ano seguinte. De *Mesteres* de Arcadio López Casanova, pensa que é un "libro engolado onde os haxa". Non os considera libros rupturistas senón un elo que une as vellas xeracións de poesía coas novas de anos máis tarde. Do ano 1977 salienta a creación de tres colectivos poéticos: Rompente -pretendían romper mais non o conseguiron porque os seus textos "non tiñan calidade"-, Cravo Fondo -producen anos máis tarde e individualmente nomes interesantes para a poesía-, e Alén -tres poetas convertidos hoxe en críticos-, Xosé Ramón Pena, Miguel A. Mato e Francisco Salinas Portugal.

_____, "A crítica e os críticos", *El Progreso,* "Táboa redonda", "Vinte anos de vida literaria na Galiza (IV)", 10 marzo 1995, p. 31.

Reflexión sobre a crítica galega, sobre a que se di que non existe como crítica informativa e rigorosa, sen louvanzas desmedidas e deixando pasar sen comentarios algunhas boas obras, "temos a crítica que merecemos, e ponto e aparte". Considera poucos os medios críticos existentes, reducidos a *A Nosa Terra*, as revistas *A Trabe de Ouro*, *Grial* e *Luzes de Galiza* amais dos suplementos dalgúns xornais como *El Progreso, Faro de Vigo* e *O Correo Galego*. Hai poucas recensións e un público que se perde na "xerga" crítica: "puxéronse de moda termos como diéxeticos, heterodiexéticos, intertextual, etc., que os mesmos que os puxeron en circulación non os definiron ben e poden servir tanto para un *roto* como para un *descosido*". Recupera as figuras críticas de Otero Pedrayo, Vicente Risco e Ricardo Carvalho Calero considerado como "o grande crítico galego do século XX"- Francisco Fernández del Riego, Ramón Piñeiro e Basilio Losada. Despois de moitos anos aparecen novas figuras saídas da universidade e "a muitos deles elles imposible tirar o lastre da xerga que aprenderon na universidade".

_____, "Editores que amaban o libro", *El Progreso,* "Táboa redonda", "Vinte anos de vida literaria na Galiza (V)", 14 marzo 1995, p. 29.

Recupera os editores máis importantes para a nosa historia cultural nos anos da represión franquista, a Biblioteca Gallega de Martínez Salazar, Lar de Leandro Carré e Nós de Ánxel Casal, todos eles sufridores na súa pel daqueles tempos, verdadeiros "editores que amaban o libro". Ata 1950 non aparece a editorial Galaxia, impulsada sobre todo por dous homes, Ramón Piñeiro e Francisco Fernández del Riego, encargado tamén da revista *Grial* na súa primeira andaina. Existiron outros intentos editoriais como Monterrei e a posterior Editorial Castrelos de Xosé María Álvarez Blázquez, xunto á Editorial Celta de Lugo despois desaparecidas. En 1963 aparece da man de Isaac Díaz Pardo a importantísima Ediciós do Castro que xunto a Galaxia e outras continúan na actualidade.

_____, "As editoriais galegas", *El Progreso,* "Táboa redonda", "Vinte anos de vida literaria na Galiza (VI)", 21 marzo 1995, p. 27.

Nómina das editoriais galegas actuais: Xerais (nada no 1979 da man de Xulián Maure co grupo Anaya nun principio, logo con Luís Mariño e despois con Víctor Freixanes, cunha progresiva consolidación e creación de novas coleccións), Edicións Sotelo Blanco (baixo a responsabilidade do seu dono Olegario Sotelo Blanco -encargado tamén da revista *A Trabe de Ouro*- e con coleccións de prestixio como Leliadoura de poesía e Arlequín de teatro, a única durante un tempo), Edicións do Cumio (responsabilidade de Carlos Blanco), Laiovento Edicións de Francisco Pillado, Edicións Positivas, Vía Láctea, Ir Indo de Bieito Ledo, Nigra de Gonzalo Allegue, Tambre, a nova andaina de Galaxia con Carlos Casares e Espiral Maior.

_____, "As revistas literarias", *El Progreso,* "Táboa redonda", "Vinte anos de vida literaria na Galiza (VII)", 28 marzo 1995, p. 28.

Repaso das principais revistas aparecidas dende 1975, órganos fundamentais de expresión e moitas das veces de efémera vida. Percorre a historia e números publicados das revistas xa desaparecidas: *Galicia 80,* aparecida en 1977, dirixida por Manuel Catoira, que durou dous ou tres números; *Bonaval* en 1979 cun só número; *Dorna. Expresión poética galega* de 1981 en principio da man da Asociación Cultural da Illa da Arousa e logo da Universidade de Santiago baixo a dirección de Luís González Tosar. Tamén aparecen citadas *Coordenadas* de 1981 e *Follas Secas* de 1985. No apartado das revistas aínda vixentes ou de nova creación recolle *Luzes de Galicia* de 1989 dirixida por Manuel Rivas e de periodicidade variable, a nova andaina de *Grial* que aparece en 1989, *A Trabe de Ouro,* responsabilidade de Sotelo Blanco e dirixida por Méndez Ferrín, *A Festa da Palabra Silenciada*, revista feminista, o *Boletín Galego de Literatura* dirixido por Anxo Tarrío, o *Anuario de Estudios Literarios Galegos* da man de Xoán González Millán, entre outras.

_____, "Historias da literatura", *El Progreso,* "Táboa redonda", "Vinte anos de vida literaria na Galiza (VIII)", 11 abril 1995, p. 31.

"Non existen muitas historias da literatura galega". Responden ás veces "a esixencia de informar e a tentación de falar só do que gosta o presunto historiador". Considera como o grande manual o de Carbalho Calero, "mália aprezacións que coidamos incongruentes". Repasa as máis recentes comezando pola de Francisco Rodríguez, *Literatura galega contemporánea (problemas de método e interpretación)*, 1990, *Literatura galega* de Anxo Tarrío de 1994 e *Literatura gallega* de Pilar Vázquez Cuesta de 1990.

_____, “As tres normativas”, *El Progreso*, “Táboa redonda”, “Vinte anos de vida literaria na Galiza (IX)”, 18 abril 1995, p. 29.

Refírese ós problemas que ocasiona a existencia de tres normativas para a lingua galega -a “oficial”, a reintegracionista, e a que recomenda a Asociación Socio-Pedagóxica Galega-, ademais da que emprega cada escritor en particular. Considera especialmente problemático os constantes cambios ós que se ve sometido o galego, as “palabras inventadas”, e o achegamento ó español en vez da referencia ó portugués.

_____, "As traduccións", *El Progreso,* "Táboa redonda", "Vinte anos de vida literaria na Galiza (X)", 25 abril 1995, p. 29.

Análise do feito da traducción na literatura galega que comeza nun primeiro momento en revistas como *Grial* e non pasa de ser unha curiosidade. O boom comeza nos oitenta da man de Ediciós do Castro. Pouco a pouco aparece a conciencia de difundi-lo galego nas obras clásicas da literatura universal. A colección fundamental foi Xabarín de Edicións Xerais. Hoxe en día case tódalas editoriais galegas presentan no seu catálogo traduccións. A grande empresa é a colección de Clásicos en galego da editorial Galaxia xunto coa Consellería da Presidencia da Xunta.

_____, "Os mellores textos", , *El Progreso,* "Táboa redonda", "Vinte anos de vida literaria na Galiza (XI)", 2 maio 1995, p. 27.

Artigo que continúa o tema da traducción. En canto ós autores contemporáneos a calidade é variable pero en xeral o nivel é bo. Fai unha relación das que considera moi malas. Considera un disparate traducir textos do castelán e do portugués porque os galegos temos competencia para acceder a estes textos. As traduccións de poesía están abandonadas, delas só se ocupa Espiral Maior.

_____, "Os clásicos", *El Progreso,* "Táboa redonda", "Vinte anos de vida literaria na Galiza (XII)", 9 maio 1995, p. 27.

Comentario sobre o problema da delimitación dos clásicos galegos. Aínda que son poucos os textos que cumpren as características, as editoriais promocionan algunhas obras, co que se impón o seu criterio. Analiza as coleccións de Galaxia (Dombate) e de Sotelo Blanco (Clásicos Galegos).

_____, "Os oficios dos poetas", *El Progreso,* "Táboa redonda", "Vinte anos de vida literaria na Galiza (XIII)", 13 xuño 1995, p. 27.

Reflexión sobre a poesía e os poetas aproximándose ó seu medio de vida. Dos poetas actuais afirma que non teñen ningún papel especial na sociedade contemporánea e os intentos de achegarse ó público con xéneros de máis éxito, como a novela, non teñen sentido e responden á "vaidade persoal" do creador. Sinala a necesidade de abri-lo debate sobre o tema da escrita de galegos en castelán.

_____, "As antoloxías", *El Progreso,* "Táboa redonda", "Vinte anos de vida literaria na Galiza (XIV)", 20 xuño 1995, p. 27.

Percorrido polas antoloxías de prosa e de poesía que se fixeron en Galicia nos últimos vinte anos. Fai un comentario crítico sobre as dúas fundamentais de poesía: *Escolma de poesía galega (1976-1984)* de Xosé Luís García e *Desde a palabra, doce voces* de Luciano Rodríguez Gómez. Para a prosa comenta a edición de Luís Alonso Girgado sobre o relato breve e dá unha lista de nomes que considera importantes.

V. Ensaio. Teoría Xeral. Crítica

V. 5. Publicacións en xornais: artigos de opinión

V.5. Publicacións en xornais: artigos de opinión

Abuín de Tembra, A., "Unha homenaxe nacional", *O Correo Galego*, "Cousas da Terra", 3 abril 1995, p. 4.

Avelino Abuín de Tembra reclama unha homenaxe para tres galeguistas da pre-guerra, aínda vivos: Filgueira Valverde, Manuel Beiras e Antonio Fraguas. Fai unha loanza das súas actividades como intelectuais e lembra outras homenaxes a insignes defensores da nosa cultura.

_____, "Carta a Don Antonio Fraguas", *O Correo Galego*, "A Lúa nos beizos", 2 xullo 1995, p. 2.

Carta dirixida a Don Antonio Fraguas para lle anuncia-la organización dunha homenaxe que recoñeza o seu inestimable labor por Galicia, e lle outorgue o título de patriarca, xunto a Xosé Filgueira Valverde e Manuel Beiras. Enumera moitos dos títulos publicados e lembra o seu labor como cronista oficial de Galicia e como director do Museo do Pobo Galego.

_____, "Carta a Don Xosé Filgueira Valverde", *O Correo Galego*, "A Lúa nos beizos", 9 xullo 1995, p. 2.

Palabras dirixidas a Don Xosé Filgueira Valverde, nomeado Galego Egrexio na entrega dos Premios da Crítica. O cronista expón a necesidade dunha homenaxe a tres "glorias viventes da patria galega": Manuel Beiras, Antonio Fraguas e Filgueira Valverde. Enumera as múltiples actividades culturais de Filgueira e conclúe reclamando a gratitude que se merece.

_____, "Carta a Salvador García Bodaño", *O Correo Galego,* "A Lúa nos beizos", 17 xullo 1995, p. 2.

Palabras dirixidas a García Bodaño, evocando os seus versos sobre Compostela e co recordo das personalidades de Filgueira Valverde e Antón Fraguas ós que lle gustaría uni-la figura do "home máis sacrificado destes ángulos nacionais: Manolo Beiras", para o que pide a colaboración de Bodaño dende a súa sección habitual neste xornal.

_____, "Carta a dona Otilia Seijas", *O Correo Galego,* "A Lúa nos beizos", 23 xullo 1995, p. 2.

Refírese ó libro de Otilia Seijas, *Égida* (Ediciós do Castro, 1994), que leva un limiar de Isaac Díaz Pardo e unhas frases a maneira de prólogo da autora. Resume brevemente os contidos dos relatos do volume, escritos en galego e castelán, e celebra e recoñece o seu valor, como "valiosa achega á literatura bilingüe en Galicia".

_____, "Memorando de Sofía Casanova", *O Correo Galego,* "A Lúa nos beizos", 18 setembro 1995, p. 2.

Rememora a figura da escritora galega en castelán, Sofía Casanova, sobre a que existen grandes interrogantes por descubrir como demostra a aparición de dúas cartas inéditas súas.

_____, "Congreso de Escritores Ourensáns", *O Correo Galego*, "A Lúa nos beizos", 27 novembro 1995, p. 2.

Repaso da longa tradición literaria de Ourense, que continuou con forza trala Xeración Nós. Para reflexionar sobre Ourense e a literatura, organizouse un Congreso de Escritores Ourensáns, patrocinado polo Clube Cultural Alexandre Bóveda coa intervención de vinte escritores, entre eles, Alfredo Conde, Caride Ogando, Camilo Franco, Fernández Naval, Xosé Mª Pérez e Carlos Casares.

Alcalá, Xavier, "Matádeo mañá!", *El Mundo*, "Galicia Aberta",1 xullo 1995, p. 11.

Edicións Xerais creou unha colección denominada *Crónica*, que se abre coa intención de recoller unha parte da nosa historia, concretamente a época da Guerra Civil e as súas consecuencias. O propio Xavier Alcalá escribiu para esta serie, unha obra sobre as "epopeas de moitos galegos do exilio e da emigración" titulada *Arxentina.* A autobiografía de Elixio Rodríguez, *Matádeo mañá* -pertencente á mesma colección -, é para Alcalá " o mellor da colleita de Xerais 94". Ámbolos dous salientan que "de nada pagaba a pena tanta barbarie".

_____, "Blanco Amor e Paco Vázquez", *El Mundo*, "Galicia Aberta", 12 agosto 1995, p. 7.

Xavier Alcalá coñeceu a Blanco-Amor nas conversas. Soubo así da súa intención de crear "unha coiné galega" que servise como lingua literaria. Foi el quen lle "meteu a curiosidade" por Buenos Aires, emporio da cultura. Era Blanco-Amor home que non cría "en relixións transcendentes", un "galeguista republicano". Exaltación dun home para facer, se cabe, máis relevante a denuncia de X. Alcalá do bloqueo que "Paco Vázquez e os seus" fan do Premio Blanco-Amor.

_____, “Escritores en Congreso”, *El Mundo*, “Galicia Aberta”, 16 setembro 1995, p. 7.

Reflexiona X. Alcalá, a raíz do IIIº Congreso de Escritores Galegos, sobre a necesidade de exporta-la “probada calidade” literaria do noso país. Os escritores galegos están aquí “a facer patria, pero aínda habían facer máis alá por fóra, traducidos”.

_____, "Dereitos de autor", *El Mundo*, "Galicia Aberta", 30 setembro 1995, p. 7.

Denuncia Xavier Alcalá dúas realidades do mundiño literario galego: "renegados", "defensores da patria en lingua allea" -cunha alusión directa a Xavier González Méndez- e a piratería editorial contra os dereitos de autor, no ámbito galego.

_____, “Libros portugalegos”, *El Mundo*, “Galicia Aberta”, 28 outubro 1995, p. 7.

Co gallo da celebración da Semana do Libro Portugués na Galiza, Xavier Alcalá fala dos “portugalegos”, aqueles que saben que “o libro é patria concentrada, esencia de cultura, síntese de país, galería de xentes”, os que nos propuxeron a súa literatura, a súa cultura. Alcalá reivindica unha acción paralela por parte dos galegos, para así “existir fóra das nosas lindes, necesariamente en Portugal”.

_____, “Adeus a Assis Pacheco”, *El Mundo*, “Galicia Aberta”**,** 9 decembro 1995, p. 7.

O autor gaba a vida tronzada de Assis Pacheco. Panexírico no que se lembra o bo facer literario e xornalístico, a súa cordialidade, a súa fidelidade, etc., coa exaltación, por riba de todo, da súa galeguidade, a “liña de amor “ que o unía con Galicia.

_____, "Galeuzca, a contrafío", *El Mundo*, "Galicia Aberta", 16 decembro 1995, p. 7.

En Galeuzca, reúnense cataláns, vascos, galegos, e tódolos que soñan "unha nación de nacións". Xuntáranse por vez primeira nos tempos do franquismo uniformador, pero hoxe, denuncia X. Alcalá, teñen que segui-las xuntanzas, porque "sobrevive (...) a españolería insensible" e aínda somos unha España que "non existe para Madrid".

Alonso Montero, Xesús, "E. P. H., poeta do exilio interior", *La Voz de Galicia*, "Beatus qui legit", 2 febreiro 1995, p. 9.

Comenta o articulista o seu descubrimento de cinco poemas firmados por E.P.H., pseudónimo do que non se coñece o ortónimo. Os textos foran publicados nos xornais bonaerenses *Galicia* e *Opinión Gallega* nos anos 50, e segundo Alonso Montero, "son de moi discreta inspiración literaria", aínda que interesantes polo seu ton de denuncia antifranquista.

_____, "O arquivo da emigración", *La Voz de Galicia*, "Beatus qui legit", 16 febreiro 1995, p. 9.

Artigo que trata sobre o importante "capital historiográfico" que posúen os distintos arquivos particulares das institucións galegas da emigración. Suxírese, ademais, a necesidade da creación, por parte da Xunta de Galicia, dun Arquivo da Emigración Galega, que debería recoller todo ese legado documental.

_____, "Un socialista de hai cen anos", *La Voz de Galicia*, "Beatus qui legit", 23 febreiro 1995, p. 11.

Artigo no que se fai memoria do talante democrático e prosocialista do poeta mindoniense Manuel Leiras Pulpeiro.

_____, "Unhas notas sobre o Padre Sarmiento", *O Correo Galego*, 9 marzo 1995, p. 34.

Louva o rigor de J.L. Pensado nas edicións e estudios feitos sobre a obra de Sarmiento, ó mesmo tempo que solicita unha homenaxe e un recoñecemento para este profesor, que lle sirva de incentivo para a publicación do libro *Onomástico etimológico de la lengua gallega*.

_____, "17 de Maio", *El Mundo*, "Galicia Aberta", 3 maio 1995, p. 7.

No ano 1963, nun ambiente de represión da "palabra", e especialmente da palabra en galego, a Real Academia Galega acorda declarar Día das Letras Galegas o 17 de Maio de cada ano. Ata 1976 os actos deste día sufriron continuos atrancos por parte da administración. Alonso Montero critica ós "violadores" do templo da Palabra", abundantes, sobre todo, "na tribo dos políticos", ós que Rafael Dieste -a quen vai dedicado o ano 1995 nas Letras Galegas- cualificaría de "profanadores" e Curros Enríquez -homenaxeado en 1967- de "niquitantes".

_____, "Tobío e os rosaliólogos", *La Voz de Galicia,* "Beatus qui legit", 27 xullo 1995, p. 9.

Comentario sobre as *Décadas de T.L.* (1994), memorias de Lois Tobío Fernández, combatiente no bando republicano durante a guerra civil española e publicadas por Edicións do Castro na colección Documentos para a Historia Contemporánea de Galicia. Sinala Alonso Montero a importancia deste libro, non só para os historiadores senón tamén para "os estudiosos do feito literario galego", e pon como exemplo as páxinas dedicadas a Rosalía nas que se inclúen cartas nunca publicadas anteriormente.

_____, "Centenario de Ánxel Casal", *La Voz de Galicia*, "Beatus qui legit", 3 agosto 1995, p. 9.

Lembra a importancia de Ánxel Casal, que recoñece como figura "fundamental na historia do libro galego nos anos da II República". Recolle as verbas que lle dedicou Castelao: "Casal fixo por Galicia máis ca todos nós", e a homenaxe de Luís Seoane, cando inventa en Arxentina o selo editorial Edicións Ánxel Casal, na edición do seu libro *Fardel de eisilado* (1952). Hai tamén un recordo especial para a muller de Casal, María Miramontes, e un desexo de homenaxe en Santiago a Casal, cando se cumpre este ano 95 o centenario do seu nacemento.

_____, "Poesía neogrega en galego", *La Voz de Galicia*, "Beatus qui legit", 7 setembro 1995, p. 11.

Comentario sobre a acertada decisión da Xunta de publica-la antoloxía, *La poesía grega do século XX (Estudio xeral e antoloxía bilingüe)*, realizada en 1994. Elabora o perfil biográfico dos filólogos que a realizaron, Andrés Pociña e Mosjos Morfakidis, e logo establece algunhas consideracións sobre os autores incluídos, celebrando a presencia dalgúns deles que foran excluídos doutras antoloxías por escribiren dende unha concepción marxista.

_____, "Ler Cunqueiro ós 11 anos", *La Voz de Galicia*, "Beatus qui legit", 5 outubro 1995, p. 11.

Artigo autobiográfico no que o profesor Alonso Montero lembra as súas lecturas escolares dos libros *España, mi patria* e *Laureados (18 de julio de 1936)*, volumes nos que se atopaban textos da autoría de Álvaro Cunqueiro.

_____, "O día máis triste de Risco", *La Voz de Galicia*, "Beatus qui legit", 19 outubro 1995, p. 11.

Artigo sobre a inauguración do Congreso sobre Vicente Risco en Ourense. Comenta o descoñecemento da obra de Risco, sobre todo dos libros en castelán e dos artigos periodísticos. Destaca o valor dos ensaios, que cre superiores ós de Eugenio d'Ors, que pasa por se-lo inventor do xénero.

_____, "Congreso Vicente Risco", *La Voz de Galicia*, "Beatus qui legit", 26 outubro 1995, p. 9.

Artigo de opinión sobre o Congreso dedicado a Vicente Risco. Alonso Montero sinala a decepción que sufriu nas ponencias relativas ós aspectos ideolóxicos do escritor, faltas de "valentía intelectual". No seu caso persoal, comenta que a súa intervención estivo marcada polas correccións e precisións do fillo do escritor, Antón Risco e afirma que "en congresos desas características a presencia de parentes próximos da figura estudiada debería ser limitada", porque os seus puntos de vista non sempre son os máis correctos.

_____, "Valle-Inclán, *galeguista*", *La Voz de Galicia*, "Beatus qui legit", 2 novembro 1995, p. 9.

Resume o tema da súa conferencia no Congreso sobre Valle Inclán celebrado en Santiago en outubro de 1995, centrada no texto de Valle-Inclán *Relembranzas literarias (1846-1855)*. Alonso Montero recuperou este artigo, publicado en *El Eco de Galicia* e descoñecido polos valleinclanistas, onde evoca dous acontecementos galegos significativos: o dos Mártires de Carral (1846) e o Banquete de Conxo (1856), ademais dunha referencia gabanciosa a Rosalía. Con estas palabras, cuestiónase a actitude de Valle con respecto a Galicia, nunha primeira etapa ideolóxica, tema que ten suscitado polémicas. mesmo entre Manuel Antonio e Castelao.

_____, “Pura Vázquez en Barcelona”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 9 novembro 1995, p. 9.

Artigo no que se informa sobre a lectura da tese de doutoramento de María Victoria Sanjurjo titulada “Poesía femenina gallega de posguerra: La obra de *Pura Vázquez, Luz Pozo, Xohana Torres y María Mariño*”. Salienta Montero o capítulo que Sanjurjo dedica a Pura Vázquez, capítulo que cualifica de “esclarecedor”, e define como “excelente traballo” a tese no seu conxunto.

_____, "No vixésimo cabodano", *La Voz de Galicia*, "Beatus qui legit", 16 novembro 1995, p. 11.

Artigo no que, a raíz do vinte aniversario da morte de Francisco Franco, se fala dos escritores que durante a Guerra Civil escribiron poesías en galego a favor ou en contra deste dirixente.

_____, “Exilio literario”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 21 decembro 1995, p. 9.

Artigo no que se informa sobre a celebración na Universidade Autónoma de Barcelona do Primeiro Congreso do Exilio Literario Español de 1939. Coméntase, tamén, a ausencia no congreso de relatorios sobre a producción literaria galega no exilio e a conveniencia de subsanar esta falta en posteriores congresos.

_____, “Inocentadas literarias”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 28 decembro 1995, p. 9.

Aproveitando a celebración nesta data dos Santos Inocentes, lembra Alonso Montero unha inocentada literaria, o *Cancioneiro de Monfero* (1953), de Xosé María Álvarez Blázquez, que contén oito cantigas do “século XIII: tres anónimas, unha de Riandiño (xograr) outra de don Álvaro de Soutomor...”, nas que o autor mostra o seu talento poético e o coñecemento minucioso da lírica medieval. O volume enganou ó mesmo Florentino López Cuevillas, que recibiu as composicións como auténticas.

Blanco Vila, Luís, "Memoria de Lauro Olmo", *O Correo Galego*, "Diario da corte", 3 febreiro 1995, p. 2.

Neste artigo lémbrase a Lauro Olmo, o escritor nacido no Barco de Valdeorras, autor dramático, contista e poeta, falecido no 1994 e a quen o Barco lle dedicará unha rúa e lle renderá homenaxe o 17 de febreiro. Achégansenos aspectos da súa vida e personalidade, así como da súa obra.

_____, “Benvido, señor Alfredo Conde”, *O Correo Galego*, “Diario da corte”, 4 xullo 1995, p. 2.

Recóllese a fichaxe de Alfredo Conde por *O Correo Galego*, nova que o xornalista recolle con grande satisfacción, ó considerar ó alaricano como “un creador nato da literatura”.

Blancollano, P. X., "*Aturuxo*, un berro no silencio", *O Correo Galego*, "No poleiro", 28 xaneiro 1995, p. 3.

Repaso da traxectoria da revista ferrolá *Aturuxo*, presentada en edición facsimilar en decembro do 94, polo Centro Ramón Piñeiro. Sinala a calidade dos poetas representados, pertencentes á "Xeración Aturuxo", e os aires novos que a publicación promoveu gracias ós seus coordinadores Tomás Barros e Miguel C. Vidal. O facsímile tenta recuperar este labor dende o ano 1952 a 1960.

_____, "Ledicia por un amigo", *O Correo Galego*, "No poleiro", 24 xuño 1995, p. 3.

Artigo dirixido a Ramiro Fonte, que foi nomeado membro da Real Academia Galega. Repasa a súa traxectoria artística dende a etapa en Compostela, no colectivo Cravo Fondo, ata hoxe en día, nun Instituto en Vigo. Alaba tamén a súa calidade tanto persoal coma artística.

Beiras García, Manuel, "Ás voltas co teatro", *O Correo Galego*, "O Galego", 12 xullo 1995, p. 3.

Neste pequeno artigo, Manuel Beiras mostra a súa preocupación polo galego, lembrando os tempos da súa mocidade, cando comezaba a preocupación dos intelectuais polo idioma. Neste sentido, recorda a grande acollida de *O Lubicán,* de Cotarelo Valledor, e como os ditos e frases daquela obra fixeron "mella no modo de ver, inclusive do sentir, daquela mocidade". Deste xeito, considera que o teatro galego pode se-lo impulsor do galego e anima a todos aqueles vencellados ós medios teatrais que contribúan difundindo as obras a través da TVG, a grande canle para poder chegar ós medios familiares.

Carro, Xavier, "Unha novela crepuscular", *La Voz de Galicia*, 5 xaneiro 1995, p. 8.

Comentario sobre *A cidade das chuvias* (1994), de Xosé Fernández Ferreiro, narración sinxela, construída dende o recordo e a memoria nostálxica. Cre que significa un xiro na traxectoria do escritor e que "é unha obra que vén de dentro, do corazón, unha narración poemática pola que corre o río da vida xa canso e vagaroso, escintilante de paisaxes e de soños".

_____, "Na morte de Miguel Torga", *La Voz de Galicia*, 28 xaneiro 1995, p. 8.

Xavier Carro, na morte do escritor luso, lembra as obras nas que, na súa opinión, atopámo-lo "gran escritor": os seus libros de contos e o seu Diario. En *Os contos da Montaña*, o autor afonda en personaxes arraigados á terra, vencellados cegamente ó seu destino, suxeitos ás forzas telúricas. É a "épica do cotián, rebordante dunha contida tenrura", "textos cun estilo sobrio, de gran tensión narrativa". No que respecta ó *Diario*, Carro salienta o seu valor de "testemuña existencial" e "manifesto (...) do compromiso de loita en pro da liberdade e afiada crítica fronte os problemas do seu tempo".

_____, "Valente, poeta do silencio", *La Voz de Galicia*, 14 maio 1995, p. 8.

Comentario das liñas poéticas e do significado da poesía en *Pintura e poesía* de José Ángel Valente.

_____, "De camiño", *La Voz de Galicia*, 13 agosto 1995, p. 8.

Artigo no que o autor anuncia a súa intención de pasa-lo verán lendo algúns dos títulos recentemente aparecidos na colección "Ferros" de Xerais, en concreto os asinados por Manuel Rivas, Alfonso Pexegueiro e Xavier Queipo.

Casares, Carlos, "Lembranza de Miguel Torga", *La Voz de Galicia*, "Á Marxe", 19 xaneiro 1995, p. 9.

Rememora brevemente o seu primeiro encontro co escritor portugués Miguel Torga, xa desaparecido.

_____, "Unha aguia, quizais", *La Voz de Galicia*, "Á Marxe", 19 outubro 1995, p. 11.

Relato de anécdotas e lembranzas de Vicente Risco e enxalzamento da súa figura, anunciando o Congreso dedicado ó escritor en outubro de 1995.

Conde, Alfredo, "Nugalla poética", *La Voz de Galicia*, "Dietario", 3 xaneiro 1995, p. 4.

Alfredo Conde trala lectura de *No corazón mancado*, de Xosé Vázquez Pintor, lóuvao, xa non só polos seus artigos na prensa, senón por ser "poeta", un verdadeiro poeta, deses que "nuns escasos versos" poden recoller canto el escribe nunha novela, e polos que declara sentir "envexa".

_____, "Ó pé do muíño", *La Voz de Galicia*, "Dietario", 6 xaneiro 1995, p. 4.

Alfredo Conde visita a Fiz Vergara Vilariño na súa terra, Santalla de Lóuzara - no Caurel -. Dánsenos novas de que o poeta está a escribir unha novela da que uns dirán "que se trata dunha obra costumista" e outros dunha "novela abertzale". Segundo Conde, é unha novela de "palabras veraces", que falan "das nosas cousas e da cerne nosa", escrita "á beira do silencio, pouco a pouco, con paciencia de pescador de cana".

_____, "Olegario Sotelo", *La Voz de Galicia*, "Dietario", 8 febreiro 1995, p. 4.

Alfredo Conde salienta de Olegario Sotelo Blanco a súa "personalidade xenerosa pra cos amigos e o país" e a súa condición de home"inaugural": edita poemas, "non hai nada inaugurou un Museo de Antropoloxía" e pola súa iniciativa convocouse o IIº Premio Vicente Risco de Antropoloxía e Ciencias Sociais - pola Fundación Sotelo Blanco e o Concello de Castro Caldelas-.

_____, "A nova narrativa", *La Voz de Galicia,* "Dietario", 10 febreiro 1995, p. 4.

Alfredo Conde fai aquí unha valoración persoal dos que foron os temas máis recorrentes na narrativa galega de hai anos, e dos cambios que se produciron na narrativa actual, que abandonou o intimismo e o lirismo para centrarse na mística revolucionaria, ou na mítica artúrica e a comedia de costumes. Pon en relación esta situación coa que se dera antes no eido da poesía.

_____, "A gran novela", *La Voz de Galicia*, "Dietario", 11 febreiro 1995, p. 4.

A partir da lectura de Darío Xohán Cabana, Conde medita sobre a necesidade de escribir a "grande novela campesiña", aínda por crear, labor para a que coida como o máis axeitado ó propio D.X. Cabana.

_____, "O compromiso do escritor", *La Voz de Galicia*, "Dietario", 7 marzo 1995, p. 4.

A partir dun comentario sobre o libro de Claudio Rodríguez Fer, *A literatura galega durante a guerra civil* e sobre o coloquio "O compromiso do escritor", que Alfredo Conde mantivo con Cesáreo Sánchez e Xesús Valcárcel, reflexiónase sobre o concepto de "escritor comprometido".

_____, "O compromiso co país", *La Voz de Galicia*, "Dietario", 8 marzo 1995, p. 4.

A partir do comentario sobre *A literatura galega durante a guerra* civil, Alfredo Conde reflexiona sobre o feito de que a ideoloxía dun escritor (o seu dereitismo ou esquerdismo), non implica a ausencia ou a presencia de compromiso co seu país.

_____, "Nugalla intelectual", *La Voz de Galicia*, "Dietario", 10 marzo 1995, p. 4.

Reflexión sobre *Literatura e sociedade en Galicia (1975-1990)*, de X. González-Millán (1994), que se considera un volume no que se debería chegar a unhas conclusións máis profundas das que se chegan, xa que resulta un traballo no que se proporciona só unha "recopilación das voces".

_____, "Poetas galegos", *La Voz de Galicia*, "Dietario", 14 abril 1995, p. 4.

Breve artigo no que se alude, sucintamente, ó accésit e ó libro gañadores do Premio de Poesía Miguel González Garcés; isto é, *Festa do corpo*, de Helena Villar Janeiro, e *Un áspero tempo de caliza*, de Paulino Vázquez Vázquez, respectivamente.

_____, “Torneiro”, *La Voz de Galicia*, “Dietario”, 28 abril 1995, p. 4.

Breve artigo no que se dá noticia do Premio Esquío de poesía e do accésit do mesmo, gañados, respectivamente, por Manuel Álvarez Torneiro e Ana Baliñas.

_____, "In memoriam", *La Voz de Galicia,* "Dietario", 7 maio 1995, p. 8.

Artigo en lembranza do finado Alexandre Cribeiro no que Conde pasa revista ás distintas peripecias vitais que o uniron a Cribeiro en vida deste último.

_____, “Xantar con Casares”, *La Voz de Galicia,* “Dietario”, 10 maio 1995, p. 6.

Breve nota na que se dá conta do xantar que o autor mantivo co seu editor Carlos Casares e máis con X. M. González Reboredo e se nos informa da intención de Casares de publicar un novo libro de relatos para o que González Reboredo propuxo o nome de “Os Galicaros”.

_____, "Día do Libro Galego", *La Voz de Galicia,* "Dietario", 11 xuño 1995, p. 8.

Breve reflexión ó redor da necesidade da conversión do Día das Letras Galegas en Día do Libro Galego, con intención de potenciar-la lectura na nosa lingua e, tamén, de defende-lo mercado editorial galego.

_____, "A canción do cuco", *La Voz de Galicia*, "Dietario", 17 xuño 1995, p. 4.

Conde relata, neste artigo, como coñeceu a un curioso personaxe que se dedica a regalar libros ós seus amigos. A continuación, o articulista recomenda a lectura da novela *Matar o tempo*, de Xesús Valcárcel.

_____, "Mementos de vivos", *La Voz de Galicia*, "Dietario", 21 xuño 1995, p. 5.

Breve artigo no que, a raíz das críticas sobre o autobiografismo de *Memento de vivos*, o seu autor fai un breve repaso ó que verdadeiramente hai nesa obra de biográfico.

_____, "Ferro Ruibal e Filgueira Valverde", *El Correo Gallego/O Correo Galego,* "Os outros días", 8 xullo 1995, p. 4.

Artigo laudatorio no que se salienta a xenerosidade e o saber de Xosé Filgueira Valverde e de Xesús Ferro Ruibal con motivo dunha descrición biobibliográfica que o segundo fixo nun acto sobre o primeiro.

_____, "Hoxe edítase indiscriminadamente", *El Correo Gallego/O Correo Galego*, "Os outros días", 12 outubro 1995, p. 4.

Comenta as negativas repercusións da perda de funcións dos directores de colección e dos directores literarios. Para Alfredo Conde, o feito de que non se seleccionen adecuadamente os textos que se publican pode chegar a provocar unha perda de lectores, especialmente entre os máis novos.

_____, "Quen me dera chegar á altura dos seus anos", *El Correo Gallego*, "Os outros días", 13 outubro 1995, p. 4.

Dura crítica ó *Diccionario de Literatura* de Francisco Umbral. Critícase ó autor e á obra e laméntase Conde do mesquiño trato que o seu amigo Gonzalo Torrente Ballester merece no libro de Umbral.

_____, "Libros do país que tamén son nosos", *El Correo Gallego/O Correo Galego*, "Os outros días", 16 outubro 1995, p. 4.

Partindo da premisa de que son os lectores os que elevan á categoría de mestra a unha obra, Alfredo Conde pide que se apoie máis o libro galego para que triunfe antes no país que fóra del.

_____, "A moralidade do Casares é distinta da do Ferrín", *El Correo Gallego*, "Os outros días", 4 novembro 1995, p. 4.

A raíz da celebración do Congreso sobre Risco, organizado por Carlos Casares, Méndez Ferrín sinalou "que nos congresos estaban sempre os mesmos congresistas" e que nese congreso houbera moito amaño". Alfredo Conde, con certa crítica a Méndez Ferrín, defende que o Congreso de Risco "foi un congreso normal, normalmente programado e desenvolvido, no que seguro que faltou xente, pero de certo que non sobrou ninguén".

_____, "A ilusionada mocidade dos escritores *vellos*", *El Correo Gallego/O Correo Galego*, "Os outros días", 15 novembro 1995, p. 4.

Ante a inminencia do fallo dos premios Merlín e Xerais, Alfredo Conde reflexiona sobre a idade dalgúns escritores, e autoinclúese entre os máis veteranos, como tamén lle sucede a Méndez Ferrín.

_____, "Literatura fantástica e situacións extremas", *El Correo Gallego*, "Os outros días", 28 novembro 1995, p. 4.

Análise crítica do libro de Ana María Spitzmesser *Álvaro Cunqueiro: La fabulación del franquismo*. O articulista amósase incrédulo ante as teorías de Spitzmesser sobre as que emite diversos comentarios de carácter irónico.

Costa Clavell, X., "A literatura galega durante a guerra civil", *O Correo Galego*, "No faiado", 3 marzo 1995, p. 3.

Comentario sobre o libro de Claudio Rodríguez Fer, *A literatura galega durante a guerra civil* (1994), do que se destaca o feito de se-lo primeiro volume que se achega ó tema dunha maneira global na que se descubren pormenores ideolóxicos de Antonio Noriega Varela, Vicente Risco ou Álvaro Cunqueiro.

_____, "El genio de don Ramón", *El Progreso*, "Sotto voce", 25 outubro 1995, p. 3.

Comenta a grande calidade literaria e a evolución constante da obra de Valle-Inclán, convertido hoxe nun autor universal, de grande vixencia e modernidade.

_____, “Valle-Inclán”, *El Progreso*, “Sotto voce”, 23 decembro 1995, p. 3.

Costa Clavell lembra neste artigo a “categoría de mito” de Valle-Inclán, tanto pola súa “irrepetible personalidade humana coma pola súa obra literaria”, pero advirte tamén do perigo que o “tópico valleinclanesco” pode supor para o lector e en concreto para o estudioso, afastándonos da “verdadeira personalidade humana e literaria” do escritor.

Couselo, José M., "Frei Martín Sarmiento", *O Correo Galego*, "Poio do alén", 9 marzo 1995, p. 6.

Eloxio da figura de Pedro Xosé García Balboa, Frei Martín Sarmiento, do que se cumpren agora trescentos anos do seu nacemento. O Consello da Cultura Galega pensa organizar un congreso aínda que as peticións de Sarmiento non foron de todo cumpridas como a creación masiva de bibliotecas, xardíns botánicos e cátedras de Agricultura.

_____, "As escolas de Risco", *O Correo Galego*, "Poio do alén", 9 novembro 1995, p. 6.

Con motivo das recentes discusións sobre a figura de Risco, Xosé M. Couselo aposta por esquece-las mesmas, e dedicarse a "espallar algunha das moitas ideas e inquedanzas do autor con respecto ó porvir de Galicia". Así, toma como exemplo a concepción que o mesmo tiña da escola, unha escola que fose "un prolongamento do seu ambiente natural galego", e que nun ambiente familiar, ledo e garimoso transmitise ós nenos a nosa realidade cultural.

_____, "Risco, escola europea", *O Correo Galego*, "Poio do alén", 10 novembro 1995, p. 6.

X.M. Couselo preséntano-lo modelo de educación que, en 1921, Risco quería para Galicia, o cal, segundo el, hoxe "funciona por Europa adiante". Para Risco a educación debía ter como base o sentimento da Terra. O mestre ou "escolante", "alma da escola", tería que botar man dos cantos, das lendas, da paixase, da historia, en fin, da realidade galega para educa-los nenos, de xeito que, partindo do contorno, o rapaz fose quen de entende-la realidade non só galega, senón universal. Por suposto, en lingua galega. Couselo, destaca a plena vixencia do pensamento pedagóxico do autor.

Dourado Deira, M., "*As sombras do barroco*", *O Correo Galego*, "Ardentía", 11 xaneiro 1995, p. 2.

Comentario sobre *As sombras do barroco* (1994), novela coa que Xesús Rábade Paredes continúa a triloxía iniciada no 1991 con *Branca de Loboso*. Nesta entrega inclúe dúas partes que se comentan no artigo, "Memorias dun expósito" -onde narra as peripecias do cabaleiro Expósito Maceda-, e "Aldo Polo en Santiago". Salienta o coidado do léxico e o estilo clásico do relato.

Fernán-Vello, M. A., "Cultura e diálogo", *O Correo Galego*, "A Fenda", 6 xullo 1995, p. 3.

Colaboración onde se avoga polo diálogo como única forma de apostar polo creativo e universal, por unha cosmovisión sen fronteiras. O xuízo do articulista, a sacralización de Rosalía de Castro, como eixo ó redor do que xira a nosa cultura, responde a unha falta de diálogo con outros paradigmas.

_____, "Escritores", *O Correo Galego*, "A Fenda", 28 setembro 1995, p. 3.

M.A. Fernán-Vello comenta a asistencia masiva ó IIIº Congreso de Escritores Galegos e ofrece a nómina dos participantes salientando as significativas intervencións de Manuel María, a conferencia de clausura de Méndez Ferrín e a interesante mesa redonda-debate sobre a poesía galega contemporánea. Afirma que "os escritores galegos temos orgullo e esperanza. Temos poder e capacidade de acción".

_____, "Máis sobre escritores", *O Correo Galego*, "A Fenda", 5 outubro 1995, p. 3.

Miguel Anxo Fernán-Vello deféndese das críticas verquidas por Alfredo Conde contra o IIIº Congreso de Escritores Galegos, salienta a aparición da revista *Contemporánea* e comenta algunhas das conclusións do mencionado congreso. Para rematar, critica ironicamente ós escritores individualistas.

_____, "Uxío Novoneyra", *O Correo Galego*, "A Fenda", 7 decembro 1995, p. 3.

Sae en defensa de Uxío Novoneyra, con motivo dun artigo asinado polo colectivo Alfil nunha publicación galega, no que se menciona o nome do poeta xunto a outros que reciben remuneración da Xunta polo seu traballo no eido da cultura. Deixa clara a súa honestidade persoal e o valor como poeta, dende as súas dúas facetas, como escritor e como presidente da Asociación de Escritores de Lingua Galega, e puntualiza que "forma parte, sen remuneración algunha, dunha comisión cultural adscrita á Consellería de Cultura".

_____, "O coruñés Ánxel Casal", *O Correo Galego*, "A Fenda", 14 decembro 1995, p. 3.

Fai mención de como a propósito da inauguración do encontro de escritores Galeuzca 95 na Fundación Paidea, recordou que foi nese mesmo local onde Ánxel Casal puxo en marcha o proxecto da Escola do Ensino Galego, e onde el mesmo impartiu clases en galego por vez primeira na historia. Ó cumprírense 100 anos do seu nacemento, fai evidente a actitude do concello da Coruña, institución que "vai ficar muda, indiferente, fría e distante, cultural e politicamente ausente do mínimo exercício de memoria histórica e homenaxe xusta e debida a un coruñés ilustre que foi faro de grandes ideas e avanzado do seu tempo", feito que considera un erro e mesmo unha "ignomínia". Contrasta a actitude do concello de Santiago, que, ademais de outorgarlle a Medalla de Ouro ó Mérito Cidadán, vaille concede-lo título póstumo de Fillo Adoptivo da cidade.

Fernández del Riego, Francisco, "Os amigos de Otero Pedrayo", *La Voz de Galicia*, 7 abril 1995, p. 10.

Francisco Fernández del Riego achégase ó volume da autoría de Otero Pedrayo *O libro dos amigos*, centrándose tanto en aspectos de contido coma formais. Trátase dun libro no que o autor lembra a amigos seus xa finados, que vai evocando sen perspectiva de ordenación histórica. Algúns deses nomes aparecen recollidos nesta recensión.

_____, "Cunqueiro en italiano", *La Voz de Galicia*, 23 xuño 1995, p. 10.

Lembranza da traducción de *As Crónicas do Sochantre* ó italiano, realizada polo xa finado, Giovanni Allegra, grande admirador de Cunqueiro.

_____, "Ánxel Fole, narrador", *La Voz de Galicia*, 25 agosto 1995, p. 8.

Lembranza do escritor lugués Ánxel Fole. Sinala as principais características da súa narrativa: a oralidade, o ambiente rural, a tradición, as xentes do común, a utilización do elemento onírico e o estilo vivo e popular.

_____, "As prosas dun prehistoriador", *La Voz de Galicia*, 10 novembro 1995, p. 8.

Breve pero intenso percorrido pola obra de Florentino López Cuevillas, o prehistoriador ourensán que dedicou a súa vida á análise crítica da realidade galega. O profesor Fernández del Riego alude, no seu artigo, ó labor de Cuevillas, o labor dun "precursor intelixente, rigoroso".

_____, "Un periodismo literario", *La Voz de Galicia*, 17 novembro 1995, p. 8.

Artigo denso, case poético na súa forma, no que Francisco Fernández del Riego gaba a sensibilidade dos artigos risquianos. A abundancia de adxectivos utilizados polo articulista pon de manifesto a variedade e a riqueza dos artigos periodísticos e pequenos ensaios de Vicente Risco, uns artigos "que constituíron importante documento, escrito en estilo áxil, rápido, caletrante".

_____, "Un cantor do mar de Muxía", *La Voz de Galicia*, 8 decembro 1995, p. 8.

Lembranza dos versos do poeta Gonzalo López Abente e análise da presencia constante da súa terra, Muxía, nos seus poemas, cheos de evocacións e acento de saudade, nos que o articulista descobre "o vencello cos xeitos pondaliáns".

_____, "De Galicia e Portugal", *La Voz de Galicia*, 22 decembro 1995, p. 8.

Breve comentario sobre algunhas referencias epistolares entre o poeta portugués Teixeira de Pascõaes e membros da Xeración Nós. O fío que conecta a correspondencia en ámbalas dúas direccións é o desexo dunha unión entre Galicia e Portugal, así mesmo, algúns escritos de Teixeira nos que louva a Galicia, "un sinal máis dunha irmandade de alma".

Freixanes, Víctor F., "O vello dos contos", *La Voz de Galicia*, "Dende as varandas", 14 xaneiro 1995.

Con motivo dunha conversa mantida con Manuel Beiras fai un breve percorrido pola historia da radiodifusión galega. Fai especial fincapé na figura de Mosquera Pérez, o vello dos contos, personaxe moi popular no seu día, ó que mesmo lle saíran numerosos imitadores.

_____, "Escritores e editores", *La Voz de Galicia*, "Dende as varandas", 28 xaneiro 1995, p. 8.

Baseándose nas figuras de Rafael Dieste e Ánxel Casal e tomando como punto de referencia tres cartas, cedidas polo profesor Xosé Luís Axeitos, e dirixidas por Casal ó escritor rianxeiro, Freixanes analiza brevemente as relacións entre escritores e editores na Galicia da Guerra Civil.

_____, “Sobre a intimidade do escritor”, *La Voz de Galicia*, “Dende as varandas”, 11 febreiro 1995.

Artigo no que Freixanes comenta o hábito, moi estendido hoxe en día, de publicar textos inéditos de autores coñecidos (Kafka, Mújica Laínez, etc). O articulista pregúntase sobre a conveniencia e oportunidade de editar estes textos.

_____, "Lois Tobío", *La Voz de Galicia,* "Dende as varandas", 18 marzo 1995.

Artigo que ten como obxecto o comentario de *As décadas de T.L.*, para despois lembra-la vida de Lois Tobío.

_____, “Os minilibros”, *La Voz de Galicia*, “Dende as varandas”, 10 xuño 1995.

Neste artigo, Freixanes fai un percorrido pola historia das coleccións de moi baixo prezo. En especial, salienta o caso de “O Moucho”, iniciativa que se levou a cabo entre 1967 e 1979, e que recolleu case sesenta títulos galegos do máis variado contido.

_____, "O neno que quería ver o tren", *La Voz de Galicia*, "Dende as varandas", 15 xullo 1995.

Freixanes lembra dous textos da literatura galega nos que o protagonista é o tren: un poema de Curros Enríquez e un relato de Rafael Dieste en relación coa temática dos mesmos, e reivindica a necesidade de que o galego sexa a lingua habitual nos ámbitos máis atraíntes e modernos.

_____, "Compostela", *La Voz de Galicia*, "Dende as varandas", 22 xullo 1995.

O articulista, despois de evocar algunhas vivencias persoais que lle aconteceron en Santiago, fala sobre as múltiples realidades que conviven hoxe en día na capital de Galicia.

_____, "Frankfurt", *A Nosa Terra*, nº 696, "Tres en raia", 19 outubro 1995, contracapa.

Reflexiona nesta pequena columna sobre a participación do libro galego na Feira de Frankfurt e a necesidade de abri-lo debate sobre a política exterior da literatura galega.

García, Xosé Lois, "Adolfo Rocha", *O Correo Galego*, "Loitas intestinas", 19 xaneiro 1995, p. 35.

Artigo dedicado á memoria de Miguel Torga, pseudónimo de Adolfo Rocha. Despois de relatar unha experiencia persoal sobre unha cita frustrada do articulista e o escritor portugués, comenta que a pesar de non lle agradar como poeta, é o seu prosista preferido. Nomea as súas obras narrativas, *Bichos, Contos da Montanha, A Criaçao do Mundo*, e os 16 volumes do seu *Diario*. Recoñece na orixe rural do escritor un dos seus principais méritos e reafirma a súa estreita vinculación a Galicia.

_____, "Exculpar a Noriega Varela", *O Correo Galego*, "No faiado", 12 marzo 1995, p. 3.

Refírese á tese de doutoramento de Xosé Ramón Freixeiro Mato, sobre Noriega Varela, que contribúe a aclarar e contextualizar certas opinións sobre a súa vida, obra, e posición política.

_____, “Pura Vázquez”, *O Correo Galego,* “Loitas intestinas”, 31 marzo 1995, p. 4.

Xosé Lois García felicita nestas liñas a Dora e Pura Vázquez con motivo da homenaxe do Concello de Ourense que pensa dedicarlles unha rúa. Destaca as súas claves poéticas enmascaradas no rencontro con Rosalía e que teñen como base o ruralismo para darlle expresión ás súas experiencias vivenciais como muller galega chea de enerxía e que expresa uns “tons e sons dolorosos e metafísicos”.

_____, "A poética de María Mariño", *O Correo Galego*, 9 abril 1995, p. 4.

Comentario sobre a poesía da autora que acaba de ver publicada a súa *Obra completa.* A Xosé Lois García a poesía de María Mariño parécelle dunha grande brillantez e gústalle máis *Verba* que *Palabra no tempo*.

_____, "A indumentaria na poesía galega", *O Correo Galego*, "Unha de moda", 8 xullo 1995, p. 4.

Xosé Lois García fai un percorrido por diversos autores da literatura galega recollendo referencias á indumentaria galega caracterizada pola súa elegancia nos fragmentos escolleitos.

_____, "*Os eidos* de Novoneyra", *O Correo Galego*, "Cocelebración", 15 xullo 1995, p. 4.

O autor do artigo celebra especialmente este 15 de xullo o aniversario da morte de Rosalía e os corenta anos da publicación de *Os Eidos* de Novoneyra. Lembra o que a publicación do libro supuxo e achéganos os seus recordos do "Dia da Patria Galega" daquel ano, no que os reunidos fixeron unha fotografía e celebraron a publicación do poemario.

_____, "A Rosalía de Teresa Pàmies", *O Correo Galego*, "Loitas intestinas", 28 outubro 1995, p. 4.

Comentario do libro *Rosalía no hi era* (Edicións Destino, 1982), de Teresa Pàmies, que ofrece unha visión de Rosalía dende a perspectiva catalana co que se acentúa a universalidade desta autora.

_____, "No centenario de Luis Pimentel", *O Correo Galego*, "No Faiado", 2 decembro 1995, p. 2.

Aproveitando o centenario do nacemento de Luis Pimentel, Xosé Lois García fai unha análise da presencia e da importancia que ten a cidade de Lugo no proceso de universalización da poesía de Pimentel.

García-Bodaño, Salvador, "Letras Galegas. As sombras do barroco", *El Correo Gallego*, "Letras Galegas", 15 xaneiro 1995, p. 3.

Recóllese a publicación da novela de Xesús Rábade Paredes *A sombra do barroco*. Por unha parte, sitúase este texto no conxunto da obra do seu autor, considerándoo como parte dunha triloxía que completarían *A palabra secreta* e *Branca de Loboso.* Por outra parte, faise unha análise da novela, destacando a pulcritude do estilo e a división estructural en dúas partes separadas temporalmente (unha desenvólvese no século XVII, e a outra na actualidade).

_____, "Cen anos de literatura galega contemporánea", *El Correo Gallego*, 24 setembro 1995, p. 3.

Titulado co lema do "III Congreso dos Escritores Galegos", organizado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega, fai un repaso ás intervencións máis salientables do acto, as verbas inaugurais de Fernán-Vello e de Uxío Novoneyra e a conferencia de Manuel María. As palabras de cada un deles trouxeron á memoria do articulista "o espíritu abnegado e invencible que, cada vez en maior grao e fronte a tódolos atrancos negativos, á marxinación, á inxuria, á incomprensión e ó silencio, trata de erguer heroicamente a cultura desta terra e defende-la súa lingua como un último reducto da nosa verdadeira liberdade".

_____, "O mester de escribir", *El Correo Gallego*, 19 novembro 1995, p. 3.

Salvador García Bodaño mergúllase no vello oficio da palabra na procura das motivacións que levan a moitas persoas a dedicarse a el. Logo de analizar varias posibilidades, conclúe dicindo que se trata esencialmente dun labor "creador de realidades e de mundos por medio da palabra, dunha palabra escrita con talento e liberdade".

_____, "Galicia en Portugal", *El Correo Gallego*, 3 decembro 1995, p. 3.

O autor participou no "Encontro entre escritores galegos e portugueses" que tivo lugar en Compostela. Nel analizaron a realidade literaria galega e portuguesa, e a relación entre elas, tralo que se concluíu que non existe un bo coñecemento entre o que se está a facer nos dous países. A carón deste encontro, tivo lugar en Santiago a Semana do Libro Portugués e, en Vigo, Portugálica - feira de carácter comercial e industrial-. Critica o autor o feito de que a publicidade dos mesmos se teña feito en castelán e non en galego nin en portugués. García Bodaño salienta a personalidade de escritores lusos como Agustina Bessa Luís e o falecido Assis Pacheco.

_____, "Galeuzca 1995", *El Correo Gallego*, 10 decembro 1995, p. 3.

Manifesta satisfacción pola celebración da XIIª edición de Galeuzca sobre o tema "Emigración e exilio", dende a creatividade e a contemporaneidade. Lembra que a sesión inaugural tivo lugar na Fundación Paideia, na Praza de María Pita, onde Ánxel Casal "tiña un local adicado as actividades galeguizadoras fomentadas polas Irmandades da Fala". Considera que Gaeluzca constitúe unhas "boas vésperas" do centenario do nacemento do editor e alcalde coruñés.

_____, "Na memoria de Ánxel Casal", *El Correo Gallego*, 17 decembro 1995, p. 3.

Recóllese a homenaxe que o Concello de Santiago de Compostela tributou a Ánxel Casal co gallo do centenario do seu nacemento (17-12-1895), destacando a presencia nela de Antonio Fraguas. Realízase a continuación unha análise da vida do editor compostelán e das circunstancias da súa morte, comparándoas coa situación que se está a vivir en Euskadi. Para o autor do artigo, se algunha conclusión se pode extraer do asasinato de Ánxel Casal, esta é a necesidade da tolerancia e da convivencia.

García Cotarelo, X. A., "A memoria de Esmoriz", *El Mundo*, "Galicia Aberta", 27 xuño 1995, p. 7.

García Cotarelo lembra a novela *Esmoriz*, de Aníbal Otero, publicada por Sotelo Blanco en 1994 - cincuenta anos despois da súa redacción. A novela recrea a época da guerra do 36 e o influxo da mesma na vida do escritor e filólogo. García Cotarelo non profunda na obra en si, senón que se refire a ela para critica-lo labor de "un grupo de aprendices de gramáticos" que, cualificándoas de castelanismos, eliminaron da redacción de Otero voces galegas -recollidas tamén polo portugués. O autor recoñece ese mesmo criterio no "Vocabulario ortográfico da lingua galega", criterio que el non comparte aducindo que "as fronteiras políticas teñen pouco que ver coas linguas".

García Iglesias, José Manuel, "O libro galego, onte", *El Correo Gallego*, 18 febreiro 1995, p. 4.

Breve comentario sobre a publicación dos libros que recollen as publicacións galegas dende o século XIII ó XX, baixo o título de *O libro galego, onte e hoxe*, e a importancia que teñen na difusión do libro galego.

_____, "O libro galego, hoxe", *El Correo Gallego*, 4 marzo 1995, p. 4.

Celebra a presentación da publicación *O libro galego onte e hoxe, 1993,* e a inauguración da mostra que, co mesmo título, se presentou no Museo do Pobo Galego e da que foi responsable a bibliotecaria Isabel Álvarez García. Expresa tamén o desexo de que a Federación de Libreiros Galegos siga recollendo títulos en edicións sucesivas desta publicación.

Laxe Freire, M. A., "Literatura competitiva", *O Correo Galego*, "Follas soltas", 17 decembro 1995, p. 2.

Opina que Galicia está a ofrecer ó mundo productos de calidade, tamén no eido da literatura, como o demostra o feito, segundo apunta, da concesión do Premio Torrente Ballester, por segunda vez, a un autor galego. Considera que a literatura galega é un bo producto, moitas veces ignorado polos medios de comunicación, e no que ás veces sorprende atopa-las influencias de autores universais.

Lezcano, Arturo, "Do que lle acontecerá a Risco", *La Voz de Galicia*, "Tierra de nadie", 21 marzo 1995, p. 21.

Crónica breve e evocadora da figura de Vicente Risco con motivo da constitución da Fundación Risco en Allariz, nun acto presidido por Francisco Fernández del Riego, sempre leal a Risco.

_____, "O día que non morreu Risco", *La Voz de Galicia*, "Tierra de nadie", 30 abril 1995, p. 24.

Recorda neste día o "nacemento" hai 32 anos en Ourense de Vicente Risco. Comenta que os obxectivos da recén nada Fundación que leva o seu nome, pasan pola proxección do seu pensamento teórico sobre o nacionalismo galego.

Losada, Basilio, "Bendado", *El Mundo*, "Galicia Aberta", 27 agosto 1995, p. 7.

O autor fai louvanza do boletín de novidades que edita a librería Couceiro, o *Bendado*. Segundo el, esta publicación volveuse, non só información de novidades bibliográficas, senón "instrumento de traballo" e fonte para "tomarlle o pulso ó país".

_____, "Manuel María", *El Mundo*, "Galicia Aberta", 17 setembro 1995, p. 7.

A raíz da homenaxe a Manuel María, Basilio Losada lembra o poeta. Nacera en Outeiro de Rei, agromou á literatura nos duros anos do silencio e da persecución, e dende entón foi fiel a Galicia e á poesía. Rematando, o autor, critica ó poder institucional , polo seu desdén á cultura galega, en concreto, polo escaso recoñecemento de homes como Manuel María e Blanco-Amor.

Mallo, Albino, "Relatos dunha hora", *O Correo Galego*, "Visións", 4 maio 1995, p. 4.

Felicítase a aparición da colección de peto da Editorial Nigra, que supón un paso adiante cara á literatura de ocio. Compárase esta iniciativa coa que con anterioridade comezara a Empresa Castromil, e o propio *El Correo Gallego* coa súa Biblioteca 114.

Manuel María, "Xosé María Álvarez Blázquez: dez anos despois", *El Correo Gallego*, 21 xaneiro 1995, p. 3.

Artigo que rememora de xeito poético as vivencias de Manuel María con Xosé María Álvarez Blázquez, homenaxeado nun libro polo seu fillo Alfonso Álvarez Cáccamo (*Xosé María Álvarez Blázquez, escritor, conferenciante, editor, arqueólogo, investigador; galeguista de aceiro e pedra fina*, 1994). Sinala que neste estudio dánse as claves para coñece-la obra e vida do "poeta, mestre e, por riba de todo, ser humano excepcional". Recupérase tamén o seu labor importantísimo nas editoriais Monterrey, Castrelos e Galaxia.

_____, "Chamada para un homenaxe a un poeta", *El Correo Gallego*, 7 xullo 1995, p. 3.

O poeta lucense Manuel María felicítase e felicita ó tamen poeta lucense Fiz Vergara Vilariño, pola homenaxe que o Concello de Sarria lle vai tributar o 28 de xullo deste ano. Manuel María celebra esta iniciativa polo que ten de homenaxe non só ó poeta senón ó conxunto da poesía galega, polo que anima a todo aquel que se queira unir a este acto.

_____, "O centenario de Anxel Casal", *El Correo Gallego*, 10 novembro 1995, p. 3.

Manuel María expón a necesidade de "reivindicar, honrar e estudar" a personalidade e o labor de Ánxel Casal. Este coruñés galeguista e editor, que coñeceu a emigración e a morte temprana a mans dos fascistas, tivo unha "importancia extraordinaria" para o noso país e para a nosa cultura, e como tal merece ser "rescatado do esquecemento".

_____, "Lembranza de don Xosé Trapero Pardo", *O Correo Galego*, 8 decembro 1995, p. 3.

Lamenta a perda neste ano 95 de Don Xosé Trapero Pardo e dá algunhas notas da súa vida e obra. Salienta a súa curiosidade intelectual como animador, escritor, investigador ou xornalista en Lugo, onde tamén animou a escritores como Cunqueiro ou Iglesia Alvariño entre outros moitos e pensa que "Con don Xosé Trapero Pardo desapareceu entre nós o xornalista-humanista cunha formación cultural extraordinaria".

Martínez Bouzas, F., "O cervo na torre", *O Correo Galego*, 26 marzo 1995, p. 94.

Refírese en primeiro lugar á polémica suscitada por esta novela entre X.L. Méndez Ferrín e X.M. Eiré, nas páxinas de *A Nosa Terra*. Na súa opinión, confesa que ó remata-la lectura experimentou "un entretemento de sensacións de non doada delimitación nunhas ringleiras. Unha mestura quizais de sentimentos de mágoa, maina melancolía e ledo contento polo deber cumprido", producidas pola lingua, "poderosa e ricaz", a trama e as ideas verquidas no relato, e o excesivo número de páxinas que favorecen a lentitude da historia, e ás veces causan "aborrecemento".

Méndez Ferrín, X. L., "Darío Xohán Cabana", *Faro de Vigo*, "Segunda Feira", 23 xaneiro 1995, p. 2.

Ferrín recolle a nova do acto de presentación, en Xerais, da obra de Darío Xohán Cabana *O cervo na torre*. En dito acto salientouse o seu traballo da lingua -como creador e como traductor. A obra arriba citada, e motivo da presentación, é segundo Ferrín, "novela política, se cadra de política ficción, e existencial". "Imaxina Darío un holocausto nuclear" no que salvo A Coruña, as grandes cidades do mundo son destruídas. Nesta obra o autor "é capaz de soñar unha Galicia independente e reconciliada co Sul, isto é: con Portugal".

_____, "Homenaxe a Manuel María", *Faro de Vigo,* "Os camiños da vida", 15 setembro 1995, p. 2.

Méndez Ferrín evoca a figura poética de Manuel María co gallo da homenaxe recibida polo poeta o 15 de setembro de 1995, organizada pola ASPG. Sinala a súa importancia na lírica galega sumándose coas súas verbas á homenaxe, e a súa personalidade única tanto humana coma literaria.

_____, "Escritores en Congreso", *Faro de Vigo*, "Os camiños da vida", 22 setembro 1995, p. 2.

Méndez Ferrín reflexiona sobre os escritores galegos con motivo do IIIº Congreso de Escritores en Língua Galega.

_____, "Reimundo Patiño", *Faro de Vigo*, "Os camiños da vida", 17 novembro 1995, p. 2.

Con motivo do décimo aniversario da morte de Reimundo Patiño, Ferrín fai lembranza da súa vida. Este coruñés, cunha infancia marcada polo medo da familia ó franquismo e pola enfermidade, buscou á beira de homes como Xohán Casal, José Luís Aranguren, Antón Avilés e Xosé Alexandre Cribeiro, "un tempo novo e unha nova sensibilidade cultural galega". O Centro de Arte Contemporánea, organizou un ciclo de conferencias sobre el.

Monxardín, Alfonso V., "Os 75 anos da revista *Nós*", *O Correo Galego,* "No Faiado", 29 outubro 1995, p. 4.

Eloxios para o valor intelectual da xeración Nós e tódolos seus integrantes e a necesidade da lembranza e a homenaxe, con motivo do aniversario do primeiro número da revista.

Neira, Manuel Xosé, "A Editorial Celta de Lugo", *O Correo Galego*, "Praza da Quintana", 17 xaneiro 1995, p. 2.

Recordo da editora e librería Celta de Lugo, unha empresa familiar distribuidora de cultura e responsable da publicación de relatos, contos, poemarios ou documentos para a historia.

_____, "Un Nadal para Xosé María Chao Ledo", *Faro de Vigo,* "*Faro das Letras*", nº LXIX, 21 xaneiro 1995, p. 3.

Reinvidicación da obra de Xosé Mª Chao Ledo, de quen ofrece uns sucintos apuntamentos bio-bibliográficos. As súas composicións destacan pola pureza, sinxeleza e certo carácter idílico. Importante para a formación de poetas lugueses como Noriega, Leiras Pulpeiro, Aquilino Iglesia ou Díaz Castro.

_____, "Adeus, Torga", *O Correo Galego*, "Praza da Quintana", 24 xaneiro 1995, p. 3.

Lembranza evocadora de Miguel Torga, rescatando a súa dimensión de filósofo, pensador e escritor.

_____, "Ronsel (1924)", *O Correo Galego,* "Praza da Quintana", 21 febreiro 1995, p. 3.

Percorrido pola traxectoria da revista mensual *Ronsel* que naceu en Lugo en 1924 e que sacou á luz seis números. Nomea ós principais colaboradores entre os que poden citarse o director, Evaristo Correa Calderón, Xesús Bal y Gay, Luís Pimentel, o poeta da revista, Xesús Carracedo, Álvaro Gil, Ángel Johán, Mercedes Pimentel, Manuel Antonio, entre outros. Evoca aqueles anos vinte nun Lugo aberto ás innovacións.

_____, "Reivindicación de Pastor Díaz", *O Correo Galego*, "Praza da Quintana", 21 marzo 1995, p. 3.

Trazos biográficos de Nicomedes Pastor Díaz, autor viveirense que ocupa tradicionalmente un posto secundario nos manuais de literatura, a quen o articulista considera, en cambio, cabeza precursora do Rexurdimento e importante poeta romántico en lingua castelá.

_____, "Luís Pimentel: a interacción das artes", *Faro de Vigo,* "*Faro das Letras*", nº LXXXIV, 1 abril 1995, p. 1.

Con motivo do centenario do nacemento de Luís Pimentel, amósanse algúns dos aspectos literarios máis relevantes do poeta lugués: o seu vangardismo, a conxunción perfecta Poeta-Cidade que o converte no primeiro grande poeta urbano da literatura galega, a interrelación coral das artes na súa obra literaria ou a riqueza expresiva e simbólica do seu propio universo poético. Reivindícase un estudio completo da súa obra.

_____, "Losada Diéguez e Viqueira", *O Correo Galego*, "Praza da Quintana", 2 maio 1995, p. 3.

O articulista reivindica a figura de Antón Losada Diéguez e Xosé Vicente Viqueira, dous intelectuais galeguistas de grande importancia ós que a tradición crítica adoita relegar ó esquecemento.

_____, "Rilke regresa en primavera", *Faro de Vigo,* "*Faro das Letras*", nº XC, 20 maio 1995, p. 2.

Co gallo de que en 1995 se cumpriron 120 anos do nacemento de Rainer Mª Rilke, Manuel X. Neira expón algunha das claves da obra e do pensamento deste poeta en lingua alemana. A consideración de poeta hermético, e sobre todo, o tema do "anxo" e o tema órfico son convenientemente expostos. Establece ademais algunhas concomitancias con Luís Pimentel.

_____, "Heine e Rosalía", *O Correo Galego*, "Praza da Quintana", 1 agosto 1995, p. 3.

O articulista bota en falta a análise da persoa e da obra de Rosalía en comparación con outras literaturas da época, como é o caso da importante obra baladística de Heinrich Heine. Afirma que o influxo do poeta alemán é "absoluto" en Rosalía xa que atopa coincidencias nos ritmos e cadencias prosódicas, na temática ou no aspecto formal, entre estes dous poetas.

_____, "O Cunqueiro mozo", *O Correo Galego*, "Praza da Quintana", 26 setembro 1995, p. 3.

O autor reivindica a importancia dos poemarios escritos por Cunqueiro na súa xuventude, non tan recoñecidos pola crítica coma a súa obra posterior, pero si de grande orixinalidade e capacidade de renovación da lírica galega.

_____, "Poetas e normalización lingüística", *O Correo Galego*, "Praza da Quintana", 3 outubro 1995, p. 3.

Reflexión sobre o debate lingüístico de normalizar ou non os textos literarios que o autor personaliza nas figuras de Ramón Lourenzo e Uxío Novoneyra contando a súa vivencia da polémica.

_____, "A formación da prosa galega moderna ", *O Correo Galego*, "Praza da Quintana", 31 outubro 1995, p. 3.

Pequena nómina de autores importantes no eido da narrativa, consolidadores do xénero. O pai de todos eles, Otero Pedrayo, o primeiro prosista cun "estilo xenuíno". A seguir Vicente Risco e Castelao e tres "narradores puros", Blanco Amor, Cunqueiro e Dieste. Aínda que tamén nomea a García Barros, Lesta Meis, Pita Romero, Magariños Negreira, Pérez Placer, López Ferreiro e Álvarez de Nóvoa.

_____, "Risco", *O Correo Galego*, "Praza da Quintana", 28 novembro 1995, p. 3.

Reflexión persoal sobre a inoportunidade de organizar un encontro sobre a figura de Risco e o seu pensamento político, que non resulta moi vixente nos nosos días, fronte á de Castelao e Otero.

Otero, David, "De datas e de vida", *O Correo Galego*, "Pola banda de Laíño", 11 xaneiro 1995, p. 2.

Recorda a celebración o 7 de xaneiro da commemoración dos corenta e cinco anos da morte de Castelao, unha data que debe adentrarse no presente para axudar a construír día a día a identidade galega, sempre cara ó futuro e sen pantasmas.

_____, "Crónica de Rianxo", *O Correo Galego*, "Pola banda de Laíño", 8 febreiro 1995, p. 3.

Evocación do Rianxo de "Paio G. Chariño, de Arcos Moldes, de Roxerius, dos Baltar, de Manuel Antonio, dos Castelao, dos Dieste, de Santos e de Deira, pero tamán dos Varela e dos Viturros". Esta lembranza serve de pretexto para unha reflexión sobre a cultura como salvadora da inquedanza que produce o futuro dos galegos e da importancia do monumento dedicado a Castelao en Santiago.

_____, "Con Avilés de Taramancos", *O Correo Galego*, "Pola Banda de Laíño", 22 marzo 1995, p. 3.

Lembranza do poeta noiés Antón Avilés de Taramancos do que salienta a súa vocación lírica natural e a súa capacidade de "falador".

_____, “Con don Antonio Fraiz”, *O Correo Galego*, “Pola banda de Laíño”, 14 xuño 1995, p. 3.

Evocación de Don Antonio Fraiz, recentemente falecido, considerado polo articulista “un galego de cerne, exemplar e (...) galeguista”. Bota en falta o recoñecemento e as ausencias no seu enterro.

_____, “Hai sitio para todos”, *O Correo Galego*, “Pola banda de Laíño”, 28 xuño 1995, p. 3.

Reflexión sobre a tolerancia e as variadas maneiras de exerce-la galeguidade neste ano de Dieste. A mensaxe “Hai sitio para todos”, repetiuse este ano en varios actos como nos Premios da Crítica ou no Premio Trasalba.

_____, "Na honra de Luís Peña Novo", *O Correo Galego*, "Pola banda de Laíño", 5 xullo 1995, p. 3.

Lembranza de Luís Peña Novo (1893-1967) e da súa traxectoria galeguista. Na súa honra creouse un Premio para funcionarios que leva o seu nome e que convoca o Concello de Redondela.

_____, "Un domingo que mereceu a pena", *O Correo Galego*, "Pola banda de Laíño", 27 setembro 1995, p. 3.

Artigo de opinión que evoca de xeito persoal un domingo en Compostela no que asistiu, xunto a Neira Vilas e Anisia Miranda, ó terceiro día do Congreso de Escritores e á conferencia de Méndez Ferrín sobre a situación do galego que o leva ó pensamento de que "nunca seremos uns europeos bos se no canto, non somos galegos bos".

_____, "Polo mes de Santos", *O Correo Galego*, "Pola banda de Laíño", 1 novembro 1995, p. 3.

A propósito da importancia da morte nestas datas, recupera a memoria de Eduardo Blanco Amor, "Orientador solidario". Aproveita para falar da agonía do Premio Blanco Amor na edición de 1995.

Otero, Encarna, "Casal, o compromiso con Galiza", *La Voz de Galicia*, "Tribuna pública", 16 decembro 1995, p. 37.

Homenaxe a Ánxel Casal con motivo dos cen anos do seu nacemento. Ademais de achegarnos algúns aspectos da súa biografía salienta sobre todo o seu labor en favor de Galicia, tanto a nivel cultural, dende a Editorial Nós ou coa primeira asociación de escritores en lingua galega, coma politicamente, dende o Partido Galeguista ou como alcalde de Santiago.

Pablos, "El ciervo en mi torre", *Faro de Vigo*, "Contrastes", 7 xaneiro 1995.

Neste artigo, Pablos fai un percorrido pola traxectoria literaria de Darío Xohán Cabana. Comenta, a continuación, a novela *O cervo na torre*, da que destaca a súa condición de obra sinxela e a riqueza do seu vocabulario.

_____, "Capitalidad literaria", *Faro de Vigo*, "Contrastes", 10 xuño 1995.

O feito de que coincidisen no tempo e no lugar, a saída da colección "Ferros" de Edicións Xerais, o número 15 de *Grial* e a Biblioteca Gallega de Ir Indo, dá pé para que Pablos outorgue a Vigo o simbólico título de capital literaria de Galicia.

Panero, Carmen, "Escoitar a Torrente Ballester", *Faro de Vigo,* "*Faro das Letras*", nº LXXV, 28 xaneiro 1995, p. 3.

Indignación e polémica a provocada pola carta de Lázaro Carreter en defensa do castelán e secundada por moitos académicos. Testemuño de deleite estético e vitalidade da lingua galega nas novelas de Torrente Ballester. Xordeira do presidente da Real Academia Española que non é capaz de oí-la voz das obras de Torrente.

Porto Matalobos, Xosé, "*Os Eidos*, de Novoneyra 40 anos despois", *Faro de Vigo,* 14 xullo 1995, p. 25.

Artigo no que se conmemora aquel 1955 en que saía á luz *Os Eidos* de Novoneyra. Corenta anos despois o escritor estradense Xosé Porto Matalobos lembra o que supuxo a aparición do poemario naqueles momentos e cita algúns nomes de galeguistas hoxe coñecidos por todos nós, que naqueles momentos iniciaban a súa andadura cultural.

Pousa Meréns, Luís, "As bibliotecas non se fan sen libros", *O Correo Galego*, "Galicia ó día", 26 setembro 1995, p. 2.

Con motivo do inicio do debate da comisión sobre o Proxecto de lei do patrimonio cultural de Galicia, o autor expresa as súas dúbidas de que a lei se cumpra na súa finalidade de protexer, conservar e acrecenta-lo patrimonio cultural de Galicia, non só polos investimentos que serían necesarios, senón porque aínda non hai concienciación suficiente nin entre os cidadáns nin entre as forzas políticas da importancia dese patrimonio.

Rábade Paredes, Xesús, "Miguel Torga estilista", *O Correo Galego*, "Ó Fío", 25 xaneiro 1995, p. 3.

Lembranza de Miguel Torga (1907-1995), con motivo do seu pasamento. Salienta as cualidades do seu estilo e a súa habilidade narrativa.

_____, "Estudios galegos", *O Correo Galego*, "Ó Fío", 11 febreiro 1995, p. 3.

Comenta o artigo de Anxo Tarrío, aparecido nas Actas do I Simposium de Estudios Galegos (Oxford, 1991), publicadas en 1993. Refírese Anxo Tarrío á problemática dos estudios literarios en Galicia en tódolos tempos, así como aspectos sobre a recepción da literatura galega.

_____, “Normalidade literaria”, *O Correo Galego*, “Ó Fío”, 25 marzo 1995, p. 3.

Carlos Casares participou no Salón do Libro de París e alí proclamou a calidade da literatura galega, pero tamén os seus problemas e a necesidade de impulsala cara á universalidade. Rábade recoñece o importante labor do mundo da cultura galega na loita por Galicia, e atopa nel a razón dese prestixio e calidade, pero salienta que pode ser un traballo infructuoso se o goberno autónomo non tenta “atacar as raíces do noso mal endémico -principalmente a nosa falta de autoestima”.

_____, "Antón Avilés", *O Correo Galego*, "Ó Fío", 8 abril 1995, p. 3.

Reproduce as palabras de Antón Avilés de Taramancos, dunha entrevista de hai anos, sobre o teatro, opinións que seguen a ter vixencia na actualidade. Consideraba o poeta que o teatro debía reflectir unha Galicia sen complexos, que non se ridiculizara a si mesma.

_____, "Avilés dramaturgo", *O Correo Galego*, "Ó Fío", 19 abril 1995, p. 3.

Recorda unha peza escolar que escribiu Antón Avilés de Taramancos para o colexio de Outes, conforme as súas ideas de defensa do ensino en galego.

_____, "Pepe Candeira", *O Correo Galego*, "Ó Fío", 20 maio 1995, p. 3.

Comenta o primeiro poemario de Francisco Xosé Candeira González (Lisboa, 1961), titulado *Na forxa do soño*. Descendente de pais galegos, recupera a tradición lírica e evoca o lugar de Guillade (Ponteareas), de onde procede, así como os espacios de Lisboa que coñece.

Ramos, Fernando, "Unha obra infinita", *O Correo Galego*, "Rúa Nova", 18 outubro 1995, p. 3.

Pequeno artigo dedicado a Don Antón Fraguas no que se destaca a súa grande obra, en boa medida continuadora da de Otero Pedrayo.

Ribalta, Xabier, "Opinións de escritores", *Faro de Vigo* (Ourense), "A solaina", 22 marzo 1995.

Comentario sobre *Literatura e sociedade en Galicia (1975-1990)*, de Xoán González Millán no que se tratan os procesos exteriores á creación literaria. Refírese ó feito de que "debería ser polémico pola temática tratada".

_____, "Libros galegos para unha nova feira", *Faro de Vigo* (Ourense), "A soalina", 10 xuño 1995.

Con motivo da celebración da Feira do Libro de Ourense, o articulista fai un repaso por algúns dos títulos aparecidos recentemente no mercado galego. Salienta o feito de que teñan aparecido en pouco tempo diversos poemarios de autores ourensáns.

_____, “Narrativa galega do Rexurdimento”, *Faro de Vigo*, (Ourense), “A solaina”, 21 setembro 1995.

Coméntase o libro de Modesto Hermida *Narrativa galega: Tempo do Rexurdimento*, do que salienta o feito de que o autor recolla textos espallados en xornais e revistas no período encadrable entre 1880 e 1916.

Salgado, Xosé M., "Un retorno ó home ilustrado", *O Correo Galego*, 9 marzo 1995, p. 33.

Comenta as ideas ilustradas de Frei Martiño Sarmiento como referencia obrigada para calquera lingüista actual, salientando a defensa do galego en tódolos ámbitos feita polo frade bieito. Para rematar, critica ó presidente da Academia polo recurso presentado contra a lei de Normalización Lingüística do galego.

Seixas Seoane, Miguel Anxo, "Tempos resesos", *O Correo Galego*, "Casa de citas", 23 xaneiro 1995, p. 3.

Recensiona brevemente o ensaio de Antón Capelán, *Contra a casa da Troia* (1994), e comenta a súa pretensión de uni-lo presente co pasado con rigorosidade e documentación.

_____, "Terra liberada", *O Correo Galego*, "Casa de citas", 6 febreiro 1995, p. 3.

Pequeno artigo sobre a publicación de *O libro galego onte e hoxe 1993*, terceiro volume dunha serie que pretende recupera-la producción editorial en galego ata 1993.

_____, "Nin tempo nin lugar", *O Correo Galego*, "Casa de citas", 20 febreiro 1995, p. 3.

Comenta as características comúns de tres homes contemporáneos: Luís Seoane, Rafael Dieste e Eduardo Blanco-Amor. Compartiron ideoloxía, emigración, diversidade intelectual, talento artístico e sobre todo, os tres contribuíron a dignifica-la cultura galega.

_____, “Frei Martín Sarmiento”, *O Correo Galego*, “Casa de citas”, 6 marzo 1995, p. 3.

Lembranza do Padre Sarmiento, de quen se cumpren 300 anos da súa morte. Sinálase o seu carácter de “sabio da cultura galega” e a modernidade das súas ideas.

_____, “Castelao en Compostela”, *O Correo Galego*, “Casa de citas”, 17 abril 1995, p. 3.

Traxectoria de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao en Compostela, onde, segundo di o articulista, “recoñecía a historia de Galicia”.

_____, “José Landeira Yrago”, *O Correo Galego*, “Casa de citas”, 24 abril 1995, p. 3.

Recordo de José Landeira Yrago, recentemente desaparecido. Recupera a súa vida e obra e as múltiples tarefas intelectuais que desempeñou.

_____, "Credo de Sarmiento", *O Correo Galego*, "Casa de citas", 30 maio 1995, p. 4.

Repaso das publicacións dedicadas a Frei Martín Sarmiento neste ano, no que se cumpren 300 do seu nacemento. Nomea a tese de Pilar Allegue, *A filosofía de Fr. Martín Sarmiento* (1993), a obra de Filgueira Valverde sobre este personaxe, de 1994, ademais da edición do *Epistolario* e do *Coloquio de 24 gallegos rústicos.*

_____, "A idade de Ferro", *O Correo Galego*, "Casa de citas", 26 xuño 1995, p. 3.

Valóranse neste artigo as nosas verbas históricas espalladas por documentos e textos literarios que cómpre rescatar con rigorosidade. A Real Academia anunciou xa que o Día das Letras Galegas de 1996 estará dedicado a Ferro Couselo, "a esa lingua da idade de ferro dos nosos documentos", do autor de *A vida e a fala dos devanceiros* (1967).

_____, “As árbores do Souto”, *O Correo Galego*, “Casa de citas”, 3 xullo 1995, p. 3.

Inicia o artigo cunha alusión á traxectoria literaria de Francisco Souto. Cita algunhas das súas obras como a peza dramática *Amar non ten laranxas* (1994) ou os “Apuntamentos para a historia pagana de Compostela”, publicado na carpeta *Dous bocetos* (1994), en colaboración con Adriana Castro e editado por Edicións do Dragón. A continuación, céntrase no poemario *As árvores do incesto*, publicado no ano 1995 e galardoado co IIIº Premio de Poesía Espiral Maior, ofrece un breve comentario introductorio sobre o mesmo e reproduce algúns dos seus versos.

_____, “A flor do Xapoeiro”, *O Correo Galego*, “Casa de citas”, 17 xullo 1995, p. 3.

Breve referencia á obra *Camelio xaponés* de Ayako Sugitani de Yamaguchi e Uxío Novoneyra. Trátase, segundo o articulista, dun conxunto de sete xiikas do poeta xaponés e tres do galego, acompañadas por unhas fotografías de Compostela. O libro, publicado polo Consorcio da Cidade de Santiago, está traducido ó galego e ó castelán.

_____, "Murado, escritor", *El Correo Gallego*, "Casa de citas", 28 agosto 1995, p. 3.

Bibliografía de Murado onde se recolle de xeito esquemático a súa producción como narrador, poeta, traductor, xornalista, autor teatral, ensaísta e guionista.

_____, “Premios e apremios”, *O Correo Galego*, “Casa de citas”, 2 outubro 1995, p. 3.

Crítica na que Miguel Anxo lembra o decreto de 1994 no que se creaba o Premio das Letras e das Artes de Galicia, mais considera que a política económica debía de ser máis xusta e dar máis axudas á investigación e máis premios con prestixio e non “derrama-los cartos públicos”.

_____, "Irlanda connosco", *O Correo Galego*, "Casa de citas", 9 outubro 1995, p. 3.

Breve informe sobre as frecuentes incursións de Irlanda na literatura galega, co gallo da publicación, neste ano 1995, da obra *Estirpe* de Xosé Luís Méndez Ferrín, que se inicia cuns versos nos que a Illa Verde é a protagonista. Miguel Anxo Seixas recorda outras ocasións nas que este país estivo presente gracias á traducción de dous capítulos do *Ulysses* de Joyce, levada a cabo por Otero Pedrayo, ós traballos de Plácido R. Castro, dos irmáns Vilar Ponte ou, máis recentemente, de Manuel Outeiriño.

_____, “Enciclopedia galegoamericana”, *O Correo Galego*, “Casa de citas”, 12 novembro 1995, p. 3.

Sinala a importancia da “extraterritorialidade” dos que son galegos mesmo fóra de Galicia e subliña o labor de Neira Vilas, o grande recuperador da cultura da emigración en moitas das súas obras, especialmente *Memoria da emigración I* (1994) e *II* (1995).

_____, "Paralelo 43", *O Correo Galego*, "Casa de citas", 18 decembro 1995, p. 3.

Refírese a dúas publicacións en galego, *O Correo Galego,* e *A Nosa Terra*, ámbalas dúas con editorial propia, Editorial Compostela e Edicións A Nosa Terra, respectivamente. Salienta o traballo de "reconquista da palabra" das dúas institucións, e nomea os títulos publicados ata o de agora por estas editoriais.

_____,"Amén a Sarmiento", *O Correo Galego*, "Casa de citas", 26 decembro 1995, p. 3.

En 1995 cúmprense trescentos anos do nacemento de frei Martín Sarmiento. Con este motivo, M.A. Seixas recolle o traballo que sobre este sabio leva a cabo José Luís Pensado Tomé, o seu "editor e comentador": *Para achegármonos a frei Martín Sarmiento* -onde o propio bieito vai narrando feitos da súa vida baixo a forma "Eu; Martín Sarmiento confesións (apócrifas) de frei Martín Sarmiento"-, *Estudios adicados a Fr. Martín Sarmiento* -en *Cuadernos de Estudios Galegos*, recompilación de artigos desta publicación de 1945 a 1982- e *Dous inéditos xeográficos do Pai Sarmiento*"- polo Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento.

Sixto Seco, Agustín, "Cantar en Galicia", *El Correo Gallego*, "Coa porta aberta", 22 abril 1995, p. 3.

Dende Canarias, onde foi convocado pola Casa de Galicia para asistir a un concurso de corais, Sixto Seco anuncia a próxima celebración en Santiago dun simposio literario organizado pola Universidade Compostelá e mailo Goberno Canario, "para tratar da identidade común de Galicia e Canarias".

_____, "Un galego egrexio chamado Filgueira", *El Correo Gallego*, "Coa porta aberta", 20 maio 1995, p. 3.

Recorda emotivamente a Don Xosé Fernando Filgueira Valverde, nomeado este ano Galego Egrexio, na Cea da Fundación dos Premios da Crítica.

_____, "Na cultura, imos indo con IR INDO", *El Correo Gallego*, "Coa porta aberta", 17 xuño 1995, p. 3.

Celebra o éxito e o acerto da Biblioteca da Cultura Galega e tamén o proxecto de Bieito Ledo de elabora-la Enciclopedia Galega Universal.

_____, "Rosalía CX anos despóis", *El Correo Gallego*, "Coa porta aberta", 15 xullo 1995, p. 3.

Lembranza da reunión na Casa Museo de Rosalía con motivo da commemoración dos 110 anos da súa morte, e da presentación do libro *Arredor do Centenario de Rosalía,* de Amancio Liñares. Menciona e agradece o labor desinteresado de tódolos que colaboran co Patronato e dos presidentes que precederon ó propio Sixto Seco.

_____, "As "viaxes" de San Domingos de Bonaval", *El Correo Gallego*, "Coa porta aberta", 22 xullo 1995, p. 3.

Refírese ó espectáculo de luz e son ofrecido polo Departamento de Música do Centro Galego de Arte Contemporánea en San Domingos de Bonaval, así como a representación de *Viaxe e fin de don Frontán* dirixida por Antonio Simón e Manuel Guede, e destaca a súa grande calidade.

_____, "Sempre houbo unha voz", *El Correo Gallego*, "De portas para dentro", 16 setembro 1995, p. 3.

A raíz dun texto firmado polo Colectivo Alfil, no que se acusa a grandes "voces" que loitaron polo idioma de estaren "atrapados na arañeira do poder" -Xesús Ferro Ruibal, Constantino García e Filgueira Valverde entre outros-, Sixto Seco acomete a súa defensa.

_____, “Os da pucha”, *El Correo Gallego*, “De portas para dentro”, 11 novembro 1995, p. 3.

Crónica persoal da homenaxe á revista *Nós* no Pazo-Museo de Otero Pedrayo, presidida por Don Xosé Filgueira Valverde, quen recordou no seu discurso a Risco, Cuevillas, Castelao e Otero, ou “os da pucha”, por dignifica-lo atuendo típico dos paisanos.

_____, "Da *emigración á galeguidade*", *El Correo Gallego*, "De portas para dentro", 2 decembro 1995, p. 3.

Saúda a nova colección sobre a emigración, responsabilidade de Fernando Amarelo, impulsada pola Secretaría Xeral para Relacións coas Comunidades Galegas. Estas publicacións levan como lema na portada, "A nosa diáspora. Da emigración á galeguidade", e participan nas primeiras entregas Xavier Alcalá, Xesús Alonso Montero, Fernando Amarelo, Xosé Luís Blanco Campaña, Baldomero Cores, Mª Xosé R. Galdo e Carlos Sixirei. Confía nestes estudios sobre a emigración como fenómeno histórico e humano, que forma parte da nosa memoria histórica e que pode facer posible "anda-lo camiño que vai da "*emigración á galeguidade*".

_____, "25 anos despois", *El Correo Gallego*, "De portas para dentro", 30 decembro 1995, p. 3.

Sixto Seco, presidente da Xunta de Goberno do Patronato Rosalía de Castro, lembra o labor realizado por este colectivo, fundado entre outros por Otero Pedrayo, Mosquera Pérez, Villar Grangel, xa falecidos, e os aínda vivos, Antonio Fraguas, Manuel Beiras García e Xaime Isla Couto.

Tarrío Varela, Anxo, "Empanada e novela", *O Correo Galego*, "Recanto do cataventos", 20 agosto 1995, p. 3.

Neste artigo, Tarrío reflexiona sobre as posibles definicións de novela, para o que recorre a un símil gastronómico. Así, unha novela sería como a empanada, na que cabe calquera tipo de ingrediente. Para rematar, recomenda a lectura de *Matar o tempo*, de Xesús Valcárcel.

_____, "A voltas con Vicente Risco", *O Correo Galego*, "Recanto do cataventos", 24 outubro 1995, p. 3.

A propósito do congreso celebrado en Ourense, no que se polemizou sobre a figura do intelectual Vicente Risco, o articulista reclama unha maior atención cara á historia recente do país, que debe ser, na súa opinión, debatida e comentada con profusión, co fin de evita-la repetición de erros xa cometidos no pasado.

_____, "Ánxel Casal: cultura e corazón", *O Correo Galego*, "Recanto do cataventos", 17 decembro 1995, p. 3.

O profesor Tarrío Varela mestura neste comentario dous mundos, dúas épocas alonxadas no tempo pero tristemente semellantes: o momento que lle tocou vivir a Ánxel Casal e os nosos días tinguidos de "dor gratuíta" polos últimos asasinatos. A solución que posibilitaría o cambio é, polo momento, o camiño da cultura, pero cultivando "asemade os sentimentos e a tenrura, aquilo que antes se chamaba o corazón", como afirma o articulista.

Valcárcel, Marcos, "Memoria da emigración", *O Correo Galego*, "Pé das Burgas", 17 febreiro 1995, p. 3.

Comeza situando a importancia do papel da emigración na sociedade galega, destacando a posición privilexiada de Neira Vilas -ó tela vivido ó longo de corenta anos- como o seu cronista. Neste marco sitúa *Memoria da emigración I* (1994) como reflexo e testemuña dunhas xentes e dunhas situacións vividas polo seu autor. Finalmente, faise un percorrido polos diferentes personaxes e xeografías que aparecen nestas páxinas.

_____, "A importancia dun xesto", *O Correo Galego*, "Pé das Burgas", 10 marzo 1995, p. 3.

Lembranza da figura do galeguista Bieito Fernández, ourensán residente en Lugo, que participou activamente na cultura galega e na Agrupación Cultural Auriense.

_____, "Dietario de urxencia", *O Correo Galego*, "Pé das Burgas", 26 maio 1995, p. 3.

No artigo fai un diario de acontecementos da semana do 17 de maio, salientando o Día das Letras Galegas, a homenaxe a Manuel de Dios e a publicación de *Versos de terras distantes,* de Úrsula Heinze.

_____, "As vellas revistas de poesía", *O Correo Galego*, 12 xuño 1995, p. 3.

Con motivo da publicación dos facsímiles de *Alba* e *Aturuxo*, o investigador ourensán fai un breve repaso da historia das revistas poéticas existentes en Galicia en diferentes fases do século XX. Por outra banda, lamenta que os xornais de hoxe en día non publiquen habitualmente colaboracións poéticas.

_____, "Xesús Ferro Couselo", *O Correo Galego*, "Pé das Burgas", 7 xullo 1995, p. 3.

Valcárcel ofrece algúns datos sobre a personalidade de Ferro Couselo, dedicado fundamentalmente á investigación, ó estudio da lingua e á recuperación do patrimonio cultural. Foi tamén o artífice do Museo Arqueolóxico e do Arquivo Histórico Provincial de Ourense e participou na Agrupación Cultural Auriense, entre outras moitas actividades intelectuais.

_____, "O ano de don Vicente Risco","*, O Correo Galego*, "Pé das Burgas", 20 outubro 1995, p. 3.

Sinala Marcos Valcárcel que o ano 1995, amais de ser dedicado a Dieste, ben podía considerarse tamén o ano de Vicente Risco, xa que no 95 inaugurouse a Fundación Risco en Allariz, apareceron as *Obras Completas* e levouse a cabo un Congreso sobre a súa importancia na literatura galega. Os textos polémicos e comprometidos politicamente hai que situalos no contexto ideolóxico en que viviu, sen renunciar por eles ó resto da producción.

_____, "Cumpreanos dun miragre: a revista Nós", *O Correo Galego*, "Tribuna Libre", 29 outubro 1995, p. 52.

Artigo eloxioso sobre o aniversario da revista *Nós*, que chegaría a dar nome a unha xeración enteira de homes preocupados pola cultura galega. Nomea os colaboradores da iniciativa e destaca o carácter fundacional de *Nós,* unha revista cultural por excelencia que logrou ademais a modernidade da cultura galega.

_____, "Así falan os galegos", *O Correo Galego*, "Pé das Burgas", 10 novembro 1995, p. 3.

O articulista lembra os tempos en que o emprego da lingua galega equivalía a un claro compromiso político. Valcárcel sinala que agora as circunstancias son diferentes e que debe ter maior importancia a mellora do noso idioma. Para iso, cita unha serie de instrumentos bibliográficos que lle parecen de grande utilidade.

_____, “As horas secuestradas”, *O Correo Galego*, “Pé das Burgas”, 31 novembro 1995, p. 3.

Contextualiza os anos nos que naceu e se desenvolveu a revista *Nós*, que aínda segue viva e de actualidade. Recupera a memoria dos colaboradores “pese ó cruel sacrificio daqueles bos e xenerosos”.

_____, "Escritores en encontro", *O Correo Galego*, "Pé das Burgas", 1 decembro 1995, p. 3.

Nesta ocasión, Marcos Valcárcel dá conta do IIIº Encontro de Escritores Ourensáns, celebrado recentemente e organizado polo Clube Cultural Alexandre Bóveda. Informa, nun breve percorrido, dos distintos temas que foron obxecto de debate ó longo do citado encontro, que serviu, ademais, de escenario para a presentación dalgúns libros.

_____, "Os nosos escritores ante o cine, xa centenario", *O Correo Galego*, "Pé das Burgas", 15 decembro 1995, p. 3.

Breve artigo no que o historiador Marcos Valcárcel recolle as súas impresións sobre o cine e sobre a pegada que deixou e está a deixar nos escritores galegos. Centrándose no impacto que provocou a súa chegada á cidade de Ourense, cita algúns que expresaron a súa opinión sobre a sétima arte, ou que contribuíron con algún guión cinematográfico ou artigo ó respecto. Neste grupo inclúe a Otero, Risco, Fole, Luís Seoane, Blanco-Amor e na actualidade, Carlos Casares, Miguel Anxo Murado, Xosé Cermeño, Antón Reixa, Méndez Ferrín ou Claudio Rodríguez Fer.

Villar, Rafa, "Tras o escritor Miguel Torga", *O Correo Galego*, "Insomne", 28 xaneiro 1995, p. 33.

Lembranza do falecido escritor Adolfo Correia da Rocha, quen asinou co pseudónimo Miguel Torga, para dicir, segundo o autor do artigo, que "é torgueira, é uz, torga en fin que o xongue ao máis fondo e telúrico, a esa paisaxe trasmontana tan común a nós, por agraria e simbólica, por dramática e humana". Comenta o acento rural que desprenden os contos deste eterno candidato ó Premio Nobel.

V. Ensaio. Teoría Xeral. Crítica

V. 6. Publicacións en xornais: entrevistas

.6. Publicacións en xornais: entrevistas

A. V., "Rafa Villar: Escribir é unha necesidade", *El Correo Gallego/O Correo Galego*, 19 abril 1995, p. 32/p. 47.

Entrevista a Rafa Villar na que este opina sobre a fortuna actual do panorama poético galego e o acto de escribir como necesidade.

Alvarellos, Q., "Descubrín o teatro nos Autos Sacramentais da Quintana",

La Voz de Galicia, "Infancias de Compostela", 31 xaneiro 1995, p. 39.

Repaso da infancia en Santiago de Roberto Vidal Bolaño, vencellada ó barrio de Vista Alegre. A maxia do cine dos domingos en Santiago -o Metropol, o Capitol-, marcou as súas vivencias de neno. Tralos seus estudios realizou moitos traballos ata que decidiu dedicarse ó teatro, que descubriu na grandeza das representacións sacramentais na Quintana. Polos quince anos, cando pertencía ás Juventudes Obreras Católicas, representou unha pequena obra, que "duraba dous minutos". No 68, do que se declara fillo, puxo en marcha xunto a outros amigos o Equipo Lupa, e en 1974 fundou o Grupo Antroido, ámbalas dúas experiencias pioneiras no teatro galego. As súas últimas produccióǹs, *Saxo tenor, Días de gloria, Actas escuras*, foron ben acollidas. Aclara con firmeza que "si levo premios é porque os merezo. E fun dos poucos que algunha vez rexeitou unha subvención".

Alcalá, Xavier, "Non son máis que un profesor de instituto metido en fregados", *El Mundo*, 26 xullo 1995, p. 9.

Entrevista co escritor e editor Víctor Freixanes, quen comenta algunhas das facetas do seu labor á fronte de Anaya, así como algúns dos seus proxectos, entre os que destaca o ensaio *Lingua e Identidade*, no que Freixanes pretende recoller parte da súa tese de doutoramento.

Arnáiz, A., "A memoria dun poeta", *O Correo Galego,* 15 setembro 1995, p. 33.

Dá noticia do último acto da homenaxe a Manuel María, un recital poético e musical no teatro Rosalía de Castro da Coruña. Recóllese tamén unha pequena entrevista ó poeta lugués, onde afirma que a poesía sempre foi un xénero minoritario e móstrase optimista coa situación da literatura galega. Ademais, aparece un poema do autor titulado "Autorretrato".

_____, "Recital poético na Coruña en homenaxe ó poeta Manuel María", *El Correo Gallego*, 15 setembro 1995, p. 11.

Mesma entrevista que a anterior. Non se inclúe o poema.

Calviño, Xaime, "Os poetas non son os únicos que morren de fame", *Faro de Vigo*, 17 setembro 1995, p. 3.

Aprovéitase a homenaxe que a AS-PG lle tributou ó escritor lucense Manuel María no teatro Rosalía de Castro (A Coruña), para repasar con el algunhas cuestións relacionadas coa vixencia da poesía nos tempos actuais, a presencia do galego na vida cultural do país ou a continuidade xeracional na literatura galega. Esbózase tamén a longa traxectoria literaria deste autor, do que se cumpren 45 anos da publicación do seu primeiro libro de poemas: *Muiñeiro de brétemas* (1950).

Campa, Javier D., "Chorei realmente facendo esta novela e non me avergonzo de confesalo", *Atlántico Diario*, 23 xaneiro 1995, p. 6.

Entrevista ó escritor Darío Xohán Cabana, con motivo da presentación da súa novela *O cervo na torre*, gañadora do Premio Xerais de 1994. Cabana fala da temática do seu libro e comenta algúns aspectos relativos á situación actual dos escritores galegos. Opina tamén sobre o porvir da lingua galega.

Castromil, Carmiña, "Ser galego é algo moito máis fondo que a lingua", *O Correo Galego*, 18 febreiro 1995, p. 36.

Entrevista con Alfredo Conde na que este lamenta o esquecemento de que é obxecto nos ámbitos do ensino medio e universitario. Ademais, reafírmase na súa condición de fillo de varias culturas, non só a galega e a castelá, senón tamén de calquera que posúa un carácter atlántico.

_____., "Alfredo Conde: Os nipóns son coma os galegos do Sol Naciente",

O Correo Galego/El Correo Gallego, 15 decembro 1995, p. 35/p. 11.

O autor ourensán fala da inminente traducción de dúas das súas obras -*Xa vai o Griffón no vento* e *Sempre me matan*- ó xaponés, destacando as semellanzas, ó seu entender, entre o pobo galego e o xaponés. Destaca tamén que a súa última novela, *Sempre me matan*, forma parte dunha triloxía que ten pensado escribir sobre a emigración galega en América.

Chao, Ignacio, "Quixen que o detective Magdalena simbolizara a Galicia", *El Mundo*, 7 maio 1995, p. 8.

Entrevista con Xosé Miranda sobre *A tres bandas*, na que se comentan diferentes aspectos da novela como os personaxes, o simbolismo, as técnicas estructurais empregadas, etc.

_____, "Descreo da poesía fría e excesivamente cerebralizada", *El Mundo*, 29 outubro 1995, p. 5.

Entrevista a Xavier Seoane, poeta. Xavier Seoane vén de gaña-la 15ª edición do Premio Esquío coa obra *Umbral de vida*. Os seus temas de sempre -a natureza, o ser e o amor- e a celebración positiva están presentes de novo nesta obra. Sen embargo acada aquí unha maior forza poética, orixinada pola necesidade de "fixarse novos retos (...) no aspecto formal e de contidos". O poeta rexeita a poesía frívola, rápida, que non responde á voz interior.

Couselo, Xabier, "Un país na esquizofrenia só permite milagres", *O Correo Galego,* 12 agosto 1995.

Entrevista a Víctor Fenández Freixanes onde recorda un pouco os veráns da súa nenez e mocidade. Sobre a situación da literatura galega pensa que está nun bo intre pero que é necesario o apoio dunha boa política cultural. Os seus proxectos inmediatos inclúen un libro de contos, unha novela e a publicación da súa tese.

_____, "Un escritor non debe ser unha Corín Tellado", *O Correo Galego*, 22 agosto 1995.

Entrevista a Dario Xohán Cabana quen alterna na súa producción poesía e narrativa aínda que se define como poeta. Manifesta a súa indignación pola suspensión do Premio Blanco Amor e di que non pensa ir á Coruña a ningún acto organizado polo concello. Adianta que está traballando nunha novela histórica.

_____, "Sixto Seco: Ós galegos sempre nos colocaron sambenitos", *El Correo Gallego/O Correo Galego*, 9 agosto 1995, p. 11/p. 5.

Entrevista informal a Agustín Sixto Seco na que confesa que as súas dúas paixóns son a medicina e a cultura galega. Sente unha grande devoción por Rosalía e pretende darlle unha proxección moderna ó Padroado Rosalía de Castro, do que é presidente. Opina que a cultura galega está nun bo momento, aínda que cómpre desterra-los medos e os "sambenitos" que levan os galegos.

Doral, Alba, "Sueño y literatura son casi la misma cosa", *El Progreso,* 17 setembro 1995, p. 30.

Entrevista a Miguel Anxo Murado na que comenta a súa experiencia negativa no cine co guión de *La Ley de la Frontera*, dirixida por Adolfo Aristaráin. Tamén fala sobre a súa estancia nos Balcanes, tema do seu libro *Ruído* (1995), e sobre *Memoria de derribos*, contos que presentan a Lugo e as súas xentes como pano de fondo.

E. C., "A sensibilidade do erotismo", *O Correo Galego*, 8 febreiro 1995, p. 35.

Entrevista a Helena Villar e Xesús Rábade Paredes a propósito da publicación de *Festa do Corpo* (accésit do premio González Garcés) e *Poldros de música* (premio Esquío), dúas obras que recollen poemas soltos que a parella escribiu entre si estando na distancia. Un e outro respostan a preguntas relacionadas coa poesía, coa súa variación ó escribir os dous libros, etc. No mesmo artigo e baixo o título "O amor xa é tamén trivial na sociedade", comentan ademais a trivialización do erotismo.

Estévez, Eduardo, "Carlos Casares: compromiso cultural", *O Correo Galego*, "Editores Galegos" (I), 13 agosto 1995, p. 52.

Entrevista a Carlos Casares, responsable da editorial Galaxia, que manifesta que a literatura galega actual vive un momento de grande expansión e de aceptable calidade. Pensa que o proceso de escribir en galego é máis natural hoxe porque as novas xeracións xa foron escolarizadas en galego. No tema dos lectores móstrase máis escéptico pola escasez do hábito de ler en galego e pola identificación obra premiada con mala literatura. Respecto á política da editorial Galaxia sinala que publican fundamentalmente autores novos que comezan a desenvolvela súa obra. A poesía mantense a pesar da escasa rendibilidade, o mesmo que a revista *Grial,* que produce grandes perdas. Sobre as traduccións, di que as que contan con maior público son as infantís e xuvenís, fronte ás demais, de lectura restrinxida.

_____, "Bieito Ledo: preocupación social", *O Correo Galego,* "Editores Galegos" (II), 14 agosto 1995, p. 40.

Entrevista a Bieito Ledo, director de Ir Indo. Afirma con preocupación que "vivimos nunha sociedade coa alma durmida", con bos escritores pero sen lectores concienciados da súa historia. Tralo crecemento editorial de 1984 a 1993, houbo un retroceso debido á crise económica e ó baixo nivel de lectura. Sobre a política de axudas institucionais móstrase en desacordo coa infravalorización do libro e o pouco investimento na dotación de bibliotecas. "Son necesarios uns dirixentes máis dinámicos e máis pioneiros".

_____, "O poeta débese adaptar á historia", *O Correo Galego,* "Editores Galegos" (III), 20 agosto 1995, p. 53.

Entrevista a Miguel Anxo Fernán-Vello, director de Espiral Maior, nada como "editorial independente, cun espírito alternativo á cultura oficial" e con vocación de servicio cultural. Con este proxecto concretou un dos seus soños, a especialización na poesía, unindo a súa vocación de poeta á actividade empresarial. Sinala o enfrontamento poesía e mercado, pero é partidario de apostar polo interese que esperta nalgúns lectores a creación poética e pola contribución á normalización da oferta poética. Para a distribución dos libros crearon paralelamente Producciónss Culturais Artesa, e proba da boa saúde do seu proxecto é a creación da nova colección Illa Verde, máis asequible e elitista, de exemplares numerados, que dá cabida a traduccións de poesía universal.

_____, "A axuda ó libro é insuficiente", *O Correo Galego,* "Editores Galegos" (IV), 21 agosto 1995, p. 37.

Entrevista a Manuel Bragado, substituto de Víctor F. Freixanes en Xerais. Asegura que a axuda ó libro galego é insuficiente e considera preocupante que a Xunta sexa a primeira editorial galega polo que supón de competencia desleal. Os premios e certames son un xeito de promove-la normalización. A tarefa fundamental é gañar lectores, xa que as taxas de lectura de libros en galego son moi baixas. Xerais prepara unha nova colección de poesía para o próximo ano baixo a dirección de Francisco Alonso. Opina tamén sobre o momento esperanzador da literatura infantil e xuvenil, pola pluralidade editorial, aínda que haxa poucas obras para os primeiros lectores debido á carestía. Sinala tamén a dificultade das edicións de obras teatrais e a falta de ensaios que consigan fornece-lo xénero.

_____, "Francisco Pillado: liberdade creativa", *O Correo Galego,* "Editores Galegos" (V), 28 agosto 1995, p. 55.

Dende a editorial Laiovento, Francisco Pillado reivindica a liberdade creativa por enriba da lei de normalización lingüística, por iso publican autores que teñen vedado o acceso a outras editoriais pola súa escolla fóra da normativa oficial. Denuncia o "silenciamento" dalgunhas editorais por parte de institucións e dos medios de comunicación. Laiovento pretende esclarece-lo pasado porque é urxentísimo recupera-la memoria histórica de Galicia, ademais de crear un interese polas traduccións de obras fundamentais.

_____, "Francisco Macías: a vangarda", *O Correo Galego,* "Editores Galegos" (VI), 29 agosto 1995, p. 37.

Director de Edicións Positivas, aposta polas novas sensibilidades creativas vangardistas que conectan ben co público máis novo. A editorial arríscase porque considera que a cultura galega envelleceu pronto e non apostou por novas formas dende a Xeración Nós. Considéranse lusistas nun sentido cultural e cren que a normativa é necesaria.

_____, "Olegario Sotelo Blanco", *O Correo Galego,* "Editores Galegos" (VII), 4 setembro 1995, p. 31.

Sotelo Blanco Edicións xurdiu en 1981 co fin de "colaborar no proceso de recuperación da lingua e da cultura galegas". Sobre a poesía e o teatro pensa que non son xéneros fáciles de vender pero iso non significa que non haxa unha nova producción. Propón como solucións para apoiar ó libro galego, a profesionalización das librerías, a creación de bibliotecas e a programación de campañas de lectura dende os medios de comunicación.

_____, "Díaz Pardo: Todo segue igual", *O Correo Galego,* "Editores Galegos" (VIII), 5 setembro 1995, p. 35.

O título escollido para esta entrevista ilustra as ideas de Isaac Díaz Pardo, quen manifesta o seu incorformismo coa cultura oficial e a existencia dunha censura de "certas institucións da comunidade autónoma", que crean un ambiente abafante. Ediciós do Castro publica preferentemente libros que recuperen a memoria histórica e libros científicos de economía. Forma parte dun grupo de empresas impulsado polo Laboratorio de Formas, creado na Arxentina por Luís Seoane. Pensa que "as institucións son competencia desleal para os editores".

Evangelista, Susana, "Canto máis grave é a situación política máis doado é inspirarse", *El Mundo,* 13 agosto 1995, p. 4.

Entrevista a Siro López, caricaturista político. Siro López é un home polifacético, dedicado profesionalmente á caricatura política. Destaca a importancia do debuxo gráfico no ámbito xornalístico, afirmando que "hoxe un debuxo de humor ten o mesmo valor que calquera outro traballo literario". O humor gráfico galego pasa por un bo momento, pero é necesaria a creación dunha escola de formación neste ámbito. O galego ten un humor singular que Castelao, "o gran mestre do humor gráfico galego", soubo reflectir. O noso é un humor de retranca, sutil e conceptual.

_____, "Sen nacionalismo seguiremos sendo unha autonomía subdesenvolvida", *El Mundo*, 27 agosto 1995, p. 5.

Entrevista a Carlos Mella, escritor, político e economista. Nesta entrevista, Mella profunda sobre a realidade política e económica de Galicia. O seu libro *Luces de Fisterra*, narra de xeito esperpéntico o futuro político de Galicia no 2.000: unha República Independente Galega, da que Fraga seguirá a ser presidente.

F. P. L., "Unha universidade estadounidense estudiará a obra de Alfredo Conde", *El Correo Gallego*/ *O Correo Galego*, 3 outubro 1995, p. 11/p. 36.

Entrevista co autor alaricano. Despois do éxito de *Sempre me matan* e ante a nova de que unha universidade norteamericana vai estudia-la súa obra, Alfredo Conde concede unha entrevista na que fala da necesaria transformación e adaptación ós novos tempos que deben experimenta-los escritores galegos.

Feijoo, Raquel, "O son galego dun Nobel", *La Región*, 30 outubro 1995, p. 9.

Conversa con Manuel Outeiriño, traductor ó galego da obra do Premio Nobel de Literatura de 1995, Seamus Heaney. Comezou a traducilo en 1993 e publicou os textos en *A trabe de Ouro*. Pensa que a traducción ó galego de obras e autores que non estean versionados en castelán é beneficioso para aumentar lectores en galego.

_____, "Experiencias dun escritor", *La Región*, 17 decembro 1995, p. 21.

Entrevista co escritor Alfredo Conde na que este fala dalgunha das súas vivencias, importantísimas na súa opinión para a súa obra literaria. Conde afirma que o galego é para el unha lingua normal sen que exista ningún tipo de connotación victimista.

Fernández, Ana María, "A paixón de dúas vidas", *La Región*, "80 anos con Pura e Dora", 24 abril 1995, pp. 6-7.

Ana María Fernández entrevista a Dora e Pura Vázquez, que agardan con ilusión a homenaxe do Concello de Ourense dedicándolles unha rúa onde creceron, o Salto do Can. Recordan a súa infancia e a súa traxectoria no ensino e na creación literaria no caso de Pura e conservan o recordo da guerra civil como o momento máis crítico das súas vidas. Os seus dous camiños teñen sempre como punto de referencia a cidade de Ourense.

Franco, Navia, "Escribir é unha medicina anti-estrés", *La Voz de Galicia*, "Gente de Santiago", 6 xuño 1995, p. 42.

Entrevista con Marcelino Salgueiro na que explica cómo naceu a súa vocación literaria, inicialmente lírica e, máis tarde, narrativa.

Garrido, Rogelio, "José Ángel Valente. "La inteligencia española ha perdido la distancia crítica", *Faro de Vigo*, 30 abril 1995, pp. 8-9.

José Ángel Valente, Premio Príncipe de Asturias das Letras 1995, reflexiona nesta entrevista sobre cál debe se-lo papel do intelectual, do literato fronte á sociedade na que vive. Manifesta que o labor creativo só se pode realizar en silencio, isto é, fóra das regras e das normas que impón a sociedade contemporánea para servir a esa mesma sociedade coa súa mensaxe. Só aquel capaz de producir en libertade absoluta poderá proporcionar ós seus contemporáneos unha reflexión crítica sobre o tempo no que viven. Para o escritor ourensán a intelectualidade española perdeu esa capacidade, a distancia crítica, cando se entregou ó poder sen condicións.

Gil, Francisco, J., "Escribí *O cervo na torre* con una profunda emoción patriótica", *Faro de Vigo*, 22 xaneiro 1995, p. 42.

Co gallo da presentación da súa novela *O Cervo na torre*, coa que gañou por segunda vez o Premio Xerais de Novela, Darío Xohán Cabana fala nesta entrevista sobre a súa traxectoria literaria. Cuestións como a relación co lector, a preferencia pola prosa ou pola narrativa, a incidencia dos premios ou o proceso creativo seguido na elaboración desta novela, xorden ó longo da conversa recollida neste artigo. Para o seu autor, esta obra é especial por ser aquela que lle ten levado maior traballo creativo e onde se ve reflectida máis claramente a súa ideoloxía.

_____, "El gusto por la literatura no tiene por qué ser mayor que por las matemáticas", *Faro de Vigo,* 3 outubro 1995, p. 41.

Entrevista a Carlos Casares quen non se sente pesimista pola ausencia de lectores xa que pensa que a literatura é unha cuestión de gusto persoal. Sobre os seus proxectos como escritor, anuncia a publicación dunha novela que xa ten rematada. As próximas novidades de Galaxia son a publicación do cuarto tomo das obras completas de Risco, as obras de Sherlock Holmes (traducidas por Bieito Iglesias e Manuel Vázquez Fernández), a obra gañadora do premio Álvaro Cunqueiro e tres libros de contos de Manuel Rivas, Valcárcel e un de apoio a Amnistía Internacional.

_____, "La Enciclopedia será la obra de mi vida como editor", *Faro de Vigo*, 7 outubro 1995, p. 46.

Bieito Ledo, director de Ir Indo Edicións, fala nesta entrevista da colección Biblioteca Básica da Cultura Galega, un conxunto de 50 títulos fundamentais que publican conxuntamente Galaxia e Ir Indo, coa colaboración de Radio Televisión de Galicia e Caixa Galicia. Fala tamén dun proxecto futuro, a elaboración dunha Enciclopedia Galega Universal.

Giráldez, José M., "Sempre escribín para que os demais me quixesen", *El Correo Gallego*, Suplemento especial "As últimas literaturas", 17 maio 1995, pp. 2-3.

Entrevista a Xurxo Borrazás. A concesión do Premio da Crítica pola súa novela, *Criminal*, a súa relación cunha suposta nova xeración literaria, a tarefa da escritura como elaboración dun estilo, as influencias do realismo norteamericano ou a relación entre profesión e escritura son algunhas das cuestións tratadas nesta ampla entrevista, na que Xurxo Borrazás defende a estreita relación que ten para el o acto da lectura co da escritura.

González, José Ángel, "Luz para un joven poeta gótico", *El Correo Gallego*, "Galicia en tránsito", 1 xaneiro 1995, p. 72.

O poeta Lois Pereiro fala nesta entrevista do que supuxo para el a enfermidade contraída a raíz da inxestión do traxicamente famoso aceite de colza adulterado. Ó longo desta conversa, o poeta monfortino fala do inmenso valor da vida, da posibilidade de aprender algo tódolos días, da posición de observador que adopta para non xulga-lo mundo, e da literatura como reflexo do proceso vital do individuo.

Guerra, Mar, "Miúdos aburrimentos", *O Correo Galego*, "A través da xanela", 9 febreiro 1995, p. 16.

Nesta ocasión, Carlos Casares non fala da súa faceta de narrador, nin da de articulista, nin da de director da Editorial Galaxia; o seu tema de conversación é a posición vital dende a que enfronta todas estas actividades: "a contención sueca". Con esta expresión, o escritor pretende englobar toda unha serie de posicionamentos sociais que respecta: tolerancia, serenidade, o amor ás pequenas cousas e ás cousas pequenas, ou a valoración do aburrimento do cotián fronte ás grandes sorpresas.

_____, "Ben lonxe do Olimpo", *O Correo Galego*, 1 marzo 1995, p. 16.

As distintas facetas humanas de Francisco Rodríguez póñense de manifesto nesta entrevista, na que xorden cuestións relacionadas coa política, coa docencia ou co estudio da nosa literatura, tarefas todas das que se ocupa este ferrolán. A problemática da imaxe pública, a validez ou a vixencia dos mitos ou o grao de compromiso persoal son algunhas das cuestións sobre as que se manifesta nesta entrevista.

Hortas, Pedro, "Filgueira Valverde. Galicia es hoy un gran hervidero cultural", *Atlántico Diario,* 18 xuño 1995, pp. 16-17.

Entrevista a D. Xosé Filgueira Valverde. Comenta a situación da cultura galega na actualidade, o estado actual e o futuro da lingua e a súa actividade como presidente do Consello da Cultura Galega. Pensa que o galego non desaparecerá, aínda que haberá que asumi-los cambios resultantes do galego rural, transmitido oralmente e o galego da cidade, producto da escolarización.

_____, "Alfredo Conde: Galicia es un país de funcionarios", *La Región/Atlántico Diario*, 17 setembro 1995, p. 38.

Longa entrevista na que Alfredo Conde defende a validez do galego como lingua de creación literaria. Fala tamén da emigración, tema da súa última novela, e lamenta o feito de que persoas de grande talento se visen obrigadas a marchar de Galicia. Afirma que xa non ten sentido na actualidade a tradicional dicotomía política esquerdas-dereitas, demasiado simple para a complexidade da vida, e eloxia a figura de Manuel Fraga, ó que cualifica de "grande político".

_____, "Antonio Fraguas. Mi gran maestra fue una analfabeta", *La Región/ Atlántico Diario*, 24 decembro 1995, pp. 38-39.

Conversa con Antonio Fraguas na que conta anécdotas da súa vida e reflexiona sobre os galegos, os seus costumes e tradicións. Ten un especial recordo para unha muller que serviu na súa casa e que axudou a crialo, mamá Antonia, a que lle ensinou contos e oracións que aínda lembra. Confesa a súa grande vocación de ensinante e a súa ilusión, a pesar dos seus noventa anos, polo saber.

Iglesias, Ana, "Alfredo Conde: "Cuando era pequeño usaba un bañador de tirantes muy antipático", *El Correo Gallego*, "En *baños* menores", 12 agosto 1995, p. 32.

Desenfadada entrevista na que o escritor alaricano comenta algunha das súas afeccións persoais. Como lectura para o verán, recomenda a súa novela *Siempre me matan*.

J. B., "En teatro, unha parte sempre depende do poder público", *O Correo Galego*, 24 xaneiro 1995, p. 33.

Conversa con Cándido Pazó sobre a situación do teatro galego. Tres asociacións son as que agrupan ós cómicos galegos: os sindicatos -na parte laboral-, a Federación de Compañías, -que defende os intereses de productores e empresarios-e a Asociación de Actores, Directores e Técnicos de Escena, que ten como secretario a Cándido Pazó. Esta última editou un catálogo no que figuran tódolos profesionais, destinado a empresas dedicadas ó espectáculo. Pazó reclama protección pública para o teatro, que merece "ser necesitado pola sociedade", para crear unha demanda real de representacións. No circuíto de programacións denuncia situacións alarmantes, nas que predomina o que cualifica de "papanatismo" pola producción de fóra e desprezo pola galega. Considera urxente a creación dunha escola de formación de actores e aposta pola creatividade a pesar do risco que esta supón.

López Viñas, M. e Manuel **Darriba**, "Foz é o sitio máis importante da miña memoria', dice Luisa Castro", *El Progreso*, 10 agosto 1995, p. 26.

Entrevista a Luísa Castro, escritora galega que dende hai uns anos escribe en castelán. Recoñece as súas raíces galegas e a presencia constante de Foz. Confesa escribir en galego aínda que non publica porque considera que "non ten sentido cultivala a medio lume".

M. V., "Lourenzo González: Hai mundos irreais pero necesários", *A Nosa Terra*, nº 681, "Guieiro Cultural", 6 xullo 1995, p. 27.

Entrevista a Manuel Lourenzo González (Pontedeume, 1955), quen conseguiu no ano 1995, o Premio Carballo Calero de Ferrol, o Premio do Café Dublín de Vigo e o García Barros da Estrada. Comenta que ó pasar de escribir na normativa de mínimos á oficial, abríronse as portas destes certames. Considera que estes premios teñen valor pola promoción que conlevan, non tanto pola calidade. Caracterízase na súa escrita por crear mundos entre a realidade e o imaxinario e recoñece a influencia do cómic. Pensa que cando a situación do galego estea normalizada non serán precisos tantos premios e tanta variedade editorial.

Mallo, Albino, "Andrés Pociña, un latinista lugués en el campus granadino",

El Correo Gallego, "*Edición 7*", 26 febreiro 1995, p. 4.

A pesar de exerce-la docencia na Universidade de Granada dende hai varios anos, o profesor Andrés Pociña realiza tamén un labor crítico para a literatura galega. Froitos deste traballo son os libros *Conversas con Maruxa Villanueva*, escrito en colaboración coa súa muller, a tamén profesora Aurora López, que recolle o perfil humano da gardesa da casa de Rosalía de Castro, ou tamén *Poesía grega do século XX*, unha antoloxía de poetas gregos contemporáneos traducidos ó galego. Nesta entrevista analízanse estes e outros traballos do profesor lucense e achégaseno-la súa faceta máis persoal.

_____, "José Ángel Valente, Premio Príncipe de Asturias das Letras", *El Correo Gallego*, "*Edición 7*", 4 xuño 1995, p. 4.

Conversa con José Ángel Valente, onde repasa toda a súa traxectoria vital e literaria, dende a mocidade en Ourense, onde compartiu amizade con Ferro Couselo, Risco, Florentino López Cuevillas, Pura Vázquez e outros. Comezou publicando en *Posío* e *La Noche* e, tras remata-la licenciatura en Filosofía e Letras, viaxou a Madrid, Inglaterra, París e Xinebra, ata instalarse de novo en España. Ten recibido moitos galardóns pola súa obra literaria, o Premio Adonais 1954, o Premio da Crítica (en dúas ocasións) e o Príncipe de Asturias das Letras.

Martínez, Silvana, "Son un soberbio disfrazado de modesto", *O Correo Galego*, 22 outubro 1995, p. 64.

Pequena entrevista a Isaac Díaz Pardo, quen, despois de setenta e cinco anos, considérase un fracasado por ter deixado atrás moitas cousas da vida.

Mascato, Antonio, "Fernando Assis Pacheco. Fixen unha homenaxe aos emigrantes galegos en Portugal", *A Nosa Terra,* nº 666, "Guieiro Cultural", 23 marzo 1995, p. 28.

Estamos perante unha entrevista co autor de *Traballos e paixóns de Benito Prada* (1994), na que explica as circunstancias da súa vida -os seus ascendentes galegos, a súa profesión de xornalista, a súa radical oposición ó clasismo reinante en Coimbra- que dun xeito ou doutro están presentes neste relato no que se considera moi implicado debido ós elementos biográficos (do seu avó emigrante en Portugal) que nel se inclúen.

Neira Cruz, Xosé A., "El fado vital de Pilar Vázquez Cuesta", *La Voz de Galicia*, "Mujeres de Compostela", 10 novembro 1995, p. 42.

Percorrido pola biografía de Pilar Vázquez Cuesta que inclúe a reproducción das palabras da mesma, respecto á súa infancia ou formación universitaria.

Nicolás, Ramón, "Xurxo Borrazás, premio da crítica española", *Faro de Vigo*, "*Faro das Letras*", nº XCI, 3 xuño 1995, p. 2.

Co gallo da concesión a Xurxo Borrazás do Premio da Crítica pola súa segunda novela, *Criminal*, nesta entrevista faise un repaso á producción literaria deste autor, que abrangue este título e un anterior: *Cabeza de chorlito* (1991). Destaca no traballo literario deste autor a influencia confesa da narrativa norteamericana, a relación, en actitude e estilo, con autores como Francisco Alonso, Xavier Queipo ou Aníbal Malvar, ou as preocupacións formais que presiden a súa elaboración do relato.

_____, "É necesario gañar lectores para o galego. Manuel Bragado, director de Xerais"*, Faro de Vigo,* "*Faro das Letras*", Extra número 100, 14 outubro 1995, p. 5.

Entrevista a Manuel Bragado, director de Xerais, que expón como obxectivos a diversificación da producción (libros de ocio, gastronomía) para gañar lectores para o galego. Xerais é unha editorial viva que contribúe a promociona-lo libro e a cultura en xeral e conseguiu facer dalgúns libros verdadeiros best-sellers como *Crime en Compostela*, das obras de Darío Xohán Cabana, de Agustín Fernández Paz ou Méndez Ferrín, entre outras. Considera insuficientes as axudas ó libro por parte das institucións e anuncia as novidades que preparan para o que queda de ano 1995.

_____, "Pretendemos recuperar a memoria histórica", *Faro de Vigo*, "*Faro das Letras*", nº CVII, 8 decembro 1995, p. 2.

Entrevista con Cesáreo Sánchez Iglesias, director de Edicións A Nosa Terra, na que fala dos novos proxectos das distintas coleccións coas que conta a editorial (A Nosa Historia, Biblioteca A Nosa Terra, Prensa e creación, A Nosa Historia Infantil, etc.). A continuación opina sobre a política de subvencións da Administración e, finalmente, adianta a posibilidade de converte-lo semanario *A Nosa Terra* en diario.

_____, "A lectura vai ser máis minoritaria. Carlos Casares, director de Galaxia", *Faro de Vigo*, "*Faro das Letras*", nº CIX, 23 decembro 1995, p. 2.

Entrevista a Carlos Casares, director da editorial Galaxia. Comenta que a editorial conserva o espírito co que foi creada, a difusión da cultura galega, ademais de servir de canle de expresión para os escritores galegos. Pensa que a lectura será en diante máis minoritaria porque coa chegada das novas tecnoloxías haberá un cambio na relación co texto escrito. Así mesmo di que as axudas institucionais son necesarias para levar a cabo os proxectos editoriais de maior envergadura e anuncia como novidades a colección Sherlock Holmes, o *Diccionario de Literatura*, a *Guía dos Ancares* e dous tomos máis das *Obras Completas* de Risco.

Otero, M., "A ironía é coma o sal na cociña", *La Voz de Galicia*, "Gente de Santiago", 10 xaneiro 1995, p. 38.

Nesta entrevista, Carlos Mella comenta as súas facetas de escritor e político e as relacións entre ambas. Sobre a súa faceta de escritor, afirma serlle máis doado o ensaio cá narración e reinvindica a ironía como un elemento fundamental do seu discurso. Respecto ó seu traballo como político, defende o nacionalismo como ideoloxía que prevalece sobre as denominacións de "dereita" ou "esquerda" e que pretende subverte-lo proceso de uniformidade cultural no que, segundo el, estamos inmersos.

_____, "Soy partidario de una escuela teatral", *La Voz de Galicia*, 4 novembro 1995, p. 44.

Entrevista a Roberto Salgueiro González, director da Aula de Teatro da Universidade de Santiago de Compostela. Fala sobre a estructuración dos cursos que se imparten e as colaboracións da Aula que dirixe. Tamén explica a finalidade do proxecto e do teatro en xeral, que responde a unha finalidade social e no que é fundamental o coñecemento das técnicas e os instrumentos de traballo. Valora a necesidade de axudas da Administración, sempre para traballos de calidade artística e feitos con rigor.

_____, "Queremos el IVA cero para los libros", *La Voz de Galicia*, "Gente de Santiago", 7 decembro 1995, p. 34.

Entrevista a Xosé Antón Pedreira Mirás, presidente, dende o 25 de novembro de 1995, da Agrupación de Libreiros de Compostela, na que expón os seus proxectos para a agrupación, que pasan polo contacto coas librerías, a organización de cursiños e a solución de problemas do sector, reivindicando axudas como o IVE cero nos libros. Pensa que os libreiros deben estar informados dos libros e autores que venden para aconsellar ós clientes.

Parada, Carmen, "En Galicia hay un lío editorial enorme", *La Voz de Galicia*, 5 novembro 1995, p. 45.

Entrevista con Manuel Bragado, director xeral de Edicións Xerais de Galicia, que fala sobre os seus gustos e afeccións, ademais de comenta-la situación editorial galega e as expectativas de futuro que se presentan.

Pérez Montes, Ezequiel, "Otilia Seijas, escritora: "Las esposas somos como *viúdas de vivos*", *El Ideal Gallego*, 26 novembro 1995, p. 6.

Entrevista con Otilia Seijas, na que confesa cómo xurdiu a súa vocación pola escrita e as experiencias que acumulou no mundo da política, xunto ó seu home, e que lle serviron para as súas obras *Viudas de vivos* e *Hijos del poder*.

Porteiro, María Xosé, "Darío Xoán Cabana. Escribo por impulsos imparables que me deixan derreado", *La Voz de Galicia*, "*Revista de Cultura*", "Corte e confección", ano I, nº 1, 2 marzo 1995, p. 5.

Entrevista en ton poético na que Darío Xohán Cabana recorda a Xosé María Álvarez Blázquez, á vez que conta cómo é o seu xeito de escribir. Aparecen reflectidos tamén algúns dos soños do escritor (unha república galega independente e socialista). Aproveita a ocasión para desmitificar á Xeración do 68, pois nin todos eran tan comprometidos nin a literatura é necesariamente un modo de compromiso.

_____, "Víctor Freixanes. O escritor é unha criatura famenta de afecto", *La Voz de Galicia,* "*Revista de Cultura*", "Corte e confección", ano I, nº 2, 9 marzo 1995, p. 5.

Víctor Freixanes, home mergullado na comunicación (xornalista, profesor, narrador e editor), sinala ó longo desta entrevista que escribe para comunicar pero tamén para seducir. Comenta ademais que o territorio do escritor son as palabras, e tendo as palabras é dono da realidade, o problema está en saber adaptarse, e é aquí onde radica o talento. Afirma que en Galicia son necesarios profesionais da comunicación críticos, xa que se segue a depender do que vén de fóra. Para finalizar afirma que as súas prioridades neste momento son a familia e o compromiso social con Galicia e co galego.

_____, "Salvador García Bodaño. Un poeta é un escritor sublimado", *La Voz de Galicia,* "*Revista de Cultura*", "Corte e confección", ano I, nº 3, 16 marzo 1995, p. 5.

Comeza a súa conversa lamentando o retraso do país, retraso que debe servir de exemplo para o futuro. Na literatura galega, di, a Guerra Civil acabou cun bo proxecto e produciu unha medievalización de Galicia pero esta terra aínda se pode erguer. Comenta, por outra banda, que na creación poética a emoción é fundamental, xa que se non existe unha implicación total, non xorden as palabras.

_____, "Xosé Cermeño. Os libros serán substituidos polo CD-ROM", *La Voz de Galicia,* "*Revista de Cultura*", "Corte e confección", ano I, nº 4, 23 marzo 1995, p. 5.

Vai de solitario *amateur,* como todo escritor, aínda que recoñece que a verdadeira creación xorde se hai alguén do outro lado do libro. Continúa Xosé Cermeño comentando que a creación é o oficio do escritor que se non é por el non tería sitio na sociedade. Non cre en case nada, de aí que a súa ironía sexa unha actitude de distanciamento. Afirma que se fixo escritor para acadar coas palabras unha orde que na realidade non sempre é evidente ou non existe, por iso o seu lugar é a terra de ninguén, o territorio da loucura, da marxinalidade e da imaxinación.

_____, "Ramiro Fonte. Unha literatura que non dialogue co que vén de fóra desaparece", *La Voz de Galicia,* "*Revista de Cultura*", "Corte e confección", ano I, nº 5, 30 marzo 1995, p. 5.

Considerado un dos novos valores dos anos oitenta, Ramiro Fonte séntese satisfeito de aguantar no mundo poético de hoxe en día. Afirma ser debedor do cine (fundamentalmente nos seus relatos de serie negra), pois considera que este está na base do home moderno. Repartido entre a literatura e o ensino, non deixa de lado as traduccións ó galego de autores en lingua inglesa. Autodefínese como home ecléctico que defende a poesía porque é o máis segredo, a máis desamparada.

_____, "Manuel María. Defender a ultranza o noso non debe significar estar contra ninguén", *La Voz de Galicia,* "*Revista de Cultura*", "Corte e confección", ano I, nº 6, 6 abril 1994, p. 5.

Poeta da terra, Manuel María declárase un lector impenitente que reivindica os clásicos. Afirma non gustar das etiquetas na poesía, pois considera que todo é material poetizable, e dici-lo contrario sería un tipo de censura. Neste importante momento histórico (o cambio de século), proxecta facer un libro sobre as sete cidades do Antigo Reino de Galicia. Por último, respecto á situación da lingua, opina que a normalización levaría a forma-la nosa cultura e deste xeito mellorarían aspectos tanto políticos coma económicos, sen que isto significase estar en contra de ninguén.

_____, "Ana Romaní. Boto en falla máis debate", *La Voz de Galicia*, "*Revista de Cultura*", "Corte e confección", ano I, nº 7, 13 abril 1995, p. 5.

Escritora e xornalista, aposta pola cultura dende unha postura de sensata sensibilidade e, así, séntese contenta de contribuír a facer da cultura galega materia de información. Laméntase sen embargo da falla de análise e de profundización nos temas clave. Como escritora deuse a coñecer no ano 1987 e logo tardou sete anos en volver a publicar un poemario, xa que non se considera unha escritora por oficio, só escribe cando o necesita. Ten en Rosalía a súa primeira referencia poética pero tamén Avilés de Taramancos está sempre no seu recordo.

_____, "Xosé Ramón Pena. Hoxe trátase a cultura como se fose unha hamburguesa", *La Voz de Galicia*, "*Revista de Cultura*", "Corte e confección", ano I, nº 8, 20 abril 1995, p. 5.

Dubida el mesmo de ser un escritor polifacético (poeta, ensaísta e narrador) e afirma ter medo de acabar un libro e non ter máis nada que dicir, por isto se identifica con Saramago cando di que naceu para ser escritor. Opina que o mercado galego se move por dúas forzas: o ensino e os premios, e destes últimos sinala que son útiles para que a literatura galega estea presente nos medios de comunicación. Autor que leva na prensa dez anos, considera que o tratamento da cultura nos medios de comunicación é preocupante, xa que sufrimos un grave problema de horterización.

_____, "María Xosé Queizán. Non teño capela nin padriño", *La Voz de Galicia,*

"*Revista de Cultura*", "Corte e confección", ano I, nº 9, 27 abril 1995, p. 5.

Autora constante en tódolos xéneros, leva ás súas costas unha notable producción iniciada no ano 1965. Defínese como inconformista, revolucionaria e reformista, e na actualidade é considerada unha das voces máis prestixiosas do feminismo. Ten, entre outras, unha faceta lírica (tanto de creación coma de declamación) e dramática (tanto representando coma dirixindo).

_____, "Carlos Casares. Teño devoción por James Joyce", *La Voz de Galicia*, "*Revista de Cultura*", "Corte e confección", ano I, nº 10, 4 maio 1995, p. 5.

Escritor equilibrado e sensato, Carlos Casares pensa que a obra literaria é a suma da creatividade e da constancia. É tamén un conversador espléndido que participou na tertulia ourensá de Vicente Risco (anos que lembra como de grande intensidade), de aí que considere que falar é como escribir. A sorpresa, a economía e a contención do relato, di, son os principais recursos de ámbalas dúas artes. Como apoio á súa tese afirma que tanto Risco coma Dieste e Blanco Amor falaban tal como escribían. Comenta máis tarde que é chamativo o importante cultivo do relato breve en galego. Remata analizando o efecto dos premios na literatura, da que non deben se-la base.

_____, "Anibal Malvar. A literatura non acerta, pero tampouco se equivoca", *La Voz de Galicia*, "*Revista de Cultura*", "Corte e confección", ano I, nº 11, 11 maio 1995, p. 5.

Aníbal Malvar considérase un noctámbulo irredento. É, pese a todo, un home polifacético que divide o seu tempo entre o xornalismo, a creación literaria (de carácter áxil, divertida e destemida) e o mundo dos mas-media (dedicado á información cultural, programas de radio, productor de cine, axudante de dirección, guionista de cine e cómic, etc.). Afirma que Galicia é un país que hai que intuír porque é inexplicable. Este é o motivo, continúa, de que haxa tantos poetas e tan poucos filósofos. Na súa obra reinventa a realidade, inmediata pois só polo camiño da ficción se pode acadar esta.

_____, "Xulio Valcárcel. Teño dúbidas de que exista unha literatura galega", *La Voz de Galicia,* "*Revista de Cultura*", "Corte e confección", ano I, nº 12, 18 maio 1995, p. 5.

Autor que reflicte as propias vivencias na súa obra xa dende os comezos: a súa estancia nun internado de Lugo é o motivo do pesimismo que aparece nos primeiros libros. Agora, como procurador no tribunal, entra en contacto cunha realidade estraña á poesía que enriquece a súa obra. A raíz disto sinala que a esencia da poesía, e da literatura en xeral, se relaciona co método de coñecemento. Alédase de que por fin se escape da tendencia ruralista e costumista na nosa literatura pois, afirma, isto entorpecía o seu avance. Remata declarándose un espírito provocador que prefire a literatura convulsiva ou de choque.

_____, "Suso de Toro. Toda a literatura nace dos medos" *La Voz de Galicia*, "*Revista de Cultura*", "Corte e confección", ano I, nº 13, 25 maio 1995, p. 5.

Comeza afirmando que na nosa cultura se busca que todos sexamos mediocres e que é necesario crear unha literatura galega entendida como unha realidade social contemporánea. Figura da que se fala en todas partes, Suso de Toro di non facer unha literatura étnica senón tan só reflectirse a si mesmo. Sinala a continuación que hoxe non se pode ser de vangarda, atrás quedan tamén as adherencias ideolóxicas dos anos 70. Conclúe comentando que nos seus primeiros libros estaba presente a discusión coa literatura consciente da linguaxe, das técnicas narrativas. Con *Tic Tac* gañou de novo a inocencia.

_____, "Xesús Manuel Valcárcel. Só podemos habita-lo presente", *La Voz de Galicia*, "*Revista de Cultura*", "Corte e confección", ano I, nº 14, 1 xuño 1995, p. 5.

Xesús M. Valcárcel meteuse na literatura gracias ó maxisterio de Xesús Alonso Montero. Foi fundador do colectivo poético Cravo Fondo e séntese fillo dun tempo, dun país e dunha xeración. Neste grupo poético pretendían romper coa situación política á vez que tiñan necesidade dunha renovación estética. Poeta e narrador, afirma que a ciencia e a arte teñen a mesma orixe no sagrado. Comenta que escribe só o que quere escribir. Manifesta certa preocupación polo nivel de coñecemento da realidade pois hai que avanzar no sentimentalismo e na comprensión do que somos.

_____, "Claudio Rodríguez Fer. A poesía nin se compra nin se vende", *La Voz de Galicia,* "*Revista de Cultura*", "Corte e confección", ano I, nº 15, 8 xuño 1995, p. 5.

Comparte a concepción polifacética da vida e cre que Borges representa a integración de tódalas dimensións culturais da vida humana. Respecto á obra literaria sinala que debe xunta-las tres facetas fundamentais da vida humana: a sensual, a sentimental e a intelectual. Como poeta erótico non entende que este xénero sexa unha moda senón un modo de expresión. Anuncia ó mesmo tempo a publicación do poemario *Extrema Europa* que romperá co formato libro. Remata confesando que se sente fillo de todos aqueles autores galegos da Guerra Civil e que está en sintonía co Cunqueiro dos anos 30, rupturista e experimentalista.

_____, "Margarita Ledo Andión. Ás mulleres vainos quedar o pensamento simbólico", *La Voz de Galicia,* "*Revista de Cultura*", "Corte e confección", ano I, nº 16, 15 xuño 1995, p. 5.

Margarita Ledo Andión, decana da Facultade de Xonalismo, comeza esta entrevista comentando que un intelectual ten que problematizar tódalas diferencias normativas. Afirma sentirse reflexo dunha xeración e ser seguidora dos filósofos contemporáneos. Declárase, así mesmo, feminista practicante e pensa que as mulleres lles vai queda-lo pensamento simbólico fronte ós homes co seu pensamento financieiro.

_____, "Marilar Jiménez Aleixandre. Nas boas historias non hai nin bos nin malos", *La Voz de Galicia,* "*Revista de Cultura*", "Corte e confección", ano I, nº 17, 22 xuño 1995, p. 5.

Marilar Aleixandre, aínda que nacida en Madrid, leva vinte anos en Galicia. Declárase bilingüe e feminista. Non lle gustan os compartimentos estancos na literatura, non cre en etiquetas tales como literatura infantil. Grande admiradora de Stevenson, pensa que nas boas historias non hai bos nin malos xa que o autor non debe utiliza-la historia como vehículo para transmitir unha mensaxe. Como autora de novelas de aventuras racha co tópico dunha escrita de mulleres que apostan por unha literatura intimista.

_____, "Xesús Rábade Paredes. Estase a furtar ós escolares a escrita dos clásicos", *La Voz de Galicia,* "*Revista de Cultura*", "Corte e confección", ano I, nº 18, 29 xuño 1995, p. 5.

Opina que a literatura é o elemento de transmisión da memoria. Neste momento, di, a literatura galega está nun *impasse*, a pesar de parece-lo sector máis normalizado da nosa cultura, non ten horizontes. Tanto a lingua coma a economía son os puntos máis problemáticos de agora. Lamenta, finalmente, que a lectura obrigatoria nas escolas estea a provoca-lo descoñecemento dos clásicos, que ceden terreo, fronte a obras de maior actualidade.

_____, "Helena Villar Janeiro. Rosalía é un exemplo para tódalas mulleres", *La Voz de Galicia,* "*Revista de Cultura*", "Corte e confección", ano I, nº 19, 6 xullo 1995, p. 5.

Esta escritora telúrica defínese como admiradora de Rosalía de Castro. Aclara que o seu primeiro libro foi escrito en castelán porque descoñecía a gramática do galego. Comenta que a problemática da lingua é unha das súas principais preocupacións, sobre todo no ensino, xa que estamos nunha situación de regresión pois os rapaces aprenden o galego pero non o incorporan á súa vida. Conclúe esta entrevista dando noticia dos seus proxectos inmediatos: un novo libro de poemas, outro poemario para nenos e unha novela.

_____, "Uxío Novoneyra. A lingua é sagrada porque está habitada polos mortos", *La Voz de Galicia,* "*Revista de Cultura*", "Corte e confección", ano I, nº 20, 13 xullo 1995, p. 5.

Neste momento, a piques de cumprirse corenta anos do emblemático *Os eidos* (1955), conta Uxío Novoneyra que este libro foi escrito cunha emoción case permanente. Nel pódese observa-la fluencia amorosa cara á natureza e a recuperación da memoria. Afirma, a continuación, estar preocupado pola situación sociopolítica. Anuncia, finalmente, a próxima publicación dun libro editado polo Consorcio de Santiago que inclúe poemas seus xunto a fotografías de Ayako Sugitani.

_____, "Marina Mayoral. Escribes para entender o mundo", *La Voz de Galicia,*

"*Revista de Cultura*", "Corte e confección", ano I, nº 21, 20 xullo 1995, p. 5.

Autora que afirma acudir sempre ós mundos que viviu na infancia (Mondoñedo e Santiago de Compostela). Confesa que as mortes de súa nai e de Ramón Piñeiro foron as que a motivaron para escribir. Comenta que, como vive fóra dos grupos de presión cultural e políticos, ás veces se sorprende de que se lean os seus libros. Declara, seguidamente, que na literatura busca comunicarse e entender e reorganiza-lo mundo superando a anécdota. Conclúe Marina Mayoral anunciando que a súa próxima novela será de carácter autobiográfico.

_____, "Manuel Forcadela. Sigo facendo poesía coa mesma pulsión coa que empecei", *La Voz de Galicia,* "*Revista de Cultura*", "Corte e confección", ano I, nº 22, 27 xullo 1995, p. 5.

Manuel Forcadela fixo de Vigo un contexto literario ó longo da súa obra. Aproxímase ó xénero negro porque este presenta a humanidade nos seus aspectos máis crueis, pero declara que non quere ser encasillado neste xénero. Dedicado tamén á poesía, afirma que segue escribindo coa mesma pulsión de cando empezou.

_____, "Miguel Suárez Abel. Na escritura hay elementos terapeúticos", *La Voz de Galicia,* "*Revista de Cultura*", "Corte e confección", ano I, nº 23, 3 agosto 1995, p. 5.

Escritor de pura raza, confesa que experimenta unha vivencia total coa escritura, xa que escribir é un proceso de coñecemento da realidade total e persoal. Sinala sen embargo que o pecado de escribir leva implícito a dura penitencia da insatisfacción. Reparte o seu tempo entre o ensino, a psicoloxía e a escritura. Remata dando unha lista dos seus clásicos favoritos: Cunqueiro, Vargas Llosa, García Márquez, Stendhal, Flaubert e Dostoiewski.

_____, "Xavier Alcalá. Gustaríame ser só un notario da realidade", *La Voz de Galicia,* "*Revista de Cultura*", "Corte e confección", ano I, nº 25, 17 agosto 1995, p. 5.

Comeza a entrevista reivindicando os nosos propios mitos, tales como a emigración, que foi o episodio fundamental da existencia do país. Afirma que na súa narrativa hai pouco de elaboración e moito de vivencia. Considera que non se está facendo ben a representación da nosa literatura no exterior, bótase en falta a figura do axente literario que se debe á ausencia de iniciativa. Comenta, por último, que cada día aumenta o número de escritores e isto é tan bo coma malo, xa que asusta un pouco ó lector, pero tamén se pode escoller máis.

_____, "Xesús Franco. O mundo é unha suma de sensacións", *La Voz de Galicia,* "*Revista de Cultura*", "Corte e confección", ano I, nº 26, 24 agosto 1995, p. 5.

Autor que non ve no feito de escribir un oficio senón unha sensibilidade. Dende Manuel Antonio ningún volveu a trata-lo tema mariñeiro ata Xesús Franco con *Contra Mar*, obra gañadora do Premio Martin Codax. Na actualidade traballa nun poemario de amor á muller idealizada. Explica que temos unha aposta cultural pendente: convencer ó país de que podemos ingresar no cosmos sen perde-la nosa propia cultura. Ten tres novelas inéditas, dúas de carácter romántico e unha dramática en homenaxe ó Ulises da *Odisea* e ó *Ulises* de Joyce.

_____, "Luís Rei. En esto, o que resiste gaña", *La Voz de Galicia,* "*Revista de Cultura*", "Corte e confección", ano I, nº 27, 31 agosto 1995, p. 5.

Declárase admirador de Dieste, de quen aprendeu a heterodoxia. Confesa a súa debilidade polo cine, ata tal punto que colabora con Xaime Villaverde como guionista. Recorda que escribiu *Irmán Fisterra* nun momento difícil, de grandes dúbidas, no que quería perderse nun mundo exótico. Finalmente comenta que garda un lugar especial para o amor.

_____, "Anxo Tarrío Varela. Non hai por que separar ó escritor do crítico", *La Voz de Galicia,* "*Revista de Cultura*", "Corte e confección", ano I, nº 29, 14 setembro 1995, p. 5.

Anxo Tarrío considera esperanzador o noso sistema literario. Continúa afirmando que non existe un xénero predominante e isto é facilmente observable na cantidade de poetas que probaron sorte como narradores. Comenta, a continuación, que o crítico non é un escritor frustrado, en realidade, di, non hai por qué separar ó crítico do escritor. Un crítico tamén ten que escribir ben, ser creativo e ter unha dimensión estética.

_____, "Miguel Anxo Fernán Vello. Neste fin de século hai necesidade de poesía", *La Voz de Galicia,* "*Revista de Cultura*", "Corte e confección", ano I, nº 30, 21 setembro 1995, p. 5.

Entrevista a Fernán Vello, director da Editorial Espiral Maior, coa que pretende contribuír á reconstrucción de Galicia. Considera que a creación poética é un labor de comunicación en esencia, un intercambio de reflexión, xa que permite ir máis alá no coñecemento da realidade. Dende o seu traballo na AELG ve con optimismo a calidade da literatura galega. Recoñece que existe un potente panorama literario que agora debe aborda-lo proceso de universalización, de darse a coñecer polo mundo.

_____, "Manuel Rivas. Galicia está infantilizada cun ogro filantrópico", *La Voz de Galicia,* "*Revista de Cultura*", "Corte e confección", ano I, nº 31, 28 setembro 1995, p. 5.

Recoñece que cando comezou a escribir (dende moi novo) facíao nun plan impertinente. Home inquieto, ten no seu haber diversas iniciativas no eido da comunicación (*Loias, Teima, Mancomún, Radio As Mariñas* e *Luzes de Galiza*). Aspira a que o libro sexa o equivalente do universo. Considerado pola crítica entre os escritores máis representativos da modernidade, fai algo así como "punkismo máxico". Pensa que a literatura está nunha convulsión rompedora, no que respecta á narrativa. Para el a mellor industria, sen dúbida, é a da invención. Cambiando de tema, pecha a conversa afirmando que Galicia está infantilizada porque os que conduciron o proceso da autonomía non crían nela.

_____, "Carmen Blanco. A literatura galega é un novo espacio público para as mulleres", *La Voz de Galicia,* "*Revista de Cultura*", "Corte e confección", ano I, nº 32, 5 outubro 1995, p. 5.

Profesora, investigadora e ensaísta especializada no feminismo e na literatura de mulleres, acaba de publicar tres libros, froito de quince anos de traballo. Afirma que esta preocupación polas mulleres lle vén de familia. Respecto ó panorama literario, opina que a partir de 1975 hai un agromar de mulleres na escrita, fundamentalmente en obras de pensamento, non de ficción. Asegura sentir unha grande satisfacción por dar clases. Finalmente, declárase nunha tradición de pensamento e actitudes vitais, libertaria, aberta e antidogmática.

_____, "Xosé Antonio Neira Cruz. A inspiración non existe", *La Voz de Galicia,* "*Revista de Cultura*", "Corte e confección", ano I, nº 33, 12 outubro 1995, p. 5.

Autor que medrou cos libros de A. Fole e X. Neira Vilas, representa a nova xeración de escritores galegos cunha perspectiva diferente do mundo (unha cultura transnacional). Home políglota e polifacético, publicou diversos libros, acadou algúns premios, traduciu obras do italiano, catalán e portugués, e sinala que traducir é conectarse coas liñas directrices da cultura universal. A clave para escribir, afirma, é estar ó tanto do que pasa e reinterpretalo en clave persoal. Considera, como remate, que autores como Rosalía e Castelao deberían estar máis preto dos rapaces.

_____, "Vítor Vaqueiro. Os procesos de liberación nacional sempre empezan pola poesía", *La Voz de Galicia,* "*Revista de Cultura*", "Corte e confección", ano I, nº 34, 19 outubro 1995, p. 5.

A súa obra é unha achega orixinal e consciente. Explica o seu paso de poeta a narrador por un proceso de concienciación e liberación nacional. Declárase admirador dos clásicos, fundamentalmente dos alemáns. É sumamente crítico coa normativa oficial e coa política de normalización e pretende un achegamento ó portugués. Anuncia, por último, a inminente saída da súa obra *Relatividade da teoría*.

_____, "Méndez Ferrín. O estado debe promover a política cultural ", *La Voz de Galicia,* "*Revista de Cultura*", "Corte e confección", ano I, nº 35, 26 outubro 1995, p. 5.

Comeza esta entrevista confesando un cambio de afeccións, motivado tal vez polo estado de ánimo da vellez. Continúa sinalando que para escribir unha boa novela é preciso unha carga de experiencia e de escepticismo. Na súa poesía non existe innovación temática pois, comenta, son lugares comúns da literatura universal. Afirma ademais que non se pode ser poeta todo o tempo, senón o tempo xa se encargará de poñer a cada un no seu sitio. Remata declarando que escribe por necesidade, non como obriga: a escrita é algo marxinal á súa vida.

_____, "Xosé Cid Cabido. Ser escritor en galego conleva o anonimato", *La Voz de Galicia,* "*Revista de Cultura*", "Corte e confección", ano I, nº 36, 2 novembro 1995, p. 5.

Inicia preguntándose se se pode facer literatura profesional nun país con tan baixas ventas de libros. O escritor galego é descoñecido para o público. A nosa lingua e a nosa literatura vívense porque resisten. Sinala ó mesmo tempo que non existe unha crítica como conxunto estable, con criterios propios e profundidade. Continúa afirmando que a novela explorou todo o seu territorio natural e, se segue adiante, entrará no territorio do cine. Nos seus libros traballa como se estivese facendo cine. Declárase fillo literario de Blanco Amor e Ferrín, entre outros. Finalmente, recoñece non estar disposto a renunciar á loita pola reconstrución do seu país, por se-lo seu e por estar tan humillado.

_____, "Vicente Araguas. A loita continúa", *La Voz de Galicia,* "*Revista de Cultura*", "Corte e confección", ano I, nº 38, 16 novembro 1995, p. 5.

Para Vicente Araguas as persoas do 68 non foron derrotadas, afirma que non houbo derrota moral, pois a loita aínda continúa. Da súa época en Voces Ceibes confesa que aquilo foi unha especie de historia de amor e que todos eran uns optimistas históricos. Da situación actual de Galicia opina que adoece dun exceso de "ninguneo", pois non se dá o aplauso unánime a ninguén. Autor que acaba de publicar un poemario no que volve sobre o amor (comenta que o amor na fotesía actual), ten a súa primeira novela a piques de saír. Remata comentando que a saudade tal vez sexa ese punto medio entre o amor e o desamor, fronte á morriña que é deixarse morrer.

_____, "Alfonso A. Cáccamo. Para escribir hai que rachar moito papel", *La Voz de Galicia*, "*Revista de Cultura*", "Corte e confección", nº 40, 30 novembro 1995, p. 5.

Cun utópico desexo inicia esta entrevista Alfonso A. Cáccamo: debería haber unha asesoría literaria e mesmo un banco de ideas. Declárase escritor vocacional absolutamente posuído pola literatura. Continúa confesando que escribir lle serve para reflexionar, pasar un bo rato, transmitir ideas e establecer un contacto co lector. Na novela, sinala, é preciso tempo continuo, argumento sólido e esquema ben trazado. O seu pai, Xosé María Álvarez Blázquez, espertou nel a curiosidade intelectual e o gusto polas cousas sinxelas da vida.

_____, "Alfredo Conde. Nacín de pé", *La Voz de Galicia*, "*Revista de Cultura*", "Corte e confección", nº 41, 7 decembro 1995, p. 5.

Nesta entrevista, o escritor alaricano Alfredo Conde adianta o contido dun entremés teatral que acaba de escribir, un xogo literario no que aparecen personaxes como Castelao ou Otero Pedrayo. Conde reflexiona tamén sobre a Galicia actual, na que se produce, na súa opinión, o choque entre dúas maneiras distintas de entende-lo mundo. Fala do illamento voluntario no que vive, do traballo que lle está a causa-la súa próxima novela, e mesmo comenta algúns asuntos de índole ecolóxica. Conclúe mostrando a decepción que lle ocasionou o seu contacto coa política profesional.

_____, "Xesús Alonso Montero. Fíxeno todo pola miña conciencia", *La Voz de Galicia*, "*Revista de Cultura*", "Corte e confección", ano I, nº 42, 14 decembro 1995, p. 5.

Profesor e escritor de erudición, Xesús Alonso Montero conseguiu o recoñecemento da sociedade polo seu labor no eido da literatura, se ben a lingua e a política son outras das súas paixóns. Confesa que non pode se-lo mesmo de hai vinte ou trinta anos porque xa non cre posible incidir no curso da historia, e dende entón séntese "no paro". Afirma que o momento que vive a literatura galega non é malo, se ben sempre se debe agardar máis. Finalmente comenta a situación do galego, que non mellorará mentres non sexa unha lingua estamental.

_____, "Xosé Fernández Ferreiro. Quero que me esquezan cando morra", *La Voz de Galicia*, "*Revista de Cultura*", "Corte e confección", ano I, nº 43, 21 decembro 1995, p. 5.

Monólogo deste autor, que se confesa un solitario, no que comeza falando da súa rebeldía (porque se sente un home libre, de aldea, incorruptible) e pasa logo a trata-lo tema do amor, a súa estancia en Madrid e a experiencia co grupo Brais Pinto e o seu contacto co mundo do cine. Continúa falando dos seus proxectos dentro da literatura, tanto da reedición dos seus libros coma dos novos libros que ten en mente. Confesa querer face-lo posible para que non morra nin esta terra nin esta lingua ás que tanto ama.

_____, "Miguel Anxo Murado. O guionista é a parte máis barata dunha producción", *La Voz de Galicia*, "*Revista de Cultura*", "Corte e confección", nº 44, 28 decembro 1995, p. 5.

Escritor, articulista e dramaturgo séntese ante todo narrador. Confesa que comezou a escribir en galego como algo normal, non por militancia nin vaidade ou por pensar que a sobrevivencia do idioma dependía del. Con 17 anos gañou o premio do Café Gijón. En canto á súa producción dramática tivo a satisfacción de ve-las súas dúas obras (*A noite de Fiz* e *Historias Peregrinas*) representadas baixo a dirección de Eduardo Alonso. Afirma non sentirse un intelectual comprometido. Conclúe esta entrevista falando do cine ó que lle dá unha grande importancia e comenta que quén sabe se dentro de pouco os guións de cine non se estudiarán na literatura xunto co teatro.

Regueiro, Carina, "Estro Montaña viaxa pola beira dos seres perdidos", *O Correo Galego,* "*Revista das Letras*", nº 54, 4 maio 1995, p. 6.

Entrevista na que Estro Montaña expón a súa poética á hora da realización dunha novela e manifesta a súa predilección polos personaxes difíciles, como ocorre coa súa última novela *Pancarta para Xulia*.

Rielo Lamela, Pedro, "Honorable mestre", *O Correo Galego*, "Lecer",

24 decembro 1995, pp. XX-XXI.

Entrevista con Don Xosé Filgueira Valverde, que será investido Doutor Honoris Causa pola Universidade de Santiago de Compostela. Recorda os seus primeiros anos en Compostela, os alicerces da súa permanente formación xunto ós mestres da Xeración Nós, o seu ingreso na Real Academia Galega e a formación, en 1923, do Seminario de Estudos Galegos, ó que considera "unha verdadeira irmandade" e do que subliña o seu carácter interdisciplinar. Como presidente do Consello da Cultura Galega sinala que o seu obxectivo ó longo dos cinco anos que leva á fronte da institución, sempre consistiu en mante-lo espírito de Ramón Piñeiro.

Ripoll, Anciñas, "Un filólogo na busca da verdade histórica", *O Correo Galego*, "Lecer", 29 xaneiro 1995, pp. VI-VII.

Entrevista con Xesús Alonso Montero que prepara o libro *Guerra civil e literatura galega*, un traballo de investigación co que pretende analiza-los feitos e a falta de memoria histórica sobre este período. Cre que tanto a cultura galega coma o galeguismo sufriron grandes perdas coa guerra e co franquismo. Tan só a iniciativa de creación da Editorial Galaxia, da man de Ramón Piñeiro, un proxecto que non todos apoiaron, e o labor no exilio son as empresas que salvan á literatura galega. Moitos escritores deixan de escribir en galego e outros, por medo, manifestan ideas contradictorias que cómpre analizar coa obxectividade da distancia. Sobre as súas ideas políticas manifesta que entrou en contacto co galeguismo a través de Ramón Piñeiro, que lle abreu os ollos á lingua, a Galicia e á literatura. Sen embargo non se considera nacionalista porque segundo di, "o nacionalismo nunca me deu tódalas respostas" e ratifica a súa militancia comunista dende o ano 1962 ata o 1977. Non desdeña os seus logros profesionais, pero confesa que non lle enchen demasiado, nun país onde non se escoita ós verdadeiros intelectuais.

_____, “A voz no xornal dunha escritora”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 19 febreiro 1995, pp. VI-VII.

Entrevista a Helena Villar Janeiro, galardoada co premio xornalístico Puro de Cora polo artigo “En loor da fregona”, no que trata con ironía sobre a necesidade de comparti-los traballos domésticos. Cre que “tanto os homes como as mulleres temos que ser feministas para saír desta situación de desigualdade”, de aí o ton de defensa dos dereitos das mulleres nos seus artigos. Considera a poesía a súa expresión máis natural, quizais polo ambiente familiar que a rodeou, xa que o seu pai era poeta. A narrativa para nenos xurdiu como forma de explorar novos mundos literarios e para compartilos cos seus fillos ou sobriños, tendo sempre presente ó interlocutor. Sobre a súa infancia en Becerreá recorda os difíciles momentos da posguerra, “unha época triste, mala”. Valora positivamente os premios, mesmo a súa parte económica. Pensa que a literatura galega pasa por un momento interesante e de producción crecente, aínda que cómpre protexer ben á lingua.

_____, "Ardeiro, un trobeiro dos de agora mesmo", *O Correo Galego*, "Lecer", 5 marzo 1995, pp. VI-VII.

Ardeiro é Xosé María López, poeta de Negreira, que nesta entrevista relata a súa vida e o seu concepto da poesía, unha poesía intimista na que dominan os temas da paisaxe e dos individuos, homes e mulleres, que ten coñecido. Outros temas tratados nesta conversa son o seu coñecemento da dura realidade social de moitos países de América Latina que ten visitado, o papel das institucións na defensa da lingua, ou a súa opinión sobre o panorama actual da literatura en lingua galega.

Rodríguez, Manuel, "A crítica premia a Borrazás polo seu *Criminal*", *La Voz de Galicia*, "*Revista de Cultura*", ano I, nº 9, 27 abril 1995, p. 6.

Recensión-entrevista na que se dá conta do outorgamento a Xurxo Borrazás do Premio Nacional da Crítica en galego na sección de narrativa, premio que o seu propio autor cualifica de "lambeirada moral" que o anima a seguir escribindo.

Rodríguez, Rosa, "Xosé Neira Vilas. Sempre houbo corrupción pero as augas volverán ó seu", *O Correo Galego*, 10 decembro 1995, p. 64.

Pequena entrevista con Xosé Neira Vilas na que manifesta que cre no futuro cultural de Galicia e que os obxectivos polos que a súa xeración loitaba, as liberdades individuais e o idioma, xa se lograron. Non cre nos "apolíticos" e confía en que remate a corrupción. Confesa a súa vocación de escritor, a importancia da memoria e a marca da infancia.

Rolland, Eduardo, "Galicia no participó en la Transición: sólo chupó rueda", *Faro de Vigo*, "La transición en Galicia", 17 outubro 1995, p. 21.

Entrevista a Xosé Luís Méndez Ferrín na que se fala dos primeiros anos da transición en Galicia, das opcións vinculadas ó nacionalismo e do seu fracaso naqueles anos.

S. S. "Demando a Edicións Xerais porque me engañó con falsas promesas de edición", *Atlántico Diario*, 23 setembro 1995, p. 56.

Entrevista ó escritor vigués Lois Fernández Marcos, quen pensa demandar a Xerais por incumprimento do contrato de edición dunha novela súa. Fai unhas declaracións nas que fai constar: "Si no eres conocido, editar en gallego es casi imposible porque los factores que influyen en las ventas son, por este orden: nombre o prestigio del autor, promoción de la obra, comercialidad y calidad".

Vaquero, Natalia, "Quiero llegar al siglo XXI en compañía de mi esposa", *Faro de Vigo*, 31 decembro 1995, p. 32.

Nesta entrevista recóllense as opinións de Antonio Fraguas sobre as celebracións do Nadal en Galicia, e sobre os seus obxectivos vitais, o principal dos cales é chegar ó ano 2005 xunto co seu amigo Filgueira Valverde e a súa muller coa que leva casado dende o ano 1932.

Veiga, Manuel, "Ramiro Fonte. Entre os intelectuais galegos hai un entreguismo xeralizado", *A Nosa Terra*, nº 665, "Guieiro Cultural", "A Literatura Galega a Debate",16 marzo 1995, p. 28.

Entrevista a Ramiro Fonte, na que fala de temas relacionados coa literatura galega. Pensa que entre os escritores de hoxe en día hai unha actitude de acomodación e pouca reflexión, o que os condena a un "exilio interior". Confesa que é moi obsesivo cos libros e que escribe moito, sempre centrándose na nostalxia e na evocación, sen renunciar ás interrogantes que xorden no presente. Pensa que os novos escritores están aínda fascinados pola vangarda e son "entreguistas á esa cultura do efímero". Sobre o lector ideal, cre que non abonda, fronte ó público escolar e o lector xeral, máis entregado á narrativa, un xénero de "batalla" e en certo modo "escapista" da realidade que vive.

_____, "Manuel María. Se a Xunta fai algo pola cultura galega é por taparlle a boca ao nacionalismo, pero non o sinten", *A Nosa Terra,* nº 690, "Guieiro Cultural", 7 setembro 1995, p. 26.

Entrevista ó escritor Manuel María, con motivo da homenaxe que se lle tributaría uns días máis tarde na Coruña. Manuel María lembra épocas difíciles da súa vida, coa persecución que sufriu a cultura galega por parte do franquismo, e fala tamén do presente, no que non ve un verdadeiro interese institucional por normaliza-lo galego. Fai tamén un rápido percorrido pola súa traxectoria literaria, e lembra a súa relación con outros escritores galegos.

Vidal, Carme, "Manuel Outeiriño. A literatura galega mete medo porque é moi boa", *A Nosa Terra*, nº 656, "Guieiro Cultural", 12 xaneiro 1995, p. 25.

Entrevista ó xornalista Manuel Outeiriño, co gallo da publicación do seu poemario *Depósito de espantos*. Outeiriño opina que a literatura galega posúe unha grande calidade e fala da importancia de clásicos como Rosalía ou Curros. Por outra banda, afirma que non existen os límites entre o escritor e o xornalista, e lembra a súa experiencia profesional en *Diario de Galicia*.

Vidal, Carme e Soedade **Noya**, "Escritas de mulleres", *O Correo Galego*, "*Revista das Letras*", nº 49, 2 marzo 1995, pp. 14-20.

Recolle a conversa mantida por Luz Pozo, Úrsula Heinze, Helena Villar, Carmen Blanco, Sabela Mouriz, Ana Romaní e Sabela Álvarez, sobre distintos aspectos das mulleres no mundo da literatura galega. Reflexionan sobre seis preguntas, que dan as pautas xerais da conversa, na que cada unha ofrece os seus matices. A presencia e aparición das mulleres na literatura e a constatación da excepcionalidade de Rosalía, as características da escrita feminina, o termo específico "literatura de muller", o xénero infantil e a poesía como xéneros vehiculares das escritoras, a necesidade ou non de potencia-la súa escrita e o desartellamento do canon masculino, son algúns dos temas tratados.

Villar, Sindo, "Valle-Inclán era un tío moi cañero e moi rebelde", *El Mundo*, "Teatro/entrevista", 12 novembro 1995, p. 4.

Entrevista a María Pujalte, actriz. Mª Pujalte interpreta a "La Sinibalda", en *La hija del capitán*, un dos esperpentos de *Martes de carnaval*, de Valle-Inclán. O tema central da obra, a avidez de poder político dos militares españois, ten, segundo a actriz, plena actualidade: "Valle é contemporáneo. A súa linguaxe é moderna, o seu ritmo e as súas situacións, extremas".

Viqueira, Silvia, "O verán dá moito para soñar, por esa luz e esa claridade", *O Correo Galego,* Suplemento Vacacións, "Vexo, vexo", 1 agosto 1995, p. 5.

Conversa con Xosé Neira Vilas sobre as súas ocupacións veraniegas, andar, ler, escoitar música e traballar. Prepara o terceiro volume de *Memorias da emigración.*

X. C., "Morreu Trapero Pardo, en plenas festas de San Froilán", *A Nosa Terra*, nº 695, "Guieiro Cultural", 12 outubro 1995, p. 32.

Artigo que recupera a vida e traxectoria de Trapero Pardo. Reproduce tamén un anaco dunha entrevista publicada en 1990 neste mesmo semanario, na que fala do seu personaxe Pelúdez.

X. S. M., "Suso de Toro: 'Eco es un bluff como narrador", *El Correo Gallego*, "Vuelta de hoja", 29 setembro 1995, p. 32.

Brevísima entrevista a Suso de Toro onde comenta as súas lecturas actuais, fundamentalmente novela negra. Cualifica a Eco e Milán Kundera como "bluff" en narrativa.

V. Ensaio. Teoría Xeral. Crítica

V. 7. Publicacións en xornais: presentacións

7.7. Publicacións en xornais: presentacións

A. D., "Presentación dun libro de Assis Pacheco", *Atlántico Diario*, 25 marzo 1995, p. 58.

Nun breve artigo dáse noticia da presentación en Vigo de *Traballos e paixóns de Benito Prada*, biografia novelada dun galego emigrado en Portugal.

_____, "Presentación de un libro de poemas de María Xosé Queizán", *Atlántico Diario*, 29 marzo 1995, p. 58.

Presentación de *Fóra de min* (1994), no café Ardora de Vigo, un alegato contra a xenofobia.

_____, "Hoy se presenta el libro que obtuvo el premio Martín Codax", *Atlántico Diario*, 26 setembro 1995.

Presentación en Vigo, no Centro Cultural Caixavigo, da obra gañadora do premio Martin Codax, *Contra Mar*, de Xesús Franco, acto no que estiveron presentes Víctor Freixanes, Xosé Méndez Ferrín, Ramón Barral, presidente das Bodegas Vilariño, e o alcalde de Vigo, Manuel Pérez.

A. G. N., "Máis de 3.000 libros compoñen o III Catálogo *O libro galego onte e hoxe* e serán expostos no Museo do Pobo Galego", *Diario de Pontevedra*, 4 xaneiro 1995, p. 25.

Nova sobre a presentación ós medios de comunicación do terceiro volume de *O libro galego onte e hoxe*, que na liña dos anteriores recolle 3.282 rexistros de obras publicadas dende 1988. Neste acto, o presidente da Federación de Libreiros Galegos, Xosé Manuel Alonso Martínez, subliñou o feito de que cada vez se lea máis en galego e haxa máis publicacións nesta lingua, a pesar de que hai que concienciar á sociedade cara á lingua.

_____, "O presidente da Xunta presentou os 50 títulos da Biblioteca da Cultura Galega como "a máis completa que existe no mercado", *Diario de Pontevedra*, 3 maio 1995, p. 23.

Presentación da Biblioteca da Cultura Galega no Clube Internacional de Prensa de Galicia en Santiago. Este proxecto estivo a cargo da editorial Ir Indo, a Radio Televisión de Galicia e Caixa Galicia. Manuel Fraga salientou o carácter didáctico e recompilatorio desta colección, que recolle a esencia do pensamento e do pobo galego.

_____, "El rector impuso a Antonio Fraguas la Medalla de Oro de la Universidad", *Diario de Pontevedra*, 19 outubro 1995, p. 25.

Presentación do libro *O colexio de Fonseca,* de Antonio Fraguas, recompilación dos textos que constituíron a súa tese de doutoramento co engadido de novos estudios. Durante este acto, Darío Villanueva entregoulle a Medalla de Ouro da Universidade de Compostela.

Alonso, Marta, "Cincocentos anos amando a Rabelais", *O Correo Galego*, 10 xaneiro 1995, p. 33.

Ó se cumpri-lo Vº Centenario da morte de François Rabelais, preséntase a traducción ó galego da súa obra *Gargantúa e Pantagruel*, da man de Henrique Harguindey Banet, que recibiu por este traballo o Premio Ramón Cabanillas da Xunta de Galicia. O artigo recolle unha descrición da vida e obra deste frade (1494-1553), que creou en 1532 a obra coa que obtivo maior éxito, e na que destaca a ironía e a diversión. Rabelais foi o inventor e precursor da consideración da risa como medicina curativa e como xeito de enfrontarse ós problemas da vida.

D. P., "Presentación del libro *Lumefrío* de Ramón Caride", *Diario de Pontevedra*, 17 febreiro 1995, p. 12.

Co gallo da presentación do libro de relatos *Lumefrío* (Xerais, 1994) no Auditorio de Caixa Galicia en Vigo, este artigo fai un percorrido pola biografía e pola traxectoria literaria do seu autor. Do libro presentado saliéntanse algúns dos temas que se abordan nos relatos que o compoñen: o tratamento do conflicto entre ciencia/tecnoloxía e sociedade, a loita do creador por facer real unha obra que ninguén poida volver contra el, ou as reaccións humanas perante o cancro, a sida ou as drogas.

E. C., "Xesús Rábade mergúllase no barroco"/"*As sombras do barroco* e a memoria dun tempo florecente", *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 13 xaneiro 1995, p. 36/p. 58.

Presentación de *As sombras do barroco* (1994) no Casino de Santiago. O autor destacou o ambiente do século XVII na novela, a precisa documentación que requeriu e o coidado da lingua. Continúa a triloxía iniciada no 1991 con *Branca de Loboso.*

_____, "Onte presentáronse no Centro Ramón Piñeiro dous novos libros: 'O Padre Feixoo' e 'Alba", *El Correo Gallego*, 27 abril 1995, p. 12.

Recóllese a presentación de dúas publicacións do Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro: o libro *O Padre Feixoo*, da autoría do profesor Ramón López Vázquez, e a edición facsimilar da revista *Alba,* a cargo dun equipo coordinado por Luís Alonso Girgado.

_____, "O Padre Feixoo e 'Alba' en dous novos libros", *O Correo Galego*, 27 abril 1995, p. 12.

Glósase a presentación de dúas publicacións do Centro Ramón Piñeiro realizada no citado centro: *O Padre Feixoo* e *Alba*. Na presentación estiveron presentes, ademais de Ramón López Vázquez e Luís Alonso Girgado, autor e coordinador respectivamente das publicacións citadas, os escritores Manuel María e Xosé Mª Álvarez Cáccamo que falaron do papel cumprido pola revista *Alba* no panorama literario galego da posguerra. Tamén tomou a palabra un dos poetas que colaboraran na revista, Francisco de La Colina, que reclamou a atención dos presentes sobre as composicións en castelán presentes na revista.

_____, "Un detective galego, nun xogo *A tres bandas*", *O Correo Galego*, 5 maio 1995.

Fálase da presentación de *A tres bandas*, de Xosé Miranda, na que participaron Manuel Bragado e Bieito Iglesias. Recóllense unhas manifestacións de Miranda, nas que este afirma a súa pretensión de "reflectir a realidade galega".

_____,"Sotelo Blanco entra no 96 apostando pola nova narrativa", *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 28 decembro 1995, p. 41/p. 14.

Nota sobre a presentación en Santiago, dos novos títulos da editorial Sotelo Blanco: na colección Clásicos Galegos, unha edición crítica de *Queixumes dos pinos,* de Pondal realizada por Manuel Ferreiro; as obras de dous novos autores galegos -Santiago Jaureguizar e Xerardo Méndez-, na nova colección Docexvintedous; na colección Medusa Narrativa, *A lenda do santo bebedor*, de Joseph Roth, *Vida brava*, de Richard Ford, e na colección Biblioteca das Traduccións, *Os papeis de Aspern*, de Henry James.

F. J. G., "Edicións Xerais presentó en Vigo su nueva colección "Ferros" de libros de bolsillo", *Faro de Vigo*, 11 xuño 1995.

Crónica na que se comenta a presentación, na galería Sargadelos de Vigo, da nova colección de Edicións Xerais, "Ferros", na que se recollen textos literarios de contido diverso, aínda que todos eles de pequeno formato. Cita tamén os primeiros títulos da colección, asinados por autores como Alfonso Pexegueiro ou Manuel Rivas.

Fernández, Ana María, "Relatos de ciencia ficción en galego", *La Región*, 26 febreiro 1995, p. 15.

Presentación do libro *Lumefrío* (1994), de Ramón Caride Ogando, en Ourense. Percórrese a traxectoria deste escritor vencellado a Cambados, tanto no seu mundo real coma na ficción. Caride confesa escribir na liña de Cortázar, preocupándose polo suspense, a sorpresa da acción, as palabras precisas e a condensación propia do relato breve.

_____, "Un acto de xustiza", *La Región*, 17 marzo 1995, p. 11.

Resumo da presentación na Aula de Cultura de Caixa Ourense dos tres primeiros tomos das *Obras Completas,* de Vicente Risco, en edición conxunta de Galaxia e da Xunta de Galicia. A presentación correu a cargo do fillo do escritor, Antón Risco -quen destacou a vixencia da obra de Vicente Risco-, Manuel Fraga -quen recoñeceu nesta publicación unha homenaxe ben merecida-, e Carlos Casares, que desvelou a estructura dos volumes: o primeiro contén a obra literaria en galego, o segundo a obra en castelán, e o terceiro está dedicado ó traballo etnográfico. Nos próximos meses saiírán á luz outros tres tomos.

_____, "Un axuste de contas cos galegos", *La Región,* 25 marzo 1995, p. 13.

Nesta ocasión, na presentación do libro, *Traballos e paixóns de Benito Prada* (1994), o autor, Assis Pacheco, explicou o seu relato como un axuste de contas entre portugueses e galegos, isto é, como unha homenaxe ós galegos, tan mal tratados pola literatura portuguesa. Como descendente de galegos, o autor deu conta do forte carácter biográfico do relato.

Fraguas Fraguas, Antón, "A nova edición facsímile da revista *Aturuxo*", *O Correo Galego*, "Lecer", 22 outubro 1995, contracapa.

Presentación do facsímile da revista de poesía e crítica, *Aturuxo* (1952-1960). No artigo faise un percorrido pola historia da revista, dende os seus comezos ata o remate, no 1960. Enuméranse tódolos colaboradores, subliñando o máis representativo do seu labor literario.

Franco, Fernando, "*O libro galego, onte e hoxe*: itinerario por la producción editorial de Galicia", *Faro de Vigo*, 3 maio 1995, p. 8.

Artigo sobre a presentación en Vigo do terceiro catálogo editado pola Federación de Libreiros de Galicia, *O libro galego, onte e hoxe*, que recolle as publicacións editadas entre 1988 e 1993. Iníciase ademais unha exposición itinerante que mostrará cerca de 3000 títulos editados dende 1989.

Gil, Francisco, J., "Darío X. Cabana presentó en Vigo *O cervo na torre*, ganador del Xerais de novela", *Faro de Vigo*, 21 xaneiro 1995.

Informa da presentación de *O cervo na torre* de Darío Xohán Cabana, -gañador do Premio Xerais na edición de 1994- na editorial Xerais en Vigo. Manuel Bragado, director da editorial, fixo un percorrido pola obra literaria do escritor, e Méndez Ferrín loou a calidade da lingua do autor.

_____, "Teatro Keyzán publica *A raposa e as uvas* de Guilherme Figueiredo", *Faro de Vigo*, 18 abril 1995, p. 8.

Presentación do terceiro volume da colección de obras teatrais representadas por Teatro Keyzán, "Escena". *A raposa e as uvas* foi representada hai dez anos e acada agora formato de libro, en traducción do brasileiro de X.L. Méndez Ferrín. O volume inclúe comentarios, bocetos de vestiario e da posta en escena, e notas biográficas do autor.

Gimeno, Maite, "María Xosé Queizán aborda la marginación en su nuevo libro", *El Correo Gallego*, 5 maio 1995, p. 10.

Presentación do poemario de Mª Xosé Queizán, *Fóra de min* (1994), en Vigo. Nesta obra aborda o desarraigo das persoas menos favorecidas pola vida e a sociedade, as vencidas pola historia. Destaca nas súas intervencións que enfoca os seus libros de poesía como ensaios.

I. G., "Más de 1.500 personas visitaron la muestra *O libro galego onte e hoxe*", *El Ideal Gallego*, 18 xaneiro 1995, p. 37.

Pequena nota que dá conta do éxito de público desta mostra organizada no Museo do Pobo Galego pola Federación de Libreiros de Galicia, con motivo da presentación do terceiro catálogo co mesmo título, que recolle as publicacións en galego escritas entre 1988 e 1993.

_____, "Presentado un libro sobre la vida del gallego Pepe de Xan Baña", *El Ideal Gallego*, 10 febreiro 1995, p. 38.

Na Biblioteca Pública do concello de Cabana levouse a cabo a presentación do libro *A vida e a obra de Pepe de Xan Baña*, da autoría de Manuel Froxán e Ramón Ferreiro. O libro glosa a figura do galego José Baña Pose (1872-1889), destacando as coplas da súa autoría, que sobreviviron na memoria popular, e o seu papel no mundo da emigración.

_____, "La última obra poética de Xavier Seoane completa la colección Bahía Branca", *El Ideal Gallego*, 23 marzo 1995, p. 18.

Anuncio da presentación da obra de Xavier Seoane, *Eu tamén oín as vozes do orvallo* na colección Bahía Branca, deseñada por Manuel Facal.

_____, "Xosé Miranda presenta su nueva obra *A tres bandas* hoy en la feria del libro", *El Ideal Gallego*, 4 maio 1995, p. 19.

Anúnciase o programa de actos do día da feira do libro de Santiago, entre os que salienta a presentación do libro *A tres bandas*, de Xosé Miranda.

M. V. V., "Escena: unha necesaria colección de teatro", *Atlántico Diario*, 29 abril 1995, p. 50.

Presentación da nova colección "Escena", con tres títulos, *A raposa e as uvas*, de Guilherme Figueiredo, *Despois de Magritte*, de Tom Stopard, e *La puerta del paraíso*, de Miguel Cobaleda, en edición acompañada de textos de introducción, fotografías ou debuxos. O articulista aplaude esta iniciativa a prol do teatro por parte do director da colección, Maximino Keyzán.

Pablos, "La colección 'Escena Literaria' o el teatro total por el grupo Keyzán",

Faro de Vigo, 27 abril 1995, p. 8.

Anuncia a presentación no Círculo Mercantil de Vigo, de tres títulos da colección "Escena", *Despois de Magritte*, de Tom Stopard, *La puerta del paraíso*, de Miguel Cobaleda, e *A raposa e as uvas*, de Guilherme Figueiredo. No acto da presentación intervirán actores que levaron a escena as devanditas obras, os traductores e comentaristas, e como invitado Miguel Cobaleda.

Soliña, María, "Por palabras e filosofías", *O Correo Galego*, "Galicia, terra nosa", 10 xaneiro 1995, p. 26.

Nota sobre a próxima presentación (o 12 de xaneiro) de *As sombras do Barroco* (Galaxia), de Xesús Rábade Paredes, no Casino de Santiago, acto no que estarán presentes Xabier Senín, subdirector da Consellería de Cultura da Xunta, e a súa muller Helena Villar Janeiro.

_____, "Preto de Avilés de Taramancos", *O Correo Galego*, "Galicia, terra nosa", 28 novembro 1995, p. 48.

Artigo que alude, entre outras cousas, á presentación do libro *Aproximación didáctica á obra de Antón Avilés de Taramancos*, de Xosé Agrelo Hermo, así como o de *Didáctica da historia moderna de Galicia. O antigo réxime*, de Xerardo Agrofoxo.

_____, "Mecenas literarios", *O Correo Galego*, "Galicia, terra nosa", 3 abril 1995, contracapa.

Fai referencia nunha breve nota á presentación na Casa de Galicia de Madrid o 5 de abril, do libro de relatos *Égida*, de Otilia Seijas, acto no que estarán presentes Fernando Ónega e Víctor Vázquez Portomeñe.

_____, "O Anuario de estudios literarios do 94 preséntase en Arenas", *O Correo Galego,* "Galicia, terra nosa", 21 xuño 1995.

Breve referencia á presentación na librería Arenas da Coruña, en colaboración coa editorial Galaxia, do *Anuario de estudios literarios galegos 1994*, acto no que estarán presentes Xosé Manuel Dobarro, Damián Villalaín e Manuel Regueiro.

Vidal, Magdalena M., "La Xunta programa doce ferias del libro para este año en Galicia", *El Ideal Gallego*, 20 abril 1995, p. 32.

Presentación en Santiago de Compostela pola Consellería de Cultura e por representantes da Federación de Libreiros de Galicia, do programa das doce feiras culturais a celebrar en Galicia no 95. A maior novidade está no aumento de contido de ditas feiras, que pasan a denominarse culturais e a recoller tamén *stands* dedicados á música e ás artes plásticas, como sucederá en A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago e Vigo.

V. Ensaio. Teoría Xeral. Crítica

V. 8. Publicacións en xornais: notas e escritos varios

A. G. N., "Edición Xerais inaugura la colección de libros de bolsillo *Ferros*", *Diario de Pontevedra*, 12 xuño 1995, p. 14.

Anuncio da publicación dos catro primeiros títulos da colección Ferros. Infórmase sobre as características da mesma e coméntanse brevemente as catro obras inaugurais: *Os nerviosos elegantes de Raoul Dufy*, de Andrés A. Vila, *Contornos*, de Xavier Queipo, *¿Serán os cisnes que volven?*, de Alfonso Pexegueiro e *Costa da Morte Blues*, de Manuel Rivas.

_____, "El Día das Letras de 1996 estará dedicado a Xesús Ferro Couselo", *La Región*, 20 xuño 1995, p. 57.

Noticia centrada na homenaxe a Ferro Couselo o próximo Día das Letras Galegas. Saliéntase a súa dedicación ó Arquivo e Museo Provincial de Ourense.

_____, "Cien años de literatura gallega contemporánea en el III Congreso de Escritores Galegos", *Diario de Pontevedra*, 22 setembro 1995, p. 21.

Breve comentario de carácter informativo sobre a celebración do IIIº Congreso de Escritores Galegos, patrocinado pola Consellería de Cultura, coa colaboración do Museo do Pobo Galego e presentado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG). O congreso contará coa presencia de máis de sesenta escritores en lingua galega, que reflexionarán e debaterán sobre a literatura galega contemporánea e sobre as perspectivas da creación en galego.

_____, "Once editoriales llevan los libros gallegos a la Feria de Francfort", *El Progreso*, 13 outubro 1995, p. 54.

Presencia das editoriais galegas na feira de Francfort por sétimo ano, co apoio da Xunta de Galicia.

_____, "O presidente da Xunta cre que estudiar a Vicente Risco é "estudiar a Galicia enteira", *Diario de Pontevedra*, 19 outubro 1995, p. 25.

Noticia da inauguración do Congreso sobre Vicente Risco, que se celebrou do 18 ó 21 de outubro en Ourense, organizado pola Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, en colaboración con Caixa Ourense. Daranse cita máis de cen especialistas, baixo a dirección técnica de Carlos Casares. Manuel Fraga salientou a figura de Risco, fundamental en Galicia, a necesidade desta homenaxe a un intelectual renovador, así como a edición das súas *Obras Completas*, que realiza a Xunta en colaboración coa Editorial Galaxia.

_____, "El profesor José Luis Varela expuso el anacronismo deliberado de Bradomín", *Diario de Pontevedra*, 25 outubro 1995, p. 20.

Breve referencia ás dúas ponencias que tiveron lugar na segunda xornada do Congreso de Valle-Inclán, a cargo do profesor José Luís Varela, que analizou o personaxe de Bradomín, e Dru Dougherty, que salientou a modernidade de *Flor de Santidad.*

A. I., "Un voto por la igualdad", *El Correo Gallego*, 10 febreiro 1995, p. 34.

Informa da reunión de dez compañías teatrais galegas na Sala Nasa en Santiago e da presentación dun manifesto para opoñerse á política teatral do IGAEM, con respecto ó intercambio de compañías entre Galicia, Aragón e Madrid, que consideran discriminatorio e arbitrario, xa que só tres grupos de teatro poderán acceder a representacións fóra de Galicia.

A. R., "Xesús Ferro protagonizará el Día das Letras Galegas del 96", *La Voz de Galicia*, 20 xuño 1995, p. 5.

Breve noticia que dá conta da decisión da Real Academia Galega de homenaxear a Ferro Couselo e ofrece algúns datos sobre a súa obra así como do nomeamento de Xesús Ferro Ruibal e Ramiro Fonte Crespo como membros da institución.

_____, "Ferrín pon o peso da "estirpe" galega ó lombo dos escritores", *O Correo Galego*, 25 setembro 1995, p. 17.

Recolle as palabras da conferencia de Ferrín pronunciada na clausura do IIIº Congreso de Escritores Galegos, na que falou sobre a lingua galega remontándose á antigüidade e comparando a situación co presente.

A. R. I., "Méndez Ferrín: "Galicia é a poboación con máis palabras prerromanas",

El Correo Gallego, 25 setembro 1995, p. 10.

O prestixioso intelectual Méndez Ferrín pronunciou unha conferencia que puxo fin ó IIIº Congreso de escritores galegos celebrado en Compostela. Ferrín falou da antigüidade da lingua galega e destacou o feito de que o noso idioma é un dos que máis palabras prerromanas conserva.

Aldao González, Ainoa, "Enseñanzas de Alfredo Conde", *Diario de Pontevedra*, 22 novembro 1995, p. 15.

Carta escrita ó xornal por unha rapaza de dezaoito anos, quen resume as palabras pronunciadas polo escritor Alfredo Conde na súa conferencia na Facultade de Publicidade de Pontevedra. Destaca, en especial, as reflexións de Conde sobre a situación actual do idioma galego.

Alonso de la Torre, J. R., "Las salas independientes existen", *La Voz de Galicia*, "*Revista de Cultura*", ano I, nº 7, setembro 1995, p. 2.

Neste artigo faise un percorrido pola traxectoria das dúas salas independentes galegas, a Sala Nasa (Nave de Servicios Artísticos) e a Sala Galán. Ámbalas dúas subsisten, malia a indiferencia das institucións culturais, co apoio dos dous grupos de teatro que están detrás delas, Matarile Teatro, na Sala Galán, e o grupo Chévere, na Nasa. A súa programación específica implica a asistencia dun público minoritario pero que crece día a día, pola variada oferta.

_____, "Los clásicos: entre la divulgación y la norma", *La Voz de Galicia,*

"*Revista de Cultura*", ano I, nº 37, 9 novembro 1995, p. 2.

Debate no que diversos personaxes da cultura galega opinan sobre a conveniencia ou non da adaptación á normativa actual dos textos de autores clásicos das nosas letras. As posicións discrepan considerablemente e aducen argumentos como o respecto á vontade dos escritores ou a necesidade de achega-la súa obra literaria ó lector medio de hoxe.

Álvarez Álvarez, Armando, "Una gallega universal olvidada", *El Progreso*, 3 outubro 1995, p. 3.

Denuncia do esquecemento no ámbito público e intelectual da figura de Concepción Arenal, a quen sinala como "una mujer de talento y energía" e como galega ilustre.

Álvarez Cáccamo, Xosé María, "Poetas en Coimbra", *Faro de Vigo,* "*Faro das Letras*", 1 xullo 1995, p. 2.

Crónica do "2º Encontro Internacional de Poetas", celebrado en Coímbra, ó que asistiron representando a Galicia os creadores Álvarez Cáccamo, Manuel María e Xavier Seoane. O primeiro deles, autor do artigo, dá noticia dalgúns dos temas tratados nunhas xornadas nas que houbo especial protagonismo para o momento actual da literatura de expresión portuguesa.

_____, "A poesía no III Congreso de Escritores", *Faro de Vigo,* "*Faro das Letras*", Extra número 100, 14 outubro 1995, p. 3.

Resumo do acontecido no debate sobre poesía celebrado no III Congreso de Escritores en Lingua Galega, no que Uxío Novoneyra, Mª Xesús Pato e Rafa Villar expuxeron as súas respectivas visións poéticas. Chus Pato estimulou a polémica coa súa visión do patriarcalismo no conxunto da poesía. Discutiuse tamén sobre o concepto de xeración.

Álvarez Pousa, Luís, "O medo e a dor", *La Voz de Galicia,* "*Revista de Cultura*", "Ó Trasluz", ano I, nº 1, 2 marzo 1995, p. 6.

Notas sobre o libro de Claudio Rodríguez Fer *A literatura galega durante a Guerra Civil*. Álvarez Pousa fai fincapé no "intenso e extenso traballo doctoral" que deu lugar ó libro e salienta a súa importancia á hora de comprende-lo posicionamento ideolóxico que algúns dos nosos escritores adoptaron na inmediata posguerra.

_____, "Memorias de conciencia", *La Voz de Galicia,* "*Revista de Cultura*", "Ó Trasluz", ano I, nº 15, 8 xuño 1995, p. 6.

Salienta a capacidade testemuñal e reveladora do libro de Loís Tobío *As décadas de T.L.*. Comenta as zonas escuras da nosa historia e a súa redacción lonxe de "meandros egocéntricos dalgúns relatorios seudopolíticos".

_____, “Rock con Grelos”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, “Ó Trasluz”, ano I, nº 18, 29 xuño 1995, p. 6.

Luís Álvarez Pousa fai un comentario argumental de *¿Rock & Grelos?* e gaba a Alberto Casal por construír un “retrato xeneracional de interese sociolóxico”.

_____, "A transición do escritor", *La Voz de Galicia,* "*Revista de Cultura*", "Ó Trasluz", ano I, nº 32, 5 outubro 1995, p. 6.

Comentario breve do libro de X. González Millán *Literatura e sociedade en Galicia (1975-1990)*. Critícase na obra de González Millán a ausencia de datos estatísticos de certos aspectos e discútense algunhas das conclusións do autor.

Alvarado, "Renacen las revistas poéticas", *La Región*, 28 abril 1995, p. 15.

Artigo sobre a publicación e a traxectoria das revistas *Aturuxo* e *Alba*, publicadas en edición facsimilar polo Centro Ramón Piñeiro, baixo a coordinación de Luís Alonso Girgado, que aposta por un renacemento destas revistas dos anos 40 e 50. Enuméranse tamén as próximas a publicar.

Amaro, Carlos, "Sobre o teatro de Pasolini", *Faro de Vigo,* "*Faro das Letras*", nº LXXX, 4 marzo 1995, p. 1.

Coméntanse as traduccións ó galego de que foi obxecto nos últimos tempos a obra de Pier Paolo Pasolini. Analízase a importancia que segue a te-la controvertida figura do autor italiano. Por último, recóllense algunhas das opinións de Pasolini sobre a estética do cine.

Bande, Enrique, "Réquiem por un cura poeta", *La Región*, 18 outubro 1995, p. 14.

Lembranza da figura do cura de Ourense Don Ramón María Blanco González, poeta en galego e castelán, que nos seus tempos mereceu os eloxios de Antonio Rey Soto, Alfonso Alcaraz, Faustino Rey Romero, Eduardo Blanco Amor e Ramón Otero Pedrayo.

Barral, I., "La feria del libro abrirá hoy cuarenta casetas en la Alameda", *El Ideal Gallego*, 29 abril 1995, p. 18.

Noticia sobre a inauguración das casetas da Feira do Libro en Santiago, organizada pola Consellería de Cultura e a Federación de Libreiros de Santiago. Permanecerá aberta ó público dende o 29 de abril ata o 7 de maio de 1995.

_____, "Promocionar los libros es la meta de la feria inaugurada en Santiago", *El Ideal Gallego*, 30 abril 1995, p. 23.

Nota sobre a inauguración da Feira do Libro en Santiago polas autoridades locais. A lectura do pregón correu a cargo de Francisco Fernández del Riego, que destacou fundamentalmente o mimo que se está a ter cos libros galegos, gracias ó esforzo dos autores, e fixo un breve repaso pola historia da literatura galega.

_____, "Ánxel Casal recibió ayer, a título póstumo, la medalla de Oro de la ciudad", *El Ideal Gallego*, 17 decembro 1995, p. 3.

Crónica informativa do acto celebrado no Salón Noble do Pazo de Raxoi co gallo de homenaxear ó que fora alcalde de Compostela no ano 1936, o escritor Ánxel Casal. O homenaxeado recibiu, a título póstumo, a Medalla de Ouro ó Mérito cidadán e cultural e foi nomeado fillo adoptivo da cidade. Durante a cerimonia, o cronista oficial de Galicia, Antón Fraguas, recordou, entre outras cousas, a personalidade política e cultural de Ánxel Casal.

Barreiro Rivas, Xosé Luís, "Imos Indo", *La Voz de Galicia*, 12 xuño 1995, p. 6.

Gabanza da colección Biblioteca da Cultura Galega, considerada como un paso máis cara á normalización e un camiño para a distribución de libros.

Barro, Teresa, "Identidade galega e *paganismo*", *A Nosa Terra*, nº 661, "Guieiro Cultural", 16 febreiro 1995, p. 24.

Reflexión sobre a identidade galega que recolle a opinión dos intelectuais galeguistas da posguerra, da non existencia de problema relixioso en Galicia, e do dominio do paganismo. Esta consideración, en opinión da articulista, foi a causa do atraso económico, social e psicolóxico, xa que "a relixión tivo moita culpa de que os galegos esqueceran a súa lingua e ten a culpa toda da mentalidade autoritaria que abafa ao país".

Beiras García, Manuel, "O teatro galego. Na defensa do idioma", *El Correo Gallego*, 20 xuño 1995, p. 12.

O autor, que se autodefine como "vello galeguista", reivindica a importancia do teatro galego no proceso de normalización lingüística. Reclama, así mesmo, a colaboración da T.V.G. na difusión de espectáculos teatrais.

Bernal, Diego, "*Nós*, memoria galleguista que cumple 75 años", *El Correo Gallego*, "Escritorio de bordóns", "Xente nosa", outubro 1995**,** contracapa.

Artigo no que se conmemora o 75 aniversario da aparición en Ourense da revista *Nós*. Diego Bernal fai nestas liñas un percorrido polas distintas figuras relacionadas co proxecto de construí-lo órgano de pensamento galeguista máis importante da nosa historia. Castelao, Cuevillas, Bouza Brey, Arturo Noguerol, pero sobre todo Vicente Risco e Ánxel Casal teñen cabida nesta aventura que leva consigo unha mensaxe aínda vixente no limiar do século XXI. Personalidades de Galicia tales como Francisco Fernández del Riego, Antón Fraguas ou Isaac Díaz Pardo conservan viva a memoria dese tempo e desa xente que foron fundamentais.

_____, "Es cierto que nadie vale tanto como vale Valle", *El Correo Gallego*, "Escritorio de bordóns", "Xente nosa", 5 novembro 1995, contracapa.

Celebración do Congreso Internacional sobre Valle Inclán e a Fin de Século na cidade de Compostela, que tan ben definiu don Ramón en *La Lámpara Maravillosa*. O acto coincide co centenario da publicación de *Femeninas*, a súa primeira obra. Indícase a ausencia no Congreso de certos nomes como os de Domingo García-Sabell, Joaquín del Valle Inclán e Fernando Lázaro Carreter.

Blanco, Lois M., "Consello da Cultura: Nuevos tiempos, nuevas voluntades",

La Voz de Galicia, "*Revista de Cultura*", ano I, nº 38, 16 novembro 1995, pp. 2-4.

Longo artigo no que se tracexa un percorrido cronolóxico pola historia da institución e se describe a súa composición e retos futuros, todo isto a través das declaracións de varios dos seus membros e doutros que non o son.

Blanco, Luísa, "A Gastronomía galega e os escritores", *Diario de Pontevedra*, 22 novembro 1995, p. 12.

Sinala a importancia da comida e da bebida na obra de dous escritores galegos, Álvaro Cunqueiro e Alfredo Conde, e pon exemplos extraídos das súas obras.

C. D. G., "Tese francesa sobre a traxectoria de Díaz Pardo", *O Correo Galego*, 29 novembro 1995, p. 18.

Anuncia a preparación dunha tese sobre Isaac Díaz Pardo, por Eric Berger, estudiante de Filoloxía Hispánica na Universidade de Tours. Pretende perfila-la biografía cultural do intelectual e salienta-la súa significación na cultura galega.

C. M., "Escritores gallegos, catalanes y vascos debaten sobre el exilio", *Faro de Vigo*, 8 decembro 1995, p. 36.

Resume o acto de inauguración de "Galeuzca 95", no que Miguel Anxo Fernán-Vello salientou a importancia destes encontros que supoñen un diálogo das literaturas galega, vasca e catalana e a posibilidade de realizar proxectos de traducción e de mercado.

_____, "No se paró la literatura gallega porque se editó en la emigración", *Faro de Vigo*, 9 decembro 1995, p. 36.

Resume os contidos da conferencia pronunciada por Xosé Neira Vilas na XIIª edición de "Galeuzca". Salientou a importancia da cultura galega na emigración, onde se mantivo a lingua, se editou todo o que en España estaba prohibido, xurdiron revistas e programas de radio como Galicia Emigrante creado por Luís Seoane. Lembrou tamén a tódolos escritores que pasaron pola emigración e desenvolveron alí a súa obra, como Castelao, Isaac Díaz Pardo, Rafael Dieste ou Luís Seoane.

C. R., "Miranda: Galicia sofre un proceso de aculturización", *O Correo Galego*, 13 decembro 1995, p. 46.

Comentario sobre o poemario de Xosé Miranda *Amantes e viaxeiros*, que foi premiado co galardón Eusebio Lorenzo Baleirón. O libro, que aparece dividido en dúas partes, "Tristán" e "Ulises", ten como temáticas fundamentais a viaxe pola vida e o amor na busca da identidade. Tamén o coñecemento da identidade humana é o eixo que artella os diferentes relatos de *O demo á orella*, libro que o profesor lugués está a punto de publicar.

Cabana, Darío Xohán, "As formas da cultura", *O Correo Galego*, 25 xullo 1995, p. 65.

Reflexión sobre as diversas manifestacións da cultura, o seu estado actual e as perspectivas de futuro. Sobre a literatura afirma que "estamos nun intre de abundancia nova, e nesa abundancia hai figuras senlleiras entre as que se salienta unha que pode encher un século, ou polo menos medio, que é a de Méndez Ferrín".

Campa, Javier D., "Capital editorial, desierto del libro", *Atlántico Diario*, 15 xaneiro 1995, p. 12.

Artigo no que se recolle o balance das editoriais viguesas Galaxia, Xerais e Ir Indo, así como as perspectivas para o futuro inmediato. Coméntase tamén a carencia de bibliotecas que padece a cidade olívica.

Canal, A., "Intelectuales y escritores constituyen la Fundación Vicente Risco en Allariz", *La Región*, 17 marzo 1995, p. 12.

Noticia da creación da Fundación Vicente Risco que terá a súa sede na casa do escritor en Allariz, mercada con tal fin polo Concello. Esta Fundación, que pretende ser un centro activo, ten como obxectivos a conservación da biblioteca e demais papeis de Risco así como obxectos persoais e obras artísticas, o estudio e difusión da súa obra, a organización de grupos de traballo sobre os temas polos que se interesaba este autor, etc.

Caño, X. M. del, "Estudiar a Risco es estudiar a Galicia", dice Fraga al abrir el congreso sobre el escritor", *Faro de Vigo*, 19 outubro 1995, p. 22.

Crónica da apertura do Congreso sobre Risco en Ourense, celebrado do 16 ó 21 de outubro de 1995. Fraga salientou a personalidade intelectual de Risco e recoñeceu que é unha merecida homenaxe. Carlos Casares, o director técnico do Congreso, sinalou a liberdade da que gozou na organización. Filgueira Valverde falou sobre a diversidade intelectual de Risco en Ourense e Alonso Montero centrouse na súa ideoloxía. Antón Risco, o fillo do homenaxeado, sentiuse agradecido polo Congreso para facer xustiza ó seu pai. Destacou a súa interesante vertente literaria, periodística e pensadora.

_____, "La traca final del Congreso de Risco", *Faro de Vigo*, 5 novembro 1995, p. 39.

Polémica a raíz da celebración deste congreso pola publicación dun artigo de Ferrín no que o criticaba de cargado de oficialismo e da falta de persoas valiosas para analizar en profundidade a figura do escritor ourensán. Entre os que criticaron o artigo de Ferrín hai que citar a Carlos Casares e Alfredo Conde, namentres que Xosé Manuel Beiras manifesta que resultaba imprescindible a participación dun representante do nacionalismo actual para analiza-lo pensamento deste ideólogo do nacionalismo do primeiro tercio de século.

Campio Pereira, V., "Unha carta inédita de Curros Enríquez", *La Región*, 21 decembro 1995, p. 72.

O articulista reproduce unha carta do poeta de Celanova a don Antonio Rodríguez Álvarez, durante a estancia de ambos en Cuba. Comenta, así mesmo, o contido desta insólita carta de agradecemento polo obsequio de dúas latas dunha froita caribeña, obsequio que significa moito máis: un símbolo de amizade e de apoio en circunstancias difíciles e que Curros sabe recoñecer e agradecer axeitadamente.

Carballa, Xan, "Os autores galegos recoñecen o maxistério de Torga apesar da distáncia mantida coa Galiza", *A Nosa Terra*, nº 657, "Guieiro Cultural", "Na Morte de Miguel Torga", 12 xaneiro 1995, p. 23.

Comenta a influencia do escritor portugués, silenciado nos medios de comunicación españois, no grupo Brais Pinto. Bernardino Graña fixo a tese de licenciatura sobre a súa obra e Pilar Vázquez Cuesta foi a principal traductora da súa obra ó castelán. Méndez Ferrín e Manuel María indican que o descoñecemento era o retrato da súa relación con Galicia, da que non tiña unha visión singularizada.

_____, "Manuel Bragado. Falamos de indústria editorial galega máis como fantasia e desexo que como realidade", *A Nosa Terra*, nº 700, "Guieiro Cultural", 16 novembro 1995, p. 23.

Manuel Bragado fala da política editorial de Xerais con respecto a obras e autores e a necesidade de apoio institucional para dota-las bibliotecas e subvenciona-los proxectos editoriais. Cre que non existe aínda unha verdadeira e normalizada industria editorial en galego xa que a lingua non o está na sociedade.

Carballo, F., "*Xermolos* de Guitiriz", *A Nosa Terra*, nº 662, "Guieiro Cultural", 23 febreiro 1995, p. 26.

Comentario no que se dá conta de tres publicacións editadas pola Asociación Xermolos de Guitiriz. Destácase a homenaxe que se fai ó escritor Alfonso Blanco Torrado, o "pregoeiro da luz", na que colaboran diversos autores galegos, como son Manuel María, Paco Martín ou Xulio Xiz.

Castro, Francisco, "O escritor na TV. Á procura dunha imaxe seductora e espectacular", *O Correo Galego,* "*Revista das Letras*", nº 65, 20 xullo 1995, pp. 2-3.

Artigo desenfadado sobre o poder da imaxe na sociedade actual, mesmo para os escritores. Analiza as relacións entre literatura e televisión e afirma a modo de consello: "o único xeito de triunfar na vida, e na Literatura, é conseguindo unha imaxe seductora capaz de entrar (dun xeito rendable) no espectáculo televisivo".

Castromil, Carmiña, "Escoitar ou esquece-la voz dos poetas mortos", *O Correo Galego*, 25 xaneiro 1995, p. 35.

Refírese á polémica suscitada polo traslado dos restos de Rosalía a Padrón dende o cemiterio de San Domingos de Bonaval en Compostela. Hai opinións encontradas, pedindo que se respecte a vontade de Rosalía de descansar na súa vila natal ou deixándoa onde repousa.

Celeiro, Lois, "Fiz Vergara Vilariño", *O Correo Galego*, "A Balsa", 14 xullo 1995, p. 3.

Louvanza da figura do poeta, narrador e autor de teatro, Fiz Vergara Vilariño con motivo dunha homenaxe celebrada en Sarria o 28 de xullo de 1995.

Cora, José de, "Los mundos de Trapero", *El Progreso*, 11 outubro 1995, p. 3.

Eloxio da figura de Don Xosé Trapero Pardo, morto nestas datas. Saliéntase a súa humanidade e a universalidade da súa obra.

D. P., "Federación de Libreiros de Galicia. *O Libro Galego Onte e Hoxe*" *Diario de Pontevedra*, 20 xaneiro 1995.

Informa do éxito da exposición bibliográfica *O libro galego onte e hoxe* que organiza a Federación de Libreiros de Galicia no Museo do Pobo Galego, con motivo da presentación do terceiro catálogo que recolle as publicacións en galego dende 1988 ata 1993. Esta exposición terá un carácter itinerante e percorrerá varios puntos de Galicia.

Díaz Fernández, José María, "Como un canto en la mañana. En el XIV aniversario de Cunqueiro", *El Correo Gallego*, 1 marzo 1995, p. 58.

Lembranza de Álvaro Cunqueiro e do amor que sentía polo latín, lingua que percibía como viva "en labios de Fanego, su latinista", que vén ó caso pola situación actual desta lingua, a piques de desaparecer do ensino. O articulista cre tamén que quizá lle falta na estatua de bronce de Mondoñedo "lo que seguramente más deseó: un epitafio latino, cadencioso y áureo...".

Díaz Pardo, Isaac, "Tal día como hoxe", *La Voz de Galicia*, "Crónicas inconformistas de fin de século", 27 decembro 1995, p. 27.

Lembra Isaac Díaz Pardo que o 27 de decembro de 1935 saía da imprenta e da editorial Nós de Ánxel Casal a primeira edición dos *Seis poemas galegos* de Federico García Lorca (publicados no 95 en edición facsimilar a cargo de Aurora López e Andrés Pociña). Lembra tamén a necesidade de recupera-lo labor da emigración e o recordo que se debe ter para o inxustamente desaparecido Ánxel Casal, nestas datas nas que se cumpre o centenario do seu nacemento.

Domínguez, X. M., "Poesía Galega: xermolar de Galicia" *O Correo Galego*, "Lecer", 26 marzo 1995, p. II.

Reflexión sobre a importancia da lingua e da poesía na constitución do presente da realidade galega. Apunta que "nos nosos poetas recóllese todo o que somos pero asemade xermola o que estamos a ser" e é nos poetas onde aparece o agarimo pola lingua.

_____, "Galicia vive na palabra galega", *O Correo Galego*, "Lecer", 10 decembro 1995, p. IV.

Aproveitando os versos de *Poemas da lenta nudez* de Miguel Anxo Fernán-Vello, reflexiona sobre a poesía "creación a través da palabra, na palabra, é manantial de realidade, lugar onde xurra a verdade, luz". Pensa que a fala constitúe a realidade, constrúe Galicia e axuda a creala e recupera as palabras de Risco: "a fala galega é Galicia".

_____, “¿U-los ensaístas?”, *O Correo Galego*, “Lecer”, “Indo ó celme”, 24 decembro 1995, p. IV.

Celebra os acontecementos que supoñen vitalidade para a cultura galega, como o IIIº Congreso de Escritores Galegos, o IIIº Encontro de Escritores Ourensáns e o Galeuzca 95, pero considera un atranco o baixo índice de lectura en Galicia e a práctica ausencia do ensaio e dos ensaístas, alicerces do pensamento e da vida intelectual dun país.

Domínguez Prieto, Xosé M., "Vitalidade na cultura galega", *La Región*, 8 decembro 1995, p. 25.

Destaca a celebración do IIIº Congreso de Escritores Galegos organizado pola AELG en setembro do 95 e o IIIº Encontro de Escritores Ourensáns, acontecementos importantes para a lingua, a cultura e a conciencia literaria da xente, nuns tempos en que se contradí esta vitalidade cos baixos índices de lectura en galego e coa ausencia de ensaio en galego.

E. C., "Manuel Rivas e os ensaios, os best-sellers das nosas letras", *O Correo Galego*, 6 xaneiro 1995, p. 105.

Lista dos títulos máis vendidos durante o ano 94, segundo datos proporcionados pola Federación de Libreiros de Galicia. O best-seller dese ano foi *En salvaxe compaña* (Xerais), de Manuel Rivas, que durante cinco semanas foi o libro máis vendido. Seguen en importancia por ventas os ensaios e os manuais de lingua e historia. Tamén se citan as publicacións máis vendidas das editadas pola Xunta de Galicia.

_____, "Galaxia publicará en seis tomos a obra completa de Vicente Risco", *O Correo Galego*, 6 xaneiro 1995, p. 101.

Contén un anuncio da publicación en Galaxia do primeiro de seis tomos que recollerán o máis sobresaliente da obra de Vicente Risco. O artigo ofrece datos sobre a vida e obra do galeguista e analiza superficialmente o porqué do rexurdir do interese pola súa figura. Afírmase que un dos fomentadores do tal fenómeno é probablemente o presidente da Xunta, Manuel Fraga, e así mesmo, recolle as voces discrepantes, como a de Méndez Ferrín, que lle reprocha a Risco a súa ideoloxía fascista. Por último, e baixo o título "Un texto achegado á normativa", coméntase a adaptación dos textos orixinais ó galego normativo.

_____, "As editoras galegas viven en gran medida das lecturas escolares", *O Correo Galego*, 6 xaneiro 1995, p. 104.

Repaso dos libros máis vendidos durante o ano 94, segundo datos das editoriais galegas (agás Xerais) e da Federación de Libreiros de Galicia. Destácase a importancia das lecturas recomendadas nos colexios. Os títulos máis vendidos son *Un home que xaceu aquí,* de Aníbal C. Malvar, *Dos arquivos do trasno,* de Rafael Dieste, *Mecanoscrito da segunda orixe,* de Manuel de Pedrolo, *A esmorga,* de Eduardo Blanco Amor, *A nosa cinza,* de Xavier Alcalá, *A revolta dos animais,* de George Orwell, *Non hai misericordia,* de Xelís de Toro, *A fiestra valdeira,* de Dieste, e en poesía *A falacia do economicismo,* de Carlos Mella, *Poemas da lenta nudez,* de Fernán-Vello e *Poemas para dicirlle a dúas lagoas,* de Manuel María. O líder de ventas é *Memorias dun neno labrego,* de Xosé Neira Vilas.

_____, "Ir Indo recupera a figura de Xosé María Álvarez Blázquez", *O Correo Galego*, 9 xaneiro 1995, p. 35.

Repaso da traxectoria persoal, política e literaria de Xosé María Álvarez Blázquez (1915-1985), con motivo da publicación dunha biografía dentro da colección "Galegos na historia" da editorial Ir Indo (1994). Sinálase a importancia deste home na cultura galega: no eido editorial, foi director das editoriais Monterrey e Castrelos na etapa franquista, foi tamén o cronista oficial de Vigo, militante das Mocedades Galeguistas, ademais de novelista e poeta, un dos representantes do Neotrobadorismo. A biografía preséntase ó se cumprir dez anos da súa morte.

_____, "As citas na literatura galega actual", *O Correo Galego*, 24 febreiro 1995, p. 33.

Análise da utilización das citas polos autores galegos. Os exemplos constatan que na maior parte das obras aparecen referencias de autores anglosaxóns e xermanos, traducidos ó galego ou na lingua orixinal. A frecuencia de aparición de autores galegos e portugueses diminúe e ultimamente estase a poñer de moda a utilización de cantautores estranxeiros.

_____, "Autores gallegos y portugueses se unen en una *Geração da Lusofonia*", *El Correo Gallego*, 1 marzo 1995, p. 58.

Anuncia a presencia dos poetas Ángelo Brea, Iolanda Aldrei e João Padrão na *Antologia de Poesia Lusófona* publicada nos *Cadernos do Povo*, editados na *Revista Internacional da Lusofonia*, órgano das Irmandades da Fala de Galiza e Portugal e que pretende divulga-los textos en galego e portugués e confronta-la producción actual coa máis antiga.

_____, "Frei Martín Sarmiento, un gran ilustrado na Galicia do XVIII", *O Correo Galego*, 9 marzo 1995, p. 33.

Con motivo do tricentenario do nacemento de Frei Martiño Sarmiento, coméntanse neste artigo as etapas máis salientables da súa vida: a súa infancia en Galicia, os encontros co Padre Feijoo, as viaxes pola nosa terra e a constante preocupación pola consecución dun ensino en e do galego. Remata cunha nota bibliográfica que nos informa das obras publicadas máis recentemente sobre o frade galego.

_____, "Coa vista posta nas homenaxes", *O Correo Galego*, 9 marzo 1995, p. 34.

Presentación das actividades preparadas polas institucións culturais galegas con motivo do tricentenario de Sarmiento. Comenta a publicación do *Epistolario* e do *Coloquio de vintecatro galegos rústicos*, editados polo Consello da Cultura Galega. Tamén informa da celebración dun congreso coa colaboración da Consellería de Cultura e do Instituto Padre Sarmiento, dunha exposición de fotografía de Xurxo Lobato, e dos traballos do Arquivo Sonoro de Galicia.

_____, "O teatro galego pide axudas máis axeitadas"/"As compañías de teatro galegas solicitan do Igaem axudas á producción", *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 14 marzo 1995, p. 35/p. 57.

Faise eco da presentación por parte das compañías galegas de teatro, Factoría Teatro, Arre Producciónes, Compañía Marías, Galileo, Matarile Teatro, O Moucho Clerc, Os Quinquilláns e Teatro da Lúa, dunha proposta alternativa no IGAEM para as axudas á producción e distribución das obras.

_____, "O PEN Clube premiará ós libros peninsulares non galegos", *O Correo Galego*, 17 marzo 1995, p. 36.

Refírese á visita da xunta directiva do PEN Clube de escritores galegos -Carlos Casares, Suso de Toro, Luís González Tosar, Helena Villar e Xesús Rábade- ó presidente da Xunta de Galicia, Manuel Fraga, para presenta-lo seu programa de traballo para os anos 95 e 96. Pretenden crea-lo Premio Literario Rosalía de Castro para linguas ibéricas, agás o galego, organizar congresos anuais de escritores e publicar un anuario de literarura galega.

_____, "As "V Xornadas de Língua e Literatura" terán lugar en abril", *O Correo Galego*, 31 marzo 1995, p. 35.

Nota informativa sobre os ponentes e participantes destas xornadas, organizadas pola CIG e pola AS-PG.

_____, "Galegos e canarios renderanlle homenaxe a Ángel Johán", *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 22 abril 1995, p. 37/p. 14.

Comenta a homenaxe ó escritor galego afincado en Canarias Ángel Johán, na xornada inaugural do Simposio "A mirada atlántica", celebrado na Facultade de Historia de Compostela. Claudio Rodríguez Fer, como crítico da súa obra, encargouse de face-la biografía do poeta. Destácase tamén a intervención de Jorge Rodríguez Padrón e a lectura de poetas canarios.

_____, "Galicia, Canarias e un Océano que nos une e nos separa", *El Correo Gallego*, 26 abril 1995, p. 11.

Nota informativa sobre as xornadas literarias que, baixo o título de "A mirada atlántica", teñen lugar en Santiago de Compostela e nas que se homenaxea a figura de Ángel Johán. Este autor foi lembrado entre outros por Claudio Rodríguez Fer, que vén de edita-la súa obra completa.

_____, "Galegos e canarios debateron onte a maxia e o pensamento do Atlántico", *El Correo Gallego,* 27 abril 1995, p. 12.

Resumo do acontecido no marco das xornadas "A Mirada Atlántica", realizadas en Santiago de Compostela no mes de abril de 1995. Tivo lugar un encontro entre escritores galegos e canarios que debateron sobre a función do océano Atlántico como vaso comunicador de diferentes culturas. Opinaron os escritores canarios Ángel Sánchez e Luis León Barreto e o escritor galego Manuel Rivas.

_____, "Canarios e galegos falaron sobre a periferia", *O Correo Galego*, 28 abril 1995, p. 34.

Faise referencia á reunión de intelectuais galegos e canarios nas xornadas de literatura "A mirada atlántica", nas que se realizaron propostas e debates sobre as relacións de Galicia e Canarias e outras comunidades e culturas.

_____, "En 1994 publicáronse de novo menos de mil títulos en galego",

O Correo Galego, 28 abril 1995, p. 35.

Datos da publicación total de libros no ano 94 en galego. 933 libros en galego solicitaron o ISBN, fronte ós 1.058 do 93. Este descenso do 94 constátase tamén na producción en catalán e eusquera, fronte ó castelán, que aumentou producción.

_____, "O martes presentarase a Biblioteca da Cultura Galega", *O Correo Galego*, 1 maio 1995, p. 35.

Anuncia a presentación dos 50 títulos da Biblioteca da Cultura Galega, iniciativa de Ir Indo, Radio Televisión de Galicia e Caixa Galicia. Novela, relato, ensaio e cultura popular, son os temas que recolle a colección.

_____, "Os libreiros protestan por se vender unha colección de Ir Indo en Caixa Galicia"/"Manuel Fraga presenta hoxe a Biblioteca da Cultura Galega", *El Correo Gallego/O Correo Galego*, 2 maio 1995, p. 11/p. 35.

Fai referencia á protesta da Federación de Libreiros Galegos pola distribución da Biblioteca da Cultura Galega en Caixa Galicia, por vulnera-la canle de distribución do libro.

_____, "O libro sobrevivirá á chegada das novas tecnoloxías", *O Correo Galego*, 3 maio 1995, p. 44.

Recolle as conclusións do debate organizado pola Federación de Libreiros Galegos, sobre a influencia das novas tecnoloxías no mundo do libro, que presentaron como complemento útil, pero non como alternativa.

_____, "As pegadas de Rosalía en Cuba", *O Correo Galego,* "*Revista das Letras*", nº 60, 15 xuño 1995, p. 5.

Refírese o comentarista á obra, *Rosalía e Cuba,* de Xosé Neira Vilas. Un volume onde se analizan os vencellos da escritora coa illa caribeña.

_____, "A AS-PG homenaxea ó poeta Manuel María", *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 30 agosto 195, p. 36.

Anuncia a homenaxe a Manuel María na Coruña, coa que se pretende lembra-la traxectoria artística do poeta e a súa disponibilidade para difundi-la cultura galega.

_____, "Fernán-Vello: Hai unha débeda da sociedade cos escritores", *El Correo Gallego/ O Correo Galego*, 22 setembro 1995, p. 12/p. 37.

Faise eco das palabras de Miguel Anxo Fernán-Vello na presentación do IIIº Congreso de Escritores Galegos, na que falou da necesidade de un maior número de publicacións en galego. No mesmo sentido, recóllese a intervención de Uxío Novoneyra, para a continuación incluír información sobre o planificado para os restantes días do devandito congreso.

_____, "Manuel María afirma que "os poetas son a conciencia dun pobo",

El Correo Gallego, 23 setembro 1995, p. 11.

As palabras de Manuel María abriron o IIIº Congreso de escritores en Lingua Galega en San Domingos de Bonaval. Reivindicou o papel do escritor na sociedade actual con reflexións sobre os aspectos negativos e desgaleguizadores dos medios de comunicación, do ensino e das forzas políticas. Fixo tamén un repaso á literatura galega nos últimos cen anos e definiu a poesía como "o xénero máis rico e que mellor define a nosa literatura". Inclúense tamén as frases máis destacadas dos relatores Bieito Iglesias, Lois Diéguez e Ignacio Taibo.

_____, "Os escritores perfilan o dramático futuro do teatro galego", *O Correo Galego,* 24 setembro 1995, p. 51.

Esta noticia resume o debate sobre o teatro que tivo lugar nunha das sesións do IIIº Congreso de Escritores en Lingua Galega. Os presentes, Manuel Vieites, Roberto Vidal Bolaño e Manuel Lourenzo, salientaron o presente e o futuro dramático do teatro galego polo esquecemento das creacións, a mala distribución das axudas institucionais e pola falta de infraestructura teatral. Infórmase tamén das intervencións de Chus Pato e Rafa Villar na conversa sobre o estado da poesía e a diferencia de opinións con respecto ó feminismo e ó espacio para os novos poetas.

_____, "Xosé Filgueira reelexido presidente do Consello da Cultura Galega", *El Correo Gallego*, 17 outubro 1995, p. 12.

Nota que informa da releección de Filgueira Valverde durante catro anos máis.

_____, "A figura de Risco será analizada desde mañá nun Congreso en Ourense", *El Correo Gallego/O Correo Galego*, 17 outubro 1995, p. 12/p. 33.

Brevísima nota que sinala o comezo do primeiro congreso dedicado a Risco, 32 anos despois da súa morte.

_____, "Valle-Inclán: o paso entre a bohemia e o dandismo", *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 26 outubro 1995, p. 44/p. 12.

Breve resumo das ponencias de Manuel Aznar Soler e Robert Lima, nunha das sesións do Congreso de Valle-Inclán. O profesor Aznar sinalou os perfís da bohemia literaria finisecular e as relacións de Valle con ela. Lima centrouse na creación da identidade artística do escritor galego.

_____, "Valle-Inclán, un modernista galego á busca do eterno e do ideal",

O Correo Galego/El Correo Gallego, 27 outubro 1995, p. 36/p. 12.

Referencia ós relatorios de Éliane Lavaud e Luís González del Valle no Congreso sobre Valle-Inclán. Éliane Lavaud analizou os títulos como clave para a interpretación dos textos e Luís González del Valle centrouse nos trazos definitorios do modernismo.

_____, "Rivas e De Toro entre anarquismo e traducción", *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 17 novembro 1995, p. 35/p. 12.

No marco das III[as] Xornadas Libertarias organizadas pola CNT acudiron Manuel Rivas e Suso de Toro á galería Sargadelos de Santiago de Compostela onde se trataron aspectos do binomio traducción-traición. M. Rivas dixo estar a traballar nunha reportaxe que leva por título "Anarquistas". Pola súa banda, Suso de Toro afirmou que a literatura é acción moral e que a alma do escritor transmigra na traducción.

_____, "Ferrín lembra no CGAC a aprendizaxe xunto a Patiño", *O Correo Galego*, 18 novembro 1995, p. 34.

Rememoración do proceso que levou á creación de dous fitos salientables na andaina da cultura galega, como foron o grupo Brais Pinto e *A Gadaña*, nos que interviron tanto o homenaxeado Reimundo Patiño coma o propio Méndez Ferrín. Este presentou a un Patiño moi marcado por determinados condicionantes, que determinaron a súa plástica. O seu coñecemento deuse no Madrid de 1958, cando ambos estaban implicados na actividade política antifranquista e artelláronse tamén en oposición ó círculo intelectual piñeirista.

_____, "Lingua, literatura e ideoloxía na revista *Nós*", *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 24 novembro 1995, p. 33/p. 10.

Nota que informa da mesa redonda na Facultade de Filoloxía, na que se debateu sobre a lingua na prosa non ficcional, a literatura e a ideoloxía na revista *Nós.* Xusto González Beramendi, Xosé Manuel Outeiriño e Henrique Monteagudo foron os encargados de abri-lo debate.

_____, "Benito Varela Jácome: "*Os dous de sempre* renovou a literatura galega",

O Correo Galego/El Correo Gallego, 1 decembro 1995, p. 44/p. 13.

Contén un resumo sobre a intervención de Varela Jácome nas IV[as] Xornadas sobre Castelao, celebradas na Facultade de Filoloxía en Santiago, a propósito do carácter renovador de *Os dous de sempre*.

_____, "Vilavedra: 'Castelao consideraba a arte filla da natureza", *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 12 decembro 1995, p. 33/p. 12.

Breve resumo da conferencia dictada pola profesora Dolores Vilavedra no marco das xornadas dedicadas á figura de Castelao que teñen lugar na Facultade de Filoloxía da universidade compostelá. Lembrou a estudiosa no seu discurso o desexo de Castelao de dignifica-la lingua galega, capaz de adaptarse tanto á lírica coma ó ensaio, á novela ou ó teatro. Destacou así mesmo a súa concepción da arte, influída pola natureza.

_____, "Seoane e Dobarro pechan as xornadas sobre Castelao", *O Correo Galego*, 15 decembro 1995, p. 34.

Nota sobre a clausura das IV[as] Xornadas sobre Castelao, organizadas por Seoane e Dobarro. O primeiro referiuse á actualidade da figura literaria de Castelao e ó seu exemplo para a Galicia contemporánea, salientando algúns dos seus trazos, mentres que o segundo trazou un perfil do escritor en función de textos propios e alleos.

_____, "Requeixo analiza a tradición romancística de Galicia", *O Correo Galego*, 16 decembro 1995, p. 36.

Breve comentario sobre unha conferencia pronunciada polo filólogo Armando Requeixo na IIª Semana Galega de Cultura Tradicional. Na intervención, que levaba por título "A tradición romancística galega: a figura de Aníbal Otero", A. Requeixo ofreceu un detallado percorrido diacrónico sobre a tradición romancística en Galicia.

_____, "Un aniversario esquecido: cen anos do nacemento de Manuel Benavides", *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 19 decembro 1995, p. 36/p. 12.

Contén unha pequena recensión sobre *El último pirata del mediterráneo*, a obra máis polémica de Manuel Benavides. Xunto coa trama argumental da novela atópase unha denuncia do inxusto esquecemento no que o escritor está sumido. Danse algúns pequenos apuntes sobre a súa vida e obra.

_____, "Paco Rodríguez denuncia a "falta de respecto" polos clásicos galegos", *O Correo Galego*, 21 decembro 1995, p. 44.

Nunha intervención de Francisco Rodríguez que tivo lugar no Salón de Graos da Facultade de Filoloxía de Santiago, o deputado do B.N.G. e investigador denunciou o esquecemento ó que están sometidos os clásicos galegos case a finais de século. O artigo céntrase, entre outros aspectos, nunha protesta persoal pola falta de sensibilidade dos editores galegos á hora de publica-las obras completas de Curros ou de levar a cabo unha recompilación dos artigos xornalísticos que publicou Risco ó longo da súa vida.

_____, "Agarimosa homenaxe a Antón Fraguas no seu 90 cumpreanos",

O Correo Galego/El Correo Gallego, 23 decembro 1995, p. 31/p. 16.

Nota sobre a homenaxe dedicada a Don Antón Fraguas no seu noventa cumpreanos, celebrada no Auditorio do Museo do Pobo Galego do que é director dende a súa fundación en 1976. Francisco Fernández del Riego foi o encargado de facer unha descrición do intelectual, do que salientou a súa constante dedicación a Galicia e a modestia, sinxeleza e vitalidade como riscos característicos da súa personalidade.

E. P., "Suso de Toro: Algúns penalizan que un escritor triunfe en vida", *El Correo Gallego*, 30 abril 1995, p. 10.

Nova de prensa na que se recollen algunhas afirmacións dos participantes nas V Xornadas de Lingua e Literatura da AS-PG e a C.I.G. Entre elas, as de Suso de Toro -que defendeu a posición dos que deciden vivir da literatura-, Lois Diéguez, e Xosé Manuel Martínez Oca.

Estévez, Arantxa, "Un monumento de Paco Leiro lembrará a Castelao en Santiago", *A Nosa Terra*, nº 656, "Guieiro Cultural", 12 xaneiro 1995, p. 20.

Refírese á celebración do 45 aniversario do pasamento do intelectual de Rianxo, por parte da Fundación Castelao. O presidente da mesma declarou a intención de compila-los artigos periodísticos escritos por Castelao, fundamentalmente en *A Nosa Terra*. A escultura que conmemora ó escritor é o maior monumento feito en toda Galicia a Castelao.

Estévez, Rita, "Luís Seoane: un humanista del siglo XX", *Diario de Pontevedra*, 24 decembro 1995, p. 22.

Artigo que lembra a traxectoria persoal e artística de Luís Seoane, con motivo da homenaxe á súa obra pictórica na exposición "Gallaecia Fulget", que conmemora o V Centenario da Universidade de Santiago de Compostela. Sublíñase o labor literario e editorial de Luís Seoane e a súa teima en aborda-las distintas facetas da arte, así como o seu compromiso co seu tempo, con Galicia e coa cultura galega no exilio. Por último ofrécense algunhas pinceladas sobre a súa pintura, dotada de forza e atemporalidade e sobre o protagonismo da muller nos temas.

Feijoo, Raquel, "Non esquezades a Risco", *Atlántico Diario*, 22 outubro 1995, p. 26.

Crónica da derradeira sesión do Congreso sobre Risco coas intervencións de Bobillo de la Peña, Antón Risco e a mesa redonda integrada por Fernández del Riego, Arturo Lezcano, Antón Risco e Carlos Casares.

_____, "A importancia do aspecto artístico", *La Región*, 27 outubro 1995, p. 13.

Salienta as ideas principais de Mª Victoria Carballo Calero, na conferencia sobre os ilustradores na revista *Nós*, dentro dos actos de homenaxe á revista. A conferenciante explicou o seu traballo, que comezou gracias ó apoio de Bonet Correa. Centrouse na análise minuciosa das ilustracións e na nómina de colaboradores, máis de vinte, dende Colmeiro ata Cándido Fernández Mazas, ademais de Castelao. Concluíu destacando a coexistencia de tódalas linguaxes plásticas e o predominio da tradicional sobre a vangardista, atribuíndo este feito á dirección conservadora de Castelao.

_____, "Nunca tantos deben tanto a tan poucos", *La Región*, 28 outubro 1995, p. 11.

Nota sobre a conferencia final dos actos da celebración do 75 aniversario da revista *Nós*, pronunciada por Avelino Pousa Antelo, que lembrou o mitín celebrado no Teatro Principal de Santiago o 10 de maio de 1931, no que falaron Valentín Paz Andrade, Carballo Calero, Álvaro das Casas e Castelao, e do que saíu cunha forte conciencia galeguista. Lembrou tamén as tertulias no Café Derby de Santiago, núcleo do pensamento galeguista e o legado daquela Xeración, o sentimento do galeguismo e a universalización da cultura galega.

_____, "Filgueira Valverde: desexamos que Galicia siga o exemplo dos homes da Xeración Nós", *La Región*, 31 outubro 1995, p. 10.

Informa da homenaxe que tivo lugar na casa-museo de Otero Pedrayo, con motivo do 75 aniversario da revista *Nós* e que contou coa presencia de moitos intelectuais, Filgueira Valverde, Luís Tobío, Antón Risco e Marcos Valcárcel. Todos eles salientaron a transcendencia que tivo a revista e a necesidade de celebrar esta data, tan significativa para a cultura galega.

_____, "O teatro a exame", *La Región*, 10 decembro 1995, p. 15.

Informa sobre o comezo en Ourense dun ciclo de conferencias baixo o título "O teatro a exame", organizado pola Universidade de Vigo e a Aula de Teatro da Universidade de Ourense, coa coordinación de Fernando Dacosta, membro do grupo de teatro Sarabela. Os conferenciantes, Ánxeles Cuña, directora de Sarabela, Sergi Belbel, autor e director catalán, Quico Cadaval e Begoña Muñoz, adaptadores, e as actrices María Bouzas e Pilar Pereira falarán sobre a dirección, a creación e a adaptación e a interpretación. As conferencias pretenden achega-las diversas facetas do teatro e recalca-la importancia da formación constante.

_____, "Su chistera es el escenario", *La Región*, 13 decembro 1995, p. 11.

No artigo aparecen anacos dunha conversa con Sergi Belbel -que participou no ciclo de conferencias "O teatro a exame", celebradas en Ourense-, na que este comenta cómo chegou ó mundo do teatro, a súa traxectoria e o que espera del.

_____, “A escea, protagonista”, *La Región*, 15 decembro 1995, p. 11.

Visión sobre o transcorrer do ciclo de conferencias “O teatro a exame”, no que se abordaron os temas da formación e a dirección, a creación e a adaptación e a interpretación. A articulista presta especial atención a este último tema, que foi abordado por María Bouzas e Pilar Pereira na súa intervención.

_____, "A miña vida", *La Región*, 19 decembro 1995, p. 13.

Recolle retazos da intervención de Antón Tovar no Liceo e coméntaos. Salienta o sentido negativo que o escritor ten da vida e o feito de que este non dése unha charla, senón que recolleu fragmentos das súas obras máis significativas.

_____, "Ser escritor hoxe", *La Región*, 22 decembro 1995, p. 15.

Síntese da intervención de Luisa Castro nos VI Encontros Literarios no Liceo ourensán. Esta intervención centrouse no poder da crítica e o público sobre o escritor e na dificultade de sobrepasar ámbolos dous para ser fiel a un mesmo. Tamén inclúe algún dato biográfico sobre esta escritora.

_____, "Un saxo na néboa", *La Región*, 23 decembro 1995, p. 13.

Nota sobre a conferencia que, co título "O saxo na néboa", pronunciou Manolo Rivas nos VI Encontros Literarios do Liceo Recreo de Ourense. Nela explicou a súa concepción da escrita e leu fragmentos das súas obras. Comentou tamén que na literatura a xente pode atopar sentido á vida e que por iso cómpre entretecer esta coa literatura.

Fernández, Hilario, "Homenaxe a Manuel Blanco Tobío, o preclaro escritor de Lérez", *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 22 setembro 1995, p. 61/ p. 45.

Nota que dá conta dunha homenaxe a Manuel Blanco Tobío celebrada na Casa de Galicia en Madrid, consistente nunha mesa redonda á que asistiron Ramón Pernas, Raimundo García Domínguez, Jesús Pardo de Santayana e Emilio Romero.

Fernández, Miguel Anxo, "Autores carballiñeses por recuperar", *La Región*, "Especial Festas de Carballiño 1995", 15 setembro 1995, p. 46.

Pequeno artigo que, co gallo das festas do Carballiño, pide a recuperación dos fondos bibliográficos desta vila e da súa comarca e dos seus escritores esquecidos: Roxelio Cibeira, Augusto Mosquera, Cesáreo e Ramón Pinal e Juan Pereira.

Fernández Lorenzo, Rafael, "A literatura bravú está en marcha", *Faro de Vigo*, "*Faro das Letras*", nº CV, 25 novembro 1995, p. 3.

Comentario xeral sobre a nova colección Ferros de Edicións Xerais, dirixida por Cid Cabido. Esta colección, que pretende ser un novo espacio onde teñan cabida tódalas formas de creación baseadas na palabra, combina elegancia e austeridade, no seu aspecto externo, e tendencias vagardistas e tradicionais no seu contido. Con xa sete títulos editados acadou unha excelente aceptación entre o público lector e parece se-la vía de expresión dunha nova xeración chamada "bravú" que conxuga enxeño e demencia. Faise referencia os títulos que abren esta colección, *Os nerviosos elegantes*, de A. Vila, *¿Serán os cisnes que volven?*, de Pexegueiro, *Costa da Morte Blues*, de Manuel Rivas, *Contornos*, de Xavier Queipo, *A tralla e a arroutada*, de Xurxo Souto, *Fridom Spik*, de Santiago Jaureguizar, *En malos pasos*, de Camilo Franco

Fraguas Fraguas, Antón, "O discurso de Don Ramón", *O Correo Galego*, "Lecer", 17 setembro 1995, contracapa.

Evocación do discurso inaugural do curso académico 1954-1955, pronunciado por Don Ramón Otero Pedrayo, co título "Vivencias, dolor y esperanza de la emigración gallega". Antón Fraguas considera este discurso "o ensaio máis saudoso da emigración".

_____, "Réquien por Trapero Pardo", *El Correo Gallego*, 30 outubro 1995, p. 4.

O Cronista Oficial de Galicia lembra a figura do recentemente desaparecido Trapero Pardo, autor do que fai unha breve biografía. Fraguas destaca o grande amor que Trapero sentía por Lugo e Mondoñedo, as dúas localidades en que transcorreu a súa existencia.

Fuentes, Ana, "Casi la mitad de la población gallega nunca lee un libro", *Atlántico Diario*, 24 febreiro 1995, p. 9.

Crónica dunha mesa redonda na que participaron Xosé Luís Barreiro Rivas, Ramón Villares Paz e Carmen Pérez Pais. Esta última, directora da Biblioteca da Universidade de Vigo, comentou unha estatística segundo a cal o 47% da poboación galega non le nunca un libro.

G. L. T., "A traducción ao galego carece de elementos de consulta fundamental", *A Nosa Terra*, nº 706, "Guieiro Cultural", 28 decembro 1995, p. 20.

Co gallo da celebración do II Simpósio Galego da Traducción, algúns dos traductores de Galicia laméntanse das dificultades de todo tipo que atopan para exerce-lo seu traballo, orixinadas case sempre pola ausencia de material bibliográfico básico. Propoñen tamén algunhas solucións lingüísticas case sempre rexeitadas polos dobradores actuais.

García, Chema, "Fernández del Riego dona a la ciudad sus fondos valorados en 100 millones", *Faro de Vigo*, 26 abril 1995, p. 3.

Informa sobre o acto en que se firmaron os documentos notariais de cesión da doazón de Fernández del Riego á cidade de Vigo dos seus 25.000 libros e a súa pinacoteca. Faise eco das verbas de agradecemento do intelectual á cidade de Vigo e das do alcalde a este acto de xenerosidade e ó seu executor.

_____, "La Casa Galega de la Cultura alberga más de 80.000 libros relacionados con Galicia", *Faro de Vigo*, 16 xuño 1995, p. 6.

Noticia sobre a inauguración da Casa da Cultura Galega en Vigo, que recolle os fondos de Fermín Penzol, Fernández del Riego, e unha parte da biblioteca persoal de Jaime Isla Couto. O centro cultural será, gracias a estes fondos, un punto de referencia obrigada para as persoas que queiran estudiar todo o relacionado con Galicia.

García, F. J., "Vilanova acolleu a clausura do congreso de Valle-Inclán", *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 29 outubro 1995, p. 54/p. 10.

Resumo das derradeiras intervencións do congreso sobre Valle-Inclán, a cargo de Xesús Alonso Montero e Antón Risco, e clausura do mesmo na Casa da Cultura de Vilanova. Tódolos organizadores sinalaron o éxito deste acto.

García, Lois, "Sobrevivir ó sentir galego", *O Correo Galego,* "A Fundación Castelao", 12 xullo 1995, p. 3.

Lois García reivindica o traballo -sen apoio público- da Fundación Castelao da man dos seus creadores, D. Ramón Martínez López e Avelino Pousa Antelo que contribúen a mante-la memoria galeguista de Castelao.

García, Rodri, "A cultura galega contada desde Londres", *La Voz de Galicia,* "*Revista de Cultura*", ano I, nº 6, 6 abril 1995, p. 6.

Sucinta descrición do contido do volume *Galicia desde Londres*, da autoría de Antonio Raúl de Toro Santos. Na recensión detállanse os colaboradores das emisións radiofónicas recollidas no libro e explícase o modo en que estas puideron levarse adiante na BBC londinense naqueles anos da posguerra española.

García, Xosé Lois, "Merecida homenaxe a Pura e Dora Vázquez", *La Región*, 16 decembro 1995, p. 4.

Informe da homenaxe tributada a Pura e Dora Vázquez con motivo da celebración da XII edición de Galeuzka, prólogo da homenaxe da cidade de Ourense. Á enumeración de personalidades presentes engade un percorrido pola traxectoria literaria destas poetisas.

Gaspar, Silvia, "O rei Artur & Cía", *La Voz de Galicia,* "La Voz de la Escuela", "O que le é un león", 7 xuño 1995, p. 3.

Percorrido pola historia da lenda do rei Arturo. Faise especial fincapé nas manifestacións artúricas da literatura galega, das que Silvia Gaspar cita algúns exemplos.

Gil, Francisco, J., "Ir Indo edita la biografía de Xosé María Álvarez Blázquez escrita por su hijo", *Faro de Vigo*, 16 xaneiro 1995.

Breve artigo no que se dá noticia da publicación dunha minuciosa biografía, acompañada de grande cantidade de fotografías, de Xosé María Álvarez Blázquez a cargo do seu fillo Alfonso Álvarez Cáccamo coincidindo co próximo aniversario (décimo) da súa morte. Este libro da editorial Ir Indo inicia unha nova colección, Galegos na Historia, que terá como fin divulga-la vida e obra de ilustres personalidades da cultura galega.

Gómez, Lupe, "Galiza homenaxea a Manuel Maria", *A Nosa Terra*, nº 692, "Guieiro Cultural", 21 setembro 1995, p. 25.

Crónica da homenaxe que se lle tributou ó escritor Manuel María no teatro Rosalía de Castro da Coruña. O acto, organizado pola Asociación Sócio-Pedagóxica Galega, tiña a finalidade de facer un recoñecemento público á traxectoria literaria e vital do poeta da Terra Chá, co gallo da súa xubilación. Lupe Gómez fai un breve repaso da nómina dos asistentes, chegados dende moi diversos lugares para estar presentes no acto, e comenta algunha anécdota acontecida durante a homenaxe.

_____, "O festival de Poesía do Condado arrinca o 24 de Outubro", *A Nosa Terra*, nº 692, "Guieiro Cultural", 21 setembro 1995, p. 28.

Anuncio dos actos que tiveron lugar a partir do 24 de outubro en Salvaterra do Miño para celebra-lo Festival de Poesía do Condado. O devandito encontro, organizado pola Sociedade Cultural Condado dende 1980, estivo dedicado á defensa do idioma, e contou coa presencia de Marta Dacosta, Francisco Souto, Isolda Santiago, Rafa Villar, Mª Xesús Pato, Xosé Vázquez Pintor, Francisco Alonso e Mª Xosé Queizán entre outros, ademais de poetas portugueses e grupos musicais portugueses e africanos.

Gómez, Marga, "Nace el I Encuentro de Escritores del barrio lucense de A Milagrosa", *El Progreso*, 4 xullo 1995, p. 49.

Refírese á iniciativa de reunir ós escritores do barrio de A Milagrosa en Lugo con motivo das súas festas. Participaron no encontro Antón Grande, Xulio Xiz, Paco Martín, Manuel Xosé Neira, Xavier Rodríguez Barrio e Paco Pestana.

_____, "El escritor Costa Clavell recorre las ciudades gallegas en su último libro", *El Progreso*, 9 outubro 1995, p. 61.

Artigo no que se presenta o último libro de Xavier Costa Clavell: *Las ciudades de Galicia*. Faise un breve comentario do seu contido para de seguido pasar a tratar das impresións do autor sobre o libro no que traballa no momento, *Cataluña vivida por un gallego*, da súa profesión, etc. Inclúe tamén breves notas biográficas.

González Puente, Julio, "Homenaxe a un poeta", *El Correo Gallego*, 25 setembro 1995, p. 2.

Verbas dedicadas a Manuel María con motivo da homenaxe que recibiu e que serven para facer unha reflexión sobre a poesía na actualidade e sobre Manuel María como poeta.

Gwede, "Actualidad de Risco", *La Región*, 22 de outubro 1995, p. 10.

Pequena columna que celebra o Congreso sobre Vicente Risco, salientando a necesidade dunha homenaxe e as diversas achegas sobre a súa figura.

H. V., "A crítica literária reúnese en Vigo", *A Nosa Terra*, nº 705, "Guieiro Cultural", 21 decembro 1995, p. 25.

Crónica na que se dá noticia das xornadas de crítica literaria que se ían celebrar días máis tarde en Vigo, organizadas polo Clube Cultural Adiante. Preséntase o programa das mesmas, entre as que se ofrecen sesións dedicadas á literatura medieval, á poesía, á crítica feminista, etc.

Hermoso, Borja, "Vuelve el azote gallego", *El Mundo*, 5 febreiro 1995, p. 69.

Actuación de Antón Reixa no Teatro Pradillo de Madrid cun espectáculo no que se combinan teatro, poesía e música. Indícase que varios textos non teatrais seus foran tomados como base para obras como *El silencio de las xigulas* e *Doberman*, postas en escena polo grupo vasco Legaleón e o galego Teatro do Morcego, respectivamente.

I. C., "Assis Pacheco habló en la ciudad tudense de literatura lusa", *Atlántico Diario*, 25 marzo 1995.

Destaca o comentarista a presencia do escritor en Tui no marco dun programa de intercambio con Portugal, no que ofreceu unha conferencia sobre a literatura portuguesa actual e presentou o seu relato.

I. G., "Publicada una recopilación de la obra del emigrante Xan Baña", *El Ideal Gallego*, 7 xaneiro 1995, p. 18.

Nota sobre a publicación dun libro sobre a vida e obra de José Baña Pose, Pepe de Xan Baña, realizado por Ramón Ferreiro e Manolo Froxán, en colaboración co Concello de Cabana e a Deputación da Coruña. Refírese á estructura do libro, dividido en dúas partes que tratan a biografía e a obra respectivamente e dánse algún datos sobre a vida deste emigrante natural de Barilongo, Santa Comba.

_____, "Concesión de ayudas para impulsar la edición de libros en gallego", *El Ideal Gallego*, 20 febreiro 1995.

Anuncio da convocatoria de subvencións dirixidas a empresas editoriais para apoia-la edición do libro en galego, a traducción ó galego e a traducción e edición a outras linguas de obras escritas orixinariamente en galego. O mínimo de páxinas establecido para se acoller á subvención é o de cincuenta, bardante no caso das publicacións infantís.

_____, "El Lar Gallego de Chile publicará una antología de Rosalía de Castro", *El Ideal Gallego*, 30 xaneiro 1995, p. 28.

Informa da próxima publicación no Lar galego de Chile dunha antoloxía de Rosalía -sen obra publicada aínda neste país-, baseada en *Cantares Gallegos* e *Follas Novas*, que será distribuída de forma gratuíta ós membros da institución e ó resto dos centros de Arxentina, Uruguai, Venezuela e Cuba. Ademais, editaranse *Chaguazosos, una aldea gallega en ultramar,* de María de las Nieves Sánchez e *Chile y Galicia, confines míticos,* de Edmundo Moure Rojas. Estes proxectos patrocinados pola Secretaría Xeral de Relacións coas Comunidades Galegas, pretenden establecer ademais un programa de axudas para a realización de cursos, conferencias e seminarios sobre lingua, historia e cultura galegas.

_____, "Edicións do Dragón prepara unha serie de recitais poéticos en el pub Tarasca", *El Ideal Gallego*, 7 marzo 1995, p. 24.

Nota que informa sobre a iniciativa de Edicións do Dragón, que organizou no mes de maio unha serie de recitais poéticos no pub santiagués Tarasca. Un dos convidados foi Rafa Villar.

_____, "Varios grupos teatrales proponen cambios en la política del IGAEM", *El Ideal Gallego*, 14 marzo 1995, p. 18.

Comunicado asinado por algunhas compañías teatrais contra as axudas do IGAEM.

_____, "Inaugúrase en Lisboa unha exposición de libros galegos co gallo da festividade literaria", *El Ideal Gallego*, 18 maio 1995, p. 35.

Artigo que informa sobre a inauguración en Lisboa de tal exposición con motivo do Día das Letras Galegas, dedicado á figura de Rafael Dieste. Con tal pretexto saíron unha serie de artigos no *Diário de Notícias*, algún de Viale Moutinho, nos que se analiza a historia da celebración das letras galegas, dende 1963, en que se empeza con Rosalía de Castro, e se apunta o descoñecemento que en Portugal se ten destas primeiras figuras da creación galega.

_____, "Neira Vilas: 'A literatura galega non se entende sin a emigración",

El Ideal Gallego, 9 decembro 1995, p. 25.

Resume os contidos da conferencia pronunciada por Xosé Neira Vilas na apertura da XII edición de "Galeuzca", baixo o título "A literatura galega en América". Salientou a importancia que tivo a emigración na nosa literatura, a grande actividade dos exiliados, as publicacións e revistas que xurdiron sobre todo na "quinta provincia", e lembrou ós escritores que viviron e publicaron no exilio.

_____, "Oitenta escritores galegos, bascos e cataláns participan no Galeuzca 95", *El Ideal Gallego*, 8 decembro 1995, p. 16.

Miguel Anxo Fernán-Vello, secretario da AELG, presentou a XII edición de "Galeuzca", na que intervirán quince escritores cataláns, quince vascos e cincuenta galegos, para debater sobre a repercusión da emigración e do exilio nas súas literaturas. Salientou na presentación a importancia que teñen para a creación galega estes temas.

Ibn el-Avelashvir, "Luisa Castro, o sexo da escrita", *O Correo Galego*, "Paraísos terreais", 8 xaneiro 1995, p. XVII.

Reflexión sobre as mulleres na escrita, das que di que teñen un "doutoramento en sensibilidade". Retoma escritoras de tódolos tempos como Safo, Teresa de Jesús, Rosalía, Emilia Pardo Bazán, Georges Sand, Virginia Woolf, Tony Morrison, María do Carme Kruckenberg, Blanca Andreu, Úrsula Heinze, etc. Pero entre as "excepcionais" escritoras galegas, mostra a súa debilidade por Luisa Castro: "posúe o don do bilingüismo, e sabe ser fértil, coma seiva nutricia..."

Iglesias, Pilar, "Ánxel Casal será homenajeado por el centenario de su nacimiento", *El Ideal Gallego*, 9 novembro 1995, p. 3.

Dá conta dos actos conmemorativos do centenario do nacemento do que fora alcalde de Santiago en 1936 e fundador da editorial Nós. Con tal motivo anúnciase a realización dunha homenaxe na Galería Sargadelos e a colocación dunha placa conmemorativa.

Janeiro, D., "Xeración Xpontánea", *O Correo Galego*, 21 maio 1995, p. 54.

Informa sobre este colectivo-taller, creado por uns cantos filólogos, no ano 94, que na actualidade se dedica a escribir historias por encargo, sen limitación de tema nin de lingua.

L. R. V., "La escena madrileña recordó a Lauro Olmo en la Casa de Galicia",

La Región, 17 marzo 1995, p. 9.

Dá conta dos actos en homenaxe a Lauro Olmo, un ano despois da súa morte. Céntrase especialmente no que se celebrou na Casa de Galicia en Madrid. Informa dos asistentes e fai un breve resumo das ponencias de Juan Antonio Bardem e Gamallo.

_____, "Novoneyra recordó a Lauro Olmo con poemas sobre *Val di Orres*", *La Región*, 3 xuño 1995, p. 9.

Informa da intervención de Uxío Novoneyra na entrega dos premios de teatro breve Lauro Olmo, na que recitou poemas referentes á comarca de Valdeorras. Comunícase a continuación o nome da gañadora, Montserrat Méndez Ruibal por *Paixóns, divinas paixóns*, reproducíndose ademais as verbas de louvanza que o xurado tivo para a obra galardoada.

_____, "La figura de Vicente Risco, desgranada en el congreso que rinde homenaje al escritor", *La Región*, 19 outubro 1995, p. 9.

Sesión inaugural do Congreso sobre Vicente Risco no que tanto Manuel Fraga coma Carlos Casares sinalaron a importancia e necesidade desta homenaxe. Inclúense ademais as ideas fundamentais das ponencias desta primeira sesión, na que interviron Dolores Vilavedra, Fernando Serrano Valverde, Xesús Alonso Montero, Carlos Fernández, Andrés Torres Queiruga e Xavier Castro, que abordaron aspectos narrativos, ideolóxicos, lingüísticos e etnográficos de Vicente Risco.

_____, "Aplauso a un merecido homenaje", *La Región*¸ 20 outubro 1995, p. 10.

Fai referencia á sesión do xoves 19 de outubro no Congreso sobre Vicente Risco e á satisfacción por parte dos intelectuais galegos por este merecido acto de recoñecemento. Recóllense as opinións de Felipe Ferreiro, Justo González Beramendi e Franklin García.

_____, "Risco foi un pai moi amoroso", *La Región*, 21 outubro 1995, p. 6.

Coméntase a terceira xornada do Congreso sobre Vicente Risco, destacando a satisfacción do seu fillo pola súa celebración e o seu agradecemento á Xunta de Galicia e a Carlos Casares como responsable. Salientou a figura do seu pai como mestre e figura polifacética. Destácanse tamén as intervencións de José Luís Varela, Mª Jesús Lama, Franck Meyer e Ignacio Soldevilla.

_____, "Orense rinde homenaje a Pura y Dora Vázquez dando nombre a una calle", *La Región*, 13 decembro 1995, p. 5.

Nota sobre a descoberta dunha placa que dedica unha rúa ourensá ás poetas Pura e Dora Vázquez, pola súa entrega á cultura galega da segunda metade do século XX. No expediente de honores sobre ambas sublíñase a unidade de ambas pero tamén as súas diversidades literarias.

_____, "Una calle orensana lleva ya el nombre de Pura y Dora Vázquez", *La Región*, 16 decembro 1995, p. 3.

Resumo do acto de homenaxe a Pura e Dora Vázquez no que o Concello de Ourense nomea unha das rúas da cidade en honor ás dúas irmás.

_____, "Valcárcel analizó la vida política orensana de la Segunda República", *La Región*, 22 decembro 1995, p. 8.

Breve síntese da conferencia do historiador Marcos Valcárcel con motivo da celebración das X^as Xornadas da Historia de Galicia que teñen lugar na cidade de Ourense. As elites políticas ourensás (profesionais liberais do campo xurídico, da ensinanza e da sanidade, principalmente) durante o período da Segunda República foi o motivo da súa disertación, na que destacou o papel da Igrexa. O outro poñente do día, Roberto Blanco, tratou de atopa-lo punto de partida das institucións políticas de Galicia.

Leivas, Rubén, "Carlos Casares disertó ayer sobre la prensa literaria, en Mondoñedo", *El Progreso*, 24 setembro 1995, p. 60.

Noticia que recolle a clausura do ciclo de conferencias sobre a lingua galega nos medios de comunicación realizada por Carlos Casares, acto enmarcado dentro do sétimo simposio da Universidade Literaria de Mondoñedo, organizado pola Asociación de Amigos de Mondoñedo e o Concello. Carlos Casares falou sobre a prensa literaria en Galicia sinalando que "es un fenómeno raro" e que "Risco es la figura gallega que mejor recoge las características del periodismo literario".

López-Barxas, Paco, "*Festa do corpo*, un libro de versos epistolares", *El Correo Gallego*, 23 marzo 1995, p. 57.

Comenta brevemente a aparición de *Festa do corpo,* de Helena Villar Janeiro, libro de versos epistolares, ó que Xesús Rábade, o seu compañeiro, lle contesta con *Poldros de música*. Na liña do erotismo, do amor e do intimismo, intercambian versos que xorden dende a distancia.

López Fernández, Xesús, "Saudosa lembranza de Xoán Vidal Martínez", *Diario de Pontevedra*, 19 xuño 1995, p. 5.

Lembranza do poeta pontevedrés Xoán Vidal Martínez (1904-1994) e percorrido polas súas orixes e pola súa familia. Como poeta publicou *Mágoas*, *Voz y Memoria,* participou na fundación da revista *Alborada* e cofundou *Hebe* e *Cristal*.

Lorenci, Miguel, "El valdeorrés Lauro Olmo recordado en el Día Mundial del teatro", *La Voz de Galicia*, 27 marzo 1995, p. 5.

Resumo do acto que no Día Mundial do Teatro se celebrou en Madrid, no que se leu unha mensaxe do escritor venezolano Umberto Orsini diante da figura de Valle-Inclán e no que tamén se homenaxeou ó falecido dramaturgo valdeorrés Lauro Olmo. Recolléronse tamén as palabras de Jaime Salom e Umberto Orsini respecto ó apaixonante momento que está a vivi-lo teatro.

M. G., "A biblioteca de Del Riego é xa propiedade de Vigo", *O Correo Galego*, 22 abril 1995, p. 44.

Recolle as impresións de Del Riego e do alcalde de Vigo, Carlos Príncipe, respecto da doazón do intelectual galego da súa biblioteca persoal, así como de numerosas obras de arte á cidade. Del Riego afirma saldar deste xeito a débeda de gratitude coa cidade, e fai alusión, entre outras cousas, ó que el considera máis valioso no seu tesouro persoal.

_____, "Fernández del Riego e Príncipe asinan a doazón das obras do intelectual", *El Correo Gallego*, 26 abril 1995, p. 12.

Faise referencia ó momento en que o alcalde de Vigo, Carlos Príncipe, e Francisco Fernández del Riego formalizaron a doazón que este último fixo dos 25.000 libros e obras de arte que foi acumulando ó longo de cincuenta anos. Recóllense as palabras de Fernández del Riego, que afirma sentir que deste xeito saldaba a súa débeda coa cidade.

M. L., "Bouza recorda a carga destructiva da emigración na lingua galega",

O Correo Galego, 10 decembro 1995, p. 51.

Síntese da conferencia que o sociólogo Fermín Bouza pronunciou na segunda xornada da XII edición de "Galeuzca", celebrada en Betanzos. Nela tratou de analiza-las cifras de emigrados, sinalando que o atraso da perda de capital humano daqueles anos ten consecuencias no atraso económico actual de Galicia. Tamén interviron nesta sesión o escritor vasco Iñaki Zabaleta, Koldo Izaguirre e Joseba Gabilondo.

M. R., "Celidonio Latas Tinajero volve a ser o porco de pé", *La Voz de Galicia*, "*Revista de Cultura*", ano I, nº 19, 6 xullo 1995, p. 6.

Nota breve sobre a reedición de *O porco de pé* levada a cabo pola editorial Galaxia. A novela, da que se describe sucintamente o argumento, é considerada como de plena actualidade.

_____, "El exilio también formó artistas, dice Neira Vilas", *La Voz de Galicia*, 9 decembro 1995, p. 5.

Resume os contidos da conferencia pronunciada por Xosé Neira Vilas na apertura da XII edición de "Galeuzca". Salientou a importancia da cultura galega na emigración e, con respecto ó seu caso persoal, confesou que foi a emigración a que o impulsou a escribir, fronte a outros escritores como Luís Seoane, Rafael Dieste, Curros Enríquez ou Celso Emilio Ferreiro, que emigraron cando xa estaban formados.

M. V. "Os álbumes de guerra de Castelao reeditados por *A Nosa Terra*", *A Nosa Terra*, nº 706, "Guieiro Cultural", 28 decembro 1995, p. 29.

Comentario no que se dá noticia da reedición das trinta e unha estampas de guerra feitas por Castelao no fragor da loita contra a sublevación militar do 36. Trátase das estampas de "Galicia Mártir", "Atila en Galicia" e "Milicianos", moitas delas ocultadas ó longo da historia polo seu forte contido político.

M. V. V., "III Congreso de Escritores Galegos en Compostela", *Atlántico Diario*, 22 setembro 1995, p. 55.

Contén un extenso resumo sobre as actividades programadas para o III Congreso de Escritores Galegos, que se celebrou dende o día 22 no auditorio do Museo do Pobo Galego, incluíndo o nome dos que participarán en cada acto e o horario de celebración dos mesmos.

_____, "Cincuenta anos de poesía galega", *Atlántico Diario*, 12 agosto 1995, p. 50.

Enumeración dos antologados na escolma *50 anos de poesía galega*, en edición de Carlos L. Bernárdez e Xosé María Álvarez Cáccamo. Tamén se cita algún nome que non aparece e indícase que se trata dun bo traballo de compilación e introducción desta extensa nómina de autores adscritos a distintas xeracións.

Mallo, Albino, "Cultura Galega (O Consello, que preside Filgueira Valverde, realiza importantes traballos a través de dez ponencias)", *O Correo Galego*, "Lecer", 4 xuño 1995, p. XVII.

Describe o traballo realizado polo Consello da Cultura Galega, as bases legais que o regulan, o seu funcionamento e as actividades máis inmediatas que ten pensado levar a cabo, entre as que salienta: un encontro de arquitectos galegos e portugueses, a edición do xornal *Charamuscas* e un congreso sobre medicina popular. Recolle unhas declaracións de Manuel Suárez Suárez, secretario técnico do Consello, nas que comenta as melloras que supoñen os novos locais.

_____, "Circuítos Culturais (Un total de 142 concellos de Galicia beneficiaranse das axudas da Consellería de Cultura este ano)", *O Correo Galego*, "Lecer", 25 xuño 1995, p. XVII.

Comenta a actividade dos Circuítos Culturais, salientando o apoio que supón para o teatro, a danza e a música galegas. Sinala os concellos con máis espectáculos contratados e enumera os destinatarios deses contratos: grupos de gaitas, bandas de música, grupos corais e outros.

Mariño, Salvador, "Darío Xohán Cabana abriu o ciclo 'Os nosos escritores",

El Progreso, 13 decembro 1995, p. 56.

Nota breve na que se dá conta da inauguración en Lugo do ciclo "Os nosos escritores", organizado pola Deputación Provincial. O encargado desta apertura foi Darío Xohán Cabana, que ofreceu unha conferencia sobre a súa obra, da que salientou tres títulos (*Galbán en Saor*, por ser do que máis satisfeito está; *O cervo na torre*, que el considera a súa mellor obra; e a traducción da *Divina Comedia*, o seu traballo máis importante para a literatura galega), e sobre a literatura galega actual, en xeral.

Martín, Paco, "Trapero", *El Progreso*, "La muerte de un ilustre lucense", 11 outubro 1995, p. 32.

Artigo recordatorio da figura de mestre de Trapero Pardo.

Mella, S., "Ochenta escritores se dan cita en Galeuzca", *Diario 16 de Galicia*, 8 decembro 1995, p. 9.

Anuncia o comezo da XII edición de "Galeuzca" na Coruña, que abordará o tema "A emigración e o exilio nas literaturas galega, basca e catalana", en conferencias, mesas redondas e cortometraxes. O acto de presentación correu a cargo de Miguel Anxo Fernán-Vello, secretario de AELG.

Méndez Ferrín, X. L., "Sobre *O cervo na torre*", *A Nosa Terra*, nº 662, "A Aldea Global", 23 febreiro 1995, p. 20.

Méndez Ferrín fai unha protesta a propósito dun artigo de Xosé M. Eiré, saído con anterioridade en *A Nosa Terra*, no que se aldraxaba a *O cervo na torre,* en particular, e á obra de Darío Xohán Cabana, en xeral. O articulista fai unha afervoada defensa da mesma, xulgando ó escritor chairego como do mellor que a literatura galega deu de si no século XX.

Neira Vilas, Xosé, "Con Luís Tobío, corenta anos despois", *Faro de Vigo,* "Memoria da emigración", 5 febreiro 1995, p. 12.

Neste artigo Neira Vilas rende homenaxe a Luís Tobío, un dos sobreviventes daqueles mozos que fundaran o Seminario de Estudios Galegos. Como outros moitos homes da nosa cultura, este viveirán, que fora membro do Exército Republicano, tivo que exiliarse en 1939. Despois dunha breve estancia en Nova Iorque e un ano de residencia en Cuba, instálase en Uruguai, onde vivirá ata que en 1963 volta a España. Na súa biografía atopámo-lo intelectual e o diplomático, pero sobre todo o home que traballou en prol da cultura galega, non só coas súas publicacións senón tamén coas súas actividades.

_____, "*Non mais emigración*, peza teatral precursora", *Faro de Vigo,* "Memoria da emigración", 19 febreiro 1995, p. 13.

Esta peza teatral, da autoría de Ramón Armada Teixero, ortigueirés emigrado a Cuba, foi representada con música do compositor galego, tamén emigrado, Felisindo Rego. A primeira representación foi en 1886, e o mais significativo da mesma, á parte do éxito que tivo no seu momento (fixéronse tres reedicións), é que se trata da primeira zarzuela en galego da que se ten noticia e da primeira peza teatral despois da Fonte do Xuramento. O autor fai un alegato contra a emigración, describindo a triste realidade coa que se atopan os que teñen que deixa-lo seu fogar para marchar a outras terras.

_____, "Xoan Lago e o acorazado *Maine*", *Faro de Vigo,* "Memoria da emigración", 26 febreiro 1995, p. 42.

Nesta ocasión achéganos Neira Vilas a un emigrante do século pasado: Xoán Lago, amante do mar, no que traballou grande parte da súa vida. Preséntano-la historia deste home, nacido en Mugardos e que chegou á Habana en 1898. Gustáballe contar historias, falar do seu pasado, de todo o que tivera que facer na súa vida de emigrado para gañarse a vida, e entre os seus recordos estaba a súa experiencia co seu irmán Xosé no refrotamento do acorazado Maine, enviado polos americanos e explosionado por eles mesmos co obxecto de atopar un pretexto para declararlle-la guerra a España e evita-lo triunfo dos cubanos na súa loita pola independencia.

_____, "Dino Pacio Lindín, profeta en terra allea", *Faro de Vigo*, "Memoria da emigración", 5 marzo 1995, p. 43.

Dino Palacio Lindín naceu en Pastoriza. Despois de estudiar e traballar en distintos lugares de Europa, marchou a Nova York onde aínda hoxe é profesor de sociolingüística na universidade. Este galego sempre se solidarizou cos grupos de emigrantes, especialmente dende o centro organizado por el e do que foi director: Solidaridad Humana. O centro ten como meta a integración de grupos marxinais, especialmente latinoamericanos, e consegue grandes logros na súa tarefa. Á parte dese labor social, este galego emigrado ós catorce anos, ten publicacións en galego, inglés e castelán, e a súa vida é exemplo de dedicación ós demais.

_____, "Con Carlos Abraira en tres mundos", *Faro de Vigo,* "Memoria da emigración", 2 abril 1995, p. 50.

Fillo dun galeguista da emigración, Xosé Abraira, temos en Carlos Abraira o exemplo dun home que, aínda sendo arxentino, leva no seu corazón a patria dos seus antergos. Preséntanos Neira Vilas a este médico, famoso endocrinólogo, especialista en diabetoloxía, profesor universitario, xefe da sección de endocrinoloxía do Hospital Hines, etc. Asentado en Chicago, onde traballa, foi o secretario Xeral das Mocidades galeguistas cando se fundaran en 1953, colaborou en numerosas actividades relacionadas con Galicia e a nosa cultura, e foi constante nel a preocupación pola nosa terra.

_____, "A aventura de Pedro Sarmiento de Gamboa", *Faro de Vigo*", "Memoria da emigración" 10 abril 1995, p. 14.

Preséntanos Neira Vilas neste artigo a un galego do século XVI que, con dezanove anos, deixou Pontevedra. Dedicou a súa vida a viaxar e participou en numerosas expedicións, algunhas delas moi importantes. Sabemos dos lugares polos que andivo, das aventuras que viviu, dos seus conflictos coa Inquisición e mesmo da obra na que conta as súas peripecias na expedición que tiña como misión coloniza-lo Estreito de Magallanes. A partir de 1591, sen embargo, pérdense os pasos deste interesante viaxeiro, o chamado "Caballero de Galicia".

_____, "Aqueles sábados porteños de *Sempre en Galiza*", *Faro de Vigo,* "Memoria da emigración", 26 abril 1995, p. 42.

Analízase aquí o papel que esta obra de Castelao cumpriu na Galicia da emigración. Segundo Neira Vilas, foi a que máis influíu nos galeguistas emigrados, que a tiñan como libro de cabeceira das súas reunións, pois conectaron coas ideas do noso autor. A obra foi chegando posteriormente a Galicia de forma clandestina. *Sempre en Galicia* ten, por tanto, unhas connotacións moi importantes para os galegos, especialmente os que viviron fóra da súa terra.

_____, "Fernando Blanco de Lema, o filántropo de Cee", *Faro de Vigo,* "Memoria da emigración", 3 maio 1995, p. 46.

Fernando Blanco de Lema marchou con trece anos da súa terra natal, Cee, cara á Habana. Viviu o resto da súa vida na emigración, onde conseguiu enriquecerse, pero nunca esqueceu Galicia, e proba disto foi o seu desexo de que tódolos seus bens se empregasen na construcción dun colexio e un Instituto no seu pobo natal. O Instituto é un centro exemplar, que xa a fins do século pasado contaba coas mellores dotacións para os distintos gabinetes e unha boa biblioteca. Este galego é, como nos indica Neira Vilas, un exemplo de filantropía e amor á terra que o viu nacer.

_____, "A fecunda etapa cubana de Arturo Souto", *Faro de Vigo,* "Memoria da emigración", 19 maio 1995, p. 41.

Ocúpase esta vez Neira Vilas dun pintor galego, un artista que estivo do lado da República na Guerra Civil e tivo que emigrar no ano 1939. Viviu na Habana e en México, ata que en 1962 volta a Galicia. Formou parte do movemento renovador da arte galega deste século. A súa producción foi moi fecunda e deixou a súa pegada espallada da outra e desta banda do Atlántico, pero sobre todo na Habana.

_____, "No centenario de Ramón Suárez Picallo", *Faro de Vigo,* "Memoria da emigración", 23 maio 1995, p. 41.

Con ocasión do centenario do seu nacemento (Sada, 1894), achéganos Neira Vilas á vida e ó labor dun galego que, saíndo dunha clase baixa, emigrou a Buenos Aires, e tanto alí coma de volta a España, dedicou a súa actividade política á defensa do pobo traballador. Foi elixido deputado na coalición republicana socialista, representando á Coruña, tanto no goberno de Azaña coma no Bienio Negro. É de destacar especialmente a súa faceta de loitador popular e parlamentario.

_____, "Cen anos da chegada de Curros á Habana", *Faro de Vigo,* "Memoria da emigración", 4 xuño 1995, p. 43.

Nesta ocasión rende homenaxe Neira Vilas a un dos autores do noso Rexurdimento, que viviu tamén a emigración. Marchou a Cuba ós corenta e un anos e alí fundou o semanario "La Tierra Gallega". Atoparemos neste artigo un resumo da vida do poeta na emigración, as súas actividades e a súa ideoloxía, que servirá ó lector para achegarse máis a este poeta familiar para tódolos galegos.

_____, "A Coroa de Curros Enríquez volve á Coruña", *Faro de Vigo,* "Memoria da emigración", 12 xuño 1995, p. 14.

De novo o poeta de Celanova ocupa a memoria de Neira Vilas, que nos achega á época na que Curros, xa emigrado, volve temporalmente a Galicia. Os seus amigos fan unha homenaxe na que lle entregan unha coroa de prata e ouro. En 1981, setenta e sete anos despois daquel acto, a coroa volve á Coruña, onde se pode atopar na actualidade, na sede da RAG.

_____, "Mestre, emigrante, xornalista e poeta", *Faro de Vigo,* "Memoria da emigración", 21 xuño 1995, p. 43.

Eduardo Núñez Sarmiento nacera en Ribasar (Padrón) e, tras once anos de emigrante en Cuba, voltou a Galicia, onde morreu en 1906, con corenta e un anos de idade. A pesar de morrer novo, foi importante o seu labor como mestre, como xornalista e como poeta, chegando a acada-lo primeiro premio nun certame pedagóxico celebrado en Santiago.

_____, "Teatro e galeguismo en Ricardo Flores", *Faro de Vigo,* "Memoria da emigración", 26 xuño 1995, p. 16.

Con motivo do regreso, despois de máis de sesenta e cinco anos de emigración en Buenos Aires, de Ricardo Flores, Neira Vilas fai un percorrido polo fértil labor deste galego nacido en Sada, fillo de campesiños, que non deixou de traballar a prol da cultura galega, entre outras cousas, facendo teatro en galego, pero tamén escribindo poesía, como xornalista e como membro de institucións e sociedades galegas na Arxentina.

_____, “Enrique Líster, emigrante”, *Faro de Vigo,* “Memoria da emigración”, 6 xullo 1995, p. 37.

Trala recente morte deste galego que emigrou a Cuba ós once anos, o autor do artigo réndelle a súa homenaxe achegándono-lo percorrido vital deste home que viviu sempre en continua loita contra a inxustiza dende a súa mocidade cubana e despois de voltar a Galicia. Destaca especialmente a súa traxectoria como dirixente político e militar en España, a súa participación na Segunda Guerra Mundial e a súa posición de antifascista sen fronteiras.

_____, "Traxectoria americana de Modesto Brocos", *Faro de Vigo,* "Memoria da emigración", 10 xullo 1995, p. 50.

Modesto Brocos é un emigrante esquecido, a xuízo do autor deste artigo. O pintor, nacido en Santiago, emigrou a Buenos Aires e pasou ó pouco tempo a Brasil, onde morrería en 1936. Ó longo da súa vida ampliou a súa formación en París, Madrid, Roma... Pero a súa plenitude acadouna no Brasil. Galicia ten tamén unha débeda con el. Unha mostra da súa arte témola na Catedral de Santiago, onde se atopa un tríptico coa lenda do apóstolo, que pintou nun regreso temporal á súa terra natal.

_____, "*La defensa de Lugo*, un cadro emigrante", *Faro de Vigo,* "Memoria da emigración", 13 xullo 1995, p. 58.

Nesta ocasión Neira Vilas achégano-lo percorrido dunha obra pertencente a un artista galego que xa nos presentara noutra ocasión. Trátase de "La defensa de Lugo", de Modesto Brocos, cadro que foi adquirido polo Centro Galego da Habana. Despois de moitos anos foi doado ó Museo de Belas Artes de Cuba, onde podemos atopalo na actualidade.

_____, "Misión na Habana da corveta Nautilus", *Faro de Vigo,* "Memoria da emigración", 19 xullo 1995, p. 43.

Na memoria de Neira Vilas está no presente artigo a visita a Cuba da corveta Nautilus, que saíu do Ferrol en 1892 e deu a volta ó mundo. Cando en 1908 chegou á Habana, o recibimento dos cubanos foi extraordinario e, esquecendo vellas xenreiras, produciuse unha confraternización entre o pobo español e o cubano que non foi ben vista polos norteamericanos.

_____, "O *Caballero de París* naceu na Fonsagrada", *Faro de Vigo,* "Memoria da emigración", 27 xullo 1995, p. 38.

Un galego deste século que foi moi coñecido na capital cubana, Xosé María López Lledín, nacera na Fonsagrada. Foi un emigrante moi peculiar que toleou e deu en chamarse "Caballero de París" e en vagabundear. Á pesar de todo, foi moi aprezado e respectado por todos. Neira Vilas recorda a este galego, de quen podemos atopar no Museo de Santiago de Compostela de Las Vegas (A Habana) a cabeleira, unha capa e fotografías.

_____, "Final da saga do *Caballero de París*", *Faro de Vigo,* "Memoria da emigración", 31 xullo 1995, p. 15.

Na segunda parte do seu achegamento a este personaxe, Neira Vilas fai referencia á pegada que deixou, pois a súa figura é lembrada en narracións, pezas teatrais, poesías, etc., e lembra os derradeiros tempos deste home, que morreu ós oitenta e seis anos nun psiquiátrico, dando pé mesmo a que o médico que o atendeu presentase unha ponencia sobre o seu caso.

_____, "A dobre morriña de Antón Avilés de Taramancos", *Faro de Vigo,* "Memoria da emigración", 5 agosto 1995, p. 54.

Outro galego que viviu a emigración foi Avilés de Taramancos. En Colombia casou e alí tivo os seus fillos, polo que el se sentía colombiano de adopción. Pero Galicia era a súa patria. Neira Vilas fai unha homenaxe a este home co que estivo en contacto. Céntrase tanto no seu percorrido vital coma na súa producción poética, sen esquece-la súa faceta humana e a amizade que mantivo con el.

_____, "Escravos galegos en América", *Faro de Vigo,* "Memoria da emigración", 3 setembro 1995, p. 66.

Introducímonos neste artigo nun tema que nos van ampliar outros posteriores e que é unha consecuencia máis da situación económica na que se atopaba Galicia no século pasado: a emigración de galegos que foron vendidos como escravos. En Cuba interesaba rematar coa compra de escravos negros, tanto por motivos económicos, pois eran máis caros, coma políticos, xa que debido ó elevado número podíase producir unha sublevación. A solución era traficar con brancos, e en España atoparon unha fonte. Galicia foi un dos abastecedores.

_____, "Urbano Feijoo Sotomayor, traficante de homes", *Faro de Vigo,* "Memoria da emigración", 14 setembro 1995, p. 38.

Artigo documental sobre este personaxe, propietario da Sociedad patriótica Mercantil, que tiña como unha das súas actividades o traslado de galegos para traballar, sobre todo, en plantacións de cana en Cuba. Dá conta da sorte que correron un total de 1.774 galegos que desembarcaron en 1854 na devandita illa.

_____, "Sublevación de galegos na illa de Cuba", *Faro de Vigo,* "*Faro das Letras*", "Memoria da emigración", 17 setembro 1995, p. 66.

Documento que se inicia cuns breves apuntamentos biográficos sobre Urbano Feijóo de Montenegro e as súas actividades de importación de galegos e o trato inmundo que lles propiciou, chegando á pena de morte. Isto motivou a deserción e a rebelión de moitos deles.

_____, “A trata de brancos foi debatida nas Cortes”, *Faro de Vigo*, “Memoria da emigración”, 27 setembro 1995, p. 40.

Extenso artigo que se centra no escándalo relativo á trata de galegos en Cuba e que foi finalmente discutida e solventada nas Cortes a favor dos afectados. Neira Vilas cita como fontes unha serie de cartas atopadas no arquivo das Cortes Españolas, en Madrid, nas que os galegos, maltratados e explotados por un empresario tamén galego, protestaban pola súa inhumana situación.

_____, "Un nonato museo da emigración", *Faro de Vigo,* "Memoria da emigración", 30 setembro 1995, p. 46.

Fai unha defensa da necesidade da existencia dun museo da emigración que informe, e deste xeito lles faga xustiza, sobre o labor dos que traballaron e traballan por Galicia dende a emigración. Fai referencia a outros museos deste tipo xa existentes no territorio español e pasa a facer lembranza dun proxectado museo da inmigración na Habana, idea que naceu no 1978. Dá conta dos fondos máis relevantes que conformarían o devandito museo, as vicisitudes acontecidas na procura dunha ubicación axeitada e expresa o seu desexo de que o proxecto se leve finalmente a cabo.

_____, "Días e loitas de Antón Alonso Ríos", *Faro de Vigo*, "Memoria da emigración", 5 outubro 1995, p. 66.

Despois dunha breve introducción na que Neira Vilas relata como coñeceu a Alonso Ríos na cerimonia de constitucións das Mocedades Galeguistas, fai un amplo resumo da vida do escritor, centrándose especialmente no seu labor como galeguista. Comenta tamén algunhas das súas obras e finaliza coas lembranzas máis cálidas que do seu trato persoal garda.

_____, “A organización libreiro-editorial ‘Follas Novas”, *Faro de Vigo*, “Memoria da emigración”, 11 outubro 1995, p. 44.

Neira Vilas recorda as súas andanzas e as da súa muller, Anisia, coa librería e posteriormente tamén editorial Follas Novas, en Buenos Aires. A empresa naceu ante a necesidade dunha máis competente distribución do libro en galego e converteuse nunha feira do libro permanente. Ademais de vender libros, organizaban exposicións, facían doazóns e non tardaron en entrar no mundo da publicación. A empresa rematou en 1964, coa morte de Elsa Fernández, a quen lla deixaron despois de trasladarse o matrimonio a Cuba.

_____, "O fervor cubano de Ramón de la Sagra", *Faro de Vigo*, "Memoria da emigración", 29 outubro 1995, p. 45.

Extenso repaso da vida de Ramón de la Sagra, un coruñés nado no 1798 que chegou a Cuba no 1819, pasando a illa a ocupa-la parcela maior do seu traballo científico no campo da bioloxía, a historia, etc. O articulista lembra tamén a homenaxe que se lle fixo no 1971, na Habana, polo centenario da súa morte, e resume os actos que con tal motivo se levaron a cabo.

_____, "Camiños e angueiras de Luis Soto", *Faro de Vigo*, "Memoria da emigración", 1 novembro 1995, p. 58.

O articulista comeza remontándose ó inicio e transcurso da súa relación con Luis Soto, para darnos despois un cumprido resumo da vida do mesmo, resumo que provén dunha autobiografía inédita que Soto mandara a Neira Vilas á Habana.

_____, "Luis Soto e Cuba", *Faro de Vigo*, "Memoria da emigración", 17 novembro 1995, p. 40.

De novo Neira Vilas revolve no pozo das súas lembranzas e recolle o relativo á figura de Luis Soto. Fai un resumo da súa vida, dende que con 16 anos chega a Arxentina, ata que se establece definitivamente en México, onde casa. Detense especialmente no paso de Luis Soto por Cuba en compañía de Castelao, nunha xira na que recollían doazóns para a República e daban conferencias. Conta Neira Vilas que Luis Soto quedou fondamente namorado da illa e da súa xenerosidade, tanto que quizais por iso, cabila o articulista, non voltou xamais.

_____, "Cabaqueiros polo mundo adiante", *Faro de Vigo*, "Memoria da emigración", 25 novembro 1995, p. 50.

Recuperación da figura dos cabaqueiros, dos que traballaban coa arxila e facían tellas e ladrillos. Fálanos Neira Vilas de cómo vivían, traballaban e falaban, reproducindo algúns xiros do seu particular ideolecto. Tamén fala dos que foron máis alá de Galicia, por outras terras de España e ata para Suramérica. Destes últimos resume as andainas particulares de Xoán Portela e Xosé de Lada.

_____, "Lembranza cordial de Emilio Pita", *Faro de Vigo*, "Memoria da emigración", 2 decembro 1995, p. 43.

Retrato da figura de Emilio Pita. Ofrécensenos datos da súa vida mesturados coas lembranzas do propio articulista, que conviviu con el en Buenos Aires. Debúxao como poeta, musicólogo, colaborador de prensa e organizador de actos, sempre a partir do seu firme compromiso co galeguismo. Louva a súa sinxeleza, o seu gusto por ser considerado un máis entre os emigrantes e non un intelectual. Finalmente, comenta con brevidade obras como *Jacobusland*, *Cantigas de nenos*, *Os relembros/As cantigas*, *O ronsel verdegal* e *Serán*.

_____, "Aquela xuventude de 1953", *Faro de Vigo*, "Memoria da emigración", 6 decembro 1995, p. 57.

Crónica dos primeiros pasos das Mocidades Galeguistas de Buenos Aires: cómo empezaron a xuntarse, cómo e a través de quen espertou a súa conciencia galeguista, os seus integrantes, qué actividades realizaron, cómo seguían e analizaban o seu ideario (o *Sempre en Galiza* de Castelao) e, especialmente, como o facían todo con alegría e seriedade á vez.

_____, "Soños e realizacións das mocedades galeguistas", *Faro de Vigo*, "Memoria da emigración", 17 decembro 1995, p. 46.

Neira Vilas relata a historia da organización xuvenil que el e outros fundaron en Buenos Aires en 1953. Contan como este grupo era a rama xuvenil da irmandade galega, aínda que actuaban con independencia. Comenta o seu ideario tolerante e exténdese no que respecta ás súas accións: colaboracións con grupos nacionalistas vascos e cataláns, loita polo recoñecemento internacional de Galicia, participación no establecemento de Galeuzca e fundación do periódico *Adiante*, no que colaboraban escritores dende a terra de orixe, e participaba tamén en diversas empresas editoriais. Insiste na dedicación total á causa galega, que cada membro trasladaba ó seu particular medio habitual e na que moitos deles seguirían traballando unha vez de volta a Galicia.

_____, "Con Laxeiro en Buenos Aires", *Faro de Vigo*, "Memoria da emigración", 29 decembro 1995, p. 40.

Artigo no que Xosé Neira Vilas fai memoria da súa experiencia persoal da emigración, tal e como indica o título da sección. Recorda en concreto o momento no que coñeceu a Xosé Otero Abeledo, Laxeiro, e as vivencias que compartiron principalmente en Buenos Aires, pero tamén en Galicia. Ó longo do escrito, Neira Vilas vai deseñando a figura do pintor, o Laxeiro que el coñeceu, único e irrepetible.

Nicolás, Ramón, "Novidades editoriais", *Faro de Vigo*, "*Faro das Letras*", nº LXXV, 28 xaneiro 1995, p. 4.

Inauguración da sección Miradoiro, na que se dan a coñece-las novidades das editoriais do noso país. Nesta primeira entrega infórmase de Xerais e de Galaxia.

_____, "Novidades editoriais (II)", *Faro de Vigo,* "*Faro das Letras*", nº LXXX, 4 marzo 1995, p. 4.

Ramón Nicolás enumera as publicacións máis recentes de Edicións do Cumio, Nigra, Sotelo Blanco, Edicións Positivas, Ediciós do Castro e Ir Indo, aparecidas nos primeiros meses do ano 1995.

_____, "Novidades editoriais", *Faro de Vigo*, "*Faro das Letras*", nº LXXXIX, 20 maio 1995, p. 4.

Percorre as novidades de importantes editoriais galegas, dando autores e títulos do máis recente de Galaxia, Edicións do Cumio, Laiovento e Xerais.

_____, "Novidades editoriais", *Faro de Vigo,* "*Faro das Letras*", nº XCVI, 15 xullo 1995, p. 4.

Percorrido polas novas publicacións de editoriais tales como Xerais ou Galaxia. Entre estes "estreos" e "re-estreos" da primeira delas están presentes obras de autores como M. Salgueiro, finalista do IX Premio Xerais, Agustín Fernández Paz, Bernardino Graña e Ramón Cabanillas. Destaca entre as novidades a traducción de *A rata* de Andrej Zaniewski, así como a creación da colección Ferros con obras de Queipo, Pexegueiro, Vila e Rivas e as achegas á figura de Rafael Dieste. Pola súa banda Galaxia presenta dous clásicos (Rosalía de Castro e Rafael Dieste) e na súa colección Literaria reedita a González Reboredo, Vicente Risco e Alfredo Conde. Tamén destacan dous volumes de Marina Mayoral e X. A. Moreno. Conclúe o autor facéndose eco da saída das últimas entregas de revistas galegas (*A Trabe de Ouro, Grial, Análise empresarial, Gume, Revista Galega de Educación* e *Revista Galega do Ensino*) e da edición facsimilar de dúas revistas poéticas de posguerra, *Alba* e *Aturuxo*.

_____, "Novidades editoriais", *Faro de Vigo,* "*Faro das Letras*", nº CI, 21 outubro 1995, p. 4.

Percorrido polas novas publicacións de catro editoriais galegas. De Xerais sinala a aceptación da colección Ferros e destaca, entre outras novidades, a publicación das teses de doutoramento de Carmen Blanco e Modesto Hermida, a publicación dun *Diccionario de sinónimos*, un libro de relatos de Martínez Oca, a reedición de dúas obras de X. L. Méndez Ferrín e outra de X. Neira Vilas. Ó mesmo tempo Laiovento especialízase, salvo o volume de relatos de X. Alcalá e X. M. Marcos, en materiais ensaísticos de diversos ámbitos do coñecemento. Pola súa banda, Galaxia publica a nova entrega do *Anuario de estudios literarios galegos*, unha reedición de Otero Pedrayo, a obra de Miguel Anxo Murado, *Ruído. Relatos de guerra* e o premio de poesía Martín Codax, *Contra Mar,* de Xesús Franco. Finalmente, Edicións do Cumio edita un ensaio sobre Celso Emilio Ferreiro obra de X. Oreiro e unha nova obra de literatura infantil a cargo de Bernardino Graña.

_____, "Novidades editoriais", *Faro de Vigo*, "*Faro das Letras*", nº CVIII, 16 decembro 1995, p. 4.

Coa chegada do Nadal tódalas editoriais amplían a súa oferta. Así Xerais publica tres novos títulos dentro da colección Ferros (tres exemplos da chamada literatura bravú: Xurxo Souto, Jaureguizar e Camilo Franco), outros tres na colección Narrativa (unha traducción de Raymond Queneau, un libro de relatos de A. Álvarez Cáccamo e unha reedición de Fernández Ferreiro) e catro na colección Merlín (Ánxeles Ferrer, García Teijeiro, Xosé Cermeño e Antón Castro). Mentres, Laiovento diversifica a súa oferta: a terceira edición de *As cantigas de Pero Meogo*, unha nova entrega do filósofo Alain Badiou, *Iniciación á linguaxe musical,* de Paulino Pereiro e o *Manifesto das vangardas europeas,* de X. González Gómez. En canto a Galaxia destaca a literatura xuvenil da man de Josep Franco, a edición de catro novelas de Sherlock Holmes, o *Diccionario de Autores Galegos*, os *Ensaios sobre Heidegger* e dúas novas entregas da colección Literaria (X. M. Valcárcel e Antón Risco). No eido das revistas aparece *Contemporánea*, Órgano de expresión da AELG, e saen ó público os novos números de *Nordés* e *Festa da Palabra Silenciada*.

Outeiriño, Maribel, "*Nós*, 75 anos despois", *La Región*, 29 outubro 1995, p. 16.

Artigo commemorativo dos 75 anos da aparición da revista *Nós*. Inclúese a nómina dos ilustradores ourensáns, a reproducción das primeiras verbas e dos artigos do primeiro número. Tamén hai unha referencia ó número de homenaxe ó cumprírense os cincuenta anos da revista, que incluía un índice de temas e autores elaborado por Ben-Cho-Shey.

Pablos, "Fernández del Riego vacía su casa", *Faro de Vigo*, 7 maio 1995, p. 8.

Relato da visita á casa de Fernández del Riego e descrición da súa inmellorablemente provista biblioteca, a súa excelente pinacoteca e estimable arquivo. Recóllense as palabras do escritor, que lembran como conseguiu algúns libros, falan da súa relación con figuras como Cunqueiro e do seu traballo. Coméntase tamén a próxima doazón deste tesouro bibliográfico e plástico á cidade de Vigo. Este punto trátase con máis coidado no apartado que, dentro deste mesmo artigo, é titulado "Un gesto de generosidad digno de ser secundado".

Pardo, Jesús, "Vuelve Álvaro Cunqueiro", *El Progreso*, 13 xuño 1995, p. 49.

Anuncia a publicación do libro *Papeles que fueron vida*, recompilación de 84 artigos escritos no xornal barcelonés *El Noticiero Universal*, entre 1973 e 1975.

Pereira, Xil, "Los expertos examinaron 'con lupa' a Vicente Risco", *La Región*, 22 outubro 1995, p. 9.

Pequena referencia á derradeira sesión do Congreso sobre Vicente Risco, do que se destaca o seu excelente nivel.

Prieto, Carmen, "Adiós, Contos do Castromil", *La Voz de Galicia*, 28 febreiro 1995.

Co número 30 da colección Contos do Castromil, finaliza este proxecto, que deu cabida ós escritores máis significativos da cultura galega, con narracións curtas e populares. A colección contou coa colaboración da Xunta e do departamento de Normalización Lingüística, e a orixinalidade da idea partiu do espírito emprendendor da empresa de transporte que lle dá o nome.

Prieto, Susana, "Ferro Couselo devolveu a identidade e o patrimonio histórico ós ourensáns", *La Región*, 25 xuño 1995, pp. 14-15.

Nestas dúas páxinas recóllense as opinións dos integrantes do grupo Marcelo Macías sobre Ferro Couselo, destacando cada un deles unha das súas facetas: o investigador, o arqueólogo, o antropólogo, o arquiveiro e o etnógrafo. Francisco Fariña Busto salienta que "a súa obra chegou á xente"; Xulio Rodríguez di que "deu vida a unha teoría arqueolóxica"; Juan Carlos Rivas opina que "é o home ó que Ourense máis lle debe", Olga Gallego cre que "recuperou o patrimonio documental" e Xosé Carlos Sierra destaca que "tiña unhas ideas moi claras".

R. F., "Non esquezades a Vicente Risco", *La Región*, 22 outubro 1995, p. 10.

Noticia da clausura do Congreso sobre Vicente Risco, celebrado en Ourense dende o mércores 18 de outubro. As verbas que pecharon o acto foron pronunciadas por Antón Risco, fillo do homenaxeado, que pediu que se recordara a figura do seu pai.

_____, “Non merecen unha gaiola de ouro”, *La Región* , 25 outubro 1995, p. 11.

Resumo da intervención de Gustavo Luca de Tena, que pronunciou unha conferencia baixo o título de “O xornalismo renovado da xeración Nós”, dentro dos actos da celebración do 75 aniversario da publicación da revista *Nós*.

_____, "Unha publicación viva", *La Región*, 26 outubro 1995, p. 11.

Recolle as palabras de Marcos Valcárcel sobre a revista ourensana *Nós* na conferencia "A revista Nós no galeguismo e na historia da prensa galega", coa que pretendeu homenaxear a tódolos que constituíron unha forma de pensamento e deron nome a toda unha xeración. Referiuse ó contexto social e histórico desta publicación, ós precedentes culturais e ás ideas sobre a identidade galega destes homes.

R. S., "Fernández del Riego donó sus libros y objetos artísticos a la ciudad", *Atlántico Diario,* 26 abril 1995, p. 9.

Resumo do acto de formalización da doazón de Fernández del Riego da súa colección de libros, folletos, cadros, etc., á cidade de Vigo. Reprodúcense as palabras de agradecemento de Fernández del Riego para a cidade de Vigo, que, dixo, o axudou en momentos difíciles, e tamén as do alcalde, que lle deu as gracias ó intelectual galego.

_____, "Más de 3.200 libros editados en gallego se exponen en Vigo", *Atlántico Diario*, 3 de maio de 1995, p. 7.

Exposición na Casa das Artes e da Historia de tódolos libros editados en galego entre 1989 e 1993, que leva o nome de "O Libro galego, Onte e Hoxe" e está organizada pola Federación de Libreiros de Galicia. Editouse un catálogo no que se recollen tódolos libros editados en galego en tal período, que constitúe o número tres da serie, iniciada en 1979 e proseguida en 1988.

Ribalta, Xavier, "Literatura galega na guerra", *Faro de Vigo* (Ourense), "A solaina", 7 marzo 1995.

Comentario sobre o libro do lucense Claudio Rodríguez Fer, resultado das investigacións que realizou para a súa tese de doutoramento. A maior parte da producción durante o período bélico correspondeu a cregos rurais ou escritores de militancia falanxista, aínda que moitos outros, na zona republicana, eran de claro contido antifascista.

_____, "As vellas revistas poéticas", *Faro de Vigo*, (Ourense), "A solaina", 17 maio 1995.

O artigo fai un percorrido polos títulos das revistas culturais e literarias do período que vai entre 1910 e 1936, que se están a editar en edicións facsímilares: *Alfar*, *Alborada*, *A Monteira*, etc. Detense especialmente en *Aturuxo* e dá a coñece-lo contido da edición.

Roca, Ana, "Manuel Fraga alaba la floreciente producción editorial en Galicia", *El Ideal Gallego*, 10 xaneiro 1995, p. 37.

Con motivo da inauguración da exposición *O libro galego onte e hoxe* -organizada pola Federación de Libreiros de Galicia no Museo do Pobo Galego-, Manuel Fraga salientou a continuidade na producción editorial en Galicia, referíndose ás imprentas de Monterrey, Ourense e Mondoñedo e á producción dos anos 20 e 30, con achegas tan significativas como as de Castelao. Resúmense ademais as características da mostra e do catálogo editado, que recolle os libros editados en galego dende 1988 ata 1993.

_____, "La Xunta de Galicia declaró 1995 como el "año de Rafael Dieste",

El Ideal Gallego, 13 xaneiro 1995.

Refírese á aprobación, entre outros, do decreto que declara 1995 o ano de estudio da vida e obra de Rafael Dieste por parte das institucións e centros de ensino de Galicia. Dánse, ademais, uns breves datos da vida do escritor.

Rodríguez, M., "Escritores de Portugal y Asturias se unen a Galeuzca", *La Voz de Galicia*, 8 decembro 1995, p. 7.

Informa do comezo do XII Encontro de Escritores Galegos, Bascos e Cataláns, "Galeuzca", na Coruña. Miguel Anxo Fernán-Vello, secretario da AELG, sinalou que os temas a tratar nesta edición serán o exilio e a emigración, que afectou ás tres comunidades e, en particular, a Galicia. Neira Vilas abriu o encontro coa conferencia titulada "Literatura Galega en América".

S. R., "A fonda pegada de Ánxel Casal en Galicia", *Diario 16 de Galicia*, 17 decembro 1995, p. 19.

Crónica dos actos de homenaxe a Ánxel Casal con motivo do centenario do seu nacemento. Inclúese tamén, baixo o título "Unha vida adicada a Galicia", unha biografía do que fora alcalde de Santiago.

Sande, Miguel, "Radiografía das Letras Galegas", *La Voz de Galicia,* "*Revista de Cultura*", ano I, nº 12, 18 maio 1995, p. 2.

Recolle opinións de críticos, poetas, narradores e dramaturgos sobre a situación da literatura galega. Basilio Losada pensa que a normalización produce un bo galego á vez que un empobrecemento na lingua. A narrativa pese á súa temática light está nun nivel medio, fronte á boa calidade da poesía. Dolores Vilavedra cre que asistimos á "desintegración do concepto literatura galega". As institucións cumpren un papel inoperante na cultura galega. A poesía vive un momento importante mesmo sen ter canles para a difusión, e a novela vai entrando na madurez. Alfredo Conde fala dunha literatura normalizada nas canles de edición e comercialización pero non na situación cultural nin na dos escritores. Cómpre publicar con maior rigor e é partidario de convenios máis que de subvencións. Darío Xohán Cabana destaca a desmesurada publicación en galego que conleva a baixa calidade do producto, influído as máis das veces por criterios de mercado. Uxío Novoneyra, Xavier Rodríguez Barrio e Manuel Álvarez Torneiro apostan polo auxe da poesía e Euloxio Ruibal e Roberto Vidal Bolaño cren que o teatro vive un bo momento de creación e unha profunda crise de público, edicións e igualdade de subvencións

Senín, Xavier, "Editar en galego, editar en Galicia", *El Correo Gallego,* 15 agosto 1995.

Análise dos datos editados pola Axencia Española do ISBN en CD-Rom correspondentes a 1994. O número total de libros editados en galego son 834, reducidos a 818 reais, xa que 16 están erroneamente atribuídos á nosa lingua. Sepáranse os datos por editoriais galegas, non galegas, entidades sen fins de lucro, institucións e edicións de autor.

_____, "O mundo editorial galego, sen estructura empresarial", *El Correo Gallego/O Correo Galego*, 26 agosto 1995.

Este artigo constata a carencia dunha verdadeira estructura empresarial e profesional nas editoriais galegas e nas publicacións levadas a cabo por institucións, sobre todo pola Xunta de Galicia. As editoriais foráneas dedícanse a libros de texto e literatura infantil e xuvenil. Desglósanse os datos en porcentaxes da presencia de cada unha delas no mundo editorial galego.

Seoane, Luís, "Luís Seoane fala de Maruxa Mallo", *A Nosa Terra*, nº 660, 9 febreiro 1995, p. 28.

Recolle o xornal *A Nosa Terra* dous textos de Luís Seoane, de 1958 e 1961, respectivamente, nos que o intelectual galego valora a condición de renovadora que tiña, na súa opinión, a obra de Maruxa Mallo, así como o catastrófico efecto que tivo a Guerra Civil sobre a súa traxectoria artística.

Serrá, Máriam, "A traducción, unha necesidade cultural", *Faro de Vigo,* "*Faro das Letras*", nº LXXXI, 10 marzo 1995, p. 2.

Reflexión sobre a necesidade das traduccións ás chamadas linguas minoritarias. En particular, sobre o caso catalán pensa que aínda non se ten acadado a normalidade desexable, a pesar da existencia de traductores e de Facultade de Traducción. Con respecto á traducción de autores galegos, manifesta o descoñecemento do lector catalán da nosa literatura, comezando pola carencia dun diccionario galego-catalán, e a urxencia de concienciarse ó respecto.

Soliña, María, "Convivencia e solidariedade", *O Correo Galego*, "Galicia, terra nosa", 31 de xaneiro 1995.

Nota sobre o comezo no Colexio Público de Serra de Outes, da exposición *Galicia Solidariedade*, organizada por GALIX, que recolle a obra de 21 ilustradores galegos sobre o tema da paz.

_____, "Casares, presidente do Pen Club", *O Correo Galego*, "Galicia, terra nosa", 27 febreiro 1995.

Informa da renovación da directiva e da elección de Carlos Casares como novo presidente do Pen Club galego, quen presentará en breve unha proposta de actividades. Informa ademais da homenaxe a Manuel María por parte dun grupo de poetas lucenses -Darío Xohán Cabana, Claudio Rodríguez Fer, Fiz Vergara Vilariño, Camilo Gómez Torres, Xulio Xiz, Marica Campo, etc-, que lle entregaron un volume de versos baixo o título de *Papeis de Barba*.

_____, "Os libreiros ofrecen a mellor visión do *Libro galego onte e hoxe*", *O Correo Galego*, "Galicia, terra nosa", 5 marzo 1995.

Saúda a nova edición de *O libro galego onte e hoxe*, dirixido por Isabel Álvarez García, onde se recollen 3.282 publicacións en galego e que foi presentada o 9 de xaneiro de 1995 no Museo do Pobo Galego. Esta obra continúa as dúas anteriores na pretensión de organiza-la bibliografía existente en galego.

_____, "Dentro do romanticismo", *O Correo Galego*, 28 setembro 1995.

Subvención pola Fundación Caixa Galicia da obra *Pastor Díaz. Dentro del romanticismo*, publicada polo Instituto de Estudios Viveirenses, da que é autor Enrique Chao Espina, que foi cronista oficial de Viveiro dende 1963 ata 1989, ademais de Académico Numerario da Real Academia Galega.

Soto, Roque, "Ramón Caride Ogando enfrenta elementos opuestos en su último libro *Lumefrío*", *Faro de Vigo* (Ourense), 11 xaneiro 1995, p. 6.

Comentario sobre o libro *Lumefrío*, de Ramón Caride Ogando, no que se recollen, en tres partes ("Nostalxia do futuro", "Imaxinario" e "A fronteira interior"), unha serie de relatos nos que predomina a ciencia ficción, o terror e o estilo policial.

_____, "El 75 aniversario de la "Xeración Nós" sirve para destacar la vigencia de sus teorías", *Faro de Vigo*, 31 outubro 1995, p. 18.

Crónica dos actos realizados con motivo da homenaxe á Xeración Nós. Sublíñase a intervención de Filgueira Valverde, quen salientou a importancia e vixencia do pensamento daqueles homes e o proxecto común da revista *Nós*.

Soto, Susy, "El escritor vigués Lois Fernández demandará a Edicións Xerais", *Atlántico Diario*, 18 agosto 1995, p. 6.

O escritor Lois Fernández pensa demandar a Edicións Xerais por incumpri-lo contrato de publicación da súa novela *Galaxia lonxana*.

Souto, Francisco, "As marionetas serven", *A Nosa Terra*, nº 658, "Guieiro Cultural", 26 xaneiro 1995, p. 27.

Unha vez rematadas as representacións da obra de teatro *O Mariscal*, de Ramón Cabanillas e Antón Vilar Ponte, Francisco Souto lembra a polémica creada sobre a dotación económica recibida pola obra, así como a denuncia presentada por Galiza Nova, na que se poñía de manifesto a censura á que se vira sometido o texto orixinal. A continuación, o articulista mostra a boa opinión que lle merecen as montaxes teatrais feitas con monicreques, aínda que non lle parece que sexa esta a mellor de entre as dirixidas por Kukas.

T. M., "Diez novelas de Galicia, entre las 256 que se presentan al Planeta", *La Voz de Galicia*, 11 outubro 1995, p. 5.

Brevísima noticia que informa da presencia de nove obras procedentes da Coruña e unha de Ourense.

Valcárcel, Marcos, "Memoria do amor á súa terra de don Floro Cuevillas",

O Correo Galego, "Lecer", 1 xaneiro 1995, p. XXVIII.

Trata de rescatar a Floro Cuevillas, denunciando a desaparición da súa producción literaria das bibliotecas e librerías e demanda unha urxente reedición das súas obras, en concreto do libro *Cosas de Orense*, con limiar de Otero Pedrayo e ilustracións do artista Virxilio.

Vaqueiro, Vítor, "As duas culturas", *A Nosa Terra*, nº 706, 28 decembro 1995, p. 22.

Comentario sobre o propósito da nova directiva da Asociación Cultural de Vigo, presidida polo biólogo Miguel Anxo Murado, de incluír entre as súas actividades algunhas relacionadas coas disciplinas chamadas científicas, e contribuír así a unha renovación do concepto de cultura.

Varela, Froilán, "Las palabras de la tribu", *La Voz de Galicia*, "*Revista de Cultura*", ano I, nº 10, 4 maio 1995, pp. 2-4.

Repaso do primeiro ano de vida do Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, das súas publicacións xa presentes no mercado e dos proxectos futuros a desenvolver un corpus das cantigas medievais, diccionarios de literatura, un corpus de textos en galego, a investigación sobre a identidade galega, etc. Con motivo da presentación da edición facsímilar da revista bilingüe *Alba* que dirixía Ramón González Alegre, lémbrase a súa traxectoria, as destacadas colaboracións que contén, como os poetas portugueses Miguel Torga, Luis Antonio Moita ou Joaquim Montezuma de Carvalho, e a súa condición de testemuña da literatura de posguerra.

_____, "Cunqueiro, lectura de verano", *La Voz de Galicia*, 1 xullo 1995, p. 4.

O xornal francés *Le Monde* recomenda, entre outras obras, a lectura de *El año del cometa,* de Cunqueiro, feito un tanto insólito, debido á pouca demanda de Francia pola literatura de España.

_____, "As letras galegas terán en breve dous novos diccionarios", *La Voz de Galicia*, "*Revista de Cultura*", ano I, nº 29, 14 setembro 1995, p. 6.

Breve informe dos próximos títulos da Editorial Galaxia e de Edicións Xerais de Galicia que publicaron, entre outras novidades, o *Diccionario literario de autores* e un diccionario de sinónimos da lingua galega, respectivamente.

Veiga, Manuel, "Literatura de pai irrecoñecíbel", *A Nosa Terra*, nº 658, "Guieiro Cultural", 26 xaneiro 1995, p. 27.

Comentario no que se lamenta a excesiva obsesión que caracteriza, na opinión do articulista, ós escritores galegos. A dictadura das vendas marca unha liña a seguir que vai en detrimento da calidade do producto, nunha situación que non é a desexable para unha literatura como a galega.

Ventura, Joaquim, "Extranxeiros en Ourense", *O Correo Galego*, 6 novembro 1995, p. 3.

Comentario sobre o Congreso dedicado a Vicente Risco en Ourense. Refírese á grande cantidade de traballos sobre Risco, teses de doutoramento -Justo Beramendi, Olivia Rodríguez-, as investigacións e estudios mesmo en Cataluña, Madrid e Alemaña, co que se afirma a universalidade e interese do autor.

_____, "Manuel María. Se a Xunta fai algo pola cultura galega é por taparlle a boca ao nacionalismo, pero non o sinten", *A Nosa Terra,* nº 690, "Guieiro Cultural", 7 setembro 1995, p. 26.

Entrevista ó escritor Manuel María, con motivo da homenaxe que se lle tributaría uns días máis tarde na Coruña. Manuel María lembra épocas difíciles da súa vida, coa persecución que sufriu a cultura galega por parte do franquismo, e fala tamén do presente, no que non ve un verdadeiro interese institucional por normaliza-lo galego. Fai tamén un rápido percorrido pola súa traxectoria literaria, e lembra a súa relación con outros escritores galegos.

Vidal, Carme, "O III Congreso da Asociación de Escritores critica o retroceso lingüístico do galego", *A Nosa Terra*, nº 693, "Guieiro Cultural", 28 setembro 1995, p. 26.

Artigo recompilador dos actos do III Congreso da Asociación de Escritores. En tódalas intervencións insistiuse na necesidade de recoñecemento social para os escritores, a falta de apoios dende o poder e a inquietude pola situación da lingua. Interviron boa parte dos escritores galegos -Manuel María, Alfonso Álvarez Cáccamo, Rafa Villar, Méndez Ferrín, Chus Pato, Marilar Aleixandre... Só "escritores aludidos por ser os que viven á sombra das prebendas foron os únicos que faltaron á cita". Inclúese ademais unha pequena entrevista con Miguel Anxo Fernán-Vello, secretario da AELG, da que se destacan dúas frases significativas: "O escritor galego ten que ser hoxe activo frente á cultura uniformadora" e "É inexplicábel que sigamos sen existir para as institucións da cultura".

_____, "O XII Encontro de escritores galegos, bascos e cataláns analisa a obra dos exiliados", *A Nosa Terra*, nº 704, "Guieiro Cultural", 14 decembro 1995, p. 21.

Extenso percorrido polo transcorrer de Galeuzca 1995, o encontro de escritores galegos, vascos e cataláns no que se tratou a problemática do exilio e a emigración en relación á actividade literaria. Detense especialmente nas intervencións de galegos como Uxío Novoneyra e Xosé Neira Vilas, que falan dende a súa propia experiencia como literatos que sufriron de cerca tanto un como a outra.

_____, "Compostela homenaxea ao que fora o seu alcalde", *A Nosa Terra*, nº 705, 21 decembro 1995.

Breve crónica na que se comentan os actos que o concello de Santiago de Compostela, celebrou en homenaxe a un dos seus alcaldes máis históricos, Ánxel Casal, co gallo do centenario do seu nacemento. A articulista recolle as manifestacións dalgúns dos presentes no acto, como foron Francisco Fernández del Riego ou Isaac Díaz Pardo.

Vieites Manuel F., "Fundamentalismo, censura e teatro", *Faro de Vigo,* "*Faro das Letras*", Extra número 100, 14 outubro 1995, p. 5.

Dura crítica contra José María Aznar polas súas declaracións respecto á "primacía constitucional" da lingua castelá. Manuel F. Vieites tras descalificar acedamente ó político recorda a situación da nosa lingua ó longo da historia centrándose na censura que perseguía o teatro en galego tanto no século XIX coma no XX. O respecto á realidade multicultural e plurilingüe deste Estado é a liña principal do discurso de Manuel F. Vieites.

Vilas, Gonzalo, "Os acordos de intercámbio do IGAEM provocan as protestas dos grupos de teatro", *A Nosa Terra*, nº 661, "Guieiro Cultural", 16 febreiro 1995, p. 23.

Dáse información sobre a protesta en rolda de prensa dalgunhas compañías teatrais pola política do IGAEM.

Vilas, Susana, "Once editoriales gallegas, en la feria del libro de Francfort",

La Voz de Galicia, 14 outubro 1995, p. 6.

Infórmase da presencia de Ir Indo, Xerais, Ediciós do Castro, Sotelo Blanco, Cumio, A Nosa Terra, Espiral Maior, Hércules, Obradoiro, Rodeiras e Tambre, na feira do libro de Francfort. Os obxectivos son darse a coñecer, comproba-lo nivel editorial e informarse das novidades.

Vilavedra, Dolores, "Premios, un rendible investimento", *La Voz de Galicia,*

"*Revista de Cultura*", ano I, nº 1, 2 marzo 1995, p. 2.

Dolores Vilavedra refírese á grande cantidade de premios existentes en Galicia -máis de vintecinco- para tódolos xéneros literarios e a maior parte deles con grande dotación económica. Deste feito sácanse consecuencias erróneas para a literatura galega: grande cantidade de lectores, investimentos rendibles, apoio das institucións públicas. Recolle tamén unha lista dos premios de maior dotación económica e fai unha crítica da súa organización.

Villar, Rafa, "Novas de América: a poesía de Paz Lestón", *O Correo Galego*, "*Revista das Letras*", nº 49, 2 marzo 1995, p. 8.

Rafa Villar pretende recuperar con este artigo a figura e algúns dos poemas, escritos en galego, de Xervasio Paz Lestón, poeta galego emigrado á Arxentina, que figuran na revista *Alborada*. Son poemas de temática civil, costumista, sobre a emigración.

_____, "Mesa redonda: a lírica actual", *O Correo Galego*, "*Revista das Letras*", nº 78, 19 outubro 1995, p. 6.

Escrito que pretende reivindica-la poesía dos novos poetas, que camiña por diferentes vías e tonalidades. Pretende deixar constancia das novas voces e da débeda e homenaxe á tradición. Mais a pesar desta débeda, pensa que hai que camiñar cara á modernidade. Con respecto á lingua considera que cómpre acelera-lo proceso de normalización e tamén aumenta-las editoriais preocupadas pola producción poética.

_____, "Universos", *O Correo Galego*, "*Revista das Letras*", nº 80, 2 novembro 1995, pp. 9-16.

Cinco poemas de Rafa Villar, acompañados dun comentario de A. R. López. Trátase dunhas composicións nas que se reivindica un lugar para a esperanza, a pesar de que o mundo non lle ofrece ó ser humano máis que hostilidade e desafío.

Villarabid, Víctor L., "Emotivo y multitudinario homenaje a Manuel María ayer en A Coruña", *El Progreso*, 16 setembro 1995.

Artigo que informa sobre o transcorrer da homenaxe celebrada en honor de Manuel María nun hotel coruñés, e que consistiu nun recital poético, outro musical e unha cea artístico-cultural. Dánse nomes dos invitados máis ilustres e finalmente complétase cun pequeno resumo biográfico da figura do escritor chairego.

_____, "Homenaje a un poeta chairego", *El Progreso,* 24 setembro 1995, p. 21.

"Non me esperaba semellante homenaxe", foron as palabras de Manuel María con motivo do acto celebrado no teatro Rosalía de Castro da Coruña, que tivo diferentes momentos: un recital poético, a entrega de diversos gravados de artistas galegos ó homenaxeado, a intervención de Díaz Pardo, as actuacións de Suso Vaamonde, María Manuela e o grupo A Quenlla, unha ofrenda floral no monumento de Curros Enríquez e unha cea onde diversas personalidades da cultura galega, entre eles Pilar García Negro e Bautista Álvarez, falaron do poeta lugués.

Viqueira Iglesias, "Méndez Ferrín", *Faro de Vigo*, 26 marzo 1995.

Evocación literaria e humorística de *Crónica de nós.*

VV. AA., "Luís Pimentel 1895-1958. (No centenario dun poeta lucense)",

El Progreso, 19 decembro 1995.

Con motivo da celebración do centenario do nacemento de Luís Pimentel, *El Progreso* dedícalle un suplemento a modo de homenaxe, no que ademais das datas e dos feitos máis importantes da vida deste poeta lucense, inclúe un artigo sobre "Cunetas", poema de dubidosa atribución, unha escolma mínima de Pimentel e outra coa que o honran os poetas galegos no 1958. Complétase cunha serie de artigos:

Manuel María, "Luís Pimentel 1895-1958", p. 1. Manuel María comenta a súa relación persoal con Pimentel e a sobranceira presencia da cidade de Lugo na obra do poeta homenaxeado, aproveita para denuncia-lo olvido ó que está sometido dende as institucións culturais lucenses.

Herrero Figueroa, Araceli, "Lugo na obra de Luís Pimentel", p. 4. A relación coa cidade das murallas tamén é estudiada por Araceli Herrero Figueroa en "Lugo na obra de Luís Pimentel", ofrece un número importante de exemplos que xustifican o título do artigo.

Martín, Paco, "Pimentel", p. 5. Paco Martín, partindo dos seus recordos infantís, achéganos unha lembranza de Luís Pimental e outra de Ánxel Fole.

Vega, Celestino F. de la, “Recuerdo y semblanza de Luís Pimentel”, p. 3./ Cunqueiro, Álvaro, “Luís Pimentel”, p. 5. Son recuperados do arquivo de *El Progreso* dous artigos publicados en 1958: “Recuerdo y semblanza de Luís Pimentel” de Celestino F. de la Vega e “Luís Pimentel” de Álvaro Cunqueiro, nos dous saliéntase a importante achega que supuxo a poesía pimenteliana para as letras galegas.

X. C., "A Xunta subvenciona as versións de obras galegas noutras línguas", *A Nosa Terra*, nº 662, "Guieiro Cultural", 23 febreiro 1995, p. 23.

Recóllese nesta noticia unha convocatoria da Xunta de Galicia pola que se ofrecen subvencións de ata un millón de pesetas por título ás versións e traduccións de obras en galego a outras linguas. Este é xa o noveno ano en que se convocan este tipo de axudas, das que se teñen beneficiado, na inmensa maioría dos casos, versións en castelán de libros galegos. A nova recolle tamén algunhas das manifestacións do subdirector xeral de Cultura, Xabier Senín, no momento de anuncia-las subvencións.

X. S. M., "Díaz Pardo: Mi interés se centra en la Historia", *El Correo Gallego*, "Vuelta de hoja", 13 outubro 1995, p. 33.

Sucintas declaracións de Díaz Pardo nas que confesa predilección polas obras históricas.

V. Ensaio. Teoría Xeral. Crítica

V. 9. Folletos de novidades editoriais

A. S., "Longo. *Dafnis e Cloe*", *Boletín Editorial Galaxia*, nº 23, xaneiro 1995, p. 2.

Presenta como novidade esta edición bilingüe grego-galega dunha das pezas fundamentais da literatura clásica, *Dafnis e Cloe*, de Longo, considerada, segundo algúns historiadores da literatura, como a primeira novela europea. Introdúcenos na elegancia do mundo clásico, e presenta unha historia de amor nun ambiente pastoril.

_____, "Vicente Risco. *Obra Completa*", *Boletín Editorial Galaxia*, nº 23, xaneiro 1995, p. 3.

Presenta os tres primeiros volumes das *Obras Completas*, de Vicente Risco e os contidos de cada un deles. Sinala o autor do comentario a importancia desta publicación, que enche unha lagoa bibliográfica e fai xustiza a "unha das figuras máis senlleiras e interesantes da nosa cultura".

_____, "Rosalía de Castro, *Cantares Gallegos*, *Boletín Editorial Galaxia,* nº 24, abril 1995, p. 2.

Pequena nota informativa na que se describe a composición desta edición crítica e dá, polo tanto, as partes de que consta o volume.

_____, "Adán de la Halle, *A peza da enramada/A peza de Berto e María*, *Boletín Editorial Galaxia*, nº 24, abril 1995, p. 2.

No que se fai referencia á pouca valoración do teatro medieval, cunha pequena parte da bibliografía do autor e incide na comicidade desta obra.

_____, "*A sogra. Os irmáns*", *Boletín Editorial Galaxia*, nº 25, novembro 1995, p. 2.

Breve comentario que, de xeito xeral, se fai sobre a vida e obra de Terencio. A defensa da muller fronte a tópicos antifemininos e a educación dos fillos son, respectivamente, os temas das dúas obras.

Aleixandre, Marilar J, "*Contornos. Apuntes de filosofía natural*", *Novidades Xerais*, nº 22, "Letras galegas 95", 1995, p. 3.

Trátase dunha presentación de *Contornos. Apuntes de filosofía natural*, de Xavier Queipo, animando ó lector a penetrar sen prexuízos no universo preferentemente animal dende unha perspectiva totalmente innovadora.

Alonso, Francisco, "*Catapulta*", *Novidades Xerais*, nº 23, outono 95, 1995, p. 2.

Saliéntase neste breve comentario o humor e a capacidade crítica do autor destes dez relatos, con protagonistas da vida cotiá, verdadeiras pezas da acción.

Camelle, Camilo C., "Aníbal C. Malvar: No xornalismo e na política hai moito arquetipo", *Novidades Xerais*, nº 24, nadal 1995, p. 2.

Entrevista con Aníbal C. Malvar tralo fallo do premio Xerais de Novela, do que resultou gañador coa novela *Unha noite con Carla*. Comenta que o argumento pretende reconstruí-los feitos dun caso de corrupción política da man do xornalista Rodrigo Albán. Non se pode encasillar dentro do xénero negro, aínda que comparte trazos con esta literatura. Os feitos preséntanse, afirma, dende dous puntos de vista, o do xornalista e o dun narrador desvencellado e anónimo que completa o pasado. Afirma a importancia do diálogo na narración, o emprego de personaxes arquetipo, a presencia da parodia, e a marcada influencia da súa profesión de xornalista nas súas narracións, xa que, segundo di, "no xornalismo aprendín todo o que sei sobre literatura".

Cid Cabido, Xosé, "Non romper o ADN da palabra", *Novidades Xerais*, nº 22, 1995, p. 3.

Descrición das características da nova colección "Ferros" da que se describe o seu formato, prezo, a presencia da palabra nas creacións, a brevidade, a portada e o por qué do nome. Cita tamén os catro autores que a inauguran, Andrés Vila, *Os nerviosos elegantes de Raoul Dufy,* Xavier Queipo, *Contornos. Apuntes de filosofía natural*, Alfonso Pexegueiro, *¿Serán os cisnes que volven?* e Manuel Rivas, *Costa da Morte Blues.*

_____, "Norte Sur Monte-Alto", Vigo: Xerais, *Novidades Xerais,* nº 23, outono 1995, p. 1.

Artigo sobre os tres novos títulos da colección "Ferros" de Xerais. Faise, en primeiro lugar, un breve percorrido pola traxectoria profesional -xornalista- e literaria de Camilo Franco, autor de *En malos pasos,* destacando certas características da súa personalidade. En segundo lugar, enuméranse os temas de fondo dos seus relatos: o fútbol, o amor abandonado, o suicidio ou o asasinato. Continúa con *A tralla e a arroutada*, de Xurxo Souto, do que se valora a súa primeira incursión no mundo narrativo. Destácase o xogo entre tradición e modernidade que se dá en tódolos relatos, entendéndoo como unha trampa que atrapa os personaxes dos mesmos e lles impide un desenvolvemento natural nas súas vidas. Por último coméntase brevemente a obra de Santiago Jaureguizar, *Fridom Spik,* no que intenta expresa-las contradiccións entre a tradición e a modernidade. Finaliza o articulista considerando a estes tres novos autores, como pertencentes a unha nova xeración, mesmo "supernova".

Costas, Conchi, "*A rata*", *Novidades Xerais*, nº 22, "Letras galegas95", 1995, p. 2.

Sucinta recensión na que se anuncia a chegada ó mercado editorial galego da novela de Andrzej Zaniewski, e se tracexa, brevemente, unha panorámica argumental da mesma.

D. V., "X. L. Axeitos: Dieste deulle á cultura galega rigor e altura dialéctica", *Boletín Editorial Galaxia*, nº 24, abril 1995, p. 1.

Entrevista que se lle realizou a Xosé Luís Axeitos co gallo da publicación da *Obra galega completa* e onde sinalou as novidades que presenta esta nova edición da obra diesteana.

_____, "Miguel Anxo Murado: O ruído da guerra", *Boletín Editorial Galaxia*, nº 25, novembro 1995, p. 1.

Entrevista co autor na que este reflexiona sobre a súa obra, as influencias que nela se deron, etc. Tamén mostra a súa preferencia polo relato, fronte á novela, e desvela estar a preparar un novo libro de contos de corte temática moi diferente á de *Ruído*.

_____, "As narracións extraordinarias de Xesús M. Valcárcel", *Boletín Editorial Galaxia*, nº 25, novembro 1995, p. 5.

Entrevista con Xesús Manuel Valcárcel, con motivo da publicación do seu libro de relatos *O capitán Lobo Negro*. Valcárcel defende a figura do escritor afeccionado, que é, na súa opinión, aquel que só escribe cando ten realmente necesidade de facelo. Comenta tamén algunhas das características do seu libro, como son o humorismo, o tratamento do tema da maldade, a súa particular visión do mundo rural, etc.

Fernández Martínez, Luciano, "*Serán os cisnes que volven? E de Seraogna a Desatinos*", *Novidades Xerais*, nº 22, 1995, p. 3.

Recuperación duns textos fundamentais de Alfonso Pexegueiro nunha obra dividida en dúas partes, a primeira delas baseada en claves mitolóxicas e a segunda marcada polo desamparo.

Fernández Paz, Agustín, "Novela coral e polifónica", *Novidades Xerais*, nº 24, nadal 1995, p. 2.

Salienta o atractivo para o lector de *Arqueofaxia*, de Manuel Lourenzo González, obra que mereceu o Premio García Barros 1995. A dimensión coral, a polifonía narrativa, a multiplicidade de personaxes, obrigan ó lector a reconstruí-la narración como un puzzle. Fernández Paz comenta ademais as influencias do cine e do cómic, a presencia de elementos oníricos e simbólicos, e a mestura de tenrura e lirismo. "En resumo -conclúe-, trátase dun libro que, recorrendo a enfoques propios da ciencia-ficción, propón, dun xeito apaixonado, unha reflexión sobre nós mesmos. Sobre o presente da civilización na que vivimos e sobre o presente e o futuro de Galicia como país diferenciado".

Fra, Patricia, "A busca da identidade por medio da palabra", *Boletín Editorial Laiovento*, nº 5, inverno 1994-1995, p. 2.

Presentación da traducción ó galego de *The Portrait of the Artist as a Young Man* (1916), de James Joyce, obra que serve para coñecer moitos dos procementos das "obras mestras" do autor. Sitúase esta obra no conxunto da producción de Joyce e a busca dunha identidade literaria que atopa no feito artístico.

Freixeiro Mato, Xosé Ramón, "Volver ó básico, rele-los clásicos", *Novidades*, Boletín de información editorial Sotelo Blanco, nº 3, inverno 1995, p. 4.

Coméntase a aparición de *Eduardo Pondal, Poesía Galega Completa*, libro no que o profesor Manuel Ferreiro realiza unha edición crítica do poemario *Queixumes dos pinos*, dentro da colección que Sotelo Blanco dedica ós clásicos galegos. Freixeiro Mato considera que a edición de Ferreiro é "imprescindible" para tódolos interesados na materia.

Harguindey, Henrique, "Exercicios de estilo", *Novidades Xerais,* nº 23, outono 1995, p. 2.

Pequeno comentario sobre *Exercicios de estilo*, de Raymond Queneau, da que salienta o emprego da linguaxe cunha función lúdica, a través de diversos enfoques, que a converten "nunha obra superior".

Iglesias, Mateo, "A nova xeración", *Novidades Xerais*, nº 24, nadal 95, p. 1.

Crónica das actividades previas á entrega dos Premios Xerais, e da cea na que se procedeu a elixir ós gañadores. Saliéntase a brillantez do acto e cita os nomes dos premiados, Ramón Caride Ogando e Aníbal C. Malvar.

M. B. R., "A festa do libro galego", *Novidades Xerais*, nº *22*, "Letras galegas 95", 1995, p. 1.

Artigo de conxunto sobre as publicacións aparecidas con motivo da celebración do Día das Letras Galegas entre as cales se cita *De Rosalía a Dieste. 33 anos das letras*, de Anxo Angueira Viturro.

_____, "O Xerais en Vilagarcía", *Novidades Xerais*, nº 23, outono 95, p. 1.

Nota sobre a celebración dos actos ó redor da XII edición do Premio Xerais de Novela e a X do Merlín, que tivo lugar no ano 1995 en Vilagarcía. Anuncia as actividades que terán lugar neses días, conferencias, debates e as exposicións "16 anos con Xerais. Unha crónica do libro galego" e "A ilustración e a colección Merlín".

Martínez Bouzas, F., "*Náufragos en terra*", *Novidades Xerais*, nº 23, outono 1995, p. 2.

Destácase, como elemento omnipresente en tódolos relatos do libro *Naúfragos en terra*, a melancolía coa que son enfrontadas as situacións: os amores pasados, frustrados, irrealizables ou impensables son os protagonistas e a felicidade só existe por momentos. Como noutra ocasión, o autor da recensión tamén destaca a mestría de X. M. Martínez Oca no manexo da lingua para crear situacións e ambientes e o deseño dos personaxes.

Méndez, Rober G., "Música de cañerías", *Novidades Xerais*, nº 24, nadal 1995, p. 2.

Comentario de *Unha noite con Carla*, de Aníbal C. Malvar. O articulista fala do poder do sistema, que converte ó morto, ó perdedor, nunha "baixa colateral" pola súa pouca importancia no medio dos poderosos. Salienta tamén o emprego de dous narradores para reconstruí-los feitos, un narrador omnisciente, e un xornalista que intenta escribir un libro sobre o caso que ó final abandona.

Nicolás, Ramón, "O mellor Neira Vilas", *Novidades Xerais*, nº 23, Vigo: Xerais, outono 95, p. 2.

Destácase o traballo feito por X. M. Enríquez como responsable da edición da escolma, *Contos de tres mundos*, de Neira Vilas, e faise un repaso polos textos dos que se escolmou esta antoloxía. Saliéntase tamén como, nun xénero clásico na nosa literatura como é o relato curto, Neira Vilas se manifesta como un auténtico mestre nas moitas ocasións nas que o ten cultivado.

_____,"Tres anos de vizoso achegamento á historia da nosa literatura", *Novidades*, Boletín de información editorial Sotelo Blanco, nº 3, inverno 1995, p. 3.

Balance da colección "Literatura e Crítica" da editorial Sotelo Blanco, polo seu director Ramón Nicolás, que salienta o enfoque universitario e didáctico da meirande parte dos seus títulos, xunto a outros textos de ampla demanda sobre a literatura medieval, a Nova Narrativa, o Rexurdimento, etc., e o rescate de *Esmoriz*, de Aníbal Otero. No mesmo artigo coméntase brevemente *Manual e escolma do Rexurdimento*, de Román Raña, un texto xa indispensable para coñecer este período, que analiza a vida e obra dos principais autores ademais dunha selección de textos.

Quiñoy, Xosé, "Alfonso R. Castelao. *Retrincos. Un ollo de vidro*", *Boletín Editorial Galaxia*, nº 23, xaneiro 1995, p. 3.

Pequeno comentario sobre esta edición dos contos de Castelao, que mostran o coidado do autor na elaboración da prosa. Ilustran ademais os principais motivos de Castelao: o humor, a tenrura e a solidariedade.

_____, "Xesús Rábade Paredes. *As sombras do barroco*", *Boletín Editorial Galaxia*, nº 23, xaneiro 1995, p. 3.

Presentación editorial desta novela de Xesús Rábade Paredes, da que se comenta que remata o ciclo que comezara con *Branca de Loboso*, e que profunda con verosimilitude, segundo Xosé Quiñoy, nunha época contradictoria e case descoñecida, na que a lingua galega non estaba presente na creación literaria.

_____, "*Querida amiga*", *Boletín Editorial Galaxia*, nº 24, abril 1995, p. 3.

Brevísimo informe sobre a obra *Querida amiga,* de Marina Mayoral. Nel, despois de dicir que Marina Mayoral "é un dos nosos valores máis seguros e sólidos da narrativa galega de hoxe", dá unhas notas da novela e di que é un libro de relatos en forma epistolar. Tamén considera que a prosa da autora é unha prosa que "non necesita grandes filigranas para conseguir o efecto preciso e para transmitir ós lectores toda a densidade sentimental que palpita tras das palabras. A súa escritura é un fermoso e difícil exercicio de sinxeleza".

_____, "Vicente Risco, *O porco de pé*...", *Boletín Editorial Galaxia*, nº 24, abril 1995, p. 3.

Pequena nota na que se fai referencia á primeira edición (1928) e remárcase a vixencia literaria desta obra, o seu *punch* humorístico e a súa aguda e sarcástica disección do filisteo. Tamén se dan unhas notas temáticas.

_____, "*O barco*", *Boletín Editorial Galaxia,* nº 24, abril 1995, p. 3.

Nota na que se fai referencia á que foi a primeira obra publicada por Alfredo Conde e que levaba por título *Come e bebe que o barco é do amo*. O comentarista salienta que foi "amplamente reelaborada polo autor".

_____, "*O cable inglés*", *Boletín Editorial Galaxia,* nº 24, abril 1995, p. 3.

Nesta pequena recensión o autor dá uns datos referentes á biografía de X. A. Moreno, que inicia a súa carreira literaria con este título polo que mereceu o premio da 1ª edición Café Dublín de Narrativa. Saliéntase como característica "a clara vocación de implicar ó lector nas historias que conta" e fálase brevemente da concepción que ten Moreno da narración.

_____, "*Contra Mar*", *Boletín Editorial Galaxia*, nº 25, novembro 1995, p. 2.

Nova na que se fala da sorpresa do público asistente ó acto de entrega deste premio Martín Codax, ó nomear ó galardoado, Xesús Franco. Dánse ademais unhas notas do contido da obra. Saliéntase a visión diferente que o autor dá do mar, segundo o comentarista "como un mundo alleo, indómito, misterioso e ambigüamente hostil. O mar dá fartura e dá tamén morte: nesa ambivalencia que xera simultaneamente amor e odio labra Xesús Franco o seu vigoroso discurso lírico".

_____, "*Contos do camiño e da rúa*", *Boletín Editorial Galaxia*, nº 25, novembro 1995, p. 5.

Nota informativa na que se comenta que o camiño e a rúa non son unicamente dous habitats distintos senón tamén dous xeitos de vida opostos (o mundo tradicional, en decadencia, enfrontado ó mundo burgués, en alza) que Ramón Otero Pedrayo reflicte nos seus contos dende un punto de vista melancólico debido á disolución do mundo tradicional que el tanto amaba.

Rivas, Manuel, "Costa da Morte Blues", *Novidades Xerais,* nº 22, "Letras Galegas 95", 1995, p. 3.

Reproduce un dos poemas de Manuel Rivas incluídos no volume *Costa da morte blues*.

Sabarís, Héctor, "Lourenzo González: *Arqueofaxia* é a crónica dunha destrucción", *Novidades Xerais*, nº 24, nadal 1995, p. 2.

Entrevista con Manuel Lourenzo González, gañador do Premio García Barros 1995, con *Arqueofaxia*, na que reflexiona sobre o carácter de novela ou de conxunto de relatos con argumento común, para esta obra. Confesa que xoga coa ambigüidade, coa confusión e cos límites sorprendentes, que xustifiquen o tempo que o lector pasa lendo. Séntese influenciado polo cómic, o cine, a música, a publicidade e o xornalismo.

Sampedro, Francisco, "Os nerviosos elegantes de Raoul Dufy", *Novidades Xerais,* nº 22, "Letras galegas 95", 1995, p. 3.

Novela de Andrés A. Vila que supón unha incursión na figura do errabundeo. O medo á vida, a ausencia de substancialidade fai que o protagonista estea nunha fuxida permanente que acada cambiando de escenarios. As escenas teñen un ritmo acegado ó teatral e sublíñase a última como a mellor do libro.

Sen sinatura, "Dous libros para unha mesma aventura: sobrevivir", *Novidades*, Boletín de información editorial Sotelo Blanco, nº 3, inverno 1995, p. 1.

Presentación editorial conxunta de *Vida brava*, de Richard Ford, e *A lenda do santo bebedor,* de Joseph Roth, publicadas na colección "Medusa Narrativa" de Sotelo Blanco. Ofrécense algunhas notas sobre a vida e a obra destes autores e unhas pinceladas sobre a trama dos relatos.

_____, "A sinistra piedade do anticuario", *Novidades*, Boletín de información editorial Sotelo Blanco, nº 3, inverno 1995, p. 2.

Comentario sobre *Os papeis de Aspern*, de Henry James, publicada na colección "Biblioteca de Traduccións" de Sotelo Blanco. Coméntase brevemente o argumento da novela, que inclúe o limiar que o autor escribiu para as súas obras completas, e saliéntase a importancia na literatura de Henry James.

Torres París, Dolores, "Matar o tempo", *Novidades Xerais*, nº 22, "Letras Galegas 95", 1995, p. 2.

Comentario divulgativo sobre a novela *Matar o tempo*, no que se ofrece unha breve sinopse argumental. A articulista fala tamén das claves da obra que son, na súa opinión, a naturalidade con que se suceden os feitos violentos, a ausencia de sentimentos de piedade e o humor que agroma en determinadas situacións.

Villares, Ramón, "Cultura e sociedade no Santiago dos anos trinta", *Boletín Editorial Laiovento*, nº 5, inverno 1994-95, p. 3.

Comentario que serve de presentación editorial de *Contra a casa da Troia*, de Antón Capelán Rey. O articulista profunda na dimensión histórica dos tres ensaios que recolle, dedicados a tres feitos culturais importantes en Galicia nos anos anteriores á guerra civil española. Critica a extensión do volume, e a "excesiva paixón erudita" do autor que acumula ás veces moitos datos.

VI. Clásicos greco-latinos traducidos

Cicerón, *Sobre a vellez*. *Sobre a amizade*, trad. X. Carballude Blanco e X. Mª Liñeira Reboredo, Santiago de Compostela: Galaxia, col. Clásicos en Galego, nº 14, decembro 1995, 213 pp. (ISBN: 84-8288-028-4; ISBN da Xunta: 84-453 1418-1).

Decimocuarto volume da colección *Clásicos en galego* que dirixe M.C. Díaz y Díaz e que contén nesta ocasión o texto bilingüe dos dous máis coñecidos diálogos filósoficos de Cicerón: *De amicitia* e *De senectute* que o retórico latino escribiu en plena dictadura de César, aínda que a acción de ambos se sitúe en datas moi anteriores. Neles Cicerón recrea no seu máis puro estilo retoricista a figura do principal interlocutor de cada un dos diálogos, prototipos de virtude na vellez (Cato o maior) e na amizade (Lelio) respectivamente. O texto ven precedido dunha introducción dedicada ó contorno histórico do autor, á súa figura como escritor e político e finalmente á súa ampla producción literaria xunto cunha bibliografía básica para cada apartado. Así mesmo, conta nas súas páxinas finais cun índice alfabético de personaxes.

VII. A literatura infantil e xuvenil

VII. 1. Narrativa

VII. 1. 1. Narradores galegos

Babarro González, Xoán e Ana María **Fernández Martínez**, *As vacacións máxicas de John Liberty*, ilustr. Xesús Blanco Cubeiro, Madrid: Alfaguara/Obradoiro, novembro 1995, 96 pp. (ISBN: 84-204-5180-0).

Dentro da historia que narra as vacacións de John Liberty -líder dos Green-Flower- a Cuzco, insírense outras tres que lle son relatadas ó cantante de rock por tres seres máxicos: unha puchiña do vento, unha guacamaia e un peixe de prata. Trátase de facer partícipe a John Liberty dos problemas que sofren os pobos dos tres amos dos animais máxicos (tres nenos chamados Tupac Iupanci, Suhirinariwé e María Aimará). Os seus pobos sofren problemas como a falta de boas colleitas, a invasión do mato peruano polo máis pernicioso da civilización do alcatrán ou a escasez de peixes no lago. O artista, que nun principio se resiste a concederlle-la súa axuda, finalmente conciénciase do problema que os seis (nenos e mascotas) se traen entre mans e convoca a tódolos medios de comunicación a unha rolda de prensa para denuncia-la situación. Acaba o libro de Xoán Babarro (Calvelo de Maceda, 1947) e Ana Mª Fernández (Palma de Mallorca, 1949) cunha exhortación ó público lector para comprender mellor ós pobos indíxenas ameazados pola civilización.

Blanco, Concha, *Marcelo non me toma o pelo*, ilust. Vicente Blanco, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, col. Infantil, nº 21 serie lápis (ata os 8 anos), 1995, 24 pp. (ISBN: 84-7824-228-7).

A tranquila vida do rato Panchiño vese alterada pola chegada do gato Marcelo, que só pensa en atrapalo. O libro de Concha Blanco (Lires-A Coruña, 1950) xoga coa eterna enemizade entre os dous animais e coa dialéctica forza fronte o enxeño. Historia dedicada ós máis pequenos, escrita con frases sinxelas e con moi boas ilustracións.

Blanco, Concha, *A Disco Ecoloxista*, ilust. F. Mantecón, Vigo: Edicións do Cumio, col. A Curuxa, nº 4, 1995, 66 pp. (ISBN: 84-8289-013-1).

Pequeno relato que tenta inculca-lo amor e o respecto pola natureza. Chincheta é un mosquito que decide deixa-la casa onde vive, trasladarse ó bosque e levar con el como compañeira a Trapina. Cando chegan ó piñeiral son ben aceptados polo resto de animais e por dous rapaces, Carmiña e Breixo, que intentan converte-lo bosque nun parque natural con fervenzas e paseos e cunha particular discoteca onde só haberá bebidas naturais. Neste proxecto participan tódolos animais, e Chincheta, gracias ó seu particular xeito de falar con frases rimadas, será o encargado da publicidade.

Blanco, Concha, *A Maxia da Bóla Metálica e outros contos*, ilust. F. Matecón, Vigo: Edicións do Cumio, col. A Curuxa, nº 5, 93 pp. (ISBN: 84-8289-012-3).

Volume composto por cinco contos: “A maxia da bóla metálica” conta a historia de Xurxo, un rapaz xitano que posúe unha pequena bóla que conta historias e que consegue que Xurxo vaia ó colexio cos seus novos amigos, Pablo e María; “Paco o gato”, no que tanto o protagonista coma o lector deben descubri-la identidade do famoso gato Paco que resulta se-lo porteiro de fútbol sala do equipo de Cangas do Morrazo; “A viaxe pola tubería”, que conta a aventura de Catuxa cando se mete pola tubería do seu lavabo para recuperar un dente que lle acaba de caer; “O coello Lambón”, narrado en prosa rimada, presenta a un coello moi comellón que chega a Casaldemonte e perde un dente que vai recuperar gracias a un agasallo de Adina e Helena, e “Uxío Pegureiro”, pequena historia sobre a vida de Uxío, un rapaz que coida do gando para axudar ós pais, acompañado do can Lixo e do año Matías.

Braxe, Lino, *O conde-vampiro*, ilust. Matalobos, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco edicións, col. Sotelo Blanco-infantil, nº 22 serie lápis (ata os 8 anos), 1995, 37 pp. (ISBN: 84-7824-230-9).

O tema mítico do vampiro trasladado ás montañas do Cebreiro. O ser da noite, condenado á escuridade, cumpre o seu papel e atemoriza ós labregos do pobo. Serán Héctor e Ariadna, os recén chegados, os que solucionen a marxinación e soidade do vampiro, integrándose nos seus costumes nocturnos, neste libro de Lino Braxe (Mugardos-Ferrol, 1962).

Caride Ogando, Ramón, *Perigo vexetal*, Premio Merlín de Literatura Infantil, ilustr. Miguelanxo Prado, Vigo: Xerais, col. Merlín, serie laranxa (de 11 anos en diante), decembro 1995, 111 pp. (ISBN: 84-7507-953-9).

Relato de ciencia-ficción de Caride Ogando (Cea-Ourense, 1957), situado no ano 2075, que alterna as voces narrativas dos dous protagonistas principais, Said e Sheila, para contar, unha vez sucedidos os feitos e en forma de crónica, a aventura que viviron para salva-la humanidade dunha planta monstruosa, o Super Cereal SC-1, que ameaza con destruí-lo resto dos cultivos desta clase. Said e Sheila diríxense ós lectores da actualidade e explican os cambios que sufriu a vida dos rapaces no 2075, así como os adiantos da técnica do futuro. Said e Sheila, tras moitas aventuras, conseguen salvar a Yu-Su e ó seu pai, un investigador da compañía multinacional C.U.B., e recupera-las sementes secuestradas dos cultivos.

Referencias varias:

-Carlos G. Roy,"Aníbal Malvar y Ramón Caride Ogando presentan los premios Xerais y Merlín", *El Mundo*, 30 decembro 1995, p. 5. Aníbal Malvar e Ramón Ogando presentaron as primeiras edicións das súas obras, gañadoras dos premios Xerais e Merlín 1995, respectivamente. En *Unha noite con Carla*, A.C. Malvar trata un caso de corrupción política, reflectindo a "realidade abstracta que se esconde detrás dos titulares de prensa". Pola súa parte, R. Caride, creou en *Perigo vexetal* un libro de aventuras no que xente do ano 2075 entra en contacto con nenos

do noso presente. O autor pretende concienciar ós máis pequenos da “necesidade de salvagarda-la nosa biodiversidade”.

-D. P., “Xerais presentó en Vilagarcía las novelas de Moncho Caride y Aníbal C. Malvar”, *Diario de Pontevedra*, 30 decembro 1995, p. 18. Presentación en Vilagarcía das obras gañadoras dos Premios Xerais -*Unha noite con Carla*, de Aníbal C. Malvar-, e Merlín -*Perigo vexetal*, de Ramón Caride Ogando. Manuel Bragado, director de Edicións Xerais presentou ós autores, que revelaron algunhas das claves das súas respectivas obras. Ramón Caride sinalou que o seu relato naceu a partir dun conto para a súa filla Uxía, e que quixo facer referencia ó poder da información en mans das multinacionais. Pechou o acto Víctor Freixanes, que agradeceu a Vilagarcía a acollida destes premios.

-A. D., “Los ganadores de los premios Xerais y Merlín se presentaron en Vilagarcía”, *Atlántico Diario*, 30 decembro 1995, p. 50. Presentación no Balneario de Paco Feixó en Vilagarcía das obras gañadoras dos Premios Xerais e Merlín, *Unha noite con Carla*, de Aníbal C. Malvar e *Perigo vexetal*, de Ramón Caride Ogando. Manuel Bragado abriu a presentación e definiu a obra de Caride sinalando o alegato contra a ambición. Ramón Caride salientou a aventura na súa obra e a circunstancia da súa redacción a partir dun relato que lle contou a súa filla. Pechou o acto Víctor Freixanes.

-B. Leiro, “Caride e Malvar presentan as novelas ganadoras dos premios Merlín e Xerais”, *Faro de Vigo*, 30 decembro 1995, p. 16. Presentación en Vilagarcía das obras gañadoras dos premios Merlín e Xerais, *Perigo vexetal*, de Ramón Caride Ogando, e *Unha noite con Carla*, de Aníbal C. Malvar, respectivamente. Manuel Bragado, director de Edicións Xerais e Víctor Freixanes, estiveron tamén presentes no acto. Ramón Caride salientou como esta obra naceu dun conto que lle contou a súa filla e gabou as ilustracións de Miguelanxo Prado.

Casalderrey, Fina, *O misterio dos fillos de Lúa*, Premio Barco de Vapor 1994, ilust. Manuel Uhía, Madrid: S. M., col. O Barco de Vapor, nº 21, serie laranxa (a partir dos 9 anos), 1995, 122 pp. (ISBN: 84-348-4674-8).

Con *O Misterio dos fillos de Lúa*, Fina Casalderrey (Xeve-Pontevedra, 1952) acadaba o Premio Barco de Vapor de literatura infantil e xuvenil na súa décimo primeira edición. O fío argumental é a preocupación de David, un neno de oito anos, porque á súa gatiña Lúa sempre lle desaparecen os fillos cando pare. Xunto coa súa moza, Branca, o rapaz decide converterse en detective e descubri-lo ladrón. A autora presenta a visión do mundo dende a mente do narrador, David, nunha lingua sinxela axeitada á idade do rapaz, abrindo as portas a dúas posibles lecturas: a dos máis novos e a do lector adulto, que analizará as situacións dende unha perspectiva diferente, atopando a clave humorística das mesmas.

Recensións:

-Pilar Vázquez Grandas, “Un misterio para os máis novos”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 2 xullo 1995, p. 6. Recóllese unha relación de obras anteriores da autora no eido da literatura infantil, e un achegamento á trama argumental desta. Tanto o argumento coma a lingua adáptanse no seu estilo ós lectores máis novos.

Castro, Antón, *A lenda da cidade asolagada*, ilustr. Francisco Bueno Capeáns, Vigo: Xerais, col. Merlín, serie amarela (de 11 anos en adiante), outubro 1995, 118 pp. (ISBN: 84-7507-925-3).

Estevo é o fillo único de Sabela, a quen o cego Cidre Outan avisara de que tería poderes especiais. Cando o neno medra, o cego entrégalle o *Libro Vermello*, un libro máxico onde Estevo perfecciona os seus coñecementos. Estes seranlle moi útiles cando a súa aldea, Baladouro, estea a piques de ser asolagada a causa dunha antiga maldición. Estevo, acompañado pola Pitusa, unha egua faladora, inicia unha viaxe polo trasmundo máxico da súa bisbarra para poñer remedio a este fado. A solución da obra de Antón Castro (Arteixo-A Coruña, 1959) poñerá a proba tódolos coñecementos adquiridos nas súas andainas.

Cermeño, Xosé, *Neve*, *reneve*, *requeteneve*, ilust. Avi, Vigo: S. M., col. O Barco de Vapor, nº 13, serie branca (primeiros lectores), 1995, 62 pp. (ISBN: 84-348-4535-0).

Un conto de Xosé Cermeño (A Coruña, 1959) para primeiros lectores e ricamente ilustrado, para "ler na cama". Narrado por Pablo, un neno que esperta unha mañá de sábado para ver como unha tremenda nevada acaba de cubri-la súa cidade por completo. Os edificios desaparecen baixo a neve e a xente non pode saír das súas casas, ata que un día a neve cesa e, sorprendentemente, baixo dela aparece unha cidade destinxida, en branco e negro. O alcalde encarga ós nenos o labor de repintala, xa que os adultos non teñen tempo de facelo, e así queda convertida nunha cidade disparatada, con árbores de lunares, herba vermella, xeranios azuis e casas moradas, coa fantasía dun mundo construído por cores transformadas. A pesar das queixas dos maiores, non hai remedio, a cidade quedou convertida na máis pavera do mundo.

Cermeño, Xosé, *Estas rapazas chegarán moi alto*, ilustr. Teresa Novoa, Vigo: Xerais, col. Merlín, serie verde (de 9 anos en adiante), outubro 1995, 141 pp. (ISBN: 84-7507-924-5).

Historia fantástica construída sobre a fuxida do botafumeiro da catedral de Santiago de Compostela polo aire. Tres rapazas, Clara e as irmás xémeas Teodora e Dorotea, e a Señora Lirón acompañada do seu bebé que vive dentro do botafumeiro da catedral, son os protagonistas desta insólita viaxe arredor do mundo, durante a que coñecerán a moitos personaxes que andan polo ceo. A intervención dun traballador do ceo, un nubeiro encargado de controla-las nubes, axudará as rapazas a volver a Compostela sás e salvas. A narración alterna os feitos que viven as tres rapazas no ceo, e os que suceden en Santiago, onde un Gabinete de Asuntos Botafumantes tenta atopar unha solución á estraña viaxe.

Cortizas, Antón, *O merlo de ferro*, ilust. Irene Fra, Vigo: S. M., col. O Barco de Vapor, nº 11, serie azul (a partir dos 7 anos), 1995, 64 pp. (ISBN: 84-348-4536-9).

O ferreiro Manuel, admirado pola fermosura dun paxaro que se lle achega á fiestra, decide facer un merlo de latón seguindo as instruccións dunhas voces misteriosas. O transcurso da acción durante a noite e o proceso de autocreación do merlo con elementos da natureza, ás veces máxicos e marabillosos, posibilita unha evocación da infancia do protagonista. Outro trazo característico desta obra de Antón Cortizas (Ferrol, 1954) é a presencia de estructuras repetitivas.

Domínguez López, Carlos, *O gato de la*, ilust. Xulia Barros, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco edicións, col. Sotelo Blanco infantil, nº 20, serie lápis (ata os 8 anos), 1995, 27 pp. (ISBN: 84-7824-227-9).

Variación do conto clásico do gato con botas. O gato Axoúxere transforma unha luva sen compañeira nunha gatiña de la. O gato demostra a súa *habilidade* e enxeño para cura-la soidade da luva.

Estévez, Neves, *Á unha*, *ás dúas*, *ás tres...¿quen pasou por aquí?*, ilust. Pepe Carreiro, Vigo: Ir Indo, col. O parrulo, nº 15, 1995, 21 pp. (ISBN: 84-6780-207-2).

Libro de pequeno formato, con grandes ilustracións a cor e letras caligráfica, dirixido ós primeiros lectores. Presenta, por medio de breves versos con rima, as principais características dalgúns dos animais máis coñecidos como é o caso do cabalo, o pato, a ovella ou o gato.

Estévez, Neves, *Unha vella e un vello*, ilust. Pepe Carreiro, Vigo: Ir Indo, col. O parrulo, nº 17, 1995, 24 pp. (ISBN: 84-7680-203-X).

Esta versión libre dun conto popular tradicional preséntase con letra caligráfica e ilustracións a toda páxina que permiten unha lectura a través da imaxe. O texto baséase en estructuras repetitivas e acumulativas, de fácil memorización, aptas para os primeiros lectores.

Farias Díaz-Noriega, Xoán, *Bandido*, ilustr. Xan López Domínguez, Vigo: Alfaguara/Obradoiro, col. Infantil Xuvenil, serie laranxa (a partir de 10 anos), 1995, 99 pp. (ISBN: 84-8224-013-7).

En seis cadernos e un epílogo, Xoán Farias (Serantes-A Coruña, 1935), adéntranos nos mundos de “cando os sabios falaban latín”. Xusto, salteador de camiños, acolle a Branca e o seu neno. Do roubo e da esmola viven felices na súa cova, ata que, perseguindo soños, deciden ir gasta-los bens xuntados a Tui. Na cidade, Xusto é preso e a Branca arrebátanlle o neno. A dor enche as súas vidas. Só xuntos poderán facer novos proxectos e volver á vida.

Fernández Paz, Agustín, *Cartas de inverno*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, nº 6, 1995, 120 pp. (ISBN: 84-7507-890-7).

Trátase dunha novela xuvenil de A. Fernández Paz (Vilalba-Lugo, 1941) que combina a narración co xénero epistolar, que é onde se atopa o verdadeiro miolo da trama. A historia, de carácter fantástico, ten tres personaxes que se alternan no protagonismo dun xeito particular (Tareixa - Xabier - Adrián - Xabier - Tareixa), producindo a sensación dunha historia pechada que, sen embargo, chega ó seu desenlace sen aclarar tódolos puntos da trama.

Recensións:

-F. V., "Unha historia de intriga de Agustín Fernández Paz", *La Voz de Galicia*, "*Revista de Cultura*", ano I, nº 30, 21 setembro 1995, p. 6. Breve resumo argumental da obra.

-X. M. González Barreiro, "*Cartas de inverno*, Agustín Fernández Paz", *Revista Galega de Educación*, nº 23, marzo-abril-maio 1995, p. 104. Salienta o interese de Fernández Paz por empregar na creación técnicas narrativas diferentes, sempre nunha liña rodariana, e cita obras que avalan esta información. *Cartas de Inverno*, a máis xuvenil das obras do autor, é unha novela de terror e misterio na que hai os ingredientes típicos deste xeito de narrar: a casa da que ninguén quere falar, as pantasmas familiares que non se definen claramente, o pictórico animado e as cartas que nos levan pola narración. Segundo o comentarista, unha obra sen elementos negativos no desenvolvemento da estructura da narración nin no final aberto. Remata cun pequeno argumento da obra, que considera a mellor do que escribiu Fernández Paz.

Fernández Paz, Agustín, *Amor dos quince anos*, *Marilyn*, ilustr. Andrés Meixide, Vigo: Xerais, col. Merlín (de 12 anos en diante), decembro 1995, 175 pp. (ISBN: 84 7507-952-0).

O Conde Drácula durmindo no seu nicho do cemiterio de San Amaro, na Coruña, o escritor que se reúne cos seus mitos cinematográficos gracias a un vello cine de Celanova, a pantasma obrigada a resucitar cada vintecinco anos ata atopa-lo amor verdadeiro, o caserón transformado en criadeiro de gatos pola cobiza dos seus amos e a parella separada pola experimentación de terapias adelgazantes. Estes son os motivos argumentais dos cinco relatos que compoñen *Amor dos quince anos*, *Marilyn*. No prólogo que os precede -"A fábrica de soños"- Agustín Fernández Paz explica como os cinco xurdiron a partires doutros tantos anuncios breves dos xornais, e que co relato que lle dá título ó libro quere realiza-la súa homenaxe particular ó centenario do nacemento do cine.

Ferrer, Ánxeles, *A aventura de Xanzolo*, ilustr. Ánxeles Ferrer, Vigo: Xerais, col. Merlín, serie rosa (primeiros lectores) outubro 1995, 64 pp. (ISBN: 84-7507 923-7).

Relato montado a partir dunha anécdota que caracteriza moi ben ós nenos e nenas nos primeiros anos da infancia. Con letra manuscrita e con abundantísimas ilustracións moi unidas á narración textual, Xanzolo conta as súas aventuras mariñeiras en compañía do gato Tristán no barco que unha tarde de inverno pintou na parede da súa habitación para espanta-lo aburrimento producido pola falta de escola, de amigos e a chuvia torrencial.

Frasié, Cristina, *Isilda*, *a portuguesa*, Vigo: Galaxia, col. Árbore, nº 82 (a partir de 15 anos e para adultos), 1995, 103 pp. (ISBN: 84-8288-014-4).

Novela curta de ton policíaco ó servicio do detective Ron Negriña. Neste caso, ten que solucionalo secuestro de Isilda, rapaza portuguesa que por problemas familiares trasladou a súa residencia a Galicia. O detective desenvolve as súas investigacións entre Galicia e Portugal e descobre que na trama do secuestro están implicados a nai e o padrasto en connivencia cun *reality show* da televisión.

Recensións:

-Jaime Varela Sieiro, “Unha historia de televisión con detective”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 10 decembro 1995, p. 6. Breve resumo do contido da obra, que presenta concomitancias coas historias dos *reality shows* televisivos, dos que a autora fai unha aberta crítica. Ritmo narrativo rápido e fluído cun final precipitado para evitar caer no sentimentalismo.

González, Lola, *Conxurados*, cuberta Cubeiro, Vigo: S. M., col. O Barco de Vapor, nº 245, serie encarnada (a partir dos 12 anos), 1995, 123 pp. (ISBN: 84-348-4676-4).

Unidos por un xuramento de sangue, os rapaces protagonistas desta obra de Lola González (Celanova-Ourense) viven aventuras como o envelenamento da Polilla, a odiada profesora, o descubrimento do misterioso pasado de Dona Orosia Gándara e do estrafalario Don Camilo. Saleta, unha das nenas, está vivindo unha situación conflictiva na casa, o cambio de "pai" e unhas novas irmás xémeas, rexeitadas por Saleta e o seu grupo nun principio, aínda que logo son aceptadas porque resultan as máis travesas.

Recensións:

-Mª Isabel Soto López, "Un relato de aventuras", *El Correo Gallego*, "*Edición 7*", 12 novembro 1995, p. 7. Refírese ó argumento da obra, que continúa na liña de *Os Mornias* (1992), e salienta a ben levada estructura narrativa do relato. Ofrece tamén unha pequena nota biográfica sobre a autora.

Referencias varias:

-X. A., "*Conxurados*", *Atlántico Diario*, 27 outubro 1995, p. 58. Breve referencia ó argumento da obra e á traxectoria persoal da autora, Lola González.

Graña, Bernardino, *O lobo e o grilo*, ilust. Ana Costas, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco edicións, col. Sotelo Blanco infantil, nº 23, serie lápis (ata os 8 anos), 1995, 39 pp. (ISBN: 84-7824-229-5).

Pequeno relato versificado de Bernardino Graña (Cangas-Pontevedra, 1932) que xoga co conto clásico de animais, recreando o ambiente da fábula con moralexa final: a unión fai a forza. Gracias á unión de tódolos insectos capitaneados polo grilo, o lobo e as demais bestas fortes son vencidas polo enxeño.

Graña, Bernardino, *Contra o León Covarde*, ilust. Xan López Domínguez, Vigo: Edicións do Cumio, col. A Coruxa, nº 3, 1995, 119 pp. (ISBN: 84-8289-007-7).

Nas palabras iniciais o autor sinala a súa pretensión de continua-la historia de *O León e o paxaro rebelde* (1969), con este novo conto de animais da selva. O protagonista desta vez é o gato Hamelón, que vivirá moitas aventuras. A Corte real está dominada polos animais que tentan aproveitarse dun rei vello, triste e canso. Hamelón comprende a situación cando é nomeado Garda Real e por protexe-la súa familia, forma parte dunha insurrección para derrocar ó rei. O ambiente da selva, os perigos constantes e a ameaza do home están reflectidos neste relato.

Graña, Bernardino, *Xan Guindán e os salvaxes*, ilust. Marifé Quesada, Madrid/Vigo: Alfaguara/Obradoiro, col. Alfaguara infantil (a partir dos 10 anos), novembro 1995, 104 pp. (ISBN: 84-8224-011-0).

Bernardino Graña retoma o personaxe de Xan Guindán para incluír neste volume tres contos insertados no relato, dos que se pode tira-la conclusión da posibilidade da vida sen televisión, escoitando ós avós, gozando da natureza e deixando de lado o diñeiro. Os pais de Xan en vista das súas trasnadas entre os “salvaxes” da cidade, deciden envialo a pasar uns días á casa dos avós Adrián e Carmela na aldea, para que coñeza outra vida “salvaxe”. Os avós irán contestando ás curiosidades do rapaz sobre os animais do campo con pequenos contos que lle narran á hora de deitarse. Insírense deste xeito o “Conto do asno rebelde”, sobre o listos que son os burros e o burros que son os homes; o “Conto da gansa e o cabaleiro”, sobre a atrevida gansa Gusina e o seu amor polo home que a salvou da morte; e o “Conto dos paxaros e o teixo sen diñeiro”, que condena a avaricia do barqueiro Nicolau.

Jaureguizar, *Todo a cen*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Docexvintedous, 1995, 117 pp. (ISBN: 84-7824-249-X).

Relato de Santiago Jaureguizar (Bilbao, 1965) situado pola súa temática na actualidade (coa excepción dun dos cinco capítulos, o cuarto, que ofrece un salto temporal na historia para pechala). Unha parella de mozos (Alex e Aintzane) que viven no país vasco cometen un atentado nun supermercado e teñen que fuxir dando pé a unha serie de incidentes nos que arrastran a Uxío (curmán dela), que se ve involucrado nun homicidio. Estes personaxes converten as súas vidas nunha espiral de violencia tan veloz coma os mísiles que dan nome ós capítulos. Neste sentido, o título do libro -*Todo a cen*- ten unha dobre referencia, xa que alude tanto á velocidade que adquire a vida dos personaxes coma á odiada tenda 'Todo a cen' na que traballa Uxío. Ese cuarto capítulo, situado no ano 2004, adiántalle ó relato un final amargo para Aintzane e Uxío. O arrinque da novela que parece ter fins ideolóxicos resólvese nun encadeamento de actos delictivos comúns.

Referencias varias:

A. G. N., "Jaureguizar presentó ayer en Santiago su novela *Todo a cen*", *El Progreso*, 28 decembro 1995,

48. Presentación en Santiago da nova colección "Docexvintedous" da editorial Sotelo Blanco. Os dous primeiros títulos desta colección, que leva por lema "Formas novas para novos lectores", son *O abrente é un desatino*, de Xerardo Méndez, e *Todo a cen*, de Santiago Jaureguizar. Jaureguizar salientou que a súa novela céntrase na xente nova e presenta unha situación actual.

Llor Cerdán, Isabel, *Contos de tempos vellos*, ilust. da cuberta Vizoso, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, col. Narrativa para nenos, 1995, 77 pp. (ISBN: 84-7492 755-2).

Contos de tempos vellos é un conxunto de seis contos que teñen en común o compoñente fantástico e máxico e o misterio que envolve a tódalas historias. Un tesouro agachado nunha illa e os poderes dun rapaz que o descobre e inventa a fórmula de elaboración duns cristais máxicos nos que se reflicte o espírito das persoas; o misterioso tesouro dun vello tolo, que toda a xente do pobo quere atopar, e a súa volta ó mundo dos cordos; os poderes dun rapaz ermitán que domina os soños e perde esa capacidade cando marcha a vivir á cidade; as orixes dunha palabra coa que se pode consegui-lo que se quere; o descubrimento do seu mundo por parte dun xigante nacido nun pobo de ananos; o halo misterioso que envolve ó Tolo de Trancadís de Campoverde, convertido en cabaleiro andante, son algúns dos compoñentes destes contos, que nos sumerxen nun mundo de ilusión e fantasía propio dos nenos.

López Domínguez, Xan, *Gago por Merenda*, ilust. o autor, A Coruña: Edebé-Rodeira, col. O tren azul, nº 1 (primeiros lectores), marzo 1995, 27 pp. (ISBN: 84-8116-307-4).

É unha historia sinxela de Xan López Domínguez (Lugo, 1957), de frases curtas e chea de ilustracións que apoian o relato. O mago Gago fai todo o posible para consegui-lo amor da bruxa Merenda, que vive rodeada de gatos. Gago logra estar xunto a Merenda, cando ela, por medio dun dos seus conxuros, o converte en gato.

López Rodríguez, Xavier, *A citación*, Vigo: Galaxia, col. Árbore, nº 76, serie rosa (a partir de 15 anos e para adultos), 1995, 73 pp. (ISBN: 84-7154-943-3).

Na colección Árbore da editorial Galaxia publicouse *A Citación*, do xornalista Xavier López Rodríguez (San Ciprián de Hermisende-Zamora, 1956), autor que se iniciou como escritor de novelas en castelán, pero que xa ten publicado en galego. Como o propio título nos adianta, unha citación xudicial é o punto de partida da obra. A destinataria é unha nena, Gabriela, que se debaterá entre o sentimento de culpa por tódalas cousas que ela considera poden ser motivo da chamada da xustiza e o temor a algo novo para ela: un xuízo. O autor trata de reflecti-lo estado interior da rapaza e como na súa mente vai aumentando o pánico mentres se pecha en si mesma e non pide axuda ós adultos ata o último momento.

Recensións:

-Xavier Castro R., “A citación: a anguria e o absurdo”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 11 xuño 1995, p. 7. Sitúa esta obra de Xavier López Rodríguez na súa traxectoria literaria, en galego e castelán. Resume brevemente o argumento da novela e a estructura da historia, dividida en cinco partes, e comenta a presencia da “sombra kafkiana: o mundo absurdo, as cousas difíciles de comprender, onde os personaxes son parte e víctimas de mundos pechados, anguriantes e de pesadelo”.

López Rodríguez, Xavier, *Coma unha pluma liviá*, ilust. Marisa Irimia, Barcelona: Editorial Casals, col. O trolebús, nº 6 (a partir de 8 anos), decembro 1995, 138 pp. (ISBN: 84-218-1465-6).

A protagonista das aventuras relatadas neste libro é Helena, unha nena de 5 anos que vive cos seus pais nunha casa no campo. Helena é unha nena inquieta, activa, faladora e cunha desbordante imaxinación. As súas ansias de saber son inmensas e non deixa de facer preguntas. Pregúntalle á auga, á troita, ó pardal, ó gato... e as respostas que recibe son insospeitadas. Con ela asistimos ó seu paulatino descobremento do mundo.

Lourenzo González, Manuel, *No outono das fragas*, ilust. R. Losada, Vigo: Edicións do Cumio, col. Gaivota, nº 19, 1995, 102 pp. (ISBN: 84-87126-91-X).

Neste relato, que naceu, segundo confesa M. Lourenzo González (Vilalba, 1955), nun conto co que pretendía compracer unha petición dos seus fillos, fálase de Miravelle, unha suposta vila da costa arousá que foi, en tempos, un lugar idílico rodeado por unha maxestuosa fraga e que agora, cos estragos propios da modernidade, sofre os efectos da destrucción e da falta de valores propios. Un dos habitantes de Miravelle é Manel, un rapaz solitario e imaxinativo ó que non lle gustan as afeccións da maioría dos rapaces da súa idade. Nun dos seus paseos pola fraga que rodea á vila, emprende unha sorprendente e fantástica viaxe por diferentes tempos, nos que coñece a mouros, cabaleiros, guerrilleiros, pobos primitivos, etc. Manel vive con todos eles unha serie de incribles aventuras.

Méndez, Xerardo, *O abrente é un desatino*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Docexvintedous, 1995, 81 pp. (ISBN: 84-7824-248-1).

Tres narradores relatan, por medio de monólogos que dan paso ó diálogo e cunha linguaxe vulgar e naturalista, a esmorga azarosa que corren unha noite un grupo de rapaces dun barrio de Ourense ó remata-lo curso nun instituto. O amor, a droga, a amizade, diferentes educacións e tratos familiares, a morte, etc., son algúns dos temas que se presentan desdebuxados nas oitenta e unha pequenas páxinas deste volume de X. Méndez (Colón-República de Panamá, 1964).

Referencias varias:

A. G. N., "Jaureguizar presentó ayer en Santiago su novela *Todo a cen*", *El Progreso*, 28 decembro 1995,

48. Presentación en Santiago da nova colección "Docexvintedous" da editorial Sotelo Blanco. Os dous primeiros títulos desta colección, que leva por lema "Formas novas para novos lectores", son *O abrente é un desatino*, de Xerardo Méndez, e *Todo a cen*, de Santiago Jaureguizar. Méndez salientou que o seu obxectivo foi reflecti-la marxinación e os conflictos dun barrio, mesturando este tema cunha historia de amor.

Oya Martínez, Milagros, *Un conto abraiante*, ilust. Víctor Aparicio, Vigo: S. M., col. O Barco de Vapor nº 20, serie laranxa (a partir dos 9 anos), 1995, 105 pp. (ISBN: 84-348-4537-7).

Libro de M. Oya (Vigo, 1966), de clara finalidade didáctica, que pretende potencia-la lectura entre os rapaces. De feito tódalas aventuras que ten que correr Uxío, o protagonista da obra, son consecuencia dunha especie de maldición debida á súa afirmación de que xamais lerá unha trapallada de fadas. Así, Uxío queda atrapado dentro dun conto e terá que superar, xunto con Sob, un anano chou, unha serie de probas (morcegos asasinos, unha rocha silei que ten un posto fronteirizo, unha araña xigante, os terribles pancos, outros dos fantásticos personaxes do relato, etc.) para conseguir liberarse. Conta para iso coa axuda da súa irmá Sabela, que é quen le o conto onde el está. Na mesma liña de *A historia interminable* de Michael Ende, Milagros Oya mestura dous mundos (o conto que ela escribe, onde está Sabela, e o conto dentro do conto, que é onde se atopan Uxío e mais Sob), que se distinguen tipograficamente polo tipo de letra.

Oya Martínez, Milagros, *Viaxe á terra negra dos pancos*, ilust. F. Mantecón, Vigo: Edicións do Cumio, col. Gaivota, nº 20, 1995, 87 pp. (ISBN: 84-8289-009-3).

Obra que continuando na mesma liña do anterior libro da autora (*Un conto abraiante*, 1995), recrea un mundo fantástico poboado por diversos seres, entre os que destacan os chous, uns ananiños con poderes máxicos que teñen que enfrontarse ós malvados pancos. O relato iníciase no mundo real dos humanos, para penetrar posteriormente nun mundo fantástico. O protagonista, Xurxo, está predestinado, segundo o oráculo chou, a rescata-lo xefe destes, Nap, do Castelo das Penas Malfadadas, onde está prisioneiro dos temibles pancos. Nip, irmán de Nap, é o que entra en contacto con Xurxo, con quen compartirá moitas aventuras. O final feliz deixa a porta aberta a posibles continuacións, novas historias de nenos, chous e pancos.

Perozo, Xosé Antonio, *Contos máxicos*, ilust. Mª Fe Quesada, A Coruña: Editorial Bruño, col. Alta mar, serie Contos, nº 19, 1995, 107 pp. (ISBN: 84-216-2605-1).

Volume que reúne cinco contos de Xosé Antonio Perozo (Llerena-Badaxoz, 1951): “Serapio, vendedor de estrelas”, unha historia sobre un vendedor de soños que percorre o mundo; “Viaxe ó cero”, no que Miriam e o seu gato Miguel descobren no interior dun cero o mundo da nada; “Un estraño bosque gris” no que se relata a invasión na realidade dos soños dun neno co conseguinte enfado dos seus pais que ven como a súa habitación se enche de animais e plantas; “Unha bolboreta chamada...” é a historia dunha máxica bolboreta branca chamada Felicidade que arranxa os problemas dos máis necesitados; e, por fin, “A dirección do nariz”, un soño dun zapateiro que consegue salvar a unha princesa. Tralo relato inclúese unha proposta didáctica con cuestións sobre os textos, elaboradas por Xavier Frías.

Piñeiro González, Vicente, *O Antoniño*, debuxos Humberto López, Lugo: Edición do autor, 1995, 95 pp. (ISBN: 84-605-3918-0).

O Antoniño é o primeiro libro de Vicente Piñeiro González, que xa coñeciamos polas súas colaboracións en xornais e revistas. Nesta ocasión ofrécenos un breve relato estructurado en dúas partes que corresponden a dúas historias cun protagonista común pero desenvolvidas en contextos diferentes. A primeira, narrada en terceira persoa, preséntanos ó Antoniño, un rapaz eivado que debe resolve-lo misterio da desaparición dunha pedra na igrexa da súa aldea e contará para iso coa colaboración do espírito do mestre Mendiño, o albanel que a construíra. Na segunda parte, hai un cambio de narrador (a historia pasa a ser contada polo propio Antoniño) e de ambiente, pois pasamos a un hospital da cidade onde o protagonista descobre o amor.

Referencias varias:

-Marga Gómez, “La integración social, tema del primer libro de Vicente Piñeiro”, *El Progreso*, 29 outubro 1995, p.60. Trátase dun breve artigo que ofrece información sobre os feitos reais que provocaron no autor a idea e o argumento de *O Antoniño.* Adiántaseno-lo título e o tema do próximo libro do escritor lucense, que consistirá nun conxunto de contos tamén escritos en galego.

Rial, Loli, *Os contos tolos da avoa Paulina*, ilust. Pepe Carreiro, Vigo: Ir Indo, col. O parrulo, nº 14, 1995, 22 pp. (ISBN: 84-7680-041-X).

Libro de pequeno formato, ilustrado a cor e con letra caligráfica, dirixido ós primeiros lectores. Está composto por un conxunto de contos moi breves, de catro ou cinco liñas, entre os que se intercalan uns versos, a modo de retrouso, nos que se informa dalgúns animais que veñen de tres en tres a ver e escoita-los contos da avoa Paulina.

Rial, Loli, *Foi o teu conto con Don Martiño*, ilust. Pepe Carreiro, Vigo: Ir Indo, col. O parrulo, nº 16, 1995, 22 pp. (ISBN: 84-7680-206-4).

Libro, con ilustracións a cor, no que se inclúe un breve fío conductor dunha historia que os primeiros lectores e lectoras teñen que completar ó seu gusto, escollendo entre un abano de tres posibles opcións en cada unha das sucesivas etapas do relato.

Riola Parada, Felipe, *A sombra da torre*, VIIIº Premio “Rúa Nova” de Narracións Xuvenís, Santiago de Compostela: Fundación Caixa Galicia, col. Nova 33, nº 12, outubro 1995, 168 pp. (ISBN: 84-89231-24-9).

O que parece que vai se-la historia dos problemas e incomprensións dunha muller separada con dous fillos de curta idade trócase no seguimento das vidas de dous personaxes singulares: un vagabundo e un arquitecto. As primeiras páxinas do libro quedan, entón, convertidas nunha breve introducción ó mundo da cidade, aínda que fican latentes na mente do lector, que se pregunta, á volta de cada capítulo, cómo rematará a historia. Pola contra, os outros once capítulos alternan as experiencias que se producen, sobre todo, a nivel psicolóxico. O vagabundo, preso na cidade, e o arquitecto, atrapado na torre, cruzarán as súas vidas, nun intento de fuxida, ó final do relato.

Rouco Puentes, Fina, *Unha troll no faiado*, ilust. Fran Jaraba, Barcelona: Editorial Casals, col. O Trolebús, nº 5 (a partir de 11 anos), decembro 1995, 122 pp. (ISBN: 84-218-1464-8).

Axel é un rapaz noruegués de cidade que alterna na súa vida a modernidade e a tradición. Esta última chégalle da man do seu avó, por medio de lendas e mitos que se volven reais cando descobre que no faiado da súa casa vive unha troll que se quererá servir del para os seus perversos fins. Os bos consellos do avó e o seu sangue frío axudaranlle a librarse dela definitivamente.

Sánchez García, Gloria, *Doutor Rus*, Premio Edebé de Literatura Infantil 1994, ilust. Pablo Prestifilippo, Barcelona: Edebé-Rodeira, col. Tucán, nº 5, serie verde (a partir dos 9 anos), marzo 1995, 101 pp. (ISBN: 84-8116-310-4).

O libro de Gloria Sánchez (Vilagarcía de Arousa, 1958) está constituído por un conxunto de 37 pequenas historias narradas en primeira persoa polo personaxe principal, o pequeno Doutor Rus, que recibe na súa consulta ou visita persoalmente, ós máis variados bichos, grandes e pequenos, para soluciona-los seus problemas de saúde. Polo volume pasean unha parella de ourizos que non queren ter espiñas, un hipopótamo con carie, unha serpe encantada, un camelo bébedo, unha cangura necesitada de cariño. Todos estes animais convértense en verdadeiros protagonistas e espertan no Doutor Rus, unhas veces, a tenrura e, outras, o enfado ou o desexo de conseguir algo a cambio dos seus servicios.

Recensións:

-X. G. B., "*Doutor Rus*, Gloria Sánchez", *Revista Galega de Educación*, nº 23, marzo-abril-maio 1995, p. 101. Breve comentario que informa da concesión do Premio Edebé de Literatura Infantil 1995 a *Doutor Rus*, de Gloria Sánchez. Fai referencia ó éxito da literatura infantil galega nos dous últimos anos galardoada con este premio. A seguir comenta *Doutor Rus*, un libro diferente ós que se publican xa que "non ten unha historia ó estilo tradicional". Despois de conta-lo argumento da obra pregúntase o comentarista se funciona o libro no lectorado. Critica o deseño pois considera que "merecería un formato maior que permitise a situación de cada historia nunha soa páxina e que destacase as situacións".

Sotelo Blanco, Olegario, *A volta ós mundos de Tucho*, ilust. Pepe Carreiro, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco edicións, col. Sotelo Blanco xuvenil, nº 24, serie ordenador (dos 12 anos en adiante), 1995, 90 pp. (ISBN: 84-7824-234-1).

O protagonista desta obra de Olegario Sotelo Blanco (Quintela de Mazaira-Castro Caldelas, 1945) chámase Antón, pero sempre lle chamaron Tucho. Vive en Toutelle, no interior de Ourense. Adora os paxaros e pasa na fraga o tempo que tería que pasar na escola. Alí é onde os "homes-pasca" virán buscalo para levalo nunha viaxe polo mundo, que lle ensinará a "vivir na aldea, non dar nunca as costas ás súas orixes" e a comprender que o mundo necesita do home para a súa sobrevivencia.

Varela Ferreiro, Alberto, *Ana Marciana*, A Coruña: MAN deseño e imaxes, 1995, s. pp. (D. L. C-895-1995).

Libro desplegable destinado ós primeiros lectores, no que o breve texto vai apoiado nas abondosas ilustracións. Relata a historia de Ana Marciana, unha nena que vive no espacio exterior acompañada da súa familia, o irmán, Nano Marciano e os pais, Adela e Roque. Todos eles realizan diversos traballos no espacio. Así, Adela e Roque tapan os buracos negros e recollen asteroides doces para os nenos, Ana leva a pastar ás vacas siderais co seu prato voador e, ademais, vai á escola universal cos nenos doutros planetas.

Vila Sexto, Carlos, *Cara á fin da luz*, Vigo: Xerais, col. Fóra de Xogo, nº 8, 1995, 179 pp. (ISBN: 84-7507-914-5).

Dous rapaces, Joseph -coa súa familia- e Justin son arrastrados por forzas estrañas a unha misteriosa vila, Nova Israel. Xentes sen espírito, mortes e unha constante presencia axexando entre as sombras, van facendo presente un inminente perigo nesta obra de C. Vila Sesto (A Coruña, 1977). Nos seus soños, atópase o guía que lles revelará o segredo gardado por cen anos e o único xeito de vence-la eterna escuridade.

VV. AA., *Quen levou esta noite a metade da lúa?*. *Premios do XXII Certame literario Minerva 1994*, Santiago de Compostela: Colexio Manuel Peleteiro-Revista *Vamos*, 1995, 101 pp. (D. L.: C-267-1995).

Introduce esta publicación un limiar do crítico literario e profesor Manuel Quintáns Suárez. Son unhas liñas que serven de presentación dos traballos premiados no XXIIº Certame literario Minerva e que lembran momentos pasados vividos nunha vella aula do centro ó tempo que ofrece notas sobre a lingua empregada ou evoca a naturalidade e a sinxeleza que se desprenden dos versos e relatos premiados. A continuación reprodúcense os textos galardoados co primeiro, segundo e terceiro premios nas modalidades de poesía e narración, así como os distintos accésit. Acompaña a cada poema ou relato unha breve biografía dos seus autores.

Recensións:

-Begoña Eguizábal, “Os premiados no Certame Literario Minerva 1994”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 21 maio 1995, p. 6. Recensión que dá conta da aparición do volume *Quen levou esta noite a metade da lúa?*, traballo que recolle as obras de dez mozos galegos, e na que se analiza, amais do carácter das composicións galardoadas, o estudio introductorio a cargo de Manuel Quintáns Suárez.

VV. AA., *Contos da travesía*, VII Tren Caixa Galicia, ilust. Paula Paradela, Pontevedra: Biblioteca Nova 33/Fundación Caixa Galicia, col. Nova 33, nº 11, 1995, 157 pp. (ISBN: 84-89231-02-8).

Presentado na cuberta do catamarán “Visión Un” na ría de Arousa. Unha publicación con textos de Darío Xohán Cabana, Marilar Aleixandre e Xosé Antonio Neira Cruz. Segundo Xosé Victoriano Nogueira, director da biblioteca “Nova 33”, este ano a traxectoria do Tren Caixa Galicia leva un epígrafe ¨Ruta Marina Ría de Arosa” para achegarnos á vila de Rianxo. Este volume consta este ano tamén dunha biografía novelada de Castelao e o seu contorno feita por Xosé Antonio Neira, que será o encargado deste apartado para o futuro.

VV. AA., *Contos de vellos para nenos*, ilust. Iria, Miguel, Rocío, Sabela, Iago, Rubén e Manolo, Lugo: Citania de Publicacións, 1995, 142 pp. (ISBN: 84-8231-002-X).

Escolma de 44 contos breves recollidos, adaptados ou creados por Xosé L. Rivas Cruz, “Mini”, e Baldomero Iglesias Dobarrio, “Mero”. Os contos varían na súa temática e na intención que os orixinou. Uns buscan a risa; outros a intriga, o suspense ou a emoción. A procedencia dos mesmos tamén é diferente. Deste xeito, atopamos anécdotas curiosas de determinados personaxes, lendas, relatos breves con ou sen moralexa final, contos tradicionais, etc.

Recensións:

-Xavier Castro R., “Contos da tradición”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 24 decembro 1995, p. 7. Salienta a adaptación destes contos para nenos, recolleitos de varias fontes, e a diversidade temática do volume.

VV. AA., *Quinto premio de poesía e relato curto do I. B. Francisco Aguiar de Betanzos*. *Traballos premiados 1994*, ilustr. Alfonso Sanjurjo, Betanzos, maio 1995, 83 pp. (D. L.: C-55-1995).

Publicación que contén os traballos premiados na quinta edición correspondente ó ano 1994. Como introducción, hai unha presentación da directora do centro e un limiar de Manuel Rivas. Os premiados que viron publicada a súa obra foron, na modalidade de poesía, Xandra Tedín Mouzo, X.M. Lema Mouzo, Abel Méndez Bujeiro e Senén Lozano López; na modalidade de relato curto, Inma López Silva, X.A. Naveira Seoane, Breixo Viejo Viñas, Sonia Alonso Iglesias e Silvia García Vicente.

VII. A literatura infantil e xuvenil

VII. 1. Narrativa

VII. 1. 2. Narradores traducidos ou versionados

Ateka, Piedad, *Unha viaxe en globo*, trad. da editorial, Bilbao: Ediciones Izar, col. Reiseñor, nº 4, 1995, 23 pp. (ISBN: 84-7870-349-7).

Pequeno libro ilustrado no que se relatan as aventuras de Carlos e dos seus amigos Luís e Xulia, nunha viaxe en globo pola vila na que viven. Son características desta colección a presencia de grandes ilustracións a cor e de letra caligráfica. Así mesmo, ó final da obra, atopamos unhas actividades destinadas a valora-lo nivel de comprensión do texto por parte do lectorado; trátase de cinco preguntas con dúas opcións e un encrucillado.

Ateka, Piedad, *O oso Chirilo*, trad. da editorial, Bilbao: Ediciones Izar, col. Reiseñor, nº 5, 1995, 23 pp. (ISBN: 84-7870-350-0).

O oso Chirilo narra as aventuras e desventuras dun pequeno oso ó descubrir unha colmea chea de abellas e intentar proba-lo seu mel. As cinco preguntas e o encrucillado habituais confirman o carácter didáctico do texto.

Ateka, Piedad, *A gran feira*, trad. da editorial, Bilbao: Ediciones Izar, col. Reiseñor, nº 6, 1995, 23 pp. (ISBN: 84-7870-351-9).

Pequeno libro ilustrado no que asistimos, a través dos comentarios do narrador e dos dous protagonistas, Susana e Matías, ás marabillas dun día de feira nunha pequena vila. As cuestións e encrucillado finais completan este breve relato.

Ateka, Piedad, *¡Perigo na selva!*, trad. da editorial, Bilbao: Ediciones Izar, col. Reiseñor, 1995, 23 pp. (ISBN: 84-7870-315-2).

Breve relato para primeiros lectores, con abundantes ilustracións, onde se conta a ameaza de destrucción que supón para os animais a chegada do home á selva. O texto vai acompañado duns exercicios sobre o argumento.

Ateka, Piedad, *Pokima a nena esquimó*, trad. da editorial, Bilbao: Ediciones Izar, col. Reiseñor, 1995, 23 pp. (ISBN: 84-7870-317-9).

Breve relato, apoiado nas ilustracións e dirixido ós primeiros lectores, no que se conta un trozo da vida dunha nena esquimó. Inclúe ó final uns exercicios didácticos.

Ateka, Piedad, *A vida na granxa*, trad. da editorial, Bilbao: Ediciones Izar, col. Reiseñor, 1995, 23 pp. (ISBN: 84-7870-316-0).

Relátase para os primeiros lectores, con moita ilustración, a vida dos animais nunha granxa.

Atxaga, Bernardo, *Cando a serpe mira o paxaro*, ilustr. Marcela Santorum, trad. Martín Mendizábal e Xosé Manuel González Barreiro, Vigo: Ir Indo, col. Andoriña, 1995, 45 pp. (ISBN: 84-7680-212-9).

No espacio imaxinario de Obaba sitúase o relato de Bernardo Atxaga (Aesteasu, 1951). Sebastián Bera, un rapaz de cidade, de trece anos, descobre as leis da natureza da man do avó Martín, un insólito personaxe que ten o poder de falar cos animais para que o axuden na súa teima: viaxar a Terranova. O avó forma parte do espacio dos animais e dos feitizos da natureza e igual que “cando a serpe fita ó paxaro, o paxaro fica aparvado”, o avó esquece á xente cando fala cos animais e esquece ós animais cando fala coa xente. Este é o segredo que Sebastián descobre en seguida, non hai perda de memoria nin demencia senil no seu avó, só o desexo que un día terá que cumprir.

Avi, *As confesións de Carlota Doyle* (*The True Confessions of Charlotte Doyle*, 1990), ilust. capa Mª Antonia Pascual, cuberta Manuel Janeiro, trad. Miguel Pérez Romero, Vigo: Galaxia, col. Árbore, serie rosa (a partir dos 15 anos e para adultos), abril 1995, 202 pp. (ISBN: 84-8288-001-2).

Unha novela na que se contan en primeira persoa (case a modo de diario) as aventuras mariñeiras (con motín incluído e asasinatos) dunha nena de trece anos, filla dunha familia adiñeirada, dende Liverpool (lugar no que estudia) a Providence (residencia familiar), a bordo do barco Seabank (pertencente á compañía navieira do seu pai) e a transformación persoal que supuxo esta travesía para a protagonista.

Recensións:

-M. R., “Longa viaxe dunha asasina desde Liverpool a Estados Unidos”, *La Voz de Galicia*,“*Revista de Cultura*”, ano I, nº 24, 10 agosto 1995, p. 6 Pequena nota informativa centrada no contido da obra. Dánse tamén algúns datos biográficos do autor.

-Xavier Castro R., “A viaxe de Carlota Doyle”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 15 outubro 1995, p. 7.

Comenta a variedade de autores, galegos e estranxeiros, que ofrece a colección Árbore, que nesta ocasión presenta un título do escritor norteamericano Avi. Resume brevemente a trama argumental do libro, a aventura a bordo dunha nave dunha rapaza, relatada a través dun diario de a bordo.

Botey, Joan, *Animais xoguetóns*, adaptación Xoán Babarro, ilustr. Joan Gómez, Barcelona: Editorial Esin, 1995, s.p. (ISBN: 84-7864-177-7).

Trátase dun volume composto por catro contos protagonizados por animais: *Tres Porquiños*, *Tres Canciños*, *Tres Osiños* e *Tres Gatiños*. O volume, ilustrado a toda cor, presenta estas tres historias versificadas e con letra manuscrita.

Cano, Carles, *A galiña que puido ser princesa* (non consta título orixinal, 1994), ilustr. Montse Ginesta, trad. Euxenia e Xulia Fernández Fernández, Madrid: Anaya, col. O Trasniño Verde, nº 16, xullo 1995, 61 pp. (ISBN: 84-207-6690-9).

Libro pequeno en edición rústica con ilustracións en cor. Comeza cunha carta de Carles Cano (Valencia, 1957) dirixida ós seus lectores. A continuación atópase a historia de Pepita, unha galiña valente que salvará a vida dun príncipe encantado. O príncipe está disposto a casar coa protagonista, pero esta declina para facelo co galo Quico, a quen de verdade ama.

Contos Clásicos Favoritos, *A Cinsenta* (ISBN: 84-88724-28-4), *Brancaneves* (ISBN: 84-88724-30-6), *O gato con botas* (ISBN: 84-88724-29-2), *A carapuchiña vermella* (ISBN: 84-88724-26-8), *Alicia no país das marabillas* (ISBN: 84-8872427-6), *Hansel e Gretel* (ISBN: 84-724-20-9), ilust. Manuel Barco, adaptación e trad. Ramón Álvarez Losada, Santiago de Compostela: Libsa/Sálvora, col. Os meus Contos Clásicos Favoritos, 1995, 33 pp.

Colección de contos de transmisión oral presentados en grande formato e con pastas duras.

Doyle, Arthur Conan, *Un estudio en escarlata* (*A study in Escarlet*), trad. Bieito Iglesias e Manuel Vázquez, Vigo: Galaxia, col. Biblioteca Sherlock Holmes, nº 1, novembro 1995, 147 pp. (ISBN: 84-8288-015-2).

No remate do ano 1995, a editorial Galaxia sacaba á luz os primeiros números dunha nova colección. Trátase da *Biblioteca Sherlock Holmes*, dedicada a traduccións das novelas de Arthur Conan Doyle (Edimburgo, 1859-Crowborough-Sussex, 1930) protagonizadas polo detective Sherlock Holmes e o seu axudante John Watson. *Un estudio en Escarlata* é a primeira entrega da citada colección e está traducido por Bieito Iglesias e Manuel Vázquez. A estructuración en dúas partes correspóndese con dúas historias aparentemente inconexas. Na primeira, coñecemos ó detective protagonista a través das memorias de Watson e xorde o primeiro caso: a estraña morte dun home nunha casa abandonada. A historia queda sen solución e pasamos á segunda parte, na que se presenta unha historia de amor, con mestura de intolerancia relixiosa, que vai acabar enlazando co primeiro para concluír coa solución final da man do coñecido detective.

Doyle, Arthur Conan, *O signo dos catro* (*The sign of four*), trad. Bieito Iglesias e Manuel Vázquez, Vigo: Galaxia, col. Biblioteca Sherlock Holmes, nº 2, novembro 1995, 140 pp. (ISBN: 84-8288-016-0).

Trátase da segunda entrega da nova colección que Galaxia dedica ás traduccións das aventuras creadas por Arthur Conan Doyle. Nesta ocasión o Doutor Watson achéganos unha das investigacións que compartiu co seu compañeiro de piso, Sherlock Holmes. O caso que se lles presenta vén da man da señorita Morstan, que quere sabe-lo paradoiro de seu pai. A investigación leva a descubri-la existencia dun cofre que contén un tesouro. Por boca dun dos protagonistas, o lector coñecerá tódolos feitos, cando xa o detective, coa súa capacidade deductiva e de observación, nos encamiñará á resolución dos mesmos. Por outra banda, o noso narrador decide casar coa señorita Morstan, polo que non participará nas futuras investigacións de Holmes.

Doyle, Arthur Conan, *As aventuras de Sherlock Holmes* (*Adventures of Shelock Holmes*), trad. Bieito Iglesias e Manuel Vázquez, Vigo: Galaxia, col. Biblioteca Sherlock Holmes, nº 3, novembro 1995, 274 pp. (ISBN: 84-8288-017-9).

Neste volume recóllese a traducción dun conxunto de doce relatos protagonizados por Shelock Holmes. Mentres os dous primeiros números da colección se centraban nunha única aventura, nesta ocasión son doce os casos ós que se vai enfronta-lo coñecido detective, seguindo o procedemento xa habitual: alguén contrata os seus servicios, exponlle un caso e Holmes trata de resolvelo. O lector vai seguindo as averiguacións pero ata o final de cada capítulo non sabe o resultado da investigación.

Doyle, Arthur Conan, *As memorias de Sherlock Holmes* (*Memories de Sherlock Holmes*), trad. Bieito Iglesias e Manuel Vázquez, Vigo: Galaxia, col. Biblioteca Sherlock Holmes, nº 4, novembro 1995, 225 pp. (ISBN: 84-8288-018-7).

Seguindo coas traduccións desta colección, neste volume recóllense once aventuras nas que Sherlok Holmes se enfronta a outros tantos casos, que debe resolver utilizando a súa capacidade deductiva. Nesta ocasión, o narrador de tódalas aventuras do dectective, o seu compañeiro Watson, achégano-lo "problema final", o último caso que compartiu co seu amigo, morto no intento de librar á sociedade dun dos máis perigosos criminais. O último traballo de Holmes permite deter a todo un clan de delincuentes, pero supón a súa morte e a do xefe da cuadrilla criminal.

Referencias varias:

-Francisco J. Gil, "El comisario jefe de policía presentará el 14 la "colección Sherlock Holmes" de Galaxia", *Faro de Vigo*, 12 decembro 1995, p. 44. Anúnciase a presentación da nova colección da Editorial Galaxia: a edición completa en galego das novelas de Sir Arthur Conan Doyle que recollen as aventuras do detective Sherlock Holmes. A colección consta de nove volumes: os catro primeiros xa se encontran nas librerías dende finais do ano 1995 e os cinco seguintes verán a luz ó longo do ano 1996. A traducción destes ó galego foi realizada por Bieito Iglesias e

Manuel Vázquez Fernández. A presentación desta nova colección realízase na Galería Sargadelos de Vigo e conta coa presencia do comisario en xefe da policía de Vigo, Luís García Maña.

-Javier D. Campa, “Sherlock Holmes chega a Galicia”, *Atlántico Diario*, 14 decembro 1995, p. 58. Breve nota informativa sobre a presentación, na Galería Sargadelos de Vigo, da traducción ó galego das aventuras de Sherlock Holmes, o mítico personaxe de Conan Doyle.

-Francisco J. Gil, “Sherlock Holmes visita Vigo para presentar su obra completa en gallego”, *Faro de Vigo*, 14 decembro 1995, p. 42. Breve comentario sobre a presentación da colección “Biblioteca de Sherlock Holmes”, que reunirá en nove volumes as catro novelas e os cincuenta e seis relatos escritos por Conan Doyle.

Durán, Teresa, *O gato*, ilustr. Marie-José Sacré, Vigo: Galaxia, col. O ciclo da vida, nº 1, 1995, 22 pp. (ISBN: 84-8288-023-3).

Nesta primeira entrega da colección “O ciclo da vida”, Teresa Durán (Barcelona, 1949) narra o proceso vital dun gato, Xoguetón, dende que nace ata que se converte en pai. Grandes debuxos a cor ilustran o texto e facilitan a súa comprensión.

Durán, Teresa, *O raposo*, ilustr. Alessandra d' Este, Vigo: Galaxia, col. O ciclo da vida, nº 2, 1995, 22 pp. (ISBN: 84-8288-025-X).

Con grandes ilustracións a cor e moi pouco texto, a autora narra a vida de dous raposos e dos seus catro fillos ó longo de todo un ano. Así, observamos as súas actividades dende que comeza o inverno ata que, pasado o tempo, volve a cae-la neve sobre o bosque.

Durán, Teresa, *O pingüín*, ilustr. Fiona Moodie, Vigo: Galaxia, col. O ciclo da vida, nº 3, 1995, 22 pp. (ISBN: 84-8288-026-8).

Con este pequeno texto, Teresa Durán inicia ós primeiros lectores e lectoras no coñecemento do ciclo vital dos pingüíns a través da historia de Mara e Peo, dous membros da especie que se namoran e comparten as súas vidas, ata o nacemento do pequeno Bico.

Durán, Teresa, *O rato*, ilust. Sita Jucker, Vigo: Galaxia, col. O ciclo da vida, nº 4, 1995, 22 pp. (ISBN: 84-8288-024-1).

Pequeno volume ilustrado no que asistimos ás aventuras dun rato que descobre unha despensa chea de lambetadas, cae nunha trampa, é liberado, coñece a unha ratiña no campo, convértese en pai de catro fillos e volta outra vez á despensa “porque os ratos teñen o rabo moi longo, pero a memoria moi curta”.

Ende, Michael, *O longo camiño a Santa Cruz* (*Der lange Weg nach Santa Cruz*, 1992), trad. Basilio Losada, ilustr. Reginakehn, A Coruña: Editorial Everest Galicia, col. Rañaceos (a partir de 8 anos), 1995, 63 pp. (I.S.B.N.: 84-403 0140-5).

Un luns chuvioso, Hermann érguese enfadado, non só polo odio que lle inspira ese día da semana, senón tamén polos celos que sente dos coidados que recibe a súa irmá pequena e polas constantes reprimendas e castigos dos seus pais. Sae da casa co propósito de chegar a tempo á escola, a pesar do seu mal humor, pero polo camiño a súa enorme fantasía vaille causar unha morea de problemas. Fuxindo da imaxinaria persecución duns espías, chega a unha casa abandonada onde Einstein, un vello vagabundo, consegue quitarlle os seus únicos seis marcos. Hermann, arrepentido, decide ir á escola pero cando chega, decátase de que xa é demasiado tarde. No momento de chegar á casa, mollado e enfermo, os pais comprenden o que lle pasa e recíbeno con agarimo. Para convencelo, o pai le con el un conto titulado *O longo camiño a Santa Cruz.* Trátase dun libro en formato de pasta dura que recolle esta historia de Michael Ende (Garmisch-Partenkirchen, 1929-Filderstadt, 1995) traducida ó galego por Basilio Losada.

Fabregat, Antonio Manuel, *Contos para durmi-la avoa* (*Cuentos para dormir a la* abuela, 1992), ilustr. Carmen Peris, trad. Inés Sixto García, Barcelona: Edebé-Rodeira, col. Tucán, nº 7, 1995, 111 pp. (ISBN: 84-8116-173-X).

Conxunto de once contos breves escritos por Antonio Fabregat (Orhiuela, 1936) e narrados polos seis netos e netas da avoa Xosefa, que xa pasou dos oitenta e cinco anos, coa intención de axudala a durmir. A avoa, cando eran pequenos, narráballes un conto cada noite co mesmo propósito; agora serán eles os que lle devolvan os seus desvelos e os esforzos por introducilos no mundo da imaxinación. Cada noite, o cuarto da avoa Xosefa acolle alegremente a tertulia familiar e os seus netos e netas deléitana coas súas fantasías. Cada conto vai precedido dunhas liñas, en cursiva, nas que se proporcionan algunhas notas sobre os narradores e narradoras ou nas que se escoita unha breve conversa entre os contertulios. Para rematar, cómpre engadir que o libro pretende ser unha homenaxe a Gianni Rodari.

Farias, Xoán, *Desde o corazón da mazá*, (non consta título orixinal, 1994), ilust. Manuel Uhía, trad. Xulio Cobas Brenlla, Zaragoza: Edelvives, col. Ala Delta, nº 39 (a partir dos 8 anos), 1995, 81 pp. (ISBN: 84-263-2544-0).

Trátase dun conxunto de pequenas historias de Xoán Farias (Serantes-A Coruña, 1935), presentadas ó comezo pola voz narrativa como lonxanas no tempo e recuperadas na memoria, escritas de rapaz durante as vacacións de verán, tralos consellos do seu profesor. Son pequenos relatos, distribuídos en 9 cadernos, apoiados polas ilustracións, que nacen da imaxinación do neno e xorden tralos castigos que sofre e que o obrigan a permanecer no seu cuarto. Neles, recrea personaxes cotiáns da súa vila -a señora Prudencia, o señor Venancio o alcalde, o seu mellor amigo Pedro, etc.- e seres que nacen da súa fantasía.

Franco, Josep, *O derradeiro bandido*, (*L`ultim rode*r, 1986), ilustr. Luís Castro Enjamio, trad. Manuel Cortés Tallou, Vigo: Galaxia, col. Árbore, serie azul, 1995, 65 pp. (ISBN: 84-8288-010-1).

Unha novela na que se narran con humor as aventuras e desventuras dun neno, dende que unha noite de inverno foi abandonado na porta dun convento ata a súa morte, convertido nun mito, despois de ser xefe do grupo de bandoleiros chamado a “partida do frade”. Este fío argumental desenvólvese na época das partidas carlistas, insurrecións populares, do bandoleirismo, etc.

Recensións:

-Xavier Castro R., “O heroe e bandido”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 26 novembro 1995, p. 7. Recensión na que se dan notas biográficas do autor, as liñas xerais do contido da obra con claves da “novela de acción e aventuras”. Salienta a boa ambientación histórica do texto e aposta, dada a amenidade, pola boa acollida do texto polos lectores máis novos.

Hartmann, Lukas, *A brava Sofía*, (*Die Wilde Sophie*, 1990), ilustr. Susann Opel, trad. Serafín Villanueva Bembibre, Vigo: Galaxia, col. Árbore, nº 83, 1995, 194 pp. (ISBN: 84-8288-022-5).

A traducción deste relato dun dos autores suízos en lingua alemana máis destacados e premiados, pon á nosa disposición, en clave infantil, o tema da liberdade. O príncipe Xoán, fillo único e herdeiro dun pequeno país, ve como a súa vida se transforma nun inferno, debido ós moitos medos do seu pai. Unha nena da súa idade, a "brava Sofía", proponse liberalo desta tiranía custe o que custe. Xuntos descubrirán o sentido da amizade e os perigos da liberdade.

London, Jack, *Unha odisea nórdica*, ilustr. Norberto Fernández, trad. Ramón Nicolás, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Sotelo Blanco infantil e xuvenil, nº 16, serie laranxa (dos 12 anos en adiante), 1995, 149 pp. (ISBN: 84 7824-233-3).

Selección de cinco relatos de Jack London ambientados na península de Alaska: “Amor á vida”, “Unha odisea nórdica”, “Lei de vida”, “Facer unha fogueira” e “O silencio branco” son os cinco títulos que conforman este libro. En todos eles a paisaxe branca e inhóspita de Alaska convértese na principal protagonista. Neste escenario, desenvólvense historias de buscadores de ouro, de expedicións científicas, de correos do rei ou de homes que simplemente loitan coa soidade, coa natureza. Ó longo dos cinco relatos, encóntranse tódolos elementos propios deste tipo de historias: rastros, canoas, lobos, o alce branco, huskies,...

Recensións:

-Estro Montaña, “Unha odisea nórdica”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, 10 xuño 1995, p.1. A recensión iníciase cunha sucinta biografía de J. London e un resumo de cada un dos cinco relatos que compoñen este libro. O autor comenta que algúns personaxes lembran a influencia de Marx sobre J.

London, aínda que a visión do mundo que se ofrece está máis vencellada a Nietzche e Spencer: a sobrevivencia dos máis fortes ante as leis do universo.

-Jaime Varela Sieiro, “Un relato de aventuras”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 2 xullo 1995, p. 7. Nota informativa na que se comentan as liñas xerais do contido dos relatos de Jack London. Insístese sobre todo na relación entre o medio natural e o home que transita por el, para quen esa forma de vida supón unha auténtica odisea humana. Tamén se destaca o alto nivel lingüístico da traducción.

López Narváez, Concha, *Aventuras de Picofino*, (non consta título orixinal, 1994), ilustr. Juan Ramón Alonso, trad. María Xesús López Taboada, Madrid: Anaya, col. O Trasniño Verde, nº 17, xullo 1995, 93 pp. (ISBN: 84-207-6692-5).

Libriño de pastas brandas e ilustracións en cor de Concha López Narváez (Sevilla, 1939). Despois dunha carta da autora dirixida ó lector, relátanse as peripecias de Picofino, un galo enclenque e apoucado que, despois de aprender a voar, escapa do galiñeiro para percorre-lo mundo en busca de aventuras. Picofino demostrará a súa honradez, valentía e xenerosidade, e será nomeado rei dos paxaros.

Llobet, Glòria, *¿Que te angustia Nuria?* (*Qué tángoixa*, *Núria*, 1993), trad. Xavier Rodríguez Baixeras, Vigo: Xerais, col. Fóra de Xogo, nº 5, marzo 1995, 132 pp. (ISBN: 84-7507-891-5).

Esta noveliña relata en primeira persoa, ó longo de once capítulos sen titular, tres anos cruciais da vida de dous adolescentes: Nuria e David. Historias estas que posúen en común a situación de desfeita dos respectivos núcleos familiares. Pero o conflicto estala cando Nuria e David entran en coñecemento de que os seus respectivos pais van escomenzar unha vida en común, cousa que, se ben xa é bastante difícil de asimilar por si mesma, vaise ver agravada polo proxecto de vida en común que Maria Àngels -nai de Núria, Toni e Mariona- e Francesc -pai de David- teñen proxectado para os seus respectivos fillos. A incapacidade de asimilación desta nova situación por parte de Nuria configura grande parte do resto do relato. Pero o tempo e David son quen de cambia-la situación ata se converter en compañeiros inseparables. Ó final, prodúcese a expresión do novo equilibrio xurdido da aceptación e do proceso de enriquecemento mutuo entre Núria e David. Ó trata-lo tema da ruptura familiar e a posterior aparición de novos elementos no núcleo tribal, Glòria Llobet intenta demostrarlle ós adolescentes que de todo se pode sacar un proveito e que cada situación presenta sempre aspectos positivos que non hai por qué desaproveitar. Demostra tamén como a tolerancia e a comprensión axudan a superar e acepta-la nova realidade. Esta obra, publicada no mes de maio de 1995, mereceu o primeiro premio Vila de L'Eliana de narrativa xuvenil de 1992.

Macfarlane, Aidan e Ann **Mcpherson**, *Eu e os meus colegas* (*Me and my Mates*, 1991), trad. Montserrat Paz, Vigo: Xerais, col. Fóra de Xogo, nº 7, decembro 1995, 126 pp. (ISBN: 84-7507-940-7).

Ó longo de catorce capítulos, todos eles titulados e de extensión variable, nárranse as negativas repercusións dunha festa de instituto para un grupo de amigos: Steve, Rachel, David, Jerry e Miranda. Son acusados de tenencia de drogas e implicados nun roubo de bicicletas, accións polas que son levados á comisaría. O feito de que cada capítulo estea narrado por un protagonista distinto permítenos afondar máis na personalidade de cada un dos rapaces e obter diferentes puntos de vista, ó tempo que posibilita observa-las preocupacións comúns destes adolescentes; as infidelidades amorosas, o sexo, as drogas e a SIDA están moi presentes na obra.

Magalhães, Álvaro, *O home que non quería soñar*, ilustr. Luís Castro Enjamio, trad. M. Vázquez Freire, Vigo: Xerais, Merlín, serie verde (de 9 anos en adiante), 1995, 75 pp. (ISBN: 84-7507-889-3).

Colección de pequenas historias divididas en dous bloques: *O home que non quería soñar* e *Historias pequenas de bichos pequenos.* Son historias curtas nas que predomina o humor: as 9 da mañá, chegando tarde ó reloxo onde traballan, a historia dunha dor de cabeza, unha manifestación de afectados polos insecticidas e un variado retrato de bichiños (escaravellos, pulgas, cempés, libeliñas) e mesmo un hipopótamo empeñado en saír no libro.

Recensións:

Sen sinatura, “Sobrevivir nos soños”, *Revista Galega de Educación*, nº 24, xullo-agosto-setembro 1995,

81. Recensión na que, despois de reflexionar sobre a pouca frecuencia de traduccións ó galego de libros portugueses, pásase a compara-la obra *O home que non quería soñar*, de Álvaro Magalhães coa de Manuel Antonio Pina, sobre todo na linguaxe e no artellamento da obra. Fala un pouco das dúas partes que compoñen o libro de Magalhães. As historias breves da primeira, nas que o xogo co sentido das palabras e expresións é abundante, repítense na segunda. As do absurdo e as reflexións sobre as cousas que poderían ser e non son, a autocomplacencia, o narcisismo e a necesidade sentida en determinados momentos de

posuír cualidades impropias da condición humana son típicas da primeira parte. A segunda énchese sobre todo dun bestiario de insectos. Historias breves con ácedas reflexións sobre a insensatez humana. A ilustración non rouba protagonismo ó texto. O estilo é sinxelo e foxe do realismo.

Martel, Suzanne, *Os robots*, trad. Xavier Senín, ilust. Rafael Estrada, A Coruña: Editorial Bruño, col. Alta mar, serie Ciencia/Ficción, nº 18, 1995, 211 pp. (ISBN: 84-216-2604-3).

Historia de ciencia-ficción ambientada no século XXI, na que se bota man dos máis avanzados recursos técnicos para consegui-la salvación da humanidade. O relato desenvólvese en dúas cidades do Canadá, Vancouver e Montreal, e ten como protagonistas a unha morea de personaxes que comparten, a pesar das diferencias lingüísticas, moitos trazos en común. A historia comeza cando Adán Colbert e Eva Kevin reciben nas súas casas un curioso agasallo dos seus parentes astronautas. Trátase de dous robots intelixentes -Cíber e Nootka-, que ademais de servir como xoguete, agachan no seu interior a canle de comunicación cos habitantes dun lonxano planeta chamado Amandara Tetra. A guerra polo poder do espacio leva a estes dous nenos a vivir unha emocionante aventura na que terán que demostra-la súa intelixencia para salvar a toda a humanidade.

Martín, Mª Teresa, *Eu vivín cunha bruxa* (*Yo viví con una bruja*), ilust. Violeta Monreal, trad. Mª Jesús Rodríguez Riveiro, Barcelona: Edebé-Rodeira, col. Tucán, nº 4 (a partir dos 6 anos), marzo 1995, 87 pp. (ISBN: 84-8116-454-2).

É unha historia fantástica contada por unha nena en primeira persoa. Bea, en vez de ir á gardería como tódalas nenas, pasa os seus dous primeiros anos de vida coa avoa, a bruxa, no seu castelo. Tódolos obxectos da vida cotiá son transformados pola nena en obxectos fantásticos: o aspirador é un can famento, a fregona é un gato de rabo teso, a asistenta é unha fada, o plumeiro é un paxaro, etc. Bea vive unha parte importante da súa vida con moita felicidade e comprensión, distinta á dos nenos da gardería e rodeada da fantasía creadora da súa propia imaxinación.

Molina Llorente, *Nadal*. *O regreso de Uxía Mestre*, (non consta título orixinal, 1994), ilustr. Fuencisla del Amo, trad. Carme López Taboada, Madrid: Anaya, col. O Trasniño Verde, nº 18, xullo 1995, 142 pp. (ISBN: 84-207-6693-6).

Esta obra supón a continuación de *O longo verán de Uxía Mestre*, na que a autora iniciaba o relato das aventuras dunha nena que, acostumada a vivir nunha cidade, vese obrigada a pasar un verán nunha vila pequena coa súa avoa, á que case non coñece. Rematará o verán afacéndose a esta nova vida e descubrindo un misterio que encerra a súa avoa e o lugar no que vive. A presente entrega, *Nadal. O regreso de Uxía Mestre*, ocúpase da investigación do misterio da avoa por parte da súa neta, Xía, e dos seus amigos, Goio o pastor, Xanciño, Rosa, Remedios, Marta e Indalecia. Na silenciosa expectación das rúas da pequena vila, ocúltase a promesa da alegría das festas de Nadal e Reis. Neste ambiente e movéndose ó ritmo da tranquila vida local, Xía e Goio chegarán a soluciona-lo misterio que envolve a vila e a dona Clemencia, avoa da nena. O libro péchase cun final feliz para tódolos protagonistas.

Osorio, Marta, *O pavo real*, trad. Xavier Senín, ilust. Violeta Monreal, A Coruña: Editorial Bruño, col. Alta mar, serie Contos, nº 20, 1995, 91 pp. (ISBN: 84-216 2606-X).

Obra de Marta Osorio (Granada) que conta as aventuras de Tesi, unha nena que vai pasa-lo verán ó campo coa súa avoa. Cando chega desilusiónase ó ver que non hai televisión. Nun paseo polo xardín da avoa, Tesi descobre un fermoso pavo real e por arte de maxia o seu vestido transfórmase nunhas plumas de cores iguais ás do pavo. Neste instante, aparece o Vento que lle propón que deixe o seu incómodo traxe e o acompañe a coñece-los seus amigos. Tesi acepta e descobre uns amigos moi especiais que a acompañarán toda a súa vida, o Río, a Montaña e o Bosque. Tralo relato inclúese unha proposta didáctica con cuestións sobre o texto, elaborada por Nieves Fenoy.

Rocha, Ruth, *¿Para que serve?*, ilust. Manuel Uhía, trad. Antón Piñeiro, Vigo: Galaxia, col. Árbore, nº 75, serie azul (a partir dos 12 anos e para adultos), febreiro 1995, 96 pp. (ISBN: 7154-936-0).

Libro de Ruth Rocha (Brasil, 1931) de pequeno formato e pastas brandas con ilustracións en branco e negro. Relata as vivencias de Marina, unha adolescente brasileira que tenta atoparlle sentido a todo o que fai, nun campamento de verán. A convivencia e a comunicación cos demais teñen un papel preponderante e son os que marcan a pauta na evolución que se observa na protagonista.

Recensións:

-Xavier Castro, “Unha historia para ser lida”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 30 abril 1995, p. 5. Breve recensión na que se fai referencia ó argumento desta obra da escritora brasileira, verquida ó galego por Antón Piñeiro.

Rodari, Gianni, *Contos á máquina*, ilustr. Luís Filella, trad. Valentín Arias, Barcelona: Juventud, 1995, 222 pp.

Volume que ofrece a traducción ó galego dalgúns contos de Gianni Rodari (Omegna-Novare, 1929-Roma, 1980) espallados en diversas publicacións, ateigados de personaxes curiosos, historias cheas de fantasía e imaxinación, situacións ás veces absurdas, tratadas cun sutil humor e cunha encuberta denuncia social nalgúns deles. Tódolos relatos están moi vencellados ó contexto italiano.

Ruíz Zafón, Carlos, *O príncipe da brétema* (*El príncipe de la Niebla*, 1993), Premio Edebé de Literatura Xuvenil, ilustr. Constantino Gatagán, trad. Inés Sixto García, Barcelona: Edebé-Rodeira, col. Periscopio, nº 3, 1995, 221 pp. (ISBN: 84-8116-327-9).

Obra de Carlos Ruíz Zafón (Barcelona, 1964) na que a familia Carver, fuxindo da cidade e do perigo da guerra, se traslada a vivir a unha pequena vila. Sen embargo, o que semellaba ser un lugar tranquilo e apacible converteuse de súpeto nunha trampa fantasmagórica. Na nova casa, visións, pesadelos e estraños accidentes perseguen ós máis pequenos da familia. Todo comeza a explicarse ó coñeceren o fareiro e o seu neto, pero entón xa é tarde para fuxir da maldición diabólica de Mister Caín, o Príncipe das Brétemas.

Ruíz Zafón, Carlos, *As luces de setembro*, ilustr. Constantino Gatagán, trad. Antonio Pichel, Barcelona: Edebé-Rodeira, col. Periscopio, nº 4, 1995, 279 pp. (ISBN: 84-8116-320-1).

París, 1936. Nesta data iníciase o relato das aventuras de Irene e a súa familia. Despois da morte de Armand Sauvelle, comeza para a súa muller Simone e para os seus fillos, Irene e Dorian, un período difícil, no que terán que facer fronte ás numerosas débedas contraídas polo cabeza de familia. Simone atopou un traballo como ama de chaves na residencia dun adiñeirado inventor de xoguetes, nunha pequena vila da costa de Normandía. Así é como se trasladan a Baía Azul no verán do 1937, período e espacio no que se enfrontarán a unha serie de perigos, aventuras e misterios que rematan felizmente coa súa volta a París. A maior parte da acción transcorre nas noites de Cravenmoore, a casa do rico fabricante de xoguetes, entre sombras asasinas e enigmas difíciles de resolver. Son sombras que camiñan na escuridade e que se introducen en seres inanimados dotándoos de vida. Unha carta de Ismael, un mozo da vila que comparte as aventuras coa familia, dirixida a Irene cando esta volta a París e a resposta dela, dez anos despois, coa promesa de se volver a ver pronto, abren e pechan o libro, respectivamente.

Sierra i Fabra, Jordi, *Aydin*, Premio Edebé de Literatura Infantil, ilust. Teo Puebla, trad. Ricardo Fernández Sabín, Barcelona: Edebé-Rodeira, col. Tucán, nº 6, serie verde (a partir de 9 anos), 1995, 137 pp. (ISBN: 84-8116-159-4).

Jordi Sierra i Fabra (Barcelona, 1947) recolle a historia de Aydin, unha balea que escapa dun laboratorio, e Godar, un rapaz dunha pequena vila mariñeira turca que chega a se-lo mellor amigo da balea. É unha historia de encontro, separación e reencontro na que se trata o concepto de liberdade e o dereito que todo ser vivo ten a decidi-lo seu propio destino.

Sierra i Fabra, Jordi, *¡¡¡Lambertooo!!!*, (non consta título orixinal, 1988), ilustr. Javier Serrano, trad. Euxenia e Xulia Fernández Fernández, Madrid: Anaya, col. O Trasniño Verde, nº 15, xullo 1995, 134 pp. (ISBN: 84-207-6691-7).

O libro empeza cunha breve carta do escritor ós seus lectores, pasa de seguido á narración das aventuras de Lamberto, un neno que vive en Granollers cos seus pais e os seus irmáns maiores, e máis coa bebé da familia. O rapaz disfruta dunha sona terrible entre os membros da familia. Nas vacacións de Nadal decide reformarse completamente e converterse no benefactor dos que o rodean. Sen embargo, os seus plans non saen segundo o esperado.

Terlouw, *A carta en clave* (*Briefgeheim*, 1973), trad. Xela Arias Castaño, Madrid: S. M., col. O barco de vapor, nº 23, serie encarnada (a partir dos 12 anos), 1995, 127 pp. (ISBN: 84-348-4538-5).

Nos once capítulos dos que se compón esta obra, un narrador omnisciente cóntanos en terceira persoa a historia de Eva, unha rapaza, filla única, moi preocupada polas continuas disputas e discusións. O que pretendía ser unha fuga do domicilio para chama-la atención convértese nunha intrigante aventura na que non faltan redes de espionaxe, secuestros, mensaxes en claves indescifrables, personaxes misteriosos e un asasinato. *A carta en clave* ten un feliz desenlace coa liberación de Eva e coa pacificación do fogar familiar. Cómpre salienta-lo mantemento da intriga ó longo de toda a obra, favorecido polas pesquisas realizadas por Jackie e Thomas, amigos da protagonista.

Turner, Ethel, *Sete rapaces australianos* (*Seven Little Australians*, 1894), trad. Carlos Pedreira López, Vigo: S. M., col. O Barco de Vapor, nº 24, serie encarnada (a partir dos 12 anos), 1995, 151 pp. (ISBN: 348-4675-6).

Este relato situado en Australia conta as trasnadas de sete rapaces no seo dunha familia numerosa e difícil de organizar. A unión da familia Woolcot, os castigos e os problemas de cada un deles constitúen a base desta narración traducida. A voz narrativa intervén dun xeito clásico e ofrece comentarios e xuízos sobre os personaxes, comentando a falta de convencionalidade no comportamento dos rapaces, sempre castigada pola severidade do pai. O acontecemento que provoca o dramatismo é a morte de Judy, a nena máis imaxinativa e valente, que serve para facer madurar ós demais irmáns.

Vassart, María M., *¿E agora que?*, ilustr. Xan López Domínguez, Teo Puebla, Barcelona: Edebé Rodeira, col. Periscopio, nº 2, 1995, 142 pp. (ISBN: 84-8116 311-2).

Esta historia de María Vassart (Barcelona, 1956), baseada nun feito real, conta os tres meses máis importantes da vida de Ana, unha rapaza madrileña de quince anos. Moi deprimida e sen amigos, está interna nun Centro de Acollida ó que chegou logo de defenderse das continuas agresións do seu pai borracho. Mellorará progresivamente o seu estado anímico cando se traslada a vivir a Galicia cuns tíos e coa súa irmá. Recibe un novo sobresalto coa nova de que seu pai foi posto en liberdade, circunstancia que fará dubidar á protagonista entre o amor filial e o odio ó agresor. Volverá de novo á tranquilidade coa nova da morte do pai en accidente de tráfico. O namoro de Ana ponlle feliz remate a esta obra na que a primeira persoa narrativa, en forma de diario persoal da protagonista, está complementada con relatos en terceira persoa que detallan as partes máis intensas da obra.

Welsh, Renate, *Espinacas sobre rodas*, ilustr. Xan López Domínguez, trad. Xosé Reimúndez Fernández, Vigo: Galaxia, col, Árbore, serie azul (a partir de 12 anos e para adultos), 1995, 90 pp. (ISBN: 84-8288-008-X).

María, rapaza de orixe romanesa, emigra a Viena coa súa familia. Aquí, e pola súa condición de estranxeira, vai sufri-las consecuencias da marxinación na escola e no barrio en que vive. Mais encontrará nunha señora maior, que ten como costume sacar de paseo nun carriño ás plantas, a súa mellor amiga: tía Paula. Esta vive soa e tamén bota de menos a súa casa no campo. Entre elas xurdirá unha intensa amizade que constituirá o núcleo argumental da obra de R. Welsh (Austria, 1937).

Ximénez de Cisneros, Consuelo, *Aínda quedan piratas na Costa da Morte*, V Premio Ala Delta, ilust. Nivio López Vixil, trad. Xulio Cobas Brenlla, Zaragoza: Edelvives, col. Ala Delta, nº 42, 1995, 104 pp. (ISBN: 84-263-3251-X).

Heitor, un rapaz de dezaseis anos castigado por mor dos suspensos a pasa-lo verán lonxe dos seus pais e do seu ambiente habitual en Alicante, é enviado a Cudieiro, na Costa da Morte, cos seus tíos e a súa curmá Carolina. Alí vivirá unha chea de aventuras na busca dun tesouro, descubrirá a amizade, o pracer da lectura, e marchará decidido a cambia-los seus hábitos de estudio e a ser máis responsable.

VII. A literatura infantil e xuvenil

VII. 2. Poesía

VII. 2. 1. Poetas galegos

Equipo de Normalización Lingüística Colexio de Hío, *Titiridalle*, ilustr. Pepe Carreiro e Manuel Pizcueta, Cangas: Librerías e Imprenta Vilafer, 1995, s.p. (ISBN: 84-605-3359-X).

Trátase dun libro en pequeno formato, case un catálogo, precedido dun prólogo no que se presenta a publicación como un xogo coas palabras e coa súa musicalidade, feito ó que, segundo se indica, xa responde o seu título. Componse dun conxunto de trabalinguas, fórmulas de sorteo, contos encadeados, cantigas infantís e caligramas que forman parte da poesía infantil de tódolos tempos. Contén ademais, unha páxina en branco, para que os nenos ofrezan algunha composición do mesmo estilo que coñezan.

Fernández, Ana Mª, *Oliña de azucre*, ilustr. Adriana Exeni, Zaragoza: Edelvives, col. Ala Delta, nº 38, serie vermella (a partir dos cinco anos), 1995, 43 pp. (ISBN: 84-263-2545-9).

Poemario de Ana Mª Fernández (Palma de Mallorca, 1949) con ilustracións en cor. Os distintos poemas achéganse á natureza, ás tormentas, ó mar, a países imaxinarios e ó mundo dos soños, cun bo número de poemas a xeito de cancións de berce.

García Teijeiro, Antonio, *Lueiro de papel*, ilustr. Mª Antonia Pascual, Vigo: Xerais, col. Merlín, serie verde (de 9 anos en adiante), outubro 1995, 45 pp. (ISBN: 84 7507-926-1).

Un conxunto de poemas compostos por estrofas de catro versos, na súa maioría, nos que os poderes, virtudes, habelencias, costumes, relacións da lúa son protagonistas desta obra de A. García Teijeiro (Vigo, 1952). Un diálogo e catro poemas dedicados a Gómez de la Serna, no que tamén a lúa é protagonista, e para pecha-lo volume o apartado “Cando o autor fala de sí” (típico nesta colección) onde fala coa lúa, ó mesmo tempo que dá algúns datos da súa biografía. As ilustracións que acompañan a este poemario son de Mª Antonia Pascual e responden ó ambiente creado en cada poema.

Graña, Bernardino, *Son un pasmóm peatón*, ilustr. da cuberta Tokyo, Ponteceso: Asociación Cultural Monte-Branco, 1995, 24 pp. (ISBN: 84-920533-0-5).

Libro de pequeno formato e pastas brandas editado para os nenos de Ponteceso como homenaxe ó poeta Bernardino Graña, segundo consta na primeira páxina. Conta a historia de Pomba e da súa familia, centrada sobre todo na excesiva afección do pai polo seu automóbil. No medio do relato aparecen uns versos de Celso Emilio Ferreiro que dan título ó relato, xa que a nai de Pomba é unha das súas admiradoras: “Son un pasmón/peatón/con opinión,/dicindo a verdade núa/pola rúa./ Andando a pé/e por iso é polo que/vexo o mundo tal cal é”.

Miranda, Anisia e Xosé **Neira Vilas**, *Cantarolas*, ilust. Mª Fe Quesada, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, serie verde (de 9 anos en adiante), 1995, 58 pp. (ISBN: 84-7507-888-5).

O volume de Anisia Miranda (Ciego de Ávila-Camagüay-Cuba, 1932) e Xosé Neira Vilas (Gres-Vila de Cruces, 1928) inclúe textos poéticos moi vencellados á tradición oral, pola presencia de animais e da natureza en xeral, xogos, contos moi breves e pequenos diálogos en forma teatral. As boas ilustracións de Mª Fe Quesada acertan co espírito das composicións.

Referencias varias:

-D. P., “Neira Vilas y Anisia Miranda presentan esta tarde el libro *Cantarolas*, en la feria del Libro de Pontevedra”, *Diario de Pontevedra*, 19 agosto 1995. Noticia da presentación do libro polos autores en Pontevedra.

VV. AA., *Quen levou esta noite a metade da lúa?*. *Premios do XXII Certame literario Minerva 1994*, Santiago de Compostela: Colexio Manuel Peleteiro-Revista *Vamos*, 1995, 101 pp. (D. L.: C-267-1995).

V. Narrativa.

VV. AA., *Quinto premio de poesía e relato curto do I. B. Francisco Aguiar de Betanzos*. *Traballos premiados 1994*, ilustr. Alfonso Sanfjurjo, Betanzos: maio 1995, 83 pp. (D: L.: C-55-1995).

Publicación que contén os traballos premiados na quinta edición correspondente ó ano 1994. Como introducción, hai unha presentación da directora do centro e un limiar de Manuel Rivas. Os premiados que viron publicada a súa obra foron, na modalidade de poesía, Xandra Tedín Mouzo, X.M. Lema Mouzo, Abel Méndez Bujeiro e Senén Lozano López; na modalidade de relato curto, Inma López Silva, X.A. Naveira Seoane, Breixo Viejo Viñas, Sonia Alonso Iglesias e Silvia García Vicente.

VII. A literatura infantil e xuvenil

VII. 3. Teatro

VII. 3. 1. Dramaturgos galegos

Carballo Ferreiro, Xosé Manuel, *Teatro para o Nadal*. *Bo Nadal. Auto do Nadal. Recobrou o sorriso o Eleuterio*, Lugo: Citania, 1995, 94 pp. (ISBN: 84-8231-005-4).

O volume iníciase cunha breve nota do autor na que explica o seu contido “tres obriñas de teatro vencelladas no tema común do Nadal”. As tres obras que “xa foron representadas por distintos grupiños de afeccionados vinculados a colexios, parroquias, e asociacións culturais”, edítanse por primeira vez neste libro. Carballo Ferreiro (San Martiño de Goberno-Castro de Rei, 1944) acompaña a publicación dalgunhas orientacións de carácter escénico, froito das experiencias destes pequenos grupos de teatro ós que aludía anteriormente.

Cortezón, Daniel, *Alí Ben Mangato e mailo seu cabalo Branco chamado Beliador*, ilust. da cuberta Alberto V. Ferreiro, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco edicións, col. A Biblioteca do Arlequín, nº 22, 1995, 54 pp. (ISBN: 84-7824-231-7).

En Bagdad, ó gato Alí Ben Mangato roubáronlle o seu famoso cabalo Beliador xusto antes de saír a coñece-las terras luguesas de Cospeito, de onde eran os seus devanceiros. Namorado e prometido con Zoraida, deciden recupera-lo cabalo, baixo a ameaza de face-lo mesmo que fixera seu pai hai vinte anos nunha situación semellante. Ante isto, o raptor -O ladrón de Bagdad- decide entregarse e resulta perdoado polos rapaces que participan nesta obra de Daniel Cortezón (Ribadeo-Lugo, 1927).

Recensións:

-Manuel Vieites, "*Alí ben Mangato e mailo seu cabalo Branco chamado Beliador*", *Revista Galega de Educación*, nº 23, marzo-abril-maio 1995, p. 102. Breve resumo argumental do primeiro texto dramático infantil do escritor Daniel Cortezón, "un texto fundamentalmente descritivo e narrativo, no que a palabra substitúe á acción e no que o conflicto baise resolver por medio dun rico e poético xogo diáloxico no que tamén se procura a participación guiada dos espectadores".

-X. X. Ron, “O humor e a alegoría ou o teatro da vida”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 11 xuño 1995, p. 6. Sucinta recensión conxunta de dúas obras aparecidas na colección A Biblioteca do Arlequín: a que estamos a tratar e *O xigante Mapoulas*, de J.B. Alberdi. Polo que se refire á *Alí Ben Mangato e mailo seu cabalo Branco chamado Beliador*, saliéntase a presencia do tema oriental mesturado co galego, o carácter case guiñolesco da obra así como o seu ton humorístico. Detrás subxacen como significados educativos a presencia da ecoloxía ou a necesidade de erradicar certos comportamentos humanos.

Lourenzo, Manuel, *A sensación de Camelot*, A Coruña: Asociación Socio-Pedagóxica Galega, col. Teatro nas Aulas, nº 1, 1995, 32 pp. (ISBN: 84-920 453-3-7).

Texto escrito por M. Lourenzo (Ferreira de Valadouro, 1943) para *Teatro do Albardán* e estreado por eles no ano 1991. No mesmo ano foi publicada por edicións do Castro nun volume titulado *Forno de Teatro Fantástico*. Agora aparece publicada independentemente como primeiro número da colección *Teatro nas Aulas*, da AS-PG. Trátase dunha brevísima comedia nun acto, con seis personaxes e de posta en escena sinxela. Un divertido xogo de teatro dentro do teatro, pois os protagonistas son á súa vez actores ambulantes nunha Camelot medieval azotada pola peste. Mestúranse decote a realidade e a ficción, nun equívoco continuo, provocado tamén polo feito de que os actores-personaxes levan o mesmo nome dos seus papeis na función que representan: a raíña Xenebra, Lancelot, o rei Arturo, Merlín..., e polo feito de que dentro da súa representación, sáense do suposto guión establecido, actuando e falando como eles mesmos e provocando xogos de equívocos. Pretende tamén provocar no público unha certa reflexión coa morte de Paulus, o director da compañía, cando cre quedar só e sen o seu teatro. Morte que fará que as liortas entre eles, queden solucionadas e que continúen o camiño xuntos coa súa función.

Lourenzo González, M., *Auto de entroido*, Primeiro premio no Xº Concurso Nacional de Teatro Infantil da Asociación Cultural O Facho, A Coruña: AS-PG, col. Teatro nas aulas, 1995, 63 pp. (ISBN: 84-902453-5-3).

Obra dramática en verso pensada, segundo afirma M. Lourenzo (Vilaboa, 1955), para nenos maiores de doce anos. Tanto o número de personaxes coma a disposición dos textos poden variar conforme ás circunstancias de cada representación concreta. En canto ó tema, trata do xuízo do que é obxecto o Entroido por parte dun numeroso e indefinido grupo de personaxes que o somete a todo tipo de acusacións e que o levan ante o Rei Tempo para que este proclame o seu veredicto. A obra caracterízase por un grande espírito crítico, con evidentes referencias á realidade social da Galicia de Hoxe.

Pisón, **Xesús**, *Viva Peter Pan*, A Coruña: Asociación Socio-Pedagóxica Galega, col. Teatro nas aulas, nº 2, 1995, 260 pp. (ISBN: 84-920453-4-5).

Viva Peter Pan narra a viaxe de dous irmáns, Darío e Marta, a través do mundo dos soños. Os protagonistas, xa adultos, sométense a un experimento que consiste en voltar á infancia para demostrar que a literatura é nociva para os nenos e nenas porque fomenta a rebeldía. Deste xeito, inician unha viaxe imaxinaria que os levará ata o País de Nuncamáis, o reino de Peter Pan; ó Bosque de Brocelianda, onde vive o mago Merlín; ó oasis de Sassan, no que atopan a Xerezada, a narradora dos contos en as *Mil e unha noites* e, finalmente, regresan ó futuro do que partiron. Darío e Marta conclúen que prefiren ser rebeldes e reivindica-la existencia de Peter Pan e a importancia da literatura fantástica que esperta e enriquece a imaxinación do lectorado máis novo. Para rematar, X. Pisón (Ferreira de Valadouro, 1954) ofrece unha idea escénica que axuda á representación desta breve peza teatral.

VV. AA., *Primeiro Concurso de Obras Teatrais Inéditas Camiño de Santiago. Obra de Teatro Escolar e Obra de Teatro de Marionetas ou Monicreques*, Santiago: Xunta de Galicia, col. Sempre no camiño, nº 7, 1995, 278 pp. (ISBN: 84-453 1313-4).

Este volume recolle as obras premiadas neste Primeiro Concurso de Obras Teatrais Inéditas, fallado en marzo de 1993, nos apartados B e C, categorías de Teatro para Escolares e Teatro de Monicreques ou Marionetas. Contén o primeiro premio, o accésit e o finalista de ámbolos dous apartados. A peza que levou o primeiro premio de teatro escolar foi *Nocturno de Dragón*, de Lola González e Bruno Bernardo, e presenta aspectos da lenda fantástica da chegada do corpo sen vida do Apóstolo Santiago á corte da raíña Lupa. *A verdadeira historia do sangue peregrino de Termar*, de Anxo González, accésit neste apartado, preséntase como peza inspirada nun texto de Álvaro Cunqueiro, e constitúe, gracias á intervención de Merlín, un recordo de tódolos peregrinos que percorreron o Camiño de Santiago, deixando nel o seu sangue. A obra finalista titúlase *Y cuando nadie sabía la historia...*, de Mª del Pilar Romero del Río. Trátase dunha peza en castelán, situada no ano 2000, na que uns nenos, coa axuda do seu profesor, deben descubrir entre os restos da terra o antigo Camiño de Santiago vencendo os perigos. No apartado C, teatro de marionetas ou monicreques, a obra vencedora foi *A princesiña Socorro*, *o trobeiro Carolo e o demo dos cornos*, de Miguel Vázquez Freire e Gloria Sánchez, que conta as aventuras no Camiño

deses tres personaxes para conseguir celebra-la voda entre o trobeiro e a princesiña, evitando sempre ó demo Corbillón. O accésit correspondeu a *A vía fantástica*, de Lola González, un xogo estético e fantástico que introduce no Camiño elementos de luz e son, e personaxes tamén fantásticos, como a fada Melusina, o xigante Milhomes, os cabaleiros e o escudeiro Florisel. A obra finalista foi *Un dragón no camiño*, de Antón Cortizas Amado, que mestura os monicreques coas sombras chinesas, e o recurso da historia dentro doutra historia. Tódalas obras, segundo as bases do concurso, tentan explica-la orixe do Camiño de Santiago, empregando os símbolos e as lendas do dragón, a orixe de Compostela, as estrelas, os peregrinos e os romeiros.

Recensións:

-M. Quintáns Suárez, “Obras de teatro escolar e de marionetas ou monicreques”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 3 decembro 1995, p. 6. Faise eco da presentación conxunta dos diferentes volumes desta colección, no Hotel Araguaney de Santiago. Reclama a necesidade de tales presentacións, e mesmo para a presente colección cuestiona a pertinencia dun acto individualizado para cada unha delas, debido á importancia e á carencia dos textos teatrais que recollen, obras de teatro escolar e de monicreques. Alaba a iniciativa institucional ó convocar este premio, a coidada edición do volume, o estímulo que supón para o teatro galego, e a calidade das obras premiadas. Non deixa de reclama-la necesidade de representación dos textos, que, segundo di, terán grande acollida, como demostra o feito de que o grupo de teatro universitario da Coruña teña posto en escena *Nocturno de dragón*, de Lola González e Bruno Bernardo, e a lectura do Centro Dramático Galego da peza, *O peregrino errante que cansou ó demo*, de Xavier Lama.

VII. A literatura infantil e xuvenil

VII. 3. Teatro

VII. 3. 2. Dramaturgos traducidos

Alberdi, Juan Bautista, *O xigante Mapoulas*, trad. Ramón Rocamonde Gómez, presentación de Manuel F. Vieites, Barcelona: Sotelo Blanco, col. Biblioteca do Arlequín, nº 23, 1995, 58 pp. (84-7824-232-5).

Despois da presentación de Manuel F. Vieites, iníciase esta obra teatral que leva por título *O xigante Mapoulas e os seus formidables inimigos ou sexa fastos dramáticos dunha guerra memorable*. Trátase dunha peza cómica nun só acto na que se narran as vicisitudes dun exército que, guiado polas mentes quixotescas dos seus superiores, non se atreve a enfrontarse cun xigante de palla. Será un sarxento quen, ó final da obra, rompa a tradición e se proclame vencedor sen ningún esforzo. Cómpre salienta-lo tránsito constante que se produce entre o cómico e o tráxico, a utilización dunha lingua xa preferentemente coloquial e a presencia da ironía e do sarcasmo que se desprende das páxinas da obra.

Recensións:

-Carlos L. Bernárdez, “O xigante Mapoulas”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, 29 setembro 1995, p. 3. Dá conta da publicación desta obra. Trátase dunha peza teatral do avogado, articulista e ensaísta arxentino Juan Bautista Alberdi. Atopámonos, segundo o recensionista, diante dunha “obra de tese”, de manifesta crítica política”, e que “sorprende polo seu atrevemento e orixinalidade”.

- X. X. Ron, “O humor e a alegoría ou o teatro da vida”, El Correo Gallego, “Edición 7”, 11 xuño 1995, p. 6. Sucinta recensión conxunta de dúas obras aparecidas na colección A Biblioteca do Arlequín: *Alí Ben Mangato e mailo seu cabalo Branco chamado Beliador* e *O xigante Mapoulas*, de J.B. Alberdi. Con respecto a esta última obra, salienta a importancia da alegoría, o simbolismo do xigante, que representa a dictadura, e exército liberador, e así mesmo a construcción dos personaxes.

VII. A literatura infantil e xuvenil

VII. 3. Teatro

VII. 3. 3. Postas en escena

-V. Festival de Teatro. O Carballiño. Apartado III. 4. deste *Informe.*

Aquí, **Teatro do**: *Touporroutou da lúa e do sol*.

Cachirulo (1): *A illa do tesouro*, de R. L. Stevenson.

V. Mostra de Teatro Cómico. Barco de Valdeorras. Apartado III. 4 deste *Informe.*
V. tamén XIª Mostra Internacional de Teatro. Ribadavia. Apartado III. 4 deste *Informe.*

Cachirulo (2): *Xan sen medo contra os chupa-contos*, de Xurxo Rei e Carmen Domech.

Interpretación e decorados: Carmen Domech e Xurxo Rei.

V. Iº Festival Galego de Títeres de Redondela. Apartado III.4 deste *Informe.*

Cachirulo (3): *A búsqueda do tesouro*.

Textos: Xian Bermejo e Xurxo Rei. Interpretación: Eva Sanz, Mercedes Castro, Pepe Soto, Luís Gonzales, Xurxo Rei, Santaigo Adrio e Carmen Domech. Dirección: Xian Bermejo.

-J. A. Martínez Sevilla, “Enseñar divirtiendo”, *La Voz de Galicia*, 24 outubro 1995. Valoración positiva do espectáculo *A illa do tesouro*, representado por Teatro Cachirulo no Centro Social Sagrada Familia. J.A. Martínez Sevilla fai un percorrido por tódolos aspectos da obra: actores, vestiario, construcción dos monicreques, decorado, etc. A principal louvanza que merece esta representación, segundo o articulista, é a de “avivar a intelixencia” do público infantil dunha maneira amena e divertida.

VII.3.3. Postas en escena

V. Iº Festival Galego de Títeres de Redondela neste mesmo *Informe*.

Cachirulo (4): *A merenda de Gamelón*, de Carmen Domech.

Interpretación: Carmen Domech e Xurxo Rei.

Falcatrúa: *O espírito do bosque*.

Falcatruada (1): *Centro Médico*.

Sen sinatura, “Falcatruada representa en Reyes *Centro Médico*”, *El Correo Gallego*, 31 decembro 1995,

78. Nota sobre a representación de *Centro Médico* e *Memorias dun neno con bigote*, ámbalas dúas orixinais da compañía, no Colexio Público de Bembibre.

Falcatruada (2): *Memorias dun neno con bigote*.

-A. I., “Falcatruada animará estas Navidades con dos originales obras teatrales”, *El Correo Gallego*, 24 decembro 1995, p. 66. Nota sobre a represenatción de dúas obras orixinais do grupo Falcatruada, dirixido por Gustavo Oreiro, *Centro Médico*, e a obra infantil *Memorias dun neno con bigote.* O grupo, formado en Bembribe, naceu no ano 94 e debido á acollida do público, decidiu dedicarse profesionalmente á escena.

Grupo de Teatro de Títeres Kaos: *Baixo os nosos pés cavernosos*.

-Luís Landeira, “Los títeres ecologistas”, *La Voz de Galicia*, 29 xullo 1995, p. 35. Breve comentario sobre a representación na praza do Toural en Santiago desta historia de corte ecoloxista con destinatario infantil.

-V. Certame Galego Xuventude 95. Apartado III. 4 deste *Informe*.

-V. Certame Galego Xuventude 95 neste mesmo *Informe*.

Grupo I. B. Basanta Silva de Vilalba: *Os vellos non deben namorarse*.

Grupo I. B. Vilar Ponte de Viveiro: *Arrevírate vila.*

Hipogrifo Violento Clube: *Nocturno de dragón*, de Lola González e Bruno Bernardo.

- V. VV.AA. *Primeiro Concurso de Obras Teatrais Inéditas Camiño de Santiago. Obra de Teatro Escolar e Obra de Teatro de Marionetas ou Monicreques*, apartado V. 3. 1 deste *Informe*.

-Sen sinatura, “Hipogrifo Violento presenta *Nocturno de dragón*, premio Xacobeo de Teatro Escolar”, *La Voz de Galicia*, 14 marzo 1995, p. 41. Presentación desta peza, Premio Xacobeo de Teatro Escolar, no Teatro Principal de Santiago, baixo a dirección de Chema Paz Gago.

-I. G., “El grupo teatral universitario Hipógrifo Violento Clube estrena hoy en el Principal”, *El Ideal Gallego*, 16 marzo 1995, p. 19. Anuncio da representación desta obra no Teatro Principal de Santiago, a cargo de grupo de teatro universitario Hipogrifo Violento Clube, baixo a dirección de Chema Paz Gago. Saliéntase tamén que a peza está ambientada no Camiño de Santiago, na Idade Media.

-Sen sinatura, “Hipogrifo Violento presenta una visión cómica del Camino”, *La Voz de Galicia*, 16 marzo 1995, p. 44. Presentación desta obra en Santiago, da que se comentan os aspectos cómicos e desenfadados da trama.

"**Isidora Riestra**", **Colexio Público**: *O gato con botas e As catro estacións*.

-V. Centro Dramático Galego (4). Apartado III. 4 neste *Informe*.

Migallas Teatro: *Conta connosco*, de Carlos Yus (versión infantil de *O cantante e as mulleres*).

-V. XIIª Mostra de Teatro Cómico. Cangas. Apartado III. 4 deste *Informe*.

Os Quinquilláns (1): *Tacatá*.

-A. Iglesias, “Os Quinquilláns deleitarán al público infantil con su espectáculo *Tacatá*”, *El Correo Gallego*, 29 xullo 1995, p. 36. Noticia sobre esta representación, que tivo lugar en Santiago de Compostela con motivo do día dedicado á exaltación do traxe galego.

-Sen sinatura, “Os Quinquilláns abrió ayer la programación de las actividades infantiles”, *El Progreso*, 6 outubro 1995. Nota sobre a representación de *Tacatá*, na Praza Maior de Lugo, con motivo das festas de San Froilán. Resúmese a trama argumental da peza, protagonizada por nenos que se dirixen ós nenos do público.

VII.3. Teatro

-V. Mostra de Teatro Cómico. Barco de Valdeorras. Apartado III. 4. deste *Informe.*

Os Quinquilláns (2): *As viaxes fantásticas*.

Reviravolta: *Berenguela-Aventuras e desventuras dunha espiña de toxo*, de Manuel María.

Celso R. Fariñas, “O Grupo de Teatro ‘Reviravolta’ preséntase coa obra de Manuel María, *Berenguela*”, *A peneira*, 1ª quincena, outubro 1995, p. 13. Formando parte do Programa de Prevención 95 que leva a cabo a asociación Currículum Vitae, o grupo de teatro ‘Reviravolta’ pon en escena a obra: *Berenguela-Aventuras e desventuras dunha espiña de toxo.* Celso Fariñas cualifícaa de “moi divertida e cunha clara mensaxe ecolóxica”. Recolle tamén, as positivas valoracións dos membros da antedita asociación.

Tanxarina (1): *Ah ah ah estamos* "*monstros*" *de risa*.

Sen sinatura, "Tanxarina leva hoxe a Vigo os seus "Monstros de risa", *O Correo Galego*, 4 marzo 1995,

37. Breve nota na que se informa da representación en Vigo deste espectáculo para o público infantil, dirixido por Cándido Pazó e producido por Produccións Teatrais do Sur.

-A D, "El teatro Tanxarina actúa en Cambados", *Atlántico Diario*, 28 outubro 1995, p. 17.

-V. Iº Festival Galego de Títeres de Redondela. Apartado III. 4 deste *Informe*.

Tanxarina (2): *Titiricircus*.

-D. P., “El público refrendó con su presencia el éxito del ciclo cultural ‘Teatro na Pedreira’”, *Diario de Pontevedra*, 1 agosto 1995, p. 11. Noticia sobre o ciclo cultural Teatro na Pedreira. Infórmase sobre o espectáculo de Mofa e Befa e Tanxarina. A propósito deste último sublíñase o feito de combinar marionetas con actores humanos para narra-las peripecias económicas e emocionais do doutor Frankestein e do seu axudante Igor.

-S. R. P., “Tanxarina, títeres made in Redondela que se exportan a medio mundo”, *Faro de Vigo*, 30 agosto 1995, p. 6. Dá conta da actividade do grupo Tanxarina de Redondela, que iniciou unha xira por Centroamérica co espectáculo *Titiricircus*, e coa intención de impartir algunhas clases de construcción de máscaras e marionetas de fíos en El Salvador.

Viravolta Títeres: *O candil marabilloso*.

V. Iº Festival Galego de Títeres de Redondela. Apartado III. 4 deste *Informe*.
V. Xacarandaina.

Xacarandaina: *O pito de bolita o que pita*.

-Sen sinatura, “El teatro infantil de Xacarandaina hoy en la feria del Libro de Galicia”, *La Voz de Galicia*, 5 xullo 1995. Noticia da representación da obra no recinto ferial e tamén da represenatción de *O candil marabilloso*, do grupo Viravolta.

VII. A literatura infantil e xuvenil

4. Ensaio. Teoría Xeral. Crítica
4. 1. Monografías. Libros colectivos

López Loureiro, Rafael, e **Calo Iglesias** (coords.), *Siluetas para un teatro de sombras*, Noia: Seminario Permanente de Educación para a Paz e Seminario Permanente “Residuo Park”, de E.P. do Colexio Público Iglesia-Somozas, 1995. (D. L.: C- 1956-1995).

Unha unidade didáctica para a utilización do teatro de siluetas no primeiro ciclo da educación primaria. Rafael López Loureiro, Xosé Iglesias Calviño e Pilar López Piñeiro presentan en dezaseis páxinas un disquete flexible e modelos para confeccionar siluetas, unha serie de respostas á necesidade de atopar modos didácticos para poñer en funcionamento o teatro de siluetas.

Nogueira Barcia, Xosé Victorio, *A literatura da convivencia*. *Guía de Lectura*, Santiago de Compostela: Biblioteca “Nova 33”/Fundación Caixa Galicia, 1995, 69 pp. (ISBN: 84-605-1265-7).

Guía de lectura na que se recollen recensións sobre libros de literatura infantil e xuvenil relacionados coa temática da paz.

VII. A literatura infantil e xuvenil

VII. 4. Ensaio. Teoría Xeral. Crítica

VII. 4. 2. Publicacións en revistas

Aleixandre, Marilar, “Chave de Ponte. Chave de Carballo”, *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, nº 75, setembro 1995, pp. 36-40.

Reflexións biobibliográficas de Marilar Aleixandre e reproduccións dun conto da súa autoría. Nas páxinas 74-75 traducción ó castelán das reflexións e creación de Marilar.

Bar Cendón, Carmen, "*A expedición do pacífico*", *Festa da Palabra Silenciada*, nº 11, 1995, pp. 87-88.

Recensión na que se comenta a novela gañadora do Premio Merlín 1994, *A expedición do Pacífico*, de Marilar Aleixandre. Despois de resumi-lo argumento e de reproducir algúns dos fragmentos máis significativos, a articulista expresa a satisfacción que lle produce o feito de que xa haxa novela histórica dirixida ó público infantil-xuvenil.

Díaz, Antonio, “A fiestra do libro”, *Lúa Nova* (Revista da A.C.G. Rosalía de Castro de Cornellá), 1º trimestre 1995, p. 21.

Inaugúrase esta sección coa presentación da obra poética *Dou Fe*, de Matilde Lloria, á que se engaden uns apuntamentos biográficos da autora.

Fernández, Mª Jesús e outros, “Lista de honor de CLIJ 1994”, *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, nº 71, abril 1995, pp. 5-9.

Tódolos anos, coa finalidade de facilita-la selección de bos libros ós mestres e bibliotecarios, fundamentalmente, un grupo de profesores e bibliotecarios de profesión que exercen a crítica en publicacións especializadas en literatura infantil fan unha lista de honor de *CLIJ*. Nela atópanse varios títulos galegos.

Fernández, Mª Jesús, “Galicia: un buen momento”, *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, nº 76, outubro 1995, pp. 32-42.

Análise global dos diferentes sectores da literatura infantil e xuvenil: galardoados, coleccións, literatura xuvenil, cómics, literatura infantil, autores noveis e o mundo da ilustración. A autora salienta o bo momento do sector en Galicia, tanto en número de títulos publicados coma na calidade. Con todo, engade a necesidade de evita-lo “conservadurismo” da nosa literatura infantil-xuvenil, manifestado, por unha parte, “na escasa incorporación de autores” e, por outra, na reiteración dos temas tratados. A isto súmase a intencionalidade didáctica e moralizante de moitas obras xuvenís e infantís. Na relación de obras tratadas, destácase o valor innovador de *Trece anos de Branca*, de Agustín Fernández Paz, e *Doutor Rus*, de Gloria Sánchez, ámbolos dous da editorial Edebé-Rodeira. A ampla panorámica, remata co mundo da ilustración, do que se deron “mostras de alto nivel, tanto no número de artistas coma na calidade de obra producida”.

Jaraba, Fran, “Autorretrato”, *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, nº 68, xaneiro 1995, p. 41.

Autorretrato do ilustrador e autor galego no que, á parte de dá-los seus datos biográficos máis salientables, tamén fala das influencias que recoñece sobre a súa obra.

Montesinos, Toni e Ricardo **Ruiz**, “Entrevista con Suso de Toro. Vivir como héroes”, *Quimera* (Revista de Literatura), nº 143, decembro 1995, pp. 45-50.

Entrevista na que Suso de Toro clarifica aspectos relacionados coa súa última novela *A sombra cazadora*, que supón un cambio na súa traxectoria literaria. Nesta obra espérase que o lector se deixe levar pola man do escritor, que non racionalice. Segundo o autor, a novela axústase ó patrón de *Hansel e Gretel*, xa que os protagonistas son dous irmáns que realizan unha viaxe iniciática no sentido máis literal do termo. Engade, ademais, que non é unha novela de anticipación porque reflicte un futuro que xa está aquí. Para rematar, Suso de Toro fai unha breve referencia ós seus proxectos inmediatos.

Pereira, Juan M., "*La sombra cazadora*", *Quimera* (Revista de Literatura), nº 143, decembro 1995, p. 46.

O articulista ofrece a súa opinión sobre a novela de Suso de Toro *A sombra cazadora*. Cualifícao de "historia sencilla, efectiva", que desempeña o papel dunha "fábula marabillosa iniciadora de la juventud". Considera que a carreira literaria do escritor compostelán é moi particular "nada tentada por la mera continuidad, y siempre atenta al hueco literario que se pueda cubrir en el acervo gallego".

Roig Rechou, Blanca, “Helena Villar Janeiro: Unha mestra na literatura infantil e xuvenil galega”, *Adaxe*, nº 11, 1995, pp. 139-152.

Artigo que pretende abrir na revista *Adaxe* unha sección de homenaxe dedicada ás mestras e mestres galegos que achegan materiais para a infancia, xa sexa dende a creación ou dende o didactismo, preocupados por unha renovación do ensino tradicional e pola existencia de elementos de apoio para transmiti-los coñecementos. De seguido, comeza un percorrido pola traxectoria literaria de Helena Villar Janeiro, nun primeiro momento da man do seu home, Xesús Rábade Paredes, e a partir de 1985, en solitario e cunha dedicación máis clara cara á literatura infantil e xuvenil. Faise un resumo e unha análise dos principais títulos infantís da autora, dende 1985 ata 1994. Desvélanse así mesmo as liñas temáticas constantes que percorren esta producción e que, en opinión da articulista, son: a presencia do mundo escolar, que pretende ser innovador, fronte ó tradicional, que se identifica co aburrimento; as protagonistas femininas infantís non pasivas; a mestura da realidade e da fantasía; as personificacións de elementos non humanos; a simboloxía dos números e dos nomes; a presencia da vida familiar, na que destaca a importancia dos avós como transmisores da tradición; o mundo dos animais; a preocupación pola lingua e a importancia da lírica popular.

_____, “A Literatura infantil e Xuvenil: consideracións xerais”, *Boletín Galego de Literatura*, “Notas”, nº 14, Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, 2º semestre 1995, pp. 119-135.

Artigo teórico no que a profesora Blanca-Ana Roig Rechou pasa revista ós conceptos de “literatura infantil” e “literatura xuvenil”, ofrecendo unha proposta delimitativa de ambos espacios teóricos a partir da bibliografía crítica existente e ofrecendo as características xerais do que finalmente considerará un todo denominado Literatura Infantil e Xuvenil.

_____, “A Literatura Infantil”, *Colóquio/Letras*, “Notas e comentários”, julho dezembro 1995, pp. 216-220.

Comeza este artigo coa acoutación temporal da Literatura Infantil galega a partir da década dos sesenta, aínda que constata a existencia dalgunhas obras espalladas anteriores a esta data. Nomea como características deste xénero no noso país, e que lle fan incluílo dentro das “literaturas en proceso de descolonización”, os seguintes: o didactismo, o afán por glosa-las características diferenciais galegas e o ton social. Dos anos setenta, salienta o aumento do número de obra publicadas e de autores que se introducen por primeira vez na literatura infantil, así como a aparición de novas tendencias. Na década dos oitenta, en opinión de Blanca Roig, prodúcese “a modernización xeral do xénero, tomando as mesmas técnicas formais e temática da cultura colonizadora e dos países máis desenvolvidos”. Tamén destaca o marcado carácter “escolar” dalgunhas obras. Dá conta do amplo abano de obras e autores do noso país premiados e recoñecidos internacionalmente, e enumera os factores que contribuíron a este feito. Analiza os cambios estructurais e temáticos producidos nos últimos anos. Agrupa boa parte dos autores galegos nos seguintes temas: realista ou fantástico-realista, policiaco, ecoloxista, ficción científica e relatos de aventuras e viaxes. Fai referencia tamén á progresiva importancia da traducción, á “eclosión” da historieta, á aparición dos álbumes infantís e á pervivencia de tendencias tradicionais como o conto ou a lenda. Para rematar, comenta o grao de descoñecemento que segue a afectar a esta literatura.

Sen sinatura, “Los Premios del 94”, *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, nº 71, abril 1995, pp. 11-36 e 46-76, respectivamente.

Faise un repaso sobre os premios infantís convocados e outorgados no ano 1994 no territorio español. A literatura infantil galega foi galardoada co Premio Edebé (Gloria Sánchez), o Premio Merlín (Marilar Aleixandre), O Barco de Vapor (Fina Casalderrey). Coméntase algunha das obras premiadas e dánse datos bio-bibliográficos dos autores galardoados.

Simón Rúa, Xulio, “Xabier Puente Docampo, Premio Nacional de Literatura Infantil”, *Lúa Nova* (Revista da A.C.G. Rosalía de Castro de Cornellá), 4º trimestre 1995, p. 19.

Con motivo da concesión do Premio Nacional de Literatura Infantil a Xabier Puente Docampo pola obra *Cando petan na porta pola noite*, Xulio Simón Rúa fai un percorrido pola traxectoria literaria do autor lugués, ademais dun resumo temático das catro historias que conforman a obra premiada.

Vieites, Manuel, “Teatro nas aulas: unha salientable iniciativa da ASPG”, *Revista Galega de Educación*, nº 23, marzo-abril-maio, 1995, p. 101.

Constata a falta de promoción do teatro escolar e por iso recibe con alegría a colección Teatro nas Aulas, na que se inclúen tres textos dramáticos: *A sensación de Camelot*, de Manuel Lourenzo (obra que xa fora publicada anteriormente no volume *Forno de Teatro fantástico)*, *Viva Peter Pan*, de Xesús Pisón, e *Auto de antroido* (primeiro premio no X Concurso de Teatro Independente Infantil convocado pola Asociación Cultural O Facho), de Manuel Lourenzo González.

X. M. G. B., “Fóra de xogo dentro do combate”, e “Gran Merlín, gran edición e gran precio”, *Revista Galega de Educación*, nº 22, xaneiro-febreiro-marzo, 1995, pp. 70-71 e 72 respectivamente.

En “Fóra de xogo dentro de combate” celebra os catro títulos que publicou Edicións Xerais de Galicia na súa colección Fóra de Xogo no 1994, a saber *A sombra cazadora*, de Suso de Toro, *Tristes armas*, de Marina Mayoral, *Asústate Merche*, *de* Fina Casalderrey, e *Flanagan de luxe*, de Andreu Martín e Jaume Ribera. Percorre a seguir o fío argumental de *Flanagan de luxe* e dá unha valoración da obra pola facilidade da súa lectura e pola capacidade de enganche, como lles ocorre a tódalas obras que presentan “unha trama ben montada”.

En “Gran Merlín, gran edición e gran precio”, o articulista dá a benvida á colección Merlín, dirixida ó público infantil-xuvenil. Comenta as características da edición, a temática e a forma constructiva dos primeiros títulos: *303 adiviñas* (1994), de Gloria Sánchez e *Cristo e San Pedro*, *peregrinos* (1994), de Bernardino Graña, unha antoloxía de contos populares. O comentarista cita ademais outras obras dos autores sobre a mesma temática e fai fincapé nos valores didácticos dos volumes.

_____, “Onda curta”, *Revista Galega de Educación*, nº 23, marzo-abril-maio 1995, pp. 102-103.

Un artigo informativo sobre os acontecementos editoriais e culturais máis salientables do trimestre. Informa da concesión do premio “Rañolas” a X.P. Docampo por *Cando petan na porta pola noite*. Comentarios do fío argumental de *Gago por merenda* (Editorial Edebé), de Xan López Domínguez, de *O Gato de lá* (Editorial Sotelo Blanco), de Carlos Domínguez López, e “dun dos primeiros comics comerciais galegos”, *Flores desde Hiroshima*, dos guionistas Aníbal C. Malvar e Rober G. Méndez e o ilustrador Fausto Isorna, unha historia de intriga e misterio, ambientada na cidade de Santiago de Compostela, “na liña do mellor cómic de aventuras”, no que “a caracterización dos personaxes e a creación de ambientes galegos e o ritmo trepitante da historia -marcada polas constantes elipsis narrativas e un coidadoso traballo de viñeta- atrapan ó lector ata o sorprendente desenlace da historia”; pequena nota sobre a obra *Aydin*, de Jordi Sierra i Fabra, premio Edebé de Literatura Xuvenil; noticia da iniciativa do equipo de normalización lingüística do C. P. de Hio polo regalo do libro *Tiridalle* no que se recollen diversas manifestacións da literatura popular de tradición oral galega; nota solicitando que se faga realidade a colección infantil da Editorial Nigra e noticia da publicación por Sotelo Blanco de *O conde vampiro*, de Lino Braxe, *Marcelo non me toma o pelo*, de Concha Blanco e *O lobo e o grilo*, de Bernardino Graña, nota de ánimo a “A Nosa Terra, Editorial” para que siga a publicar títulos na súa colección “A Nosa Terra. Historia”; información da

publicación por parte da Editorial Sálvora dunha serie de contos clásicos de grande formato e un último saúdo a David Otero pola iniciativa de crea-lo “Clube de Lectores de Galicia”.

VII. A literatura infantil e xuvenil

VII. 4. Ensaio. Teoría Xeral. Crítica

VII. 4. 3. Publicacións en xornais: artigos e recensións

Álvarez, Serafín, “Unha proposta para a Primaria. Teatro de sombras chinesas”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de la Escuela”, 21 xuño 1995, p. 2.

Artigo no que se recolle información sobre a introducción do teatro de sombras, unha manifestación máis da China milenaria, nas aulas de Educación Primaria. Despois dunha breve descrición desta nova actividade educativa, déixase constancia da publicación dunha unidade didáctica titulada *Siluetas para un teatro de sombras*, a cargo de tres membros do Seminario Permanente de Educación Primaria do Colexio de Somozas, preto de Ferrol.

Castro, Xosé Mª de, “Máis ciencia-ficción”, *A Nosa Terra*, nº 658, “Guieiro Cultural”, 26 xaneiro 1995, p. 26.

Comentario de *A sombra cazadora* (1994) de Suso de Toro, relato co que o autor se introduce na temática da ciencia-ficción, na liña de Stephen King, nesta nova colección que leva o nome de Fóra de Xogo. Salienta o comentarista a narración impecable, os recursos estilísticos e a riqueza da lingua, riscos que identifican a Suso de Toro. Afirma que se pode facer unha “lectura clásica” da novela e cotexa ós protagonistas con personaxes clásicos. Remata dicindo que é unha “novela de imprescindible lectura”.

Castro, Xavier R, “A aventura máis fermosa”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 1 xaneiro 1995, p.11.

Coméntase a aparición de *A chave de ouro* (1994) dentro da colección Árbore, da editorial Galaxia, en traducción de Uxía García Cameselle e con ilustracións de Mª Fe Quesada. O recensionista sinala a posible pegada de Lewis Carroll na fantasía que envolve a este relato.

_____, “Os heroes da biblioteca”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 15 xaneiro 1995, p.11.

Presentación dunha nova entrega da colección Merlín, de Xerais, *Movida na biblioteca* (1994), do catalán Josep Gregori. Os personaxes viven situacións fantásticas con outros tirados dos libros dunha biblioteca, dando lugar deste xeito a un divertido relato marabilloso.

_____, “Un grande libro para moito adiviñar”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 22 xaneiro 1995, p.11.

303 Adiviñas (1994), de Gloria Sánchez, inaugurou a colección Gran Merlín de Xerais, co obxectivo de recupera-la tradición oral recollendo eses xogos cheos de maxia e realidade dun pobo que son as adiviñas.

_____, “Historia dun ourizo”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 29 xaneiro 1995, p. 11.

Recensión do libro *Chucho Cacho*, de Darío Xohán Cabana. A obra, publicada na colección Pequeno Merlín, da Editorial Xerais, conta as aventuras dun ourizo chamado Chucho Cacho. O Texto, “intenso, breve e non exento de tenrura”, vén acompañado das magníficas ilustracións de Mª Ánxeles Maldonado e constitúe un acontecemento no mundo editorial galego, pois “supón a confección dun álbum a toda cor, ilustrado e maquetado totalmente en Galicia”.

_____, “Un diario de verdades descubertas”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 9 abril 1995, p. 7.

Breve recensión sobre a obra de Úrsula Heinze, *Quérote*, precedida dun comentario sobre as liñas xerais que encadran a obra da escritora.

_____, “Todo o verán para o amor”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 19 marzo 1995, p. 11.

Recensión do libro *Todo o verán por diante*, de Joaquim González i Caturla. Ana Mª Verdú e Xavier Carro traduciron ó galego a obra deste catalán, para a colección xuvenil “Árbore”, da Editorial Galaxia. O argumento céntrase na historia de dous “mozos de instituto mergullados nunha relación amorosa”. O autor foxe en todo momento da “antinaturalidade e do convencionalismo”.

_____, “Contos para os máis pequenos”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 8 outubro 1995, p.7.

Recensión do libro *Novos contos para nenos* (1994), que inclúe oito relatos de Manuel María, Helena Villar Janeiro, Agustín Fernández Paz, Xavier P. Docampo, Sabela Álvarez Núñez, David Otero, Darío Xohán Cabana e Paco Martín. Sinálase a intercalación da poesía, que non se está a cultivar tanto como a prosa para nenos.

_____, “Intrigas en Londres”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 15 outubro 1995, p. 7.

Salienta os tópicos do xénero policíaco ou detectivesco que contén *O asasino da torre de Londres* (1994), e a construcción da historia sobre a intriga e o encadeamento dos feitos ata a súa resolución final.

Enríquez, Xosé Manuel, “Flanagan de luxe”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº LXXXIV, 1 abril 1995, p. 3.

Recensión da obra de Andreu Martín e Jaume Ribera, *Flanagan de luxe* (1994). Destácase a *habilidade* na elaboración da intriga e a dosificación dos elementos que compoñen a trama para chegar a un final ben solucionado. Céntrase fundamentalmente no deseño do personaxe e no argumento da novela, ideal para entreter, sen máis pretensións.

Fraguas Fraguas, Antón, “Contos inéditos para nenos”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 5 febreiro 1995.

Amplo comentario de carácter argumental sobre unha colección de contos inéditos escritos para nenos por Mery Virgós. Os relatos están acompañados polas ilustracións de Ana, unha nena de doce anos, neta da autora da obra. Logo dunha breve referencia biográfica, o articulista analiza brevemente cada un dos contos.

Méndez Ferrín, X. L., “Relembrando a Pinocho”, *Faro de Vigo*, “Os camiños da vida”, 29 decembro 1995, p. 2.

A raíz da publicación en París de *Pinocchio* de Pierre Lambert, lembra Ferrín a figura de Pinocho, creada por Carlo Collodi, e que foi tan popular entre a xeración de nenos dos anos 40. É nesa época cando Walt Disney distribúe a película de debuxos animados do mesmo nome. Con ela, cita Ferrín, “aprendíamos (...) que a realidade ten tamén unha faciana escura e que a escuridade está tamén dentro de nós”.

Nicolás, Ramón, “O mago de Oz”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº LXVII, 7 xaneiro 1995, p. 4.

Recensión de *O marabilloso mago de Oz*, de Frank Baum, en versión galega de Afonso Vázquez Monxardín (1994), que nos achega un clásico da literatura infantil. A obra supuxo no seu momento unha tentativa de superación e modernización dos relatos marabillosos, obxectivo acadado por Baum ó introducir nun conto de fadas tradicional unha serie de “elementos familiares para o lector americano”, referencias da modernidade e a potenciación de valores éticos a “través dunha viaxe que descobre diferentes realidades e horizontes”. A versión galega, da que é tamén prologuista Monxardín, recupera as ilustracións feitas por Willian Wallace Denslow para a primeira publicación da obra.

Quintáns, M., “Explica-lo medio ambiente ós nenos”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 12 febreiro 1995, p. 10.

Recensión da obra de Lourdes Maceiras e Manolo Uhía, *Nos xardíns* (1994), na que salienta a calidade das ilustracións e o interese posto na publicación para esperta-la curiosidade polo medio ambiente, a través dunha historia con dous personaxes, Bea e Manolo, que intentan buscar unha chave que abra unha marabillosa caixa de música.

_____, "*A sombra cazadora*, triunfo do amor nun universo baleiro", *El Correo Gallego*, "*Edición 7*", 30 xullo 1995, p. 7.

Despois de lembra-la importancia deste autor, que consegue tiradas ás que non está acostumada a literatura galega, M. Quintáns preséntanos esta obra como unha ponte entre un universo do non desexado e un mundo ideal soñado, que nos chega da man dos protagonistas, sen renunciar ó realismo que caracteriza a este escritor.

Rey Otero, Antonio, “Literatura de mesa camilla”, *Faro de Vigo*,“*Faro das Letras*”, nº LXXVII, 11 febreiro 1995, p. 2.

Dura crítica á novela xuvenil de Marina Mayoral,*Tristes armas* (1994), que é cualificada de sensibleira, chea de lugares comúns e repleta de episodios inverosímiles. As protagonistas son dúas nenas que razonan como adultos e que experimentan soños premonitorios e alegóricos, consecuencia dunha demasiado pesada estética tardorromántica e popular. En definitiva, Corín Tellado en galego, ternurismo fin de século, onde, ademais, se mesturan fatalmente a guerra civil española e as consecuencias da caída do muro de Berlín.

_____, “*A expedición do Pacífico*”, *Faro de Vigo*,“*Faro das Letras*”, nº LXXX, 4 marzo 1995, p. 2.

Logo dun inicial resumo argumental, céntrase nunha forte crítica do que considera “graves carencias da novela” *A expedición do Pacífico*, de Marilar Aleixandre: a ausencia de evolución nos personaxes e a falta de verosimilitude do argumento. Valora negativamente a “difusión de arquetipos” e comenta as características que debe reunir unha narración que pretenda ser veraz.

Rivas, Manuel, “Un Tirano Cyberpunk”, *El País*, “Babelia”, 25 novembro 1995, p. 11.

Recensión na que se destaca a orixinalidade de *A sombra cazadora*, con respecto ás obras anteriores de Suso de Toro. Saliéntase o feito de que, a pesar de que a novela toca temas sobre os que xa hai moita literatura, non perde interese nin frescura. Rivas afirma que a clave do lirismo radica no tratamento que se lle dá á idea da perda do paraíso.

Rodríguez, Manolo, “Amor e traxedia desde a Costa da Morte”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, ano I, nº 5, 30 marzo 1995, p. 6.

Breve recensión do libro infantil de Pepe Carballude *S.O.S* (1994). Indica os motivos fundamentais que levaron ó autor a escribir esta obra: o embarrancamento dunha serie de coñecidos barcos na Costa da Morte e o posterior clima de desconcerto e “psicose colectiva” que se viviu entre a poboación. Descríbese argumentalmente o contido da novela, centrado na historia de amor entre Eva e Rafa (dous dos protagonistas) e a loita de Xenaro contra a demagoxia política. Tamén proporciona algúns datos básicos sobre a anterior producción do autor.

Tebar, Juan, “Hansel y Gretel en Blade Runner”, *El Mundo*, “*La Esfera*”, 31 decembro 1995, p.14.

Recensión de *A sombra cazadora*, de Suso de Toro. Juan Tebar subliña a presencia de aspectos técnicos propios do autor e a sinxeleza do texto -con algo de conto de fadas. Observa o prometedor arrinque da novela, pero critícalle o que de “naïve” ten o desenvolvemento da aventura -crítica de televisión basura-, e a súa “dramatización filosófica”. En todo caso, destaca a calidade retomada no final.

Trigo, Xosé Manuel, “A prosa e as sombras”, *Faro de Vigo*,“*Faro das Letras*”, 11 febreiro 1995. p. 4.

Recensión de *A sombra cazadora* (1994), de Suso de Toro. Este artigo comeza cuestionando o carácter de novela da publicación, criticando a calidade dos buscados efectos de ironía, humor e mesmo a sintaxe. Así mesmo cuestiona o innecesario desdobramento do personaxe -un adolescente “desdoblado pero indiferenciado estilísticamente en dous”- en varias voces narrativas e a engranaxe non moi clara dos espacios.

Vázquez Grandas, Pilar, “O premio Merlín da narrativa infantil na súa novena edición”, *El Correo Gallego*,“*Edición 7*”, 30 abril 1995, p. 6.

Aínda que publicada con anterioridade, *A expedición do pacífico* gañou o premio Merlín de literatura infantil do ano 1994, e con tal motivo nesta recensión faise unha breve referencia á biografía da autora e ás súas obras anteriores. Ponse en relación a trama argumental cos feitos históricos que a inspiraron e con impresións da propia autora nas súas viaxes a lugares que aparecen no libro. Inclúese un breve resumo do fío argumental e destácase a intencionalidade didáctica do libro.

Ventura, Joaquim, “Botar pantasmas fóra”, *Faro de Vigo*,“*Faro das Letras*”, nº XCIX, 29 setembro 1995, p. 4.

Do recordo de *Ambulancia*, a súa obra preferida, e da coincidencia de realidade e ficción en *Tic-tac*, parte Joaquim Ventura para afirmar que Suso de Toro quixo ó longo da súa traxectoria literaria desfacerse das súas pantasmas pero o obxectivo non foi alcanzado: na súa última obra, *A sombra cazadora* (1994), están presentes de novo como un pesadelo que comparte co lector.

Vieites, Manuel F., “Teatro nas aulas”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº CVII, 8 decembro 1995, p. 3.

Comentario no que se reflexiona sobre a importancia que ten o teatro para a infancia e a mocidade. Despois de valora-las dificultades que teñen habitualmente os mestres para levar a cabo actividades teatrais cos seus alumnos, coméntase a aparición da colección “Teatro nas aulas”, promovida pola AS-PG, coa que se pretende mellorar esta situación. Os primeiros títulos desta colección foron *A sensación de Camelot*, de Manuel Lourenzo -da que comenta que xa fora publicada anteriormente no libro *Forno de Teatro fantástico*-, *Viva Peter Pan*, de Xesús Pisón, e *Auto de entroido*, de Manuel Lourenzo González, premiada no X Concurso de Teatro Infantil O Facho en 1994. Espera da colección que sirva para enche-lo baleiro, tanto de textos teatrais de autores galegos coma estranxeiros.

X. G. G., "*Fóra de xogo*, catro novelas de aventura e mistério", *A Nosa Terra*, nº 658, "Guieiro Cultural", 26 xaneiro 1995, p. 27.

Crónica na que se dá noticia da estrea, por parte de Edicións Xerais de Galicia, dunha nova colección de narrativa titulada "Fóra de Xogo". Esta colección vai dirixida ó público adolescente e ofrece, para comezar, tres títulos correspondentes a escritores galegos sobradamente coñecidos, como son Suso de Toro, Marina Mayoral e Fina Casalderrey, e unha traducción dos cataláns Jaume Ribera e Andreu Martín. X.G.G. fai un brevísimo comentario sobre cada un dos libros e desexa sorte á nova empresa de Edicións Xerais.

_____, “Un xogo de enigmas”, *A Nosa Terra*, nº 695, “Guieiro Cultural”, 12 outubro 1995, p. 23.

Recensión sobre o argumento de *O asasino da torre de Londres* (1994), de Livingstone, novela, na que o articulista afirma que se trata dun “pastiche das vellas novelas de enigmas”.

VII. A literatura infantil e xuvenil

VII. 4. Ensaio. Teoría Xeral. Crítica

VII. 4. 4. Publicacións en xornais: artigos de opinión

Otero, David, “Un ano cheo de libros”, *O Correo Galego*, “Pola banda de Laíño”, 5 abril 1995, p. 3.

Reflexión sobre a importancia do libro despois da celebración do Día Internacional do Libro Infantil, que se celebra o 4 de abril en Galicia, organizado polo I.B.B.Y. e a súa representación galega, GALIJ.X.

Queizán, María Xosé, “A expedición ao Pacífico”, *Faro de Vigo*, “Carrapuchiña feroz”, 14 marzo 1995, p. 25.

Comeza considerando o azar como un factor determinante na vida. Conta como con ocasión dunha viaxe a Madrid, escolleu como lectura *A expedición do Pacífico*, de Marilar Aleixandre, relato no que a protagonista, Emilia, consegue introducirse nun barco que vai realizar unha expedición científica. Ó chegar a Madrid, a articulista, visitou unha exposición na que descubriu tódolos obxectos que aparecen no libro.

Tarrío Varela, Anxo, “Literatura ¿infantil?”, *O Correo Galego*, “Recanto do cataventos”, 12 novembro 1995, p. 3.

Cuestiona o carácter infantil de *Cando petan na porta pola noite* (1994), de Xavier P. Docampo, Premio Nacional de Literatura Infantil 1995. Sinala a importancia do paratexto, que funciona moitas veces na adscrición dunha obra a determinado xénero.

VII. A literatura infantil e xuvenil

VII. 4. Ensaio. Teoría Xeral. Crítica

VII. 4. 5. Publicación en xornais: entrevistas

Acuña, Xoán, “As boas novelas para nenos tamén interesan ós lectores adultos”, *Atlántico Diario*, 13 novembro 1995, p. 59.

Entrevista a Ramón Caride Ogando, gañador do Premio Merlín con *Perigo vexetal*, a súa primeira novela para nenos, que xurdiu a partir dos contos que lle narraba á súa filla. Considera os premios imprescindibles e a edición de libros moi necesaria porque, aínda que non se lean no presente, estarán aí sempre.

Calviño, Xaime, “Non teño ningún medo ós lectores”, *Faro de Vigo*, 29 decembro 1995, p. 8.

Suso de Toro opina sobre o papel dos premios nunha literatura, deténdose especialmente na figura de Camilo José Cela, a quen reinvindica como un grande escritor fóra das modas, ou sobre a irrupción no mundo da literatura de persoas relacionadas co mundo “das revistas do corazón”. Fóra da literatura, comenta a personalidade política de Camilo Nogueira e o seu acordo con que este apoie ó B.N.G.

Docampo, Blanca, “Queda moito por facer”, *Diario 16 de Galicia*, 11 novembro 1995, p. 10.

Entrevista a Manuel Bragado, director dende hai ano e medio de Edicións Xerais. Sinala a diversificación nas publicacións que promove, o grande esforzo nos eidos infantil e xuvenil, e a perda de valor social do libro e da lectura. Sobre os Premios Xerais, sinala o seu carácter itinerante e o xurado composto por lectores.

E. C., “A cor que lles dá Vázquez Freire ós elefantes”, *O Correo Galego*, 24 marzo 1995, p. 34.

Miguel Vázquez Freire fala brevemente da súa última entrega infantil, *A cor do elefante*, un libro de contos moi diferentes entre si. Considera que hai un *boom* de literatura infantil debido á programación escolar, e isto provoca unha grande cantidade de publicacións.

Gil, Francisco J., “Hay que escapar del moralismo cuando se escribe para los más pobres”, *Faro de Vigo*, 14 marzo 1995.

Entrevista a Marilar Aleixandre na que se comenta *A expedición do Pacífico*, baseada nunha expedición española real ó Pacífico. Fala tamén dos proxectos de traducción de *2.000 légoas de viaxe submarino*, de Xulio Verne, e do poema “A caza do Suark”, de Lewis Carroll.

J. M. G., “A favorita de Robert L. Stevenson preséntase perante vostedes”, *El Correo Gallego*, Suplemento especial “As últimas literaturas”, 17 maio 1995, pp. 3-4.

Recóllese unha entrevista coa escritora Marilar Aleixandre realizada no Café de Mari, en Santiago de Compostela. Nela, repásase a vida e a obra desta escritora. Iníciase na escrita con textos didácticos sobre bioloxía, e na literatura en lingua galega (ela non o é) con relatos para nenos. De aí pasou á novela e, máis tarde, á traducción. Na entrevista destácase tamén o seu gusto pola literatura norteamericana e polas viaxes como vía para o coñecemento.

Janeiro, D., “A viaxe de Marilar Aleixandre”, *O Correo Galego*, 14 xaneiro 1995, p. 35.

Entrevista coa escritora Marilar Jiménez Aleixandre con motivo da publicación da súa obra *A expedición ó Pacífico*, galardoada co premio Merlín de Literatura Infantil, na súa novena edición. A autora fala do libro, unha “novela de aventuras nun marco clásico”, na que atopamos unha mestura de imaxinación e fantasía.

Neira Cruz, Xosé A., “Paula Carballeira, para escuchar”, *La Voz de Galicia*, “Mujeres de Compostela”, 29 xullo 1995, p. 32.

Partindo dunha contraposición inicial con Suso de Toro, define a Paula Carballeira como “la primera ‘cuentacuentos’ para niños de Galicia”. Recolle unhas declaracións desta nova autora, nas que fala das súas orixes no mundo da literatura, das dificultades da profesión, dos obxectivos e da negativa inluencia que exercen os medios de comunicación de masas sobre a imaxinación infantil. Finalmente, cita ós escritores que influíron máis nesta autora.

Porteiro, Mª Xosé, “Miguel Vázquez Freire. Escribir é un vicio imparable”, *La Voz de Galicia*,“*Revista de Cultura*”, “Corte e confección”, ano I, nº 24, 10 agosto 1995, p. 5.

Crítico antes que autor, Miguel Vázquez Freire, distingue entre a crítica xornalística (inexistente) e a académica ou universitaria (que non serve para guiar ó lector común). Sinala que a ciencia ficción é o xénero máis axeitado para representa-lo presente-futuro. Afirma, despois, que segue existindo o prexuízo de que a literatura infantil e xuvenil é un xénero menor, aínda que a boa literatura infantil non é só para nenos. Remata comentando que a literatura infantil non debe partir de principios moralistas.

_____, “Fina Casalderrey. Xa non me pegan por escribir en galego”, *La Voz de Galicia*,“*Revista de Cultura*”, “Corte e confección”, ano I, nº 28, 7 setembro 1995, p. 5.

Comeza por sinalar que escribe tanto para nenos coma para rapaces e xente de espírito novo, e que o fai porque se divirte facéndoo. Declárase unha escritora espontánea, intuitiva, que procura meterse na pel dos protagonistas das súas historias. Fixo unha escapada ó mundo da gastronomía, publicando, xunto co seu home dous libros. Remata queixándose de que na literatura galega sempre son os homes os que gañan os premios.

_____, “Antonio García Teijeiro. Para os rapaces hai que escribir poesía”, *La Voz e Galicia*, “*Revista de Cultura*”, “Corte e confección”, ano I, nº 37, 9 novembro 1995, p. 5.

Antonio García Teijeiro comeza destacando o seu fondo contacto con Alberti e Asunción Mateo. É clasificado como autor de literatura infantil e xuvenil, se ben el afirma non distinguir ben as fronteiras entre unha cousa e outra. Tamén poeta, fai poesía sen máis, simplemente preocupado porque esta sexa aberta. Declárase amante do relato curto e busca a emoción na literatura e na música. Remata esta entrevista cunha crítica á política lingüística oficial porque, afirma, a Xunta non cre na normalización.

_____, “Agustín Fernández Paz. Entendo que ós rapaces lles guste Kurt Covain”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, “Corte e confección”, ano I, nº 39, 23 novembro 1995, p. 5.

Comeza Agustín Fernández Paz sinalando que a preocupación por Galicia e pola lingua van máis alá dun problema intelectual. Non se considera, pese a todo, un intelectual típico, pois encántanlle as cousas vitais. Declárase fillo do cine e namorado do cómic. Como seguidor dos autores que arriscan (Joyce, Kafka, etc.), afirma que, á hora de escribir, ás veces preocúpalle máis a forma cá propia historia. Remata sinalando que o contacto cos rapaces é unha posta ó día continua e radical.

Pousa, Luís, “Galegos: xente que camiña”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 5 novembro 1995, p. 13/p. 14.

Entrevista a Xosé Cermeño, escritor candidato ó Premio Nacional de Literatura Infantil. Comenta as súas inquietudes de guionista televisivo no xénero das telecomedias. Recoñece a influencia de Cunqueiro no seu traballo de escritor e tenta, na súa obra, aproximarse ó problema da convivencia entre as linguas galega e castelá.

R. G., “Xavier Docampo, premio Nacional de Literatura Infantil”, *La Voz de Galicia*, 7 novembro 1995.

Percorrido biográfico do autor lucense Xavier P. Docampo trala concesión do Premio Nacional de Literatura Infantil por *Cando petan na porta pola noite.* Sobre a obra, que será traducida proximamente ó castelán e ó euskera, comenta o autor, que tratou de recupera-la oralidade dos contos da súa infancia, ademais de manifesta-la súa satisfacción polo premio.

Rego, María J., “El mito de la aventura”, *El Ideal Gallego*, 8 xaneiro 1995, p. 45.

Entrevista a Suso de Toro con motivo da saída ó mercado da súa última entrega narrativa, *A sombra cazadora* (1994). A propósito desta obra o escritor comenta que supón un cambio con respecto a *Caixón desastre* e *Tic-tac*, xa que se centra nos sentimentos, no amor e na esperanza, supón para el “una liberación de todo lo anterior”. Nunha serie de preguntas xerais, manifesta a súa opinión sobre o papel do escritor e a literatura galega actual, e considera que “o escritor debe saber cuál es su tarea , saber lo que tiene que decir literariamente” e que debe “estar siempre de paso, caminando y buceando”. Non se considera membro de ningunha xeración de autores dentro da etiqueta da nova narrativa, aínda que como Manuel Rivas, con quen o asocian nesta clasificación, comparte os lectores e a autonomía. Recoñécese á marxe da cultura oficial galega -con demasiadas institucións e falta de lectores-, dos galardóns e recoñecementos e matiza que “nuestra literatura son los textos viejos y nuevos que los lectores rescatan de la muerte”.

Regueiro, Carina, “Xosé Cermeño e aquelas palabras que se foron co vento” /“Xosé Cermeño e aquelas palabras que levou o vento”, *El Correo Gallego/O Correo Galego*, 30 outubro 1995, p. 10/p. 19.

Recóllense opinións de Xosé Cermeño, finalista do Premio Nacional de Literatura coa obra *Paula e as palabras que levou o vento*. Confesa sentirse cómodo escribindo para a infancia e mantén a independencia da arte de todo tipo de intencións moralizantes.

Ripoll, Anciñas, “O triunfo vital de *A sombra cazadora*”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 8 xaneiro 1995, pp. VI-VII.

Entrevista con Suso de Toro trala publicación de *A sombra cazadora* (1994), unha obra na que prentende cambia-la visión pesimista e desesperanzadora de obras anteriores, para mostrar que a aventura e os riscos da vida merecen a pena, sobre todo para a xente nova, que le os seus libros. Móstrase partidario de recupera-la visión histórica de Galicia para analiza-los cambios e valoralos positivamente, e para desvirtua-la cultura narcisista actual, sen raíces no pasado, tanto culturalmente coma na lingua. Explica o feito de que Santiago sexa unha referencia inexcusable na súa obra, porque viviu e creceu nela e observou o cambio que experimentou. Sobre a recepción crítica da súa obra, pensa que son os lectores e a acollida das obras entre eles o que conta, non a crítica oficial que ten ideas que non comparte e coas que quere romper. Por iso considera que a súa relación coa cultura oficial e institucional non é boa.

San Martín, Xavier, “Un mozo escritor disposto a come-lo mundo”, *O Correo Galego*, “Paraisos terreais”, 19 febreiro 1995, p. XIII.

Entrevista con Carlos Vila Sexto na que o autor fala dos seus comezos como escritor, da obra *Alén da aventura*, primeiro título que publica en galego, da influencia que exerce o cine na súa escrita e do traballo que o ocupa na actualidade. No mesmo artigo inclúese tamén unha breve biografía deste xove escritor coruñés.

Trasobares, Ana, “Tengo miedo a que se muera lo salvaje que hay en mi”, *Diario 16 de Galicia*, 9 novembro 1995, p. 50.

A propósito da aparición da traducción ó castelán do seu relato *A sombra cazadora*, (Ediciones B), Suso de Toro fai nesta entrevista algunhas reflexións acerca da súa tarefa como escritor, das relacións entre a literatura e a vida, e das diferencias entre este relato e toda a súa producción anterior.

Vidal, Xoán C., “Xabier P. Docampo: Aprendín a ler cos anuncios de *El Progreso*”, *El Progreso*, 8 novembro 1995, p. 57.

Entrevista co escritor lugués Xabier P. Docampo sobre a súa obra *Cando petan na porta pola noite*, galardoada co Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil. Fala, así mesmo, sobre as súas motivacións á hora de escribir para o público máis novo e sobre os acontecementos que o inspiraron nesta obra.

VII. A literatura infantil e xuvenil

VII. 4. Ensaio. Teoría Xeral. Crítica

VII. 4. 6. Publicacións en xornais: presentacións

I. G., “El libro *Alén da aventura* de Carlos Vila, se presenta esta tarde en Santiago”, *El Ideal Gallego*, 17 febreiro 1995, p. 39.

Na Biblioteca do Club 33 de Santiago de Compostela ten lugar a presentación do relato *Alén da aventura*, de Carlos Vila, gañador na edición do ano 1991 do premio de narrativa en galego para os novos, convocado por esa entidade. O relato, publicado agora pola Editorial Galaxia, conta as aventuras dun rapaz de 14 anos, a mesma idade que tiña o autor do relato cando o escribiu.

Soliña, María, “Preséntase o último Merlín”, *O Correo Galego*, “Galicia, terra nosa”, 27 abril 1995, contracapa.

Anuncio da presentación de *A expedición do Pacífico* e cita dos participantes do acto.

_____, “Un libro nas augas de Arousa”, *O Correo Galego*, “Galicia, terra nosa”, 8 maio 1995, contracapa.

Pequena nota sobre a presentación do volume *Contos da travesía* a bordo dun catamarán que irá de Vilagarcía a Rianxo. O acto inclúe unha actividade de animación á lectura para escolares na Biblioteca de Rianxo, sobre “O mundo de Rafael Dieste”.

VII. A literatura infantil e xuvenil

VII. 4. Ensaio. Teoría Xeral. Crítica

VII. 4. 7. Publicacións en xornais: notas e escritos varios

Álvarez Pousa, Luís, “Zonas de sombra”, *La Voz de Galicia*,“*Revista de Cultura*”, ano I, nº 8, 20 abril 1995, p. 6.

Nota crítica sobre o contido da novela de Suso de Toro, *A sombra cazadora*. A obra, que é valorada moi positivamente, é, sen embargo, criticada polo seu final acelerado e o seu fragmentarismo excesivo, a dicir do articulista.

Chao, Ignacio, “Non son un apóstol dun mundo industrial e degradado”, *El Mundo*, 25 xuño 1995, p. 6.

Entrevista co escritor Suso de Toro, na que este fala das claves da súa novela *A sombra cazadora*. Comenta as moi diferentes influencias que se reflectiron nela. Anuncia, ademais, algún dos proxectos creativos en que traballa.

E. C., “Éxito sen precedentes de *A sombra cazadora* de Suso de Toro”, *O Correo Galego*, 21 decembro 1995, p. 43.

Contén un apunte sobre o éxito, tanto dentro coma fóra de Galicia, desta e doutras obras de Suso de Toro. Aparecen tamén algunhas notas biográficas.

Freixeiro Mato, Xosé Ramón, “A AS-PG publica unha colección para levar o teatro á escola”, *A Nosa Terra*, nº 675, “Guieiro Cultural”, 25 maio 1995, p. 29.

Noticia na que se comenta a aparición dunha nova colección de libros, promovida pola Asociación Socio-Pedagóxica Galega, dedicada en exclusiva ó teatro. Esta colección pretende dar a coñecer obras teatrais pensadas para seren representadas por alumnos de ensino básico e secundario. Faise tamén unha breve referencia ós tres primeiros libros editados, da autoría de Manuel Lourenzo, Xesús Pisón e Manuel Lourenzo González.

Gaspar, Silvia, “Como mercar un libro”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de la Escuela”, “O que le é un león”, 24 maio 1995, p. 3.

Artigo no que se ofrecen diferentes consellos a todo aquel que queira mercar un libro de literatura infantil en galego. Alude, entre outras cousas, ás distintas coleccións existentes nas editoriais galegas.

_____, “Libros para o verán”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de la Escuela”, “O que le é un león”, 21 xuño 1995, pp. 4-5.

Supón a articulista que, despois de pasa-los primeiros días de vacacións, botaranse de menos os libros e así invita primeiro a visita-las bibliotecas de calquera organismo das comunidades turísticas e logo á compra de libros. Recomenda: *Neve*, *reneve*, *requeteneve*, de Xosé Cermeño; *Pé e máis eu*, de Gloria Sánchez; *50 xogos de lingua (material didáctico)*, de Carlos C. Medranco; *Todo o verán por diante*, de Joaquín González; *Sorrir en Frades*, de Siro López, *Os dados de Deus*, de Arturo Lezcano; *A expedición do Pacífico*, de Marilar Aleixandre; *O marabilloso mago de Oz*, de L. Frank Baum; *A volta ós mundos de Tucho*, de Olegario Sotelo Blanco e *Guía de espacios naturais*, de varios autores. De todos eles dá un avance argumental e unhas liñas sobre a corrente e características. Refírese tamén ós textos gañadores de premios que denomina valores seguros e cita: *Doutor Rus* (Premio Edebé), de Gloria Sánchez; *O misterio dos fillos da lúa* (Premio Barco de Vapor), de Fina Casalderrey; *A expedición do Pacífico* (Premio Merlín), de Marilar Aleixandre e *O Cable inglés* (Premio Café Dublín), de Xosé Antonio Moreno. Non diferencia, como se aprecia, neste apartado a literatura en xeral, da literatura infantil e xuvenil. Outro apartado deste artigo versa sobre o tema “De viaxes e aventuras”, no que dá unha lista deste tipo de obras para ler, sen diferenciar tampouco a literatura infantil e xuvenil.

_____, “Hoxe, traducción, ¡que problema!”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de la Escuela”, “O que le é un león”, 31 maio 1995, p. 3.

Inicia o artigo cunha referencia ó labor dos traductores e ás técnicas propias de traducción en xeral. Céntrase logo no caso de Galicia, salientando a importancia das traduccións de obras de escritores e escritoras estranxeiros e como experimento lingüístico para o desenvolvemento do galego. O grande beneficiado deste incremento no número das traduccións é, segundo a articulista, o público infantil e xuvenil, que conta cun importante número de obras traducidas, tanto dos clásicos coma dos contemporáneos.

_____, “¡Vaia animalada!”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de la Escuela”, “O que le é un león”, 11 outubro 1995, p. 6.

Faise unha reflexión sobre a presencia do mundo animal na literatura, partindo da literatura didáctica das fábulas de Esopo ou Fedro, ata chegar ós máis recentes resultados da evolución destas, como poden ser *O Gato con Botas*, ou *A Ratiña Presumida*, e incluíndo os contos de autor, que se contaxiaron tamén desa tendencia de vestir ós animais como humanos e ver escarmentar neles os nosos problemas.

_____, “O mellor libro, un de viaxes”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de la Escuela”, “O que le é un león”, 25 outubro 1995, p. 6.

O artigo refírese á abundancia de libros que relatan aventuras de viaxes a países reais e imaxinarios. A articulista comenta o aumento deste tipo de obras a medida que o home se sinte máis atrapado na modernidade. Destaca, así mesmo, o carácter iniciático, de aprendizaxe, para o protagonista que teñen a maioría destas historias. Todo isto está enfocado cara á literatura infantil, e cita nomes e títulos de literatura galega e universal: Jules Verne, Lewis Carroll, Cunqueiro, Darío Xohán Cabana, Marilar Aleixandre, etc.

_____, “Homes e mulleres”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de la Escuela”, “O que le é un león”, 8 novembro 1995, p. 6.

A articulista fala sobre o papel que a muller desempeñou e desempeña na literatura como protagonista ou como productora. Analiza casos de homes que escriben sobre mulleres (*Maxina*, de Marcial Valladares), mulleres que escriben sobre homes ou sobre si mesmas (Rosalía), as personaxes femininas que aparecen como protagonistas e heroínas, cada vez con maior presencia e mesmo acaparación de certos sectores do mercado por parte das escritoras.

_____, “Unha de romanos”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de la Escuela”, “O que le é un león”, 22 novembro 1995, p. 6.

Analiza a relación entre historia e literatura. Comeza comentando a tendencia a cualificar como histórico todo aquilo, xa sexa teatro, novela, conto, poema, etc., no que se intúe unha ambientación “de época”. Continúa tratando de restrinxir este termo e profundando no proceso de aprehensión histórica dos nenos e nenas a través da literatura. Finalmente, refírese a aqueles autores galegos que teñen acudido á materia histórica, ofrecendo os títulos máis significativos, Martínez Oca, en *As florestas do Mañuema*, Xoán Bernárdez, en *No ano do cometa.*

I. G., “La Biblioteca ‘Nova 33’ dedica el mes del libro infantil y juvenil Andersen”, *El Ideal Gallego*, 16 abril 1995.

Noticia sobre os actos que levou a cabo a Biblioteca no mes de marzo: unha exposición bibliográfica na que se expuseron os libros de Andersen que contén a biblioteca e a presentación de *A expedición do Pacífico*, de Marilar Aleixandre.

San Martín, Xavier, “A literatura, a cidade dos rapaces”, *O Correo Galego*, “Paraísos terreais”, 29 xaneiro 1995, p. XIV-XV.

Comentario de Xavier San Martín sobre a situación actual da literatura infantil partindo da actividade levada a cabo pola Biblioteca Club 33 de Santiago. Analiza brevemente o contido das IV[as] Xornadas do Seminario de Literatura Infantil e Xuvenil e comenta o labor de investigación que se está a desempeñar neste ámbito, labor ó que tamén se refire a profesora Concha Mas.

Senín, Xavier, “Os libros dirixidos ós rapaces suman máis da metade das edicións galegas”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 1995, p. 35/p. 16.

O subdirector de cultura, autor deste artigo, comenta cáles son os libros que máis se editan e venden. Destaca o feito de que a porcentaxe máis grande é a correspondente ás publicacións relacionadas co ensino e a educación.

Volta, Curro, “Fina Casalderrey ganadora del premio O Barco de Vapor”, *Diario de Pontevedra*, 3 febreiro 1995, p. 4.

Informa sobre a concesión do premio Barco de Vapor a Fina Casalderrey.

X. G. G., “Os outros xéneros”, *El Progreso*,“*Táboa Redonda*”, “Vinte anos de vida literaria na Galiza (e XIX)”, 27 xuño 1995, p. 27.

Comentario sobre os xéneros de moda na literatura actual como o que el denomina “infanto-xuvenil”, un dos xéneros máis cultivados en Galicia, segundo X.G.G., polo beneficio económico que produce. Pensa que non constitúe un xénero: “non existe a literatura para nenos e mozos, estes sempre fixeron súas obras que a eles non estaban dirixidas”. Opina ademais sobre o relato policial (“mediocre”) e sobre os malos intentos de relato de ciencia ficción en galego.

VII. A literatura infantil e xuvenil

4. Ensaio. Teoría Xeral. Crítica
4. 8. Folletos de novidades editoriais

Baredo, Catuxa R., “Ramón Caride: Os rapaces non son lectores de segunda división”, *Novidades Xerais*, nº 24, nadal 1995, p. 2.

Entrevista a Ramón Caride Ogando, galardoado co Premio Merlín de Literatura Infantil en 1995. Afirma que non é esta a súa primeira obra infantil, aínda que sexa a primeira publicada. Escribiu *Perigo vexetal* baseándose en relatos que lle contaba á súa filla. Resume brevemente o argumento da novela e salienta a ambientación futurista, a temática de ciencia-ficción, o xogo de personaxes protagonistas e antagonistas, o tema da informática e da biotecnoloxía -riscos que comparte segundo di con *Soños eléctricos*-, e os elementos de novela de aventuras que contén. Sobre o xénero infantil pensa que “non hai xéneros mellores ou peores, só hai novelas ben ou mal resoltas”, e que cómpre non empregar referentes alleos ós nenos, porque “os rapaces non son parvos nin son lectores de segunda división”. Sobre o contido moralista das súas obras e a recepción da crítica sobre este aspecto opina que isto “permitirá -presinto- a algúns críticos paifocos volver a despacharse a gusto, acusándome de moralista, cando os únicos moralistas son eles, empeñados en dicirnos ós escritores o que debemos escribir, en lugar de analizar, libres de prexuízos, o que libremente escribimos”.

Castro Erroteta, Xosé María de, "*A sombra cazadora*", *Novidades Xerais*, nº 22, "Letras Galegas 95", 1995, p. 2.

Refírese ó gusto de Suso de Toro por fuxir da literatura galega máis convencional, na busca sempre de novos xéneros. Con *A sombra cazadora*, adéntrase na ciencia-ficción, e o comentarista sinala o vencellamento con Stephen King. Remata resumindo moi brevemente a trama argumental.

Fernández Paz, Agustín, “A colección Merlín consolídase como imprescindible na literatura infantil”, *Novidades Xerais*, nº 23, outono 1995, p. 3.

Tras salienta-la importancia da colección Merlín na literatura infantil e xuvenil en galego, anuncia catro novos títulos para o ano 95: *A aventura de Xanzolo*, de Ánxeles Ferrer; *Estas rapazas chegarán moi alto*, de Xosé Cermeño; *A lenda da cidade asolagada*, de Antón Castro e *Lueiro de papel*, de Antonio García Teijeiro.

González Barreiro, X. M., “Fóra de xogo: O misterio de A. Fernández Paz”, *Novidades Xerais*, nº 23, outono 1995, p. 3.

Refírese a *Cartas de inverno*, de Agustín Fernández Paz, da que sinala a súa boa construcción narrativa, o emprego de elementos que crean un ambiente de misterio e o uso das cartas, que en moitas ocasións o lector pode ou debe deixar de ler, para acelera-la resolución do misterio.

M. V., “Carlos Vila Sexto. *Alén da aventura*”, *Boletín Editorial Galaxia*, nº 23, xaneiro 1995, p. 2.

Comentario breve sobre a edición de *Alén da aventura*, de Carlos Vila Sexto, un mozo de 17 anos, gañador con esta novela do V Premio Rúa Nova de Narracións Xuvenís. Saliéntase a facilidade para a narración deste xove escritor e dá unhas notas sobre a trama do relato.

_____, “Joaquim González i Caturla. *Todo o verán por diante*”, *Boletín Editorial Galaxia*, nº 23, xaneiro 1995, p. 2.

Comenta brevemente o argumento desta novela, protagonizada por dous rapaces normais nun mundo cotiá, e salienta a amenidade deste primeiro relato do mozo catalán Joaquim González.

_____, “Ruth Rocha *¿Para que serve?*”, *Boletín Editorial Galaxia*, nº 24, abril 1995, p. 2.

Nota informativa na que se di que é esta a primeira obra da escritora brasileira traducida ó galego e os trazos argumentais da mesma.

_____, “Xavier López Rodríguez. *A citación*”, *Boletín Editorial Galaxia*, nº 25, novembro 1995, p. 6.

Nota sobre a trama do libro, na que a importancia reside na angustia que unha citación xudicial esperta en Gabriela, a rapaza protagonista. Apunta tamén algún dato biográfico do autor, Xavier López Domínguez, e a súa producción anterior, representada no eido da literatura infantil por *O anano enredador* (1992).

_____, “Josep Franco. *O derradeiro bandido*”, *Boletín Editorial Galaxia*, nº 25, novembro 1995, p. 6.

Sinala o éxito desta novela entre o público catalán e valencián, xa que o texto vai pola edición número quince. Apúntanse unhas notas da trama, e coméntase que se trata dunha novela de historia -ambientada no século XIX-, e de aventuras, cun estilo ameno e sinxelo.

_____, “Renate Welsh. *Espinacas sobre rodas*”, *Boletín Editorial Galaxia*, nº 25, novembro 1995, p. 6.

Informe sobre o contido da obra no que se salientan como valores fundamentais o da tolerancia fronte ó da xenofobia, así como o da posibilidade de relacións harmónicas de carácter interxeracional.

_____, “Avi. *As confesións de Carlota Doyle*”, *Boletín Editorial Galaxia*, nº 25, novembro 1995, p. 7.

Salienta o carácter de novela de aventuras desta obra, “unha das mellores novelas de aventuras publicadas en galego”, poboada pola presencia de Stevenson e Allan Poe. Resume en poucas liñas a trama.

_____, “*Isilda*, *a portuguesa*”, *Boletín Editorial Galaxia*, nº 25, novembro 1995, p. 7.

Literatura policial ó servicio do afouto detective Ron Negriña. A cobiza, os cartos e a miseria social, xunto coa poderosa influencia dos medios de comunicación, son os elementos que configuran a intriga.

Pérez, Helena, “Ciencia ficción infantil”, *Novidades Xerais*, nº 24, nadal 1995, p. 2.

Analiza os temas presentes en *Perigo vexetal*, a primeira obra infantil de Ramón Caride, e que comparte xénero -ciencia-ficción- con *Soños eléctricos.* O futuro esperanzador e próximo, a ambición e o poder sen límite, o mundo da informática e das novas tecnoloxías, a independencia dos nenos, o enfrontamento e decisión ante os problemas son os temas que destaca a recensionista. Conclúe afirmando que se trata dunha obra “ben narrada, divertida, actual, das que se len dun tirón e fan novas e novos lectores”.

Sen sinatura, “Formas novas para novos lectores”, *Novidades*, Boletín de información editorial Sotelo Blanco, nº 3, inverno 1995, p. 3.

Coméntase a aparición dunha nova colección da editorial Sotelo Blanco, “Docexvintedous”, dedicada ós novos creadores da literatura galega, que pretende responder ós lectores que buscan “historias que non lles sexan alleas, contadas cunha linguaxe que utilizan a cotío”. Dous son os títulos que inauguran a devandita colección, *Todo a cen*, de Jaureguizar, e *O abrente é un desatino*, de Xerardo Méndez. O comentario resume brevemente o argumento e o estilo de ámbalas dúas narracións, salientando o dominio do diálogo, a linguaxe áxil e as referencias musicais e cinematográficas.

_____, “Iníciase a publicación da biblioteca Sherlock Holmes”, *Boletín Editorial Galaxia*, nº 25, novembro 1995, contracapa.

Anuncia a próxima publicación, na editotial Galaxia, das obras de Arthur Conan Doyle, que teñen como protagonista ó detective Sherlock Holmes. Serán nove volumes, deseñados por Cristina Belmonte Paccini, os que integren a colección deste lóxico detective e o seu axudante Watson.

VIII. Literatura de transmisión oral

VIII. 1. Recompilacións. Monografías e libros colectivos

Recompilacións. Monografías e libros colectivos

Cobas Brenlla, Xulio, *Acción madurativa e integradora do folclore infantil*, Santiago: Tórculo edicións, 1995, 270 pp. (ISBN: 84-88967-86-1).

Xulio Cobas Brenlla (Ordoreste-A Baña, 1946) profunda no estudio do folclore infantil como parte do folclore xeral galego -. Neste sector da tradición, o autor ve a “expresión práctica (...) dun programa educativo vivo”, que ten como finalidade a maduración completa do neno e a súa integración na sociedade. É polo tanto un “feito educativo vital, é dicir, en función de vida real”. A obra está estructurada segundo o proceso dos xogos. Na introducción, dáse o regulamento do xogo, que segue as diferentes etapas da infancia e ten como fin “a construcción do xogo da vida”. “Comeza o xogo”. O folclore é un feito comunicativo, polo tanto, aprender a xogar -”aprender a vivir”- supón o dominio da palabra. Así, as distintas etapas da obra configuran a reflexión sobre os diferentes xogos que levarán a tal fin: “a música dos arronróns e arrolos nos primeiros momentos da vida infantil; os movementos, xestos, xogos, sensacións, palabras, imaxinación, etc. en momentos posteriores, ata chegar ó xogo coas ideas, cando o neno xa domina a linguaxe lóxica e simbólica”. Tras este proceso, o autor analiza o pasado, presente e futuro do folclore infantil, postulando a necesidade do coñecemento da nosa cultura tradicional como medio para “evolucionar desde as nosas raíces respectando a nosa personalidade”.

Cuns, Xulio, *O velorio do tío Chinto. Contos recollidos na bisbarra betanceira por*: *Xulio Cuns*, ilust. Eduardo Muñoz Vales, Betanzos: Concello de Betanzos, 1995, 84 pp. (D. L.: C-51-1995).

Un narrador en primeira persoa dá paso ás distintas situacións que teñen lugar nun velorio e que provocan o relato por parte de diferentes personaxes de contos populares protagonizados por xente do mundo rural galego. Os contos son de carácter cómico. O libro ábrese cunha dedicatoria a Francisco Carlos Seixo, Farruco, e unha pequena presentación de Manuel Lagares, alcalde de Betanzos. Leva ademais unhas palabras de homenaxe a Francisco C. Seixo escritas por Xulio Cuns, nas que lembra a súa amizade con el e as dotes, virtudes e numerosas actividades nas que participou e animou ó humorista homenaxeado.

Fraga Rey, Filomena, *A cancela*, Santiago de Compostela: Tórculo, 1995, 72 pp. (D. L.: C- 441-1995).

Libro presentado o 29 de abril do 95 nun acto organizado pola asociación Afonso Eans e apadriñado por Suso de Toro, prologuista da obra e amigo da autora. Filomena Fraga, unha muller labrega, presenta este volume que contén catro bloques con prosas, coplas, chistes e adiviñas, tomados da tradición oral e da cultura popular. Precede ó conxunto un pequeno texto de Suso de Toro titulado “A contar contos”, no que presenta a esta “modesta autora”, que pretende conta-lo que oíu e así o fai tras abri-la cancela que permite entrar na maxia da oralidade. Versos e prosas sinxelos e escritos nunha lingua popular, case como se os estivesemos a escoitar.

Referencias varias:

-X. Amancio Liñares Giraut, “Unha poeta labrega de Agrón”, *La Voz de Galicia*, 25 maio 1995, p. 15. Presentación de *A cancela* o primeiro libro de Filomena Fraga Rey, labradora de Ames que nesta primeira publicación foi apadriñada por Suso de Toro. É un libro de contos, lendas, coplas e adiviñas e segundo di o prologuista da obra, o mesmo Suso de Toro “o inxenio, o xenio, a tenrura e o humor do noso pobo metido nun pequeno feixe de follas”.

-Carme Vidal, “Filomena Fraga, unha labrega escritora”, *A Nosa Terra*, nº 697, “Guieiro Cultural”, 26 outubro 1995, p. 32.

Recolle as palabras desta labradora da parroquia de Agrón, no concello de Ames sobre *A cancela* e a súa acollida entre os seus veciños, porque fala da terra e de cousas moi próximas a eles. Séntese moi satisfeita porque “persoas que nunca colleron un libro nen un xornal lérono e sobre todo mulleres da miña idade, entre as que hai moita ignoráncia”. A discriminación da muller labrega, a sabedoría popular e a emigración, son temas fundamentais no libro. Confesa ademais que non entende de política nin sabe escribi-lo galego e recoñece que aprendeu no vivir cotián e na experiencia. Tenta transmiti-lo que lle sae de dentro e por iso “*A cancela* é un libro dos que nunca leron”.

-Xosé A. Neira Cruz, “Filomena Fraga, la voz del pueblo”, *La Voz de Galicia*, “Mujeres de Compostela”, 8 decembro 1995, p. 39. Retrato da autora de *A cancela*, unha muller labradora de orixe humilde, que emprendeu a aventura literaria para combate-la soidade e cumpri-lo seu anceio de escribir un libro na súa lingua. Ela foi a única encargada de costea-la edición, do que se confesa satisfeita, pois xa se venderon os mil exemplares editados: “Para min é unha satisfacción saber que me leron os veciños”. Pensa repeti-la experiencia, se ten algunha axuda, esta vez cun volume de contos para nenos.

González Reboredo, X. M., *Lendas galegas de tradición oral*, Vigo: Galaxia, col. Literaria, nº 31, marzo 1995, 197 pp. (ISBN: 84-8288-000-4).

Estamos diante dun conxunto de textos que reproducen o espírito da nosa cultura, conservados gracias á transmisión oral desas historias que tan ben coñecía o noso pobo. Trátase dunha reedición do volume do mesmo título publicado tamén por Galaxia na colección Biblioteca Básica da Cultura Galega. O libro comeza cun prólogo no que González Reboredo (Lugo, 1946) fai unha breve reflexión sobre o mundo simbólico que subxace tralas lendas populares. A continuación, o autor propón un modelo de clasificación temática das diferentes lendas, atendendo a asuntos tan presentes na tradición galega como son os mouros, tesouros, encantamentos ou cidades asolagadas. Tomando como base esta clasificación, fai despois unha escolma de textos na que se inclúen comentarios sobre as fontes bibliográficas e xeográficas da súa investigación. Existe outra edición de 1995 publicada tamén en Galaxia na colección Biblioteca Básica da Cultura Galega. A única diferencia que atopamos coa anterior é que figura un limiar precedendo á introducción. Por outra banda botamos en falta neste caso unha das lendas: *Santa Trahamunda*, que aparecía recollida no apartado VI: *A Virxe*, *santos e santuarios.*

Recensións:

-Xavier Castro R., “Escolma de lendas galegas”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 4 xuño 1995, p. 7.

Resalta o autor a importancia da escolma como mostra do quefacer popular, do espírito do pobo, conservado dende hai séculos gracias á transmisión oral, e fai unha chamada de atención ós investigadores da tradición popular, que poden contar con este traballo como punto de partida.

Harguindey, Henrique e Maruxa **Barrio**, *Contos populares galegos*. *Animais*, cuberta Manuel Janeiro, ilust. Manolo Uhía, Vigo: Galaxia, col. Árbore, nº 79, 1995, 60 pp. (ISBN: 84-8288-007-1).

A epístola do lobo e vintetrés contos protagonizados por raposos, galos, leóns, lobos, postos por escrito por Maruxa Barrio e Henrique Harguindey (Lugo, 1946) para fixar unha das moitas versións destes relatos de transmisión oral, e agora introducidos nunha colección de literatura infantil.

Recensións:

-Xavier Castro R., “Contos tradicionais para os máis novos”, *El Correo Gallego*,“*Edición 7*”, 13 agosto 1995, p. 7. Recensión que destaca a liña de traballo de Maruxa Barrio e Henrique Harguindey, na literatura oral-popular, mostrando esta vez dúas ducias de contos de raigame popular, “transmitidos cunha clara intencionalidade de pervivencia xeracional que nos amosan o mundo animal dende unha perspectiva máxica”.

Mariño Ferro, Xosé Ramón, *O sexo na poesía popular*, Vigo: Edicións do Cumio, col. Documenta, nº 6, 1995, 168 pp. (ISBN: 84-8288-006-9).

O volume de X. R. Mariño Ferro (Castrofeito- O Pino, 1950) achéganos á dobre linguaxe agachada trala poesía popular, e intenta desvela-las claves de interpretación dos símbolos e expresións máis frecuentes. Estructúrase en catro apartados -a muller, o home, a cópula, e o lugar e a hora-, que conteñen unha grande cantidade de exemplos tirados de recompilacións de literatura oral. O corpus de metáforas, sinécdoques ou símbolos é moi abondoso, e revela a linguaxe pícara e os costumes sexuais da sociedade galega.

Mariño Ferro, Xosé Ramón, *Lobos*, *lobas e lobishomes*, Vigo: Edicións do Cumio, col. Mitos e Tradicións, nº 1, 1995, 125 pp. (ISBN: 84-8289-011-5).

Primeira publicación da colección “Mitos e Tradicións”, de edicións do Cumio. Unha selección de contos galegos, na que se recollen as distintas crenzas e concepcións populares a propósito do lobo. Así, atópanse relatos nos cales este aparece como animal feroz e astuto e outros nos que a inocencia e a estupidez son as súas principais virtudes. Abundan tamén os relatos sobre metamorfoses de homes en lobo, incluíndose tres documentos etnográficos sobre o mesmo tema da licantropía. Remata o libro cun comentario do autor no que trata de despexa-la simboloxía que encerran os contos de lobos.

Mariño Ferro, Xosé Ramón, *Aparicións e Santa Compaña*, Vigo: Edicións do Cumio, col. Mitos e Tradicións, nº 2, 1995, 125 pp. (ISBN: 84-8289-010-7).

Contos tradicionais e historias con personaxes reais nas que a protagonista é a Morte. Narracións ó redor do seu sentido e ó medo que esperta: anunciamento da Morte a través de agoiros e aparicións, relatos nos que os mortos seguen vivos, outros que amosan as relacións que os humanos entablamos con eles, etc., para rematar co tema da Morte en clave de humor. O autor, no seu comentario final, desvela o significado e a función destas crenzas no marco da cultura popular.

Pereiro, Xerardo, *Narracións orais do concello de Palas de Rei*, Premio Vicente Risco de Antropoloxía e Ciencias Sociais 1994, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, col. Estudios e Investigacións, 1995, 190 pp. (ISBN: 84-7824-237-6).

Escolma de contos populares de tradición oral recollidos de boca de informantes do Concello de Palas de Rei. O libro que contén 167 contos, aparece introducido por un longo estudio no que se proporcionan distintos datos relativos ó traballo de campo desenvolvido para a obtención do *corpus* de contos, e se tiran conclusións literario-antropolóxicas a partir do relatado neles. O estudio complétase cunha ampla bibliografía e un dobre índice de lugares citados nos contos e narracións incluídas no volume.

Recensións:

M. Villar, “Un conto é máis ca un conto”, *A Nosa Terra*, nº 704, “Guieiro Cultural”, 14 decembro 1995,

24. Longa recensión na que se salienta o interese do libro de Xerardo Pereiro e se fai unha reflexión sobre a importancia do conto na nosa literatura e na cultura galega en xeral.

Referencias varias:

-Luís Álvarez Pousa, “Tradición e cultura”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, ano I, nº 33, 12 outubro 1995, p. 6. Comentario no que se dá conta da aparición do libro de Xerardo Pereiro e se salienta a súa importancia para a comprensión do mundo e cultura populares galegos.

Rodríguez Fraiz, Antonio, *Costumes populares litúrxico-mariais nas Igrexas e Santuarios de Galicia*, trad. Museo do Pobo Galego, Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego, serie Alicerces, nº 8, 1995, 63 pp. (ISBN: 84-88508 11-5).

O libro ábrese cunha presentación na que se perfilan algunhas notas biográficas sobre Don Antonio Rodríguez Fraiz, membro fundador do Patronato do Museo do Pobo Galego e autor deste libro, e un breve resumo do contido do mesmo. A continuación recóllense un conxunto de prácticas relixiosas de carácter popular, asociadas co culto á Virxe e dispersas por todo o territorio galego. Deste xeito, atopamos comentarios sobre as romarías, os típicos ramos; as procesións marianas, así como referencias puntuais sobre algúns aspectos, como a volta á casa despois da festa. Completan este volume sete gravados e imaxes da Virxe en distintas advocacións e a reproducción dalgunha cantiga de Santa María do Rei Sabio, de cancións populares que acompañan ás procesións, de breves romances ou dalgún soneto mariano.

Schubarth, Dorothé e Antón **Santamarina**, *Cancioneiro Popular Galego*, *volume VII*, *Táboas sinópticas. Índices*, Santiago de Compostela: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1995, 380 pp.

Novo volume do *Cancioneiro Popular Galego*, recollido e ordenado por D. Schubarth e A. Santamarina (A Fonsagrada-Lugo, 1942). Iníciase coa presentación da orde de táboas e cunha introducción na que se explican certos aspectos do volume. Acompáñano as partituras das melodías e unha transcrición da cinta que vén co volume. Ó final, aparece un índice xeral con *incipit* das coplas e outro xeral dos informantes e localidades.

VV. AA., *Primeiro e Segundo Concurso Pelegrín de composición de vilancicos ou cantos de Nadal*, Santiago de Compostela: Hércules de Ediciones/Consellería de Cultura, col. Sempre no Camiño, nº 6, 1995.

Volume que recolle as doce composicións orixinais premiadas na primeira edición do Concurso Pelegrín, convocado pola Consellería de Relacións Institucionais, a través da Sociedade de Xestión do Plan Xacobeo. Doce foron os premiados (Domingos Barreiros Lago por *En Belén nace un neno*, Antonio Benigno Celada Alonso, por *Nana*, e Xesús Portas Ferro, por *No medio da noite*), e nove as composicións finalistas. Ademais o libro inclúe as obras premiadas na segunda edición do concurso, convocado esta vez pola Consellería de Cultura. Nesta ocasión os premiados foron oito: Julio Domínguez Rodríguez, por *Neno Xesús*, Antonio Benigno Celada Alonso por *Fillo de María*, Manuel Lorenzo Abella por *Unha estrela veu do ceo*, e Luis Cuntín Docampo e Manuel Molino Rivas por *O pobo que cantaba na escuridade*. Mereceron a distinción de finalistas catro composicións.

Recensións:

-M. Q. S., “Vilancicos ou contos de Nadal do Concurso Pelegrín”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 24 decembro 1995, p. 6.

Saúda a aparición deste volume, que recolle as composicións premiadas da primeira e segunda edición do Concurso Pelegrín. Ofrece tamén a nómina dos premiados e tan só lamenta que non se inclúan no libro notas aclaratorias da procedencia das letras e músicas dos vilancicos.

VIII. Literatura de transmisión oral

VIII. 2. Publicacións en revistas

Blanco Pérez, Domingo, “Literatura popular e ensino”, *Revista Galega do Ensino*, nº 9, novembro 1995, pp. 39-55.

Aproximación panorámica ás posibilidades pedagóxicas e formativas que a literatura de tradición popular galega pode ofrecer no ensino de calquera nivel (primario, secundario ou superior). Compleméntase este achegamento teórico cuns modelos prácticos de escolma de textos para comentar axustando as actividades propostas ós diversos niveis de ensino aludidos.

Flores, Ricardo, “A lírica popular galega em Buenos Aires”, *Agália*, nº 42, verão 1995, pp. 195-205.

Recolle unha charla ofrecida polo dramaturgo Ricardo Flores, o 11 de xuño de 1988, na capital bonaerense. Só en Buenos Aires -entre cantos de vendima, de afiadores, de labradores, de sega, alalás, espadelas, foliadas, ruadas, trouladas ou pandeiradas- recolleu ó redor de trescentas composicións de carácter popular, mais unha trintena de estribillos. Flores analiza os factores que influíron para que en Galicia florecera tan profusamente esta manifestación folclórica. Así, cuestións como a natureza lírica do ser galego, o humorismo, o carácter cantareiro -moitos dos labores realízanse cantando- e, sobre todo, a posesión dunha variada paisaxe de rica policromía, son presentados como argumentos desta tradición.

González Fernández, Helena, “Domingo Blanco Pérez. *Historia da literatura popular galega*”, *Anuario de estudios literarios galegos 1994*, “Libros”, Vigo: Galaxia, xuño 1995, pp. 192-195.

Recensión sobre *Historia da literatura popular galega* (1994), de Domingo Blanco Pérez. Sinala a recensionista o interese que esperta ultimamente a literatura popular, tanto a nivel galego coma internacional. Así o demostra por exemplo o traballo de Paul Zumthor ó respecto. A *Historia da literatura popular galega*, de Domingo Blanco completa a súa entrega anterior, *A poesía popular en Galicia*, *1745-1885* (1992), recompilación que segue criterios diacrónicos e aplica a metodoloxía de análise literario a este período. A *Historia...* é un “completo, rigoroso e contextualizado percorrido do fenómeno ó longo de toda a historia”, segundo afirma Helena González Fernández, enfocado dende dúas perspectivas: unha que analiza a producción literaria doutras comunidades culturais, e outra que trata a producción da clase social que impón as formas de cultura. Domingo Blanco analiza ademais a recepción das producciónss populares e a súa funcionalidade, a interrelación coa literatura culta, a influencia da literatura popular en Rosalía, e mesmo formula a hipótese das fortes pegadas da literatura popular nas manifestacións cultas da Idade Media. Considera o futuro das formas tradicionais, e ofrece ademais unha bibliografía e un glosario de termos.

Quintáns Suárez, Manuel, "*Historia da literatura popular galega*", *Revista Galega do Ensino*, nº 6, febreiro 1995, pp. 219-222.

Longa recensión na que se valora de modo moi positivo o labor desenvolvido por Domigo Blanco Pérez na súa *Historia da literatura popular galega*, da que se considera como "o maior e máis suxerente segredo" o feito de "achega-lo lector, criticamente, ó verdadeiro senso -estético, social, cultural- da literatura popular galega, a través das súas diferentes manifestacións e dos estudios e escolleitas realizados ata hoxe sobre ela".

Roig Rechou, Blanca, “Historia da literatura popular galega”, *Boletín Galego de Literatura*, “Libros”, nº 14, Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, 2º semestre 1995, pp. 175-177.

Recensión descritiva do manual de Domingo Blanco *Historia da literatura popular galega* no que se resume, capítulo a capítulo, o contido do libro que é cualificado como “obra fundamental, ben escrita, exhaustiva e documentada”.

VIII. Literatura de transmisión oral

VIII. 3. Publicacións en xornais: artigos e recensións

Publicacións en xornais: artigos e recensións

Carro Carro, Pedro, “O folclore como semente da identidade da comunidade galega”, *O Correo Galego*, “Lecer”, “O Baúl do folclore”, 8 xaneiro 1995, p. XXVI.

Artigo que conmemora o cincuenta aniversario desta sección, dedicada ó folclore galego, habitual no suplemento dominical Lecer de *O Correo Galego*. Lembra Pedro Carro Carro os temas máis salientables que desenvolveu ó longo do ano 1994, as descricións das festas populares, xogos infantís, creación de orfeóns e coros folclóricos, gaitas e gaiteiros, os traballos do campo, o nadal e os seus costumes, etc. Reitera o propósito de seguir achegándose ó folclore galego, unha fonte inesgotable de riqueza cultural.

_____, “A alborada é unha herdanza que nos deixaron os gregos”, *O Correo Galego*, “Lecer”, “, “O Baúl do folclore”, 5 febreiro 1995, p. XXVI.

Analiza a tradición rural galega da cantiga de alborada, e documenta unha posible orixe grega. Sinala tamén que foron os poetas do Rexurdimento os que se preocuparon destas manifestacións. Nicomedes Pastor Díaz e Uxío Carré Aldao preocupáronse por dignifica-las alboradas, e os músicos daquel momento -Pascual Veiga Iglesias, Xosé Muiño Ferro, Xosé Castro “Chané”, Xosé Iglesias, etc.-, comezaron a compoñer alboradas cantadas.

_____, “O alalá é a cantiga nai de tódalas cantigas folclóricas galegas”,

O Correo Galego, “Lecer”, “, “O Baúl do folclore”, 12 febreiro 1995, p. XVIII.

Considera o alalá a cantiga máis pura do folclore galego, a que mellor mostra as características e sentimentos dos galegos e a “nai” doutras manifestacións como os cantares de arrieiro, os de traballos agrícolas, gandeiros ou pesqueiros, os de nadal, os dos maios, de arrolo, desafío, e cego. O canto do alalá cumpría moitas funcións, e a súa orixe, segundo os historiadores, estaría nos pobos fenicios ou nos gregos. Os músicos do Rexurdimento empregaron as músicas populares dos alalás para compoñer cantigas de signo nacionalista, e foron moi frecuentes os concursos de alalás en diferentes vilas galegas.

_____, “As letras e as músicas do alalá forman unha mensaxe da alma galega”, *O Correo Galego*, “Lecer”, “O Baúl do folclore”, 19 febreiro 1995, p. XXII.

Continúa coa análise dos alalás, esta vez centrada na composición das letras e da música. Os versos son normalmente octosílabos, e as estrofas cuartetas ou redondillas, sempre sen retrouso. A melodía é normalmente curta e harmonizada en compases de 2/4 ou 3/4.

_____, “Os arrieiros, como tódolos oficios ambulantes, tiñan as súas cantigas”, *O Correo Galego*, “Lecer”, “O Baúl do folclore”, 26 febreiro 1995, p. XXII.

Analiza as cantigas de arrieiro e o seu lugar de desenvolvemento, no marco dos traballos rurais, así como as cantigas típicas doutros oficios. Sinala que os arrieiros eran os profesionais ambulantes máis respectados polas xentes das aldeas e vehículo de transmisión dos costumes e cantos doutros lugares que visitaban. A música das súas cantigas estaba baseada normalmente nos ritmos propios do alalá, cos mesmos compases e harmonías.

_____, “As foliadas non son un xénero de cantigas senón un popurrí”, *O Correo Galego*, “Lecer”, “O Baúl do folclore”, 5 marzo 1995, p. XXII.

Aclara que as foliadas non constitúen un xénero de cantigas, senón un “invento moderno” formado sobre a base de varios cantos populares. Refírese tamén ás diferentes denominacións que reciben en toda Galicia e á súa proliferación, a partir de 1922, como mal recurso por parte dos coros, “para agachar a falta de ensaios”.

_____, “O Maneo do Pandeiro é unha cantiga folclórica propia das ruadas”, *O Correo Galego*, “Lecer”, “O Baúl do folclore”, 12 marzo 1995, p. XXII.

Artigo centrado nas “cantigas rebuldeiras e nocturnas”, chamadas Pandeiradas e Maneos do Pandeiro, típicas das reunións dos mozos nun rueiro, que se cantaban acompañadas dun pandeiro chamado *adufe*. Describe as súas características musicais e poéticas -versos octosílabos- e a confusión coas foliadas.

_____, “A muiñeira xa se cantaba como cantiga folclórica no século XIII”, *O Correo Galego*, “Lecer”, “O Baúl do folclore”, 19 marzo 1995, p. XXVI.

Considera a muiñeira como a expresión folclórica máis importante de Galicia e fala tamén das múltiples teorías, a miúdo falsas, sobre a súa orixe. Retoma as consideracións de Teófilo Braga sobre a súa forma métrica e musical, a comparación coa serranilla e as diferencias coa pandeirada.

_____, “As muiñeiras cantadas, tocadas ou bailadas nada teñen que ver co muíño”, *O Correo Galego*, “Lecer”, “O Baúl do folclore”, 26 marzo 1995, p. XVIII.

Aclara as confusións sobre a muiñeira e desmente o seu vencellamento co muíño e coa muller do muiñeiro. Aduce testemuñas como Estrabón, que xa a describe nos seus escritos. Considera estas falacias verdadeiros “inventos folclóricos”, froito do descoñecemento da nosa identidade cultural e do folclore galego. Resume despois a historia e os tipos de muíños galegos.

_____, “As cantigas folclóricas de desafío eran a cerna das festas galegas”, *O Correo Galego*, “Lecer”, “O Baúl do folclore”, 2 abril 1995, p. XXVI.

Sinala o carácter competitivo do pobo galego, que se manifesta en varias mostras culturais populares, como as competencias de gaiteiros, de alalás, de fogueteiros, de traballos do campo, de “cantigas de chacota ou chacoteiras”, coñecidas xeralmente co nome de cantigas de desafío. As máis sonadas eran as regueifas. Destaca que “o desenvolvemento de calquera competencia de cantigas chámase retesía”. Analiza as regras de desafío e a música que empregaban estas cantigas, normalmente de ritmo libre, e sobre a base do alalá.

_____, “As regueifas eran o pasatempo nas tardes das festas patronais”, *O Correo Galego*, “Lecer”, “O Baúl do folclore”, 9 abril 1995, p. XXVI.

Informa sobre as cantigas de regueifa e as súas normas tradicionais, baseadas na burla, na sátira e a provocación, con varias voces de resposta, e músicas de compás libre e monótona. Sinala tamén o seu carácter improvisado e os premios que concedía o público ó mellor regueifista.

_____, “Os cantares de cego son folclore galego, pero os seus instrumentos non”, *O Correo Galego*, “Lecer”, “O Baúl do folclore”, 16 abril 1995, p. XXII.

Céntrase nos cantares de cego, considerados dentro do folclore popular, dada a súa existencia na tradición galega, e o acompañamento de instrumentos galegos como a gaita ou o pandeiro. Analiza o desenvolvemento e posta en escena destes cantares e sinala a súa transformación coa incorporación doutros instrumentos. Dá conta da súa importancia na difusión de sucesos e historias por tódolos pobos de Galicia, como os medios de comunicación actuais.

_____, “As cantigas folclóricas galegas desvirtúanse coas recuperacións”, *O Correo Galego*, “Lecer”, “O Baúl do folclore”, 23 abril 1995, p. XXVI.

Fala da desvirtuación que dende sempre se levou a cabo coas recolleitas de cantigas e a súa posterior adaptación á música. Dende 1875 ata 1910, fixéronse as primeiras recuperacións por parte de músicos como Montes, P. Veiga, Dorado, “Chané”, etc., composicións que cantaban os orfeóns e que pouco a pouco foron desaparecendo. Sobre estas adaptacións, Carro opina que desvirtuaron o folclore, simplemente polo traslado do seu medio habitual a outro máis burgués e urbano. As Irmandades da Fala tamén se dedicaron a este tipo de recolleitas dende un punto de vista máis rural, xa que foron “cantadas por xentes máis semellantes ós labradores que a burguesía dos orfeóns”.

_____, “As harmonizacións das cantigas galegas foron aloumiñadas polos coros”, *O Correo Galego*, “Lecer”, “O Baúl do folclore”, 30 abril 1995, p. XXVI.

O articulista centra o comentario nos coros folclóricos que xurdiron en Galicia antes e despois das Irmandades da Fala (1916). Salienta, así mesmo, as dificultades de carácter político que obstaculizaron, dende o primeiro momento, o labor das Irmandades no seu intento por espalla-la cultura galega.

_____, “As recuperacións das cantigas galegas son unha fraude folclórica”, *O Correo Galego*, “Lecer”, “O Baúl do folclore”, 7 maio 1995, p. XXII.

Denuncia os múltiples enganos e aberracións folclóricas que difunden os non expertos e a televisión, empeñados en promocionar formas populares e antigas que en realidade non o son. Afirma que o folclore non pode evolucionar e cambiar, xa que entón deixa de ser “saber do pobo para converterse en cultura de masas”. Refírese tamén ás gravacións de cantigas que fixeron algúns coros galegos a partir do ano 1921 e que logo desapareceron como tales, excepto “Cántigas da Terra” e “De Ruada”.

_____, “O esquecido teatro popular galego tamén era folclore auténtico”, *O Correo Galego*, “Lecer”, “O Baúl do folclore”, 14 maio 1995, p. XXII.

Refírese ó teatro popular galego, que considera vencellado ó folclore e á vida cotiá dos galegos. Actividades lúdicas do pobo, traballos en común, festas populares, xuntanzas, etc., estiveron sempre unidas á representación. Sinala dúas clases de teatro popular galego: as representacións propias do pobo e as obras de autores galegos que seguen as formas populares. Lamenta a perda do teatro en Galicia, tanto o popular coma o culto, feito que se debe tanto á inexistencia de actores e compañías coma ó rexeitamento da xente cara ó xénero. Xa non existen espectadores e moito menos nas zonas rurais. Propón recuperar esta manifestación e leva-lo teatro á escola, para habitua-los nenos a ser espectadores.

_____, “O teatro popular foi un extraordinario valedor da cultura galega”, *O Correo Galego*, “Lecer”, “O Baúl do folclore”, 28 maio 1995, p. XXII.

Percorrido polo teatro popular galego citando autores e obras representativas do xénero. Entre outros, menciona a Gabriel Feixoo Araúxo, Antonio Bieito Fandiño, Francisco María de la Iglesia, Galo Salinas Rodríguez, Xan Cuveiro Piñol, Manuel Lugrís Freire, Xesús San Luís Romero, Antón Vilar Ponte, Leandro Carré Alvarellos, Ramón Cabanillas, Ramón Otero Pedrayo, Vicente Risco, Xaime Quintanilla, Castelao, Rafael Dieste, e Marcial Valladares. Nunha segunda parte, comenta as representacións destas obras de teatro popular levadas a cabo por diferentes compañías teatrais de afeccionados.

_____, “As crenzas populares son unha parte importante do folclore galego”, *O Correo Galego*, “Lecer”, “O Baúl do folclore”, 1 outubro 1995, p. XV.

Dedica o artigo a citar e comentar brevemente as distintas crenzas populares galegas. Así, distingue varios grupos, entre os que destacan: as adiviñas, as aparicións sobrenaturais, a bruxería e as artes máxicas, os cultos pagáns, a demoloxía, a liturxia, a mitoloxía, as premonicións, as supersticións, e a medicina populares.

_____, “O agoiro é a base fundamental das crenzas populares galegas”,

O Correo Galego, “Lecer”, “O Baúl do folclore”, 8 outubro 1995, p. XVI.

Comentario centrado nas orixes e repercusións do agoiro, un temor permanente a que ocorra calquera desgracia, “unha tristura, inquedanza, desacougo e preocupación”. Segundo o articulista, para evitar esas malas influencias, a xente acudía ás supersticións, esconxuros e invocacións a distintos santos. Todos estes agoiros aparecen recollidos, como demostra Pedro Carro, nas lendas e contos populares, nos refráns, nos proverbios, nas adiviñas, e en costumes e tradicións do pobo.

_____, “Os nenos eran a base do Nadal galego ate hai medio século”, *O Correo Galego*, “Lecer”, “O Baúl do folclore”, 17 decembro 1995, p. XII.

Comenta e analiza o ciclo de Nadal, “formado pola Noiteboa, coa Misa do Galo, o Nadal, Santos Inocentes, Ano Vello, Aninovo e Reis”. Recorda o papel dos nenos e nenas nestas datas, dedicados a cantar vilancicos de porta en porta, e a reclama-lo aguinaldo ós veciños da aldea.

Castro R., Xavier, “A nosa literatura popular”, *El Correo Gallego*,“*Edición 7*”, 12 febreiro 1995, p. 11.

Recensión do estudio *Historia da literatura popular galega*, de Domingo Blanco Pérez. O autor fai un percorrido pola literatura popular galega, dende a Idade Media ata o século XX, pechando esta “visión panorámica” cun glosario coas voces propias deste eido. A obra supón un achegamento a “esta realidade tan descoñecida e tan básica para o establecemento dos alicerces escritos e denominados cultos”.

Fernández del Riego, Francisco, “A nosa literatura popular”, *La Voz de Galicia*, 6 outubro 1995, p. 8.

Francisco Fernández del Riego fai unha análise da interrelación e do trasego que se produce entre a literatura oral e a literatura culta. Comenta a importancia da primeira, durante os Séculos Escuros e o Rexurdimento, como única vía de conservación do idioma.

Fraguas Fraguas, Antón, “Contos dos máis ilustres peregrinos”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 1 xaneiro 1995, contracapa.

Refírese á publicación do volume *Cristo e San Pedro peregrinos* (1994), de Bernardino Graña, e salienta o traballo de recollida de contos populares, tarefa na que colaboraron co autor Laureano Prieto e Paco Martín. Destaca tamén o traballo de ilustración de Luís González, e co seu saber popular achega datos e notas sobre os contos e os seus personaxes.

_____, “O Ramo do domingo na nosa aldea hai anos”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 9 abril 1995, contracapa.

Lembra o costume popular da mostra do ramo no Domingo de Pascua, como símbolo de victoria, tamén empregado tradicionalmente co remate da sementeira do millo, e formado por ramas de loureiro, acivro, ruda e oliveira. Recolle exemplos deste motivo no *Cancioneiro de Cotobade*.

_____, “Recordos e cantos ó redor do muíño galego”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 4 xuño 1995, contracapa.

Despois dun extenso repaso polas lembranzas de mocidade ó redor dos muíños, Fraguas reproduce unha serie de coplas do cancioneiro relacionadas coas “muiñadas”, co muíño e os trasnos. Remata anunciando a celebración en Santiago dun congreso sobre muíños.

_____, “Algo do sol no noso cantigueiro”, *O Correo Galego*, “Lecer”,

19 novembro 1995, contracapa.

Neste artigo, o profesor Fraguas repasa os ditos e tradicións populares referidos ó sol, nos que se pon en evidencia, entre outras cousas, o escaso éxito social que tiña a pel morena noutros tempos.

_____, “A lúa e máis as estrelas do ceo galego”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 26 novembro 1995, contracapa.

Contén unha serie de comentarios do articulista sobre o carácter e o significado dos corpos celestes para os galegos, que se complementan e e exemplifican con fragmentos de cantigas.

_____, “Comeza con Santos e remata con San Andrés”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 3 decembro 1995, contracapa.

Fai un resumo de todas aquelas tradicións e lendas relacionadas co santuario de San Andrés de Teixido. Recolle as palabras ó respecto de Frei Martín Sarmiento e o profesor Rafael Usero, e transcribe diversas coplas populares referentes ó tema.

_____, “Ó redor dos costumes das Navidades”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 24 decembro 1995, contracapa.

Neste artigo, Fraguas lembra algunha das tradicións e cántigas con que o pobo galego festexaba en tempos pasados os días de Nadal. Recolle tamén textos de vilancicos referidos á figura de San Xosé.

Laxe Freire, M. A., “Nas fontes da cultura popular”, *O Correo Galego*”, 11 novembro 1995, p. 2.

Lembranza de Don Xosé Trapero Pardo e da súa contribución á cultura popular, tanto dende o punto de vista lingüístico coma literario, fonte de estudios futuros.

Otero, Isaac, “Literatura mágica en Galicia”, *La Región*, 21 setembro 1995, p. 23.

Reflexión sobre a etnografía e as lendas populares tan comúns en Galicia. Menciona os traballos sobre este tema de Leandro Carré Alvarellos, Fermín Bouza-Brey, Florentino López Cuevillas, Vicente Risco, Xosé Filgueira Valverde...

Quintáns Suárez, M., “Un rigoroso estudio sobre a literatura popular galega”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 9 abril 1995, p. 6.

Comentario do volume *Historia da literatura popular galega*, de Domingo Blanco Pérez. Tras unha introducción sobre a valoración da literatura popular, Blanco Pérez estructura a súa obra en catro apartados: Idade Media, Séculos Escuros, século XIX e século XX. O labor deste autor representa, ademais dun importante valor historiográfico, “unha aportación fundamental para o coñecemento e recoñecemento” da literatura popular galega. M. Quintáns lembra que a pesar do “recoñecemento xeral da literatura popular, e da galega en particular”, este está aínda lonxe da “xusta adecuación ós seus méritos”. Segundo el, a literatura popular debe ocupar un lugar recoñecido no ensino e na cultura galega.

Rey Otero, Antonio, “O cofre dos tesouros”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº LXXXII, 18 marzo 1995, p. 2.

Crítica favorable desta nova reescritura dos contos populares de *Cristo e San Pedro peregrinos*, material xa traballado por Bernardino Graña na década dos sesenta e que en 1994 publicou baixo o título de *Cristo e San Pedro peregrinos. Contos populares de Galicia*. Rey Otero, amais de facer un percorrido polas distintas partes do libro, destaca o dominio das técnicas narrativas do autor, mesturadas cuns áxiles diálogos, con grandes dotes de humor e sutís imaxes nadas da súa condición de poeta.

Ripoll, Alexandre, “Peregrinos pola cultura do povo”, *A Nosa Terra*, nº 672, “Guieiro Cultural”, 4 maio 1995, p. 25.

Recensión na que se comenta o libro *Cristo e San Pedro peregrinos*, de Bernardino Graña, publicado dentro da colección de Xerais, “Gran Merlín”. Destácase a importancia que ten no mesmo a tradición oral, tanto no coidado emprego que fai Graña da lingua coma nos contidos que aparecen tratados, todos na liña dos contos de Ánxel Fole. Coméntanse despois brevemente as cinco unidades narrativas en que está estructurado o libro, nas que se destaca a facilidade de lectura pola que se caracterizan.

Rodrigues Esteves, Amelia, “Tradición popular galega”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 19 marzo 1995, p. 11.

Recensión de *Cristo e San Pedro peregrinos*, de Bernardino Graña. Volume de cinco contos da tradición popular galega, que teñen como fío a dous personaxes: Cristo e San Pedro. A pesar de apareceren nunha colección xuvenil, estes relatos interesan a xentes de tódalas idades, pois é “un libro para ser escoitado”, no que Bernardino Graña “dá vida a unhas historias que son parte de nós mesmos”. A ilustración foi realizada por Luís González.

VIII. Literatura de transmisión oral

VIII. 4. Publicacións en xornais: notas e escritos varios

Gaspar, Silvia, “¡Que medo, que gusto!”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de la Escuela”, 10 maio 1995, p. 3.

Centra o comentario na literatura de medo e de misterio, “un dos xéneros máis solicitados polo público”. Sitúa a orixe do xénero na literatura popular de tradición oral e cita algúns dos escritores que cultivaron este tipo de literatura; tal é o caso de Ánxel Fole, Rafael Dieste e Vicente Risco, entre outros.

_____, “Cantámosche os Reis”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de la Escuela”, 13 decembro 1995, p. 6.

Lembra Silvia Gaspar as orixes da celebración de Nadal, que se debe tanto a motivos relixiosos coma sociais. Na literatura popular galega existe a testemuña das panxoliñas e dos vilancicos de autor. Na literatura moderna os temas de nadal poden atoparse en Dickens, *Conto de Nadal*, varios dos contos de Andersen e en autores galegos: Otero Pedrayo, en *Contos de Santos e Nadal*, Xosé Cermeño, en *Neve*, *reneve*, *requeteneve*, e en parte da obra de García Teijeiro, como *As catro estacións* ou *Teo na neve.*

Otero, David, “De faladores e de contos”, *O Correo Galego*, “Pola banda de Laíño”, 11 outubro 1995, p. 3.

Recorda o articulista unha conversa con Trapero Pardo sobre a antigüidade do conto oral e reivindica a cultura da narración oral, proveniente do pobo e da súa lingua viva.

VIII. Literatura de transmisión oral

VIII. 5. Folletos de novidades editoriais

Barcala, Lois, "*Lendas galegas de tradición oral*", *Boletín Editorial Galaxia*, nº 25, novembro 1995, p. 3.

Trátase dunha presentación da obra de X. M. González Reboredo na que se fai referencia ó traballo feito polo Seminario de Estudos Galegos, que serviu de punto de partida para a súa recompilación en *Lendas galegas de tradición oral*. Sublíñase tamén a importancia da introducción, polo útil que resulta a clasificación da selección feita polo autor.

M. V., “*Contos populares galegos. Animais*”, *Boletín Editorial Galaxia*, nº 25, novembro 1995, p. 6.

Valora positivamente a obra *Contos populares galegos*, de H. Harguindey e Maruxa Barrio, por intentar achegar a un lectorado infantil unhas “pequenas xoias da artesanía fabuladora tradicional”. Ó mesmo tempo, defende a súa validez fronte ás creacións foráneas.

IX. Revistas

Adaxe

(ISSN: 0213-4705/D. L.: C-764-1984).

Revista de Estudos e Experiencias Educativas. Publicación anual da Escola Universitaria de Maxisterio e a Universidade de Santiago de Compostela. Dirixida por Ramón Sánchez, catedrático de Filosofía da Escola Universitaria de Maxisterio. Forman o Comité Científico tódalas cátedras do centro editor. No 1995 publicouse o número 11, no que se inclúen traballos sobre literatura galega que se glosan nos apartados correspondentes deste *Informe*: “A banda deseñada na aula: do icono ó interdisciplinar”, de José Ramón Fernández Vázquez e “Helena Villar Janeiro: unha mestra na literatura infantil galega”, de Blanca-Ana Roig Rechou.

Agália

(ISSN: 1130-3557/D. L.: C-250-1985).

Creouse no 1984. Trátase dunha revista trimestral que se estructura en seis seccións: “Estudos”, “Notas”, “Antologia”, “Documentaçom e informaçom”, “Recensons” e “Correio”. Ademais, na contracapa de cada número figura a relación completa dos seus consellos de redacción e asesor. En 1995, dirixida por Maria do Carmo Henríquez Salido, sacou do prelo dous números. No nº 41, primavera de 1995, destacan os traballos de: J. Guisán Seixas, “Ricardo Coraçom de Carvalho”, Bernardo Penabade Rei, “Outra voz na procura da emancipaçom nacional: Ricardo Flores”, Carlos Durão, “Impressões de Guerra da Cal em Londres”, Giusseppe Guasco di Celle, “Quatro nomes italianos nas letras da Galiza”, Santiago Rodríguez Sánchez, “Os tempos som chegados”, ó lado de estudios de lingua, teoría literaria, e unha antoloxía de Reynaldo Valinho Álvarez (pp. 85-100). No nº 42, verão de 1995, aparecen traballos sobre as literaturas africanas de expresión portuguesa, o pensamento de Fernando Pessoa, ou o Día das Letras Galegas en Madrid. Ademais, no apartado “Antología” figuran poemas de Ugio Otero Lojo (pp. 227-229).

Alba

(ISBN: 84-453-1300-2/D. L.: C-471-1995).

Edición facsímilar da revista *Alba*, co subtítulo de *Hojas de Poesía/Follas de Poesía*, feita baixo a dirección de Luís Alonso Girgado. Á parte do texto introductorio e mais do facsímile da publicación, conta cuns textos presentatorios a cargo de Bernardino Graña, Manuel María, Xosé Mª Álvarez Cáccamo, F. X. de la Colina e Xosé Manuel Vélez, a respecto de distintos fenómenos relacionados con *Alba*. Esta revista empezou a publicarse na Coruña, en 1948, e a partir do número 3 -de redacción compartida-, pasou a Vigo, onde saíu ata o número 16, correspondente a abril-maio de 1956. O director e fundador era Ramón González-Alegre, aínda que levou a codirección, para os números 4 e 5, Otto José Cameselle Barcia. No número 9, aparece un consello de redacción formado por Luís Santamarina, Celso Emilio Ferreiro, Otto José Cameselle e Bernardino Graña. Esta revista supón unha certa recuperación no cultivo do galego, á carón doutras empresas culturais, no período de posguerra en Galicia. De carácter bilingüe, cun desequilibrio a prol do castelán, en especial na prosa, rexistra tamén a presencia de textos de autores portugueses. Posúe unha abondosa nómina de colaboradores de distintas idades e grupos xeracionais de primeira orde, que compoñen primeiras versións de textos que logo haberían de ser significativos no decorrer da nosa historia literaria. Resulta tamén importante o labor de traducción ó galego de composicións dalgunhas das máis relevantes figuras da literatura europea. Ademais, a revista *Alba* presenta unha extensa información sobre publicacións, tanto galegas coma estranxeiras.

Referencias varias:

-Salvador García-Bodaño, “A revista *Alba*”, *El Correo Gallego*, 23 abril 1995, p. 3. Co gallo da edición facsimilar da revista *Alba*, o autor do artigo fai un percorrido pola historia da revista atendendo ás circunstancias da súa publicación, ós seus colaboradores, ó tipo de contidos que acollía, etc. Nun segundo momento, atende tamén ós criterios cos que se ten feito esta edición facsimilar que inclúe, non só os textos orixinais, senón tamén colaboracións das persoas que colaboraran na mesma. García-Bodaño remata saudando esta iniciativa, que nos achega unha mostra da lírica que se facía en Galicia nestes anos.
-Alvarado, “Renacen las revistas poéticas”, *La Región*, 28 abril 1995, p. 15. Artigo sobre a publicación e a traxectoria das revistas *Aturuxo* e *Alba*, publicadas en edición facsimilar polo Centro Ramón Piñeiro, baixo a coordinación de Luís Alonso Girgado, que aposta por un renacemento destas revistas dos anos 40 e 50.

-Marcos Valcárcel, “As vellas revistas de poesía”, *O Correo Galego*, “Pé das Burgas”, 12 maio 1995, p. 3. Cítase, dentro dunha ampla nómina de edicións facsimilares de revistas que nos últimos anos se teñen realizado, á revista *Alba*, dentro do apartado das publicacións de posguerra que ultimamente viron a luz.

-M. A. Fernán-Vello, “A revista Alba”, *O Correo Galego*, “A Fenda”, 25 maio 1995, p. 3. Breve comentario descritivo acerca dos colaboradores galegos da revista, que xustifica o seu interese literario, en especial no terreo da poesía, e a oportunidade de tal edición facsimilar. Indícase a importancia das presentacións realizadas por Bernardino Graña, Manuel María e Xosé Mª Álvarez Cáccamo, á carón do estudio introductorio sobre a revista para coñece-lo panorama e a realidade que envolvía á publicación. Crítica, sen embargo, aceda da colaboración de Xosé Manuel Vélez, pola falta de rigor e calidade, que, non obstante, non impide o interese da publicación.

-Carmen Panero, “Penélope en *Alba*”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº XCIII, 17 xuño 1995, p. 3. Texto imprescindible na biblioteca galega co que se recupera a figura de Ramón González-Alegre, o director da publicación, para a historia da nosa literatura. Importante valor documental dunha publicación na que cada un dos seus apartados, presentacións, biografías, apéndices e estudio, teñen un grande valor crítico e documental.

-Vicente Araguas, “Alba de Alba”, *O Correo Galego*,“*Revista das Letras*”, nº 65, 20 xullo 1995, p. 4. Excelente edición facsímilar dunha revista na que aparecen poetas galegos que posibilitan facer un rastrexo da nosa evolución en tal terreo naquelas datas. Importante papel de revistas como *Alba*, de grande calidade obxectiva, que abrían ocos ou trincheiras para unha cultura de difícil recuperación

-Francisco Xabier de la Colina Unda, “Outra volta de porca na lírica galego-castelá”, *O Correo Galego*, 25 agosto 1995, p. 4. Comentario a respecto da presentación da revista *Alba* no Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro. Reacciónase contra a opinión mantida, entre outros por algúns dos presentadores da edición da revista, de que operaba unha censura que impedía facer calquera tipo de poesía e manifesta, o autor da crítica, que o bilingüismo presente nas páxinas de *Alba* se debe ó reflexo dunha sociedade tamén bilingüe.

-Teresa Monteagudo, “*Alba*”, *Revista Galega do Ensino*, nº 9, novembro 1995, pp. 201-203. Comentario descritivo sobre a publicación facsímilar da revista poética *Alba* (1948-1956) realizada polo Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias “Ramón Piñeiro” de Santiago. Na exposición, tras un detallado repaso ó contido e estructura da edición, faise unha valoración final altamente positiva na que se salienta o labor levado a cabo por Luís Alonso Girgado e o seu equipo investigador, responsables desta publicación.

Anuario de Estudios Literarios Galegos

(ISBN: 84-8288-059-4/D. L.: VG-324-1995).

Publicación de carácter anual, que publica Galaxia dende 1992, dirixida por Xoán González Millán e Dolores Vilavedra como directora adxunta. Consta de cinco seccións: estudios, comunicacións, panorámicas, libros (na que fan recensións de títulos aparecidos durante 1994) e un compendio bibliográfico anual, organizado por materias, no que se ofrece información do material literario publicado durante o ano 1994.

Referencias varias:

-Luís Álvarez Pousa, “O sistema literario”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, “Ó trasluz”, ano I, nº 23, 19 outubro 1995, p. 6. Considera o articulista que a institucionalización do sistema literario expresa a madurez dun país, e saúda a aparición dun novo número do *Anuario de estudios literarios galegos*, que “ademais de dar razón bibliográfica de canto foi noticia no ano, hai nas súas páxinas criterios anovadores de análise, seriedade crítica e prospeccións arriscadas que inducen ó debate”. Saúda tamén a revista *Viceversa*.

-Xavier Castro R., “Anuario de literatura en Galaxia”, *El Correo Gallego*,“*Edición 7*”, 3 setembro 1995, p. 7. Recensión sobre o *Anuario de estudios literarios galegos 1994* (1995), na que salienta a completa información sobre a producción bibliográfica durante 1994. Diferentes estudios, comunicacións e panorámicas completan o volume.

Ar!
(D. L.: C-1375-1994).

Subtitulada Revista Galega Antimilitarista, no ano 1995 publicou o seu segundo número. Contén as seguintes seccións: “Actualidade”, “Opinión”, “Dosier Central”, “Entrevistas” e “Cultura”. No número 2 colaboran Javier Sádaba, Manuel Veiga, Begoña Caamaño, José Vicente Barcia Magaz e Martázul. Na sección de “Cultura” inclúe un artigo de Francisco Souto sobre o XIV Festival da Poesía do Condado, unha recensión do libro *El problema de la guerra y las vías de la paz*, de Norberto Bobbio, e un poema de Chus Pato dedicado a Pepe Sacau e ós Insubmisos.

Boletín Galego de Literatura

(ISSN: 0214-9117/D. L.: C-641-1989).

Como é habitual cada ano, o *Boletín Galego de Literatura*, publicado pola Universidade de Santiago de Compostela dende maio de 1989, baixo a dirección do profesor Anxo Tarrío Varela, tirou do prelo en 1995 os números 13 e 14, correspondentes ós meses de maio e novembro, respectivamente. Nas súas páxinas, esta revista dá cabida ás seguintes seccións: “Estudios”, “Notas”, “Documentos” (cunha subsección -permanente dende o número 5- que leva por título “Dos arquivos de Rafael Dieste”, baixo a responsabilidade de X. L. Axeitos), “Encontros”, “Libros” e “Creación”. Esporadicamente, aparecen “Bibliografías”, das que xa se teñen publicado con anterioridade as de Fermín Bouza Brey, José Ángel Valente e Pere Ginferrer. O número 13 ofrece “Estudios” sobre a poesía-obxecto de Joan Brossa (Bartolomé Ferrando), sobre Álvaro Cunqueiro (Diego Martínez Torrón e Mª Xesús Nogueira) e sobre a revista *Charamuscas* (Xosé Ramón Brea Rey); “Notas” sobre unha novela de Antón Risco, a poesía de Claudio R. Fer, Amado Carballo, Celso Emilio Ferreiro e Luz Pozo Garza, sobre a obra de Enrique Labarta Pose e sobre o “haikú” en relación coa poesía lírica galego-portuguesa medieval; “Cartas” de Otero Espasandín ó matrimonio Dieste; “Encontros” coa cultura provenzal en Compostela; “Bibliografía” sobre a vida e a obra de Luís Seoane, coordinada por Blanca-Ana Roig Rechou; e “Creación”, con poemas de Helena Villar Janeiro e un relato de Miguel Suárez Abel. O número 14 acolle “Estudios” sobre “Compromiso e ética da traducción” (Kathleen N. March), sobre métrica rítmica na lírica galego-portuguesa (Alexandre Ripoll) e sobre o escritor italiano Alberto Moravia (María Montes); “Notas” sobre Rafael Dieste, Harold Bloom, Darío Xohán Cabana, Álvaro Cunqueiro, Literatura Infantil e

Xuvenil e Anthony J. Cascardi; “Cartas” de Antonio Sánchez Barbudo ós Dieste; “Bibliografía” de Rafael Dieste saída no ano 1995 (Ramón Nicolás); e “Creación”; con poemas de Salvador García-Bodaño e Xesús Rábade Paredes. Ámbolos dous números presentan, ademais, unha ampla sección de recnesións de libros que, por norma da revista, nunca son de creación, senón de crítica, teoría literaria, reedicións comentadas, etc. Seguindo o costume de integra-las artes plásticas mediante a colaboración de artistas galegos (excepto o número 5, no que figura o artista valencián Jordi Teixidor), os números aquí comentados aparecen ilustrados polos pintores galegos Xosé Luís de Dios e Amando González, dos que figura unha pequena nota sobre a súa traxectoria creativa na lapela da publicación.

Referencias varias:

-Xavier Castro R, “Actualidade literaria”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 5 febreiro 1995, p. 11. Este traballo ofrece información sobre o número doce do *Boletín Galego de Literatura*, recollendo os títulos e contidos dos diferentes artigos que nel se recollen, salientando os que nos achegan a Celso Emilio Ferreiro, Vicente Risco e Álvaro Cunqueiro.

-X. C. Domínguez Alberte, “Palabras inéditas”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 26 novembro 1995, p. 6. Recensión informativa na que se enumeran os diferentes estudios e notas do *Boletín Galego de Literatura* número 13 destacando aqueles nos que se recuperan textos inéditos ou pouco coñecidos de autores galegos.

Cadernos de teatro

(D. L.: C-558-1995).

Publicación teatral iniciada en 1995 que segue á anterior, *Cadernos da Escola Dramática Galega*. Figuran como director Francisco Pillado Mayor e como coordinador Manuel Lourenzo. Apareceron en 1995 catro números cos seguintes contidos: nº 1, *O perfil do crepúsculo*, de Manuel Lourenzo; nº 2, *Memória acerca da dramática galega*, de Galo Salinas Rodríguez, en traducción de Laura Tato Fontaíña; nº 3, *O teléfono.Monólogo en doce instancias*, de Joan Cavallé, con traducción de Antonio Molexón; nº 4, *A Galiciana*, de Xoán da Cova Gómez.

Referencias varias:

-Laura Tato, “Manter a continuidade. *Cadernos de Teatro*”, *A Nosa Terra*, nº 673, “Guieiro Cultural”, 11 maio 1995, p. 26. Publicación continuadora da desaparecida *Cadernos da Escola Dramática Galega.* Neste primeiro número ofrécense tres pezas metateatrais de M. Lourenzo que teñen como protagonistas a heroes da mitoloxía clásica: Edipo, Agamenón, Darío e Xerxes.

-Luís Álvarez Pousa, “*Cadernos de Teatro*”, *La Voz de Galicia*,“*Revista de Cultura*”, “Ó Trasluz”, ano I, nº 19, 6 xullo 1995, p. 6. Dáse noticia dos dous primeiros números desta publicación e establécese unha especie de comparación entre a situación do teatro actual e a da época de Galo Salinas.

M. Quintáns S., “A nova colección *Cadernos de Teatro*”, *El Correo Gallego*,“*Edición 7*”, 20 agosto 1995,

6. Información sobre a historia desta colección e sobre o contido dos tres primeiros números. Destácase como relevante o feito de que non só se inclúan textos dramáticos senón tamén ensaios sobre a literatura dramática.

-Lois Sandoval, “A renova de Don Juan de La Cova”, *O Correo Galego*,“*Revista das Letras*”, nº 72, 7 setembro 1995, p. 7. Sucinta semblanza do autor Don Juan de la Cova Gómez, do cal se ofrece no nº 4 desta publicación unha zarzuela súa, *A Galiciana*.

Cuadernos de Estudios Gallegos

(ISSN: 0210-847-X/D. L.: M-562-1958).

Saíu no ano 1995 o volume correspondente ós anos 1993-1994 dunha das revistas con máis tradición na cultura galega. Trátase dunha publicación do Consejo Superior de Investigacións Científicas e do Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos, subvencionada pola Dirección Xeral de Política Lingüística. A revista está estructurada en cinco apartados que corresponden a distintas áreas: “Arqueoloxía, Prehistoria e Antropoloxía Física”, “Historia e Xeografía”, “Historia da Arte”, “Etnografía”, e “Lingua e Literatura”. Recolle, como nos números anteriores, tanto artigos en castelán coma en galego. Na parte de Lingua e Literatura temos un estudio sobre a toponimia de Ponteceso, dous sobre obras de dona Emilia Pardo Bazán, un achegamento ó esperpento de Valle Inclán e un estudio de José Luís Rodríguez titulado “O problema dos límites entre as literaturas Galega e Portuguesa na época medieval”.

Referencias varias:

Miguel Anxo Seixas Seoane, “Cuadernos de Estudios”, *O Correo Galego*, “Casa de citas”, 10 xullo 1995,

3. Miguel Anxo Seixas lembra aquí o percorrido dos *Cuadernos de Estudios Gallegos*, dende o ano 1944 en que saíra o primeiro fascículo, e analiza o que esta publicación supuxo para a cultura galega e o que isto supón que neste ano saísen os números 105 e 106 e estea próxima a publicación do 107, así como unha reedición do tomo 27, fascículos 81-82-83, dedicados a Sarmiento.

Charamuscas

(ISBN: 84-87172-07-5/D. L.: C-46503-1995).

Estoxo que contén a edición facsímilar do “número mostrãreo” de *Charamuscas*, revista que un grupo de mozos galegos, integrado por Rafael Dieste, Xosé María Brea Segade e Xesús Romero Suárez, puxeron en marcha en abril de 1923, no campamento de Dar-Drius durante a Guerra de África. Acompaña a edición facsímilar, un libriño presentado por Xosé Filgueira Valverde que contén unha trascrición do texto realizada por Xosé Ramón Brea Rey e os seguintes artigos:

-X. L. Axeitos, “Rafael Dieste e Brea Segade, escritores rianxeiros na Guerra de Africa”, pp. 15-21. Artigo no que se describe o contido de *Charamuscas* e se comentan as colaboración diesteanas, “Boa sorte Peito Duro!...”, “Fálase dun barco carboeiro” e “O vello que quería ve-lo tren”.

-Rosa Brea Segade, “A revista *Charamuscas*. Reseña histórica”, pp. 25-28. Comentario sobre a información que se tivo da revista dende 1925, en que foi nomeada por vez primeira por Xosé María Brea Segade nunha carta a súa nai, ata 1994, no que Xosé Ramón Brea Rei a menciona nun artigo sobre Xosé María Brea Segade na revista publicada pola asociación de festas “Guadalupe 94”.

-Xosé Ramón Brea Rei, “*Charamuscas*. Unha revista galega na Guerra de África”, pp. 33-46.

Artigo sobre o contexto en que xurdiu a revista e descrición seu contido.

Clave Orión

(ISSN: 1135-741-X/D. L.: C-884-1995).

Revista literaria, que tirou o seu primeiro número en 1995. Foi elaborada e dirixida por Luz Pozo Garza e, como se indica na folla dos créditos, aparece agora de forma independente de *Nordés*, onde saíu o seu nº 0. Contén traballos de creación distribuídos en sete seccións. Neste primeiro número participan Luz Pozo Garza, na sección "O Faro Extraviado", con "O Río Sena leva un caligrama urxente", composición dadaísta dirixida a Apollinaire. "A Alemaña", de Román Raña. O apartado "Donas da Palabra" dá cabida a tres traballos de Carmen Blanco, Úrsula Heinze e a propia Luz Pozo Garza que introduce dúas composicións da escritora rusa Alexandra Koss, versionadas por ela mesma ó castelán. En "Meendinho" figuran tres pezas líricas da autoría de Pura Vázquez, Xohana Torres e Dana Mónica, esta última acompañada por unha versión en prosa de Luz Pozo Garza. A sección "Mensura" acolle traballos de Claudio Rodríguez Fer, Xavier Seoane e Xosé Mª Álvarez Cáccamo. "Paradiso" contén poemas manuscritos de Eduardo Moreiras dirixidos a Luz Pozo Garza. Así mesmo, os novos creadores teñen cabida en "Prímula", que nesta ocasión acolle unha composición de Olga Novo. Por último, "A Pluma na man" reproduce dúas cartas de Luís Pimentel dirixidas a Luz Pozo Garza.

Referencias varias:

-M. V., "*Clave Orión*. Nova revista de crítica e poesía", *Atlántico Diario*, xuño 1995, p. 54.

Breve comentario sobre a aparición no panorama das revistas literarias galegas da revista *Clave Orión*, publicación que dirixe Luz Pozo Garza agora de maneira totalmente independente de *Nordés*, no interior da cal aparecera inserto o seu primeiro número.

Contemporánea

(D. L.: C-1457-1995).

Trátase da nova revista da Asociación de Escritores en Língua Galega que vén ocupa-lo posto das publicacións anteriores da mesma *Escrita* e *Nó*. Nace con intención de aparecer semestralmente e cunha decidida vontade universalista e de se converter en testemuño crítico e creativo do fenómeno literario global. Este primeiro número, tributo a un grupo de escritores integrados nas xeracións poéticas do 36 e do 50, consta dunha escolma de textos traducidos ó francés, inglés e castelán, a fin de divulgar unha parte da nosa cultura no estranxeiro. A selección vai precedida dun estudio introductorio no que Miguel A. Mato Fondo traza unha panorámica do quefacer poético destes autores e as súas constantes temáticas dende os tempos da recuperación galega de posguerra. Son Pura Vázquez, Antón Tovar, Luz Pozo Garza, Manuel María, Uxío Novoneyra, Xohana Torres, Manuel Álvarez Torneiro, Bernardino Graña, Salvador García-Bodaño, Xosé Luís Méndez Ferrín, María Xosé Queizán e Arcadio López Casanova.

Referencias varias:

-I. G., “Presentada la nueva revista de la Asociación de escritores gallegos”, *El Ideal Gallego*, 25 setembro 1995, p. 17. Nota de prensa que informa da presentación da revista *Contemporánea* da Asociación de Escritores Galegos no acto de clausura do III Congreso de Escritores. Esta asociación tivo dúas revistas anteriores *Escrita* e *Nó* de curta existencia.

-Eduardo Estévez, “Contemporánea de todos e para todos”, *O Correo Galego*,“*Revista das Letras*”, 28 setembro 1995, p. 7. Traballos de doce poetas das xeracións do 36 e do 50, xurdidos no seu momento nun marco de silencio e desculturización institucional, versionados ó francés, inglés e castelán, nunha ambiciosa aposta por transcender fronteiras.

-M. V. V., “Contemporánea”, *Atlántico Diario*, 13 outubro 1995, p. 58. Revista que constitúe a palabra viva e fecunda dos poetas, prosistas e ensaístas da nación galega, resultado dunha escolla intelixente por parte dun consello de redacción receptivo, culto e apaixonado.

-Xoán Carlos D. Alberte, “Poesía tamén modernidade”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº CIX, 23 decembro 1995, p. 3. Percorrido polas actividades desenvolvidas e os obxectivos a conseguir por parte da Asociación de Escritores en Lingua Galega, manifestas nas distintas publicacións que leva promovido dende o intre da súa fundación. A última revista, formada por textos poéticos traducidos a diversas linguas, constitúe a validación dunha cultura aberta á modernidade. Os autores escolmados son os das xeracións que emprenderon a reconstrucción política e cultural no marco do franquismo.

Dorna

(ISSN: 0213-3806/D. L.: C-94-1982).

En 1995, despois de tres anos de ausencia, apareceron o nº 20 e 21 da revista *Dorna*, respecto dos números anteriores, coordinados por Luís González Tosar. No nº 20 rexístrase un cambio na dirección -Ramón Lorenzo- na secretaría -Rosa Martín-, e no Comité de Redacción que se ve incrementado cos nomes de Iris Cochón e María Xesús Nogueira. No presente número, no apartado de creación figuran Mª Xesús Pato, Serxio Iglesias Rodríguez, Xabier Cordal, Francisco Alonso, Xosé Manuel Vélez, Manuel Outeriño, Rafa Villar, Luciano Fernández, Marta Dacosta, Miro Villar, Carlos Negro, Claudio Rodríguez Fer, Olga Novo, Celso Fernández Sanmartín, Suso de Toro e Daniel Asorey Vidal. En conmemoración do Día das Letras Galegas inclúense varios textos da autoría de Rafael Dieste: "Paliques", "Cantares para o pobo" e un texto titulado "Para o Catálogo da exposición de Xosé Díaz", xunto cunha carta de Juan Gil Albert a Rafael Dieste. A sección "Voces de Fóra" recupera parte da obra do poeta de Saraievo Josip Osti. O traballo "A crítica literaria feminista", de Carmen Blanco, conforma o apartado Caderno da Crítica. Por último, salientar que este número da revista vai ilustrado con debuxos inéditos de Rafael Dieste proporcionados por X. L. Axeitos.

O número 21 está dedicado á lembranza de Alexandre Cribeiro. Ábrese coa presentación da figura de Cribeiro ó cargo de Xosé M. Salgado (pp. 5-7), a continuación figura "*A Señardá no puño*, poemario póstumo de Alexandre Cribeiro" (pp.11-22), presentación e escolma deste seu poemario póstumo ó cargo de Xosé Manuel Beiras. Herminio Barrerio en "Soñando con Alexandre Cribeiro"

(pp. 23-24) e Alfredo Conde en “Diante dunha fotografía de Alexandre Cribeiro durmindo” (pp. 25-28) fan senllas semblanzas do poeta. A sección “Creación” (pp. 29-107) está conformada polas composicións de Méndez Ferrín, Luz Pozo Garza, Manuel María, Bernardino Graña, Mª Xosé Queizán, Ramón Lourenzo, Uxío Novoneyra, Ramiro Fonte, Helena Villar Janeiro, Francisco Alonso, Rafa Villar, Arturo Casas, Marta Dacosta, Chus Pato, Mª Xesús Nogueira, Miro Villar, Martín Veiga, Armando Requeixo, Yolanda Castaño, Celso Fernández Sanmartín, Olga Novo, Ramón Taboada, Lois Pereiro, Eduardo Estévez, Estevo Creus, Gonzalo Navaza, Xosé Fernández Ferreiro, Marilar Aleixandre, Xosé Cid Cabido, Úrsula Heinze e Xelís de Toro. Voces de Fóra, apartado ó cargo de Úrsula Heize e de Ramón Lorenzo, contén traduccións de dez poemas de Cristian Saalberg (pp. 109-122). Péchase o número co apartado “Caderno da Crítica” (pp. 125-131), nesta ocasión ó cargo de Miro Villar, comentado no apartado de publicacións en revistas.

Salone di Barcellona 1995

Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián

(ISSN: 1131-6519/D. L.: C-80-1977).

Revista bimestral de pensamento cristián que, baixo a dirección de Andrés Torres Queiruga, comezou a súa andaina en 1977. No ano 1995 publicáronse os seus cinco números bimestrais regulamentados, xa que nunca se publicou no bimestre xullo-agosto. No número 91 só aparece a literatura no apartado “Libros chegados á redacción”, de Engracia Vidal. No 92 engádese o apartado “Letras Galegas”, no que se homenaxea a Rafael Dieste con artigos de Manuel Dourado Deira, Xosé Luís Axeitos e as recensións das obras *Entrevistas con Rafael Dieste*, de Marga Romero (por Dourado Deira), e *Rafael Dieste un creador total*, de varios autores (por Engracia Vidal). O número 93 mantén as mesmas seccións, e o 94 contén estudios dedicados ó Padre Sarmiento. No 95 aparece un poema homenaxe a Pablo Neruda, de Luz Poz Garza, unha entrevista con Antón Fraguas, feita por Ramón Latas e unha recensión de *Semente de onte*, de M. Laxe Freire, asinada por Manuel Espiña.

Referencias varias:

Luís Álvarez Pousa, “Tres eran tres”, *La Voz de Galicia*,“*Revista de Cultura*”, ano I, nº 24, 10 agosto 1995,

6. Comenta Luís Álvarez Pousa o privilexio que supón para un país como Galicia contar con tres publicacións de pensamento crítico que abordan, dende distintas perspectivas, a realidade galega: *Encrucillada*, publicación na que predomina a visión cristiá, *Grial*, e *A Trabe de Ouro*.

Festa da Palabra Silenciada. Publicación galega de mulleres

(D. L.: VG-241-1983).

Publicación de carácter feminista, coordinada por María Xosé Queizán e deseñada por Margarita Ledo Andión. En 1995 só saíu un número, o 11. Toda a primeira parte desta nova entrega -máis de setenta páxinas- está ocupada por un monográfico dedicado ás “Novísimas Pintoras Galegas”. Recóllense neste apartado artigos, comentarios e entrevistas, todos eles centrados na obra de pintoras, deseñadoras e realizadoras de vídeo galegas. A continuación, “A Festa...” inclúe un apartado de crítica literaria, ó que acompaña, xa para rematar, unha sección de creación poética, na que se recollen composicións de Chus Pato, Isolda Santiago, Yolanda Castaño, Carmen Lobón, Palmira G. Boullosa, Olga Novo, Marta Dacosta, Asun, María Xesús Nogueira, Elena Macazaga, Belén Feliú e Margot Chamorro, así como un breve relato de Susana Simón Estévez.

Fouce

(ISBN: 84-88137-47-8/D. L.: C-225-1995).

Edición facsímilar desta revista que leva por subtítulo o de *Voceiro das Comisións Labregas de Galicia*, publicación de carácter nacionalista e antifranquista, dedicada á memoria de Moncho Valcarce. Conta cunha presentación realizada por Carlos Díaz Martínez e cun “Limiar” ó cargo de Ramón Muñiz de las Cuevas. A continuación, figura o traballo “Relación cronolóxica das actividades máis relevantes das Comisións Labregas” e un “Epílogo”, de Lidia Senra. O volume está dividido en dous apartados; no primeiro, reprodúcense os 18 números da revista, de novembro de 1973 a xaneiro de 1977, e no segundo, que leva por título “Documentos das Comisións Labregas de Galicia”, recóllense o programa agrario, unha escolma de panfletos das C.

C. L. L. e os primeiros estatutos de legalización das C. C. L. L.

Referencias varias:

-E. C., “Espiral Maior reedita en facsímile ‘Fouce”, *O Correo Galego*, 10 marzo 1995, p. 33. Reedición do voceiro das Comisións Labregas na etapa da clandestinidade. A realización técnica da revista estivo baixo a responsabilidade da U. P. G. e sempre se fixo en Galicia. Conta con documentos históricos de especial magnitude, como a homenaxe feita a Castelao, as referencias ó Día da Patria Galega, a denuncia de certos caciques ou outros problemas que afectaban a Galicia.

Galicia Internacional

(D. L.: C-283-1995).

No ano 1995 publicáronse varios números: O número 1 saíu á rúa en novembro de 1994. Está dirixida por Olegario Sotelo Blanco e Jesús Losada Dorado ocupa o cargo de redactor xefe. Consta das seguintes seccións: “Editorial”, “Mundo rural”, “O mundo do mar”, “Cidades”, “Reportaxes”, “Economía”, “Sociedade”, “Cultura e Arte, Libros” (a sección de recensións de títulos en galego está elaborada por X[esús] G[onzález] G[ómez]), “Viaxes e natureza” e “A fiestra”. Os temas que trata atinguen ó mundo da política, a economía e a cultura, con colaboracións de personaxes coñecidos como Camilo Nogueira, Carlos Mella ou Xosé Luís Barreiro Rivas. O número 2 publicouse en marzo de 1995, co cal parece que a periodicidade da revista vai ser trimestral. Neste número coincide o equipo directivo, pero non hai unha división por seccións, senón que aparece unha distribución en reportaxes seguidas, e tampouco se recollen recensións literarias. Outra novidade deste número é a inclusión dun breve relato (isto continuará nos números sucesivos, na sección *Relatos de cada mes*), neste caso da autoría de Xavier Alcalá. O número 3, publicado en xullo de 1995, recolle un cambio no equipo de redacción: agora Olegario Sotelo Blanco ocupa o cargo de Director/Editor, Luís Álvarez Pousa o de Coordinación periodística e na Redacción aparecen Xesús Losada e X. A. Neira Cruz. Nas seccións tamén se produce un cambio completo. Agora chámanse: “O alambique”, “O galo no tellado”, “Crónicas do acontecer”, “Vento que zoa”, “Norte/Sur”, “Galicia a contrapelo”, “Arredor de nós”, “Cartas marcadas”, “Do rosa ó amarelo”, “Voces e miradas”, “Relatos de cada mes”, (nesta ocasión o relato incluído é de Aníbal C. Malvar e leva o título de “Por ti pintan de azul os hospitais”), e “Postdata”. A sección de

recensións componse dun monográfico con publicacións sobre Rafael Dieste. O número 4, apareceu en agosto de 1995, co que a periodicidade da revista pasa a ser mensual. O equipo redactor é semellante coa excepción de Xesús Losada, que xa non aparece no corpo de redacción. As seccións do número anterior tamén varían: “Arredor de nós”, “Cartas marcadas” e “Do rosa ó amarelo” son substituídas por catro novas seccións: “O espello retrovisor”, “O fielato”, “Reality-Show” e “Habitación con vistas”. Na sección “Relatos” inclúese un de Suso de Toro titulado “Galiza en Compostela”. O número 5 saíu en setembro. Manténse o equipo directivo e a totalidade das seccións como no número anterior.

Referencias varias:

-X. L. Méndez Ferrín, “Galicia Internacional”, *A Trabe de Ouro*, nº 23, Tomo III, ano VI, xullo-agosto-setembro 1995, pp. 119-120. Artigo no que se dá noticia da saída dos números 3 e 4 (xullo e agosto) da revista *Galicia Internacional* da editorial Sotelo Blanco. Méndez Ferrín aproveita o saúdo a esta nova entrega para facer unha crítica da situación actual dos medios de comunicación en Galicia. Tras un breve resumo da composición da revista, que merece unha grata crítica, Ferrín quéixase da pouca presencia do galego e fai unha enumeración de aspectos que cambiarán ou deberían cambiar en números posteriores.

-Marcos Valcárcel, “Un sopro de aire fresco”, *O Correo Galego*, “Pé das Burgas”, 14 xullo 1995, p. 3. Faise un percorrido pola terceira entrega da revista, salientando en primeiro lugar que inaugura unha nova etapa na andaina desta publicación caracterizada pola súa independencia respecto dos organismos oficiais. Considéraa continuadora do labor iniciado por *Man Común* e *Teima*, e relaciónaa tamén con *A Trabe de Ouro*, igualmente editada por Sotelo Blanco. Despois, faise un percorrido polos temas tratados nos

diferentes artigos (a crise pesqueira, a colaboración entre Galicia e Portugal...) e saliéntase a intervención do debuxante Miguelanxo Prado.

-M. A. Seixas Seoane, “Galicia Internacional”, *O Correo Galego*, 25 setembro 1995, p. 3. Co gallo da saída desta publicación, destácase que este cuarto número, xunto ó terceiro, constitúen unha nova etapa na súa andaina e que é continuadora de *Teima* e *Man Común*, así como a pretensión de enchelo baleiro informativo. Faise tamén un percorrido polas súas diferentes seccións, no que se destacan os temas tratados polos autores dos traballos, e considera que “o feitío da mesma é un algo frío e embazado”.

-X. L. Méndez Ferrín, “*Galicia Internacional*”, *A Trabe de Ouro*, Tomo II, ano VI, nº 23, xullo-agosto-setembro 1995, pp. 443-444. Recensión dos números 3 e 4 da revista. Opina que estes dous números supoñen para a revista a “súa fase de consolidación e plena definición, tras das previas saídas que supuxeron un ensaio experimental”. Como cualidades da publicación destaca que é “un órgano de comunicación independente, de expresión galega e de calidade profesional”. Nun segundo momento, fai un repaso polas diferentes seccións da revista e polos artigos que a compoñen, sinala as carencias que, dende o seu punto de vista, deberían solventarse e apunta posibles solucións e enfoques.

Gelmírez

(ISBN: 84-453-1552-8/D. L.: C-1929-1995).

Edición facsimilar desta revista que leva por subtítulo *Hojas de otoño a primavera*, editada polo Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, e con Luís Alonso Girgado como director do proxecto. Conta coas presentacións de Jesús Precedo Lafuente, Raúl Souto Castelo e Juan José Moralejo Álvarez que falan de distintos aspectos relacionados coa revista, o instituto que lle deu nome ou algún dos protagonistas da mesma. Ademais a edición posúe un estudio introductorio e un apéndice no que se fai inventario de moitas das revistas de ensino medio que se publicaron entre 1945 e 1995. No que se refire á revista en si, esta publicouse en Santiago no ano académico de 1945-46. Trátase dunha publicación bilingüe da que saíron tres números, que conteñen nas súas páxinas textos de moitas primeiras figuras do mundo intelectual daquel entón. Entre eles Fermín Bouza Brey, Antonio Fraguas, Aquilino Iglesia Alvariño, Abelardo Moralejo, Ramón Otero Pedrayo e Manuel Rabanal. Tamén se incorporan textos doutros autores como Vicente Aleixandre, José A. Garibaldi, Rainer Maria Rilke ou Sófocles.

Grial

(ISSN: 0017-4181/D. L.: VG-99-1963).

No ano 1995 publicáronse catro números da revista *Grial*, a cargo da Editorial Galaxia e dirixida dende o nº 1 por Carlos Casares, o 125, 126, 127 e 128, correspondentes ós catro trimestres do ano. Á parte dos estudios contidos en cada número, a revista conta tamén coas seccións: "Libros", "Teatro", "A Cultura no Mundo", ademais dun Índice de Colaboradores. O número 125, dedicado a Rafael Dieste, contén estudios de Arturo Casas, Xosé Luís Axeitos, Manuel Rosales, Ramón Ramos Requeijo, Marcelino X. Fernández Santiago, Daniel Soutullo, Pilar Castro e Anita Risco. O número 126, titulado "Cultura e Mercado", contén traballos de Luciana Stegagno Picchio, Itamar Even-Zohar, Xulio Ríos, Hernán Neira, Enrique Gil Calvo, Raimundo Viejo Viñas, M. C. Ríos Panisse e Xosé L. Franco Grande. Ademais, aparecen comentarios sobre libros, teatro e a sección titulada "A Cultura no Mundo", a cargo de Gustavo A. Garrido. O número 127, corespondente ó 3º trimestre de 1995, leva o título xeral de "Aproximación á narrativa galega". Contén estudios sobre a narrativa da última década, aproximacións á obra narrativa de Darío Xohán Cabana, Suso de Toro, Víctor Freixanes, Xosé Luís Méndez Ferrín, ademais de estudios puntuais sobre unha determinada obra, tal é o caso de *Loaira*, de Anxo Rei Ballesteros e *Os mortos daquel verán*, de Carlos Casares. Completa o número unha entrevista co escritor vasco Bernardo Atxaga. No número 128 intercálanse artigos sobre distintos aspectos do proceso cultural, como son a idea da historia na obra de Vicente Risco, o papel da traducción no sistema lingüístico e literario galego e a cuestión educativa e sociocultural na emigración galega en América. Outros artigos, de contido político,

tratan sobre a historia dos nacionalismos na España contemporánea e a transición de Polonia á democracia.

Referencias varias:

-Susana Cruces, “Da francofilia das traduccións en *Grial*”, *Faro de Vigo*,“*Faro das Letras*”, nº LXXXV, 8 abril 1995, p. 3. Comentario que destaca a importancia da revista *Grial* para a difusión dos estudios galegos e o peso maioritario das traduccións do francés nesta publicación, que xogou un papel decisivo na difusión doutras literaturas nos tempos da dictadura.

-R. G. “Rafael Dieste protagoniza o último número de Grial”, *La Voz de Galicia*,“*Revista de Cultura*”, ano I, nº 17, 22 xuño 1995, p. 6. Enumeración dos traballos aparecidos no número 125 da revista *Grial*, dos que unha boa parte deles se refiren á figura de Rafael Dieste. Tal é o caso daquel no que se analiza a intensa relación epistolar que Dieste mantivo ó longo da súa vida.

-F. D. V., “A voltas cunha posible obra de Rosalía”, *La Voz de Galicia*,“*Revista de Cultura*”¸ ano I, nº 23, 3 agosto 1995, p. 6. Análise do traballo sobre a concepción da saudade en Ramón Piñeiro e doutro de Mª Carme Ríos Panisse no que se estudia a posibilidade de que Rosalía de Castro sexa a autora real do “Conto gallego” a ela atribuído.

Luís Álvarez Pousa, “Tres eran tres”, *La Voz de Galicia*,“*Revista de Cultura*”, ano I, nº 24, 10 agosto 1995,
6.

Luís Álvarez Pousa expón o privilexio que supón para un país como Galicia contar con tres publicacións de pensamento crítico que abordan a conflictiva realidade galega dende perspectivas diferentes: *Encrucillada*, *Grial*, e *A Trabe de Ouro*. Comenta “a razón humanística” que se desprende das páxinas da revista *Grial*, “abonda con ler o substancioso número adicado a Dieste”

Gume

(D. L.: C-1996-1995).

Gume, subtitulada “Revista de lingua, literatura e arte”, naceu no ano 1995 co obxectivo de crear unha canle de expresión que axudase á normalización da lingua e da literatura galegas. Edítaa a Asociación Cultural Monte Branco do Couto (Ponteceso) e diríxea Manuel Varela Varela. Figura como secretaria Teresa Seara Domínguez. As seccións que presenta *Gume* neste seu primeiro número son “Editorial”, no que se fala da publicación e dos seus obxectivos; “Estudios”, apartado que inclúe traballos sobre temas lingüísticos e literarios; “Conversas”, neste caso con Francisco Pillado Mayor; “Creación”, de María Lema Muíño, Francisco Souto, Mª Xesús Pato, Miguel Anxo Fernán-Vello, Rafael Lema, Xosé Manuel Lema Mouzo, Abel Méndes Bujeiro e “Reseñas” de libros, teses e tesiñas presentadas e defendidas na Universidade da Coruña.

Referencias varias:

Xosé M. L. Suárez, “Un poema de Pondal”, *O Correo Galego*, “O Arco Cultural de Galicia”, 18 xuño 1995,

4. Ampla recensión onde se dá conta e se comenta pormenorizadamente o primeiro número da revista *Gume*. Faise fincapé no achado dun poema inédito de Pondal que exhuma Manuel Vilar e laméntase o autor da pouca repercusión social que tivo este feito.

-M. A. Fernán-Vello, “Tempo de publicacións”, *O Correo Galego*, “A Fenda”, 13 xullo 1995, p. 3.

Fálase da necesidade de publicar en Galicia, sexa da maneira que sexa, ben en forma de libro, folleto, caderno ou folla. E dentro deste contexto felicítase a aparición da revista *Gume* da que se mencionan os seu colaboradores e se describe o seu contido. Finalmente, faise mención doutros cadernos: *Na hora redonda*, de Tati Mancebo, e dunha edición bilingüe dos textos prosísticos e poéticos do autor galo Xavier Marotte.

Luzes de Galiza

(D. L.:C-812-1985).

Revista dirixida por Manuel Rivas, aparecida en xullo de 1985 e editada por Ediciós do Castro que neste ano publicou un único número o 26. *Luzes de Galiza* autodefínese como Revista de liberdades, crítica e cultura. Esta publicación posúe un carácter vangardista e temática variada na que se combinan artigos sobre literatura, arte, música, historia, política, etc., xunto con achegas de creación literaria ou mesmo traduccións. Nesta nova entrega, *Luzes de Galiza* centra a súa atención na polémica sobre a situación actual da lingua e o seu futuro, e contrapón as diferentes visións de Xesús Ferro Ruibal e Antón Santamarina. Aparecen na sección “Liberdades” artigos sobre os medios de comunicación (prensa e televisión) así como unha crónica do IV Congreso da Asociación Internacional de Estudios Galegos e unha denuncia da situación que vive o funcionariado. A continuación reprodúcese un traballo de Víctor Anant publicado na revista londinense *Ambit*, traducido por Manuel Rivas, no que se fai unha lembranza de Galicia vista dende o estranxeiro. Destaca no apartado dedicado á arte o artigo de Pedro de Llano no que fai un repaso pola historia da pintura galega baseándose no ensaio *Reto e rendición* de Xavier Seoane. Completan o número unha serie de artigos de creación e poemas. Finalmente, é de salienta-lo apartado “Almas rebeldes”, no que se inclúen artigos de temática variada: unha declaración da Comisión de Agravamento das Contradiccións Internas do Sistema e do Colectivo de Sabiduría Intransixente, un “Manifesto en contra dos malos tempos”, unha peza dramática titulada “Caricias” e o acordo do Consello da Cultura Galega respecto do topónimo A Coruña, entre outros. Este número conta coas colaboracións de X. Carlos Ansia, Xosé Coira, Xosé Mª Castro Erroteta, Xesús

Ferro Ruibal, Antón Santamarina, Francisco Castro, Manuel P. Rúa, José A. González, Arturo Regueiro, Xesús Pisón, Xosé Carlos Carneiro, Pedro de Llano, Xandra Tedín, Rafael Lema, Manuel Vilariño, Xaime Cabanas, Xaquín Chaves, Víctor Echave, M. Graña, Tono Carbajo, Tino Viz e Xosé Freixanes.

Referencias varias:

F. Martínez Bouzas, “Luces de liberdade”, *O Correo Galego*,“*Revista das Letras*”, nº 73, 14 setembro 1995,

6. A nómina de revistas subvencionadas pola Xunta de Galicia dá pé a F. Martínez Bouzas para critica-la política de subvencións existente, na que revistas como *Grial*, *A Trabe de Ouro* ou *Luzes de Galiza* non teñen cabida, tal vez pola súa orientación crítica. O comentario do tema central da última entrega de *Luzes de Galiza* (a situación da lingua) e o conxunto de colaboradores presentes nela pechan o artigo.

Mondoñedo. Publicación mensual editada pola Sociedade "***Amigos da Cidade de Mondoñedo***"

(D. L.: 0-27-1987).

Dende o ano 1987 vén aparecendo esta revista, con periodicidade irregular, a pesar do seu subtítulo (Publicación mensual editada pola Sociedade "Amigos da Cidade de Mondoñedo"). A publicación, que oscila entre as 4 e 6 páxinas, dá cabida nas súas columnas a distintas novas de carácter literario, referidas ós escritores da cidade que lle dá nome ou á literatura producidada ó redor desta. En 1995 tirou do prelo cinco números (os 40-44 correspondentes ós meses de marzo, maio, agosto, outubro e novembro, respectivamente) nos que, á parte de dar conta da vida cultural en xeral da cidade episcopal, apareceron tamén artigos sobre escritores mindonienses e as súas obras.

NASA

(D. L.: C-1584-1994).

Anuario publicado en Santiago de Compostela baixo o subtítulo de Boletín de Información Submariña. En novembro de 1995 saíu o seu primeiro número, no que se recollen as actividades realizadas ó longo da temporada 94-95. Antes da información detallada dos espectáculos desenvolvidos dende setembro do 94 a xulio do 95, presenta uns artigos baixo as cabeceiras de “Base de datos”, “Cabaret á galega”, “Rock parrulo”, “Arte en acción” e “Portugal e cía”.

Nordés

(ISSN: 1130-7706/D. L.: 200-1975).

No ano 1995, saíu unha única entrega (nº 21-22), correspondente ó Nadal de 1994/Outono de 1995, conmemorativo do XX aniversario da súa creación. Contén unha homenaxe a Isidro Conde e as lembranzas de Eusebio Lorenzo, Ramón Villar Chao, Ernesto Guerra da Cal, Rafael Dieste, Otero Pedrayo e Gerardo Diego. Inclúe, ademais, poemas de Lino Braxe, Maximino Cacheiro, Luz Pozo, Claudio Rodríguez Fer, Xabier Seoane, Manuel Vidal Villaverde e Xulio Valcárcel, entre outros. Tamén acolleu nas súas páxinas diversas cartas, recensións críticas e ata unha acta fundacional da revista, redactada por Isidro Conde. Entre os artigos de crítica literaria destacan os de Ramón Nicolás sobre as últimas edicións de *Cantares gallegos* e *Profecía do mar*, e a exhumación dun poema de Gerardo Diego a Ramón Otero Pedrayo levada a cabo por Maximino Cacheiro Varela.

Referencias varias:

-R. García, "*Nordés* cumpre vinte anos servindo de canle á cultura galega", *La Voz de Galicia*, "*Revista de Cultura*", ano I, nº 40, 30 novembro 1995, p. 6. Recensión descritiva sobre o contido da revista na que se fai fincapé, con motivo do seu XX aniversario, na importancia histórico-literaria da mesma.

-M. V. V., "Vinte anos da revista *Nordés*", *Atlántico Diario*, 1 decembro 1995, p. 54. Breve nota informativa sobre a aparición da revista.

Ólisbos. Os amantes da palabra

(ISSN: 1130-7595/D. L.: C-422-1986).

Como é habitual nestes últimos anos, a revista *Ólisbos* -fundada en 1986- tirou do prelo dous números neste curso académico (o 16 e o 17). Fiel á súa liña programática de ser foro aberto no que se dean a man os textos creativos e críticos de escritores consagrados e autores noveis, inclúe nas páxinas destes dous últimos números textos en verso e prosa, así como tamén diversos estudios de carácter literario; entre eles destacan os artigos de Rafa Villar ("Se cadra si, e a poesía e violencia"), Martín Veiga ("A fuxida, a periferia"), Elvira Souto ("En Flagrante"), Francisco Alonso ("Literatura e violencia"), Tereixa Castro ("Aproximación temática á poesía de Claudio Rodríguez Fer") e Olga Novo ("A propósito dun mar íntimo. *Man que escribiu no mar* "), e os poemas e prosas de Daniel Asorey Vidal, Rafa Villar, Franck Meyer, Rosa Basanta, etc.

P.A.N. Revista epistolar y de ensayos, ed. facsimilar de Xosé Luís Axeitos, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1995, 178 pp.

(ISBN: 84-7492-776-5).

Edición facsimilar desta revista subtitulada *Revista epistolar y de ensayos* e publicada por Ediciós do Castro. A revista presenta unha introducción a cargo de Xosé Luís Axeitos na que nos informa do nacemento, colaboradores, problemas e outras cuestións relacionadas coa publicación. *P.A.N.* saíu entre xaneiro e xullo de 1935 en Madrid, con periodicidade mensual, co cal o total de números da revista é de sete. Os fundamentais colaboradores son galegos e no devandito texto introductorio faise fincapé no "compromiso coa liberdade e coa causa republicana que mantiveron todos os colaboradores". As seccións permanentes da revista son as seguintes: epistolario, ensaio, antoloxía e crítica literaria e de arte, participando das mesmas autores como Eduardo e Rafael Dieste, Xosé Otero Espasandín, Alberto Fernández Mezquita, Cándido Fernández Mazas, Jesús Bal y Gay, Enrique Fernández Sendón, Antonio Baltar, Antonio Sánchez Barbudo, Fernández Granell, Lorenzo Varela e Carlos Gurméndez. Inclúense, ademais, colaboracións esporádicas de Manuel Antonio, Joan Maragall, Rosa Luxemburg e traduccións de W. Shakespeare, G. K. Chesterton ou P. B. Shelley.

Poesía Galicia

(ISSN: 1136-7601/D. L.: C-98-1990).

Revista bilingüe, de carácter literario, que tirou do prelo en 1995 o número 12. O seu director é Manuel Vázquez Méndez. Trátase dunha publicación ferrolá subvencionada pola Dirección Xeral de Política Lingüística. Dentro da producción en galego, contén predominantemente textos de creación, tanto en prosa coma en verso. Así, son de citar entre outros, os de Henrique da Costa, Ramiro Fonte, Vicente Araguas, Ramón Caride Ogando, Marta Dacosta e Isidro Conde. Tamén o artigo de crítica literaria de José A. Ponte Far sobre a poesía galega contemporánea.

Referencias varias:

-F. V., “A revista *Poesía Galega* ampara versos orfos”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, ano I, nº 31, 28 setembro 1995, p.6. Faise referencia ó inicio da segunda etapa da revista. Recolle este número ensaios, páxinas de creación poética, resumo de obras premiadas nos certames galegos e recensións de libros publicados recentemente. Con todo, a maioría das páxinas presentan poemas de autores noveis e xa consagrados.

-Xoán Carlos D. Alberte, “*Poesía Galicia*, outra vez”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 24 decembro 1995, p. 7. Coméntase que esta revista constitúe unha contribución ó panorama literario galego e unha iniciativa de dignificación da cultura galega. Nas súas páxinas combínanse textos de escritores consolidados á carón doutros noveis. Como a revista coruñesa *Nordés*, ambas homenaxean ó poeta Isidro Conde, que foi un dos seus fundadores.

Pontenova. Revista de Investigación Xove

(ISSN: 1133-7206/D. L.: VG-58-1994).

Editada pola Deputación de Pontevedra e co subtítulo “Revista de investigación xove”, apareceu no ano 95 o seu primeiro número, co obxectivo de dar a coñecer traballos inéditos de investigadores novos e estimula-la investigación. O seu director é Miguel Pereira Figueroa e a secretaria de redacción María de la Adoración Serrano García. O número 1 contén artigos dedicados a arquitectura, arqueoloxía, historia, antropoloxía, etc., referidos á provincia de Pontevedra. Sobre literatura aparecen dous artigos, “Alfonsina y Rosalía, dos alondras en el mar”, de Isaac Otero (recensionado no apartado correspondente a publicacións en revistas deste *Informe*), e “O tradicionalismo de Valle-Inclán”, asinado por alumnas e alumnos de 3ª de BUP do Instituto de Bacharelato do Meixoeiro de Vigo, dirixidos pola profesora Magdalena Aguinaga.

Posío

(ISBN: 84-453-1394-0/D. L.: C-1073-1995).

A publicación neste ano 1995 da edición facsimilar de *Posío* (1945-1946) polo Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro veu coincidir co cincuenta aniversario da revista. *Posío* apareceu en Ourense no ano 1945, froito das inquietudes literarias dun grupo de rapaces que constituían o chamado Círculo Azor. Eminentemente poética, esta publicación, dirixida por José Luís Varela, destaca polas súas páxinas centrais (a sección "Musa al Noroeste"), as únicas escritas en galego, onde se reproducen poemas de Manuel Antonio, Martín Codax, Fermín Bouza Brey, Aquilino Iglesia Alvariño, Pura Vázquez e Álvaro Cunqueiro. Aparecen tamén contribucións de Segundo Alvarado, José María Castroviejo, Carmen Conde, Gerardo Diego, Manuel Fabeiro Gómez, Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo, José Ángel Valente, José Luís Varela, Mª del Pilar Vázquez Cuesta, etc. Tan só saíron catro números desta revista, que rematou en 1946. Nesta edición acompañan ó texto facsimilar unha serie de presentacións ó cargo de Pura Vázquez, José Luís Varela, Segundo Alvarado, Luís Álvarez Piñer e Xabier Ron Fernández. Completa este apartado un texto de José Ramón y Fernández Oxea (estractado de *Posío. Arte y Letras* no número correspondente a 1953-1954) titulado "Nosa Señora do Posío". A continuación, segue a introducción na que se estudian distintos aspectos da obra, ó tempo que se fai un breve percorrido polas outras revistas galegas de posguerra (1940-1960), onde se inclúe un *corpus* de poesía galega. Pechan o volume un repertorio biobibliográfico de colaboradores e os distintos índices.

Referencias varias:

-Antón Fraguas Fraguas, “A revista *Posío* cumple cincuenta anos de recordos”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 1 outubro 1995, p. XXIV. Antón Fraguas comenta a aparición, con motivo do seu cincuentenario, da edición facsimilar de *Posío*,e realiza un percorrido polo contido da mesma. Detense inicialmente na breve nota de José Ángel Valente que lle serve de motivo para elucubrar sobre o topónimo Ourense. A continuación, fai un desglose das distintas presentacións da edición, centrándose no texto de Pura Vázquez, que ocupa a atención do autor na maior parte do artigo.

-Carlos L. Bernárdez, “A poesía galega na revista *Posío*”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, Extra número 100, 14 outubro 1995, p. 6. Artigo que comenta a publicación da edición facsimilar da revista *Posío*. O crítico, tras facer unha breve presentación da revista, céntrase na sección “Musa al Noroeste”, que contén os únicos textos en galego. O repaso das composicións aquí presentes serve a Carlos L. Bernárdez para salienta-lo contraste entre a vitalidade dos creadores galegos da posguerra e a penuria editorial existente na época.

-Isidoro Guede, “Posío”, *La Región*, 18 outubro 1995, p. 14. Agradece Isidoro Guede a edición do facsímile de *Posío*, pois rescata a revista e concédelle a permanencia nas letras galegas. Fai, ademais, un brevísimo recordo da época de creación da revista. Finalmente, critica o autor certa falta de rigor histórico.

-Froilán Varela, “Facsímile da revista *Posío*, ronsel da Xeración Nós”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, ano I, nº 34, 19 outubro 1995, p. 6. Breve nota informativa da publicación da edición facsímilar de *Posío* na que se sinala a influencia que a Xeración Nós tivo sobre os membros do Círculo Azor ourensán, artífices desta revista poética.

-Manuel María, “A revista de poesía *Posío* e o outono”, *El Correo Gallego*, 3 novembro 1995, p. 3. Breve recensión de carácter poético da revista *Posío* na que Manuel María destaca o apartado de presentacións e principalmente a da autoría de Pura Vázquez.

Xosé Manuel Vélez, “*Posío*: Ourense, anos 40”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº CVI, 2 decembro 1995,

2. Gabanza da reedición da revista, na que se destaca o apartado “Índice de lírica galega nas revistas galegas de posguerra”. Este motivo sérvelle ó autor para critica-la investigación que se leva a cabo no ámbito da Filoloxía Galega onde prima o traballo mecánico fronte á interpretación e o estudio rigoroso dos textos. A continuación, o autor reivindica o traballo da xente da revista *Posío* (en Ourense non só existiu a Xeración Nós).

Raigame. Revista de arte*, *cultura e tradicións populares

(ISSN: 1136-3207/D. L.: OR-75-1995).

Dirixida por Mariló e Xulio Fernández Senra e subtitulada “Revista de arte, cultura e tradicións populares”, cunha periodicidade semestral, publicou o número 1 en decembro de 1995. Edítaa a Deputación de Ourense e está coordinada pola Escola Provincial de Danzas e a Agrupación Castro Floxo. Neste número contén artigos dedicados ó traxe tradicional, asinados por Antón Fraguas e Francisco Xavier C. A. Campos, música e danza, labores agrícolas, arqueoloxía, tradicións, antropoloxía, e arquitectura popular. Na sección dedicada á literatura aparece unha composición de Manuel María titulada “Proclama ós peixes do río Miño”, precedida dunhas breves notas biográficas do autor. Ademais, inclúense dous artigos, “O pasado e a novedade no noso país”, de Francisco Fernández del Riego, e “Cumpreanos dun milagre: a revista Nós”, de Marcos Valcárcel, que se glosan no apartado correspondente a publicacións en revistas deste *Informe*.

Revista Galega de Educación

(ISSN: 1132-8932/D. L.: C- 22-1986).

Revista trimestral de carácter educativo e interdisciplinar, é unha publicación da Nova Escola Galega dirixida por Manuel Bragado e editada por Edicións Xerais de Galicia, que comezou a súa andaina no 1986. No 1995 tirou do prelo tres números (22, 23, 24). Como é habitual, acolle nas súas páxinas artigos, notas informativas e novas sobre literatura galega, en seccións non específicas (artigo de Eugenio Ortega Urtaza) e nas seccións: “Outros materiais”, “Panoraula” e “Tachola”. A literatura infantil é tratada nunha sección fixa (artigos de X. M. G. B., Manuel Vieites e
M. González Barreiro). Estes artigos poden consultarse nos apartados correspondentes deste *Informe*. Os artigos ou comentarios que aparecen sen sinatura son xeralmente resumos argumentais, con algunha referencia biográfica de autores e obras recentes. Destes só serán recensionados aqueles que aporten un mínimo comentario crítico.

Revista Galega de Teatro. Información Teatral

(ISSN: 113-956-X/D. L.: VG-21-1994).

Revista semestral de información teatral dirixida por Antón Lamapereira e publicada pola Asociación cultural “Entre Bambalinas”. Neste ano 1995 celebra o seu décimo aniversario. O número 11 (xuño do 95), está case integramente dedicado á figura de Rafael Dieste. Sobre a figura deste autor, destacan os artigos de José Monleón, Miguel Bilbatúa, Arturo Casas, Eugenio Otero Urtaza, Euloxio R. Ruibal e Eduardo Haro Tecglen. Presenta ademais a reedición de dous textos de R. Dieste, traducidos ó galego, “Revelación e rebelión do teatro. Misterio polemístico (sobre Gordon Craig) nunha xornada” e “Tratado mínimo da arte da escena”. Contén tamén unha entrevista a Antonio F. Simón, director do espectáculo *Viaxe e fin de Don Frontán*, e unha breve reportaxe sobre un monográfico que a sala Padrillo de Madrid lle dedicou a Antón Reixa. O número 12 (decembro 1995) contén máis artigos sobre a figura de Rafael Dieste, pero o tema central son os espacios escénicos, entendidos como lugares arquitectónicos onde se representa o espectáculo teatral. Colaboran neste número Manuel F. Vieites, Xosé Boubeta, Antón Lamapereira, Jesús A. Sánchez, Mª Lourdes Vega, José Martins, Xoán Luaces, Alberto Bokos, Ricard Salvat, Manuel Aznar, Suso F. Barreiro, Stefanie Gerhold, Henrique Harguindey, Francisco Alonso e Camilo Franco. Inclúe a peza *A Gaiola*, de Jenaro Marinhas del Valhe. A última parte da revista intégrana recensións sobre espectáculos teatrais e libros, e unha axenda con información teatral (premios, cursiños, mostras e espectáculos teatrais, novidades editoriais, etc.).

Referencias varias:

-Manuel F. Vieites, “*Mullieribus*, de Dorotea Bárcena”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº LXXVI, 4 febreiro 1995, p. 3. Coméntase o contido do número 10 da *Revista Galega de Teatro* e especialmente o texto dramático que se inclúe nela, a saber, *Mullieribus*, de D. Bárcena. Nesta peza, as personaxes femininas son as protagonistas e a través delas móstrase a súa situación nun mundo androcéntrico. Reflexión e crítica sobre o proceso de alienación e marxinación histórica da muller, feita en clave de humor e tinguida de ironía.

Revista Galega do Ensino

(ISSN: 1133-911-X/D. L.: C-236-1995).

Revista trimestral que, creada en decembro de 1993, tirou do prelo este ano os seus habituais catro números (neste caso os 6, 7 -monográfico dedicado a “Titulacións universitarias”-, 8 e 9). De carácter interdisciplinar, acolle nas súas páxinas traballos diversos sobre materias técnicas e tamén humanísticas, pero sempre baixo o prisma común dun enfoque metodolóxico e didáctico pensado para o fornecemento de material auxiliar ós docentes de tódolos niveis. Nesta liña, e no particularmente literario, acolle dentro das súas seccións fixas (“Colaboracións especiais”, “Estudios”, “Prácticas”, “Reseñas”, “Novidades editoriais” e “Noticias”) interesantes artigos.

Referencias varias:

-Alfredo Conde, “Ler entrevistas a escritores”, *La Voz de Galicia*, “Dietario”, 10 xuño 1995, p. 4. Comentario sobre o número 8 da revista.

A Trabe de Ouro

(ISSN:1130-2674/D. L.: C-351-1994).

Revista trimestral editada por Olegario Sotelo Blanco, subtitulada “Publicación Galega de Pensamento Crítico” e aparecida no ano 1990. O seu director é X. L. Méndez Ferrín. Esta revista de temática fundamentalmente literaria e económica (aínda que tamén teñen cabida nas súas páxinas a filosofía, a lingüística, o cine, etc.) está estructurada en cinco apartados: “Cuestións”, “Acoutacións”, “Textos”, “Publicacións” e Crónica, nos que se tratan aspectos da cultura galega e universal dun xeito crítico. Ó longo de 1995, apareceron catro entregas, correspondentes ós números 21, 22, 23, e 24. A carta de Lázaro Carreter en defensa do castelán fronte ás linguas periféricas, a profunda crise que afectou á pesca galega, a crítica ó novo rector da Universidade compostelá, con motivo do cumprimento do seu primeiro ano de mandato, e o recordo do aniversario da morte de Franco, como excusa para aclarar algúns puntos da historia da transición en Galicia, foron os temas tratados nos seus distintos editoriais, que dan unha idea xeral das inquietudes da publicación.

Referencias varias:

-Horácio Vixande, “Rosa López Fernández, redactora da *Trabe de Ouro*”, *A Nosa Terra*, nº 664, “Guieiro Cultural”, 9 marzo 1995, p. 27. Entrevista a Rosa López Fernández, redactora da revista de pensamento *A Trabe de Ouro*, con motivo do quinto aniversario da publicación. Rosa López fai un balance positivo dos cinco anos de existencia da revista

e afirma que os obxectivos da mesma continúan a se-los iniciais, é dicir, “pensar o socialismo de novo”, reflexionar sobre os temas da sociedade actual, sempre dende unha óptica nacionalista e de esquerdas.

-María Soliña, “Un lustro de *A Trabe de Ouro*”, *O Correo Galego*, “Galicia, terra nosa”, 21 marzo 1995. Breve comentario sobre a celebración do quinto aniversario de *A Trabe de Ouro*. O evento celebrouse na Sala Nasa de Santiago de Compostela, coa participación de varios grupos musicais, e intentará commemora-la existencia desta revista aberta a tódalas canles de expresión.

-Carlos Amado, “V aniversario da Trabe de Ouro”, *O Correo Galego*, 23 marzo 1995, p. 38. Comenta os formulamentos políticos e a apertura de pensamento que caracterizan a *A Trabe de Ouro*, e salienta a importancia do seu quinto aniversario, baixo a protección editorial de Sotelo Blanco e a dirección de Méndez Ferrín. Comenta tamén os actos da festa, celebrada na sala Nasa, en Santiago.

-Miguel Anxo Seixas Seoane, “A Trabe somos nós”, *O Correo Galego*, “Casa de citas”, 27 marzo 1995, p. 3. Celebra os cinco anos de vida da revista *A Trabe de Ouro*, dirixida por Xosé Luís Méndez Ferrín e editada por Sotelo Blanco, cunha traxectoria relevante para a cultura galega.

-Luís Álvarez Pousa, “Cinco anos con Norte”, *La Voz de Galicia*,“*Revista de Cultura*”, ano I, nº 6, 6 abril 1995, p. 6. Sorpréndese, gratamente, Luís Álvarez Pousa polo quinto aniversario da revista *A Trabe de Ouro*, da que xustifica a súa continuidade pola rebeldía do seu editor, Sotelo Blanco. Ó tempo que lembra brevemente o momento no que apareceu (de “grandes explosións ideolóxicas”), o xornalista afirma que se trata dunha publicación que soubo non perde-lo norte.

-Amelia Rodrigues Esteves, “Publicación de pensamento crítico”, *El Correo Gallego*,“*Edición 7*”, 23 xullo 1995, p. 6.

Recensión que comenta o contido da primeira entrega deste ano 1995 de *A Trabe de Ouro*. Iníciase co comentario do editorial para pasar, posteriormemte, a un repaso das distintas seccións nas que se estructura a revista.

Luís Álvarez Pousa, “Tres eran tres”, *La Voz de Galicia*,“*Revista de Cultura*”, ano I, nº 24, 10 agosto 1995,

6. Comenta Luís Álvarez Pousa o privilexio que supón para un país como Galicia contar con tres publicacións de pensamento crítico (*Encrucillada*, *Grial*, e *A Trabe de Ouro*) que abordan, dende distintas perspectivas, a realidade galega. Salienta de *A Trabe de Ouro*, o protagonismo da tensión histórica.

-M. V. V., “Novo número de *A Trabe de Ouro*”, *Atlántico Diario*, 1 decembro 1995, p. 54. Artigo que dá noticia da aparición do número 23 de *A Trabe de Ouro*, correspondente ós meses de xulloagosto-setembro. A continuación cítanse algúns dos artigos que compoñen a nova entrega desta publicación que leva xa seis anos de andaina.

Viceversa. Revista Galega de Traducción

(D. L.: VG-371-1995).

A revista galega de traducción, *Viceversa*, dirixida por Mª Camino Noia Campos e con Valentín Arias López como secretario, nace no ano 1995, producida e distribuída por Edicións Xerais de Galicia. Créase como resposta ás preocupacións dos membros da Asociación de Traductores de Galicia (ATG), de profesores e de estudiantes universitarios de lingua e literatura galegas, unhas preocupacións que se manifestaron nos seus desexos de promove-las traduccións ó galego das obras máis importantes da cultura a nivel mundial. Entre os obxectivos primordiais desta publicación especializada, están o de proporcionar un soporte adecuado de difusión dos traballos que xurdirán entre os alumnos e alumnas da nova titulación de Traducción e Interpretación da Universidade de Vigo, dar a coñece-los estudios que sobre esta cuestión se publican en distintos países e, por último, informa sobre a situación actual dos labores de traducción en Galicia. A revista está organizada en catro apartados fundamentais: “Teoría e Historia da Traducción”, no que se presentan traballos teóricos sobre o tema; “Instrumenta”, que pretende facilita-lo material necesario para o labor de traducción como poden ser vocabularios ou estudios de interferencias; as “Traduccións xustificadas”, apartado no que se recollen as diferentes traduccións, explicando as dificultades atopadas e as solucións propostas, e unha última parte de “Informacións”, formada por distintos bloques informativos, nos que se dá conta das novidades bibliográficas e se fan referencias a programas informáticos relacionados co labor de traducción.

Referencias varias:

-Xesús Alonso Montero, “Viceversa”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 15 xuño 1995, p. 11. Dá noticia da saída do prelo do primeiro número desta revista, a primeira deste tipo en Galicia. Salienta o valor desta publicación como “lugar de encontro para o tratamento dos graves problemas inherentes ó feito da traducción, principalmente no ámbito galego”. A sección que a revista dedica á “Teoría e historia da traducción” é cualificada por Alonso Montero de “esencial”. Destaca tamén o traballo de Alessandra Koss, “Dúas versións rusas da cantiga de Meendiño: problemas de recodificación do texto orixinal”.

Miguel Anxo Seixas, “Viceversa”, *O Correo Galego*, “Casa de Citas”, 18 setembro 1995, p. 3. Dá noticia da presentación de *Viceversa* e ofrece a relación dos traballos recollidos no seu primeiro número.

Miguel Anxo Seixas Seoane, “*Viceversa*. Revista galega de traducción”, *A Trabe de Ouro*, nº 24, Tomo IV, ano VI, outubro-novembro-decembro 1995, pp. 119-121. A partir dunha breve reflexión sobre a historia e a situación actual das revistas galegas de estudio e investigación, M. A. Seixas dá a coñecer unha nova publicación, *Viceversa. Revista galega de Traducción*, dirixida por M. Camino Noia, que nace a cabalo entre a Asociación de Traductores de Galicia e o Departamento de Traducción e Interpretación da Universidade de Vigo. A continuación e trala relación completa dos membros do consello de redacción e do comité asesor, fai un percorrido pormenorizado polo contido da revista, estructurada en catro grandes bloques (“Teoría e Historia da Traducción”, “Instrumenta”, “Traduccións xustificadas” e “Informacións”).

-Luís Álvarez Pousa, “O sistema literario”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, “Ó trasluz”, ano I, nº 23, 19 outubro 1995, p. 6. Saúda a aparición da revista *Viceversa*, dirixida por Camino Noia e centrada nos procesos de traducción, para favorecer, segundo di o articulista, a confrontación do sistema literario galego con outros sistemas.

-Fernando Franco, “Asociación de Traductores Gallegos: por la fidelidad y en gallego legal”, *Faro de Vigo*, 29 novembro 1995, p. 10. Valentín Arias, presidente da Asociación de Traductores, co gallo da presentación do número 1 de *Viceversa*, analiza a situación deste sector no ámbito galego. Arias destaca como obxectivo do traductor a procura da “máxima fidelidade ó orixinal, tentando traslada-lo espírito da obra do mellor modo posible no idioma de chegada”. A revista vén desenvolver un labor de crítica da traducción que permitirá regula-la cantidade deste sector no ámbito galego.

Alfredo Iglesias Diéguez, “A actualidade da traducción”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 10 decembro 1995,

6. Recensión sobre o primeiro número desta revista, que pretende ser voceiro da actualidade relacionada coa traducción en Galicia, e “presentar en galego todos aqueles traballos escritos noutras linguas que sobre estes temas axuden a crear unha *tradición* científica”, segundo afirma o recensionista. Informa tamén dos apartados da revista.

X. Premios

Damos noticia e unha pequena biografía dos premios literarios convocados no 1995 e tamén daqueles que premian o traballo dunha vida de entrega a Galicia e que ás veces coincide con homes ou mulleres de letras. De entre os numerosísimos premios convocados por asociacións culturais, concellos, centros de ensino, etc., para incentivar á mocidade a escribir en galego, serán motivo da nosa atención os que teñen unha certa tradición e publican os traballos galardoados. Relacionaremos algúns dos que temos noticia, na certeza de que son moitos máis os convocados. Informaremos do ano de nacemento, patrocinadores e bases fundamentais, así como da contía, gañador, membros do xurado e lugar e día do fallo da última convocatoria. Acompañan a este comentario artigos ou notas de revistas e xornais que conteñen unha información de interese e relaciónanse outras notas, se están asinadas, que inciden sobre calquera dos puntos xa comentados (número de obras presentadas, lugar e día do fallo, composición do xurado, finalistas, presentacións, etc.). Os artigos de tipo xeral, é dici-los que se refiran a varios premios e non á convocatoria específica, poderán verse glosados noutros apartados deste *Informe*.

X. Premios

X.1. Narrativa

IIIª edición do Premio de Narrativa “Álvaro Cunqueiro”

Foi creado, con carácter bianual, no 1991, polos concellos de Vigo e Mondoñedo, en memoria de Álvaro Cunqueiro, para difundi-la súa obra e o seu significado na cultura galega. Os orixinais e as copias (sete en total) teñen que enviarse, xeralmente no mes de outubro, á Concellería de Cultura de Mondoñedo (r/ General Franco, 31, 27740) ou á Concellería de Cultura de Vigo. O fallo do xurado faise público no mes de decembro. O gañador da IIIª convocatoria, edición de 1995 (cunha dotación de 2.000.000 de pts.), foi Xavier Lama López, por *Os moradores da nada*. O xurado, formado por Marina Mayoral, Manuel Rivas, Anxo Tarrío, Dolores Vilavedra, Darío Villanueva e Xosé Francisco Armesto Faginas (secretario) emitiu o seu voto o día 2 de decembro de 1995, en Mondoñedo.

Referencias varias:

-D. P., “Convocado el III Premio de Narrativa ‘Álvaro Cunqueiro”, *Diario de Pontevedra*, 2 setembro 1995.

-Francisco J. Gil, “Xavier Lama gana el III Premio Álvaro Cunqueiro con una colección de biografías fantásticas”, *Faro de Vigo*, 3 decembro 1995, p. 38.

Artigo que se centra nos aconteceres da entrega do Premio Álvaro Cunqueiro na súa IIIª edición. Informa o articulista da composición do xurado e da dotación do premio, percorre a biografía de Xavier Lama e traza brevemente a liña argumental da obra premiada. Ademais cítanse as palabras de Marina Mayoral e Darío Villanueva, que gabaron o traballo pola súa combinación de tradición e modernidade e por se-la mellor homenaxe posible a Cunqueiro.

-Rubén Leivas, “El periodista lucense Xabier Lama, ganador del ‘Álvaro Cunqueiro”, *El Progreso*, 3 decembro 1995, p. 20. Relato da entrega do Premio. Coméntase a deliberación do xurado e inclúense as verbas de Marina Mayoral, que analizan con brevidade o libro, e as de Darío Villanueva, que aluden á personalidade de Cunqueiro.

-X. M. Palacios, “O Premio Álvaro Cunqueiro de narrativa, para Xabier Lama”, *La Voz de Galicia*, 3 decembro 1995, p. 6. Contén datos sobre a entrega do Premio. Informa sobre os integrantes do xurado e recolle as palabras de Marina Mayoral e de Darío Villanueva. Ofrece tamén algún dato biográfico sobre Xavier Lama.

-L. V. “En Galicia los concursos literarios continúan siendo limpios”, *La Voz de Galicia*, 5 decembro 1995, p. 7. Entrevista con Xavier Lama, que desvela as influencias nesta obra. Infórmase da traxectoria literaria e profesional do premiado.

-Francisco J. Gil, “El día que Cunqueiro volvió a Castrelos”, *Faro de Vigo*, 30 decembro 1995, p. 40.

Resumo do acto de entrega do Premio, das palabras de Xosé Francisco Armesto, biógrafo de Cunqueiro, e de Xavier Lama, arredor da figura do escritor mindoniense que dá nome ó premio. Tamén se fai referencia á satisfacción dos alcaldes de Vigo e Mondoñedo pola irmandade que crea entre as dúas localidades a colaboración neste certame.

-Javier D. Campa, “El periodista Xavier Lama recibió ayer el ‘Álvaro Cunqueiro”, *Atlántico Diario*, 30 decembro 1995, p. 49. Artigo que informa de todo o acontecido en relación ó Premio Álvaro Cunqueiro, incluíndo a formación do xurado e os asistentes ó acto. Comenta a cerimonia de entrega e recolle algunhas palabras do que se encargou de abri-lo mesmo, Xosé Francisco Armesto Faginas, que analizou brevemente a obra gañadora. Tamén se presta atención ás palabras que o galardoado pronunciou sobre a figura do mítico escritor.

IIª edición do Premio de Narracións "**Álvaro Paradela**"

Creouse no ano 1994, patrocinado por Carlos Perille Publicidade e convocado pola Sociedad Artística Ferrolana. Os orixinais teñen que enviarse á Sociedad Artística Ferrolana (Apartado 339, 15480, Ferrol), poñendo no sobre Premio Álvaro Paradela. A segunda edición deste premio (1995), cun galardón consistente nunha placa e a súa publicación na revista *Poesía Galicia*, recaeu na obra *O miracre de Escandoi*, de Ramón Loureiro e *El sepulcro de Diego Rans en el Monasterio de Barrantes*. O xurado estivo presidido por Manuel Vázquez Méndez (poeta), Carlos

P. Perille (publicista), Choncha Romero Toral (poeta), R. Fernández Ballesteros (avogado e escritor), o Dr. Ricardo Díaz Casteleiro a o acádemico Carlos Barcón. O secretario foi D. Julio Ferrín.

Iª edición do Premio Literario "**Arcebispo Juan de San Clemente**"

Baixo o patrocinio da empresa Cubiertas MZOV, o Concello de Santiago e a Consellería de Educación, o I. B. "Rosalía de Castro" convocou, neste ano 1995, a primeira edición do premio literario "Arcebispo Juan de San Clemente", dotado con 1.500.000 pts. a repartir en tres modalidades: lingua castelá, lingua galega e lingua estranxeira traducida ó castelán. O xurado, composto por estudiantes de COU de distintos Institutos de Galicia, emitiu o seu fallo o día 26 de abril. Foron galardoadas as obras: *Lituma en los Andes*, de Mario Vargas Llosa, no apartado de novela en lingua castelá, *Tic-tac*, de Suso de Toro, na modalidade de novela galega e *A la sombra del granado*, de Tariq Alí, na sección de novela estranxeira.

Referencias varias:

-Isabel Barral, "El premio literario "Arcebispo San Clemente" se entregará el 26", *El Ideal Gallego*, 20 abril 1995, p. 18.

-A. Iglesias, "Cita con la literatura juvenil", *El Correo Gallego*, 20 abril 1995, p. 34.

_____, "Nueve autores participarán en el Premio Literario Arcebisbo San Clemente", *El Correo Gallego*, 16 xuño 1995, p. 27.

O comité organizador da 2ª convocatoria (1996) deste premio (co patrocinio da Fundación Malvar e Aparcamentos “Arcebispo San Clemente”) deron a coñece-los títulos das nove novelas seleccionadas. Na modalidade de lingua galega: *Criminal*, de Xurxo Borrazás; *Os nervios da cabeza*, de Xosé Cermeño e *A biblioteca da iguana*, de Xosé Miranda. Os coordinadores do comité, Luís Alonso e Nieves de Paula, salientaron que a selección das novelas segue unha “valoración de literatura de calidad”. Os cargos políticos tamén valoraron esta iniciativa.

-Isabel Barral, “El Rosalía de Castro inició la II edición de su premio literario”, *El Ideal Gallego*, 16 xuño 1995, p. 18. Información sobre a presentación da segunda edición do premio por parte do I. B. “Rosalía de Castro”. Son nove as obras que optan ó premio, tres en cada unha das categorías. Dánse os nomes das novelas que concursan e tamén a composición do xurado.

Premio de Novela “**Blanco Amor**”

A iniciativa do Concello de Redondela, creouse no ano 1981 o Premio de Narrativa “Blanco Amor”, promovido e financiado por un consorcio de concellos que ofrecían 50.000 pts. cada un, e que cada ano foi sendo máis numeroso. A organización do premio adxudícase por sorteo a un dos concellos do consorcio, que será o encargado de correr con tódolos actos que leva consigo a convocatoria: entrega do premio e difusión da obra de Eduardo Blanco Amor. O galardón entrégase no mes de decembro e na festa do premio sortéase o concello encargado da seguinte edición. Polo xeral a entrega dos orixinais finaliza o 31 de xullo. No 1995, cunha dotación económica de 2.000.000 de pts., correspondíalle organizalo ó Concello da Coruña que non o levou a cabo. Son moitas as notas informativas e as protestas que se fan eco desta deixadez do concello coruñés, que non convocou nin avisou e, polo tanto, puxo en perigo a continuidade do premio. A aceptación da súa organización por parte dun dos concellos suplentes (Brión), aínda que cun ano de retraso, salvou a situación. A seguir dáse un listado destas notas de prensa e comentarios críticos de alcaldes, escritores e xente da cultura en xeral:

Referencias varias:

- Xan Carballa, “O concello da Coruña bloquea a convocátoria do prémio de novela *Blanco Amor*”, *A Nosa Terra*, nº 682, “Guieiro Cultural”, 12 xuño 1995.

-Carmen Merelas, “El ayuntamiento de A Coruña renuncia a convocar el “Blanco Amor” de novela”, *Faro de Vigo*, 19 xullo 1995, p. 39.

-X. C., “O boicot ao prémio Blanco Amor pon na picota da cultura a Paco Vázquez”, *A Nosa Terra*, nº 683, “Guieiro Cultural”, 20 xullo 1995.

-Alberte Román, “O BNG critica a anulación do certame Blanco Amor”, *La Voz de Galicia*, 20 xullo 1995.

-C. M., “La pasividad del concello de A Coruña hace peligrar el premio Blanco Amor”, *Faro de Vigo*, 9 agosto 1995.

-M. Dourado Deira, “O Blanco Amor e o desamor de don Paco”, *O Correo Galego*, “Ardentía”, 12 agosto 1995, p. 2.

-R. G., “El Concello de Brión se compromete a organizar el premio Blanco Amor”, *La Voz de Galicia*, 12 agosto 1995, p. 6.

-David Otero, “Don Eduardo Blanco Amor: porque *trátase* de A Coruña”, *O Correo Galego*, “Pola banda de Laíño”, 16 agosto 1995, p. 3.

-Helena Villar Janeiro, “Caravanas para o Blanco Amor”, *El Correo Gallego*, 16 agosto 1995, p. 3.

-P. Castro, “O Blanco Amor levanta alerxias na Coruña”, *O Correo Galego*, “*Revista das letras*”, nº 69, 17 agosto 1995, p. 2.

-Víctor F. Freixanes, “Por unha empresa común”, *La Voz de Galicia*, “Dende as varandas”, 19 agosto 1995.

-J. C. “Protesta oficial contra Francisco Vázquez por no convocar el Premio Blanco Amor”, *Faro de Vigo*, 20 agosto 1995.

-Xavier Costa Clavell, “El Premio Blanco Amor”, *El Progreso*, 22 agosto 1995, p. 3.

Premio “**Breogán**” de Contos en Galego

Foi creado no 1978 polo Centro Galego de Biscaia (Barakaldo) e patrocinado polo Banco de Biscaia. Concédense tres premios, os dous primeiros con dotación económica (100.000 e 50.000) e o terceiro con mención honorífica. Os traballos teñen que ter unha extensión de tres a seis folios. As obras envíanse ó Centro Galego de Biscaia (Barakaldo), antes do 1 de maio, e o fallo realízase o 25 do mesmo mes. No 1995 obtivo o primeiro premio o relato *Posesión* (lema *Cinsa*), de Paulino Pereiro (Ferrol), o segundo Antón Castro (Teruel) por *O bandoleiro invisible* (lema *O mago Pereira*), e o terceiro Xoán X. Piñeiro Cochón (Vigo) por *O que se herda* (lema *Rebus sic estantibus*). Formaron o xurado José María Ribera Pomar, Ana Portela Álvarez, Xesús Caramés Puentes e José Manuel Varela Pereiro.

Premio de Narrativa Curta “**Café Dublín**”

O Premio de Narrativa Curta “Café Dublín” é convocado tódolos anos, dende 1994, polo Café Dublín de Vigo, para premiar orixinais inéditos cunha extensión mínima de 65 folios e máxima de 100. Os orixinais (relatos ou conxuntos de relatos) teñen que entregarse, por cuadruplicado, no Café Dublín, antes do 1 de maio. O fallo do xurado realízase no mes de xuño, no transcurso dunha festa literaria-musical. A obra gañadora da edición de 1995, dotada con 300.000 pts., foi a presentada co lema *Noites de papel*, de Manuel Lourenzo González. O xurado estivo composto por: Xesús Alonso Montero, Carlos Casares, Gonzalo Navaza e Román Raña. Actuou como secretario Xosé Ramón Pena.

VIª edición do Premio "**Camilo José Cela**" de narrativa

Convocado dende o ano 1989 polo Concello de Padrón como "homenaxe perpetuo á figura humán e literaria do egrexio escritor". Os relatos que se presenten teñen que ter unha extensión de 12 a 25 folios, mecanografados a dobre espacio e deben enviarse, por quintuplicado, ó rexistro do Concello de Padrón adxuntando un sobre cun lema e no seu interior o nome, apelidos e teléfono do autor. O prazo de presentación remata o 15 de setembro e a entrega do galardón faise coincidir co día en que lle foi concedido o Nobel de Literatura a Camilo José Cela (o 19 de outubro). Na edición de 1995, dotado con 250.000 pts., o premio recaeu no conto "Estromil" de Xoán Xosé Piñeiro Cochón. O xurado estivo presidido por Ramón Rey Rodríguez (tenente alcalde do Concello) e integrado polos seguintes vocais: José Manuel González Herrán (catedrático de Literatura Española da Universidade de Santiago de Compostela), Ana Platas Tasende (Catedrática de Lingua e Literatura española no Instituto Rosalía de Castro de Santiago de Compostela), Javier Serrano Alonso (Profesor da Universidade de Santiago), Ramón Vázquez Casasnovas e Ánxel Manuel Vázquez Castaño, concelleiros de Educación e Cultura do Concello de Padrón. Actuou como secretario Elías Vázquez Puentes.

XIIIº Concurso de Relatos en lenguas gallega y castellana da **Casa de Galicia de León**

Dende o ano 1982, a Casa de Galicia de León convoca cada ano este premio, dotado con 75.000 pts. para os relatos gañadores de cada sección, os cales serán publicados pola Casa de Galicia nunha edición de 2.000 exemplares. Quen desexe presentarse a este concurso ten que axustarse a unha extensión máxima de cinco folios, e envia-lo escrito (por triplicado e baixo lema), antes do 18 de novembro, á Casa de Galicia en León (r/ Villafranca, 7, 24001). O fallo dáse a coñecer no primeiro trimestre do seguinte ano. A entidade convocante publica as obras gañadoras e resérvase o dereito de editalas nun mesmo volume. No 1995, deuse a coñece-lo fallo da convocatoria do 94 ó que se presentaron 80 orixinais, dos que se seleccionaron 9. O xurado que decidiu o fallo (o 23 de marzo) estivo composto por Marta Prieto Sarro, Francisco Javier García Martínez e Carlos Antonio Bouza. O premio foi gañado por *Os de a Bazana*, de Marila Amigo, residente en Majadahonda (Madrid).

Iº Premio de Narrativa **Castelao**

Foi convocado polo Centro Galego de Barcelona (Rambla de Capuchinos), por primeira vez, neste ano 1995. Enmárcase no “Certame San Xurxo” (v. neste apartado Mixtos. Varias modalidades), e prémiase a mellor obra en prosa presentada que cumpra unha das seguintes condicións: a) escrita en lingua galega, b) escrita en galego, castelán ou catalán ambientada en Galicia e c) escrita en galego, catalán ou castelán ambientada na Galicia exterior. Nesta primeira edición, cunha dotación económica de 25.000 pts., recaeu o premio na obra *Plácida*, de Xosé Luís Rodríguez Pardo. O xurado, constituído por Basilio Losada (catedrático da Universidade de Barcelona), Camilo F. Valdeorras (profesor da Universidade de Barcelona), Carlos Reza Castro (profesor E.X.B.), Ánxeles Pérez Guerra (Presidenta do Centro Galego) e Nemesio A. Bermúdez (Secretario do Centro Galego), fallou este premio no transcurso dun acto lírico-musical realizado na entidade.

VIº Premio de Narrativa **Cidade de Lugo**

Convocado polo Concello de Lugo dende 1990 para premiar narracións e contos escritos en galego. Os orixinais teñen que se presentar, baixo plica, por quintuplicado e mecanografados a dobre espacio, antes do 28 de febreiro. Teñen que enviarse, acompañados dun sobre pechado cos datos persoais e a dirección do autor, ó Patronato de Cultura do Concello de Lugo (r/ Quiroga Ballesteros, s/n, 27001). A entrega realízase ó redor do Día das Letras Galegas nun acto literario. No 1995, cunha dotación de 2.500.000, o premio quedou deserto. O xurado, presidido polo alcalde da cidade Tomás Notario e constituído por Luís Miguel Fernández Fernández (Universidade), Antonio Gil Merino (R.A.G.), o edil de Cultura, Alfredo Conde, Marina Mayoral e Araceli Herrero, deu o seu fallo o día 19 de maio.

Foron varias as notas que apareceron na prensa referíndose a este premio e ós actos que acompañaron o fallo, só un deles ten sinatura e é o seguinte:

Referencias varias:

-Alfredo Conde, “O premio Cidade de Lugo”, *La Voz de Galicia*, “Dietario”, 17 maio 1995. A lectura das obras presentadas a este premio, das que, segundo Alfredo Conde, un vinte por cento son de calidade, permítelle ó escritor facer reflexións sobre a calidade en xeral da literatura galega.

Premio de Novela “**García Barros (Kenkeirades)**”

Convocado dende 1989, polo Excmo. Concello da Estrada en colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Está dotado na actualidade con 2.000.000 de pesetas para o gañador e 500.000 para o accésit. Os orixinais (extensión mínima 150 folios), teñen que ser enviados (por sextuplicado), antes do 30 de abril, á Casa do Concello da Estrada (Praza da Constitución, 1, 36680, A Estrada-Pontevedra). Fállase o 26 de xuño. No 1995, na súa VIIª edición, o gañador foi Manuel Lourenzo González por *Arqueofaxia*. O accésit caeu na obra *Relato do Algarve*, de Xavier Alcalá. O xurado que concedeu estes galardóns (o 23 de xuño) estaba constituído por: Agustín Fernández Paz, Mª Xesús Nogueira Pereira, Xesús López Valcárcel e Xosé Sánchez Puga. Actuou como secretario Evaristo Mato Oliveira.

Referencias varias:

-S. G., Ramiro, “Manuel Lourenzo recibe o “García Barros” de novela”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 17 decembro 1995, p. 60/p. 13. O artigo informa sobre a entrega do premio García Barros, que foi recaer en mans de Manuel Lourenzo por *Arqueofaxia*, un conxunto de relatos. Inclúese ademais o comentario que Manuel Lourenzo fixo en canto á pouca valentía do concello da Coruña ó abandona-la organización do premio Blanco Amor.

VIIº Certame de Narrativa "**Gonzalo Torrente Ballester**"

Certame instituído pola Deputación da Coruña, no ano 1989, como recoñecemento á obra narrativa de Gonzalo Torrente Ballester. Os orixinais poden estar escritos en galego ou en castelán. O prazo de recepción dos mesmos conclúe o 15 de xullo e o fallo do xurado faise público en novembro. O xurado está constituído por Gonzalo Torrente Ballester (presidente), polo Presidende da Deputación da Coruña, polo responsable da área de cultura da Deputación, representantes da R.A.E., da R.A.G. e críticos literarios da prensa nacional e galega. O coordinador do Premio é César Antonio Molina. No 1995, cunha dotación económica de 2.500.000 pts. e a publicación da obra gañadora, foi galardoado Manuel Rivas pola obra *¿Que me queres amor?*, presentada baixo o pseudónimo de Max. Quedou como finalista *O lagarto alado*, obra tamén galega. O fallo realizouse na Coruña o 24 de novembro. Constituíron o xurado, Gonzalo Torrente Ballester (presidente), Augusto César Lendoiro (Presidente da Deputación), Roberto González Santos (Deputación) Antonio Meijide Pardo, José Antonio Ponte Far, Luís Miguel Fernández Fernández, Arturo Lezcano Fernández, Ángel Basanta Folgueiras, Pedro Sorela Cagiao e Robert Saladrigas Riera.

Referencias varias:

-A. G. N, “Cerca de 300 autores concurren al premio de narrativa “Gonzalo Torrente Ballester”, *Diario de Pontevedra/El Ideal Gallego*, 5 novembro 1995, p. 21/p. 20.

-I. G., “Cerca de trescientos autores concurren al VII Premio Torrente Ballester”, *El Ideal Gallego*, 5 novembro 1995, p. 20.

-E. E., “El viernes se falla el premio “Torrente Ballester” de la diputación coruñesa”, *El Correo Gallego*, 22 novembro 1995, p. 12.

-José Luís Álvarez, “Todos quieren el Torrente”, *Diario 16 de Galicia*, 24 novembro 1995, p. 10.

-I. G., “Manuel Rivas, premio Torrente Ballester 1995”, *El Ideal Gallego*, 25 novembro 1995, p. 20.

-J. L. A., “Manuel Rivas ganó el VII “Torrente Ballester”, *Diario 16 de Galicia*, 25 novembro 1995, p. 10.

IVº Certame **Manuel Murguía de narracións breves**

Convocado polo Concello de Arteixo, dende o 1991, para premiar relatos de temática libre cunha extensión entre 15 e 30 folios. Os autores que desexen participar deberán envia-los orixinais, por triplicado, ó Concello convocante antes do 1 de marzo. O premio é único, está dotado con 350.000 pesetas e o fallo é o 17 de maio. No 1995 gañou Isidro Novo, coa obra *Cabalos do demo*. O xurado, presidido polo alcalde de Arteixo (Frutos Martínez Saavedra) e constituído por Xavier Alcalá, Luz Rivas, Xesús Manuel Marcos e Henrique Rabunhal (coordinador do premio e secretario do premio con voz e sen voto), acordou tamén outorgar senllos accésit ás obras *María*, *o espello das ausencias*, e *Veña merenghe*. No ano 95 publicouse un volume titulado *Relatos*, coas narracións premiadas no Certame entre 1992 e 1994.

IIIº Prémio **Máquina de Vapor de narrativa erótica**

Convocado pola asociación universitaria *Eis*, dende 1993, para premiar relatos eróticos cunha extensión entre 3 e 10 folios mecanografados a dobre espacio. Os textos deben enviarse por triplicado, baixo pseudónimo e plica, no mes de novembro, o C. M. U. Rodríguez Cadarso, Campus Universitario, 15706 Santiago. Está dotado con 25.000 pesetas. O texto gañador publícase, xunto cunha escolma das outras narracións, nun número especial da revista *Eis*. No 1995, dous foron os relatos que compartiron o primeiro premio "O marqués das Picotas", de Juan R. Tallón e "Lefa Kognoscitiva", de Fran Soto Pineiro. Os finalistas foron Kiko Neves con "Eu, ela e María", Xavier Pinheiro con "Duplicidade" e Sofía Tarela con "Sen título". O xurado estivo constituído por Neli Cosme, Xosé Manuel R. Parad, Joám Miguel Lombardero e José Maria Durám.

Referencias varias:

Francisco López-Barxas, "Katy, a portuguesa", *A Nosa Terra*, nº 684, "Guieiro Cultural", 28 xullo 1995, 27. Extracto do relato gañador no IIº Prémio Máquina de Vapor de narrativa erótica.

Modesto R. **Figueiredo do Pedrón de Ouro**, certame nacional de narracións breves

Convocado polo Padroado o Pedrón de Ouro, actualmente Fundación do mesmo nome, dende o ano 1975. Os orixinais (por cuadruplicado), cunha extensión mínima de 5 folios e máxima de 30, teñen que ser enviados á Fundación do Padroado Pedrón de Ouro (Apartado de Correos, 1046, 15780, Santiago de Compostela). O xurado está composto por catro especialistas en crítica literaria designados polo padroado, asesorado pola Asociación de escritores. O fallo do xurado dáse a coñecer a mediados de decembro e o prazo de admisión remata o 15 de novembro. O primeiro premio e os accésit son publicados, tódolos anos, por Ediciós do Castro. No 1995 a dotación económica para o primeiro premio foi de 100.000 pts. e de 40.000 para os restantes premios. O xurado estivo presidido por Avelino Abuín de Tembra, Avelino Pousa Antelo e Gustavo Santiago Valencia, e actuaron de vocais Bieito Iglesias Araújo, David Otero Fernández e Elena Aguete Landín. O primeiro e segundo premios foron para Antón Riveiro Coello, polos relatos “Bruca Manigua” e “A morte esquecida”. Outorgáronse accésit a Inmaculada López Silva por “As voces da conciencia” e a Francisco A. Vidal Blanco por “Fondo gris sobre galo negro”.

Referencias varias:

-E. C., “Cultura colaborará co Pedrón de Ouro e a Fundación Castelao”, *O Correo Galego*, 10 febreiro 1995, p. 34.

-Francisco P. Lorenzo, “Riveiro Coello gaña o ‘Modesto R. Figueiredo’ de narrativa curta”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 23 decembro 1995, p. 34/p. 18. Noticia sobre o fallo do xurado nesta edición do premio. Do primeiro dos relatos premiados de Antón Riveiro destácase a súa prosa poética e o realismo máxico do conto, e do segundo valórase o alto grao de penetración psicolóxica no personaxe.

M. L. Castro, “O Grove entregou o Modesto Figueirido”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 30 decembro 1995, p. 43/ p. 14. Nota informativa acerca da entrega dos premios da XXª edición do Certame Nacional Galego de Narracións Breves Modesto R. Figueiredo, do Pedrón de Ouro 1995, indo a para-lo primeiro premio a Antón Riveiro Coello. Ofrece tamén notas sobre os accésit e a contía dos premios.

M. Quintáns S., “Os premios O Pedrón de Ouro”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 27 agosto 1995.

_____, “O Grove celebrou a entrega dos premios ‘Pedrón de Ouro 1995“, *El Correo Gallego*, 30 decembro 1995, p. 14.

XIIº Premio **Xerais de Novela**

Convocado por Edicións Xerais de Galicia dende o ano 1984. Os orixinais (por sextuplicado) teñen que presentarse antes do día 10 de setembro nos locais sociais de Edicións Xerais de Galicia (r/ Dr. Marañón, 12, 36211, Vigo), baixo lema e acompañados dun sobre pechado co nome completo e enderezo do autor. A composición do xurado dáse a coñecer no mes de setembro e o fallo emítese no curso dunha cea que se celebra cada ano, na semana de San Martiño, nunha vila ou cidade diferente de Galicia. Nas primeiras convocatorias deste premio o xurado estaba constituído por críticos e estudiosos da literatura en xeral, pero a partir de introducilo lema “A forza dos lectores” (1988), son lectores non especializados os seus membros cun secretario con voz e sen voto, que representa á editorial. Ó redor da “Cea Xerais”, a editorial organiza unha semana de actos culturais, exposicións, charlas, etc., a cargo de creadores e estudiosos da literatura. No 1995 a dotación económica foi de 1.500.000, a conta dos dereitos de autor dos cinco mil primeiros exemplares, e o xurado estivo constituído por afeccionados á lectura de Vilagarcía de Arousa, vila onde se fallou o premio: Xosé Ramón Domínguez Toxo, médico; Ana Santorum Ardone, periodista; Xosé Castro Ratón, libreiro; Carlos Berride Ferreira, arquitecto e Daniel Bernárdez Cancelas, técnico de emprego. O premiado resultou ser Aníbal Calvo Malvar cunha obra presentada co lema *Contrapunto*, titulada primeiramente polo seu autor como *Ese tempo que pasa* e finalmente publicada co título *Unha noite con Carla*. Foron moitas as notas de prensa que se fixeron eco da convocatoria do premio, dos actos organizados durante a semana

en Vilagarcía, dos autores premiados, etc. Delas só se relacionan e se comentan aquelas que aparecen asinadas e glósanse as que ofrecen datos sobre a biografía dos premiados, as obras premiadas ou a historia do premio:

Referencias varias:

-I. G., “Edicións Xerais convoca su concurso de novela y el “Merlín” de literatura infantil”, *El Ideal Gallego*, 3 xuño 1995, p. 18.

_____, “Los Concursos de ‘edicións Xerais’ se fallarán en noviembre”, *El Ideal Gallego*, 5 xuño 1995, p. 18.

-X. A., “O mago da literatura cumpre dez anos”, *Atlántico Diario*, 5 xuño 1995, pp. 57.

- A. D., “Los premios literarios de Xerais se convocan este año desde Villagarcía”, *Atlántico Diario*, 7 xuño 1995.

-Ujué Foces, “Vilagarcía acoge este año el premio Xerais de novela y el Merlín de literatura infantil”, *Faro de Vigo*, 7 xuño 1995.

-D. P., “Manuel Bragado anuncia que Villagarcía será el centro de atención de Galicia con la entrega del Xerais y el Merlín”, *Diario de Pontevedra*, 7 xuño 1995.

_____, “La concejalía de cultura apoyará los actos del premio de Edicións Xerais de Galicia”, *Diario de Pontevedra*, 2 setembro 1995.

-A. D., “El Concello colabora con Edicións Xerais”, *Atlántico Diario*, 2 setembro 1995.

-C. Gamallo, “Los vilagarcianos encargados de fallar el premio Xerais inician las lecturas”, *Faro de Vigo* (Arousa), 2 setembro 1995.

-Francisco J. Gil, “El premio Xerais cuenta en su XII edición con 22 obras candidatas”, *Faro de Vigo*, 14 setembro 1995, p. 39.

- Ignacio Chao, “O libro ten que ser un obxecto fermoso”, *El Mundo*, 24 setembro 1995, p. 5. Entrevista a Manuel Bragado, Director de Edicións Xerais de Galicia. O premio Xerais de Novela e o Merlín de literatura infantil, caracterízanse polo seu carácter innovador, itinerante, didáctico e de animación á lectura, servindo, segundo Manuel Bragado, “para testa-la situación da literatura galega e para contactar coa base social de lectores”. Ante a polémica da alteración do precio dos libros polas grandes superficies comerciais, o entrevistado recoñece a necesidade de adaptarse ás novas formas de comercialización, pero defendendo o espírito tradicional das librerías. Esa adaptación ós novos tempos abrangue tamén os productos multimedia, o libro electrónico e as redes de Internet, nas que Xerais pensa investir. Con todo pensa que “o libro vai ser aínda moi potenciado”.

-Francisco J. Gil, “Manuel Bragado. Director general de Edicións Xerais. El premio Xerais tiene éxito porque deciden los lectores”, *Faro de Vigo*, 28 setembro 1995.

Entrevista con Manuel Bragado. Nela o entrevistado fai referencia ás características da editorial, ós premios Xerais e Merlín, ó tipo de persoas que compoñen os xurados e ó éxito de venda acadado polas dúas novelas gañadoras no certame anterior, *O cervo na torre*, de Darío Xohán Cabana e *A expedición do Pacífico*, de Marilar Aleixandre. Finalmente, ofrece a súa opinión sobre os últimos libros publicados pola editorial.

-Ujué Foces, "Medio centenar de obras concurren al premio literario Xerais y Merlín en Vilargarcía", *Faro de Vigo*, 29 setembro 1995.

-I. G., "Vintecatro títulos compiten por gañar o premio Xerais de Novela deste ano", *El Ideal Gallego*, 29 setembro 1995, p. 2.

-A. D., "Los premios Xerais y Merlín se fallarán en Vilagarcía en el mes de noviembre", *Atlántico Diario*, 29 setembro 1995.

-D. P., "Para el premio 'Xerais' de novela y 28 para el 'Merlín' se presentaron 24 escritores", *Diario de Pontevedra* (Arousa), 29 setembro 1995, p. 21.

_____, "La semana del Xerais traerá a Vilagarcía a algunos de los más destacados escritores gallegos", *Diario de Pontevedra*, 19 outubro 1995.

-Ujué Foces, “Los premios de Xerais facilitan el contacto de escritores gallegos y estudiantes de Arousa”/“Los premios de Xerais en O Salnés ponen en contacto a escritores y a estudiantes”, *Faro de Vigo* (Arousa), 29 outubro 1995, p. 5.

-A. D., “Xerais organiza una semana cultural por el fallo de sus premios en Vilagarcía”, *Atlántico Diario*, 29 outubro 1995, p. 55.

_____, “Seis obras optan a los premios Xerais y Melín”, *Atlántico Diario*, 5 novembro 1995, p. 19.

-Javier D. Campa, “Manuel Bragado, director de Edicións Xerais de Galicia. ‘Esperamos publicar libros en soporte electrónico antes do final do século”, *Atlántico Diario*, 8 novembro 1995, p. 50. Co gallo do fallo dos premios Xerais de Novela e Merlín de Literatura Infantil, o director de Edicións Xerais comenta o papel que estes premios veñen xogando nos doce últimos anos como unha referencia inexcusable para coñecelo estado do panorama literario galego. Comenta tamén os obxectivos máis inmediatos desta editorial: diversifica-la súa oferta con novas coleccións e con materiais destinados ó ámbito educativo e chegar ó límite do século coa edición de libros galegos en soporte electrónico.

-E. C., “Comeza a conta atrás para a concesión dos Xerais”, *O Correo Galego*, 9 novembro 1995, p. 44.

-G. S., “La literatura gallega está condicionada por la enseñanza”, *El Correo Gallego*, “El Correo de las Rías. Arousa”, 9 novembro 1995. Entrevista con Manuel Bragado, director de Edicións Xerais, na que explica por qué foi elixida Vilagarcía como sede do fallo do Premio Xerais, e cuestións xerais sobre os premios.

-U. Foces, “Vilagarcía acoge el fallo del Xerais con una semana de actividades culturales”, *Faro de Vigo* (Arousa), 10 novembro 1995.

_____, “Un San Martiño literario”, *Faro de Vigo* (Arousa), 10 novembro 1995.

-F. J. G., “Víctor Freixanes: unha editorial é algo máis ca unha fábrica de libros”, *El Correo Gallego* “El Correo de las Rías. Arousa”, 10 novembro 1995, p. 4.

-Luís Lamas, “A festa das letras”, *El Correo Gallego* “El Correo de las Rías. Carta desde o Alobre”, 10 novembro 1995, p. 4.

-A. D., “Los premios de literatura Xerais y Merlín se fallan mañana en Vilagarcía”, *Atlántico Diario Diario*, 10 novembro 1995, p. 55.

_____, “Hoy se fallan los Xerais y Merlín en una cena en Vilagarcía”, *Atlántico Diario*, 11 novembro 1995.

-Esther Barreiro, “A noite do Xerais”, *Faro de Vigo*, “Premios Xerais 95”, 11 novembro 1995, p. 1.

-Mateo Iglesias, “Doce anos cos Premios Xerais”, *Faro de Vigo*, “Premios Xerais 95”, 11 novembro 1995, p. 2. Extenso percorrido histórico e detallado de cada unha das edicións dos premios Xerais (creado no 1984) e Merlín (creado no 1986). Coméntanse, sobre todo tematicamente, as obras premiadas en cada edición,

inclúense opinións dos membros do xurado ou do director da editorial sobre elas e dánse datos biográficos dos autores ou autoras.

-Víctor F. Freixanes, “No mar de Arousa”, *Faro de Vigo*, “Premios Xerais 95”, 11 novembro 1995, p. 5. Víctor Freixanes fai fincapé na importancia da literatura na construcción dun futuro mellor e a inexistencia de tal literatura sen o feixe de lectores que a converten en algo con entidade real. Salienta a traxectoria, en prol da cultura, da editorial Xerais e dos premios que convoca, sempre coa mente posta nos lectores. Pensa que “sen lectores (...) non hai literatura”.

-Xosé Luís Méndez Ferrín”, “Pelerinaxe cara a madureza”, *Faro de Vigo*, “Premios Xerais 95”, 11 novembro 1995, p. 5. Dende Luís Mariño e Víctor Freixanes, ata Manuel Bragado, actual director de Xerais, afianzouse a traxectoria dos Premios Xerais. O articulista rompe unha lanza en favor da abundancia de premios literarios que impulsan as nosas letras e fai un rápido percorrido por algunhas das obras ás que foi para-lo galardón do Xerais de novela. Destaca como estas amosan o decorrer dos tempos e a madureza que a nosa novelística vai acadando pouco a pouco. Ferrín pensa que non ocorre así coa normalización cultural de Galicia.

Ramón Nicolás, “Crónica breve dos premiados”, *Faro de Vigo*, “Premios Xerais 95”, 11 novembro 1995,

6. Contén declaracións de Xosé Fernández Ferreiro, Xoán Bernández Vilar, Alfonso Álvarez Cáccamo, Xosé Ramón Pena, Lois X. Pereira, Xosé Carlos Caneiro, Fernández Naval e Darío Xohán Cabana, todos eles gañadores en diferentes edicións do Xerais de novela, que expoñen as súas opinións, a favor ou/e en

contra dos premios literarios. O máis xeral é a valoración positiva da súa existencia, á que cualifican de necesaria e estimuladora para a escrita. A compensación económica e a distribución da obra axudan a publicar e acadar certo prestixio.

-Salvador Rodríguez, “O millor escritor non é o escritor morto”, *Faro de Vigo*, “Premios Xerais 95”, 11 novembro 1995, p. 7. A frase que encabeza este pequeno comentario subliña o feito da continuada teima de dedica-la atención da literatura galega ós escritores mortos. Ós detractores dos premios, nos que o autor se incluía ata hai pouco, recórdalles que está en xogo a literatura e a lingua galegas e que necesitan apoio do resto da sociedade, xa que as editoriais non poden facer todo por si mesmas.

Xosé Manuel Enríquez, “As novelas do Xerais”, *Faro de Vigo*, “Premios Xerais 95”, 11 novembro 1995,

8. O artigo contén unha análise da evolución do premio Xerais de novela que Xosé Manuel Enríquez define como de un paso adiante e outro atrás. Louva a non existencia dun patrón prefixado, no que se refire ó perfil de autor ou de obra, pero lamenta a falta de novidades, no que ó público lector se refire, que pola contra si segue un moi ben definido patrón. Conclúe que o que non se lle pode negar ó Xerais é o perfecto reflexo que dá da realidade literaria do país.

-Francisco J. Gil, “Aníbal C. Malvar gana el ‘XII Premio Xerais de Novela’, fallado Villagarcía”, *Faro de Vigo*, 12 novembro 1995, p. 49.

-M. Escauriaza, “Aníbal Calvo Malvar consigue el premio Xerais con su novela *Contrapunto*”, *La Voz de Galicia*, 12 novembro 1995, p. 5.

-D. P., “Aníbal Malvar, ganador del premio Xerais con *Ese vento que pasa*”, *Diario de Pontevedra*, 12 novembro 1995, p. 20.

-Nacho Chao, “Aníbal C. Malvar gaña o premio Xerais de novela de 1995”, *El Mundo*, 12 novembro 1995, p. 62. Dáse noticia da entrega en Vilagarcía dos Premios Xerais e Merlín de 1995. A continuación, faise un percorrido pola traxectoria literaria de Aníbal Malvar e Ramón Caride Ogando, gañadores dos mesmos. Tamén se recollen algunhas manifestacións nas que estes autores comentan o contido das súas obras.

-B. L. C., “Los jurados de los premios Xerais y Merlín tuvieron que decidir entre 62 novelas”, *Faro de Vigo*, 12 novembro 1995, p. 49.

-A. D., “El periodista Calvo Malvar ganó el premio Xerais con *Contrapunto*”, *Atlántico Diario*, 12 novembro 1995, p. 57.

_____, “Los premios Xerais y Merlín se fallarán en Vilagarcía en el mes de noviembre”, *Atlántico Diario*, 13 novembro 1995, p. 54.

-Xoán Acuña, “Noite das Letras en Vilagarcía”, *La Región/Atlántico Diario*, “Premios Xerais e Merlín”, 13 novembro 1995, p. 58/p. 58.

Céntrase nos aconteceres da cerimonia de entrega dos premios Xerais e Merlín. Dedícase especial atención ás palabras de Manuel Bragado, director de Xerais, quen salientou o papel da editorial no apoio á lingua e cultura galegas e anunciou futuros proxectos. Acaba o artigo con referencias á formación dos xurados que concederon os premios. Dentro deste mesmo artigo e co título "Vigo, próxima cita do Xerais", faise un rápido percorrido pola historia dos galardóns e anúnciase a sede da entrega do próximo ano: Vigo. Por último, en "Ramón Caride, premio Merlín por *Perigo vexetal*", inclúese un breve repaso pola vida e obra do gañador do Merlín, ó que lle segue unha entrevista na que o autor resposta a preguntas referidas á xénese e ó argumento da obra premiada.

-Carlos García Bayón, "Edicións Xerais: Premios y gastronomías", *La Voz de Galicia*, 13 novembro 1995, p. 5. Crónica xornalística arredor da noite na que se entregan os Premios Xerais e Merlín de narrativa infantil. Trala descrición do ambiente da cea organizada por Xerais no Balneario Paco Feixó de Vilagarcía, inclúe senllas entrevistas cos gañadores, Ramón Caride e Aníbal C. Malvar.

-Benito Leiro, "A noite de Moncho e Aníbal" e "Malvar di que os escritores galegos 'somos case libertarios'", *Faro de Vigo*, 13 novembro 1995, p. 12. No primeiro nada se ofrece ó xa comentado. No segundo fáiselle unha entrevista a Aníbal C. Malvar sobre a obra gañadora. Nela, ofrece, ademais, a súa opinión sobre o labor dos escritores, o carácter positivo dos premios que estimulan a creación e, finalmente, fai un breve resumo do contido da súa obra.

-F. J. Gil, "Os premios Xerais voltarán a Vigo 12 anos despois do seu inicio", *Faro de Vigo*, 13 novembro 1995, p. 13.

-Alfredo Conde, “A ilusionada mocidade dos escritores vellos”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 15 novembro 1995.

_____, “Postos en pé á par de todo o mundo”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “Os outros días”, 17 novembro 1995.

_____, “Un eco de sociedade, pero sen pasarse”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “Os outros días”, 18 novembro 1995.

X. Premios

X.2. Poesía

Premio **Begonte de poesía**

O Centro Cultural de Begonte convocou no 1995 o XIXº Certame Nacional de poesía sobre o Nadal. Dotado con 100.000 pts. e unha estatuíña de Sargadelos. Correspondeulle o 1º premio a María Pilar Campo Domínguez (Marica), por “A noite e a estrela reflexións e pregos de Nadal”, e o segundo a Esteban Covarrubias de la Peña, por “Pastorela navideña”.

XVª edición do Premio "**Cidade de Ourense**"

Premio convocado pola Concellería de Cultura de Ourense, dende o ano 1979, para premiar poemarios inéditos escritos en galego ou portugués. O xurado está constituído por personalidades da cultura galega e portuguesa. A extensión mínima destes poemarios é de 600 versos. Os orixinais, por duplicado, teñen que enviarse ó Concello de Ourense antes do 30 de xaneiro, e o fallo debe realizarse no mes de marzo. No 1995 (convocatoria do 94), cunha dotación de 400.000 pts., placa e publicación, mereceu este premio Ramón Caride Ogando con *Flor no deserto* (1994). O xurado estivo presidido por María Domínguez González e actuaron como vocais Antonio Pires Cabral, Marcos Valcárcel, Víctor Campio, Miguel Anxo Fernán-Vello e como secretario Juan Manuel Outeiriño Muñoz.

Xº Certame de poesía “**Domingo Antonio de Andrade**”

Convocado pola Asociación Cultural “Domingo Antonio de Andrade”, de Cee. Son dúas as modalidades ofertadas: unha para maiores de 18 anos e outra para menores desa idade. A dotación económica é de 20.000 e 10.000 pts., respectivamente. Os orixinais teñen que enviarse, por triplicado, cunha fotocopia do D.N.I. en sobre adxunto, á devandita asociación (Apartado de Correos 62, 15270, Cee-A Coruña). A data límite de admisión de traballos é o 17 de maio. No 1995 foi gañador da primeira categoría Xabier García Fernández, por *Caderno azul*; concedéuselle un accésit ó traballo titulado *Itinerario de sombras e mulleres (viaxe en cinco poemas)*, de Roberto Traba Velai. A segunda categoría quedou deserta.

IVº Premio de **Poesía Espiral Maior**

A editorial Espiral Maior e o clube poético do mesmo nome convocaron por vez primeira no 1992 o premio poético Espiral Maior, coa intención de abrir canles de publicación para as novas xeracións (menores de 35 anos) que non teñan ningún libro editado. Este premio non tén dotación económica; consiste na publicación da obra gañadora e do accésit na colección Espiral Maior Poesía. Os traballos presentados (por triplicado, mecanografados a dobre espacio e baixo plica) teñen que ter un mínimo de 400 versos. Lugar de remisión: Espiral Maior (Apartado de Correos, 192, 15080, A Coruña), antes do 30 de setembro. O xurado está formado por críticos e poetas do país nomeados pola editorial. No 1995 mereceu o galardón Cristina Cabada, por *Sombra acesa*. O xurado estivo constituído por Miguel Anxo Fernán-Vello, Xosé María Álvarez Cáccamo e Xosé Luís Axeitos.

Referencias varias:

-E. C., “Cristina Cabada, a primeira muller do Espiral Maior”, *O Correo Galego*, 22 decembro 1995, p. 37. Anuncio da obra gañadora do premio Espiral Maior de poesía: *Sombra acesa*, de Cristina Cabada. Tamén se fai unha pequena referencia á cerimonia de entrega e fincapé en que Cristina Cabada, de 32 anos, auxiliar administrativa en Santiago de Compostela, é a primeira muller gañadora deste premio.

-Quique Chuvieco, “El premio de Poesía Espiral Maior recayó en *Sombra acesa*”, *El Ideal Gallego*, 22 decembro 1995, p. 11. Extenso relato dos aconteceres que rodearon a presentación da obra gañadora do premio Espiral Maior de poesía, celebrada nun restaurante santiagués. A obra galardoada nesta ocasión foi *Sombra acesa*, de Cristina Cabada, o accésit recaeu en *A estatua*. O articulista refírese ás palabras de gabanza emitidas polos membros do xurado, non só para *Sombra acesa* senón tamén para o resto das vinteunha obras participantes. Inclúe ademais algunha nota sobre a historia do premio e a composición do xurado.

XVª edición do premio "**Esquío**"

Convocado pola Fundación Caixa Galicia-Claudio San Martín e a Sociedade Cultural Valle-Inclán de Ferrol, dende o 1980. Son dúas modalidades as convocadas: unha en lingua galega e outra en castelán. Están dotadas con 1.000.000 de pesetas, co compromiso da súa publicación para o primeiro premio, e dous accésit sen dotación económica. Os poemarios presentados teñen que ter unha extensión de 500 versos. Os orixinais (por cuadruplicado e baixo plica) envíanse á Obra Social da Caixa de Aforros de Galicia na Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago ou Vigo, ou á Sociedade Cultural Valle-Inclán (r/ Magdalena, 234, 2ª, 15402, Ferrol), antes do 31 de agosto. O fallo do xurado dáse a coñecer nunha cea organizada pola Sociedade Cultural Valle-Inclán e patrocinada pola Caixa Galicia. No 1995, o xurado da modalidade de lingua galega estivo formado por Ramiro Fonte, Álvarez Torneiro e Xulio L. Valcárcel. O gañador foi Xavier Seoane, con *Umbral de vida*, e o accésit recaeu na obra de Xosé Miranda, *Sonetosfera*. Como preludio ó fallo do premio, que se realiza no mes de outubro ou novembro, realízase en Ferrol unha semana literaria na que participan críticos e creadores de diferentes países.

S. M., "Presentados los poemarios ganadores del premio Esquío", *La Voz de Galicia*, 11 abril 1995, 7. Nota na que se dá noticia da publicación dos premios Esquío 1994, fallados o 14 de novembro pasado. Na presentación, os galardoados (Álvarez Torneiro e Ana Baliñas) deron lectura a parte dos seus

poemarios (*Rigorosamente humano* e *Varias)*; tamén o fixeron os galardoados en lingua castelá. Dos galegos dáse ademais notas biográficas e da súa poética.

- I. G., “Un total de 176 obras en castellano y 44 en gallego aspiran al Premio de Poesía Esquío”, *El Ideal Gallego*, 13 setembro 1995, p. 28. Breve artigo que informa sobre a XVª edición do Premio de Poesía Esquío.

A. G. N., “El sábado se falla en Ferrol el XV Premio Esquío de Poesía”, *El Progreso*, 18 outubro 1995,
61.

-Javier F. Justo, “Francisca Aguirre y Javier Seoane ganadores del premio ‘Esquio’”, *Faro de Vigo*, 23 outubro 1995, p. 14.

-Rosa Rodríguez, “Seoane: ‘Vivimos nunha burbulla galáctica”, *O Correo Galego*,“*Revista das Letras*”, nº 79, 26 outubro 1995, p. 5. Entrevista con Xavier Seoane, recentemente galardoado co Premio Esquío de Poesía por *Umbral de Vida*. Reflexiona nestas liñas sobre a vixencia da poesía, á que considera minoritaria polo ritmo frenético da sociedade, que vive nunha “burbulla galáctica”. A súa obra ten como alicerces a reflexión sobre a palabra -aínda que “cómpre desconfiar das palabras e deixarse guiar pola vía inspirativa”-, a autenticidade e o rigor.

VIIIº Premio de Poesía **Eusebio Lorenzo Baleirón**

O Concello de Dodro convoca dende o ano 1988 este premio de poesía para render homenaxe a Eusebio Lorenzo Baleirón, un poeta novo, veciño do concello, que morreu ós 24 anos. Os poemarios que se presenten a este premio teñen que ter unha extensión mínima de 400 versos e deben enviarse, por cuadruplicado, ó Concello de Dodro (A Coruña) antes do 30 de novembro. O premio consiste en 300.000 pesetas en metálico e a publicación da obra galardoada na colección Poesía "Eusebio Lorenzo Baleirón" de Ediciós do Castro. Os dereitos da primeira edición son para o Concello convocante. A partir da segunda pasan ó seu autor. Na edición de 1995, o premiado foi o escritor lucense Xosé Miranda coa obra *Amantes e viaxeiros*. O xurado que outorgou este premio estaba presidido polo alcalde de Dodro (José Fernández Vila) e constituído por Xosé Manuel Millán-Otero, Román Raña, Mª Xesús Pato e Paulino Vázquez; actuou como secretario o concelleiro de cultura do Concello, Cesáreo Vidal.

-A. Abuín de Tembra, "O premio Lorenzo Baleirón", *O Correo Galego*, "A lúa nos beizos", 12 novembro 1995, p. 2. Pequena crónica da traxectoria deste premio de poesía que convoca o Concello de Dodro dende 1988, en memoria do poeta Eusebio Lorenzo Baleirón, recordo dos gañadores e gratitude ó Concello.

-Dodro, "Recuerdos del poeta de Laíño", *La Voz de Galicia*, 3 decembro 1995, p. 45.

Bio-bibliografía do poeta de Laíño Eusebio Lorenzo Baleirón e do premio que o Concello de Dodro convoca na súa memoria.

Premio Nacional de Poesía **O Facho**

Convocado pola Agrupación Cultural O Facho, creada no 1963. No 1995 mereceu este premio, dotado con 40.000 pesetas, Julio Béjar con *Ariadna en Naxos* (4 poemas). Constituíron o xurado Miguel Anxo Fernán-Vello, Xulio L. Valcárcel, Alfredo Ferreiro Salgueiro e Luis Maças López (secretario).

IXº Premio de poesía **Feliciano Rolán**

Organiza este premio a Agrupación Cultural Guardesa e patrocínao o Concello da Guarda. Poden concorrer a el aqueles poetas que envíen como máximo dous orixinais en galego ou en castelán, cunha extensión máxima de 100 versos e mínima de 30, que se enviarán, por quintuplicado e baixo plica, ó Apartado de Correos, 69 (A Guarda), antes do 2 de agosto. Son tres os premios que se outorgan e están dotados con 30.000, 10.000 e 5.000 ptas. e placa. O xurado está constituído por membros da asociación guardesa e persoas relacionadas co mundo das letras. Os premios son entregados, nun acto poético, que se celebra no Centro Cultural ás 9 da noite nas festas do Monte Santa Tegra. Os traballos premiados quedan en poder da Agrupación, podendo publicalos cando o consideren conveniente. Entre os galardoados do ano 95 non figura ningún poema en galego.

Premio “**Martín Codax**”

Convoca este premio dende 1992 Bodegas Vilariño-Cambados, e patrocínao o Concello de Vigo en colaboración coas tres universidades galegas e a Editorial Galaxia. Estivo dotado con 500.000 pesetas. Os orixinais teñen que enviarse por cuadruplicado, cunha extensión mínima de 500 versos, á sede da Editorial Galaxia (r/ Reconquista, 1, 36201, Vigo), antes do 17 de abril, e o fallo é nos primeiros días de maio. En 1995 o premio foi gañado por Xesús Franco coa obra *Contra Mar*. O xurado estaba presidido por Francisco Fernández del Riego e composto por Manuel Rivas, Anxo Tarrío, Camino Noia e Xosé Mª Dobarro.

Referencias varias:

-Francisco J. Gil, “El premio de poesía nos ayuda a honrar la memoria de Martín Codax”, *Faro de Vigo*, 20 abril 1995, p. 42. Entrevista a Ramón Barral Maquieira, presidente de Bodegas Vilariño, organizadoras do premio Martín Codax de Poesía. Comenta o interese da súa empresa pola lingua e a cultura e adianta que hai xa 30 orixinais para o concurso.

-A. D., “Convocado el tercer premio de poesía Martín Codax”, *Atlántico Diario*, 31 marzo 1995, p. 59.

Nota informativa da convocatoria do premio. Recordo da dotación e nota do lugar a onde envia-los orixinais e nota informativa da empresa convocante.

-E. C., “Convocado o Premio de Poesía Martín Codax”, *O Correo Galego*, 30 marzo 1995, p. 37. Nota informativa na que se fai fincapé nas entidades convocantes. Recórdanse as bases e a finalidade do premio, “contribuír á difusión da figura de Martín Codax”, número de exemplares presentados e o gañador da edición pasada, Darío Xohán Cabana.

-A. D., “El premio de poesía Martín Codax se falla hoy en Vigo”, *Atlántico Diario*, 12 maio 1995, p. 56. Nota na que se informa dos nomes e lemas dos tres autores seleccionados para a deliberación final deste premio, ademais de nomea-los membros do xurado.

-E. C., “O IV Premio de Poesía Martín Codax decídese hoxe”, *O Correo Galego*, 12 maio 1995, p. 37. Cítanse as obras finalistas, os membros do xurado, a dotación e o aviso de que será o alcalde quen entregue o premio, xunto ó presidente de Bodegas Vilariño.

-Francisco J. Gil, “Xesús Franco gana la cuarta edición del Premio Martín Codax de poesía”, *Faro de Vigo*, 13 maio 1995.

-B. R. Soteliño, “Xesús Franco gana el concurso de poesía Martín Codax con su obra *Contra o mar*”, *La Voz de Galicia*, 13 maio 1995.

-A. D., “Xesús Franco ganó la cuarta edición del Martín Codax”, *Atlántico Diario*, 14 maio 1995.

-Francisco J. Gil, “Castrelos se convirtió en una fiesta cultural con el premio Martín Codax”, *Faro de Vigo*, 14 maio 1995, p. 43. Nota na que se informa do ben que lle foi á empresa convocante durante o ano 1994 e tamén da festa que, con motivo da entrega do premio Martín Codax, se realizou no Pazo Museo Quiñones de León de Castrelos. Cítanse nomes relevantes dos asistentes, referencias ós discursos do presidente de Bodegas-Vilariño, de Carlos Príncipe, alcalde de Vigo, e da actuación musical da Agrupación de Música Antiga “Martín Codax”

-Xosé Ramón Pena, “Xesús Franco, premio “Martín Codax”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, 15 xullo 1995. Entrevista a Xesús Franco, vencedor do premio de poesía “Martín Codax”, coa obra *Contra Mar*. Na conversa fala da obra, definida como “unha visión, non do mar, senón das xentes do mar, da vida que se produce no mar, considerada *desde dentro*”. Tivo tamén como propósito facer unha homenaxe a tódolos autores que escribiron sobre o mar, como Manuel Antonio ou Celso Emilio. Sobre a traxectoria literaria de Xesús Franco, que comezou coa novela, *Blues para un* asasino, sinálase que o nexo entre ambas producciónsé a lembranza, “os dous libros pertencen a momentos, a mundos que no seu día me fascinaron...”.

-Ignacio Chao, “Presentado en Vigo o IV premio Martín Codax de poesía 1995”, *El Mundo*, 1 outubro 1995, p. 5. Notas breves sobre as manifestacións de Xosé Luís Méndez Ferrín, Víctor Freixanes e Xesús Franco no acto de presentación da obra *Contra Mar*, no teatro García Barbón de Vigo. Interviron tamén o alcalde da cidade, Manuel Pérez, Carlos Casares, en representación de Galaxia e Ramón Barral como director das Adegas Vilariño-Cambados.

-Salvador García-Bodaño, “Libros e magostos”, *El Correo Gallego*, 12 novembro 1995, p. 3. A chegada do mes de Santos provoca no autor do artigo unha reflexión sobre a orixe do magosto, da tradición do viño e das castañas. Ó fío desta reflexión, analiza brevemente o IVº Premio de Poesía Martín Codax: *Contra mar*, de Xesús Franco. O tamén poeta García-Bodaño sitúao “Nun plural neovangardismo que contribúe a anova-lo campo poético dos últimos tempos”.

Vº Premio de Poesía en lingua galega "**Miguel González Garcés**"

Convocado dende 1991 pola Deputación da Coruña. As súas bases salientan que os traballos orixinais e inéditos terán unha extensión non inferior ós 300 versos e teñen que presentarse, por quintuplicado, mecanografados a dobre espacio e acompañados dun sobre pechado no que conste, por fóra, o título da obra e, no interior, o nome e dirección do seu autor. Envíanse á Deputación Provincial da Coruña (Alférez Provisional, s/n), antes do 25 de abril, e o fallo ten que se emitir no primeiro semestre do ano. O xurado estará presidido polo Presidente da Deputación, actuará como secretario o da corporación e os restantes membros serán nomeados entre persoas de recoñecido prestixio, polo Presidente da Deputación, previo informe do xefe de servicio de Fomento. A Deputación poderá publicar unha primeira edición da obra premiada sen dereitos para o autor, que recibirá 30 exemplares. No 1995, cunha dotación de 750.000 pesetas e a publicación da obra gañadora, foi premiada a obra *Pel de ameixa*, de Marta Dacosta Alonso. O xurado, presidido por Salvador Moreda (Presidente da Deputación), estivo composto por: Salvador García-Bodaño, Xavier Rodríguez Baixeras e Luciano Rodríguez Gómez; actuou como secretaria Mercedes Fernández-Albalat Ruiz e asistiu, con voz pero sen voto, o coordinador Xavier Seoane Rivas. Este xurado acordou recomenda-la publicación da obra presentada baixo o lema *Contra saúde*, de Xosé Manuel Vélez Latorre.

Premio de Poesía “**O Poeta azul**”

Convocado, dende 1990, pola Sociedad Artística Ferrolana para homenaxea-la figura do poeta ferrolán Xosé María Pérez Parallé, cualificado por Ramón Otero Pedrayo como “o poeta azul”. Prémianse aqueles poemas (3 como máximo) escritos en galego, firmados con nome, apelidos, enderezo, teléfono e aqueles datos que o autor considere convenientes. Os orixinais teñen que enviarse a SAF (Apartado de Correos, 339, 15480, Ferrol) antes do 30 de xuño. O galardón consiste nunha placa, diploma e publicación na revista *Poesía Galicia*. O fallo do xurado darase nun recital poético que será anunciado oportunamente. En 1995, o gañador foi Antonio Rivero Coello por *Crebas de íntimo*. O xurado estivo formado polo poeta Manuel Vázquez Méndez (presidente), polo publicista Carlos Perille, pola poeta Choncha Romero de Toral, polo avogado e escritor R. Fernández Ballesteros, o Dr. Ricardo Díaz Casteleiro e o académico Carlos Barcón. Actuou como secretario Julio Ferrín.

Certame Nacional de Poesía en Lingua Galega “**Rosalía de Castro**”

Organizado, dende o 1987, pola Asociación Cultural Rosalía de Castro da localidade catalana de Cornellá para premiar un poema ou un poemario de temática común, compostos cun máximo de cen versos e un mínimo de trinta. Son tres as categorías que se convocan, e están dotadas con 100.000, 50.000 e 35.000 pts. Os orixinais teñen que ser enviados, antes do 30 de setembro, á Asociación (r/ Federico Soler, 71). No 1995 o fallo do xurado, dado a coñece-lo 25 de novembro, foi o seguinte: primeiro premio para María Fernández Viñas, de Cangas, coa obra *A lúa branca*, o segundo para Xosé Luís Santos Cabanas, da Coruña, por *Encetando o tempo en cinco anacos*, e o terceiro para Heriberto X. Villar Patiño, da Coruña, por *Praza pública*. Obtiveron mencións especiais Lino Braxe, Iolanda Castaño, Xoan Neira, Estebo Creus e Miguel Anxo Mouriño.

Referencias varias:

-D. P., “V Certamen de Poesía de ‘Rosalía de Castro”, *Diario de Pontevedra*, 27 febreiro 1995, p.15. Contén completa información sobre a convocatoria do Vº Certame de Poesía “Rosalía de Castro”. Inclúe a reproducción das bases que o rexen e enumera tódalas entidades colaboradoras no mesmo.

Vº Premio de Poesía “**Tovar**”

Convocado polo grupo Tovar para premiar un poema de tema libre, cun máximo de 30 versos. Os orixinais envíanse ó bar Pingallo, (r/ San Miguel, 6, 32005, Ourense), antes do 20 de decembro. O xurado está constituído por membros do grupo. Pode conceder un accésit que será exposto no establecemento, xunto co poema premiado, durante un ano. No 1995, foi o gañador Ignacio Campos por “Abandonada de Valdeorras”.

Premio de poesía “**Xosé María Díaz Castro**”

O día 16 de maio, a asociación cultural e gastronómica “O Grelo” presentou o Iº premio de poesía Xosé María Díaz de Castro en Guitiriz, no Centro Sociocultural Casa Barxa. Colabora o concello de Guitiriz e a Asociación Xermolos. Dótase este premio con 350.000 ptas. Os orixinais teñen que constar de 500 versos como mínimo e enviaranse por quintuplicado a “O Grelo”, (r/ Otero Pedrayo, 47-49, Lugo). O prazo rematou o 30 de xaneiro e o fallo darase a coñece-lo día 16 de maio de 1996. O xurado estará formado por: Luís González Tosar, Xavier Rodríguez Barrio, Xosé Alonso, Antón Grande e Diego Bernal.

X. Premios

X.3. Teatro

Premios da **ADE**

A Asociación de Directores de escena (ADE), que agrupa a 280 profesionais de toda España, vén convocando anualmente unha serie de galardóns para recoñece-lo traballo a un labor teatral (premio “Segismundo”), escenografía (premio “Joseph Caudí”), directores novos e dirección. Estes premios fállanse no mes de novembro. No 1995 foron nominados varios dramaturgos galegos: Manuel Lourenzo para o “Segismundo”, Eduardo Alonso e Xulio Lago, para o concedido á mellor dirección, Antonio Simón, para o premio “Joseph Caudí” e Cándido Pazó para o apartado de directores de menos de 35 anos.

VIª edición dos Premios “**Compostela de teatro**”

Convocados tódolos anos pola Editorial Compostela (*El Correo Gallego* e *O Correo Galego*) dende 1990 e concedidos mediante unha votación popular a través dos xornais e a opinión dun xurado. Xeralmente, resólvense estes premios nos meses de setembro ou outubro. Son varias as modalidades premiables: dirección, interpretación, montaxe, escenografía, autoría de textos, etc. Non ten dotación económica. Na VIª edición, correspondente ó ano 1995, foron premiados:

-O grupo Arte Livre do Brasil, dirixido por Roberto Cordovani que recibiu o premio ó mellor actor polo seu traballo en *Eva Perón*. -Mellor obra: *Eva Perón*. -Mellor espacio escénico: *Eva Perón*. -Mellor actriz principal: María Bouzas, por *Squash*. -Mellor texto: Antón Reixa, por *Doberman*. -Mellor iluminación: *Raiñas de pedra*. -Mellor vestiario: Carmela Montero, por *Cama dous por dous para dous*. -Mellores actrices e actores: Elena Seixo, Fernando Dacosta, Sabela Gago e Suso Díaz. -Premio de honra: Teatro Principal, Sala Nasa e Sala Galán.

Referencias varias:

-E. C., “Todo listo para a VI edición dos Premios Compostela de Teatro”/”Todo listo para a entrga dos Premios Compostela de Teatro”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 3 marzo 1995, p. 33/p. 59. Nas dúas notas informativas anúnciase que, dende hoxe ó 27 de marzo, nas páxinas dos xornais aparecerán uns boletos, que suporán a participación no sorteo dunha viaxe a Londres, para a votación popular. Faise un percorrido por tódolos premiados no ano anterior.

_____, “O Mariscal, un esforzo para a recuperación dos grandes mitos de Galicia”, *El Correo Gallego*, “VI edición dos premios Compostela de Teatro”, 23 marzo 1995, p. 58. Marcelino de Santiago, “Kukas”, dirixiu para o Centro Dramático Galego a montaxe para títeres da obra *O Mariscal*, de Ramón Cabanillas e Antón Villar Ponte. Precedida por un forte éxito de público, opta ós Premios Compostela de Teatro no apartado de mellor montaxe.

_____, “*Historias peregrinas* ou as mil aventuras do Camiño de Santiago”, *El Correo Gallego*, “VI Edición dos Premios Compostela de Teatro”, 23 marzo 1995, p. 58. Teatro do Noroeste, baixo a dirección de Eduardo Alonso, opta ós Premios Compostela, no apartado de mellor montaxe, con *Historias Peregrinas*, de Miguel Anxo Murado. A combinación de “humor, enredo, diálogos trepidantes” e ambientación histórica, que outras veces levara ó éxito a Teatro do Noroeste, repítese nesta nova producción.

_____, “Sarabela, unha proposta dramática desde Ourense”/”Sarabela, unha aposta dramática desde o corazón de Ourense”, *El Correo Gallego*/ *O Correo Galego*, 25 marzo 1995, p. 12/p. 34.

Cama dous por dous para dous, da compañía ourensá Sarabela, ponse á cabeza das obras máis valoradas pola convocatoria popular de *O Correo Galego/El Correo Gallego*, deixando atrás ás montaxes *A Fiestra Baldeira*, do Centro Dramático Galego e *Macbeth*, de Teatro do Noroeste. No terceiro lugar figuran *Squash*, de Compañía Marías, *Annus Horribilis*, de Chévere, *Dóberman* de Teatro do Morcego e *A ópera de a patacón*, de Teatro de Aquí.

_____, “Compañía de María, un Amén a ritmo de cabaret”/“Un “amén” a ritmo de cabaret que funciona ás mil marabillas”, *El Correo Gallego*/*O Correo Galego*, 26 marzo 1995, p. 11/ p. 92 A Compañía de María, presente en Premios Compostela, porá en escena unha antoloxía do seu “Amén”, cabaret do noroeste de éxito rotundo. María Pujalte, María Bouzas e Luís Tosar procuraron nesta montaxe “unha mestura entre o humor e a mensaxe”. As súas preferencias con respecto ás obras que este ano optan ós premios decántanse por “Dóberman” e “ Annus Horribilis”.

_____,”¡Ábrese o pano!” *O Correo Galego*, “Premios Compostela”, 27 marzo 1995, p. 36 Trala votación popular promovida por *El Correo Gallego* e *O Correo Galego*, hoxe, 27 de marzo, celebrarase a Gran Gala da VIª Edición dos Premios Compostela de Teatro. A gala, que conta coa participación de Roberto Cordovani e Ana Vallés, terá como colofón a escenificación pola Compañía Marías dunha antoloxía do seu cabaret *Àmén*.

_____, “As marías, o premio non previsto”, *O Correo Galego*, 28 marzo 1995, p. 34. As compoñentes do grupo “Compañía Marías” foron as encargadas de ameniza-la gala dos Premios Compostela de Teatro, presentados por Irene Lamas e Xusto López Carril, á que asistiu o máis representativo da cultura e a política galegas.

_____, “Cordovani: É o primeiro premio que me conceden na miña terra”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 28 marzo 1995, p. 33/p. 10. A sexta edición dos premios Compostela de teatro pasará á historia como a “máis polémica, reflexo dos graves problemas polos que pasa o sector teatral en Galicia”. A entrega a Roberto Cordovani do premio ó mellor actor e a elección por votación popular da obra *Eva Perón*, da compañía Arte Livre de Brasil, como a mellor da tempada, provocou protestas por boa parte dos actores galegos. Por outra parte, algúns dos actores que subiron ó escenario para recolle-los galardóns “atacaron directamente a política que se segue dende o IGAEM e, en especial, ó CDG. Pero non todo foron problemas; así, os galardóns outorgados á Compañía Marías por *Squash*, ou o que recibiron os membros de Sarabela por *Cama dous por dous para dous*, foron especialmente celebrados.

_____, “*Eva Perón*, *Squash* e *Cama de dous por dous para dous*, as grandes triunfadoras”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 28 marzo 1995, p. 35/ p. 10. O artigo fai unha detallada relación dos premiados na gala do Teatro Galego, entre os que destacan as montaxes *Eva Perón*, *Squash* e *Cama dous por dous para dous*.

_____, “Dúas voces leron os manifestos de Orsini e Sesintra no Día Mundial do Teatro”, *El Correo Gallego*, 28 marzo 1995, p. 11. Roberto Cordovani foi o encargado de le-la mensaxe institucional de Umberto Orsini, na que se reivindicaba o papel innovador e revolucionario do teatro. Pola súa parte, Ana Vallés deu lectura ó manifesto galego escrito por Antonio Sesintra, no que se aposta porque o “teatro sacie a sede e a sede sexa, para sempre, un riso de desafíos”.

-Edith Sotelo, “Tres obras dramáticas acaparan los VI Premios Compostela”, *El Ideal Gallego*, 29 marzo 1995, p. 36. Breve informe sobre a celebración da VIª edición dos Premios Compostela de Teatro. Nesta ocasión resultaron galardoadas *Eva Perón*, de Roberto Cordovani, *Squash*, de Ernesto Caballero, dirixida por Quico Cadaval; así mesmo, *Cama dous por dous para dous* obtivo o premio ó mellor vestiario e ós mellores actores e actrices de reparto.

Vª edición do premio de teatro en lingua galega “**Rafael Dieste**”

Convocado dende o ano 1991 pola Deputación da Coruña, en homenaxe a Rafael Dieste. Os orixinais, de temática e extensión libre, aínda que tendo en conta as posibilidades de representación, teñen que enviarse por triplicado, macanografados a dobre espacio, grampados ou encadernados, antes do 25 de abril á Deputación da Coruña (r/ Alférez Provisional, s/n). O xurado, presidido polo titular da Deputación da Coruña e coordinado por Manuel Lourenzo, estará constituído polo secretario da Institución convocante (con voz pero sen voto) e por varios membros nomeados entre persoas de recoñecido prestixio polo presidente da Deputación, previo informe do xefe de Servicio de Fomento. No 1995, cunha dotación de 750.000 pesetas, a publicación da obra na colección Teatro Rafael Dieste, que edita a Deputación, e mesmo a posibilidade de contratar unha Compañía para a súa representación, foi galardoado Xavier Lama, por *O serodio remordemento do amor*, presentada baixo o lema “Arde a Noite en Pechalongo”. O xurado estivo formado por Salvador Fernández Moreda, Miguel Pérez Romero, Dorotea Bárcena e Dolores Vilavedra Fernández; actuou como secretaria Mª Xosé Díez Ínsua e estivo presente o coordinador (con voz pero sen voto), Manuel Lourenzo Pérez.

Certame “**Xuventude 95**” para afeccionados

Son dúas as modalidades que se ofertan: A) para afeccionados e B) para grupos escolares. En cada unha delas concédese un primeiro premio e varios accésit. O primeiro premio ten unha dotación económica de 200.000 pts. e un premio especial para a mellor representación en galego, dotado con 125.000 pts. Os accésit teñen unha dotación de 50.000 pts. Entréganse, no transcurso dun acto académico, no Círculo das Artes de Lugo. No 1995, na categoría A foi primeiro premio o grupo “Talía Teatro”, de Cee, pola representación de *Fando e Lis*, de Fernando Arrabal, e “Caroza Teatro S. L.”, de Narón, con *Sursum corda*. Na categoría B, mereceu o primeiro premio a “Aula Universitaria de Ourense”, por *Ubu rei*, gañador tamén do especial. Os accésit da categoría B foron para o I. B. Basanta Silva, de Vilalba, por *Os vellos non deben namorarse*, e o I. B. Vilar Ponte, de Viveiro, por *Arrevírate vila*.

X. Premios

X.4. Investigación

IXº premio literario "**Ánxel Fole**"

Premio convocado pola Fundación Caixa Galicia-Claudio Sanmartín e o xornal *El Progreso* dende 1987 para premiar orixinais escritos en galego ou castelán sobre a vida e a obra dunha personalidade da cultura galega. Os orixinais deben ter unha extensión máxima de 100 folios, mecanografados a dobre espacio, e teñen que enviarse, por cuadruplicado e baixo plica, ó Departamento de Obras Sociais da Caixa Galicia (de calquera das súas delegacións) ou ó xornal *El Progreso*, antes do 31 de marzo. O fallo do xurado, constituído por personalidades designadas polas entidades convocantes, realízase na primeira quincena de maio coincidindo co cabodano do falecemento de Ánxel Fole. No ano 95 estivo dedicado a enxalza-la figura do poeta de Guitiriz, Xosé Mª Díaz Castro. Dotado con 1.000.000 de pesetas e a publicación da obra, mereceu este galardón Alfonso Blanco Torrado co seu traballo *A ascensión dun poeta*. O xurado estivo formado por Xosé de Cora Paradela (director de *El Progreso*), Manuel María Fernández Teixeiro, Xosé María Dobarro Paz e Ramón Soilán Penas.

Referencias varias:

-I. G., "Convocado o décimo premio 'Ánxel Fole' para obras en galego e castelán", *El Ideal Gallego*, 8 xullo 1995, p. 37.

X.4. Investigación

Bases da Xª edición do premio Ánxel Fole de investigación, dedicado nesta ocasión a Aureliano José Pereira de la Riva. O prazo de presentación dos orixinais remata o 31 de marzo de 1996.

VIº Premio “**Investigación Lingüística e Literaria 17 de Maio**”

Convócao, dende 1989, o Departamento de Filoloxía Galega e patrocínao o Vicerrectorado de Investigación da Universidade de Santiago de Compostela e a Facultade de Filoloxía, para potencia-la investigación lingüística e literaria entre os universitarios. Céntrase cada ano na figura homenaxeada o Día das Letras Galegas ou da xeración, movemento artístico, etc. ó que pertence. No 1995 dedicouse a Rafael Dieste. A dotación económica é a seguinte: 125.000 pts. para o primeiro premio, 75.000 para o segundo e 50.000 para o terceiro. O xurado estivo composto nesta ocasión, por Margarita Ledo, Xesús Alonso Montero, Gonzalo Navaza, Henrique Monteagudo e Luciano Rodríguez. Os premiados foron: Xosé Anxo García López, primeiro premio, con *Achegamento á obra poética de Dieste* e Carmen Vidal e Beatriz García, segundo, por *O neno suicida e o señor Ninguén*, mentres que o terceiro quedou deserto.

IIº premio "**Vicente Risco de antropoloxía e ciencias sociais**"

Convocado dende 1994 polo Concello de Castro Caldelas e a Fundación Sotelo Blanco. Dotado con 1.000.000 de pts. e a publicación da obra pola Editorial Sotelo Blanco. Poden concorrer a el os que presenten obras sobre o ámbito rural galego dende o punto de vista antropolóxico ou das cienciais sociais (Historia, Economía, Socioloxía, Literatura, etc.). Os textos, cunha extensión mínima de 150 ou máxima de 300 folios a dobre espacio, teñen que ser presentados, por sextuplicado, antes do 31 de agosto na Fundación Sotelo Blanco (Apartado de Correos 2.096, 1578, Santiago de Compostela) ou ó Concello de Castro Caldelas (r/ do Concello, 1, /32760, Castro Caldelas) baixo lema ou título e acompañados dun sobre pechado no que consten os datos persoais e enderezo do autor. O xurado está constituído por catro membros do mundo da cultura e un representante do Concello de Castro Caldelas. O secretario, con voz e sen voto, representará á Fundación Sotelo Blanco. O fallo do xurado darase a coñece-lo 7 de outubro, mes no que tamén se fallará o premio no transcurso dunha cerimonia que se realiza no Castelo de Castro Caldelas.

Referencias varias:

I. G., "La fundación Sotelo Blanco convoca el premio Vicente Risco", *El Ideal Gallego*, 9 febreiro 1995, 20.

Premio **Xunta de Galicia a unha traxectoria investigadora**

Convoca a Consellería de Educación da Xunta de Galicia, está dotado con 2.000.000 de pts. Este premio tamén se creou para premia-los mellores artigos de divulgación e desenvolvemento tecnolóxico publicados en diarios, semanarios e revistas de información xeral editados en Galicia, cunha dotación de 500.000 pts. Tamén se premian aqueles artigos publicados por galegos en revistas de fóra de Galicia. Na área de Humanidades, na terceira modalidade, o premio foi para Elvira Fidalgo Francisco por “Esquemas narrativos en las Cantigas de Santa María (I)” en *Studi Mediolatini e Volgari*, e Víctor Millet Schroder por “Tradición y epopeya. Ensayo metodológico sobre la poesía épica castellana”, publicado en *Cultura Neolatina*. O xurado estivo presidido por Miguel Ríos Fernández, e actuaron como vocais José Sergio Casas Fernández, en representación da Universidade de Santiago de Compostela; Dolores Esther Fernández Fernández, en representación da Universidade da Coruña; José Tojo Suárez, da Universidade de Vigo; Manuel Pereiro Miguéns, galardoado co premio na edición anterior; Franco Fernández González, Enrique Moldes Teo e Guillermo Rojo Sánchez. Actuou como secretario con voz e sen voto, Benito Fernández Rodríguez.

Referencias varias:

-A. G. N., “La Xunta premia los trabajos de investigación de diez científicos”, *Atlántico Diario*, 23 novembro 1995, p. 60.

Dá noticia dos premiados nesta edición nos apartados de Desenvolvemento Tecnolóxico, Ciencias Experimentais, Ciencias da Saúde, Ciencias Sociais e Xurídicas. No apartado de Humanidades, o premio foi compartido por Elvira Fidalgo Francisco, polo traballo “Esquemas narrativos en las Cantigas de Santa María”, e Victor Millet Schroder por “Tradición y epopeya. Ensayo metodológico sobre la poesía épica castellana”.

X. Premios

X.5. Mixtos (Varias Modalidades)

Certame literario-lingüístico “**Ricardo Carvalho Calero**”

Foi creado no ano 1991 polo Concello de Ferrol, con quen colabora a Sociedade Medulio. Son dúas as modalidades convocadas: “Premio de investigación literaria ou lingüística”, cunha extensión mínima de 50 folios e “Premio de Creación literaria” (narración curta), para premiar “unha narración ou un conxunto de contos” que non sobrepasen os 100 folios. Terán que enviarse, por quintuplicado, ó Excmo Concello de Ferrol antes do 15 de xaneiro, baixo lema. Nun sobre á parte figurarán o curriculum, enderezo e D.N.I. do autor. Os gañadores dunha convocatoria non poderán concursar nos seguintes tres anos. A entidade convocante resérvase os dereitos de autor da primeira edición da obra gañadora. O xurado estará constituído por cinco membros propostos pola Comisión organizadora, entre os que figurarán o gañador ou gañadora da edición anterior e o alcalde, ou persoa en quen delegue, que presidirá. A entrega do premio farase coincidir coas datas nas que se conmemora o cabodano do pasamento do profesor Carvalho Calero. No 1995, na primeira modalidade, “Investigación literaria ou lingüística”, cunha dotación de 500.000 pts., ademais da publicación da obra, gañou este premio, por maioría simple, *Traduçom e ensino linguístico*, de Mª Elvira Souto Presedo. Na modalidade “Creación literaria”, coa mesma dotación, mereceu o galardón, por unanimidade, Manuel Lourenzo González, co traballo titulado *O libro da memória*. O xurado, presidido por delegación por Nona Inés Vilariño (Concellería delegada de cultura), estaba constituído por Laura Tato (gañadora do IVº premio C.

C. Investigación), Henrique Da Costa (gañador do IVº Premio C. C. Narración), Pablo Viqueira

(profesor de galego no I. B. de Canido-Ferrol), Araceli Herrero (profesora E. U.-Lugo) e Manuel Lourenzo (Director da Escola Dramática Galega). Actuou como secretaria Delia Vázquez Vázquez, e emitiu o seu fallo o 23 de marzo do 1995.

Certame literario **Excmo**. **Concello de Vilalba**

Anualmente, o Concello de Vilalba convoca este Certame literario para premia-lo mellor traballo inédito de narrativa (novela, conto ou relatos) en lingua galega, dotado con 500.000 pts. e diploma, e o mellor poema inédito en lingua galega, dotado con 150.000 pts. diploma e flor natural. Os orixinais, mecanografados a dobre espacio, por quintuplicado, acompañados dun sobre pechado onde consten os datos persoais e dirección do autor e baixo plica, teñen que enviarse ó Concello de Vilalba, antes do 15 de xullo. O xurado estará composto por persoas de recoñecida competencia nas materias dos premios. A súa composición non se coñecerá ata o momento do resultado. O fallo darase a coñece-lo 27 de agosto coincidindo co comezo das Festas de San Ramón e Sta. María. No 1995 recaeron os premios de narrativa nas obras *Hotel Damasco*, de Xavier Alcalá e *Un amigo de Indalecio*, de Xosé Manuel Carballo Ferreiro. Os de poesía nos poemas “Luz de solpor na terra Cha”, de Miguel Anxo Fernán-Vello, e “Auga de maio”, de Xoán Neira López. Formaban o xurado María Xosé García (representando ó Concello), Carmiña Cacharrón López (profesora de Lingua e Literatura españolas), Félix Villares Mouteira (rector do Seminario de Mondoñedo), o sociólogo Bernardo García Cendán e o xornalista Xulio Xiz Ramil.

Referencias varias:

Otero Regal, “Un poeta vivariense gana el premio de poesía de Vilalba”, *El Progreso*, 30 agosto 1995, 45.

Nota informativa na que se dá noticia dos gañadores da XXIª edición do premio Chao Ledo de poesía, patrocinado polo Concello de Vilalba. Saliéntase a obra de X. A. Neira López, na que se plasma a Terra Chá, dánse notas biográficas do autor e noticia da súa obra máis recente.

Premios da **Crítica de Galicia**

Estes premios están convocados polo Círculo Ourensán Vigués dende 1978 e polo Padroado da Fundación Premios da Crítica dende 1992. Presenta varias modalidades. O xurado constitúeno homes e mulleres da cultura e ciencia convocados pola Fundación, un membro dela actúa como secretario con voz e sen voto. Non teñen dotación económica. O premio consiste nunha estatuiña medieval en porcelana de Sargadelos. Outórganse ás mellores obras publicadas (de maio a maio). No 1995, os premiados nas distintas modalidades relacionadas coas letras foron os seguintes:

-"Investigación" Anxo Tarrío Varela pola súa obra *Literatura galega*. *Aportacións a unha historia crítica*. Os integrantes do xurado nesta modalidade foron Xoaquín Fernández Leiceaga, Xosé Antonio Rodríguez Vázquez, Darío Villanueva, Xosé Luís Meilán e Rosario Álvarez Blanco.

-"Ensaio e Pensamento", Xesús Alonso Montero, *As palabras no exilio*. *Biografía intelectual de Luís Seoane*. O xurado desta modalidade estivo composto por Luís García Mañá, Gonzalo Allegue, Fernando Acuña Castroviejo e Luz Méndez Fernández.

-“Creación Literaria”, Marilar Aleixandre, *A Expedición do Pacífico*, elixida por un xurado composto por Manuel Rivas Barros, Víctor Fernández Freixanes, Carlos Casares, Blanca-Ana Roig Rechou e Xavier Alcalá.

-“Galego egrexio”, Xosé F. Filgueira Valverde, nomeado polo Padroado da Fundación Premios da Crítica.

Referencias varias:

-Fernando Ramos, “Premios da Crítica”, *O Correo Galego*, “Rúa Nova”, 7 maio 1995, p. 3.

-Francisco J. Gil, “Vigo entregó los Premios da Crítica”, *Faro de Vigo*, 14 maio 1995, p. 42.

-María Soliña, “O Correo Galego foi galardoado co Premio da Crítica 1995”, *O Correo Galego*, “Galicia, terra nosa”, 14 maio 1995.

-A. D., “Los Premios da Crítica se fallaron en Vigo con un recuerdo a Chano Piñeiro”, *Atlántico Diario*, 14 maio 1995, p. 56.

-Fernando Franco, “Filgueira Valverde fue el protagonista de esta edición de los Premios da Crítica”, *Faro de Vigo*, 15 maio 1995, p. 11.

Premio **Losada Diéguez**

Convocado dende 1985 polos Concellos de Boborás e O Carballiño e pola Deputación de Ourense, está dotado con 1.000.000 de pesetas e consta de dúas modalidades: creación literaria e investigación. Son merecentes do premio as obras publicadas o ano anterior e teñen que ser presentadas polas editoras. O fallo é o 22 de decembro, data do aniversario do nacemento de Antón Losada Diéguez. Compoñen o xurado un representante de cada entidade convocante, un membro da R.A.G., do Consello da Cultura, do Museo do Pobo Galego e da Cátedra de Lingua e Literatura Galega de Santiago. Entrégase o premio nun acto literario que se celebra no mes de xuño no pazo da familia Losada. No 1995 celebrouse o décimo aniversario deste premio coa publicación dun libro no que se recollen colaboracións dos escritores premiados. Os galardoados foron: no apartado de creación literaria, Xosé Luís Méndez Ferrín por *Estirpe*, e no apartado de investigación, Francisco Calo Lourido polo traballo *A plástica da cultura castrexa galego-portuguesa*.

Referencias varias:

-M. Martínez, “Galardón para Méndez Ferrín e Calo Lourido”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 11 xuño 1995, p. 53/ p. 11.

Crónica do acto de entrega dos premios no Pazo da familia Losada. Faise fincapé do discurso de Francisco Fernández del Riego, quen destacou os dous traballos premiados, porque constitúen “unha achega importante á revolución da cultura galega de hoxe”. Os dous galardoados agradeceron o premio e mostraron a súa satisfacción.

-X. A. Reboiro, “Ferrín reivindica la autodeterminación en la entrega del premio Losada Diéguez”, *Faro de Vigo*, 11 xuño 1995, p. 21. Recóllense as palabras de Ferrín na entrega do premio Losada Diéguez, concedido ó seu poemario *Estirpe*. Salientou o dereito de Galicia á autodeterminación e á independencia. Resúmese así mesmo o programa do acto, que comezou cunha misa celebrada polo fillo de Losada Diéguez, Joaquín Losada, e unha ofrenda floral no cemiterio de San Mamede de Moldes. A continuación, Francisco Fernández del Riego lembrou, no discurso inaugural, a figura de Antón Losada Diéguez e a súa relación con Otero Pedrayo, Risco e Cuevillas. Logo tivo lugar a entrega de premios e os discursos de agradecemento dos galardoados.

-A. G. N., “Méndez Ferrín y Calo Lourido recogieron el premio ‘Losada Diéguez’, en Boborás”, *Diario de Pontevedra*, 11 xuño 1995, p. 24. Crónica da entrega dos premios Losada Diéguez no pazo da familia Losada, en Moldes de Boborás. O acto foi presentado por Francisco Fernández del Riego, que no seu discurso lembrou a Antón Losada Diéguez e a súa defensa da cultura galega. Xosé Luís Méndez Ferrín agradeceu a concesión deste premio, que recibe por segunda vez, e destacou a longa traxectoria deste certame. Pola súa parte, Francisco Calo Lourido felicitou á organización e destacou que se trata do único premio de investigación que se concede a unha obra publicada.

Premios literarios **San Xurxo**

Dende 1993 o Centro Galego de Barcelona (Rambla de Capuchinos) convoca este premio literario (en catalán, galego e castelán), dirixido a nenos e adultos, para celebra-lo Día das Letras Galegas e para premia-lo mellor poema e relato en lingua galega. Son tres as categorías que se consideran: ata os 12 anos, de 13 a 16, e de 17 en adiante. Poden outorgarse mencións especiais ós traballos de calidade que non fosen premiados. O xurado está formado por cinco personalidades do mundo cultural. O premio consiste nun diploma acreditativo, un libro e unha rosa. No 1995 conseguiu o premio Xosé Luís Rodríguez Pardo e os menores Iria Díaz Corral, Noemi Estévez Costa, Ruth Estévez e María Inmaculada Pérez Costa.

Referencias varias:

-D. P., “Centro Gallego de Barcelona. Entregados los premios literarios Sant Jordi 1995”, *Diario de Pontevedra*, 27 xuño 1995, p. 15.

Premio **Nacional da Crítica**

A Asociación de críticos de España concede anualmente un galardón á mellor obra de narrativa ou poesía publicada no ano en tódalas comunidades autónomas. No 1995 mereceron este galardón: X. L. Méndez Ferrín, por *Estirpe*, e Xurxo Borrazás, por *Criminal*.

Referencias varias:

-Fernando Franco, “Ferrín considera *Estirpe* un libro de poemas *de contido épico y mítico*”, *Faro de Vigo*¸ 12 abril 1995. Nova sobre a obtención por parte de X. L. Méndez Ferrín do Premio Nacional da Crítica no apartado de poesía en lingua galega con *Estirpe* que é definido polo autor “como un libro intemporal, con incursións en la interpretación del devenir colectivo del pueblo gallego”.

Premio **Nacional de Literatura**

Convocado polo Ministerio de Cultura para premia-las mellores obras publicadas, nos diferentes xéneros, no ano anterior en calquera das linguas do Estado. Está dotado con 2.500.000 pts. e fállase no mes de novembro. No 1995 catro autores galegos optaron a estes premios: X. L. Méndez Ferrín con *Estirpe*, en poesía, Xosé Cermeño, con *Paula e as palabras que levou o vento*, Xabier P. Docampo con *Cando petan na porta pola noite*, en literatura infantil e Neira Vilas con *Memorias da emigración*, en ensaio.

Referencias varias:

-I. S., “Xosé Luís Méndez Ferrín entre los cinco finalistas del premio Nacional de poesía”, *La Voz de Galicia*, 21 outubro 1995, p. 6. Informa da selección de Méndez Ferrín xunto a outros catro autores para o Premio Nacional de Poesía, que terá o seu fallo no mes de novembro.

-E. C., “Catro autores galegos optan ós premios nacionais de literatura”, *El Correo Gallego*, 28 outubro 1995. Cítanse os nomes e obras dos finalistas, e tamén as datas do fallo, a saber: 6 de novembro para o apartado de literatura infantil, 20 de novembro para poesía, e 30 de novembro para ensaio.

X.6. Premios a unha vida

X. Premios

X.6. Premios a unha vida

XIº Premio “**Celanova**. **Casa dos Poetas**”

Creouse no 1985 para galardoar a personalidades ou entidades que se distinguisen polo seu traballo en favor da cultura galega. Convócao o Padroado Curros Enríquez e patrocínao o Concello de Celanova. Entrégase o 31 de agosto, coincidindo co aniversario da morte de Celso Emilio Ferreiro. O premio consiste nunha placa e unha cuncha de prata deseñada por Acisclo Manzano. O galardoado no ano 1995 foi Carlos Casares, porque, segundo o xurado, é un escritor “con vocación de conectar co público sen artificios e innecesario barroquismo”.

Referencias varias:

Pilar V. N., “Carlos Casares recibe o Celanova, Casa dos Poetas”, *O Correo Galego*, 31 agosto 1995,

45. O 31 de agosto de 1995, o Padroado Curros Enríquez de Celanova entrega ó escritor, xornalista e director da Editorial Galaxia, Carlos Casares, o premio “Celanova, casa dos Poetas”. O acto coincide co 16 cabodano do falecemento de Celso Emilio.

Premios de **El Correo Gallego/O Correo Galego**:“**Galego do ano**”, “**Galegos do mes**”

Os premios “El Correo Gallego/O Correo Galego” foron creados no ano 1990 co fin de homenaxear a distintas institucións e personalidades destacadas do mundo da cultura, da política, da empresa, da banca e de diversos colectivos a nivel social. Os galardóns consisten nun millón de pesetas e unha placa de ouro, prata, acibeche e marfil para o “Galego do Ano” e unha figura de Sargadelos para cada un dos premiados co “Galego do Mes”. Nesta ocasión, a sexta edición do certame, a Universidade de Santiago de Compostela foi nomeada “Galego do Ano” pola súa contribución á transformación da sociedade e o seu importante labor a nivel internacional. Os actos celebrados durante a cerimonia de entrega dos citados premios foron recollidos polos dous xornais en artigos sen asinar, motivo polo que non os incluímos neste *Informe*.

IVº Premios **Irmandade do Libro**

Creados en 1992 para recoñecer anualmente o labor en favor do mundo do libro galego realizado por medios de comunicación, editoriais, autores, institucións, libreiros e centros educativos. O galardón, para cada unha das seis modalidades, consiste nunha figura de bronce deseñada por Ismael López Fernández e unha dotación económica de 250.000 pts., en libros para a biblioteca, no apartado de centros educativos. Galaxia, Xerais e Sotelo Blanco, Isaac Díaz Pardo, Francisco Fernández del Riego, Bernardino Graña e Xesús Alonso Montero, obtiveron este galardón en edicións anteriores. Resultaron premiados no ano 1995 (da edición do 1994), a Editorial Nigra, Darío Xohán Cabana, o Concello de Oleiros, a librería Molist, *O Correo Galego* e o Colexio Santa María do Castro. O xurado estivo composto por Xesús Alonso Montero, Xavier Alcalá, Fernando Ramos e por representantes da asociación de bibliotecarios, libreiros e membros do Instituto da Lingua Galega.

Referencias varias:

-A. D., “Los premios “Irmandade do Libro” se entregaron esta noche en Vigo”, *Atlántico Diario*, 10 febreiro 1995, p. 55. Anuncia a entrega destes premios en Vigo, e fai un breve percorrido pola súa traxectoria.

-María Soliña, “*O Correo Galego*, prestíxiase co premio Irmandade do Libro”, *O Correo Galego*, “Galicia, terra nosa”, 11 febreiro 1995. Nómina dos premiados nesta edición. Saliéntase o premio concedido a *O Correo Galego* polo seu labor e esforzo de elaboración dun xornal en galego.

-Víctor L. Villarabid, “Intentaron reventar la entrega de los premios ‘Irmandade do Libro”, *El Progreso*, 12 febreiro 1995. Crónica da entrega dos premios na que colaborou a escritora Xela Arias. A intervención do Presidente dos Libreiros Galegos, Xosé Manuel Alonso Martínez, centrouse no esforzo que cómpre facer para aumenta-los índices de lectura. Sinálase tamén o incidente que tivo lugar no acto pola presencia de manifestantes contra a empacadora de lixo de Guixar en Vigo.

-F. Carballo, “Os libros de Oleiros prémio *Irmandade* dos libreiros”, *A Nosa Terra*, nº 662, “Guieiro Cultural”, 23 febreiro 1995, p. 23.

E. C., “Convocados os galardóns Irmandade do Libro 1995”/”A Federación de Libreiros convoca a V edición dos Premios Irmandade do Libro”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 15 decembro 1995, 35/p. 12. Artigo que notifica a presentación da convocatoria dos premios Irmandade do Libro 1995. Coméntase cada unha das distintas modalidades e infórmase sobre a formación do xurado.

A. G. N., “Presentados los premios Irmandade do libro 1995”, *Diario de Pontevedra*, 15 decembro 1995, 25.

Nota informativa acerca da presentación da Vª edición dos premios “Irmandade do libro 1995” nas súas diferentes modalidades, das que se inclúe un pequeno comentario no artigo. Contén tamén os datos referentes á formación do xurado.

-Pablos, “Hermandad del Libro”, *Faro de Vigo*, “Contrastes”, 21 decembro 1995, p. 7. O articulista aproveita a presentación dos premios Irmandade do Libro para louvar e enxalza-la activa vida cultural viguesa, cidade na que xurdiu o devandito galardón.

Iº Premio das “**Letras e das Artes de Galicia**”

Convócao a Xunta de Galicia cunha dotación de 5.000.000 de pts. para o primeiro premio e de 1.000.000. para os dous accésit que se poden conceder. Pretende “recoñecer e recompensar o labor daquelas persoas que co seu traballo creador contribuíron á conservación, expansión e engrandecemento da cultura galega en calquera campo dela”. Este galardón substitúe ós premios “Xunta de Galicia de Creación Cultural”, “Carlos Velo”, de guións de cine, “Ramón Cabanillas”, de traducción ó galego e “Álvaro Cunqueiro”, de Teatro. A presentación dos candidatos poderá ser realizada por calquera institución, fundación, academia, federación, asociación ou centro cultural ou de investigación, mediante escrito dirixido ó Conselleiro de Cultura, antes do 15 de marzo. A entrega terá lugar nun acto institucional o día 17 de maio. O xurado convocará ós cinco finalistas seleccionados. No 1995, nun acto celebrado no Pazo de Congresos e Exposicións de Galicia, en Santiago, concedéuselle este premio a Antón Fraguas e Fraguas. O xurado, presidido polo Nobel galego, Camilo José Cela (en delegación do Consellerio de Cultura), estivo constituído por José Antonio García Caridad, polo Consello da Cultura Galega; Marino Dónega, pola R.A.G.; Luís Iglesias, pola Universidade de Santiago; Eduardo López Pereira, pola Universidade da Coruña; Juan Fernández de la Iglesia, pola Universidade de Vigo; Xulio Fernández Argüelles, pola Real Academia Galega de Belas Artes Nosa Señora do Rosario, da Coruña e José Manuel López Vázquez, nomeado polo Conselleiro de Cultura; actuou como secretario o Director Xeral de Cultura, Homero Pérez Quintana.

Referencias varias:

-A. G. N., “Antonio Fraguas, cronista oficial de Galicia, fué galardonado con la primera edición del Premio das Letras e das Artes galegas”, *Diario de Pontevedra*, 18 maio 1995, p. 18/ “Antonio Fraguas, primer premio das Letras Galegas”, *La Región*, 18 maio 1995, p. 73. Coméntase a entrega ó profesor Fraguas do primeiro premio das Letras e das Artes de Galicia, dotado con cinco millóns de pts. Faise, a continuación, un percorrido pola traxectoria intelectual de Fraguas, do que se destaca a súa pertenza a numerosas sociedades científicas españolas e estranxeiras.

-M. Magdalena Vidal, “Antón Fraguas recibiu o premio das Letras e das Artes de Galicia”, *El Ideal Gallego*, 18 maio 1995, p. 35. Nesta noticia, entre outros asuntos referidos á festividade do Día das Letras Galegas, dáse conta da entrega do Premio das Letras e das Artes de Galicia a Antón Fraguas, do que se destaca o seu dominio do galego oral e escrito.

-E. C., “Fraguas arrenega os fantasmas na entrega do Premio das Artes”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 18 maio 1995, p. 35/p. 12. Crónicas da cea na que se entregou a Antón Fraguas o Premio. Saliéntanse as palabras pronunciadas por Fraguas ó recoller este premio e faise un resumo biobibliográfico da súa figura. Cítase tamén ós asistentes máis coñecidos ó acto, entre os que había políticos, escritores, profesores, etc.

-Natalia Vaquero, “Antón Fraguas recibe o Premio das Letras e das Artes en Santiago”, *Faro de Vigo*, 18 maio 1995, p. 41.

Recóllese a nova da entrega a Antón Fraguas deste premio, co que a Xunta de Galicia substitúe outros premios que convocaba. Informa sobre a composición do xurado, así como sobre as características do novo premio.

-Carmen Castromil, “Antonio Fraguas séntese tranquilo e contento”, *O Correo Galego* 19 maio 1995, p. 34. Entrevista a Antón Fraguas, quen afirma que a concesión do premio das Letras e das Artes de Galicia lle produciu sorpresa e satisfacción. Entre outras cousas, Fraguas comenta que “se Castelao vivise, sería coma min: non se presentaría a ningún partido”.

-Natalia Vaquero, “La cultura gallega rinde homenaje a la trayectoria intelectual de Antón Fraguas”, *Faro de Vigo*, 19 maio 1995, p. 40. Nova na que se dá conta da entrega a Antón Fraguas do Premio das Artes de das Letras de Galicia. Recóllense as manifestacións dalgúns dos asistentes ó acto (Manuel Fraga, José Antonio Rodríguez Vázquez e Carlos Vacas) que mostraron a súa satisfacción polo premio e pola festividade das Letras Galegas.

-Susana Reverter, “Una vida entregada a Galicia”, *Diario 16 de Galicia*, 19 maio 1995. Crónica da entrega do Premio das Letras e das Artes a Antón Fraguas. A articulista salienta o feito de que o fallo se producise por unanimidade, así como a polémica que creou, en determinados ambientes intelectuais, ó presidi-lo xurado o escritor Camilo José Cela.

-Luís Pousa Meréns, “Aznar voa sobre Vigo e Fraga amplía a gaivota”, *O Correo Galego*, 21 maio 1995, p. 8.

Entre outros comentarios, referidos ó estado actual da vida política, recolle a nova da entrega do Premio das Letras e das Artes de Galicia a Antón Fraguas. Salienta algunhas das palabras do homenaxeado no acto, nas que se evidencian o seu galeguismo e o seu sentido do humor.

-José Manuel García Iglesias, “Fraguas, Premio das Letras e das Artes”, *El Correo Gallego*, 22 maio 1995, p. 4. Con motivo da entrega a Antón Fraguas do Premio das Letras e das Artes de Galicia, García Iglesias fai un repaso á traxectoria vital do premiado. Salienta, como feitos relevantes, a decisiva participación de Fraguas en empresas culturais tan importantes como o Seminario de Estudios Galegos ou o Museo do Pobo Galego.

-A. G. N., “Llevo en el alma a mis alumnos”/”Antón Fraguas, a sus 90 años, sigue trabajando y ayudando a que lo hagan las nuevas generaciones”, *La Región/Diario de Pontevedra*, 28 maio 1995, p. 31/p. 17. Entrevista a Antón Fraguas, con motivo da concesión do Premio. O escritor de Cotobade fala da súa vida e narra algúns dos acontecementos da súa infancia, das festas da xuventude, da súa afección á natureza e das homenaxes recibidas polo seu labor académico.

-Miguel Anxo Seixas, “Premios e apremios”, *O Correo Galego*, 2 octubro 1995, p. 3. Despois de reproducilo decreto da Xunta de Galicia polo que se crea o Premio das Letras e das Artes de Galicia, Seixas critica o feito de que se gaste tanto nunha festa, en lugar de promover bolsas de investigación, creación, etc.

-D. P., “O Premio das Letras e das Artes Galegas, dotado con cinco millóns de pesetas”, *Diario de Pontevedra*, 29 decembro 1995, p. 10.

Notificación sobre a creación do premio anunciado no título, acompañada por un breve discurso que fai apoloxía da razón de ser do Premio das Letras e das Artes Galegas, ó potenciar e enxalza-la nosa cultura.

Premio Literario “Letra E”

Creado no 1995 pola Asociación de Escritores en Lingua Galega. Pretende recoñece-la traxectoria dun escritor galego vivo na súa localidade de orixe. É o primeiro premio que os escritores galegos conceden a outro escritor. Este ano entregóuselle a título póstumo a Avilés de Taramancos.

Referencias varias:

-E. C., “A AELG presenta o seu galardón ‘E’ de Escritor”, *O Correo Galego*, 16 marzo 1995, p. 33. Presentación deste galardón pola Asociación de Escritores en Lingua Galega. Este primeiro ano será entregado á familia de Avilés de Taramancos. O premio pretende recoñece-la traxectoria dun escritor na súa propia localidade e é o primeiro que os escritores entregan a outro escritor.

-Isabel Barral, “Antón Avilés recibirá hoy en Noia la ‘Letra E’ a título póstumo”, *El Ideal Gallego*, 26 marzo 1995, p. 24. Actos da homenaxe en Noia a Avilés de Taramancos co motivo da entrega do premio “Letra E” da Asociación de Escritores en Lingua Galega.

Medallas de Galicia e Castelao

Galardóns concedidos pola Xunta de Galicia dende o ano 1984 para homenaxear a personalidades e institucións que se distinguiron pola súa traxectoria vinculada coa identidade de Galicia. Concédense unha medalla de ouro, nove de prata, quince de bronce e doce Medallas Castelao. Nos apartados que concernen a este “Informe de Literatura” foron galardoados no 1995, coa medalla de ouro, a Universidade de Santiago de Compostela, e coa de prata o Padroado Rosalía Castro. As medallas Castelao foron para José Díaz Jácome (profesor e escritor), José Gómez Posada-Curros (escritor), Francisco Leal Ínsua (escritor e xornalista), Luz Pozo Garza e Pura Vázquez (poetisas).

Referencias varias:

-A. G. N., “Medallas Castelao premian a cinco escritores, dos compositores, dos intelectuales, un profesor emérito, un diseñador y un jesuíta”*Diario de Pontevedra*, 17 xuño 1995, p. 21. Cita ós galardoados coas doce Medallas Castelao e dá unha breve biografía de cada un deles.

_____, “El presidente de la Xunta entregó las Medallas Castelao 1995. Manuel Fraga resalta las ideas de amor práctico a Galicia, y de consenso político defendidas por Castelao a través de su obra”, *Diario de Pontevedra*, 29 xuño 1995, p. 25.

Artigo sobre a cerimonia de entrega das doce medallas Castelao. Reproduce algúns fragmentos das intervencións do presidente da Xunta de Galicia, Manuel Fraga, e do escritor Leal Ínsua que apostou por unha reedición das caricaturas de Castelao.

-Mar Guerra, “Fraga se vale del *Sempre en Galiza* para llamar al consenso político”, *El Correo Gallego*, 29 xuño 1995, p. 13. Breve comentario sobre os actos celebrados ó redor da entrega das Medallas Castelao. Inclúe algúns fragmentos do discurso inaugural de Manuel Fraga, así como a reproducción das palabras de agradecemento do escritor Francisco Leal Ínsua.

-Susana Reverter, “La herencia de Castelao”, *Diario 16 de Galicia*, 29 xuño 1995. Informa sobre a cerimonia de entrega das Medallas e fai unha breve referencia á historia do certame e ós discursos pronunciados durante o acto de entrega.

Xavier Costa Clavell, “As medallas de Castelao”, *O Correo Galego*, “Cousas da Terra”, 16 xullo 1995,

4. Sucinto comentario sobre a figura de Castelao, seguido dunha crítica á concesión das Medallas. Afirma que se debería reduci-lo número dos galardoados co fin de revaloriza-lo seu simbólico mérito.

-Xan Carballa, “A rapañota das Medallas Castelao”, *A Nosa Terra*, nº 681, “Guieiro Cultural”, 6 xullo 1995, p. 23. Crítica centrada nos criterios “dubidosos” que se seguen á hora de concede-las Medallas Castelao e no excesivo número de galardóns que, segundo o articulista, se outorgan cada ano.

XIXº Premio **Otero Pedrayo**

Foi creado polas Deputacións galegas no 1976 para “perpetuar e honra-la memoria do egrexio home de letras; premiar un labor que constitúa unha aportación eminente á cultura galega; promociona-los valores propios de Galicia e as obras que leven ó esclarecemento e mellora dos seus homes e institucións”. Poderán optar ó premio persoas, grupos, entidades ou institucións presentadas por elas mesmas, por entidades académicas ou culturais, por institucións, polos presidentes das Deputacións a proposta das respectivas comisións de cultura e polo propio xurado. A presentación do candidato ten que enviarse ó Presidente da Deputación convocante no prazo de tres meses a partir da convocatoria. O xurado estará presidido polo Presidente da Xunta, o vicepresidente será o da Deputación convocante e os vocais os presidentes das tres Deputacións, o presidente da Comisión de Cultura da Deputación convocante, o Conselleiro de Cultura, un representante por cada unha das Universidades galegas, un membro da R.A.G., un do Instituto Padre Sarmiento, cinco persoas de recoñecida autoridade científica e literaria designadas pola Xunta de Galicia e cada unha das Deputacións. Este xurado emitirá o seu fallo un mes despois de finalizada a data de presentación de candidatos. A entrega dos premios realizarase no lugar e data que determine a Deputación convocante. No 1995 foi a Deputación de Lugo a encargada desta edición. O premio estaba dotado con 1.000.000 de pesetas. O xurado, composto por doce membros entre os que se atopaban Francisco Cacharro, presidente da Deputación de Lugo; Felipe Senén, director do Museo Arqueolóxico da Coruña; Juan Soto,

subdirector de *El Progreso;* o historiador Miguel Ángel González e representantes das universidades de Santiago e A Coruña, outorgoulle o galardón a Francisco Fernández del Riego pola súa longa traxectoria humanista, literaria e publicista. A súa candidatura fora presentada pola Fundación Otero Pedrayo e o Padroado Rosalía Castro.

Referencias varias:

-Jesús Martínez, “El ‘Otero Pedrayo’ será entregado este año a Fernández del Riego”, *El Progreso*, 30 setembro 1995, p. 61. Por decisión unánime do xurado, Francisco Fernández del Riego recibirá este premio que entra xa na súa XIXª edición, pola súa longa traxectoria humanista e literaria. Ofrece datos biográficos do premiado.

-J. C., “Conceden en Lugo o premio literario Otero Pedrayo a Fernández del Riego”, *La Voz de Galicia*, 30 setembro 1995, p. 4. Breve noticia que dá conta da entrega do premio Otero Pedrayo a Fernández del Riego pola súa traxectoria humanista e literaria.

-Jaureguízar, “Fernández del Riego mantuvo la llama del galleguismo según Fraga”, *El Progreso*, 3 decembro 1995. O artigo contén un resumo das verbas de louvanza que, con motivo da entrega do premio Otero Pedrayo a Francisco Fernández del Riego, foron dirixidas ó galardoado por Manuel Fraga Iribarne, Francisco Cacharro e Xosé Filgueira Valverde. Todos eles resaltaron o seu labor de compromiso co galeguismo e o

seu afán por comunicar e ensinar. Atopamos tamén referencia ás palabras de satisfacción de Fernández del Riego que, na súa intervención, tocou tamén a figura de quen dá nome ó premio. Dentro deste mesmo artigo, e baixo o título “Sesenta años de fidelidad”, introdúcese unha breve biografía do autor.

Pedrón de Ouro e Pedrón de Honra

Certame que convoca anualmente a Fundación do Padroado Pedrón de Ouro na Casa Museo de Rosalía Castro. Neste certame concédense dous premios: “O Pedrón de Ouro” a unha personalidade ou entidade galega que destaca en calquera dos aspectos culturais de Galicia e “o Pedrón de Honra” a aquelas persoas ou entidades, galegas ou non galegas, que dende fóra divulgan e defenden a cultura galega. O premio consiste nunha medalla e nun pergameo. No 1995 o “Pedrón de Ouro” recaeu no escultor Manuel García Buciños e o “Pedrón de Honra” no portugués José Viale Coutinho, como recoñecemento ó seu labor continuado na promoción da cultura galega. Os galardóns fóronlle entregados polo presidente da Fundación, Santiago Gustavo Valencia, e o secretario, Avelino Pousa Antelo.

Referencias varias:

-E. C., “Cultura colaborará co Pedrón de Ouro e a Fundación Castelao”, *O Correo Galego*, 10 febreiro 1995, p. 34. Dá noticia do convenio asinado pola Consellería de Cultura e as Fundacións Castelao e do Pedrón de Ouro para financiar diversas actividades. A Fundación Castelao recibirá 800.000 pts. e O Pedrón de Ouro 600.000 para financia-los premios. Tamén se dá conta de financiacións a entidades turísticas.

-María Soliña, “Galardóns de Ouro”, *O Correo Galego*, 11 maio 1995. Anuncia a próxima celebración da entrega destes galardóns e enumera as actividades a realizar: celebración matutina dunha eucaristía, ofrenda floral, entrega dos premios e cita ós galardoados. Fai tamén un recordatorio das persoas que constitúen o Padroado.

-I. G., “El escultor Manuel García Buciños obtuvo el “Pedrón de Ouro”, *El Ideal Gallego*, 22 maio 1995, p. 28. Dá noticia da entrega dos premios na Casa Museo de Rosalía e datos biográficos dos premiados.
-A. N. E., “Buciños recibiu o seu ‘Pedrón de Ouro’ na casa de Rosalía”, *O Correo Galego*, 22 maio 1996, p. 38. Informa da entrega dos premios e dos actos que se realizaron e salienta as personalidades que asistiron ó acto.
-Javier D. Campa, “El escultor Buciños recibió ayer en Padrón el Pedrón de Ouro”, *La Región*, 22 maio 1995, p. 59. Informe dos actos e dos asistentes. Datos biográficos dos gañadores e reproducción das palabras que dixeron ó recibi-lo premio.

-Antón Fraguas Fraguas, “Lembranza do Pedrón de Ouro”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 28 maio 1995. Recordo da entrega dos premios. Fala tamén do monumento ó emigrante de Buciños no Concello de Lama e dá datos sobre o folclore que se conserva na zona; recorda o primeiro “Pedrón de Ouro” e logo pasa a recordar traballos de Viale Coutinho.

-Ramiro S. G., “O Pedrón de Ouro acolle tres novos membros”, *O Correo Galego*, 3 decembro 1995, p. 52.

Noticia entrada de tres novos membros na Fundación que, por falecemento de varios membros, estaba no número mínimo que contemplan os estatutos. Isto deu entrada a David Otero, Xosé María Dobarro e Xosé Antón Gómez Segade. Recórdanse os membros mortos e tamén a constitución da fundación no 1964.

Premio **Trasalba**

Premio creado no 1980 pola Fundación Otero Pedrayo que se outorga tódolos anos, segundo o criterio do seu Consello Rector, para conmemora-lo pasamento de Ramón Otero Pedrayo. O galardón consiste nun diploma, un agasallo (xeralmente un exemplar dunha obra de Otero Pedrayo) e unha xerra de Sargadelos que tódolos anos realiza Isaac Díaz Pardo para o premiado. O 6 de maio do 1995, reuniuse a xunta de goberno da Fundación para tomar postura sobre as persoas nominadas a este galardón e para decidi-lo programa e actos a celebrar na entrega do premio. Foi o gañador Francisco Xavier Río Barja, un xeógrafo e un home entregado á cultura galega.

Referencias varias:

-L. R., “Río Barxa alabó la intuición geográfica de Otero Pedrayo”, *La Región*, 26 xuño 1995, p. 7. Faise eco da entrega do premio e, sobre todo, das palabras do premiado, que baseou o seu traballo no Otero Pedrayo xeógrafo. Tamén se fala da presentación do libro *Estudios de xeografía galega* e da edición de *Contos do camiño e da rúa*.

-V. Rodríguez, “Río Barxa di que a estética de Otero Pedrayo segue viva”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 26 xuño 1995, p. 38./p. 12.

Dáse noticia do convenio asinado pola Fundación e a Consellería de Cultura polo que esta última investirá 8.000.000 de pts. na Fundación Otero Pedrayo. Tamén das palabras do premiado o día que recibiu o galardón, así como do acto literario que tivo lugar no Pazo de Trasalba.

-R. Soto, “Río Barja resalta la vigencia de la obra geográfica de Otero Pedrayo”, *Faro de Vigo*, 26 xuño 1995, p. 15. Saliéntase a amizade do premiado con Otero Pedrayo e a vixencia dos estudios xeográficos de don Ramón. Tamén se refire á reunión que antecedeu á concesión do premio por parte dos membros da Fundación, ás actuacións musicais, á misa, ó acto literario e á comida posterior. Cítanse as personalidades que asistiron.

-José Manuel García Iglesias, “Trasalba de Galicia”, *El Correo Gallego*, 3 xullo 1995, p. 3. Congratúlase de que despois de XIX anos se siga, en Trasalba, recordando e honrando a figura de don Ramón Otero Pedrayo. Louva o labor e entusiasmo de Agustín Sixto Seco, presidente da Fundación Otero Pedrayo, animador de tódalas actividades que no Pazo de Trasalba se realizan. Recorda moitas destas actividades salientando a representación da *Lagarada* polo Centro Dramático Galego. Invita a volver a Trasalba para o ano próximo.

X. Premios

X.7. Literatura Infantil e Xuvenil

XIº Concurso do libro infantil “**O Barco de Vapor**”

Convocado pola Fundación Santa María dende 1984 para “promove-la creación dunha literatura infantil para nenos que fomente o gusto pola lectura nesa idade e transmita, con calidade literaria auténtica, uns valores humanos, sociais, culturais ou relixiosos que axuden a construír un mundo digno”. As obras presentadas terán unha extensión mínima de 50 folios, mecanografados a dobre espacio, e enviaranse, por triplicado, á Fundación Santa María, (r/ da Paz, 8, 36202, Vigo), acompañadas dun sobre pechado no que conste por fóra un seudónimo e dentro o enderezo do autor. O prazo de admisión de orixinais remata o 15 de novembro. O xurado será nomeado pola Fundación Santa María e estará constituído por especialistas en literatura, pedagoxía e educación e un representante da entidade patrocinadora. A súa composición manterase en segredo ata a publicación do fallo. No 1995, cunha dotación económica de 1.000.000 de pts. para o primeiro premio e con 200.000 pts. para o segundo máis a publicación da obra, mereceu este galardón Fina Casalderrey por *O misterio dos fillos da lúa*. O xurado estivo formado por María Victoria Moreno, Manuel Figueras, Rafael Chacón, Darío Xohán Cabana e Xavier Senín.

Referencias varias:

-I. G., “El galardón literario ‘O Barco de vapor’ se fallará mañana en Santiago”, *El Ideal Gallego*, 1 febreiro 1995. Breve informe sobre o Premio de Literatura Infantil “O Barco de Vapor” que se fallará en Compostela o 2 de febreiro do 1995.

_____, “Fina Casalderrey, premio ‘O Barco de Vapor’ de literatura infantil en lengua gallega”, *El Ideal Gallego*, 3 febreiro 1995. Dá conta do galardón obtido por Fina Casalderrey coa súa obra *O misterio dos fillos da lúa*. Cita, así mesmo, ós autores premiados en edicións anteriores.

-E. C., “Fina Casalderrey gañou o premio ‘Barco de Vapor”, *El Correo Gallego/O Correo Galego*, 3 febreiro 1995, p. 57/p. 37. Sucinto comentario sobre o premio “O Barco de Vapor” de Literatura Infantil e Xuvenil e sobre a obra galardoada.

-Curro Volta, “Fina Casalderrey ganadora del premio O Barco de Vapor”, *Diario de Pontevedra*, 3 febreiro 1995, p. 4. Ademais de ofrecer datos sobre a concesión do Premio Barco de Vapor á escritora pontevedresa, e a presentación da obra premiada, *¡Asústate Merche!*, na Sala de Conferencias de Caixa Galicia de Pontevedra, recóllese unha pequena entrevista na que Fina Casalderrey fala da súa traxectoria

profesional como profesora de galego e da súa experiencia como escritora en galego, con xa nove libros no mercado.

-D. P., “La fundación Santa María convoca el XII Concurso do Libro Infantil ‘O Barco de Vapor”, *Diario de Pontevedra*, 31 maio 1995. Recóllense as bases do XIIº Concurso do Libro Infantil “Barco de Vapor” e lémbrase a obra gañadora na edición anterior, *O misterio dos fillos da lúa*, de Fina Casalderrey.

IVª edición Premio **EDEBÉ** de literatura infantil e xuvenil

Foi creado pola editorial Edebé no 1992 para premiar obras narrativas en castelán ou calquera das linguas do Estado. Son dúas as modalidades convocadas: a infantil, para obras narrativas dirixidas a lectores de entre 7 e 12 anos, dotada con 3.000.000 de pts., e a xuvenil, para obras dirixidas a lectores de máis de 12 anos, dotado o primeiro premio con 4.000.000 de pts. e o finalista con 1.000.000, incluídos en tódolos casos os dereitos de autor segundo contrato. Os orixinais teñen que ter unha extensión mínima de 15 páxinas e un máximo de 40 para a modalidade infantil, e de 80 a 120 para a xuvenil. Teñen que presentarse mecanografados a dobre espacio e enviarse por triplicado, baixo plica, na primeira quincena de setembro á Editorial EDEBÉ (Paseo San Juan Bosco, 62, 08017, Barcelona), con especificación clara da modalidade á que se opta. O xurado estará formado por especialistas en literatura e educación e a súa composición darase a coñecer no momento da realización do fallo do premio (31 de xaneiro). No 1995, foi gañadora Gloria Sánchez, na modalidade infantil, coa obra *Doutor Rus*. O xurado estivo constituído por Victoria Fernández (Directora da revista CLIJ), Teresa Durán e Emili Teixidor. A editora encargada da publicación destes premios en Galicia é Rodeira. A obra premiada publícase primeiro na lingua orixinal e logo tradúcese ás outras linguas do estado.

Referencias varias:

-S. G., Ramiro, “A galega Gloria Sánchez acada o Edebé de Literatura Infantil”, *O Correo Galego*, 1 febreiro 1995, pp. 1-2. Informe sobre o Premio Edebé de Literatura Infantil outorgado por unanimidade a Gloria Sánchez. Ofrécese unha sucinta información bibliográfica sobre a galardoada.

_____, “Gloria Sánchez gaña o Premio ‘Edebé’ de Literatura Infantil”, *El Correo Gallego*, 1 febreiro 1995, p. 59. Comentario breve sobre o Premio “Edebé” de Literatura Infantil e Xuvenil. Fai referencia á obra *Doutor Rus* galardoada co citado premio na modalidade infantil.

Concurso Nacional de Teatro para nenos **O Facho**

Convocado bianualmente pola Agrupación Cultural O Facho dende 1973. No 1995, dotado con 70.000 pts. foi premiado Manuel Lourenzo González, por *Auto de antroido* (1994). Constituíu o xurado Manuel Lourenzo e Genaro Mariñas del Valle.

Xª edición do **Premio Merlín**

Foi creado no ano 1986 por Edicións Xerais para premiar orixinais inéditos en lingua galega. Estes orixinais, por sextuplicado, teñen que enviarse (mecanografados a dobre espacio e baixo plica), antes do 10 de setembro, ós locais da editora (r/ Dr. Marañón, 12, 36211, Vigo). O anuncio da obra gañadora ten lugar no mes de San Martiño e cada ano nunha vila ou cidade galega diferente. O xurado estaba integrado nos primeiros anos por escritores e especialistas na materia. Dende 1988 está constituído por lectores, na súa maioría menores de dezaseis anos, e un secretario nomeado pola editorial. No ano 1995, cunha dotación de 750.000 pts. e a publicación da obra gañadora, o xurado formado por Cecilia Barros Díaz, estudiante de quince anos; Mariña Fernández Reino, estudiante de trece anos; Minia Senín Rico, estudiante de quince anos; Cristina Novoa Fernández, mestra de E.X.B. e Xosé Lastra Muruais, que é un dos directores da colección que dá nome ó premio, concederon o galardón a Ramón Caride Ogando, pola obra *Perigo vexetal*. A continuación glósanse ou relaciónanse aqueles artigos que se refiren ó premio Merlín en particular. Os demais xa foron glosados ou relacionados ó falar, neste *Informe*, do premio Xerais de novela.

Referencias varias:

-X. A.,"O mago da literatura cumpre dez anos", *Atlántico Diario*, 5 xuño 1995, p. 57.

Faise referencia á convocatoria e ás bases dos premios Xerais de novela e Merlín de literatura infantil. Respecto a este último, recóllese un breve repaso pola historia que rodea ó mago que lle dá nome.

Agustín Fernández Paz, "O 'Merlín' e o futuro", *Faro de Vigo*, "Premios Xerais 95", 11 novembro 1995,

8. Recoñecemento do papel substancial que desenvolveu o Premio Merlín, dende o seu nacemento en 1986, para a literatura infantil en galego. Contén unha reflexión sobre a importancia da creación do premio Merlín, no 1986, e da colección do mesmo nome. Ámbolos dous viñeron, di Fernández Paz, dar cauce, na década dos 80, á cada vez máis prolífica creación de literatura infantil en galego, dándolle un impulso que o foi tamén cara á recuperación e normalización lingüística e cultural do país.

-F. J. G., "Caride Ogando gaña o Premio Merlín de literatura infantil"/"Ramón Caride Ogando álzase co Premio Merlín de literatura infantil", *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 12 novembro 1995, p. 51/p. 12. Repaso pola biografía de Caride Ogando, seguida de fragmentos dunha entrevista anterior publicada con motivo da publicación de *Fendas no tempo*, na que o galardoado fala, entre outras cousas, de por qué empezou a escribir. Dentro deste mesmo artigo e baixo o título "Ó galardón optaron vinteoito orixinais", faise un resumo da cerimonia de entrega dos premios.

-Xoán Acuña, "Noite das Letras en Vilagarcía", *La Región*, 13 novembro 1995, p. 58. Neste artigo, xeral para os dous premios, como se pode ver no premio "Xerais", inclúe un breve repaso pola vida e obra do gañador do Merlín, ó que lle segue unha entrevista na que o autor resposta a preguntas referidas á xénese e ó argumento da obra premiada.

-X. A., “As boas novelas para nenos tamén interesan ós lectores adultos”, *Atlántico Diario*, 13 novembro 1995, p. 59. Ademais dun breve repaso pola vida e obra de Ramón Caride, gañador do premio Merlín por *Perigo vexetal*, contén unha entrevista co devandito escritor, na que este resposta a preguntas relativas á súa obra, á súa xénese e argumento e á necesidade dos premios literarios, entre outras.

-Benito Leiro, “A noite de Moncho e Aníbal”, *Faro de Vigo*, 13 novembro 1995, p. 12. O articulista relata as súas impresións na noite da entrega dos premios de Xerais e reproduce retazos dunha conversa con Moncho Caride, gañador do Merlín, nos que este comunica a súa ledicia, incredulidade e orgullo. Atopamos tamén un resumo bastante amplo do argumento da obra gañadora, *Perigo vexetal*.

Premio **Nacional de Literatura Infantil**

Convocado anualmente polo Ministerio de Cultura para premia-las mellores obras publicadas en calquera das linguas do Estado no ano anterior. Está dotado con 2.500.000 pts. A data do fallo é o 6 de novembro. O xurado está constituído por representantes de diversas institucións. No 1995 estivo presidido por Francisco Bobillo (director xeral do libro), María Tena (Directora do Centro das Letras), Gabriel Janer Manila (premio 1994), Francisco Nieva (R.A.E.), Olga Gallego (R.A.G.), Francisca Arregui (R.A.V.) e Joseph Valverdú (Instituto de Estudios Cataláns). Foi o gañador o galego Xavier P. Docampo, pola súa obra *Cando petan na porta pola noite*, obra publicada no 1994 por Edicións Xerais de Galicia.

Referencias varias:

-E. C., “O lugués Docampo álzase co Premio Nacional de Literatura Infantil”, *O Correo Galego*, 7 novembro 1995, p. 33. Breve artigo no que se dá conta da concesión do Premio Nacional de Literatura Infantil ó escritor galego Xabier P. Docampo pola súa obra *Cando petan na porta pola noite*. Ofrécese tamén información sobre as características do citado premio e sobre as demais obras do escritor galardoado.

-R. G., “Xabier Docampo, premio Nacional de Literatura infantil”, *La Voz de Galicia*, 7 novembro 1995.

-David Otero, “Na alegría dos seus merecementos”, *O Correo Galego*, “Pola banda de Laíño”, 8 novembro 1995, p. 3. David Otero gaba o labor de Xavier P. Docampo, galardoado co Premio Nacional de Literatura Infantil. O autor recoñece en traballos como os deste escritor a enerxía da “da nosa lingua e da nosa cultura” e defende que “participar dende nós na construcción da cultura universal é a máis clara definición da nosa diferencia”, do noso pobo.

Iº Premio **Rañolas** de Literatura Infantil e Xuvenil

Premio instituído no 1995 pola organización da Feira do Libro de Chantada e que toma o seu nome dun personaxe de *Os dous de sempre*, de Castelao. Concédese a obras editadas en galego no ano anterior e non ten dotación económica. Pretende contribuír á difusión e traducción de obras infantís e xuvenís galegas. O xurado, composto pola escritora Palmira G. Boullosa, o traductor Valentín Arias, o crítico Xosé Victorio Nogueira, o ilustrador Xan López Domínguez e o Director Xeral de Cultura, Xavier Senín, premiou a obra *Cando petan na porta pola noite*, de Xavier P. Docampo.

Referencias varias:

- VV. AA., “Especial ‘Los mejores libros del mundo”, *La Voz de Galicia*, 4 maio 1995. Presentación do Premio Rañolas e das súas características, organizado pola Feira do Libro de Chantada, acto cultural que se consolida cada vez máis e que conta coa participación de editoriais estranxeiras e exposicións de ilustradores. O especial inclúe unha pequena entrevista coa escritora Gloria Sánchez, gañadora do premio Edebé con *Doutor Rus*, e un artigo de Xavier P. Docampo no que salienta a importancia do libro como vehículo da imaxinación e do coñecemento do mundo. Complétase este suplemento con pequenos artigos sobre o incremento do mercado editorial da literatura infantil, a aparición de novos autores e novos mercados para a traducción. A Feira de Chantada pretende mostra

la producción dun grande número de países. Sobre os ilustradores de libros para nenos, coméntase a calidade da súa creación e a necesidade da súa existencia. Destácanse os nomes de Xan López Domínguez e Xan Balboa.

-David Otero, “O Rañolas para Xabier”, *O Correo Galego*, “Pola banda de Laíño”, 3 maio 1995, p. 3. Celebra o encontro cultural que supón calquera Feira do Libro, polo valor do libro e o que ofrece á cultura. Nesta ocasión, celebra a Feira de Chantada, que concedeu este ano o Premio Rañolas ó libro infantil e xuvenil do ano a Xavier P. Docampo, por *Cando petan na porta pola noite* (1994).

X. Premios

X.8. Premios para escolares

Son moitos os premios convocados por Concellos, Asociacións Culturais e colexios nacionais para incentivar ós escolares á creación en lingua galega, só glosaremos neste apartado aqueles dos que temos noticias contrastadas.

Premio de poesía e relato curto do I. B. “**Francisco Aguiar**” de Betanzos

Premios convocados dende o 1990 polo I. B. “Francisco Aguiar” de Betanzos e patrocinados polo Concello de Betanzos, a Deputación da Coruña e a Xunta de Galicia (Dirección Xeral de Política Lingüística) para premiar poesías (extensión máxima 100 versos) e relatos curtos (extensión máxima 10 folios). Destínase ó alumnado de Ensino Medio de toda Galicia. Cada apartado está dotado con 60.000 pesetas (primer premio), 25.000 (segundo premio), e 10.000 (accésit). O prazo de entrega remata no mes de marzo e os orixinais teñen que ser enviados ó instituto convocante (Avda. da Coruña, s/n, 15300, Betanzos). No 1995, o xurado formado por Xulio Cuns Lousa, Arturo López Regueiro, Mª José Martínez Miragaya, Marina Mayoral Díaz, José Antonio Míguez Rodríguez, José Manuel Montero Gómez, Manuel Justo Vázquez Míguez e Dolores Vilavedra Fernández, outorgou os seguintes premios: na modalidade de poesía, o primeiro premio foi para José Manuel Lema Monzo, do I. E. S. P. de Vimianzo, pola obra *Como o sangue das veas*, e o segundo para Iolanda Castaño Pereira, do I. B. Rafael Puga Ramón, da Coruña, por *Xeración do desencanto*. Na modalidade de relato, o primeiro premio correspondeu a José Antonio Carballas Bascoy, do I. B. Xelmírez I de Santiago, por *Absurda entropía*, e o segundo para Sonia Alonso Iglesias, do I. E. S. P. As Gaiandas, de Gondomar (Pontevedra), por *As formigas*. O acto de entrega dos premios tivo lugar o 5 de maio na Aula Municipal de Cultura de Betanzos.

Premio Literario XXIII **Certame Literario Minerva**

Certame convocado polo Colexio Peleteiro de Santiago dende o ano 1972 para escritores noveis pertencentes a ensinanzas medias. Consta de dúas modalidades, narrativa e poesía, nas que se conceden tres premios, dotados con 100.000, 50.000 e 25.000 pesetas, respectivamente, e tódolos accésit que o xurado considere oportunos. A data de presentación finaliza o 18 de marzo e o fallo ten lugar o 25 de abril. Nesta edición presentáronse 229 orixinais. Os premiados no apartado de poesía foron Luís López Alonso, con *Do nocturno amor e o vento*, Xosé Alberto Alonso Carballeira, por *O estadullo* e Iria Belenguer Castromán con *Cos anxos azuis*. Concedéronse ademais tres accésit (Ánxela Folgueira Fariña, por *Arco da vella*, Paula Lanza García, por *Naufraxio intemporal*, e Rodrigo Costas Freijeiro, por *Intrahistorias da creación*). No apartado de narrativa, os premios foron para Esther García Gómez, por *Areis en ton menor*, Héctor Iglesias Corrales, por *Maxia sobre o papel* e Iria González Panizo, con *A serea no alén*. Concedéronse neste apartado cinco accésit (Raquel Pensado Turnes, por *Canto a terra trema*, Manuel López Barreiro, por *O día máis grande*, Miguel Sicart Vila, por *Espiral* e Rocío Leira Castro, por *Nunha man unha bágoa e na outra un ceo*). O xurado estivo composto por Xosé Antonio Neira Cruz, Manuel Domínguez Lores, Luís Alonso Girgado, Avelino Abuín de Tembra, Manuel Quintáns Suárez, Teresa González da Silva e Manuel Fonte López.

Referencias varias:

-Isabel Barral, “El XXIII Certamen Literario Minerva falló ayer sus premios”, *El Ideal Gallego*, 22 abril 1995, p. 19. Nómina dos premiados en poesía e narrativa, así como dos integrantes do xurado.

-E. C., A calidade protagonizou os Premios Minerva”, *O Correo Galego*, 22 abril 1995, p. 36.
Informa dos premiados neste certame.

-Xosé M. Eiré, “Quen levou esta noite a metade da lúa. Premios Minerva”, *A Nosa Terra*, nº 673, “Guieiro Cultural”, 11 maio 1995, pp. 25-26.

-Begoña Eguizábal, “Os premiados no Certame Literario Minerva 1994”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 21 maio 1995, p. 6.

VIIIº Premio de Narracións Xuvenís “**Rúa Nova**”

Premio de creación literaria convocado pola Biblioteca Nova 33 e a Fundación Caixa Galicia. Establecen un primer premio e accésit para traballos presentados en lingua castelá e un primeiro premio e accésit para traballos presentados en lingua galega por autores que non cumprisen 18 anos. Estes traballos poden ter unha extensión de 25 a 125 folios, e deben presentarse baixo plica, por quintuplicado, antes do 1 de marzo, na Biblioteca Nova 33 (r/ Nova, 33-2º, 15.705, Santiago, Apartado de Correos, 637, 15780, Santiago) ou en calquera das oficinas de Obras Sociais de Caixa Galicia. O fallo do xurado darase a coñece-lo día 1 de abril, en conmemoración do Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil. O primeiro premio está dotado con 250.000 pesetas e a publicación do libro na colección Nova 33. Os accésit prémianse tamén coa publicación. O xurado deste ano estivo composto por Darío Xohán Cabana, Marilar Aleixandre, Paulino Novo, Xabier Crespán e Xosé Victorio Nogueira. Os premiados na edición do 95 foron *Hoja de papel*, de Carles Rebassa i Giménez, en castelán, e *A sombra da torre*, de Felipe Riola-Parada.

Referencias varias:

-Isabel Barral, “Continúan los concursos para jóvenes en la Biblioteca ‘Nova 33”, *El Ideal Gallego*, 2 abril 1995, p. 23.

A Biblioteca “Nova 33” convoca un novo premio para ilustradores, que deben traballar sobre o libro *Jumeidico*, de José Antonio Escrig Aparicio, publicado pola mesma biblioteca. Noutro apartado, aparece o fallo dos premios “Rúa Nova” do 95.

-D. P., “Premio de Narracións Xuvenís de “Biblioteca Nova 33”, 1995, *Diario de Pontevedra*, 22 agosto 1995, p. 8.

-E. C., “Felipe Riola e Carles Rebassa obteñen o VIII Premio ‘Rúa Nova”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 17 decembro 1995, p. 61/p. 14. Información sobre as obras galardoadas cos premios “Rúa Nova” de Narracións Xuvenís. Nesta convocatoria resultaron premiadas *A sombra da torre*, de Felipe Riola Parada, na modalidade de lingua galega, e *Hoja de Papel*, de Carles Rebassa i Giménez, en castelán.

Relación doutros premios escolares

Á parte dos xa citados, por coincidir con outros premios dos glosados anteriormente, sabemos da existencia dos que a continuación relacionamos:

-Certame Compostelán de “Contos de Nadal”, convocado polo Club Familiar Senra, Santiago, coa colaboración de *El Correo Gallego/O Correo Galego*, a Cadea Cope e a Librería Follas Novas.

-Concurso de Poesía “Concello de Marín” para escolares con motivo do Día das Letras Galegas.

-Premio de narracións xuvenís “Concello de Viveiro”.

-IVº Concurso de Narrativa “Emilia Pardo Bazán”. Convocado polo C. P. do Chouzo.

-IIIº Concurso de Poesía Juvenil 95 Profesor “Manuel Masdías”. Convocado pola Sociedad Artística Ferrolana.

IVº Certame de Poesía “López Abente”. Convocado pola Asociación Cultural Punta da Buitra.

IVº Premio de Poesía e Narrativa “Manuel Lado”. Convocado polo I. B. “Alfredo Brañas”.

Premio Manuel Quiroga. Convocado polo Concello de Pontevedra.

Premio “Santo Grial do Cebreiro”. Convocado pola Asociación de Amigos do Camiño de Santiago.

-Premios “Terra Chá” de poesía, narración e debuxo.

-Iº Certame de Contos Trapero Pardo. Convocado polo Padroado de Cultura do Concello de Lugo.

-IIº Certame Val do Limia de narrativa. “Un conto pró Val de Limia”. Convocado pola Asociación Empresarial e a Cámara de Comercio, Industria e Navegación do Val da Limia.

-Concurso de Narrativa Juvenil de Viveiro

XI. Literatura Medieval

XI. 1. Monografías e libros colectivos

Azevedo Filho, Leodegário, *As cantigas de Pero Meogo*, Santiago de Compostela: Laiovento, 1995, 160 pp. (ISBN: 84-87847-63-3).

Terceira edición (primeira por unha editorial galega) do estudio crítico que en 1974 fixera o filólogo brasileiro. Ademais das nove cantigas que compoñen o cancioneiriño de Pero Meogo, realiza sendas indagacións sobre a historia do texto e os elementos narrativos que nel aparecen, con especial atención ós compoñentes simbólicos (a fonte, o cervo., etc.). Un glosario etimolóxico e a reproducción facsimilar dos manuscritos completan o volume.

Beltrán, Vicenç, *A cantiga de amor*, trad. Xela Arias, Vigo: Xerais, col. Universitaria, 1995, 264 pp. (ISBN: 84-7507-943-1).

Estudio do xénero da cantiga de amor na escola poética galego-portuguesa, tanto dende o punto de vista da *dispositio* coma da *elocutio*. Ademais, inclúe unha análise do amor trobadoresco e do papel que nel desenvolve a muller. O autor ten en conta ó longo do libro o referente da escola poética provenzal, para demostrar así que, tralo tópico da pobreza e monotonía, agáchase unha vontade de innovación a través da ironía, a parodia ou o matiz. Deste xeito, os xuízos negativos que ten recollido a lírica galego-portuguesa débense máis á diferente percepción da crítica postromántica que a unha verdadeira falta de mérito.

Bibliografia anual de História de Portugal (da Pré-História a 1974). ***Ano de 1991***, [elaborado por:] Grupo de História da Faculdade de Letras da Universidade de Coimbra, Arquivo da Universidade de Coimbra e Centro de Documentação 25 de Abril da Universidade de Coimbra, Coimbra: Faculdade de Letras da Universidade de Coimbra, 1995 (ISSN: 0872-1084).

Traballo conxunto de varios grupos da Universidade de Coimbra, que recompila toda a bibliografía sobre a historia de Portugal, nos seus diferentes aspectos, publicada durante o ano 1991. A clasificación da bibliografía é exhaustiva, coa división en apartados e subapartados que engloban tódolos campos posibles. Dez son os grandes apartados: “Obras gerais”; “Arqueologia e História Antiga”; “História económica e social”; “História política e institucional”; “História religiosa”; “História cultural”; “História das mentalidades”; “História da arte”; “História dos descobrimentos e da expansão ultramarina” e, por último, “História local”. Polo que atingue á literatura medieval podemos destaca-los subapartados de “História cultural”, onde se dá boa conta dos traballos publicados. Ofrécese tamén un “Índice ideográfico” e un “Índice de autores” para facilita-las buscas.

Camargo, Cacilda de O., Carlos A. **Iannone**, L. **de Campos**, M. V. Z. **Gobbi**, R. S. **Junqueira** (eds.), *Textos medievais portugueses*. *Cantigas de Nuno Fernandes Torneol*, Araquara: Faculdade de Ciências e Letras, Departamento de Literatura, 1995, 108 pp.(sen ISBN).

Basicamente o establecemento do texto foi feito a partir das edicións diplomáticas de Ernesto Monaci e Enrico Molteni. Inclúe unha análise introductoria sobre a poesía.

Canettieri, Paolo, *Descortz es dictatz mot divers*. *Ricerche su un genere lirico romanzo del XIII secolo*, Roma: Bagatto Libri, 1995, 654 pp. (ISBN: 88-7806-085-2).

Importante estudio que pon de relevo as características estructurais dun xénero que sempre xerou interesantes discusións. Os obxectivos son os de estudiar, en tódolos seus aspectos, as regras que artellan o universo poético do *descort*, atendendo a tódalas súas manifestacións no eido románico. O libro está estructurado en dous bloques: o primeiro (pp. 15-340) constitúe o marco teórico da obra, mentres que o segundo (pp. 343-654) é un repertorio métrico e rimático do descort románico (occitano, oitánico, italiano, galego-portugués) de obrigada consulta para seguir con claridade a exposición do estudioso italiano. Diversas son as preocupacións de Canettieri: 1. establecer unha definición do *descort* co fin de clarificar cál é o corpus occitano, sen esquecer unha contextualización cronolóxica e xeográfica (pp. 59-109); 2. estudiar como evoluciona o *descort* atendendo ós procedementos de intertextualidade tanto métricos coma textuais (pp. 109-221); 3.reflecti-las coincidencias e as diferencias do *descort* con outras formas (*sequentia* adamiana, *planctus* abelardense; *lai*) e resolve-lo dilema sobre cál serviu de modelo inmediato na cristalización do *descort* (pp. 225-289); 4. analiza-las diferencias que se dan entre o descort occitano e as formas emparentadas a esta creadas en terras italianas (pp. 289-316); 5. expoñer diversas consideracións sobre o *descordo* galego-portugués (pp. 317-333).

Cepeda, Isabel Vilares, *Bibliografia da prosa medieval em língua portuguesa*. *Subsídios*, Lisboa: Instituto da Biblioteca Nacional e do Livro, 1995 265 pp. (ISBN: 972-565-216-9).

Práctico repertorio da prosa medieval portuguesa, a pesar da exclusión dos textos exclusivamente galegos. O criterio organizativo seguido foi o alfabético (por autores de estudios ou por títulos de obras anónimas) e cronolóxico (os distintos estudios de cada autor ou obra preséntanse do máis antigo ó máis recente). No caso das obras procúrase, ademais, indicar cál é a súa localización actual, a data probable de composición, e logo edicións e estudios por esta orde.

Desrochers, Arnald, *Los cruces genéricos en las cantigas gallego-portuguesas medievales*, Michigan: Bibliothèque Nationale du Canada, Service de thèses canadiennes, Ann Arbor, 1995, 84 pp. (ISBN: 0-315-66358-8).

Microforma da tese que Armald Desrochers, do Department of Hispanic Studies, defendeu en 1990 para a obtención do grao de Master of Arts na Mc Gill University. Trátase dun estado da cuestión non rigoroso que, a partir dos tres grandes xéneros da lírica trobadoresca, presenta como os textos dun determinado xénero rexistran pautas tipolóxicas que, en principio, lle son alleas por seren definidoras doutro xénero. Tres son os aspectos privilexiados: 1. “Las influencias de las cantigas de amor en las cantigas de amigo”; 2. “Los cruces entre las cantigas satírico-burlescas y las cantigas amorosas”; 3. “Elementos de las cantigas de amigo en las cantigas de amor”. En conxunto, as conclusións non son innovadoras e o tratamento é demasiado superficial.

Freire Nunes, Irene (ed.), *A demanda do Santo Graal*, Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda, 1995, 575 pp. (ISBN: 972-27-077-9).

Reimpresión da edición de Joseph Piel de 1988.

Gaspar, Silvia, *Libro dos Cantares de Alfons' Eanes do Cotón*, Negreira: Concello de Negreira, 1995, 118 pp. (ISBN: 84-605-2981-9).

A esta edición anotada das cantigas do trobador nicrariense foille concedido o "Primeiro Premio de Investigación Vila de Negreira", na súa segunda edición. Pensada para un público amplo, cada composición vai acompañada da traducción ó galego moderno, así como dun comentario xeral explicativo e de notas particulares para os versos de difícil comprensión. Un estudio sobre a vida e personalidade do poeta, outro sobre a súa obra e un glosario completan o volume.

Referencias varias:

-M. R., "Recuperado un rebelde xenial, Afons' Eanes", *La Voz de Galicia*, "*Revista de Cultura*", 8 xuño 1995. Breve recensión na que se dá conta da publicación do libro de Silvia Gaspar, tras acada-lo Premio de Investigación Vila de Negreira. Insístese no atractivo que ofrece a vida de Afons'Eanes, o seu final e o misterio que o envolve.

Lanciani, Giulia e Giuseppe **Tavani**, *As cantigas de escarnio*, trad. Silvia Gaspar, Vigo: Xerais, col. Universitaria, 1995, 212 pp. (ISBN: 84-7507-944-X).

A cantiga de escarnio e maldicir foi considerada un comodín onde situar toda obra que non correspondese ós cánones dos xéneros amorosos, o cal supuxo un atranco á hora de aborda-lo estudio das cantigas satíricas galego-portuguesas. Facéndose eco desta dificultade terminolóxica, o achegamento de G. Lanciani e G. Tavani principia analizando tanto os intentos de clasificación da crítica actual coma a visión transmitida polas poéticas medievais. Sucesivamente, son tratados aspectos tales como a construcción das composicións a través dos seus campos semánticos; o ambiente poético -cortes, trobadores, xograres- en que tal xénero se desenvolveu; os distintos tipos de rexistros cómicos, con consideracións encol da sátira galego-portuguesa e a súa relación coas tradicións cómicas europeas; por último, un repaso polos diferentes xéneros satíricos da nosa lírica.

Mongelli, Linia Marcia, Maria do Amparo **Maleval Tavares**, Yara **Vieira Frateschi**, *Vozes do trovadorismo galego-portugués*, São Paulo: Cotia, 1995. (ISBN: 85-85582-07-3).

Antoloxía que inclúe cantigas de Martín Moxa, Pero da Ponte e Joam Soares Coelho. Acompáñase dun comentario sobre a obra de cada trobador e dun glosario.

Paredes Núñez, Juan, *Las narraciones de los Livros de Linhagens*, Granada, Universidad, Servicio de Publicaciones, col. Filológica, vol. 36, 1995, 310 pp. (ISBN: 84-338-2084-2).

Os libros de xenealoxía portugueses, ou galego-portugueses, confeccionados na Idade Media non só como a historia do nacemento e evolución das distintas familias nobres, senón tamén como a expresión e defensa da ideoloxía dunha clase social en perigo, ocupan no contexto europeo un lugar preeminente. Á parte do seu valor histórico e xenealóxico, os *livros de linhagens* contan tamén cun valor literario, que llelo confiren as distintas narracións que os conforman. Juan Paredes estudia, selecciona e clasifica as narracións que hai nos *Livros Velhos de Linhagens*, no *Livro Velho*, no *Livro do Deão* e no *Livro de Linhagens do Conde D*. *Pedro*. Concretamente, distingue sete grupos: narracións sobre a materia antiga (Troia); sobre a materia de Bretaña; de carácter mítico; épicas; sobre a lenda de Gaia; de lendas, anécdotas e tradicións familiares e, por último, narracións de carácter histórico.

Piccat, Marco, *Il Canzoniere di Don Vasco Gil*, Bari: Adriatica Editrice, 1995, 376 pp.

Edición crítica da producción lírica conservada de Vasco Gil, trobador pertencente á poderosa familia portuguesa dos Soverosa, que teremos que situar entre 1235 e 1260. A edición privilexia os seguintes aspectos: tradición manuscrita, datos biográficos e anotacións temáticas e formais sobre a súa poesía. A lección crítica adoptada por Piccat nas 17 cantigas do trobador a penas modifica as xa canónicas de Michaëlis, Nunes ou Lapa. A edición das cantigas segue os criterios habituais: localización dos manuscritos, edicións da cantiga, esquema métrico, comentario formal, rúbricas e anotacións coloccianas, tema da composición, lección da cantiga e variantes e traducción ó italiano. A derradeira parte contén a bibliografía empregada coas súas abreviaturas, un necesario glosario e un índice de nomes propios.

Repertório bibliográfico da Historiografia portuguesa (1974-1994), [elaborado por] Instituto Camões e Faculdade de Letras da Universidade de Coimbra, 1995 (ISBN: 972-9038-51-1).

Ambicioso e práctico traballo de recompilación de máis de doce mil estudios historiográficos publicados durante dúas décadas (1974-1994) en Portugal. Ordénase a modo de diccionario, aparecendo os investigadores alfabeticamente, e os seus traballos cronoloxicamente. Tódolos traballos aparecen ó final clasificados nun *Índice de assuntos* que segue as divisións da *Bibliografia anual de História de Portugal* (engadindo unicamente unha nova, "História do Mundo"), que torna máis fácil e cómodo o emprego deste repertorio.

Resende de Oliveira, António, *Trobadores e Xograres*. *Contexto histórico*, trad. Valentín Arias, Vigo: Xerais, col. Universitaria, 1995, 201 pp. (ISBN: 84-7507 945-X).

Dous grandes epígrafes dividen a materia do libro. Baixo o primeiro deles -"A historia"- preséntasenos unha visión diacrónica da escola poética galego-portuguesa, das orixes á desaparición, co xurdimento dos diferentes cancioneiros, os axentes culturais que protagonizaron tal fenómeno e as varias fases que marcan a súa evolución, tendo sempre en conta os factores históricos que incidiron no desenvolvemento deste florecer literario. As últimas páxinas están dedicadas á suxestións de novas liñas de investigación. O segundo apartado -"Os compositores"- recolle as fichas biográficas dos 161 trobadores identificados

Rodrigues Lapa, Manuel, *Cantigas d'escarnho e de maldizer dos cancioneiros medievais galego-portugueses*, Lisboa: Edições João da Costa, 1995, 395 pp. (ISBN: 972-9230-42-0).

Terceira edición do estudio crítico que Rodrigues Lapa publicara no ano 1965 sobre as cantigas satíricas galego-portuguesas. Como declara no limiar á primeira edición, o filólogo portugués preferiu incluír cantigas que só serían de escarnio e maldicir nun sentido amplo, o cal permitiu dar entrada a composicións unidas só polo criterio do "humor, incorfomidade ou displicência". Ademais do corpus poético comentado e anotado, o volume inclúe índices onomásticos e de autores, un vocabulario e quince ilustracións en cores a toda páxina.

Zernova, E e E. **Golubeva**, *Poesía dos Trobadores*, San Petersburgo: Centro de Estudios Galegos/Universidad de San Petersburgo, 1995, 238 pp.

Antoloxía bilingüe da lírica trobadoresca galego-portuguesa traducida ó ruso. É o primeiro tomo dunha serie de tres dedicados á literatura galega. As súas coordinadoras foron E. Golubeva e E. Zernova. A traducción foi encomendada a uns nove traductores-adaptadores. Son 66 os textos pertencentes a 42 autores os que constan nesta antoloxía. A selección inclinouse cara ó xénero de amor e de amigo, constando só catro textos do xénero de escarnio. O libro é introducido por Xesús Alonso Montero e presenta tres apartados finais, nos que se ofrecen as liñas esenciais do movemento trobadoresco galego-portugués (pp. 199-216), algunhas notas biográficas sobre os trobadores presentes na antoloxía (pp. 217-228) e as fontes de onde proceden os textos seleccionados (pp. 229-231). Un índice de primeiros versos facilita a busca das cantigas.

Referencias varias:

Xesús Alonso Montero, “Poetas galegos en ruso”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 20 abril 1995,

9. Artigo no que se anuncia a aparición dunha Antoloxía da poesía lírica dos trobadores galegos medievais traducida ó ruso, dentro dun proxecto de escolma da poesía galega en catro volumes ideado pola profesora Elena Zernova, directora do Centro de Estudios Galegos da Universidade de San Petersburgo.

O profesor Alonos Montero fai referencia a algúns antecedentes de menos calado e salienta a importancia desta nova Antoloxía, primeiro dos volumes previstos.

XI. Literatura Medieval

XI. 2. Actas

Azevedo Ferreira, José de, “Un fragmento reencontrado da *Terceira Partida* de Afonso X”, en *Miscelânea de estudos lingüísticos*, *filológicos e literarios in memoriam Celso Cunha*, São Paulo: Nova Fronteira, 1995, pp. 573-596. (ISBN: 85-209-0632-X).

Exame e transcrición dos fragmentos conservados no Arquivo Distrital de Braga, que conteñen unha versión galego-portuguesa da *Terceira Partida* alfonsí (títulos VIII, IX, X, XI, XVI, XVII, XVIII e XIX). O exame componse da descrición do manuscrito, as características paleográficas, os aspectos lingüísticos e a composición, coas pasaxes correspondentes contidas no códice nº 3 do Núcleo Antigo da Torre do Tombo. A transcrición faise cotexando o texto da versión española con esta última.

Azevedo Filho, Leodegário A. de, “Para uma leitura simbólica das cantigas de Pero Meogo”, *Atas do I Encontro Internacional de Estudos Medievais*. *4*, *5 e 6 julho/95*, 1995, São Paulo: USP/UNICAMP/UNESP, pp. 67-79.

O profesor emérito brasileiro ofrece unha repetición literal, e sen modificacións de ningún tipo, da comunicación lida no *III Congresso Internacional de Literaturas Lusófonas*, da que se ofrece a recensión neste mesmo número. Aquí aparece definida e inserida como proposta de traballo en elaboración.

_____, “Para uma leitura simbólica das cantigas de Pero Meogo”, *O mundo de língua portuguesa (Galiza-Portugal-Brasil-PALOP)*. *Atas do III Congresso Internacional de Literaturas Lusófonas (em comemoração do V centenário da Universidade de Santiago)*, Faculdade de Ciências Económicas, Departamento de Ciências Políticas, 21-23 Setembro 1995, Universidade de Santiago de Compostela, *Nós*, *Revista Internacional da Lusofonia*, 41-50, Pontevedra-Braga, 1995, pp. 266-274 (ISSN: 0870-9955).

Enésimo traballo do profesor brasileiro centrado no estudio dos símbolos da poética trobadoresca de Pero Meogo. Analiza os distintos elementos das cantigas do xograr galego para afirmar que “na linguagem poética de Pero Meogo, a exegese ou hermenêutica é simbólica”: as garcetas que a namorada lava no río ou na fonte son símbolo da virxinidade; a fonte é símbolo de fecundidade; o brial rasgado e os cervos que “volven” á auga son símbolo da perda da virxinidade; e o baile convértese no símbolo da mentira, pois encobre o encontro dos namorados. Inclúe, ó comezo do estudio, unha pequena semblanza do profesor Oskar Nobiling, xustificando a elección deste nome para unha nova colección de edicións críticas de trobadores galego-portugueses.

Beltrán, Vicenç, “Alfonso X y el Puerto de Santa María”, en *Miscelânea de estudos lingüísticos*, *filológicos e literarios in memoriam Celso Cunha*, São Paulo: Nova Fronteira, 1995, pp. 491-499. (ISBN: 85-209-0632-X).

O feito de que ata vintecatro das *Cantigas de Santa María* estean dedicadas a Santa María do Porto, reflicte o interese do Rei Sabio por esta localidade andaluza. A recorrencia de tal localización permite, pois, indagar non só en aspectos secundarios na colonización daquelas terras, senón, o que é máis interesante, na datación do coñecido cancioneiro mariano. Os datos fornecidos polos documentos reais, xunto con aspectos que ofrecen as cantigas, amosan ademais a finalidade propagandística destas e a progresiva implicación de Alfonso X no proxecto dun grande porto no Atlántico.

Brea Hernández, Ângelo José, “O *planh* provençal e os prantos galego portugueses: os prantos por um nobre”, *O mundo de língua portuguesa (Galiza Portugal-Brasil-PALOP)*. *Atas do III Congresso Internacional de Literaturas Lusófonas (em comemoração do V centenário da Universidade de Santiago)*, Faculdade de Ciências Económicas, Departamento de Ciências Políticas, 21-23 Setembro 1995, Universidade de Santiago de Compostela, *Nós*, *Revista Internacional da Lusofonia*, 41-50, Pontevedra-Braga, 1995, pp. 249-265.

Análise comparativa do *planh* provenzal e dos prantos galego-portugueses. Segundo a clasificación que fixera S. C. Aston dos *planhs* provenzais atendendo ó destinatario (sete grupos: dedicados a monarcas ou príncipes; a nobres; a trobadores; a damas; a parentes; a funcionarios e a eclesiásticos), o autor céntrase nos dedicados a un nobre (a Telho Afonso de Meneses e D. Lopo Díaz de Haro no caso dos prantos de Pero da Ponte e a 17 nobres no caso dos provenzais). Aplicando a análise dos elementos constitutivos do pranto latino dos séculos X e XI feita por C. Cohen, chega á conclusión de que nin prantos galego-portugueses nin *planhs* provenzais participan de tódolos elementos caracterizadores, empregando, a penas, os de “invocação ao lamento”, “elogio do defunto” e a “prece”.

Campos, Luciana de, “Leitura simbólica de uma cantiga de amigo de Nuno Fernandes Torneol”, *Atas do I Encontro Internacional de Estudos Medievais*. *4*, *5 e 6 julho/95*, 1995, São Paulo: USP/UNICAMP/UNESP, pp. 241-244.

Comunicación que aborda a cantiga B 644 (= 106,18) do trobador Nuno Fernandez Torneol para “descifrar” o simbolismo da cantiga á procura dunha interpretación diferente dos seus versos.

Canettieri, Paolo, e Carlo **Pulsoni**, “Contrafacta galego-portoghesi”, en *Medioevo y literatura*. *Actas del V Congreso de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval (Granada*, *27 septiembre-1 octubre)*, Granada: Univ. de Granada: Juan Paredes (ed.), 1995, vol. I, pp. 479-497. (ISBN da obra completa: 84-338-2023-0; ISBN do volume I: 84-338-2024-9).

Análise de nove casos de contrafactura entre os trobadores galego-portugueses e os seus predecesores provenzais, que son outros tantos exemplos de influencia concreta dunha escola poética sobre a outra.

Castro, José Ariel de, “Contexto político e cultural da *Notitia de torto* e da *Mentio de malefactoria*”, en *Actas do 4º Congresso da Associação Internacional de Lusitanistas (Universidade de Hamburgo*, *6 a 11 de Setembro de 1993)*, organização e coordenação M. Fátima Viegas Brauer-Figueiredo, com a colaboração de Fernando Clara e Alexandra Pinho, Lisboa: Lidel, 1995, pp. 979-1009 (ISBN: 972-9018-72-3).

Baseándose nos feitos relatados, nos datos xurídicos extraíbles, nos personaxes reais e nos acontecementos político-nacionais, chega á conclusión de que a *Noticia de torto*, un dos documentos galego-portugueses máis antigos, e a *Mentio de malefactoria*, texto en latín relacionado co anterior, son documentos datables no segundo semestre de 1211.

Catalán, Diego, “La expansión al Occidente de la Península Ibérica del modelo historiográfico “Estoria de España”. Nuevas precisiones”, en *Miscelânea de estudos lingüísticos*, *filológicos e literarios in memoriam Celso Cunha*, São Paulo: Nova Fronteira, 1995, pp. 521-534. (ISBN: 85-209-0632-X).

Indagación ecdótica encol das relacións entre a obra historiográfica alfonsí e as diferentes crónicas hispánicas producidas no ámbito galego-portugués. A rede de circulación e contactos entre unhas versións e outras érguese como paradigma de permeabilidade das fronteiras políticas -neste caso a dos reinos portugués e castelán-leonés-, fronte ás influencias culturais.

Correia, Ângela, “O sistema das coblas doblas na lírica galego-portuguesa”, Juan Paredes (ed.), *Medioevo y literatura*. *Actas del V Congreso de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval (Granada*, *27 septiembre – 1 octubre)*, Granada: Univ. de Granada, 1995, vol. II, pp. 75-90. (ISBN: 85-209-0632-X).

Examina a autora o recurso, de orixe provenzal, das coblas doblas e os diferentes modos en que foi adaptado polos trobadores galego-portugueses. Logo de reduci-lo número de cantigas que amosan dita técnica a 140 (fronte ás 147 do *Repertorio Métrico* de Tavani), establece tres grupos segundo a regularidade con que estea empregado. Como se di ó final do artigo, o das coblas doblas é un campo aínda aberto a novas investigacións que axuden a chegar a conclusións máis reveladoras. Inclúense a lista das 147 cantigas analizadas e un esquema cos distintos sistemas de aplicación do recurso.

Cossío Vélez, Rolando, “Hacia un repertorio temático de la cantiga de amigo”, Juan Paredes (ed.), *Medioevo y literatura*. *Actas del V Congreso de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval (Granada*, *27 septiembre-1 octubre)*, Granada: Univ. de Granada, 1995, vol. II, pp. 91-95. (ISBN da obra completa: 84-3382023-0; ISBN do volume II: 84-338-2025-7).

A carencia de repertorios temáticos na lírica galego-portuguesa é o que levou a R. Cossío Vélez a tentar encher esta lagoa co seu labor, centrado no eido da cantiga de amigo. O artigo descríbeno-las dificultades atopadas na realización do proxecto, así como a estructura organizativa e as posibles aplicacións.

Dionísio, João, "*Ai*, *amor*, *amore de Pero Cantone*, de Fernan Soarez de Quinhones", Juan Paredes (ed.), *Medioevo y Literatura*. *Actas del V Congreso de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval (Granada*, *27 septiembre - 1 octubre)*, Granada: Univ. de Granada, 1995, vol. II, pp. 173-180. (ISBN da obra completa: 84-338-2023-0; ISBN do volume II: 84-338-2025-7).

Consideracións encol do tema dunha cantiga de Fernan Soarez Quinhones. O autor tenta dilucida-lo sentido exacto da composición, que, ata o de agora recibiu interpretacións opostas. Por unha parte, a opinión maioritaria é partidaria da lectura amorosa; João Dionísio, seguindo a hipótese de Filgueira Valverde, propón a de "o vinho como amor", tendo en conta que o vocablo *amor* sería unha "palabra cuberta" co significado de *viño*.

Elia, Sílvio, “Uma ‘Cantiga d’ amor’ de Pero de Veer”, *Miscelânea de estudos lingüísticos*, *filológicos e literarios in memoriam Celso Cunha*, São Paulo: Nova Fronteira, 1995, pp. 561-572. (ISBN: 85-209-0632-X).

Análise crítica da cantiga “Non sei eu tempo quand’ en nulha ren”, de Pero de Veer. É a continuación do traballo do mesmo autor publicado o 8 de xaneiro de 1980, na *Festschriftfür Harri Meier*. Ademais do texto, xa establecido na devandita miscelánea, ofrece as características métricas, rítmicas e estróficas da cantiga, os manuscritos que a conteñen e a súa lectura crítica, puntuación do texto e notas filolóxicas.

Fernandes, Raúl Cesar Gouveia, “O escárnio de amor de Afonso Eanes do Coton”, *Atas do I Encontro Internacional de Estudos Medievais*. *4*, *5 e 6 julho/95*, 1995, São Paulo: USP/UNICAMP/UNESP, pp. 334-342.

Analízase a cantiga B 1588 (= Rep. 2,8) do trobador galego Afons’ Eanes do Coton. Ofrécese o texto, a partir da edición de Lapa (nº 46), acompañado de notas referentes á súa estructura métrica e a esclarecementos filolóxicos xulgados necesarios. Do mesmo modo, como remate do traballo presentado resáltanse os “procedementos estilísticos mais relevantes da composição” (p. 336).

Fidalgo Francisco, Elvira, e José António **Souto Cabo**, “El amor de oídas desde la lírica gallego-portuguesa”, Juan Paredes (ed.), *Medioevo y Literatura*. *Actas del V Congreso de la Sociedad Hispánica de Literatura Medieval (Granada*, *27 septiembre-1 octubre)*, Granada: Univ. de Granada, 1995, vol. II, pp. 313-328. (ISBN da obra completa: 84-338-2023-0; ISBN do volume II: 84-338-2025-7).

O amor de oídas -variedade do chamado *amor de lonh*- érguese como unha corrente minoritaria dentro da tradición poética europea, a cal impuña a visión da dama como paso previo ó namoramento. E. Fidalgo e J. M. Souto indagan primeiro nas orixes e vías de transmisión polas que o motivo chegou á lírica galego-portuguesa. Nun segundo paso, céntranse nas diferentes formulacións que, segundo o xénero (amor ou escarnio), recibe dentro desta escola poética, destacando os aspectos novidosos e as adecuacións á ortodoxia trobadoresca que a aplicación do tópico supón.

Garcia, Michel, "*Medioevo y Literatura*. *Actas del V Congreso de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval (Granada*, *27 de septiembre-1 de octubre de 1993)*. Ed. de Juan Paredes, Granada: Universidad de Granada, 1995, 4 vols., 546 p., 560 p., 552 p., 536 p.", en *Bulletin Hispanique*, Tome 97, nº 2, Juillet-Decembre 1995, pp. 665-671 (ISSN 0291-8927).

Comenta o autor o importante labor que leva a cabo a Asociación Hispánica de Literatura Medieval coa convocatoria dun congreso bianual que reúne a xoves e consagrados investigadores e coa publicación anual dun Boletín Bibliográfico. Froito deses congresos son as actas que a AHLM publica, con certa demora nalgúns casos. Non é ese o caso do Congreso celebrado en 1993 e do que xa podemos contar cos seus traballos. Debido ó alto número de conferencias e comunicacións, o autor fornece unha útil clasificación temática da que podemos destaca-la parte dedicada á literatura galego-portuguesa medieval con estudios de Canettieri e Pulsoni, Correia, Cossio, Dionísio, Fidalgo e Souto, Rodríguez, Sáez e Víñez, Vallín, Ventura, Resende e Ribeiro e Monteagudo.

Gonçalves, Elsa, " Tradição manuscrita e edição de textos: experiências ecdóticas no campo da lírica galego-portuguesas", *Atas do I Encontro Internacional de Estudos Medievais*. *4*, *5 e 6 julho/95*, 1995, São Paulo: USP/UNICAMP/UNESP, pp. 36-51.

Interesante publicación na que a estudiosa portuguesa Elsa Gonçalves advirte dos riscos que supón non lle prestar atención ós últimos avances e progresos desenvolvidos pola crítica textual no eido da lírica trobadoresca, xa que son os fundamentos necesarios para ir mellorando o coñecemento non só dos textos conservados, senón tamén do modelo de onde se copiaron os apógrafos italianos, B e V. A autora analiza varios casos (as cantigas B 457 (= 18,25), B 529 (= 25,53); B 1540 (= 25,33); B 1655 (= 120,27) nos que sinala que unha boa consideración e coñecemento ecdótico dos cancioneiros conservados facilitaría, permitiría e mesmo autorizaría unha lectura distinta á ofrecida por algúns editores, en exceso preocupados por corrixi-la lección manuscrita coa fin de que a lectura cadre coa interpretación dada ó texto.

Guincho, Maria dos Anjos Brandão Maurício, “Projecções de Ovídio na lírica galego-portuguesa”, en *Actas do 4º Congresso da Associação Internacional de Lusitanistas (Universidade de Hamburgo*, *6 a 11 de Setembro de 1993)*, organização e coordenação M. Fátima Viegas Brauer-Figueiredo, com a colaboração de Fernando Clara e Alexandra Pinho, Lisboa: Lidel, 1995, pp. 557 567 (ISBN 972-9018-72-3).

Algúns temas que caracterizan a poesía de ovidiana atoparon continuadores na lírica trobadoresca galego-portuguesa: a insignificancia da vida sen un amor correspondido, a forza irresistible do amor, o amor como doenza e como fonte de alegría, a descrición hiperbólica da muller amada... Pero estas coincidencias temáticas non proban que houbera unha influencia directa. Afirma a autora que é unha esaxeración tanto afirmar que Ovidio é esencial para as orixes do amor cortés, como pensar que a Literatura Clásica non tivo ningunha influencia sobre a lírica cortesá. En todo caso, esa influencia foi adaptada á sociedade cabaleiresca da época.

Junqueira, Renata Soares, “O triste destino de *Tristão* na versão portuguesa d’ *A Demanda do Santo Graal*”, *Atas do I Encontro Internacional de Estudos Medievais*. *4*, *5 e 6 julho/95*, 1995, São Paulo: USP/UNICAMP/UNESP, pp. 349-357.

Trátase dunha análise sobre Tristán, un dos protagonistas lendarios da Materia de Bretaña. En concreto, estúdiase como este personaxe evoluciona no tratamento e consideración que recibe por parte das grandes prosificacións da materia de Bretaña. Así, o Tristán do *Pseudo-Boron*, tamén coñecido como *Post-Vulgata*, fonte ou modelo do que saíu a *Demanda* galego-portuguesa, é caracterizado como un heroe pouco participativo e destinado a episodios pouco enaltecedores por culpa dos seus amores coa raíña Isolda, muller do rei Marc.

Lanciani, Giulia, “Per una tipologia della tenzone galego-portoghese”, *Rassegna Iberistica*, 53, xuño 1995, pp. 3-16, e tamén en : Juan Paredes (ed.), *Medioevo y literatura*. *Actas del V Congreso de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval (Granada*, *27 septiembre-1 octubre)*, Granada: Univ. de Granada, 1995, vol. I, pp. 117-130. (ISBN da obra completa: 84-338-2023-0; ISBN do volume I: 84-338-2024-9).

Tenta Giulia Lanciani o que ela denomina “una ipotesi di clasificazione” da tenzón galego-portuguesa. Para esta tarefa, parte da definición que do xénero ofrece a *Arte de trovar* do *Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa*, así como a que da *tenso* ofrecen as *Leys d’Amors* provenzais. O exame realízao sobre un corpus de trinta e tres composicións, no que acha ata sete grupos distintos, segundo criterios formalísticos e temáticos.

Lemaire, Ria, “Sinceridade ou fingimento? Uma cantiga de D. Dinis”, en *Miscelânea de estudos lingüísticos*, *filológicos e literarios in memoriam Celso Cunha*, São Paulo: Nova Fronteira, 1995, pp. 829-841. (ISBN: 85-209-0632-X).

Reinterpretación da cantiga dionisíaca “Proençaes soen mui ben trobar”, na que se rexeita a visión da crítica postromántica, que considerou tal composición como paradigma da sinceridade do canto do rei e, polo tanto, da superioridade da lírica portuguesa fronte ó seu modelo provenzal. Maria Ana Ramos, pola contra, presenta a postura de D. Denís como inscrita na corrente retórica do amor cortés -con antecedentes xusto nas poesías de occ e oïl-, de exaltación do eu individual, que se reafirma ante a natureza a través do sentimento amoroso.

Maleval, María do Amparo Tavares, “Florebat olim... a cortesía”, *Atas do I Encontro Internacional de Estudos Medievais*. *4*, *5 e 6 julho/95*, 1995, São Paulo: USP/UNICAMP/UNESP, pp. 80-85.

Reflexión sobre o tópico do *florebat olim*, que supón o contraste moralizante entre o pasado e o presente. Estudiarase a súa relevancia no corpus poético de Martin Moxa, onde a súa utilización fornece claves poéticas para o coñecemento da súa poética.

_____, “Trovadorismo galego-português e neotrovadorismo galego”, *Atas do I Encontro Internacional de Estudos Medievais*. *4*, *5 e 6 julho/95*, 1995, São Paulo: USP/UNICAMP/UNESP, pp. 86-97.

Anticipo dunha investigación levada a cabo polo Núcleo de Estudos Galegos da Universidade Federal Fluminense que estudiará os lazos de unión entre o cancioneiro amoroso da lírica trobadoresca e a tendencia neotrobadoresca que abrollou en Galicia ó redor do sector intelectual que impulsou o “Estatuto de Autonomía para Galicia” de 1936. Unha das finalidades é ver como se manifestan os paradigmas medievais no neotrobadorismo galego e, de paso, ver como repercuten nas literaturas lusa, brasileira e catalana (Carles Riba).

Mattoso, José, “O imaginário do Alem-Túmulo nos *exempla* peninsulares da Idade Media”, Juan Paredes (ed.), *Medioevo y Literatura*. *Actas del V Congreso de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval (Granada*, *27 septiembre - 1 octubre*), Granada: Univ. de Granada, 1995, vol. I, pp. 131-146. (ISBN da obra completa: 84-338-2023-0; ISBN do volume I: 84-338-2024-9).

A análise de tres coleccións de contos exemplarizantes peninsulares -unha delas, o *Orto do Esposo*-, xunto coas *Cantigas de Santa María*, serven para demostra-la distinta concepción da figura do aparecido ás dúas beiras dos Pireneos. Ó norte, as mensaxes do Alem están protagonizadas por *revenants*, espíritos condeados a paga-las súas culpas no Purgatorio; ó sur, onde a noción do Purgatorio como lugar tardou máis en arraigar, prefírense as ánimas penadas ou en tránsito, aínda non sometidas ó xuízo do Outro Mundo. Esta distinción reflicte o apego ás crenzas antigas e a marxinalidade respecto ós avances teolóxicos europeos que había na Península Ibérica.

Monteagudo Romero, Henrique, “Narracións galegas da *inventio* do sepulcro xacobeo”, Juan Paredes (ed.), *Medioevo y Literatura*. *Actas del V Congreso de la Sociedad Hispánica de Literatura de Literatura Medieval (Granada*, *27 septiembre - 1 octubre)*, Granada: Univ. de Granada, 1995, vol. III, pp. 361-396. (ISBN da obra completa: 84-338-2023-0; ISBN do volume III: 84-338-2026-5).

Comparación pormenorizada das distintas versións galegas que recollen a lenda sobre o achado da tumba do Apóstolo Santiago, partindo das máis antigas -datadas a finais do século XI- ata chegar ás máis serodias, no século XVII. O estudo está estructurado en tres grandes apartados: o primeiro resume o contido de cada texto; o segundo desglosa os aspectos lendarios que se manteñen constantes ó longo das reelaboracións, así como as variantes sufridas; o terceiro presenta o contexto histórico no que cada obra foi composta. O resultado permite apreciar, non só o proceso de enriquecemento transformación da lenda xacobea dende as súas orixes, senón as circunstancias que provocaron os cambios. Inclúense en apéndices os textos examinados, bibliografía e tres ilustracións.

Montero Santalha, José-Martinho, “A cantiga de escárnio de Pero da Ponte “Mort’ é Dom Martim Marcos?! Ai Deus, ai Deus, se é verdade?” (Ba 1655, V [1189])”, *O mundo de língua portuguesa (Galiza-Portugal-Brasil-PALOP)*. *Atas do III Congresso Internacional de Literaturas Lusófonas (em comemoração do V centenário da Universidade de Santiago)*, Faculdade de Ciências Económicas, Departamento de Ciências Políticas, 21-23 Setembro 1995, Universidade de Santiago de Compostela, *Nós*, *Revista Internacional da Lusofonia*, 41-50, Pontevedra-Braga, 1995, pp. 238-248.

Nova edición crítica do pranto burlesco de Pero da Ponte “Mort’ é Dom Martim Marcos?! Ai Deus, se é verdade?”. Os maiores cambios con respecto ás anteriores edicións atinxen á estructura estrófica da composición. O autor propón, baseándose nos xogos de rima interna, unha disposición que combina os versos longos e os versos curtos. Así, en vez dunha composición monoestrófica e monorrimática como pensa Lapa, teriamos tres estrofas compostas por un dístico de trece sílabas máis catro versos de seis sílabas, e un verso solto. Para chegar a esta estructuración vese obrigado a reconstruí-la terceira estrofa de forma diferente a como se viña facendo.

Nascimento, Jarbas Vargas, “Lirismo e religiosidade como jogo discursivo no processo de desvelamento do feminino nas *Cantigas de Santa María*”, *Atas do I Encontro Internacional de Estudos Medievais*. *4*, *5 e 6 julho/95*, 1995, São Paulo: USP/UNICAMP/UNESP, pp. 197-202.

Traballo que pretende ver como, a través do estudio da lingüística do texto, se “constrói o lirismo e religiosidade no Cancioneiro Mariano de Alfonso X, o Sábio, focalizando o funciomento de expedientes lingüístisco e retórico-formais que se apresentam como un jogo discursivo identificador da grandeza da mulher Santa María, arquetípico do feminino” (p. 197). Para logra-los seus obxectivos estudia a cantiga nº 60 da edición Mettman, onde se establece unha suxerente confrontación entre EVA, símbolo de perdición e AVE, símbolo de salvación.

Neto, João Antonio de Santana, “Fernan Soarez de Quinhones: duas leituras críticas de sua obra”, *Atas do I Encontro Internacional de Estudos Medievais*. *4*, *5 e 6 julho/95*, 1995, São Paulo: USP/UNICAMP/UNESP, pp. 203-208.

Ofrécense os índices, sen comentarios contrastivos, de dúas tesiñas sobre a edición crítica e estudio das cantigas de Fernan Soarez de Quinhones. Unha delas realizada polo autor da presente comunicación en São Paulo e outra presentada polo portugués João Dionísio en Lisboa.

Pedrosa, José Manuel, “Poesía trovadoresca de inspiración popular en el siglo XIII: Joan Airas de Santiago, Cielo d´Alcamo y el tópico folclórico románico de *El viajero enamorado*”, Juan Paredes (ed.), *Medioevo y Literatura*. *Actas del V Congreso de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval (Granada*, *27 septiembre - 1 octubre)*, Granada: Univ. de Granada, 1995, vol. IV, pp. 17-27. (ISBN da obra completa: 84-338-2024-9; ISBN do volume IV: 84-338-2027-3).

Partindo da coincidencia entre unha estrofa do *Contrasto*, de Cielo d’Alcamo, e a cantiga *Andei*, *senhor*, *Leon e Castela*, de Joan Airas de Santiago, indaga o autor no tópico do “viaxeiro namorado”. É este un motivo extendido polo folclore de case toda a Romania e que mantén o seu vigor ata épocas recentes. E aínda que non se descarta que nalgún dos numerosos testemuños conservados se reflicta a experiencia vital do escritor, é practicamente seguro que tra-las composicións dos dous poetas medievais só se ache o sustrato folclórico.

Peiruque, Elisabete, “Cantigas de amigo: uma “bailada” que continua ou a melopéia das cantigas de amigo e a conciência poética dos trovadores”, *Atas do I Encontro Internacional de Estudos Medievais*. *4*, *5 e 6 julho/95*, 1995, São Paulo: USP/UNICAMP/UNESP, pp. 170-175.

Comunicación que parte do texto de Martin Codax, *Ondas do mar de Vigo*, para remontarse á literatura grega, onde a imbricación música-lirismo recibe o nome de *melopéia*. A autora, que se basea na obra de Ezra Pound, insiste en que detrás do emprego da musicalidade, concedido polo paralelismo, latexa a conciencia creadora do trobador.

Pisco Nunes Esteves, Elisa Rosa, “Relações entre as lendas de Fernão Gonçalves e Afonso Henriques”, Juan Paredes (ed.), *Medioevo y Literatura*. *Actas del V Congreso de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval (Granada*, *27 septiembre-1 octubre)*, Granada: Univ. de Granada, 1995, vol. II, pp. 229-235. (ISBN da obra completa: 84-338-2023-0; ISBN do volume II: 84-338 2025-7).

A partir da influencia que, segundo Lindley Cintra, exerceu o relato das batallas de Lara e Hacinas sobre o da Ourique, na *Crónica de 1419*, a autora establece un confronto entre as lendas de Fernán González e Afonso Henriques. A conclusión á que chega é que, por encima dunha posible imitación consciente, o que hai son referencias coincidentes dentro da mesma tradición cultural, para o cal se apoia tamén no testemuño da *Crónica de D*. *João I* de Fernão Lopes. Sería este tipo de relación a que maior funcionalidade tería nos textos da Idade Media.

Ramos, María Ana, “A separação silábica na cópia da poesia lírica galego portuguesa: outro indício de antecedentes musicais”, en *Miscelânea de estudos lingüísticos*, *filológicos e literarios in memoriam Celso Cunha*, São Paulo: Nova Fronteira, 1995, pp. 703-719. (ISBN: 85-209-0632-X).

A perda da transcrición musical na maior parte dos manuscritos que conteñen o corpus poético galego-portugués non impide que, en diversos graos, se poda rastrexa-la presencia da notación que noutrora acompañou ás poesías. Así, mentres seis das composicións do Pergamiño Vindel conservan a súa música, no *Cancioneiro de Ajuda* só atopamo-los espacios a ela destinados. Tanto neste último caso coma nos apógrafos italianos, é posible aínda distingui-la antiga distribución do texto, gracias a indicios como o afastamento das sílabas feito para marca-lo tempo durante o canto.

Resende de Oliveira, A, e J. C. **Ribeiro Miranda**, “A segunda geraçâo de trovadores galego-portugueses: temas, formas e realidades”, Juan Paredes (ed.), *Medioevo y Literatura*. *Actas del V Congreso de la Sociedad Hispánica de Literatura Medieval (Granada*, *27 septiembre-1 octubre)*, Granada: Univ. de Granada, 1995, vol. IV, pp. 499-512. (ISBN da obra completa: 84-338-2023-0; ISBN do volume IV: 84-338-2027-3).

Caracterización da segunda xeración trobadoresca, mostrando os contrastes xeográfico e social respecto ós iniciadores da lírica galego-portuguesa. Así mesmo, examínanse os aspectos novidosos -en conxunto, de grande importancia- que nos planos estilístico e temático introduciron no evoluír da escola e o influxo que a súa situación histórico-social tivo en todos estes aspectos.

Rodrigues, Angela C. Souza, “Lições de poética clássica na sátira de trovadores galego-portugueses”, *Atas do I Encontro Internacional de Estudos Medievais*. *4*, *5 e 6 julho/95*, 1995, São Paulo: USP/UNICAMP/UNESP, pp. 125-135.

Comunicación que relaciona un número determinado de cantigas de escarnio (12) nas que o autor se dirixe a colegas de oficio para discutir cuestións relacionadas coa “arte de trobar”. A autora relaciona estas cantigas cos preceptos retóricos consignados nas artes poéticas.

Rodríguez, José Luis, “O eco de Dom Denis na literatura posterior”, Juan Paredes (ed.), *Medioevo y Literatura*. *Actas del V Congreso de la Sociedad Hispánica de Literatura Medieval (Granada*, *27 septiembre - 1 octubre)*, Granada: Univ. de Granada, 1995, vol. IV, pp. 179-201. (ISBN da obra completa: 84-338 2023-0; ISBN do volume IV: 84-338-2027-3).

Percorrido polo tratamento que D. Denís recibiu ó longo dos séculos nas literaturas portuguesa, brasileira e galega. Interésanos, sobre todo, o primeiro dos apartados en que está dividido o artigo, pois nel se indaga na opinión que os escritores medievais transmitiron do rei trobador. A ausencia de referencias á súa obra poética -que, polo demais, non se farán sistemáticas ata o século XVII- serve, como moi ben sinala o autor, para nos preguntar sobre o papel do poeta na sociedade do medievo.

Scarborough, Connie L., “Una aplicación inicial de las teorías de la recepción a las *Cantigas de Santa María* de Alfonso X”, *Studia Hispanica Medievalia III*. *Actas de las IV Jornadas Internacionales de Literatura Española Medieval*, Buenos Aires: Universidade Católica Arxentina, 1995, pp. 174-180.

As *Cantigas* é unha obra que combina tanto tradicións populares coma elementos eruditos. A manifestación destas historias e cancións de loor, nos medios tripartitos de poesía, canción e miniatura, admite a un público potencial para o texto que inclúe a tódolos segmentos da sociedade, dende os analfabetos, os instruídos en métrica poética e composición musical, ata os practicantes das artes visuais.

Sáez Durán, Juan, e Antónia **Víñez Sánchez**, “Expresiones fijas en las cantigas gallego-portuguesas”, Juan Paredes (ed.), *Medioevo y Literatura*. *Actas del V Congreso de la Sociedad Hispánica de Literatura Medieval (Granada*, *27 septiembre - 1 octubre)*, Granada: Univ. de Granada, 1995, vol. IV, p. 261-272. (ISBN da obra completa: 84-338-2023-0; ISBN do volume IV: 84-338-2027-3).

Estudio de tres expresións fixas, emparentadas semanticamente, e a súa incidencia no corpus das cantigas profanas galego-portuguesas. Logo de defini-lo termo “expresión fixa”, indáganse nos condicionantes que determinan a súa frecuencia e colocación: estructuras silábica e acentual do verso, así como a construcción rímica da estrofa.

Sodré, Paulo Roberto, “As cantigas de Amigo de Nuno Fernandes Torneol. Algumas notas”, *Atas do I Encontro Internacional de Estudos Medievais*. *4*, *5 e 6 julho/95*, 1995, São Paulo: USP/UNICAMP/UNESP, pp. 325-332.

Comunicación que fornece algunhas notas sobre como ler ou interpreta-la cantiga B 644 (= 106,18) do trobador Nuno Fernandez Torneol. En concreto, pretende “observar mais detidamente a relação entre tradição occitânica e peninsular expressa na cantiga de amigo “Que coita tamanha ei a sofrer” (p. 326).

Vallín, Gema, "*Filla de don Paay Moniz* ¿De Rodeiro?", Juan Paredes (ed.), *Medioevo y Literatura*. *Actas del V Congreso de la Sociedad Hispánica de Literatura Medieval (Granada*, *27 septiembre - 1 octubre)*, Granada: Univ. de Granada, 1995, vol. IV, pp. 431-437. (ISBN da obra completa: 84-338-2023-0; ISBN do volume IV: 84-338-2027-3).

Nova lectura da *Cantiga da guarvaya*, corrixindo a versión que dela dera dona Carolina Michaëlis. Segundo a autora, a cantiga, ó desvela-la identidade da dama por medio do nome do seu pai, sería unha humillación por un amor non correspondido. Propón ademais a procedencia galega da súa protagonista -a misteriosa filla de don Paay Moniz-, máis acorde coa orixe e a esfera de influencia de Paay Soarez de Taveiros.

Ventura, Joaquim, “Toponimia nas cantigas de sátira obscena do cancioneiro medieval galego-portugués”, Juan Paredes (ed.), *Medioevo y Literatura*. *Actas del V Congreso de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval (Granada*, *27 septiembre-1 octubre)*, Granada: Univ. de Granada, 1995, vol. IV, pp. 475-490. (ISBN da obra completa: 84-338-2023-0; ISBN do volume IV: 84-338-2027-3).

Fronte a outros xéneros máis ambiguos e abstractos, o da cantiga de escarnio e maldicir amosa un maior número de referencias a realidades concretas. Entre estas, atópanse os nomes de lugar, dos cales, previa restricción do corpus estudiado ás composicións de carácter obsceno, se fai un desglose, indicando a súa función en cada caso concreto, así como dilucidando as localizacións dubidosas. Entre as conclusións, destaca a importancia da toponimia vencellada ó Camiño de Santiago.

XI. Literatura Medieval

XI. 3. Publicacións en revistas

Avenoza, Gemma, “Reseña de *Medieval Galician-Portuguese Poetry: An Anthology*, (Ed. Fredse Jensen New York: Garland, 1992), *Romance Philology*, XLVIII, 3, febreiro 1995, pp. 340-347.

A autora analiza o estudio de Jensen, que se presenta non só como unha antoloxía da lírica galego-portuguesa -contén 180 cantigas de 60 trobadores aproximadamente-, senón como un excelente instrumento de traballo. De feito na “Introducción” estudia os diversos aspectos da nosa escola trobadoresca, dende os factores cronolóxicos e histórico-culturais ata os aspectos temático-formais dos diferentes xéneros. As 180 cantigas seleccionadas ofrécense cunha boa traducción en verso ó inglés moderno e cunhas anotacións que figuran ó final da antoloxía e que axudan na comprensión da cantiga tratada.

_____, “Atopáronse dous pergamiños... O redescubrimento duns fragmentos en galego das *Partidas*”, en *Romance Philology*, vol. XLIX, nº 2, november 1995, pp. 119-129.

Descríbense detalladamente os pasos seguidos por varios investigadores, e logo en solitario pola autora, na procura duns pergamiños que contiñan fragmentos en galego das *Partidas* de Alfonso X, e dos que se perdera toda pista. Indica a investigadora cál é a nova localización dos fragmentos, fai unha relación completa de tódolos fragmentos conservados, incluídos os recentemente descobertos, e ofrece, finalmente, unha nova edición do coñecido como Fragmento A, que xa fora editado por Oviedo y Arce en 1901, e que recolle as leis 1-6 do Título XXVII da *Cuarta Partida*.

Barbieri, Mari, Vicenç **Beltrán**, Gema **Vallín**, “Literatura Galaico-Portuguesa”, *Boletín Bibliográfico de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval*, fasc. 8, 1995, pp. 187-226.

A Asociación Hispánica de Literatura Medieval, como vén facendo de xeito periódico dende 1987, elaborou o informe bibliográfico correspondente ó ano 1994. Estructúrase o boletín en tres grandes apartados, dos que interesa o dedicado á Literatura Galaico-Portuguesa. Baixo este epígrafe xeneralizador, ofrécese unha pequena ficha informativa da diversa bibliografía que sobre o mundo galego-portugués se publicou en 1994. Sen embargo, é preciso salientar que non é extraño atopar obras de anos anteriores. O interese desta bibliografía reside en que non se limita á Literatura (aínda que é a maioritaria), senón a outras parcelas que a converten en interdisciplinar: dende aspectos históricos ata os artísticos, pasando polos que se refiren a cuestións lingüísticas. Así mesmo, é preciso sinalar que a bibliografía non se limita só ó período galego-portugués senón que inclúe tamén aqueles traballos que se poden inserir dunha maneira clara na periodización da literatura galega e da portuguesa. O elenco bibliográfico vai acompañado dun “Índice de Materias”, que dota de comodidade o manexo da bibliografía recensionada.

Blaclmore, Josiah, “Fredse Jensen, de. and trans., *Medieval Galician-Portuguese Poetry: An Anthology*”, *Speculum*, vol. 70, nº 1, Cambridge, Massachusetts: Medieval Acamedy of America, xaneiro 1995, pp. 157-158.

Recensión da antoloxía publicada por F. Jensen en 1992. Destácanse varios aspectos do libro, entre eles o de facer accesible ós estudios de lingua inglesa a lírica medieval galego-portuguesa. Para que o achegamento sexa o máis doado posible, o editor dispón as traduccións das poesías -polo xeral, moi axeitadas-, xunto coas notas críticas, índices, unha bibliografía selecta e mais unha introducción. Pola contra, o corpus de escarnio e maldicir non está representado suficientemente, quizais pola valoración negativa que, a causa da súa obscenidade lle merece ó antólogo.

Canettieri, Paolo, e Carlo **Pulsoni**, “Para un estudio histórico-xeográfico e tipolóxico da imitación métrica na lírica galego-portuguesa. Recuperación de textos trobadorescos e troveirescos”, *Anuario de estudios literarios galegos 1994*, “Estudios”, Vigo: Galaxia, xuño 1995, pp. 11-50.

A indagación sobre as imitacións conscientes da lírica provenzal por parte dos trobadores galego-portugueses esixe, primeiramente, unha clasificación da terminoloxía a empregar. Así, a adopción do término alemán *Kontrafaktur* debe ir acompañada dunha adecuación ós parámetros culturais e literarios nos que a lírica galego-portuguesa se desenvolveu. Só logo de acadada a precisión conceptual necesaria pódese trazar unha teoría da contrafactura na nosa lírica medieval. Esta é a tarefa que Canettieri e Pulsoni levan a cabo na primeira parte do seu artigo, mentres que na segunda ofrecen ata oito exemplos de intertextualidade evidente, o que serve para invalida-la tese de I. Frank acerca da simple “influencia difusa” que a poesía occitana exercera sobre a galega.

Cohen, Judith R., “A Reluctant Woman Pilgrim and a Green Bird: a Possible Cantiga Melody Survival in a Sephardic Ballad”, *Bulletin of the Cantigueiros de Santa María*, nº 7, primavera 1995, pp. 85-89.

A sobrevivencia da melodía número 153 das *Cantigas de Santa María* na canción sefardí de *El paxaro verde* serve para unha serie de consideracións sobre a transmisión de antigas cancións no folclore xudeo-español.

Correia, Ângela, “Estudios sobre literatura medieval galego-portuguesa”, *Anuario de estudios literarios galegos 1994*, “Panorámicas”, Vigo: Galaxia, xuño 1995, pp. 157-161.

Repaso ás publicacións que sobre literatura medieval galego-portuguesa saíron ó longo do ano 1994. Destacan as referencias ás teses de doutoramento de Graça Videira Lopes e António Resende de Oliveira, así como o volume de *Estudios galegos en homenaxe ó profesor Giuseppe Tavani*.

Deyermond, Alan D., “The language Problem and Comparative Literature: Stephen Reckert’s Beyons Chrysanthemums”, *Portuguese Studies*, 11, 1995, pp. 200-215.

Comentario do libro de Reckert, que inclúe estudios sobre literatura galego-portuguesa medieval.

Diogo, Américo Antonio Lindeza, “Escarnh’ e mal dizer em contexto”, *Diacritica*, 10, 1995, pp. 401-460.

Extenso artigo que parte dos presupostos de Peter Burger e, en certo senso, de Arnold Hauser, para construír unha introducción a unha teoría poética das cantigas de escarnio, modulada a través da función, producción e recepción da mensaxe literaria trobadoresca; isto é, elabora os fundamentos dunha historia social da lírica trobadoresca. Unha das conclusións máis salientables é que non só a cantiga de *escarnh’ e mal dizer*, corpus no que fundamenta a súa tese, senón a *fin’amor* é unha arte de corte (son moitas as claves desenvolvidas polo autor) caracterizada por ter unha función representacional, ó servicio do rei ou señor, que se toma como auto-retrato da sociedade de “palacio/corte”, unha producción individual e unha recepción colectiva. Como discurso de corte defínese pola súa sociabilidade, xa que é “reunión” e tamén “jogo”. É nesta perspectiva que hai que ler e interpretar boa parte do corpus satírico. Esta circunstancia (“sociabilidade”, “reunión”, “jogo”) eclosiona de forma definitiva durante o reinado de Alfonso X. Así, esta eclosión motiva a aparición dunha cantiga de escarnio “atravessada por uma pulsão dialógica” (p. 450), ou heteroglósica, que re-afirman ou afinan formas de discurso (paródico; burlesco-cortés) que conviven coa existencia dun discurso que xoga co obsceno e a cultura carnavalesca. Unha das achegas de Diogo é ligar, ó longo de todo o artigo, o discurso literario das cantigas ó discurso lexislativo da *Segunda Partida* do Rei Sabio.

Domínguez Alberte, Xoán Carlos, “*Estudios galegos en homenaxe ó profesor Giuseppe Tavani*”, *Revista Galega do Ensino*, nº 6, febreiro 1995, pp. 231-233.

Comentario descritivo do volume-homenaxe ofrecido no ano 1994 ó medievalista italiano especializado na lírica galego-portuguesa Giuseppe Tavani, volume coordinado polo Departamento de Filoloxía Galega da Universidade de Santiago, nas persoas de Elvira Fidalgo e Pilar Lorenzo, e publicado polo Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias “Ramón Piñeiro”.

Gresti, P., "*Lyrique romane médiévale: la tradition des chansonniers*

(ed. Madeleine Tyssens), *Vox Romanica*, 54, 1995, pp. 218-222.

Recensión das actas do Coloquio celebrado en Liexa no ano 1989, que reuniu a importantes investigadores no eido da codicoloxía e crítica textual. O autor fai un percorrido sintético, pero detallado, dalgunhas das intervencións realizadas. Entre as analizadas polo autor figura a que Anna Ferrari dedicou ás relacións que se establecen entre os *codices descripti*, e que contén interesantes observacións sobre os apógrafos italianos transmisores da meirande parte da lírica galego-portuguesa. Sen embargo, non inclúe na súa recensión a interesante contribución de Elsa Gonçalves sobre a constitución dos cancioneiros ordenados por xéneros, como é o caso dos cancioneiros galego-portugueses.

Harguindey Banet, Henrique, “Galicia cultura aberta: camiños cara ao teatro”, *Revista Galega de Teatro*. *Información Teatral*, nº 12, decembro 1995, pp. 86-91.

Artigo que parte dun comentario ós monólogos *O dito da herbería* (S. XIII), de Rutebauf e *O arqueiro franco de Bagnolet*, anónimo do S. XV, publicados no nº 9 desta revista, nos que ve certos puntos de contacto coa cultura galega. A partir de aquí, fai un percorrido moi xeral pola literatura medieval románica para centrarse na galega e especialmente no feito da inexistencia de teatro medieval en galego, aínda que recoñece as potencialidades dramáticas de certas cantigas e a posibilidade de que existise algún tipo de representacións como no resto de Europa. Cre que en certas pervivencias culturais -o Antroido, por exemplo- se reflectirían trazos de certas representacións teatrais comúns á Europa medieval. O teatro galego, actualmente, debería considera-la pervivencia destes elementos antigos e a achega dos intercambios culturais máis recentes.

Koss, A., “Dúas versións rusas da cantiga de Meendiño: problemas de recodificación do texto orixinal”, *Viceversa (Revista Galega de Traducción)*, nº 1, 1995, pp. 73-95.

Alexandra Koss, da Universidade de Vigo, pretende neste artigo, “confrontar e avaliar”, na medida do factible, as dúas versións rusas da cantiga de Meendiño, levando a cabo unha análise detallada do método empregado e estudiando a fidelidade que os traductores gardaron con respecto ó método de traballo escollido. Para isto, divide o artigo en varios apartados: unha contribución textolóxica, na que se deixa constancia da falta de información que se fai patente nas dúas versións; uns criterios estipulados polas leis do xénero literario, apartado no que se presentan cinco criterios posibles dende os que se pode levar a cabo unha análise diferencial das dúas versións; unha aproximación ás traduccións de textos de poesía en Rusia, facendo referencia ás tradicións e ás servidumes que dominaban ese labor; unha análise detallada das dúas versións: a de Mark Samáav, creada no ano 1975 e publicada no 1978, e a de Anatóly Gueléskul, publicada no 1986. Nos dous casos ofrécese a versión orixinal, a versión rusa, a retroversión galega, o estudio do sistema métrico/rítmico e un comentario interpretativo de Alexandra Koss. Remata o traballo cunha conclusión na que afirma que “son moi poucas as versións, por logradas que sexan, que poidan considerarse definitivas”.

Kulp-Hill, Kathleen, “The Captions to the Miniatures of the “Códice Rico” of the *Cantigas de Santa María*”, *Bulletin of the Cantigueiros de Santa María*, nº 7, primavera 1995, pp. 3-64.

Traducción ó inglés dos rótulos que acompañan as miniaturas do “Códice Rico” das cantigas marianas de Afonso X. Nunha introducción faise a descripción xeral do devandito códice e das súas iluminacións.

López Valero, María del Mar, "Mª del Carmen Pallarés Méndez. *A vida das mulleres na Galicia Medieval*", *Revista de Filología Románica*, nº 11-12, 1994 1995, Servicio de Publicaciones Universidad Complutense, pp. 526-528.

Despois de facer unha breve presentación da autora, nesta recensión indícanseno-las fontes ás que esta acudiu, subliñando as dificultades inherentes á temática coas que se encontrou. Sobresae principalmente o capítulo dedicado á *muller na lírica galego portuguesa*, subliñando que as cantigas contribúen a afianza-las bases da sociedade feudal, xa que aínda que nas de amor a muller teña un papel preeminente, non podemos deixar de lado o feito de que foron compostas por homes, e que na realidade a muller estaría instalada na dependencia. Salienta a autora o papel de Dona Urraca, raíña de Castela e de León, aínda que non como representante de todo o conxunto feminino da sociedade, senón como exemplo destacable.

Luján Atienza, A. L., "*O Cantar dos trobadores*. Actas do Congreso celebrado en Santiago de Compostela entre os días 26 e 29 de abril de 1993", *Revista de Filología Románica*, nº 11-12, 1994-1995, pp. 575-578.

Recensión das actas do congreso *O cantar dos trobadores*, na que se fai un repaso ás diferentes ponencias e comunicacións, agrupándoas en bloques temáticos. Destácase como mostra do interese que a lírica galego-portuguesa está a espertar, a afluencia de público, así como a cantidade de traballos presentados. Nestes conxúganse as contribucións de estudiosos xa veteranos coas das xeracións máis novas, sendo común a tendencia a contextualiza-las manifestacións da nosa poesía medieval no ámbito da Romania e nas circunstancias do seu tempo.

Martínez Conde, Ricardo, “A poesía como razón común. O ‘haiku’ e a lírica galaico-portuguesa”, *Boletín Galego de Literatura*, nº 13, Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, maio 1995, pp. 117-126.

Dende a explicación da orixe, significado e caracterísctcas do “haiku” oriental, analízanse os elementos comúns deste tipo de composicións coas da lírica galego-portuguesa medieval. Para Martínez Conde o tema do amor, a asunción da natureza como vehículo de expresión e a presencia do significado das estacións están presentes en ambos tipos de manifestacións líricas.

Mouriño Cagide, Xabier, "*A poesía lírica galego-castelá (1350-1450)*", *Revista Galega do Ensino*, nº 8, maio 1995, pp. 231-232.

Recensión descritiva na que, capítulo a capítulo, se nos informa dos diferentes contidos do libro do que se di é "material imprescindible para calquera lector interesado na poesía lírica da escola galego-castelá", por canto combina nas súas páxinas o enfoque divulgativo e o rigor temático do traballo académico do que é froito.

Ripoll, Alexandre, “*Levantou-s’a velida*... *Levou-s’a velida*: unha análise de métrica rítmica na lírica medieval galego-portuguesa”, *Boletín Galego de Literatura*, nº 14, 2º semestre, novembro 1995, pp. 47-70.

Detallado estudio no que se analizan metricamente dúas cantigas de Don Dinis e Pero Meogo co fin de reconstruí-lo ritmo e melodía que tales composicións deberon ter na súa época.

Rodiño Caramés, Ignacio, “Elvira Fidalgo / Pilar Lorenzo (coords.), *Estudios galegos en homenaxe ó Profesor Giuseppe Tavani*, Santiago de Compostela: Publicacións do Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, 1994, 326 pp.”, *Boletín Galego de Literatura*, nº 13, Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, maio 1995, pp. 160-161.

Destácase o traballo do profesor Giuseppe Tavani como un dos estudiosos máis importantes da lírica galego-portuguesa e un dos maiores divulgadores en Italia da Cultura actual e coméntanse a miscelánea de 21 artigos que conforman o volume. En xeral, trátase de traballos que teñen a lírica medieval como obxecto de estudio.

Rodríguez, José Luís, “O problema dos límites entre a literatura galega e portuguesa na época medieval”, *Cadernos de Estudios Galegos*, 1995, volume correspondente ós anos 93-94.

O autor analiza os elementos que nos permiten falar na época medieval dunha literatura galego-portuguesa, para referírmonos a unha literatura común a Galicia e Portugal. Fai tamén unha valoración das distintas etapas que se estableceron na poesía da Idade Media e achéganos algúns dos escritos en prosa que conservamos do período de transición entre a literatura galego-portuguesa e a galega e a portuguesa respectivamente.

Rodríguez González, Ángel, “O Tumbo Vermello de don Lope de Mendoza”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, Anexo XXIII, Santiago de Compostela: Consejo Superior de Investigaciones Científicas, Instituto “Padre Sarmiento” de Estudios Gallegos, 1995, 295 pp.

Edición dos 114 folios do rexistro de “renta y bienes, preheminencias y derechos ecclesiásticos y temporales que la Dignidad Arçobispal de Santiago tuvo antiguamente, y los que tenia al tiempo que este livro se hizo”, que se rematou de compilar en tempos de don Lope de Mendoza ó redor de 1435. O editor é o actual director da sección de Xeografía e Historia do *Intstituto* “*Padre Sarmiento*” *de Estudios Gallegos*. Trátase dunha edición en liñas xerais ben coidada, e que permite relanza-la serie de anexos dos *Cuadernos de Estudios Gallegos*, despois de máis de vinte anos de silencio. Nunha pequena introducción (pp. XV-XXV) o editor expón cáles foron os motivos principais que xeraron a confección do tumbo; ademais, dános información sobre as tres partes nas que se estructura o manuscrito, e que responden a tres momentos cronolóxicos diversos. Destas tres partes salientarémo-la que Arias Fernández de Piñeiro escribiu en galego (ff. 60 r-79v) nos anos 1331-1338 durante o pontificado de Juan Fernández de Limia. Un amplo índice onomástico, toponímico e de materias permite un doado manexo da edición.

Sánchez Herrero, José, “Los santuarios como centro de devoción. Siglos XIII al XV”, *Demófilo*. *Revista de Cultura Tradicional de Andalucía*, nº 16, 1995, pp. 59-79.

Entre outros focos de peregrinación e fontes literarias, ocúpase das Cantigas de Santa María.

Schaffer, Martha E., “Marginal Notes in the Toledo Manuscript of Alfonso el Sabio’s *Cantigas de Santa María*: Observations on Composition, Correction, Compilation, and Performance”, *Bulletin of the Cantigueiros de Santa María*, nº 7, primavera 1995, pp. 65-84.

Na historia dos manuscritos das *Cantigas de Santa María* permanecen aínda aspectos que dilucidar e para este labor serve de grande axuda o exame das notas marxinais dos diferentes códices. Con tal propósito, Martha E. Schaffer analiza as do manuscrito toledán, establecendo ata tres fases na súa escritura, a finalidade de tales correccións, o estilo da lingua e o emprego dado ó volume.

Tavani, Giuseppe, “Os jograis galegos e portugueses. Considerações sobre a censura”, *Versants*, “Les jongleurs en spectacle”. Numéro composé par Luciano Rossi, nº 28, Xenebra: Slatkine, 1995, pp. 175-189.

Comeza o profesor Tavani indagando na imaxe que sobre os xograis nos transmitiran os textos contemporáneos. Esta resulta ser cotradictoria no tocante á verdadeira natureza do feito xograresco. Mais o retrato, polo xeral negativo, e a relativa escaseza das obras que ata nós chegaron saídas das súas plumas, permite sospeitar que unha exclusión premeditada puido levarse a cabo á hora de compoñe-los cancioneiros líricos galego-portugueses.

XI. Literatura Medieval

XI. 4. Publicacións en xornais: estudios e recensións

Publicacións en xornais: estudios e recensións

Castro, Xavier, “A literatura galega-castelá medieval”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 26 febreiro 1995, p. 11.

Recensión da obra, *A poesía Lírica galego-castelá (1350-1450)*, de Ricardo Polín. O autor presenta un “interesante estudio” da época na que a lírica galego-portuguesa medieval comeza a súa decadencia “para deixar sitio ás manifestacións cancionerís en lingua castelá”. Ofrécesenos unha ampla vivión que parte do concepto de Lírica galego-castelá e pasa por autores, temas e características formais, estilísticas e lingüísticas da poesía deses tempos.

XI. Literatura Medieval

XI. 5. Publicacións en xornais: artigos de opinión

Publicacións en xornais: artigos de opinión

Losada, Basilio, “Mendiño”, *El Mundo*, “Galicia Aberta”, 31 decembro 1995, p. 7.

Galicia é un pobo que pasou penurias, pero, segundo o autor hase salvar, e farao, entre outras cousas, por “unha presa de poemas”, entre eles o de Mendiño.

Manuel María, “Nota encol dunha cantiga de Alfonso X O Sabio”, *El Correo Gallego*, 25 agosto 1995, p. 3.

O poeta Manuel María Fernández Teixeiro refírese, neste breve comentario, a unha cantiga do Rei Sabio dedicada a un tal don Xil. A anécdota dálle pé para defende-la poesía medieval e os seus autores, comparándoos cos poetas actuais e afirmando que “os poetas do noso tempo non teñen a valentía dos seus colegas medioevais”.

Rábade Paredes, Xesús, “Martín Codax, galego”, *O Correo Galego*, “Ó Fío”, 4 febreiro 1995, p. 3.

Comenta a catalogación dun poema de Martín Codax na *Antología de la lírica amorosa*, editada por Vicens Vives, como escrito en castelán antigo. Este dato parécelle rebelador do desprecio e descoñecemento da nosa literatura medieval.

XI. Literatura Medieval

XI. 6. Publicacións en xornais: notas e escritos varios

Carballo, Manolo, “Só mil exemplares da edición facsimilar de Ajuda”, *O Correo Galego*, 8 marzo 1995, p. 41.

Nota sobre a presentación da edición facsímilar do C*ancioneiro de Ajuda*, publicada por Edições Távola Redonda e patrocinada pola Sociedade Lisboa-94 e o Instituto Portugués do Patrimonio Arquitectónico e Arqueolóxico (IPPAR), da que só se imprimiron mil exemplares numerados. A primeira edición do manuscrito, descuberto trala expulsión dos xesuítas de Portugal, realizouna Stuart de Rothesay, imprimindo 25 exemplares. Esta descuberta supuxo un feito importante para a literatura galega, xa que apoiaba a tese do Padre Sarmiento sobre a fertilidade da lírica galega na etapa medieval. O manuscrito consérvase na actualidade na Biblioteca do Palacio Real de Ajuda.

J. **G**., “Confirmada la ascendencia gallega de un trovador que se creía que era portugués”, *La Voz de Galicia*, 8 xaneiro 1995, p. 3.

Artigo que anuncia a recente descuberta sobre o trobador Nuno Eanes Cérzeo, dada a coñecer na revista *Romanica Vulgaria Quaderni*, publicación dirixida por Giuseppe Tavani. O profesor da Facultade de Filoloxía de Santiago de Compostela, José Antonio Souto Cabo, realizou unha investigación sobre este trobador, e seguindo as orientacións do profesor Julio Diéguez, analizou os documentos das catedrais de Sevilla, Badaxoz e Ourense, para chegar á conclusión de que é de procedencia galega. Segundo os seus datos naceu en Lalín, e procedería dunha familia nobre moi vencellada ó mosteiro de Oseira. As anteriores investigacións sobre Nuno Eanes Cérzeo, situábano en Portugal, na segunda metade do século XIII. Así, Carolina Michaelis de Vasconcelos opina que pertence á xeración máis antiga do movemento poético galego-portugués. Dos documentos estudiados por Souto Cabo dedúcese que participou na conquista de Sevilla con Alfonso X. O artigo ofrece ademais unha ampla nómina de trobadores de orixe galega. Souto Cabo di que a orixe galega dos iniciadores da nosa lírica supón ó redor do 45% do total.

Rodríguez Barrio, Xavier, “O Grial, Camiño e Literatura”, *El Progreso*, 6 xuño 1995, p. 26.

Artigo baseado na tradición que ubica o Santo Grial no santuario do Cebreiro. A partir de aí, o autor fai un percorrido pola lenda do Grial, unha das máis estudiadas na tradición literaria europea. Tamén en Galicia ten atopado cultivadores, como poden ser Cabanillas, Cunqueiro ou Cabana.